ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Aldara
Cidrás Fuentes

Tese de doutoramento

A xudicialización da violencia golpista. Unha mirada transversal á administración de xustiza entre 1930 e 1942

Santiago de Compostela, 2023

Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea

Tese de doutoramento

A xudicialización da violencia golpista

Unha mirada transversal á administración de xustiza entre 1930 e 1942

Aldara Cidrás Fuentes

Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela
Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea

Santiago de Compostela

2023

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Á miña nai. Ao meu pai. Aos meus avós.
A quen lles debo todo: tamén a curiosidade infinita polo pasado.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Esta tese contou co financiamento das axudas de apoio á etapa predoutoral da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitarios e a Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia. Asemade, foi realizada ao abeiro do apoio organizativo do grupo de investigación HISTAGRA (www.histagra.usc.gal) do Departamento de Historia da Universidade de Santiago de Compostela.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESUMO

Resumo: A historia do golpe de Estado de 1936 é, tamén, a historia dun asalto ao Estado xurisdicional. E é que a xurisdición non é un aspecto máis do Estado, senón que está na cerna mesma do concepto de soberanía. Os golpistas precisaban configurarse como contraestado que exerce a súa función xurisdicional para evidenciar que eles mesmos eran, en efecto, o verdadeiro Estado. Asemade, foi a través do exercicio desta mesma función xurisdicional como os sublevados canalizaron fundamentalmente as súas lóxicas eliminacionistas. O exceso de aparente celo e o interese nun normativismo performativo xa dende os primeiros momentos do conflito evidencian que a administración de xustiza foi unha peza clave na súa estratexia, ofrecendo múltiples utilidades alén do punitivismo contra un outro político.

A presente tese de doutoramento achégase ao que denominamos *xudicialización da violencia golpista* na guerra civil española, isto é, como a administración de xustiza foi instrumentalizada polo Exército rebelde con propósitos necro e biopolíticos para realizar plenamente as facultades tutelares que o Exército sempre se reservara como Estado dentro do Estado para así dar por fin o salto ao control pleno do Estado, estatuíndo un réxime que acabaría gobernando España durante case catro décadas. Con isto en consideración, a investigación circunscríbese a Pontevedra, en tanto que o galego foi un dos territorios que primeiro caeron baixo control sublevado, actuando dende entón como laboratorio de probas de prácticas de violencia masiva que máis tarde se exportarían a outras zonas do Estado. A nivel cronolóxico, abránguese un marco temporal de doce anos, de 1930 a 1942, con 1936 como momento clave, o cal nos permite observar cales foron as roturas e continuidades que supuxo o golpe de Estado no universo xurisdicional. Analizaremos transversalmente e en conxunto as principais esferas do universo xurisdicional español —ordinario e especial— para entender como interactuaron entre si durante a guerra, estudaremos o papel da xudicatura neste contexto, e ofreceremos unha proposta conceptual que nos axude a entender mellor os obxectivos da xudicialización da violencia e da violencia xudicializada. Veremos así como o *lawfare* pode ser tamén *warfare* cando os tribunais se converten en trincheira.

Palabras clave: Guerra Civil Española; Administración de Xustiza; Perpetradores; Xudicatura; Pontevedra; *Lawfare*; Franquismo; Segunda República.

Resumen: La historia del golpe de Estado de 1936 es, también, la historia de un asalto al Estado jurisdiccional. Y es que la jurisdicción no es un aspecto más del Estado, sino que está en el núcleo mismo del concepto de soberanía. Los golpistas necesitaban configurarse como contraestado que ejerce su función jurisdiccional para evidenciar que ellos mismos eran, en efecto, el verdadero Estado. Asimismo, fue a través del ejercicio de esta misma función jurisdiccional cómo los sublevados canalizaron fundamentalmente sus lógicas eliminacionistas. El exceso de aparente celo y el interés en un normativismo performativo ya desde los primeros momentos del conflicto evidencian que la administración de justicia fue una pieza clave en su estrategia, ofreciendo múltiples utilidades más allá del punitivismo contra un otro político.

La presente tesis doctoral se aproxima a lo que denominamos *judicialización de la violencia golpista* en la guerra civil española, esto es, cómo la administración de justicia fue instrumentalizada por el Ejército rebelde con fines necro e biopolíticos para realizar

plenamente las facultades tutelares que el Ejército siempre se había reservado como Estado dentro do Estado para dar por fin el salto al control pleno del Estado, estatuyendo un régimen que acabaría gobernando España durante casi cuatro décadas. Con esto en consideración, la investigación se circunscribe a Pontevedra, en tanto que el gallego fue uno de los territorios que primero cayeron bajo control sublevado, actuando desde entonces como laboratorio de pruebas de prácticas de violencia masiva que más tarde se exportarían a otras zonas del Estado. A nivel cronológico, se abarca un marco temporal de doce años, de 1930 a 1942, con 1936 como momento clave, lo cual nos permite observar cuáles fueron las rupturas y continuidades que supuso el golpe de Estado en el universo jurisdiccional. Analizaremos transversalmente y en conjunto las principales esferas del universo jurisdiccional español —ordinario y especial— para entender cómo interactuaron entre si durante la guerra, estudiaremos el papel de la judicatura en este contexto, y ofreceremos una propuesta conceptual que nos ayude a entender mejor los objetivos de la judicialización de la violencia y de la violencia judicializada. Veremos así como el *lawfare* puede ser también *warfare* cuando los tribunales se convierten en trinchera.

Palabras clave: Guerra Civil Española; Administración de Justicia; Perpetradores; Judicatura; Pontevedra; *Lawfare*; Franquismo; Segunda República.

Abstract: The history of the 1936 coup d'état in Spain is also the history of an assault on the judicial state. Jurisdiction is not just another aspect of the state but rather at the very core of the concept of sovereignty. The coup plotters needed to establish themselves as a counter-state exercising their jurisdictional function to demonstrate that they were, in fact, the actual state. Moreover, it was through the exercise of this same jurisdictional function that the rebels primarily channeled their eliminationist logic. The apparent excessive zeal and the interest in performative legalism from the early stages of the conflict demonstrate that the administration of justice was a key component of their strategy, offering multiple utilities beyond punitive measures against political adversaries.

This doctoral thesis examines what we refer to as the *judicialization of coup-related violence* in the Spanish Civil War, namely how the administration of justice was instrumentalized by the rebel army for necro and biopolitical purposes to fully exercise the protective powers that the army had always reserved as a state within the state, ultimately seizing complete control of the country and establishing a regime that would govern Spain for nearly four decades. The research focuses on Pontevedra as one of the territories that quickly fell under rebel control, serving as a testing ground for mass violence practices that would later be exported to other regions. Chronologically, the study covers a period of twelve years, from 1930 to 1942, with 1936 as the pivotal moment, allowing us to examine the ruptures and continuities brought about by the coup d'état in the judicial sphere. We will analyze the main jurisdictions of the Spanish judicial system, both ordinary and special, to understand how they interacted during the war, explore the role of the judiciary in this context, and propose a conceptual framework to comprehend better the objectives of the judicialization of violence and violence through the judiciary. Thus, we will see how lawfare can become warfare when the courts turn into trenches.

USC DE COMPOSTELA

Key-words: Spanish Civil War; Administration of Justice; Perpetrators; Judiciary; Pontevedra; Lawfare; Francoism; Second Spanish Republic.

ÍNDICE

RESUMO 5

ÍNDICE 7

ÍNDICE DE FIGURAS 11

LISTA DE ABREVIATURAS 13

AGRADECEMENTOS 15

PRIMEIRA PARTE 17

1. Introdución *17*
1.1. Preámbulo 17
1.2. Caso de estudo e obxectivos 24
1.3. Estado da cuestión, marco teórico e un (pequeno) estudo comparado 28
1.3.1. Sobre os conceptos de xudicialización e lawfare 30
1.3.2. O debate internacional sobre autoritarismo e xustiza: os show trials 34
1.3.3. O debate español: os xuízos farsa na guerra civil e o xiro dos perpetradores 47
1.3.4. A historia local en Pontevedra e a literatura memorialista 59
1.4. Metodoloxía e fontes 63
1.4.1. Metodoloxía empregada na investigación 63
1.4.2. Fontes: tratamento e problemáticas 66
1.4.2.1. Fonte oral e literatura autobiográfica 66
1.4.2.2. Fontes hemerográficas 69
1.4.2.3. Fontes para a xurisdición civil 70
1.4.2.4. Fontes para a xurisdición penal 71
1.4.2.5. Fontes para a xurisdición contencioso-administrativa 74
1.4.2.6. Fontes para a xurisdición militar 75
1.4.2.7. Fontes para a xurisdición de Responsabilidades Políticas 77

2. O Estado como xurisdición. A matriz xurisdicional da soberanía e a formación do Estado xurisdicional ata a súa configuración contemporánea: un esbozo do proceso *79*
2.1. Xurisdición, soberanía, Estado 79
2.2. A xurisdición e o Estado: a pretensión de exclusividade estatal da xurisdición 82
2.3. A potestade xurisdicional nas sociedades políticas preestatais 87
2.4. O Estado moderno: esa redundancia (ou non tanto) 89
2.5. Os alicerces do Estado moderno. O modelo da *plenitudo potestatis* papal e a matriz xurisdicional da soberanía 93
2.6. A alianza xurisdicional antiseñorial monárquico-popular 96
2.7. A conformación institucional da monarquía xurisdicional na España do Antigo Réxime 100
2.8 A culminación do proceso no estado nacional ou constitucional. Os retos das xurisdicións militar e eclesiástica 103
2.8.1. A xurisdición militar 105
2.8.2. A xurisdición eclesiástica 106
2.9. O paradigma do Estado xurisdicional 108

3. A Pontevedra do primeiro terzo do século XX e a violencia entre 1936 e 1939 *111*
3.1. O espazo e a vida socioeconómica 111
3.1.1. Apuntamentos xeográficos e demográficos 111
3.1.2. Desenvolvemento urbano, transformación económica e sociedade 112
3.2. Evolución política e supostas tensións previas ao golpe do 36 116
3.2.1. Vida política na Restauración 116
3.2.2. A República en Pontevedra 120

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.2.3. Dereito e política, dereito e poder 128
3.2.4. Sobre a conflitividade 129
3.3. Golpe, guerra e ditadura: breves notas contextuais 134
3.3.1. O 18 de xullo de 1936 134
3.3.1.1. O asasinato de Secundino Esperón 135
3.3.1.2. Pontevedra do 17 ao 21 de xullo de 1936 137
3.3.2. Do longo golpe á longa posguerra: a violencia entre 1936 e 1942 142

SEGUNDA PARTE 155

4. O Xulgado de Primeira Instancia e Instrución (e a Xustiza Municipal) 155
4.1. Unhas notas introdutorias sobre a estrutura da xurisdición civil entre 1930 e 1942 155
4.1.1. Xulgados e tribunais con competencia en materia civil 155
4.1.2. Tipos de procedementos civís 157
4.1.2.1. Os xuízos declarativos 157
4.1.2.2. Os xuízos executivos 159
4.1.2.3. Os procedementos de xurisdición voluntaria 160
4.1.3. Referencia á actuación dos Xulgados de Primeira Instancia como Tribunais Especiais de Foros e Tribunais Industriais 162
4.2. Xustiza Municipal e de Primeira Instancia e Instrución en Pontevedra: o seu persoal 163
4.2.1. O Xulgado Municipal de Pontevedra 164
4.2.2. O persoal do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra 174
4.3. Disección da actividade xurisdicional producida perante o Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra (1930 – 1942) 184
4.4. A análise da actividade xurisdicional producida perante o Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra (1930 – 1942) 186
4.4.1. A participación das mulleres na litixiosidade civil 187
4.4.2. A disputa pola xurisdición matrimonial: a Lei de Divorcio de 1932 191
4.4.3. O impacto do golpe na litixiosidade civil 194
4.4.4. A sutil inserción da violencia golpista na xurisdición civil: a vulnerabilidade dos vencidos e as estratexias de protección 196
4.4.4.1. Algúns casos paradigmáticos da *revitimización civil*: Joaquín Maquieira, Amancio Caamaño e Alberto Martínez Tiscar 197
4.4.4.2. A actuación do órgano xudicial en síntese 207

5. A Audiencia Provincial 209
5.1. As Audiencias Provinciais como audiencias do criminal 209
5.2. A Audiencia Provincial de Pontevedra 216
5.2.1. A situación da xurisdición penal na chegada da República 223
5.2.2. A actividade da Audiencia entre 1930 e 1936 (e un excursus sobre a causa derivada do sumario 37/936) 225
5.2.2.1. Un *excursus* sobre a causa derivada do sumario 37/936 do Xulgado de Instrución núm. 1 de Vigo: o asalto á sede de F.E. en Vigo e os feitos subseguintes 230
5.2.3. A actividade da Audiencia durante o golpe e a guerra: de 1936 a 1939 256
5.2.4. A actividade da Audiencia na posguerra: de 1939 a 1942 263
5.3. Os maxistrados da Audiencia Provincial de Pontevedra e outros profesionais da administración de xustiza 278

6. O Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo 305
6.1. A orde contencioso-administrativa 305
6.2. Analizando o TPCAPo (1936 – 1942) 309
6.2.1. Unha lectura xeral da actividade do TPACPo entre o golpe e o primeiro franquismo 309
6.2.2. A intersección da violencia golpista na xurisdición contencioso-administrativa 326

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TERCEIRA PARTE **339**

7. A xurisdición militar e os consellos de guerra *339*
7.1. Apuntamentos históricos xerais sobre a xurisdición militar 340
7.1.1. O procesamento de civís por xurisdición militar antes de 1936 340
7.1.2. A xurisdición militar a partir do golpe e a guerra 349
7.1.2.1. Os esforzos lexitimadores e a estratexia normativista 353
7.1.2.2. Alén da retórica garantista 359
7.2. A xurisdición militar en Pontevedra (1930 – 1942) 363
7.2.1. A presenza feminina nos consellos de guerra 363
7.2.2. Denuncias e delacións: a colaboración civil no aparello xudicial 366
7.2.3. Causas militares e consellos de guerra na praza de Pontevedra 371
7.2.3.1. A actividade da xurisdición militar após o golpe: 1936 – 1942 372
7.2.3.2. A actividade da xurisdición militar con anterioridade ao golpe: 1930 – 1936 384
7.2.3.3. Un caso concreto: o axuizamento de inxurias ao Exército de 1930 ata a posguerra 389
a) Restauración: C/397/30 389
b) República: C/476/34 392
c) Golpe: C/519/36 393
d) Posguerra: C/416/40 395
7.3. A modo de peche 397

8. A organización do espolio: a Comisión Provincial de Incautación de Bens e o Xulgado Instrutor de Responsabilidades Políticas *401*
8.1. As incautacións de bens antes da Lei de Responsabilidades Políticas (1936 – 1939) 402
8.1.1. Antecedentes: o Decreto núm. 108 (1936 – 1937) 402
8.1.2. O Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937 e as súas normas de desenvolvemento: as Comisións Provinciais de Incautación de Bens (1937 – 1939) 414
8.2. O Xulgado Instrutor de Responsabilidades Políticas (1939 – 1942/5) 420
8.2.1. A Lei de Responsabilidades Políticas e a nova política xudicial do franquismo 420
8.2.2. Apuntamentos a considerar fóra do marco analítico: a Lei de Depuración de Funcionarios de 1939, a Lei sobre Represión da Masonaría e o Comunismo de 1940, a Lei de Seguridade do Estado de 1941 e a reforma á Lei de Responsabilidades Políticas de 1942 425
8.3. O proceso «legal» de incautación de bens e responsabilidades políticas en Pontevedra: o Decreto núm. 108, a Comisión Provincial e o Xulgado Instrutor (1936 – 1942) 432
8.3.1. O pago de responsabilidades civís por motivos políticos ata 1937 e o Decreto núm. 108 en Pontevedra 432
8.3.2. A Comisión Provincial de Incautación de Bens de Pontevedra 440
8.3.3. O Xulgado Instrutor de Responsabilidades Políticas de Pontevedra 451

CUARTA PARTE **459**

9. A xudicialización da violencia na estratexia golpista *459*
9.1. Unha lectura transversal dos obxectivos da xudicialización da violencia e da violencia xudicializada: as catro dimensións da xustiza golpista 459
9.2. A milicia togada 469
9.2.1. A ditadura de Primo de Rivera como experiencia para a xudicatura 472
9.2.2. A incidencia da actividade depuradora na xudicatura tralo 18 de xullo de 1936 475
9.2.3. A ditadura de Franco e o «xuíz ideal» 489

10. Conclusións: os tribunais como trincheira, como espazo de conflito e como espazo de poder *497*

10. [ENG] Conclusions: The Courts as a Trench, as a Space of Conflict and as a Space of Power *515*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXOS **533**

Anexo 1. Plano da cidade de Pontevedra (ca. 1932) *535*

Anexo 2. A proclamación da Segunda República en Pontevedra segundo a prensa *537*

Anexo 3. Relación de gobernadores civís da provincia, presidentes da Deputación e alcaldes de Pontevedra entre 1930 e 1942 *539*

Anexo 4. Intervención socialista no pleno municipal de Pontevedra (abril 1936) *543*

Anexo 5. Descrición das celebracións do 1º de Maio en Pontevedra segundo El País (1936) *545*

Anexo 6. Primeira acta da Comisión Xestora golpista da Deputación Provincial de Pontevedra (25/07/1936) *547*

Anexo 7. Extracto da portada de El Pueblo Gallego sobre a reposición da bandeira bicolor en Pontevedra (01/09/1936) *549*

Anexo 8. Táboas sobre a actividade xurissdicional producida perante o Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra (1930 – 1942) *551*

Anexo 9. Evolución da delincuencia en Pontevedra segundo as Memorias da Fiscalía (1931 – 1942) *559*

Anexo 10. Fragmento da Memoria da Fiscalía de 1934, redactada por Lorenzo Gallardo González *561*

Anexo 11. Cobertura do ataque á sede de Falanxe en El Pueblo Gallego e Ahora (febreiro de 1926) *563*

Anexo 12. Vítimas da violencia golpista que pasaron polo TPCAPo (1936 – 1942) *565*

Anexo 13. Contraposición dos discursos de fiscalía e defensa na C/284/36 (f. Pontevedra, AIMNOR) contra Modesto David Pérez Estévez *567*

Anexo 14. Auto sentenza do TRRP no expediente de responsabilidades políticas contra Honorio Brasilino Álvarez Sobrino (1940) *569*

Anexo 15. Correspondencia cruzada a teor do embargo da biblioteca privada de Castelao (1956) *571*

Anexo 16. Informes da Secretaría de Orde Pública do Goberno Civil de Pontevedra sobre responsabilidades políticas de cinco veciños (1939) *575*

Anexo 17. Portada de Clarín sobre o asalto ao local da Falanxe viguesa (1950) *577*

FONTES **579**

BIBLIOGRAFÍA **585**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE DE FIGURAS

Cadros, gráficas, imaxes e táboas

CADROS

Cadro 1. Espazos de poder e actitudes xerais en Pontevedra perante o golpe de Estado de 1936 141
Cadro 2. Organización dos tribunais dependentes da xurisdición de Responsabilidades Políticas segundo a LRP (1939) 424
Cadro 3. As catro dimensións da xustiza golpista 461

GRÁFICAS

Gráfica 1. Ano de incoación dos procedementos da Audiencia Provincial de Pontevedra que se conservan actualmente, 1930 – 1942 72
Gráfica 2. Causas militares analizadas na nosa mostra segundo o ano de incoación, 1930 – 1942 76
Gráfica 3. Prevalencia das tipoloxías violentas en Galicia, na provincia de Pontevedra e no concello de Pontevedra (1936 – posguerra) 144
Gráfica 4. Evolución cronolóxica da apertura de causas militares, execucións e paseos (Galicia, 1936 – posguerra) 149
Gráfica 5. Persoas implicadas nos procedementos da Audiencia Provincial de Pontevedra (profesionais xudiciais excluídos), 1930 – 1942 217
Gráfica 6. Lugares dos feitos máis comúns nos procedementos da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1930 – 1942 219
Gráfica 7. Clasificación dos delitos xulgados nos procedementos da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1930 – 1942 220
Gráfica 8. Resolucións e penas impostas pola Audiencia Provincial de Pontevedra, 1930 – 1942 222
Gráfica 9. Causas incoadas nos Xulgados de Instrución dependentes da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1931 – 1935 227
Gráfica 10. Delitos xulgados nos procedementos que se conservan da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1930 – 1936 230
Gráfica 11. Causas incoadas nos Xulgados de Instrución dependentes da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1939 – 1942 269
Gráfica 12. Resolucións e penas impostas pola Audiencia Provincial de Pontevedra segundos sexo, 1939 – 1942 275
Gráfica 13. Recorrentes do TPCAP por sexo (1936 – 1942) 309
Gráfica 14. Administracións do TPCAPo recorridas (1936 – 1942) 312
Gráfica 15. Natureza dos actos recorridos no TPCAPo por categoría e subcategoría (1936 – 1942) 315
Gráfica 16. Resolución dos procedementos presentados no TPCAPo (1936 – 1942) 316
Gráfica 17. Evolución dos procedementos presentados no TPCAPo por semestre (1936 – 1942) 317
Gráfica 18. Procedementos militares abertos nas prazas de Vigo e Pontevedra, 1900 – 1950 342

IMAXES

Imaxe 1. Portada de El Pueblo Gallego anunciando a fin da guerra civil (2 de abril de 1939) 153
Imaxe 2. José Pro Sirera (no centro, con gafas) na súa voda en 1933 171
Imaxe 3. Suárez Vence como presidente da Audiencia (1948, esq.) e fotografía da fachada principal da nova Audiencia (1954, der.) 178
Imaxe 4. Joaquín Maquieira, Castelao e Amancio Caamaño (esq. a der., 1934) 198
Imaxe 5. Extracto de Haz (1936) e cartel de Falanxe (1935) 235
Imaxe 6. Detalle do plano dos feitos cosido ao sumario do procedemento 37/936 245
Imaxe 7. Membros da Audiencia Provincial de Pontevedra no seu interior (anos 40, sen identificar) 279
Imaxe 8. Imaxes das autoridades no primeiro aniversario da República en Vigo, entre eles, o presidente da Audiencia Emilio Lacalle 283
Imaxe 9. Diversas fotografías de autoridades pontevedresas, entre as que se atopa o presidente da Audiencia José María Suárez Vence 287

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imaxe 10. Homes no concello de Pontevedra, entre eles, Álvaro Losada (anos 20) 290
Imaxe 11. Fotografías de Ramón Rivero de Aguilar con motivo da súa voda con María Díaz de Rábago (1931) 294
Imaxe 12. Anuncio do traslado de Ramón Rivero de Aguilar á Audiencia Territorial de Madrid (1951) 301
Imaxe 13. Recortes de prensa sobre o accidente aéreo no que falece Rivero de Aguilar (1957) 302
Imaxe 14. Proceso de resolución dos expedientes de incautación de bens (1937 – 1939) 419
Imaxe 15. "La Justicia", de Francisco Mateos (1937) 489

TÁBOAS

Táboa 1. Categorías e subcategorías nas que foron clasificadas os procedementos do TPCAPo da mostra 75
Táboa 2. Evolución comparada dos sectores económicos en Pontevedra: provincia e cidade (1900 – 1950) 113
Táboa 3. Vítimas da violencia golpista na provincia e concello de Pontevedra (1936 – posguerra) 144
Táboa 4. Xuíces municipais propietarios de Pontevedra (1930 – 1942) 165
Táboa 5. Xuíces titulares de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra (1930 – 1942) 175
Táboa 6. Secretarios de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra (1930 – 1942) 180
Táboa 7. Causas incoadas nos Xulgados de Instrución dependentes da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1931 – 1935 226
Táboa 8. Causas incoadas nos Xulgados de Instrución dependentes da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1939 – 1942 268
Táboa 9. Presidentes da Audiencia Provincial de Pontevedra (1930 – 1942) 279

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LISTA DE ABREVIATURAS

ADPPo. Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra.
AGA. Archivo General de la Administración.
AGMJ. Archivo General del Ministerio de Justicia.
AGTS. Archivo General del Tribunal Supremo.
AHN. Archivo Histórico Nacional.
AHPPo. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
ARG. Arquivo do Reino de Galicia.
AIMNOR. Arquivo Intermedio Militar Noroeste de Ferrol.
AMPo. Arquivo Municipal de Pontevedra.
ANF. Arquivo Naval de Ferrol.
art(s). Artigo(s).
BHA. Banco Hispano Americano.
BNE. Biblioteca Nacional de España.
BNG. Bloque Nacionalista Galego.
BOE. Boletín Oficial del Estado.
C/. Causa (militar).
ca. Caixa (dun arquivo).
CCABIE. Comisión Central Administrativa de Bens Incautados polo Estado.
CDMH. Centro Documental de Memoria Histórica.
CEDA. Confederación de Derechas Autónomas.
CLRP. Comisión Liquidadora de Responsabilidades Políticas.
CNT. Confederación Nacional del Trabajo.
CONS. Central Obrera Nacional-Sindicalista.
Coord(s). Coordinador(es/as).
CPIB. Comisión Provincial de Incautación de Bens.
CPIBPo. Comisión Provincial de Incautación de Bens de Pontevedra.
CT. Comunión Tradicionalista.
CXPX. Consello Xeral do Poder Xudicial.
Ed(s). Editor(es/as).
f. Fondo (dun arquivo).
FAI. Federación Anarquista Ibérica.
FE. Falange Española.
FE(T) de las JONS. Falange Española (Tradicionalista) y de las Juntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista.
FRG. Federación Republicana Gallega.
GAL. Grupos Antiterroristas de Liberación.
GDC. Grupos de Defensa Confederal (da CNT).
IR. Izquierda Republicana.
JAP. Juventudes de Acción Popular.
JONS. Juntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista.
LAC. Lei de Axustizamento Civil.
LACrim. Lei de Axustizamento Criminal.
LDF. Lei de Depuración de Funcionarios.
LH. Lei Hipotecaria.
LOPX. Lei Orgánica do Poder Xudicial (de 1985).
LPOPX. Lei Provisional Orgánica do Poder Xudicial (de 1870).
LRMC. Lei sobre Represión da Masonaría e o Comunismo.

LRP. Lei de Responsabilidades Políticas.
LSE. Lei de Seguridade do Estado.
NeV. Proxecto de Investigación Interuniversitario Nomes e Voces.
OCR. *Optical Character Recognition* (tecnoloxía de recoñecemento óptico de caracteres).
ORGA. Organización Republicana Gallega Autónoma.
p(p). Páxina(s).
PAE. Partido Agrario Español.
PCD. Partido del Centro Democrático.
PCE. Partido Comunista Español.
PG. Partido Galeguista.
PRG. Partido Republicano Gallego.
PRR. Partido Republicano Radical.
PSdG-PSOE. Partido dos Socialistas de Galicia – Partido Socialista Obrero Español.
PSOE. Partido Socialista Obrero Español.
RE. Renovación Española.
SEU. Sindicato Español Universitario.
sn. Sen número.
ss. Seguintes (en referencia a páxinas).
TeM. Proxecto Terra e Memoria.
TERMC. Tribunal Especial para a Represión da Masonaría e o Comunismo.
TMT4. Tribunal Militar Territorial Cuarto.
TNRP. Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas.
TOP. Tribunal de Orde Pública.
TPCAPo. Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo de Pontevedra.
PP. Partido Popular.
TRRP. Tribunais Rexionais de Responsabilidades Políticas.
TS. Tribunal Supremo.
UGT. Unión General de Trabajadores.
UR. Unión Republicana.
URD. Unión Regional de Derechas.
XCRP. Xulgados Civís de Responsabilidades Políticas.
XIPRP. Xulgados Instrutores Provinciais de Responsabilidades Políticas.
XSARP. Xefatura Superior Administrativa de Responsabilidades Políticas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

AGRADECEMENTOS

Embarcarse na tarefa de investigación que implica unha tese de doutoramento é, en moitos aspectos, como embarcarse no Pequod na procura da gran balea branca. Unha viaxe longa, obsesiva e, ás veces, mesmo tortuosa. Unha viaxe na que Ahab non vai só. Eu tampouco.

Coa tese xa rematada, entre a vertixe e a tranquilidade polas etapas que se pechan e as que se abren, non podo pensar noutra cousa máis que na rede de afectos construída (e que se segue a construír) ao longo destes últimos anos e que evitou o naufraxio do meu Pequod particular. Porque esta tese non só xorde do aprendido na bibliografía, do atopado nos arquivos ou do reflexionado no meu despacho; esta tese elaborouse dende un eu plural, tecéndose a través de conversas e coidados. Por iso, este traballo débollo a tódalas persoas que, dalgún modo, xenerosamente se embarcaron comigo nesta travesía. Recoñeceranse entre as páxinas. Con estas liñas pretendo torpemente recalcar a importancia que tiveron para min neste proceso, malia que en realidade confeso que non logro atopar as verbas exactas que expresen con precisión o infinitamente agradecida que lles estou.

A Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho, polo aprendido no camiño, pola confianza no meu traballo e pola liberdade coa que me deixaron exploralo. A Gus Hervella, Pilar Cagiao, e Lurdes Sesto e Montse Conde, por navegarme entre as tormentas burocráticas. Ás compañeiras e compañeiros do grupo de investigación Histagra, polos obxectivos comúns. Ao profesorado da Universidade de Santiago de Compostela, pola formación que me brindaron na miña etapa como estudante, pero máis aínda pola amabilidade coa que me acolleron como colega. Tamén ao alumnado ao que impartín docencia durante case catro anos en diversas facultades desta Universidade, de quen aprendín tanto (probablemente máis que elas e eles de min).

Ás persoas traballadoras nos arquivos e bibliotecas cuxo material nutriu esta investigación e, sobre todo, a aquelas que aínda cren no valor social da súa labor. Asemade, a tódalas autoras e autores que conforman a bibliografía, por eses diálogos imaxinarios (mais profundamente reais) intercambiados a través dos seus textos. E, por suposto, ás investigadoras e investigadores que coñecín ao longo destes anos, cuxos suxerintes aportes enriqueceron a miña forma de pensar. Fronte ao tradicionalmente illado da investigación en Humanidades, todas elas son un cabo a terra.

A tódalas contribuíntes que, a través de fondos públicos, financiaron esta tese de doutoramento mediante o Programa de Axudas á Etapa Predoutoral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia. Porque é a cidadanía quen sustenta investigación de calidade, este traballo é fundamentalmente seu.

Ás compañeiras da Asemblea de Investigadoras de Compostela, polos soños compartidos dunha Universidade mellor. En concreto, a Suso Conde, a Leti Carrera e Laura Camino, por converter a militancia en afectos. E, como o bo das redes é a súa infinidade, tamén a Ana Ardid, Gabriela Rivera e Miki Giadás.

Á xente que, do outro lado do Atlántico, me axudou a facer dos estraños Estados Unidos un segundo fogar ao longo dos anos. Durante a miña estadía na Universidade de Princeton: a Sofía Nicolás, a Rob Myak, a Berta del Río, a Rachel Richman (e Kacie Lindsley). A Tony del Río, quen dende algún lugar estará celebrando o final desta etapa.

E, por suposto, a Germán Labrador, por tódolos mundos abertos e horizontes reimaxinados. Pero tamén á xente que dende hai máis dunha década me acompaña dende Minnesota, reducindo diariamente os miles de quilómetros que nos separan: a Mary Shabatura, a James, Carol e V Greeman.

Ás que apareceron cando e onde menos o agardaba, acolléndome cos brazos abertos en Lavapiés nestes últimos meses como investigadora residente no Museo Reina Sofía. E, especialmente, a Biel Navarro, Camila Viéitez, Deyvi Papo, Florencia Rojas, Elia Romera, Jocelina Segato, Ana Campillos, Celina Poloni, Claudia Delso e Mabel Tapia e ás demais persoas implicadas no programa Tejidos Conjuntivos por tantas experiencias transformadoras.

Á miña rede de emerxencia. A Laura Merchán, Tania Álvarez, Irene Merens, Raquel Ferradás, Noa Rodríguez, Aitana López, Ainhoa López… e a todas as que, repartidas por medio mundo pero sempre con sede en Vigo, me acompañan con paciencia e cariño entusiasta en tódalas miñas aventuras. A Carolina Campaña, polos mates que tomamos e polos que nos debemos. E a María Barreiro, Aida López, Alba Domínguez, Carlos González e Manuel Carril, porque máis de dez anos despois me seguen recordando a ilusión dos primeiros días de carreira.

A Nuria Justo, responsable en última instancia de que estudase Historia. Profesora de instituto, profesora da vida. Emocionada por poder dicir que atopei nela non só unha mentora, senón tamén unha amiga.

Á miña familia. Aos meus pais, Tonia Fuentes e Manuel Cidrás, por absolutamente todo. Por crer en min de xeito incondicional, impulsarme a alcanzar tódalas miñas metas e estar aí. Sempre. Tamén aos meus avós. Aos que coñecín, Toña Arias e Manolo Fuentes, polo seu bo humor e o seu mellor querer. E aos que tiven que coñecer na ausencia, Luisa Escáneo e Manuel Cidrás, porque na distancia do tempo descubrín o cariño polo pasado. E ás miñas tías Luísa Cidrás e Ángela Ballesteros, co pesar dos adeus prematuros.

A Telmo Otero, compañeiro cum laude. Porque endexamais imaxinei unha mellor persoa coa que percorrer este camiño. Pola comprensión, polo apoio, polo refuxio. Pola admiración mutua. Por estar aí cando as cousas se torceron e cando se endereitaron. Polos plans postos en pausa ao longo destes últimos anos que por fin poderemos retomar.

Grazas infinitas a todas por remar comigo ata o final. Teño os brazos cansos, non o vou negar, e pronto virán as maniotas. Mais sen a vosa axuda nunca tería cruzado á outra beira. Dende aquí semella todo máis verde. Esta tese é con vós, para vós, de vós. Vosa é a inspiración e a forza que motivou o traballo.

Porque esta travesía, a diferenza da do Pequod, ten final feliz.

Cazamos a Moby Dick.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PRIMEIRA PARTE

Antecedentes

1. Introdución

1.1. Preámbulo

La historia se hace infierno en Kafka.

Theodor W. Adorno[1]

No inicio de *El proceso* de Franz Kafka (1925), inconclusa e póstuma obra do autor checo, preséntasenos a un Josef K. completamente desconcertado ante o seu arbitrario arresto. Unha mañá calquera, aparecen na súa habitación dous gardas que lle aseguran viñan detelo: xa non é un home libre. K., que era o prominente apoderado dun banco; K., que nunca fixera nada! Exixe coñecer os motivos de tal detención, sen éxito. Incrédulo, berra que aquilo tiña que ser imposible, pois *vivía aínda nun estado de dereito*[2]. Os seus gardiáns, divertidos pola escena —aínda que, sen dúbida, afeitos a episodios similares—, limítanse a negar a ilegalidade do arresto e ridiculízano polo seu descoñecemento das leis. Comeza así o seu proceso.

«Deixai toda esperanza aquí na entrada»[3]. Esta é a funesta advertencia inscrita na porta do inferno segundo *A Divina Comedia*. E é que, en moitos aspectos, acompañar a K. a través do seu proceso xudicial é como acompañar a Dante no seu descenso ao averno: unha viaxe á ignominia, ao descoñecido. Unha viaxe, en realidade, sen retorno, que muda aos protagonistas para sempre. No transcurso de poucos meses, asistimos a un cambio radical no ánimo de K., quen pasa de confiar na pronta e satisfactoria resolución do que se tiña que tratar dun claro malentendido á máis absoluta desesperación, á paranoia, á loucura. Como se de areas movedizas se tratase, canto mais pretende escapar do proceso, máis atrapado está nel. O revirado do proceso xudicial fai que el tamén acabe abandonando, pois, toda esperanza.

O opresivo do sistema materialízase nos espazos e lugares descritos, de gran importancia na obra: as dependencias dos tribunais son labirínticas, sen ventilación, están ateigadas de xente. Todo é incomprensible para aquelas persoas que, como nós ou o propio K., sexan neófitas neste insólito sistema xudicial. Produce vertixe, dispara a nosa ansiedade. Unha vez atravesamos a sobriedade da linguaxe de Kafka, o que descubrimos é un universo surrealista que nos evoca a aquelas imposibles escaleiras de Escher nas que un chanzo arriba é o mesmo ca un chanzo abaixo. E, en cada esquina, máis persoas, todas elas turbadoramente vinculadas aos tribunais dalgún modo ou doutro: procesadas elas mesmas, con conexións entre os maxistrados, ou funcionarias dos xulgados. Ata tres cativas, as cales coñecemos xogando nun relanzo, delirantemente integran o xurado que,

[1] Adorno, Theodor W.: *Crítica cultural y sociedad*, Madrid, Sarpe, 1984 [1969], p. 174.
[2] Kafka, Franz: *El proceso*, Madrid, Alianza Editorial, 1998 [1925], p. 10.
[3] Alighieri, Dante: *A Divina Comedia de Dante Alighieri*, trad. de Darío Xohán Cabana, Lugo, Edicións da Curuxa, 2014 [1308 – 1320], p. 43. Tamén de Dante se lembra Primo Levi no seu particular inferno narrado en *Si esto es un hombre* (Austral, 2018 [1945 – 1947], p. 122).

algún día, habería de sentenciar ao noso protagonista. O mundo de K., ata entón alleo a esta realidade paralela e extravagante, é de repente absorbido e anulado ao saberse vixiado, controlado constantemente. O panoptismo foucaltiano vólvese aínda máis ameazante cando se revela a súa existencia. A verdadeira condena do noso protagonista é o proceso en si, a culpa —ou sospeita de— que nunca remata; pódese mover con liberdade por tódolos lugares, xa que en tódolos lugares está preso. O seu día a día é o seu cárcere, o seu castigo. Unha violencia xudicial que semella non ter fin, aínda que sexa menos palpable ca unha malleira.

Nós, as persoas lectoras, descoñecemos calquera detalle sobre o proceso de K. e os feitos dos que se lle acusan. O sorprendente é que o propio K. non saiba nada máis: intúe que alguén o denunciou, pero ignora cal é a natureza da acusación formulada ou como ha ser o desenvolvemento dos feitos a partir dese momento. É *vox populi* que se trata dun proceso criminal, grave e segredo, «cuya duración era imprevisible» e o seu inicio unha incógnita, pois «no se trata de modo alguno de un proceso a celebrar ante los tribunales ordinarios»[4]. Mais, pese ao evidentemente ilícito desta abusiva forma de facer xustiza, todo o mundo asume a súa existencia con total naturalidade, non se cuestiona a súa lexitimidade en ningún momento. Emporiso, víveno con temor damocliano. Reprende a K. o tío Albert: «¿Quieres acaso perder el proceso? ¿Sabes lo que esto significa? Significa simplemente que *te van a suprimir*. Y tu caída arrastrará a toda la familia, o al menos la humillará totalmente. … Un proceso así supone que *lo has perdido de antemano*»[5]. Non é o único comentario destas características que recibe K. Leni, a súa amante, preveno: «uno no puede defenderse contra este tribunal; hay que confesar. Así que, a la primera ocasión que tenga, haga su confesión. Sólo entonces tendrá la posibilidad de escapar, sólo entonces»[6]. Complementariamente, o seu avogado explícalle que «[l]a defensa no está permitida de hecho por la ley, sino simplemente tolerada» e que «en este tribunal, los abogados defensores son innecesarios para los acusados» malia que, non obstante, «en ningún otro tribunal son tan necesarios como en éste»[7].

K. mantén sempre a súa inocencia —inocencia *de que*?, preguntámonos—, pero moitas son as advertencias que lle fan sobre o irrelevante deste punto: «[n]o se hacen acusaciones a la ligera … el tribunal, una vez acusa, está firmemente convencido de la culpa del acusado y es dificilísimo hacerle abandonar tal convicción». Así pois, o tribunal «acabará sacándose de cualquier parte, donde al principio no había absolutamente nada, una gran culpa»[8]. Na práctica, o tribunal non está interesado na pescuda dos feitos: «[e]l tribunal no quiere saber nada de ti. Te toma cuando llegas y te suelta cuando te vas»[9]. A máxima expresión disto é a conversa que K. mantén co sacerdote da catedral e capelán da prisión:

> — Te considerarán culpable. … Al menos por el momento consideran probada tu culpabilidad.
>
> — Pero yo no soy culpable. … Es un error. ¿Cómo demostrar la culpabilidad de una persona?
>
> — Así suelen hablar los culpables.[10]

[4] Kafka: *El proceso*, 1998 [1925], p. 138 e 101. Os demais cualificativos do proceso nas pp. 98, 99, 101, 133 e 202.
[5] Kafka: *El proceso*, 1998 [1925], p. 102. Cursiva nosa.
[6] Kafka: *El proceso*, 1998 [1925], pp. 113 – 114.
[7] Kafka: *El proceso*, 1998 [1925], p. 121.
[8] Kafka: *El proceso*, 1998 [1925], p. 155. A cita inmediatamente anterior, na p. 154.
[9] Kafka: *El proceso*, 1998 [1925], p. 227.
[10] Kafka: *El proceso*, 1998 [1925], p. 216. Na obra, a conversa non ten forma dialogada, senón que todo forma parte da narración en prosa. Tomámonos a licencia de adaptala para unha lectura máis fluída.

Non hai delito, senón delincuente. K. descobre que, no seu caso —que, arrepiantemente, non ten nada de especial, xa que é un dos moitos que ateigan os tribunais día si e día tamén—, a etiqueta de *procesado* pasa a designar unha identidade, non un mero estado. Unha vez iniciado o proceso, non existe tan sequera a posibilidade dunha absolución total: só a temporal, que significaba que en calquera momento recaería sobre el a acusación; ou o seu adiamento indefinido, unha carreira de obstáculos constante para evitar o fallo definitivo do xurado. «Es la persona, no el acto, el objeto de la investigación», afirman Juan Alfredo Obarrio Moreno e Luis de las Heras Vives, algo que a novela de Kafka tería en común cos totalitarismos, os cales «*no se apartan de la legalidad*, pero hacen algo mucho peor: *la manipulan a su arbitrio*»[11].

Está de sobra demostrado pola historiografía que o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 foi unha sublevación ilegal. Porén, dende os primeiros momentos os golpistas incidiron enfaticamente na utilización de toda clase de dispositivos que referendarían a súa suposta condición de realidade legal e lexítima. Aparentar, alomenos na teoría, ser un Estado de dereito —en contraposición co caos e decadencia republicana— será un dos principais piares argumentais do discurso oficial da *Nueva España* do xeneral Franco dende entón. Así, por exemplo, anos despois, o art. 17 do *Fuero de los Españoles* (1945) establecía: «Los españoles tienen derecho a la seguridad jurídica. Todos los órganos del Estado actuarán conforme a un orden jerárquico de normas preestablecidas que no podrán arbitrariamente ser interpretadas ni alteradas»[12]. Sabemos, non obstante, que esta presunta *seguridade xurídica*, mesmo cando o réxime xa está plenamente institucionalizado como en 1945, non é no contexto dunha ditadura pouco máis ca unha simple entelequia forzada pola capitulación das forzas do Eixe na Segunda Guerra Mundial. Á vez que se mantén a aparencia da existencia dun proceso que sigue unha vía determinada, o que comprobamos en *El proceso* —e nas ditaduras— é que non se respecta ningún tipo de principio de legalidade e se violan tódolos axiomas do garantismo penal: *Nullum poena sine culpa*, *Nullum crimen nulla poena sine lege*, *Nulla probatio sine defensione*… De pouco serve enumerar tódolos aforismos e locucións latinas contra os que se atenta. A idea fundamental é a imprecisión, a indefensión de K. e de tódolos K. que inician unha viaxe cruel e agónica ante os baleiros xurídico-procesuais. Un proceso carente de garantías xurídicas que volatiliza a mesma condición de cidadanía.

En relación con isto, Hannah Arendt suxire que nos réximes totalitarios se esvaecen os límites entre a subxectividade e obxectividade con respecto ao inimigo, pois a súa anticipación e eliminación —da súa ameaza, dos seus crimes, da súa existencia— baixo o paradigma de que todo é posible implica a necesidade de pór tódolos recursos do Estado á disposición dunha suposición que se dá por válida sen probala[13]. Volvendo a Kafka: «"No", dijo el sacerdote, "no hay que creer que todo sea verdad, hay que creer que todo es necesario". "Una opinión desoladora", dijo K. "La mentira se convierte en el orden universal"»[14].

A novela é, en moitos aspectos, unha hipérbole do kafkiano: a sátira opaca, angustiosa, absurda, onde realidade e ficción se interrelacionan de xeito inquietante.

[11] Obarrio Moreno, Juan Alfredo; de las Heras Vives, Luis: *El mundo jurídico en Franz Kafka. El proceso*, Madrid, Dykinson, 2019, p. 95. Cursiva nosa. Ver tamén Deleuze, Gilles; Guattari, Félix: *Kafka por una literatura menor*, Ediciones Era, Cidade de México, 1999 [1975], onde se analizan os modos de construción psicoanalítica que están articulando o universo de Kafka en relación coas figuras de poder.

[12] «Fuero de los españoles, texto fundamental definidor de los derechos y deberes de los mismos y amparador de sus garantías», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 199, 18/07/1945, pp. 358 – 360. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1945/199/A00358-00360.pdf [últ. consulta o 22/08/2022].

[13] Arendt, Hannah: *The Origins of Totalitarianism*, Londres, Penguin Books, 2017 [1951], pp. 558 – 559.

[14] Kafka: *El proceso*, 1998 [1925], p. 226.

A súa lectura é pouco clara, pouco pracenteira; case como se do propio proceso xudicial se tratase. Neste sentido, a dimensión simbólica da linguaxe é clave. De *El proceso* procede a famosa parábola «Ante la ley», intencionalmente abstracta e suxeita a infindas interpretacións, mesmo dentro do propio relato[15]. E é que parte do atractivo da obra de Kafka é a súa impermeabilidade, o reto indescifrable que supón. Que significa *El proceso*? De que nos fala? Poderiamos destacar a arbitrariedade da xustiza, o esperpéntico e opresor da burocracia, a indefensión das persoas perante o Estado, a corrupción do aparello xudicial, a lentitude do sistema, a alienación introducida pola modernidade, o oscurantismo da lei, o funcionamento contraditorio dos tribunais, a lexitimación da tortura e da violencia… Este é só un feixe dos múltiples temas que se enlazan como vimbios na obra e que nos apelan directamente en *El proceso* [16].

Sen dúbida, o contexto sociopolítico no que Kafka idea *El proceso*, en plena Primeira Guerra Mundial, influenciou enormemente a súa percepción da xustiza, facéndolle albiscar as consecuencias da súa instrumentalización política, se ben as críticas contra a corrupción dos xuíces e sistemas xudiciais proveñen —como se verá— de moito tempo atrás. Porén, morto de tuberculose en 1924, o praguense endexamais podería ter imaxinado que ese mundo atroz que nos presenta na súa obra, habería de se converter en lóbrega regra en gran parte de Europa. Talvez por iso os seus libros foron ordenados queimar polo Partido Nazi en 1933. Ao ano seguinte, Walter Benjamin aseguraba que «[e]l mundo de Kafka es un teatro del mundo»[17]. Non estaba desencamiñado. Unha década despois, Arendt engadiría: «Si la literatura de Kafka no fuese en realidad sino la profecía de un terror venidero, sería tan inane como las demás profecías catastrofistas que, desde comienzo de nuestro siglo, … han proliferado»[18].

A principal lectura que extraemos nós de *El proceso* é que os dereitos, a lei e a xustiza non son constantes históricas. O Estado de dereito ao que apelaba K. é tan intanxible como fráxil; a protección xurídica que un día damos por sentada, ao día seguinte é vulnerada. E todo baixo preceptos de legalidade, coa disposición de tódolos mecanismos do Estado. A violación de dereitos humanos pódese facer —é máis, adóitase facer— con amparo legal. No seu coñecido estudo sobre o xuízo ao criminal de guerra Adolf Eichmann, Hannah Arendt tense referido a este como un home profundamente respectuoso coas leis; leis, non obstante, que o tribunal que o xulgou en Xerusalén en 1961 considerou abominables[19]. Fronte a teoría da ilegalidade como bandeira negra —é

[15] Kafka: *El proceso*, 1998 [1925], p. 216 e ss. Un dos achegamentos máis coñecidos é o de Jaques Derrida (1992) nun texto do mesmo nome. Porén, advírtenos Camus, é un erro pretender interpretar todo ao detalle en Kafka (1985 [1942], p. 62).

[16] Sobre *El proceso* en concreto e Kafka en xeral (pois non é este o único texto no que o checo atalla o mundo da xustiza; ex.: *En la colonia penitenciaria*, de 1919), consultar o xa citado Obarrio Moreno; de las Heras Vives: *El mundo jurídico …*, 2019. Moitas outras autoras e autores se teñen aproximado á súa críptica obra dende as máis diversas perspectivas: Theodor Adorno, Hannah Arendt, Walter Benjamin, Maurice Blanchot, Pietro Citati, Peter Heller, Martín Hopenhayn, Lucio Lombardo Radice, Albert Camus, Eric Marson, Heinz Politzer, Giorgio Agamben, Marthe Robert, Reiner Stach, George Steiner, Gilles Deleuze, J. P. Stern, María Zambrano, … son só algúns deles.

[17] Benjamin, Walter: "Franz Kafka. En el décimo aniversario de su muerte", en *Sobre Kafka. Textos, discusiones, apuntes*, Bos Aires, Eterna Cadencia, 2014 [1934], p. 43.

[18] Arendt, Hannah: *La pluralidad del mundo*, Barcelona, Taurus, 2019 [1944], pp. 380 – 381. A escolla das citas de Adorno (coa que abriamos este prefacio), Arendt e Benjamin non son casuais. Próximos pensadores e amigos, este último fixolle chegar a Arendt unha copia do seu *Tesis sobre la historia*, quen logrou salvar o borrador do inacabado ensaio enviándollo á súa vez a Adorno. Despois do suicidio de Walter Benjamin en Portbou o 27 de setembro de 1940 (fuxindo así, definitivamente, dos nazis), Arendt e Adorno editarán en diversas ocasións a súa obra. Vidas e mortes interrelacionadas, como vemos, non só a través do estudo da obra de Kafka, senón tamén pola distopía kafkiana tornada en realidade. Ver Echeverría, Bolívar: "Introducción. Benjamin, la condición judía y la política", en Benjamin, Walter: *Tesis sobre la historia y otros fragmentos*, Cidade de México, Ítaca, 2008 [1940], pp. 7 – 30.

[19] "Sus actos únicamente podían considerarse delictuosos retroactivamente. Eichmann siempre había sido un ciudadano fiel cumplidor de las leyes, y las órdenes de Hitler, que él cumplió con todo celo, tenían fuerza de ley en el Tercer Reich". Arendt, Hannah: *Eichmann en Jerusalén*, Barcelona, Debolsillo, 2015 [1963], p. 44. Cabe aquí, non obstante,

dicir, a existencia de ordes que son «manifiestamente contrarias a la ley» e, polo tanto, que deben ser desobedecidas—, Arendt matiza a complexidade da cuestión en contextos ditatoriais: «el problema radica en que en los regímenes totalitarios … la excepción la constituían las órdenes no criminales. … Esos hombres [como Eichmann] obraron en condiciones en las que todo acto moral era ilegal y todo acto legal era un crimen»[20]. As ditaduras logran impoñer un feitizo de daltonismo na sociedade que dificultaría, en teoría, identificar claramente esa bandeira negra. Nós imos máis alá e facémonos unha pregunta tan simple como complexa: como se comporta a *Xustiza* —e, máis concretamente, os seus máximos representantes— ante situacións eminentemente *inxustas*?

A investigación histórica resultante de varios anos de traballo e que con estas páxinas presentamos pretende atallar esta cuestión no marco do golpe de Estado de 1936 e a súa conseguinte guerra civil naqueles territorios que quedaron baixo control sublevado dende os primeiros momentos da insurrección militar. Para responder á pregunta que nos atinxe, propuxémonos analizar o funcionamento das principais ordes xurisdicionais ordinarias e especiais dende unha perspectiva micro, comparando o seu comportamento antes e despois do golpe para atender ás continuidades e mudanzas introducidas por este episodio clave da nosa historia recente.

A historiografía especializada no tema ten estudado abundantemente o papel xogado pola xustiza militar e os consellos de guerra, peza esencial nas prácticas violentas de eliminación do inimigo político. Porén, e como abordaremos máis adiante, identificamos unha carencia de investigacións que empreguen a perspectiva transversal que formulamos e poñan en común o funcionamento de tódalas distintas xurisdicións —ordinarias e especiais— para entendelas como engrenaxes dun único sistema, as cales obedecen todas a unha función determinada dentro do universo punitivo de persecución do outro no marco dun golpe e unha guerra civil baixo as ordes dos militares insurrectos. A presente tese de doutoramento aspira, na medida do posible, aportar respostas neste respecto.

Asemade, o paradigma no que se sitúa a investigación é o que poderiamos denominar como *xiro dos perpetradores*, que pretende superar os traballos monolíticos sobre as vítimas da violencia para achegarse aos vitimarios. Trasladaremos este esquema ao noso tema dende unha concepción orgánica, estudando o Estado xurisdicional golpista e cada unha das súas pezas como unha maquinaria do terror; unha perspectiva apenas explorada ata o de agora e que nos achega ao desafío que propuña Julio Aróstegui:

---

explicitar a polémica sobre quen era realmente Eichmann e o suposto carácter de mero burócrata (ou "pobre diablo mediocre que encontró en la burocracia del nazismo la oportunidad de ascender", segundo Mario Vargas Llosa nun artigo de opinión titulado "El hombre sin cualidades" en *El País*, 13/06/2013) que teñen cuestionado abertamente especialistas no Holocausto como David Cesarani. Rebatendo a coñecida interpretación arendtiana, o historiador británico preséntanos en *Becoming Eichmann* (2006 [2004]) a un home que vai máis alá dun burócrata que segue ordes sen ningún tipo de compás moral: para Cesarani, Adolf Eichmann era un home moito máis comprometido coa Solución Final do que a lectura do clásico ensaio de Arendt podería dar a entender. Fronte á imaxe de funcionario pasivo, Cesarani incide en como o convencemento nazi e antisemita de Eichmann o levaría a desempeñar un papel activo nas decisións que levaron á morte de millóns de xudeus.

[20] Arendt, Hannah: *Responsabilidad personal y colectiva*, Barcelona, Página Indómita, 2020 [1964 – 1968], pp. 53 – 55.

> La cuestión que interesa dilucidar históricamente es más bien cuál fue el comportamiento *real* del aparato estatal e institucional con el que se sustituyó a una República democrática derrotada en la Guerra Civil y, más aún cuál fue la relación real también entre ese aparato, en modo alguno estático, y la sociedad en la que se incardinó.[21]

Emporiso, malia que o noso ollar estea principalmente posto nestes organismos do Estado como vitimarios —ou, alomenos, posibilitadores ou instrumentos dos mesmos—, alternaremos as análises cuantitativas e cualitativas sobre as diferentes xurisdicións cos estudos prosopográficos dos representantes do poder xudicial no plano local, quen non teñen recibido a atención suficiente no seu papel en relación ao golpe, amparados na aparentemente estoica neutralidade do dereito. Aproximarémonos ao Estado e á violencia, con particular atención a aquela que se desenvolveu no contexto bélico, pero nin toda a violencia estudada será bélica nin tódolos contextos analizados serán violentos.

Recuperando a Kakfa unha vez máis: «[El guardián de la parábola de *Ante la ley*] es un servidor de la ley y escapa el juicio humano. … Ha sido llamado por la ley a cumplir un servicio; dudar de su dignidad equivaldría a dudar de la ley»[22]. Se ben non é a nosa intención emitir ou realizar ningún tipo de xuízo, case 90 anos despois do golpe de Estado cremos que é tempo de levantar os veos que permanecen sobre este pasado. Sen moralismos, pero co desexo de coñecer. E, aínda que usemos nomes propios, non é o noso propósito sinalar a ninguén, non pretendemos emular o *J'accuse* de Zola: non se trata de facer acusacións individuais, senón de destacar as responsabilidades das institucións na realidade trastornada após a insurrección militar de 1936[23]. En relación con isto, resúltanos especialmente suxerinte a aportación que fai novamente Arendt ao animarnos a escapar de termos como *obediencia* e *colaboración* ao falar dos grises nas actitudes sociais en relacións ao terrorismo de Estado, para comezar a empregar outros de maior riqueza conceptual como *apoio* e *coordinación*[24]. A propia filósofa incide tamén nas responsabilidades individuais nos contextos ditatoriais mediante a *teoría da engrenaxe*: do mesmo xeito que non se pode explicar unha maquinaria sen coñecer as súas pezas, non se pode entender un sistema sen os seus empregados públicos; pero a idea clave é que ambas, pezas e persoas, deben ser tan facilmente prescindibles como rapidamente substituíbles[25].

---

[21] Aróstegui, Julio: "Opresión y pseudojuricidad. De nuevo sobre la naturaleza del franquismo", en Águila, Gabriela; Alonso, Luciano (coords.): *Procesos represivos y actitudes sociales: entre la España franquista y las dictaduras del Cono Sur*, Bos Aires, Prometeo, 2013 [1996], pp. 29 – 30.

[22] Kafka: *El proceso*, 1998 [1925], p. 226. Si identificamos máis traballos, aínda que pouco numerosos en comparación á extensa literatura especializada sobre a guerra civil española, sobre a persecución política contra a xudicatura. Trataremos isto de forma máis detallada en capítulos posteriores.

[23] Pode semellar que *excusatio non petita, accusatio manifesta*, mais nada máis lonxe da realidade. Porén, a cuestión da utilización dos nomes e apelidos de persoas concretas é un tema tan sensible no caso da guerra civil española (especialmente cando non estamos a falar de vítimas da persecución política) que toda aclaración é pouca. Notorio foi o caso da demanda presentada contra o historiador galego Dionísio Pereira polas familias do alcalde golpista de Cerdedo Manuel Gutiérrez e o falanxista Francisco Nieto, cando este sinalou no 2003 o seu rol como vitimarios. O proceso xudicial resolveríase anos despois de xeito favorable para Pereira, pero a experiencia veu sumar unha lousa máis ás reticencias ao empregar os nomes propios de instigadores ou colaboradores da violencia. A referencia a Zola, do seu coñecidísimo artigo en relación ao caso Dreyfus (Zola, Émile: "J'accuse", *L'Aurore*, 13/01/1898, p. 1).

[24] Coordinación (ou *Gleichschaltung*), explicada como "aceptación generalizada, desde los inicios del nazismo, del nuevo clima político, ya fuera para asegurar la posición social o para encontrar empleo". Arendt: *Responsabilidad personal y …*, 2020 [1964 – 1968], p. 25.

[25] "Cuando describimos un sistema político (su funcionamiento, las relaciones entre las distintas ramas del gobierno, las gigantescas maquinarias burocráticas de las que forman parte las líneas de mando, la interconexión de los civiles y las fuerzas militares y policiales, por mencionar solo los aspectos más destacados), es inevitable que, para referirnos a las personas empleadas por el sistema, hablemos de piezas de engranaje que mantienen en funcionamiento la Administración. Cada pieza, es decir, cada persona, debe ser prescindible sin cambiar el sistema, un presupuesto que subyace a todas las burocracias, todas las formas de funcionariado y todas las funciones propiamente dichas". Arendt: *Responsabilidad personal y …*, 2020 [1964 – 1968], p. 35.

Para poder levar a cabo a nosa investigación, o marco territorial escollido foi a provincia de Pontevedra, cun especial enfoque na súa capital homónima —sede dos principais tribunais a escala infraterritorial—, en tanto que dende o día 21 de xullo as tropas golpistas tomaron control efectivo da cidade, manténdose dende entón como tedoras da orde e legalidade. O período cronolóxico abarcado é de 12 anos, entre 1930 e 1942, ofrecéndonos unha marxe ampla para examinar as roturas que o golpe de Estado introduciu na forma de administrar xustiza. No seguinte epígrafe afondaremos nos motivos que determinaron ambas decisións. Sexa como for, a investigación aspira a exceder do marco espacial escollido, coa confianza de que moitas das súas con conclusións poidan ser extrapolables a outras zonas do Estado que viviron unha realidade semellante á pontevedresa.

A tese de doutoramento organízase en catro partes diferenciadas e dez capítulos. En primeiro lugar, a presente introdución, composta por unha detallada explicación do porqué do noso caso de estudo; un completo estado da cuestión e marco teórico no que maxinamos sobre os principais debates que atravesan a nosa investigación —nomeadamente, os conceptos de xudicialización, *show trials*, xuízos farsa e o xiro dos perpetradores— e comparamos o comportamento do sistema xudicial e a maxistratura noutros réximes ditatoriais coetáneos ao español; rematando este apartado inicial cunha explicación sobre fontes e metodoloxía. A continuación, dous capítulos completan esta primeira parte: de compoñente máis teórica e centrados nos antecedentes, ámbolos dous tratan, respectivamente, o proceso de formación do Estado xurisdicional dende os seus albores no século XIX ata a década de 1930 e a Pontevedra do primeiro terzo do século XX, con especial detalle en como se desenvolveu o golpe de Estado na cidade. As seguintes dúas partes, centradas nas ordes xurisdicionais ordinaria e especiais, conforman o groso da investigación, na que analizamos entre 1930 e 1942 a organización e funcionamento do Xulgado Municipal de Pontevedra, do seu Xulgado de Primeira Instancia e Instrución, da Audiencia Provincial, do Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo e, á parte, da xustiza militar da praza pontevedresa e do proceso de incautación de bens que derivaría na creación do Tribunal Provincial de Responsabilidades Políticas. Por último, a cuarta parte da tese está integrada por un amplo noveno capítulo no que interpretamos de xeito holístico a interrelación entre as diferentes xurisdicións na estratexia golpista e o papel xogado polos seus principais responsables, e no décimo capítulo salientamos as conclusións da nosa investigación cunha brevísima reflexión final a modo de peche sobre o que identificamos como un cambio do foco xurídico-punitivo a partir de 1975. O noso estudio —pretendemos— contribuirá con material e reflexións ao debate heurístico e hermenéutico para profundar no coñecemento existinte sobre o papel da xustiza e os seus actores na formación da Nova España de Franco.

Así as cousas, damos por finalizado este preámbulo e iniciada a presente tese doutoral. Pero antes de pasar ao noso caso de estudo, cabe retornar a Kafka, pois obviamos o que talvez sexa o máis importante da novela coa que abrimos este texto: cal é o desenlace de *El proceso*? Que pasou finalmente co noso protagonista? Despois dunha longa e angustiosa espera, Josef K. será executado —sen sentenza— por dous gardas. O xuízo, tan temido, tan imprevisible, tan innecesario, nunca se chegará a celebrar. A condena de K. aplicarase por outras instancias diferentes á xudicial.

Un mártir da lucidez este Kafka, que diría María Zambrano[26].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[26] Zambrano, María: "Franz Kafka, un mártir de la lucidez", *Aurora: papeles del Seminario María Zambrano*, 2012 [1947], pp. 24 – 35.

1.2. Caso de estudo e obxectivos

Para falar sobre o caso de estudo que nos incumbe, poderiamos explorar como foi o proceso de delimitación do mesmo dende un punto de vista temático, espacial e temporal. Responder, en definitiva, a unha pregunta moi concreta: por que estuda esta tese de doutoramento os nexos de unión entre violencia golpista e administración de xustiza en Pontevedra, tomando como marco cronolóxico 1930 – 1942? Procuraremos non estendernos moito na explicación debida, xa que consideramos que ao longo deste capítulo e, en xeral, ao longo de toda a tese se alude —alomenos de forma tanxencial— a este tema.

Os xermolos desta investigación poderiámolos rastrexar no Traballo de Fin de Mestrado que realizamos para a obtención da titulación de máster en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela no 2017, o cal levaba por título *A violencia, as vítimas, os verdugos: a lóxica do terror na cidade de Pontevedra (1936 – 1939)*[27]. Nel xa estaban algúns dos elementos esenciais da presente tese doutoral: o estudo do golpe de Estado de 1936, a pluralidade de actitudes sociais na retagarda sublevada, Pontevedra como espazo analítico, a xustiza militar como dispositivo de persecución e violencia política, o interese no papel dos perpetradores… Ese foi o punto do que partimos cando iniciamos a investigación predoutoral. O obxectivo fundamental radicaba en profundar no que sabiamos sobre os vitimarios nunha cidade como Pontevedra: «¿Quiénes son los [verdugos] en este pueblo? No los conocemos. Tiene que haberlos»[28]. Abofé que os había, pero máis de 80 anos despois do golpe seguiamos sen saber apenas deles.

Influenciadas pola capitalidade dos consellos de guerra nas estratexias de limpeza política dos sublevados, no transcurso dos primeiros meses da etapa predoutoral caemos na conta do necesario que era centrar o ollar analítico no sistema xudicial na súa totalidade, sorprendéndonos ante a escasa cantidade de traballos sobre o tema, case sempre centrados na xurisdición militar, pero non tanto no seu funcionamento senón sobre todo nas súas consecuencias[29]. A maiores, unha parte nada desprezable de traballos, sobre todo aqueles xurdidos do eido da historiografía, manifestaban a —por dicilo de algún xeito— falta de sutileza en cuestións xurídicas. Sobre esta cuestión afondaremos con máis detalle no estado da cuestión. Para responder ás preguntas que se nos presentaban, fomos penetrando paulatinamente no estudo do aparello xudicial na amplitude do seu universo xurisdicional, reparando en que este tivera un papel clave no proceso de conquista de poder no momento do golpe de Estado e de institucionalización da ditadura franquista. A administración de xustiza, entendida como órgano institucional pero tamén como acción xurisdicional, é un dos obxectivos fundamentais no contexto da toma violenta do poder; porque en tanto que o Estado é xurisdicional, asumir dita potestade constrúe Estado. Di Stathis Kalyvas:

---

[27] Unha versión reducida e revisada do traballo (valorado con matrícula de honra e merecedor do premio extraordinario de mestrado) pódese atopar en Cidrás, Aldara: "A construción da culpabilidade colectiva na cidade de Pontevedra (1936 – 1939)", en Fernández Prieto, Lourenzo; Míguez Macho, Antonio (eds.): *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Vigo, Galaxia, 2018, pp. 227 – 290.

[28] Unamuno, Miguel de: *El resentimiento trágico de la vida: notas sobre la revolución y la guerra civil españolas. Estudio de Carlos Feal*, Madrid, Alianza, 1991 [1936], p. 25. Na cita orixinal, que nos permitimos adaptar, Unamuno refírese a "los malos en este pueblo".

[29] Asimilamos aquí o concepto de *limpeza política* tal e como o formula Rafael Cruz: "La limpieza política constituye una dinámica de homogeneización política de la población de un territorio por medio del uso de la fuerza o la intimidación contra personas pertenecientes a grupos identificados como enemigos políticos. Es un concepto más amplio que el de 'politicidio', al incluir la eliminación de cargos institucionales, y es distinto al de limpieza étnica porque las campañas de aniquilación no se realizan por los rasgos culturales o biológicos de las víctimas". Cruz, Rafael: "Olor a pólvora y patria. La limpieza política rebelde en el inicio de la guerra de 1936", *Hispania Nova*, núm. 7, 2010.

USC

> La construcción estatal es el objetivo central de los insurgentes … [quienes] se dedican a actividades de corte estatal: recaudan impuestos, organizan las tareas de la policía, *administran justicia* y reclutan luchadores. En resumen, disfrutan de un monopolio local sobre la violencia que utilizan para castigar a sus enemigos y para sancionar la desobediencia.[30]

Así as cousas, de pronto comprendemos que xa estabamos inmersas de cheo neste tema, o cal se acabara por converter no núcleo da nosa investigación: se o campo xurídico é, segundo Pierre Bourdieu, o espazo social organizado no que entran dúas partes en conflito, que pasa cando o conflito que nos interesa é, en efecto, o conflito por antonomasia do século XX español?[31] Talvez esta non sexa a tese que tiñamos en mente facer nun primeiro momento, pero sen dúbida é a tese que nos gustaría ter lido cando comezamos. Ás inquedanzas daquela xurdidas pretendemos responder co presente traballo.

No inicio desta investigación atópase unha hipótese —a administración de xustiza tivo un papel clave na lóxica do golpe de Estado— que preferimos enunciar en forma de preguntas, porque son estas as que pretendemos responder directamente co noso traballo: como evoluciona na forma e na práctica a administración de xustiza de orixe liberal entre 1930 e 1942, tanto nas xurisdicións ordinarias como nas especiais? Como se notan estes cambios nunha capital provincial? Como afecta o golpe de Estado de 1936 no funcionamento desta administración? Cales son as continuidades e, sobre todo, as rupturas chegado este momento? Como interactúan as diferentes ordes xurisdicionais entre si, especialmente após do 18 de xullo? Modifícanse os códigos segundo as transformacións políticas do país? Quen son os máximos responsables da aplicación de xustiza na provincia? Continúan exercendo trala sublevación militar? Mudan as súas atribucións?

Estas son apenas un feixe das cuestións que irán xurdindo ao longo da investigación. Pero todas elas, tan específicas, poderiámolas englobar baixo o paraugas dunha gran pregunta: *como se produce a xudicialización da violencia golpista?* É dicir, a fin de contas, cal é a instrumentalización da administración de xustiza polos sublevados en prol dos seus intereses bélicos e de configuración dun novo Estado? Que papel cumpre? E por que é necesario para os golpistas que cumpra este papel? Unha administración de xustiza que entendemos nun sentido amplo, na súa totalidade, incluíndo no foco non só o papel das xurisdicións especiais que xestionaron o groso da persecución política xudicializada, senón tamén as xurisdicións ordinarias neste período, cuxo funcionamento ten sido ignorado polo de agora[32]. A maiores, derivada desta cuestión de partida, no desenvolvemento da investigación reparamos en que outra gran pregunta para a que non atopabamos resposta na literatura especializada tamén estaba latente no traballo: *como evoluciona o proceso de conformación do Estado xurisdicional neste*

[30] Kalyvas, Stathis N.: *La lógica de la violencia en la Guerra Civil*, Madrid, Akal, 2010 [2006], pp. 308 – 309. Cursiva nosa. Non obstante, quitando esta referencia e algunha máis de carácter marxinal, Kalyvas presta sorprendentemente pouca atención ao poder xudicial no seu coñecidísimo ensaio sobre guerras civís e violencias.

[31] Afirma o sociólogo francés: "[el campo jurídico es el] espacio social organizado por el cual tiene lugar la transmutación de un conflicto directo entre partes directamente interesadas, en un debate jurídicamente reglado entre profesionales que actúan por procuración y tienen en común su conocimiento y reconocimiento de la regla del juego jurídico." Bourdieu, Pierre: "La fuerza del derecho: elementos para una sociología del campo jurídico", en Bourdieu, Pierre (coord.): *Poder, derecho y clases sociales*, Bilbao, Desclée De Brouwer, 2000, pp. 190; citado en Montoto Ugarte, Marina: *Un viaje de ida y vuelta: la construcción social de la «víctima» en la querella argentina contra los crímenes del franquismo*, Tese de doutoramento inédita, Universidad Complutense de Madrid, 2019, p. 137.

[32] Compartimos, polo tanto, as seguintes palabras do catedrático en dereito procesual Juan Montero Aroca: "La historia general de un país no debería escribirse sin hacer referencia, si bien somera, a la incidencia de los distintos acontecimientos en la organización judicial y al marco de competencia de los tribunales ordinarios". Montero Aroca, Juan: *Independencia y responsabilidad del juez*, Madrid, Civitas, 1990, p. 72.

momento transcendental da historia recente española e que tensións introduce o golpe neste proceso? Ambas preguntas, así como todas aquelas que destas derivan, vertebrarán a nosa análise e o noso discurso. Deste modo, pola súa formulación que consideramos innovadora, aspiramos a que o humilde aporte que poidamos facer coas nosas achegas resulte para quen o lea —case— tan estimulante como para nós.

Por outra banda e como adiantabamos anteriormente, o marco espacial escollido foi a provincia de Pontevedra. Ao principio, o noso primeiro impulso foi centrarnos só na capital, pois unha investigación das características formuladas requiría unha pescuda meticulosa dende a perspectiva micro. Local, pero globalizante: non se trataba de facer unha historia sobre a guerra civil en Pontevedra —xa existen varios traballos que abordan o tema, como veremos máis adiante—, senón de empregar a cidade como espazo dende o que estudar un fenómeno concreto[33]. Porén, ao profundar no funcionamento dos diversos tribunais con sede na cidade, entendemos que a delimitación local era absurda, pois a súa condición capital implicaba a localización na cidade de órganos xudiciais de competencia provincial, como a Audiencia, o Tribunal Contencioso-Administrativo ou o posterior Tribunal de Responsabilidades Políticas. A maiores, a unidade provincial resultou ser particularmente estimulante para poder interactuar coa perspectiva micro e macro: ao tratarse dunha demarcación territorial intermedia, consideramos que a súa representatividade pode facilitar o intercambio de conclusións con respecto a organizacións espaciais menores —como poden ser a comarca ou o municipio— pero tamén con outras de semellantes características ou mesmo de maior tamaño, redundando na perspectiva globalizante á que aspiramos. Non obstante, como se comprobará no transcorrer dos capítulos, os límites espaciais serán sempre centrais, pero adaptables ás propias demarcacións territoriais das diferentes xurisdicións obxecto de análise.

Pero, por que Pontevedra? A escolla foi motivada por tres factores principais. O primeiro é que interesaba que se tratase dun territorio de retagarda que permanece baixo control sublevado dende os inicios do conflito para entender a xénese dese laboratorio de violencias que máis tarde serían exportadas a outras zonas de España. Como xa foi exposto, o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 triunfou na provincia en cuestión de días e esta rapidamente se conforma, ao igual que toda Galicia no seu conxunto, como parte do *homefront* golpista. Empregamos aquí de forma moi intencionada o concepto na súa voz inglesa, entendendo esa *homefront* de forma literal, como unha fronte bélica interior, doméstica: o afastamento das trincheiras non impediu a execución de prácticas exemplarizantes de terror contra a poboación civil; ao contrario, estimulouna en moitos aspectos[34]. Pero, neste clima extraordinario, observar o Estado na súa función xurisdicional é observar a cotiandade da retagarda, onde prevalecen os grises fronte ao bicromatismo do branco e do negro; os matices do día a día fronte ás atrocidades que teñen acaparado a atención no relato sobre o golpe e a guerra civil.

[33] O seguinte extracto recolle con particular claridade a sintética idea de *historia local pero globalizante*: "Empezar por la historia local, hemos dicho, pero sin quedarse atrapados en ella. La mayoría de los estudios locales sobre la Guerra Civil han tomado como objeto de estudio el registro de las víctimas, pero pocos van más allá de la acumulación de datos, documentos y testimonios, con valoraciones de carácter moral que no profundizan en el análisis y la comprensión del fenómeno de la violencia. *Los trabajos locales tienen que formular las preguntas generales en ámbitos reducidos, cuestionar y poner a prueba lo que sabemos, revelar la densidad y complejidad de las relaciones y acciones de los sujetos históricos.* Atraer a quien en un principio no tiene interés en el ámbito concreto investigado, que los lectores ajenos sientan que los términos, lugares y nombres que desconocen les conciernen y les interpelan". Fernández Prieto, Lourenzo; Míguez Macho, Antonio; Vilavedra, Dolores (eds.): *1936. Un nuevo relato*, Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2020, p. 184. Cursiva nosa.

[34] Confírmase así outra das principais conclusións de Kalyvas, quen asegura que, nun contexto de guerra civil, os maiores niveis de violencia (exercida, ademais, de forma selectiva e cruenta) se producen naqueles territorios onde o poder está máis homoxeneamente controlado por un único grupo e non está tan fragmentado. Kalyvas: *La lógica de …*, 2010 [2006], p. 451.

O segundo factor ten que ver coa diversidade pola que se caracteriza a provincia. Esta diversidade pode ser entendida de diferentes formas, pero as que máis nos interesan son en termos socioeconómicos e de resistencia ás tropas no momento do golpe. Á altura de 1936, Pontevedra era unha provincia de certa importancia: marítima, con notorios portos como o de Vigo; e fronteiriza, co norte de Portugal. Cunha extensión superficial de 4.391 quilómetros cadrados, tiña unha poboación de máis de medio millón de habitantes, principalmente concentrados en Vigo e en Pontevedra[35]. Trátase dunha provincia de carácter mixto, na que as cidades máis poboadas se interrelacionan de forma case simbiótica cos municipios rurais, menos poboados pero fundamentais na economía provincial —asentada sobre a agricultura, a pesca, a industria e o comercio—, abastecendo de produtos primarios aos focos industriais, concretamente o conserveiro vigués. En relación coa economía, a politización da cidadanía tamén será heteroxénea, aínda que cunha particular relevancia dos movementos agrario, obreiro e galeguista, os cales contaban con presencia destacada nun gran número de corporacións municipais lideradas pola Fronte Popular en 1936.

En terceiro lugar, interesounos Pontevedra como caso de estudo porque, se ben existen algunhas publicacións sobre a violencia do golpe, a guerra e a ditadura na cidade e na provincia, actualmente non temos constancia de ningunha investigación de características semellantes ás que propoñemos —nin para o caso pontevedrés nin para o resto do Estado español—, polo que consideramos que o noso traballo vén sumar e non solapar aos xa existentes. Á súa vez, este tema é retomado no vindeiro apartado sobre o estado da cuestión.

Por último, no que respecta á delimitación temporal da investigación, decidímonos polo período de 1930 a 1942. En total, doce anos que se reparten equitativamente: seis anos antes e seis anos despois do golpe de Estado de 1936; aínda que, naturalmente, certos aspectos do traballo excederán o marco cronolóxico proposto. Tanto a data de inicio como a de fin son momentos inestables, de cambio incerto. O porqué de 1930 está claro, sobre todo se o pensamos teleoloxicamente: a caída da ditadura de Primo de Rivera, os intentos da monarquía de controlar a situación mediante os gobernos autoritarios de Dámaso Berenguer e Juan Bautista Aznar… e, en manida expresión, o colapso definitivo do sistema canovista da Restauración coa conseguinte instauración da Segunda República en abril de 1931.

O outro ano límite, 1942, pode resultar menos intuitivo. Por que non 1945 —cabería preguntarse—, como teñen feito outras investigadoras e investigadores nos traballos cos que tamén se aproximan ao estudo do dereito e da administración de xustiza no franquismo[36]? Isto débese, por unha banda, aos propios criterios metodolóxicos do noso traballo; desexamos que o lapso temporal estudado antes do golpe fose idéntico ao posterior en prol de non distorcer os datos cuantitativos e as comparativas entre ambos períodos. Pero, pola outra, e moito máis relevante, consideramos que 1942 é un ano importante que marca un antes e un despois na política xudicial do novo réxime.

[35] Malia que non dispoñemos das cifras demográficas absolutas no conxunto da provincia inmediatamente anteriores ao golpe de Estado, sabemos que en 1932 a poboación era de 495.356 habitantes, e os rexistros municipais dan mostra do crecemento demográfico ata 1936. Ver *Anuario regional descriptivo, informativo y seleccionado de la industria, comercio, agricultura, profesiones, arte y turismo del Norte de España*, Madrid, Anuarios Regionales de España, 1932, p. xxi.

[36] Tres exemplos poderían ser as fundamentais achegas de Berdugo Gómez de la Torre, Ignacio: "Derecho represivo en España durante los períodos de guerra y posguerra (1936 – 1945)", *Revista de la Facultad de Derecho de la Universidad Complutense de Madrid*, monográfico 3, 1981, pp. 97 – 128; Cano Bueso, Juan: *La política judicial del régimen de Franco (1936 – 1945)*, Madrid, Centro de Publicaciones del Ministerio de Justicia, 1985; ou Lanero Táboas, Mónica: *Una milicia de la justicia. La política judicial del franquismo (1936 – 1945)*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales, 1996.

En primeiro lugar, non se debe obviar o contexto internacional marcado pola Segunda Guerra Mundial. 1942 será o punto álxido —e final— da fascistización da ditadura franquista, iniciando ao ano seguinte, ante o devir desfavorable para as potencias do Eixe, un paulatino proceso inverso de reequilibrio das familias do réxime que tamén afectará á administración de xustiza. Ao ano seguinte, o ministro de Xustiza carlista Esteban Bilbao Eguía sería sucedido polo falanxista Eduardo Aunós, o que marca unha rotura coa etapa anterior na que esta carteira estivera en mans dos tradicionalistas. En 1942 desarticúlase a Comisión de Codificación do Ministerio de Xustiza, marcando así a fin da primeira etapa do programa de política xudicial do franquismo; e tamén se inicia a desmobilización dos oficiais honoríficos do Corpo Xurídico Militar —membros da administración de xustiza ordinaria que pasaron a servir na castrense ante as inxentes necesidades da xurisdición despois do golpe de Estado—, o que dá mostra de que a xudicialización da violencia golpista do primeiro momento por vías militares adoptará outra forma durante a ditadura[37]. Este cambio de ciclo tamén o simboliza a reforma da xurisdición de Responsabilidades Políticas, publicada en febreiro dese ano, cuxa unha das súas principais implicacións foi a supresión dos Tribunais Provinciais de Responsabilidades Políticas e a asunción das súas competencias polas Audiencias Provinciais[38].

Así as cousas, estes son os puntos de coordenadas esencias da nosa tese de doutoramento, dende onde arrancamos. Tendo claro o noso caso de estudo e o pertinente da súa investigación, nas vindeiras páxinas atenderemos ao marco teórico do que bebe o traballo e ao desenvolvemento da nosa propia metodoloxía de análise e tratamento de fontes.

1.3. Estado da cuestión, marco teórico e un (pequeno) estudo comparado

Polo seu carácter transversal e constante ao longo da Historia —como veremos en máis detalle no capítulo 2, sobre a formación do Estado xurisdicional—, a xustiza ten sido merecedora de atención dende as máis diversas frontes. E, en tanto que o noso obxecto de estudo é en efecto a análise da administración de xustiza e do sistema xudicial nun determinado contexto, a presente investigación nutriuse de literatura especializada elaborada dende diferentes disciplinas. Se ben é evidente a metodoloxía historiográfica coa que nos aproximamos á cuestión, non debemos agochar a bagaxe interdisciplinar que sustenta o noso marco teórico e que se traduce, consideramos, nunha perspectiva suxerinte con respecto ao noso caso de análise, alén do novidoso do obxecto de estudo en si.

Esta interdisciplinaridade teórica non foi unha mera opción, senón que xurdiu como produto dunha necesidade. Por un lado, debido á escaseza de investigacións que analicen o papel que a administración de xustiza xogou no golpe de Estado de 1936; isto agudízase principalmente no que respecta á xustiza ordinaria, que ten sido a máis ignorada das esferas xudiciais en relación coa violencia[39]. Aínda que non se trate dun baleiro

[37] Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, p. 156 e pp. 364 – 365.

[38] Sobre o tema, ver Álvaro Dueñas, Manuel: "Los militares en la represión política de la posguerra. La jurisdicción especial de responsabilidades políticas hasta la reforma de 1942", *Revista de estudios políticos*, núm. 69, 1990, pp. 141 – 162. A orde xurisdicional especial de responsabilidades políticas será atallada de forma minuciosa no capítulo 8.

[39] Entendemos a administración de xustiza nas súas dúas principais acepcións, como acción e efecto, pero tamén como conxunto de persoas e organismos públicos. Ao longo da investigación interesarémonos principalmente polo feito comunmente entendido de impartir xustiza (e da capacidade xurisdicional do Estado), obxectivo da labor á que se

epistemolóxico absoluto e comentaremos algunhas das principais obras de referencia, si sorprende que un elemento tan importante na configuración do poder e con efectos directos no día a día das persoas como a impartición de xustiza teña recibido tan pouca atención para o contexto da guerra civil española, nomeadamente na retagarda controlada polos sublevados. Ante a falta de estudos que aborden todas estas preguntas, o coñecemento sobre o tema é case *impresionístico*, que diría Toharia, «es decir, escasamente fundad[o] sobre datos fruto de investigaciones empíricas», e máis ben asentado en intuicións ou hipóteses máis ou menos razoadas, pero non realmente corroboradas cun achegamento meticuloso ás fontes[40]. Este escenario impulsounos a innovar no plano metodolóxico, polo que buscamos ferramentas dende diferentes disciplinas coas que formular unha proposta heurística para esta intransitada vía.

Mais esta interdisciplinaridade foi obrigada, sobre todo, porque é intrínseca á propia temática abordada: como estudar a xustiza, aínda que sexa dende unha perspectiva histórica, sen ter en conta os traballos realizados dende o ámbito do dereito? É máis, como falar de xustiza sen estarmos familiarizadas co xurídico e o xudicial? Por iso, unha labor previa de formación para o correcto achegamento do tema resultou ineludible. Isto non estivo exento da súa complexidade, debido á aridez que pode supoñer o estudo da xurisprudencia para as persoas neófitas e faltas de pericia na materia. De feito, como xa foi sinalado, unha eiva xeneralizada que identificamos en moitos traballos de historiadoras e historiadores que tratan nas súas investigacións con fontes xudiciais —da xurisdición castrense, máis concretamente— é a carencia formativa do propio ámbito procesual ao que se refiren. Esta incorrecta aproximación, cando menos, resulta nunha involuntaria simplificación dos achados; mais pode chegar a invalidalos segundo os casos. Amais disto, outra carencia que amosa a gran parte dos traballos que abordan cuestións xudiciais dende a historiografía é a falta explicacións metodolóxicas detalladas sobre o achegamento a estas fontes e, en xeral, sobre o funcionamento do poder xudicial. Ora por descoñecemento, ora por non consideralo preciso, obviar cuestións básicas da materia redunda nese irregular tratamento do obxecto de estudo ao que nos referimos. Así as cousas, en tanto que a tarefa de instrución previa foi tan esencial como complexa ante a falta de traballos que se detivesen nela, esta tese doutoral tamén pretende aportar unha modesta contribución coa que ocupar este espazo didáctico e tender pontes entre o exercicio da historia e da historia do dereito. Probablemente, para as persoas con formación xurista, algunhas explicacións resulten demasiado simples; porén, non deixaremos de facer énfase nelas para facer máis accesible o estudo do dereito entre as e os profesionais da historia.

Para afondar neste estado da cuestión, decidimos elaborar unha organización temática do apartado, seguindo os principais debates teóricos que identificamos e interseccionan na nosa investigación. O esquema que seguiremos será do amplo ao concreto, integrando cando sexa preciso o enfoque das diversas disciplinas consultadas. Comezaremos explicando os conceptos de xudicialización e *lawfare* e como poden ser estes aplicados ao caso español. Seguidamente observaremos cal é a situación da discusión académica en torno á interrelación entre o poder xudicial e os Estados autoritarios filofascistas de entreguerras, deténdonos no estudo do caso alemán, italiano e portugués. A continuación, enfocarémonos no debate español, tradicionalmente monopolizado pola idea dos xuízos farsa. Observaremos entón cal é o estado da bibliografía especializada na administración de xustiza durante a guerra civil española

USC UNIVERSIDADE

dedican os xuíces e o resto do persoal xudicial. Non obstante, non ignoraremos á administración como ao aparello burocrático emanado da posta en práctica do poder xudicial.

[40] Toharia, José Juan: *El Juez español. Un análisis sociológico*, Madrid, Tecnos, 197, p. 78.

para ver en que lugar encaixa a nosa investigación, e destacaremos algunhas das principais obras de referencia na materia. En último lugar, merecerá un tratamento individual a historiografía local que ten como marco espacial a cidade de Pontevedra.

Á parte, cada un dos capítulos contará co seu propio estado da cuestión específico, aínda que de menor envergadura. Por un lado, os seguintes dous capítulos da primeira parte consisten en reflexións nas que as fontes secundarias teñen unha gran relevancia, actuando en si mesmas como unidades de revisión bibliográfica propias. Pero, polo outro lado e, se cadra, aínda de maior utilidade, tódolos capítulos que analizan cada unha das xurisdicións —e que conforman a segunda e terceira partes da investigación, versando sobre as xurisdicións ordinaria e especiais— comezarán cunha breve nota introdutiva sobre o xulgado ou tribunal en cuestión ao que nos referiremos, o seu ámbito de actuación e a literatura especializada máis elemental dende o noso punto de vista. Deste xeito, cada capítulo actuará como unha esfera autoexplicativa á que acudir para entender mellor a instancia xudicial que sexa de interese.

1.3.1. Sobre os conceptos de xudicialización e lawfare

Unha das claves desta tese de doutoramento é o que cuñamos como a *xudicialización* da violencia golpista. Coa idea de xudicialización referímonos á canalización de parte da violencia perpetrada polos sublevados a partir de 1936 pola vía xudicial. É dicir, trátase da dimensión xudicial da violencia golpista[41]. Sabemos que unha parte moi importante do proceso violento foi encarreirado por esta vía, unha estratexia parella e complementaria a outros mecanismos eliminacionistas como os coñecidos como paseos. Brutalización e (pseudo)normativismo foron da man, polo que cremos que é importante afinar a terminoloxía de análise. Por exemplo, Pedro Payá fala de *represión xudicial franquista*, pero nós consideramos máis apropiado o termo de xudicialización da violencia —sexa esta golpista ou franquista, segundo o período—, xa que acouta a vaguidade conceptual da *represión*, aludindo mellor ao carácter instrumental que se fixo da administración de xustiza polos sublevados como arma de guerra e conquista[42].

O termo de xudicialización non é novo: moi ao contrario, nos últimos anos vimos asistindo a unha notoria mediatización do concepto de *xudicialización da política*. A procura do concepto —en castelán— en Google devolve máis de dous millóns e medio de resultados de diversa natureza, dende artigos de opinión, entradas en blogs, novas en xornais dixitais ou, de forma moito máis subsidiaria, *papers* académicos. A interpretación máis repetida desta xudicialización da política —indistintamente usado para referirse á politización da xustiza— é a introdución de ferramentas xurídicas para resolver conflitos esencialmente políticos.

A aparición do termo de xudicialización remóntase á década de 1980 no campo do dereito comparado e o estudo das políticas xudiciais. Porén, é nos 90 cando se comeza a popularizar, principalmente grazas á consagración da obra *The Global Expansion of Judicial Power*, coordinada por C. Neal Tate e Torbjörn Vallinder (1995), que, se ben non foi a introdutora do concepto, si foi a primeira en explorar o fenómeno a través de varios sistemas políticos[43]. Dende entón, a idea da xudicialización da política comezou a

[41] A existencia da dimensión xudicial da violencia implica que exista unha dimensión violenta da xustiza. Dúas caras, á fin e ao cabo, dunha mesma moeda.

[42] Payá López, Pedro: "Después de la victoria: la represión judicial franquista tras la guerra civil", en Moreno Fonseret, Roque; Payá López, Pedro (eds.): *Memoria y justicia transicional en Europa y América Latina*, Granada, Comares, 2018, pp. 25 – 59.

[43] Tate, C. Neal; Vallinder, Torbjörn (eds.): *The Global Expansion of Judicial Power*, Nova York, New York University Press, 1995.

gañar pulo, mais fixoo paradoxalmente carecendo dun debate académico que acoutase a súa conceptualización. Esta foi, de feito, unha das críticas que algunhas autoras e autores fixeron da obra de Tate e Vallinder: a falta de claridade conceptual, cuestión que se estende ata os nosos días. Esta problemática teríase agudizado nos últimos anos, pois a popularización do termo e a súa entrada no debate público responde a unha tendencia á alza en todo o mundo do fenómeno[44].

A maleabilidade do termo é un tema particularmente ben explicado por Rebecca Hamlin e Gemma Sala, as cales distinguen ata nove usos conceptuais diferentes de xudicialización na literatura especializada, algúns dos cales poden chegar a solaparse entre si e non fan referencia todos eles a fenómenos estritamente xudiciais[45]. Brevemente, as *nove caras da xudicialización* segundo Hamlin e Sala serían: a capacidade da xudicatura para supervisar a rama lexislativa; o aumento da independencia xudicial; a interferencia xudicial proactiva co poder lexislativo; a potestade da xudicatura de interpretar aqueles preceptos constitucionais máis abstractos; a saturación dos tribunais debido ao crecemento exponencial nos litixios; o procesamento xudicial do que Ran Hirschl identificou como *megapolíticas*; a anticipación lexislativa ás decisións xudiciais; a asunción por parte da administración de procederes semellantes aos dos tribunais na resolución de disputas; e a asimilación de comportamentos xudiciais —como o argot xurídico[46]— por actores extraxudiciais perseguindo fins simbólicas ou de lexitimación. Hamlin e Sala conclúen que este *estiramento conceptual*, ou sexa, a capacidade de designar diferentes fenómenos cunha mesma voz, deriva na súa imprecisión. Para atenuar isto na medida do posible e facilitar o tan necesario debate académico arredor da xudicialización, recomendan ás demais autoras e autores que fagan explícito con que uso ou usos concretos do termo van traballar nas súas investigacións.

Hirschl define de forma xenérica as *megapolíticas* como «profundas controversias políticas que definen —e moitas veces dividen— Estados [ou sistemas de goberno]»[47]. Se coincidimos con Carl von Clausewitz ao afirmar que a guerra non é máis que a continuación da política por outros medios —o cal non é difícil de facer no caso español, pois sabemos que os golpistas intentaron conseguir mediante as armas o que non lograran nas urnas en febreiro do 36—, podemos establecer que a xudicialización da violencia en contextos de golpe de Estado modernos ou guerra civil sería unha forma de megapolítica[48]. Trátase, a fin de contas, da resolución dun problema político por vías

[44] Hirschl, Ran: "The Judicialization of Politics", *The Oxford Handbook of Law and Politics*, 2008. Tamén Vallinder, Torbjörn: "The Judicialization of Politics — A World-Wide Phenomenon: Introduction", *International Political Science Review*, vol. 15, núm. 2, 1994, pp. 91 – 99. Un exemplo tan recente como polémico desta inxerencia xudicial na esfera gobernamental estadounidense sería a anulación da sentenza do caso Roe contra Wade polo Tribunal Supremo o 24 de xuño de 2022, que durante case 50 anos protexera federalmente o dereito ao aborto. Non obstante, a extensión do concepto non só se ten producido nos Estados Unidos (onde hai unha maior tradición de interferencia do poder xudicial na acción lexislativa); cada vez máis abundante é tamén a súa utilización en España. A resolución do caso Dobbs contra Jackson Women's Health Organization, a cal derroga *Roe v. Wade*, está dispoñible en: https://www.supremecourt.gov/opinions/21pdf/19-1392_6j37.pdf [últ. consulta o 22/07/2022].

[45] Hamlin, Rebecca; Sala, Gemma: "The Judicialization of Politics Disentangled", *The Oxford Research Encyclopedia. Politics*, 2018.

[46] A extensión do uso da linguaxe xurídica a áreas eminentemente non xurídicas foi definido por Gordon Silverstein como *xuridificación*. Neste sentido, a xudicialización como o aumento de referentes legais en procesos culturais viría a ser unha variación da xuridificación. Ver Silverstein, Gordon: *Law's Allure. How Law Shapes, Constrains, Saves and Kills Politics*, Cambridge, Cambridge University Press, 2009, p. 4.

[47] Hirschl: "The Judicialization of…", 2008, p. 124. Tradución propia.

[48] Se concretamos o pensamento de von Clausewitz alén da trillada máxima, comprobamos que para el a guerra é unha ferramenta política, un instrumento racional de política nacional: "Vemos, polo tanto, que a guerra non é meramente un acto de política senón un auténtico instrumento político, a continuación do acto político, seguido por outros medios. … O obxecto político é o obxectivo, a guerra é o medio para acadalo, e os medios nunca poden ser considerados de forma illada do seu propósito". von Clausewitz, Carl (Howard, Michael; Paret, Peter, eds.): *On War*, Princeton, Princeton University Press, 1976 [1832], p. 87. Tradución propia.

xudiciais, atractivas para os sublevados en tanto a que están rodeadas dunha teórica imparcialidade que os beneficia cunha pátina de lexitimidade. É un mecanismo de especial utilidade na guerra total, asimétrica e híbrida.

Con todo, ata o de agora, esta perspectiva conceptual ten estado ausente na literatura especializada sobre o golpe e a guerra civil. Existe algún traballo que fala de fenómenos de xudicialización durante procesos ditatoriais, mais non temos constancia da súa aplicación para o caso español, particularmente relevante posto que esta xudicialización actúa como arma de guerra e conquista a disposición dun golpe de Estado[49]. E é que, se ben segundo o especialista en dereito internacional Philippe Sands o obxectivo fundamental da xudicialización é facer dos tribunais unha alternativa á guerra, nós preguntámonos: que pasa cando os tribunais e a guerra van da man? Que pasa cando os *tribunais* actúan como *trincheira*?[50]

Para responder a esta cuestión é preciso introducir o concepto de *lawfare*, adaptación da voz inglesa *warfare* —a cal traduciriamos ao galego como *guerra* ou, mellor, *tácticas de guerra*, para diferenciala de *war*— e intrinsecamente relacionado coa cuestión da xudicialización. *Lawfare* trátase dun neoloxismo podería ser traducido á nosa lingua como *guerra xurídica* ou *guerra xudicial*, aínda que preferimos o termo en inglés pois, segundo a nosa interpretación, este logra capturar un matiz importante: non é unha guerra por vía xudicial, senón que se refire a que o sistema xudicial pode integrar a panoplia de armas ou estratexias bélicas; é dicir, non se trata simplemente de encarreirar polos tribunais disputas políticas, senón da total perversión do papel do poder xudicial. Este matiz, consideramos, é mellor recollido polo estranxeirismo *lawfare*.

A primeira aparición do termo é de 1975, aínda que, ao igual que sucedeu coa cuestión da xudicialización, a súa popularización viría décadas despois, debida principalmente ao traballo académico do xuíz militar estadounidense Charles J. Dunlap, quen sinteticamente definiu o *lawfare* como «o uso da lei [ou do dereito] como unha arma de guerra»[51]. Na actualidade, o seu uso maioritario está vinculado ás relacións políticas internacionais, caracterizándose de novo pola lasitude conceptual, con interpretacións positivas —por exemplo, a resolución dos conflitos pola vía xudicial en detrimento da guerra ou mesmo como un vago sinónimo do *ius in bello*— e negativas —como o uso ilexítimo do dereito doméstico ou internacional para acadar unha determinada fin—. De forma máis concreta, en América Latina por *lawfare* vense entendendo nos últimos anos o procesamento de líderes de esquerda, como o de Lula da Silva; un (ab)uso do

[49] Unha interesante selección de traballos sobre a xudicialización das políticas autoritarias noutros réximes ditatoriais, atopámola en Ginsburg, Tom; Moustafa, Tamir: *Rule by Law. The Politics of Courts in Authoritarian Regimes*, Cambridge, Cambridge University Press, 2012. Emporiso, debemos admitir que esta se trata dunha liña de investigación pouco explorada mesmo no plano internacional. Chama a atención, por exemplo, que ensaios clásicos sobre a violencia bélica como *An Intimate History of Killing* de Joana Bourke (1999) non só obvien a cuestión da xudicialización (termo que se comezaba a poñer en voga nos anos 90, como vimos) senón que sitúen aos tribunais nun moi segundo plano, desconectándoos da violencia contra o inimigo. Neste libro, os tribunais castrenses actúan como mecanismos disciplinarios intraestamentais, aparecendo case sempre como unha potencial ameaza contra os soldados estadounidenses loitando no Vietnam; Bourke en ningún momento se refire a eles (ou a outros tribunais especiais) como dispositivos eliminacionistas destinados á represión política do outro. Ver Bourke, Joanna: *An Intimate History of Killing. Face to Face Killing in the 20th Century Warfare*, Nova York, Basic Books, 1999, p. 160, p. 167, p. 187, ou pp. 195 – 196.

[50] Sands, Philippe: "Reflections on International Judicialization", *The European Journal of International Law*, vol. 27, núm. 4, 2016, pp. 886.

[51] Carlson, John; Yeomans, Neville: "Whither Goeth the Law — Humanity or Barbarity", en Smith, Margaret; Crossley, David (eds.): *The Way Out: Radical Alternatives in Australia*, Melbourne, Lansdowne Press, 1975. Dunlap, Charles J.: "Law and Military Interventions: Preserving Humanitarian Values in 21st Conflicts", relatorio dentro do marco de conferencias *Humanitarian Challenges in Military Intervention*, organizada por Harvard University, 29/11/2001. Dispoñible en https://people.duke.edu/~pfeaver/dunlap.pdf [últ. consulta o 25/04/2022]. Tradución propia.

Dereito que é mostra da interferencia dos Estados Unidos sobre o territorio latinoamericano. Segundo Arantxa Tirado:

> [E]l *lawfare* es a su vez una etapa más de una contrainsurgencia de largo aliento contra los líderes políticos, Gobiernos, partidos o movimientos sociales que apuestan por una ALC [América Latina y el Caribe] soberana e independiente de los dictados estadounidenses.[52]

A corrente xeral é a contraposición positivista do *lawfare* ao *warfare*: no imparable progreso humano, unha viría a substituír a outra. Trátase dunha interpretación xa presente no manuscrito orixinal de John Carson e Neville Yeomans no que se cuñou o termo e aparece repetida por multitude de autores dende entón; entre eles, o propio Dunlap. De feito, para el, o *lawfare* sería o «aspecto máis novidoso do combate do século XXI»[53]. Porén, a nosa lectura é contraria ou alomenos matiza esta tendencia, posto que, argumentamos, o *lawfare* constitúe —ou pode constituír— un tipo de *warfare*, e a utilización dos tribunais como arma de guerra é moito máis antiga do que apunta Dunlap: disto é proba a guerra civil española ou as ditaduras coetáneas, como o nazismo ou stalinismo. É dicir, *lawfare* e *warfare* non teñen por que ser excluíntes: si o serían naqueles casos nos que a «intervención xudicial» persegue unha fin política —máis ou menos lexítima— que se presenta como alternativa ao conflito bélico; para algunhas autoras e autores as causas xudiciais contra Lula da Silva, Cristina Kirchner ou Rafael Correa evidenciarían isto[54]. Porén, o período de entreguerras e, de forma máis concreta, a experiencia española amosan que —como se verá ao longo do noso traballo— o sistema xudicial tamén pode ser tido en consideración como unha peza fundamental *dentro* dos dispositivos bélicos existentes. Xa non como *alternativa* á guerra, senón como *forma de facer* a guerra. Neste caso, dende a nosa perspectiva, as fronteiras entre *lawfare* e *warfare* esvaecen[55]. Non obstante, de igual maneira que o apuntado para o termo de xudicialización, o concepto de *lawfare* entendido deste xeito ten pasado desapercibido na literatura especializada ata o de agora, reflectindo de algún modo o reducido interese que a dimensión xudicial do conflito xerou na historiografía[56].

Consideramos que a aplicación de ambas voces no noso ámbito de estudo é dunha profunda potencialidade, ofrecéndonos as ferramentas conceptuais coas que entender e describir un importante aínda que pouco explorado fenómeno dentro da guerra: isto é, a utilización do sistema xudicial —ordinario e extraordinario— existinte por parte dos golpistas para acadar os seus obxectivos e a conseguinte colaboración da xudicatura en prol de dita fin. Así as cousas, estimamos que a introdución de ambos conceptos no debate

---

[52] Tirado Sánchez, Arantxa: *El Lawfare. Golpes de Estado en nombre de la ley*, Madrid, Akal, 2021, p. 27. Ver tamén Zaffaroni, Eugenio Raúl; Caamaño, Cristina; Vegh Weis, Valeria: *¡Bienvenidos al Lawfare!*, Bos Aires, Capital Intelectual, 2021. Asemade, Romano, Silvina M. (comp.): *Lawfare. Guerra judicial y neoliberalismo en América Latina*, Bos Aires, Celag.org – Mármol/Izquierdo Editores, 2019.

[53] Dunlap: "Law and Military …", 2001, p. 2. Tradución propia.

[54] É o caso, por exemplo, de Tirado Sánchez: *El Lawfare. Golpes …*, 2021, pp. 125 – 227.

[55] Porén, esta diferenciación, principalmente conceptual, tampouco é tan tallante como pode semellar, sobre todo segundo máis nos achegamos á actualidade. A propia Arantxa Tirado trata a cuestión ao ver como o *lawfare* se articula como un mecanismo de axencia xeopolítica dentro da guerra híbrida propia do século XXI (pp. 79 – 121). Unha perspectiva semellante, de xeito máis conciso, en Zanin, Cristiano; Martins, Valeska: "*Lawfare*, el uso del sistema como arma de guerra política y económica", *NODAL*, 22/08/2019. Dispoñible en: https://www.nodal.am/2019/08/lawfare-el-uso-del-sistema-como-arma-de-guerra-politica-y-economica-por-cristiano-zanin-y-valeska-martins/ [últ. consulta o 15/01/2023].

[56] Como veremos, o interese historiográfico nos xuízos durante a guerra civil española non estivo enfocado na súa dimensión procesual, senón como fonte á que achegarse ás vítimas da persecución golpista no caso das causas militares. É dicir, primábase (e séguese facendo) a resolución e as súas consecuencias fronte ao propio procedemento. Existen algúns traballos que se sitúan á marxe desta tendencia xeral, mais supoñen un exiguo nicho dentro da amplitude dos estudos sobre o conflito.

académico relativo á guerra civil española, aínda que modesto, pode ser o principal e máis innovador aporte desta investigación no plano teórico.

1.3.2. O debate internacional sobre autoritarismo e xustiza: os show trials

Non é obxecto do presente traballo valorar o longo e profuso debate sobre a caracterización dos principais réximes ditatoriais do século XX como Estados autoritarios ou totalitarios. Neste epígrafe interesarémonos por revisar o estado da cuestión a nivel internacional sobre algunhas das experiencias ditatoriais máis relevantes do século XX e a súa interrelación co sistema xudicial. Non obstante, cremos necesario facer explícito que, aínda que somos conscientes das categorizacións existentes sobre os réximes autocráticos, de forma xeral optaremos polo concepto menos restritivo de *autoritarismos*, incluíndo neste breve repaso tamén o caso alemán[57].

Debido a non formar parte das familia das ditaduras de corte fascistizante de entreguerras, decidimos deixar fóra da análise a Unión Soviética[58]. Porén, en tanto que contemporánea ás mesmas e entendéndoas a todas elas dentro da súa historicidade, cabe destacar que tamén existe un nutrido debate sobre o rol xogado pola xudicatura na Unión Soviética, particularmente, durante o período stalinista e, de forma aínda máis concreta, entre os anos 1936 e 1938. Neste lapso de tempo, ao calor do que estaba a suceder en Alemaña e ante o inminente conflito internacional, a represión interna na URSS aumentou na súa magnitude para fortalecer o liderado de Iosif Stalin. A diferenza da Alemaña nazi, a Italia fascista ou a España golpista onde, supostamente —ou alomenos en aparencia—, a xustiza segue actuando conforme marcos liberais, a xustiza soviética deste período é por definición unha xustiza que se (re)presenta como revolucionaria. Son paradigmáticos os chamados *xuízos de Moscú* celebrados nestes anos, carentes de ningunha garantía procesual, nos que foron acusados —e condenados a penas de morte— varios destacados bolxeviques baixo os cargos de conspirar contra Stalin e restaurar o capitalismo na URSS.

---

[57] Arendt, Hannah: *The Origins of Totalitarianism*, Londres, Penguin Books, 2017 [1951], p. 399 e ss. Para Arendt, só o nazismo e o stalinismo serían auténticos réximes totalitarios, esquema relativamente consensuado aínda que non exento de críticas. Sobre o tema, ver os clásicos Friedrich, Carl J.; Brzezinski, Zbigniew K.: *Totalitarian Dictatorship and Autocracy*, Cambridge, Harvard University Press, 1956; e Linz, Juan José: *Totalitarian and Authoritarian Regimes*, Boulder, Lynne Rienner Publishers, 2000. Este último, unha revisión sobre o seu coñecido texto de 1975. Sobre o caso español, tense tamén escrito abondo en relación ao carácter autoritario do franquismo, nomeadamente Linz, pero tamén outros moitos autores. Antonio Cazorla faise eco dunha entrevista de Paul Preston a *El País* na que o hispanista declarou que a aplicación do termo "autoritarismo" para se referir á ditadura de Franco foi unha estratexia diplomática estadounidense de lavado de cara do réxime español no contexto da Guerra Fría. Segundo Preston, Juan José Linz e Stanley G. Payne, coa súa produción académica, terían tomado parte esencial nesta "operación de saneamento" (Cazorla, Antonio: "Dictatorship from Below: Local Politics in the Making of the Francoist State, 1937 – 1948", *Journal of Modern History*, vol. 71, núm. 4, 1999, pp. 884. Tradución propia). Consultar tamén, por exemplo, Saz, Ismael: *Fascismo y franquismo*, Valencia, Publicacions de la Universitat de València, 2004, pp. 81 – 85, ou Moradiellos, Enrique: *La España de Franco (1939 – 1975). Política y sociedad*, Síntesis, Madrid, 2000, pp. 215 – 216. Cabe recordar, non obstante, a autoidentificación do réxime cos demais réximes totalitarios da época, do cal é mostra explícita o Decreto de Unificación de Milicias de 1937. En consonancia co ánimo do texto normativo, a súa publicación foi divulgada pola prensa pontevedresa baixo o titular "España va a ser organizada en Estado totalitario". *El Diario de Pontevedra*, 20/04/1937, p. 3. «Decreto núm. 255.-Disponiendo que Falange Española y Requetés se integren, bajo la Jefatura de S. E. el Jefe del Estado, en una sola entidad política, de carácter nacional, que se denominará "Falange Española Tradicionalista de las JONS", quedando disueltas las demás organizaciones y partidos políticos», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 182, 20/04/1937, pp. 1033 – 1034. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/182/A01033-01034.pdf [últ. consulta o 29/04/2022].

[58] Para unha primeira aproximación ao tema, consultar Hulicka, Karel: "The Judicial System in the U.S.S.R.", *The Southwestern Social Science Quarterly*, vol. 42, núm. 2, 1961, pp. 62 – 172. Goldman, Wendy Z.: *Inventing the Enemy. Denunciation and Terror in Stalin's Russia*, Nova York, Cambridge University Press, 2011. Schmidt, Alex P.: "Stalin's 1936 Show Trial against the 'Trotzkyite-Zinovievite Terrorist Centre'", en de Graaf, Beatrice; Schmidt, Alex P. (eds.): *Terrorist on Trial. A Performative Perspective*, Leiden, Leiden University Press, 2016, pp. 93 – 172. Decker, Stephanie K.: "The Role of Public Confessions in Show Trials: An Analysis of the Moscow Show Trials", *Journal of Historical Sociology*, vol. 32, núm. 4, 2019, pp. 459 – 477. Dende unha perspectiva máis enfocada na cotiandade da poboación civil, ver Figes, Orlando: *The Whisperers. Private Life in Stalin's Russia*, Nova York, Metropolitan Books, 2007.

Esta capacidade do réxime stalinista de poder facer uso do sistema xudicial ao seu antollo sen ningún tipo de consecuencias, segundo Hannah Arendt, radicou no apoio xeral das masas[59].

A noción consciente da responsabilidade da xudicatura á hora de aplicar leis tremendamente inxustas, particularmente no caso de ditaduras, non é recente. Podémola rastrexar, alomenos, ata os xuízos de Núremberg (1945) nos que se axuizaron a xerarcas nazis —como Hermann Göring ou Rudolf Hess— e aos seus principais colaboradores por crimes de guerra. Un dos procesos máis interesantes que se celebraron neste ciclo de xuízos foi o denominado *The United States of America vs. Josef Altstötter, et al.*, máis popularmente coñecido como o *xuízo aos xuíces* e celebrado de marzo a decembro de 1947. O caso, que inspirou a trama da película de Staley Kramer *Judgment at Nuremberg* (1961) —traducida en castelán cun título de maior carga ideolóxica: *¿Vencedores o vencidos?*—, pretendía dilucidar a responsabilidade legal da maxistratura alemá na aplicación da normativa máis «inhumana» da lexislación do Terceiro Reich. Tiña un claro paralelismo co chamado *xuízo aos doutores*, tamén dentro do marco conxunto de Núremberg, en tanto que ambos abordan explicitamente o dilema da colaboración civil en procesos xenocidas. No caso concreto do xuízo aos xuíces, foron investigados por crimes de guerra e lesa humanidade e pertenza a organización criminal 16 xuristas, entre os que había membros do Ministerio de Xustiza nazi e fiscais e xuíces do *Volksgerichtshof*.

Cabe abrir aquí un pequeno paréntese para explicar que era o *Volksgerichtshof*. A súa tradución literal ao galego sería o «Tribunal do Pobo». Tratábase dun tribunal civil de xurisdición especial nazi establecido en 1934 que xulgaba un amplo e subxectivo abano de delitos políticos, con potestade para impoñer penas de morte. Os procedementos eran sumarios e os acusados atopábanse nunha total situación de indefensión, sen respectarse os seus dereitos ou a súa presunción de inocencia. Incitábase a asistencia de público aos xuízos, pois a espectacularidade dos procesos era un elemento esencial. Por outra banda, os fallos estaban presuntamente ditados de antemán, respondendo sempre aos desexos do partido nazi. Foi a principal ferramenta xudicial do réxime nazi para a persecución política de civís, cunha actividade destacada dende a súa instauración pero cuxa capacidade represiva aumentaría en termos cualitativos e cuantitativos a partir do inicio da Segunda Guerra Mundial[60].

Retomando o xuízo aos xuíces, a estratexia da fiscalía estadounidense foi tentar amosar a existencia dun patrón de apoio xudicial e fiscal ás políticas nazis que ían en contra dos dereitos humanos, como o exterminio ou a esterilización forzosa. Dos 16 acusados, dez foron condenados —na súa maioría, indultados posteriormente—, catro absoltos, un morreu durante o proceso por causas alleas a este e outro suicidouse antes de comezar o xuízo. Xeralmente as penas foron consideradas pouco severas, mais o realmente interesante, dende o noso punto de vista, é o simbolismo detrás do axuizamento: era a primeira vez que se equiparaban ante o foco da opinión pública os

[59] Arendt: *The Origins of …*, 2017 [1951], p. 401.

[60] Wachsmann, Nikolaus: *Hitler's Prisons: Legal Terror in Nazi Germany*, New Haven, Yale University Press, 2004, p. 398 e ss. O propio Raphaël Lemkin dedícalle unhas páxinas ao papel da lei e dos tribunais alemáns como ferramentas de ocupación do Reich no seu clásico *Axis Rule in Occupied Europe: Laws of Occupation, Analysis of Government, Proposals for Redress*, Washington, Carnegie Endowment for International Peace, 1944, pp. 25 – 35. Ver tamén Koch, Hannsjoachim Wolfgang: *In the Name of the Volk Political Justice in Hitler's Germany*, Londres, IB Tauris, 1989. Asemade, para seguir afondando na cuestión, consultar Johnson, Eric A.: "German women and Nazi justice: their role in the process from denunciation to death", *Historical Social Research*, vol. 20, núm. 1, 1995, pp. 33 – 69. Steinweis, Alan E.; Rachlin, Robert D.: *The Law in Nazi Germany. Ideology, Opportunism, and the Perversion of Justice*, Nova York, Berghahn Books, 2013. Graver, Hans Petter: "Judging without Impunity: On the Criminal Responsibility of Authoritarian Judges", *Bergen Journal of Criminal Law and Criminal Justice*, vol. 4, núm. 1, 2016, pp. 125 – 149.

xuíces e outros responsables do poder xudicial civil como perpetradores de crimes de guerra e lesa humanidade[61]. Os propios procesados importaban pouco como individuos, a forza do proceso estaba no que representaba: a culpabilidade compartida por amplas capas da sociedade.

Hoxe as actas do xuízo aos xuíces están dispoñibles para a súa consulta en aberto en internet. Xa dende a súa celebración recibiu abundantes atencións, tanto dende os medios como dende o mundo académico. Unha das lecturas máis suxestivas do caso é a do historiador do dereito estadounidense Doug Linder, para quen o máis relevante do xuízo aos xuíces é que demostrou que o feito de que a maxistratura nazi non asasinara a tantas persoas como as SS ou a Gestapo non os eximía de ser considerados culpables ante o tribunal de Núremberg[62].

O abano de comportamentos entre os acusados foi, non obstante, moi diverso. Para exemplificalo, Linder detense en dous casos contrarios: Franz Schlegelberg e Oswald Rothaug. Ambos personifican, por unha banda, o manido paradoxo do home bo que en determinadas circunstancias pode facer cousas horribles e, pola outra, o monstro que está agardando o contexto favorable para poder comportarse como desexa. O primeiro, Schlegelberg, era un xurista alemán moi recoñecido. Foi considerado dos máis comprensivos de entre os acusados. Na súa defensa, apelou que, se ben efectivamente seguiu as ordes de Hitler, fíxoo obrigado e reticentemente. Destacou que non se inscribira ao partido nazi ata 1938 e que non tiña animadversión cara os xudeus, aclarando que, de feito, o seu médico era xudeu. Ademais, asegurou: «Se tivese dimitido, un home peor tería tomado o meu lugar». Mais, malia que o tribunal coincidiu en que Schlegelberg «aborrecía as maldades que cometía» e que se viu superado polas «crueldades do sistema», declarárono culpable, pois considerouse que un home da súa posición se mantivese no seu posto lexitimaba ao réxime nazi, é dicir, *trasladáballe a súa credibilidade profesional ao sistema no que estaba inscrito*. A maiores, incidiuse en que Schlegelberg consentira e mesmo asinara fallos xudiciais que constituían crimes a ollos do tribunal de Núremberg, como aceptar que unha sentenza de dous anos de prisión fose cambiada a pena de morte por ordes superiores do partido. Porén, e aínda que foi condenado a cadea perpetua por organización e participación en crimes de guerra e lesa humanidade, Schlegelberg saíu do cárcere en 1951 mediante un indulto e recibiu unha pensión vitalicia en Alemaña Occidental.

No extremo contrario, Oswald Rothaug foi cualificado como un «home sádico e malvado», sen circunstancias atenuantes e que apoiou con entusiasmo o abuso sistemático dos dereitos humanos por parte do nazismo. En concreto, o tribunal fixo énfase en como Rothaug se as apañou para aumentar a pena de cadea perpetua a un home inxustamente acusado por violar o art. 2 da Lei pola Protección do Sangue Alemán —que prohibía as relacións sexuais entre xudeus e non xudeus— á pena de morte amparándose nun rescaldo

[61] Apenas uns anos antes da celebración do xuízo aos xuíces, o politólogo estadounidense John Brown Mason publicara un pequeno artigo poñendo o foco de análise no sistema xudicial do partido nazi, isto é, a xerárquica e intricada rede de xulgados e tribunais no seo do NSDAP coa potestade para xulgar a membros do partido. Con todo, se ben Mason conclúe que esta xurisdición interna serviu para salvagardar o liderado de Hitler e o autoritarismo do sistema, non chega a estender o seu estudo para o papel xogado pola maxistratura alemá ao conxunto. Mason, John Brown: "The Judicial System of the Nazy Party", *The American Political Science Review*, vol. 38, núm. 1, 1944, pp. 96 – 103.

[62] Linder, Doug: "The Nuremberg Trials: The Justice Trial. United States of America v. Alstötter et al.", *University of Missouri – Kansas City School of Law. Famous Trials Project*, 2000. Dispoñible en http://law2.umkc.edu/faculty/projects/ftrials/Alstoetter.htm [últ. consulta o 26/04/2022]. Traducións a continuación nosas. Sobre o xuízo, ver tamén as referencias en Müller, Ingo: *Hitler's Justice: The Courts of the Third Reich*, Cambridge, Harvard University Press, 1991 [1987]; e Krabbe, Maartje: *Excusable Evil. An Analysis of Complete Defenses in International Criminal Law*, Cambridge, Intersentia, 2014.

lexislativo, forzándoo. Rothaug foi condenado por crimes de lesa humanidade a 20 anos de prisión, pero sería posto en liberdade en 1956.

Após estudar a socioloxía xudicial dos maxistrados colaboradores co nazismo, a reflexión de Linder é a seguinte: «A maioría dos xuíces alemáns se sobre-identificaron co réxime nazi. Chegaron a verse a si mesmos como *soldados dunha fronte de guerra interna*, coa responsabilidade de castigar ao "inimigo interno"»[63]. Esta é a mesma conclusión á que chega Ingo Müller no clásico *Hitler's Justice* (1987). A tese —non popularmente estendida— de Müller é que a maioría dos xuíces alemáns eran ultraconservadores que empatizaban coa causa nazi. Para el, a nazificación do dereito alemán produciuse *grazas* ao apoio explícito dos xuíces, e non *pese* ás súas obxeccións. De feito, sinala, antes de que os nazis chegasen ao poder, un número importante dos maxistrados estaban ideoloxicamente achegados ao nazismo debido á súa extracción socioeconómica, e os poucos xuíces xudeus que había foran depurados en 1933. A modo de excepción, cuantifica en apenas un centenar de xuíces en todo o país que tomaron accións legais contra as violacións ás liberdades civís e dereitos humanos perpetrados polos nazis. Ese foi o caso, por exemplo, de Lothar Kreyssig, quen incoou un procedemento para investigar o traslado de enfermos aos campos de exterminio, tendo que acabar resignando ante as presións de instancias superiores, mais sen sufrir represalias de maior gravidade[64].

Hans Petter Graver resalta o papel desta importante aínda que minoritaria oposición nun sector da xudicatura nazi, malia que non desminte o feito de que o réxime de Hitler contou co apoio da maxistratura para converter o dereito alemán nun «instrumento de opresión, discriminación e xenocidio»[65]. Isto acadouse, precisa, sen que fixese falla aplicar medidas disciplinarias para persuadir ao colectivo, o que non impediu a existencia dunha marxinal resistencia máis ou menos pública por parte dalgúns individuos. Porén, en ningunha ocasión esta resistencia foi castigada con dureza, como á súa vez estudou Karl Loewenstein[66]. Os xuristas perseguidos fórano por outros motivos, como polas súas orixes xudías; tal foi o caso do fiscal Fritz Bauer[67].

Mais, alén destas excepcións, como moito, un xuíz podía recibir algunha amoestación que o animase a apartarse temporalmente do seu emprego se non comulgaba coas políticas do novo réxime, aínda que o escaso número de casos leva aos especialistas a pensar que esta opción foi totalmente voluntaria. Graver interpreta isto como mostra do respecto que o nazismo mantivo ao sistema xudicial pola tradición legalista alemá, mais cabería cuestionarse se realmente lle facía falla ao Terceiro Reich tratar con dureza aos xuíces que amosaron algún punto de oposición, tendo en conta que non conformaban máis que unha absoluta minoría que en realidade non puña en xaque ao sistema. Curiosamente, tampouco haberá unha depuración da maxistratura nazi —alén do xuízo aos xuíces— na transición do país á democracia, nin na Alemaña do Oeste nin na do Leste. A xudicatura, simplemente, volveuse a adaptar ao novo contexto político, como xa o fixera anos atrás,

[63] Linder: "The Nuremberg Trials…", 2000. Cursiva nosa.
[64] Müller: *Hitler's Justice: The…*, 1991 [1987], pp. 192 – 197.
[65] Graver, Hans Petter: "Why Adolf Hitler Spared the Judges: Judicial Opposition Against the Nazi State", *German Law Journal*, vol. 19, núm. 4, 2018, p. 845. Tradución propia. Ver tamén Müller: *Hitler's Justice: The…*, 1991 [1987], p. 296.
[66] Loewenstein, Karl: "Reconstruction of the Administration of Justice in the American Occupied Germany", *Harvard Law Review*, vol. 61, no. 3, 1948, pp. 419 – 467.
[67] Bauer marcharía ao exilio trala implantación das políticas raciais nazis e volvería coa caída do Terceiro Reich, ocupando un papel importante no proceso de desnazificación alemá. Foi un dos responsables da captura de Eichmann en Bos Aires e o seu axuizamento en Xerusalén. Ver Schwarz, Géraldine: *Los amnésicos. Historia de una familia europea*, Barcelona, Tusquets, 2019 [2017], p. 90 e pp. 129 – 133. Sobre Eichmann, é referencia obrigada o clásico Arendt: *Eichmann en Jerusalén*, 2015 [1963].

beneficiándose da reacción rehabilitadora xeneralizada fronte ao proceso desnazificador imposto polos aliados[68].

Pese a existir un estimulante debate sobre o tema, como vimos para o caso alemán, este ocupa un reducido espazo dentro da literatura especializada. Este fenómeno agudízase cando o estudamos noutras ditaduras de entreguerras, como na Italia fascista ou, máis aínda, no Portugal salazarista.

No caso italiano, a marcha sobre Roma de 1922 e o conseguinte ascenso ao poder por parte de Benito Mussolini non alterou a organización xudicial do país, herdeira do período de unificación nacional iniciado en 1861. Moi ao contrario, serviuse dela e dos mecanismos existentes de interrelación entre poder xudicial e poder executivo, sendo considerada un dos principais elementos de continuidade entre o liberalismo e o autoritarismo en Italia[69]. Dende a segunda metade do século XIX, o ministro de Xustiza italiano podía emitir —e, de feito, facíao con asiduidade— instrucións de carácter político ás instancias superiores da xudicatura mediante circulares internas, e ademais contaba con amplas potestades para conceder ou denegar ascensos seguindo criterios arbitrarios. Isto sentou as bases dunha tradición intervencionista xerárquica dentro da organización xudicial segundo os intereses do goberno do momento. Polo tanto, ao réxime de Mussolini non lle foi difícil adaptar esta tendencia ás súas necesidades e, de feito, non estableceu cambios substanciais na administración de xustiza do país durante toda a ditadura[70]. Guido Neppi Modona, xurista e un dos maiores especialistas na cuestión, chega a afirmar a este respecto que as tradicionais características do sistema xudicial italiano non fixeron necesaria a súa fascistización, pois este xa era pseudoautoritario pese ao corte liberal da codificación do país[71].

As medidas para o encadramento da xudicatura cos preceptos fascistas non se fixeron xeralmente por vía de sancións disciplinarias, senón aumentando a intensidade das circulares internas e reducindo drasticamente o número de xulgados e, en consecuencia, de prazas, o que forzaba a súa subordinación —e, polo tanto, fidelidade— mediante lóxicas clientelares dentro da administración. Aínda que subsidiarias, existiron prácticas de intimidación mediante procesos depuradores iniciados por denuncias internas dentro da propia organización xudicial, aínda que Lutz Klinkhammer argumenta que a oposición da maxistratura tivo máis que ver co rexeitamento ás inxerencias do executivo no seu traballo, e non tanto cunha auténtica discrepancia política co réxime fascista[72].

A principal innovación xudicial represora da Italia fascista foi o *Tribunale Speciale per la Difesa dello Stato*, creado en 1926 para asentar o poder do *Duce*,

[68] Müller: *Hitler's Justice: The…*, 1991 [1987], pp. xiv – xv, pp. 201 – 230 e pp. 270 – 283; Graver: "Why Adolf Hitler …", 2018, pp. 847 – 848; Bohlander, Michael: "'United We Stand…' The Judiciary in East Germany after the Unification", *Anglo-American Law Review*, vol. 21, núm. 4, 1992, p. 415 – 424.

[69] Mario Sbriccolli sintetizouno como unha continuidade de caracteres e unha descontinuidade ideolóxica. Sbriccolli, Mario: "Caratteri originari e tratti permanente del sistema penale italiano (1860 – 1990)", en Violante, Luciano (ed.): *Storia d'Italia. Annali 12: La criminalità*, Turín, Giulio Einaudi, 1998, pp. 528 – 532.

[70] Referímonos, estritamente, a mudanzas na organización interna do sistema xudicial italiano. Á parte queda a nova lexislación e xurisprudencia fascista, cuxo máximo expoñente podemos considerar o Código Penal de 1930 impulsado polo ministro de Xustiza Alfredo Rocco. Sobre o tema, consultar, entre outros, Battaglini, Giulio: "Fascist Reform of the Penal Law in Italy", *Journal of Criminal Law and Criminology*, vol. 24, núm. 1, 1933, pp. 278 – 289. Musumeci, Emilia: "Fascism and Criminal Law in Italy: an outline", *Forum Historiae Iuris*, 2017. Dogliani, Patrizia: *El fascismo de los italianos. Una historia social*, Valencia, Publicacions de la Universitat de València, 2017 [2008].

[71] Neppi Modona, Guido: "La magistratura e il fascismo", en Quazza, Guido (ed.): *Fascismo e società italiana*, Turín, Einaudi, 1973, pp. 136 e ss.

[72] Klinkhammer, Lutz: "Was there a fascist revolution? The function of penal law in fascist Italy and in Nazi Germany", *Journal of Modern Italian Studies*, vol. 15, núm. 3, 2010, p. 392 e ss.

descabezar a resistencia e amedrentar aos posibles opositores do novo réxime[73]. O ano non é un asunto menor, pois coincide co intento de magnicidio contra Mussolini que desencadeou unha vaga de violencia paramilitar fascista e á que o Estado decidiu acoutar coa creación do *Tribunale Speciale* e dun novo corpo lexislativo policial. Porén, estas medidas severas pero aparentemente moderadas buscaban en realidade outorgar unha pátina legalista á aberta represión política dos seus inimigos:

> [M]ediante a fascistización das leis e a burocracia estatal, Mussolini quixo substituír a violencia "en quente" das milicias fascistas cunha forma de represión administrativa e política "fría". Esta represión perpetrada polo Estado requiría dun marco legal e, como Alexander de Grand ten argumentado, [o ministro de Xustiza] Alfredo Rocco xogou un papel clave garantindo "que a represión tivese lugar baixo as argucias do aparello burocrático tradicional".[74]

A competencia do *Tribunale Speciale per la Difesa dello Stato* era a de xulgar crimes contra o Estado e a orde pública, e tiña ademais a capacidade de impoñer penas de morte. Non estaba constituído por xuristas profesionais, senón que os xuíces eran membros da paramilitar *Milizia Volontaria per la Sicurezza Nazionale* presididos por un xuíz militar; eran, como os chamou Mimmo Franzinelli, «maxistrados con camisa negra»[75]. En moitos aspectos, poderíase considerar o *Tribunale Speciale* como un antecedente directo do *Volksgerichtshof* nazi ou do Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas franquista[76].

Porén, se ben é innegable a súa capacidade represiva —sobre todo nos seus inicios—, cabería argumentar que o principal propósito do tribunal non era a persecución en masa da oposición política, senón que pretendía fins propagandísticas e intimidatorias grazas á espectacularidade que ofrecía en comparación a outras xurisdicións. En case 15 anos, recolle Klinkhammer, foron procesadas a través deste tribunal menos de 6.000 persoas, na súa maioría consideradas culpables pero das cales só nove foron fusiladas, unhas cifras bastante máis reducidas ca o seu equivalente contemporáneo nazi. O número de denunciados por actividades subversivas foi, non obstante, moito maior grazas á labor da colaboración cidadá[77]. Isto permitiulles aos xuíces instrutores escoller os casos de maior relevancia política para o *Tribunale Speciale*, relegando os demais á xustiza penal ordinaria, o que derivaba nunha intensa sensación de arbitrariedade con respecto ao seu funcionamento, pois un mesmo delito podía ser xulgado —ou non— por xurisdición especial ou ordinaria, con tódalas consecuencias o que iso implicaba. A inxente cantidade de denuncias que entrarían dentro das competencias do *Tribunale Speciale* e foron, emporiso, instruídas por xurisdición ordinaria é, segundo algúns autores, mostra da confianza que o réxime tiña na xudicatura, sabedor de que os xuíces ordinarios seguirían

[73] Paradoxalmente, en termos xerais o sistema xudicial italiano tiña a dobre función de reprimir a oposición antifascista e protexer os intereses do réxime (cos que protexía á súa vez os intereses de clase propios da maxistratura), á vez que performaba unha sorte de defensa dos traballadores no marco das políticas sociais do fascismo, como estudou Gian Carlo Jocteau a partir dunha escolma de procedementos relativos ao arbitrio de conflitos laborais. Jocteau, Gian Carlo: *La magistratura e i conflitti di lavoro durante il fascismo, 1926 – 1934*, Milán, Feltrinelli, 1978.

[74] Klinkhammer: "Was there a…", 2010, p. 398. Tradución propia. Ver tamén Neppi Modona: "La magistratura e…", 1973, p. 398. de Grand, Alexander J.: *Fascist Italy and Nazi Germany. The 'Fascist' Style of Rule*, Londres, Routledge, 1995.

[75] Franzinelli, Mimmo: *Il tribunale del Duce. La giustizia fascista e le sue vittime (1927 – 1943)*, Milán, Mondadori, 2017.

[76] Non obstante, a diferenza do *Tribunale Speciale* ou do *Volksgerichtshof*, o Tribunal de Responsabilidades Políticas non incluía entre os seus castigos a pena capital. O que este pretendía era a *morte civil* das persoas acusadas, como di Julián Casanova. O proceso de incautación de bens e responsabilidades políticas a partir de 1936 estudarémolo en maior detalle no capítulo 8. Casanova, Julián: "La dictadura que salió de la guerra", en Casanova, Julián (ed.): *Cuarenta años con Franco*, Barcelona, Crítica, 2015, pp. 53 – 77.

[77] Sobre o papel dos delatores no aparello represivo xudicial fascista, ver Franzinelli, Mimmo: *Delatori. Spie e confidenti anonimi: l'arma segreta del regime fascista*, Milán, Feltrinelli, 2012.

a liña de actuación recomendada[78]. Con todo, as dinámicas de parcialidade e despotismo non quedaron reducidas ao *Tribunale Speciale*. En relación con isto, Morris Ploscowe afirmaba xa en 1945 que:

> As mesmas lóxicas de acción arbitraria por axentes da autoridade executiva, de garantías completamente inadecuadas para as persoas acusadas dos crimes, eran tamén empregadas … [na xurisdición ordinaria, con delitos] que non tiñan nada que ver coa política ou co réxime no poder.[79]

A literatura especializada sinala que, trala caída do Eixe na Segunda Guerra Mundial, non existiu un profundo proceso depurador entre o persoal xudicial que integrara o universo represivo do réxime. É dicir, a xudicatura como gremio non foi desfascistizada; moi ao contrario, tivo un notorio rol poñendo trabas á persecución xudicial dos antigos xerarcas fascistas durante a transición á democracia. Paolo Caroli razoa que, pese á polémica que podía levantar, en prol da pacificación nacional, se preferiu a non inxerencia co Poder Xudicial e primar a súa total independencia antes que pór en práctica mecanismos de purga que mantivesen a sensación de excepcionalidade antidemocrática e *vendetta* legalizada[80].

Con respecto á xustiza castrense tanto no caso nazi como no fascista, a marxe de estudos sobre o tema é aínda moi ampla, principalmente en Italia, onde os traballos sobre os tribunais militares durante o réxime de Mussolini son escasos. A capitalidade do *Volksgerichtshof* e do *Tribunale Speciale* para a persecución política da oposición levou a ignorar outras instancias xudiciais como ferramentas represivas. Isto pode resultar chocante para unha lectora ou lector familiarizado co caso español, onde a persecución política se encarreirou fundamentalmente a través da xurisdición marcial; pero cobra sentido ao comprender que as causas militares en ambos réximes xogaron un papel secundario con respecto á eliminación da resistencia en comparación cos tribunais especiais civís, segundo indican as investigacións que se están aproximando á cuestión. Isto é así, en primeiro lugar, porque, aínda que os tribunais castrenses estiveron activos durante sendas ditaduras, a súa actividade só gañou relevancia a partir de 1939 co inicio da Segunda Guerra Mundial. Pero, sobre todo, porque a xurisdición castrense mantivo en gran medida o seu carácter estamental, é dicir, poucos civís foron procesados nela. A maior parte dos inculpados foron membros dos propios exércitos nazi e fascista, acusados de delitos de diversa índole como o derrotismo, recibindo penas particularmente graves no caso alemán. Aínda que tiñan a capacidade de xulgar civís en determinadas condicións, os casos de maior relevancia política mantivéronse no *Volksgerichtshof* e no *Tribunale Speciale*[81].

Os traballos arredor da cuestión que estamos a tratar no Portugal de António de Oliveira Salazar son aínda menos numerosos. De feito, resulta sorprendente o difícil que pode chegar a ser atopar investigacións centradas no tema, alén duns determinados títulos —ora ben, moi completos nalgúns casos— principalmente sobre os *Tribunais Plenários*, sendo explícita a necesidade de ocupar o espazo epistemolóxico existinte afondando no rol da xudicatura portuguesa durante a ditadura. O Estado Novo ten en común cos seus homólogos italiano e alemán —e, anticipamos, español— o reaproveitamento dunha lexislación e xurisprudencia de corte liberal, convertendo en norma os mecanismos de

[78] Klinkhammer: "Was there a…", 2010, p. 398. Neppi Modona: "La magistratura e…", 1973, pp. 196 e ss.
[79] Ploscowe, Morris: "Purging Italian Criminal Justice of Fascism", *Columbia Law Review*, vol. 45, núm. 2, 1945, p. 240.
[80] Caroli, Paolo: "The Role of the Judiciary within the Construction of Collective Memory. The Italian Transition", *Wroclaw Review of Law, Administration and Economics*, vol. 5, núm. 1, 2015, p. 163 e p. 165 e ss.
[81] Klinkhammer: "Was there a…", 2010, pp. 403 – 405.

excepción. Todos estes casos comparten o que Klinkhammer estableceu para o italiano: «O que tivera sido empregado como un freo de emerxencia pola burguesía no período liberal converteuse [entón] nun instrumento de poder represivo "normal"»[82].

Co ascenso ao poder de Salazar, aumentaron notablemente as prerrogativas do foro militar, xa de por si tradicionalmente amplas en Portugal[83]. A ditadura non tivo, emporiso, que levar a cabo ningunha purga política entre a maxistratura ordinaria, de ideoloxía predominantemente conservadora e que colaborou de forma compracente co novo goberno[84]. A partir de 1930 e sobre todo 1932, a *Polícia de Vigilância e Defesa do Estado* (PVDE) tivo un rol clave na persecución da oposición ao réxime nun momento de crise do Estado Novo, que logo sería xulgada perante consellos de guerra sumarísimos sen importar o estamento da persoa procesada. Os tribunais estaban compostos por xuíces militares, excepto o auditor, que era un xuíz de carreira, nomeados todos eles por designio ministerial —o que aseguraba a súa fidelidade ao réxime—. Carente de garantías procesuais, o seu funcionamento era arbitrario durante todo o procedemento —dende a labor de instrución, escasa, pois se daba por bo o informe da PVDE; ata a lectura da sentenza uns días despois— e as súas resolucións respondían ás necesidades políticas da ditadura, impoñendo penas moi duras nalgunhas ocasións.

A diferenza dos *Volksgerichtshof* e do *Tribunale Speciale*, de natureza puramente propagandística e na que a presenza de espectadores era importante, nos *Tribunais Militares Especiais* o escrutinio público era menos habitual. Inicialmente ideados para xulgar crimes de lesa patria, este tribunais castrenses acabaron por abarcar crimes propios da xurisdición penal ordinaria. Por outra banda, o estudo da dimensión prosopográfica dos xuíces dos *Tribunais Militares Especiais* amosa o claro carácter reaccionario destes, chegando algúns deles mesmo a colaborar co bando insurrecto durante a guerra civil española, loitando entre as súas filas[85].

Esta dinámica mudaría trala vitoria aliada na Segunda Guerra Mundial. Nunha banda, a PVDE transfórmase en PIDE —*Polícia Internacional e de Defesa do Estado*, polas súas siglas en portugués— e amplía as súas competencias de forma manifesta. Pola outra, os *Tribunais Militares Especiais* deixan de xulgar crimes políticos en 1945 e son substituídos polos chamados *Tribunais Criminais Plenários*. Trátase dun proceso semellante á paulatina desmilitarización da represión durante a posguerra española que se inicia coa creación do Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas e o Tribunal Especial para a Represión da Masonaría e Comunismo que darían lugar, décadas despois, á creación do Tribunal de Orde Pública como principal instrumento correccional contra os crimes políticos. Mais o nacemento dos *Tribunais Plenários* non significou, en absoluto, o descenso da persecución política en Portugal, senón o seu transvase da xurisdición militar á civil[86]. Os maxistrados seguían sendo escollidos a dedo

[82] Klinkhammer: "Was there a…", 2010, p. 401. Tradución propia.

[83] Para unha sumaria evolución da utilización dos consellos de guerra en Portugal dende o seu establecemento no século XVII, ver Kyle, Brett J.; Reiter, Andrew J.: *Military Courts, Civil-Military Relations, and the Legal Battle for Democracy: The Politics of Military Justice*, Abingdon, Routledge, 2020, pp. 92 – 124.

[84] Magalhães, Pedro C.; Guarnieri, Carlo; Kaminis, Yorgos: "Democratic Consolidation, Judicial Reform, and the Judicialization of Politics in Southern Europe", en Gunther, Richard; Diamandouros, P. Nikiforos; Sotiropoulos, Dimitri A.: *Democracry and the State in the New Southern Europe*, Oxford, Oxford University Press, 2006, p. 144.

[85] Rosas, Fernando; Pimentel, Irene; Madeira, João; Farinha, Luís; Rezola, Maria Inácia: *Tribunais Políticos. Tribunais Militares Especiais e Tribunais Plenários durante a Ditadura e o Estado Novo*, Lisboa, Temas e Debates, 2009, pp. 74 – 80.

[86] Sobre os *Tribunais Plenários*, ver Flunser Pimentel, Irene: "O Tribunal Plenário, instrumento de justiça política do Estado Novo", *Revista do Ministério Público*, núm. 121, 2010, pp. 171 – 202. Sobre o rol da PIDE na ditadura e a colaboración cidadá coa policía política (que chegou a conformar, segundo Pimentel, unha auténtica "cultura de denuncia" en Portugal), consultar, da mesma autora, *A história da PIDE*, Lisboa, Temas e Debates, 2016 [2007] e o máis recente *Informadores da PIDE. Uma tragédia portuguesa*, Lisboa, Temas e Debates, 2022.

polo goberno e as acusacións da PIDE eran tidas como irrefutables —baseadas en probas obtidas, naturalmente, mediante torturas e intimidacións—, marcando de antemán a sentenza que o tribunal habería de emitir despois.

Con todo, non debemos pensar nos *Tribunais Plenários* como un órgano que funcionou de xeito homoxéneo durante as seguintes case tres décadas. A partir dos 60 comezan a asistir observadores estranxeiros aos xuízos políticos nunha estratexia aperturista do réxime salazarista, sen que isto transformase a esencia performativa dos procesos xudiciais, mantendo o seu carácter autoritario e punitivo. Xa nos últimos anos da ditadura, permitirase a visita dos avogados aos seus defendidos presos durante o proceso de instrución das causas, atopándose non obstante con significativos obstáculos por parte da *Direcção-Geral de Segurança*[87].

A Revolución dos Cravos en 1974 marcou o inicio da transición a democracia no país e, con ela, procedeuse a reformar a xustiza militar lusa coa que se logrou consolidar a subordinación da xurisdición militar. De forma paralela, ao calor do proceso revolucionario, a xustiza transicional en Portugal tomou forma de *saneamentos* ou purgas políticas institucionalizadas para marcar unha ruptura co réxime ditatorial. Con respecto á administración de xustiza, esta foi avaliada pola *Comissão de Saneamento e Reclassificação do Ministério da Justiça.* Porén, como ten estudado Maria Inácia Rezola, as cifras das accións depuradoras foron marcadamente reducidas pola limitada marxe de movemento que a *Comissão* tiña. En termos prácticos, serán investigados principalmente aqueles que integraran os *Tribunais Plenários*, e na súa maioría, verán os seus procedementos arquivados[88]. Ao igual ca nos casos xa vistos, primouse a independencia e liberdade xudicial fronte á persecución dos colaboradores coa ditadura.

Así as cousas, cómpre pechar este epígrafe cunha recapitulación das ideas principais que podemos extraer trala análise da literatura especializada internacional sobre o tema. Se ben a nosa investigación non é expresamente un estudo comparado sobre os sistemas xudiciais nos Estados autoritarios de corte fascista da Europa de entreguerras, si consideramos necesario situar o noso traballo nos marcos do debate existinte con respecto a experiencias ditatoriais análogas á franquista, reparando nas similitudes e diferenzas contextuais entre elas[89]. Por iso, concluiremos revisando os trazos comúns, primeiro, da utilización da xustiza como instrumento represivo nas ditaduras mencionadas e, segundo, da discusión académica sobre esta cuestión.

Como vimos, tódolos réximes ditatoriais estudados empregan de xeito explícito o sistema xudicial para exercer a súa represión política. Dende unha perspectiva foucaultiana poderíase rebater, por suposto, que a represión —ou a corrección— é a función principal da xustiza, constante ao longo da historia sen importar a forma de goberno do Estado: é unha parte esencial do sistema punitivo xeral e, polo tanto, do mantemento do poder por quen o ostenta[90]. Poderíase, incluso, argumentar —non sen polémica— que un sistema xudicial democrático pode exercer tamén a persecución

[87] Rosas; Pimentel; Madeira; Farinha; Rezola: *Tribunais Políticos. Tribunais…*, 2009, pp. 231 – 250.

[88] A dificultade de acceso a fontes condiciona as estimacións cuantitativas. Ver Rezola, Maria Inácia: "As purgas políticas no Portugal revolucionário. Justiça e transição: os juízes dos tribunais plenários no processo revolucionário português", en Rezola, Maria Inácia; Pimentel, Irene (coords.): *Democracia, Ditadura. Memória e Justiça Política*, Lisboa, Tinta da China, 2013, pp. 177 – 217. Asemade, consultar Rosas; Pimentel; Madeira; Farinha; Rezola: *Tribunais Políticos. Tribunais…*, 2009, pp. 363 – 429.

[89] Marcadas estas polo momento no que se instauran, na forma na que o fan e no seu transcurso posterior, especialmente a partir do horizonte de 1945.

[90] Foucault, Michel: *Vigilar y castigar. Nacimiento de la prisión*, Bos Aires, Siglo XXI, 2002 [1975]. Do mesmo autor, ver *La verdad y las formas jurídicas*, Barcelona, Gedisa Editorial, 1996 [1978] e *Obrar mal, decir la verdad. La función de la confesión en la justicia. Curso de Lovaina*, Bos Aires, Siglo XXI, 2014 [1981].

política contra os seus propios cidadáns para desactivar a disidencia que cuestione o *status quo* nacional. E, non obstante, aínda que os medios, as formas, a finalidade… se poidan talvez lenemente parecer, somos quen de distinguir de xeito instintivo a represión xudicial exercida dende unha ditadura daquela exercida por un sistema democrático. As ditaduras, en tanto que totalitarias, fúndense co Estado e ocupan o sistema xudicial; e, en tanto que antiliberais, perseguen *delitos políticos*, que non poden —ou deben— existir en democracia.

En primeiro lugar, en tódolos casos se aprecia unha continuidade na organización xudicial previa á ditadura. Por un lado, os autoritarismos valéronse do sistema xudicial liberal que os precedía, forzando o uso daquelas prácticas que foran ideadas como excepcionais nas democracias burguesas. Aínda que houbo claras innovacións na materia como, principalmente, os tribunais políticos creados *ex novo*, estes non alteraron en gran medida a organización xeral do sistema xudicial nos casos alemán, italiano e portugués. Por outro lado, a continuidade apreciouse tamén nos seus actores. Non houbo procesos de purga na maxistratura a nivel gremial, senón que as intervencións depuradoras foron realizadas nun plano privado e individual e, mesmo nese caso, os castigos aplicados non adoitaron ser severos —tendo en conta o clima de terror imposto por ditos réximes—. Como contraposición, as novas ditaduras puxeron en marcha diferentes ferramentas de encadramento da xudicatura de natureza máis disuasoria que intimidatoria, como instrucións políticas internas, controis no sistema de ascensos e traslados, etc. Segundo indican as investigacións anteriormente referenciadas, en termos colectivos, os xuíces, tradicionalmente conservadores pola súa extracción social, foron un grupo compracente coas súas respectivas ditaduras, ben para protexerse de posibles represalias, ben por unha profunda convicción ideolóxica. O seu colaboracionismo —ou a súa *coordinación*, que diría Arendt—, máis ou menos voluntario, tivo un rol moi importante no devir destas ditaduras, pois institucionalizaron as violencias exercidas dende o Estado presentándoas como un fenómeno racional, apolítico e, sobre todo, legal e lexítimo.

A patente falla de independencia xudicial era agochada mediante aparatosos simulacros do que se supuña que era un xuízo. Referímonos ao que a literatura especializada consensuou en denominar *show trials*. Os xuízos de Moscú, o *Volksgerichtshof*, o *Tribunale Speciale per la Difesa dello Stato*… son exemplo de *show trials*. Aínda que os matices do termo poden variar segundo a autora ou autor que o empregue, o seu uso está xeneralizado e podemos establecer unha caracterización de mínimos[91]: os *show trials* son un instrumento punitivo no exercicio da hexemonía, unha tecnoloxía de biopolítica que sustenta o poder mediante un ritual de caracteres xudiciais. Polo tanto, son unha forma de xuízo político, o cal non quere dicir que tódolos xuízos políticos sexan *show trials*. Carentes de todo tipo de garantías procesuais, a sentenza é coñecida de antemán —ou alomenos se resolve noutra esfera allea ás lóxicas internas do proceso— e responde aos intereses do réxime. A labor de pescuda xudicial é ficcional, así como o desenvolvemento do acto o día do xuízo. A súa función é a de manter a aparencia legalista e, por iso, a presencia dun público é esencial xa que é este quen completa e dá sentido á representación teatral.

En relación con isto, Jeremy Peterson define os *show trials* pola presencia de dous elementos: «O primeiro elemento é a probabilidade acentuada da condena do acusado resultante da planificación e control do xuízo. O segundo elemento é un maior enfoque

[91] Sobre a conceptualización dos xuízos políticos e a súa relación cos *show trials*, ver Meierhenrich, Jens; Pendas, Devin O.: "The Justice of My Cause Is Clear, But There's Politics to Fear: Political Trials in Theory and History", en Meierhenrich, Jens; Pendas, Devin O.: *Political Trials in Theory and History*, Cambridge, Cambridge University Press, 2016, pp. 1 – 64.

na audiencia fóra [ou dentro] do xulgado, en vez de no acusado»[92]. Mediante estes dous elementos, acádase o que para George Hodos é a finalidade última dos *show trials*:

> O *show trial* é o brazo propagandístico do terror político. Aspira a personificar un inimigo político abstracto, situalo no estrado en carne e óso e, coa axuda dun sistema xudicial perverso, transformar as abstractas diferenzas político-ideolóxicas en crimes comúns facilmente comprensibles. Incita ás masas contra a maldade personificada polos acusados e, á vez, disuádeas de apoiar unha potencial oposición.[93]

Pola capitalidade dos *show trials*, habitualmente canalizados a través de xurisdición especial civil *ex novo*, a xustiza militar ocupaba unha posición máis ben secundaria, mantendo polo xeral o seu carácter estamental castrense tradicional. Unha excepción sería a de Portugal onde, como sucederá en España, durante os primeiros anos da ditadura a persecución da disidencia política conduciuse mediante consellos de guerra sumarísimos. A este respecto, se ben é certo que os conspiradores que organizaron o golpe de Estado de 1936 beberon directamente das influencias do seu entorno no referente á instrumentalización do poder xudicial, é preciso ter en consideración a especificade do caso español.

A diferenza dos anteriores, onde os réximes autoritarios se instauraron dun xeito relativamente gradual, en España o franquismo imponse a partir dunha violenta tentativa de tomar o poder que derivou nunha guerra civil de tres anos. Esta desigual forma de acceso ao poder levou a Manuel Ballbé a asegurar que «[l]a dictadura del general Franco tiente más diferencias que similitudes con las de Hitler y Mussolini»[94]. Continuaba a argumentación o catedrático de dereito administrativo no clásico *Orden público y militarismo en la España constitucional* (1983):

> Tanto el régimen nacionalsocialista alemán como el fascista italiano deben clasificarse en la categoría de las *dictaduras civiles*. Los instrumentos de acceso al poder, en esos dos casos, no han sido ni el Ejército como institución, ni algunos militares individualmente, sino que, al margen de la mayor o menor connivencia de esos aparatos de Estado y de marginales adscripciones al partido de algunos militares han sido elemento insustituible el partido nazi o el fascista y sus milicias paramilitares.[95]

E engade despois:

> Ambos casos, el alemán y el italiano, presentan la característica de *la separación del Ejército respecto del aparato de represión*, aparato que (insistimos) es el instrumento clave para el mantenimiento del régimen. Esta característica se extiende hasta el ámbito jurisdiccional, pues *los tribunales de represión no son militares ni aplican la legislación penal castrense. Son tribunales civiles, ordinarios o especiales, o del partido*. La actividad policial y administrativa queda prácticamente fuera del control jurisdiccional.[96]

Isto implica que no caso español a xustiza sexa algo máis ca unha mera ferramenta represiva: é un arma de guerra que ten un papel fundamental na estratexia de conquista dos sublevados, e a súa temperá utilización en territorios de retagarda como o galego —ou o navarro, ou o estremeño…[97]— é mostra diso.

---

[92] Peterson, Jeremy: "Unpacking Show Trials. Situating the Trial of Saddam Hussein", *Harvard International Law Journal*, vol. 48, núm. 1, 2007, p. 258. Tradución propia.

[93] Hodos, George H.: *Show Trials. Stalinist Purges in Eastern Europe, 1948 – 1954*, Nova York, Praeger, 1987. Tradución propia.

[94] Ballbé, Manuel: *Orden público y militarismo en la España constitucional (1812 – 1983)*, Madrid, Alianza, 1983, pp. 430 – 449.

[95] Ballbé: *Orden público y …*, 1983, p. 430. Cursiva nosa.

[96] Ballbé: *Orden público y …*, 1983, p. 432. Cursiva nosa.

[97] Destacamos o caso de Navarra e de Estremadura porque, ámbalas dúas rexións, comparten trazos comúns co galego. Isto é así, por un lado, xa dende o inicio do golpe do 36, debido principalmente á súa pronta integración na "España

Aínda que non explicitamente relacionado co fenómeno español, un ambicioso artigo de Tayyab Mahmud de 1994 estudaba o comportamento do poder xudicial en diversos países que viviran golpes de Estado entón recentes: Pakistán, Uganda, Ghana, Chipre, Lesotho… A súa conclusión de Mahmud é contundente: «Desafortunadamente, confrontados cun golpe de Estado vitorioso, *a maior parte dos tribunais optaron pola peor opción*, nomeadamente, *a validación e lexitimación da usurpación extraconstitucional*». «Uns poucos tribunais seguiron o camiño máis ético do constitucionalismo e declararon golpes triunfantes como ilegais e usurpacións inválidas», continúa. Porén, sentenza:

> O resultado foi un drástico recorte de poderes, independencia e xurisdición dos tribunais. Uns poucos xuíces optaron por resignar dos seus postos en vez de someterse ás vontades dos usurpadores. Se ben esta opción é moralmente loable, simplemente derivou en darlle aos usurpadores a oportunidade de encher os tribunas con xuíces afíns.[98]

Outra característica común que identificamos é a ausencia dunha depuración efectiva da xudicatura *colaboracionista* coas ditaduras unha vez ditos réximes chegan á súa fin e se inicia un proceso democratizador nos respectivos países. Isto favoreceu a impunidade xeneralizada dos perpetradores de terrorismo de Estado nos respectivos países —salvando contadas excepcións, como vimos no caso do xuízo aos xuíces do 47, no marco dos procesos de Núremberg—, non xa pola propia continuidade destas figuras represoras clave nos seus postos sen unha clara ruptura entre os tribunais ditatoriais e os democráticos, senón que desde as súas posicións de poder puideron obstaculizar as propias accións de xustiza transicional. Unha explicación habitual que atopamos na bibliografía consultada é a decisión tomada polas novas democracias de respectar a independencia xudicial e cesar dunha vez por todas coas interferencias do executivo no poder xudicial. Tamén se deixa entrever o desexo de primar a pacificación nacional cedendo na exixencia de responsabilidades, sobre todo entre o funcionariado civil, existindo en tódolos casos vistos unha reacción reintegradora após as políticas depuradoras. Mais, por outra banda, e sen contradicir ambos argumentos, consideramos que hai un razoamento máis que non se está tendo o suficientemente en conta: e é que o feito de que a xudicatura como colectivo logre adaptarse ás diferentes formas de goberno ten que ver, ademais, co alto grao de especialización da súa profesión, que os fai dificilmente substituíbles, sendo un elemento moi importante para o correcto funcionamento do Estado, polo que non se pode prescindir deles. Retomaremos esta argumentación en capítulos posteriores.

---

liberada" (como dirían os sublevados, con senllas referencias e habituais a Galicia como unha "nueva Covadonga" ou o mantra de "Navarra fue la primera"); emporiso, a ausencia de fronte bélica e o control absoluto rebelde que non diminuíu a brutalidade da violencia empregada contra a poboación civil, cunhas peculiaridades que merecen ter sidas en conta mesmo se o número total de mortos nestes territorios non foron os máis altos do Estado. Pero similitudes tamén no que se refire ao desenvolvemento dos estudos historiográficos, con perspectivas ademais complementarias ás nosas. Pode servir de exemplo, para o caso navarro, o fundamental *Sin piedad. Limpieza política en Navarra, 1936. Responsables, colaboradores y ejecutores* (2015), de Fernando Mikelarena, no que tamén parte das vítimas para achegarse aos vitimarios; ou o libro colaborativo editado por Roldán Jimeno Aranguren *La represión de la Adminisitración de Justicia en la Guerra Civil y el Franquismo. Homenaje al Juez Luis Elío* (2019), con varios traballos centrados na administración xudicial tralo golpe, como os de Amaia Álvarez Berastegi ou Aitor de Miguel Aizcorbe, entre outros. No que respecta a Estremadura, é de referencia obrigada a liña de investigación sobre mecanismos represivos e de eliminación dos vencidos (centrada, en especial, nos consellos de guerra golpistas) aberta por Julián Chaves Palacios e seguida por outros investigadores como Candela Chaves Rodríguez ou Javier Martín Bastos baixo o *Proyecto de Recuperación de la Memoria Histórica de Extremadura* (PREMHEX). A referencia a Galicia como nova Covadonga, de Artiaga Rego, Aurora: "Movilización rebelde en el verano de 1936. Galicia, ¿una nueva Covadonga?", en Fernández Prieto, Lourenzo; Artiaga Rego, Aurora (eds.): *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia para un pasado incómodo*, Madrid, Catarata, 2014, pp. 111 – 149; sobre "Navarra fue la primera", ver Mikelarena: *Sin piedad. Limpieza* …, 2015, p. 17.

[98] Mahmud, Tayyab: "Jurisprudence of Successful Treason: Coup d'Etat & Common Law", *Cornell International Law Journal*, vol. 27. núm. 49, 1994, pp. 138 – 139. Cursiva e tradución propias.

Para concluír con este epígrafe, podemos realizar unha lectura xeral da situación actual do debate académico. A instrumentalización do sistema xudicial por parte de réximes ditatoriais non é un terreo ermo. Ao contrario, é obxecto de enriquecedoras discusións —sobre todo dende a década de 1990— e amósase como unha liña de investigación con claro percorrido pero cuxo potencial dista moito de estar esgotado[99]. Emporiso, pese ao seu carácter emerxente, segue supoñendo un nicho de estudo moi concreto e minoritario en comparación coa extensa literatura existente sobre os Estados autoritarios e o fenómeno da violencia. Por outra banda, cabe facer énfase en que os traballos que si se centran nestas cuestións están realizados especialmente dende a historia e a filosofía do dereito e as ciencias políticas, sendo reducidos os estudos dende unha perspectiva historiográfica; isto é así excepto no caso portugués, onde esta tendencia non é tan aguda.

O que entendemos como *fascismo de toga* está claramente vinculado ás xurisdicións especiais, particularmente as civís como o *Volksgerichtshof* ou o *Tribunale Speciale*, pero tamén militares como na primeira etapa da ditadura de Salazar. A atención concentrada nestas instancias derivou na falta de investigacións noutras: que está pasando nestas ditaduras coa xustiza ordinaria? Como se comportan os tribunais —en teoría— non enfocados á persecución política? Están integrados dalgún xeito no aparello represivo? Ou permanecen acaso alleos ao seu contexto político? É certo que temos certas limitacións na revisión da literatura estranxeira ao non ler con fluencia, por exemplo, en alemán; neste idioma, Lothar Gruchmann publicou en 1988 un detallado estudo sobre a administración xudicial nazi no que inclúe a xurisdición ordinaria[100]. Mais, non obstante, comprobamos que, mesmo nas escasas ocasións nas que si se toma en consideración a xurisdición ordinaria, esta está exclusivamente centrada no dereito penal, ignorando por completo o comportamento da xustiza civil —presumiblemente por asumir delitos de menor interese político e axitación social—.

Hai unha falta, polo tanto, de estudos comparados da administración de xustiza no seu conxunto atendendo á súa instrumentalización violenta, como o que ofrecemos nós nesta tese de doutoramento. Pero hai, ademais, unha falta xeneralizada —que non absoluta— de investigacións comparadas nas que se examinen á par diversos obxectos de estudo. De habelos, principalmente ou ben poñen en diálogo a experiencia alemá nazi coa italiana fascista —quedando fóra desta perspectiva comparada o franquismo—, ou ben forman parte de obras colectivas nos que cada capítulo se corresponde cun único caso de estudo, perpetuando o seu illamento e dificultando a extracción de conclusións compartidas[101]. Así as cousas, consideramos que a introdución do caso español nos

[99] Moustafa, Tamir: "Law and Courts in Authoritarian Regimes", *Annual Review of Law and Social Science*, núm. 10, 2014, pp. 282 – 283.

[100] Resulta peculiarmente interesante o capítulo 6 da obra, no que Gruchmann analiza a relación entre o poder xudicial e as SS para afondar no papel xudicial perante o que el denomina violencia "extranormativa". Gruchmann, Lothar: *Justiz im Dritten Reich, 1933 – 1940. Anpassung und Unterwerfung in der Ära Gürtner*, Múnich, Oldenbourg, 1988, p. 335 e ss.

[101] Unha excepción son dúas obras colaborativas coordinadas por Stephen Skinner nas que Pascual Marzal elabora capítulos sobre a xustiza da ditadura franquista durante os seus primeiros anos: un centrado nas influencias do nacionalcatolicismo e militarismo no dereito penal do novo réxime, e outro sobre a persecución de avogados republicanos en Valencia trala caída da República e outro. Porén, malia que é moi positivo o aporte de ambas obras ao compilar casos tan variados como o español, xaponés, brasileiro ou romano (xunta aos máis habituais sobre a Alemaña nazi ou a Italia fascista), segue sendo necesaria unha perspectiva que poña en común diferentes experiencias na administración de xustiza en contextos ditatoriais, apelando ao diálogo explícito entre elas. Ver máis en Marzal Rodríguez, Pascual: "Criminal Law under the Francoist Regime: the Influence of Militarism and National-Catholicism", en Skinner, Stephen (ed.): *Fascism and Criminal Law: History, Theory, Continuity*, Londres, Bloomsbury, 2015, pp. 127 – 148. Marzal Rodríguez, Pascual; Masferrer, Aniceto: "The Repression of Lawyers After the Spanish Civil War: The Case of Valencia", en Skinner, Stephen (ed.): *Ideology and Criminal Law: Fascist, National Socialist and Authoritarian Regimes*, Londres, Bloomsbury, 2019, pp. 207 – 227. Asemade, cabe mencionar a labor de

debates internacionais sobre o tema pode ser unha interesante e proveitosa liña a explorar no futuro.

1.3.3. O debate español: os xuízos farsa na guerra civil e o xiro dos perpetradores

Poderiamos establecer que o equivalente aos *show trials* na bibliografía sobre a guerra civil española son os *xuízos farsa*. O termo, de claro sentido despectivo, é tan flexible que serve para designar tanto a administración de xustiza na retagarda sublevada como na republicana, e fai referencia explícita a unha suposta perversión do sistema xudicial con fins políticos tanto por un como por outro bando. Isto pódelle resultar sorprendente a unha lectora ou lector de Galicia, onde a idea dos xuízos farsa está profundamente enraizada para referirse aos consellos de guerra instruídos polos militares golpistas dende finais de xullo de 1936 que actuaron como un arma bélica para eliminar aos adversarios. Pero, sen ser equidistantes, as e os especialistas na materia aseveran que tamén houbo unha xustiza republicana de excepción perante os desafíos do clima anómalo do golpe e da guerra. Os obxectivos desta, non obstante, foron moi diferentes á que se estaba a exercer nos territorios onde o golpe triunfara. Deteñámonos momentaneamente na xustiza de excepción nas zonas de control republicano.

O golpe de Estado, mesmo naqueles lugares que non caeran baixo dominio do sector do Exército insurrecto, trastornou a cotiandade de tódalas vilas e cidades españolas, quebrando a convivencia plural e a paz social. A retagarda republicana foi escenario nos primeiros momentos de contestación do poder do goberno central. Após o levantamento militar xorde un proceso revolucionario de signo antifascista: certos grupos políticos consideraron que se trataba dunha oportunidade histórica coa que derrotar a ameaza contrarrevolucionaria e, ademais, superar as limitacións da democracia burguesa republicana. Nese contexto, milicias socialistas, comunistas e anarquistas adoptaron unha actitude de insubordinación perante as autoridades republicanas e iniciaron pola súa conta prácticas represivas contra sectores sociais e políticos de significación dereitista, incluídas as execucións sumarias[102].

Para eliminar estes conatos violentos e reinstaurar a orde, o goberno da República veuse obrigado a reorganizar a administración de xustiza, que quedara en punto morto tralo golpe, amosando unha quebra que, como se verá, non se produciu na retagarda golpista. Nun intento de desactivar a violencia arbitraria e ofrecer garantías legais ás persoas acusadas de colaborar coa sedición, a innovación xurídica máis importante deste primeiro momento é a creación dos Tribunais Populares a finais de agosto de 1936, orixinalmente en Madrid e a continuación nas demais provincias[103]. De xurisdición especial, as súas competencias variarán ao longo do conflito e compaxinará as súas

compilación de José Antonio Pérez Juan e Sara Moreno Tejada en *Represión y Orden Público durante la II República, la Guerra Civil y el Franquismo. Una visión comparada* (2019), onde algúns dos traballos incluídos explicitan o afán comparativo. En concreto, ver os capítulos de Vittoria Calabrò, Francesca Canale Cama, Ignacio Czeguhn, Patrizia de Salvo, Martin Löhnig, Ignacio Tébar Rubio-Manzanares e Angelo Zotti.

[102] Ledesma, José Luis: "Una retaguardia al rojo: las violencias en la zona republicana", en Espinosa, Francisco (dir.): *Violencia roja y azul: España, 1936 – 1950*, Madrid, Crítica, 2010, pp. 201 e ss. Ver tamén. Cervera Gil, Javier: *Contra el enemigo de la República… desde la Ley. Detener, juzgar y encarcelar en guerra*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2015.

[103] «Decreto creando con plena jurisdicción para juzgar los delitos de rebelión y sedición y los cometidos contra la seguridad del Estado por cualquier medio, un Tribunal especial», *Gaceta de Madrid*, núm. 237, 24/08/1936, p. 1451. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/237/B01451-01451.pdf [últ. consulta 30/04/2022]. «Decreto disponiendo que para conocer de los delitos de rebelión y sedición y de los cometidos contra la seguridad exterior del Estado, desde el día 17 de Julio del año actual, cualquiera que sea la Ley Penal en que se hallen previstos y mientras dure el actual movimiento subversivo, se constituya en cada provincia un Tribunal especial», *Gaceta de Madrid*, núm. 239, 26/08/1936, pp. 1479 – 1481. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/239/B01479-01481.pdf [últ. consulta 30/04/2022].

funcións cos Xurados de Urxencia, os Xurados de Garda e os Xurados de Seguridade, así como co Tribunal Especial de Espionaxe e Alta Traizón, o Tribunal Popular de Responsabilidades Civís e os Tribunais Populares Militares[104].

Sobre a excepcionalidade do contexto que motivou ás novas políticas xudiciais republicanas escribiu o en 1936 presidente da Audiencia Territorial de Valencia, José Rodríguez Olazábal:

> Sin la guerra civil, hubieran sido inconcebibles para cualquier republicano digno de ese nombre los jurados de designación política, los fallos inapelables y otras medidas de excepción que la guerra y sus secuelas revolucionarias obligaron a adoptar y a aplicar … *[L]os organismos que se crearon, sus procedimientos y sus fallos representaron un colosal esfuerzo para restablecer el orden destruido por el alzamiento militar*. Sería absurdo decir que, en ese esfuerzo, todo fueron aciertos, pero también es absurdo decir, como se ha dicho, que todo fueron errores.[105]

Vemos como, non exenta de críticas, a República pasou os seus últimos anos lidando cos mesmos problemas internos cos que se instaurara: a pugna pola *normalidade*, segundo palabras de Rubén Pérez Trujillano —e a *normatividade*, engadimos nós—, nunha loita constante por defender o réxime constitucional[106]. Os esforzos legalistas republicanos serían para algúns en van, non impedindo a súa consideración de procesos *farsa* por determinados sectores revisionistas[107]. Porén, non debemos confundir o que claramente era unha xustiza de excepción republicana que se defende nun contexto de golpe e guerra interna, cunha xustiza de excepción sublevada que ataca instrumentalizada como arma bélica contra o inimigo.

Retomando a cuestión dos xuízos farsa, que estes e *show trials* sexan equivalentes na súa aplicación na literatura non os fai, dende o noso punto de vista, completamente intercambiables. Consideramos que existen unhas diferenzas etimolóxicas entre ambos termos que lles outorgan matices que non se deben pasar por alto. No primeiro, a idea do *show* é cardinal, a énfase está na súa espectacularidade, tanto na súa acepción de ostentosidade como na de representación. Pola contra, no segundo, a *farsa*, aínda que tamén ten unha orixe teatral, apela en maior medida á mentira e á falsidade[108]. Isto, lonxe de ser unha diferenciación trivial, veremos, ten implicacións epistemolóxicas concretas.

---

[104] Sen pretender recoller unha detallada bibliografía sobre o tema, para unha primeira aproximación á xustiza republicana durante a guerra civil, recomendamos consultar os artigos referentes á administración de xustiza en zona republicana do libro de actas de Archivo Histórico Nacional, sección «Guerra Civil»: *Justicia en guerra. Jornadas sobre la Administración de Justicia durante la guerra civil española: instituciones y fuentes documentales. Salamanca, del 26 al 28 de noviembre de 1987*, Madrid, Ministerio de Cultura, 1990, pp. 19 – 245, particularmente as aportacións de Ramón Salas Larrazábal, Glicerio Sánchez Recio, Antonio González Quintana, Víctor Alba e Amaro del Rosal Díaz. Asemade, ver Sánchez Recio, Glicerio: *Justicia y guerra en España. Los Tribunales Populares (1936 – 1939)*, Alacante, Diputación Provincial de Alacante, 1991; Cancio Fernández, Raúl César: *Guerra Civil y Tribunales. De los jurados populares a la justicia franquista (1936 – 1939)*, Cáceres, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Extremadura, 2007; ou Prieto Borrego, Lucía; Barranquero Texeira, Encarnación: "La violencia política en la zona republicana. Represión y Justicia Popular en una ciudad de la retaguardia, Málaga (julio de 1936 – febrero de 1937)", en Anderson, Peter; del Arco Blanco, Miguel Ángel (eds.): *Lidiando con el pasado. Represión y memoria de la guerra civil y el franquismo*, Granada, Comares, 2014, pp. 103 – 128.

[105] Rodríguez Olazábal, José: *La administración de justicia en la guerra civil*, Valencia, Edicions Alfons el Magnànim, 1996 [1981], p. 17. Cursiva nosa.

[106] Pérez Trujillano, Rubén: *Creación de Constitución, destrucción de Estado. La defensa extraordinaria de la II República Española (1931 – 1936)*, Madrid, Dykinson, 2018, p. 59 e ss.

[107] Ortiz Heras, Manuel: "La justicia republicana en guerra: el tribunal especial popular de Albacete*", Al-Basit: Revista de estudios albacetenses*, núm. extra 1, 1996, p. 24.

[108] Neste aspecto, poderiamos dicir que en realidade os xuízos farsa terían máis que ver cos *kangaroo courts*, de menor prevalencia na literatura académica actual e que son definidos polo Legal Information Institute da Cornell Law School como "un procedemento legal … no cal algúns ou todos os dereitos procesuais da persoa acusada son ignorados e o resultado do mesmo parece estar predeterminado". Dispoñible en: https://www.law.cornell.edu/wex/kangaroo_court [últ. consulta o 30/05/2022]. Tradución propia.

Centrémonos agora no caso da violencia xudicial na retagarda da zona controlada polos sublevados, principalmente despregada pola vía de consellos de guerra sumarísimos. Mediante a súa caracterización como *xuízos farsa*, un apelativo aínda moi presente na literatura vinculada ao movemento memorialístico —mais non só—, facíase unha énfase reivindicativa na invalidez destes procesos. O único achegamento permitido ás causas militares dende esta perspectiva era para estudar e cuantificar o alcance da violencia golpista. É dicir, os consellos de guerra eran só unha vía para coñecer ás vítimas da persecución e un obxectivo a eliminar, loitando certos sectores políticos por anular a validez destes procesos nos últimos anos[109]. Secasí, aínda que non é a nosa intención rebater a ilexitimidade destes procedementos xudiciais castrenses —moi ao contrario—, non podemos ignorar que esta actitude despectiva trasladaba a ilexitimidade do poder que promulgaba os consellos ao seu estudo, negándoo como tema de investigación en si. A súa única utilidade, insistimos, radicaba en ser un medio co que nos aproximar ás vítimas. Isto tivo dúas consecuencias esenciais: a primeira, a produción dun amplo corpus historiográfico centrado no estudo de sentenzas no que se evidencia un descoñecemento sobre o funcionamento dos procesos xudiciais; e, a segunda, o mantemento da impunidade dos perpetradores, aqueles que representaban ao Estado dende o outro lado do estrado.

Colocando no foco de análise a instrumentalización golpista da administración de xustiza no seu conxunto, a nosa investigación busca, na medida do posible, axudar a paliar ámbalas dúas consecuencias non desexadas. As vítimas tamén estarán presentes no traballo; con todo, no centro estará a administración en si —e os seus máximos responsables a nivel provincial—, en tanto que vehículo mediante o que se canalizou a violencia por vías burocráticas. Pero formular unha pescuda nestes termos e dende esta nova perspectiva non explorada só é posible grazas aos últimos avances na historiografía sobre a violencia do golpe e da guerra civil española e ao máis actual *xiro dos perpetradores*; recente tendencia historiográfica, como comentaremos, na que, para o contexto español, despuntan as investigacións de autoría galega e que beben directamente dos coñecidos como *perpetrator studies*, que eclosionaron nas décadas dos 90 e 2000 cunha clara capitalidade de investigacións sobre o nazismo[110]. É de interesante reflexión

[109] É mostra disto, por exemplo, a reclamación histórica que o Bloque Nacionalista Galego vén facendo pola anulación do xuízo castrense que condenou a morte ao galeguista Alexandre Bóveda. Nun escrito ao Congreso dos Deputados en agosto do 2020, recollen as seguintes declaracións do entón vicepresidente da Fundación Alexandre Bóveda e neto do político fusilado, Valentín Bóveda: "Que la reparación moral de Bóveda no implique la anulación del juicio sumarísimo es un delirio". Dispoñible en: https://www.congreso.es/entradap/l14p/e5/e_0050584_n_000.pdf [últ. consulta o 30/05/2022]. Como precedente, témonos que remontar ata 1999 para atopar o primeiro recurso de revisión para a anulación dunha sentenza militar da ditadura; porén, a Sala do Militar do Tribunal supremo denegaría a autorización necesaria para tal fin. Máis recente é a petición de revisión da sentenza do poeta Miguel Hernández, se ben en 2011 o Supremo volvía rexeitar o caso. Como recolle Jimeno Aranguren a raíz destes dous exemplos, "[e]l rechazo sistemático de la Sala de lo Militar del Tribunal Supremo de anular las sentencias de la jurisdicción militar y de las jurisdicciones especiales fue reiteradamente denunciado por las asociaciones por la recuperación de la memoria histórica, que han venido interpretando la vigencia de tales sentencias como todo un símbolo de la perduración del franquismo en una democracia del siglo XXI". Jimeno Aranguren, Roldán: "Jurisdicción militar y represión (1936 – 1977)", en Jimeno Aranguren, Roldán (ed.): *La represión de la Administración de Justicia en la Guerra Civil y el Franquismo. Homenaje al Juez Luis Elío*, Valencia, Tirant lo Blanch, 2019, p. 78. Sobre as tentativas de revisión e anulación da sentenza de Miguel Hernández, ver Escudero Alday, Rafael: "Los tribunales españoles ante la memoria histórica: el caso de Miguel Hernández", *Hispania Nova*, núm. 11, 2013. A estas demandas responde a nova Lei de Memoria Democrática do 2022, a cal no seu art. 5.1 declara a "ilegalidad e ilegitimidad de los tribunales … que, a partir del Golpe de Estado de 1936, se hubieran constituido para imponer [condenas] por motivos políticos". «Ley 20/2022, de 19 de octubre, de Memoria Democrática», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 252, 20/10/2022. Dispoñible en: https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-17099-consolidado.pdf [últ. consulta o 25/10/2022].

[110] É de interesante reflexión a vinculación existinte entre "vitimarios" e "xente común" á hora de ampliar os suxeitos de estudo pola que esta corrente avoga. Algúns traballos clásicos son Browning, Christopher R.: *Ordinary Men: Reserve Police Battalion 101 and the Final Solution in Poland*, Londres, Penguin Books, 2001 [1992]; do mesmo autor, *Persecution to Genocide*, New Haven, Yale University Press, 2014. Friedländer, Saul: *Probing the Limits of*

a vinculación existinte entre "vitimarios" e "xente común" á hora de ampliar os suxeitos de estudo pola que esta corrente avoga.

Asemade, o noso traballo é tamén herdeiro daqueles precursores sobre o estudo da administración de xustiza na guerra civil que xorden, principalmente, a partir da década de 1990. Para unha maior contextualización de ambos fenómenos, elaboraremos unha sucinta revisión sobre a evolución dos estudos sobre a guerra civil nas últimas décadas para comprender despois como xorde o interese historiográfico sobre a xustiza durante o conflito bélico e o actual estado da cuestión.

«Se ha escrito mucho, *acaso demasiado*, sobre España a partir de la guerra civil, y a propósito de dicha contienda», aseguraba Niceto Alcalá-Zamora y Torres en 1938[111]. Contrasta isto con aquel artigo que Conxita Mir publicaba na revista *Ayer* máis de medio século despois baixo o título «El estudio de la represión franquista: una cuestión sin agotar»[112]. Tendo en conta que a guerra civil é un dos principais eixes vertebradores da historiografía contemporánea española, a produción académica —entre outras formas de produción cultural— sobre o tema é abundante, con milleiros de publicacións de todo tipo nos últimos anos. Pode parecer mentira, pois, que, máis de dúas décadas despois, a afirmación de Mir siga estando vixente. Pero os novos ollares dende os que nos aproximamos a este episodio dan mostra da súa *inesgotabilidade*. Os conflitos bélicos, particularmente os internos, provocan a fractura da sociedade e, polo tanto, suscitan numerosas preguntas. Secasí, as preguntas que nos fixemos sobre a guerra non sempre foron as mesmas, nin historica nin historiograficamente.

Fronte á propaganda resultado da historiografía oficial do franquismo, dende finais dos anos 50 e inicios dos 60, comézase a xerar un modelo historiográfico alternativo anglo-hispano cuxo obxectivo era o de explicar como fora posible a guerra en España, que bebía directamente de obras como *El laberinto español*, de Gerald Brenan (1943) ou *Historia de España*, de Pierre Vilar (1947)[113]. Trátanse de traballos de síntese, con

Representation: Nazism and the Final Solution, Cambridge, Harvard University Press, 1992. Goldhagen, Daniel Jonah: *Hitler's Willing Executioners: Ordinary Germans and the Holocaust*, Nova York, Vintage, 1997. Fritzsche, Peter: *Germans into Nazis*, Cambridge, Harvard University Press, 1998. Johnson, Eric: *Nazi Terror: The Gestapo, Jews and Ordinary Germans*, Nova York, Basic Books, 2000. Mann, Michael: "Were the Perpetrators of Genocide 'Ordinary Men' or 'Real Nazis'? Results from Fifteen Hundred Biographies", *Journal of Genocide Studies*, núm. 14, 2000, pp. 331 – 366. Gellately, Robert: *Backing Hitler: Consent and Coercion in Nazi Germany*, Oxford, Oxford University Press, 2001. Waller, James: *Becoming Evil: How Ordinary People Commit Genocide and Mass Killing*, Oxford, Oxford University Press, 2002. Mazower, Mark: "Violence and the State in the Twentieth Century", *American Historical Review*, núm. 107, 2002, pp. 1147 – 1167. Browder, George C.: "Perpetrator Character and Motivation: An Emerging Consensus", *Holocaust and Genocide Studies*, vol. 17, núm. 3, 2003, pp. 480 – 497. Midlarsky, Manus: *The Killing Trap: Genocide in the Twentieth Century*, Cambridge, Cambridge University Press, 2005. Eley, Geoff: *Nazism as Fascism: Violence, Ideology and the Ground of Consent in Germany, 1930 – 1945*, Londres, Routledge, 2013.

[111] Alcalá-Zamora, Niceto: "Justicia Penal de Guerra Civil", en *Ensayos de Derecho Procesal, Civil, Penal y Constitucional*, Bos Aires, Revista de Jurisprudencia Argentina, 1944, p. 253. Cursiva nosa.

[112] Mir, Conxita: "El estudio de la represión franquista: una cuestión sin agotar", *Ayer*, núm. 43, 2001, pp. 11 – 35.

[113] Non obstante, a relación da "historiografía oficial" da ditadura con respecto á guerra sempre foi un tanto ambivalente: "Hecho sorprendente en un sistema totalitario, el franquismo se mostró muy reticente a la hora de historiar la guerra. … [E]s un caso extraño: un vencedor que se desinteresa de escribir su historia. … El régimen siempre tiene en cuenta la guerra, pero no habla de ella. Sobre todo, resulta significativo el mínimo cultivo historiográfico. Hasta el final del franquismo, el único nicho editorial en este sentido son monografías sobre batallas para veteranos nostálgicos". Fernández Prieto; Míguez Macho; Vilavedra (eds.): *1936. Un nuevo …*, 2020, pp. 25 – 26. Para a referencia de Brenan, a cal chegou a clandestinamente España a comezos dos 60 traducida por Ruedo Ibérico, consultamos a edición de Brenan, Gerald: *El laberito español. Antecedentes sociales y políticos de la guerra civil española*, Madrid, Círculo de Lectores, 1988 [1943]. A de Pierre Vilar, sería traducida ao castelán no 63 (apenas un ano despois da de Brenan); dende entón a obra sufriu numerosas ampliacións nas súas reedicións. Vilar, Pierre: *Historia de España*, Barcelona, Crítica, 2020 [1947]. Unha sucinta revisión dos fitos historiográficos sobre a guerra civil española, atopámolo en Moradiellos, Enrique: *1936. Los mitos de la Guerra Civil*, Barcelona, Ediciones Península, 2004, pp. 32 – 42; ver, do mesmo autor, *Historia mínima de la Guerra Civil Española*, Madrid – México D.F., Turner – El Colegio de México, 2016, pp. 29 –

tendencia globalizante. Poden servir de exemplo *La guerra civil española* de Hugh Thomas (1961), *Falange. Historia del fascismo español* de Stanley G. Payne (1962), *El mito de la cruzada de Franco*, de Herbert R. Southworth (1963), *La República española y la guerra civil* de Gabriel Jackson (1965) ou *España, 1808 – 1939* de Raymond Carr (1966), entre moitas outras[114]. Sen entrar a valorar a posterior evolución dalgún destes historiadores, son obras escritas no seu momento cun certo carácter militante en prol das democracias liberais, condicionadas pola simpatía dos seus autores cara a República e condicionadas tamén por un problema metodolóxico fundamental: a dificultade —en moitos casos, imposibilidade— de acceso ás fontes. Isto provocou que as interpretacións estivesen moi marcadas pola retórica dos debates parlamentarios e da prensa escrita, entendendo o radicalismo no plano discursivo do período republicano como sinónimo dunha desproporcionada fractura social, cunha espiral de violencia nas rúas que derivaría ulteriormente a un golpe de Estado en certo modo xustificado. Chégase así a unha interpretación un tanto teleolóxica da República, non entendéndoa de forma autónoma, senón como unha concatenación de decisións que acaban levando á guerra civil, resaltando o seu carácter inevitable. Faise tamén énfase na singularidade do caso español, cando hoxe sabemos que realmente a España de entreguerras non era algo anómalo. O que si era máis inaudito era o mantemento dunha ditadura de inspiración fascista na Europa posterior á Segunda Guerra Mundial; a fin de contas, xunto a Portugal, *Spain is* [*was*?] *different*, naquel evocador slogan do Ministerio de Información e Turismo de Manuel Fraga. Estas obras, pese a que durante a ditadura estaban prohibidas dentro do país, entrarán de xeito clandestino debido a demanda e formularán un modelo historiográfico alternativo que chegará ata a década de 1990.

Entre finais dos 70 e comezos dos 80, cobra importancia unha figura clave da historiografía española: Manuel Tuñón de Lara, quen organiza os coloquios da Pau como punto de contacto entre investigadores europeos e españois. Coincide con isto o xurdimento dunha nova xeración de hispanistas —Edward Malefakis, Paul Preston, Martin Blinkhorn… varios deles viñan publicando en realidade sobre España dende a década anterior, se ben cobran maior importancia neste momento— e cunha innovación metodolóxica resultado da ampliación das fontes empregadas[115]. Paulatinamente, irá gañando relevancia a utilización da memoria oral para incluír nas análises a experiencia dos protagonistas, como evidencia o clásico *Recuérdalo tú y recúerdalo a otros* (1979) de Ronald Fraser[116].

36. Ambas son útiles pola súa capacidade de síntese, se ben é preciso ter en conta que deixan fóra da xenealoxía historiográfica as tendencias máis recentes.

[114] Thomas, Hugh: *La Guerra Civil española*, Barcelona, Debolsillo, 2018 [1961]. Payne, Stanley G: *Falange. Historia del fascismo español*, Madrid, Sarpe, 1985 [1962]. Southworth, Herbert R.: *El mito de la cruzada de Franco*, París, Ruedo Ibérico, 1963. Jackson, Gabriel: *La República española y la guerra civil, 1931 – 1939*, México D. F., Princeton University Press, 1967 [1965]. Carr, Raymond: *Spain, 1808 – 1939*, Oxford, Oxford University Press, 1966.

[115] Unha pequena selección de obras desta etapa son, por exemplo, Malefakis, Edward: *Agrarian Reform and Peasant Revolution in Spain*, Ann Arbor, Michigan University Press, 1970. Tamames, Ramón: *La República. La Era de Franco*, Madrid, Alianza, 1986 [1973]. Salas Larrazábal, Ramón: *Historia del Ejército Popular de la República*, Madrid, Editora Nacional, 1973. Tuñón de Lara, Manuel: *La España del siglo XX. Tomo 2: De la Segunda República a la Guerra Civil, 1931 – 1936*, Barcelona, Laia, 1974. Tuñón de Lara, Manuel: *Metodología de la historia social de España*, Madrid, Siglo XXI, 1974. Viñas, Ángel: *La Alemania nazi y el 18 de julio*, Madrid, Alianza, 1974. Carr, Raymond (ed.): *Estudios sobre la República y la Guerra Civil española*, Madrid, Ariel, 1974 (que inclúe artigos de Edward Malefakis, Stanley G. Payne, Ramón Salas Larrazábal, Ricardo de la Cierva e Hugh Thomas, entre outros). Blinkhorn, Martin: *Carlismo y contrarrevolución en España, 1931 – 1939*, Barcelona, Crítica, 1979 [1975]. Preston, Paul: *España en crisis. Evolución y decadencia del régimen de Franco*, Madrid, Fondo de Cultura Económica, 1978 [1976]. Carr, Raymond: *La tragedia española. La guerra civil en perspectiva*, Madrid, Alianza, 1986 [1977].

[116] Fraser, Ronald: *Recuérdalo tú y recuérdalo a otros. Historia oral de la guerra civil española*, Barcelona, Crítica, 1979.

Todo isto deixa xa entrever o que se converterá co paso dos anos no tema clave dos estudos sobre a guerra civil: a violencia e as vítimas, dentro do paradigma da chamada *represión*[117]. Ábrense así camiño a historia social e as análises socioeconómicas, rompendo a centralidade do político e do bélico propia dos traballos predecesores. Ademais, gaña peso a perspectiva micro, o que demostra que a realidade era máis complexa do que se cría, favorecendo así a aparición de novas miradas sobre o golpe e a guerra. Porén, esta nova interpretación social tardará en se asentar, conservando aínda un extraordinario peso a cuestión política. Asistimos tamén neste momento á aparición dos primeiros traballos enfocados na experiencia feminina do conflito, como *La mujer en la guerra civil española*, de Carmen Alcalde y Lidia Falcón (1976), ou *Resistencia y movimiento de mujeres en la guerra civil española*, de Giuliana di Febo (1979) [118].

Os anos 80 caracterízanse por unha reorientación historiográfica en base aos horizontes abertos nos anos anteriores. Á calor da fin da ditadura e a conmemoración dos cincuentenarios da República e guerra civil, xorde un auténtico *boom* investigador motivado polo interese e o financiamento das institucións públicas[119]. A vida cotiá e a xente de a pé entran neste momento con forza no discurso historiográfico, solapándose con tendencias anteriores pero marcando novos camiños. Ao longo destes anos irase consolidando a tendencia pola que xa non se trata de estudar o acontecemento en si, senón como este é interpretado polos diferentes grupos sociais. De forma paralela, impúlsase o xurdimento dende mediados da década de 1980 de diversas iniciativas de conservación de memoria oral para futuras investigacións. No 83, por exemplo, Fraser doa documentación oral e escrita froito do seu traballo ao Archivo Histórico de la Ciudad de Barcelona, e este asume como obxectivo a creación dun fondo de historia oral sobre a cidade. En concreto, é relevante destacar o papel das impulsoras destes bancos documentais, como María del Carmen García-Nieto, quen promove a creación do Seminario de Fuentes Orales da Universidad Complutense de Madrid en 1984, ou Isaura Varela, quen importou o concepto á Universidade de Santiago de Compostela en 1987 e abre o fondo Historga (Historia Oral de Galicia) en colaboración con Marc Wouters.

[117] A idea da *represión* como equivalente á violencia exercida polos sublevados durante o golpe e a guerra civil está profundamente enraizada na mentalidade colectiva e na linguaxe académica. Porén, nos últimos anos vense cuestionando a súa utilidade; ver, por exemplo, Míguez Macho, Antonio: *Xenocidio e represión franquista en Galicia*, Santiago de Compostela, Lóstrego, 2009, pp. 151 – 155. Para o historiador galego, "[a]ceptar como contedor válido de todas as formas de violencia que se practicaron a verba 'represión' obvia que non dá conta da que foi a tipoloxía de violencia máis transcendente de todas: a do asasinato". Asemade, engade que "a violencia de retagarda que nos ocupa non é fundamentalmente represiva, senón xenocida" (p. 152). En tanto que a represión é xeralmente entendida como o lexítimo (aínda que controvertido) uso da violencia por parte dun Estado, empregar este termo no contexto dun golpe de Estado que se asenta na lóxica das prácticas xenocidas é rebatible e non captura realmente os diferentes matices da violencia que os golpistas exercen en 1936 e a que utilizará o réxime franquista, por exemplo, unha década despois. Compartindo esta perspectiva, nós racionalizaremos o uso do termo *represión* segundo o aquí establecido. Á parte, unha lectura complementaria na que se reflexiona sobre a represión como instrumento de poder e as súas complexidades conceptuais, en Aróstegui, Julio: "Coerción, violencia, exclusión. La dictadura de Franco como sistema represivo", en Aróstegui, Julio (coord.): *Franco: la represión como sistema*, Barcelona, Flor del Viento, 2012, p. 41 e ss.

[118] Alcalde, Carmen; Falcón, Lidia: *La mujer en la guerra civil española*, Madrid, Cambio 16, 1976. di Febo, Giuliana: *Resistencia y movimiento de mujeres en España, 1936 – 1976*, Barcelona, Icaria, 1979. Para unha síntese bibliográfica da evolución da historiografía española sobre a guerra civil con perspectiva de xénero, ver Cases, Adriana; Ortega, Teresa María: "La investigación sobre la represión femenina y violencia sexuada en el franquismo. Evolución historiográfica", *Ayer*, núm. 118, 2020, pp. 347 – 361.

[119] Un dos maiores exemplos deste fenómeno foi o libro colaborativo *La guerra civil. 50 años después* (1985), de Manuel Tuñón de Lara, Julio Aróstegui, Ángel Viñas, Gabriel Cardona e Josep M. Bricall. Entre moitas outras obras claves da década (recordemos a particular prolificidade destes anos) destacamos Salas Larrazábal, Ramón: *Los datos exactos de la guerra civil*, Madrid, Rioduero, 1980. Cortada, James W. (ed.): *Historical Dictionary of the Spanish Civil War,* Westport, Greenwood Press, 1982. Salas Larrazábal, Ramón; Salas Larrazábal, Jesús: *Historia general de la guerra civil*, Madrid, Rialp, 1986. de la Cierva, Ricardo: *Nueva y definitiva historia de la guerra civil*, Madrid, ABC, 1986.

UVA

Inaugúrase deste xeito un novo relato sobre a guerra que faltaba por abordar, con novos medios e novas sensibilidades.

Este xiro cultural da historia social consolídase a partir da década dos 90. Trátase dunha transformación que ten que ver cos cambios acaecidos na historiografía bélica europea: neste momento, a guerra volve a Europa, constatándose a perdurabilidade do fenómeno bélico. Así, a literatura académica interésase de novo polas sociedades en guerra, redescubrindo a importancia das experiencias en primeira persoa: testemuños, diarios, cartas… Prima un enfoque social e cultural dos conflitos, o que supón a ampliación de fontes documentais susceptibles de ser estudadas polas historiadoras e historiadores. Continuando a tendencia aberta na década anterior, préstaselle atención aos procesos de elaboración do recordo e amósase interese por conservar as fontes de primeira man —que, por cuestións biolóxicas, comezaban a desaparecer—, e aséntase definitivamente o interese historiográfico sobre as vítimas, que ata entón quedaran excluídas do relato oficial, algo que é facilitado pola paulatina desclasificación dunha inxente cantidade de documentación referente ás mesmas cuxo acceso fora restrinxido ata entón, como a de natureza militar[120].

As vítimas seguiron sendo as principais protagonistas das investigacións historiográficas no cambio de milenio. Existe aínda un forte apego ás cifras, aos estudos cuantitativos para responder á eterna e irresoluble pregunta de cantas vítimas deixou a guerra. Mais, de forma paralela, vanse abrindo e consolidando algunhas das tendencias vistas ata agora e introdúcense outras novas: os estudos con perspectiva de xénero, o universo concentracionario franquista —dende os cárceres ata os campos—, a resistencia a través dos maquis e a guerrilla, introdúcense paulatinamente suxeitos lumpen na narrativa, considérase a violencia como un fenómeno merecedor de estudos en si…[121] Mediante a inclusión da subxectividade como variable explicativa do pasado histórico, todas estas novas perspectivas engaden matices e capas de complexidade ao coñecemento sobre o golpe e a guerra. Neste sentido, dende o noso punto de vista, unha das máis enriquecedoras innovacións neste novo panorama historiográfico é a inclusión da colaboración civil co golpe militar, amosando o crisol de actitudes sociais que o contexto violento propiciou, rachando coa idea do medo como única resposta posible —e explicativa— ante a guerra e a nova ditadura. Ao igual que nas etapas anteriores, as datas conmemorativas foron picos produtivos, con reedición de títulos clásicos, publicación de novas investigacións e difusión de obras divulgativas; mais a aprobación da Lei de Memoria Histórica do 2007 propiciou unha proliferación de traballos ata entón nunca vista en termos cuantitativos.

Porén, este foco sobre as vítimas, as cales seguiron monopolizando os estudos sobre a guerra civil, mantivo unha desatención —cada vez maior— dos vitimarios. Para combater esta realidade, a máis recente novidade no plano historiográfico está a ser o que podemos chamar o *xiro dos perpetradores*: un auténtico cambio de paradigma que se vén dando nos últimos dez anos cun fundamental impulso galego e que se atopa en pleno

[120] Alén das autoras e autores xa mencionados e sen pretensión de exhaustividade, podemos destacar nestes anos os traballos de Santos Juliá, Helen Graham, Ángel Viñas, Carme Molinero, Xavier Tusell, Borja de Riquer, Conxita Mir, Pere Ysàs, Julio Aróstegui, Josefina Cuesta, Michael Richards, Hilari Raquer, Franscisco Sevillano, Tomasa Cuevas, Gabriel Cardona, Francisco Espinosa, Pierre Vilar, Mary Nash, Juan Pablo Fusi, Paloma Aguilar… Todos eles, dende aproximacións extraordinariamente diversas, contribúen na ampliación de horizontes deste período.

[121] Sobre isto último, o que González Calleja denomina "violentología" (*Asalto al poder*, 2017), consultar Gómez Bravo, Gutmaro; Pérez-Olivares, Alejandro: "Las lógicas de la violencia en la guerra civil. Balance y perspectivas historiográficas", *Studia Historica. Historia Contemporánea*, núm. 32, 2014, pp. 251 – 262.

desenvolvemento. Antonio Míguez Macho —quen xa advertía deste reto no 2009[122]— e o grupo de investigación Histagra destacan como uns dos máximos expoñentes no que respecta á necesidade de incluír aos perpetradores no relato, con textos fundamentais como "Perpetradores y gente corriente", de Míguez Macho (2013) ou *Golpistas e verdugos de 1936*, obra colaborativa editada por este xunto a Lourenzo Fernández Prieto (2018)[123]. Con este xiro intégrase por fin, tanto dende unha perspectiva micro como dende unha macro, os outros protagonistas da violencia. Deste xeito, afastamos aos verdugos da súa impunidade e atopámonos un pouco máis preto de seguir completando o noso relato sobre o golpe e a guerra civil española.

Aínda un campo de estudos novo, son moitas as preguntas que temos sen resolver sobre os vitimarios e a necesidade de conceptualización é ampla. A presente tese de doutoramento intégrase de cheo neste novo marco historiográfico: un eixe, xa visto, é a xudicialización; o outro, os perpetradores. A propia investigación xorde, de feito, da aspiración de coñecer con maior detalle aos protagonistas do universo violento golpista, se ben en realidade serviunos para descubrir a outros suxeitos alén das etiquetas de vencedores e vencidos. Nesta primeira aproximación foi cando nos demos conta do lugar cardinal que neste universo ocupaba a violencia xudicial e do pouco que sabiamos sobre o seu funcionamento e os seus protagonistas. É entón cando decidimos centrarnos no seu estudo por completo. Entender que a actuación violenta dos golpistas foi algo coordinado, xerárquico e cuns fins eliminacionistas —como teñen investigado autores como Javier Rodrigo, Rafael Cruz, Eduardo González Calleja, ou Gutmaro Gómez Bravo[124]— é fundamental para poder situar correctamente a estratexia da xudicialización da violencia, como iremos vendo en máis detalle ao longo dos capítulos.

En concreto, os estudos sobre xustiza na guerra civil española viven un breve momento de esplendor a finais da década de 1980 e os anos 90, de forma coetánea ao visto nos demais países europeos con experiencias ditatoriais no período de entreguerras. O máximo expoñente disto é probablemente a celebración dunhas xornadas sobre a

[122] Referímonos ás obras nas obras *O que fixemos en Galicia. Ensaio sobre o concepto de práctica xenocida* (pp. 132 – 149) ou *Xenocidio e represión franquista en Galicia* (pp. 82 – 97 e pp. 123 – 137).

[123] Míguez Macho, Antonio: "Perpetradores y gente corriente", en Rodríguez Barreira, Óscar J. (ed.): *El franquismo desde los márgenes: campesinos, mujeres, delatores, menores*, Lleida, Edicions i Publicacions de la Universitat de Lleida, 2013, pp. 57 – 75. Fernández Prieto, Lourenzo; Míguez Macho, Antonio (eds.): *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Vigo, Galaxia, 2018. Outros exemplos deste novo paradigma son Fernández Prieto, Lourenzo: "La historia más allá de la memoria: de las víctimas a los verdugos. Re-visión desde Jorge Semprún", en López Facal, Ramón; Cabo Villaverde, Miguel (eds.): *De la idea a la identidad: estudios sobre nacionalismos y procesos de nacionalización*, Comares, Granada, 2012, pp. 261 – 278. Tamén Jorge Marco anda *trala pista dos verdugos* en "'Debemos condenar y condenamos'… Justicia militar y represión en España", en Aróstegui, Julio (coord.): *Franco: la represión como sistema*, Barcelona, Flor del Viento, 2012, pp. 213 – 216. Fernández Prieto, Lourenzo: "No hablamos de nosotros, hablamos de historia: Nomes, voces e verdugos. Balance para seguir sobre la persecución política en Galiza, 1936 – 1939", en Agirreazkuenaga Zigorraga, Joseba; Alonso Olea, Eduardo J. (eds): *Naciones en el Estado-Nación: La formación cultural y política de naciones en la Europa contemporánea*, Bilbao, Flor Edicións, 2014, pp. 137 – 150. Ermida Meilán, Xosé Ramón; Fernández Fernández, Elliseo; Garrido Couceiro, Xoán Carlos; Pereira González, Dionísio (coords.): *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*, Santiago de Compostela, Sermos, 2017. Babiano, José; Gómez Bravo, Gutmaro; Míguez Macho, Antonio; Tébar Hurtado, Javier: *Verdugos impunes. El franquismo y la violación sistémica de los derecho humanos*, Barcelona, Pasado y Presente, 2018. Fernández Prieto, Lourenzo; Míguez Macho, Antonio (eds.): *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Vigo, Galaxia, 2018. Ferrer, Anacleto; Sánchez-Biosca, Vicente (eds.): *El infierno de los perpetradores. Imágenes, relatos y conceptos*, Barcelona, Edicions Bellaterra, 2019. Ros, Violeta; Rosón, María; Valls, Lurdes: "Contrafiguras de la violencia. Imágenes, relatos y arquetipos de la perpetración de los crímenes del franquismo", *Quaderns de Filologia: Estudis Literaris*, núm. 26, pp. 9 – 19, 2021.

[124] Mencionamos, a modo de exemplo, Rodrigo, Javier: *Hasta la raíz. Violencia durante la Guerra Civil y la dictadura franquista*, Madrid, Alianza, 2008; Cruz: "Olor a pólvora …", 2010; González Calleja, Eduardo: *Contrarrevolucionarios. Radicalización violenta de las derechas durante la Segunda República, 1931 – 1936*, Madrid, Alianza, 2011; Gómez Bravo, Gutmaro: *Geografía humana de la represión franquista. Del golpe a la guerra de ocupación, 1936 – 1941*, Madrid, Cátedra, 2017. Na relación bibliográfica inclúese unha lista máis detallada das obras consultadas.

UDC

administración de xustiza entre 1936 e 1939 organizadas polo Archivo Histórico Nacional en 1987 na cidade de Salamanca e nas que se presentaron 33 comunicacións[125]. Entre os seus participantes atopamos a Ramón Salas Larrazábal, Glicerio Sánchez Recio, Antonio González Quintana, Víctor Alba, Amaro del Rosal Díaz, Ignacio Berdugo, Josefina Cuesta Bustillo, Mónica Lanero, Ernesto Pedraz Penalva… Algúns son recoñecidos historiadores de profesión, outros xuristas especializados na historia do dereito e outros funcionarios de arquivos, dos cales unha parte seguirían traballando dentro do mesmo ámbito de estudo mentres que outros se especializarían noutras vías. O reparto temático das relatorios evidencia o que é, dende o noso punto de vista, o principal problema sobre a cuestión: o predominio dos estudos sobre a xustiza en «territorio republicano» fronte a súa análoga no chamado «bando nacional». Atendendo a publicación das actas, contabilizamos 14 investigacións sobre a primeira e só 6 a teor da segunda; o resto correspóndese con comunicacións sobre fontes documentais que non aportan novos resultados de análise historiográfica. Esta tendencia non se corrixirá co paso do tempo e é coincidente co que vemos na literatura autobiográfica, eido no que atopamos memorias de maxistrados e fiscais que exerceron en zonas que se mantiveron baixo control republicano durante a guerra á vez que non temos constancia de ningunha de semellantes características de persoal que traballase durante todo o conflito no territorio dominado polos golpistas[126].

Dende a nosa interpretación, identificamos as orixes desta desigual atención xa dende os anos da posguerra. Ben dende o exilio, ben dende a España franquista, publícanse ensaios dende o ámbito do dereito nos que se analiza a xustiza republicana de excepción, dando unha imaxe de alteridade da mesma[127]. Pola contra, os manuais de dereito franquistas manteñen unha liña continuísta sobre a xurisprudencia do réxime coa de anteriores períodos, presentando a republicana como un erro a emendar ou, no mellor dos casos, unha paréntese a ignorar. Non hai estudos sobre a administración de xustiza de excepción durante a guerra no bando sublevado na forma que si os hai da zona republicana[128]. Aparentemente nin tan sequera hai roturas de ningún tipo nin, por suposto, ningún quebranto da legalidade constitucional. É dicir, intuímos que a influencia da lonxeva ditadura nos estudos sobre historia do dereito logrou facer ver como anómala, fóra da norma —e, polo tanto, obxecto de interese trala caída do franquismo—, a experiencia republicana; cando, argumentamos nós, o que debería parecer estraño, alomenos nunha primeira aproximación, sería a ditatorial. Esta lóxica, *mutatis mutandis*,

[125] Archivo Histórico Nacional: *Justicia en guerra…*, 1990.

[126] Sirve de mostra a xa mencionada obra Rodríguez Olazábal: *La administración de…*, 1996 [1981] e tamén Galbe Loshuertos, José Luis: *La justicia de la República. Memorias de un fiscal del Tribunal Supremo en 1936*, Madrid, Marcial Pons, 2011. A súa experiencia como xuíz na retagarda republicana en Huéscar (Granada), tamén a describe Capó Bonnafous, Eduardo: *La estrella polar. Memorias de un juez de instrucción. España, 1934 – 1939*, Sevilla, Centro de Estudios Andaluces – Editorial Renacimiento, 2017 [1964]. Noutra banda temos o caso do secretario xudicial Antonio Ruiz Vilaplana, quen logrará fuxir do Burgos de control rebelde en plena guerra civil; ver Ruiz Vilaplana, Antonio: *Doy fe… Un año de actuación en la España nacionalista*, Bos Aires, La Nueva España, 1937. Pola contra, as obras de membros da administración de xustiza golpista ou franquista, que exerceron nela sen marchar ao exilio, non son de carácter autobiográfico, senón ensaístico. Mostra disto é o texto de Bernardo Almendral, fiscal da Audiencia Provincial de Pontevedra en 1944; ver Almendral Lucas, Bernardo: *Doctrinas sociales superadas. II conferencia pronunciada en el Salón de Actos del Excemo, Ayuntamiento de Cáceres el día 25 de Febrero de 1950*, Cáceres, Jefatura Provincial de FET y de las JONS de Cáceres, 1950.

[127] Mostras antitéticas disto atopámolas en Martín Retortillo, Cirilo: *La justicia en la España roja*, Huesca, Camilo Aubert Editor, 1940 e Alcalá-Zamora: "Justicia Penal de …", 1944, pp. 253 – 294.

[128] Un exemplo atopámolo en Fernández Cuesta, Raimundo: *Ministerio de Justicia. Notas históricas, organización y competencia*, Madrid, s.e., 1946. Quedan á parte os ensaios de xuristas recoñecidos que, dende o territorio de control republicano ou xa dende o exilio, si intentaron describir (na medida do posible, tendo en conta nas dificultades de acceso documental) a situación en territorio rebelde, como os xa mencionados textos de Alcalá-Zamora. Cabe destacar como estes non ignoraron a importancia da análise xurídica do conflito; rama de estudo, non obstante, que se iría perdendo paulatinamente, como temos visto.

USC

sobrevivirá ao propio réxime e séguese reproducindo a día de hoxe nos manuais de historia do dereito, máis centrados nas mudanzas de xurisprudencia ca nas novas formas e uso desa xurisprudencia no contexto bélico por parte dos sublevados[129].

Por outra banda, non podemos, non obstante, ignorar o activismo que se ten feito dende o propio mundo do dereito cuestionando o exercicio de xustiza da ditadura, sobre todo no tardofranquismo. O maior expoñente deste discurso contestatario e contracultural probablemente sexa o de *Justicia Democrática*, unha asociación clandestina antifranquista de profesionais xudiciais creada entre finais dos 60 e principios dos 70 que avogaba pola implantación dun auténtico Estado de dereito garantista en España. *Justicia Democrática* tivo un percorrido curto, desaparecendo en 1978. Anos despois, fundaríase *Jueces para la Democracia* (actualmente, *Jueces y Juezas por la Democracia*), a cal se considera herdeira da anterior e segue en activo a día de hoxe. O principal legado de *Justicia Democrática* é o coñecido como "libro verde", unha aguda e crítica análise do poder xudicial nos anos 70[130].

Sexa como for, despois do de 1987 en Salamanca, non se volveu celebrar ningún encontro de características semellantes sobre a administración de xustiza na guerra civil. Se cadra tivesen algo que ver os remanentes de autocensura editorial que denunciaba Francisco Bastida en *Jueces y franquismo* (1986), asegurando que durante moito tempo non se quixo publicar o seu traballo porque evidenciaba a ideoloxía —conservadora— do Tribunal Supremo[131]. É certo que non se trata dun ermo epistemolóxico absoluto, que nas últimas décadas saíron do prelo enriquecedoras investigacións que arroxan luz sobre o tema. Con todo, non é menos certo que o principal traballo sobre a xustiza golpista segue a ser o da historiadora Mónica Lanero, *Una milicia de la justicia*, publicado en 1996, hai case tres décadas[132]. Neste traballo, Lanero elabora unha excelente aproximación á administración de xustiza nos primeiros anos do franquismo estudando a súa política xudicial: analiza as mudanzas na estrutura do aparello xudicial, as pugnas entre as diversas xurisdicións e as súas competencias, as influencias falanxistas desta primeira etapa, a instrumentalización que o réxime fai da política de persoal segundo os seus intereses, os procesos de depuración dos xuíces… todo isto dende unha perspectiva historiográfica, acorde á formación da autora, pero amosando un sobresaínte coñecemento sobre a teoría e filosofía do dereito e amparando as súas reflexións en fontes na súa maioría inéditas e cuxo acceso, na actualidade, está contraintuitivamente moito máis acoutado[133].

[129] Pode servir de exemplo ilustrativo a interesante obra colaborativa *Control y responsabilidad de los jueces (siglos XVI – XXI)*, coordinada no 2017 por José Sánchez-Arcilla Bernal. Chama a nosa atención que nos trece capítulos que completan o libro, nun repaso histórico dende a Época Moderna ata os nosos días, non se inclúa ningunha investigación que atenda a evolución da xustiza e da xudicatura no golpe, na guerra e na ditadura; a única excepción sería o capítulo "¿Vigilancia, control o farsa? Las tres caras de la Inspección Central de Tribunales" de María Dolores Madrid Cruz (pp. 471 – 572), se ben o seu tratamento é máis ben de pasada. A dimensión violenta da xustiza no período bélico ou ditatorial non é tratada.

[130] Consultar Justicia Democrática: *Los jueces contra la dictadura (Justicia y política en el franquismo)*, Madrid, Tucar Ediciones, 1978. Ver tamén Díaz Sánchez, Pilar: "Los jueces contra el franquismo: 'Justicia Democrática'", en Díaz Sánchez, Pilar (ed.): *Los jueces contra el franquismo: Justicia Democrática*, Madrid, Maia Ediciones, 2016, pp. 19 – 45. Sobre o poder lexitimador dos manuais de dereito, consultar Fernández-Crehuet López, Federico (2011): "Manuales de Derecho como instrumento de legitimación", en Ruiz Resa, Josefa (ed.): *Política, economía y método en la investigación y aprendizaje del Derecho*, Madrid, Dykinson, pp. 39 – 64.

[131] Bastida, Francisco J.: *Jueces y franquismo. El pensamiento político del Tribunal Supremo en la Dictadura*, Barcelona, Ariel, 1986.

[132] Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996.

[133] Fontes que, so dificultades derivadas da nova Lei de Protección de Datos, a súa consulta é actualmente moito máis complicada ca entón.

Porén, como é natural, a obra ten algunhas limitacións, como a non utilización dun caso de estudo que observar dende unha perspectiva micro, o cal axudaría a entender mellor como se aplicou na práctica esta política xudicial do franquismo e como afectou realmente no día a día das persoas; o traballo de Lanero, pola contra, está máis enfocado ás instancias superiores da administración de xustiza[134]. Resulta sorprendente a ausencia de traballos posteriores que sigan esta vía aberta e profunden nas problemáticas introducidas por *Una milicia de la justicia*. Xa en 1996 escribía a autora na introdución:

> El ámbito de lo judicial en la época contemporánea puede ser considerado un nuevo territorio historiográfico. A pesar de ser una de las principales funciones del Estado, la administración de justicia ha recibido hasta el momento escasa atención por parte de los historiadores de la contemporaneidad en nuestro país, mientras que la fecunda labor de los historiadores del Derecho en este campo se limita todavía a los albores del siglo pasado.[135]

Un cuarto de século despois o panorama non é moi distante ao que Lanero esboza, alén de significativas obras de autores de referencia como Federico Fernández-Crehuet, Federico Vázquez Osuna, Glicerio Sánchez Recio, Pascual Marzal, Guillermo Portilla, Ignacio Tébar Rubio-Manzanares, Pedro Payá ou Miguel Pino Abad, que conforman un piar fundamental do corpus teórico do noso traballo —como se irá vendo no sucesivo—. Consideramos que este fenómeno vén derivado de diferentes factores. Por un lado, a cuestión do dereito pode chegar a ser un tema árido e complexo para as persoas de formación historiográfica, como xa destacamos en repetidas ocasións. Por outro, é innegable o peso que os 40 anos do franquismo —e a falta de xustiza transicional posterior— tiveron na historia do dereito delimitando claramente as principais liñas de investigación, deixando fóra das tendencias dominantes a instrumentalización que o réxime fixo do poder xudicial. Asemade, favorece isto a aparente neutralidade política dos maxistrados e fiscais, un mito que a ditadura se esforzou en fomentar. A teor disto, é interesante recuperar a reflexión de Pilar Díaz Sánchez:

> A partir de 1939 el proceso de depuración de jueces y fiscales fue demoledor, siendo el recurso a la expulsión del escalafón el sistema más utilizado. Los que "sobrevivieron" a las purgas se convirtieron en fieles aliados del dictador. … Se creó así un estamento funcionarial que debía tomar partido por el sistema, pero envuelto en un manto de falso apoliticismo. La idea era que "los jueces no hacían política", sólo se limitaban a cumplir las directrices marcadas. De este modo a partir de los años 50 del siglo pasado, el estamento judicial cerraba filas con el régimen franquista.[136]

Á parte, a tradicional independencia entre os estudos sobre historia e historia do dereito incide na falta de espazos para a colaboración entre profesionais de ambas formacións. Isto reproduce os xa mencionados obstáculos e dificulta o diálogo interdisciplinar, a cal é única saída posible á situación na que se atopan as investigacións sobre xustiza e ditadura, tan necesarias e desafortunadamente relegadas a unha posición marxinal.

A modo de conclusión, podemos esquematizar as principais tendencias apreciables neste ámbito de estudo dos últimos 30 anos. En primeiro lugar, reiteramos a súa situación marxinal en comparación a outras liñas de investigación no amplo abano

[134] Emporiso, a autora négase a empregar o termo poder xudicial na súa investigación, considerando que a falta de independencia da xudicatura rompe a separación de poderes e inhabilita o uso do concepto, optando pola solución de administración xudicial.

[135] Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, p. 17.

[136] Díaz Sánchez: "Los jueces contra…", 2016, pp. 19 – 21. Ver tamén Jiménez Villarejo, Carlos; Doñate Martín, Antonio: *Jueces, pero parciales. La pervivencia del franquismo en el poder judicial*, Barcelona, Pasado y Presente, 2012, pp. 17 – 36.

temático de traballos sobre guerra civil e ditadura. En segundo lugar, dentro do estudo da xustiza durante a guerra civil mantense unha primacía de investigacións centradas na administración de xustiza republicana ou a da ditadura franquista[137]. Por outra banda, os traballos que si atenden á instrumentalización da xustiza polos golpistas adóitanse centrar nas causas militares e nos consellos de guerra; un campo de estudo fecundo pero con limitacións se non se teñen en conta as eivas formuladas en anteriores páxinas. Alén da castrense, outras esferas da xurisdición especial *ex novo* franquista, como o Tribunal de Responsabilidades Políticas ou o Tribunal para a Represión da Masonaría e Comunismo, tamén teñen sido obxecto de máis investigacións[138]. Deste xeito, quedan reducidas a unha posición aínda máis subalterna aqueles traballos cunha perspectiva transversal, que inclúa tamén as xurisdicións ordinarias e, particularmente, a civil, esta última totalmente fóra do debate académico neste eido. Nunha situación semellante atópase a xurisdición eclesiástica, cuxo comportamento entre 1936 e 1939 aínda atinxe moitas incógnitas[139]. En derradeiro lugar, outra corrente que se repite é que, polo xeral, cando o obxecto das

[137] Algúns exemplos son Vázquez Osuna, Federico: *La rebel·lió dels tribunals. L'Administració de justícia a Catalunya (1931 – 1953). La judicatura i el ministeri fiscal*, Catarroja, Editorial Afers, 2005. Nieves Chaves, Sergio: "La justicia republicana durante la Guerra Civil: los tribunales Especial Popular y Especial de Guardia de Cuenca", en Higueras, Eduardo; López Villaverde, Ángel Luis; Nieves Chaves, Sergio (coords.): *El pasado que no pasa. La guerra civil española a los ochenta años de su finalización*, Cuenca, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2020, pp. 192 – 193. Marzal Rodríguez, Pascual: *Magistratura y República. El Tribunal Supremo (1931 – 1939)*, Valencia, Editorial Práctica del Derecho, 2005. Ruiz, Julius: *El Terror* Rojo, Barcelona, Booket, 2012. Sevillano Calero, Francisco: *La Guerra Civil en Albacete. Rebelión militar y justicia popular (1936 – 1939)*, Alacante, Diputación Provincial de Alicante – Instituto Alicantino de Cultura Juan Gil-Albert, 1995. Tébar Rubio-Manzanares, Ignacio: *Derecho penal del enemigo en el primer franquismo*, Sant Vicent del Raspeig, Publicacions de la Universitat d'Alacant, 2017. Bastida, Francisco J.: *Jueces y franquismo. El pensamiento político del Tribunal Supremo en la Dictadura*, Barcelona, Ariel, 1986. Santacreu Soler, José Miguel: "La repressió judicial: la Causa General", en Pagès Blanch, Pelai (dir.): *Franquisme i repressió. La repressió franquista als Països Catalans (1939 – 1975)*, Valencia, Universitat de València, 2004, pp. 59 – 73. Carrillo, Marc: "La legislació repressiva de la dictadura franquista en el període 1939 – 1959", en Pagès Blanch, Pelai (dir.): *Franquisme i repressió. La repressió franquista als Països Catalans (1939 – 1975)*, Valencia, Universitat de València, 2004, pp. 75 – 101. Aragoneses, Alfons: "El derecho bajo el franquismo. Transformaciones del sistema jurídico español", en Capellà, Margalida, y Ginard, David (coord.), *Represión política, justicia y reparación. La memoria histórica en perspectiva jurídica (1936 – 2008)*, Palma de Mallorca, Documental Balear, 2009, pp. 123 – 159. Cancio, Raúl César: *Guerra Civil y Tribunales: de los jurados populares a la justicia franquista (1936 – 1939)*, Cáceres, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Extremadura, 2007. Álvaro Dueñas, Manuel: *«Por ministerio de la ley y voluntad del Caudillo». La jurisdicción Especial de Responsabilidades Políticas (1939 – 1945)*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2006. Velo i Fabregat, Elisabet: "Una aproximación al estudio de la represión sobre las mujeres durante el Franquismo desde la Historia del Derecho: las juzgadas en el Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas", *Locus. Revista de História*, 2020, pp. 54 – 79.

[138] Anderson, Peter: *The Francoist Military Trials. Terror and Complicity, 1939 – 1945*, New York – Milton Park, Routledge, 2010. Chaves Rodríguez, Candela: *Sentenciados. La represión franquista a través de la justicia militar y los consejos de guerra en la provincia de Badajoz, 1937 - 1950*, Badajoz, PREMHEX, 2015. Prieto Borrego, Lucía: "Implantación y funcionamiento de la justicia militar en la provincia de Málaga (1937)", *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea*, núm. 22, pp. 2021, 265 – 292. Espinosa Maestre, Francisco: *La justicia de Queipo. Violencia selectiva y terror fascista en la II División en 1936: Sevilla, Huelva, Cádiz, Córdoba, Málaga y Badajoz*, Barcelona, Crítica, 2006 [2000]. Gutiérrez Molina, José Luis: *La Justicia del Terror. Los consejos de guerra sumarísimos de urgencia de 1937 en Cádiz*, Cádiz, Ediciones Mayi, 2014. González Padilla, Eusebio: "La justicia militar en el primer franquismo", en Gutiérrez Navas, Manuel; Rivera Menéndez, José Rivera (coords.): *Sociedad y política almeriense durante el régimen de Franco. Actas de las Jornadas celebradas en la UNED durante los días 8 al 12 de abril de 2002*, Almería, Instituto de Estudios Almerienses, 2003, pp. 155 - 166. Pino Abad, Miguel: "El Alto Tribunal de Justicia Militar (1936 – 1939)", *Revista Española de Derecho Militar*, núm. 92, 2008, pp. 145 – 168. Pino Abad, Miguel: "Los albores de la suprema jurisdicción castrense franquista", *Anuario de Historia del Derecho Español*, tomo 84, 2014, pp. 365 – 387. Portilla, Guillermo: *La consagración del Derecho penal de autor durante el franquismo. El Tribunal Especial para la Represión de la Masonería y el Comunismo*, Granada, Comares, 2009. Portilla, Guillermo: *El Derecho Penal bajo la dictadura franquista. Bases ideológicas y protagonistas*, Madrid, Dykinson, 2022. Ruiz, Julius: *La justicia de Franco. La represión en Madrid tras la Guerra Civil*, Barcelona, RBA, 2012 [2005]. Peña Rambla, Fernando: *La aplicación de la Ley de Responsabilidades Políticas en la provincia de Castellón*, Tese de doutoramento inédita, Universitat Jaume I, 2008. Jiménez Villarejo, Carlos: "La destrucción del orden republicano (apuntes jurídicos)", *Hispania Nova*, núm. 7, 2007, pp. 1 – 30. Prada Rodríguez, Julio: "Las Comisiones Provinciales de Incautación de bienes en Galicia (136 – 1939)", *Ayer*, núm. 109, 2018, pp. 297 – 323.

[139] Ibán Pérez, Iván Carlos: "El derecho eclesiástico de la 'zona nacional' durante la guerra civil, 18-VII-1936 a 1-IV-1939", *Anuario de Historia del Derecho Español*, 57, 1987, pp. 634 – 663.

UBU

investigacións é o estudo do persoal da administración de xustiza, faise dende a súa perspectiva como vítimas da violencia franquista mediante políticas de depuración[140]. Neste sentido, aínda que si hai un consenso no papel cómplice dunha importante parte da maxistratura co novo réxime, aínda non temos constancia de traballos que liguen explicitamente o estudo do persoal xudicial, ou do Estado na súa vertente xurisdicional durante o golpe, a guerra e a ditadura, con responsabilidades no xiro dos perpetradores.

Son moitas as preguntas que nos debemos facer sobre o comportamento da xustiza durante o golpe e a guerra civil española. É preciso que esta deixe de ser obviada, pois isto só mantén o seu descoñecemento. Non nos debemos achegar a ela nin dende unha perspectiva teleolóxica nin con ideas preconcibidas, senón que cómpre que nos aproximemos a ela cun novo ollar, máis aberto. Atendendo aos avances da historiografía sobre a guerra civil dos últimos anos e aos horizontes novos que quedan por explorar, pensamos que unha investigación formulada nos termos da nosa pode ser unha útil contribución ao debate académico.

1.3.4. A historia local en Pontevedra e a literatura memorialista

Claudio González Zúñiga, coa súa *Historia de Pontevedra* de 1846, pavimentou o camiño para a produción historiográfica lerense da que bebemos nós[141]. Esta, á súa vez, enmárcase nunha fecunda corrente historiográfica centrada nas consecuencias da guerra civil en Galicia, con autoras e autores xa mencionados nas páxinas anteriores e outros indicados a continuación ou na bibliografía final. A multiplicidade de traballos sobre o pasado a cidade dende as máis diversas perspectivas permítenos na nosa investigación dar un paso máis alá e ofrecer algo que non sexa só que pasou en Pontevedra na guerra civil; senón que, coa guerra como suceso transformador de fondo, aumentamos a nosa lente de análise para achegarnos a un fenómeno moi concreto dentro da mesma. Cabe sinalar a profusa produción historiográfica sobre a cidade de Pontevedra elaborada por profesionais da historia local. Destacaremos principalmente aqueles títulos que se centran na Pontevedra dos anos da guerra. Á parte, no apartado de fontes, comentaremos obras que abordan este mesmo período pero dende unha perspectiva autobiográfica.

En primeiro lugar, é de mención obrigada *Inmolados gallegos*, de Luis Lamela (1993)[142]. A obra, en aparencia rigorosamente documentada —malia que carece das notas ao pé que permitan identificar e verificar as fontes empregadas—, contén unha das máis completas e detalladas descricións do golpe de Estado en Pontevedra, amais de anotacións sobre os xuízos militares celebrados contra algúns dos persoeiros políticos máis recoñecidos da cidade e as súas execucións. Coetánea a esta é a *Historia de la ciudad de*

[140] Sánchez Recio, Glicerio: *El estigma republicano de la magistratura. La depuración franquista de los jueces*, Alacante, Universitat d'Alacant, 2020. Fernández-Crehuet López, Federico: *Jueces bajo el franquismo. Once historias (y una nota sobre la depuración de los funcionarios judiciales)*, Granada, Comares, 2011. Jimeno Aranguren, Roldán (ed.): *La represión de la administración de justicia en la guerra civil y el franquismo. Homenaje al juez Luis Elío*, Valencia, Tirant Lo Blanch, 2019. Blasco Gil, Yolanda: "Soporte jurídico de las depuraciones", en Cuesta, Josefina (dir.): *La depuración de funcionarios bajo la dictadura franquista (1936 – 1975)*, Madrid, Fundación Largo Caballero, 2009, pp. 27 – 50. Lanero Táboas, Mónica: "De jueces y docentes: reflexiones sobre las lógicas de la depuración administrativa", en Cuesta, Josefina (dir.): *La depuración de funcionarios bajo la dictadura franquista (1936 – 1975)*, Madrid, Fundación Largo Caballero, 2009, pp. 139 – 159. Lanero Táboas, Mónica: "La depuración de la magistratura y el ministerio fiscal en el franquismo (1936 – 1944)", *Jueces para la Democracia*, núm. 65 (2009), pp. 39 – 47.

[141] González Zúñiga, Claudio: *Historia de Pontevedra, o sea de la antigua Helenes fundada por Teucro, dá principio desde que se establecieron las colonias griegas en Galicia hasta nuestros días*, Lugo, Alvarellos, 1992 [1846].

[142] Lamela García, V. Luis: *Inmolados gallegos. Alexandro Bóveda, Víctor Casas, Telmo Bernárdez, Adrio Barreiro…*, Sada, Ediciós do Castro, 1993. Tamén, do mesmo autor, *Foucellas. El riguroso relato de una lucha antifranquista (1936 – 1952)*, Sada, Ediciós do Castro, 1992.

Pontevedra, de Xosé Fortes Bouzán (1993)[143]. A diferenza do anterior, trátase dunha historia xeral da cidade de Pontevedra, na que o golpe e a violencia posterior ocupan apenas catro páxinas e o período histórico do franquismo queda sorprendentemente excluído. Iso non impide que sexa probablemente a obra máis completa sobre a historia da cidade lerense no seu conxunto, necesaria para comprender a evolución de Pontevedra ata o ano 1936. Nunha liña moi semellante atópase tamén *Historia de Pontevedra*, de Antonio de la Peña Santos, Juan Juega Puig e Luis López de Guereñu Polán (1996), un pouco máis sintética que a anterior pero que a complementa ben[144].

A continuación hai que resaltar a investigación que Marie-Pierre Bossan desenvolve na cidade a comezos dos 90 e que resultará nunha tese doutoral defendida en Francia en 1998. Esta foi recentemente traducida ao galego e publicada como *Memoria da guerra civil en Galicia. O caso de Pontevedra* (2019)[145]. A obra consta de tres partes, das cales a que máis nos interesa a nós é a súa metodolóxica análise sobre as diferentes memorias da violencia golpista que conviviron na ditadura e na democracia. Porén, o verdadeiramente enriquecedor da investigación de Bossan é o seu traballo como entrevistadora, cedendo o material resultante ao fondo Historga da Universidade de Santiago de Compostela, permitindo a súa consulta na actualidade e abríndonos unha ventá dende a que poder escoitar a persoas que viviron o golpe en primeira persoa, preservando e facendo accesibles testemuños doutro xeito perdidos. Sobre a cuestión do fondo Historga volveremos no apartado de fontes e metodoloxía.

En quinto lugar podemos mencionar o ensaio de Lucio Martínez Pereda *Medo político e control social na retagarda franquista. Depuracións, incautacións e tribunais especiais da ditadura franquista en Pontevedra* (2015), que suxestivamente explora tres marcos de persecución —e socialización— na retagarda pontevedresa, incidindo no colaboracionismo civil: a persecución da masonaría, as comisións de incautación e responsabilidades políticas, e a depuración do maxisterio[146]. Sobre a depuración do maxisterio en Pontevedra tamén teñen traballado en detalle Ángel Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil, que veñen de publicar o máis completo estudo sobre o tema, resultado de anos de investigacións, en *Represión e deputación do maxisterio na provincia de Pontevedra. Análise teórica e estudo por partidos xudiciais, concellos e parroquias (1936 – 1942)* (2021)[147].

En derradeiro lugar, destacamos o traballo que o historiador Xosé Álvarez Castro vén facendo pola difusión da historia da violencia golpista na comarca de Pontevedra con numerosas colaboracións e publicacións. As máis significativas son *Pontevedra nos anos do medo* (2013) e *Pontevedra nos anos do silencio* (2022), coidada escolma dalgunhas das entradas que integran o seu blog *Pontevedra nos anos do medo* —produto de quince anos de pescudas—, dándolles unha estrutura e corpo analítico común[148]. O traballo de

[143] Fortes Bouzán, Xosé: *Historia de la ciudad de Pontevedra*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1993. Pouco despois, Fortes publicaría *Pontevedra en el espejo del tiempo*, Pontevedra, Caixa de Pontevedra, 1995.

[144] de la Peña Santos, Antonio; Juega Puig, Juan; López de Guereñu Polán, Luis: *Historia de Pontevedra*, Oleiros, Vía Láctea Editorial, 1996.

[145] Bossan, Marie-Pierre: *Memoria da guerra civil en Galicia. O caso de Pontevedra*, Santiago de Compostela, Fundación Luís Tilve, 2019 [1998].

[146] Martínez Pereda, Lucio: *Medo político e control social na retagarda franquista. Depuracións, incautacións e tribunais especiais da ditadura franquista en Pontevedra*, Vigo, Xerais, 2015. Do mesmo autor, *El pan y la cruz. Hambre y Auxilio Social durante el primer franquismo en Galicia*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2017.

[147] Porto Ucha, Ángel Serafín; Vázquez Ramil, Raquel: *Represión e deputación do maxisterio na provincia de Pontevedra. Análise teórica e estudo por partidos xudiciais, concellos e parroquias (1936 – 1942)*, Santiago de Compostela, Andavira, 2021.

[148] Álvarez Castro, Xosé: *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936–1939)*, Vigo, Xerais, 2013. Álvarez Castro, Xosé: *Pontevedra nos anos do silencio. Represión e resistencia na provincia de Pontevedra (1936–1951)*, Vigo, Xerais, 2022. Asemade, o blog é consultable en https://anosdomedo.blogspot.com/.

Álvarez Castro, tanto na súa vertente divulgativa como na investigadora, convérteo probablemente no principal autor de consulta á hora de coñecer máis sobre a Pontevedra do golpe do 36, profundando nas diferentes dimensións da violencia e, de forma máis recente, de resistencia á mesma. Se ben as vítimas son o eixe temático que estrutura a súa narración, apréciase a vontade explícita de arroxar luz sobre o papel dos vitimarios.

En conxunto, a historiografía local pontevedresa —da que aquí enumeramos algúns dos principais títulos— supón unha moi proveitosa base de partida dende a que contextualizar e estudar a práctica xenocida na cidade após o verán de 1936. Con todo, non hai que esquecer que en ningún momento estes traballos se postulan como algo máis ca unha historia da cidade, polo que adoitan carecer dunha perspectiva comparada que permita desvinculalos de certo localismo nas conclusións. Asemade, unha tendencia xeral que observamos, excepto en contadas ocasións, é que estes traballos adoptan a forma de narración de feitos, carecendo da análise conceptual e innovación metodolóxica que se pode apreciar noutros eidos historiográficos. Non hai que esquecer, non obstante, que devandita labor innovadora só é posible grazas ao esforzo previo destas investigacións as cales nos permiten ir máis alá.

Á parte, diferenciamos neste epígrafe aquelas obras vinculadas á recuperación da memoria histórica. Este grupo engloba os traballos que, se ben non están escritos por historiadoras ou historiadores, abordan o pasado da cidade nos seus textos. Son crónicas persoais e subxectivas da violencia, con aberto ton militante. Buscan, como di Luís Bará, «transmitir o relato emocional da represión» loitando contra o seu esquecemento[149]. Entre algunhas das limitacións que atopamos dentro desta corrente, destacamos o tema das fontes: a súa escolla e achegamento crítico é, en ocasións, inconsistente e varía moito segundo a autoría; ademais adoitan carecer do carácter metodolóxico propio das obras académicas historiográficas, primando a escrita emocional sobre o demais. En ocasións, critican con dureza o academicismo e algunhas están fortemente marcadas por unha retórica política partidista, o cal non impide que poidan —novamente, coa debida prudencia— ser de utilidade na aproximación ao universo de estudo, como plasmación escrita da fonte oral. Ademais, en tanto que algunha das autoras e autores están moi vinculados a proxectos con patrocinio das institucións locais e provinciais, coñecer mellor o seu traballo sérvemos para entender o estado da cuestión na cidade. Por outra banda, este tipo de libros, polo xeral, teñen un menor percorrido no tempo en comparación coa literatura autobiográfica ou a historiografía local. É dicir, aínda que atopamos algúns anteriores á Lei de Memoria Histórica do 2007, a meirande parte deles xurdiron con posterioridade á mesma, a tenor do activismo dos propios autores no movemento memorialista, contando amais algúns deles no caso pontevedrés cun claro apoio do concello e deputación[150].

A primeira das obras a destacar dentro desta subcategoría é *A memoria e o esquecemento. O franquismo da provincia de Pontevedra*, de Gonzalo Amoedo López (2010), quen no preámbulo admite que «non é un libro de historia, senón de memoria

[149] Vidal, Carme: "Luís Bará: 'Trato de transmitir o relato emocional da represión e a resistencia'", *Nós Diario*, 18/01/2015. Dispoñible en: https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/luis-bara-trato-transmitir-relato-emocional-da-represion-resistencia/20150117124453034117.html [últ. consulta o 25/04/2022].

[150] Aínda que o patrocinio institucional no marco da Lei da Memoria Histórica foi breve no tempo en tanto que os gobernos do PP na Xunta (dende o 2009 ata a actualidade) e no goberno español (dende o 2011 ata o 2018) puxeron fin ás políticas públicas que neste eido impulsara PSdG-PSOE e BNG, a permanencia deste último no concello de Pontevedra amparou o desenvolvemento de traballos en prol da recuperación da memoria histórica, coas vítimas da violencia golpista e franquista no centro do relato; coa chegada do PSOE á deputación no 2015, os fondos para este tipo de iniciativas aumentaron.

construída con paixón»[151]. Aínda que con honestidade reivindique o carácter non historiográfico do seu estudo, Amoedo López avala parte das súas pescudas con fontes documentais de calidade. Á parte de situarnos na Pontevedra dos anos previos do golpe ata a posguerra, a maior aportación desta obra é a inclusión dos perpetradores da violencia como protagonistas, algo pouco habitual por aquel entón, como vimos. En *A memoria e o esquecemento* inclúese unha exhaustiva análise da organización interna de Falanxe na provincia de Pontevedra, chegando a anexar unha base con seis mil nomes de afiliados á mesma. Emporiso, non indica de onde foron sacadas cada unha das referencias, dificultando o seu rastrexo; concretamente chaman a atención os falanxistas da cidade de Pontevedra, pois nós non atopamos dita relación de afiliados no fondo correspondente do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra[152]. Polo tanto, se ben si queremos deixar constancia da súa existencia, non a teremos en conta no noso traballo.

En segundo lugar, cabe mencionar a produción autoeditada e en colaboración co concello de Pontevedra da xornalista Montse Fajardo sobre a memoria das mulleres vítimas da violencia golpista, como *Matriarcas, mulleres en pé de vida* (2013), *Un cesto de mazás, memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu* (2015) ou o texto "As que quedaron", dentro do libro colectivo *Do gris ao violeta. Achega á historia das mulleres pontevedresas* (2015)[153]. Na obra de Fajardo vemos reproducidas algunhas das limitacións metodolóxicas xa descritas, mais é destacable a actividade divulgativa da autora e a facilidade de facer chegar o seu mensaxe á cidadanía grazas, entre outras, aos programas de recuperación da memoria histórica do concello e da deputación de Pontevedra e á confianza que depositan nela devanditas institucións; sendo non obstante de lamentar que non haxa maior presencia de profesionais da historia nesas iniciativas.

Finalmente, neste aparte sobre obras vinculadas ao movemento en prol da recuperación da memoria histórica, destacaremos a Luís Bará e o seu libro *Non des a esquecemento. Relatos do xenocidio fascista en Galiza, da resistencia e da solidariedade* (2017), o cal é unha recompilación de artigos previamente publicados no seu blog homónimo. Nas súas páxinas, Bará trasládanos a breves sucesos emotivos sobre a violencia da guerra civil na cidade de Pontevedra e nos seus arredores, prestando particular interese a aqueles protagonizados por mulleres. Como o describiu a propia Montse Fajardo no epílogo da obra, trátase dun «relato emocional, subxectivo, belixerante, impregnado da memoria oral, receoso dos informes oficiais e afastado tamén da neutralidade e da distancia de moitos estudos académicos»[154]. Memoria como militancia, o cal pode ser unha boa forma de entender este tipo de literatura. Son, en definitiva, libros que tratan sobre o pasado, pero non son libros de historia no seu estrito senso.

---

[151] Amoedo López, Gonzalo: *A memoria e o esquecemento. O franquismo da provincia de Pontevedra*, Vigo, Xerais, 2010, p. 27.

[152] Fondo da Jefatura Provincial del Movimiento (AHPPo). Sobre o núcleo da Falanxe na cidade de Pontevedra apenas se conserva nada, alén de exhortos e acuses de recibo; pola contra, si que hai documentación abundante dos integrantes e dos marcos de socialización das Falanxes locais doutros municipios da provincia.

[153] Fajardo, Montse: *Matriarcas, mulleres en pé de vida*, autopublicado, 2012. Fajardo, Montse: *Un cesto de mazás, memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu*, autopublicado, 2015. Fajardo, Montse: "As que quedaron", en VV.AA.: *Do gris ao violeta. Achegas á historia das mulleres en Pontevedra*, Pontevedra, Concello de Pontevedra, 2015, pp. 77 – 88.

[154] Bará, Luís: *Non des a esquecemento. Relatos do xenocidio fascista en Galiza, de resistencia e da solidariedade*, Gondomar, Instituto de Estudos Miñoráns, 2017, p. 233. O blog, cuxa última entrada (alomenos no momento no que escribimos estas liñas en abril do 2022) é do 2018, está dispoñible en http://nondesaesquecemento.blogspot.com/.

1.4. Metodoloxía e fontes

1.4.1. Metodoloxía empregada na investigación

O eixe vertebrador deste traballo foi a noción de *espazo*. Espazo entendido de múltiples formas: no seu sentido físico, de lugar xeográfico; pero tamén en relación ao que ese espazo representa: responsabilidade, poder, Estado, violencia, resistencia, esquecemento… Entendéndoo pois na súa primeira acepción, o espazo escollido, como xa sabemos, foi a cidade de Pontevedra. Pero aumentando aínda máis a nosa escala de análise, certos espazos da cidade mereceron a nosa detallada atención, actuando como os verdadeiros núcleos de estudo. E, tendo en consideración que o noso achegamento é ao Estado xurisdicional, referímonos —malia que non de xeito exclusivo ou excluínte— aos tribunais, en concreto aos que tiñan dependencias na cidade. Pontevedra, en tanto que capital de provincia, era sede de diversos xulgados e tribunais, entre eles: un Xulgado Municipal, un Xulgado de Primeira Instancia e Instrución, unha Audiencia Provincial e un Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo; á parte, ao ser praza militar, tamén acollerá consellos de guerra. Todos eles, e en especial a Audiencia, son os representantes máximos do poder xudicial na provincia e vehículos intermediarios entre a sociedade e o Estado. Conforman o universo xurisdicional obxecto da nosa investigación, e a cada orde lle corresponderá un capítulo. Deixamos fóra da análise aquelas xurisdicións que non tiñan sede fixa na cidade, como é o caso da xurisdición eclesiástica, a xurisdición de Mariña ou a xurisdición especial para a represión da masonaría e o comunismo (1940); ou aqueles organismos vinculados á xustiza pero carentes de potestade xurisdicional, como o *Servicio Nacional* —ou *Provincial— de Justicia y Derecho* de Falanxe[155].

Unha vez delimitados os órganos de estudo, dividimos os nosos esforzos en dúas esferas complementarias: o estudo da violencia do golpe e da guerra civil, e o estudo das xurisdicións en si mesmas. Para o primeiro, partimos do máis coñecido, que era o estudo das vítimas das matanzas e da persecución. Maila que isto non fose unha cuestión novidosa —posto que as vítimas, como vimos, son as principais protagonistas da literatura especializada—, permitíanos elaborar ferramentas coas que poder ir máis alá; seguindo o camiño principal poderemos desviarnos por carreiros menos transitados.

Neste sentido, o proxecto interuniversitario *Nomes e Voces* —en adiante, NeV— foi o principal punto de referencia para nós[156]. En concreto, a súa base de datos e o fondo

[155] Máis tarde, a denominación de *Servicio* mudaría polo de *Delegación*. Orixinalmente, esta foi creada "al servicio del Resurgimiento Nacional" e en prol do "desarrollo de la obra Nacional-Sindicalista", como indicaban os Estatutos de *FET de las JONS* publicados o 7 de agosto de 1937. Os seus primeiros máximos responsables, Antonio Luna (1937 – 1939) e Blas Pérez González (1939 – 1942) aparecerán en repetidas ocasións ao longo do noso traballo, pois tiveron un papel esencial na concepción falanxista da xustiza (e da xudicatura) dentro do Novo Estado. E, se ben en ningún momento substituíu en funcións á Comisión ou Ministerio de Xustiza (máis ben buscaba *orientalo*), a creación do Servizo ou Delegación Nacional de Xustiza e Dereito evócanos á observación de Arendt con respecto á "curiosa duplicación de oficinas" dentro da maquinaria administrativa do Terceiro Reich: "Cunha extraordinaria meticulosidade, os nazis aseguráronse de que cada función da administración estatal fose duplicada por algún órgano do partido". Unha forma máis do exercicio *totalitario* do poder. Arendt: *The Origins of …*, 2017 [1951], p. 518. Tradución propia. Sobre o Servizo e a posterior Delegación de Xustiza e Dereito, consultar brevemente Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, p. 71 e ss. O texto constituínte do Servizo Nacional de Xustiza e Dereito, en «Decreto núm. 333 - Aprobando los Estatutos de "Falange Española Tradicionalista y de las J.O.N.S."», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 291, 07/08/1937, pp. 2738 – 2742. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/291/A02738-02742.pdf [últ. consulta o 22/08/2022].

[156] A web do proxecto é www.nomesevoces.net. A base de vítimas é accesible a través de www.vitimas.nomesevoces.net; a base de entrevistas foi integrada no 2018 no proxecto Terra e Memoria, da Universidade de Santiago de Compostela, dispoñible en www.terraememoria.usc.gal. Para máis información sobre o proxecto de NeV, consultar o artigo que elaboramos no aniversario da súa creación Buxeiro, Xabier; Cidrás, Aldara: "*Nomes e Voces*: 15 años de un proyecto pionero en el estudio de la violencia golpista", *Nuestra Historia*, núm. 11, 2021, pp. 301 – 306. De menor magnitude, cabe destacar o proxecto publicado en formato libro en Grandío Seoane,

de gravacións de memoria oral convertéronse en ferramentas fundamentais que nos serviu para poñer en diálogo o estudo xurisdicional coa violencia. Ao longo da nosa investigación, damos por válidas as cifras e listado de vítimas de NeV, aínda que tendo en consideración que o traballo que este iniciou no 2006 non foi concluído ante a falta de fondos dende o 2012; segue sendo, pese a todo, o proxecto máis preciso no territorio galego sobre a violencia golpista e un dos de principal referencia no Estado español. A base de datos do proxecto conta actualmente con 14.979 rexistros[157]. Cada rexistro identifica a unha persoa vítima dun suceso, nomeadamente: campo de exterminio, desaparición, suceso descoñecido, detención, execución e execución fóra e Galicia, exilio, *gulag*, outras tipoloxías de morte, outras tipoloxías represivas, paseo, prisión, proceso e sanción.

Non obstante, tivemos que adaptar a base ás nosas necesidades para que resultase de maior utilidade: en tanto que a base non permite buscar ás vítimas segundo á provincia na que sufriron a violencia —só por veciñanza—, nós procesamos e corroboramos meticulosamente tódolos datos para ofrecer cifras o máis aproximadas posibles á *violencia que tivo lugar* na provincia e na cidade de Pontevedra, sen importar a súa veciñanza; deste xeito, cremos, podemos chegar a elaborar unha cartografía do terror o máis fiel posible á realidade.

Na nosa primeira procura empregamos o valor de «veciñanza» para obter a lista de persoas vítimas da violencia golpista veciñas de Pontevedra. A base ofrece 264 resultados, dos cales 238 correspóndense con varóns e 26 con mulleres. Destas 264 vítimas, o 23,86% terían sido asasinadas: 39 executadas, 22 paseadas e 2 con outras tipoloxías de morte, segundo os parámetros de procura da base; isto evidencia como os procedementos castrenses destacan como dispositivos eliminacionistas con respecto a outras fórmulas punitivas. Estas vítimas mortais foron na súa grande maioría homes, pois entre elas só atopamos a dúas mulleres: Consuelo Acuña Iglesias e Elvira Lodeiro González, fusiladas o 14 e o 16 de decembro de 1936[158].

Pero non tódalas persoas que eran veciñas de Pontevedra foron axuizadas alí. Este é o caso de José Collazo Canda, comerciante de Salcedo de 26 anos procesado na praza militar de Lugo por traizón en 1937 e condenado a pena de morte, que máis tarde sería conmutada a cadea perpetua[159]. É tamén o caso daqueles procesados pola xurisdición de Mariña, cuxos consellos de guerra tiñan lugar en Ferrol e, polo tanto, fóra do noso marco

Emilio (ed.): *Anos de odio. Golpe, represión e guerra civil na provincia da Coruña (1936 – 1939)*, Deputación Provincial de A Coruña, A Coruña, 2007. Este viña acompañado dun CD cunha moi completa base de datos coas causas militares incoadas na provincia da Coruña. Outros proxectos con buscadores propios son o do proxecto *Todos los nombres* (www.todoslosnombres.org), o da *Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica* (https://memoriahistorica.org.es/listados-de-victimas/), *Combatientes* (www.buscar.combatientes.es), o da *Asociación Granadina para la Recuperación de la Memoria Histórica* (http://granadamemoriahistorica.es/?page_id=262) ou o portal do ministerio de Cultura e Deporte sobre as vítimas da guerra (http://pares.mcu.es/victimasGCFPortal/buscadorSencilloFilter.form). Varios de estes, entre outros, foron recentemente integrados nas bases do metabuscador da asociación *Innovation and Human Rights* (www.ihr.world/es). Cabe sinalar que ningunha destas ten o carácter de lista completa ou oficial de tódalas vítimas do golpe, da guerra e da ditadura en España.

[157] Referirémonos constantemente á base de datos externa do proxecto, de acceso público. Na interna cóntanse con arredor duns 3.000 rexistros máis que non puideron ser verificados nin transferidos á base externa ante o déficit orzamentario.

[158] Segundo indica a literatura especializada, ámbalas dúas son procesadas, xunto a Ramón Acuña Iglesias tras os coñecidos como "sucesos de Salcedo". Elvira Lodeiro tamén será encausada na C/1229/36 (ca. 220, f. Pontevedra, AIMNOR) e, xa morta, na C/720/37 (ca. 26, f. Pontevedra, AIMNOR). Para máis información, ver Álvarez Castro, Xosé: *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936 – 1939)*, Vigo, Xerais, 2013, pp. 159 – 163.

[159] C/1028/37 (ca. 80, f. Lugo, AIMNOR).

espacial de estudo, como explicaremos máis adiante[160]. Ao poñer no centro da análise o espazo como metodoloxía de traballo a cuestión da veciñanza das vítimas choca cos obxectivos establecidos: coñecer a violencia *en* Pontevedra. A cidade, en tanto que capital de provincia, actuou como o principal nódulo da acción violenta burocratizada da provincia e organizada, dende arriba, polas autoridades militares rebeldes. En efecto, case 300 pontevedreses e pontevedresas sufriron en primeira persoa os efectos da violencia dos sublevados, pero moitas máis persoas viviron en Pontevedra as consecuencias do terror: pasando pola sala magna do goberno civil como procesadas en consellos de guerra, enchendo os seus cárceres superpoboados, sendo asasinadas nas zonas preferidas polos golpistas para tal fin.

Volveremos sobre este tema e incidencia da violencia no capítulo 3, ofrecendo datos concretos. Secasí, insistimos no carácter non definitivo destas cifras, debendo tomalas con prudencia, así como no carácter funcional —e non absoluto— das categorías. Deste xeito, consideramos que esta metodoloxía nos permite achegarnos á magnitude o máis real posible da violencia no espazo, obtendo cifras ata o momento inéditas.

Asemade, a modo contextual, servímonos da literatura autobiográfica, a memoria local e as fontes orais para afondar sobre o fenómeno violento e as súas consecuencias, prestando especial atención ás pegadas que a administración de xustiza puidese ter deixado no recordo.

Á vez que reconstruíamos as vítimas da violencia, fómonos distanciando do coñecido para aproximarnos ao estudo do universo xurisdicional pontevedrés entre 1930 e 1942. Para iso, accedemos a tódolos arquivos a nivel local, provincial e estatal que puidesen ofrecer información de interese, como se explicará de xeito máis detallado no apartado de fontes. O resultado foi a elaboración de varias bases de datos propias, que consultabamos, combinabamos ou confrontabamos segundo as cuestións que quixésemos responder. Deste modo, no procesamento de datos e de información vinculámonos ás humanidades dixitais, coa base de datos como ferramenta analítica fundamental a través da cal entender a realidade.

As preguntas e metodoloxía concretas seguidas en cada capítulo, como comprobará a persoa lectora, varían lixeiramente, pois tampouco as fontes son idénticas. Polo tanto, a adaptabilidade aos marcos que delimitan as fontes é norma. A forma na que nos aproximamos á xurisdición de guerra ten especificidades propias que non se poden replicar no estudo, por exemplo, da xurisdición municipal. Emporiso, a análise empregada para todas e cada unha das ordes xurisdicionais caracterízase por dous elementos transversais: a vontade de atopar unha resposta común, sexa cal sexa a xurisdición de estudo; e a integración dunha metodoloxía mixta que combine a eficacia da interpretación cualitativa e cuantitativa. Esta opción, non exenta das súas problemáticas, tense amosado como a perspectiva máis acaída no eido das humanidades polo pragmatismo que ofrece no estudo de fenómenos complexos[161].

De forma semellante, o pragmatismo no achegamento ás fontes tamén se traduce na perspectiva de análise empregada: e é que, se ben a nosa formación e o noso ollar está fondamente arraigado na historiografía, o campo de estudo obxecto da nosa investigación sitúanos a medio camiño entre a historia e a historia do dereito; así as cousas, apostamos

[160] Entre eles, Luis Abilleira González, Manuel Álvarez Porto, José Amoedo Peón, José Conde Vilas, Genaro Estévez Posada, Adolfo García Lago, Manuel Lorenzo Eiras, Albino Novas Álvarez, Fausto Alfonso Pérez Puentes, Francisco Ruibal Viqueira, Juan Suárez Acuña… En total, a Armada abriulles causa en Ferrol a 21 veciños de Pontevedra.

[161] Johnson, R. Burke; Onwuegbuzie, Anthony J.; Turner, Lisa A.: "Toward a Definition of Mixed Methods Research", *Journal of Mixded Merethods Research*, vol. 1, núm. 2, 2007, pp. 112 – 133.

pola interdisciplinariedade hermenéutica, aproximándonos a outras esferas de coñecemento como a filosofía do dereito, os estudos culturais, a socioloxía ou a análise do discurso. Velaquí os eixes de coordenadas dende os que nos situamos.

Mención especial merece a cuestión da perspectiva de xénero. Partimos do convencemento de que a perspectiva de xénero non é sinónimo de estudos de xénero, senón que a súa inclusión ha ser necesaria e transversal, sexa cal sexa o tema de estudo. Na nosa investigación, esta atópase inevitablemente condicionada polo obxecto de estudo e polas fontes, pero non por iso é inexistente. É inevitable que as mulleres aparezan numericamente menos representadas ca os homes, pois, como veremos, eran moitos os obstáculos —ou directamente impedimentos— que tiñan para acceder ás profesións relacionadas co dereito na nosa cronoloxía de análise; á parte, o obxectivo principal da persecución política golpista foron varóns. Porén, as fontes xudiciais evidéncianse como unha interesante ventá dende á que observar a realidade social,da que, obviamente, as mulleres tomaban parte[162]. Así as cousas, fixemos un constante esforzo para representar esta realidade coa maior fidelidade posible sen esquecelas do relato.

1.4.2. Fontes: tratamento e problemáticas

1.4.2.1. Fonte oral e literatura autobiográfica

Traballar con feitos que ocorreron hai nove décadas devén na imposibilidade de realizar entrevistas ás persoas que os viviron de primeira man. O condicionante biolóxico da fonte oral é un elemento característico da súa propia natureza. Trátase, asemade, dunha fonte cun inherente carácter conversacional, de diálogo entre persoa entrevistada e entrevistadora, polo que esta tradicionalmente só podía ser interpretada polas persoas presentes na sala; as transcricións que resultaban da entrevista —se é que as había— non lograban captar toda a plasticidade da comunicación oral, perdéndose os cambios na modulación, os titubeos, os silencios, os risos ou os prantos.

A creación de fondos de entrevistas gravadas dende os anos 80 veu pór solución a esta problemática. Para o caso galego, mencionamos o proxecto Historga (1987) e o de NeV (2006), cuxos fondos de memoria oral unificáronse no 2018 nun único arquivo ao abeiro do proxecto Terra e Memoria —en adiante, TeM—. Actualmente, o fondo común conserva máis de 3.000 entrevistas, as cales conformaron o núcleo do noso traballo coa fonte oral ao ofrecer diversos mecanismos de procura, como veciñanza da persoa entrevistada ou palabras clave[163]. Interesámonos fundamentalmente por entrevistas cuxa narración estivese centrada na Pontevedra dos anos 30 e 40, con especial atención a aquelas que falasen sobre o fenómeno violento do golpe de Estado do 36 e a guerra civil e/ou sobre a xustiza. Os resultados foron parcos. Malia que foron de utilidade a nivel contextual e para contrastar certas cuestións, conforman unha fonte secundaria no groso

[162] A este respecto, resulta suxerinte o artigo do politólogo e historiador Lisandro Gallucci ao propoñer que as fontes xudiciais poden ser unha ferramenta dende a que deixar falar (e por fin escoitar, ou neste caso, ler) aos subalternos, en referencia ao clásico traballo de Spivak, para quen as mulleres eran *subalternas da subalternidade*. Ver Gallucci, Lisandro Juan: "Las fuentes judiciales y el estudio de los sectores subalternos. Desafíos y posibilidades de su relación en la investigación historiográfica", *Revista Electrónica de Fuentes y Archivos del Centro de Estudios Históricos*, 2010, pp. 1 – 16. Consultar tamén, se interesa, Spivak, Gayatri Chakravorty: *Pode o subalterno falar?*, Belo Horizonte, Editora UFMG, 2010 [1985/8].

[163] Unha investigación na que detallamos as diferenzas entre ambos fondos en relación á violencia sufrida polas mulleres no contexto do golpe e da guerra é consultable en Cidrás, Aldara: "Las violencias contra las mujeres en la guerra civil española según sus supervivientes. La provincia de Pontevedra (1936 – 1939)", en Cañón, Lisandro (coord.): *Investigaciones sobre terrorismo de estado y estado de excepción*, Bos Aires, Lago Editora, 2021, pp. 177 – 208.

de fontes empregadas en toda a investigación, pois só unha pequena parte das entrevistas indexadas falan sobre o sistema de tribunais ou a administración de xustiza.

En relación coa fonte oral, incluímos neste apartado a literatura autobiográfica. Neste xénero literario, a medio camiño entre a literatura e a historia, os autores expoñen parte das súas vivencias persoais ou as súas memorias. Referímonos aquí a autores, remarcando o masculino plural, posto que, cando nos referimos a relatos retrospectivos sobre a guerra civil española, atopamos que a maior parte das sinaturas son masculinas[164]. Podemos distinguir o corpus testemuñal en dúas vertentes: unha de carácter máis costumista e outra máis reivindicativa.

O primeiro grupo é o de maior percorrido, pois atopamos exemplos del xa na posguerra, coma o caso da obra colectiva coordinada polo debuxante galeguista Agustín Portela Paz *Pontevedra, boa vila* (1947)[165]. Tecnicamente non se trata dunha autobiografía, pois consiste nunha gabanza plural á cidade de marcada natureza anecdótica, con relatos de diversa índole sobre o día a día en Pontevedra. Porén, se ben non aporta información reveladora sobre o golpe e a guerra na cidade, si resulta nunha interesante mostra sobre o galeguismo e a sociedade pontevedresa na posguerra, compartindo páxinas colaboracionistas do réxime coma José Filgueira Valverde e Vicente Risco con outros escritores coñecidos pola súa oposición á ditadura, como Celso Emilio Ferreiro ou Fermín Bouza Brey[166].

Dentro desta categoría tamén temos os textos publicados entre 1949 e 1952 de Prudencio Landín Tobío, posteriormente editados nun só volume baixo o título *De mi viejo carnet*[167]. Descrito no prólogo como «una tardía recopilación de recuerdos y sucesos», as memorias de Landín Tobío poden ser unha estimulante fonte coa que nos aproximar á cotiandade de Pontevedra, con relatos máis útiles para a persoa historiadora —como as notas sobre a vida social da cidade— e outros cun papel máis secundario para dita fin. De carácter similar é *Pontevedra y los pontevedreses*, de Francisco Javier Sánchez Cantón, unha escolma de textos publicadas durante a ditadura e postumamente recompilados[168]. Máis tardíos, aínda que comparten as características dos anteriores son,

[164] Existen, non obstante, exemplos deste tipo de literatura realizada por mulleres, aínda que non teñen como escenario a cidade de Pontevedra. Para o caso galego, destacamos García Segret, Josefa: *Abajo las dictaduras*, Vigo, Ediciones Gráficas de Galicia, 1982; e Ríos Lazcano, Isabel: *Testimonio de la guerra civil*, A Coruña, Ediciós do Castro, 1990. Dentro da literatura autobiográfica podemos integrar aqueles textos editados e publicados de forma vicaria, coma García del Real, Carlota; García del Real, Fernanda (Fernández Prieto, Lourenzo; Hervella García, Gustavo, eds.): *Historia de la guerra civil contada por dos hermanas. Memorias de golpe, revolución y guerra*, Granada, Comares, 2018.

[165] Portela Paz, Agustín: *Pontevedra, Boa Vila*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1985 [1947].

[166] A microhistoria e a prosopografía metodolóxica achégannos aos complexos matices das diversas actitudes sociais con respecto ao golpe e a ditadura. Serven de claro exemplo Celso Emilio Ferreiro ou Fermín Bouza Brey, quen formaron parte de institucións do réxime e nelas tiveron que convivir con franquistas destacados. Celso Emilio Ferreiro exerceu como funcionario na Fiscalía Provincial de Taxas de Pontevedra baixo as ordes do fiscal Ramón Rivero de Aguilar, coñecido polo seu papel exixindo duras penas nos xuízos sumarísimos a partir de 1936, entre os que destaca o proceso castrense contra Bóveda. Porén, isto tamén pode ser lido dende outro enfoque: a militancia nacionalista previa destes suxeitos non lles impediu chegar a postos de poder na ditadura, como Fermín Bouza Brey, quen, pese a ter sido sancionado sen emprego e soldo no 37, puido chegar a maxistrado da Audiencia Provincial de Pontevedra en 1946 e obter distincións honoríficas durante o réxime (se ben, como veremos, acabará sendo apartado definitivamente da maxistratura nos 50 por cuestións alén do político). Para unha aproximación a este tipo de figuras en todo o territorio galego, ver Buxeiro, Xabier; Cidrás, Aldara; García, Rafael; López, Conchi: "La modulación de la violencia en la retaguardia de la guerra civil española (1936-1939). De 'víctimas potenciales' a 'salvados integrados'", en Moreno Seco, Mónica (coord.); Fernández Sirvent, Rafael; Gutiérrez Lloret, Rosa Ana (eds.): *Del siglo XIX al XX. Tendencias y debates. Actas del XIV Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, Alacante, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2019, pp. 1894 – 1905.

[167] Landín Tobío, Prudencio: *De mi viejo carnet*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 1999 [1949 – 1952].

[168] Sánchez Cantón, Francisco Javier: *Pontevedra y los pontevedreses. Inéditos y dispersos*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 1973.

son *Estampas pontevedresas* de Hipólito de Sá Bravo (1977) e *Pontevedra de aquélla*, de Rafael Landín Carrasco (1986)[169]. Nestas obras, de carácter non político, as referencias ao golpe de Estado de 1936, a violencia da guerra civil e a represión da ditadura están completamente ausentes.

Na beira contraria atópanse as memorias de perseguidos polos sublevados e familiares de vítimas. Pola súa natureza de denuncia social e política e o marcado discurso antifranquista, son obras que foron publicadas trala caída do réxime de Franco. A este respecto é preciso destacar *Catro anos a bordo dunha Illa*, de Evaristo Mosquera, orixinalmente publicado en 1984 e no que relata a súa experiencia como preso no campo de concentración da illa de San Simón[170]. Asemade, sobresae dentro deste grupo *Sin odio, sin rencor, pero el recuerdo vivo*, de Gonzalo Adrio Barreiro (2004)[171]. Este último resulta de particular interese na nosa investigación pola profesión do autor, quen traballou como avogado na cidade dende 1946, ofrecéndonos pequenas panorámicas do mundo interno dos tribunais —algo que non fan Landín Tobío e Landín Carrasco pese a exercer tamén a avogacía en Pontevedra— e mesmo algúns recordos seus como estudante de bacharelato durante a República e a guerra civil.

Mención á parte merece unha obra que, se ben non é unha autobiografía en sentido estrito, si está a medio camiño entre esta e o xénero da literatura memorialística. Referímonos a *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, de Xerardo Álvarez Gallego, publicada por vez primeira en Bos Aires en 1972[172]. Xerardo Álvarez, home polifacético —avogado, escritor, xornalista e político—, militaba no Partido Galeguista de Pontevedra, onde tratou con Bóveda, de quen ademais era cuñado por parte da súa irmá, Amalia Álvarez Gallego. Após o fusilamento de Bóveda, Xerardo Álvarez marchou a América a través de Portugal e foi no exilio onde escribiu esta crónica de carácter haxiográfico sobre o mártir galeguista por excelencia[173]. Porén, esta biografía recolle elementos de grande valor sobre a actividade sociocultural da Pontevedra previa ao golpe —a *vida*—, o devir do nacionalismo galego —a *paixón*—, o golpe de Estado de 1936 e o conseguinte xuízo sumarísimo que conduciría á execución de Bóveda —a *morte*—. Non obstante, é preciso ter todas estas narracións en consideración mais coas debidas reservas pois, se ben se trata dunha obra abondo referenciada —coa potencialidade de ter creado ademais auténticos mitos como as supostas declaracións patrióticas de Bóveda perante o tribunal no consello de guerra: «A miña patria natural é Galicia…»—, moitas das afirmacións taxativas que realiza ou ben non están amparadas en fontes ou ben están directamente erradas. Veremos, e desmentiremos, exemplos disto ao longo dalgúns dos capítulos da tese.

É preciso ter presente que a literatura autobiográfica debe ser entendida e tratada como unha fonte a medio camiño entre as primarias e secundarias, presentando moitas

[169] de Sá Bravo, Hipólito: *Estampas pontevedresas. Recuerdos de mi niñez*, Pontevedra, Paredes, 1977. Landín Carrasco, Rafael: *Pontevedra de aquélla*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 1986. Asemade, dentro deste grupo poderiamos incluír as memorias noveladas de Xosé Fortes e o anecdotario da súa filla Susana Fortes, aínda que ambas referentes a feitos posteriores ao golpe de Estado de 1936. Fortes Bouzán, Xosé: *A rienda suelta*, A Coruña, Ediciones del Viento, 2019. Fortes, Susana: *Pontevedra, tal como éramos*, Santiago de Compostela, Ézaro, 2021.

[170] Mosquera, A. Evaristo: *Catro anos a bordo dunha Illa. Memoria dun preso en San Simón ou un estraño xeito de vivir a nosa guerra civil*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 2006 [1984].

[171] Adrio Barreiro, Gonzalo: *Sin odio, sin rencor, pero el recuerdo vivo*, Sada, Ediciós do Castro, 2004. Do mesmo autor, ver *La vida municipal en la II República Española. Examen de los municipios en la provincia de Pontevedra en ese período (1931 – 1936)*, Sada, Ediciós do Castro, 2008.

[172] Álvarez Gallego, Xerardo: *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, Bos Aires, Edicións Nós, 1972.

[173] Sobre a configuración de Bóveda como mártir do nacionalismo galego, ver Cidrás, Aldara: "Memory alephs: The symbolization of violence through places where 'Nothing Ever Happens'", en Míguez Macho, Antonio (ed.): *Sites of Violence and Memory in Modern Spain. From the Spanish Civil War to the Present Day*, Londres, Bloomsbury, 2021, pp. 132 – 135.

similitudes coa memoria oral, tanto na súa utilidade coma nas súas limitacións. Coma ela, tamén nos dá a oportunidade de axexar na intrahistoria da cidade, achegándonos a realidades cotiás que non aparecen recollidas na documentación oficial. Con todo, non debemos esquecer que calquera aportación non amparada en fontes documentais ten que ser tomada, insistimos, coa súa respectiva cautela.

1.4.2.2. Fontes hemerográficas

Así como a fonte oral e a literatura relacionada con esta resultou ser de aplicación principalmente contextual na nosa investigación, máis importancia tiveron as fontes hemerográficas, que si constitúen un piar fundamental que nos permitiu salvar algunhas das eivas que os baleiros documentais implicaban. O seu uso é transversal e enormemente diverso en tódolos capítulos: empregámola para a reconstrución de sucesos, historias de vida, nomeamentos, ascensos, sancións, promulgación de leis, etc.

Hai que diferenciar, por un lado, a hemeroteca dos diarios oficiais, en concreto o *Boletín de la Provincia de Pontevedra* e a *Gaceta de Madrid*, cuxa denominación variaría tralo golpe a *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España* primeiro e *Boletín Oficial del Estado* despois. Destes, foron a *Gaceta* e o *Boletín Oficial* os de maior utilidade para a nosa investigación: en primeiro lugar, porque as mudanzas no marco xurídico-legal que se suceden no noso traballo eran regularmente anunciadas neles, como voceiros do Estado; e, en segundo lugar, porque a súa dixitalización permite con relativa axilidade a consulta de cantidades inxentes de documentación[174]. Isto mesmo non se pode dicir do boletín provincial pontevedrés, o cal, malia estar dixitalizado, carece de buscadores de datos con tecnoloxía OCR —a diferenza do que pasa por exemplo, coa Gaceta/BOE ou cos boletíns oficiais das demais provincias galegas—; asemade, a web da Deputación da Provincial de Pontevedra, dende a que se consulta a hemeroteca do boletín provincial, tampouco permite a descarga de varios números simultaneamente (*bulk download*), dificultando o proceso de aplicación de tecnoloxía OCR de terceiros nesta documentación[175]. Un obstáculo técnico que consideramos incomprensible e unha mala aplicación da vontade dixitalizadora, que non consegue accesibilizar o manexo das fontes todo o que podería.

Este condicionamento poderiámolo trasladar á hemeroteca da prensa periódica non oficial. Porén, afortunadamente, en Galicia o proxecto *Galiciana* ten avanzado moito neste camiño, sobre todo nos últimos anos nos que o seu funcionamento mellorou considerablemente[176]. Para as publicacións cuxas hemerotecas non son consultables a través de *Galiciana*, servímonos do servizo de hemeroteca da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela. No caso de publicacións fóra de Galicia, servímonos, principalmente, da hemeroteca do diario *ABC*, a hemeroteca dixital da Biblioteca Nacional de España, a *Biblioteca Virtual de Defensa* do ministerio de Defensa, *Hispana* do ministerio de Cultura e Deporte, e *Europeana* da Unión Europea[177].

[174] A colección histórica dos diarios oficiais estatais (ata 1959) é accesible a través de https://www.boe.es/buscar/gazeta.php.

[175] Ao *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra* pódese acceder, presencialmente, nas dependencias da biblioteca da Deputación de Pontevedra ou dixitalmente a través de https://atopo.depo.gal/Record/bib.3058.

[176] O proxecto *Galiciana*, tamén *Biblioteca Dixital de Galicia*, ten moitas máis aplicacións. A súa hemeroteca é consultable en aberto en https://biblioteca.galiciana.gal/es/publicaciones/listar_cabeceras.do.

[177] Para a hemeroteca do *ABC*, ir a https://www.abc.es/archivo/periodicos/; para a hemeroteca dixital da BNE, https://hemerotecadigital.bne.es/hd/es/fulltext; para a do ministerio de Defensa, https://bibliotecavirtual.defensa.gob.es/BVMDefensa/es/inicio/inicio.do; para Hispana, https://hispana.mcu.es/es/inicio/inicio.do; e para Europeana https://www.europeana.eu/es.

USC

Por último, para o caso de revistas xurídicas non dixitalizadas, como *Información Jurídica. Servicio de la Comisión de Legislación Extranjera del Ministerio de Justicia*, que nos seus primeiros anos de publicación na inmediata posguerra amosa aínda a infuencia do fascismo e nazismo no panorama xurídico español, trasladámonos directamente ás bibliotecas do ministerio de Xustiza e do Tribunal Supremo en Madrid.

1.4.2.3. Fontes para a xurisdición civil

No Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra —en adiante, AHPPo— é onde se atopan os fondos xudiciais derivados do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra. Só se almacenaron expedientes, non documentación de carácter interno ou sobre o goberno do partido xudicial, no cal tiña autoridade o xuíz de Primeira Instancia da capital. Tampouco nos fondos de goberno da Audiencia Territorial da Coruña, conservados no Arquivo do Reino de Galicia (ARG), se manteñen rexistros de ningún tipo en relación cos xulgados pontevedreses; isto resulta particularmente inoportuno en materia de persoal, obrigándonos a seguir os nomeamentos mediante os diarios oficiais, prensa e os propios procedementos xudiciais, coas complexidades e limitacións que isto supón.

En consonancia coa calidade de cabeza de partido da cidade de Pontevedra, atoparemos expedientes providos na propia Pontevedra, Cotobade, A Lama, Ponte Caldelas, Xeve, Vilaboa, Moaña, Cangas, Bueu, Marín e Poio. No que respecta ao marco cronolóxico establecido para a investigación, analizamos tódolos procedementos instruídos dos que existe constancia entre 1930 e 1942: 1.246 expedientes en total. Se ben esta é unha cifra alta e que, nunha primeira ollada podería indicarnos que se trata dun fondo ben conservado, cando atendemos máis detidamente ao conxunto de procedementos vémonos obrigadas a poñela en perspectiva. Segundo os nosos cálculos, un terzo dos expedientes no rango destes 12 anos desapareceu. Para obter esta cifra, de carácter puramente aproximativo, servímonos do número de serie do derradeiro procedemento do ano que se conserva e restamos o total de expedientes que chegaron ata os nosos días. Así as cousas, sobre un total estimado de alomenos 2.021 procedementos entre 1930 e 1942, consérvanse 1.263, o que supón un 62,49%. Todas estas son cifras de mínimos, é dicir, poden ser susceptibles de quedarse cortas. A maior mostra disto é o caso do 1931, no cal só se conserva un único sumario, o número 51; indubidablemente, nese ano tiveron que incoarse máis procedementos, pois a media entre 1930 e 1935 atópase arredor dos case 200 expedientes anuais. Porén, preferimos traballar con datos seguros —aínda que talvez subestimados— que facer elucubracións que non podemos confirmar documentalmente. Esta decisión metodolóxica incorre en limitacións que, emporiso, non son o suficientemente significativas como para mudar de xeito substancial as conclusións finais a extraer.

Por outra banda, a distribución cronolóxica dos procedementos que se conservan non segue ningún patrón cronolóxico evidente, sen que os anos da guerra e posguerra introduzan unha variable considerable. Sexa como for, o número total de expedientes cos que contamos, continúa sendo, consideramos, un número o suficientemente representativo para achegarnos aos patróns de conduta do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución da cidade, sen que isto nos impida non obstante resaltar a realidade material das fontes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A metodoloxía seguida para o tratamento concreto destas fontes é, como dixemos, mixta, de análise cuantitativa para o total das mesmas e cualitativa para o estudo

individual daquelas que consideramos por diversas circunstancias máis relevantes. Ámbalas dúas perspectivas se complementan e fortalecen, axudando a neutralizar as eivas que cada unha delas ten por separado. Á súa vez, o diálogo con fontes hemerográficas, orais, lexislativas ou secundarias permítenos debuxar un panorama o máis completo posible. En termos prácticos, ingresamos toda a información que conteñen as portadas dos expedientes xudiciais —que actúan como breves resumos sumariais— nunha base de datos de elaboración propia, nomeadamente: os datos identificadores do expediente, o tipo de procedemento co que se corresponde o caso, o obxecto de litixiosidade, e información de carácter variado sobre as partes e os seus representantes ante a administración de xustiza —avogados e procuradores—. A análise destes datos permítenos resolver cuestións da máis diversa índole, pero destaca unha clara e constante atención ao elemento cronolóxico para avaliar a evolución do fenómeno xurisdicional antes, durante e despois da guerra dende o enfoque micro.

Por outra banda, non se conserva na actualidade a documentación xerada polo Xulgado Municipal da cidade, o cal, como explicaremos, coñecía fundamentalmente os xuízos verbais e os actos de conciliación, amais de se encargar do Rexistro Civil. A única constancia documental que del temos son algunhas providencias que, por diversas circunstancias, integran os procedementos xudiciais de Primeira Instancia e Instrución —cando, por exemplo, se resolve en segunda instancia unha apelación a unha sentenza ditada polo xuíz municipal—. Este obstáculo, como se verá, motivou a decisión de incluír o estudo do Xulgado Municipal pontevedrés dentro do capítulo sobre o de Primeira Instancia e Instrución, case a modo de apéndice, centrándonos nesta orde nas prosopografías dos xuíces.

A elaboración de listas sobre xuíces e secretarios —así como de fiscais, noutros capítulos— en tódalas ordes xurisdicionais foi un dos principais retos da investigación, pois non se conservan escalafóns ou documentación interna de carácter máis burocrático dos xulgados. Polo tanto, servíndonos dos propios procedementos xudiciais e mais na prensa —a oficial, nas súas disposicións ministeriais; e a non oficial, nos seus ecos de sociedade e crónicas xudiciais— para facer un seguimento dos protagonistas dos que logo haberiamos de facer prosopografías. Se este traballo xa foi complexo nos órganos unipersoais como o Xulgado Municipal ou de Primeira Instancia, para os colexiados como a Audiencia resultou especialmente problemático.

1.4.2.4. Fontes para a xurisdición penal

Como se comportou a Audiencia Provincial de Pontevedra antes, durante e despois da guerra civil? E, especificamente, como actuou en relación á fractura da orde común que supuxo a sublevación militar? Os seus fondos históricos atópanse custodiados no AHPPo e neles só se conservan procedementos completos con sentenza. Se ben outras investigacións que traballan cos fondos de audiencias provinciais noutros territorios destacan os libros de sentenzas como principal fonte documental, no caso da de Pontevedra estes non chegaron a día de hoxe, obrigando á consulta e análise das causas de forma íntegra, colocándonos ademais nunha posición desfavorable ante a desaparición de expedientes xudiciais[178].

[178] Exemplos do uso dos libros de sentenzas como fonte vémolo en Martínez Carretero, Iván: *Delitos, justicia ordinaria y control social en Zaragoza (1931 – 1945): de la II República a la Dictadura de Franco*, Tese de doutoramento inédita, Universidad de Zaragoza, 2015. Tamén en Gómez Westermeyer, Juan Francisco: "En las fronteras de la legalidad: delincuentes, marginados y supervivientes en Murcia durante los años cuarenta", en Castillo, Santiago; Oliver, Pedro (coords.): *Las figuras del desorden. Heterodoxos, proscritos y marginados*, Madrid, Siglo XXI, 2006,

Como explicamos no anterior subepígrafe, tamén se perdeu calquera outro tipo de documentación vencellada coa secretaría de goberno, impedindo o acceso a documentación de carácter burocrático ou relacionada cos nomeamentos de persoal xudicial, mesmo nas escalas máis altas. Na procura de máis fondos desta institución, consultáronse os fondos do órgano inmediatamente superior á Audiencia Provincial de Pontevedra: a Audiencia Territorial de A Coruña, conservados no Arquivo do Reino de Galicia. Asemade, consultamos os fondos xudiciais do Archivo General de la Administración (AGA), e os dos respectivos arquivos do Ministerio de Xustiza e do Tribunal Superior de Xustiza, sen éxito. Así as cousas, o groso das fontes primarias empregadas neste capítulo procederán do AHPPo, mais tamén das hemerotecas dos diarios oficiais da provincia de Pontevedra e do Estado así como das memorias anuais da Fiscalía Xeral, consultables dixitalmente.

Para a cronoloxía indicada, no AHPPo só se almacenan 97 procedementos penais, cuxa distribución é ademais moi desigual: de entre 1930 e o 18 de xullo de 1936 consérvanse sete; e entre o 18 de xullo de 1936 a o 1 de abril de 1939, tres; isto quere dicir que os 87 procedementos restantes —ou sexa, case o 90% do total— se concentran entre 1940 e 1942. Como vemos, trátase dun fondo moi expurgado, ou por mellor dicilo, materialmente baleirado. Unha das primeiras medidas do bando rebelde foi o aumento de competencias da xurisdición militar en detrimento da ordinaria, polo que consecuentemente a partir do golpe de Estado se reduciron de xeito considerable os casos axuizados pola Audiencia Provincial. Con todo, a falta de documentación precede ao período bélico. Segundo apuntan os textos normativos e referenda a literatura especializada, esta condición sería habitual nas Audiencias Provinciais das zonas que primeiro caeron baixo control golpista —a excepción das provincias de A Coruña, Pamplona, Zaragoza e Valladolid, as cales tiñan Audiencia Territorial[179]—.

Gráfica 1. Ano de incoación dos procedementos da Audiencia Provincial de Pontevedra que se conservan actualmente, 1930 – 1942



Fonte: fondos da Audiencia Provincial do AHPPo.

CD; ou en Bascuñán Añover, Óscar: "Delincuencia y desorden social en la España agraria. La Mancha, 1900 – 1936", *Historia Social*, núm. 51, 2005, pp. 111 – 138.

[179] Arribas González, Soledad: "Fondos Documentales de la Justicia Ordinaria en la España «Nacional»", en Archivo Histórico Nacional, sección «Guerra Civil»: *Justicia en guerra. Jornadas sobre la Administración de Justicia durante la guerra civil española: instituciones y fuentes documentales. Salamanca, del 26 al 28 de noviembre de 1987*, Madrid, Ministerio de Cultura, 1990, pp. 565 – 581.

Se ben somos conscientes de que este feito supón unha eiva irremediable, cabe destacar que as causas que se conservan están completas e en relativo bo estado, permitindo facer igualmente un seguimento detallado das continuidades e mudanzas ao longo dos anos. Porén, desafortunadamente, hai algúns anos dos que non dispoñemos de ningunha causa: 1930, 1933, 1937 e 1938[180]. A ausencia de procedementos nestes dous últimos anos é a que resulta máis preocupante, pois impídenos coñecer de primeira man cal era a natureza destes procesos iniciados pola Audiencia Provincial durante o groso da guerra; si se conservan, con todo, tres procedementos incoados inmediatamente despois do golpe, entre finais de xullo e mediados de decembro do 36[181]. Unha primeira dedución poderíanos levar a pensar nunha posible destrución do material das causas e o libro de sentenzas entre a caída da ditadura en 1975 e o traslado da documentación procedente da Audiencia Provincial de Pontevedra ao AHPPo en 1984[182]. Isto tería sentido respecto da falta de documentación dos anos bélicos —nun suposto intento de agochar as lóxicas procesuais do tribunal tralo golpe—, como sucedeu con outro tipo de documentación coetánea comprometedora; mais esta hipótese non cadra con respecto aos procedementos desaparecidos na última etapa da Restauración e durante a República, á vez que se multiplican de xeito exponencial as causas correspondentes á inmediata posguerra. Se cadra se debeu á mera falta de espazo sumado á falla de conciencia do valor patrimonial dunha documentación producida cunha función puramente instrumental; ou á precariedade das conducións de arquivo nalgún momento. Sexa cal sexa o motivo polo que esta documentación non se conservou ata os nosos días, o noso achegamento ás fontes será o mesmo, procurando salvar os baleiros documentais no fondo da Audiencia Provincial mediante a consulta doutras fontes primarias complementarias[183].

Metodoloxicamente, o tratamento das fontes consistiu na análise sistemática e detallada dos procedementos de forma individualizada para, a continuación, categorizar a información máis relevante e elaborar unha metabase de datos dividida en dúas partes: unha primeira centrada en cuestións relacionadas coas 97 causas en si —a cronoloxía dos feitos, o xulgado no que foron instruídas, a resolución da sentenza, a pena imposta…—, e unha segunda relativa ás persoas que aparecen nos procedementos —o seu sexo, o rol que xogan nas causas, cantas veces aparecen…—. Unir toda a información nesa gran base non só nos permitiu unha mellor e máis eficaz análise dos datos, senón que tamén nos serviu para cruzar a información coas outras bases de datos elaboradas para as demais xurisdicións, facilitando as posibilidades de análise transversal e identificación de lóxicas interrelacionais.

No que respecta ao estudo da Audiencia Provincial de Pontevedra, ao traballar o material desta forma, a elaboración de estatísticas permitiunos descubrir patróns no

[180] Referímonos a que non se conserva ningunha causa aberta neses anos. Non obstante, algúns dos procedementos da mostra atópanse en etapa de instrución atravesando esa cronoloxía, e son varios os fallos do tribunal que se resolven en etapa bélica.

[181] Trátanse dos procedementos 246/936, 334/936 e 358/936 (ca. 6779, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[182] Segundo se explica na súa respectiva entrada en *Galiciana*, sería en 1984 cando se realiza o primeiro traslado de documentación histórica da Audiencia ao arquivo para a súa conservación, con datas extremas de 1925 a 1951; un segundo traslado de expedientes produciríase en 1996. Ficha dispoñible en: https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es.ga.36038.ahppo/pt/consulta/registro.do?control=ADGD160104051 [últ. consulta o 27/01/2022].

[183] Pode servir de exemplo aquí o caso da Audiencia Provincial coruñesa, da cal se mantén maior cantidade de documentación. Entre esta destacan os xa mencionados libros de sentenzas, consultables a partir de 1934 para as dúas seccións coas que contaba daquela. Incluímos unha relación de causas coñecidas por ano (advertimos nalgúns anos non se conservan os libros de ambas sección, e algúns libros de sentenzas están desordenados ou incompletos, impedindo saber con total certeza o número total de procedementos). 1934: 267 (sec. 2ª); 1935: 266 (sec. 1ª); 1936: 275 (sec. 1ª) e 306 (sec. 2ª); 1937: 182 (sec. 1ª) e 151 (sec. 2ª); 1938: 161 (sec. 1ª) e 137 (sec. 2ª); 1939: 186 (sec. 1ª); 1940: 205 (sec. 1ª); 1941: 223 (sec. 1ª); 1942: 279 (sec. 1ª). Sig. 117082 1, 117082 2, 117083 1, 117083 2, 117084 1, 117084 2, 117085 1, 44470, 44471, 44472, 44474, 44475, 44476 (ARG).

USC

comportamento de devandito órgano xudicial, e axuda na transferencia dos resultados mediante a visualización da información en gráficas de diversa índole. Porén, como explicamos, consideramos que o estudo de carácter cuantitativo ofrece máis respostas cando se pon en diálogo coa análise cualitativa, polo que ao longo do capítulo se fará explícita esta metodoloxía mixta. De forma concreta, completamos o traballo co estudo individualizado dun procedemento determinado a modo de caso de estudo: a causa 37/936 do Xulgado de Instrución núm. 1 de Vigo, relativa ao tiroteo entre falanxistas e cenetistas na cidade olívica en febreiro do 36 que acabaría resultando en varios mortos, chegando á prensa local e nacional do momento. Será vista para sentenza en 1951, permitíndonos facer un seguimento do caso a través dos anos, sendo ademais o único procedemento de explícito carácter político conservado nos fondos da Audiencia Provincial para o período de 1930 a 1942.

1.4.2.5. Fontes para a xurisdición contencioso-administrativa

A documentación histórica derivada do Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo de Pontevedra (TPCAPo) atópase no fondo correspondente ao propio órgano do AHPPo e é, en aparencia, inédita na súa maioría. O fondo está composto, por un lado, dos libros-rexistro con información sintética dos preitos e, polo outro, dos expedientes xudiciais completos; non se conserva documentación burocrática interna de ningún tipo.

A diferenza do que vimos no anterior capítulo para o caso da Audiencia Provincial, o do TPCAPo é un fondo documental moi completo no que respecta aos procedementos, dando mostra da intensa actividade do órgano provincial e da confianza que a cidadanía tiña nesta instancia para a resolución de conflitos, así como da falta de interese que podería ter suscitado a súa potencial purga. O volume de documentación é, de feito, tan sumamente amplo, que para o seu manexo decidimos reducir o marco cronolóxico de análise e só incluír aqueles procedementos incoados entre o 1 de xaneiro de 1936 e o 31 de decembro de 1942. Consideramos que a cantidade de fontes compensa a readaptación temporal con respecto ás demais xurisdicións e non introduce importantes alteracións no conxunto das conclusións, sendo igualmente esta unha mostra que contén documentación previa e posterior ao golpe de Estado de xullo do 36, permitíndonos observar as posibles mudanzas ou continuidades introducidas por ese episodio clave.

Os libros-rexistro foron a nosa principal ventá á situación do TPCAPo durante 1936 e 1942[184]. Para o tratamento desta fonte novamente incluímos nunha base de datos de elaboración propia tódolos procedementos na cronoloxía proposta coa seguinte información: o nome e sexo das persoas recorrentes, o número identificador do procedemento, a súa data de presentación, a Administración recorrida, o obxecto ou acto recorrido, a resolución do TPCAPo e outras observacións de carácter substancial[185]. Asemade, categorizamos os procedementos para a súa análise en diversas categorías e subcategorías, seguindo o esquema que aparece no cadro a continuación:

[184] Foron vistos os tomos 7, 8 e 9 dos libros-rexistro do fondo do Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo de Pontevedra (ca. 6793, AHPPo). A información dos libros-rexistro vai alén da descrición simple das partes, da materia do expediente e, sucintamente, os sucesivos pasos na tramitación da causa: interposición do recurso, acto recorrido, reclamación do expediente, comparecencias...

[185] Con respecto á resolución, no libro-rexistro só se indica se o recurso foi sentenciado, acumulado, desistido, caducado… e se se interpuxo un recurso posterior ao Tribunal Supremo; non se especifica cal foi a sentenza do TPCAPo.

Táboa 1. Categorías e subcategorías nas que foron clasificadas os procedementos do TPCAPo da mostra

Categoría	Subcategoría
Persoal	Ingresos, ceses e suspensións
	Promoción, categorías e retribucións
	Clases pasivas (xubilación, viuvez, orfandade)
	Outros (pers.)
Tributario	Tributos de xestión municipal
	Tributos de xestión provincial
	Tributos de xestión estatal (incluído contrabando)
	Contratación da xestión de tributos
Urbanismo	Licenzas de obras
	Licenzas de actividades
	Infraccións urbanísticas
	Outros (urb.)
Contratación	Obras públicas
	Arrendamentos, vendas e cesións do dominio público ou comunal
	Servizos
Outros	Misc.
	Difícil de determinar

Así as cousas, foron incluídas na base 658 entradas. Ao igual ca nos casos anteriores, o traballo coa base de datos permitiunos obter información de carácter cuantitativo da índole máis diversa. En tanto que as cifras por si soas poden resultar tediosas, no capítulo referente á xurisdición contenciosa acompañaremos a interpretación con cadros e gráficas en abundancia para unha rápida e mellor comprensión visual dos resultados.

1.4.2.6. Fontes para a xurisdición militar

Outro exemplo de por que é necesario comezar polas vítimas para ir máis alá delas é a forma na que as bases de datos foron construídas. Mencionamos o caso do proxecto NeV e as problemáticas dos valores de procura, pero esta lóxica tamén se replica na base interna do propio Arquivo Intermedio Militar Noroeste de Ferrol (AIMNOR), dependente do Tribunal Militar Territorial Cuarto (TMT4). Permitindo de xeito exclusivo a procura de nomes de vítimas, perpetúase involuntariamente o velo de esquecemento tras o que se agochan os vitimarios.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Así as cousas, comezamos o noso traballo no que se refire á xurisdición militar partindo da base de datos de NeV. Nunha modesta tentativa de achegarnos a un número

o máis realista posible do alcance da violencia en Pontevedra, tratamos de obter a lista completa de persoas con causa aberta na praza militar de Pontevedra. Non obstante, atopamos un obstáculo fundamental: a base interna do AIMNOR non distingue ás procesadas nas prazas militares de Vigo e Pontevedra, nin as causas militares que derivaron en consello de guerra das dilixencias previas ou expedientes, imposibilitando a viabilidade de ofrecer unha cifra rigorosa se non é mediante o estudo detallado e individualizado das 1.830 entradas que aparecen entre os anos 1930 e 1942.

Segundo este total de 1.830 que manexa a base interna do TMT4 para a provincia entre 1930 e 1942, que reflexamos cronoloxicamente na gráfica a continuación, decidimos analizar algo máis dun 5% das mesmas: 94 en total, repartidas proporcionalmente en relación á cantidade total de procedementos por ano. Somos conscientes de que un 5% pode semellar unha cifra reducida, pero consideramos que neste aspecto a análise cualitativa ten máis peso que a cuantitativa. O estudo individualizado das case dúas mil causas militares exixiría unha dilatada investigación centrada exclusivamente nesta xurisdición. O desexo de análise comparativa entre as principais ordes xurisdicionais que conviven neste período obrigounos por iso a reducir o noso achegamento á xurisdición militar a unha mostra, non obstante, representativa como se manifestará no resto do capítulo.

Así as cousas, o total de causas que analizamos na nosa mostra repártense do seguinte xeito:

Gráfica 2. Causas militares analizadas na nosa mostra segundo o ano de incoación, 1930 – 1942



Fonte: fondo de Pontevedra do AIMNOR.

E, como o punto de partida é o espazo, os tribunais como focos de violencia, só nos centramos naqueles que tiñan sede na cidade de Pontevedra. Por ese motivo, como adiantamos, decidimos deixar fóra da nosa investigación a xurisdición de Mariña, cuxos consellos de guerra se celebraban en Ferrol. Non obstante, cabe sinalar que esta tivo unha importancia secundaria no groso da aplicación da violencia, quedando esta principalmente encarreirada pola xurisdición do Exército. Explica Ignacio Díaz de Aguilar:

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Durante la guerra la Jurisdicción de Marina sólo actuó en los delitos cometidos por los aforados y, con relación a los paisanos, solamente intervino en los que habían sido militarizados … y en aquellos delitos cometidos por paisanos en lugares que estaban afectados o sometidos a la Jurisdicción.[186]

Temos percibido que, nalgunhas ocasións, emprégase o termo de *xurisdición militar* para englobar a actividade dos tribunais do Exército e da Armada, o que é unha imprecisión; se cadra comprensible dende un punto de vista didáctico e simplificador, pero sobre o que cremos é preciso establecer esta aclaración. Exército e Armada tiñan ordes xurisdicionais diferenciadas á altura de 1936 e, de feito, rexíanse por textos xurídicos diferentes[187].

1.4.2.7. Fontes para a xurisdición de Responsabilidades Políticas

Para o caso concreto de Pontevedra, como mencionaremos no capítulo correspondente, non atopamos fontes documentais desta primeira etapa da persecución e castigo do que despois se coñecería como *responsabilidades políticas*. O fondo do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución da cidade está exclusivamente composto nestes anos para os expedientes dos procedementos tramitados polo civil e expedientes de responsabilidades políticas posteriores a 1939[188]. Pola súa banda, a data de inicio da documentación gardada no subfondo de Incautación de Bens, integrado no de Facenda, é posterior a 1937, o que semella a primeira vista unha concordancia coa creación da Comisión Provincial de Incautación de Bens. Tampouco no Boletín Oficial da Provincia ou no *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España* —renomeado, como é sabido, dende o 2 de outubro do 36 en *Boletín Oficial del Estado*— atopamos edictos sobre este tipo de actuacións instruídas polos Xulgados de Primeira Instancia en Pontevedra.

Polo tanto, ou ben estes peculiares expedientes de embargo preventivo dirixidos a asegurar responsabilidades que ten que declarar outra xurisdición extraordinaria deron lugar a un fondo documental diferenciado que non se arquivou cos fondos ordinarios do Xulgado, cousa que non ten sentido, ou —o que é máis probable, xa que do anterior non hai rastro— esta intervención da xurisdición ordinaria non se aplicou na práctica no ámbito territorial que estudiamos, precisamente por estar fóra do espazo para o que o mecanismo do Decreto núm. 108 foi concibido. Sobre todos estes tecnicismos volveremos, ofrecendo unha mellor e máis detallada explicación, no capítulo 8.

Á parte da eiva que supón escaseza documental, cabe subliñar o inusitado esparexemento da documentación existinte en diversos fondos, o que engade complexidade á súa análise e dificulta a posta en común da documentación. Consideramos que o feito de que moitos expedientes tardaron anos en resolverse, agravado por que as CPIB fosen substituídas no 39 e as súas funcións repartidas entre organismos diferentes dependentes de diversos ministerios —Xustiza, Facenda—, e sumado a que os expedientes eran tramitados xerarquicamente en diversas instancias territoriais, son os principais motivos que explican esta situación. Derivado disto, a aproximación aos cadros de clasificación dos principais arquivos de referencia provincial,

[186] Díaz de Aguilar y Elízaga: "Justicia Militar en …", 1990, p. 401.

[187] Como sinala de novo Díaz de Aguilar, "[c]on anterioridad al Código de 1945 … en la Marina [regía] el Código Penal de la Marina de Guerra, la Ley de Organización y Atribuciones de los Tribunales de Marina y la Ley de Enjuiciamiento Militar de Marina". Díaz de Aguilar y Elízaga: "Justicia Militar en …", 1990, p. 401.

[188] Estas expedientes son incoados conforme ao disposto pola Lei de Responsabilidades Políticas do 9 de febreiro de 1939 e tramitados polo Xulgado Instrutor Provincial. Verémolos en detalle ao avanzar o capítulo 8.

autonómica e estatal debe facerse con precaución, pois observamos na indexación dos fondos unha equiparación indiscriminada entre o período de incautación de bens anterior ás CPIB, o propio da mesmas e o de responsabilidades políticas ao abeiro da LRP —probablemente derivado da dilación dos procedementos que fixo que un mesmo expediente fose tramitado segundo diversas normativas—. Asemade, os sumarios dos expedientes adoitan estar desordenados debido ao seu traslado a diferentes órganos, aumentando os obstáculos á hora do seu estudo.

Esta información obtémola dos diarios oficiais e da hemeroteca de época. Os expedientes de embargo desta etapa que aínda se conservan na actualidade atópanse repartidos en diversos arquivos, principalmente no Centro Documental de Memoria Histórica (CDMH) de Salamanca, no seu fondo de Responsabilidades Políticas, malia que a maior parte da documentación se refire a créditos intervidos e bens incautados. Lucio Martínez Pereda consultounos alí para o caso de Pontevedra e, se ben non aporta datos numéricos absolutos sobre a envergadura do proceso de expropiación dirixido pola Comisión Provincial de Incautación de Bens de Pontevedra, sinala que «desde moi pronto a comisión incautadora encontrouse con problemas para facer fronte á súa inmensa tarefa … [polo que] ao cabo dun mes o gran volume de traballo pendente fixo que moitos destes expedientes se convertesen en colectivos»[189]. No seu libro *Medo político e control social na retagarda franquista* (2015), o autor exemplifica con algúns expedientes abertos na provincia algunhas das características do proceso.

Porén, non todos os expedientes foron trasladados a Salamanca, conservándose algúns deles nos Históricos Provinciais correspondentes. Este é o caso de Ourense, por exemplo, e, en moita menor medida, de Pontevedra. Desafortunadamente, no AHPPo apenas quedan uns poucos expedientes e ningún deles procedentes da capital. Mediante a consulta dos cadros de clasificación do arquivo, en total identificamos 17 expedientes —dos cales 5 foron instruídos contra agrupacións esquerdistas, non persoas físicas— iniciados entre 1937 e 1938 en diferentes municipios da provincia, aínda que fosen despois continuados baixo a nova xurisdición de responsabilidades políticas. A meirande parte deles, 9 —entre os que se inclúen os 5 incoados contra agrupacións— proceden do partido xudicial de Tui, mentres que os restantes veñen do de Vigo (3), Cambados (2), Caldas de Reis (1), Redondela (1) e Ponteareas (1). O cadro de clasificación é consultable a través de Galiciana.

Con esta documentación, pero, sobre todo, auxiliadas por outras fontes como as hemerográficas, será coa que efectivamente reconstruamos a actuación do órgano e a súa evolución en Pontevedra.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[189] Martínez Pereda: *Medo político e…*, 2015, p. 131.

2. O Estado como xurisdición. A matriz xurisdicional da soberanía e a formación do Estado xurisdicional ata a súa configuración contemporánea: un esbozo do proceso

2.1. Xurisdición, soberanía, Estado

Para nós, a historia do golpe do 36 é unha historia de asalto ao Estado xurisdicional, ou sexa, unha historia de asalto ao Estado na súa función de xulgar e facer executar o xulgado. Á vez, é o medio e a fin na lóxica do longo golpe que devén en guerra. Neste capítulo pretendemos desentrañar as relacións entre Estado ou poder e a capacidade xurisdicional. Por que consideramos este elemento tan importante? Porque a xurisdición non é un aspecto máis do Estado, como podería ser o catastro, senón que está na cerna mesma do concepto de soberanía. É nos momentos de crise cando aparece a verdadeira natureza xurisdicional do Estado: decidir o que é ou non xusto. O golpe do 18 de xullo de 1936 evidencia dende o primeiro momento a concepción patrimonialista dos militares con respecto ao Estado en xeral e a súa potestade xurisdicional en concreto. Nas vindeiras páxinas xustificaremos o marco conceptual que dá sentido unitario ao estudo da actividade dos distintos órganos xurisdicionais dos que esta investigación se ocupa.

Feitas no anterior capítulo as necesarias precisións sobre o noso caso de estudo, o marco teórico e a metodoloxía e fontes empregadas, antes de entrar na análise do caso é necesario deixar constancia dunha dificultade conceptual que se nos presentou no curso do noso traballo en relación coa natureza xurisdicional das fontes primarias empregadas. A nosa investigación é historiográfica, non xurídica, e nin sequera se adscribe ao marco da historia do dereito. Non pretendemos estudar a xurisprudencia producida nun espazo físico e temporal dado, marcado pola irrupción do golpe militar do 36. Por outra parte, tampouco queremos limitármonos a extraer das fontes unha relación das violencias xudicializadas que se produciron nese espazo, que —completada por outros estudos da violencia paralegal: os *paseos*, as humillacións, a violencia sexual ou sexualizada…— nos ofreza unha sorte de repertorio verídico da barbarie desatada nese tempo e nese lugar. Ese repertorio é, dende logo, necesario e tamén queremos aportar o noso esforzo a confeccionalo sabendo, polo demais, que a enumeración das violencias será sempre incompleta e que, por máis empeño que poñamos, necesariamente haberá sufrimentos lacerantes, vidas truncadas, vítimas e tamén perpetradores aos que ningunha relación fará xustiza.

A nosa pretensión é outra, non sabemos con certeza se máis modesta ou máis ambiciosa: ao tempo que aportamos o noso gran de area a describir o que sucedeu nos estrados dos tribunais de Pontevedra naqueles anos a través dos documentos que deixaron, queremos comprender tamén a partir desas fontes o que actuou nese espazo, que forzas se despregaron nel, e por tanto comprender o espazo mesmo como campo social e o uso histórico dese campo. Dende unha perspectiva estritamente historiográfica —non xurídica, nin sociolóxica, nin da teoría política— non podemos subtraernos á pretensión que expresaba reiteradamente Hannah Arendt, no seu caso con máis forzas e mellor capacidade: *o que queremos é comprender*[190].

USC DE COMPOSTELA

Enfrontadas a un inxente e heteroxéneo volume de fontes que documentan a actividade dos xulgados e tribunais pontevedreses foi tomando forma unha inicial

[190] Arendt, Hannah: *Lo que quiero es comprender. Sobre mi vida y mi obra*, Madrid, Editorial Trotta, 2010.

intuición: o que actúa neses expedientes documentais non é apenas unha pléiade de funcionarios que integran un sector da administración do Estado chamado a ter un rol específico na implantación da orde dos sublevados; o que actúa, na normalidade institucional e na súa creba, é o Estado mesmo na súa esencia irredutible. O elemento primeiro da intuición xa estaba presente na escolla inicial das nosas fontes, que non se limitou ao que poderiamos chamar as xurisdicións represivas —cuxa intervención na violencia depurativa era máis evidente—, nin se cinguiu ao período posterior ao golpe militar. Pola contra, a nosa acoutación comprendeu dende o inicio o conxunto das xurisdicións, ordinarias e especiais, actuantes antes e despois do levantamento, no intento de percibir as continuidades e os cambios na actividade xurisdicional en ámbolos contextos.

O segundo elemento da intuición —que o que actúa é o Estado mesmo— foi tomando corpo no noso traballo coas fontes arquivísticas, non tanto no trato coas causas politicamente máis significativas —polo obvio da súa relación cos conflitos que se residencian no Estado— senón especialmente ao manexar as causas máis anódinas. Postas unhas canda as outras aparece a evidencia de que o Estado que condena a morte a un inimigo político é o mesmo que resolve unha disputa banal, de natureza civil, penal ou administrativa, certamente en situacións diversas e cun alcance e consecuencias ben diferentes. No intento por comprender historicamente as homoloxías entre actuacións tan diversas, pescudando nas orixes históricas do Estado moderno certificamos que o que actúa na xurisdición dos tribunais, o mesmo os ordinarios que os especiais, é o Estado na súa mesma matriz.

Manteñámonos por un intre no terreo da intuición para reflexionar sobre isto. A extensión e capilaridade do Estado que hoxe coñecemos nos países do que os estudos poscoloniais conceptualizaron como norte global poden inducir a erro sobre a cerna dun aparello tan presente nas nosas vidas que apenas deixa espazos inmunes a súa acción. Consideremos o exemplo da educación como modelo dun campo no que a moderna presencia estatal é notoria. En realidade sabemos que sería posible que o Estado, sen deixar de selo, privatizase a educación pública ou subcontratase a súa prestación mediante fórmulas de concertación con empresas privadas, mesmo ata se repregar por completo do ámbito educativo como fixo no pasado, cando a Igrexa tiña o práctico monopolio na educación formal. Exactamente o mesmo pode suceder coa sanidade pública —o outro grande estandarte do Estado do benestar—, que alguén podería pretender restituír ao mercado privatizándoa ou concertando a súa xestión con empresas mercantís. Igual podería pasar con outras actividades hoxe comunmente asociadas á estatalidade: non sería impensable un programa de privatización das pensións, promovendo a liberdade de contratar a previsión social no mercado de seguros; podería ser que servizos modernamente estatalizados como o postal, o telegráfico ou o ferroviario —nalgúns casos tidos como a perla da coroa estatal e símbolo, precisamente, da súa modernidade— chegasen a privatizarse, mesmo a costa do seu deterioro. Non é inconcibible a idea da construción e xestión privada de infraestruturas públicas ordinariamente estatais como autoestradas, portos e aeroportos. Tampouco é impensable que se externalice a xestión e cobro dos impostos. Sabemos que é posible que o Estado privatice o sistema carcerario. Podería ceder incluso a presencia policial nos espazos públicos en favor de empresas que vendesen seguridade privada. Podería renunciar ao monopolio do uso das armas, permitindo que calquera portase unha libremente. Podería mesmo privatizarse a guerra, arrendando os servizos militares a compañías mercantís que actuasen como exércitos privados.

USC DE COMPOSTELA

En realidade, tódalas anteriores posibilidades non pertencen a unha distopía ultraliberal ou *libertaria*: son realidades máis ou menos estendidas no contexto da actual crise do Estado do benestar, ou propostas que están sobre a mesa das políticas públicas propugnado menos Estado pero de ningún xeito ausencia do Estado, substituído por outro artefacto de poder. En cambio, *resulta dificilmente concibible que o Estado privatice o sistema xudicial*: podería perfectamente facerse, pois antes de nacer o Estado había mecanismos de administración da xustiza; pero daquela o Estado deixaría de selo e sería outra cousa. Un Estado sen xurisdición non é un Estado. Nin sequera a produción normativa é tan constitutivamente estatal como a función xurisdicional. Como veremos, na *formación* histórica do Estado moderno —é dicir, na aparición da *forma-Estado*— a apropiación da xurisdición xoga un papel primixenio que non ten a produción normativa, xa que o que os primeiros tribunais estatais aplican é un dereito preestatal —o *ius commune,* que se mantén no *common law* anglosaxón— que as monarquías emerxentes apenas referendan, se é que o fan, como compilación ou ordenación —non como codificación, que é moi posterior—.

Resulta pertinente ir alén destas intuicións e tentar xustificar historicamente que o que vemos actuar nas nosas fontes documentais é o que designamos como Estado xurisdicional, é dicir, o Estado máis xenuíno e irredutible, produto —xa o adiantamos— da secuencia conceptual e histórica xurisdición-soberanía-Estado. Pretendemos dar sentido ao que vemos como actuación do núcleo estatal, primeiro nun contexto de normalidade institucional no período republicano, no que se rompen as tradicionais resistencias que impedían a modernización do Estado español no molde liberal-democrático; e logo noutro de anormalidade institucional polo triunfo da *solución militar* á crise modernizadora precedente, no que non colapsa o Estado senón o seu carácter liberal-democrático. Mantense, en consecuencia, a esencia xurisdicional na acción involutiva do Estado dos sublevados, convenientemente adaptada dende logo —da forma máis obvia na preferencia pola xurisdición militar, que lle dá o consabido carácter *campamental*, empregando a terminoloxía de Tusell, ao primeiro Estado franquista[191]—.

Importa considerar que non houbo de ser así necesariamente. Nas crises agudas contrarrevolucionarias nas que opera unha *solución militar* cabe unha decidida preferencia pola acción paralegal, potencialmente máis contundente en tanto que irrestricta, producíndose unha sorte de *suspensión do Estado* no que o papel dos tribunais —mesmo dos militares— resulta transitoriamente relegado. O caso do golpe militar arxentino de 1976, por exemplo, achégase máis a este modelo; ou, máis aínda, a guerra civil ruandesa de 1990 a 1994. No golpe franquista existiu certamente un amplo espazo para a violencia paralegal, non só tolerada senón organizada, pero a preferencia é por unha violencia xudicializada, artellada en diversos dispositivos xurisdicionais ordinarios ou especiais. Malia o uso da violencia paralegal, non cabe falar en modo algún de *suspensión do Estado*, como veremos en extenso nos sucesivos capítulos. Entender por que da escolla desta opción —a violencia xudicializada— fronte a outras que exixen unha menor cantidade de recursos materiais e humanos é unha das grandes preguntas que se atopan no núcleo da nosa investigación.

Convén tamén salientar que esta preferencia polo Estado na acción depurativa non implica garantías —de feito abolidas— senón apenas límites, esencialmente procesuais. Confundir ambas cousas sería inxenuo: os fusilados en execución dunha sentenza de morte ditada en consello de guerra non tiveron necesariamente máis garantías que os paseados sen xuízo. De feito non as tiveron en absoluto, vista a insustancialidade das

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[191] Tussell, Javier: *Franco en la guerra civil. Una biografía política*, Barcelona, Tusquets, 2006 [1992], p. 81 e ss.

causas instruídas e a arbitrariedade das condenas impostas. Pero como comprobaremos, o interese no mantemento da aparencia de formas garantistas, de suposto respecto pola normatividade, importa.

Nos seguintes epígrafes faremos unha breve xustificación histórica deste marco conceptual. Non perdemos a perspectiva de que este non é o obxecto específico da nosa investigación, senón apenas unha contextualización que sitúa a nosa perspectiva de análise. En consecuencia, forzámonos deixar de lado complexidades inabordables nun estudo preliminar; aínda así o resultado é relativamente extenso porque unha maior concisión deixaría o discurso orfo de sustento. O aparello crítico redúcese ao indispensable. Quixemos, así e todo, non renunciar ao rigor.

2.2. A xurisdición e o Estado: a pretensión de exclusividade estatal da xurisdición

Cando se traballa con materiais xenuinamente xurisdicionais é ineludible para interpretar as fontes partir da comprensión da idea de *xurisdición*. E en tanto que o interese do noso traballo é, unha vez máis, estritamente historiográfico e non xurídico ou doutrinal, daremos de entrada por bo o concepto de xurisdición aceptado de xeito practicamente unánime entre os procesualistas —cando menos entre os españois— como a *potestade exclusiva dos tribunais estatais de xulgar e facer executar o xulgado.* Xulgar e facer executar o xulgado significa «aplicar el derecho al caso concreto para la satisfacción de pretensiones de las partes y el restablecimiento del derecho violado»; é dicir, resolver conflitos de intereses conforme a criterios e procedementos xurídicos determinados, restaurando a orde violentada se é preciso mediante o uso da compulsión[192]. A cerna da consideración da xurisdición como potestade non está tanto no *xulgar* como no *facer executar o xulgado*: malia que na actividade xurisdicional o xuízo existe sempre e a execución pode non existir —como actividade xurisdicional: cando o xulgado se cumpre de modo voluntario, porque se acepta a autoridade do tribunal ou porque se teme a súa forza—, o que fai que o xuízo sexa un acto de potestade é a posibilidade da realización coercitiva do xulgado.

Definición esta de orixe legal —probablemente por iso asumido de forma tan unánime pola doutrina procesualista—, actualmente está plasmada no art. 117.3 da Constitución Española de 1978:

> O exercicio da *potestade xurisdicional* en todo tipo de procesos, *xulgando e facendo executar o xulgado,* corresponde *exclusivamente* aos Xulgados e Tribunais determinados polas leis, segundo as normas de competencia e procedemento que as mesmas establezan.[193]

[192] Garrido Falla, Fernando (dir.): *Comentarios a la Constitución*, Madrid, Civitas, 1980; citado en Lorca Navarrete, Antonio María: *Derecho Procesal Orgánico*, Madrid, Tecnos, 1985, p. 27.

[193] Título VI, baixo a rúbrica "Do poder xudicial". Cursiva nosa. Se ben as citas de textos legais faranse no idioma no que foron publicados, xeralmente o español, mantemos aquí a cita en galego por existir versión oficial da Constitución do 78 neste idioma. «Constitución Española», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 311, 29/12/1978. Dispoñible en: https://www.boe.es/legislacion/documentos/ConstitucionGALLEGO.pdf [últ. consulta o 19/12/2022]. Este precepto é ademais reproducido de modo practicamente literal polo art. 2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial (LOPX) de 1985, actualmente vixente. Vémolo no seu art. 2.1.: "El ejercicio de la potestad jurisdiccional, juzgando y haciendo ejecutar lo juzgado, corresponde exclusivamente a los Juzgados y Tribunales determinados en las leyes y en los tratados internacionales"; e art. 2.2.: "Los Juzgados y Tribunales no ejercerán más funciones que las señaladas en el párrafo anterior, y las demás que expresamente les sean atribuidas por ley en garantía de cualquier derecho". «Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 157, 02/07/1985. Dispoñible en: https://www.boe.es/eli/es/lo/1985/07/01/6/con [últ. consulta o 19/12/2022].

Non hai sospeita de anacronismo na cita de normas tan recentes no inicio dunha indagación que pescuda no pasado: a fórmula legal non é en absoluto novidosa senón unha constante na historia constitucional española. Remóntase á Constitución de 1812, no seu art. 242: «La potestad de aplicar las leyes en las causas civiles y criminales pertenece exclusivamente a los Tribunales»; explicitando seguidamente, no art. 245, a sonada fórmula que describe esa potestade como «juzgar y hacer que se ejecute lo juzgado». E dende aí arrástrase con mínimas variacións a tódolos textos constitucionais do século XIX. Curiosamente a Constitución republicana de 1931 é a única que non incorpora un concepto de xurisdición, que como vimos foi recuperado polo constituínte en 1978 segundo a fórmula decimonónica. Esta constante tamén se trasladou no século XIX á lexislación orgánica: a Lei Provisional Orgánica do Poder Xudicial (LPOPX) de 1870 reproducía a fórmula no art. 2: «La potestad de aplicar las leyes en los juicios civiles y criminales, juzgando y haciendo ejecutar lo juzgado, corresponde exclusivamente a los Jueces y Tribunales»[194].

Cómpre aquí facer un inciso para apenas deixar constancia de que esta continuidade tan sorprendente na historia da formación do Estado constitucional en España encubre descontinuidades e confrontacións no modo en que se concibe esa potestade que se di exclusiva do Estado. Esas mesmas constitucións, tan unánimes na definición da potestade xurisdicional, basculan entre a consideración do conxunto orgánico chamado a exercela como *Poder Xudicial* —nas Constitucións de 1837 e 1869— ou como meramente como *Administración de Xustiza* —nas de 1845 e 1876—. O que subxace nestas alternancias transcende o terminolóxico e apunta á tensión entre as dúas grandes faccións do liberalismo español decimonónico no relativo á aceptación do dogma da división de poderes: o liberalismo progresista acata formalmente o dogma e constitucionaliza á maxistratura como poder do Estado; en tanto que o liberalismo moderantista, de corte autoritario e frecuentemente asociado con sectores abertamente antiliberais, prefire manter á maxistratura como un sector da administración do Estado, como de feito viña sendo.

A situación non deixa de ser paradoxal: os progresistas proclaman a existencia dun poder xudicial independente ao tempo que recean dunha maxistratura que consideran maioritariamente pouco liberal; os moderados confían na maxistratura, pero recean da división de poderes. O receo liberal cara o conservadorismo xudicial estaba certamente xustificado. A tradicional aliñación da maxistratura con posicións conservadoras, vencellada á extracción social dos seus integrantes, descríbea atinadamente o eminente administrativista Alejandro Nieto, ao tratar do corporativismo xudicial en relación co que describe como desgoberno xudicial:

[194] É frecuente citar a lei orgánica de 1870 como *Lei Orgánica do Poder Xudicial*, ou baixo as siglas LOPX, obviando a súa denominación como *Provisional*, o que se comprende porque, malia titularse así, estivo vixente coas consabidas modificacións ata ser derrogada pola súa homóloga (e case homónima) de 1985: 115 anos é moito tempo de vixencia para unha lei nacida como provisional. Así e todo, e para evitar confusións coa norma actual, nós optamos por designala pola súa denominación completa, ou coa abreviatura LPOPX. Para sermos máis precisas, a lei foi publicada (na *Gaceta de Madrid* do 15 de setembro de 1870 ata o seu art. 146, que foi completada en posteriores números da *Gaceta*) baixo a rúbrica "Ley Provisional sobre Organización del Poder Judicial". É orgánica no sentido de *regular a organización do sistema xudicial*, non no sentido que ten a categoría de lei orgánica despois da Constitución de 1978, é dicir, como norma de desenvolvemento constitucional, cuns requisitos de elaboración e un rango xerárquico superior ao das leis ordinarias. Esta última acepción da lei orgánica é descoñecida no dereito español anterior a 1978. A LOPX de 1985 é orgánica nos dous sentidos: no formal, por ser unha norma de desenvolvemento constitucional; e no material, por regular a organización do poder xudicial. A LPOPX só o é no sentido material: formalmente é unha lei ordinaria (aprobada de feito por decreto, usando da autorización concedida ao Goberno pola lei de 23 de xuño do mesmo ano). O texto legal completo da LPOPX de 1870 dispoñible en: https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Compendio-de-Derecho-Judicial/Normativa-historica/Ley-provisional-sobre-organizacion-del-Poder-judicial--de-15-de-Septiembre-de-1870 [últ. consulta o 19/12/2022].

> El sentido corporativo de la Magistratura ha tenido siempre en España (y fuera de ella) un enorme peso. Los jueces han constituido tradicionalmente un cuerpo social perfectamente cohesionado y sin fisuras, con un fuerte sentido clasista y un deliberado distanciamiento social; con tendencias nepóticas confesadas y una ideología conservadora inequívoca (y más después de las depuraciones franquistas), explicable en gran parte por la homogeneidad de su procedencia social burguesa.[195]

Neste cruce de receos é doado comprender que se desenvolvese en ámbolos bandos un pouco disimulado desexo por exercer un control sobre a maxistratura, que uns sabían afín e da que outros desconfiaban.

Resulta útil poñer o foco na tan reiteradamente proclamada *exclusividade* —ou, en termos weberianos, monopolio— da xurisdición estatal. A moderna doutrina procesualista —que, non hai que esquecelo, dirixe a súa atención á actividade xurisdicional exercida precisamente polos tribunais estatais— é unánime ao considerar que esa exclusividade opera nun dobre sentido. Cara dentro do Estado, vetando a función xurisdicional aos órganos dos poderes lexislativo e executivo, conforme ao dogma da división de poderes na consabida tríade. Pero tamén cara fóra, excluíndo outras xurisdicións que non sexan a estatal[196]. Ou, como di Montero Aroca, neste sentido externo a exclusiviade da xurisdición «implica que el Estado tiene el *monopolio de la jurisdicción*, lo que es consecuencia ineludible de atribuir a ésta la naturaleza jurídica de la *potestad dimanante de la soberanía*»[197]. No mesmo sentido, con discutibles argumentacións históricas, expresábase outro notable procesualista dunha anterior xeración, Emilio Gómez Orbaneja:

> La jurisdicción es una función de la soberanía del Estado y, por tanto, exclusivamente suya. *Hoy no se admite* que dentro del territorio nacional personas o entidades distintas del Estado constituyan órganos para la actuación de la ley; fenómeno que implicaba *en otros tiempos* un fraccionamiento (o delegación) de la soberanía, característico del *feudalismo*. [198]

Este segundo sentido da exclusividade da xurisdición como negación doutra actividade xurisdicional que non sexa a dos tribunais estatais é abondo máis problemática que a primeira. Non se trata só do mantemento, residual, dos chamados tribunais consuetudinarios e tradicionais, aludidos no art. 125 da Constitución Española de 1978 como forma de participación dos cidadáns na administración de xustiza, xunto coa institución do xurado[199]. O recoñecemento constitucional destes contados tribunais

---

[195] Só moi recentemente esta situación mudaría cara un maior pluralismo, co incremento do número de xuíces e o seu recrutamento social máis diverso. Ver Nieto, Alejandro: "La Administración de Justicia y el Poder Judicial", *Revista de Administración Pública*, núm. 174, Madrid, 2007, p. 35. A cuestión da socioloxía xudicial será retomada en capítulos posteriores.

[196] O aspecto interno da exclusividade da xurisdición aparece claramente no primeiro programa para a construción do Estado liberal en España, a Constitución de Cádiz: tras consagrar a exclusividade dos tribunais no exercicio da potestade xurisdicional no art. 242, explicita o seu significado (precisamente como exclusión) no art. 243: "Ni las Cortes ni el Rey podrán ejercer en ningún caso las funciones judiciales". A exclusión é recíproca, porque "los Tribunales no podrán ejercer otras funciones que las de juzgar y hacer que se ejecute lo juzgado" (art. 245).

[197] Montero Aroca: *Introducción al Derecho …*, 1976, p. 34. Cursiva nosa.

[198] Gómez Orbaneja, Emilio: *Derecho Procesal Civil. Volumen primero*, Madrid, Artes Gráficas y Ediciones S.L., 1976, p. 50. Cursiva nosa, novamente.

[199] O que non é senón a constatación dun fracaso nese democrático propósito de participación popular na administración da xustiza. A institución do xurado nas causas penais, de escasa tradición en España, nunca acabou de arraigar nos reiterados intentos de introducila na práctica xurisdicional española. E a participación por medio dos tribunais consuetudinarios e tradicionais é tan residual como estes mesmos. En relación con estas xurisdicións tradicionais, o seu recoñecemento constitucional foi desenvolto no art. 19 da LOPX, que na súa inicial redacción de 1985 recoñeceu ese carácter ao *Tribunal de les Aigües* de Valencia e ao *Consejo de Hombres Buenos* de Murcia (ambos, por certo, declarados pola UNESCO en 2009 Patrimonio Inmaterial da Humanidade, o que ratifica o carácter reverencial e conservacionista do precepto que os declara subsistentes). Recentemente, pola Lei Orgánica 10/2021, de modificación

USC

consuetudinarios aínda activos, residuos dun pasado afastado que se preservan como restos arqueolóxicos, non desminte a regra xeral da exclusividade estatal da xurisdición. Si o fan, en cambio, espazos xurisdicionais máis ou menos vizosos —algúns, en franco desenvolvemento— que operan fóra do marco dos tribunais estatais, á vista de todos.

Así, hoxe, igual que noutros tempos e sen necesidade de remontase ao feudalismo, actúa a xurisdición eclesiástica: aínda que os tribunais civís divorcian a calquera matrimonio con independencia da fe que profesen os cónxuxes, mesmo o celebrado en forma canónica, o Estado non veta aos católicos a posibilidade de acceder aos tribunais eclesiásticos para obter, por exemplo, a nulidade do seu matrimonio[200]. Non só non a veta, senón que abre a posibilidade de que a resolución eclesiástica produza efectos civís. Certo que para que se produza esa eficacia civil se exixe unha intervención homologadora dos tribunais do Estado, pero iso tamén sucede coas resolucións dos tribunais estranxeiros —mediante o chamado *exequatur*—, e o carácter xurisdicional destes tribunais doutro Estado está fóra de dúbida. Precisamente este paralelismo entre o tratamento das resolucións eclesiásticas e as estranxeiras apuntala a idea de que ambas —tamén as eclesiásticas— son produtos xurisdicionais que o Estado recoñece e valida, previo requisito de homologación, non para resolver un suposto déficit de xurisdición senón un déficit de nacionalidade: son resolucións de tribunais distintos dos nacionais.

Mais non é só o caso da xurisdición eclesiástica: na actualidade florecen outras xurisdicións non estatais de base asociativa. Tal é o caso da cada vez máis relevante xurisdición deportiva, complexo esquema de organismos e tribunais nacionais e internacionais organizado no ámbito das federacións deportivas e do movemento olímpico —é dicir, de entes privados que exercitan funcións de dereito público—, que xulgan e fan executar o xulgado en concurso co Estado e os tribunais estatais, e non ás súas costas nin nun ámbito estritamente privado. Dificilmente se pode considerar privada a actuación desta xurisdición deportiva, como si o é en cambio a doutros órganos de resolución de conflitos que se poden constituír no ámbito asociativo: comisións de conflitos, disciplinarias, comités de garantías… Precisamente por seren privados, as resolucións destes órganos están sometidas á xurisdición ordinaria, sen constituíren nin daren lugar a unha xurisdición propia distinta da estatal. En cambio, a existencia da xurisdición deportiva é cada vez máis notoria, e a súa subordinación á estatal é extraordinariamente problemática. De feito, e salvo en determinadas materias de especial vinculación coa orde pública como a dopaxe ou a violencia no deporte, nas que o Estado se reserva unha intervención xurisdicional revisora no seu ámbito territorial, os tribunais deportivos actúan de forma paralela e en complexa concorrencia coa xurisdición estatal.

Finalmente, sen ánimo de sermos exhaustivas, cabe mencionar outra figura de crecente importancia no mundo de hoxe e que cuestiona a proclamada exclusividade da xurisdición estatal. Falamos da arbitraxe como forma de resolución extraxudicial dos

da LOPX, engadíronse outros dous tribunais consuetudinarios á lista dos expresamente recoñecidos: o denominado *Juzgado Privativo de Aguas de Orihuela y Pueblos de su Marco* e o chamado *Tribunal Comuner del Rollet de Gràcia de l'Horta d'Aldaia*. O preámbulo da norma dá noticia histórica das súas orixes e natureza, indicando que exercen funcións administrativas e xurisdicionais. Os catro son tribunais de regantes, de base gremial, moi estendidos e relevantes no pasado no levante peninsular, pero hoxe residuais. «Ley Orgánica 10/2021, de 14 de diciembre, de modificación de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, para reconocer el carácter de tribunal consuetudinario y tradicional al Juzgado Privativo de Aguas de Orihuela (Alicante/Alacant) y Pueblos de su Marco y al Tribunal del Comuner del Rollet de Gràcia de l'Horta d'Aldaia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 299, 15/12/2021. Dispoñible en: https://www.boe.es/eli/es/lo/2021/12/14/10/dof/spa/pdf [últ. consulta o 20/12/2022].

[200] A esta xurisdición alude, aínda que non sexa de competencia estatal, Gómez Orbaneja no seu manual ao tratar das clases de xurisdición (Gómez Orbaneja, Emilo: *Derecho Procesal Civil* …, 1976, p. 69); non obstante, non é obxecto do seu estudo por non aplicar o dereito do Estado senón o canónico. O ámbito académico do ensino desta xurisdición corresponde ás cátedras de dereito canónico.

conflitos, modernamente promovida polos Estados para tentar aliviar a sobrecarga dos xulgados. Os laudos e resolucións arbitrais son, como as sentenzas xudiciais, títulos executivos ou que «tienen aparejada ejecución», de maneira que o Estado executa resolucións xurisdicionais producidas fóra do ámbito dos seus tribunais[201]. Neste caso, por tanto, das dúas actividades en que consiste o canónico «xulgar e facer executar o xulgado», a primeira e sustantiva prodúcese fóra da xurisdición estatal, e así e todo é aceptada como plenamente válida polo Estado, á par das decisións seus propios tribunais, aos efectos de facelas executar por estes.

De modo que, contrariamente ao que proclama o dogma procesualista da exclusividade ou monopolio estatal da xurisdición, comprobamos que hoxe si se admite a existencia de xurisdicións non estatais. O que non implica que a unha e as outras sexan plenamente equiparables. A simple vista, e por referírmonos apenas aos exemplos mencionados, hai neles un elemento que os diferencia da xurisdición estatal: calquera pode eludir, con maior o menor custe, a actividade xurisdicional que se produce fóra do Estado. Ninguén está obrigado a someterse á arbitraxe; calquera católico pode divorciarse nun tribunal civil, sen outro custe que situarse fóra da Igrexa —e de caer en pecado—; calquera deportista pode constituírse en rebeldía fronte aos tribunais deportivos, á custa de quedar excluída ou excluído das competicións oficiais. En cambio, ninguén se pode subtraer á xurisdición do Estado, nin aínda os apátridas. Pero, con esta importante excepción, non se pode deixar de ver xurisdición neses espazos non estatais[202].

Se isto é válido hoxe, cando o Estado ten un desenvolvemento institucional e unha presencia na vida das persoas insospeitados nas súas orixes, aínda é máis notorio se nos remontamos aos outros tempos nos que a súa existencia era abondo máis precaria. E non é necesario remontarse ao feudalismo. Chega con retrotraerse á primeira e falida acta constitutiva do Estado liberal español. A Constitución de Cádiz, logo de proclamar no xa citado art. 252 a exclusividade xurisdicional dos tribunais implicitamente estatais, e de consagrar o principio de unidade de foros «para *toda clase* de personas», seguidamente introduce dúas excepcións ao manter os foros eclesiástico e militar[203]. Se ambos fican fóra do principio de unidade de foro, a persistencia do foro eclesiástico contradí ademais o principio de exclusividade estatal da xurisdición, porque os tribunais eclesiásticos son por definición non estatais, en tanto que os tribunais militares son, en principio, estatais[204]. De modo que o mantemento do foro eclesiástico, que non remite a un tribunal

[201] «Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 7, 08/01/2000. Dispoñible en: https://www.boe.es/buscar/pdf/2000/BOE-A-2000-323-consolidado.pdf [últ. consulta o 20/12/2022].

[202] Non obsta a isto o feito de que a xurisdición arbitral poida ser considerada como "incompleta", en tanto que nela, como vimos antes, a execución corresponde xeralmente aos tribunais civís ordinarios. En cambio, tanto a xurisdición eclesiástica como a deportiva son xurisdicións plenas, pois dispoñen de medios coercitivos propios para a execución do xulgado.

[203] Cursiva nosa. No seu art. 248: "En los negocios comunes, civiles y criminales, no habrá más que un sólo fuero para toda clase de personas". O principio de unidade de foro, ou da *unificación dos foros*, é a forma decimonónica de referirse ao que hoxe é coñecido como o principio da unidade xurisdicional, que exclúe as xurisdicións especiais, aínda que sexan estatais, como a militar. Para acomodarse ao principio de unidade xurisdicional, a xurisdición militar debería integrarse na ordinaria e administrarse por tribunais ordinarios servidos por maxistrados de carreira (consonte á idea de que a xurisdición é única pero se organiza en ordes especializadas). Pero, no contexto dos inicios do Estado liberal, a unidade de foro ten un significado especial: a *abolición dos foros estamentais*, que distinguen segundo a "clase das persoas". Por outra banda, a subsistencia das xurisdicións eclesiástica e militar vén regulada polos arts. 249 e 250: "Los eclesiásticos continuarán gozando del fuero de su estado, en los términos que prescriben las leyes o que en adelante prescribieren"; así como "[l]os militares gozarán también de fuero particular, en los términos que previene la ordenanza o en adelante previniere".

[204] Dicimos en principio porque, á parte da posibilidade de existir en exércitos non estatais, é cuestionable a estatalidade dos chamados *tribunais de honor*; estes están hoxe prohibidos pola Constitución do 78 (e anteriormente pola republicana de 1931, se ben foron restablecidos polo réxime franquista), pero eran vixentes en 1812. En cambio, os consellos de guerra poden ser todo o excepcionais que se queira, pero son tan estatais como o propio exército. O

estatal distinto do ordinario senón a tribunais que non son os do Estado, desminte na propia Constitución gaditana a exclusividade previamente proclamada[205].

Se retrocedemos un pouco máis, daquela a exclusividade xurisdicional dos tribunais da monarquía esváese por completo, considerando simplemente a existencia dos señoríos xurisdicionais, abolidos precisamente polas Cortes de Cádiz, como veremos. Falar de monopolio estatal da xurisdición antes da aparición, sequera programática, do Estado liberal é un anacronismo.

Concluíndo esta cuestión pode dicirse que, con perspectiva histórica, a definición procesualista da xurisdición como a potestade estatal exclusiva —por ser función da soberanía— de xulgar e facer executar o xulgado, resulta tautolóxica: define formalmente o que é obxecto da súa ciencia, a actividade dos tribunais do Estado, prescindindo do que sendo xurisdición se produce fóra deles. Pero nesta tautoloxía revélase un proceso histórico, xa que *a constantemente proclamada exclusividade xurisdicional do Estado apunta a unha carencia deste, e tamén a un propósito ou un programa para cubrila: o de apropiarse da xurisdición*. De modo que *a historia do Estado* no seu sentido máis amplo —nas súas diversas formacións históricas, dende as protoestatais ata o moderno Estado nacional—, *é a historia da súa loita por apropiarse da xurisdición*: facendo prevalecer a súa propia sobre outras non territoriais que lle disputaban a supremacía. —singularmente a eclesiástica, coa potestade xurisdicional do papado como principal antagonista, pero tamén a imperial—; e, paralelamente facéndoa prevalecer sobre outras xurisdicións territoriais —os señoríos, incluídos tamén os eclesiásticos— que lle disputaban a exclusividade do control sobre o territorio e a poboación, ata someter primeiro e finalmente expropiar estas xurisdicións señoriais. De xeito que ben pode dicirse que *a historia da formación do Estado é a da formación do Estado xurisdicional mediante a apropiación das potestades xurisdicionais preexistentes.* Velaí unha idea clave a ter en conta no contexto que inaugura o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936.

2.3. A potestade xurisdicional nas sociedades políticas preestatais

Segundo vimos, xurisdición e Estados non son parellos: hai xurisdición fóra do Estado e, dende logo, hai Estado fóra da actividade xurisdicional. Sen corresponderse coa tradicional tríade de poderes estatais, dende unha perspectiva funcional hai, xunto co Estado xurisdicional, un Estado normativo que produce non só leis senón tamén regulamentos, nacidos estes no ámbito do poder executivo; é dicir, normas de todo tipo que regulan hoxe —aínda que non sempre foi así— os aspectos máis diversos da actividade humana. E existe canda eles un Estado administrativo, que realiza as políticas

mantemento da xurisdición militar como xurisdición especial non fai senón constatar a resistencia do exército a integrarse como un sector máis da administración do Estado, así como a súa persistencia en actuar como unha caste de "Estado dentro do Estado", que como tal exerce unha xurisdición propia.

[205] De xeito implícito pero ineludible, ao recoñecer o foro eclesiástico, a Constitución de Cádiz consagra a existencia da xurisdición eclesiástica, reservándoa para o clero. Aínda que só se constitucionaliza a xurisdición eclesiástica como interna (do clero), non se exclúe a súa aplicabilidade para os segrares, como de feito sucedía e seguiu sucedendo en materia matrimonial, na que os tribunais eclesiásticos eran a xurisdición ordinaria por inhibición da estatal. En todo caso, a consagración constitucional da xurisdición eclesiástica contradí a enfática afirmación de Gómez Orbaneja de que o principio de exclusividade estatal da xurisdición "expresa algo de tal modo arraigado en la esencia del Estado moderno … que *la Constitución misma no podría negarlo*"; cousa que se evidenciaría en que "suprimida la Constitución [de 1931], el principio permanece". De modo que, "ni siquiera al Poder constituyente sería dable destruir o alterar lo que forma la atribución esencial de la jurisdicción", ou sexa, a súa esencial estatalidade. Gómez Orbaneja, Emilio: *Derecho Porcesal Civil* …, 1976, p. 50 (cursiva nosa). A única forma de salvar a contradición sería considerar que a Igrexa católica e os seus tribunais son formalmente parte do Estado, cousa que Orbaneja dende logo non fai: na p. 69: exclúe que a eclesiástica sexa unha xurisdición especial por non ser unha xurisdición do Estado.

estatais a través dunha rede capilar de organismos que hoxe é —pero, de novo, non sempre foi— extensísima.

Nun enfoque presentista, o Estado aparécesenos como un vasto aparello institucional que regula e administra o territorio e a vida das xentes que o habitan, nunha actividade ordenadora na que a intervención xurisdicional semella accesoria en canto que apenas actúa como remedio da quebra desa orde previamente sancionada, aplicando normas emanadas dos parlamentos. Proxectando o presente sobre o pasado, a actividade xurisdicional amósase como subordinada á normativa por canto os tribunais actúan baixo o principio de legalidade. Pero esta percepción non se corresponde coa realidade do *proceso histórico de formación do poder estatal*, que foi *xurisdicional antes que normativo*.

Para empezar, a xurisdición precedeu ao Estado e, por tanto, á súa potestade normativa. Toda sociedade, e tamén as preestatais, precisa de mecanismos eficaces de resolución dos conflitos e de restauración da orde quebrantada. O primeiro —a resolución dos conflitos—, para garantir a cohesión interna e producir unha disposición ao cumprimento voluntario das normas consuetudinarias, a través da percepción de que as ofensas son corrixidas. O segundo —a restauración da orde quebrantada—, para preservar o mantemento desa orde que, malia a eventual aceptación maioritaria como algo xusto ou cando menos tolerable, pode ser posta en cuestión por conductas transgresoras, tanto se constitúen comportamentos egoístas e percibidos socialmente como inaceptables como, con máis motivo, se desafían a orde existente propugnando outra alternativa máis xusta.

A existencia destes mecanismos xurídicos de resolución dos conflitos e restauración da orde quebrantada ten sido constatada pola antropoloxía social nos pobos considerados *primitivos* ou *salvaxes* —en terminoloxía hoxe desterrada do ámbito académico pero común na literatura científica clásica— que subsisten na actualidade ou subsistiron en tempos recentes de modo que puideron ser obxecto da mirada e do estudio do *home civilizado*. Resulta clásico, neste sentido, o coñecido traballo pioneiro de Bronislaw Malinowski, sobre o dereito na sociedade primitiva das illas Trobriand, no que describe a existencia de mecanismos institucionais que compelen ao cumprimento da norma e corrixen as conductas desviadas.

Malinowski desminte a idea, ata daquela comunmente aceptada, do cumprimento «espontáneo» da lei nas sociedades primitivas, que serían acatadas por unha «reverencia profunda por la tradición y las costumbres», vencellada ao «comunismo primitivo»[206]. Fronte ao prexuízo dun cumprimento mistérico dunha lei naturalizada, Malinowski constata a existencia dun complexo sistema de dereitos e obrigacións, sustentado nunha mesta rede de relacións de reciprocidade que operan con carácter coercitivo e sancionan as conductas quebrantadoras a través da exclusión dos beneficios desa rede de servizos recíprocos. «Las poderosas fuerzas compulsivas del derecho civil de Melanesia hay que buscarlas en la concatenación de las obligaciones, en el hecho de que están ordenadas en cadenas de servicios mutuos»[207]. Malia que existen nas Trobriand dispositivos xurídicos de escenificación dos litixios, que «toman la forma de un intercambio público de reconvenciones (*yakala*)», o que non hai nesa liturxia procesual é un terceiro investido de autoridade que dite sentenza[208]. No ámbito das infraccións penais xoga un papel máis sobranceiro o xefe do clan —no poder punitivo aparecen certas trazas protoestatais—, pero o principal instrumento de coerción penal é a maxia, que, aínda que tamén pode ser

[206] Malinowski, Bronislaw: *Crimen y costumbre en la sociedad salvaje,* Madrid, Planeta DeAgostini, 1985 [1926], p. 22.
[207] Malinowski: *Crimen y costumbre …*, 1985 [1926], p. 82.
[208] Malinowski: *Crimen y costumbre …*, 1985 [1926], p. 75.

unha práctica criminal, «ordinariamente … actúa como una auténtica fuerza jurídica ya que se emplea para hacer cumplir las reglas de la ley tribal, previene la violencia y restablece el equilibrio perturbado»[209]. Os feiticeiros non están subordinados ao xefe, senón que «ejercen su poder en beneficio propio y profesionalmente, cobrando unos honorarios»; pero a súa maxia «en la mayor parte de los casos … se considera el principal instrumento del jefe para imponer sus privilegios»[210].

En organizacións sociais máis complexas esta función xurisdicional houbo devir en mecanismos institucionais e procedimentais máis depurados, diversos. Nestas notas introdutorias apenas queremos deixar constancia da vinculación do nacemento e conformación histórica do que hoxe coñecemos como Estado coa asunción por parte deste da función xurisdicional. A integración desa potestade de administrar xustiza en formacións políticas anteriores ao Estado moderno fica fóra do noso ámbito, incluída a administración de xustiza en organizacións políticas tan determinantes na creación do dereito dos nosos días como é o caso da de Roma, por canto é tan certo que o dereito actual —especialmente o privado, pero tamén o público— ten os seus alicerces no dereito romano como que o Estado moderno de ningún modo deriva do que impropiamente puidésemos chamar o Estado romano. Porén, interésanos pór de manifesto que, *malia que tamén en Roma se aprecia un acrecentamento da xurisdicción pública a costa da privada preexistente*, a natureza marcadamente preestatal do seu sistema político e o carácter mixto público-privado da súa xurisdición non permiten ver aquí os alicerces do moderno Estado xurisdicional. Isto é, aínda que na *civitas* romana, e máis claramente noutras formacións antigas como a *polis* grega, existan elementos de estatalidade, *o Estado moderno non resulta da evolución destas formacións preestatais*.

O Estado moderno, que non nace como Estado nacional pero que se acaba conformando como tal alomenos como pretensión —de ser expresión política da nación—, non podía ter como modelo organizacións políticas de base local como a *polis* ou a *civitas*. Pero tampouco podía ter como referencia o Imperio Romano polo seu carácter cuasiuniversal —dun *universo mediterráneo* e eurocéntrico, evidentemente—. O Imperio si que foi, en cambio, o modelo sobre o que se pretenderon establecer soberanías universais na cristiandade. O feito de que nos territorios nos que tiveron máis efectividade eses poderes universais —a Italia dos Estados Pontificios e a Alemaña do Sacro Imperio— fose especialmente tardía a creación de Estados nacionais non é casual: suxire que *a pretensión de restaurar a memoria do Imperio foi retardatoria da construción do Estado moderno*. O Estado non nace da memoria da *civitas*, porque en realidade fóra de Roma non houbo *civitas* senon *provinciae*, pero tampouco da memoria —esta si, real e idealizada— do Imperio arrasado polas invasións bárbaras. Nace antes, como un instrumento novo que se conforma fronte aos intentos de restablecer o goberno universal que exercera o Imperio caído. E, necesariamente, sobre os restos da súa desintegración.

2.4. O Estado moderno: esa redundancia (ou non tanto)

Pero, se falamos de Estado moderno, antes de continuar coa secuencia histórica resulta pertinente facer algunha consideración sobre o propio concepto. Adoita admitirse convencionalmente que quen introduciu o termo Estado na linguaxe política foi Maquiavelo, na célebre frase introdutoria de *El Príncipe*: «Todos los Estados, todos los

[209] Malinowski: *Crimen y costumbre …*, 1985 [1926], p. 75.
[210] Malinowski: *Crimen y costumbre …*, 1985 [1926], p. 103 e 112.

dominios que han tenido y tienen soberanía sobre los hombres, han sido y son repúblicas o principados»[211]. Donde *Estado* se equipara con *dominio* precisamente cara o pasado: os que existiron e existían en Italia no momento de escribirse o tratado, cuxo propósito non é outro que é animar, para o futuro, a construción dun Estado novo que unifique os dominios que teñen sumida a Italia no caos.

De modo que a nova organización política que Maquiavelo teoriza xa non é dominio senón Estado, precisamente porque xa non é privada —aquelo que se ten como dono— senón pública: a ordenación da patria para ser ennobrecida baixo os auspicios do príncipe. O principado «completamente nuevo» que Maquiavelo propugna o é «tanto por su príncipe como por su organización política», que non consiste na cogobernanza do príncipe cos «grandes» ou «nobles» —que «poseen dicho grado … por herencia familiar», é dicir, a título patrimonial, e teñen «súbditos propios que les reconocen como su príncipe»—, senón que consiste no goberno centralizado nas mans de «un príncipe y algunos siervos … convertidos en ministros por gracia y concesión suya»[212]. Deste xeito, o príncipe «goza de una autoridad mayor, ya que en todo su territorio nadie reconoce a otro superior a él y si obedecen a algún otro lo hacen en tanto que ministro y funcionario del príncipe, sin que haya por medio un afecto especial»[213]. Este monopolio do *afecto* é o que diferencia o novo Estado —o *principado civil*, sustentado no *favor do pobo*— da vella coexistencia de dominios e lealdades diversas, da que nace a debilidade e o caos.

A causa dos pesares de Italia, a «bárbara tiranía» que «a todos apesta», é que «no ha surgido nadie que haya sabido encontrar una organización nueva»); tarefa que Maquiavelo confía á casa de Médici, «a fin de que bajo su enseñanza se vea ennoblecida la patria»[214]. Tomemos nota de dúas cousas relevantes para comprender a natureza desa nova organización política: en primeiro lugar, está integrada non por unha corte nobiliaria, senón por unha organización de *ministros* e *funcionarios* que serven ás necesidades dese novo principado; en segundo lugar, e se cabe máis importante, asistimos á novidosa aparición da *patria* como substrato e obxecto dese novo principado, cuxa función non é engrandecer os dominios privativos do príncipe senón *ennobrecer* esa patria. O novo principado civil só pode nacer dunha alianza antiseñorial entre o príncipe e o pobo, mutuamente vantaxosa: o pobo se libera do desexo de opresión dos *grandes*, e o príncipe das aspiracións nobiliarias a disputarlle a soberanía.

Claramente, esa patria aínda non é a nación, pero é o seu xerme: cando se converta en suxeito político, a patria será nación e lle reclamará ao príncipe o control soberano desa organización nova, o poder de designar aos seus ministros e funcionarios, que xa non serán *ministros do príncipe* —ou do rei— senón *ministros da nación*. Daquela, e non antes, o Estado será Estado-nación, pero o seu xerme está nesa *organización nova* que nace da alianza antiseñorial entre o príncipe e os seus súbditos. É importante reter esta idea, sobre a que volveremos logo.

Como di Norberto Bobbio, falando da innovación terminolóxica e conceptual que o Estado representa:

> [E]l problema del nombre "Estado" no sería tan importante si la introducción del nuevo término en los umbrales de la época moderna no hubiese dado ocasión para sostener que no solamente corresponde a una necesidad de claridad terminológica sino que resolvió la exigencia de *encontrar un nombre nuevo para una realidad nueva*: la

[211] Maquiavelo, Nicolás: *El Príncipe*, Madrid, Alianza Editorial, 2010 [1532], p. 47.
[212] Maquiavelo: *El Príncipe*, 2010 [1532], p. 65.
[213] Maquiavelo: *El Príncipe*, 2010 [1532], p. 60.
[214] Maquiavelo: *El Príncipe*, 2010 [1532], p. 159 e p. 160.

> realidad del Estado precisamente moderno que debe considerarse como una forma de ordenamiento tan diferente de los ordenamientos anteriores que ya no puede ser llamado con los nombres antiguos[215].

Consonte a esta idea, só ten sentido falar de Estado para designar ás formacións políticas que nacen da crise da sociedade medieval, non para as anteriores, e por tanto falar de *Estado moderno* é unha clara redundancia xa que non hai outro Estado máis ca o moderno.

Pero esta idea, sobre a que existía un amplo consenso, veu a ser posta en cuestión pola historiografía contemporánea que, en relación cos estudios sobre a formación do Estado precisamente contemporáneo, reclama a exclusividade do concepto, ou sexa, do Estado propiamente dito, para o Estado-nación construído conforme ao molde liberal no tránsito do século XVIII ao XIX sobre a creba dunhas monarquías absolutas que non serían propiamente Estados senón outra cousa. Que é o criterio que, por exemplo e en relación ao caso español, sostén Juan Pro na súa fundamental monografía sobre *La construcción del Estado en España*. Aclara o autor que do que trata é «del Estado propiamente dicho, el Estado-nación contemporáneo, lo cual implica considerar que todas las formas de organización del poder político anteriores al siglo XIX no eran propiamente estados», en coherencia coa idea de partida de que «el Estado es la forma específicamente contemporánea (es decir, propia de los siglos XIX, XX y XXI) de estructurar políticamente una sociedad»[216]. Isto resulta tan categórico como a afirmación de que o Estado moderno —que así sería distinto do *Estado propiamiente dito* ou *Estado-nación contemporáneo*— naceu da crise da sociedade medieval e da superación, «hacia arriba», da constitución feudal. Depende do que *propiamente* consideremos Estado e de se este é un xénero no que caiban diversas especies: a contemporánea, do Estado que se reclama nacional; a moderna, que só impropiamente se pode chamar nacional porque non podía pretender selo antes da aparición política da nación; ou mesmo formas antigas ou premodernas.

Dicir, como fai Bobbio na obra antes citada, que este é un debate nominalista, non implica restarlle unha migalla do interese que certamente ten. Significa constatar que non se pode ofrecer unha resposta á pregunta «que é o Estado?» prescindindo da acoutación da *cousa* que designemos co *nome*. Porque, en definitiva, a formación do Estado, calquera cousa que sexa o que con maior ou menor propiedade designemos con ese nome, como calquera outro proceso histórico, implica continuidades e descontinuidades. Segundo poñamos o acento nunhas ou noutras, podemos levar as orixes a momentos anteriores ou posteriores.

Agora ben: asumir un concepto de Estado tan amplo que se identifique con calquera clase de organización política —é dicir, pública e non relativa a unha orde privada ou meramente familiar— resulta pouco para a análise histórica, precisamente por negarlle historicidade ao concepto. Se todo poder político é Estado, o Estado é historicamente irrelevante como é irrelevante na historia —non na antropoloxía— que o *homo sapiens* sexa bípede. A cousa que designamos co nome de Estado non pode ser calquera forma de organización do poder político. Alén diso, o preito é irresoluble, porque a pregunta sobre cando naceu o Estado depende da definición ampla ou restrinxida que

[215] Bobbio, Norberto: *Estado, gobierno y sociedad. Por una teoría general de la política*, México D.F., Fondo de Cultura Económica, 1989 [1985], p. 89. Cursiva nosa.
[216] Pro, Juan: *La construcción del Estado en España. Una historia del siglo XIX*, Madrid, Alianza Editorial, 2019, p. 30 e p. 31.

asumamos de tal *cousa* e, como di Bobbio, «la preferencia por una definición depende de *criterios de oportunidad* y no de verdad»[217].

No caso da historiografía, os criterios de oportunidade dependen do obxecto sobre o que se proxecta a atención, ao punto de que cabe apreciar un certo prurito profesional no que se transluce a especialización: historiadoras e historiadores contemporaneístas ven no Estado-nación unha solución anovadora que desminte a verdadeira estatalidade das monarquías absolutas; mentres que as e os especialistas en historia moderna ou medieval atopan a cerna da cuestión no Estado moderno que nace no transito da constitución feudal ás monarquías extensas que, unha vez consolidadas, haberían de reclamarse absolutas; e quen se ocupan da historia antiga non deixan de ver manifestacións dun Estado primitivo pero nada elemental na *polis* grega ou nas vastas estruturas burocráticas dos antigos imperios como o chinés ou o faraónico. En realidade, en todas estas formacións existen elementos de estatalidade: unha base territorial máis ou menos extensa, mellor ou peor definida; un poder público, distinto das relacións de dominación privada, familiar ou contractual; unhas lealdades non meramente privadas; ou un centro de poder que se proxecta reticularmente nun aparello administrativo máis ou menos extenso. Ás veces, eses elementos de estatalidade —nomeadamente o aparello administrativo— mesmo poden aparecer máis desenvolvidos en formacións máis antigas que no que identificamos como Estado moderno. Emporiso, é tamén certo que non existe unha evidente continuidade e só si semellanzas entre a *polis* grega ou a monarquía faraónica e as monarquías que se configuran na baixa idade media europea.

O pecado orixinal desta irresoluble querela sobre o Estado radica no presentismo anacrónico que proxecta unha realidade actual sobre o pasado, buscando unha esencia á que lle acaia o nome e a cousa que hoxe identificamos como Estado: unha pretensión que, á parte de imposible de culminar, é inútil. Pero, malia os riscos do anacronismo, para o noso propósito —a nosa *oportunidade*, que diría Bobbio—, que non é outro que atopar a natureza do que vemos actuar nos tribunais de Pontevedra na contorna da terceira década do século pasado, non podemos senón partir desa cousa que observamos e pescudar na súa raíz. Consonte a este criterio de oportunidade, a nosa pescuda é aquí máis xenealóxica que historiográfica, xa que non pretendemos describir a historia do Estado nin sequera das súas instancias xudiciais, senón rastrexar a íntima vinculación entre a función xurisdicional e a natureza do Estado, camiño no que nos imos atopar de fronte, sen pretendelo, coa raíz mesma da idea de soberanía.

Partimos, pois, do que coñecemos e vemos, en 1936 ou hoxe: o Estado-nación, que só pode aparecer cando a nación se constitúe como suxeito político capaz de facerse cargo do aparello institucional no que actúa a soberanía. Isto sucede, en Europa, cos procesos revolucionarios de inspiración liberal —e nacional— que convencionalmente dan inicio ao mundo contemporáneo e se adoitan referenciar, pola súa singularidade e irradiación continental, na Revolución Francesa de 1789. Pero nin a nación brotou nese momento como unha concertación revolucionaria, nin aparece *ex novo* o aparello institucional do que a nación se fai cargo, por máis que o modifique; nin dende logo nace entón o concepto de soberanía, por máis que mude o suxeito que se atribúe a súa titularidade. Se ben foron de gran importancia os cambios no modelo ideolóxico, o papel dos actores e as innovacións institucionais —en definitiva, as descontinuidades—, tamén son evidentes as continuidades institucionais, territoriais e mesmo xurídico-políticas —nomeadamente, a propia idea de soberanía— entre os Estados-nacionais e as monarquías preexistentes: retomando o modelo referencial, entre a República Francesa e o Reino de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[217] Bobbio: *Estado, gobierno y* ..., 1989 [1985], p. 91. Cursiva nosa.

Francia. Mesmo as rupturas que se producen teñen as súas raíces nas prácticas políticas precedentes. É dicir, a propia República Francesa sería inconcibible sen o Reino de Francia, xa que sen ese construto xurídico non se tería constituído a ficción política que se designou a si mesma como nación: os *fils de la patrie*, que non son irmáns de sangue nin se agrupan por natureza senón, na célebre expresión de Benedict Anderson, nunha *comunidade imaxinada* en base a un *plebiscito diario*[218].

O suxeito político nacional nace, no caso específico das comunidades europeas que se constitúen en nacións estatais, como produto no imaxinario colectivo da práctica administrativa e xurisdicional cotiá das monarquías e da relación das súas institucións cos súbditos e destes entre si nun espazo acoutado administrativamente. É dicir, o suxeito nacional nace dun complexo sistema de relacións administrativas —ou mediadas pola administración— nun proxecto político que quere, nas verbas de Maquiavelo, ver «ennoblecida la patria». Ata que os fillos da patria, constituídos en nación, sexan quen de tomar o control das institucións anteriormente monárquicas e *transformalas* en Estado-nación.

A esas estruturas xurídico-políticas que precederon ao Estado nacional contemporáneo podemos chamalas *Estados* ou eludir o nome e designalas *Monarquías*, pero son estadios da mesma cousa cambiante ou, se se prefire, especies do mesmo xénero. A cousa cambiante que convencionalmente se deu en chamar Estado moderno pola súa vinculación orixinaria ao nacemento da modernidade e pola súa ruptura coas formas políticas da constitución feudal. Diso é do que tratamos para introducir o noso traballo, intentando poñer de manifesto a íntima vinculación entre a natureza do Estado e a asunción da función xurisdicional, da que non casualmente reclama a exclusividade con tanta teimosía.

2.5. Os alicerces do Estado moderno. O modelo da *plenitudo potestatis* papal e a matriz xurisdicional da soberanía

A sociedade feudal e a súa particular constitución nace non tanto da fragmentación do Imperio Romano como da desintegración dos reinos xermánicos que ocupan o seu espazo. Os pobos xermánicos non eran nómades, xa que se asentaban e constituían centros de poder relativamente estables, pero eran grupos dirixidos por elites militares cuxa vinculación co territorio era accidental e non constitutiva, variable en razón das circunstancias —como os pactos feudatarios con Roma ou a presión doutros grupos concorrentes—. De modo que os seus reinos podían establecerse na Galia, trasladarse logo cara Hispania ou pasar a África, xa que non eran reinos constitutivamente territoriais. Como ademais as poboacións xermánicas que trasladaban os seus reinos polos vellos dominios romanos eran numericamente limitadas, a ocupación do territorio era

[218] O de *plebiscito diario* é un concepto popularizado polo historiador Ernest Renan nunha célebre conferencia na Sorbona o 11 de marzo de 1882, precisamente para tratar o dilema francés da nación (Renan, Ernest: *Qu'est-ce qu'une nation?*, Paris, Presses-Pocket, 1992 [1882]; o *plébiscite de tous les jours*, no terceiro e derradeiro epígrafe do texto). Por outra banda, con respecto a referencia a Anderson, é certo que o politólogo non refire a construción desas comunidades imaxinadas ás relacións sociais derivadas das prácticas administrativas e xurisdicionais das vellas monarquías, senón ás relacións comunicativas das elites por medio das publicacións impresas (o que chama *capitalismo impreso* ou *capitalismo de imprenta*). Pero Anderson non trata da orixe da nación senón do nacionalismo, mentres que nós aludimos á formación das nacións europeas que se apropian do "vello" Estado moderno e o fan nacional. Falamos das nacións estatais (nin sequera de tódalas nacións, pois existen nacións non estatais alternativas) e en ningún momento nos referimos ao nacionalismo. As perspectivas son compatibles e, en todo caso, os procesos non son únicos. Anderson, Benedict: *Comunidades imaginadas. Reflexiones sobre el origen y la difusión del nacionalismo,* México D.F., Fondo de Cultura Económica, 1993 [1983].

imperfecta e dependente de acordos cos grupos magnaticios locais, que asumían unha posición subordinada ao novo poder a cambio de exercer o control efectivo sobre un espazo dado. Podemos, polo tanto, dicir que os reinos xermánicos eran reinos alónomos —ou alocracias, en tanto que gobernados por grupos estranxeiros—, cunha vinculación co territorio non constitutiva e mudable e un sistema de relación coas elites locais no que o poder está progresivamente desintegrado.

A natureza feudataria, é dicir, fundada na *fides* ou fidelidade persoal, dos sucesivos pactos polos que se *confía* o poder a instancias inferiores, dende os pactos iniciais con Roma ata os feudais cos señores territoriais e os destes con outros locais, seguida da asignación da terra en contratos forais —foros e subforos— que implicaban na súa orixe obrigas persoais e non só dereitos reais, conforman unha rede de relacións de poder profundamente privatizado, na que os dereitos e obrigas derivan de relacións contractuais e os vínculos e lealdades son eminentemente persoais. Na constitución feudal, por tanto, o poder político está reprivatizado e perde calquera traza de estatalidade, non tanto polas dimensións das unidades nas que se exerce o poder senón polo carácter privado das relacións de dominación. Malia que existen ou se atribúen todo tipo de dignidades a reis —que eventualmente se reclaman emperadores—, condes, duques ou señores nunha rede de subordinacións confusas e cambiantes, a sociedade feudal artéllase en torno á vinculación ás *terrae*, respecto das que se establecen relacións de *dominium* nas que se confunden os dereitos reais cos persoais. Estas relacións dominicais superpóñense sobre unha sociedade estamental supervivente de períodos anteriores. Como indica Alfonso García-Gallo respecto do caso español, que non é substancialmente distinto dos outros espazos europeos, a comunidade feudal estrutúrase sobre tres elementos: a *terra*, que non é o territorio senón a poboación que lle dá sentido político; o *réxime estamental* que divide á sociedade en nobres e campesiños; e as *relacións de fidelidade* que, con independencia das relacións estamentais, unen aos individuos con vínculos de clientela e patrocinio[219].

Sobre ese magma social e institucional altomedieval, que implica inseguridade —física e xurídica— e dificulta o intercambio mercantil, na Baixa Idade Media vanse conformando unhas novas monarquías cualitativamente distintas dos anteriores *regna*, nun dobre proceso: de concentración e consolidación *cara arriba* do poder na persoa do rei, que se sobrepón sobre os outros poderes territoriais deixando de ser un *primus inter pares* ata acadar unha supremacía indisputada; e, o máis significativo, de reversión da privatización do poder, que deixa de ser *dominium* para convertirse en exercicio da soberanía, concepto no que se redefine o que na tradición romana se designaba *imperium*. O resultado do proceso será a aparición das novas monarquías extensas que conforman a primeira expresión do que convencionalmente chamamos Estado moderno[220].

Retomando o relato cronolóxico interrompido co epígrafe precedente, o modelo das novas monarquías superadoras da constitución feudal non pode ser a *polis* ou a *civitas*, polo seu carácter local e urbano, pouco axeitado nun mundo ruralizado, e porque a memoria delas era remota. Tampouco podía ser o Imperio Romano, do que existía unha memoria máis próxima, polo seu carácter cuasiuniversal; si que foi modelo do Sacro

[219] García-Gallo, Alfonso: *Manual de Historia del Derecho Español (I). El origen y la evolución del Derecho,* Madrid, Artes Gráficas y Ediciones S.L., 1977, p. 377 e ss.

[220] Sobre o tema, é recomendable acudir a clásicos como Strayer, Joseph R.: *Sobre los orígenes medievales del Estado moderno*, Barcelona, Ariel, 1981 [1970]; Kantorowicz, Ernst H.: *Los dos cuerpos del Rey. Un estudio de teología política medieval*, Madrid, Akal, 2012 [1957]. Entre bibliografía máis recente, particularmente relativa ao concepto clave de soberanía (fundamental neste aspecto), ver Dardot, Pierre; Laval, Christian: *Dominar. Estudio sobre la soberanía del Estado de Occidente*, Barcelona, Gedisa, 2021 [2020].

USC

Imperio, pero este actuou como elemento retardador da conformación dos novos Estados precisamente polas súas pretensións universalistas[221]. Nin podía tampouco ser modelo a monarquía xermánica, polo seu carácter que antes chamamos alónomo e pola incapacidade que tiña de ser un instrumento eficaz na ocupación e control do territorio. Faltando referentes históricos axeitados, os protagonistas deste proceso houberon de «reinventar el Estado por su propio esfuerzo», por empregar a coñecida expresión de Strayer[222].

En defecto de referentes a imitar en formacións estatais precedentes, o modelo de conformación das novas monarquías foi extraestatal: a Igrexa católica e, dentro dela, o poder centralizado do papado. Non deixa de ser paradoxal, por tres motivos. Primeiro, porque a Igrexa e o papado disputaban ás autoridades terreais a prelación política e non meramente espiritual, que reclamaban para si dende o agustinismo político ata o xelasianismo. Segundo, porque ademais a Igrexa universal patrocinaba un poder temporal igualmente católico e universal, na forma do Sacro Imperio, que pretendía subordinado ao papado. E, terceiro porque, á marxe da fórmula imperial, a Igrexa era de seu un poder territorial, non só nos territorios pontificios romanos senón en toda a cristiandade, a medio dos numerosísimos señoríos eclesiásticos. Malia iso, a Igrexa leváballe ás monarquías locais un adianto extraordinario no desenvolvemento burocrático, tanto na sé apostólica como sobre o conxunto do territorio, incluído «un obediente emisario en cada aldea», nas gráficas palabras de R. H. S. Crossman[223]. O sistema parroquial vai ser, co tempo, modelo para a xeneralización nas monarquías da rede municipal, inicialmente urbana.

Alén do modelo organizativo de ocupación reticular do territorio —inaccesible para as capacidades administrativas das incipientes monarquías—, o que estas van imitar dende cedo na súa pugna por impoñerse aos poderes señoriais é o modelo da soberanía xurisdicional do papado: a *plenitudo potestatis*, que lle permitira ao bispo de Roma impoñerse sobre as pretensións igualitarias do resto do episcopado nunha tenaz pugna entre una concepción conciliarista e outra centralizada e monárquica da Igrexa. No triunfo das teses monárquicas ou papistas xoga un papel decisivo o papa Nicolás (858 – 867), que mediante o daquela común expediente da falsificación documental non só consagra o longamente debatido dereito exclusivo do papa a convocar concilios, senón a preeminencia papal sobre os restantes bispos e as asembleas conciliares.

Importa destacar o carácter xurisdicional desa prelación, expresada na máxima —falsificada— «Prima Sedes a nemine iudicatur»: isto é, *a Primeira Sede non é xulgada por ninguén*[224]. Esta face negativa da soberanía, de imposibilidade de ser xulgado, complétase coa positiva de poder decidir sobre todos de forma inapelable[225]. Ámbalas

[221] *Universalistas*, non é preciso repetilo, dun *universo europeo*.

[222] Strayer: *Sobre los orígenes …*, 1981 [1970], p. 19.

[223] Crossman, R. H. S.: *Biografía del Estado Moderno,* Madrid, F.C.E. España, 1974 [1939], p. 25. O título da referencial obra de Crossman na tradución española é enganoso, xa que é unha historia do pensamento político relativo ao Estado moderno, como si se transluce no título orixinal: *Government and the Governed (A History of Political Ideas and Political Practice)*.

[224] Sobre esta cuestión, ver a síntese de Sieben, Hermann-Josef: "¿Cómo definieron los Concilios su relación con el Papa y viceversa en el primer milenio?", lección maxistral na súa investidura como doutor *honoris causa* pola Universidad Pontificia de Comillas o 5 de novembro de 2014 (dispoñible en: https://www.comillas.edu/images/Agenda/Documentos/Curso_2014-15/Noviembre2014/Sieben_Vorlessung.pdf [últ. consulta o 22/12/2022]). A máxima citada "se incorpora, entre otros, en el *Decretum Gratiani* y comienza a partir de ahí su marcha triunfal como fórmula estereotipada a lo largo de la literatura canónica y el derecho eclesiástico hasta el canon 1556 del CIC de 1917 y el canon 1404 del CIC de 1983" (p. 7).

[225] A imposibilidade de ser xulgado mantense nos nosos días: coñecido é o caso do rei, na figura da inviolabilidade da súa persoa (de actualidade polo modo en que actúa como mecanismo de contención á exixencia de responsabilidades ao rei emérito).

faces conflúen na fórmula «Sanctas sedes omnes iudicat, sed a nemine iudicatur»: incorporada por Bonifacio VIII á súa bula *Unam Sanctam* (1302), en realidade é de elaboración anterior, pois xa fora utilizada por Inocencio III (1198 – 1216) ao referirse a si mesmo como «qui de omnibus iudicat eta a nemine iudicatur»[226]. A soberanía papal entendida como primacía xurisdicional xa estaba consagrada no *Dictatus papae* de Gregorio VII, en 1075, na súa agre pugna co emperador Enrique IV que recordamos como *Querela das Investiduras*. As regras do *Dictatus*, logo de sentar a primacía do bispo de Roma sobre os demais bispos e emperadores, subliñan o carácter xurisdicional da soberanía papal na fundamental regra 18, que xa contiña a fórmula mestra: «[q]ue ninguno de sus juicios puede ser revisado por nadie, y que sólo él puede revisar los juicios de todos»[227].

Comprobamos así a cerna xurisdicional da *plenitudo potestatis* papal. Esa matriz xurisdicional necesariamente había de trasladarse á soberanía do monarca, que só se teorizaría séculos despois —dunha forma coherente, no XVI, con Jean Bodin, lexitimando o monarquismo absolutista—, pero xa viña existindo dende o século XIV por imitación do modelo papal[228]. A figura do rei-xuíz non é meramente retórica: está na cerna da soberanía monárquica, por imitación da papal. Daquela, a xurisdición real non deriva da soberanía senón que está na súa orixe.

2.6. A alianza xurisdicional antiseñorial monárquico-popular

A implantación da soberanía do rei ata ser percibido —el mesmo ou na figura dos seus funcionarios— como o xuíz natural atopa dúas resistencias. *Por arriba*, e externamente, nos poderes xurisdicionais da mesma Igrexa que lle serviu de modelo. O obstáculo non procede do Sacro Imperio, que fóra do seu espazo de asentamento carece de competencias xurisdicionais e tampouco as reclama activamente: a prelación que reclama sobre os monarcas que carecen da dignidade imperial é puramente simbólica. As resistencias proceden do papado e a súa permanente reclamación dunha primacía efectiva sobre calquera poder terreal. Malia que a inicial debilidade dos reis confería unha preeminencia ao papado, o preito vaise resolver a favor das monarquías a medida que estas se consolidan, relegando ao papado a unha función de liderado espiritual sen contido xurisdicional limitativo da potestade rexia. Así e todo, existe unha concesión na vitoria monárquica, coherente co carácter confesional das monarquías e coa aceptación do liderado espiritual do papado e da súa Igrexa —ou das Igrexas nacionais, no caso de o liderado papal resultar insoportable—: o mantemento da xurisdición eclesiástica na regulación das relacións privadas de índole familiar e na disciplina da moral sexual, que había de manterse moito tempo. Pero a principal resistencia práctica na implantación da xurisdición real sobre o terreo opera *por abaixo* e internamente, da man das xurisdicións señoriais —incluídas as dos señoríos eclesiásticos— que desmenten a realidade efectiva da soberanía real. O señores da terra, especialmente os máis poderosos, que anteriormente

[226] Strayer: *Sobre los orígenes …*, 1981 [1970], p. 16.

[227] Nas regras 2 ("Que el obispo de Roma es el único que por derecho es llamado universal"), 3 ("Que sólo él puede deponer y nombrar los obispos"), 4 ("Que cualquier legado suyo, aunque sea del menor rango, tiene precedencia en un concilio sobre todos los obispos y puede dictar contra ellos una sentencia de destitución"; é dicir, que a primacía xurisdicional do papa é delegable, incluso nos legados de menor rango), e 11 ("Que puede deponer a los emperadores"), entre outros. Citamos pola tradución que se contén en Dardot; Laval: *Dominar. Estudio sobre …*, 2021 [2020], pp. 112 – 113.

[228] "La soberanía existía de hecho mucho antes de que se la pudiera describir en teoría (1300 y 1550, respectivamente". Strayer: *Sobre los orígenes …*, 1981 [1970], p. 17.

vían ao rei ou ao conde como un igual investido apenas dunha dignidade formal especial, néganse a entregar o control sobre as *terrae* que non eran só territorio senón poboación.

Aínda sendo esta unha simplificación —pois o proceso é abondo complexo e sinuoso—, pode dicirse que a disputa se resolve a favor do monarca en virtude dunha alianza xurisdicional entre o rei e a xente do común mutuamente vantaxosa. Dunha parte, permite aos grupos subalternos liberarse dos (ab)usos da nobreza señorial á que estaban directamente sometidos en réxime de dominio; pero tamén indirectamente, no caso dos municipios non sometidos por vínculos xurídicos de subordinación pero expostos ás pretensións abusivas da nobreza territorial. E, ao tempo, ofrécelle ao rei a posibilidade de fortalecer a súa posición fronte aos poderes señoriais. Dende logo, esta alianza monárquico-popular é compatible con alianzas tácticas do rei con membros da nobreza señorial —da que, en definitiva, o propio rei procede—, incluso preservando en moitos casos as súas prerrogativas xurisdicionais ou concedéndollas ás veces a quen non as tiñan, nun complicado xogo de apoios mutuos. Baste pensar que, carecendo dunha rede administrativa propia que cubrise todo o territorio, o rei non podía prescindir —inicialmente— da estrutura de poder señorial. Pero a liña estratéxica central que vai consolidar o novo Estado monárquico é a primeira, e a propia nobreza territorial terá que ceder finalmente as súas prerrogativas xurisdicionais para manter os seus privilexios sociais.

Deliberadamente evitamos facer unha datación do proceso, evidentemente complexa e problemática, e que excede ademais as pretensións deste capítulo. Dun modo moi xenérico, pode dicirse que comeza entrado o século XI e está esencialmente culminada a finais do XIV nas monarquías máis consolidadas: o Reino de Francia, a Coroa inglesa —que integra, coas súas personalidades propias a Escocia, Gales e Irlanda— e as Coroas de Castela e Aragón que integrarían a Monarquía Hispánica. O proceso foi máis imperfecto en Alemaña e Italia, onde se atopaban o Sacro Imperio e o Papado, que xa identificamos como retardadores do proceso de aparición dos Estados modernos. No caso italiano a estatalización era notable, pero fragmentada. En ámbolos casos a ausencia das monarquías extensas impide a preparación dos Estados nacionais, que só se constitúen en procesos de unificación anormalmente tardíos.

Logo faremos algunha sucinta indicación do modo en que se plasmou esa alianza xurisdicional antiseñorial na implantación efectiva da Monarquía xurisdicional. Agora queremos apenas deixar constancia de catro notas que interesa salientar antes de pechar o epígrafe que estamos a tratar.

En primeiro lugar, que a *cousa* que nace deste proceso —calquera que sexa o *nome* que lle deamos, co sentido dialéctico que tanto caracteriza a Bobbio: a Monarquía, a Coroa… en definitiva, o novo Estado— xa non pode ser un atributo patrimonial do rei, precisamente por derivar dun contrato político e non privado entre os distintos integrantes do novo artefacto que aparece. De modo que o rei adopta unha dobre natureza, os dous corpos aos que alude a coñecida metáfora de Kantorowicz: como *corpo físico* —mortal— goberna o seu patrimonio e dispón del, incluído o seu dominio territorial nas fases iniciais do proceso nas que o rei aínda actúa como o primeiro dos señores; como *corpo místico* —inmortal— encarna, encabezándoa, a Coroa, da que non dispón —ou non debe dispoñer, malia que acotío o pretenda— patrimonialmente. Por máis que se lle adule chamándoo Soberano, a soberanía non é un atributo seu senón da Coroa, é dicir, do nacente Estado[229].

[229] Do mesmo xeito, en realidade, que cando se proclame a soberanía nacional ou popular seguirá sendo un atributo do Estado e non da nación ou do pobo proclamado soberano. Fóra do discurso político da lexitimidade, que opera nun

O monarca ocupa, dende logo, unha posición de privilexio, tanto no plano xurídico como cabeza da Coroa canto nas relacións materiais de poder; pero ten obrigas respecto do corpo místico que encabeza e pode ser obxecto de reconvención e corrección, mesmo coercitiva, por *deshonrala*, por cometer *crimes contra a Coroa*, por actuar *en prexuízo do pobo* ou *en desherdamento da Coroa*, etc. Na prohibición do *desherdamento*, moi recorrente, subxace a idea de inalienabilidade dos bens e dereitos da Coroa, incluídos os dereitos xurisdicionais. Era común incluír no xuramento de coroación a promesa de non allear os dereitos e posesións da Coroa e de recobrar os que se perderan[230]. A promesa de recuperar o antes indebidamente transmitido —e as requintadas fórmulas xurídicas ideadas para xustificar esa restitución, que incluían a equiparación do monarca a un menor, que herda pero non dispón da herdanza[231]— dá idea de que o cumprimento destas limitacións era deficiente; no caso dos dereitos xurisdicionais isto era consecuencia do entrecruzamento das alianzas populares e nobiliarias dos monarcas, necesitados tamén de apoiarse nos poderes territoriais señoriais. O que queremos destacar é que a soberanía, ao tempo que fortalece a posición do rei fronte ás potestades señoriais, implicaba tamén para el obrigas de lealdade á Coroa, que non eran meramente tácitas nin morais senón xurídicas e que, como expresión da súa inherencia ao oficio real, adoitaban incorporase ao xuramento de posesión. Como escribía o eminente xurista do século XIV Baldo de Ubaldis: «Nótese que todos los reyes del mundo deben jurar en su coronación conservar los derechos de su reino y el honor de la Corona»[232].

En segundo lugar, o produto dese pacto político —a ficción corporal da Coroa—, aínda que encabezado polo monarca, incorpora baixo esa cabeza ao conxunto dos grupos sociais integrantes da nova orde estatal: tanto os estamentos procedentes da orde feudal, ou sexa, a nobreza señorial —malia as súas resistencias— e o campesiñado, nos seus diversos estratos; como os grupos non estamentais, é dicir, a burguesía urbana florecente. Tamén ao clero, aínda que de modo máis problemático pola súa integración *ex officio* no corpo místico da Igrexa. En consecuencia, as lealdades están claramente despersonalizadas; aínda que se refiran formalmente ao rei, fóra da contorna cortesá máis afín aplícanse ao corpo místico e non ao físico do monarca. Na lealdade despersonalizada hai un substrato de pertenza que non existía anteriormente: a lealdade débese á Coroa, non só como mera institución senón como corpo do que se fai parte. Esta idea de pertenza á *comunidade do reino* non é privativa dos círculos coñecedores das urdas do poder, senón que enraíza na conciencia popular[233].

En terceiro lugar, o carácter xurisdicional da alianza e a propia matriz xurisdicional da soberanía implica que o rei, encarnación capital do poder soberano, actúe e, sobre todo, sexa percibido como un xuíz. Isto ten unha importancia fundamental na lexitimación do novo Estado monárquico e no éxito do artefacto. A posterior extensión das funcións estatais a todo tipo de dominios —ata chegar ao actual Estado omnipresente, ao que lle compete proporcionar tódolos servizos que aseguran o benestar social— relega a función xudicial a unha posición relativamente secundaria na percepción do que o

nivel distinto do xurídico relativo ao Estado e á acción estatal, a soberanía non pode ser outra cousa que un atributo do Estado. Razón pola cal, por moita importancia política que teña o cambio na designación so suxeito titular da soberanía, poderiamos argumentar que existe continuidade entre a soberanía exercida nas monarquías absolutas e nos Estados nacionais que as suceden.

[230] Kantorowicz: *Los dos cuerpos …*, 2012 [1957], pp. 347 e ss.

[231] Kantorowicz: *Los dos cuerpos …*, 2012 [1957], pp. 369 e ss.

[232] Nos seus comentarios *In Decretales*, que citamos por Kantorowicz: *Los dos cuerpos …*, 2012 [1957], pp. 356 – 357. No texto latino: *Nota quod omnes reges mundi in sua coronatione debent iurare iura regni sua conservare et honorem coronae*.

[233] Isto é así especialmente no caso inglés, onde a identificación popular coa Coroa persiste aínda hoxe dun modo imposible de atopar noutras monarquías contemporáneas. Kantorowicz: *Los dos cuerpos …*, 2012 [1957], p. 362.

Estado debe ofrecer. Pero, nas súas orixes baixomedievais e na primeira modernidade, ben pode dicirse que *o Estado xorde como unha promesa de xustiza*, entendida como protección fronte os abusos señoriais nas relacións de dominio ordinarias. Tamén é unha promesa de paz, no senso máis elemental de ausencia de guerra coas penalidades que esta carrea. Con todo, fronte á mala prensa que a modernidade proxectou sobre o mundo medieval, a guerra non era nel unha realidade cotiá, nin a súa evitación constituía unha acción tanxible e formal do oficio real como si constituía a aplicación da xustiza.

Como contrapartida, o rei exixe tributos e cargas económicas coas que soster, á parte do brillo da Coroa, o custo da implantación da súa rede administrativa, e tamén reclama eventualmente prestacións persoais onerosas como as relativas aos servizos militares, unhas e outras xustificadas no propósito do engrandecemento da comunidade do reino. Pero é notorio que ese propósito de, retomando a linguaxe do *Príncipe*, «ver ennoblecida la patria» non suscita a mesma adhesión cando se concreta na exixencia de tributos ou en levas militares que no caso da reparación dos abusos de poder dos detentores da terra. O monarca lexitímase poderosisimamente como rei-xuíz, representación terreal da xustiza divina que, emporiso, non sempre é eficaz polo propio afastamento do xuíz; convértese o recurso aspiracional alternativo á resignación sen esperanza.

A eficacia lexitimadora desta imaxe e o seu enraizamento na conciencia xurídica popular ponse de manifesto na aparición da figura como *topos* literario, inicialmente na literatura de transmisión oral e logo na culta do Século de Ouro en forma de dramas históricos de sona como *El alcalde de Zalamea* de Calderón de la Barca ou a triloxía de dramas «municipais» de Lope de Vega: *Fuenteovejuna, Peribáñez y el Comendador de Ocaña* e *El mejor alcalde, el rey*[234]. Probablemente a última das citadas sexa a que mellor representa o *topos* do que falamos, pero o elemento discursivo que aparece en todo este subxénero dramático presenta o abuso de poder, tanto señorial como dos malos servidores do rei, como unha posibilidade que se pode realizar pola ausencia ou afastamento do monarca, intrinsecamente xusto. A presenza do rei aparece como restauradora do dereito quebrantado, eventualmente ratificando a acción xusticeira popular, xa que cando o rei sabe da ofensa —porque *oe* as queixas dos ofendidos— e a verifica —porque a *ve* ao achegarse—, castiga ao abusador e restitúe a honra ofendida. Nótese o carácter xurisdicional da *audiencia* e da *vista*, que anulan o afastamento do rei-xuíz posibilitador da ofensa e, dende a proximidade sensorial, permiten a restauración da xustiza.

Finalmente, o carácter transaccional da aparición do novo Estado monárquico fai emerxer á xente do común como un incipiente suxeito popular, que socava os vestixios estamentais na sociedade do Antigo Réxime. O pacto político que describimos como alianza xurisdicional antiseñorial é, como todo contrato social, unha idea ficcional máis útil para comprender o proceso que para describilo, pero os vínculos que se establecen nas relacións internas da Coroa son reais con independencia de que a Coroa/comunidade sexa un ente fantasmático. Na súa materialidade, e non como idea nin como mera institución, a Coroa produce un mundo de relacións administrativas que vinculan, en obrigacións desiguais pero recíprocas, aos funcionarios rexios co pobo común, e aos distintos grupos entre si mediados polo espazo institucional da monarquía: nas comunicacións, no comercio, na guerra…

Toda esta complexa rede de relacións, unido á extensión das ideas humanistas de carácter igualitario, propicia que na *comunidade do reino* apareza unha *comunidade*

[234] Téñase presente que o alcalde era, orixinalmente, o administrador da xustiza na primeira instancia, local ou municipal.

popular, que se pretende natural —e, neste sentido, nacional— porque reúne aos nacidos iguais. A igualación de tódolos homes e mulleres pola morte, tan característica da ideoloxía medieval que preserva a desigualdade no nacemento —é dicir, a estamentalidade— ao tempo que a humaniza e atenúa no destino final común que cancela as diferencias, compleméntase na modernidade na igualación por natureza dos nacidos con igual dignidade —aínda que en diferentes berces ou en casas máis ou menos abastadas—, partícipes dunha identidade común cando se comparte o nacemento nun espazo social naturalizado. Esta comunidade dos naturais do reino socava o carácter estamental da sociedade —non a diferencia social— e, malia que aínda non é nación, a prepara. Cando a froita estea madura, só será necesario que esta comunidade de fillos da patria —na que a masculinidade vai de seu— tome conciencia do seu poder: que perciba que, alén da fastosidade da roupaxe, a investidura soberana do monarca é ficticia, para que así, na potente metáfora de Hans Christian Andersen, alguén proclame que «o Emperador está espido» e a nación revolucionaria descabece á Coroa para ocupar o seu lugar. Tamén, sen ter conciencia diso, a súa nudez.

2.7. A conformación institucional da monarquía xurisdicional na España do Antigo Réxime

Non entraremos en detalles sobre o modo en que se foron implantando as institucións da monarquía xurisdicional durante a vixencia do Antigo Réxime, cuestión complexa e chea de variables cuxa descrición non ten especial interese para o noso propósito. Remitímonos á literatura especializada, na que hai traballos que permiten unha aproximación máis documentada e mellor formada da que está ao noso alcance[235]. Limitarémonos a indicar algúns trazos do proceso que consideramos especialmente salientables de cara a configuración do Estado xurisdicional tal e como o entendemos.

As técnicas polas que se produce a incorporación das xurisdicións territoriais á *regalía* ou conxunto de facultades inherentes á soberanía real sobre a totalidade dos territorios da Coroa son diversas, pero poden reconducirse a un feixe de estratexias, que limitaremos en cinco. En primeiro lugar, a antes referida como prohibición de *desherdamento* da Coroa, imposta ao monarca polas Cortes, que, como vimos, implicaba non só a proscrición da práctica de allear mediante concesión ou venda novas xurisdicións senón a restitución das indebidamente transmitidas. Na Coroa de Castela, aínda que dende moi cedo se prohibe o alleamento a perpetuidade de señoríos xurisdicionais por implicar a división da Coroa, inicialmente respéctanse os lexitimamente adquiridos introducindo fórmulas de recuperar a xustiza «si el sennor del lugar la menguare», incluso mediante mecanismos de restitución polo uso, a modo de usucapión, «si el rey o otro por él usó después de la justicia por tanto tiempo que la pudo ganar»[236]. Na Coroa de Aragón hai disposicións e prácticas semellantes. Os incumprimentos son múltiples, pero cando o alleamento se efectúa sen o consentimento do Reino, os veciños poden resistir coas armas

[235] Unha excelente síntese do proceso, con abundante aportación de datos (moitos deles referidos a Galicia) en: López Díaz, María: "La administración de la justicia señorial en el antiguo régimen", *Anuario de Historia del Derecho Español*, tomo 76, 2006, pp. 557 – 588. Tamén nos servimos, como en toda a nosa exposición, do *Manual de Historia del Derecho Español* de García-Gallo (1973), xa citado, que é en realidade un completo tratado da materia, complementado no seu vol. II cunha extensa antoloxía de fontes.

[236] As citas literais, do Ordenamento de Alcalá (1348), recompilación de leis promulgadas polas Cortes reunidas por Alfonso XI, que se traslada ao Ordenamento de Montalvo, á Recompilación das Leis de Castela e á Novísima Recompilación; pero xa antes existían preceptos semellantes nas Partidas de Alfonso X; é dicir, toda a columna vertebral do dereito castelán. Extraídas de García-Gallo, Alfonso: *Manual de Historia del Derecho Español (II). Antología de fuentes del antiguo Derecho,* Madrid, Artes Gráficas y Ediciones S.L., 1977, pp. 886 e ss.

ao novo señor sen incorrer en responsabilidade[237]. Co paso do tempo a prohibición é cada vez máis severa e acatada: no xuramento dado por Felipe V na súa coroación (1701) promete «que tendrá y guardará el patrimonio y señoríos de la Corona Real de estos Reinos ... y no enajenará a las ciudades y villas y lugares, términos, ni jurisdicciones ... y que si lo enajenare ... sea en si ... de ningún valor ni efecto»[238].

En segundo lugar, mediante a incorporación ao reguengo dos señoríos máis importantes, incluídos os das ordes militares, por matrimonio ou herdanza, nas dúas Coroas[239].

Outra vía é mediante a subordinación das xurisdicións señoriais á real, concedendo apelación perante esta, en segunda instancia —ou terceira instancia, no suposto de que o señor exercese a segunda fronte ás resolucións dos seus inferiores—, nos casos resoltos polos xuíces de señorío. A apelación perante o rei ou os seus tribunais quedou definitivamente establecida nas Cortes de Guadalaxara de 1390[240].

En cuarto lugar, pola reserva de xurisdición aos tribunais reais dos casos máis graves —os denominados *casos de corte*—, especialmente en materia penal, ou mediante a técnica de advocación da competencia nas causas de señorío a favor da xustiza real en casos especialmente relevantes. Canda a advocación tamén se produce o fenómeno inverso da delegación ou cesión —frecuentemente venal: venda de cargos— da competencia; pero a delegación implica recoñecemento da supremacía.

E, finalmente, pero a máis importante, mediante o apoio na xurisdición municipal. Esta, por unha banda, é protexida polo rei fronte ás pretensións exorbitantes da nobreza, como tal na provisión das maxistraturas locais cando non eran de libre designación do concello, ou nos casos en que as aristocracias locais fan causa común cos señores. E, pola outra, o rei favorece tamén a súa extensión mediante a concesión do foro real a vilas ou cidades anteriormente sometidas a señorío ou a outras de nova creación, como xa sucedía no período altomedieval coa concesión das cartas de poboación, que tamén adoitaban conter privilexios xurisdicionais outorgados polos reis en detrimento do señorío. O apoio neste primeiro municipalismo, unido ao pulo do mundo urbano, foi fundamental no triunfo da xurisdición real sobre a señorial.

A integración das xurisdicións locais na regalía non implica a conformación dunha estrutura xudicial homoxénea no conxunto do territorio integrada por funcionarios xudiciais dependentes da monarquía, pretensión que excedía en moito as capacidades desta. A formación de tribunais propiamente reais só se pode facer na cúpula do sistema, mediante a constitución de Reais Audiencias e Chancelerías que reúnan funcións administrativas e xurisdicionais, estas de apelación fronte ás decisións dos órganos inferiores. Na Coroa de Castela, a primeira Real Audiencia e Chancelería foi a de Valladolid, creada en 1371 con competencia en toda a Coroa. En 1494, creouse unha segunda en Cidade Real —que se trasladou a Granada en 1505—, con delimitación territorial entre ambas no río Texo. O sistema de audiencias vaise completando coa

[237] Como aconteceu nos sucesos históricos de Fuenteovejuna, que darían motivo ao célebre drama de Lope de Vega antes aludido. No reinado de Isabel a Católica (en 1476) os veciños sublévanse e dan morte ao comendador da Orde de Calatrava, á que Enrique IV transmitira a xurisdición sobre a vila en 1476. Isabel non castiga o feito. Sobre o tema, ver García-Gallo: *Manual de Historia … (I)*, 1977, p.791.

[238] García-Gallo: *Manual de Historia … (II)*, 1977, p. 868.

[239] Como nos casos apuntados por García-Gallo no vol. I do seu *Manual* (p. 790), que inclúen para Castela os señoríos de Biscaia ou das terras de Áraba, ou os das ordes de Calatrava (pouco despois da revolta de Fuenteovejuna), Santiago e Alcántara (os tres reinando os Reis Católicos), e para a Coroa de Aragón os condados de Ribagorza, Urgel ou Ampurias.

[240] López Díaz: "La administración de …", 2006, p. 566.

creación doutras, xa non designadas Chancelerías e con menores funcións na alta administración, pero non subordinadas en materia xurisdicional á anteriores: en Galicia —creada en 1480, antes polo tanto que a Chancelería de Cidade Real, con base en institucións de gobernación do reino logo do seu sometemento a Castela—, Sevilla (1525), Canarias (1526), e máis tardiamente Asturias (1717), Estremadura (1790) e Albacete (1834). Na Coroa de Aragón, ao principio, as funcións xurisdicionais superiores correspondían ao Xustiza de Aragón, con residencia en Zaragoza, pero xa logo se vai asimilando o sistema castelán de audiencias —sen desaparecer o Xustiza, ata 1707— coa creación das de Aragón —tamén en Zaragoza—, Cataluña, Valencia e Mallorca. O sistema de Audiencias tamén se trasladaría ás colonias americanas.

Nunha posición superior ás Audiencias, unificando o sistema na cúspide, estaban os Consellos Reais. Inicialmente, había un en cada Coroa ata que, logo da derrota catalá na Guerra de Sucesión, o de Aragón foi suprimido polos Decretos de Nova Planta en 1707, asumindo as súas funcións o Consello de Castela. Como as Audiencias, o Consello de Castela exercía funcións administrativas de alta consulta e xurisdicionais, actuando neste plano a modo de tribunal supremo da Coroa. Xa na época constitucional escíndese esa dualidade: mantense o Consello Real como organismo consultivo —que exerce unha xurisdición retida nos litixios administrativos, segundo o modelo francés do Consello de Estado[241]— e asume as competencias xurisdicionais ordinarias o novo Tribunal Supremo. Paralelamente, as Reais Audiencias convértense, xa con funcións exclusivamente xudiciais, nas modernas Audiencias, que só pasarán a designarse *Territoriais* cando se creen nun nivel inferior as *Provinciais*[242]; as Reais Audiencias son hoxe os Tribunais Superiores de Xustiza.

Baixo esta alta maxistratura de directa dependencia real, no ámbito local actuaba unha heteroxénea rede de xuíces denominados *alcaldes* —aínda que nas Reais Audiencias tamén había alcaldes chamados *do crime*—, *vegueres* en Cataluña, *corrixidores* ou, xenericamente, *xustizas*, que resolvían os litixios en primeira instancia. Os alcaldes ou xustizas podían ser maiores ou ordinarios, estes últimos con menores atribucións, semellantes ás que logo terían os xuíces de paz. Eventualmente, nos señoríos máis importantes tamén podía haber órganos de apelación propios, inferiores e sempre supeditados ás Audiencias. Estas instancias inferiores dependían formalmente dos concellos ou no seu caso dos señoríos, pero quedan de feito incorporadas á regalía pola subordinación á xurisdición real exercida nas Audiencias. No caso de Madrid, existían varios alcaldes —de barrio, ou de rastro; estes con competencia meramente civil— e, como instancia de apelación, unha *Sala de Alcaldes de Casa y Corte de Madrid*, xa que o deseño das Audiencias era territorial ou provincial, como fórmula de ocupación do territorio, e non se aplicaba na Corte. Ningunha Audiencia tiña alí competencia.

O resultado de todo este proceso no momento inmediatamente anterior ao réxime constitucional é descrito atinadamente polo catedrático Miguel Ángel Aparicio:

> [T]odavía en los albores del siglo XIX, la confusión del organigrama judicial, la superposición de jurisdicciones, la frecuente utilización de la avocación y de la delegación, la relativa y fluctuante mezcla entre lo gubernativo y lo contencioso y el gran número de jurisdicciones especiales hacían de la Justicia un magma que, aunque muy

[241] Trataremos disto no capítulo 6, correspondente ao Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo de Pontevedra.

[242] Designadas inicialmente Audiencias do Criminal e cunha planta infraprovincial que fracasou. Aludiremos a isto na introdución do capítulo 5.

funcional con el sistema estamental preburgués, resultaba difícilmente compatible con cualquier aspiración racionalizadora liberal.[243]

2.8 A culminación do proceso no estado nacional ou constitucional. Os retos das xurisdicións militar e eclesiástica

Non entraremos tampouco en detalles do modo en que se constituíu a burocracia xudicial no Estado constitucional español, forma xurídica na que se plasma o Estado nacional de molde liberal —ou, como recordaremos, segundo algúns, o Estado propiamente dito—, nun demorado proceso que abarca todo o século XIX e prolonga as súas carencias durante boa parte da seguinte centuria, se non ata os nosos días[244]. Como explicamos na introdución, no comezo de cada un dos capítulos seguintes faremos as indicacións imprescindibles para comprender a forma en que se organizaba cada orde xurisdicional no momento da nosa indagación.

Chama a atención o escaso interese que a historiografía contemporaneísta lle presta á natureza intrinsicamente xurisdicional da soberanía e, por tanto, da acción estatal. Fóra dos estudos especializados, realizados xeralmente dende o ámbito da historia do dereito e da administración, na historiografía de enfoque global a formación e actuación do Estado xurisdicional contemporáneo está practicamente ausente. A título de exemplo, Juan Pro, en *Construcción del Estado en España* —que previamente citamos como a mellor e máis documentada exposición do proceso de formación do moderno sistema estatal en España durante o século XIX—, logo de referirse atinadamente, no capítulo dos antecedentes, á Monarquía do Antigo Réxime como «Monarquía jurisdiccional», apenas dedica algúns parágrafos soltos á formación da estrutura xurisdicional do Estado cuxa construción describe. Contrasta isto coa análise detallada da formación do censo, o catastro ou a organización ministerial do goberno coa súa rede provincial[245]. Paradoxalmente, a xurisdición desaparece co «Estado propiamente dicho», a expensas da íntima unidade da secuencia xurisdición-soberanía-Estado. Semella que a frondosa ramaxe do Estado administrativo non permitise ver o tronco xurisdicional da soberanía.

Pola contra, os protagonistas do primeiro constitucionalismo liberal español foron perfectamente conscientes da importancia que a xurisdición tiña na definición do modelo de Estado que pretenden implantar. O primeiro decreto das Cortes de Cádiz, de 24 de setembro de 1810, proclama a división de poderes consonte ao modelo tripartito do liberalismo francés, reservándose as Cortes para si o lexislativo, atribuíndo interinamente o executivo ao Consello da Rexencia e, respecto ao xudicial, adoptando a solución pragmática de manter «por ahora, todos los Tribunales y justicias establecidas en el Reino, para que continúen administrando Justicia según las leyes»[246]. Pero, ao pouco, é

[243] Aparicio Pérez, Miguel Ángel: *El* status *del Poder judicial en el constitucionalismo español (1808 – 1936)*, Madrid, Ministerio de Justicia e Interior, 1995, p. 13.

[244] Remitímonos aquí novamente á literatura especializada e, en particular, a obra do profesor Aparicio da nota anterior, magnífica síntese do proceso no período que culmina na Segunda República. Outra aproximación máis recente, en Abascal Monedero, Pablo José: *La Justicia en el Reino de España*, Madrid, Dykinson, 2019. Esta ofrece datos de interese para o lector non especializado, tanto para o período constitucional como para o anterior; pero, dende o noso punto de vista, adoece de certa desigualdade no tratamento da materia e un carácter ás veces acumulativo e pouco discursivo da información.

[245] Pro: *La construcción del …*, 2019, pp. 61 e ss.

[246] Extraído de Aparicio Pérez: *El* status *del …*, 1995, p. 20. O texto legal completo, en «Decretos de las Cortes. Decreto por el que los diputados que componen este congreso y que representan la nación española, se declaran legítimamente constituidos en Cortes generales extraordinarias, y que reside en ellas la soberanía nacional», *Gazeta de la Regencia*

abordada a cuestión da abolición dos señoríos xurisdicionais, que se efectúa polo decreto de 6 agosto de 1811[247]. Este contiña 14 artigos, o primeiro dos cales proclamaba a nacionalización da xurisdición: «Desde ahora quedan incorporados a la Nación todos los señoríos jurisdiccionales de cualquiera clase y condición que sean». Establécese o cese dos cargos que os integraban e, para o nomeamento dos substitutos, adóptanse os mecanismos existentes nas localidades de reguengo —xa que non existe dispoñibilidade para designar funcionarios estatais en toda a rede xudicial inferior—. O art. 14 conclúe: «En adelante nadie podrá llamarse Señor de vasallos, ejercer jurisdicción, nombrar jueces, ni usar de los derechos comprendidos en este Decreto». A norma tivo emporiso unha vida azarosa, con sucesivas leis aclaratorias, derrogacións, restablecementos de vixencia e novas leis aclaratorias, vencellados aos cambios políticos característicos do momento.

Malia a súa transcendencia ideolóxica, non debemos exaxerar a importancia práctica do decreto de abolición dos señoríos. Alén da cuestión da titularidade e dos modos de designación dos cargos, as xurisdicións señoriais estaban integradas *de facto* na regalía de forma semellante ás xurisdicións municipais polos mecanismos de subordinación a que fixemos referencia. As cuestións que se suscitan na aplicación da norma refírense á diferenciación dos contidos xurisdicionais e os soaregos dos señoríos, así como á indemnización prevista pola nacionalización dos privilexios xurisdicionais en caso de ter sido adquiridos por título oneroso —ou «por recompensa de grandes servicios», se se tivesen por dereitos históricos—, á que se dedicaban a maior parte dos artigos do decreto. Hai que ter presente que o exercicio da xurisdición era fonte de ingresos tanto para os señoríos como para a monarquía, e incluso para os concellos, polas taxas e dereitos que se cobraban aos litigantes e pola posibilidade da venda dos cargos, práctica común na época para a provisión de todo tipo de oficios públicos.

A cuestión da xurisdición tamén ocupou un papel central nos debates dos constituíntes gaditanos e pasou á Constitución de 1812, que no seu Discurso Preliminar consideraba á xustiza como «el *primero y más esencial* ramo del servicio público»[248]. Enúnciase por primeira vez no art. 242 o principio de exclusividade da xurisdición, que só implicitamente é estatal, definida no art. 245 coa consabida fórmula de xulgar e facer executar o xulgado. O art. 248 consagra a unidade do foro «para toda clase de personas», pero de seguido se manteñen os foros eclesiástico (art. 249) e militar (art. 250), o que implica o mantemento de xurisdicións específicas. Deixando a un lado a ímproba tarefa de organizar a rede xudicial que un Estado moderno demanda, os dous grandes retos para a construción do Estado xurisdicional contemporáneo son a integración dos espazos xurisdicionais militar e eclesiástico na soberanía unitaria do Estado; sen prexuízo de que o primeiro siga existindo como xurisdición estatal especializada e o segundo como función interna da Igrexa, sen eficacia pública.

de España e Indias, núm. 78, 06/10/1810, pp. 759 – 761. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1810/078/D00759-00761.pdf [últ. consulta o 24/12/2022].

[247] «Real decreto por el que se dispone que desde ahora queden incorporados a la nación todos los señoríos jurisdiccionales de cualquiera clase y condición que sean», *Gazeta de la Regencia de España e Indias*, núm. 118, 12/09/1811, pp. 945 … 947. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1811/118/B00945-00947.pdf [últ. consulta o 24/12/2022]. Sobre este decreto e as vicisitudes da súa elaboración e vixencia, consultar Castillo Durán, Joaquín: "La abolición del régimen señorial. La Ley Aclaratoria de 1837 y su repercusión en el señorío Ducado de Feria y Marquesado de Villalba", *Actas de las VI Jornadas de Almendralejo y Tierra de Barros,* Almendralejo, Asociación Histórica de Almendralejo, 2015, pp. 195 – 218.

[248] Cursiva nosa. Á plasmación do asunto no texto constitucional xa aludimos no epígrafe inicial deste capítulo.

2.8.1. A xurisdición militar

A existencia da xurisdición militar non compromete a exclusividade estatal da xurisdición senón a súa unidade e, polo tanto, a estrita unidade da soberanía. A resistencia estamental do Exército a depoñer a súa xurisdición propia integrándoa na ordinaria do Estado como xurisdición especializada reflicte a renitencia militar a integrarse no aparello estatal como un sector administrativo máis e a súa propensión a actuar como un «Estado/estamento dentro do Estado» que, como tal, administra a súa propia xustiza. Tódalas tímidas tentativas de civilizar a xurisdición militar resultaron baldías, e ao máis que se chegou foi á unificación na cúspide das xurisdicións militar e ordinaria coa creación dunha Sala do Militar no Tribunal Supremo, sempre de composición mixta cívico-militar[249]. Por baixo desta Sala —cando existiu—, a xurisdición castrense foi sempre e segue a ser radicalmente especial, integrada por órganos específicos servidos por persoal distinto do que forma a carreira xudicial. Fóra disto, as únicas oscilacións que se producen refírense á extensión da competencia da xustiza militar, especialmente da penal, que depende do concepto máis estrito ou amplo —eventualmente amplísimo— que se lle dea ao concepto de *delitos militares*.

De ordinario, a xustiza castrense coñece dos delitos cometidos polos militares no desempeño das súas funcións, pero en momentos de crise social —como veremos no capítulo 7, a tendencia, reclamada polo propio estamento militar, é ampliar a súa competencia para incluír condutas de contestación civil. Así sucedeu, no contexto da mobilización popular contra as guerras africanas e a raíz do incidente do asalto por militares da redacción do semanario *¡Cu-Cut!*, coa chamada Lei de Xurisdicións de 1906. Os intentos do goberno liberal de resistir á presión do mando militar custáronlle o cargo a Montero Ríos, e o seu sucesor Segismundo Moret accedeu a ampliar a competencia militar para xulgar as protestas populares consideradas antipatrióticas, é dicir, críticas coa actuación dun Exército que tiña na vía africanista un camiño para facer carreira. A repulsa social foi enorme, coa activa participación da intelectualidade. Unamuno escribe un soado artigo na revista *Nuestro tiempo* na que pon en cuestión a posibilidade dunha xustiza militar, citando ao portugués João Chagas:

> En rigor —añade [Chagas]— en el régimen militar la palabra justicia es una palabra excesiva; *los crímenes militares no se juzgan, se castigan*. … Su educación [en la guerra] es para obrar fuera de la justicia. Juzgar a uno militarmente, es declararle de antemano enemigo de guerra.[250]

E, continúa Unamuno, xa de propia voz, sobre a Lei de Xurisdicións: «si es peligroso para el progreso de la cultura social el que los supuestos delitos contra el Ejército vayan al fuero militar, más peligroso aún es que vayan a él los supuestos delitos contra la Patria». A Lei de Xurisdicións foi derrogada polo Ministro da Guerra Manuel Azaña o 17 de abril de 1931, tres días despois de proclamarse a República. Un segundo momento de expansión da xurisdición militar, neste caso ata límites exorbitantes, foi o

[249] Isto sucedeu en dous momentos distintos, os dous notoriamente serodios. O primeiro, en 1931, pola chamada "Lei Azaña": en realidade un conxunto de decretos logo refundidos, un dos cales (de 11 de maio) creou a daquela Sala Sexta do Tribunal Supremo, asumindo as funcións do anterior Consello Supremo de Guerra e Mariña. Restablecido este polo réxime franquista en 1939 baixo a forma de Consello Superior de Xustiza Militar (coa conseguinte desaparición da Sala Sexta), o proceso repítese en 1987 coa creación da Sala do Militar ou Sala Quinta do Tribunal Supremo, que asume as funcións do Consello. En ámbolos casos a integración na cúspide mantén trazas de especialidade, pois estas Salas do Supremo (tanto a Sexta republicana como a Quinta actual) teñen unha anómala composición mixta, con maxistrados procedentes dos corpos xurídicos militares e outros da carreira xudicial: no caso da Sala Sexta republicana, dous maxistrados de carreira canda catro militares; na actual Sala Quinta, catro maxistrados de carreira e catro procedentes do unificado Corpo Xurídico Militar.

[250] Unamuno, Miguel de: "La Patria y el Ejército", *Nuestro tiempo*, núm. 68, 05/02/1906, p. 122 e p. 124. Cursiva nosa.

golpe de Estado do 18 de xullo de 1936. Sobre isto trata boa parte do noso traballo e sobre isto volveremos no capítulo 7.

2.8.2. A xurisdición eclesiástica

No que respecta ao mantemento da xurisdición eclesiástica, a súa importancia é clave: tanto porque comprometía a estatalidade da xurisdición como porque atinxía á vida cotiá das persoas comúns no ámbito íntimo do matrimonio. Como vimos, a pugna entre a monarquía e a Igrexa pola primacía na xustiza terreal fora resolta a favor da primeira, coa concesión de reservar á segunda o control da moralidade sexual retendo a xurisdición sobre o matrimonio. Ata as revolucións liberais, era común en toda Europa que a xurisdición matrimonial ordinaria fose a eclesiástica. Os principios do liberalismo impoñen aos novos Estados nacionais a necesidade de integrar na competencia estatal a xurisdición familiar e matrimonial, como así se fai decontado no paradigmático caso francés.

En España, pola contra, o proceso foi extraordinariamente problemático polo peso da Igrexa, que se opón tenazmente a perder ese privilexio, e o apoio que recibe non só do conservadorismo tradicionalista senón tamén do liberalismo moderantista. Aínda que a Constitución de 1812 só garantía a persistencia do foro eclesiástico como foro persoal dos que tiñan ese estado —é dicir, dos eclesiásticos, non dos leigos—, non excluíu expresamente a persistencia da xurisdición da Igrexa sobre as relacións matrimoniais. Hai que considerar o peso que tiña a Igrexa tamén nas Cortes de Cádiz, que fai que a súa produción normativa sexa ambigua e mesmo ás veces contraditoria. O caso é que os tribunais eclesiásticos seguiron actuando como xurisdición ordinaria en materia matrimonial por inhibición da civil. A cuestión adíase ata o Sexenio Democrático e, frustrado este, non se culmina ata a Segunda República, á súa vez frustrada pola vitoria franquista na guerra civil.

Nesta loita pola xurisdición familiar hai tres fitos fundamentais: as Leis do Rexistro Civil e de Matrimonio Civil de 1870 —ambas promovidas por Montero Ríos— e a Lei de Divorcio de 1932. As dúas primeiras non teñen contido xurisdicional pero pretenden achandar o camiño ao resolver o problema da dependencia dos rexistros parroquiais na constatación dos fitos na vida das persoas e ao regular por primeira vez o matrimonio como institución civil. Coa Restauración, o Rexistro mantívose, pero o matrimonio civil foi severamente recortado ao pasar de ser obrigatorio a supletorio do canónico: reservado só aos non católicos, na práctica convértese nunha modalidade absolutamente residual. Por outra parte, as promesas de regular os procedementos de separación —que era o que admitía esta lei, chamándoa, por influencia canónica, divorcio non vincular— non se cumpriron nin no regulamento que a desenvolveu nin na Lei de Axuizamento Civil de 1880, que só regulou fragmentariamente algúns aspectos das crises matrimoniais baixo o presuposto de que a regulación sistemática correspondía ao dereito canónico.

O mantemento da indisolubilidade do matrimonio non impediu unha férrea oposición da Igrexa á Lei de Matrimonio Civil, o que evidencia *que a disputa non era pola indisolubilidade senón pola xurisdición*. Só coa Lei de Divorcio de 1932 se consagra o divorcio vincular e se regulan os seus procedementos, creando por primeira vez unha xurisdición civil estatal en materia matrimonial. Funcionou pouco máis de sete anos, porque foi derrogada polo novo réxime en 1939, restablecéndose así baixo o franquismo o principio de que a xurisdición matrimonial ordinaria era a eclesiástica e non a estatal. Sobre isto volveremos no capítulo 4, correspondente ao Xulgado de Primeira Instancia

de Pontevedra, ao tratar da aplicación da Lei de Divorcio e como se reflicte esta nas fontes primarias.

Rematando xa, xunto a estes dous retos de configuración —as xurisdicións militar e eclesiástica— estaba outro máis pragmático: a implantación dunha estrutura xudicial coherente e eficaz que cubrise o territorio, amais dun catálogo de procedementos ordenado. Xa dixemos que non abordaremos as vicisitudes deste proceso, que resultan accesorias ao noso propósito. Só importa deixar constancia de que os sucesivos proxectos de organizar a burocracia xudicial en todo o século XIX e as primeiras décadas do XX son unha mostra de arquitectura de papel, máis ou menos audaz pero irrealizable por unha proverbial insuficiencia de medios. As carencias orzamentarias para implantar unha xustiza efectiva son motivo de queixas recorrentes. Canda a precariedade de medios materiais existía, especialmente no século XIX, unha seria dificultade para proveer aos xulgados de xuíces e secretarios letrados, sobre todo na xustiza municipal. O resultado é unha administración de xustiza precaria, propia dun país atrasado e debilmente estatalizado, que é a que nos atopamos no período que estudamos. O precario desenvolvemento do Estado nacional español no período de referencia non afecta só á rede xudicial senón que é común a tódolos espazos institucionais, coa notoria excepción da administración militar. Ao proclamarse a República, rematada xa había anos a guerra de África, o Exército español —sen incluír a Armada— contaba con 21.000 oficiais, deles 690 xenerais. En termos puramente estatísticos, era máis probable ser xeneral ou almirante que simple xuíz de primeira instancia, non digamos xa fiscal —había pouco máis de 300 en tódolos niveis—. Pero esta excepción confirma máis que desminte a precaria implantación do Estado-nación liberal, considerando as xa mencionadas persistencias estamentais na milicia e as súas resistencias a integrarse no Estado como un sector máis da administración. A contrapartida desta débil estatalización é a vixencia dun sistema de poder intermediario entre as comunidades sociais territoriais —particularmente as rurais e vilegas— e a instancia estatal: o caciquismo[251].

Para facérmonos unha idea desta precariedade, enfocándoa no noso caso de estudo, abonda un exemplo: nese momento o partido xudicial de Pontevedra, que comprendía 11 concellos cunha poboación de dereito de 119.202 habitantes en 1930, era

[251] Resulta significativa a mirada que sobre este fenómeno e sobre o modo en que se incrusta na actividade xurisdicional ofrecen persoeiros foráneos bos coñecedores da realidade española, como é o caso do hispanista e historiador Gerald Brenan. O británico relata como, cando chegou en 1920 á aldea da Alpujarra na que primeiro se instalou (Yegen), "el cacique asesinó a un hombre en la carretera, en pleno día y en presencia de una docena, o más, de personas; y aunque el asunto le costó bastante dinero, ni él ni sus cómplices fueron condenados a pena alguna". O xuízo que fai *a posteriori* Brenan sobre a administración de xustiza na España que tan de preto coñeceu é demoledor: "La separación de poderes es cosa que jamás ha existido en España, y los magistrados eran simples empleados del gobierno que recibían órdenes de arriba. Condenaban y absolvían a quien el gobernador civil les ordenase condenar o absolver. Y todavía era peor en los pueblos, donde los jueces estaban a las órdenes directas del alcalde y del cacique que lo había nombrado. Aun en casos de gravedad, que rebasaban su jurisdicción, intervenían ellos, haciendo desaparecer pruebas, corrompiendo testigos y cosas por el estilo, hasta obtener el resultado que se deseaba". Admitamos que o xuízo de Brenan sexa excesivamente severo, polo categórico: reflicte en calquera caso a percepción dun europeo culto, liberal politicamente moderado, bo coñecedor da realidade española, sobre o fenómeno ao que aludimos. Pero Brenan acerta ao non identificar o caciquismo coa corrupción política e social, fenómeno que existe en maior ou menor medida noutros países europeos sen producir sistemas de poder equivalentes. Erra, ao noso xuízo, ao caracterizar o caciquismo como un "feudalismo de novo cuño", na estela de Joquín Costa ou Gumersindo de Azcárate. A identificación de ámbolos termos era común na literatura política moderna, dende o rexeneracionismo ata o anarcosindicalismo, pero obdecía máis a un uso descriptivo e, sobre todo, retórico que a unha filiación histórica. A diferenza do feudalismo, o caciquismo contemporáneo presupón ao Estado, xa que é un sistema de poder que intermedia e concecta dúas realidades afastadas: unhas comunidades locais periféricas (e non só xeograficamente) aos centros de poder institucional e unha instancia estatal feblemente capilarizada. É o resultado, por tanto, da deficiente implantación do moderno sistema estatal, que fóra das grandes capitais necesita apoiarse na rede dos cacicados. Ver Brenan, Gerald: *El laberito español. Antecedentes sociales y políticos de la guerra civil española*, Madrid, Círculo de Lectores, 1988 [1943], Madrid, Círculo de Lectores, 1988 [1943]; as citas literais, das pp. 45 e 46; tamén proceden desta obra (p. 109) as cifras sobre o número de oficiais do Exército, que o autor di tomar de Marvaud e Madariaga.

atendido por un único Xulgado de Primeira Instancia e Instrución[252]. O vello partido capitalino correspóndese cos actuais de Pontevedra, Marín e Cangas, nos que hoxe hai 13 xulgados equivalentes —5 de Primeira Instancia e 3 de Instrución na capital, 3 mixtos en Cangas e 2 mixtos en Marín— que atenden a unha poboación de 200.415 habitantes[253]. A desproporción é máis notoria se consideramos que daquela o maior avance tecnolóxico co que se contaba era algunha máquina de escribir, e non sempre se empregaba: a maior parte das actuacións documentábanse a man, e practicamente todas nos xulgados municipais.

2.9. O paradigma do Estado xurisdicional

Nas anteriores páxinas quixemos xustificar o paradigma do que chamamos Estado xurisdicional, poñendo de manifesto a íntima relación que existe na secuencia xurisdición-soberanía-Estado. A través deste concepto pretendemos comprender e dar un sentido unitario ao que vemos actuar na enorme e diversa documentación xudicial coa que traballamos. Botando man de dous conceptos de Pierre Burdieu e Antonio Negri, podemos dicir que o Estado xurisdicional é a forma específica de organización do campo xurídico nas sociedades organizadas na forma-Estado. Como produto histórico que é, varía a súa conformación ao tempo que se modifica a forma estatal, e actúa de xeito diverso en distintos contextos.

Condicionadas polo material co que traballamos, non podemos senón rescatar a importancia, que descubrimos constitutiva, que a actividade xurisdicional ten na acción estatal. Resulta paradoxal que esta vinculación, da que temos clara conciencia cando examinamos o pasado remoto, se perdese na mirada que diriximos ao Estado contemporáneo, onde a presenza estatal é ubicua. O Estado xurisdicional está tan presente na paisaxe que se tornou invisible.

A matriz xurisdicional da soberanía e, por medio dela, do propio Estado non é unha traza dos reinos medievais, atenuada nas monarquías absolutas e hoxe disolta nun Estado do que agardamos que se ocupe, antes que de administrar xustiza, de proporcionar sanidade, educación, seguridade e todo tipo de servizos e infraestruturas ou da imposible labor de garantir a prosperidade, todo a cambio dos impostos que nos cobra. O Estado xurisdicional nunca se foi, pero en situacións de crise sistémica regresa dende a súa invisibilidade. No momento actual en que o que está en crise é precisamente o Estado-nación de molde liberal, os debates tan presentes sobre a politización da xustiza e a xudicialización da política, as polémicas sobre a conformación dos órganos de goberno do poder xudicial ou do Tribunal Constitucional, a aparición na conversación pública de conceptos como o *lawfare*, a brusca irrupción dos tribunais nos procesos políticos —que en América Latina semella tomar o relevo da anterior irrupción militar—, ou o protagonismo do Tribunal Supremo nos Estados Unidos de América na desregulación de dereitos que semellaban consolidados como o do aborto… todo pon diante dos nosos

[252] Datos extraídos do *Resumen por partidos judiciales del Censo de Población de 1930 en la Península e Islas adyacentes. Tomo I. Resultados definitivos*, Fondo documental do Instituto Nacional de Estadística, p. 337 (dispoñible en: https://www.ine.es/inebaseweb/pdfDispacher.do;jsessionid=37B7D9ED58CFF9215CFD75F0C618DBFE.inebaseweb01?td=98598 [últ. consulta o 24/12/2022].

[253] Segundo datos, relativos a 2021, da *Cartografía de Partidos Judiciales* do CXPX (dispoñible en: https://www.mjusticia.gob.es/es/justicia-espana/organizacion-justicia/cartografia-judicial/cartografia-partidos# [últ. consulta o 24/12/2022].

ollos algo que sempre estivo aí pero que, naturalizado na paisaxe, non viamos: *o Estado como xurisdición*.
O que estudamos neste traballo é a actuación do Estado xurisdicional, coas súas armas ordinarias e especiais, noutro momento crítico: o da tensión entre o proxecto modernizador da Segunda República e as súas resistencias reaccionarias, que culmina no golpe militar, a guerra e a consolidación primeira do Estado franquista. E como para a construción contraestatal deste, foi necesario o asalto ao Estado entendido como xurisdición.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

3. A Pontevedra do primeiro terzo do século XX e a violencia entre 1936 e 1939

Non pretendemos neste capítulo confeccionar un detallado estudo da historia de Pontevedra —pois non é tal o obxectivo da tese—, senón situar á persoa lectora no espazo e no tempo no que se contextualiza o noso obxecto de investigación. Pola súa vocación de síntese, tratarase dunha revisión forzosamente simplificada e breve. Como recordaremos do capítulo anterior, son varias as autoras e autores que teñen aportado abundante material para o estudo da cidade lerense, ora mediante as súas memorias, ora con coidados traballos de pescuda. Consecuentemente citados están. Nelas e neles nos apoiamos, recuperándoos para elaborar esta sorte de texto introdutorio que, agardamos, sexa de utilidade para quen o lea. E tamén a elas e a eles nos remitimos para coñecer con maior profundidade a historia local de Pontevedra.

3.1. O espazo e a vida socioeconómica

3.1.1. Apuntamentos xeográficos e demográficos

A cidade de Pontevedra sitúase no suroeste de Galicia, no noroeste da península Ibérica, e é a capital da provincia homónima. Esta limita ao norte coa provincia da Coruña, ao leste con Ourense, ao sur con Portugal e ao oeste co océano Atlántico. Pola súa banda, a cidade está bañada polo río Lérez, que vai desembocar á ría de Pontevedra, no centro das Rías Baixas. Se ben esta proximidade ao mar foi un factor clave no desenvolvemento histórico da vila, en época contemporánea converterase nun condicionante que afectará ao crecemento da cidade, como veremos.

Comezando polo norte e seguindo o sentido das agullas do reloxo, os municipios que a rodean son Barro, Campo Lameiro, Cotobade —dende o 2016, fusionado con Cerdedo—, Ponte Caldelas, Soutomaior, Vilaboa, Marín e Poio. A excepción de Soutomaior e Marín, todos estes concellos amais da Lama integran a comarca de Pontevedra, da cal a cidade tamén é capital e, polo tanto, foco de influencia sobre o resto do territorio froito das funcións —principalmente administrativas— propias da capitalidade provincial[254].

Á altura da década de 1930, o concello de Pontevedra dividíase en trece seccións, das cales catro eran urbanas e o resto rurais. As seccións rurais, ou parroquias, eran: Alba, Bora, Campañó, Cerponzóns, Lérez, Lourizán, Marcón, Mourente, Salcedo e Tomeza. Nos anos seguintes anexionaríanse Xeve (1944) e Ponte Sampaio (1960). O total da poboación de todo o concello a finais de 1935 era de 32.369 persoas, con predominancia dos veciños das parroquias rurais: dos 32.369, 12.586 deles vivían nas seccións urbanas (38,88%), mentres que 19.783 o facían nas rurais (61,12%)[255]. Estes datos colocan a Pontevedra como a segunda cidade máis poboada da provincia por detrás de Vigo, en pleno crecemento trala anexión de Bouzas en 1904 —mais aínda sen a de Lavadores, a cal se produciría en 1941—, que a comezos de década superaba os 70.000 habitantes, xa

[254] Precedo Ledo, Andrés: *O mapa comarcal de Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1997, pp. 354 – 358.

[255] Datos extraídos a partir do padrón de habitantes confeccionado con relación ao 01/12/1935 e aprobado o 30/05/1936 (AMPo).

en competición con A Coruña por ser a cidade galega de maior tamaño[256]. Unha cifra significativa sobre os algo máis de dous millóns de habitantes da Galicia da época[257].

María Luisa Pérez Fariña, no seu estudo demográfico sobre Pontevedra, destaca o tradicional estancamento do censo de Pontevedra, unha tendencia que se rompeu coa incorporación das parroquias de Alba, Mourente e Salcedo en 1877 e o conseguinte agudo aumento de poboación. A partir de entón, en liñas xerais, a evolución demográfica da cidade será sempre positiva aínda que moderada, susceptible ás mudanzas que implican os fluxos migratorios. Estes, se ben de relevancia reducida no municipio polo total do seu saldo —é dicir, o éxodo rural compensaba á emigración—, sumados a outros factores como as obrigas militares, a maior esperanza de vida entre mulleres ou a sobremortalidade masculina, si introducen alteracións na estrutura da poboación por sexo na nosa cronoloxía de estudo, existindo un constante desequilibrio en favor das mulleres. A única excepción produciríase nos anos da posguerra, cando se instaura a norma de que os soldados se censen no destino no que estaban mobilizados en 1939. No que respecta á composición da poboación segundo a idade, esta destaca polo paulatino aumento da esperanza de vida pero, sobre todo, pola súa xuventude ante o xeneralizado aumento da natalidade —aínda que inferior a outras épocas— e a redución da mortalidade infantil ata a década de 1940, cando a crise económica e a guerra civil fixeron notar as súas consecuencias no censo[258].

Estes valores estatísticos cadran co que Julio Hernández Borge observou en termos cuantitativos e cualitativos para o groso da provincia de Pontevedra, que se destaca polo aumento constante tanto da poboación como da súa densidade —superando durante a primeira metade do século XX á media española—, mesmo cando a tónica xeral de Galicia comezou a dar síntomas de retroceso e debilitación na década dos 50[259]. Cabería matizar as diferenzas existentes entre os municipios de costa e os de interior así como os urbanos e os rurais, cun saldo demográfico máis positivo para os primeiros en ambos casos, aínda que non profundaremos na cuestión. Sexa como for, ambos autores inciden no desenvolvemento da provincia de Pontevedra ata considerala como a de «maior vitalidade non só demográfica senón tamén económica», pese a ser a de menor extensión das catro provincias galegas[260]. Un crecemento que estaría capitaneado por Vigo e pola capital. Así as cousas, a Pontevedra que atoparemos na década de 1930 será a dunha *cidade de provincias* pero en pleno desenvolvemento, cunha poboación en ascenso e, veremos, unha economía en proceso de modernización e unha boiante vida política.

3.1.2. Desenvolvemento urbano, transformación económica e sociedade

O crecemento demográfico, non moi acentuado pero sostido dende mediados do século XIX, fixo patente a necesidade dunha remodelación urbana e levou á decisión do derribo da muralla orixinal —xa en precario estado daquela— para unha maior integración da zona extramuros e favorecer a expansión da cidade. Iníciase entón un proceso de desenvolvemento urbanístico e modernización dos servizos que dá mostra do crecemento de Pontevedra e dos seus novos usos. Neste sentido, e de forma totalmente

[256] Castro, Antonio F.: *Guía del turista en la provincia de Pontevedra. Año 1931 – 1932*, Pontevedra, 1932, p. 107.
[257] Ramón Villares cifra a poboación galega de 1930 en 2.230.281, que ascenderá ata os 2.495.860 no transcurso da década. Villares, Ramón: *Historia de Galicia*, Vigo, Galaxia, 2016, p. 507.
[258] Pérez Fariña, María Luisa: *La ciudad de Pontevedra. Evolución histórica y demográfica*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1985, pp. 41 – 42 e pp. 90 – 105.
[259] Hernández Borge, Julio: *Dinamismo y estructura de la población en la provincia de Pontevedra (1900 – 1970)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1974, pp. 27 – 33 e pp. 65 – 83.
[260] Pérez Fariña: *La ciudad de …*, 1985, p. 45. Ver tamén Hernández Borge: *Dinamismo y estructura …*, 1974, pp. 129 – 130.

esquemática, destacamos a mellora das infraestruturas e redes de comunicación entre a capital e a súa contorna coa —tardía— chegada do ferrocarril en 1884 e o impulso do sistema de estradas; os avances na urbanización da cidade e remodelación dos espazos públicos, proceso durante o cal se construíron algúns dos edificios máis emblemáticos de Pontevedra; e o melloramento dos servizos, como a rede de alumamento eléctrico ou a ampliación do sistema de sumidoiros e de traída de auga, urxente ante o notable aumento demográfico[261]. Adxuntamos no Anexo 1 un rueiro da cidade de arredor de 1932 para situar as principais rúas do núcleo urbano que serán mencionadas ao longo do capítulo.

Todas estas transformacións no trazado urbano retroalimentáronse coas propias transformacións económicas que a cidade estaba a experimentar. A evolución económica de Pontevedra durante o primeiro terzo do século XX é semellante á de outras capitais de provincia de tamaño similar. En liñas xerais, o que se aprecia dende finais do século XIX é unha gradual mudanza no reparto do peso dos sectores económicos, como se pode comprobar na táboa a continuación[262].

Táboa 2. Evolución comparada dos sectores económicos en Pontevedra: provincia e cidade (1900 – 1950)

	Sector primario		Sector secundario		Sector terciario	
	Provincia	Cidade	Provincia	Cidade	Provincia	Cidade
1900	81%	69,80%	9,40%	14,40%	9,60%	15,30%
1910	-	43,40%	-	28,40%	-	28,10%
1920	-	-	-	-	-	-
1930	-	26%	-	28,40%	-	45,50%
1940	-	25,30%	-	24,40%	-	50,10%
1950	65,30%	31,40%	17,90%	32,20%	16,80%	36,30%

Fonte: Hernández Borge (1974) e Pérez Fariña (1985).

Para o total da provincia, Hernández Borge ofrece datos comparados entre 1900 e 1950, destacando os case vinte puntos porcentuais que perde o sector primario en beneficio do secundario e terciario no transcurso dese medio século; agora ben, son números que, particularmente nas actividades industriais, habería que tomar con cautela, pois agochan grandes diferenzas internas en termos cronolóxicos e xeográficos. Secasí, trátase dun patrón de comportamento común ao que está a suceder tamén no resto de Galicia e, xeralmente, no resto de España, aínda que o peso total do sector primario segue

[261] VV.AA.: *Pueblos de Galicia. Pontevedra. Historia, monumentos, cultura*, vol. 1, Ames, Monterrey de Ediciones, 2001, p. 28. Pérez Fariña: *La ciudad de…*, 1985, pp. 33 – 34. Landín Tobío, Prudencio: *De mi viejo carnet*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 1999 [1949 – 1952], pp. 87 – 94, pp. 107 – 110 e pp. 255 – 274. de Sá Bravo, Hipólito: *Estampas pontevedresas. Recuerdos de mi niñez*, Pontevedra, Paredes, 1977, pp. 141 – 146. Fortes Bouzán, Xosé: *Historia de la ciudad de Pontevedra*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1993, pp. 699 – 726. Díaz Martínez, Carlos: "De Pontevedra, a Boa Vila, a Marín, de in Mare Fortuna", en *A Memoria de Pontevedra. Álbum de postais*, Vigo, Xerais, 2001, p. 8. *Heraldo de Galicia*, núm. 10, 10/04/1927, p. 7.

[262] Polo emprazamento xeográfico de Pontevedra no fondo da ría, alén da importancia do sector agrario, tradicionalmente a súa economía estivo moi marcada dende o punto de vista mariñeiro e mercantil, cunha gran relevancia do gremio de mareantes principalmente en etapa moderna, o que reportou grandes riquezas na *boa vila*. Ver de la Peña Santos, Antonio; Juega Puig, Juan; López de Guereñu Polán, Luis: *Historia de Pontevedra*, Oleiros, Vía Láctea Editorial, 1996, pp. 184 – 199. Villares: *Historia de Galicia*, 2016, pp. 185 – 196. Pérez Fariña: *La ciudad de …*, 1985, p. 9 e p. 128.

USC

sendo maior ca media española. Pérez Fariña, a excepción da década de 1920, dá cifras máis detalladas sobre a evolución da estrutura económica na cidade de Pontevedra. Os datos confirman a perda de peso das actividades propias do sector primario —principalmente agricultura, gandaría, pesca e cantaría—, despuntando o sector terciario ao albor dos anos 30 ata case ocupar a metade da poboación activa da cidade, fito que se alcanzará ao longo da década[263].

Se ben non nos imos deter na análise da poboación activa segundo o seu sexo, cremos pertinente recoller que na cidade de Pontevedra se reproduce o fenómeno xeneralizado polo que os homes conforman a gran maioría da poboación activa, sendo a actividade principal das mulleres o sector agrario. Non obstante, carecemos de datos máis detallados que permitan matizar a cuestión e a súa evolución no tempo[264]. Para o conxunto da provincia de Pontevedra, tense estudado como a transformación do sector pesqueiro e a industria conserveira introduciron substanciais mudanzas no litoral, tamén nas interrelacións entre traballo e sexo, abríndolles ás mulleres a porta a «nuevas oportunidades de empleo asalariado que en el período preindustrial no existían»; mantendo así e todo no mercado laboral unha segregación vertical e horizontal e unha fenda salarial por criterios sexuados[265].

Pontevedra está a vivir no primeiro terzo do século XX un proceso de industrialización e, sobre todo, terciarización da súa economía interna, en paralelo á urbanización da vila. En relación ao sector secundario, Xosé Fortes, no seu monográfico sobre a historia de Pontevedra, refírese a unha lene industrialización ou, alomenos, unha modernización das instalacións artesano-industriais. A diferenza do pronunciado desenvolvemento industrial doutros núcleos de poboación da zona, moi vinculados ás conservas —como Vigo ou Bueu—, a incipiente gran industria pontevedresa dende finais do século XIX dependería de forma case exclusiva dunha central térmica na praza da Indalecio Armesto, unha fábrica de cerámica propiedade do Marqués de Riestra na Caeira, e unha fábrica de fundición nas Corbaceiras, cuxo dono era o industrial José Pazó Martínez. De forma subsidiaria, outras actividades de índole industrial pero de menor tamaño atendían á demanda interna da cidade e contorna, como os curtidos, os serradoiros, a confección, as artes gráficas, os talleres mecánicos, etc.[266]

O sector máis característico de Pontevedra será o terciario, sustentado en base ao comercio, a administración pública, a hostalaría, os transportes, as actividades financeiras, a educación, a sanidade, o turismo, o ocio, os medios de comunicación… Pola súa natureza de capital de provincia, a actividade da función pública tiña unha relevancia socioeconómica especial en Pontevedra e era un dos principais factores de influencia do municipio sobre a súa contorna. Na cidade se concentraban as principais sedes do poder civil, como o Goberno Civil e a Deputación de Pontevedra; e do poder militar, co cuartel de San Fernando enfronte —literalmente, ao outro lado da Alameda—

[263] Hernández Borge: *Dinamismo y estructura …*, 1974, pp. 124 – 125. Ver tamén Pérez Fariña: *La ciudad de …*, 1985, pp. 133 – 134. Con todo, poderiamos seguir encadrando a Pontevedra dentro do que J.A. Durán denomina *agricultura de beiramar*: "…la transición última hacia un sistema económico, entre comercial y de subsistencia, a caballo entre el campo y la costa, entre lo tradicional y lo moderno, que permite mantener, sin apoyo exterior (aunque contando siempre entre los proyectos el de la emigración por tiempo corto), una casa dignamente puesta". Ver Durán, José Antonio: *Crónicas, 4. Conflictos de hoy, historias románticas y diarios modernos*, Madrid, Akal, 1986, p. 82.

[264] Pérez Fariña: *La ciudad de …*, 1985, pp. 128 – 129.

[265] Muñoz Abeledo, Luisa: *Género, trabajo y niveles de vida en la industria conservera de Galicia. 1870 – 1970*, Barcelona, Icaria Editorial, 2010, p. 19. Luisa Muñoz, no entanto, recalca as durísimas e insalubres condicións laborais que viviron as traballadoras na industria conserveira no primeiro terzo do século XX. Asemade, advirte de que a participación das mulleres no mercado de traballo foi maior que o que as estatísticas amosan (pp. 294 – 296).

[266] Fortes Bouzán: *Historia de la…*, 1993, p. 687 e ss.

dos anteriores[267]. Outros servizos, que hoxe identificariamos baixo a etiqueta do *Estado do Benestar*, tamén se atopan en Pontevedra, como o Instituto ou o Hospital provinciais. Do mesmo modo, en tanto que capital de provincia e cabeza do partido xudicial, estaban sitas na cidade as instancias máis elevadas da administración de xustiza a nivel provincial, só supeditadas á Audiencia Territorial da Coruña. Estas son, como recordaremos da introdución: a Audiencia Provincial, o Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo e o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución que, xunto á xustiza municipal, conforman o groso da xurisdición ordinaria sobre a que tratará a primeira metade desta investigación.

Á parte, pese ao modesto do seu tamaño, cabe subliñar a importancia económica que en Pontevedra xogou o turismo e o sector cultural[268]. Asemade, malia que non nos deteremos nel, é salientable tamén o papel ocupado por Pontevedra como centro de xuntanza estival entre algúns dos políticos máis importantes que traballaban na capital do Estado, converténdoa «en la capital política de Galicia y uno de los centros más activos de la política española»[269]. Uns nodos de poder que outorgarán á política local unhas características determinadas e que contribuíron ao desenvolvemento da cidade baixo o amparo destes próceres, entre os que destacan fundamentalmente Eugenio Montero Ríos e o marqués de Riestra.

No relativo á vida social na Pontevedra destas décadas son de especial expresividade a ventá que abren as memorias escritas por homes como Prudencio Landín Tobío, Francisco Javier Sánchez Cantón ou Hipólito de Sá Bravo. Nelas deixan constancia dunha pequena cidade chea de vida e en continuo cambio, mais coas lóxicas e continuidades propias da vila que non hai moito deixara de ser. Ás veces con humor e outras coa melancolía de quen recorda o seu pasado, describen un ambiente marcado polos faladoiros literarios ou políticos nos cafés, os xogos florais, o entroido, as festas populares e romarías e, en xeral, as anécdotas e a cotiandade costumista do día a día.

Luis López de Guereñu Polán describe á pontevedresa como un modelo de sociedade provinciana da época. Incide no papel xogado pola burguesía, un grupo moi

[267] Non entraremos na evolución do cargo do Gobernador Militar durante a Restauración e República. Para máis información sobre o tema, consultar Huerta Barajas, Justo Alberto: *Gobierno y Administración Militar en la II República Española (14 de abril de 1931 / 18 de julio de 1936)*, Madrid, Boletín Oficial del Estado, 2016. De forma máis concreta para o caso pontevedrés durante a Segunda República, ver Adrio Barreiro, Gonzalo: *La vida municipal en la II República Española. Examen de los municipios en la provincia de Pontevedra en ese período (1931 – 1936)*, Sada, Ediciós do Castro, 2008, pp. 664 – 670.

[268] Unha das máis antigas guías de viaxe, entendidas no seu sentido máis actual, que atopamos foi a "Guía Práctico Valverde". Esta recolle as principais atraccións de Pontevedra, planos e fotografías, así como as súas conexións ferroviarias para poder chegar á cidade. Valverde y Álvarez, Emilio: *Nueva guía del viajero en España y Portugal. Viaje geográfico, artístico y pintoresco por la península Ibérica*, vol. 1, Madrid, Imprenta de Fernando Cao y Domingo de Val, 1886, pp. 690 – 691. A presenza da provincia como un destino turístico a promover tamén a atopamos noutras publicacións, mesmo naquelas non centradas en Galicia, como a revista de finais dos anos 1920 *Viajes por España*, da *Sociedad de Atracción de Forasteros de Madrid*. A nivel galego, revistas como *Vida Gallega* farían varios reportaxes gráficos da cidade á vez que se difunden guías para turistas con información máis detallada; a parte, ver tamén o exemplar *Galicia. Revista semanal ilustrada*, núm. 36, 16/09/1906, p. 6. Exemplos de todo isto son Hylass, Luis: *Guía de la Provincia de Pontevedra*, Vigo, E. B. Tetilla, 1917; ou Castro, Antonio F.: *Guía del turista en la provincia de Pontevedra. Año 1931 – 1932*, Pontevedra, 1932. Sobre o turismo á cidade, así como outras facetas do desenvolvemento pontevedrés, ver Sánchez Cantón, Francisco Javier: *Pontevedra y los pontevedreses. Inéditos y dispersos*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 1973, pp. 25 – 41. A teor da cuestión da vida cultural lerense, remitímonos a Landín Tobío: *De mi viejo…*, 1999. Tamén a de la Peña Santos; Juega Puig; López de Guereñu Polán: *Historia de Pontevedra*, 1996, pp. 336 – 341. Odriozola, Antonio: *Las imprentas de Pontevedra en el siglo XIX*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 1989. Villares, Ramón: *Figuras da nación*, Vigo, Xerais, 1997, pp. 261 – 282. Durán, José Antonio: *Crónicas, 1. Agitadores, poetas, caciques, bandoleros y reformadores en Galicia*, Madrid, Akal, 1974, pp. 323 – 355.

[269] Fortes Bouzán: *Historia de la…*, 1993, p. 631. Ver tamén o contexto que debuxa Acuña, Xosé Enrique: *Pintos. Unha vida na fotografía, 1881 – 1967*, Pontevedra, Museo de Pontevedra, 1985, p. 16.

heteroxéneo que, aínda que conformaba unha minoría da poboación, desfrutaba da primacía social que performaba mediante unha destacada presenza pública no goberno local ou outros cargos políticos, nas confrarías relixiosas, nas sociedades de diversa índole e na realización de actividades filantrópicas[270]. Pola súa banda, Fortes incide na «rígida separación entre los distintos grupos sociales» durante anos da Restauración. A grandes trazos, organiza as clases sociais segundo o seu espazo de reunión: en primeiro lugar, a pequena aristocracia pontevedresa e a alta burguesía que se citaba no Liceo; en segundo lugar, sitúa aos habituais do Recreo de Artesanos, un grupo variado formado pola baixa burguesía e artesáns; e, en terceiro lugar, distingue aos membros das organizacións obreiras, encadrados en sociedades segundo o seu oficio e os cales se reunirían principalmente na *Casa del Pueblo*, dependente da Confederación Nacional do Traballo. Por último, deixa á parte á poboación rural organizada en asociacións de labradores e gandeiros[271]. A maiores, cabería engadir unha difusa masa da poboación, carente de privilexios e sen unha organización política ou societaria determinada. Esta división socioeconómica terá a súa translación tamén a nivel político.

3.2. Evolución política e supostas tensións previas ao golpe do 36

3.2.1. Vida política na Restauración

Mencionamos, entre outras cuestións, o lugar privilexiado que Pontevedra ocupou como centro de poder na política galega e española —alén da súa condición de capital— grazas a se ter convertido en residencia estival de notables políticos, intensificando redes clientelares. A presenza destes individuos en luxosos pazos da cidade e contorna, así como as relacións político-familiares que deles enraizarían, deixarán unha profunda pegada na política local pontevedresa, arbitrada por estas figuras[272].

Tal será así que o xornal republicano de Joaquín Poza Cobas, *La Libertad*, publicará en decembro de 1909:

> …en Pontevedra no hay monárquicos propiamente dichos. Hay riestristas, besadistas, vincentistas, monteristas … Hay por esto quienes figuran encasillados como conservadores y quienes como liberales, pero sin que la etiqueta corresponda al género ni a la especie, pues hay quienes forman en las huestes conservadoras que son liberales, anticlericales y hasta anticatólicos, y todos conocemos a liberales que tienen médula maurista y alma de Loyola.[273]

Isto podería explicar «la aparente estabilidad en contraste con la imagen de fragilidad que da el sistema a nivel general» que Pablo Taboada destaca para os anos de

[270] de la Peña Santos; Juega Puig; López de Guereñu Polán: *Historia de Pontevedra*, 1996, pp. 329 – 332.
[271] Fortes Bouzán: *Historia de la …*, 1993, pp. 258 – 259; e de Sá Bravo: *Estampas pontevedresas. Recuerdos…*, 1977, p. 255.
[272] Fortes Bouzán: *Historia de la …*, 1993, pp. 630 – 636. Ver tamén Taboada Moure, Pablo: *Las élites y el poder político. Elecciones municipales en Pontevedra (1836 – 1923)*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 1987, pp. 97 – 107. Asemade, consultar de Sá Bravo: *Estampas pontevedresas. Recuerdos…*, 1977, pp. 293 – 306. Barral Martínez, Margarita; Costa Buján, Pablo (eds.): *Eugenio Montero Ríos. O xurisconsulto e o político na Compostela do seu tempo. Catálogo*, Santiago de Compostela, Campus na Nube, 2015, p. 20. Ver tamén Durán, José Antonio: *Crónicas, 2. Entre el anarquismo agrario y el librepensamiento*, Madrid, Akal, 1977, pp. 232 – 234. Sobre o mantemento das redes clientelares a pequena escala e as súas dinámicas do favor debido, ver Veiga Alonso, Xosé Ramón: "Parentes, amigos e favores. As redes informais do caciquismo", en Fernández Prieto, Lourenzo; Núñez Seixas, Xosé M.; Artiaga Rego, Aurora; Balboa, Xesús: *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874 – 1936)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1997, pp. 353 – 371. Sobre a centralidade da figura de Eugenio Montero Ríos, consultar Barral, Margarita: *Montero Ríos e Compostela. Un feudo clientelar*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2007.
[273] *La Libertad*, núm. 220, 18/12/1909, p. 1.

crise do sistema da Restauración (1902 – 1923) e a «teórica fragmentación política» da etapa: «Los distritos permanecen. Los Diputados también. Sólo cambian las etiquetas»[274]. Basea o seu argumento na indefinición política dos deputados, nas escasas renovacións da corporación provincial e o alto grao de permanencia das tendencias nos respectivos distritos, á vez que destaca a indiferenza xeneralizada que suscitaban as eleccións provinciais. Porén, como sinala José Antonio Durán, «si bien era ésta la ambientación predominante, la "boa vila", por oposición, tenía una izquierda contestataria, cada vez más numerosa y radical»[275]. Repasemos sinteticamente a súa actividade, nas vésperas de abril de 1931.

No relativo ao republicanismo pontevedrés, de marcada tradición, podemos salientar como a fragmentación do movemento a nivel nacional coa entrada do novo século tamén se trasladou nas dinámicas internas da cidade. Isto foi así especialmente tralo pasamento de Indalecio Armesto (1890) e a transcendental influencia de Lerroux sobre José Juncal e Emiliano Iglesias dende 1904, os principais voceiros da causa republicana na cidade. Fortes destaca que o traslado destes fóra de Galicia para crecer dentro do Partido Republicano Radical tería deixado a porta aberta á expansión do agrarismo de Basilio Álvarez en Pontevedra. De forma paralela, a estratexia da Conxunción Republicano-Socialista capitaneada por Celestino Poza e Vicente García Temes amosaría ser acertada na súa labor proselitista, acadando representación política a nivel local e provincial. Aínda que a alianza estivo disolta entre 1920 e 1930, esta axudou a asentar as bases da oposición ao réxime monárquico que, trala fin da ditadura de Primo de Rivera, darían orixe en 1930 ao Centro Republicano de Pontevedra —que acudiría a Lestrove por iniciativa da *Organización Republicana Gallega Autónoma* (ORGA)— e á *Federación Republicana Gallega* na cidade en 1931[276].

Cabería cuestionarse a explicación exóxena para o crecemento do agrarismo, o cal chegou a ser nesta etapa un movemento de masas. Foi na parroquia de Lérez en 1896 onde se fundou a primeira sociedade agrícola de Galicia, sendo durante estes primeiros anos un fenómeno eminentemente pontevedrés, como apunta Miguel Cabo[277]. Para Daniel Lanero, tratouse da forma de mobilización política máis transformadora e transcendente do rural galego no primeiro terzo do século XX, que ademais se asentaría en certos valores democráticos, ata entón alleos á cultura política popular[278]. O éxito deste societarismo agrario atoparía a súa fórmula no encadramento asociativo a escala micro —fundamentalmente a parroquia, con perspectiva de acción a nivel local— fortalecendo os vínculos de solidariedade e confianza; pero tamén no pragmatismo ideolóxico que lles permitía adaptarse ás redes caciquís, á vez que mantiñan un discurso claramente anticaciquil, para acadar os obxectivos que mellor respondesen ás necesidades reais do campesiñado[279]. Así as cousas, tódolos actores políticos tiveron que ter en conta os

[274] Taboada Moure: *Las élites y …*, 1987, pp. 85 – 87.
[275] Durán: *Crónicas, 2. Entre …*, 1977, p. 234.
[276] Fortes Bouzán: *Historia de la …*, 1993, pp. 636 – 641.
[277] Cabo Villaverde, Miguel: *O agrarismo*, Vigo, A Nosa Terra, 1998, pp. 37 – 43. Ver tamén Fraguas Fernández, Natalia: *Apuntes para a historia do asociacionismo pontevedrés: 1882 – 1936*, Santiago de Compostela, Fundación Luís Tilve, 2007, p. 43; e Durán: *Crónicas, 2. Entre…*, 1977, p. 82 e ss.
[278] Lanero Táboas, Daniel: *Historia dun ermo asociativo. Labregos, sindicatos verticais e políticas agrarias en Galicia baixo o franquismo*, Santa Comba, Trescres, 2011, p. 413.
[279] Cabo Villaverde, Miguel: "Movilizaciones agrarias y cooperativismo en Irlanda y Galicia en la época contemporánea. Un ensayo de comparación", en VV.AA.: *Entre la revolución y la reforma. Cuestión agraria y asociacionismo rural (1874 – 1939)*, Santiago de Compostela, Fundación Luís Tilve, 2014, p. 67.

intereses dos agraristas para acadar pactos con eles[280]. Os lazos entre o movemento agrario e outras formación serán, segundo o caso, estreitos, e o seus límites, difusos[281].

A teor do agrarismo, é preciso facer mención á cuestión foral, de importancia substancial neste período. Malia que non nos imos deter na evolución propia da ditadura de Primo de Rivera, cuxo estudo segue a ser unha das grandes contas pendentes na historiografía galega, si consideramos necesaria unha apreciación con respecto ao tema ao falar da cuestión agraria. Tralo desgaste e descrédito do turnismo canovista e os inconclusos proxectos de redención foral que nunca chegaron a cumprirse, o agrarismo —e gran parte do taboleiro político— viu nesta nova etapa unha oportunidade histórica en prol dos seus intereses[282]. Así, o movemento agrario tería aceptado a solución redencionista que a ditadura de Primo ofreceu á cuestión foral, en troques da súa abolición, materializándose no Real Decreto-Lei de 26 de xuño de 1926. Nel se proxectaba a creación dun tribunal especial que, segundo establece o art. 10 de dita lei, habería de ser presidido polo xuíz de Primeira Instancia correspondente[283]. Consecuentemente, na documentación manexada no fondo do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, atoparemos acotío procedementos relacionados con foros. A perda da loita contra os foros como elemento mobilizador, sumado á división existente principalmente entre o agrarismo católico e o aconfesional —que se fora desvencellando paulatinamente da ditadura—, situou ao movemento nunha situación de aparente retroceso na segunda metade dos anos 20. Porén, o ritmo de fundacións de novas sociedades agrarias reactívase nos anos previos á instauración da República, chegando a integrar un centenar de sociedades o Congreso Provincial Agrario de Pontevedra en 1930[284].

Ao igual ca no caso agrario, a Lei de Asociacións de 1887 propiciou a expansión do movemento obreiro e das súas ferramentas de acción, posibilitando o desenvolvemento de sociedades cooperativas e de axudas mutuas, sen importar o seu carácter político[285]. No caso que nos atinxe, a primeira sociedade obreira foi a *Asociación Protectora del Obrero de Pontevedra*, de 1890[286]. Como vimos anteriormente, os principais núcleos industriais da provincia non estaban sitos na capital. En consecuencia, o movemento obreiro pontevedrés era de menor relevancia en termos numéricos absolutos, sobre todo se o comparamos con lugares como Marín, Bueu ou, sobre todo, Vigo, o cal foi «o grande laboratorio obreiro da Galicia do século XX»[287]. Isto, emporiso, non nos debe impedir advertir o peso cualitativo que este tivo na cidade, marcando fondamente a súa vida política. Son de obrigada mención no devir do movemento obreiro galego os canteiros —de profusa presencia en Pontevedra— polo carácter itinerante do seu oficio, o que resultou clave no espallamento das reivindicacións obreiras, en

[280] Lanero Táboas: *Historia dun ermo …*, 2011, pp. 411 – 413.
[281] Exemplo disto é o caso, non excepcional, de Manuel García Filgueira, líder da Sociedade Agraria de Mourente e presidente da Federación Obreira Local de Pontevedra, primeiro concelleiro socialista de Pontevedra en 1913 e membro de diversas corporacións municipais ata 1936, chegando a ser alcalde en funcións no momento do golpe. Foi, en definitiva, un dos líderes do movemento obreiro pontevedrés. Tamén presidiu durante varios anos a *Casa del Pueblo* de Pontevedra, amais de dirixir a sociedade de canteiros. Ver de Sá Bravo: *Estampas pontevedresas. Recuerdos …*, 1977, p. 255 e pp. 297 – 298.
[282] Cabo Villaverde: *O agrarismo*, 1998, pp. 151 – 43.
[283] «Real Decreto-Ley declarando redimibles todos los foros en las provincias de Galicia, Asturias y León», *Gaceta de Madrid*, núm. 177, 26/06/1926, pp. 1802 – 1804. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1926/177/A01802-01804.pdf [últ. consulta 07/04/2022].
[284] Cabo Villaverde: *O agrarismo*, 1998, pp. 173 – 174.
[285] «Ley reglamentando el derecho de asociación», *Gaceta de Madrid*, núm. 193, 12/07/1887, pp. 150 – 106. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1887/193/A00105-00106.pdf [últ. consulta 07/04/2022].
[286] Fraguas Fernández: *Apuntes para a …*, 2007, p. 96.
[287] Villares, Ramón (ed.); Barral, Margarita; Míguez Macho, Antonio: *O mundo do traballo en Galicia*, Santiago de Compostela, FEUGA, 2007, p. 15.

detrimento do societarismo de natureza fundamentalmente fabril e estacionaria[288]. Hipólito de Sá Bravo destaca en reiteradas ocasións as folgas revolucionarias que se sucederon en Pontevedra durante a crise da Restauración, nos anos 1917, 1919 e 1921, e incide particularmente na de abril e maio de 1917 pola conxunción de diversos factores: a declaración de estado de guerra, o desabastecemento da cidade, a detención dos dirixentes obreiros, a censura nos xornais, o peche da *Casa del Pueblo*, o Exército e a Garda Civil patrullando nas rúas… Secasí, as mobilizacións na cidade mantivéronse, así como no resto do Estado, para lograr a redución da xornada ás oito horas amais doutras melloras laborais[289].

Distinguido foi tamén o agromar do nacionalismo galego en Pontevedra. Sen afondar no provincialismo, federalismo e rexionalismo decimonónicos que acabarían dando orixe a *Asociación Regionalista Gallega* (1890) e *Solidaridad Gallega* (1907), avanzaremos ata o nacemento das Irmandades da Fala (1916)[290]. Esta organización actuou como gonzo entre os movementos precursores da anterior etapa e o nacionalismo esencialista galego contemporáneo, así como entre o galeguismo en termos máis socioculturais ata os puramente políticos. De forma paralela, organizouse na *boa vila* a Irmandade de Pontevedra en 1916 mais con escasa repercusión[291]. Tendo en conta a posterior importancia que terá o nacionalismo na cidade e contorna, podemos soster entón que este estará alimentado nos anos 20 pola chegada de novos perfís políticos a Pontevedra, como Alfonso R. Castelao, Antón Losada e Alexandre Bóveda; e a súa entrada en contacto con veciños con inquedanzas autonomistas, como Valentín Paz-Andrade, Antón Iglesias Vilarelle ou Xoán Vidal Martínez[292].

Durante a ditadura de Primo de Rivera, o nacionalismo galego caracterizouse pola súa fractura após a Asemblea de Monforte de 1922 e o desigual colaboracionismo co novo réxime. A ditadura ofrecía un novo taboleiro político no que loitar pola descentralización, unha esperanza que foi en aumento co proxecto de mancomunidade e a integración de destacados galeguistas nas corporacións locais e provinciais, como foi o caso de Antón Losada Diéguez na vicepresidencia da Deputación de Pontevedra. Porén, a indiferenza do novo goberno ás súas demandas, sumado aos intentos de desmantelar os nacionalismos periféricos, situará aos galeguistas en contra do novo réxime —mesmo aos máis conservadores como Vicente Risco—, malia que terá éxito na desmobilización política do galeguismo. Nun intento de superación daquela ruptura interna e de reactivar o movemento, de forma alternativa ao proxecto non netamente nacionalista da ORGA de 1929, créase o Partido Galeguista en decembro de 1931 por iniciativa do Grupo

[288] Míguez Macho, Antonio: *La construcción de la ciudadanía a través de los movimientos sociales. El movimiento obrero en Galicia (1890 – 1936)*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo, 2008, pp. 77 – 78. Este recolle, á súa vez, as formulacións de Durán, José Antonio: *Agrarismo y movilización en el País Gallego*, Madrid, Siglo XXI, 1976, p. 78.

[289] de Sá Bravo: *Estampas pontevedresas. Recuerdos …*, 1977, p. 231, pp. 253 – 256 e pp. 296 – 297. É preciso subliñar que este asociacionismo obreiro non só estivo vinculado expresamente ás persoas asalariadas en actividades industriais, senón que asistimos á eclosión de sociedades obreiras urbanas que organizaban a traballadoras e traballadores do sector servizos, na súa maioría politizadas baixo as esferas de influencia da Unión Xeral de Traballadores na década dos 30 principalmente. Consultar Fraguas Fernández: *Apuntes para a …*, 2007, pp. 96 – 103; e Míguez Macho: *La construcción de …*, 2008, pp. 120 – 122 e p. 368.

[290] Para estudar en máis detalle o galeguismo prenacionalista, consultar Beramendi, Justo G.; Núñez Seixas, Xosé M.: *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra, 1995, pp. 18 – 90. Para unha panorámica xeral, ver tamén Villares: *Historia de Galicia*, 2016, pp. 367 – 399.

[291] de la Peña Santos; Juega Puig; López de Guereñu Polán: *Historia de Pontevedra*, 1996, pp. 376 – 379.

[292] A este respecto, resulta suxestiva a imaxe que Xerardo Álvarez Gallego debuxa daquela Pontevedra adoptiva que "marabillou" a Bóveda. Ver Álvarez Gallego, Xerardo: *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, Bos Aires, Edicións Nós, 1972, pp. 75 – 88. Asemade, Mosquera, A. Evaristo: *Catro anos a bordo dunha Illa. Memoria dun preso en San Simón ou un estraño xeito de vivir a nosa guerra civil*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 2006 [1984], pp. 19 – 23.

Nacionalista Galego de Pontevedra, constituído apenas uns meses antes[293]. Emporiso, a diversidade ideolóxica no seo do partido acabará xermolando nos vindeiros anos.

Como vemos, malia que a ditadura de Primo de Rivera serviu para desarticular momentaneamente os movementos contestatarios co sistema como o republicano, agrario, obreiro e nacionalista, a súa labor de acabar coa *vella política* situou aos partidos dinásticos nunha precaria posición. Todo isto, sumado á falta de pericia coa que se tratou de resolver a fin do réxime primorriverista mediante o restablecemento da normalidade constitucional dirixida pola ditadura de transición de Dámaso Berenguer e Juan Bautista Aznar, explicará a falta de organización e debilitación dos sectores monárquicos de cara as eleccións municipais do 12 de abril de 1931 que marcarán a chegada da Segunda República.

3.2.2. A República en Pontevedra

> Gran manifestación.— Momentos después salía del Centro Republicano una imponente manifestación con varias banderas a cuyo frente iba el Comité Republicano-Socialista dirigiéndose al Ayuntamiento y Gobierno Civil dentro del mayor orden y dando vivas a la República. En los balcones de la Casa Consistorial fueron colocadas las banderas Republicana, Socialista y la Gallega ante los aplausos y vivas del numeroso público. Lo mismo se hizo en la Diputación desde cuyo balcón los señores Poza y Echeverría dirigieron la palabra recomendando al pueblo la mayor cordura y orden. Ya en el Ayuntamiento la manifestación llegó la Banda municipal que recorrió diferentes calles de la población seguida de los manifestantes tocando la Marsellesa e himnos obreros. Esta se disolvió a las nueve y media de la noche.[294]

«La democracia pontevedresa dio en el día de ayer una nueva prueba de su conciencia y cultura». Así describiu *El Progreso* a crónica do día 14 de abril de 1931. Como vemos, ao igual ca no resto de vilas e cidades de España, a chegada da Segunda República veu acompañada de intensas celebracións e manifestacións de xúbilo colectivo após a marcha ao exilio de Afonso XIII. Pero tralo amainar dos ánimos iniciais, retornou paseniñamente a cotiandade. A imaxe que temos da Pontevedra posterior á instauración da República, tanto nas memorias de destacados pontevedreses como nos traballos historiográficos, é de normalidade e mantemento das grandes tendencias que analizamos nas anteriores páxinas: crecemento demográfico; industrialización e, sobre todo, terciarización da economía; desenvolvemento urbano; formas de ocio…[295]

Pero a vida política asistiu, como non, a mudanzas importantes[296]. Tralo período desmobilizador da ditadura de Primo de Rivera, as organizacións que viñeran traballando contra o réxime na clandestinidade foron legalizadas e Pontevedra faise partícipe do

[293] Beramendi; Núñez Seixas: *O nacionalismo galego*, 1995, pp. 93 – 143.

[294] *El Progreso*, 15/04/1931, p. 3. A transcrición completa da nova, no Anexo 2. Pola súa banda, *El Pueblo Gallego* abría o seu diario so seguinte xeito: "Historia de España.— 14 de abril de 1931. Es proclamada la República Española. Nuestro pueblo da al Mundo la más grande lección de ciudadanía" (*El Pueblo Gallego*, 15/04/1931, p. 1). Nos días seguintes, os xornais completarían a información e actualizaríana segundo as últimas novidades. *El Progreso*, o día 16, engade que parte da manifestación do día 14 se concentrou onda o cuartel de San Fernando, onde se formou "un piquete que rindió honores al emblema republicano, así como los jefes y oficiales, al frente de los cuales estaba el teniente coronel D. Darío Fernández Varela. En todos los sitios se dieron vivas a la República y a España, en el cuartel del Ejército" (*El Progreso*, 16/04/1931, p. 2).

[295] A escala micro, Fortes preséntanos unha Pontevedra na que todo segue practicamente igual: "Pontevedra seguía siendo a comienzos de la década de los treinta una pequeña capital de provincia cuyo núcleo sociológico estaba constituido por funcionarios y comerciantes". Ver Fortes Bouzán: *Historia de la…*, 1993, p. 748.

[296] A produción historiográfica sobre a II República en Galicia é profusa. Ao longo das páxinas facemos referencias constantes a algunhas das máis significativas para o noso caso de estudo. Recomendamos, asemade, a consulta de Fernández Santander, Carlos: *Alzamiento y guerra civil en Galicia. Tomos I y II*, Sada, Ediciós do Castro, 2000, pp. 17 – 65.

cambios de cultura política que trouxo consigo a República. Estas organizacións non só son simplemente legalizadas, senón que pasan a integrar os novos poderes. A transición á República en Pontevedra estivo orquestrada pola conxunción republicano-socialista, a cal decidiu instituír a Arturo Rey Juncal como alcalde accidental e aos republicanos Manuel Lorán Montes, Joaquín Poza Juncal, Miguel Barca, Bibiano Fernández Osorio-Tafall, Aurelio Marzoa, Manuel Formoso Lestón e Felipe Aparicio, e aos socialistas Francisco Tilve e José Baladrón como membros da comisión xestora provisional[297]. No relativo á Deputación, fíxose cargo da súa presidencia Amancio Caamaño como presidente do Centro Republicano, actuando como vogais José Echeverría Novoa, Maximiliano Pérez Prego e Federico Selgas[298]. Por último, o gobernador civil monárquico, Fernando Campuzano marcha a Madrid o día 15 e é substituído interinamente polo entón presidente da Audiencia Provincial, Policarpo Fernández Costas[299].

Uns días despois, entre o 17 e 18 de abril, remata esta situación transitoria. O médico compostelán —aínda que criado en Pontevedra— Vicente Varela Radío pasa a ocupar o cargo de gobernador civil, mentres que un recoñecido avogado republicano pontevedrés, Joaquín Poza Juncal, é trasladado ao goberno civil de Ourense[300]. Amancio Caamaño mantense como presidente da comisión xestora da Deputación. O 18 pola tarde escóllese o novo goberno municipal, pleno no que sae nomeado alcalde Bibiano Fernández Osorio-Tafall (ORGA), e tenentes de alcalde Arturo Rey Juncal, Francisco Tilve Rodríguez, Felipe Aparicio Díaz, Marcelino Candendo Paz e Manuel Gama Casalderrey. Como síndico, Manuel Lorán Montes[301]. O resto da corporación estaba integrada por Aurelio Marzoa Maceiras, Manuel García Filgueira, Francisco Rodríguez Arruñada, Manuel Sanmartín Moreira, Celso López Blanco, José Baladrón Martínez, Manuel Formoso Lestón, Joaquín Poza Juncal, José Cochón Paz, Tomás Abeigón Pazos, Miguel Barca Montes, Víctor Lis Quibén, José Gallego Acuña, José Orozco Pereira, Rogelio Torres Senra, Senén Sobral Sobral, Alberto Martínez Tiscar, Juan González López, José Hermida Esperón e Manuel Loureiro Pereira. Segundo o *Anuario Estadístico de España* dese ano, os resultados das eleccións amosan unha clara maioría da coalición antimonárquica, que obtivo 17 concelleiros (65,38%), fronte aos 9 monárquicos (34,62%)[302].

O comportamento e, en ocasións, a conformación do goberno municipal variará segundo o devir dos gobernos da República. Após os procesos folguísticos de outubro de 1934, esta corporación será substituída «con motivo de los pasados sucesos revolucionarios» por outra designada polo gobernador civil Diego Fernández Gómez o 8 de outubro. A nova corporación xestora estará formada por Manuel Casqueiro Paz en

[297] No Anexo 3 incluímos unha relación de gobernadores civís, presidentes da Deputación e alcaldes de Pontevedra entre 1930 e 1942.
[298] *El Progreso*, 16/04/1931, pp. 2 – 3. Sobre a deputación provincial neste período, ver tamén Adrio Barreiro: *La vida municipal …*, 2008, pp. 671 – 683.
[299] Policarpo Fernández Costas fora o xuíz de Primeira Instancia de Pontevedra ata 1924, cando é promovido como maxistrado á Audiencia Provincial da cidade. Será nomeado presidente da mesma en 1930, pero trasladarase á Audiencia Territorial de Oviedo xusto un ano despois, en xuño de 1931. Máis tarde pasará a exercer na Territorial da Coruña, sendo asasinado supostamente por esquerdistas no Hotel Europa o 20 de xullo de 1936. Sobre el volveremos no capítulo 5. *El Correo Gallego*, 21/07/1937, p. 1. Ver tamén *Gaceta de Madrid*, núm. 68, 08/03/1924, p. 1208. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1924/068/A01208-01208.pdf [últ. consulta o 11/04/2022]. *Gaceta de Madrid*, núm. 168, 17/06/1930, p. 1671. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1930/168/A01671-01671.pdf [últ. consulta o 11/04/2022]. *Gaceta de Madrid*, núm. 165, 14/06/1931, p. 1367. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/165/A01367-01367.pdf [últ. consulta o 11/04/2022].
[300] *El Progreso*, 18/04/1931, p. 2.
[301] *El Progreso*, 19/04/1931, p. 3.
[302] Velasco Souto, Carlos F.: *Galiza na II República*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 2000, p. 32.

representación do Colexio de Avogados, Sinforiano Melero Guerra pola Cámara de Propiedade, Eulogio Sánchez Jaráiz polo Círculo Mercantil, Modesto Lorenzo pola Asociación Patronal, Ramón Segura de la Garmilla polo Instituto e Escola Normal, Luis Sobrino Buhigas polo Colexio Médico e Agustín Sánchez pola Liga de Inquilinos. Como xestor de maior idade, encárgase da alcaldía Ramón Segura, saíndo do cargo Osorio-Tafall[303].

Esta, á súa vez, é substituída o 12 de novembro por unha comisión interina tamén nomeada polo gobernador pero que se adecúa mellor «en sus componentes, las dimensiones de las elegidas por sufragio», pero igualmente de carácter conservador en comparación á de 1931. O novo alcalde será Vicente Quintiá Somoza, acompañado polos concelleiros Segismundo Casqueiro Lorenzo, Modesto Lorenzo Martínez, José Álvares Vázquez, Agustín Sánchez, Ángel del Río, José Poceiro, José Carbonell Alsina, Juan Abilleira Piñeiro, Ángel Castro Tilve, Eduardo Rodríguez Fontenla, Alejando Justo, Celestino Touza Graña, Manuel Fernández Villanuneva, Abel Hermida Vidal, Delmiro González, Valentín Rey, Casiano Peláez, Felipe Cons Rodríguez, Antonio Tapia Seoane, Nicolás Niño, Sinforiano Melero, José Lino Sánchez, Ricardo Santos Riveiro, Juan Couso Riveiro, Eladio Portela Gómez e José Sertal Casalderrey[304].

A corporación interina é novamente destituída en xaneiro de 1936, substituíndoa outra por encargo do gobernador civil Armando Peñamaría Álvarez. Os motivos que este alega para dito cambio son a falta de responsabilidade dos concelleiros saíntes —aos cales acusa de non asistir aos plenos municipais— e a xeneralizada falta de apoio entre a opinión pública da cidade, incidindo no seu nomeamento arbitrario. Esta nova corporación xestora estará formada por Tomás Abeigón Pazos como alcalde, e como concelleiros Luis Lorente Sanjurjo, José Fabelo Mariño, Juan Couso Riveiro, José de la Torre López, Lisardo López, Emilio Rivas Fontán, Jesús Silva campos, Roque Cao Caneda, José Pide Codesido, José María Castro, Isidoro Calvo Acuña, Ricardo Touza Nantes, Eladio Portela Gómez, Germán Rodríguez Años, Ramón Abilleira Piñeiro, Agustín Ferrero Cea, Antonio Hereder Solla, Eugenio Mouriño Vázquez, Rogelio Torres, Francisco Lourenzo González, Alejandro Justo, Benigno Esperón, Demetrio Martínez Martínez, Plácido García, Luis García Jato e Ricardo Melero[305].

Finalmente, o derradeiro cambio significativo no goberno local prodúcese o 20 de febreiro de 1936, cando se aplica a orde ministerial da Fronte Popular pola que se decreta que as corporacións popularmente escollidas en 1931 e logo suspendidas gobernativamente fosen restituídas. Recuperan deste xeito o cargo Bibiano Fernández Osorio-Tafall e os demais concelleiros. Como novidade, o líder obreiro comunista Manuel García Filgueira é nomeado primeiro tenente alcalde tralo pasamento de Arturo Rey, pasando a exercer dende entón as funcións de alcalde accidental polo traslado a Madrid de Osorio-Tafall como deputado —para máis tarde ocupar postos no goberno: presidente da Comisión de Traballo primeiro e secretario de Gobernación despois—[306].

Non imos describir con detalle a evolución das diversas formacións políticas en Pontevedra durante os anos da República, un baile de siglas e transvasamentos de militancias xa estudado por outras persoas e que se afastaría da vontade sintetizadora

[303] Acta da sesión do 08/10/1934, folio 45. Libro de actas municipais do concello de Pontevedra, 13/06/1934 – 06/02/1935 (AMPo).
[304] Acta da sesión do 12/11/1934, folio 61. Libro de actas municipais do concello de Pontevedra, 13/06/1934 – 06/02/1935 (AMPo).
[305] Acta da sesión do 08/01/1936, folio 19. Libro de actas municipais do concello de Pontevedra, 13/11/1935 – 15/07/1936 (AMPo).
[306] Actas das sesións do 20/02/1936, 23/02/1936 e 26/02/1936, folios 42 – 44. Libro de actas municipais do concello de Pontevedra, 13/11/1935 – 15/07/1936 (AMPo).

destas páxinas. Xosé Álvarez Castro, na súa obra de referencia *Pontevedra nos anos do medo*, debulla con maior detalle os principais encadramentos políticos na cidade nas vésperas do golpe de Estado de 1936, aínda que destaca a difícil adscrición dalgúns casos polo sincretismo entre organizacións[307]. Porén, consideramos necesario elaborar uns trazos simplificadores das forzas políticas actuantes na cidade, particularmente de cara ás vésperas do golpe de Estado de xullo do 36[308].

Na extrema dereita de advocación fascista situábanse as *Juntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista* e a *Falange Española*, que en 1934 se fusionarían para formar *Falange Española de las JONS* baixo o liderado de José Antonio Primo de Rivera. De escasísima presencia en Pontevedra e en Galicia, o propio José Antonio presentaría a organización en Vilagarcía de Arousa en marzo de 1935 acompañado de Jesús Suevos —quen a partir do 37 será xefe provincial de Falanxe en Pontevedra— e outros homes fortes do partido, como o cofundador Manuel Valdés Larrañaga e Manuel Mateo[309]. Como consecuencia da visita de José Antonio, organízase en Pontevedra o grupo local de Falanxe baixo a tutela de Manuel Castro Pena, que actuará como xefe provincial ata a súa defenestración política en xaneiro de 1937; e Víctor Lis Quibén, quen representaba á dereita monárquica máis conservadora no concello de Pontevedra e militaba no calvosotelismo. Outros *camisas viejas* da Falanxe pontevedresa, algúns con destacada participación na violencia posterior ao golpe de Estado e cargos relevantes no franquismo, son: Ricardo Silva Sotelo, Rafael Lenard Quintana, José Outerelo Carril, Fernando Casas Pasarín, Benito Pardo Méndez, Jesús Muruais Carrillo, Vicente Couceiro Amor, Saturnino Paz Peón, Javier e Antonio Puig Gaite, Pablo Redondo, Félix Martínez Tiscar, Bernardino Fondevila de la Iglesia, Manuel González de la Vallina, José Acuña Núñez, Antonio Tapia Seoane e Secundino Esperón. O sindicato de Falanxe —posteriormente substituído polo Sindicato Vertical—, a *Central Obrera Nacional-Sindicalista* (CONS), estivo dirixida na cidade por Augusto Torres Arance e José Díaz Obregón, mais tampouco tivo unha presencia destacada. Posterior ao golpe de Estado será a creación da *Sección Femenina* pontevedresa (1936) e das *Organizaciones Juveniles*, que integraban aos *pelayos* do tradicionalismo e *balillas* de Falanxe tralo Decreto de Unificación (1937); despois da guerra serán refundados no *Frente de Juventudes* (1940).

Na extrema dereita monárquica atopamos a *Renovación Española* (RE) de José Calvo Sotelo, borbona, e a *Comunión Tradicionalista* (CT) de Manuel Fal Conde, carlista. Volvemos a cruzarnos aquí con Lis Quibén, quen fora un dos homes fortes da *Unión Regional de Derechas* e se converteu en líder de Renovación Española ata ao seu final encadramento nas filas de Falanxe. Tratábase dunha das cabezas máis visibles da dereita máis reaccionaria pontevedresa, chegando a ser detido en 1932 xunto a outros pola súa implicación na tentativa golpista do militar Sanjurjo —polo que foi deposto do seu cargo na corporación municipal—, mais isto non lle impediu representar a URD e a Renovación Española como deputado nacional, sendo o candidato de dereitas máis

[307] Álvarez Castro, Xosé: *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936 – 1939)*, Vigo, Xerais, 2013, pp. 11 – 62. A relación de nomes que a continuación se cita está extraída, na súa maioría, desta obra. Para unha listaxe máis detallada de Falanxe en Pontevedra, consultar tamén Amoedo López, Gonzalo: *A memoria e o esquecemento. O franquismo da provincia de Pontevedra*, Vigo, Xerais, 2010.

[308] Un estudo máis detallado do taboleiro político galego durante a República atopámolo no clásico ensaio *Los partidos políticos y la autonomía en Galicia, 1931 – 1936*, de Alfonso Bozzo (1976). Para un traballo máis didáctico, consultar Velasco Souto, Carlos F.: *Galiza na II República*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 2000, pp. 25 – 101.

[309] Aínda que chegaron a encher o Teatro Principal da vila, pois a ela se trasladaron correlixionarios de toda Galicia, a afluencia de espectadores no mitin foi relativamente modesta. Segundo informa *El Pueblo Gallego,* esa mesma tarde, formouse en Vilagarcía un tumulto entre obreiristas e falanxistas que acabou con dous feridos e varios detidos. *El Pueblo Gallego*, 19/03/1935, p. 14.

votado en Pontevedra nas eleccións de febreiro do 36[310]. Destacou na súa labor organizativa e proselitista, participando no mitin de Renovación Española xunto a Calvo Sotelo e Honorio Maura o 29 de xullo de 1934 na praza de touros de Pontevedra, na que se ovacionou o traballo da ditadura primorriverista e a labor que polas dereitas estaban a facer Gil Robles e José Antonio[311]. Tralo golpe, converterase no xefe local da Garda Cívica pontevedresa, grupo paramilitar que xogou un papel clave na limpeza política sistemática pola que se caracterizou a retagarda na zona controlada polos militares sublevados. Após a súa actividade durante o golpe e a guerra, o nome de Lis Quibén será epítome do sadismo e da violencia na memoria da cidade.

Pola súa banda, o carlismo tiña unha maior tradición en Pontevedra debido ao seu carácter transversal en determinados aspectos, o que propiciou o achegamento de galeguistas como Antón Losada Diéguez. Emporiso, seguía a ser un movemento minoritario e cunha presencia máis simbólica que real polo transfuguismo a outras organizacións máis activas. Ese foi o caso do fundador do requeté pontevedrés Eduardo Builla Rodríguez, quen se afiliará a Falanxe e despois formará parte da Garda Cívica. Algunhas das figuras máis representativas do tradicionalismo na cidade son Arturo Rial, Enrique Munáiz, Mario Gallego Conde, e párrocos como Liborio Coco, Marcelino Torres Villar ou Camilo Fontenla, que irían á fronte a loitar.

Na dereita ou centro-dereita do taboleiro político, malia que con diversidade de posturas internas, destacamos en primeiro lugar á *Unión Regional de Derechas* (URD), partido vinculado á *Confederación Española de Derechas Autónomas* (CEDA). Álvarez Castro destaca que moitos dos que integraban a súa directiva en Pontevedra tiveron postos de relevancia durante a ditadura franquista, entre os que menciona a Bernardo López Suárez, Antero Marescot, Ernesto Baltar Santaló, José García Pintos, Rafael González Besada, Juan Cot, Rafael Sáenz Díaz, Gerardo López Pereira, Álvaro Losada e José García Señoráns. Este último era asemade o xefe local das *Juventudes de Acción Popular* (JAP), milicia xuvenil paramilitar de Acción Popular e, *mutatis mutandis*, da CEDA. José Botella Domínguez era o representante provincial da JAP, a cal contaba con outros persoeiros de renome nas súas filas, como Ildefonso Baquero Fontes, fillo do entón presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra[312]. Outros destacados membros da CEDA pontevedresa, que se presentaron baixo as súas siglas ás eleccións de febreiro de 1936 son Severino Barros de Lis, Pascual Díez de Rivera, Manuel Casqueiro Paz e Celso Méndez Saavedra Brandón[313]. Asemade, tralo afundimento de *Unión Regional de Derechas*, moitos membros se aproximarán ao tradicionalismo, como Antero Marescot ou Álvaro Losada, o que explica por que en 1937 a *Junta de Sección Femenina* de URD se integrou na homóloga carlista, as *margaritas*.

Nas filas da dereita republicana atopamos ao *Partido Agrario Español* (PAE) de José Martínez de Velasco, cuxos representantes en Pontevedra eran o presidente da comisión xestora municipal de xaneiro do 36 Tomás Abeigón Pazos, e Prudencio Landín Tobío, Alejandro Martín Vaqueriza, Antonio Núñez Vila, Gerardo Pereira, José Dapena, Valentín Muíños, Rafael Varela Feijóo e Gilberto Vázquez Gil, entre outros.

[310] Fortes Bouzán: *Historia de la…*, 1993, p. 750. Ver tamén *El Ideal Gallego*, 25/02/1936, p. 4.
[311] *El Compostelano*, 31/07/1934, p. 1. A prensa destaca a escaseza de asistentes, que se aproximaría ao millar cando se estimaba unha afluencia de público moito maior: "Las invitaciones repartidas con excesiva escrupulosidad entre las personas de 'orden' no dio resultado, y a la hora de empezar el acto, la plaza estaba vacía, teniendo que recurrir a reclutar gente con objeto de dar la sensación de que había mucho público". *El País*, 30/07/1934, p. 1.
[312] *El Pueblo Gallego*, 28/05/1936, p. 13.
[313] *El Ideal Gallego*, 25/02/1936, p. 4.

USC

O sector centro do taboleiro político estaba repartido entre o centrodereita do *Partido Republicano Radical* (PRR) de Alejandro Lerroux, o centrismo de Manuel Portela Valladares e o centroesquerda de *Unión Republicana* e *Izquierda Republicana*. O conservadorismo antimonárquico máis tradicional ocupábao o *Partido Republicano Radical*, un destacable feudo en Pontevedra polo papel de Emiliano Iglesias. A presidencia do PRR na cidade corría a cargo de Basilio Filgueira Casal, mais o seu liderado non estivo exento de polémicas, alén das acusacións de corrupción e caciquismo vinculadas ás máis altas esferas do partido[314]. Outros dos principais membros do PRR en Pontevedra son Segismundo Casqueiro Lorenzo, Vicente Modesto Lorenzo, Maximino Portela Piñeiro, Juan Abilleira Piñeiro, Manuel Cendón Escudero, Enrique Alonso Muñoz, Germán Rodríguez Dios e Alfredo Couceiro Díaz, Bernardino Fondevila de la Iglesia ou Luis Fontaíña Serrapio[315]. Algúns deles se situarán cos sublevados tralo golpe do 36, como recolle novamente Álvarez Castro.

Pola súa banda, o *Partido del Centro Democrático* (PCD) foi presentado por Portela Valladares como unha alternativa conciliadora fronte á polarización e á política de bloques de febreiro de 1936, malia que sen éxito. Así e todo, nas súas listas en Pontevedra conseguiu integrar a notorios membros doutros partidos, como Prudencio Landín Tobío, Alejandro Mon y Landa, Isidoro Millán, Valentín Paz-Andrade, José María Santaló, Pedro Varela Castro, Jesús Garrido Ramos e Ramón Salgado Pérez[316].

No centroesquerda atopamos á burguesía republicana máis progresista, representada a partir de 1934 pola *Izquierda Republicana* (IR) de Manuel Azaña e a *Unión Republicana* (UR) de Diego Martínez Barrio. Ámbolos dous aglutinaban anteriores proxectos políticos: IR en Pontevedra atraeu fundamentalmente a membros do PRG —e, anteriormente, ORGA—, Acción Republicana e o *Partido Radical Socialista Independiente*; mentres que UR xurdiu da fusión do Partido Radical Demócrata —escisión á súa vez do PRR— e o Partido Republicano Radical Socialista. Aínda que IR capitanea o espectro político do republicanismo galego, as dúas formacións tiveron gran ascendencia entre os poderes locais e provinciais, e contaban entre a súa militancia con algúns dos republicanos pontevedreses máis recoñecidos, como: Bibianio Fernández Osorio-Tafall, Joaquín Poza Cobas, Francisco López Pereira, Elpidio Villaverde, Isolino de Blas Otero, Alejandro Viana Esperón, Antonio Ruíz García, Arturo Martínez Fernández, e Juan Sobral González para IR; e José Adrio Barreiro, Hernán Poza, Francisco Otero, Valentín Teijeiro, Dionisio González, Claudio Magdalena, Manuel Mucientes, Aurelio Marzoa, Celestino Poza Cobas, Celestino Poza Pastrana e Benito Méndez para UR. Moitos deles estaban vinculados á masonaría e foron vítimas da violencia golpista despois de xullo do 36[317]. Tanto IR como UR, despois da súa ilegalización tralo golpe e guerra civil, converteríanse nas principais organizacións políticas republicanas no exilio.

[314] A máis mediática foi a súa expulsión do comité local polo círculo emilianista, ao non aceptar Basilio Filgueira outro mando que o de Lerroux: "Al Centro pontevedrés del Partido Republicano Radical le tiene perfectamente sin cuidado que don Basilio Filgueira continúe considerándose presidente de los radicales pontevedreses, como sin cuidado le tendría que se considerase presidente del Consejo de ministros o Pontífice de la iglesia Roman" (*El Pueblo Gallego*, 20/04/1932, p. 7). Así e todo, Basilio Filgueira non aceptará dita expulsión. A súa resposta en *El Pueblo Gallego*, 22/04/1932, p. 6.

[315] *El Progreso*, 20/01/1932, p. 2.

[316] *El Ideal Gallego*, 25/02/1936, p. 4.

[317] Algúns foron encarcerados, como Manuel Mucientes; outros fusilados, como José Adrio Barreiro; outros tiveron que marchar ao exilio, como Osorio-Tafall… mais todos eles sufriron algún tipo de represalia en maior ou menor medida. Sobre a masonaría en Pontevedra, ver Álvarez Castro, Xosé: *Pontevedra nos anos do silencio. Represión e resistencia na provincia de Pontevedra (1936–1951)*, Vigo, Xerais, 2022, pp. 119 – 190.

Na beira da esquerda revolucionaria atopamos a un heteroxéneo grupo de postulados ideolóxicos que buscan, en xeral, a superación do réxime burgués, ora para instaurar unha ditadura do proletariado, ora para abolir calquera forma de autoridade estatal. Porén, as súas vías de actuación serán pragmáticas e colaboracionistas co republicanismo, co que xa estiveran vinculados na fronte antimonárquica. Isto sitúaos ás veces en posicións contraditorias, pois forman parte das institucións da República a diferentes niveis e integrarán a Fronte Popular nas eleccións de febreiro de 1936, á vez que o seu discurso continuaba ás veces abertamente contestatario e subversivo[318].

Entre representantes do movemento obreiro, os máis numerosos en Pontevedra eran os socialistas, organizados no *Partido Socialista Obrero Español* (PSOE). Entre os seus principais militantes atopamos a Amando Guiance Pampín, Ignacio Seoane Fernández, Ramiro Paz Carbajal, Abraham Zbarsky Geller, Germán Adrio Mañá, Edelmiro Dios Vázquez, José Pintos Quinteiro, Castor Pacheco Rey, José Blanco García, Rafael Domínguez e Antonio Magariños. O seu sindicato primordial era a *Unión General de Trabajadores* (UGT).

Pola súa banda, os círculos arredor do *Partido Comunista Español* (PCE) pontevedreses estaban máis fragmentados, sen que isto lles impedise ter un importante peso cualitativo na vida política da cidade, conseguindo manter baixo a súa esfera de influencia a sindicatos e organizacións de relevancia como a *Federación Local de Trabajadores La Invencible* ou *Socorro Rojo Internacional*. Asemade, os comunistas chegaron á accidentalmente á alcaldía no 36 por medio de Manuel García Filgueira, quen substituía a Osorio-Tafall. Manuel Tobío, Antonio Fandiño, Pastor Torres Paz, Manuel Dios Costado, Ricardo Fariña Torres, Adriano Romero Cachinero ou Manuel Gama Casalderrey foron algúns dos principais líderes comunistas en Pontevedra, amais de García Filgueira. En común cos socialistas, os comunistas compartirán a súa organización xuvenil, *Juventudes Socialistas Unificadas*.

No referente aos grupos anarquistas destacamos a *Confederación Nacional del Trabajo* (CNT), mais habería que mencionar tamén á *Federación Anarquista Ibérica* (FAI). A CNT foi a organización operaria máis consistente; non obstante, Álvarez Castro sinala que a presenza anarquista na cidade era reducida. Os seus membros, xunto aos socialistas e comunistas, serán uns dos principais obxectivos a bater polos sublevados tralo golpe de Estado[319].

A modo de peche deste subepígrafe, recuperamos o desenvolvemento nesta etapa do agrarismo e do nacionalismo galego polo seu carácter transversal e interclasista. O agrarismo na Segunda República vaise caracterizar pola súa diversificación ideolóxica e unha maior vinculación aos diferentes partidos políticos que atopamos nesta etapa, o que foi considerado por algúns como a desnaturalización do societarismo agrario. En troques dun proxecto propio, os sectores sociais vinculados ao agrarismo vanse achegar a formacións de todo o espectro político; ou, mellor dito, formacións de todo o espectro

[318] No Anexo 4, incluímos un ilustrativo fragmento do pleno municipal de Pontevedra do 15 de abril de 1936. Para seguir afondando na cuestión, consultar Fernández, Eliseo: "Republicanismo e movemento obreiro", en Grandío Seoane, Emilio: *República e republicanos en Galicia*, A Coruña, Ateneo Republicano de Galicia, 2006, pp. 153 – 171.

[319] É moi descritiva da presencia do movemento obreiro en Pontevedra a celebración do 1º de Maio do ano 36. No Anexo 5, incluímos como detalla os acontecementos da xornada *El País*. Carlos Fernández Santander engade que a Falanxe pretendeu rebentar a manifestación, enfrontándose o xefe local Manuel Castro Pena a algúns dos asistentes resultando ferido e detido como resultado (Fernández Santander: *Alzamiento y guerra… Tomo I*, Sada, Ediciós do Castro, 2000, p. 276). Non foi esta a derradeira manifestación de forza do movemento obreiro pontevedrés, que o 24 de maio volvería encher a praza de touros cun mitin no que destacou a presenza dos socialistas Margarita Nelken, Pedro Martínez Cartón, Julio Álvarez del Vayo e Amando Guiance Pampín (*El País*, 25/05/1936, p. 2). Este clima proselitista na cidade e provincia mesturaríase ademais coas actividades propagandísticas en prol do Estatuto galego, cuxo próximo plebiscito multiplicou a actividade asemblearia.

político pretenderán mobilizar nas súas bases aos sectores sociais vinculados ao agrarismo: dende ao xa mencionado Partido Agrario Español ata os socialistas, comunistas e anarquistas. Porén, os partidos republicanos burgueses e, particularmente, o nacionalismo tamén procurarán apoios entre o campesiñado, aumentando a bagaxe política dalgúns dos seus militantes, sen que sexa posible facer unha distinción clara da súa afiliación[320].

Por outro lado, como vimos anteriormente, un dos principais obstáculos do galeguismo era a súa diversidade de posturas interna. A fundación do Partido Galeguista (PG) tentou superar dita fragmentación, mais sen moito éxito pois o achegamento do partido a determinados sectores de esquerdas motivou a confrontación co galeguismo conservador católico. Como resultado, en 1935 escindiuse parte do sector pontevedrés, fundando o que se deu en chamar Dereita Galeguista, onde atopamos a José Filgueira Valverde, José Lino Sánchez, José Martínez Tiscar, Darío Caramés Ruza, José Sesto López, José Álvarez Limeses e Antón Iglesias Vilarelle. Nos seguintes meses engrosarían as súas filas membros do PG doutras cidades galegas, como Vicente Risco ou Manuel Banet Fontenla[321]. Moitos dos dirixentes do sector máis conservador do galeguismo adoptarán unha actitude colaboracionista co réxime franquista, mentres que, pola contra, os membros que se mantiveron afiliados ao PG trala súa integración na Fronte Popular foron perseguidos polos golpistas, como Alfonso R. Castelao, Alexandre Bóveda, Víctor Casas, Luis Poza, Sebastián González García, Álvaro Gil ou Evaristo Mosquera. Na provincia de Pontevedra o PG terá un dos seus principais baluartes, sendo Castelao o candidato máis votado nas eleccións de febreiro do 36 que lle deron o escano de deputado nacional[322]. O PG actuará como o principal dinamizador da vida cultural galega e destacará como impulsor na fase final do proceso estatutario galego —aínda que o apoio pro estatuto veu dende persoeiros de moi diversas formacións—, contando durante a República cunha intensa actividade en prol da súa aprobación, o que se logrará tralo plebiscito do 28 de xuño de 1936[323].

Finalmente, é preciso mencionar o efecto politizador que a República tivo, xa non só simplemente entre sectores considerados ata entón marxinais ou alleos ao poder dentro dos marcos liberais, senón tamén entre as mulleres. Este é o resultado dun proceso que, como todo, vén de atrás, e no que tivo gran importancia a incorporación feminina no mercado laboral e, con iso, tamén no movemento obreiro nalgunhas ocasións. Se ben a súa presencia foi exigua en termos numéricos, non debemos ignorar o seu peso cualitativo. Alén do seu fundamental papel (re)produtor da forza de traballo dende a familia —cardinal no marxismo teórico— ou a súa paulatina inclusión entre a man de obra asalariada, é de interese a oportunidade histórica que a experiencia republicana supuxo na politización dun número de mulleres ata entón insólito no Estado español, co fito da obtención do voto en 1931 como momento clave[324]. Esta politización, real ou

[320] Cabo Villaverde: *O agrarismo*, 1998, pp. 177 – 209.

[321] Para un traballo máis detallado sobre o galeguismo dereitista de entreguerras, acudir a Senín Álvarez, Javier I.: "La configuración de un nacionalismo gallego conservadurista en la Segunda República: Dereita Galeguista", *Hispania Nova*, núm. 16, 2018, pp. 41 – 68.

[322] Castelao obtivo case 103.500 votos, gañando por pouco ao candidato de IR Osorio-Tafall, quen acadou algo máis de 102.200 votos. Ambos foron seguidos polos tamén candidatos de IR Elpidio Villaverde Rey e Alejandro Viana Esperón. Todos eles integraban a candidatura esquerdista da Fronte Popular. Ver *El País*, 06/02/1936, p. 1 e *El Pueblo Gallego*, 25/02/1936, p. 7.

[323] Para máis detalle sobre a cuestión galeguista, consultar Beramendi; Núñez Seixas: *O nacionalismo galego*, 1995. Tamén ver Álvarez Gallego: *Vida, paixón e…,* 1972, pp. 93 – 160. Ademais, Alfonso Bozzo, Alfonso: *Los partidos políticos y la autonomía en Galicia, 1931 – 1936*, Madrid, Akal, 1976.

[324] Para máis información, consultar Pereira Martínez, Carlos: "Muller e *res* pública", en Grandío Seoane, Emilio: *República e republicanos en Galicia*, A Coruña, Ateneo Republicano de Galicia, 2006, pp. 173 – 195. Para o caso concreto pontevedrés, a adscrición feminina en grupos na dereita e esquerda do taboleiro político local é brevemente

suposta, será un dos grandes eixes inculpadores ao que recorrerán os sublevados nos procesos militares contra mulleres após 1936[325].

En resumidas contas, como vemos, a evolución política da Pontevedra republicana seguiu os ritmos da estatal e da galega, aínda que coas súas propias peculiaridades derivadas do seu específico tecido social.

3.2.3. Dereito e política, dereito e poder

Entre o relatorio de nomes incluído ao longo do capítulo, podemos albiscar moitos homes vinculados ao mundo do dereito en formacións de todo o espectro político. Prudencio Landín Tobío, Maximiliano Pérez Prego, Isidoro Millán, Antonio Núñez Vila, Alejandro Mon, José Pro Sirera, Manuel Portela Valladares, José Echevaría Novoa, Manuel Casqueiro Paz, José Fabelo Mariño, Timoteo Gay, Vicente García Temes, Alberto Martínez Tiscar, José Boente Sequeiros, Ramón Salgado Pérez, Francisco Soliño Pintos, Ildefonso Baquero Fortes, Alejandro Martín Vaqueriza, José Lino Sánchez, Eladio Becerril, Javier Puig Gaite, Ernesto Baltar Santaló, Joaquín Poza Juncal, José Adrio Barreiro… Todos eles son xuristas, avogados, xuíces ou procuradores que exerceron o seu oficio en maior ou menor medida e compatibilizárono coa súa militancia política nas máis diversas ideoloxías.

Esta é a continuación dunha tendencia da interrelación entre dereito e política que se inicia durante o liberalismo decimonónico e se consolida na Restauración: como apunta López de Guereñu, daquela «a xurisprudencia daba perfecta entrada a estes fillos da fidalguía aburguesada nos corpos da Administración e nas institucións do Estado»[326]. Esta afirmación é referendada por Pablo Taboada, quen escribe que «la característica general del Diputado provincial [de la Restauración] es su pertenencia al mundo jurídico. Esta profesión o actividad es idónea para servir de engarce entre el mundo político y la actividad mercantil»[327].

Non é obxecto do noso interese a elaboración dun detallado mapa de contactos destes homes do dereito en Pontevedra. Se ben o estudo das redes sociais é indubidablemente un instrumento de grande utilidade, este excede os nosos obxectivos ao preferir centrarnos na análise do Estado xurisdicional e como este se materializa nunha cidade como a de Pontevedra[328]. Mencionamos aquí e nos seguintes capítulos aos principais protagonistas deste ámbito —e os seus marcos de sociabilidade— para un mellor seguimento e comprensión das mudanzas e continuidades que se producen ao longo do período de estudo delimitado.

---

tratada por Álvarez Castro, Xosé: *Pontevedra nos anos …*, 2013, pp. 11 – 62; ver tamén, do mesmo autor, *Pontevedra nos anos …*, 2022, pp. 215 – 246. O proxecto do Concello de Pontevedra *Do gris ao violeta* tamén fai unha notable achega á historia das mulleres na cidade (dispoñible en: https://www.dogrisaovioleta.gal/). Unha contextualización máis xeral sobre a represión de xénero franquista, en Cobo Romero, Francisco; Ortega Lopez, Teresa María: "Franquismo y represión femenina. Reforzamiento del discurso antifeminista y aniquilamiento de la experiencia libertadora, 1936 – 1951", en Anderson, Peter; del Arco Blanco, Miguel Ángel (eds.): *Lidiando con el pasado. Represión y memoria de la guerra civil y el franquismo*, Granada, Comares, 2014, pp. 65 – 82.

[325] Unha análise das violencias sufridas polas mulleres e a xustificación que se lle dá ás mesmas (nas que esa politización feminina é cuestionada), partindo fundamentalmente da fonte oral, en Cidrás, Aldara: "Las violencias contra las mujeres en la guerra civil española según sus supervivientes. La provincia de Pontevedra (1936 – 1939)", en Cañón, Lisandro (coord.): *Investigaciones sobre terrorismo de estado y estado de excepción*, Buenos Aires, Lago Editora, 2021, pp. 177 – 208.

[326] de la Peña Santos; Juega Puig; López de Guereñu Polán: *Historia de Pontevedra*, 1996, p. 370.

[327] Taboada Moure: *Las élites y…*, 1987, p. 103 e pp. 106 – 107.

[328] Kadushin, Charles: *Comprender las redes sociales. Teorías, conceptos y hallazgos*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas, 2013 [2011], p. 37 e ss.

A este respecto, é preciso ter dúas cuestións en consideracións: en primeiro lugar, Pontevedra, malia que fose o segundo núcleo urbano da provincia, seguía a ser unha cidade pequena; ademais, o núcleo dos tribunais era aínda máis pechado, conformando así unha comunidade de individuos que adoitaban ter relación entre si, aínda que fose estritamente profesional[329]. En segundo lugar, Juan José Toharia describe nos anos 70 o *role-set* e entorno social dos xuíces españois, advertindo dun claro distanciamento entre estes —de relacións endogámicas ou, en todo caso, moito máis próximos aos membros da carreira fiscal— e os avogados: «jueces y abogados forman en España dos mundos totalmente distintos, cerrados el uno al otro, sin más contacto institucionalizado que el proporcionado por el encuentro en el tribunal», asegura[330]. Como se irá vendo ao longo da investigación, xuíces e avogados amosarán unha desigual politización —estes últimos, máis implicados en organizacións de diverso signo— e, despois do golpe, tamén unha desigual persecución.

Sexa como for, esta estreita vinculación entre dereito e política —e, polo tanto, dereito e poder—, ten como resultado a consagración da figura do *home de orde*, o cal atopamos tanto en cargos públicos como na oposición. A cultura política republicana é herdeira desta tradición, polo que non é casual que no período de interinidade posterior ao 14 de abril o goberno civil da provincia recaia sobre o entón presidente da Audiencia Provincial; como tampouco o é que un dos homes que representan as *forzas vivas* que han integrar a comisión xestora municipal designada polo gobernador civil tralas folgas de outubro do 34 sexa Manuel Casqueiro Paz —quen ademais ofrecía unha continuación coa etapa prerrepublicana, xa que fora alcalde ata 1931— polo Colexio de Avogados lerense. Por conseguinte, tampouco sorprenderá que sexa nestes homes de orde sobre os que recaia o poder local tralo golpe de Estado de 1936, como o procurador Eladio Becerril ou o maxistrado Ernesto Baltar Santaló, «persoas de contrastado prestixio social». Nas demais cidades galegas, con todo, os golpistas encargaranlle as primeiras alcaldías a militares e políticos de profesión[331].

3.2.4. Sobre a conflitividade

Durante os anos da Segunda República asistimos a unha maior mobilización popular e implicación na vida política, que á súa vez estaba en constante dinamismo. En paralelo ás fusións, pactos e política de bloques, a nivel micro asistimos ao despunte da atomización da militancia, o que se traduciu na polarización das posturas ideolóxicas alimentadas por retóricas sublimadas. A este respecto, son reveladoras as actas municipais do concello de Pontevedra, onde se mesturan a preocupación polos problemas locais e a toma de postura ante cuestións de maior envergadura. Nun contexto económico deficitario, de dificultades orzamentarias, o concello non poderá facer fronte a grandes inversións, a diferenza do período anterior. Pola contra, as problemáticas que maior atención reciben dende a corporación municipal serán aquelas relacionadas coa mellora

[329] Disto dá conta, para o groso da cidade, a fonte oral, como se verá nas páxinas a continuación. No caso concreto dos xuristas, poden ser interesantes as memorias do avogado Gonzalo Adrio, nas que describe o ambiente dos xulgados e tribunais pontevedreses a partir de 1946 (cando comeza a exercer como letrado). Ver Adrio Barreiro, Gonzalo: *Sin odio, sin rencor, pero el recuerdo vivo*, Sada, Ediciós do Castro, 2004, p. 405 e ss.

[330] "[L]os jueces tienden a percibir a los abogados como mucho más implicados en el servicio de su cliente que en el de los ideales de la Justicia" (p. 82). Toharia emprega o concepto de *role-set* tal e como foi concibido polo sociólogo estadounidense Robert K. Merton no *Social Theory and Social Structure* de 1957: é dicir, as relacións sociais dun individuo derivadas do seu estatus social ou profesión (pp. 368 – 384). Toharia, José Juan: *El Juez español. Un análisis sociológico*, Madrid, Tecnos, 1975; a cita do texto, da p. 80.

[331] Sobre o tema, ver Presas Sobrado, Adrián: *Elites políticas e poder local na Galicia urbana (1939 – 1951)*, Tese de doutoramento inédita, Universidade de Vigo, 2019, pp. 285 – 312. Para unha pequena recensión sobre os integrantes das primeiras xestoras municipais golpistas na cidade do Lérez, consultar pp. 296 – 299.

de servizos —augas, alumeado, hixiene…— e as tentativas infrutuosas de resolver o paro obreiro, así como a resolución de autorizacións urbanísticas, arbitrios e outras tradicionais tarefas dos poderes locais. Nos plenos, estes asuntos intercalaranse con pronunciamentos sobre temas alleos ás competencias municipais, xeralmente motivadas por intervencións da minoría comunista. Sirvan de mostra os seguintes dous extractos do libro de actas do concello:

> Dada cuenta de una moción suscripta por los Sres. García Filgueira, Gallego, Sanmartín, Baladrón, Tilve y Orozco, proponiendo se acuerde protestar contra la implantación de la pena de muerte por considerarla antihumana.[332]
>
> También fue aprobada una moción de la minoría comunista, firmada por los Sres. García Filgueira y Orozco, proponiendo que ante lo que ocurre en Alemania se acuerde protestar ante la conciencia mundial del crimen que se prepara contra detenidos políticos en aquella nación; que estos no sean juzgados por leyes especiales recientemente promulgadas; que sean respetados los derechos de los procesados a la libre defensa y garantidos los derechos de los testigos antifascistas y demás garantías procesales; que la vista de la causa que se sigue contra Thaelmann y otros antifascistas sea en audiencia pública y con acceso a los corresponsales de la prensa extranjera; que no es motivo de incompatibilidad social el hecho de luchar por instaurar en Alemania un nuevo régimen político.[333]

A prensa local da época tamén se fai eco das confrontacións ideolóxicas e dos discursos exaltados. Ao servizo político dos grupos que a editasen, teñen unha función máis propagandística ca informativa, alimentando con altas doses de catastrofismo a narrativa das esquerdas contra as dereitas, maior canto máis se acheguen as eleccións de 1936. Publicaba daquela o *La Voz de la Verdad*, diario católico lucense con censura eclesiástica:

> Resultados de la educación marxista: las niñas de un orfelinato pretenden agredir a sus profesoras y estas tienen que abandonar el colegio.[334]
>
> La perspectiva de nuestra nación no es ciertamente satisfactoria para la Iglesia, por que de muchos corazones se ha ausentado el amor cristiano. Son sus hijos —los hijos de España y de la Iglesia— los que se enrolan al hacer pagano e irreligioso. … Por esto, hoy más que nunca, los cruzados de la Acción Católica deben intensificar su labor proselitista, llamando con insistencia y por su nombre, a todos los que deben oír la voz de la Iglesia.[335]

---

[332] Acta da sesión do 18/04/1934, folio 84. Libro de actas municipais do concello de Pontevedra, 28/08/1933 – 13/06/1934 (AMPo). Unha das primeiras medidas da República foi o restablecemento do Código penal de 1870, reformado en 1932 para abolir a pena de morte na xurisdición ordinaria. Á altura de 1934 o tema volve ser obxecto de debate, sendo a pena capital finalmente restaurada para os delitos contra a orde pública tralos sucesos de outubro. Retomaremos a cuestión no capítulo 5. Ver «Ley de 27 de octubre de 1932 autorizando la publicación del Código penal de 1870 reformado», *Gaceta de Madrid*, núm. 310, 05/11/1932, pp. 818 – 856. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/310/A00818-00856.pdf [últ. consulta o 11/04/2022]. Ver tamén «Ley estableciendo las penas que se indican para sancionar los delitos que se determinan», *Gaceta de Madrid*, núm. 290, 17/10/1934, p. 379. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1934/290/A00379-00379.pdf [últ. consulta o 11/04/2022].

[333] Acta da sesión do 04/06/1934, folio 10. Libro de actas municipais do concello de Pontevedra, 13/06/1934 – 06/02/1935 (AMPo). A moción fai referencia ao arresto pola Gestapo do dirixente comunista alemán Ernst Thälmann en 1933. Permanecería en prisión ata 1944, cando será fusilado no campo de concentración de Buchenwald.

[334] A noticia continuaba: "Oviedo.— Las niñas de un orfelinato de mineros instalado en esta ciudad, que todos los días cantan la Internacional con el puño en alto, alentadas por los obreros de un edificio cercano, han promovido hoy un plante. Trataron de agredir a las maestras que ejercen su profesión en el establecimiento, las cuales se han visto precisadas a presentar renuncia de sus puestos, en vista de la actitud de las escolares" (*La Voz de la Verdad*, 08/02/1936, p. 3).

[335] *Spes. Órgano de la Juventud Católica de Pontevedra*, núm. 17, xaneiro – marzo de 1936.

USC

En contraposición:

> ¡Votad a España! Pero no a la España derechista que busca en la religión tapadera a sus concupiscencias, a sus egoísmo y a sus expoliaciones, sino a la España democrática, la de la libertad y el trabajo, la que representa las esperanzas de justicia del pueblo. Votad a la grande España de la voluntad izquierdista que dentro de pocos días, con ímpetu arrollador, dará la batalla definitiva a la España reaccionaria e inquisitorial a la de los ladrones históricos que la lanzaron en cien desastre, la explotaron como una propiedad particular y la arruinaron, y a la de los rateros "straperlistas" que traicionaros la República para hacer del patrimonio nacional una merienda de negros.[336]

Este último fragmento pertence á portada do 8 de febreiro de 1936 de *El País*, xornal do destacado republicanista pontevedrés que en marzo dese ano pasaría a ostentar o cargo de presidente da deputación, Maximiliano Pérez Prego. Nela, tamén fará pública as disputas cos periódicos doutras formacións:

> "El centro es la síntesis", dice "El Pueblo Gallego". Habrá que aclarar que no habla geométricamente, sino en sentido político. Es decir, que la síntesis es Ramón Salgado, López Varela, Isidoro Millán, etc. etc. ¡Qué euforia humorística la del colega vigués!
>
> Los periódicos "Progreso", de Pontevedra, y "Faro de Vigo", han publicado una noticia diciendo que una comisión del Frente Popular de Izquierda presidida por el señor Tafall había ido a Santa Comba y que fue allí recibida con "gritos de protesta, silbidos y mueras". Aparte de lo absurdo que sería que al Frente Popular se le acogiese de ese modo, pues eso sólo ocurre con los radicales y las derechas, la noticia de dichos periódicos es totalmente, absolutamente inexacta, por la sencilla razón de que ni tal comisión ni el señor Tafall fueron a Santa Comba. No podíamos imaginarnos que, para combatir a las izquierdas, se llegase incluso a mentir tan descaradamente. Los citados periódicos están en la obligación de rectificar la falsa noticia.[337]

Non obstante, probablemente un dos artigos máis gráficos sobre esas supostas dúas Españas irreconciliablemente confrontadas sexa o seguinte, publicado en *El Diario de Pontevedra*:

> El día 16 de Febrero de 1.936, será un día decisivo para España. España se halla dividida en dos grandes sectores: derechas e izquierdas —el centro o los gubernamentales, poco significan; es gente de aluvión— si triunfan las primeras, es seguro que sobrevendrá una era de tranquilidad y con ella de progreso; nos inspiran confianza sus hombres de una manera absoluta; gracias, en primer lugar, al Sr. Gil Robles y a los que le acompañan, estamos como estamos. Todas las derechas han puesto su

[336] *El País*, 08/02/1936, p. 1.

[337] *El País*, 08/02/1936, p. 1. Este tipo de críticas internas no sector das esquerdas non era algo novo do 36, con todo. Pode servir de exemplo un duro artigo sen asinar publicado en *El Progreso* o 15 de xaneiro de 1933 titulado "Un reto cínico. Nombres de enchufistas" que comezaba da seguinte maneira: "El órgano local de los enchufistas y de los valientes de ahora (de última hora) nos reta a que digamos con nombres y apellidos quiénes de sus correligionarios gozan de tales 'enchufes'. Conocemos la moralidad de esa gente, pero nunca creímos que su cinismo llegase a tanto. … Don Bibiano Fernández Osorio (él se añade el Tafall, aunque no lo tiene). Fue somatenista con la Dictadura y vitoreó a los reyes cuando éstos visitaron últimamente nuestra capital. Todavía en junio de 1930 iba muy devotamente en la procesión del Sagrado Corazón de Jesús. Obtuvo la cátedra de Agricultura de nuestro Instituto en una de aquellas oposiciones en que no triunfaban más que los protegidos de la Unión Patriótica. Con la República, a la que vino cuando ésta se hallaba a la vista, obtuvo la dirección de nuestro Instituto (con los votos de los upetistas sus correligionarios), la alcaldía de Pontevedra, el acta de diputado a Cortes y una pensión para realizar estudios en el extranjero. Esto que se sepa". E continuaba: "Don Joaquín Poza Juncal. Abogado con pocos pleitos y persona de ninguna significación antes del 14 de abril. Fue concejal por la ayuda de los reformistas. Con la República llegó a ostentar los tres cargos de concejal, gestor de la diputación provincial y diputado a Cortes. Ha colocado a sus hermanas en cargos de Instrucción pública por puro favoritismo, sin concurso ni oposición. Optó a una plaza de delegado provincial del Trabajo, aunque parece que las luces que mostró en las oposiciones deslumbraron tanto al tribunal, que el Sr. Poza ha tenido que. Renunciar a la mano de esta doña Leonor" (p. 3).

USC

> esfuerzo en servir de dique al desbordamiento revolucionario; pero, repetimos, el señor Gil Robles expuso todo, hasta la vida, y fue ya el paladín en las Constituyentes; y gracias a eso se obtuvo el triunfo del 19 de Noviembre del 33. Merece que todos los que sienten amor al orden —tan escaso en estos cinco años— le presten todo su concurso para que renazca la paz y el bienestar de todos, aunque lo duden los de enfrente. Si triunfasen las izquierdas de manera definitiva, entonces… pobre España. Acordémonos del gobierno de Azaña: huelgas y más huelgas todos los días, asesinatos, incendios, invasiones de fincas, confiscaciones, deportaciones y cuantos males puede sufrir la humanidad; Casanella paseándose libremente por toda España de propagandista del comunismo, y como él otros muchos; [inint.] viviendo en continua zozobra durante aquellos dos años de tristeza y horrores. Pues, si vuelve, aquello no será nada comparado con lo que vendrá. "No habrá piedad", dicen. "Somos los de Octubre", ha dicho el Sr. Largo Caballero, que hace de *coco*. Prepárense los propietarios, por insignificantes que sean sus propiedades, prepárense los comerciantes e industriales; los jurados mixtos volverán a ser lo que fueron, corregidos y aumentados, y, con ese tinglado, dispóngase a no ser nadie en su casa, a ver agonizar su negocio y a cerrar por último; o que lo administre el jurado mixto y… a aumentar el número de mendigos. Por remate, comerse los unos a los otros. Esta es la perspectiva que podemos esperar de las izquierdas: Fango, lágrimas y sangre, decía el Sr. Martínez Barrios. Los que tengan instinto de conservación, ya saben por quien tienen que decidirse a votar.[338]

Exemplos como estes abundan, algúns incluso máis viscerais no seu discurso. O que vemos neste tipo de conflitos dialécticos, ben nos plenos municipais ou ben nos xornais —que actúan como caixas de resonancia que amplifican o barullo—, é a reprodución a menor escala do que estaba a suceder no Parlamento en Madrid e na prensa estatal. Uns códigos narrativos que ata non hai moito tempo poderiamos identificar como *desaforados* —aínda que o devir da realidade política actual nos obrigue a relativizalos— mais que formaban parte da cultura política da época; e non só da cultura española, senón que era un comportamento común do exercicio da cidadanía na demais democracias europeas. Fronte á incendiaria retórica de máximos, o centro era un espazo político desarticulado tanto dentro como fóra de España. Emporiso, non debemos ver nisto ningunha sorte de determinismo que derive irremediablemente nun golpe de Estado, perspectiva que durante moito tempo predominou no discurso historiográfico.

A falta de entendemento destes códigos, analizados dende o presentismo, sumado ao discurso do posterior réxime franquista, que xustificou o golpe de Estado como algo provocado pola conxuntura política republicana, supuxo que durante moitas décadas se estudase a Segunda República dende unha perspectiva teleolóxica. Aínda hoxe non é estraño atopar literatura especializada que, sexa de forma inconsciente ou con descaradas intencións, siga a presentar o golpe do 18 de xullo de 1936 como a consecución clara da suposta espiral de radicalismo que trouxo consigo a Fronte Popular, obviando ou deixando nunha posición secundaria o papel decisorio dos militares sublevados. A *primavera violenta*, a *inevitabilidade do golpe*… continúan sendo algúns dos moitos mitos arredor da violenta tentativa de toma de poder auspiciada por un sector do exército no verán do 36, pese ao actual consenso historiográfico sobre a súa falsidade.

Nós non nos deteremos en rebater o que Ángel Viñas xa denominou como «pornografía subhistórica», pois existen investigacións de sobra —e sen dúbidas mellores ca nosa, como as do propio Viñas— que formidablemente se encargan desa labor[339]. A inclusión deliberada de fragmentos como os dos xornais ou os dos libros de sesións do

[338] Asinado sen nome, só baixo as iniciais "X. X." (*El Diario de Pontevedra*, 13/02/1936, p. 1).

[339] Viñas, Ángel: *El gran error de la República. Entre el ruido de sables y la ineficacia del Gobierno*, Barcelona, Crítica, 2021, p. 179. Consultar tamén a obra colectiva de lectura obrigada *Los mitos del 18 de julio*, Barcelona, Crítica, 2013.

concello de Pontevedra nas anteriores páxinas fíxose co obxectivo de presentar unha sociedade mobilizada, politizada e, si, tamén polarizada. Mais a polarización do debate público é síntoma da súa saúde democrática: a convivencia de posicións políticas enfrontadas é en si mesmo o propósito da democracia. As tensións son inherentes á política, en consonancia coa súa explícita vinculación ao poder e ao seu control. Cabería argumentar que falar de radicalización da política durante a República non é senón unha perspectiva clasista e limitante, xa que tamén había tensións entre faccións políticas polo reparto do poder durante a Restauración e, con todo, non adoita ser vinculada co extremismo, incluso cando mesmo derivou na instauración dunha ditadura co beneplácito monárquico. Semella, pois, que a radicalización é un proceso que só se identifica cando o suxeito político se expande para pasar a incluír ás masas sociais traballadoras.

Cando miramos máis alá das acaloradas pugnas políticas na cidade de Pontevedra en etapa republicana, vemos unha sociedade que se entende e comparte a súa cotiandade. A fonte oral é unha ferramenta clave a este respecto, un asexadoiro dende o que poder ver esta realidade. Ao escoitar as entrevistas dos fondos Historga e Nomes e Voces que narran feitos acaecidos en Pontevedra, a imaxe que obtemos é a dunha cidade pequena na que todo o mundo se coñece en maior ou menor medida e na que as disputas por cuestións políticas non impedían a convivencia. Os exemplos a continuación incluídos, procedentes de entrevistas a tres homes de ideoloxías moi dispares —dende o republicanismo acérrimo ata o carlismo militante—, dan mostra disto:

> Pontevedra era un pueblo en aquel entonces, en el año 36, que tenía poco más de 30 mil habitantes. Un tercio aproximadamente de ellos en las parroquias del rural, con lo que el caso era muy pequeño. Era una ciudad muy reducida. La prisión estaba en donde está hoy el Palacio de Justicia y, al lado de la prisión, atravesaba la ciudad el ferrocarril ... En una población tan pequeña, el ambiente era eminentemente familiar. Aquí nos conocíamos todos ... Los días festivos y domingos, en unas barcas del club marítimo, íbamos a una isla, la isla de Tambo ... con un ambiente festivo, hacíamos unos *partidos de fútbol que decíamos que jugaban fascistas contra comunistas cuando realmente no había ni fascistas ni comunistas, se contaban con los dedos de la mano*. Lo que había era la gente de derechas, que se autotitulaban así, "fascistas", exagerando la nota ... y los republicanos socialistas que nos poníamos el mote de "comunistas" para hacer esos partidos, pero todo dentro de la más sana amistad.[340]

> [Pontevedra] era una pequeña ciudad, pequeñísima ... Y nos conocíamos todos y donde se discutía más o menos, pero, bueno, nunca se pensaba que eso pudiera dar lugar a cosas mayores ... *La gente vivía la política, pero no para ser enemigos ni nada*.[341]

> Yo los conocía a todos porque era de Pontevedra como ellos, hoy en día una ciudad reducida, pero éramos amigos todos. *Yo tenía amigos de izquierdas, tenía amigos de derechas, tenía amigos de Falange, etc*.[342]

A escala micro, o que parece perfectamente delimitado, esvaécese, e as relacións interpersoais tecen redes moito máis complexas que a perceptible nas confrontacións maximalistas da prensa. É preciso matizar posturas.

[340] Entrevista a G.A., realizada por Bossan, Marie-Pierre (Pontevedra, España, 06/03/1991). Nº 480. Fondo HISTORGA Xeral, www.terraememoria.usc.gal. Cursiva nosa.
[341] Entrevista a C.C.A., realizada por Bossan, Marie-Pierre (, 06/05/1994). Nº 778. Fondo HISTORGA Xeral, www.terraememoria.usc.gal. Cursiva nosa.
[342] Entrevista a M.G.C., realizada por Grandío Seoane, Emilio Francisco (Pontevedra, España, sen data). Nº 84. Fondo HISTORGA Xeral, www.terraememoria.usc.gal. Cursiva nosa.

A este respecto, resultan esclarecedores os resultados da investigación doutoral recentemente presentada por Enrique Carballo Gende[343]. Nela, estuda en detalle os comportamentos violentos e a criminalidade en Galicia dende mediados do século XIX ata 1936, baseándose fundamentalmente en fontes hemerográficas. Carballo Gende detecta un lixeiro aumento xeral da conflitividade nos anos previos ao golpe de Estado, propiciada en parte pola reactivación de ferramentas de acción colectiva propias do movemento obreiro —que durante a ditadura de Primo de Rivera estiveran duramente reprimidas—, así como polos enfrontamentos puntuais entre milicias de ideoloxías diverxentes. En relación con isto último, recolle o establecido por Rafael Cruz a teor da *politización da brutalidade*, que se contrapón á *brutalización da política* de George Mosse. Isto é, fronte a tradicional tese de Mosse —reinterpretada por Sebastian Balfour— que establece que na España dos anos 30 a experiencia violenta previa da Guerra de Marrocos tería derivado na deshumanización do inimigo político interno e, por tanto, a inclusión da violencia na panoplia de ferramentas políticas habituais, Cruz defende que nos anos 30 a violencia que xa existía con anterioridade adquire carices políticos e atopa a súa xustificación en enfrontamentos ideolóxicos[344]. É dicir, non é que *a política se volva violenta*, senón que *a violencia se volve política*. Non obstante, Carballo Gende advirte nas súas conclusións a teor da conflitividade en época republicana:

> No hay que exagerar esta intensidad. Los muertos por violencia sociopolítica nunca sobrepasaron numéricamente a los homicidios cotidianos, incluso en 1936. Los ataques letales por motivos sociopolíticos tenían como objetivo sobre a todo a grupos de hombres jóvenes politizados, con lo que no ponían en peligro a la población general. Este año el orden público no llegó a colapsar en Galicia.[345]

3.3. Golpe, guerra e ditadura: breves notas contextuais

As páxinas que a continuación seguen manteñen a vontade sintetizadora do presente capítulo —pese á súa amplitude cronolóxica— e teñen unha natureza puramente contextual para situar á persoa lectora na versión dos feitos sobre o golpe e a guerra en Pontevedra máis consensuada pola historiografía. Aínda que aportaremos información extraída de fontes inéditas, o groso da narración está formada a partir da consulta de literatura especializada.

3.3.1. O 18 de xullo de 1936

A guerra civil en Pontevedra non comezou o 18 de xullo de 1936. Non nos referimos con isto a unha apreciación historiográfica técnica: é dicir, a guerra civil española en efecto *non* comezou o 18 de xullo. Nin o 19, nin o 20, nin o 21. Nun sentido estrito, a guerra civil non comeza o día inmediatamente posterior á sublevación militar, aínda que no relato popular —e no golpista— se presente así[346]. Os conspiradores sabían

[343] Carballo Gende, Enrique: *Violencia, crimen y sus interpretaciones en la Galicia Contemporánea (1840–1936)*, Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 2021, pp. 371 – 393.
[344] Mosse, George L.: *Fallen Soldiers. Reshaping the Memory of the World Wars*, Nova York, Oxford University Press, 1990. Balfour, Sebastian: *Abrazo mortal. De la Guerra colonial a la Guerra Civil en España y Marruecos (1909 – 1939)*, Madrid, Península, 2002. Cruz, Rafael: *Una revolución elegante: España, 1931*, Madrid, Alianza, 2013, pp. 282 – 283. Consultar tamén Alcalde, Ángel: "La tesis de la brutalización (George L. Mosse) y sus críticos", *Pasado y memoria*, núm. 15, 2016, pp. 17 – 42.
[345] Carballo Gende: *Violencia, crimen y…*, 2021, p. 494.
[346] Sobre o tema, consultar Fernández Prieto, Lourenzo; Artiaga Rego, Aurora (eds.): *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia para un pasado incómodo*, Madrid, Catarata, 2014; e Fernández Prieto, Lourenzo; Míguez

que o golpe non ía ser sinxelo —só temos que acudir ás instrucións reservadas de Mola ou á prensa— e vaticinaban que a conquista de Madrid sería un auténtico reto, que habería levar semanas ou mesmo meses[347]. Falamos entón de *golpe de Estado larvado*. Cando os primeiros días despois da sublevación esta dá mostras do seu fracaso —ou éxito, dependendo de como se mire— parcial, a lóxica do golpe mantense e o obxectivo de tódalas accións, entre as que destaca a estratexia columnista, é a conquista da capital o máis rápido posible. É cando se fai patente a súa resistencia entre novembro e decembro de 1936 cando esa lóxica golpista transmuta a unha lóxica bélica, e o ánimo das accións violentas mudan. Madrid deixa de ser o obxectivo principal a bater e a chamada *pacificación* da retagarda se reinicia. A partir de entón podemos falar correctamente de guerra civil.

Pero non facíamos referencia a isto ao dicir que en Pontevedra a guerra non comezou o 18 de xullo. Fíxoo antes. Alomenos retoricamente. Do mesmo xeito que o asasinato de José Calvo Sotelo o 13 de xullo de 1936 foi considerado como o *causus belli* que desencadeou a sublevación militar —aínda que é sabido que as tramas conspiracionistas contra o goberno republicano se remontan ata o mesmo ano 31—, en Pontevedra os golpistas tamén atoparon ao seu protomártir con anterioridade ao 18 de xullo, mesmo antes ca morte de Calvo Sotelo[348]. Referímonos, como non, ao asasinato de Secundino Esperón o 19 de maio de 1936.

3.3.1.1. O asasinato de Secundino Esperón

> Es más, que yo recuerdo que un tal Secundino Esperón, que decían que era falangista … un tal Fandiño … una noche lo mataron en una taberna. Le pegaron cuatro tiros, lo mató. … *Así empezó el Movimiento Nacional*.[349]

A morte de Secundino Esperón encádrase dentro do clima de radicalización xuvenil dos meses previos ao golpe de Estado e é o exemplo perfecto da politización da violencia —que non violentización da política— da que fala Rafael Cruz para ese período. Esperón era un contratista de Pontevedra que colaborara na fundación da Falanxe galega[350]. «"As" del volante, campeón del primer circuito de Vigo», era coñecido pola súa faceta como motorista, que lle valera varias multas e accidentes de tráfico, mais tamén por estar vinculado con asuntos sospeitosos e delituosos[351]. O máis salientable foi a súa detención o 14 de abril de 1936 xunto a outros fascistas pontevedreses —como Ricardo Melero, presidente da Patronal e integrante da directiva de Acción Popular local— por orde do gobernador civil, Gonzalo Acosta Pan. Isto fíxose no marco dunha operación conxunta en varias cidades galegas «para depurar ciertas actividades políticas …

Macho, Antonio; Vilavedra, Dolores (eds.): *1936. Un nuevo relato*, Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2020.

[347] Por exemplo, o xornal ourensán *La Región* publicaba o día 23 de xullo: "Un técnico militar portugués … deduce con argumentos de gran fuerza y claridad que Madrid tendrá que rendirse en breve, igual que se encuentran amenazadas por las columnas Norte, Sur y Oeste, mandadas por expertísimos generales y compuestas por Ejército regular y heroicas milicias ciudadanas". *La Región*, 23/07/1936, p. 2.

[348] Os actos fúnebres organizados pola ánima de José Calvo Sotelo de parte da URD en Pontevedra foron especialmente numerosos: "No cabe duda que fue el acto fúnebre más concurrido de cuantos recordamos en Pontevedra. No solo hubo una asistencia crecida de mujeres, sino el elemento masculino, en confusión de ideologías, pero unidos todos por el mismo sentimiento de pesar que vibra en España", *El Diario de Pontevedra*, 17/07/1936, p. 2 .

[349] Entrevista a M.G.C., realizada por Grandío Seoane, Emilio Francisco (Pontevedra, España, sen data). Nº 84. Fondo HISTORGA Xeral, www.terraememoria.usc.gal. Cursiva nosa.

[350] *El Pueblo Gallego*, 17/05/1951, p. 6.

[351] *El Pueblo Gallego*, 10/07/1934, p. 13. *El Pueblo Gallego*, 20/05/1932, p. 7. *El Pueblo Gallego*, 17/09/1932, p. 11. *El Pueblo Gallego*, 21/09/1933, p. 9 *El Pueblo Gallego*, 30/10/1934, p. 13 *El Pueblo Gallego*, 23/04/1935, 14. *El País*, 13/06/1933, p. 2. *El Ideal Gallego*, 05/07/1935, p. 6.

contrarias a la democracia y al régimen», consistente en detencións e rexistros domiciliarios dos falanxistas máis destacados; no caso da provincia de Pontevedra, as actuacións concentráronse na capital, en Vilagarcía, en Vigo e en Tui, atopándose armas nas casas dos implicados. Porén, serían postos en liberdade aos poucos días ao non poder acreditar a súa militancia en Falanxe, da que se deran de baixa tempo atrás[352]. Esperón tiña daquela arredor de 37 anos[353].

Apenas un mes despois, a madrugada do 18 ao 19 de maio, Secundino Esperón veríase vinculado nunha liorta nocturna á saída do bar Puñalada/Obrero —na documentación e fonte oral aparece referido de ámbolos dous xeitos—, na rúa Benito Corbal, e que resultou coa súa morte violenta. O acontecido causou gran conmoción entre a veciñanza polo coñecido da personaxe e porque quen foi identificado como o autor dos feitos, Antonio Fandiño Estévez, era un militante comunista que se deu inmediatamente á fuga sen que chegase nunca a aparecer; a súa irmá, pola contra, si sería rapada e humillada tralo golpe[354].

Após a realización da autopsia, que confirmou que a morte se debera ao impacto de catro disparos por arma de fogo, a vítima foi enterrada no cemiterio de San Amaro coa adopción de medidas de seguridade que resultaron innecesarias, pois só acudiron ao enterro dous familiares. O gobernador Acosta Pan apresurouse a facer declaracións nos medios asegurando que a rifa non tivera ningún fondo político. Analizando a prensa non atopamos ningún xornal que incida na cuestión; o suceso é presentado como un altercado derivado dun *lío de faldas*, o que tamén é afirmado pola fonte oral[355]. Porén, cabe ter presente que, baixo o amparo lexislativo do estado de alarma que estaba decretado, a prensa estaba sometida a censura polo que se aprecia unha tendencia xeral a rebaixar o ton alarmista característico anterior, elemento a considerar á hora de valorar as fontes hemerográficas[356]. O que si sabemos con certeza é que houbo certa axitación entre círculos fascistas que resultou en varias detencións, tanto en Ourense como en Pontevedra, onde Manuel Mirón —amigo de Esperón que estaba con el a noite dos feitos— é detido por considerar que estaba planeando atentar contra alguén a modo de represalia[357]. Tralo golpe, Mirón será un verdugo destacado como membro da Garda Cívica.

A significación política e a utilización simbólica da morte de Esperón atopámolas despois do golpe, cando se publican en prensa notas sobre o probable paradoiro de Fandiño —en Asturias, xunto aos *rojos*— e se celebran actos conmemorativos na memoria do «camarada Secundino Esperón», cuxo nome xa estará inmediatamente conectado ao martiriolóxico berro de «¡Presente!»[358]. No quinto cabodano do seu pasamento, xa é presentado como o «primer caído, asesinado como componente de la Vieja Guardia», asistindo á misa conmemorativa tódalas autoridades locais e provinciais,

[352] *El Diario de Pontevedra*, 15/04/1936, p. 2. *El Ideal Gallego*, 17/04/1936, p. 5. *El Pueblo Gallego*, 18/04/1936, p. 12. *El Diario de Pontevedra*, 18/04/1936, p. 2. *El Diario de Pontevedra*, 24/04/1936, p. 2.
[353] *El Progreso*, 06/06/1930, p. 2.
[354] Entrevista a M.G.C., realizada por Bossan, Marie-Pierre (22/10/1993). Nº 662. Fondo HISTORGA Xeral, www.terraememoria.usc.gal.
[355] *El Diario de Pontevedra*, 19/05/1936, p. 2. *El Ideal Gallego*, 20/05/1936, p. 5. *El Diario de Pontevedra*, 20/05/1936, p. 2.
[356] Carballo Gende: *Violencia, crimen y…*, 2021, pp. 371 – 372. Por exemplo, *El Compostelano* publicaba en portada tralo asasinato de Calvo Sotelo: "Las circunstancias excepcionales por que atraviesa la prensea nos impide manifestar como hubiéramos deseado el juicio que nos merece la forma en que fue privado de la vida el ex ministro de Hacienda D. José Calvo Sotelo. … Cuanto quisiéramos decir repetimos respecto a estos crímenes no nos lo permitirá la censura limitándonos hoy a dar la biografía del Sr. Calvo Sotelo", *El Compostelano*, 14/07/1936, p. 1.
[357] *El Diario de Pontevedra*, 29/05/1936, p. 2. *El Diario de Pontevedra*, 01/06/1936, p. 3.
[358] *El Pueblo Gallego*, 30/09/1936, p. 8. *El Diario de Pontevedra*, 18/05/1937, p. 5. *El Pueblo Gallego*, 19/05/1937, p. 9.

amais dos *camisas vieja* de Pontevedra. Os actos honorarios tamén se repetirán cada 1 e 20 de novembro, pola honra dos «caídos en la Cruzada», con mención especial ao «primer falangista pontevedrés víctima del marxismo en 1936»[359]. Aos case 15 anos do seu asasinato, a corporación municipal poralle o seu nome á rúa na que foi atopado o seu cadáver[360]. Contrasta a austeridade do seu enterro co aparatoso da celebración da súa memoria, recibidora de fastos durante toda a ditadura —e mesmo despois dela, por parte de certos *nostálxicos*, entre os que estaba Antonio Puig[361]— unha vez consagrado como protomártir pontevedrés.

3.3.1.2. Pontevedra do 17 ao 21 de xullo de 1936

No relativo aos feitos acaecidos en Pontevedra entre os días 17 e 21 de xullo de 1936, a grandes trazos, estes foron moi semellantes ao acaecido noutras cidades e vilas galegas nas que o posicionamento das gornicións militares con respecto ao golpe non foi inmediato pero a toma de poder si se fixo con moita celeridade[362]. A actuación do goberno provincial e local, aglutinado nun Comité de Defensa da República, xirará arredor de tres actuacións principais: a) deter aos dereitistas locais máis significados para evitar a súa colaboración co exército sublevado e para protexelos das milicias esquerdistas; b) controlar a actuación do pobo —nomeadamente, destas milicias— para que o exército non aproveitase a ocasión para declarar o estado de guerra; e c) incautar armas á cidadanía, particularmente á de afiliación dereitista, para reducir o máximo posible utilización destas fóra da legalidade. No transcurso das posteriores causas militares, estas incautacións serán reinterpretadas no marco xurídico dos golpistas como «tenencia ilegal de armas» e, polo tanto, delito a condenar[363].

No devir dos acontecementos no caso concreto de Pontevedra, as fontes consultadas —orais, bibliográficas, hemerográficas e documentais— amosan pequenas diferenzas entre versións, pero a cronoloxía máis consensuada nos aspectos xerais sobre a toma de poder polos sublevados na cidade é a que continúa. Se ben consideramos atinado ofrecer á persoa lectora este relato construído e repetido segundo intereses —polo que ha ser entendido, en efecto, como un *relato*—, advertimos que debe tomarse con cautela, ante a escasa fiabilidade das fontes nalgún punto[364].

---

[359] *El Pueblo Gallego*, 22/05/1941, p. 3. *El Correo Gallego*, 27/05/1941, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 31/05/1941, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 04/11/1941, p. 6. *El Pueblo Gallego*, 17/04/1942, p. 4. *El Pueblo Gallego*, 25/05/1942, p. 7. *El Pueblo Gallego*, 01/11/1942, p. 6. *El Pueblo Gallego*, 02/11/1951, p. 6. *El Pueblo Gallego*, 04/11/1975, p. 14.

[360] Hoxe rúa do Rouco. *El Pueblo Gallego*, 20/06/1951, p. 6. *El Pueblo Gallego*, 01/08/1952, p. 6.

[361] Entrevista a C.C.A., realizada por Bossan, Marie-Pierre (, 06/05/1994). Nº 778. Fondo HISTORGA Xeral, www.terraememoria.usc.gal. Ver tamén *El Pueblo Gallego*, 20/05/1977, p. 16.

[362] A excepción de conatos de resistencia difusa, principalmente, en Ferrol, A Coruña, Vigo, Lavadores (integrado actualmente en Vigo) e, finalmente, Tui, que é tomada o 28 de xullo. Como vemos, esta maior resistencia non impediría que en apenas 10 días toda Galicia quedase baixo control golpista.

[363] Míguez Macho, Antonio: *Xenocidio e represión franquista en Galicia*, Santiago de Compostela, Lóstrego, 2009, pp. 60 – 70.

[364] En fontes orais foron tidas en consideración o amplo compendio de entrevistas dos proxectos Historga e Nomes e Voces. No que respecta ás documentais, baseámonos fundamentalmente nos relatorios de feitos recollidos nas causas militares analizadas; non debemos pasar por alto aquí que domina o relato subordinado das vítimas convertidas en culpable promovido polos golpistas para xustificar o que estaban a facer. Sobre as fontes hemerográficas, é obrigado precisar que os días 21 e 22 de xullo non temos constancia de que se publicase prensa de tirada diaria; de feito, en Pontevedra isto non será así ata o día 27. Podemos seguir novas sobre a cidade mediante xornais editados fóra da provincia. En concreto, para *El Diario de Pontevedra*, non se conservan os números publicados entre o 17 de xullo e o 12 de agosto do 36. Por último, os feitos narrados están reconstruídos coa axuda de literatura especializada, principalmente, aínda que non só: Fortes Bouzán: *Historia de la…*, 1993, pp. 758 – 762. Álvarez Castro: *Pontevedra nos anos…*, 2013, pp. 63 – 90. de la Peña Santos; Juega Puig; López de Guereñu Polán: *Historia de Pontevedra*, 1996, pp. 380 – 385. Mosquera: *Catro anos a…*, 2006 [1984], pp. 19 – 39. Bossan, Marie-Pierre: *Memoria da guerra civil en Galicia. O caso de Pontevedra*, Santiago de Compostela, Fundación Luís Tilve, 2019, pp. 34 – 39. Fernández

A noite do venres 17 de xullo de 1936 comezaron a chegar a Pontevedra rumores sobre a sublevación militar entre sectores do exército en Melilla comandados polo tenente coronel Juan Yagüe. O ambiente na cidade xa estaba enrarecido polo funeral que a URD celebrara na igrexa de San Francisco pola ánima de Calvo Sotelo e que fora moi concorrido. A noticia sobre a suposta insurrección parece confirmarse cando o comisario xefe de Policía, Florencio Enguita, recibe unha chamada dende a *Dirección General de Seguridad* na que se lle indica que é preciso reforzar a vixilancia nos portos e na fronteira con Portugal, pois se sospeita do traslado de armas e munición e dos militares José Sanjurjo e José Cavalcanti. O gobernador civil, Gonzalo Acosta Pan, quen estaba nese momento en Vigo, viaxa inmediatamente a Pontevedra e procura manter a orde.

Á mañá seguinte, o sábado 18, ante a falta de información dunha situación que semella agudizarse, distinguidos persoeiros esquerdistas preséntanse nas oficinas do gobernador. Acoden o alcalde Manuel García Filgueira e o presidente da deputación Maximiliano Pérez Prego, acompañados de Amancio Caamaño Cimadevila, Alexandre Bóveda Iglesias, Amando Guiance Pampín, Ramiro Paz Carvajal, Paulo Novás Souto, Víctor Casas Rey, José Adrio Barreiro, Celestino Poza, José Pinto Quinteito, Manuel Martínez Vázquez, Luis Poza Pastrana, Edelmiro Dios, Francisco Fernández Blanco, Evaristo Mosquera, Buján Rivas, Telmo Bernández Santomé, Jacobo Zbarsky, Ramiro Paz Carbajal… Moitos deles integrarán o que ao día seguinte se conformará como o Comité de Defensa da República, ao igual que se fixo en moitas outras cidades, pasando a controlar alcaldía, deputación e goberno civil. Despois de falar directamente con Madrid, o gobernador convoca a prensa e asegura que está todo baixo control, na liña das informacións que veñen dende a capital. Na radio reprodúcese unha nota do goberno reiterándose a situación de normalidade. Ao día seguinte, *El Pueblo Gallego* publicará na súa portada: «Se inició un levantamiento en Melilla y Ceuta. No será declarado el estado de guerra. El Gobierno considera facciosa toda tentativa en tal sentido». A continuación, falarase da situación de *absoluta normalidade* en tódalas cidades españolas[365].

A tarde do 18, o gobernador civil diríxese ao sur da provincia, á fronteira con Portugal, para controlar a zona; mais a gravidade da situación obrígao a volver a Pontevedra de inmediato. Dá instrucións a Carabineiros e Garda Civil para deter ás persoas sospeitosas de atentar contra a República, pero os arrestos son moi escasos na provincia. Bibiano Fernández Osorio-Tafall, subsecretario de Gobernación e alcalde electo, chama dende Madrid e ordena iniciar as requisas de armas e explosivos. Tamén lle recomenda a Acosta Pan rodear o cuartel de San Fernando en Pontevedra e o polígono de tiro Jaime Janer en Marín, así como dividir as gornicións. O gobernador ponse en contacto con Francisco Basterreche, xefe da base militar do polígono, e con José Iglesias Martínez, xeneral-xefe da praza militar de Pontevedra, para coñecer que posición ían adoptar con respecto ao levantamento. Estes asegúranlle que se manterán fieis á República, polo que Acosta Pan non considera necesario cercar as bases. Porén, pola radio xa se escoitan as provocadoras consignas de Gonzalo Queipo de Llano tras tomar o poder en Sevilla. De madrugada, a Policía Urbana identifica *movementos sospeitosos* nos cuarteis de artillería do centro da cidade e en Campolongo, así que se establece unha *discreta vixilancia* de cara ao que poida pasar.

USC

Santander: *Alzamiento y guerra… Tomo I*, Sada, Ediciós do Castro, 2000, pp. 275 – 315. A versión máis detallada atopámola en Lamela García, V. Luis: *Inmolados gallegos. Alexandro Bóveda, Víctor Casas, Telmo Bernárdez, Adrio Barreiro…*, Sada, Ediciós do Castro, 1993, pp. 27 – 75, principal fonte de estudo para o transcurso destes días en Pontevedra.

[365] *El Pueblo Gallego*, 19/07/1936, p. 1.

O día 19, domingo, alcaldes e representantes sindicais de toda a provincia diríxense ao despacho do gobernador civil para recibir instrucións do Comité de Defensa, en servizo permanente, que máis tarde será acusado de actuar como unha «tcheka». Con eles tamén está o capitán da Garda de Asalto Juan Rico. O Comité indica seguir coas requisas e organizar unha folga xeral o día seguinte. Jacobo Zbarsky é nomeado xefe da garda cívica encargada de protexer o edificio do goberno civil[366]. De forma paralela, as milicias populares antifascistas, como as Xuventudes Socialistas Unificadas, comezan a realizar rexistros domiciliarios e deteñen a persoas de coñecida significación dereitista. Algunhas das armas requisadas son gardadas polas milicias ante a negativa do goberno de armar á poboación, mais o Comité de Defensa expide permisos temporais de uso de armas. Pese á excepcionalidade da situación, Acosta Pan mantén que está todo baixo control.

Na noite do 19 ao 20, un vehículo cargado de armas sae do polígono de tiro Jaime Janer e diríxese cara o cuartel de San Fernando. Dende o goberno civil ordénase interceptalo pero, malia que chega a ser detido na estrada de Marín, o inspector de policía Antonio Iglesias permite que o coche siga o seu camiño en dirección ao cuartel. De madrugada, o gobernador civil fala por teléfono co xeneral da División en Coruña, Enrique Salcedo, quen lle asegura a súa fidelidade ao goberno da República. Acosta Pan, sen confiar no que o xeneral Salcedo lle acababa de dicir, indica suspender a convocatoria de folga para así non lle dar ao Exército unha escusa para saír ás rúas.

A primeira hora da mañá do luns día 20, o tenente retirado da Garda de Asalto Antonio Vázquez Quitián ínstalle ao capitán to corpo Juan Rico González que se una á rebelión, pero este se nega e informa ao gobernador civil da conversa. Polo mediodía, seguindo as instrucións chegadas dende de Madrid, reconvócase a folga xeral. Na Alameda de Pontevedra, onda o edificio do goberno civil, congrégase unha multitudinaria manifestación con xentes chegadas de toda a provincia para defender a República, a meirande parte delas sen máis armas ca apeiros de labranza. Ao pouco, os militares estacionados en Vigo e na Coruña toman as rúas e declaran o estado de guerra. En Pontevedra mantéñense as labores de requisa de armas, que pasan a ser repartidas no goberno civil entre as milicias populares e a garda cívica baixo un estrito control. Segundo Luis Lamela, este reparto fíxose de forma deficitaria e tarde, aínda que unha maior celeridade na toma de decisións a nivel local pouco tería mudado o resultado final. O Comité de Defensa mantén conversas co xeneral-xefe Iglesias Martínez e o capitán Basterreche, quen insisten en que a súa posición está coa legalidade republicana.

Con todo, as tornas mudan ao pouco. Pola tarde os militares instan por teléfono ao gobernador a dimitir inmediatamente, o que suscita dúbidas sobre que facer entre os membros do Comité. Aínda que a postura maioritaria era a de resistir, Acosta Pan decide aceptar, levantando o desconcerto e irritación entre os demais homes alí reunidos[367]. A situación no goberno civil é particularmente crítica e tensa, con supostas ameazas cada vez máis subidas de ton que obrigan a Gonzalo Acosta Pan, á súa muller Manuela Frías Fariña, a Amancio Caamaño e a Amando Guiance Pampín a se refuxiar nos dormitorios

[366] Escribimos "garda cívica", en minúscula, para diferenciala da Garda Cívica de corte paramilitar que colaborará cos golpistas nas labores de represalias violentas contra a poboación unha vez estes controlen a cidade.

[367] Non debemos, non obstante, personificar na figura do gobernador civil Gonzalo Acosta Pan o devir dos acontecementos, a potencialidade de resistencia ou a conquista do poder local en Pontevedra por parte dos sublevados. O seu comportamento, ás veces aparentemente errático neste relato estandarizado, non é individualizable, senón que se enmarca nun contexto de confusión xeneralizada entre os mandos republicanos durante estes primeiros días. Ver Grandío Seoane, Emilio: "A Coruña, o puntal roto da República", en Grandío Seoane, Emilio (ed.): *Anos de odio. Golpe, represión e guerra civil na provincia da Coruña (1936 – 1939)*, A Coruña, Deputación Provincial de A Coruña, 2007, p. 112.

do gobernador sitos no edificio. Namentres, o xeneral-xefe da brigada de Artillaría, José Iglesias Martínez, declara o estado de guerra en Pontevedra. Cando os militares están facendo a lectura do bando de guerra, estoupa unha bomba e morre o civil Enrique Torres Barcia[368]. Cunha situación de descontrol total dentro do goberno civil e coa multitude de civís manifestándose fóra deste, chega á cidade dende o polígono de tiro de Marín un hidroavión disparando cunha metralladora á poboación, á vez que lanza panfletos animando a xente a non se resistir. En paralelo, militares arremeten contra os manifestantes na Alameda, provocando unha desbandada de civís atemorizados, que foxen buscando acubillo entre os locais da cidade.

Comezan nas rúas os intercambios de disparos e os militares, garda civil e outros grupos paramilitares facciosos toman posicións de control. Oficinas de prensa e radio son confiscadas. As gornicións do cuartel de Artillaría disparan canonazos cara ao edificio do goberno civil. Das persoas alí dentro resgardadas, unhas escapan, outras resisten enfrontándose aos sublevados e as restantes son interceptadas e detidas dentro, entre as que se atopa o gobernador Acosta Pan, Amancio Caamaño e Alexandre Bóveda. A continuación, no concello, o alcalde Manuel García Filgueira tamén se rende e o capitán Rico, unha vez perdidas as esperanzas, se dirixe ao cuartel de San Fernando para se pór baixo as ordes do xeneral-xefe Iglesias Martínez e colaborar cos militares. Nada disto evitará que as persoas con responsabilidade na breve resistencia da cidade sexan sentenciados á pena de morte, excepto García Filgueira quen conseguirá fuxir[369]. Asemade, inscríbense para ese día no rexistro civil tres mortes a causa de hemorraxia por disparo de arma de fogo e unha explosión: Ángel Torres López, Manuel Iglesias Filgueira e o mencionado Enrique Torres Barcia.

A situación de desorde mantense, e o martes 21 de xullo segue habendo tiroteos nas rúas, aínda que cada vez máis espazados no tempo. Evaristo Mosquera describe así o ambiente de tensión e confusión que reinaba na cidade:

> Transcorreron tres días sen que ocorrese nada de particular, á parte da tensión que se apalpaba no ambiente. Sabiamos que estabamos na véspera de acontecementos e esta espada pendía sobre as nosas cabezas. As armas en poder do adversario dábanlle unha terríbel superioridade. Amenceu o día 21 de xullo daquel desgraciado ano, co pobo na rúa, á expectativa do que puidese ocorrer, pois os hidros da Base Naval de Marín, xa en poder da rebelión, efectuaban atemorizadores voos de recoñecemento, mais tamén se escoitaban nas casas as radios triunfalistas do Goberno que daban noticias, verdadeiras unhas e falsas outras sobre o desenvolvemento da rebelión que se estendía polo país. Os bulos xurdían espontaneamente e difundíanse con rapidez. A xente cría até o máis inverosímil.[370]

Mantéñense as detencións e se instalan postos de control e piquetes de militares e paramilitares que paran ás persoas que se atrevían a saír das súas casas. Desactivado calquera conato de resistencia por parte das autoridades, oficialízase o transvase de poderes: o gobernador civil Acosta Pan é substituído polo militar Ricardo Macarrón Piúdo e o alcalde Manuel García Filgueira por Eladio Becerril González. Da deputación provincial faise cargo o xeneral Rafael González Fernández-Besada en troques de

[368] A súa morte foi inscrita no rexistro por "vaciamiento de cráneo por explosión".

[369] Fuxirá, segundo apunta o *folclore do 36*, por intercesión do propio Lis Quibén (rumor herdado para o que non puidemos atopar ningunha fonte que o corrobore). Unha brevísima e esquemática descrición dos feitos, en Adrio Barreiro: *La vida municipal …*, 2008, pp. 626 – 627. A maiores, fronte aos moitos alcaldes (e unha alcaldesa) da provincia que si foron obxecto de persecución política tralo golpe, Adrio Barreiro contabiliza en 19 aqueles aos que "no les pasó nada" (pp. 630 – 634).

[370] Mosquera: *Catro anos a…*, 2006 [1984], p. 25.

USC

Maximiliano Pérez Prego[371]. Na administración de xustiza da cidade non se produce ningún cambio, o que amosa, cando menos, unha extraordinaria capacidade de adaptación dos seus responsables e unha certa confianza das autoridades golpistas no seu acatamento da nova orde: Ildefonso Baquero Pérez mantense como presidente da Audiencia Provincial, Serapio del Casero Menéndez como xuíz de Primeira Instancia e Francisco Riestra Calderón como xuíz municipal. O golpe triunfara en Pontevedra.

A sublevación militar —e o seu éxito— tivo a capacidade de revolucionar e esvaecer as diferenciacións espaciais entre os focos de poder local e provincial na capital pontevedresa. Antes do golpe, identificamos tres espazos de poder perfectamente delimitados: por un lado, o *poder civil*, que se sitúa nos edificios do concello, da deputación e do goberno civil; polo outro, o *poder militar*, que se atopa nos cuarteis diseminados na cidade e contorna; por último, o *poder xudicial*, que ten os seus principais centros no xulgado municipal, no de Primeira Instancia, na Audiencia —e, poderíamos engadir, no Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo—. No momento da insurrección, as actitudes dos responsables destes tres espazos foi radicalmente diferente: o poder civil caracterizouse pola resistencia; o militar, polo apoio á sublevación; e o xudicial, polo conivencia e acatamento ou, se se prefire, pola non resistencia. E, polo tanto, as consecuencias xeneralizadas en cada un deles tamén foron desiguais: mentres que as principais figuras do poder civil foron obxecto preferente nas accións violentas e depurativas, aquelas do poder militar e xudicial se mantiveron nos seus postos trala vitoria sublevada. O estado de guerra, ilegalmente declarado polos sublevados ao contradicir o estipulado polo art. 51 da Lei de Orde Pública —como se retomará de forma detallada en capítulos posteriores—, ademais, implicará a desaparición de fronteiras claras entre estes tres poderes, quedando o civil e o xudicial supeditado ao militar. Sintetízao o seguinte esquema:

Cadro 1. Espazos de poder e actitudes xerais en Pontevedra perante o golpe de Estado de 1936



[371] Tecnicamente, González Fernández-Besada asume o cargo o día 24, cando se celebra a primeira sesión da comisión xestora da deputación tralo golpe. A acta dese día, de apenas unha páxina, resulta moi ilustrativa da percepción dos feitos dende a perspectiva do bando sublevado: "Proclamado por el Ejército un movimiento nacional tendente a la salvación de los principios de orden, autoridad, disciplina social y patriotismo, y de las esencias civilizadoras de nuestra cultura del ¡VIVA ESPAÑA! las fuerzas militares de esta plaza, en solidaridad entusiasta con las restantes guarniciones de Galicia, declararon el día veinte del actual el ESTADO DE GUERRA…" (acta da sesión do 25/07/1936, folio 81; libro de actas da Comisión Xestora da Deputación de Pontevedra, ADPPo). Texto íntegro no Anexo 6.

Nos días seguintes consolídase o novo poder tomado violentamente polos golpistas e comezan coas súas tarefas de depuración social, que se estenderán ata a posguerra. O mesmo día 22 comézanse a incoar causas militares contra poboación civil acusada de se resistir ás tropas sublevadas. O procesamento por xurisdición castrense de persoas non suxeitas ao estamento militar tomará cotas ascendentes nas seguintes semanas. O martes 23, *La Región* publica: «En Pontevedra reina gran entusiasmo, tanto entre los civiles como entre los militares. Hay tranquilidad. … En Pontevedra desfilaron las fuerzas del Ejército, Asalto, Guardica civil y milicias ciudadanas, entre las ovaciones del público que llenaba las calles»[372]. Ao día seguinte: «En todo Galicia reina el orden, ya reducidos los pocos focos marxistas estos días señalados. Aún ayer en Porriño, o en sus inmediaciones, la concentración roja fue deshecha por las tropas enviadas de Orense, Pontevedra y Vigo. *Toda Galicia está ya pacificada*»[373].

Por suposto Galicia non estaba pacificada, nin moito menos. Alomenos non no sentido literal da palabra. Nos primeiros días de agosto rexístranse na cidade os primeiros mortos trala sublevación militar. O día 9 de agosto, a de Genaro Puga Sánchez, aparecido en Mourente e morto por disparo de arma de fogo; non tiña aberta ningunha causa militar. O día seguinte, o 10, Jacobo Zbarsky Kupper, quen tomara parte no Comité de Defensa pola República, é fusilado no polígono de tiro do rexemento de Artillaría aos 22 anos após ser condenado a pena de morte tres días antes; tiña dúas causas militares abertas: a 356/36 por delito de traizón e a 281/36 por delito de rebelión[374]. O 17, Alexandre Bóveda tamén é fusilado tras darse a coñecer a súa sentenza o día 14, nun xuízo sumarísimo xunto a Amando Guiance Pampín[375]. Máis tarde, o 24 dese mesmo mes substituirase a bandeira republicana pola bicolor nos edificios oficiais[376]. Ese mesmo día dáse a coñecer na prensa a pena de morte á que foron sentenciados o ex gobernador civil Gonzalo Acosta Pan e o ex capitán da Garda de Asalto, Juan Rico; de forma paralela aos seus procesos, estanse desenvolvendo moitos máis[377].

3.3.2. Do longo golpe á longa posguerra: a violencia entre 1936 e 1942

Como vimos, o golpe de Estado faccional fracasou na súa tentativa de conseguir unir a todo o Exército e tomar Madrid o máis axiña posible, algo que os conspiradores xa vaticinaban, prevendo a resolución dese golpe prolongado a modo de guerra relampo[378]. Obxecto dunha infinidade de investigacións, o golpe de 1936 —así como outras tentativas anteriores ao longo da República, todas carentes de éxito— diferenciábase daquelas tomas de poder por militares propias do século XIX nas que a motivación tralo levantamento non era simplemente depoñer ao goberno, senón reconfigurar a comunidade nacional, eliminando vestixios de pluralidade[379]. Por iso, xa nas instrucións reservadas previas que fraguaron a conspiración se incide na utilización da violencia extrema entre a poboación civil para cortar de raíz calquera conato de resistencia. Apréciase unha

[372] *La Región*, 23/07/1936, p. 2.
[373] *La Región*, 24/07/1936, p. 1. Cursiva nosa.
[374] *El Diario de Pontevedra*, 07/08/1936, p. 2.
[375] *El Diario de Pontevedra*, 14/08/1936, p. 2.
[376] *El Diario de Pontevedra*, 24/08/1936, p. 2. Incluímos no Anexo 7 copia da portada do xornal dando conta da "solemne ceremonia de reposición de la bandera nacional".
[377] A evolución dos axuizamentos por xurisdición militar será vista con máis detalle no capítulo 7.
[378] Moradiellos, Enrique: *Historia mínima de la Guerra Civil Española*, Madrid – México D.F., Turner – El Colegio de México, 2016, p. 91. Tamén Fernández Prieto, Lourenzo; Artiaga Rego, Aurora: "Introducción. Soldados para el frente: más allá de los alférez provisionales y los comisarios políticos", *Ayer*, núm. 111, 2018, pp. 19 – 20.
[379] Porén, non hai que esquecer que o golpe estaba inicialmente dirixido en exclusiva contra a Fronte Popular e os seus afectos. Mostra disto é a presenza entre os sublevados de militares de simpatías republicanas, como o propio xeneral Miguel Cabanellas.

notable influencia da experiencia bélica no Rif, que moldeou a cultura de guerra sublimada e o nacionalismo exacerbado dos sectores africanistas do Exército que encabezarán o golpe; pero tampouco debemos esquecer o contexto internacional de entreguerras que favoreceu este tipo de comportamentos dentro e fóra de España.

Deste xeito entendemos, pois, como a ausencia de fronte de guerra en Galicia non supuxo emporiso a ausencia de violencia. Ao revés. Alimentada pola doutrina do inimigo interior —na que tiveron un papel clave os medios partidistas, que viñan elaborando e deshumanizando un *outro* en clave ideolóxica—, esta violencia foi executada sobre a retagarda como se fose unha fronte interior; é a aplicación literal do termo anglosaxón *homefront*, ou fronte doméstica. Lóitase entón en Galicia o que Ramón Villares deu en chamar, readaptando a Marc Bloch, *unha estraña guerra*[380]. Unha guerra sen cuartel, como dicía o xeneral Mola, mais tamén unha guerra sen exército inimigo.

Falar de números exactos no que respecta á violencia é un terreo pantanoso. A análise cuantitativa, necesaria aínda que sempre incompleta, non nos debe facer esquecer a importancia da interpretación cualitativa. Dicimos que é sempre incompleta porque canto máis afondamos na conceptualización das violencias, das vítimas e dos verdugos —en definitiva: canto máis nos achegamos á realidade— entramos no terreo dos matices e, con el, no «resbaladizo terreno de la subjetividad y de las repercusiones no cuantificables de los procesos represivos»[381]. Porén, aportaremos unhas cifras para ilustrar brevemente a magnitude da violencia golpista en Galicia e, concretamente, en Pontevedra durante a cronoloxía da guerra e inmediata posguerra. Daremos por válidas as cifras do proxecto Nomes e Voces, aínda que reiterando o carácter inconcluso do mesmo ante a falta de fondos, como comentamos no apartado de fontes. Presentamos a continuación unha táboa e unhas gráficas coa representación máis sintáctica cos principais resultados[382]:

[380] Villares: *Historia de Galicia*, 2016, p. 419.
[381] Mir Curcó, Conxita: "Violencia política, coacción legal y oposición interior", *Ayer*, núm. 33, 1999, p. 137.
[382] Lembramos que a base só permite a procura por veciñanza, non por lugar do suceso. Estes datos foron, polo tanto, elaborados manualmente por nós para ofrecer de forma máis exacta a violencia que acaeceu na cidade e provincia de Pontevedra. Volver sobre o apartado 1.4. para máis información sobre a metodoloxía de traballo coa base de NeV.

Táboa 3. Vítimas da violencia golpista na provincia e concello de Pontevedra (1936 - posguerra)[383]

Tipoloxías represivas		Galicia	Provincia	Concello
Mortais	Execución	1.406	437	140
	Morte (outras)	243	76	3
	Paseo	1.807	676	50
	Total mort.:	*3.456*	*1.189*	*193*
Non mortais	Desaparición	203	78	7
	Detención*	1.595	245	–
	Outras tipoloxías	198	84	4
	Prisión*	4.334	1.466	–
	Proceso	4.169	848	293
	Sanción	685	348	20
	Total non mort.:	*1.1184*	*3.069*	*324*
Total:		**14.640* (14.979)**	**4.258**	**517**

Fonte: base de datos do proxecto NeV.

Gráfica 3. Prevalencia das tipoloxías violentas en Galicia, na provincia de Pontevedra e no concello de Pontevedra (1936 - posguerra)



[383] Só se tiveron en conta as categorías punitivas máis relevantes na provincia (e máis completas no proxecto), de aí a diferencia numérica de vítimas no total de Galicia con respecto á cifra anteriormente presentada. Nas categorías "detención" e "prisión" optouse por non tomar nota das vítimas no concello debido á alta mobilidade das presas e dos presos.



Fonte: base de datos do proxecto NeV.

Máis alá do comentario detallado de todo o que nesta táboa e gráficas se recolle, o primeiro que chama a atención é o número total e vítimas no concello, que ascende ás 517, case o dobre dos 264 resultados que achega a procura de vítimas segundo a veciñanza na base de datos de NeV. Destas, 193 son vítimas mortais: fusiladas, paseadas, ou falecidas nunha miscelánea de mortes derivadas da violencia golpista —como por exemplo, os suicidios do Bou Eva—. Estas significantes diferenzas reprodúcense nas vítimas segundo suceso, pois das 140 persoas executadas *en* Pontevedra que identificamos nós, a base recolle 39 executadas *de* Pontevedra. Asemade, fronte ás 22 vítimas paseadas veciñas de Pontevedra que recolle automaticamente a base externa, segundo os nosos cálculos, unhas 50 persoas terían sido asasinadas de forma irregular, sen o cumprimento dunha sentenza emanada dun tribunal militar. Estas estimacións están na liña das cifras ofrecidas por Álvarez Castro, quen apunta a 137 persoas fusiladas e entre 56 e 84 paseadas na cidade lerense[384].

[384] Álvarez Castro: *Pontevedra nos anos…*, 2013, pp. 128 – 141 e pp. 239 – 249. Na nosa procura interna da base, só incluímos a vítimas que claramente tivesen sufrido a violencia en Pontevedra, establecendo uns criterios de máximos.

Á parte, como podemos comprobar, as categorías con maior incidencia na cidade e praza militar de Pontevedra foron os procesos xudiciais castrenses e o cumprimento das penas de morte; de feito, case o triplo de vítimas foron asasinadas por execución fronte aquelas paseadas; isto é unha das principais diferenzas nas tendencias entre Pontevedra cidade e o total para a provincia e Galicia. Deixando a un lado a propia sobrerrepresentación destas categorías que tiveron por resultado a morte sobre outras formas de violencia menos *evidentes* pola propia interrupción do proxecto de Nomes e Voces, na nosa interpretación, estas cifras reiteran a capitalidade de Pontevedra e remarcan o seu lugar no mapa como núcleo e sede de poder, pois á cidade eran trasladadas persoas de penais de toda a provincia para asistir ao seu consello de guerra no pazo do goberno civil.

Cabe abrir aquí unha pequena paréntese sobre o que Maud Joly denominou como *violencias sexuadas* durante o conflito, isto é, a violencia específica sufrida polas mulleres. Dende a súa introdución no 2002 e popularización no debate académico a partir do 2008, este converteuse nun concepto cardinal para tratar as experiencias femininas na guerra civil española, incitándonos a realizar unha «lectura sexuada de lo político»[385]. Este impulso do termo na primeira década do milenio non é casual, pois coincide cun *boom* de traballos sobre o golpe e a guerra con perspectiva de xénero, que se sumaban ao carreiro aberto dende mediados dos 70 por investigadoras pioneiras como Carmen Alcalde, Lidia Falcón ou Giuliana di Febo[386].

Porén, unha cada vez máis fecunda produción académica non debe impedirnos apreciar a posición marxinal á que as vivencias femininas foron habitualmente relegadas, fronte a un relato normativo enfocado nas masculinas, as cales seguen —mesmo a día de hoxe— a monopolizar o paradigma da historia de relato único. Alén dos tradicionais roles de xénero e as estruturas patriarcais de poder, Ángeles Eigido sinala dúas cuestións fundamentais que explican este fenómeno: por un lado, a ausencia, escaseza e dificultade de acceso ás fontes documentais; e, polo outro, o menor protagonismo político das mulleres, motivo polo cal foron os varóns o obxectivo prioritario a eliminar para os golpistas[387].

Mais, se ben é certo que foron eles quen engrosaron as principais cifras de vítimas mortais do conflito, iso non significa que a violencia sufrida polas mulleres fose cualitativa ou cuantitativamente menor, senón que tivo unha serie de singularidades que é necesario ten en consideración e analizar dentro das súas propias dinámicas. As violencias exercidas contra elas teñen como vector cardinal a súa natureza sexuada e sexual, privada e humillante, que radica ademais na supervivencia das vítimas; consideremos que unha tortura ten máis éxito canto máis se alongue no tempo. Isto

Por iso non sorprende que os resultados aos que nós chegamos estean máis próximas á marxe inferior dos números de Álvarez Castro. Emporiso, ambas investigacións coinciden, como vemos, nas tendencias xerais.

[385] Joly, Maud: "Las violencias sexuadas de la Guerra Civil Española: paradigma para una lectura cultural del conflicto", *Historia Social*, núm. 61, 2008, p. 94. Ver tamén Joly, Maud: "Posguerra y represión «sexuada»: las republicanas rapadas por los franquistas (1936 – 1950)", en *Enfrontaments civils: postguerras i reconstruccions. Actas del II congreso de la Asociación Recerques: Historia, Economía, Cultura*, Lleida, Pagès, 2002, pp. 910 – 921.

[386] Sen ánimo de exhaustividade, poderiamos mencionar a outras autoras de enorme influencia no desenvolvemento do campo de estudo nas últimas décadas, como María Teresa Gallego Méndez, Tomasa Cuevas, Rosa Capel, Ángeles Durán, Mary Nash, Encarnación Barranquero Teixeira, Matilde Eiroa, Carme Molinero, Conxita Mir, Gloria Nielfa, Ángeles Eigido, Isabel Cueva Fernández, Sofía Rodríguez López, Mercedes Yusta, Claudia Cabrero, Irene Abad, Pura Sánchez, Ana Aguado, Sandra Fernández García, Teresa Ortega López, Elena Hernández Sandoica… Sobre isto xa falamos no estado da cuestión do primeiro capítulo.

[387] Eigido León, Ángeles: "Presentación. Mujeres y rojas: la condición femenina como fundamento del sistema represor", *Studia Historica. Historia Contemporánea*, núm. 29, 2011, pp. 27 – 28.

implica unha presenza case nula no rexistro documental, a excepción da emanada por entes burocráticos como os consellos de guerra ou os penais de mulleres.

Todo isto debe interpelarnos para repensar o que tradicionalmente vimos designando coa etiqueta de *vítima.* Referíndonos de novo á base de NeV, lembramos que esta recolle case 15.000 persoas como vítimas da violencia golpista en Galicia, das cales apenas 663 serían mulleres. Unha infrarrepresentación que alude máis á propia conceptualización da idea de vítima que á violencia en si. Amparándonos en datos de carácter máis obxectivo, é certo que as mulleres foron minoría no cómputo de vítimas mortais: o informe de resultados do proxecto apunta que só un 0,57% das penas de morte executadas por resultado de consello de guerra corresponderían a mulleres, mentres que serían un 2,21% do total de persoas paseadas en Galicia; é dicir, elas sumarían o 1,71% das vítimas mortais da comunidade, segundo os datos recollidos á altura de 2012. Como adiantabamos na introdución, as mulleres tamén serían minoría no cómputo de vítimas de procesos militares —e, consecuentemente, de aí a súa menor presenza na nosa investigación—, supoñendo un 3,68% do total de 8.767[388]. Na súa maioría non foron condenadas, frecuentando o sobresemento das causas. Porén, o estudo da fonte oral introdúcenos nas modalidades de violencias sexuadas que foron máis habituais: as rapas de cabelo, as detencións forzosas, as humillacións de diversa índole… Non obstante, cabe matizar que, se ben é sabido que a rapa foi un dos castigos máis visibles e con maior arraigamento na cultura popular, non está claro ata que punto é posible establecer paralelismos coa súa incidencia real en comparación con outras formas de violencia menos *visibles*, como poden ser os abusos sexuais. A este respecto, estes poderían aparecer infrarrepresentados na fonte oral pola súa condición tabú, malia que a súa utilización como arma de guerra fose moito máis xeneralizada, particularmente en territorios como o galego segundo indica a literatura especializada[389]. O feito de que, a trazos xerais, as mulleres recibisen unha menor atención ca os homes como obxectivo da violencia, permitiulles xogar un papel destacable na resistencia contra os sublevados —particularmente como enlace e apoio cos fuxidos—, o que amosa un rico abano de diversas actitudes sociais que se despregaron tralo golpe, tamén entre elas, fronte a un discurso historiográfico tradicionalmente centrado nas milicianas[390].

Retomando o fío da nosa argumentación, a violencia golpista en Pontevedra seguiu un esquema similar ao doutras cidades galegas e españolas, pois respondía ao mesmo plan orquestrado polos conspiradores militares. Para os sublevados, a persecución violenta dos sectores que integraban a denominada como *Antiespaña* era *conditio sine qua non* para acadar os seus obxectivos e, por iso, a lóxica das matanzas estará presente dende o primeiro momento, aínda que a súa utilización mudará conforme o paso do

[388] Proxecto de Investigación Interuniversitario "Nomes e Voces": *Informe de resultados. Vítimas Galicia (1936 – 1939)*, Santiago de Compostela, Meubook, 2010, p. 14 e p. 25.

[389] Joly: "Las violencias sexuadas …", 2008, p. 98. Lembramos que un estudo máis detallado sobre as violencias sexuadas en Pontevedra durante o golpe e a guerra civil (no cal tamén se presta particular atención á evolución do estado da cuestión nas historiografías galega e española) elaborámolo en Cidrás: "Las violencias contra …", 2021, pp. 177 – 208.

[390] Para o caso pontevedrés, ver Prada Rodríguez, Julio; Díaz Alonso, Xoel: "La represión franquista sobre las mujeres en la provincia de Pontevedra", en Prada Rodríguez, Julio (ed.): *Franquismo y represión de género en Galicia*, Madrid, Catarata, 2013, pp. 193 – 231. Tamén aborda a temática Álvarez Castro: *Pontevedra nos anos …*, 2022, pp. 215 – 246, se ben non ofrece datos cuantitativos sobre a magnitude da violencia, elaborando microestudos de caso. Asemade, o concello de Pontevedra vén patrocinando un proxecto sobre a memoria das mulleres na cidade, dentro do cal se encadran biografías de vítimas da violencia golpista e un roteiro pola cidade a través do que achegarse á súa historia. Dispoñible en: https://www.dogrisaovioleta.gal/espazo-publico/roteiros/ [últ. consulta o 22/07/2022].

tempo[391]. Como sinalan Lourenzo Fernández Prieto e Aurora Artiaga, o uso do terror como dispositivo bélico e de control social, de forma selectiva nos primeiros momentos e logo sistemática, respondeu ás necesidades dos sublevados segundo a evolución do golpe e da guerra:

> [El de julio de 1936 es un g]olpe demorado, en forma de guerra corta y rápida, prevista y dirigida a la conquista de la capital, en el que cobran sentido las matanzas ejecutadas sincrónicamente en la retaguardia. … Donde triunfa la sublevación, la secuencia cronológica de los asesinatos entre agosto y noviembre de 1936 se corresponde exactamente con el derribo de la cima del poder institucional: primero los altos mandos militares, después los civiles, seguidos de representantes del poder municipal, diputados, líderes políticos y sociales, e inmediatamente también los osados resistentes de primera hora. … Los repuntes posteriores de matanzas del bando sublevado tendrían menos que ver con lo que se ha insistido en llamar represión que con la lógica de represalias contra la población civil inherente a la guerra total en que se transformó el golpe.[392]

Así as cousas, cando analizamos os datos do proxecto NeV para o total da violencia golpista en Galicia, comprobaremos que a evolución cronolóxica da violencia responde ao establecido por Fernández Prieto e Artiaga. Nun primeiro momento, desprégase unha *acción en extremo violenta* destinada a descabezar e anular aos sectores que podían opoñer certa resistencia aos sublevados —malia que non só—, para logo diminuír a súa intensidade aínda que manténdose no tempo, estendéndose ata despois da fin da guerra.

En menor escala, esta tendencia reprodúcese na provincia de Pontevedra, xa que está marcada por factores e condicionantes exóxenos, pola folla de ruta golpista. Como se pode apreciar na gráfica a continuación, 1937 actúa como momento clave no que se inverten os roles dos dispositivos violentos despregados polos rebeldes, no que os asasinatos extraxudiciais ou paseos quedan nun segundo plano fronte á violencia que se inscribe nos marcos procesuais da xurisdición castrense. Non é casualidade que esta mudanza se produza no momento no que os sublevados toman conciencia de que o golpe se prolongaría máis do agardado, cambiando a súa estratexia de conquista e asentando as bases do novo réxime[393].

[391] *Antiespaña*, *Cruzada*… na radicalización violenta está a cerna mesma da nova (e vaga) identidade que aglutina aos sublevados. Ver Trullén Floría, Ramiro: *España transtornada. La identidad y el discurso contrarrevlucionario durante la Segunda República y la Guerra Civil*, Madrid, Akal, 2016, pp. 163 – 243.

[392] Fernández Prieto, Lourenzo; Artiaga Rego, Aurora: "Introducción. Soldados para el frente: más allá de los alférez provisionales y los comisarios políticos", *Ayer*, núm. 111, 2018, p. 20.

[393] Esta cuestión será retomada, sobre todo, nos capítulos 7 e 8.

Gráfica 4. Evolución cronolóxica da apertura de causas militares, execucións e paseos (Galicia, 1936 - posguerra)



Fonte: datos do Informe de resultados *do proxecto Nomes e Voces (2010).*[394]

A primacía da violencia extraxudicial non debe ser confundida con outro dos mitos máis recorrentes sobre a guerra civil española: a suposta *violencia en quente* do verán do 36. Trátase esta dunha interpretación que consideramos errónea pero sumamente estendida en relación á desproporcionada violencia dos primeiros meses do golpe. Esta é xustificada con explicacións de natureza hobbesiana, apelando á loucura, ás envexas, aos rancores... argumentos, en definitiva, que apelan á paixón e aos excesos, e dialogan no subconsciente coa lenda negra española. A violencia golpista é presentada como un fenómeno de natureza espontánea, do que todo o mundo ten culpa e, polo tanto, do que ninguén é responsable. A suposta irracionalidade exculpa deliberadamente aos verdugos.

Nas últimas décadas vense rebatendo esta hipótese. A día de hoxe, sabemos que a brutalidade da violencia dos primeiros meses do golpe, así como a sensación de arbitrariedade entre as vítimas, foi intencional e estivo controlada en todo momento polos militares rebeldes[395]. Foi unha tesela máis no mosaico de accións que constrúen o que Míguez Macho conceptualizou —con base no caso galego— como práctica xenocida, tanto pola súa xestación como pola súa intencionalidade; trátase dun «proceso que pretende a destrución dun grupo de poboación como tal»[396]. Para o historiador, esta

[394] Combinamos aquí os datos que ofrece a base pública e o informe de investigación de NeV.
[395] Anderson, Peter: *The Francoist Military Trials. Terror and Complicity, 1939 – 1945*, New York – Milton Park, Routledge, 2010, pp. 37 – 38.
[396] Míguez Macho, Antonio: *O que fixemos en Galicia. Ensaio sobre o concepto de práctica xenocida*, Ourense, Difusora, 2009, p. 99. Sobre a periodización da práctica xenocida, ver Feierstein, Daniel: *Seis estudios sobre genocidio. Análisis de las relaciones sociales: otredad, exclusión, exterminio*, Bos Aires, Editores del Puerto, 2008, pp. 25 – 41. Do mesmo autor, consultar tamén *El genocidio como práctica social. Entre el nazismo y la experiencia argentina*, Bos Aires, Fondo de Cultura Económica, 2007, sobre todo as pp. 31 – 144, de carácter máis teórico. Nunha liña semellante á de Feierstein, sobre a aplicación do termo xenocidio ao caso español tendo en conta as especificidades do concepto orixinal de Raphael Lemkin (que orixinalmente non excluía aos grupos políticos na súa definición das prácticas xenocidas como unha nova tipoloxía xurídica internacional [Feierstein: *El genocidio como* ..., 2007, pp. 38 – 42]), ver Míguez Macho, Antonio: *La genealogía genocida del franquismo. Violencia, memoria e impunidad*, Madrid, Abada

caracterízase por cinco elementos fundamentais: a) no seu seo conviven diferentes tipoloxías punitivas e violentas, que van dende o asasinato ata a represión económica ou o maltrato psicolóxico; b) non se trata da violencia propia dun enfrontamento bélico —non é bidireccional—, senón que vítimas e vitimarios están ben definidos, do cal son mostra as actuacións eliminacionistas de retagarda; c) trátase dunha violencia exercida e controlada dende arriba, dende as autoridades fácticas, o que a converte nun crime contra a humanidade; d) persegue a destrución dun grupo humano —ora a súa eliminación física, ora a súa desarticulación social— durante unha temporalidade determinada; e, por último, e) o inimigo a eliminar é unha construción artificial mais non arbitraria dos perpetradores[397].

Así as cousas, violencia xudicial e extraxudicial actuaron de forma conxunta durante o golpe e a guerra para unha mesma fin e ámbalas dúas foron controladas polas autoridades militares sublevadas. A marxe de actuación das milicias paramilitares encargadas das sacas e asasinatos extraxudiciais era tamén coñecida e consentida polos novos mandos, mais reprendida cando non interesaba. Sirve de exemplo o caso do falanxista de Silleda José Cidre, quen disparou ferindo a gravidade ao seu veciño socialista Ramón Ares por cuestións persoais, sen permiso nin orde dos seus superiores en novembro de 1936, o que lle valerá a súa detención. O suceso converterase nun suceso incómodo na xerarquía de Falanxe, motivo de disputas entre as instancias locais e provinciais[398].

A idea de confusión non foi senón unha xustificación, unha reconstrución *a posteriori* que se convirte no discurso dominante de Falanxe a partir dos primeiros meses de 1937. Vexamos a diferenza entre un artigo publicado en *El Diario de Pontevedra* en outubro do 36 e unha nota de prensa asinada por Jesús Suevos, xefe provincial de Falanxe en Pontevedra, nese mesmo xornal apenas uns meses despois, en xaneiro do 37:

> Vamos a hablar de violencia, de la violencia santa de la Falange … conviene distinguir entre dos clases de violencia. La violencia del malhechor, execrable, y la violencia —bendita— del guerrero. La primera, cuando se presenta, hace surgir y justifica la segunda. … [La violencia de la Falange] *no es violencia de locos, que sería irreflexiva, desordenada, incoherente*; perjudicial incluso. La violencia de la Falange es de guerreros, de hombres que luchan en la guerra de España, por España y para España. Es violencia de… santos.[399]

> [La violencia del verano de 1936 f]ue inevitable en los primeros tiempos, pero ahora tiene que desaparecer esa *confusión*.[400]

Esta mudanza narrativa responde ao xa mencionado cambio de estratexia entre os sublevados ate a forte resistencia de Madrid a finais de novembro de 1936. En vistas dunha guerra que se vai alongar máis do previsto, a labor de institucionalización do novo réxime faise en paralelo ao enfrontamento bélico. Un novo réxime que xustificaba o levantamento militar ante o *caos* dos derradeiros meses da República —como

Editores, 2014; ou o capítulo "El concepto de práctica genocida y la cuestión de la impunidad en España", en Anderson, Peter; del Arco Blanco, Miguel Ángel (eds.): *Lidiando con el pasado. Represión y memoria de la guerra civil y el franquismo*, Granada, Comares, 2014, pp. 233 – 249. Outros traballos de interese sobre a figura de Lemkin e a súa relación coa conceptualización do xenocidio, se ben obviando este elemento clave da (non) inclusión dos grupos políticos dentro da súa tipificación, poden ser a obra colectiva de Schaller, Dominik J.; Zimmerer, Jürgen: *The Origins of Genocide. Raphael Lemkin as a Historian of Mass Violence*, Abingdon, Routledge, 2009; Sands, Philippe: *East West Street: On the Origins of "Genocide" and "Crimes Against Humanity"*, Nova York, Alfred A. Knopf, 2016; ou a máis recente achega de Becker, Annette: *Messengers of Disaster. Raphael Lemkin, Jan Karski, and Twentieth-Century Genocides*, Madison, University of Wisconsin Press, 2021 [2018].

397 Míguez Macho: *Xenocidio e represión…*, 2009, pp. 80 – 82.

398 Correspondencia entre o xefe local de Falanxe en Silleda e a xefatura provincial. Fondo Jefatura Provincial del Movimiento, caixa 194. AHPPo.

399 *El Diario de Pontevedra*, 05/10/1936, p. 2. Cursiva nosa.

400 *El Diario de Pontevedra*, 25/01/1937, p. 2. Cursiva nosa.

comprobamos no primeiro artigo: «La violencia del malhechor … cuando se presenta, hace surgir y justifica [la violencia del guerrero»—, polo que precisa afastarse do *caos* da estratexia en extremo violenta do verán do 36. É dicir, en tanto que o novo Estado se impuxera —segundo os propios rebeldes— para acabar coa desorde, pasado o tempo e tras ter eliminado aos seus principais obxectivos, nas zonas de retagarda procurará buscar a súa lexitimidade por outras vías. Segundo a nosa interpretación, primarán os dispositivos de control social dende a biopolítica, ocupando un lugar secundario os necropolíticos; neste sentido, como iremos vendo, a administración de xustiza xogará un papel esencial.

Porén, contrapoñer violencia xudicial e violencia extraxudicial como esferas independentes é erróneo: xa non só porque saibamos que estaban controladas polas mesmas persoas, senón porque ambas podían estar interrelacionadas na acción violenta contra unha mesma vítima. Unha porcentaxe importante das persoas asasinadas polas milicias paramilitares sublevadas —Garda Cívica, Falanxe, Garda Civil, JAP— tiñan un proceso xudicial castrense aberto, estaban dentro da maquinaria burocrática represiva. O maior exemplo disto é a chamada «lei de fugas», que contraintuitivamente non tiña ningún tipo de amparo lexislativo, senón que se trataba dunha forma subrepticia de execución extraprocesual. É dicir, malia a súa popular denominación, non había unha lei que a regulase: era un subterfuxio paralegal aceptado polo cal se simulaba o uso necesario da forza para impedir a suposta fuga do preso, xustificando así o seu asasinato. Fronte aos paseos, que non procuraban aparencia ningunha de legalidade —a súa intencionalidade era outra—, nos asasinatos por lei de fugas levantábase atestado, había unha simulación de pescuda xudicial, soterrábase ao morto, etc. Materializaba os vínculos entre o que entendemos por violencia xudicial, que seguía unhas vías procesuais regulamentadas, e a violencia extraxudicial, cuxo desenlace se situaba ás marxes de devanditas vías.

Ao formar parte do territorio controlado polos sublevados dende os primeiros momentos do golpe, Galicia converteuse en laboratorio das prácticas eliminacionistas que o autodenominado Exército Nacional iría exportando a outras zonas de España conforme fose avanzado a guerra. Testalas no territorio galego permitiu o seu perfeccionamento, de aí que o seu estudo sexa tan relevante. A súa situación de retagarda sometida nesta etapa tan temperá converteuna tamén na despensa que abastecerá as necesidades deste grupo cada vez maior, aportándolle os recursos naturais, económicos, humanos e materiais suficientes como para seguir desenvolvendo a actividade bélica. As chamadas *doazóns patrióticas*, diariamente anunciadas nos xornais locais, dan boa mostra da necesidade constante de bens que exixe o conflito no seu transcurso. Mais tamén son sintomáticas da diversidade de actitudes sociais con respecto á violencia e do colaboracionismo de certos sectores da poboación cos sublevados. Se ben a historiografía sobre a guerra civil española estivo moito tempo centrada no medo como explicación cardinal á vitoria dos golpistas, nos últimos anos un número cada vez máis nutrido de investigacións teñen cuestionado esta unicausalidade, matizando o amplo abano de comportamentos amosados pola cidadanía no seu conxunto.

En efecto, o medo foi un vector importante nas heteroxéneas actitudes entre sociedade e Estado durante o golpe, a guerra e a ditadura; así como resistencia e oposición. Medo tamén no bando dos verdugos, pois a vitoria non era segura e as experiencias anteriores como o golpe de 1932 non foran favorables[401]. Mais, alén do

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[401] Conxita Mir tamén fala de medo e colaboración como fenómenos moito máis próximos do que nunha primeira impresión podería parecer, en tanto que mediante o terror se activarían dispositivos de control e implicación social na

medo, no debemos subestimar a potencia doutros elementos de cohesión, que se traducen nun variado grupo de comportamentos: en pasividade, consentimento, resignación, consenso, cooperación, apoio desaforado[402]. Todos eles foron cruciais na correcta instauración da ditadura e na súa posterior lonxevidade; constituíron a súa base social, fixeron que a poboación participase dela aínda que non fose sempre de forma voluntaria. Non só foi importante a participación activa das milicias paramilitares —encargadas moitas veces do *traballo sucio* ás ordes das autoridades militares—, ou a mobilización forzosa de civís para loitar na fronte; cabería argumentar que igual ou máis vital aínda foi a non oposición explícita de gran parte da poboación. E nisto, como novamente veremos ao longo da investigación, tamén xogou un papel clave a administración de xustiza e a súa instrumentalización política a partir do 18 de xullo de 1936.

O contrario ao medo non ten por que ser o convencemento absoluto, o apoio incondicional, senón a expectativa de obtención dalgún beneficio: a aspiración de ascenso social, o desfrute de beneficios económicos… ou a mera ansia de supervivencia. Medo e beneficio son, non obstantes, dúas caras dunha mesma moeda, podéndose retroalimentar. Nunha posición secundaria como explicación ao consentimento e á participación activa quedan as supostas convicción políticas. Son varios os argumentos que nos levan a referendar esta postura[403]. Por unha banda, a escasa presenza de *camisas viejas* avalaría que o convencemento ideolóxico con anterioridade ao golpe non foi fundamental —fronte á preponderancia do desexo beneficio persoal como elemento mobilizador—; porén, tralo golpe, aumentou de forma descontrolada o número de militantes en Falanxe, un claro fenómeno de arribismo que produciría incomodidade entre certos sectores do partido en Pontevedra[404]. Pola outra, tamén ratifican esta tese os informes sociopolíticos redactados pola *Jefatura del Servicio Provincial de Información e Investigación FET de las JONS* de Pontevedra[405]. Neles, alúdese acotío ao carácter «acomodaticio» dos investigados, o que á súa vez coincide coas narracións orais nas que se critica o transvase de sindicalistas e membros de diversas organizacións de esquerdas ás filas de Falanxe.

> Hubo muchos que presumían de comunistas y se pasaban todos a Cívicos. Ponían un mono y ya estaba, ya tenían autoridad para detener a cualquiera. … eran los que hacían más fuerza aún. Eran los peores del Partido Comunista; después aparecían siendo falangistas. … no había muchos [falangistas antes del golpe], se hicieron después.[406]

maquinaria violenta. Mir Curcó, Conxita: *Vivir es sobrevivir. Justicia, orden y marginación en la Cataluña rural de posguerra*, Lleida, Editorial Milenio, 2000, p. 254.

[402] Un bo exemplo desta nova tendencia historiográfica atopámolo en del Arco Blanco, Miguel Ángel; Fuertes Muñoz, Carlos; Hernández Burgos, Claudio; Marco, Jorge (eds.): *No solo miedo. Actitudes políticas y opinión popular bajo la dictadura franquista (1936 – 1977)*, Granada, Comares, 2013.

[403] Sobre o concepto do beneficio (e non o medo) como elemento cohesivo entre a poboación e a violencia reflexionamos en Cidrás, Aldara: "A construción da culpabilidade colectiva na cidade de Pontevedra (1936 – 1939)", en Fernández Prieto, Lourenzo; Míguez Macho, Antonio (eds.): *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Vigo, Galaxia, pp. 227 – 290.

[404] Presas Sobrado: *Elites políticas e …*, 2019, pp. 185 – 186. Presas recupera un parte do gobernador Francisco Rodríguez Acosta en xaneiro de 1941 que explicaría a cuestión da seguinte maneira: "En estas [tierras] gallegas seguramente se acudió más presurosamente a nuestras filas porque desde tiempo inmemorial Galicia fue región poco seria en el aspecto político y las gentes trataron de militar a ser posible siempre en los partidos gubernamentales y ello junto a las circunstancias de excepción porque se atravesaba en aquellos momentos fueron muchos los que por ansia de mando y otros buscando un refugio en las filas de Falange ingresaron en el Partido pero sin que gran parte de ellos renunciaran a sus ideas y a sus amigos políticos".

[405] Fondo da Xefatura Provincial do Movemento de Pontevedra (AHPPo).

[406] Entrevista a L., realizada por Bossan, Marie-Pierre (Pontevedra, España, 19/10/1993). Nº 658. Fondo HISTORGA Xeral, www.terraememoria.usc.gal.

Imaxe 2. Portada de El Pueblo Gallego anunciando a fin da guerra civil (2 de abril de 1939)

¡España Una, Grande y Libre!

el pueblo gallego

Diario de Falange Española Tradicionalista y de las J. O. N. S.

VIGO. Domingo 2 de Abril de 1939

A FRANCO

SONETO

DEL Hacho al Pirineo has ascendido,
Vega de Espadas, con el pie ligero;
Y desde tu Galaico mar primero,
El de Ulises contemplas redimido.

Al oficio de Alcázar ascendido,
De campamento duro y sol guerrero,
Sueña otra vez el Orbe por sendero
Tu solar de Castilla defendido.

Padre de armas y paz; por tu promesa
Vuelve Occidente a revelar su empresa,
Y el Levante dilata su hermosura,

En proa al Sur y el Norte asegurado.
Y tú en cuartel, de pueblo acompañado,
Que exige en tí su joven aventura.

EL CAUDILLO VICTORIOSO

PARTE OFICIAL DE GUERRA DEL CUARTEL GENERAL DEL GENERALISIMO (ESTADO MAYOR) CORRESPONDIENTE AL DIA DE HOY:

EN EL DIA DE HOY, CAUTIVO Y DESARMADO EL EJERCITO ROJO, HAN ALCANZADO LAS TROPAS NACIONALES SUS ULTIMOS OBJETIVOS MILITARES.

LA GUERRA HA TERMINADO

BURGOS, 1º DE ABRIL DE 1939, AÑO DE LA VICTORIA

GENERALISIMO FRANCO

¡¡POR LA REVOLUCION Y EL IMPERIO!!

Fonte: El Pueblo Gallego*, 02/04/1939, p. 1 (*Galiciana*).*

Ante a ausencia de fronte de guerra, en realidade as cousas apenas mudaron entre o 31 de marzo e o 1 de abril de 1939 en Pontevedra[407]. A prensa fíxose eco da vitoria dos sublevados e da fin da guerra civil, aínda que, como sabemos, a resolución do conflito bélico non se traduciu no abandono de hostilidades contra aqueles que foran identificados como inimigos. A guerra *total*, a vitoria *total*, a rendición *total*… tamén significaban impunidade *total* para seguir facendo cos vencidos o que se desexase. Ben é certo que as

[407] A nivel provincial e local, o 1 de abril coincidiu co cese do gobernador Mateo Torres Bestard e o nomeamento de Manuel Gómez Cantos para o cargo. Aos poucos meses, tamén se produce un cambio na alcaldía da cidade, coa substitución de Ernesto Baltar Santaló por Remigio Hevia Marinas en xuño. Como sinala Adrián Presas, "[b]aixo a presidencia de Remigio Hevia Marinas, a elite política que configurou a xestora pontevedresa estivo composta, dende xuño de 1939, por unha mestura de individuos procedentes da tradición de dereita na cidade do Lérez"; el mesmo xa fora alcalde da cidade entre 1928 e 1930. Non se produciron grandes mudanzas na corporación ata 1942, cando, de forma semellante ao que estaba a suceder noutras cidades galegas, esta sufriu un xiro "falanxizador": a meirande parte dos integrantes da comisión municipal foron substituídos por outros cuxa participación no *Movimiento* fose máis entusiasta. Hevia Marinas é apartado da alcaldía (sendo designado para o cargo o entón presidente da Deputación Luis de Toledo Freire) e ábreselle un expediente de depuración no partido, o cal conclúe que era un xestor correcto pero de deficientes calidades sociais e políticas. Isto non impediría, con todo, que Remigio Hevia Marinas volvese a ostentar o posto de alcalde entre 1949 e 1952. Ver Presas Sobrado: *Elites políticas e …*, 2019, p. 355 e ss.

labores de limpeza política e social levaban en práctica case tres anos en Pontevedra, polo que a intensidade das mesmas neste momento non é comparable coa que se comezan a aplicar, por exemplo, na fronte leste que acababa de caer. O traballo víñase realizando dende xullo do 36 e a esas alturas estaba avanzado abondo.

Mais si se aprecia unha recrudescencia na violencia e nas labores de purga coetánea á fin do conflito, as cales neste momento sofren importantes mudanzas coa introdución de novos dispositivos punitivos, como a xurisdición de Responsabilidades Políticas, que será estudada no capítulo 8. Paulatinamente irase xestando unha nova lexislación que configurará a persecución política da inmediata posguerra, reforzando a tendencia de substitución ou encamiñamento da violencia extraxudicial por canles xudiciais. En paralelo, o anómalo axuizamento de civís por xurisdición militar tampouco cesará na inmediata posguerra, aínda que as súas características variarán con respecto a aquela xustiza castrense dos primeiros momentos do golpe e se irán cedendo esferas da súa actuación á orde xurisdicional civil; sobre esta cuestión tamén afondaremos no capítulo 7. Isto será posible grazas ao mantemento do estado de guerra ata 1948. A violencia, un elemento consubstancial á propia ditadura, irá evolucionando ao longo destes anos e tendendo, polo xeral, ao decrecemento[408]. Haberá picos de actividade ao longo da década por mor da guerra contra a guerrilla, mais sen chegar a alcanzar os niveis de 1936 ou 1937 na provincia.

Asemade, continúan as labores de institucionalización do franquismo que en lugares como Galicia se levaban fraguando dende había tres anos. Na cronoloxía que a nós nos compete, ata 1942, terá unha fundamental importancia o contexto internacional, marcado pola Segunda Guerra Mundial, coincidindo co punto álxido de fascistización do réxime, xusto antes de que a situación tome un xiro desfavorable para as potencias do Eixe e a política exterior da ditadura transite do apoio ás mesmas á explícita neutralidade. Nos seguintes capítulos iremos vendo como estas mudanzas conxunturais se verán reflectidas no funcionamento da administración xudicial.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[408] De feito, Santiago Vega Sombría asevera que a *represión* foi a *carta fundacional* do réxime de Franco. "La represión, carta fundacional de la dictadura franquista", en Segura, Antoni; Mayayo, Andreu; Abelló, Teresa (dirs.): *La dictadura franquista. La institucionalització d'un règim*, Barcelona, Universitat de Barcelona, 2012, pp. 69 – 83.

SEGUNDA PARTE

A xurisdición ordinaria

4. O Xulgado de Primeira Instancia e Instrución (e a Xustiza Municipal)

4.1. Unhas notas introdutorias sobre a estrutura da xurisdición civil entre 1930 e 1942

Con carácter previo á análise dos datos de litixiosidade sobre os que traballamos, faremos unhas consideracións introdutorias sobre a estrutura da xurisdición civil no período ao que corresponden, tanto para ter unha idea aproximada da organización dos xulgados e tribunais con competencia en materia civil como dos tipos de procedementos cos que nos atopamos. O propósito destas notas é meramente orientador e, por tanto, incorren en claras simplificacións. O debuxo que facemos é de trazo groso e, dende un punto de vista técnico-xurídico, susceptible de múltiples matizacións, como poderá verificar quen teña unha formación xurídica mediana. Entrar en consideracións técnicas máis afinadas excedería o propósito do noso traballo que, aínda que recaia sobre materiais producidos no ámbito xurisdicional, é de natureza historiográfica. Pola mesma razón, evitaremos a cita de preceptos legais, que se contiñan, non sempre de forma moi harmónica, na lexislación orgánica —Lei Provisional Orgánica do Poder Xudicial (LPOPX)— e na procesual —Lei de Axustizamento Civil (LAC)—, pero tamén en leis especiais.

4.1.1. Xulgados e tribunais con competencia en materia civil

No período que nos ocupa, aquel que se estende entre 1930 e 1942, tiñan competencia en materia civil os seguintes xulgados e tribunais: os Xulgados Municipais; os Xulgados de Primeira Instancia e Instrución —actuando como Xulgados de Primeira Instancia—; as Audiencias Territoriais —mediante a súa Sala do Civil—; e o Tribunal Supremo —na súa Sala Primeira ou Sala do Civil—. En Pontevedra atoparemos os dous primeiros tipo: Municipais e de Primeira Instancia e Instrución. Hai que facer notar que daquela non tiñan competencia civil as Audiencias Provinciais, que eran herdeiras das fracasadas Audiencias Penais ou Audiencias do Criminal, concibidas inicialmente como órganos infraprovinciais[409]. De feito, era común seguir referíndose ás Audiencias Provinciais pola súa anterior denominación, pois a súa competencia era exclusivamente criminal: o axuizamento das causas instruídas —nos sumarios— polos Xulgados de Instrución[410]. Só despois de varias décadas asumirían competencias civís, en 1968.

[409] As Audiencias Provinciais adoptaron a demarcación provincial, en troques da de distrito, en 1892 pola lei de presupostos do 30 de xuño de dito ano. Sobre estas traballaremos no capítulo 5.

[410] Resulta pertinente facer aquí unha aclaración. Malia que as normas procesuais ordinarias (basicamente a LAC) non atribuían daquela competencia civil ás Audiencias Provinciais, unha lei especial como foi a de divorcio de 1932 alterou o sistema, atribuíndo aos Xulgados de Primeira Instancia o coñecemento das causas pero á Audiencia Provincial o seu fallo no caso de que o procedemento fose contencioso. De modo que, durante a vixencia desta lei, as Audiencias asumiron esta competencia civil residual, claramente anómala. Fallada a causa, era devolta ao xulgado de orixe, razón pola cal estas causas están arquivadas nos fondos dos Xulgados de Primeira Instancia e non nos da Audiencia.

Prescindindo de procedementos incidentais como as cuestións de competencia ou as recusacións de xuíces e maxistrados e de determinados procedementos sometidos a foro especial —como a exixencia de responsabilidade civil de xuíces e maxistrados, ou os chamados *recursos de forza en coñecer* fronte os xuíces eclesiásticos, que eran en realidade conflitos de xurisdición—, na xeneralidade dos procesos só coñecían en primeira instancia dous dos catro órganos mencionados: os Xulgados Municipais e os de Primeira Instancia. A competencia das Audiencias Territoriais e do Tribunal Supremo exercíase por vía de recurso.

O groso da competencia correspondía aos Xulgados de Primeira Instancia. A competencia civil dos Xulgados Municipais era relativamente residual, cinguida a litixios de escasa relevancia. Hai que ter presente que a xustiza municipal foi sempre a peza máis feble da precaria organización xudicial española, onde se facían máis patentes a súas proverbiais carencias materiais e a dificultade de proveer de persoal cualificado aos niveis inferiores da planta xudicial. Os xuíces municipais non eran ordinariamente xuíces de carreira, e nas localidades pequenas nin sequera eran licenciados en Dereito —*letrados* ou *avogados*, como se dicía na época, incluso nas normas orgánicas—; eran, na maioría dos concellos, *xuíces leigos*, aos que apenas se lle exixía saber ler e escribir. De feito, seguen a sendo leigos a día de hoxe os seus sucesores, os xuíces de paz.

Na altura, os Xulgados Municipais coñecían, en primeira instancia, dos xuízos verbais, sobre cuxa delimitación e a dos demais xuízos faremos logo algunha indicación[411]. As sentenzas ditadas nestes xuízos verbais eran recorribles en apelación perante o Xulgado de Primeira Instancia do partido correspondente. Tamén coñecían dalgúns xuízos declarativos especiais, como parte dos xuízos de desafiuzamento, basicamente por expiración do termo do contrato ou falla do pagamento do prezo. Fóra desta, a única competencia civil salientable dos Xulgados Municipais eran os actos de conciliación, daquela moi comúns porque o intento de conciliación previa era obrigatorio na maior parte dos casos para interpoñer unha demanda. Tamén levaban o Rexistro Civil o cal, se ben non é unha función xurisdicional, tratarase dunha esfera de actuación interesante dende o punto de vista do estudo da violencia golpista posterior a 1936, pois anotaban no Rexistro de Defuncións ás vítimas asasinadas polos sublevados —con ou sen sentenza— cun variado repertorio de eufemismos. Mais, limitándonos ás cuestións estritamente xurisdicionais, os únicos xuízos civís dos que se encargaban os xuíces municipais eran os verbais.

Os Xulgados de Primeira Instancia coñecían, precisamente en primeira instancia, dos demais xuízos civís: menor contía, maior contía, procedementos especiais e xurisdición voluntaria. Eran, pois, a peza fundamental da actividade xurisdicional civil, a que decidía a inmensa maioría dos litixios. As sentenzas dos Xulgados de Primeira Instancia eran apelables perante a Audiencia Territorial e, as desta, recorribles en casación perante o Tribunal Supremo, en ámbolos casos nos supostos e baixo os requisitos legalmente establecidos. De feito, o acceso á casación —que non era, nin é, unha instancia máis, senón un recurso extraordinario— estaba moi restrinxido[412]. Hai que considerar, ademais, que litigar era custoso, non estaba ao alcance de calquera, e prolongar o litixio nos sucesivos recursos podía ser prohibitivo. Aínda que se recoñecía o chamado *beneficio*

[411] Con todo, as normas relativas ao tipo de procedemento e a competencia non se aplicaban na época con moita rigorosidade e, no material estudado, que corresponde ao Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, aparecen algúns xuízos verbais dos que debería ter coñecido o Xulgado Municipal.

[412] O *Diccionario Panhispánico del Español Jurídico* define, de feito, o recurso de casación como o medio impugnativo extraordinario e unicamente articulable por unha serie de motivos taxados, que ten por obxecto anular unha sentenza xudicial que contén unha incorrecta interpretación ou aplicación da lei (*error in iudicando*) ou que foi ditada nun procedemento no que non se observaron os presupostos rituais (*error in procedendo*).

de pobreza —e hai multitude de exemplos del nas fontes obxecto da nosa análise—, o seu uso era na práctica limitado e podía ter un certo carácter vergoñento, especialmente no medio rural. Sobre a tradicional litixiosidade antieconómica dos paisanos existe toda unha mitoloxía popular —cuxa pedra angular sería a cuestión dos *marcos*— que non debe xeneralizarse[413]. Malia que puidesen existir individuos querelantes e litixios por motivos insignificantes que alimentan esa mitoloxía, a realidade é que, na época que nos ocupa, a maior parte das persoas morrían sen ter tido un preito, aínda que na súa vida houbese ocasións e motivos sobrados para acudir á xustiza. Tampouco debemos, non obstante, infravalorar a capacidade de acción, tamén xudicial, das capas sociais obreiras ou rurais para asumir o relato contrario e crer que vivían de costas á administración liberal. O estudo micro permitiranos matizar este tipo de posturas que, lonxe das narracións de branco ou negro, nos sitúan no amplo abano de grises.

4.1.2. Tipos de procedementos civís

Os procedementos civís eran —e seguen a ser— de tres tipos: declarativos, executivos e de xurisdición voluntaria. Os lindes entre as tres categorías non son tan precisos como puidera parecer, especialmente os que delimitan os procedementos declarativos dos da xurisdición voluntaria. Por razóns obvias, non imos entrar en disquisicións técnico-procesuais que nos desbordarían. Unicamente daremos unhas indicacións para facer comprensible o tratamento dos datos que facemos no noso traballo.

4.1.2.1. Os xuízos declarativos

Os xuízos declarativos son os máis comúns: aqueles nos que se dirime un litixio entre partes e se declara o dereito dunha delas fronte da outra. O carácter declarativo non exclúe que os efectos da sentenza poidan ser constitutivos —no sentido de que a sentenza non proclame un dereito ou situación xurídica preexistente e discutida, senón que cree unha situación xurídica nova; como é o caso dunha sentenza de divorcio, por exemplo—, nin exclúe tampouco que a inmensa maioría das sentenzas declarativas teñan un contido de condena para a parte vencida —a dar, facer ou non facer algo, para a efectividade do dereito declarado—. En termos prácticos, declarativo oponse a executivo, e reflicte a dualidade da xurisdición como *xulgar e facer executar o xulgado*. Pero esta última afirmación precisaría de moitas matizacións —que novamente exceden o noso nivel de análise—, xa que non só se executa o xulgado. Verémolo, moi por enriba, cando nos refiramos aos xuízos executivos.

O xuízos declarativos poden ser ordinarios, nos que se pode dilucidar, en principio, calquera tipo de pretensión; ou especiais, circunscritos a controversias sobre materias concretas. Os primeiros, os **xuízos declarativos ordinarios**, eran naquel momento tres, de complexidade procesual progresiva por canto dilucidaban controversias

[413] "A fama do galego litigante perséguenos desde o *Codex Calixtinus*", sostén Ramón Villares: "A familiaridade con preitos por herdanzas, límites das leiras, servidumes de paso, dereitos de augas ou impagos de rendas e tributos constitúen un ingrediente fundamental da cultura popular galega". Verbo dos litixios arredor da posesión e aproveitamento da terra, continúa o historiador: "Aínda que estes conflitos foron abondosos, o seu número (que non é posible coñecer con precisión) debe relativizarse. Que haxa preitos non quere dicir que non haxa solidariedade nin acordos. De feito, o recurso á xustiza foi unha das grandes armas que o campesiñado galego empregou para afirmar os seus dereitos, no Antigo Réxime e na sociedade liberal. Pero a lóxica do conflito xudicial non está simplemente, como quere o tópico, no desexo de 'amolar ao veciño'. Ten tamén unha virtude fundadora de dereitos, que o campesiñado galego utilizou de forma sistemática como medio de defensa do que, a fin de contas, eran os seus privilexios". Villares, Ramón: "Prólogo. Dereito, xustiza, violencia", en Leira Castiñeira, Francisco J.; Cabo, Miguel (eds.): *A xustiza pola man. Violencia e conflitividade na Galicia contemporánea*, Vigo, Xerais, 2021, p. 11, p. 12 e pp. 19 – 20.

USC

de contido potencialmente máis complexo e maior transcendencia económica: o xuízo verbal, o de menor contía e o de maior contía. A maior ou menor entidade da controversia tamén se reflectía en cal era o órgano competente para coñecer do xuízo e no sistema de recursos, máis amplo nos de maior contía. O *xuízo verbal*, único da competencia da xustiza municipal como recordaremos, resolvía litixios cuxo interese non excedese, daquela, das 1.000 pesetas[414]. A contía ou interese dos preitos, cando non se reclamaban cantidades determinadas, fixábase consonte a regras legais, atendendo ao valor do obxecto litixioso, a formas de capitalización das rendas ou prestacións periódicas, etc. Era un xuízo sinxelo, predominantemente oral, en contraposición ao carácter máis formal e con predominio dos trámites escritos dos xuízos de menor e maior contía. Nos xuízos de menor contía decidíanse controversias cuxo interese pasase de 1.000 pesetas e non excedese as 20.000. As que superasen este límite decidíanse en xuízo de maior contía, ao igual que as de contía indeterminada e as relativas a dereitos políticos ou honoríficos, execcións e privilexios das persoas, filiación, paternidade, interdición e demais que versasen sobre o estado civil e condicións das persoas —determinación do procedemento por razón da materia, tal e como se establecía daquela no art. 483.2 da LAC—. Enténdase todo isto sempre e cando non existise un procedemento específico, xa que de habelo prevalece o especial sobre o ordinario.

Por outra banda, os **xuízos declarativos especiais** resolvían pretensións relativas a materias determinadas. Tiñan cadanseu trámite propio, normalmente introducindo algunhas peculiaridades sobre a base do xuízo verbal. Os máis comúns eran os seguintes: os procedementos arrendaticios, os matrimoniais, os posesorios e os sucesorios. Entre os procedementos arrendaticios, podemos distinguilos entre rústicos e urbanos. Estes, os urbanos, eran os máis numerosos dentro dun partido xudicial como o de Pontevedra, e adoitaban ser de desafiuzamento, sexa de vivenda, de local de negocio ou en precario —ou sexa, cando non existía unha relación arrendaticia propiamente dita—. Como foi dito, podían ser de competencia dos Xulgados Municipais ou dos de Primeira Instancia, segundo as regras contidas nos arts. 1562 e 1563 da LAC.

No que respecta aos procedementos matrimoniais, interesan especialmente os regulados na lei de divorcio de 11 de marzo de 1932[415]. Esta lei supuxo un fito fundamental non só na transformación de vida social e familiar da tradicionalmente católica sociedade española, senón no proceso de recuperación para a xurisdición estatal dunha materia —a das relacións familiares— tradicionalmente reservada á xurisdición eclesiástica. De feito, na normativa procesual previa, contida na LAC de 1881, non existía unha regulación unitaria nin sequera dos procesos de separación non vincular, senón apenas normas dispersas relativas a determinados efectos das crises matrimoniais, como o moi significativamente chamado *depósito* da muller casada e dos fillos menores, os alimentos provisionais, etc[416]. É preciso deixar constancia, en relación ao tratamento dos datos que manexamos, que os procedementos da lei de divorcio inclúen tanto aqueles nos que se postula o divorcio vincular como os que só pretenden a separación sen disolución do vínculo. Sería preciso unha análise individualizada de cada causa para determinar cantas son separacións e cantas divorcios propiamente ditos. A maioría son divorcios,

[414] As contías que determinaban o tipo de xuízo foran actualizadas en 1931, por un Decreto-lei de 2 de maio que modificou a LAC. Pero o límite da contía dos xuízos verbais xa fora fixada en 1.000 pesetas en 1924, na lexislación específica da xustiza municipal. No deseño inicial da LAC de 1881 o límite do xuízo verbal estaba en 250 pesetas.

[415] «Ley (rectificada) relativa al divorcio», *Gaceta de Madrid*, núm. 72, 12/03/1932, pp. 1794 – 1799. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/072/A01794-01799.pdf [últ. consulta o 01/06/2022].

[416] Sobre as connotacións do termo, análogas no Código Civil coetáneo portugués, ver Pizarro Beleza, Teresa: *Mulheres, Direito, Crime ou A Perplexidade de Cassandra,* Lisboa, Faculdade de Direito, 1993 [1990], p. 158.

pero nalgúns casos —por razóns de conciencia ou doutro tipo— non se pretendía a disolución do vínculo.

Tamén distinguimos os procedementos posesorios e os sucesorios. Os procedementos posesorios, tamén coñecidos como interditos, están particularmente enraizados na cultura xurídica popular. Podían ser de reter a posesión —cando estaba cuestionada, pero sen despoxo—, de recuperar a posesión —cando había despoxo posesorio— e de obra nova —cando a ameaza procedía dunha obra, que se pretendía paralizar. Pero era común formulalos alternativa ou subsidiariamente, sobre todo os de reter e recuperar, con diferenza os máis comúns. Por outra banda, entre os procedementos sucesorios, distinguimos tanto os xuízos de testamentaría como os ab intestato, en función da existencia ou non de testamento que regule a sucesión. Como veremos, non computamos entre os ab intestato os procedementos dirixidos exclusivamente á declaración de herdeiros, que eran materialmente actos da chamada xurisdición voluntaria.

Á parte, algúns xuízos declarativos especiais, aínda que se rexistrasen como procedementos autónomos, tiñan —e seguen a ter— un carácter incidental, preordenado ou subordinado a un litixio actual ou futuro no que se exercita a pretensión principal. Pertencen a este grupo: os incidentes de pobreza, os procedementos preparatorios e as xuras de contas. Os incidentes de pobreza, ou xuízos para o recoñecemento do beneficio de pobreza, eran procedementos autónomos cando se instaban por quen ía facer uso dese beneficio como demandante nun preito futuro. Cando o beneficio de pobreza se solicitaba para usar nun procedemento en curso —normalmente, polo demandado—, tramitábase como peza separada do proceso principal. Os procedementos preparatorios e de aseguramento inclúen tanto as dilixencias preparatorias ou preliminares, necesariamente previas ao xuízo principal que se prepara; como os embargos preventivos, que se rexistran como procedementos de seu cando se solicitan con carácter previo á interposición da demanda principal que se trata de asegurar; noutro caso é unha peza separada deste. En último lugar, as xuras de contas, procesos cuasi executorios para reclamar os honorarios debidos aos avogados e procuradores, pero tamén —daquela— aos secretarios xudiciais, que percibían aranceis. Podían tramitarse como pezas separadas ou como procedementos de seu.

A relación anterior non é exhaustiva, pero contén a maioría dos xuízos declarativos, tanto ordinarios como especiais, e nos serve para guiarnos nos datos que manexamos na nosa investigación.

4.1.2.2. Os xuízos executivos

Por outra banda, os xuízos executivos non teñen por obxecto a declaración dun dereito, senón a realización compulsiva dun previamente declarado ou proclamado nun título documental que supón a execución. O título executivo por excelencia é a sentenza xudicial, pero no tempo ao que nos referimos —a diferenza do que sucede hoxe— a execución das sentenzas non se realizaba nun procedemento autónomo senón como un incidente no preito principal. Polo tanto, nos xuízos executivos cos que traballamos executábanse títulos non xudiciais de diverso tipo: documentos públicos, documentos privados recoñecidos perante o xuíz, letras de cambio non tachadas de falsidade no momento do protesto, títulos emitidos que representan obrigacións vencidas —baixo determinadas condicións—, ou pólizas orixinais de contratos mercantís intervidas por corredores de comercio. É dicir, títulos documentais intervidos por fedatarios públicos,

revestidos de determinadas formalidades ou preparados cun previo recoñecemento xudicial, que conteñen obrigacións exixibles cuxo cumprimento pode ser directamente reclamado en vía executiva sen necesidade de que haxa unha sentencia condenatoria previa. De todas estas execucións, a máis común era a cambiaria, é dicir, a reclamación de letras non-pagadas. Pero non fixemos un estudo pormenorizado dos diversos títulos realizados baixo o epígrafe xenérico dos xuízos executivos porque procesualmente non se distinguen e se precisaría unha análise individualizada da inxente cantidade de procedementos cos que traballamos, cousa que excede do noso interese.

Un caso especial, por ter unha regulación propia fóra da LAC, pero paradigmático de execución de título non xudicial era a execución hipotecaria. O título era a escritura de constitución da hipoteca e tramitábase polo procedemento sumario do art. 131 da Lei Hipotecaria (LH), na redacción daquela vixente. Actualmente a execución hipotecaria xa non se realiza por este procedemento especial sumario, senón polos trámites ordinarios da nova Lei de Axuizamento Civil 1/2000, con algunhas peculiaridades que a propia lei contempla.

4.1.2.3. Os procedementos de xurisdición voluntaria

O último grupo que destacamos son os procedementos da chamada xurisdición voluntaria. O concepto de xurisdición voluntaria é un dos máis confusos, imprecisos e discutidos da actividade xudicial en España. A doutrina procesualista é unánime en cuestionar o seu carácter xurisdicional, ou alomenos o de moitos dos actos que engloba. En realidade é un caixón de xastre no que se incluían unha chea de expedientes tramitados en sede xudicial pero cunha natureza que ten máis que ver coa función notarial, ou administrativa tutelar, ou coa creación de determinados títulos, a produción de determinados efectos xurídicos do máis diverso... que coa resolución de controversias xurídicas propiamente ditas. Este contedor heteroxéneo definíase, legalmente, como o conxunto de *actos* —que non xuízos— nos que é necesaria ou se solicita a intervención xudicial sen suscitarse cuestión algunha entre partes coñecidas e determinadas[417].

O concepto legal pode darnos unha idea do carácter non litixioso destes procedementos, pero é bastante dubidoso que se poida aplicar a todos eles xa que é discutible que, por exemplo, nun proceso de incapacitación non se suscite cuestión entre partes —como non sexa negándolle ese carácter á persoa que se pretende incapacitar—. E, por outro lado, existen procesos declarativos, como o divorcio de mutuo acordo —ou por mutuo disentimento, como se dicía na lexislación republicana—, nos que non existe contradición entre partes que se dirima polo xuíz, xa que son as partes as que aportan a solución ás súas diferenzas; a intervención xudicial é, neste caso, meramente homologadora. De modo que esa definición legal como procesos nos que *non se suscita cuestión entre partes* é intuitiva, suxerinte, pero imprecisa. Na práctica, eran procedementos da xurisdición voluntaria os contidos no Libro Terceiro da LAC, que era onde se regulaban.

Pero incluso este criterio puramente formal de resolver as dúbidas do que era ou non xurisdición voluntaria presenta incoherencias: fóra do Libro Terceiro regulábase a declaración de herdeiros ab intestato, como unha fase do proceso sucesorio ab intestato, isto é, sen testamento. E non cabe dúbida de que a declaración de herdeiros era

[417] Consonte a definición que facía o art. 1811 da LAC de 1881. Actualmente a súa regulación quedou fóra da LAC de 2000, e contense nunha lei especial; pero o concepto non variou substancialmente, nin a heteroxeneidade e falla de coherencia dos expedientes que contén, por máis que moitos dos que antes existían fosen desxudicializados.

materialmente un acto asimilable á xurisdición voluntaria e non un litixio, xa que non tiña outro obxecto que declarar quen eran os herdeiros dun falecido sen testar, requisito previo para tomar posesión da herdanza e repartila. A actividade xudicial que se realiza na declaración de herdeiros ab intestato ten máis carácter notarial que xurisdicional[418]. Máis aínda, a declaración de herdeiros era, con diferencia, o acto de xurisdición —materialmente— voluntaria máis común que se realizaba nos xulgados, malia que formalmente non se incluían no caixón de xastre do citado Libro Terceiro da LAC. Por cuestións de carácter explicativo, no estudo das causas que facemos consideramos estas declaracións de herdeiros ab intestato procedementos de xurisdición voluntaria. Só incluímos entre os xuízos declarativos os xuízos ab intestato propiamente ditos, é dicir, aqueles nos que se litiga pola división do caudal hereditario nos casos de sucesión intestada. Se a sucesión fose testada, o seu equivalente serían os xuízos de testamentaria. Como veremos, a inmensa maioría das declaracións de herdeiro ab intestato non daban lugar a un xuízo ab intestato. Facemos prevalecer a realidade material sobre a formal —da inclusión nun ou outro Libro da LAC— para non distorcer a imaxe da actividade xudicial facendo pasar por xuízos contenciosos un importante número de expedientes que non teñen este carácter.

Á parte da declaración de herdeiros, os expedientes de xurisdición voluntaria máis comúns eran os de complemento da capacidade, tanto relativos a menores ou incapaces como á muller casada —que, como vemos, tiña unha certa asimilación legal ao menor de idade ou ao incapaz—. Dentro deste grupo distinguimos as autorizacións para a disposición de bens de menores e incapaces —o expediente máis frecuente despois da declaración de herdeiros—, e os expedientes de complemento da capacidade da muller casada, que comprenden tanto a habilitación para a venda de bens como a habilitación para comparecer en xuízo. En ámbolos casos a muller acode ao xulgado para suplir a ausencia da daquela preceptiva autorización marital —para a disposición de bens— ou da intervención marital —para comparecer en xuízo—.

Outro grupo son os expedientes tutelares e relativos á capacidade. Distinguimos entre declaracións de incapacidade e nomeamentos de defensor xudicial. Atopamos un único suposto de procedemento de xurisdición voluntaria para reclusión en manicomio —o equivalente ao actual expediente de internamento psiquiátrico—. Aínda que ten relación coa capacidade, non é un procedemento de incapacitación, polo que o incluímos no grupo de «outros» e non entre os expedientes relativos á capacidade.

Hai tamén, no material co que nos atopamos na nosa incursión polos arquivos xudiciais pontevedreses, expedientes posesorios. Estes non deben confundirse cos interditos: non se litiga senón que se pretende a constatación dunha situación posesoria, normalmente para preparar o acceso ao Rexistro da Propiedade. Asemade, expedientes relativos á filiación —distinguimos entre os de aprobación xudicial do recoñecemento de fillo natural e os de adopción— ou expedientes do chamado depósito de persoas —que podían ser *depósito da muller casada* ou *depósito de menores*; en definitiva, autorizacións xudiciais para vivir a muller e os fillos fóra do domicilio marital—.

Outros expedientes son irredutibles a calquera categorización, polo que os agrupamos na categoría residual de «outros». Os que máis se repiten neste grupo son expedientes de consignación de pagamentos, ou relativos á función de testamenteiro ou contador-partidor en operacións sucesorias, así como algunhas declaracións de ausencia ou de falecemento ou nomeamento de representante legal ao ausente. Outros son en realidade expedientes do rexistro civil —que non levaban os Xulgados de Primeira

[418] De feito actualmente a declaración de herdeiros está, na maioría dos casos, desxudicializada: faise por acta notarial.

Instancia senón os Municipais—, para a rectificación de erros ou cambio de apelidos, ou teñen un carácter máis variado: deslindes, informacións para a perpetua memoria —que tiñan por propósito deixar constancia dunha declaración testifical para uso futuro—, etc. En definitiva, un labirinto ao que, con mellor ou peor criterio, lle pretendemos dar algunha coherencia no tratamento dos datos cos que traballamos.

4.1.3. Referencia á actuación dos Xulgados de Primeira Instancia como Tribunais Especiais de Foros e Tribunais Industriais

En tanto que na nosa pescuda polos fondos históricos do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra atopamos algunhas —poucas— causas nas que este actúa como Tribunal Especial de Foros ou como Tribunal Industrial, resulta pertinente facer mención a estes. Ambos eran tribunais mixtos ou escabinados, é dicir, órganos xurisdicionais colexiados que se constituían no ámbito dos Xulgados de Primeira Instancia coa participación, presidíndoos, do xuíz titular deste pero coa concorrencia de vogais ou xurados non xudiciais.

En concreto, os Tribunais Especiais de Foros foron creados en 1926 polo Real Decreto-lei de 25 de xuño sobre redención de foros, e tiñan por obxecto coñecer da litixiosidade relativa aos foros, subforos e a redención foral[419]. Integraban o Tribunal o xuíz de primeira instancia do partido —que actuaba como presidente—, o rexistrador da propiedade e o notario da cabeza do partido, máis dous vogais nomeados un pola parte demandante e outro pola demandada. Era unha xurisdición civil especial, que nos partidos xudiciais con maior litixiosidade en materia foral xeraba arquivos propios e numeración das causas diferenciada. O feito de que aparezan causas do Tribunal de Foros nos arquivos do Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra pode indicar unha escasa litixiosidade foral no partido xudicial da capital da provincia, ou ben que exista un fondo arquivístico propio, non catalogado, do que quedaran excluídos os xuízos que atopamos por razóns que non se nos ocorren.

Os Tribunais Industriais eran o xermolo dunha incipiente xurisdición social, aínda non enteiramente segregada da civil. Creáronse inicialmente en 1908 por Lei do 19 de maio, e coñecían da litixiosidade laboral non colectiva[420]. Os conflitos colectivos dirimíanse nos Xurados Mixtos creados en 1931, que non eran órganos xudiciais senón administrativos, os cales quedan fóra do noso marco analítico. Os Tribunais Industriais estaban constituídos polo xuíz de Primeira Instancia como presidente, dous xurados fixos —máis un suplente— en representación da patronal e outros tantos en representación dos obreiros. Normalmente xeraban arquivos propios. Resulta difícil pensar que o exiguo número de causas que aparecen nos arquivos do Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra constitúan toda a litixiosidade laboral do partido, de modo que descoñecemos a razón pola que estas causas están numeradas e arquivadas como propias do Xulgado de Primeira Instancia. No ano 1938 tanto os Tribunais Industriais como os Xurados Mixtos foron substituídos na zona autodenominada nacional polas Maxistraturas de Traballo, previstas no *Fuero del Trabajo* dese mesmo ano, culminando a estatalización da xurisdición social nun contexto autoritario. Os actuais Xulgados do Social son herdeiros das anteriores Maxistraturas de Traballo e conforman a orde xurisdicional social, xa

[419] «Real decreto-ley declarando redimibles todos los foros, subforos foros frucmentarios, rentas en saco, sisas, derechuras, cédulas de planturía y cualesquiera otros gravámenes de análoga naturaleza jurídica sobre bienes inmuebles en las provincias de Galicia, Asturias y León», *Gaceta de Madrid*, núm. 177, 26/06/1926, pp. 1802 – 1804. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1926/177/A01802-01804.pdf [últ. consulta o 01/06/2022].

[420] «Ley relativa a Tribunales industriales», *Gaceta de Madrid*, núm. 141, 20/05/1908, pp. 861 – 862. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1908/141/A00861-00862.pdf [últ. consulta o 01/06/2022].

plenamente integrada na xurisdición ordinaria, pois os titulares destes órganos acceden á carreira xudicial mediante procedementos de selección comúns e non específicos, cousa que non sucedía cos maxistrados de traballo.

4.2. Xustiza Municipal e de Primeira Instancia e Instrución en Pontevedra: o seu persoal

O foco no universo xurisdicional ordinario e a súa inclusión na política xudicial golpista para entendelo como unha arma de guerra probablemente sexa unha das principais novidades que formula a presente investigación. Como recordaremos polo visto no estado da cuestión, esta perspectiva ten sido apenas explorada na bibliografía especializada. Moi ao contrario, unha postura reiterada e consensuada é a da énfase no recorte de competencias da xurisdición ordinaria tralo golpe de Estado de 1936 a favor das ordes especiais, particularmente a castrense —nunha suposta *subordinación* que, tecnicamente, non é tal[421]— e, a partir de 1939, a de responsabilidades políticas. En consecuencia, os estudos sobre a dimensión xudicial da violencia durante a guerra civil téñense centrado de xeito case exclusivo nestas dúas, en detrimento da xurisdición ordinaria. Se ben o aumento de prerrogativas das xurisdicións especiais foi un fenómeno que non pretendemos negar, en tanto que as fontes avalan a súa evidencia, si consideramos preciso matizar o papel xogado polas demais instancias e as mudanzas que sufriron con respecto a etapas previas.

Como foi visto, a falta de atención á xurisdición ordinaria con respecto ao golpe e a guerra civil española agudízase en especial na zona controlada polos militares sublevados. Pero esta é aínda máis manifesta no relativo á Xustiza Municipal e de Primeira Instancia, onde o baleiro epistemolóxico é maior. Para mostra, nas xornadas sobre a administración de xustiza durante a guerra celebradas en Salamanca en 1987, condensadas no libro *Justicia en guerra*, ningunha comunicación se centrou nestas xurisdicións no período e espazo indicados[422]. O panorama apenas mudou dende entón[423].

Porén, nós consideramos que si interesan de xeito particular as escenas xurisdicionais municipal e de Primeira Instancia, pois eran coas que máis contacto tiña a poboación xeral. Reclamacións de débedas, desafiuzamentos, herdanzas ab intestato, procedementos matrimoniais, autorizacións para a disposición de bens, incapacitacións… son apenas unha escolma do amplo abano de cuestións polas que a *xente corrente* acudía

[421] Malia ás veces aparecer así referida na literatura, estritamente falando non debemos referirnos a unha *subordinación* da xurisdición ordinaria á militar, posto que non había unha relación xerárquica entre ambas. Hai un *agudo traspaso de competencias* e, debido á conxuntura do momento, unha indubidable preeminencia do militar (poder, xustiza) fronte ao civil, pero en ningún momento a xurisdición ordinaria *depende* da castrense.

[422] Archivo Histórico Nacional, sección «Guerra Civil»: *Justicia en guerra. Jornadas sobre la Administración de Justicia durante la guerra civil española: instituciones y fuentes documentales. Salamanca, del 26 al 28 de noviembre de 1987*, Madrid, Ministerio de Cultura, 1990.

[423] Por suposto, con esta afirmación non pretendemos dar a entender que non existan traballos sobre a xurisdición ordinaria. As investigacións sobre delincuencia común son unha suxerinte mostra disto, aínda que se adscriben dentro do estudo do penal e o seu achegamento non sempre se faga mediante traballo directo coas fontes xudiciais; a mencionada tese doutoral de Enrique Carballo sobre conflitividade en Galicia a cabalo dos séculos XIX e XX, fundamentalmente baseada na análise hemerográfica, é unha excelente mostra disto (Carballo Gende, Enrique: *Violencia, crimen y sus interpretaciones en la Galicia Contemporánea (1840 – 1936)*, Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 2021.). Outro bo exemplo, neste caso con marcada perspectiva de xénero, sería o de López Fernández, Tamara: *Á marxe da lei. A delincuencia común en Lugo durante o franquismo (1945 – 1966)*, Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 2023. Non obstante, apenas identificamos investigacións que estuden a xurisdición ordinaria, concretamente a civil, con ollar micro para medir a súa actuación no marco da violencia golpista. Para máis sobre isto, remitímonos a todo o formulado no estado da cuestión e marco teórico do primeiro capítulo.

aos tribunais. Entender como se desenvolve esta xurisdición no marco dun fenómeno da importancia do golpe e a guerra civil española, tanto no plano da evolución dos procedementos ante o recorte xeral de prerrogativas como na actitude adoptada polos seus responsables perante a violencia, é tan fundamental como urxente. As preguntas que nos facemos de partida poden semellar básicas —malia que, como comprobaremos, non o son tanto—, pero iso só é en tal caso mostra da cantidade de cuestións que permanecen sen resolver neste eido pese á profusión dos estudos sobre a guerra. Especulacións, conxecturas e suposicións agroman e fannos crer que temos respostas cando non son senón hipóteses.

4.2.1. O Xulgado Municipal de Pontevedra

Como lembraremos do visto no apartado de metodoloxía e fontes, non se conserva na actualidade a documentación xerada polo Xulgado Municipal da cidade: só algunhas providencias que están cosidas nos procedementos de Primeira Instancia e Instrución por diversos motivos. Este obstáculo motivou a decisión de incluír o estudo do Xulgado Municipal pontevedrés no mesmo capítulo có de Primeira Instancia e Instrución.

A figura do xuíz municipal cobra unha inesperada importancia a partir de xullo de 1936 fóra das instancias xurisdicionais pois, derivada da súa función ao cargo do rexistro de defuncións e da vontade de aparencia legalista dos golpistas, será o responsable de levantar a acta de falecemento e inscribir no rexistro ás vítimas mortais da violencia. Isto é así no que respecta ás persoas fusiladas por fallo dun tribunal castrense como ás asasinadas sen sentenza, salvo contadas excepcións neste último caso. Nalgunhas ocasións, os xuíces chegaron a inscribir ás vítimas no rexistro con sorprendentes perífrases. En certo modo, habería quen puidese argumentar, estes xuíces non estaban facendo nada novo, alleo ás súas competencias; seguían tomando rexistro das defuncións e seguían empregando a habitual linguaxe forense propia do rexistro. Non obstante, esta premisa parece obviar —ora deliberada, ora involuntariamente— o carácter de extraordinaria excepcionalidade do momento, no que mesmo unha posición tan aparentemente inocua tiña unhas consecuencias tan considerables. Abstraémonos de facer ningún tipo de valoracións a nivel individual, pois interésannos en maior medida as implicacións desta actuación; así e todo, en capítulos posteriores merecerá unha pausada reflexión a cuestión da socioloxía xudicial.

Sexa como for, é evidente que a pretendida neutralidade destes xuíces municipais e a súa cando menos ambigua labor cubriu dunha pátina de legalidade e normalidade situacións que distaban moito dunha e doutra. Isto foi así, ademais, dende os primeiros momentos do golpe. Literalmente. Vimos, por exemplo, no capítulo anterior, como as primeiras vítimas da violencia na cidade o 20 de xullo, Manuel Iglesias Filgueira, Enrique Torres Barcia e Ángel Torres López, foran rexistradas mortas o día 22 e inscritas, respectivamente, por *hemorraxia* por disparo de arma de fogo, *baleiramento de cranio* por explosión e *rotura do corazón* por disparo de arma de fogo[424]. Sen ben é certo que a xestión do rexistro civil non é unha actividade xurisdicional propiamente dita e que é unha labor obrigada do xuíz municipal, tela en conta nun momento crítico como o do golpe amosa, ao noso modo de ver, os distintos niveis de interrelación dos universos xurisdicionais no proceso violento.

[424] Os tres contan con ficha na base de vítimas do proxecto NeV e os feitos foron recollidos por investigadores como Xosé Álvarez Castro. Ver Álvarez Castro, Xosé: *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936–1939)*, Vigo, Xerais, 2013, pp. 86 – 87.

Deixamos á parte este tipo de consideracións para reconstruír a través dunha pequena xanela o xulgado municipal lerense. Para nosa franxa de análise, os **xuíces municipais** do termo de Pontevedra, coa praza en propiedade, foron:

Táboa 4. Xuíces municipais propietarios de Pontevedra (1930 – 1942)

Vicente Vázquez Lescaille	Xullo 1918 – marzo/xuño 1931
Carmelo Castiñeira Urrutia	Xuño 1931 – ?
Isidoro Lino Sánchez	? – outubro 1932
Fernando Capdevila de Guillerma	Decembro 1932 – maio 1933
Fernando Gándara Gómez	Xullo 1933 – xaneiro 1936
Francisco Riestra Calderón	Xaneiro 1937[425] – outubro 1945

Fonte: procedementos xudiciais, diarios oficiais e prensa histórica.

O primeiro deles, como vemos, foi Vicente Vázquez Lescaille, quen tomou posesión do cargo en xullo de 1918 e se mantivo nel ata marzo ou xuño de 1931[426]. Durante todos estes anos, actuará ás veces de forma interina como xuíz de Primeira Instancia. De orixe cubana, foi un xuíz leigo de longo percorrido na cidade teucrina, tarefa que compaxinou coa súa licenciatura en Medicina, a profesión de empresario e as inquedanzas como radioafeccionado[427]. Porén, a súa relevancia é relativa na nosa mostra ao deixar o posto na primavera do ano 31, descoñecendo o momento concreto.

A falta de documentación máis concreta impídenos confirmalo con seguridade, pero o lapso no que Vázquez Lescaille é separado do cargo, entre marzo —cando atopamos a última referencia á súa función como xuíz municipal— e xuño de 1931 —cando Carmelo Castiñeira é nomeado novo xuíz— lévanos a crer que esta destitución podería ter a súa explicación na mudanza do contexto político introducida pola instauración da República en abril dese mesmo ano[428]. Como indica José Aquesolo, a xudicatura foi obxecto de gran atención para o goberno republicano, o cal dende os seus inicios se centrou en «someter inmediatamente a juicio de responsabilidades [sus] "actos de gestión y responsabilidad" realizados desde 1923»[429]. Consecuentemente, apróbase o 8 de maio un decreto —que meses despois adquiriría rango de lei—, polo cal se permite a designación de novo persoal xudicial municipal. Na exposición de motivos da nova normativa é máis que explícita a vontade de rachar coas lóxicas caciquís nas que se atopaba inmersa a administración de xustiza da Restauración, cuxas influencias eran aínda máis claras nos xulgados municipais[430]:

[425] Como veremos nas vindeiras páxinas, se ben foi nomeado para o posto en xaneiro do 37, Francisco Riestra xa viña designando as labores de xuíz municipal dende meses atrás.
[426] *El Diario de Pontevedra*, 03/07/1918, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 15/05/1931, p. 11.
[427] *El Pueblo Gallego*, 17/03/1943, p. 5.
[428] O seu expediente persoal foi extraviado.
[429] Aquesolo, José: "Apuntes sobre la justicia en España, 1931 – 1945. La documentación que se conserva en un Archivo Histórico Provincial", en Cruces, Esther e Aquesolo, José (coords.): *Los años convulsos. 1931 – 1945. Documentación del Archivo Histórico Provincial de Málaga*, Cádiz, Junta de Andalucía, 2006, p. 54.
[430] Desmantelar as tramas caciquís na administración de xustiza xa fora na década dos 20 un leitmotiv da ditadura de Primo de Rivera (cuestión que se abordará máis adiante). Sobre a conxuntura clientelar á que non era allea o persoal xudicial, Federico Vázquez Osuna recupera a seguinte reflexión de Rafael Altamira, Adolfo G. Buylla, Adolfo Posada, Aniceto Sela, Agustín Bullón e Joaquín Costa (extraída de Fiestas, Alicia: "La quiebra de la independencia del Poder Judicial", *Poder Judicial*, núm. 14, 1985, pp. 13 – 14): "[Existían u]nos jueces municipales nombrados por los presidentes de Audiencia a gusto del 'cacique' entre los peores *specimens* de las últimas hornadas universitarias, tan dispuestos a actuar como agentes electorales para ganar las elecciones … Unos jueces de instrucción designados *ab*

> El Gobierno provisional … estima un deber decretar la revisión de los nombramientos de Jueces municipales que en la actualidad ejercen sus funciones, fundado, no sólo en *la desviación frecuente de su actividad más bien política que judicial*, sino también por la necesidad de que respondan, en lo que respecta a poblaciones pequeñas, a un nuevo criterio de selección. Deseoso el Gobierno de dar a la administración de la justicia popular española una organización que despierte en las aldeas y ciudades poco populosas la conciencia de la responsabilidad civil y un vivaz sentido de la ciudadanía, implanta el régimen de elección en los Ayuntamientos de menos de doce mil almas; de esta suerte, al ser elegido el Juez directamente por sus convecinos, se establece una relación, nueva en nuestro país, entre la acción judicial y la fiscalización ciudadana, ya que se cambia el eje de la justicia municipal, que *en vez de ser la voluntad individual del cacique, pasa a serlo la voluntad popular*. El Juez municipal, de otra parte, más que competencia técnica, lo que requiere son las condiciones del *vir bonus* [home honrado], la integridad moral y sano juicio del hombre probo y lleno de desvelo por el bien público, que nadie puede apreciar mejor que sus propios convecinos.[431]

Pontevedra superaba nese momento con creces os 12.000 habitantes, mais ao ser cabeza de partido xudicial quedaba baixo o paraugas do establecido no art. 1, o cal indicaba a designación de novos xuíces, fiscais e suplentes municipais en tódalas cabezas de partido —así como nas localidades de máis de 12.000 veciños—. Non é, polo tanto, insignificante a coincidencia da substitución de Vázquez Lescaille coa promulgación desta normativa destinada a depurar as lealdades caciquís no seo da administración de xustiza.

En xuño de 1931 é nomeado para o cargo vacante de xuíz municipal de Pontevedra Carmelo Castiñeira Urrutia, o cal si tiña título como letrado[432]. Foinos imposible determinar en que momento cesa nas súas labores, máis alá de saber que non ocupou a praza durante moito tempo xa que a finais do ano 32 xa é designado un novo home para o posto. Un informe de febreiro de 1945 asinado polo gobernador militar asegura que este fora «destituido [del cargo de juez municipal] por colaborar con la Dictadura [de Primo de Rivera]»[433]. Nos anos seguintes, Carmelo Castiñeira sobresairá polo seu proselitismo político como membro destacado da URD de Víctor Lis Quibén. Participará no acto constitutivo do partido en Pontevedra e asinará canda Quibén e outros coñecidos dereitistas da cidade un manifesto recollendo o seu ideario político en decembro de 1931[434]. A súa presencia dentro da agrupación gañará relevancia rapidamente, dando mostras dun entusiasta activismo en prol da URD dando mitins en varias cidades e vilas da provincia nos meses posteriores[435]. Dende 1934, radicaliza as súas posturas e comeza

initio desde el Ministerio de Gracia y Justicia a satisfacción del cacique, del cual reciben instrucciones directas y a quien prestan obediencia ciega lo mismo para ofender a los contrarios que en cuanto a la defensa de los amigos. … Unos Magistrados y Presidentes de Audiencia en los que hay que volcar toda la tinta negra, salvando, naturalmente, honrosas excepciones … Unos Presidentes del Tribunal Supremo que simultanearon el cargo con el de oligarca o suboligarca. Y así, aquellos Jueces, magistrados y Presidentes de Audiencias o del Tribunal Supremo, al no gozar de la independencia que requería el ejercicio de su augusta función, dejaron de ser dispensables de la justicia, transformándose en distribuidores de favores bajo el dictado del oligarca o de los caciques de quienes dependían, porque a ellos les debían su nombramiento, su ascenso o su traslado". Ver Vázquez Osuna, Federico: "La recuperación de la memoria histórica, la judicatura republicana", blog *Juezas y Jueces para la Democracia*, 2017. Dispoñible en: http://www.juecesdemocracia.es/2017/10/24/la-recuperacion-la-memoria-historica-la-judicatura-republicana/ [últ. consulta o 06/06/2022].

[431] «Decreto disponiendo se proceda a la designación de nuevos Jueces, Fiscales y suplentes municipales en todas las cabezas de partido judicial y poblaciones de más de 12.000 habitantes», *Gaceta de Madrid*, núm. 129, 09/05/1931, pp. 616 – 617. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/129/A00616-00617.pdf [últ. consulta o 06/06/2022]. Cursiva nosa.

[432] *El Progreso*, 13/06/1931, p. 2.

[433] Expediente persoal núm. 5.888, sen foliar (AGMJ).

[434] *El Progreso*, 27/12/1931, p. 2. *La Región*, 23/12/1931, p. 1.

[435] *El Ideal Gallego*, 19/04/1932, p. 4. *El Ideal Gallego*, 21/04/1932, p. 8. *El Ideal Gallego*, 16/06/1932, p. 2.

a cotizar en Falanxe[436]. En xullo do 35, é nomeado delegado provincial de Traballo, cargo ao que voluntariamente renuncia en xaneiro de 1936 «cuando sub[e] al poder Portela Valladares»[437].

Tralo golpe de Estado, atopámolo facendo entrega dos coñecidos *donativos patrióticos* e entre os integrantes da Milicia Nacional de segunda fila, nome que adoptaron os grupos cívicos paramilitares auxiliares do Exército golpista e co que se denominou a Garda Cívica trala súa disolución como organización independente para pasar a integrar os cadros de Falanxe a partir do Decreto de Unificación de abril do 37[438]. Dentro destas milicias cívicas tamén actuou como asesor xurídico sindical provincial nos xulgados militares, para logo ser nomeado como delegado local de Xustiza e Dereito da Falanxe pontevedresa; na posguerra servirá como secretario provincial deste organismo[439]. Asemade, durante a guerra volve exercer como delegado provincial de Traballo, sendo restituído a comezos do verán de 1938[440]. Todo isto valeralle dunha «excelente conceptualización en su vida pública, privada, moral y religiosa» e consideración como «completamente afecto al Movimiento» durante a ditadura[441]. O 18 de outubro de 1942 tomará posesión do cargo de maxistrado suplente na Audiencia Provincial de Pontevedra[442]. Ao pouco, no 45, obterá mediante concurso o cargo de fiscal no Xulgado Municipal da cidade[443]. O expediente de méritos que presenta para o concurso é interesante porque os informes que o integran dan fe da súa idoneidade para o posto pola súa «intachable conducta pública y privada, honorabilísima y de completa rectitud y justificación» e «formación moral distinguidísima», alén «de tener el interesado una sólida preparación técnica para el cargo referido»[444].

Á vez que Castiñeira Urrutia toma a praza de xuíz municipal, posesiónase como suplente Isidoro Carlos Lino Sánchez[445]. Non obstante, semella que nalgún momento é ascendido a xuíz municipal propietario, pois cando é apartado do cargo en outubro de 1932 non se fai ningún tipo de mención ao seu carácter substituto, senón que se fai referencia ao mesmo como «juez municipal de Pontevedra»[446]. A súa destitución faise

[436] Expediente persoal núm. 5.888, sen foliar (AGMJ).
[437] Expediente persoal núm. 5.888, sen foliar (AGMJ). *El Pueblo Gallego*, 23/06/1935, p. 13. *El Pueblo Gallego*, 14/01/1936.
[438] *El Progreso*, 16/09/1936, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 18/05/1937, p. 11. *El Diario de Pontevedra*, 29/07/1937, p. 4. Non ignoramos o carácter controvertido das subscricións de donativos patrióticos, cuxo carácter aparentemente voluntario agochaba unha importante cantidade de coaccións máis ou menos explícitas que as podían facer, na práctica, indefectibles. É dicir, se ben houbo xente que colaborou gustosamente apoiando economicamente os esforzos bélicos dos sublevados, non debemos pasar por alto que, para moitas familias (tamén aquelas que tiñan entre os seus membros vítimas da violencia golpista), participar neste tipo de colectas e donativos de natureza eminentemente política foi, cando menos, coercitivo. Cremos, non obstante, que se trata dunha información relevante a destacar ao elaborar estas prosopografías, sen afondar nas motivacións individuais detrás do feito nin conxecturar máis alá do que din as fontes. Sobre o tema, ver Vilar Rodríguez, Margarita; Lindoso Tato, Elvira: "El negocio de la Guerra Civil en Galicia, 1936 – 1939", *Revista de Historia Industrial*, núm. 29, 2009, pp. 153 – 192. Asemade, consultar de Prado Herrera, María Luz: "Patria y dinero. La contribución salmantina a la financiación de la guerra civil española: suscripciones e impuestos especiales", en Robledo Hernández, Ricardo (coord.): *Esta salvaje pesadilla. Salamanca en la guerra civil española*, Barcelona, Crítica, 2007, pp. 189 – 214. Para o caso concreto de Pontevedra, Álvarez Castro, Xosé: *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936 – 1939)*, Vigo, Xerais, 2013, pp. 279 – 291.
[439] Expediente persoal núm. 5.888, sen foliar (AGMJ).
[440] Expediente persoal núm. 5.888, sen foliar (AGMJ). *El Diario de Pontevedra*, 09/06/1938, p. 2.
[441] Expediente persoal núm. 5.888, sen foliar (AGMJ).
[442] *El Pueblo Gallego*, 18/10/1942, p. 6.
[443] «Orden de 29 de septiembre de 1945 por la que se resuelve el concurso sobre la provisión del cargo de Fiscal en los Juzgados Municipales y Comarcales», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 291, 18/10/1945, pp. 2376 – 2379. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1945/291/A02376-02379.pdf [últ. consulta o 06/06/2022].
[444] Expediente persoal núm. 5.888, sen foliar (AGMJ).
[445] *El Progreso*, 13/06/1931, p. 2.
[446] *El Pueblo Gallego*, 14/06/1931, p. 8. *El Ideal Gallego*, 28/10/1932, p. 1. «Decreto separando definitivamente del servicio a don Isidoro Lino Sánchez, Juez municipal de Pontevedra», *Gaceta de Madrid*, núm. 302, 28/10/1932, p. 615. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/302/A00615-00615.pdf [últ. consulta o 06/06/2022].

por orde ministerial, de acordo ao establecido polo art. 1 da Lei de 11 de agosto de 1932, o cal dicía así:

> Artículo 1.º Se autoriza al Gobierno para separar definitivamente del servicio a los funcionarios civiles o militares que rebasando el derecho que les otorga el artículo 41 de la Constitución realicen o *hayan realizado actos de hostilidad o menosprecio contra la República*.[447]

Trátase esta dunha etapa da que ou ben temos poucas fontes primarias ou aquelas ás que si temos acceso ofrécennos poucas respostas; recordamos que non hai fondo do Xulgado Municipal e que, do de Primeira Instancia, só chegou ata os nosos días un único procedemento de 1931. Descoñecemos o por que exacto desta destitución, alén da presunta actitude antidemocrática exhibida por Isidoro Lino segundo o que extraemos da *Gaceta*. Sexa como for, inmediatamente despois da súa substitución, Lino Sánchez prepara as oposicións á carreira diplomática, sen aparente éxito en tanto que en 1934 se presenta ás oposicións de ingreso no Corpo de Aspirantes ao Ministerio Fiscal —nas que tamén concorre Carmelo Castiñeira—[448]. Perdémoslle a pista ata novembro de 1936, cando é requirido para recoller o seu carné de Falanxe na Secretaría Local da organización[449]. Dende entón, será un habitual dos seus servizos de garda ao longo de toda a guerra[450]. Asemade, é designado como xuíz municipal suplente, actuando ás veces como xuíz accidental de Primeira Instancia e Instrución da cidade e partido de Pontevedra, cando o titular estea de baixa e o xuíz municipal se atope indisposto[451]. Durante o franquismo volverá a exercer de xuíz comarcal en varias localidades galegas, como Arbo ou Cangas, vila onde desenvolverá toda a súa carreira ata o final da ditadura[452]. Xubilarase en 1975[453].

A Lino Sánchez substitúeo Fernando Capdevila de Guillerma, tamén licenciado en Dereito e nomeado xuíz municipal a finais de decembro de 1932, tomando posesión do cargo en xaneiro do 33[454]. Estará moi pouco tempo en Pontevedra, pois en apenas cinco meses concursa para igual praza en Vigo, deixando o xulgado municipal lerense en maio de 1933[455]. Acabará presidindo a Sala Segunda do Civil na Audiencia Territorial da Coruña[456]. Continuará a súa carreira profesional ata o ano 76[457].

---

[447] «Decreto autorizando al Presidente del Consejo de Ministros para presentar a las Cortes Constituyentes un proyecto de ley autorizando la separación definitiva del servicio de los funcionarios civiles o militares en los casos que se indican», *Gaceta de Madrid*, núm. 225, 12/08/1932, p. 1122. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/225/A01122-01122.pdf https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/302/A00615-00615.pdf[últ. consulta o 06/06/2022]. Cursiva nosa.

[448] «Oposiciones a la Carrera diplomática.- Lista de opositores que han presentado la instancia con la documentación completa y que han abonado la cantidad de 25 pesetas como derechos», *Gaceta de Madrid*, núm. 323, 18/11/1932, pp. 1188 – 1189. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/323/A01188-01189.pdf [últ. consulta o 06/06/2022]. *El Pueblo Gallego*, 23/05/1934, p. 11.

[449] *El Diario de Pontevedra*, 13/11/1936, p. 2.

[450] *El Progreso*, 20/11/1936, p. 3.

[451] *El Diario de Pontevedra*, 02/07/1938, p. 3. Entre os procedementos xudiciais da nosa mostra, atopámolo, por exemplo, ditando providencias en xuño de 1938 no marco do caso 42/937 ou o 3/938 (ca. sn. 1937 36 – 46 e ca. sn. 1938 – 8, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo).

[452] A figura do xulgado comarcal foi introducida pola Lei de Bases da Xustiza Municipal do 19 de xullo de 1944, e tiñan sede nas localidades capital de comarca. *El Ideal Gallego*, 26/10/1945, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 08/01/1957, p. 11. *El Pueblo Gallego*, 12/04/1975, p. 16.

[453] Expediente persoal núm. 17.255 (AGMJ); non puidemos acceder ao expediente sen aportar o seu certificado de defunción.

[454] *El Progreso*, 22/12/1932, p. 3.

[455] *El Ideal Gallego*, 06/05/1933, p. 4.

[456] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*, 06/03/1973, p. 3.

[457] Expediente persoal núm. 17.249 (AGMJ); non puidemos acceder ao expediente sen aportar o seu certificado de defunción.

Máis constante no posto será o vilagarciano Fernando Gándara Gómez, letrado e xuíz municipal propietario de xullo de 1933 a xaneiro de 1936, cando renuncia ao cargo para posesionarse como oficial segundo de Sala da Audiencia Provincial de Pontevedra[458]. A análise hemerográfica non aporta resultados sobre a posición política de Gándara durante o período republicano, aínda que si nos indica que fixo repetidos donativos para o exército sublevado dende o 13 de agosto de 1936[459]. Nese mesmo mes, o día 30, é escollido como habilitado da Audiencia Provincial, motivo polo cal asisten ao acto «casi todos los jueces de instrucción de la provincia», pese ao extraordinariamente anómalo da conxuntura do momento[460]. Durante a guerra, integrará os servizos de escolta da Garda Cívica, coincidindo neles con Vázquez Lascaille, como sarxento e oficial —respectivamente— da Milicia Nacional de segunda liña[461]. Tralo desenlace bélico, seguirá exercendo nas instancias represivas do novo réxime, actuando de secretario suplente do Tribunal Rexional de Responsabilidades Políticas de Bilbao entre 1939 e 1940 e posteriormente no de Valladolid como secretario propietario[462]. Cando se reforme en 1942 a xurisdición de Responsabilidades Políticas retornará ao seu posto na Audiencia Provincial de Pontevedra[463]. Posteriormente, trasladarase ás Audiencias Provincias de Ávila e Guadalaxara, para logo pasar a exercer como xuíz comarcal na vila da serra madrileña de Torrelaguna[464]. El tamén se xubilará en 1975[465].

Despois da renuncia ao posto como xuíz municipal de Fernando Gándara, o cargo queda vacante durante practicamente un ano, unha situación que non era anómala dentro das habituais carencias de persoal —e a lentitude na acción de resposta— na administración, como se irá vendo. En xaneiro de 1937, chega o novo xuíz municipal con praza en propiedade, Francisco Riestra Calderón[466]. Este, non obstante, xa aparece asinando certificados de defuncións de fusilados dende o golpe de Estado en xullo do 36 en todo o partido xudicial, polo que o seu nomeamento non vén senón a oficializar o que na práctica estaba a suceder dende había meses[467]. Nado en Pontevedra en 1887, o seu apelido indícanos o ilustre do seu berce, pois era o fillo dos marqueses de Riestra e

[458] *El Pueblo Gallego*, 04/07/1933, p. 9. *El Ideal Gallego*, 09/01/1936, p. 5. «Orden nombrando Oficial segundo de Sala de la Audiencia provincial de Pontevedra a D. Fernando Gándara Gómez», *Gaceta de Madrid*, núm. 343, 09/12/1935, p. 2094. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1935/343/A02094-02094.pdf [últ. consulta o 06/06/2022].
[459] *El Pueblo Gallego*, 13/08/1936, p. 5.
[460] *El Pueblo Gallego*, 30/08/1936, p. 11.
[461] *El Pueblo Gallego*, 06/07/1937, p. 9. *El Diario de Pontevedra*, 20/07/1937, p. 4.
[462] *El Correo Gallego*, 21/06/1939, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 03/03/1940, p. 3. *El Ideal Gallego*, 17/12/1941, p. 5. «Orden nombrando el personal que ha de constituir los Tribunales Regionales, Juzgados Instructores Provinciales y civiles especiales de Responsabilidades Políticas», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 156, 05/06/1939, pp. 3069 – 3074. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/156/A03069-03074.pdf [últ. consulta o 06/06/2022]. «Orden sobre cese y nombramiento de Secretario del Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas de Valladolid», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 348, 14/12/1941, p. 9736. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1941/348/A09736-09736.pdf [últ. consulta o 06/06/2022].
[463] *El Pueblo Gallego*, 30/07/1942, p. 5.
[464] «Orden por la que se traslada a don Fernando Gándara Gómez, Oficial de Sala de la Audiencia provincial de Pontevedra, a igual plaza en la de Ávila», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 147, 26/05/1944, p. 4098. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1944/147/A04098-04098.pdf [últ. consulta o 06/06/2022]. «Orden por la que se traslada a don Fernando Gándara Gómez, Oficial de Sala de la Audiencia Provincial de Ávila, a igual plaza de la de Guadalajara», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 111, 21/04/1945, p. 3174. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1945/111/A03174-03174.pdf [últ. consulta o 06/06/2022]. «Orden de 7 de julio de 1947 por la que se resuelve el concurso anunciando para la provisión del cargo de Juez en los Juzgados Comarcales que se citan», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 196, 15/07/1947, p. 3963. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1947/196/A03963-03963.pdf [últ. consulta o 06/06/2022].
[465] Expedientes persoais núm. 16.120, 17.245, 16.739, 17.228 e 17.935 (AGMJ); non puidemos acceder aos expedientes sen aportar o seu certificado de defunción.
[466] Expediente persoal núm. 4.940, sen foliar (AGMJ). *El Ideal Gallego*, 19/01/1937, p. 2.
[467] Expediente persoal núm. 4.940, sen foliar (AGMJ). Portela, Xesús: *Johan Carballeira. Poeta, xornalista, político. O valedor dos homes do mar*, Vigo, Ir Indo, 1997, p. 61.

partícipe activo do tecido político-clientelar que este estendera pola provincia colocando, entre outros, aos seus fillos Vicente, Raimundo e o propio Francisco como deputados provinciais[468]. Ao igual ca os anteriores, tiña o título de Dereito polo que, durante a súa etapa ao cargo do xulgado municipal, como era habitual, tamén se encargará interinamente do xulgado de Primeira Instancia nas ausencias do xuíz Serapio del Casero[469]. Asemade, fará donativos patrióticos —por exemplo, de entradas á corrida de touros para feridos de guerra— e formará parte das filas paramilitares, concretamente no seu caso de *FET de las JONS*[470]. Debido ao seu rol como xuíz municipal, o papel de Francisco Riestra é particularmente importante pois será o responsable en última instancia de revestir dun halo de lexitimidade os asasinatos —con ou sen sentenza— perpetrados polos golpistas, con tódalas implicacións que isto tiña. Exercerá en Pontevedra ata outubro de 1945, cando se traslada ao mesmo cargo na vila veciña de Marín[471]. Manterase neste posto ata a súa xubilación en 1959[472].

A relación dos demais traballadores nos xulgados municipais é, se cada, aínda máis complexa de elaborar ca daqueles xuíces que tiñan a praza en propiedade, de novo, debido ao obstáculo imposto pola escaseza de fontes primarias nesta instancia, pola menor documentación xerada polo persoal suplente e pola menor presenza en prensa de secretarios e fiscais[473]. Non obstante, é de mención debida pola súa dilatada traxectoria José Pro Sirera, quen ostentou o cargo de secretario do Xulgado Municipal de Pontevedra dende decembro de 1932 ata novembro de 1942, cando se traslada ao de Lugo[474]. Fillo do secretario-relator da Audiencia Territorial da Coruña que logo ascendería ata o Tribunal Supremo, Antonio Pro y Sánchez, José Pro iniciou a súa carreira como avogado na provincia da Coruña anos antes, en 1924[475]. Xa asentado en Pontevedra, integrou as listas da «Candidatura Republicana Independiente» de cara ás eleccións de febreiro de 1936 e foi un dos seus dous candidatos polo distrito, obtendo apenas 600 votos[476]. Despois do golpe de Estado, fará numerosos donativos en prol do *Movimiento* de todo tipo: ouro, diñeiro, roupa, comida…[477] Asemade, frecuentará as listas do servizo de garda da Milicia Nacional de segunda liña e de *FET de las JONS* durante toda a guerra[478]. Así as cousas, un informe do secretario provincial de Falanxe, Antonio Puig Gaite, en 1941, asegura que «el Camarada José Pro Sirera … [ha] observado en todo momento una intachable conducta pública y privada, dando constantemente pruebas de un elevado espíritu nacionalsindicalista, por lo que se le considera muy adicto al Nuevo Estado»[479]

[468] O propio Francisco como deputado polo distrito da Estrada-Lalín entre 1917 e 1921. Ver Garrido, Xoan Carlos: "Manuel Puente Porto, cando a Terra toma corpo e conciencia de clase", blog *Tabeirós Montes*. Dispoñible en: https://www.tabeirosmontes.com/manuel-puente-porto.html [últ. consulta o 06/06/2022].
[469] *El Diario de Pontevedra*, 24/03/1937, p. 3.
[470] *El Diario de Pontevedra*, 06/08/1937, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 22/02/1938, p. 9.
[471] Expediente persoal núm. 4.940, sen foliar (AGMJ). *Ciudad*, 06/08/1945, p. 2. El *Ideal Gallego*, 25/10/1945, p. 2.
[472] Expediente persoal núm. 4.940, sen foliar (AGMJ).
[473] Podemos enumerar, entre parte deste persoal substituto, a Ernesto Baltar Santaló (quen sería o segundo alcalde de designación golpista na cidade), o propio Isidoro Lino Sánchez ou Teodomiro Viaño Martínez, polo que respecta aos xuíces municipais suplentes; e Manuel Vega García como secretario. *El Progreso*, 18/06/1930, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 14/06/1931, p. 8. *El Eco de Santiago*, 03/09/1932, p. 2. Procedemento 80/935 e procedemento 936 (ca. sn. 1935 75 – 99 e ca. sn. 1936 1 – 32, f. Xulgado Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo).
[474] *El Ideal Gallego*, 21/12/1932, p. 8. *El Progreso*, 21/12/1932, p. 2. *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*, núm. 265, 25/11/1942, p. 3.
[475] Fixo o seu debut como letrado da defensa, de feito, nun mediático xuízo de asasinato levado pola Audiencia Territorial da Coruña, polo cal unha muller e o seu suposto amante eran procesados por envelenar ao marido da primeira con arsénico da comida na vila de Pontedeume. Por estes feitos a fiscalía solicitaba a pena de morte para a primeira e cadea perpetua para o segundo. *El Ideal Gallego*, 25/09/1924, p. 1. *El Pueblo Gallego*, 01/06/1939, p. 6.
[476] *El Pueblo Gallego*, 25/01/1936, p. 15. *El Pueblo Gallego*, 11/02/1936, p. 10. *El País*, 24/02/1936, p. 1.
[477] *El Progreso*, 10/09/1936, p. 1. *El Pueblo Gallego*, 19/09/1936, p. 8. *El Pueblo Gallego*, 20/02/1937, p. 9. *El Diario de Pontevedra*, 22/02/1937, p. 2.
[478] *El Diario de Pontevedra*, 07/08/1937, p. 4. *El Diario de Pontevedra*, 02/06/1938, p. 2.
[479] Expediente persoal núm. 3.574, sen foliar (AGMJ).

Compaxinará isto coa súa ininterrumpida labor como secretario do Xulgado Municipal da cidade ata o seu traslado, como dixemos, a Lugo en 1942, quedando como secretario habilitado no de Pontevedra Pascual Guillán Abalo[480]. Máis tarde, no 53 concursará para a mesma praza no xulgado número 2 de Valencia, onde se manterá ata o seu falecemento uns poucos anos despois, en 1959[481].

Imaxe 5. José Pro Sirera (no centro, con gafas) na súa voda en 1933

NOTAS DE SOCIEDAD

Boda de la bellísima señorita Matilde María Rodríguez Tudela con el distinguido abogado don José Pro Sirera (Foto Blanco).

Fonte: El Ideal Gallego*, 17/02/1933, p. 3* (Galiciana).

O caso de Pascual Guillán Abalo, aínda que case fóra da nosa cronoloxía de análise, suscita un extraordinario interese. Nado en Vilagarcía de Arousa, residía en Pontevedra, onde fundou en 1931 a Xuventude Socialista local —integrando a súa xunta directiva— e traballou como mestre na parroquia de Lérez ata finais do 32[482]. Entón, é nomeado secretario xudicial de Hinojos de San Vicente, unha pequena vila do partido de Talavera de la Reina (León); seu pai xa fora secretario do Xulgado Municipal de Pontevedra[483]. Non debeu permanecer moitos meses alí, xa que pronto o volvemos atopar nas listas de *cursillistas* do Maxisterio de Pontevedra[484]. Sexa como for, Pascual Guillán era membro dunha familia coñecida polo seu esquerdismo. De feito, o seu irmán maior

[480] Procedemento 163/942 (ca. 64, f. Xulgado Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo).

[481] Expediente persoal núm. 3.574, sen foliar (AGMJ). «Orden de 30 de abril de 1953 por la que se resuelve el concurso para la provisión de Secretarías de Juzgados Municipales entre Secretarios en activo de la segunda categoría», Boletín Oficial del Estado, núm. 141, 21/05/1953, p. 2999. Dispoñible en: https://www.boe.es/gazeta/dias/1953/05/21/pdfs/BOE-1953-141.pdf [últ. consulta o 07/06/2022]. «Resolución de la Dirección General de Justicia por la que se turnan Secretarías vacantes de la Justicia Municipal», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 217, 10/09/1959, pp. 12035 – 12036. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1959/217/A12035-12036.pdf [últ. consulta o 07/06/2022].

[482] *El Pueblo Gallego*, 17/05/1931, p. 8. *El Pueblo Gallego*, 26/05/1931, p. 11. *El Progreso*, 03/07/1931, p. 3. *El Progreso*, 30/08/1931, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 04/03/1932, p. 9.

[483] *El Pueblo Gallego*, 24/12/1932, p. 12.

[484] *Boletín Oficial de la Provincia de La Coruña*, núm. 184, 09/08/1933, p. 1. *El Noticiero Gallego*, 25/08/1935, p. 2. *El Noticiero Gallego*, 25/09/1935, p. 4. *El Noticiero Gallego*, 18/10/1935, p. 4. *El Noticiero Gallego*, 18/05/1936, p. 3.

Manuel, tamén mestre, activista, político e masón na cidade de Pontevedra, sería paseado en outubro do 36 —o que non impedirá que se lle incoen diversos procedementos *a posteriori*, tanto militares como de represión da masonaría e o comunismo—[485]. Pascual tería integrado as milicias populares en defensa da República que se organizaron vertixinosamente como resposta á sublevación militar no goberno civil de Pontevedra, logo tachadas de supostas *tchekas* polos golpistas. Como consecuencia, será procesado por rebelión xunto a 25 máis —entre os que se atopan persoeiros locais destacados como Celestino Poza Cobas, ou Abraham Zbarsky Geller, Evaristo Mosquera Martínez ou Víctor Moldes Carro— na causa militar 115/37. A sentenza, do 17 de febreiro de 1937, dá por probado o seguinte feito:

> Que los procesados PASCUAL Y GONZALO GUILLÁN ABALO se personan en los primeros momentos del Alzamiento militar en el Gobierno Civil y dependencias de la Diputación, y provistos de armas asisten a varias reuniones con elementos destacados del marxismo, viéndoseles formando parte de grupos de paisanos armados.[486]

Por isto será sentenciado a cadea perpetua, se ben xa estaba privado de liberdade cautelarmente. Para facer fronte ás responsabilidades civís —o que a partir de febreiro do 39 se coñecerá como responsabilidades políticas— derivadas da súa actuación, a Comisión Provincial de Incautación de Bens ordena ao Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra que se lle abra un expediente[487]. Este será resolto en xuño de 1940, cando satisfagan tanto Pascual como o seu irmán Gonzalo, aínda presos, a multa imposta e poidan recobrar a libre disposición dos seus bens[488]. Ao ano, en setembro de 1941, a Pascual concédeselle a liberdade condicional provisional, pudendo saír excarcerado da Prisión Central de Figueirido[489].

Non deixa de ser sorprendente a súa inclusión na comunidade nacional franquista de posguerra, sendo designado como secretario municipal á marcha de Pro Sirera no 42 —perfís absolutamente contrarios, como podemos comparar mediante nas prosopografías— e merecendo cualificativos na prensa local como o de «competente funcionario del Juzgado Municipal de esta capital», tendo en conta o celo co que o franquismo actuou na esfera municipal[490]. Desafortunadamente, non se conserva o seu expediente persoal, polo que non podemos coñecer en maior detalle como foi este proceso reintegrador. Sexa como for, trátase dun exemplo moi representativo do que poderiamos denominar *salvados integrados*, anómalo tendo en conta a importancia que tiña a xustiza municipal na política xudicial do primeiro franquismo[491]. De condición porosa, o réxime non tiña problema en reintegrar a antigas vítimas da violencia golpista cando así lle interesaba.

---

[485] Ficha de NeV, tanto Pascual como Manuel. Tamén será xulgado e condenado a prisión o irmán pequeno da familia Guillán Abalo, Gonzalo José. Sobre este Manuel Guillán, ver Álvarez Castro, Xosé: *Pontevedra nos anos do silencio. Represión e resistencia na provincia de Pontevedra (1936–1951)*, Vigo, Xerais, 2022, pp. 175 – 179.

[486] C/115/37, anverso f. 429 (ca. 18, f. Pontevedra, AIMNOR).

[487] *El Diario de Pontevedra*, 12/07/1937, p. 2.

[488] «Administración de justicia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 221, 08/08/1940, pp. 3667 – 3680. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1940/221/C03667-03680.pdf [últ. consulta o 07/06/2022].

[489] «Orden por la que se concede libertad condicional provisional a ciento ochenta y tres penados», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 287, 14/10/1941, pp. 7967 – 7968. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1941/287/A07967-07968.pdf [últ. consulta o 07/06/2022].

[490] *El Correo Gallego*, 27/08/1944, p. 3.

[491] O concepto de *salvados integrados* foi explorado en maior detalle en Buxeiro, Xabier; Cidrás, Aldara; García, Rafael; López, Conchi: "La modulación de la violencia en la retaguardia de la guerra civil española (1936 – 1939). De 'víctimas potenciales' a 'salvados integrados'", en Moreno Seco, Mónica (coord.); Fernández Sirvent, Rafael; Gutiérrez Lloret, Rosa Ana (eds.): *Del siglo XIX al XX. Tendencias y debates. Actas del XIV Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, Alacante, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2019, pp. 1894 – 1905.

Como vemos, no termo municipal de Pontevedra, o golpe de Estado de 1936 non trouxo consigo unha importante renovación do persoal xudicial; isto é, ningún foi cesado en relación ao éxito da sublevación na cidade. Moi pola contra, algúns foran apartados dos seus postos nos anos anteriores por posicións antirrepublicanas e moitos deles tiveron un rol activo na colaboración cos sublevados, mesmo integrando as milicias cidadás paramilitares da Garda Cívica e Falanxe. Si houbo, non obstante, lugares onde a toma do poder polos golpistas veu acompañada de destitucións de funcionarios xudiciais, ao igual que xa estaba a acontecer entre o cadro de persoal doutros organismos e que despois levaría a cotas masivas o Decreto núm. 108 do 13 de setembro[492]. Na esfera da xustiza municipal, isto fíxose en base ao establecido no Decreto núm. 91 de 2 de setembro de 1936 da Xunta de Defensa Nacional, o cal permitía de forma extraordinaria a destitución de persoal xudicial municipal por motivos de conducta política a proposta do Ministerio Fiscal e a súa substitución por suxeitos máis afíns ao novo poder:

> Artículo primero. Las Salas de Gobierno de las Audiencias Territoriales y Juntas de Gobierno de las Audiencias provinciales enclavadas en territorio sometido al poder del Ejército Nacional y que vaya en lo sucesivo sometiéndose, podrán destituir, sin sujeción a las normas de expedientes hasta ahora vigentes, a los Jueces y Fiscales municipales dependientes de su jurisdicción, *cuya actuación negligente, contraria al movimiento nacional, o poco patriótica, aconseje tal medida*, nombrando para sustituir a los destituidos a aquellas personas que reuniendo las condiciones legales exigidas en cada caso, sean consideradas más aptas para el desempeño de dichos cargos.[493]

Esta foi a única normativa depuradora do novo réxime decretada de forma específica para persoal xudicial, a diferenza doutros corpos, como o da maxistratura[494]. A purga administrativa no eido da xustiza faríase segundo aos preceptos do Decreto núm. 108, o cal englobaba ao funcionariado xudicial en tanto que empregados públicos; porén, sinala Mónica Lanero, o seu carácter impreciso fixo necesaria a aprobación de novas disposicións máis concretas para as profesións xurídicas[495]. Sexa como for, temos exemplos de destitucións de acordo á fórmula estipulada no Decreto núm. 91 nos Xulgados Municipais do Grove, Moraña, Barro, Cuntis, Portas, Valga, Caldas, Pontecesures, Oia, Tomiño, A Guarda, Cotobade, Pontesampaio, Soutomaior, Mos, Pazos de Borbén, Covelo, Arbo, Salvaterra do Miño, Ponteareasa, As Neves, Modariz-Balneario, Nigrán, Baiona, Lavadores, Xeve, Poio, Vilaboa, Cerdedo, A Estrada, Forcarei, Dozón, Agolada, Lalín, Silleda, ou Rodeiro[496]. Trátase dunha lista en absoluto nimia, aínda que é preciso puntualizar que nin tódolos xuíces de acervo liberal foron apartados dos seus postos, nin todos aqueles que si o foron estiveron vetados para sempre da carreira xudicial.

---

[492] *El Ideal Gallego*, 19/08/1936, p. 3. *El Progreso*, 22/08/1936, p. 2. O Decreto núm. 108 do 13 de setembro de 1936 será estudado de forma pormenorizada no capítulo 8.

[493] «Decreto núm. 91. Dictando normas a las que haya de sujetarse provisionalmente la organización de la Justicia Municipal», *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, núm. 16, 05/09/1936, p. 62. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/016/J00062-00062.pdf [últ. consulta o 07/06/2022]. Cursiva nosa.

[494] Sobre a depuración de mestres e mestras na provincia de Pontevedra, consultar Porto Ucha, Ángel Serafín; Vázquez Ramil, Raquel: *Represión e deputación do maxisterio na provincia de Pontevedra. Análise teórica e estudo por partidos xudiciais, concellos e parroquias (1936 – 1942)*, Santiago de Compostela, Andavira, 2021. Para a trama xeral das depuracións do funcionariado tralo golpe en todo o Estado, ver a obra colaborativa coordinada por Cuesta, Josefina (dir.): *La depuración de funcionarios bajo la dictadura franquista (1936 – 1975)*, Madrid, Fundación Largo Caballero, 2009.

[495] Lanero Táboas, Mónica: *Una milicia de la justicia. La política judicial del franquismo (1936 – 1945)*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales, 1996, p. 217. Ver tamén Fernández-Crehuet López, Federico: *Jueces bajo el franquismo. Once historias (y una nota sobre la depuración de los funcionarios judiciales)*, Granada, Comares, 2011, pp. 109 – 111.

[496] *El Progreso*, 25/10/1936, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 29/10/1936, p. 9. *El Pueblo Gallego*, 01/11/1936, p. 9.

Existe a este respecto un consenso na literatura especializada arredor da socioloxía tradicionalmente conservadora da maxistratura, das súas simpatías ao novo réxime e na consecuente inferior taxa de depuración en comparación con outras profesións. Mónica Lanero presume nun 14% a cantidade de membros da carreira xudicial que sufriron algún tipo de sanción entre 1936 e 1944, dos cales a meirande parte volveron ao exercicio da xudicatura durante o franquismo[497]. Unha tendencia xeral, emporiso, non carente das súas excepcións, como é natural. Ora ben, esta porcentaxe só incluiría aos membros da carreira xudicial, polo que non contabilizaría aos xuíces municipais, leigos; aínda que, no caso de Pontevedra na cronoloxía dada, a meirande parte tiña estudos en dereito e fixo da participación na administración de xustiza a súa profesión. Esta característica fíxoos obxecto de múltiples polémicas —particularmente nos momentos de cambio de réxime, como vimos— e susceptibles de destitucións depuradoras orientadas a manter ou quebrar lealdades.

Por outra banda, a propia condición do *vir bonus* non deixa de ser unha construción social que depende intrinsecamente da ideoloxía dominante, que é a que define quen son —ou non— persoas *de orde*. Como non ía, polo tanto, mudar a concepción daqueles «hombres buenos» —é dicir, homes de confianza— que debían encargarse dos Xulgados Municipais despois do 18 de xullo? Así as cousas, non sorprende que este grupo merecese a atención dos golpistas dende os primeiros momentos, máis aínda cando sobre os xuíces municipais recaía de xeito interino a tutela dos Xulgados de Primeira Instancia e Instrución ante a habitual ausencia dos xuíces titulares letrados pola conxuntura bélica. O interese sobre este chanzo inferior da administración de xustiza prolongarase nos seguintes anos e acabará derivando nunha reforma da súa estrutura mediante a Lei de Bases da Xustiza Municipal do 19 de xullo de 1944[498]. Retomaremos en capítulos posteriores a cuestión da socioloxía dos xuíces e a súa depuración.

4.2.2. O persoal do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra

Sobre o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra si dispoñemos das suficientes fontes como para estudar de xeito máis detallado o seu comportamento entre 1930 e 1942 e as mudanzas que o golpe e a guerra civil puideron introducir. Exporemos en primeiro lugar unhas estatísticas para o conxunto do período, que despois analizaremos polo miúdo diferenciando tres etapas: aquela que vai de 1930 a 1936, de 1936 a 1939 e de 1939 a 1942. Mais, antes, vexamos quen foron os actores principais deste órgano xurisdicional na cidade.

[497] Esta estimación non está moi afastada do 5% de xuíces depurados aos que se refiren Cano Bueso e Toharia na inmediata posguerra. Outras investigacións, se ben non acertan en dar datos xerais para o conxunto do Estado, si coinciden no perfil conservador de xuíces e maxistrados que lles tería beneficiado co cambio de réxime, aínda que non sen excepcións. Afondaremos nesta cuestión no capítulo 9. Lanero: *Una milicia de…*, 1996, p. 248. Cano Bueso, Juan: *La política judicial del régimen de Franco (1936 – 1945)*, Madrid, Centro de Publicaciones del Ministerio de Justicia, 1985, p. 124. Toharia, José Juan: *El Juez español. Un análisis sociológico*, Madrid, Tecnos, 1975, p. 197.

[498] O seu estudo queda fóra do noso marco de investigación por cuestión cronolóxicas, mais recomendamos novamente a analítica revisión que fai Mónica Lanero sobre a nova organización da Xustiza Municipal en Lanero: *Una milicia de…*, 1996, pp. 191 – 196.

Táboa 5. Xuíces titulares de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra (1930 – 1942)

Fausto García y García	Outubro 1928 – xuño 1931
José María Suárez Vence	Xuño 1931 – febreiro 1933
Serapio del Casero Menéndez	Febreiro 1933 – febreiro 1951

Fonte: procedementos xudiciais, diarios oficiais e prensa histórica.

O primeiro **xuíz de Primeira Instancia** coa praza en propiedade da nosa mostra é Fausto García y García, quen é trasladado en outubro de 1928 dende Verín, onde servía dende había catro anos[499]. Non está moito tempo en Pontevedra, pois en xuño de 1931 é promovido á categoría de maxistrado de Audiencia Provincial e trasladado á de Santa Cruz de Tenerife[500]. A data na que se produce o seu cese en Pontevedra non debe, como vemos, confundirnos co caso dos xuíces municipais substituídos coa chegada da República, xa que a normativa á que fixemos referencia no epígrafe anterior só era de aplicación municipal; pola contra, Fausto García non é separado do cargo, senón que é ascendido a unha praza de maior rango. Nos seguintes anos volverá a cambiar de destino con asiduidade: primeiro á Audiencia Provincial de Lugo e despois á Territorial de Oviedo, para en marzo do 37 entrar como maxistrado interino na Territorial da Coruña e en xaneiro do 38 ser nomeado presidente da Provincial de Zamora, onde semella asentarse[501]. Podemos interpretar, entón, a súa breve etapa en Pontevedra como un destino de paso, sen que podamos identificar unha especial vinculación coa vida política e social na cidade.

Moi diferente é o caso do xuíz que substitúe a Fausto García, José María Suárez Vence. Tampouco estará moito ao cargo do Xulgado de Primeira Instancia, só de apenas ano e medio, mais a súa implicación coa cidade excederá con creces este lapso de tempo. Nado na Baña en 1889 e licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela en 1915, comeza a súa carreira profesional en 1920 en Caldas de Reis, rotando a partir de entón como xuíz de varios xulgados galegos como o de Caldas de Reis, Negreira, Ponteareas, Viveiro ou Padrón, así como o da localidade turolense de Alcañiz. Ata xuño de 1931, cando Suárez Vence chega a Pontevedra[502].

[499] *El Diario de Pontevedra*, 05/11/1928, p. 3. «Real orden trasladando al Juzgado de primera instancia de Pontevedra a don Fausto García y García, Juez de primera instancia, de término, que sirve el de Verín», *Gaceta de Madrid*, núm. 276, 02/10/1928, p. 30. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1928/276/A00030-00030.pdf [últ. consulta o 07/06/2022]. «Real orden trasladando al Juzgado de primera instancia de Verín a D. Fausto García y García, que sirve el de Gandesa», *Gaceta de Madrid*, núm. 15, 15/01/1924, pp. 232 – 233. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1924/015/A00232-00233.pdf [últ. consulta o 07/06/2022].

[500] *El Progreso*, 23/10/1915, p. 1. *Vanguardia Gallega*, 01/09/1932, p. 4. «Decreto promoviendo en el turno primero a la categoría de Magistrado de Audiencia provincial a don Fausto García y García», *Gaceta de Madrid*, núm. 165, 14/06/1931, p. 1369. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/165/A01369-01369.pdf [últ. consulta o 07/06/2022].

[501] «Decreto nombrando Magistrado de la Audiencia de Lugo a D. Fausto García García», *Gaceta de Madrid*, núm. 243, 30/08/1932, p. 1546. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/243/A01546-01546.pdf [últ. consulta o 07/06/2022]. «Decreto nombrando para la plaza de Magistrado de la Audiencia territorial de Oviedo a D. Fausto García y García», *Gaceta de Madrid*, núm. 47, 16/02/1934, p. 1275. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1934/047/A01275-01275.pdf [últ. consulta o 07/06/2022]. «Orden.-Nombrando, con carácter interino, Magistrado de la Audiencia Territorial de La Coruña, a D. Fausto García García», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 149, 18/03/1937, p. 730. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/149/A00730-00730.pdf [últ. consulta o 07/06/2022]. «Orden nombrando Presidente de la Audiencia provincial de Zamora a don Fausto García García», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 457, 21/01/1938, p. 5355. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1938/457/A05355-05355.pdf [últ. consulta o 07/06/2022]. *El Correo de Zamora*, 03/04/1940, p. 2.

[502] Expediente persoal núm. 17.056, sen foliar (AGMJ). «Real orden trasladando al Juzgado de primera instancia de Puenteareas a D. José María Suárez Vence, que sirve el de Negreira», *Gaceta de Madrid*, núm. 18, 18/01/1924, p. 286. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1924/018/A00286-00286.pdf [últ. consulta o 07/06/2022]. «Real

En febreiro do 33 deixa o Xulgado de Primeira Instancia, pero non se muda da cidade: é ascendido como maxistrado á Audiencia Provincial da propia capital, ocupando a praza vacante que deixara Manuel Parrilla trala súa xubilación e sendo gabado polo seu «celo» e «rectitud»[503]. Aquí será onde realmente consolide a súa carreira, permanecendo na Audiencia durante case 25 anos, sendo presidente da mesma dende 1941 —anteriormente xa o fora de xeito interino durante as ausencias de Ildefonso Baquero Pérez e de forma continuada tralo seu falecemento no 39—[504]. Namentres, destacouse por cometidos específicos alén do servizo na Audiencia, nomeado pola Territorial da Coruña como xuíz especial en casos concretos[505].

Se ben non logramos identificar a posición política de Suárez Vence durante a etapa republicana, tan pronto como o 19 de agosto aparece nas listas de donativos recollidos para o Exército sublevado; dende entón ata o 31 de xullo do ano seguinte entregará 517 pesetas —unha cifra importante, mais moi afastada doutras como as máis de 3.500 pesetas doadas polos irmáns Enrique e Patricio Marescot Iglesias— á conta da *Junta pro-defensa de la Patria* coordinada na cidade por Rosa Fernández Conde, presidenta das *margaritas* da Comunión Tradicionalista pontevedresa[506]. A comezos de 1937, é designado para a Comisión Provincial de Incautación de Bens de Pontevedra en compañía do gobernador civil e o avogado do Estado Benito V. Artime[507]. En 1940, intégrase na Comisión de Revisión de Penas[508]. No obstante, del dirá Gonzalo Adrio Barreiro, familiar de vítimas do golpe, que garda «un gran recuerdo» pola súa «figura ejemplar»[509]. En contraposición, Suárez Vence terá un papel máis escuro na depuración de Fermín Bouza Brey[510].

Debido ao seu rol como maxistrado, tanto antes como, sobre todo, despois de ser nomeado presidente da Audiencia no 41, será unha figura importante na multitude de actos públicos e comitivas sociais de toda índole, particularmente aquelas políticas,

---

orden promoviendo al Juzgado de primera instancia de Alcañiz a don José María Suárez Vence, Juez de primera instancia e instrucción de Puenteareas», *Gaceta de Madrid*, núm. 85, 26/03/1926, p. 1579. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1926/085/A01579-01579.pdf [últ. consulta o 07/06/2022]. «Real orden trasladando al Juzgado de primera instancia de Vivero a don José María Suárez Vence, que sirve igual cargo en el de Alcañiz», *Gaceta de Madrid*, núm. 161, 10/06/1926, p. 1462 Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1926/161/A01462-01462.pdf [últ. consulta o 07/06/2022]. «Real orden nombrando para el Juzgado de primera instancia de Padrón a D. José María Suárez Vence», *Gaceta de Madrid*, núm. 185, 04/07/1926, p. 90. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1926/185/A00090-00090.pdf [últ. consulta o 07/06/2022]. «Órdenes relativas a traslados, ascensos y nombramientos de Jueces de primera instancia», Gaceta de Madrid, núm. 183, 02/07/1931, pp. 53 – 61. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/183/A00053-00061.pdf [últ. consulta o 07/06/2022].

[503] *El Ideal Gallego*, 27/01/1933, p. 5. *El Ideal Gallego*, 01/02/1933, p. 3. «Decretos relativos a separación del servicio, jubilaciones, casos, ascensos, nombramientos y traslados de los funcionarios de la Carrera judicial que se mencionan», *Gaceta de Madrid*, núm. 27, 27/01/1933, pp. 642 – 674. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1933/027/A00642-00674.pdf [últ. consulta o 07/06/2022].

[504] «Decretos de 27 de marzo de 1941 por los que se nombran Presidentes de las Audiencias Provinciales de Santander y Pontevedra a los señores que se citan, Magistrados de ascenso», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 100, 10/04/1941, p. 2423. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1941/100/A02423-02423.pdf [últ. consulta o 07/06/2022]. *El Pueblo Gallego*, 06/11/1935, p. 13. *El Pueblo Gallego*, 10/05/1941, p. 3.

[505] Comprobamos, en concreto, o encargo especial da investigación xudicial en dúas ocasión por sucesos acaecidos en Tui en 1932 e Vilagarcía en 1934. *El Progreso*, 07/07/1932, p. 3. *Vida Gallega*, 30/08/1934, p. 44.

[506] Nesa mesma data, o Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra ingresa 250 pesetas no Banco Hispano para a causa. *El Diario de Pontevedra*, 19/08/1936, p. 4. *El Diario de Pontevedra*, 16/08/1937, p. 1. Álvarez Castro, Xosé: *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936–1939)*, Vigo, Xerais, 2013, p. 15.

[507] *El Diario de Pontevedra*, 30/01/1937, p. 2. A labor da Comisión Provincial de Incautación de Bens de Pontevedra é tratada con maior detalle no capítulo 8.

[508] Expediente persoal núm. 17.056, sen foliar (AGMJ).

[509] Adrio Barreiro, Gonzalo: *Sin odio, sin rencor, pero el recuerdo vivo*, Sada, Ediciós do Castro, 2004, p. 405 e p. 411.

[510] Este será visto con máis detalle ao falar do caso concreto de Bouza Brey, no capítulo 5. Expediente de depuración núm. 14.766, sen foliar (AGMJ).

relixiosas e de conmemoración militar de maior solemnidade da vida local e provincial[511]. Dirixirá a xunta parroquial de Acción Católica de Santa María a Maior e, en tanto que presidente da Audiencia, substituirá accidentalmente ao gobernador civil cando este teña que ausentarse de Pontevedra[512].

Pola súa distinguida e continuada labor, «[e]n atención a los méritos y circunstancias que concurren en don José Suárez Vence», o Ministerio de Xustiza concederalle o 23 de xaneiro de 1956 a Cruz de Honra de San Raimundo de Peñafort, acto que será aproveitado polo ministro carlista Antonio Iturmendi Bañales para presidir a inauguración do novo Pazo da Xustiza da cidade, no solar do antigo cárcere provincial[513]. Este recoñecemento viría sumarse a outros como o da medalla ao Mérito Militar, a declaración de fillo adoptivo de Pontevedra, e a Medalla da Cidade de Vigo[514]. Ao pouco, en xullo do 57, por proposta directa do ministro de Xustiza Iturmendi e visto bo de Fraanco —fórmula rituaria dos ascensos—, dará o salto ao Tribunal Supremo como maxistrado da súa Sala Quinta, praza creada apenas unhas semanas antes[515]. Serviu no Supremo ata a súa xubilación no verán 1964, recibindo aos meses a Gran Cruz de San Raimundo de Peñafort[516]. Falecerá en Madrid o 20 de maio do 68[517].

[511] Un feixe deles atopámolos na seguinte escolma hemerográfica: *El Pueblo Gallego*, 01/09/1936, p. 1. *El Pueblo Gallego*, 28/10/1936, p. 7. *El Diario de Pontevedra*, 27/03/1937, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 03/11/1937, p. 9. *El Diario de Pontevedra*, 21/07/1938, p. 2. *Martín Códax*, 01/08/1938, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 03/10/1939, p. 5. *El Pueblo Gallego*, 24/10/1939, p. 7. *La Región*, 05/04/1940, p. 5. *El Pueblo Gallego*, 09/04/1940, p. 7. *El Pueblo Gallego*, 24/05/1940, p. 5. *El Pueblo Gallego*, 13/08/1940, p. 6. *El Pueblo Gallego*, 24/09/1940, p. 9. *El Pueblo Gallego*, 13/10/1940, p. 6. *El Correo Gallego*, 12/04/1941, p. 3. *El Correo Gallego*, 05/06/1941, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 17/09/1941, p. 4. *La Región*, 12/11/1941, p. 4. *El Correo Gallego*, 15/10/1942, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 02/04/1943, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 11/03/1942, p. 5.

[512] *El Ideal Gallego*, 19/07/1941, p. 3. *El Correo Gallego*, 30/07/1942, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 20/04/1943, p. 6.

[513] Na actualidade, o edificio construído segue a funcionar como Pazo da Xustiza, sito na intersección da rúa Rosalía de Castro e a avenida Raíña Vitoria Uxía (se ben foi necesario ampliar os xulgados da cidade na zona da Parda); asemade, tamén conta con sede en Vigo para as seccións quinta e sexta. No mesmo acto, Iturmendi outorgaría tamén ao presidente do Colexio de Avogados da cidade, Antonio Marescot Iglesias, a Medalla de Ouro ao mérito á Xustiza. *La Región*, 16/09/1956, p. 1. «Orden de 23 de enero de 1956 por la que se concede la Cruz de Honor de San Raimundo de Peñafort a don José Suárez Vence Presidente de la Audiencia Provincial de Pontevedra», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 50, 19/02/1956, p. 1150. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1956/050/A01150-01150.pdf [últ. consulta o 07/06/2022]. *El Pueblo Gallego*, 16/04/1948, p. 1. *El Pueblo Gallego*, 13/09/1956, p. 9.

[514] *El Pueblo Gallego*, 30/03/1949, p. 2. *La Noche*, 16/07/1957, p. 6.

[515] «Ascensos.- Decreto de 11 de julio de 1957 por el que se dispone el de don José María Suárez para la plaza de Magistrado de la Sala 5ª del Tribunal Supremo», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 196, 01/08/1957, p. 3629. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1957/196/B03629-03629.pdf [últ. consulta o 07/06/2022].

[516] Expediente persoal núm. 17.056, sen foliar (AGMJ).

[517] *ABC Madrid*, 21/05/1968, p. 131.

Imaxe 8. Suárez Vence como presidente da Audiencia (1948, esq.) e fotografía da fachada principal da nova Audiencia (1954, der.)

José María Pemán.—(Cifra.) | Jiménez».

PONTEVEDRA.—El presidente de la Audiencia provincial, Sr. Suárez Vence, leyendo un discurso en el agasajo de gratitud al presidente de la Diputación y al alcalde de la capital con motivo de la cesión del solar para edificación de un palacio de Justicia en el lugar que hoy ocupa la Prisión Provincial

Fonte: El Pueblo Gallego*, 16/04/1948, p. 1 (*Galiciana*) e* ATOPO (f. Joaquín Pintos).

Trala promoción de Suárez Vence á Provincial en febreiro de 1933, pasa a desempeñar o cargo vacante no xulgado de Primeira Instancia da cidade Serapio del Casero Menéndez. Nado en Tineo (Asturias) en 1892, previamente estivera exercendo en Viana do Bolo e Betanzos, entre outros[518]. Serve ininterrompidamente na praza de Pontevedra ata que é ascendido en 1945 á Audiencia Territorial de Oviedo, cuxa Sala do Civil presidirá trala súa creación[519]. Será este o cargo no que se manteña ata o seu falecemento en 1953[520].

En tanto que xuíz de Primeira Instancia e Instrución, terá que tramitar os sumarios de delitos do penal cuxa resolución sería logo fallada na Audiencia Provincial, algúns de particular interese mediático na cidade do Lérez como o asasinato de Secundino Esperón[521]. Ao igual ca no caso do maxistrado Suárez Vence, del Casero non se involucra abertamente en política durante a etapa democrática, sen que a análise hemerográfica ofreza información concluínte sobre as súas afinidades partidistas. Porén, sabemos que en certo modo tomou parte das novas dinámicas sociais posteriores ao 18 de xullo, por

[518] Expediente persoal núm. 14.298, sen foliar (AGMJ). «Real orden trasladando al Juzgado de primera instancia de Viana del Bollo a D. Serapio del Casero Menéndez, que sirve el de Yeste», *Gaceta de Madrid*, núm. 18, 18/01/1924, p. 285. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1924/018/A00285-00285.pdf [últ. consulta o 08/06/2022]. «Órdenes nombrando para los Juzgados que se indican a los señores que se mencionan», *Gaceta de Madrid*, núm. 57, 26/02/1933, pp. 1555 – 1558. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1933/057/A01555-01558.pdf [últ. consulta o 08/06/2022].

[519] *El Pueblo Gallego*, 21/02/1945, p. 3. «Decretos de 3 de febrero de 1945 por los que se nombran Magistrados de las Audiencias Territoriales de Oviedo y Valladolid a don Serapio del Casero Menéndez y don Juan Palacios Berges», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 46, 15/02/1945, p. 1300. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1933/057/A01555-01558.pdf [últ. consulta o 08/06/2022]. «Decreto de 9 de febrero de 1951 por el que se nombra para la plaza de Presidente de la Sala de lo Civil de la Audiencia Territorial de Oviedo a don Serapio del Casero Menéndez, Magistrado de ascenso, que sirve su cargo en la misma Audiencia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 71, 12/03/1951, p. 1075. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1951/071/A01075-01075.pdf [últ. consulta o 08/06/2022].

[520] Expediente persoal núm. 14.298, sen foliar (AGMJ). *El Pueblo Gallego*, 12/02/1953, p. 6. «Decreto de 25 de abril de 1953 por el que se nombra, para la plaza de Presidente de la Sala de lo Civil de la Audiencia Territorial de Oviedo a don Carlos Alvarez Martínez, Magistrado de ascenso», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 143, 23/05/1953, p. 3038. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1953/143/A03038-03038.pdf [últ. consulta o 08/06/2022].

[521] Este feito foi estudado en maior detalle no capítulo 3. Non sería, por suposto, o único. Tiveron tamén relevancia en prensa as dilixencias practicadas na instrución do sumario 306/942 por suposto homicidio ao aparecer en Lourizán un cadáver sen identificar repleto de tatuaxes. *El Diario de Pontevedra*, 19/05/1936, p. 2. *El Diario de Pontevedra*, 20/05/1936, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 06/11/1942, p. 4. *El Ideal Gallego*, 26/11/1942, p. 3.

exemplo facendo entrega de diversos donativos para o Exército nacional, se ben bastante menos xenerosas cas do anterior caso[522].

Máis notoriamente, debido ao seu cargo, foi peza do esquema de violencia económica contra o inimigo político designado polos sublevados. Primeiro, por delegación do goberno militar da praza de Pontevedra para a aplicación do decreto núm. 108 da Xunta de Defensa Nacional do 13 de setembro de 1936: en calidade de xuíz de Primeira Instancia fóralle encargada a misión de tramitar algúns dos expedientes de expropiación contra veciños aos que lles foran declaradas responsabilidades civís en procesos militares, tendo que instruír o embargo dos seus bens, a súa taxación pericial e a poxa pública[523]. Asemade, actuará como xuíz especial na instrución de expedientes depurativos doutros membros da carreira xudicial[524]. Esta actividade multiplícase coa introdución das Comisións Provinciais de Incautación de Bens segundo o ordenado polo Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937, sendo nomeado xuíz instrutor dos expedientes de incautación de bens[525]. Tamén formou parte como vogal da chamada Xunta de Defensa Pasiva, unha organización civil a nivel local que se reproduciu en outras localidades da España sublevada para organizar recursos humanos e económicos de cara a previr as consecuencias de posibles ataques aéreos[526]. Non obstante, a súa presencia pública, incluso despois do 18 de xullo, foi exponencialmente inferior ca dos maxistrados da Audiencia Provincial —en consonancia co seu menor rango—.

Dentro do universo xurisdicional establecido en Pontevedra, nunha primeira impresión poderíamos pensar que o xuíz del Casero fose o que máis minguadas viu as súas atribucións a nivel individual tralo golpe, cando o estado de guerra aumentou as competencias da xurisdición castrense en detrimento das ordinarias: mentres que a Audiencia Provincial era un órgano colexiado, o Xulgado de Primeira Instancia era unipersoal. Porén, polo art. 5 do bando de guerra, establécese que son os delitos contra a orde pública os que quedan sometidos á xustiza militar, os cales, pola súa natureza penal, eran coñecidos polas Audiencias[527]. Así, mentres os xuíces municipais eran substituídos —naqueles sitios onde a súa fidelidade ao *Movimiento Nacional* era dubidosa— e as potestades das Audiencias eran diminuídas, a xurisdición civil foi a menos alterada. Case ao contrario, como vimos no caso do xuíz del Casero, aumenta a súa labor, principalmente debido á (pseudo)xurisidición de incautación de bens entre 1936 e 1939, logo oficialmente xudicializada como de Responsabilidades Políticas e con órganos propios.

Os xuíces García y García, Suárez Vence e del Casero Menéndez foron os máximos responsables do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra entre

[522] *El Diario de Pontevedra*, 14/09/1936, p. 2. *El Diario de Pontevedra*, 09/10/1936, p. 2. *El Diario de Pontevedra*, 11/12/1936, p. 2.

[523] Recordamos, de novo, que o estudo do proceso de incautación de bens é examinado integramente no capítulo 8; a súa mención neste apartado non pretende a súa explicación detallada, senón entender a dimensión auxiliar da violencia daquelas persoas con responsabilidade na administración de xustiza. Interesa, non obstante, sinalar como os anuncios públicos de poxa xudicial non se diferenciaban en moito daqueles procedementos sen motivación política: por exemplo, no caso do comerciante e político Víctor Moldes Carro, quen fora fusilado o 17 de abril de 1937, non se fai mención ningunha á súa actuación "contraria al Movimiento Nacional" (á cal si se facía referencia noutras publicacións), polo que podería semellar unha amoeda calquera. *El Diario de Pontevedra*, 12/08/1937, p. 3. *El Diario de Pontevedra*, 31/08/1937, p. 3. *El Diario de Pontevedra*, 11/09/1937, p. 1. *El Diario de Pontevedra*, 16/09/1937, p. 1. *El Diario de Pontevedra*, 05/10/1937, p. 4. *El Diario de Pontevedra*, 29/03/1938, p. 3.

[524] Na nosa mostra, instruirá os expedientes de Emilio Bartolomé Lojo e Fermín Bouza Brey (expedientes de depuración núm. 15.166 e 14.766, 1937, AGMJ).

[525] *El Progreso*, 19/02/1937, p. 3.

[526] *El Correo Gallego*, 25/02/1939, p. 2.

[527] «Bando. Haciendo extensivo a todo el territorio nacional el Estado de Guerra declarado ya en determinadas provincia», *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*,
núm. 3, 30/07/1936, pp. 9 a 10. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/003/J00009-00010.pdf [últ. consulta o 08/06/2022].

1930 e 1942. Poderíamos sumar á lista os xuíces municipais cabezas de circunscrición enumerados no anterior epígrafe que, segundo o art. 69 LPOPX de 1870, tiñan a capacidade e obriga de cubrir accidentalmente as vacantes dos titulares de Primeira Instancia, sempre e cando posuísen a licenciatura en Dereito —os cales, na nosa mostra, eran todos excepto Vázquez Lescaille—[528].

Unha diferenza que observamos entre aqueles xuíces municipais, leigos, e os de Primeira Instancia, de carreira, é a expresión da súa posición política. No primeiro caso, vimos como varios deles estaban abertamente implicados en política e a maioría dos que quedaron en Pontevedra tralo golpe de Estado se inscribiron en milicias cidadás de apoio aos sublevados, como a Garda Cívica. A este respecto, o máis emblemático talvez sexa o caso de Riestra Calderón, quen compaxinaba a súa labor como xuíz municipal —e, cando era preciso, de Primeira Instancia— cos seus servizos de garda en Falanxe durante a guerra. Pola contra, o comportamento dos xuíces titulares de Primeira Instancia é outra. A ningún deles fomos quen de atribuírlle unha militancia concreta na etapa prebélica, e non nos consta que participasen en ningún destes grupos paramilitares, alén das recorrentes entregas de donativos pola *Causa Nacional* e dunha moi probable afiliación a Falanxe como partido único, sobre todo segundo pasen os anos. Mais estas dificultades de situar politicamente a estes suxeitos non sorprenden, posto que o art. 7 da LPOPX lles prohibía explicitamente calquera tipo de exhibición política pública:

> Art. 7.° No podrán los Jueces, Magistrados y Tribunales: …
>
> 5.° Mezclarse en reuniones, manifestaciones u otros actos de carácter político, aunque sean permitidos a los demás españoles.
>
> 6.° Concurrir en cuerpo, de oficio o en traje de ceremonia á fiestas o actos públicos, sin más excepción que cuando tengan por objeto cumplimentar al Monarca o al Regente del Reino, o cuando el Gobierno expresamente lo ordenare.

Para Mónica Lanero, isto é un claro exemplo do apoliticismo ao que se alentaba á xudicatura, «entendido no como carencia de ideología … sino de adscripción a un partido o facción concretos dentro del espectro político conservador», en prol da pretendida independencia xudicial. Porén, como vimos, a ditadura —xa dende o seu estadio máis embrionario, durante o golpe e a guerra— mantén o relato do apoliticismo da xudicatura, que non de neutralidade perante os *males de España*, á vez que estimula a presencia das autoridades xudiciais en actos performativos de lealdades á causa golpista primeiro e franquista despois.

Táboa 6. Secretarios de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra (1930 – 1942)

Andrés López Martín	Xuño 1928 – marzo 1937
Jesús Cristín Castro (interin.)	Marzo 1937 – maio 1937
Francisco Castro Artime	Maio 1937 – outubro 1938
Miguel Álvarez Montesinos (interin.)	Outubro 1938 – maio 1941
Jesús Cristín Castro (interin.)	Maio 1941 – marzo 1942
Antonio Mosquera Leirado (interin.)	Marzo 1942 – novembro 1946

Fonte: procedementos xudiciais, diarios oficiais e prensa histórica.

[528] «Ley provisional de 15 de septiembre de 1870 sobre organización del Poder Judicial», *Gaceta de Madrid*, núm. 258, 15/09/1870, pp. 2 – 5. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1870/258/A00002-00005.pdf [últ. consulta o 08/06/2022].

Tamén podemos facer un seguimento máis ou menos continuado das liñas de vida dos **secretarios xudiciais** do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, tamén tres para o noso caso de estudo; malia que, como vemos na táboa anterior, fosen todos interinos excepto o primeiro. Este é Andrés López Martín, doutor en Dereito —título co que lle gustaba asinar os expedientes xudiciais—, quen é nomeado para a secretaría xudicial de Primeira Instancia de Pontevedra en xuño de 1928 despois de servir nove anos na de Mondoñedo[529]. Permanecerá no exercicio do cargo xunta os xuíces García, Suárez Vence e del Casero ata o seu falecemento en marzo de 1937 debido a un infarto[530]. Tralo golpe e ata entón, realizará algún donativo de roupa para os combatentes na fronte, sen que estes se destaquen particularmente pola súa asiduidade ou cantidade[531]. Para amosar o nutrido grupo de vínculos interpersoais entre as persoas veciñas desta, á fin de contas, pequena capital de provincia que era a Pontevedra dos anos 30, podemos apuntar que López Martín era consogro de Xerardo Álvarez Limeses, xa que o seu fillo Justo López Blanco estaba casado con Enriqueta Álvarez Gallego —irmá de Amalia e, polo tanto, cuñada de Alexandre Bóveda—. Justo, que falecería nun accidente de coche no 35, era secretario xudicial nun municipio da provincia, ao igual que os demais fillos de López Martín[532].

Para ocupar a praza vacante polo falecemento de Andrés López Martín, vén Jesús Cristín Castro. Oficial habilitado do Xulgado de Instrución de Pontevedra, ata entón estivera traballando como secretario xudicial en lugares como Caldas de Reis ou Lalín[533]. Non é, non obstante, titular da praza, senón que asumirá accidentalmente o cargo, de acordo á súa condición de oficial habilitado. Xa aparece como secretario interino nun procedemento voluntario o 8 de marzo de 1937, apenas tres días despois do pasamento de López Martín; namentres, encargárase das tarefas da secretaría o xuíz municipal suplente Manuel Vega[534]. Mantívose na interinidade do cargo durante un par de meses, pero ficou no xulgado de Pontevedra como secretario suplente ata 1942, cando deixa a cidade en marzo[535]. Despois perdémoslle o rastro durante uns anos ata atopalo no xulgado de Primeira Instancia de Hervás (Cáceres), trasladándose posteriormente a Arzúa e Ordes[536].

Oriúndo de Catoira, dende onde realiza aportacións económicas para o Exército Nacional tralo golpe de Estado, toma posesión da praza de secretario xudicial de

[529] *El Progreso*, 06/06/1928, p. 3. *El Ideal Gallego*, 13/06/1928, p. 4. «Real orden nombrando para la Secretaría del Juzgado de primera instancia e instrucción de Pontevedra a don Andrés López Martín, Secretario judicial de Mondoñedo», *Gaceta de Madrid*, núm. 155, 03/06/1928, p. 1283. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1928/155/A01283-01283.pdf [últ. consulta o 09/06/2022].
[530] Expediente persoal núm. 13.548, sen foliar (AGMJ). *El Diario de Pontevedra*, 06/03/1937, p. 3.
[531] *El Progreso*, 29/09/1936, p. 1.
[532] *El Ideal Gallego*, 19/04/1929, p. 5. *El Pueblo Gallego*, 30/04/1935, p. 12.
[533] *Vida Gallega*, 30/01/1932, p. 48. El *Pueblo Gallego*, 12/12/1930, p. 11. *El Progreso*, 17/01/1932, p. 3.
[534] Procedemento 19/937 (ca. sn. 1937, 1 – 35, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo).
[535] No transcurso dos procedementos 33/942 e 41/942 asistimos ao cambio na secretaría xudicial (ca. 62, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo). «Administración de justicia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 61, 02/03/1942, pp. 1188 – 1192. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1942/061/C01188-01192.pdf [últ. consulta o 09/06/2022].
[536] «Administración de justicia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 339, 05/12/1949, pp. 2751 – 2752. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1949/339/C02751-02752.pdf [últ. consulta o 09/06/2022]. «Administración de justicia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 300, 26/10/1952, pp. 2714 – 2716. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1952/300/C02714-02716.pdf [últ. consulta o 09/06/2022]. *La Noche*, 04/09/1957, p. 6. *La Noche*, 02/05/1957, p. 7. No seu caso, tampouco puidemos acceder ao seu expediente persoal (núm. 17.199, AGMJ) sen certificado de defunción.

Pontevedra en maio do 37 Francisco Castro Artime[537]. Era secretario xudicial en Madrid, se ben se atopaba de licencia en Padrón no momento do golpe, presentándose inmediatamente «en [los primeros días del Glorioso Alzamiento de nuestro Ejército] como adicto al movimiento Nacional» ante o comandante militar e xuíz de Primeira Instancia de Padrón, o comandante militar de Santiago e o presidente da Territorial da Coruña[538]. Ante a imposibilidade de retornar a Madrid para reintegrarse no seu servizo, sabemos que solicita á Xunta Técnica do Estado —recalcando en numerosas ocasións o seu leal entusiasmo e adhesión a «nuestra Causa»— exercer en varios xulgados galegos, como os de Vigo, Pontevedra ou Ourense, sendo finalmente na capital pontevedresa onde é chamado a cubrir a vacante[539].

Ao chegar á cidade lerense, asume, ademais das tarefas tradicionais propias do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución, a execución das poxas derivadas dos expedientes de incautación de bens en colaboración co xuíz del Casero —ou Isidoro Lino Sánchez, cando este non estivese—, sendo substituído ocasionalmente polo secretario suplente Jesús Cristín[540]. En outubro de 1938 é trasladado a desempeñar o mesmo cargo en Ourense, falecendo en Catoira aos poucos días[541].

Para ocupar o seu cargo é nomeado Miguel Álvarez Montesinos, natural de Pina de Ebro (Zaragoza) despois de exercer en lugares como Calahorra (A Rioxa), La Bañeza (León), Monforte, Teruel ou Talavera de la Reina (Toledo)[542]. É neste último destino

[537] *El Diario de Pontevedra*, 24/08/1936, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 28/08/1936, p. 8. *El Compostelano*, 28/05/1937, p. 2. *El Diario de Pontevedra*, 29/05/1937, p. 3. Procedemento 50/937 (ca. sn. 1937 47 – 59, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo).

[538] Antes de Madrid, fora secretario no xulgado de Primeira Instancia de Monforte de Lemos, lugar onde se lle abrira en 1925 un expediente denunciado de "pertenecer a una parcialidad política y poner al servicio de ella el cargo que desempeña y haber perdido todo prestigio por efectos de procedimientos criminales que contra él se sigueiron y fueron sobreseídos". Se ben o Tribunal Supremo asegura que "no hay duda que la resolución sería la de que no existen causas para la destitución del Secretario", admite a existencia na vila dun "ambiente de desconfianza … [que] dificulta también la misión de administrar justicia" e aproba a solicitude de Castro de traslado ao estar "asqueado" de Monforte, lugar que é enfatica e misteriosamente caracterizado polo propio xuíz de instrución como "marco de una siniestra historia judicial que, saliendo de los confines de Galicia, logró divulgarse y atraer la atención de cuantos de cosas judiciales se ocupan". Expediente persoal núm. 13.515, atado á parte sen foliar (AGMJ).

[539] Expediente persoal núm. 13.515, sen foliar (AGMJ).

[540] *El Diario de Pontevedra*, 11/09/1937, p. 1. *El Diario de Pontevedra*, 13/08/1937, p. 3. *El Diario de Pontevedra*, 05/10/1937, p. 4. *El Diario de Pontevedra*, 02/07/1938, p. 3.

[541] *El Pueblo Gallego*, 20/10/1938, p. 2. *El Diario de Pontevedra*, 28/10/1938, p. 2. «Orden nombrando Secretario interino del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción núm.4 de Orense a D. Francisco Castro Artime», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 110, 18/10/1938, p. 1876. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1938/110/A01876-01876.pdf [últ. consulta o 09/06/2022].

[542] Expediente para a expedición do título de bacharelato de Miguel Álvarez Montesinos (exp. 19, ca. 7155, f. Universidades, AHN). «Orden nombrando Secretario interino del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción núm. 2, de Pontevedra a don Miguel Álvarez Montesinos», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 110, 18/10/1938, pp. 1876 – 1877. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1938/110/A01876-01877.pdf [últ. consulta o 09/06/2022]. «Real orden nombrando para la Secretaría judicial de Burgo de Osma a D. Miguel Alvarez Montesinos, Secretario judicial de Calahorra», *Gaceta de Madrid*, núm. 248, 04/09/1924, p. 1204. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1924/248/A01204-01204.pdf [últ. consulta o 09/06/2022]. «Real orden nombrando para la Secretaría del Juzgado de primera instancia de Calahorra a D. Miguel Alvarez Montesinos, Secretario judicial de Burgo de Osma», *Gaceta de Madrid*, núm. 318, 13/11/1924, pp. 715 – 716. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1924/318/A00715-00716.pdf [últ. consulta o 09/06/2022]. «Real orden nombrando para la Secretaría del Juzgado de primera instancia de La Bañeza a D. Miguel Alvarez Montesinos, Secretarios judicial de Calahorra», *Gaceta de Madrid*, núm. 302, 29/10/1925, p. 531. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1925/302/A00531-00531.pdf [últ. consulta o 09/06/2022]. «Real orden nombrando a D. Miguel Alvarez Montesinos para la Secretaría del Juzgado de primera instancia e instrucción de Monforte», Gaceta de Madrid, núm. 363, 29/12/1926, p. 1764. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1926/363/A01764-01764.pdf [últ. consulta o 09/06/2022]. «Real orden nombrando para la Secretaría del Juzgado de primera instancia de Teruel a D. Miguel Alvarez Montesinos, Secretario judicial de Monforte», *Gaceta de Madrid*, núm. 265, 21/09/1928, p. 1669. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1928/265/A01669-01669.pdf [últ. consulta o 09/06/2022]. «Orden nombrando para la Secretaría del Juzgado de primera instancia e instrucción de Talavera de la Reina a D. Miguel Alvarez

onde exercía o seu posto ata que o golpe de Estado o sorprendeu de vacacións en La Almunia de Doña Godina (Zaragoza), pasando despois a desempeñar as funcións sinaladas en Pontevedra[543]. Substitúe a Castro Artime, mais non terá tampouco a praza de secretario xudicial en propiedade. Debemos entender este feito en aparencia anómalo dentro do contexto bélico e na manifesta insuficiencia de recursos humanos da administración de xustiza, particularmente dentro da xurisdición civil. Lanero destaca como esta realidade foi especialmente preocupante na carreira xudicial e fiscal e moitos xulgados e tribunais tiveron que funcionar sen persoal titular, polo que dende o goberno sublevado se puxeron en práctica diversas políticas —a todas luces, insuficientes— para tentar resolver a situación[544].

O carácter de interinidade xeneralizada dentro da administración reprodúcese entón na secretaría xudicial de Primeira Instancia de Pontevedra; pero a chegada de Álvarez Montesinos, licenciado en Dereito e secretario profesional dende 1908, alomenos dende un punto de vista tecnocrático, é unha pequena mellora perante Cristín Castro, quen á fin e ao cabo non deixaba de ser un oficial habilitado con experiencia, aínda que se manterá, como dixemos, como secretario suplente do xulgado. Ámbolos dous, así como o propio xuíz del Casero, participarán en colectas de apoio á *Causa*[545].

En xaneiro de 1941 ábrenselle unhas dilixencias informativas de depuración, sen que isto impida que, no transcurso das mesmas, en maio do 41, Álvarez Montesinos —quen pese a exercer en Pontevedra seguía a ser o secretario xudicial de Talavera de la Reina e como tal aparece na disposición ministerial— sexa nomeado para o de Primeira Instancia número 1 de San Sebastián; iso si, «con carácter provisional hasta que recaiga acuerdo en las diligencias de depuración que se le instruyen»[546]. Os informes políticos-sociais dan mostra de ser «persona de orden y buena conducta», sen que se lle identifique militancia política de ningún tipo, malia que aseguran a súa «ideología derechista», cumplimento dos deberes católicos e adhesión ao *Movimiento*. Trátase este, en realidade, dun expediente rutinario de comprobación sobre un posible exercicio nos tribunais de excepción de territorio republicano[547]. Ao evidenciarse que non foi esta a situación, o expediente de depuración resólvese favorablemente sen ningún tipo de sanción aos poucos meses, polo que se acorda a súa continuación en réxime de titularidade en devandito cargo[548]. Manterase nesa praza ata a súa defunción en 1956[549].

Montesinos», *Gaceta de Madrid*, núm. 295, 22/10/1931, p. 422. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/295/A00422-00422.pdf [últ. consulta o 09/06/2022]. «Dirección General de Justicia.- Disponiendo se publique en el BOLETIN OFICIAL DEL ESTADO el Escalafón del Cuerpo de Secretarios Judiciales rectificado en 31 de diciembre de 1943. Suplemento», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 118, 27/04/1944, pp. 3293 e p. 10. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1944/118/D00001-00016.pdf [últ. consulta o 09/06/2022].

[543] Expediente persoal núm. 12.362, sen foliar (AGMJ).

[544] Lanero: *Una milicia de…*, 1996, p. 360 e ss.

[545] *El Diario de Pontevedra*, 01/02/1939, p. 2.

[546] «Órdenes por las que se nombran a los señores que se citan Secretarios de los Juzgados de Primera Instancia número 1 de Sevilla, Santander, San Sebastián, Granada, Vigo y número 3 de Valencia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 132, 12/05/1941, pp. 3361 – 3362. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1941/132/A03361-03362.pdf [últ. consulta o 12/06/2022].

[547] A sospeita sobre Álvarez Montesinos atopábase, principalmente, en que o mesmo 18 de xullo de 1936 se trasladara por comisións de servizo a Madrid e o control republicano sobre Talavera de la Reina, se ben se acaba demostrando que "decidió trasladarse a La Almunia de Doña Godina (Zaragoza) en donde residía su familia, no regresando a Madrid por quedar esta Capital en poder de los Marxistas". Expediente persoal núm. 12.362, sen foliar (AGMJ).

[548] Expediente persoal núm. 12.362, sen foliar (AGMJ). «Órdenes por las que se confirma en propiedad a los señores que se mencionan, Secretarios de los Juzgados de Primera Instancia número uno de San Sebastián, Elche y Villafranca del Bierzo», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 243, 31/08/1941, pp. 6640 – 6641. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1941/243/A06640-06641.pdf [últ. consulta o 12/06/2022].

[549] «Orden de 8 de septiembre de 1956 por la que se promueve a Secretario de la Administración de Justicia de la primera categoría a don Evaristo Casado Godo», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 258, 14/09/1956, p. 5937. Dispoñible

Como testemuñan os procedementos xudiciais, tralo traslado de Álvarez Montesinos a Guipúscoa, Jesús Cristín volve quedar a cargo da secretaría como suplente ata marzo de 1942, cando deixa a cidade. A partir dese momento, asume interinamente as responsabilidades da mesma, tamén como oficial habilitado, Antonio Mosquera Leirado[550]. Continuará na praza durante varios anos, ata novembro do 46, cando é trasladado a Sahagún (León) como titular[551]. Soldado de Infantaría, sabemos que durante a guerra actuara de secretario en causas militares na praza de Vigo como a número 285/39 contra José Vieiro Guisande, declarado en rebeldía, por actividades contra o *Movimiento*[552]. O estudo hemerográfico non nos permite completar unha prosopografía máis detallada, alén de recoñecer contribucións económicas ao Exército durante a guerra, ver que se presentou aos exames para procuradores na Audiencia Territorial da Coruña en maio do 42 e constatar que na posguerra formaba parte da Fronte de Xuventudes de Falanxe da Facultade de Dereito[553]. Seguirá exercendo as labores da secretaría xudicial en diferentes xulgados de España. Curiosamente, tamén acabará a súa carreira profesional como secretario do Xulgado de Primeira Instancia número 1 de San Sebastián, igual ca Álvarez Montesinos, ata 1973, cando falece[554].

Así as cousas, estes son os principais actores responsables do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra durante a nosa cronoloxía de estudo. Non serán, por suposto, os únicos, xa que a administración de xustiza componse de máis persoas: fiscais, oficiais… mesmo poderíamos incluír nesta relación aos avogados e procuradores, non como funcionarios de carreira nin integrantes da administración, pero si como elementos clave do funcionamento do sistema xudicial. Porén, xuíces e secretarios son os máximos responsables para xulgar e executar o xulgado dentro da súa xurisdición e merecedores polo tanto da nosa maior atención. Feitas as presentacións, vexamos agora a evolución cronolóxica e temática dos procedementos instruídos na cidade entre 1930 e 1942.

4.3. Disección da actividade xurisdicional producida perante o Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra (1930 – 1942)

Considerando os criterios tipolóxicos expostos no apartado inicial deste capítulo, imos facer primeiramente unha disección descritiva da litixiosidade, así como da actividade xudicial non propiamente litixiosa —os actos de xurisdición voluntaria—, producida perante o Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra entre os anos 1930 e 1942, distinguindo entre tipos de procedementos e anos de incoación —con indicación, para o ano 1936, das causas incoadas antes ou despois do golpe militar—. Pretendemos ofrecer unha imaxe cuantitativa precisa desta litixiosidade e da súa evolución, pois resulta

en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1956/258/A05937-05937.pdf [últ. consulta o 12/06/2022]. Expediente persoal núm. 12.362, sen foliar (AGMJ).

[550] Atopamos a súa sinatura a partir do procedemento 41/942; o nome completo vén no procedemento 137/942 (ca. 62 e ca. 64, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo).

[551] «Orden de 27 de noviembre de 1946 por la que se nombra para la Secretaría del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción de Sahagún a don Antonio Mosquera Leirado», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 335, 01/12/1946, p. 8533. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1946/335/A08533-08533.pdf [últ. consulta o 12/06/2022]. «Administración de justicia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 232, 20/08/1945, pp. 356 – 360. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1945/232/C00356-00360.pdf [últ. consulta o 12/06/2022].

[552] C/285/39 (ca. 261, f. Pontevedra, AIMNOR).

[553] *El Progreso*, 29/09/1936, p. 1. *El Pueblo Gallego*, 28/05/1942, p. 3. *El Compostelano*, 18/01/1945, p. 2.

[554] Expediente persoal núm. 16.954, sen foliar (AGMJ). «RESOLUCIÓN de la Dirección General de Justicia por la que se traslada a don Manuel Catalán Cerezuela, Secretario de la Administración de Justicia con destino en el Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número 3 de San Sebastián al Número 1 de dicha capital», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 14, 16/01/1974, p. 891. Dispoñible en: https://www.boe.es/boe/dias/1974/01/16/pdfs/A00891-00891.pdf [últ. consulta o 12/06/2022].

USC

pertinente para coñecer en que medida o golpe puido alterar o funcionamento desta instancia xudicial. No seguinte apartado abordaremos a análise deses datos nos aspectos que consideramos máis relevantes para o noso traballo.

Na nosa pescuda indexamos exhaustivamente tódolos procedementos civís que se conteñen nos fondos arquivísticos procedentes deste órgano, conservados no Arquivo Histórico Provincial, facendo un exhaustivo baleirado destes extraendo os seus datos fundamentais: o tipo de procedemento, o obxecto da actuación, os intervenientes —as partes pero tamén os profesionais que as representaban—, etc. Como se comprobará nos cadros que incluímos a continuación, existe un notorio baleiro nos fondos correspondentes ao ano 1931: só aparece unha causa. Evidentemente houbo un extravío dos fondos correspondentes a este ano, que probablemente tivo que ver con algunha eiva no proceso de tratamento material e arquivo dos expedientes. Algo semellante debeu suceder no ano 1930, no que é notoria a falla de conservación de fondos de boa parte do ano; a primeira causa que aparece leva o número 145, sobre un total de 199. En cambio, os fondos relativos ao resto dos anos estudados están moito máis completos, aínda que con excepcións. Aparecen saltos na numeración das causas, que en boa parte deben ser debidos a perdas ou extravíos dos expedientes pero nalgúns casos poden ter outras causas: inhibicións da competencia a favor doutro xulgado ou acumulación de procesos dentro do mesmo xulgado —disto último atopamos numerosas mostras; a inhibición, en cambio, era pouco frecuente—. Coa excepción feita dos anos 1930 e, sobre todo, 1931, nas outras anualidades consérvanse entre algo máis do 40 e algo menos do 90 por cento das causas, de modo que, de novo, o material é abondo para dar unha imaxe precisa da litixiosidade producida.

A cuantificación das causas conservadas presenta algunhas dificultades derivada da existencia de procedementos incidentais, é dicir, que teñen algunha relación instrumental con outras causas ás que están vencelladas. Estes poden tramitarse como causas autónomas, ou sexa, que se rexistran e se lle dá número como procedemento de seu; ou poden tratarse procesualmente como pezas separadas da causa principal, sen asignación de número de rexistro. Estas pezas separadas cosíanse materialmente á causa principal, atadas a ela en corda frouxa e non daban lugar a un rexistro propio con numeración correlativas á das demais causas[555].

De modo que determinadas demandas, así como os procedementos a que dan lugar, poden aparecer ou non rexistradas como causas numeradas en función de que se formulen como demandas autónomas ou se exerciten dentro da causa á que están instrumentalmente vencelladas, tramitándose como pezas separadas. Este é o caso, principalmente, das demandas de recoñecemento do daquela chamado beneficio de pobreza —o actual dereito á asistencia xurídica gratuíta— e das xuras de contas dos profesionais que interveñen nun procedemento. Sendo ambas incidentais polo seu vencello coas causas principais nas que se exercita o beneficio ou se devén a conta, unhas e outras poden formularse como demandas autónomas ou como pezas separadas. Se atendemos unicamente á numeración rexistral das causas, non captamos a verdadeira dimensión deste tipo de reclamacións. Por iso, optamos por computar nestes dous tipos de demandas tanto as exercidas como causas autónomas como as tramitadas en peza separada, indicando, entre paréntese, cantas do total corresponden a esta modalidade. Unha vez máis, facemos prevalecer a realidade material sobre a puramente rexistral para dar unha imaxe precisa da litixiosidade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[555] De aquí deriva a expresión popular, que ten orixe na práctica xudicial e non no ámbito circense como ás veces se pensa: en *corda frouxa* estaban, como unha peza separada máis, as executorias.

Con esta excepción, o número de causas conservadas nos fondos arquivísticos do Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra no período 1930 – 1942 é o que se indica nos seguintes cadros. Disgregamos os datos nas consabidas categorías de *xuízos declarativos ordinarios* e *especiais*, *procedementos de execución* e procedementos ou *expedientes da xurisdición voluntaria* —incluídas as declaracións de herdeiros ab intestato—.

As táboas cos datos cuantitativos foron engadidas no Anexo 8 para alixeirar a lectura.

4.4. A análise da actividade xurisdicional producida perante o Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra (1930 – 1942)

Partindo da imaxe precisa que ofrecen os datos que deixamos expostos no anexo indicado, seguidamente abordaremos a análise da actividade xurisdicional que neles se reflicte. Naturalmente, a análise destes datos —os incorporados ás táboas do Anexo 8 e os moito máis numerosos que aparecen nas exhaustivas bases que confeccionamos para a nosa investigación— pode facerse dende múltiples perspectivas, algunhas das cales quedan fóra do interese deste traballo por teren un carácter técnico-xurídico alleo ao noso enfoque. Centrarémonos, por tanto, en catro aspectos que consideramos especialmente relevantes.

En primeiro lugar, faremos unha sucinta consideración da participación da muller na litixiosidade civil, introducindo na análise o elemento de xénero —como facemos, de forma máis ou menos explícita pero sempre presente, no estudo das diversas xurisdicións—, porque a aparición ou a ausencia da muller no campo xurídico axúdanos a comprendelo mellor e porque nos fala tamén da súa presenza no máis amplo campo social. Seguidamente, consideraremos en particular a aplicación da Lei de Divorcio, de especial interese pola importancia que ten no pleno desenvolvemento da xurisdicionalidade estatal en relación coa disciplina matrimonial —e, por medio dela, na sexual—, tradicionalmente reservada á xurisdición eclesiástica. Como foi indicado no capítulo 2, esta disputa pola xurisdición matrimonial é un dos aspectos máis relevantes da problemática construción do Estado xurisdicional en España, e ten un dos seus episodios máis substanciosos na aprobación e aplicación da lexislación republicana sobre o divorcio. Tamén faremos unha consideración sobre o impacto do golpe na litixiosidade civil e, finalmente, con algo máis de detalle, sobre a sutil inserción da violencia golpista na xurisdición civil, cun dobre enfoque: as pegadas que nesta xurisdición aparentemente apolítica aparecen do que designamos como vulnerabilidade dos vencidos, e os rastros das estratexias de protección destes fronte a dita vulnerabilidade.

A análise que facemos é integral: interésannos especialmente os elementos cualitativos, pero incorporamos datos cuantitativos cando é necesario. Non é nin pode ser exhaustiva, considerando que o noso traballo se proxecta sobre o contexto da xurisdición e non exclusivamente sobre a civil ou algunha das súas especialidades, como a matrimonial. Quedan abertas análises sectoriais máis específicas que aquí non podemos abordar.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.4.1. A participación das mulleres na litixiosidade civil

Como introduciamos, resulta pertinente facer unha consideración sobre a participación das mulleres na litixiosidade civil obxecto do noso estudo para constatar, por unha parte, a situación de subordinación da muller na sociedade do período do que tratamos, pero tamén a fenda que existe necesariamente, por operar en planos distintos, entre a realidade social e a norma legal. Esta sempre fracasa —en maior ou menor grado, para ben ou para mal, pero necesariamente fracasa— na súa pretensión de disciplinar eficazmente o corpo social e os corpos dos individuos. En certo modo, a propia existencia da xurisdición dá fe deste fracaso, xa que un corpo social e uns individuos perfectamente conformados á norma farían innecesaria calquera instancia correctiva. De modo que, do mesmo xeito que a existencia dunha norma perfectamente igualitaria en relación ao xénero ou a calquera outra categoría socialmente relevante non pode garantir a abolición da desigualdade no plano da realidade, unha norma radicalmente desigualatoria que prescribe relacións sociais radicalmente xerarquizadas non pode descartar que a realidade social eluda eses preceptos e constitúa ou faga perdurar relacións menos desiguais, sexa porque a percepción social do que é lícito se aparte da previsión legal, por resiliencia ou por oposición consciente de quen se rebele contra a norma.

A Constitución de 1931 consagraba a igualdade de tódolos españois sen distinción de sexo[556]. Emporiso, a breve e azarosa vida da República non permitiu abordar a inxente tarefa lexislativa de adaptar a normativa de todo orde aos preceptos constitucionais, de modo que no ámbito do dereito civil e procesual persistían formalmente vixentes normas que consagraban a subordinación da muller en xeral e da muller casada en particular —en certo modo asimilada a unha menor ou incapaz—, de dubidosa constitucionalidade[557]. Pero, como a intuición suxire e a nosa aproximación ás fontes documentais confirma, a realidade social distaba de conformarse a ese ríxido corpiño legal e as mulleres —ou, alomenos, moitas mulleres— distaban moito de ser esa caste de menores ou incapaces sometidas á tutela marital que debuxaban os textos legais[558].

[556] Xenericamente no seu art. 2 ("Todos los españoles son iguales ante la ley"), e especificamente en relación ao sexo (á par da natureza, a filiación, a clase social, a riqueza, as ideas políticas e as crenzas relixiosas) no art. 25, ao establecer que "no podrán ser fundamento de privilegio jurídico". Nótese que non proscribe expresamente a discriminación, senón o privilexio xurídico, o que pode dar lugar a sutilezas interpretativas. Pero en relación á posición xurídica da muller casada, a subordinación ao marido en tódalas decisións xuridicamente relevantes (dende a fixación do domicilio á disposición dos bens, incluso propios ou parafernais, pasando pola capacidade procesual) non pode considerarse senón un privilexio xurídico do marido/cabeza de familia.

[557] Ou non tan dubidosa: eran abertamente inconstitucionais, malia o seu mantemento nos códigos. Non só pola súa oposición aos preceptos xenéricos antes citados dos arts. 2 e 25, senón especificamente na esfera matrimonial por vulnerar o art. 43 da mesma Constitución, que consagraba unha idea igualitaria da familia (salvagardada polo Estado), como vimos anteriormente. A tutela marital é incompatible con esa igualdade.

[558] Tanto no período republicano como no franquista que se compendian nos anos analizados. Tamén o *Fuero de los Españoles* proclamaba o principio de igualdade legal (art. 3: "La Ley ampara por igual el derecho de todos los españoles, sin preferencia de clase ni acepción de personas"), aínda que significativamente omite calquera referencia ao sexo como condición respecto da que proscriba a discriminación ou o privilexio. O igualitarismo social-liberal da constitución republicana repúdiase no *Fuero*, no que o principio de igualdade xurídica se degrada a unha enunciación retórica. Tamén a concepción da familia contida no *Fuero* é antitética ao modelo civil e igualitario acollido na constitución republicana. A familia do *Fuero* non é civil senón "natural", "con derechos y deberes anteriores y superiores a toda Ley humana positiva" (art. 22). Paradoxalmente, esa "institución natural" cuxa regulación positiva preexiste ao Estado e se sitúa fóra do ámbito civil, é un dos piares orgánicos do Estado franquista, constituíndo, co municipio e o sindicato, un pé do trípode da participación na vida estatal (art. 10). Esta integración da familia no tecido orgánico do Estado certifica o ás veces cuestionado carácter totalitario do réxime franquista. Malia que habitualmente se admita, con fundamentos estimables, que este carácter totalitario inicial derivou a un sistema autoritario non propiamente totalitario, o certo é que a traza totalitaria que se evidencia na confusión orgánica entre a familia e o Estado subsistiu formalmente durante toda a vixencia do réxime. Volvendo ao rego da nosa argumentación: cousa distinta é que as familias, incluso afectas ou acatadoras do poder franquista, se sentisen e actuasen na realidade como parte orgánica do Estado.

Unha análise por sexos dos intervenientes evidencia que, o mesmo que sucede nas outras xurisdicións, daquela as mulleres estaban totalmente excluídas dos actores profesionais no ámbito xudicial; non so da maxistratura ou da secretaría, senón da avogacía ou da procuradoría. Non tanto porque exista unha norma legal que o prohiba como porque a propia orde social exclúe esa posibilidade e presupón a masculinidade dun espazo xenuinamente público, vencellado ao núcleo da estatalidade, como é a xurisdición.

De feito, en relación á xudicatura, non existía, por materialmente innecesaria, unha norma que excluíse expresamente á muller do acceso a esa función. A LPOPX de 1870, vixente no momento do que tratamos, establecía como primeira condición para ser xuíz ou maxistrado «ser español de estado seglar» (art. 109.1). Os principios liberais impuñan a exclusión do clero da función xurisdicional, pero non a da muller, non porque se admitise a súa participación senón porque non se consideraba esta posibilidade. O uso de *español* no precepto é formalmente un caso de masculino xenérico —omnipresente na lexislación—, pero materialmente aludía ao *español varón*. Isto fica fóra de dúbida cando a mesma lei, ao regular as incompatibilidades dos membros da xudicatura, inclúe a de non poder exercer a industria ou o comercio «por sí, ni por sus mujeres» (art. 117). A exclusión legal das mulleres é innecesaria por implícita, considerando que xa estaban *de facto* excluídas da educación superior. A incorporación da muller á formación universitaria e especificamente ás facultades de dereito, aínda sendo inicialmente moi minoritaria, fai pensable o que anteriormente era impensable, e é ese cambio o que fai necesaria unha reacción lexislativa.

Pioneiras como María Ascensión Chirivella Marín, Victoria Kent ou Clara Campoamor tiveron que facer fronte a unha administración de xustiza descrita por Federico Vázquez Osuna como patriarcal e xerontocrática, que as denigraba sistematicamente[559]. E, se ben a República recoñecía na súa constitución a igualdade de tódolos españois «sin distinción de sexo» no acceso a cargos públicos —e mesmo permitiu o acceso aos cargos de rexistro da propiedade e notaría en 1931 e procuradoría en 1933—, tamén establecía unha importante excepción: isto sería así «salvo las incompatibilidades que las leyes señalen». Esta apostila actuou na práctica como cheque en branco no mantemento da desigualdade xurídica das mulleres. Así, a primeira norma que exclúe expresamente o acceso da muller á xudicatura, secretariado xudicial e fiscalía é unha Orde do 16 de novembro de 1934. Nesta, o subsecretario do ministerio de Xustiza Rafael Aizpún Santafé sentenza que:

> [A]un cuándo ni la ley orgánica del Poder judicial, ni los Reglamentos para las oposiciones a ingreso en los Cuerpos de Aspirantes a la Judicatura y al Secretariado judicial, contienen disposición alguna que excluya a las mujeres de poder formar parte de dichas Carreras, *se desprende del sentido de toda esa legislación que se refiere exclusivamente al varón*.[560]

Nese mesmo texto, a maternidade, entre outros, é invocada como xustificación para o carácter inadecuado das mulleres neste tipo de cargos:

> [E]ntre las funciones que ejercen los Jueces y Secretarios, si bien no se halla ninguna que por su naturaleza no pueda ser desempeñada por la mujer, la índole de algunas, o, mejor dicho, la forma de prestarlas (de noche como de día, dentro o fuera, no

[559] Vázquez Osuna, Federico: "Las primeras mujeres juezas y fiscales españolas (1931 – 1939): Las juristas pioneras", *Arenal. Revista de historia de las mujeres*, vol. 16, núm. 1, 2009, p. 134. Lectura esta indispensable para unha panorámica sobre esta cuestión.

[560] «Orden desestimando instancia elevada a este Ministerio por doña Teresa Argemí Meliá, licenciado en Derecho», *Gaceta de Madrid*, núm. 324, 20/11/1934, pp. 1412 – 1413. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1934/324/A01412-01413.pdf [últ. consulta o 12/12/2022]. Cursiva nosa.

> ya del despacho, sino de la residencia), requieren condiciones que la educación, especialmente en España, la naturaleza de consumo dan al varón tanto como regatean a la mujer, aparte de la posibilidad de otras complicaciones como la de la maternidad, que *hacen de todo punto inadecuado para la mujer el ejercicio de esas profesiones, por razones fáciles de comprender*.

Xa no franquismo, a Lei 56/1961 de 22 de xullo, sobre dereitos políticos, profesionais e de traballo da muller, en plena reforma tecnocrática da ditadura, liberaliza o acceso das mulleres á función pública, pero exclúe expresamente as carreiras xudicial e fiscal, agás nas xurisdicións tutelar de menores e social (art. 3.2.c)[561]. O cambio social e a presión das mulleres que se incorporan lenta pero progresivamente aos estudos xurídicos superiores —no curso 1959/60 as mulleres representaban o 5,8% do alumnado nas facultades de dereito españolas[562]— fixo que esta exclusión fose definitivamente suprimida pola Lei 96/1966, de 28 de decembro. O preámbulo desta lei xustifica a anterior exclusión en termos inequivocamente paternalistas: «Tal exclusión respondió, sin duda, no a la idea de una falta de capacidad de la mujer para desempeñar tales cargos, sino más bien a una *protección de sus sentimientos* ante determinadas actuaciones que el cumplimiento del deber haría ineludibles»[563]. Xustifícase así mediante o tópico da sentimentalidade feminina, confrontada á racionalidade masculina, a prohibición do acceso das mulleres ao sentido da xustiza[564].

Unha argumentación, non obstante, moi próxima á argüída polo xurista e fillo do ex presidente da República Niceto Alcalá-Zamora y Torres en 1944 cando aseguraba que a carreira xudicial era «la menos conforme al *temperamento femenino* que, en general, se siente *poco atraído por las profesiones jurídicas*, tal vez *demasiado áridas, abstractas muy severas para ella*»; o que non lle impide, non obstante, criticar a natureza anticonstitucional daquela Orde do 16 de novembro de 1934: non había que poñerlles ás mulleres obstáculos, «*como si los hombres temiésemos su competencia* y necesitáramos la instauración de un régimen de monopolio para usufructuar el ejercicio de determinadas carreras»[565].

Coa excepción da zona republicana durante a guerra civil, momento no cal as mulleres si puideron acceder á fiscalía, xudicatura e maxistratura de forma extraordinaria —Vázquez Osuna destaca a Maria Lluïsa Algarra Coma, Elvira Fernández Almoguera e Julia Álvarez Resano como primeiras xuízas, fiscais e maxistradas da historia española[566]—, as mulleres non accederán a estes cargos ata os anos 70: a primeira muller en España en acceder á carreira xudicial propiamente dita após a ditadura será Josefina Triguero Agudo en 1978[567].

---

[561] «Ley 56/1961, de 22 de julio, sobre derechos políticos profesionales y de trabajo de la mujer», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 175, 24/07/1961, pp. 11004 – 11005. Dispoñible en: https://www.boe.es/boe/dias/1961/07/24/pdfs/A11004-11005.pdf [últ. consulta o 12/12/2022].

[562] Gómez Bahillo, Carlos; Elboj Saso, Carmen; Marcén Muñío, Celia: "Feminización de la judicatura española", *Convergencia, Revista de Ciencias Sociales*, vol. 23, núm. 70, 2016.

[563] Cursiva nosa. «Ley 96/1966, de 28 de diciembre, suprimiendo la limitación establecida en el apartado c) del número dos del artículo tercero de la Ley de 22 de julio de 1961 sobre derechos de la mujer», *Boletín Oficial del* Estado, núm. 311, 29/12/1966, pp. 16392 – 16392. Dispoñible en: https://www.boe.es/boe/dias/1966/12/29/pdfs/A16392-16392.pdf [últ. consulta o 12/12/2022].

[564] Sobre o tema, ver Pateman, Carole: *El desorden de la mujeres. Democracia, feminismo y teoría política,* Buenos Aires, Prometeo, 2018

[565] Alcalá-Zamora, Niceto: *Ensayos de Derecho Procesal. Civil, penal y constitucional*, Bos Aires, Edición de la Revista de Jurisprudencia Argentina, 1944, pp. 537 – 545, no ensaio titulado "Una orden del Ministerio de Justicia, antifeminista e insconstitucional". As citas, das pp. 538 e 539. Cursiva nosa.

[566] Vázquez Osuna: "Las primeras mujeres …", 2009, pp. 141 – 145.

[567] En 1972 xa tomara posesión a primeira titular dun Xulgado de Distrito, órgano da xustiza municipal servido por un corpo propio, non integrado na carreira xudicial, María Jóver Carrión. Sobre isto, poden ser de interese os datos que aporta o CXPX na súa web: "8-M: Mujeres pioneras en el Poder Judicial", *poderjudicial.es*, 2021, dispoñible en:

Pechando este breve apunte sobre xénero e xudicatura, retomamos o estudo das nosas fontes. As mulleres como *profesionais* da xustiza están completamente ausentes durante todo o período abarcado no partido xudicial de Pontevedra —ora nas carreiras xudicial e fiscal, ora na avogacía ou procuradoría—, pero se nos referimos aos litigantes comprobamos que a situación é distinta. No conxunto das causas estudadas, identificamos un total de 2.755 particulares intervenientes como partes, dos cales o 40,36% son mulleres[568]. Constatamos así unha participación da muller sensiblemente minoritaria pero moi significativa no mundo dos litigantes, que era un mundo de propietarios, comerciantes, profesionais, arrendadores e arrendatarios, prestamistas e prestameiros, etc. Isto indica que a inserción da muller no mundo social e económico é moi superior ao que pode suxerir o modelo normativo. Probablemente no caso galego este relativo protagonismo da muller no espazo social público tivese que ver co impacto da emigración —maioritariamente masculina—, ou, nun espazo costeiro como o do partido xudicial de Pontevedra, coa relevancia de labores masculinas vencelladas ao mundo do mar que impoñen longas ausencias suplidas pola actividade feminina. Serían necesarios estudos comparativos con outro territorios para verificar se existen ou non patróns diferenciados.

Pese ao mantemento da licenza marital e a que moitas das mulleres que litigan actúan *intervidas* formalmente polos seus maridos, na maioría dos casos non consta tal *intervención*. E os expedientes de xurisdición voluntaria de habilitación para comparecer en xuízo son escasísimos: apenas nove casos entre 1930 e 1942 —dous no período republicano e sete concentrados de 1938 a 1940—, habitualmente motivados non pola negativa a concedela senón pola imposibilidade de obtela por ausencia do marido. Aínda son máis escasos, tan só seis, os expedientes de habilitación para a venda de bens ou actos de disposición —como a aceptación dunha herdanza ou a súa partición—, igualmente vencellados polo xeral a situacións de imposibilidade de obter a licenza marital por situacións de ausencia derivada da emigración ou, logo do golpe, do exilio. Concluímos disto que, alomenos entre os sectores sociais dos que se nutre a litixioxidade civil, a potestade marital estaba na práctica debilitada e raramente se negaban as licenzas legalmente exixidas, se ben se aprecia unha certa recuperación de pautas de conducta conservadoras —na repunta de expedientes de habilitación para comparecer en xuízo— logo da vitoria franquista. Novamente, malia que serían necesarios estudos máis específicos para constatalo, comprensivos dos repertorios notariais históricos, intuímos que a ínfima xudicialización desta materia é tamén resultado da relativa extensión da práctica de outorgar poderes notariais á autorización marital precisa nos distintos negocios xurídicos, alomenos entre determinados sectores sociais máis activos no tráfico económico.

https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Poder-Judicial/En-Portada/8-M--Mujeres-pioneras-en-el-Poder-Judicial [últ. consulta o 12/12/2022].

[568] É dicir, quedan fóra deste cómputo as persoas xurídicas, entidades sen personalidade, avogado do Estado e ministerio fiscal. Sobre o total de 1.112 mulleres identificadas, un 30,31% son viúvas, 28,89% casadas, 12,95% solteiras e 0,36% divorciadas; no 27,49% restante non temos constancia do seu estado civil. Hai que tomar, non obstante, estas porcentaxes con cautela, posto que son varias as mulleres que participan en diversos procedementos ao longo dos anos, variando a súa situación: un exemplo é o de Delfina Barallobre Portela, quen no procedemento 125/937 aparece como solteira veciña de Pontevedra e no 3/940 como casada residindo en Vigo. Á parte, distinguimos a participación de 794 individuas diferentes.

USC

4.4.2. A disputa pola xurisdición matrimonial: a Lei de Divorcio de 1932

Como xa adiantamos ao tratar do proceso de formación do Estado xurisdicional no capítulo 2, no momento no que empeza a se configurar conforme ao modelo liberal do Estado nacional a comezos do século XIX, este presenta como eiva máis destacada a tradicional reserva de xurisdición a favor dos tribunais eclesiásticos da materia matrimonial. Mediante esta declinación da función xurisdicional, o Estado cedía á Igrexa católica o monopolio da disciplina sexual ordenada na institución matrimonial. Unido este monopolio ao privilexio da administración do pecado e do perdón relativos á sexualidade desordenada, resulta a favor da Igrexa a exclusividade do control moral e xurídico da orde sexual, en detrimento do Estado.

A pretensión liberal de completar a soberanía estatal interna asumindo a xurisdición civil sobre as relacións matrimoniais suscitou, comprensiblemente, a reacción dos sectores conservadores identificados co catolicismo político —e non só co máis tradicionalista e ultramontano—, renitentes á perda desta baza fundamental do poder eclesiástico sobre a vida das persoas. Non é só, nin é fundamentalmente, unha disputa sobre a indisolubilidade do matrimonio. Dende a perspectiva canónica a indisolubilidade do vínculo sacramental ten unha importancia dogmática indiscutible, pero a práctica dos tribunais eclesiásticos era proverbialmente acomodaticia para ofrecer solucións —ás veces estrambóticas— cando se facía necesaria a anulación do vínculo, administrando con argucia o dogma da indisolubilidade cando era pertinente. O que estaba en xogo non era o dogma, senón o control xurisdicional do espazo no que o dogma actúa: a loita pola xurisdición e, por tanto, pola soberanía sobre a orde sexual e familiar que a Igrexa se resiste a entregar ao Estado. Á súa vez, o dogma liberal exixe a estatalización da xurisdición matrimonial, pois a declinación desta a favor das institucións eclesiásticas implica unha renuncia á compleción do Estado e á súa soberanía.

O peso social e político da Igrexa e os vaivéns da historia española contemporánea demoraron extraordinariamente o proceso de extensión do Estado xurisdicional ao espazo matrimonial. Todas as ferramentas estaban nas mans da Igrexa. Como vimos, o proceso avanza, dunha forma moi demorada, a través de tres fitos fundamentais. Os dous primeiros tiveron lugar en 1870, durante o Sexenio Democrático, na rexencia de Serrano e sendo ministro de Graza e Xustiza Montero Ríos, en forma de senllas leis provisionais: a Lei Provisional do Rexistro Civil, de 17 de xuño de 1870, publicada na Gaceta de Madrid o día 20; e a Lei Provisional de Matrimonio Civil, de 18 de xuño de 1870, publicada na Gaceta o día 21[569]. O carácter complementario de ámbalas leis no propósito de establecer unha xurisdición estatal sobre a vida privada evidénciase en que as dúas se desenvolven nun mesmo Regulamento, de 13 de decembro do mesmo ano, publicado na Gaceta do día seguinte[570].

A Lei do Rexistro Civil ten a importancia fundamental de establecer un mecanismo rexistral público dos fitos esenciais na vida das persoas, dende o nacemento ata a morte, cunha relevancia crucial entre ambos' do matrimonio. Proporciona ao Estado unha ferramenta indispensable para establecer un control sobre a vida privada do que anteriormente só dispuña a Igrexa coa súa rede de rexistros parroquiais. A dispoñibilidade

[569] «Ley provisional de Registro civil», *Gaceta de Madrid*, núm. 171, 20/06/1870, pp. 1 – 2. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1870/171/A00001-00002.pdf [últ. consulta o 12/12/2022]. «Ley provisional de matrimonio civil», *Gaceta de Madrid*, núm. 172, 21/06/1870, pp. 1 – 2. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1870/172/A00001-00002.pdf [últ. consulta o 12/12/2022].

[570] «Decreto aprobando el reglamento para el ejecución de las leyes de Matrimonio y Registro civil», *Gaceta de Madrid*, núm. 348, 14/12/1870, pp. 1 – 4. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1870/348/A00001-00004.pdf [últ. consulta o 12/12/2022].

deste instrumento é indispensable para preparar o despregue da acción estatal na regulación da vida familiar, sen depender da información producida e rexistrada no ámbito eclesiástico. Pola súa banda, a Lei de Matrimonio Civil ten un carácter máis substantivo ao conter por primeira vez unha regulación do matrimonio como institución civil, fronte á situación anterior na que o Estado delegaba no dereito canónico a regulación da institución matrimonial[571]. Prodúcese así tardiamente en España a secularización do matrimonio, máis xeneralizada nos Estados modernos a partir da Revolución Francesa.

A Lei de Matrimonio Civil era nalgúns aspectos unha lei avanzada, que establecía o matrimonio civil obrigatorio —sen recoñecer por tanto efectos civís ao matrimonio celebrado en forma canónica—; pero o concepto de familia que acolle é conservador, pois a posición da muller está inequivocamente subordinada á do marido e consagra a indisolubilidade do matrimonio. Isto último non evitou, emporiso, a frontal oposición da Igrexa e do catolicismo conservador: ratifícase así a afirmación anterior de que a pugna non era pola indisolubilidade, senón pola xurisdición. Aínda que introducía o que chamaba *divorcio non vincular* —é dicir, a mera separación legal— atribuíndo á xurisdición civil o coñecemento destes litixios, as sucintas normas procesuais que contiña non foron desenvolvidas no Regulamento, á agarda da sempre demorada codificación. Con todo, a plena vixencia da lei foi breve porque en 1875 foi reformada por Cánovas mediante un decreto, de 9 de febreiro, que restablecía como forma legal ordinaria o matrimonio canónico e apenas mantiña o civil como subsidiario, reservado para os casos en que os contraentes non profesasen a relixión católica —o que o reducía á total residualidade—[572].

Así pois, o programa reformista anunciado polas leis sobre o matrimonio e o rexistro civís quedou paralizado coa chegada da Restauración, especialmente no referente ao desenvolvemento dos mecanismos procesuais para o exercicio das accións matrimoniais perante a xurisdición civil. A LAC de 1880 non incluíu no extensísimo catálogo de procedementos que regulaba un específico para os procesos de separación, e as vías que ofrece para resolver as crises matrimoniais son fragmentarios: a regulación dos alimentos provisionais, o depósito da muller casada e dos fillos menores e as litis expensas. O Código Civil de 1889 mantivo a absoluta preferencia legal polo matrimonio canónico e o carácter subsidiario do civil. O resultado de todo isto foi a continuidade da inhibición da competencia estatal na xurisdición matrimonial a favor da dos tribunais eclesiásticos, cunha intervención residual dos tribunais civís para habilitar remedios puntuais de urxencia en situacións de crise familiar[573].

O proceso non vai culminar ata a promulgación da Lei de Divorcio de 2 de marzo de 1932, publicada na Gaceta de Madrid do 11 de marzo[574]. Esta lei, terceiro fito do que

[571] Isto facíase a partir dunha Real Cédula de Felipe II, de 12 de xullo de 1564, que establecía como lei do reino os canons do Concilio de Trento. Sobre o mesmo, ver o manual do historiador eclesiástico e bispo de Albacete Fernández Collado, Ángel: *Historia de la Iglesia en España. Edad Moderna*, Toledo, Instituto Teológico San Ildefonso, 2007, p. 211.

[572] «Decreto restableciendo en el matrimonio canónico todos los efectos civiles que le reconocían las leyes vigentes hasta la promulgación de la provisional de 18 de Junio de 1870, y disponiendo su inscripción en el Registro civil», *Gaceta de Madrid*, núm. 41, 10/02/1875, pp. 363 – 364. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1875/041/A00363-00364.pdf [últ. consulta o 12/12/2022].

[573] Amais de residual, a intervención dos tribunais civís nesta materia semella ser, na práctica, escasísima. Nas causas que rexistramos do Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra só atopamos, con anterioridade á promulgación da Lei do Divorcio, un único procedemento de alimentos provisionais. Aínda considerando a práctica inexistencia de fondos do ano 1931, o número é insignificante e pon de manifesto que a xurisdición matrimonial ordinaria era a eclesiástica.

[574] A Segunda República, dende a súa instauración, xa amosa a súa vontade de levar a termo a configuración do Estado xurisdicional liberal. Proba disto é o art. 43 da Constitución de 1931 que asegura que "[l]a familia está *bajo la*

falabamos, era unha norma avanzada para a época que, desenvolvendo as previsións constitucionais, introduce o divorcio vincular malia que admite que só se postule a separación matrimonial, con mantemento do vínculo, e regula un procedemento específico para o exercicio destas accións, con dúas modalidades segundo se exerciten de maneira contenciosa ou conxuntamente por ámbolos cónxuxes: divorcio ou *separación por mutuo disenso*, na terminoloxía legal da época. Neste último caso a competencia para homologar o acordo corresponde ao Xulgado de Primeira Instancia, mentres que no suposto contencioso a competencia para coñecer corresponde ao Xulgado e a de sentenciar á Audiencia Provincial, nunha atribución competencial pouco coherente e insólita que remeda sen moito sentido a división entre instrución e fallo do ámbito penal. A lei foi derrogada, xa España franquista, por outra de 23 de setembro de 1939, publicada no BOE o 5 de outubro[575]. De modo que despois do golpe estivo vixente —e, como veremos, se aplicou— durante algo máis de tres anos nas zonas de control sublevado após o golpe do 36.

Malia que a Lei de Divorcio supuxo unha conmoción social e suscitou unha forte oposición polos sectores eclesiásticos e conservadores —que anunciaban a fin da familia e a chegada de toda caste de degradacións morais mediante unha potente campaña política en contra da súa aprobación—, a súa aplicación foi relativamente moderada. Os datos cuantitativos para o noso caso de estudo así o suxiren. Nos fondos do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra consérvanse 49 causas no tempo completo de vixencia da norma, coa distribución que quedou plasmada no cadro relativo aos procedementos declarativos especiais incluído no Anexo 8. O ano en que houbo un maior número de procedementos foi 1933, ata 15, e logo foi declinando progresivamente. A inmensa maioría eran procedementos de divorcio, especialmente antes do golpe; neste período só atopamos dúas causas nas que se postule a separación[576]. Tamén é moi maioritaria a opción pola vía contenciosa: das 49 causas totais, só cinco —apenas o 10,2%— son por mutuo disenso[577]. Nas causas contenciosas, a gran maioría son promovidas pola muller, nunha proporción de tres a un. Nalgúns casos apréciase que a acción xudicial pretende formalizar separacións xa producidas de feito, xa que as partes teñen veciñanza diferente ou o marido demandado está ausente; contabilizamos oito casos en que isto acontece, pero con seguridade foron máis, xa que por cuestións metodolóxicas só incluímos a veciñanza distinta, non aqueles supostos en que se vivía en domicilio diferente dentro da mesma veciñanza.

Algúns casos teñen algunha notoriedade social. Así, chama a atención que o primeiro procedemento da Lei de Divorcio que se tramitou en Pontevedra foi o de Secundino Esperón, quen —como recordaremos do capítulo 3— foi un singular persoeiro

salvaguardia especial del Estado" (cursiva nosa). O artigo continúa: "El matrimonio se funda en la igualdad de derechos para uno y otro sexo, y podrá disolverse por mutuo disenso o a petición de cualquiera de los cónyuges con alegación en este caso de justa causa"; un gran cambio fronte ao art. 52 do Código Civil de 1889, o cal establecía suscintamente que "[e]l matrimonio se disuelve por la muerte de uno de los cónyuges". O texto da lei de divorcio republicana é consultable en «Ley relativa al divorcio», *Gaceta de Madrid*, núm. 71, 11/03/1932, pp. 1762 – 1767. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/071/A01762-01767.pdf [últ. consulta o 12/12/2022].

[575] «Ley de 23 de septiembre de 1939 relativa al Divorcio», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 278, 05/10/1939, pp.5574 – 5575. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1939/278/A05574-05575.pdf [últ. consulta o 12/12/2022].

[576] Aínda que este dato hai que tomalo con algunha cautela, xa que non verificamos exhaustivamente o contido de tódalas demandas, e a información das portadas dos procedementos pode non ser sempre precisa (por aludir nalgún caso ao *nomen iuris* da lei máis que a pretensión exercitada). En todo caso a preferencia polo divorcio vincular no período republicano é inequívoca.

[577] A preferencia pola vía contenciosa pode estar condicionada (no caso do divorcio, non da separación) pola maior celeridade do proceso, xa que no procedemento de divorcio por mutuo disenso a lei impuña ata dous períodos de agarda de seis meses cada un para a ratificación do propósito de disolver o vínculo, cousa que non sucedía no caso do divorcio contencioso.

USC

da vida local, chofer de profesión e *sportman* de vocación, cuxas fazañas automobilísticas e motociclísticas suscitaban grande expectación na cidade[578]. Esperón, *camisa vieja* morto por disparo de arma de fogo nun incidente tabernario cun esquerdista en 1936, sería conmemorado pola Falanxe pontevedresa como o primeiro caído da capital.

Como dixemos, a Lei de Divorcio continuou en vigor na España controlada polas tropas sublevadas durante algo máis de tres anos dende o momento do golpe. A vixencia non foi só formal, senón que se seguiu litigando con base nela, malia que de forma minguante: tres causas no segundo semestre de 1936, cinco no ano 37 e apenas unha no 38[579]. Á parte desta diminución cuantitativa, tamén varían os patróns cualitativos da litixiosidade, cunha preferencia agora pola separación en detrimento do divorcio —seis casos fronte a tres—, que contrasta coa anterior acentuada prevalencia do divorcio vincular. A minoración das causas matrimoniais amparadas na Lei de Divorcio —e, claro está, a súa desaparición logo de ser derrogada— tradúcese nunha reaparición dos expedientes de depósito da muller casada, remedio ofrecido na LAC para os supostos de crise conxugal[580]. Pero a aplicación moi limitada deste remedio —apenas un caso no ano 38, dous no 39 e un en cada ano do 40 ao 42— evidencia o retorno da declinación da xurisdición civil en favor da eclesiástica en materia matrimonial. A disputa pola xurisdición fállase, na España de Franco, á favor da Igrexa.

4.4.3. O impacto do golpe na litixiosidade civil

A anterior consideración sobre a aplicación da Lei de Divorcio logo do triunfo da rebelión militar en Pontevedra introdúcenos na análise do impacto do golpe e da guerra na litixiosidade civil. Á parte da dramática desaparición de operadores xurídicos sobre os que recaeu o peso máis extremo da persecución política, especialmente no ámbito de avogacía —son salientables, en Pontevedra, os casos dos letrados José Adrio Barreiro e Alberto Martínez Tíscar: o primeiro, fusilado; o segundo, do que falaremos logo, paseado[581]—, a xurisdición civil continuou funcionando con aparente normalidade. E, así, nunhas circunstancias tan excepcionais que abanearon toda a estrutura do Estado, a xurisdición ordinaria actúa, vimos, como unha instancia de normalización do anormal: mentres a orde republicana se facía anacos, os xulgados da xurisdición ordinaria continuaron funcionando como seguiu funcionando a subministración de auga ou o cobro das taxas. A vida segue, o Estado continúa; ou alomenos esa é a imaxe que se pretende proxectar. O que si se alterou radicalmente foi o espazo das xurisdicións especiais, fortemente militarizadas e mobilizadas no labor depurativo.

[578] Causa 101/932, (ca. sn. 65 – 101, 1932, f. Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, AHPPo). Presentará a demanda a súa muller.

[579] No arquivo das causas nas caixas do AHPPo aparece, por erro, un procedemento de divorcio (o núm. 93) nos fondos do ano 1939 que en realidade corresponde a 1935, por confusión na grafía da última cifra na capa confeccionada a man. Non é o único erro que atopamos. Neste caso detectámolo porque figura como avogado Alberto Martínez Tíscar, que en 1939 xa fora paseado. Admitimos a posibilidade de que algún erro deste tipo, difícil de detectar, puidera pasársenos desapercibido; pero en todo caso o tratamento dos datos que facemos non se vería substancialmente alterado.

[580] Xa que, non o esquezamos, coa derrogación da Lei en setembro do 39 non só desapareceu a regulación do divorcio senón tamén da separación matrimonial, ambos regulados na mesma norma. En termos prácticos, a abolición do dereito ao divorcio implicaba a nulidade das sentenzas firmes de divorcio vincular, se así o pedisen os interesados. Na documentación consultada non observamos trazos deste fenómeno.

[581] A memoria de José Adrio Barreiro foi permanentemente reivindicada polo seu irmán máis novo, que tamén sería destacado avogado, Gonzalo; sirvan de exemplo disto as súas memorias *Sin odio, sin rencor, pero el recuerdo vivo*, Sada, Edicións do Castro, 2004. A familia Adrio (xunto coa Poza, coa que estaba emparentada) foi unha das máis duramente afectadas pola persecución golpista en Pontevedra. Sobre a familia Poza, ver Pereira Martínez, Carlos: "A familia Poza: un exemplo de republicanismo e librepensamento", *Anuario brigantino*, núm. 27, 2004, pp. 265 – 312.

Non queremos dicir que a alteración da vida cotiá non afectase ao traballo xudicial común. Apreciamos nas fontes unha clara diminución das causas dende o primeiro momento: das 96 conservadas correspondentes ao ano 1936, 75 foron incoadas antes de 18 de xullo fronte a apenas 21 despois desa data. Constátase así un aprazamento da decisión de litigar coherente co impacto social do golpe e o comezo da guerra. Asemade, o número de causas rexistradas, conservadas ou non, mantense en niveis inferiores á mediados anos anteriores entre 1937 e 1939, e non recupera cifras de normalidade ata 1940.

En canto ao tipo de litixiosidade, á parte do xa adiantado sobre as causas matrimoniais, non se aprecian alteracións relevantes. Non hai un impacto salientable nas escasas declaracións de falecemento porque a morte na fronte de guerra ou en actos de violencia de retagarda non dan lugar a ese tipo de declaración xudicial, reservada a situacións de ausencia prolongada sen noticias do desaparecido. Si que hai un aumento moi destacable de declaracións de herdeiros ab intestato no ano 1940 —41 causas conservadas, fronte a unha media de entre 15 e 20 nos demais anos—, o que pode ser consecuencia do incremento da mortalidade no período bélico.

Nalgún caso de falecido nas fileiras nacionais faise enfática mención desta circunstancia no expediente, non sempre de modo moi preciso. É o caso da declaración de herdeiros de Luis Olbés Fernández, instada pola súa viúva Alicia Acosta Ruíz, que fai constar na súa demanda que o falecido morreu «vilmente asesinado por los rojos»[582]. Luis Olbés era unha persoa relevante na vida pontevedresa. Doutor en Historia, foi —sendo moi novo— catedrático da materia no Instituto de Pontevedra, aínda que ao estalar a guerra desempeñaba a cátedra no Instituto Jovellanos, de Xixón. Debía estar en Pontevedra no momento do golpe por ser período de vacacións, xa que se alistou voluntariamente nas tropas sublevadas[583]. Foi destinado entón á fronte de Asturias, onde morreu «en la noche del dos al tres de septiembre de 1937», precisa a viúva, en Tudela de Veguín (Oviedo); probablemente nos preparativos da toma de Xixón, que caeu o mes seguinte, pois o cerco de Oviedo xa fora levantado polos rebeldes case un ano antes. Morreu en campaña —e non, en puridade, *vilmente asasinado*— segundo se declarou oficialmente por Orde de 2 de setembro de 1943, a petición novamente da viúva para acceder aos beneficios de tal declaración[584]. Por razóns obvias, nos expedientes de declaración de herdeiros de asasinados ou falecidos na fronte do bando republicano non se fai ostentación desta circunstancia.

As anormais vicisitudes do período bélico tamén se reflicten nalgún procedemento da xurisdición voluntaria. Tal é o caso do expediente de información para a perpetua memoria promovido polo propio secretario do Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, Miguel Álvarez Montesinos, para deixar constancia do saqueo producido no seu domicilio familiar en Madrid, presumiblemente para preparar o acceso a algún tipo

[582] Causa 73/940 (ca. sn., 61 – 81, 1940, f. Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, AHPPo). Non indicaremos ao longo dos procedementos citados no resto do capítulo o folio do que extraemos a referencia por non estar foliadas, a diferenza dos procedementos doutras xurisdicións, como se irá vendo no transcurso da tese. Porén, estas causas coñecidas polo Xulgado de Primeira Instancia son pouco voluminosas, o que facilita a localización das citas a quen queira comprobar as mesmas.

[583] Moreno Burriel, Eliseo: *Depurar y castigar. Los catedráticos de Geografía e Historia en los comienzos del Estado franquista,* Zaragoza, Institución Fernando el Católico, 2018, páx. 235. Advertimos que a indicación das páxinas no índice onomástico están erradas, alomenos no caso de Olbés (citado como *Olbes*).

[584] «Orden por la que se declara muertos en campaña al Catedrático don Luis Olbés Fernández y seis funcionarios más del Estado y comprendidos sus derechohabientes en los beneficios de la Ley de 11 de julio de 1941», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 265, 22/09/1943, p. 9199. Dispoñible en: https://www.boe.es/gazeta/dias/1943/09/22/pdfs/BOE-1943-265.pdf [últ. consulta o 15/12/2022].

de compensación[585]. O domicilio estaba baleiro no momento do golpe, por estar Montesinos e a súa familia de vacacións na súa casa de La Almunia de Doña Godina (Zaragoza), e, antes de ser trasladadas ao mesmo «personas honorables evacuadas», fora temporalmente ocupado por elementos non identificados que subtraeron diversos efectos e produciron danos no inmoble, dos que quere deixar constancia «para uso de su derecho». O expediente está cheo da retórica habitual, exaltadora do *Glorioso Movimiento Nacional* e da guerra «tan brillante y victoriosamente terminada», a denigración do «proceder del elemento rojo», etc. Non obstante, este tipo de expedientes nos que se visibiliza dunha forma tan gráfica a pegada da guerra na vida cotiá son pouco comúns na mostra. A exhibición das miserias dun acontecemento glorificado só ten cabida cando se sitúan no Madrid sometido á «dominación marxista», antes de ser «liberado».

4.4.4. A sutil inserción da violencia golpista na xurisdición civil: a vulnerabilidade dos vencidos e as estratexias de protección

Como é sabido, as formas máis dramáticas da violencia exercida en sede xurisdicional sobre os vencidos teñen lugar a través dos órganos das diversas xurisdicións especiais, xa sexan preexistentes pero elevadas a un protagonismo do que carecían antes —como é o caso da castrense—, ou creadas *ad hoc* —para a incautación de bens, depuración do persoal, exixencia de responsabilidades políticas, etc.—. A xurisdición ordinaria, polo seu propio carácter e apego a pautas de conduta adaptadas á normalidade institucional, xoga un papel netamente secundario na implantación da persecución violenta subseguinte ao colapso desa normalidade.

Na instauración dunha nova orde que irrompe de modo tan abrupto, os tribunais ordinarios fan a súa contribución mediante dous procedementos antitéticos pero complementarios: por un lado, *actuando* a súa competencia con forzada normalidade, é dicir, como instancia de normalización que dá carta de natureza ao novo Estado como continuador do previamente existente, non tanto do inmediatamente anterior —deslexitimado pola súa conduta antinacional— como do que encarnou un suposto pasado nacional glorioso que se trata de restaurar. E, ao propio tempo, *absténdose de actuar* as súas competencias en relación a condutas notoriamente antixurídicas que se producen á vista de todos pero que se xustifican pola excepcionalidade histórica da tarefa emprendida polo novo poder: queda fóra de calquera lóxica agardar que os tribunais ordinarios investiguen as mortes dos que aparecen nas cunetas ou que reparen o espolio patrimonial ocasionado aos vencidos. Pola contra, como vimos, os xuíces municipais branquean os fusilamentos e paseos con tecnicismos forenses ao inscribir ás vítimas no rexistro de defuncións; malia que non sexa este un acto xurisdicional senón unha actuación debida, igual que as resolucións executivas. Pero normalizar o anormal tradúcese en actuar como se o anormal non existise. Apreciar a contribución da xurisdición especial á violencia golpista está ao alcance de calquera que tome nas mans a documentación dun consello de guerra. Resulta moito máis sutil no caso da xurisdición ordinaria e, especialmente, da civil: a máis ordinaria de todas.

Malia iso, debería ser posible constatar como nesa litixiosidade de xente de orde —dun mundo burgués de relacións económicas e sociais nos que os modelos que se ponderan son o ordenado comerciante e o bo pai de familia— aparece inserida a violencia sobre os perdedores. Sutilmente, sen que sexa precisa a invocación da culpa constitutiva do vencido, dun xeito —digámolo así— *despolitizado*: en forma de demanda que en

[585] Causa 48/939 (ca. sn., 21 – 52, 1939, f. Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, AHPPo).

situacións ordinarias non se tería presentado; de aproveitamento da situación de debilidade; de imposibilidade de defensa por esa propia debilidade ou pola forzada ausencia; da aparición do estigma que pexa á condición de sometemento a quen anteriormente podía ter unha posición social acomodada, solvente, publicamente recoñecida ou mesmo privilexiada. A convulsión da guerra, particularmente da violencia interna da retagarda, actúa como un formidable ascensor social subitamente entolecido, que eleva ou fai descender a posición social dos individuos en función do seu aliñamento do lado dos vencedores ou dos vencidos. Na actividade da xurisdición civil, que reflicte mellor que ningunha outra a xerarquía social nas relacións do mundo burgués dos ordenados —ou non tanto— comerciantes e dos bos —ou non tanto— pais de familia, forzosamente se ha de reflectir esa perda de xerarquía, a depreciación da posición. Esas son as pegadas que buscamos e a hipótese dende a que partimos neste ámbito.

O enfoque global do noso traballo, que atende á actuación xurisdicional do Estado como un todo, buscando as súas liñas de coherencia, limita a exhaustividade da pescuda en cada orde xurisdicional concreto. Serían precisos estudos máis específicos para describir con maior detalle a pegada da violencia depurativa en cada escenario, e particularmente nos que o espectáculo é menos vistoso, máis anódino, como é o da xurisdición civil. Aínda así, na análise das causas que manexamos atopamos esa sutil pegada en datos que podemos ordenar nun dobre movemento: a aparición da súbita vulnerabilidade dos vencidos e os intentos de establecer algún tipo de estratexia de protección que atenúe os efectos desa vulnerabilidade.

4.4.4.1. Algúns casos paradigmáticos da *revitimización civil*: Joaquín Maquieira, Amancio Caamaño e Alberto Martínez Tiscar

Como temos dito, o mundo que se representa na litixiosidade civil na época da que tratamos —e, en maior ou menor medida, en calquera outra— é esencialmente, pola propia natureza das relacións que neste espazo se dirimen, un mundo burgués de propietarios, comerciantes e profesionais. Os desposuídos raramente litigan, e cando o fan é polo xeral en condición de demandados e en relación co seu trato co mundo dos posuidores. Por esta razón, a inserción da violencia sobre os vencidos na xurisdición civil ten lugar ordinariamente en relación con persoas de extracción burguesa, profesional e economicamente solventes, incluso con notoriedade social anteriormente indiscutida, ás que sorprende ver na condición de demandados por motivos que se compadecen mal coa súa —anterior— xerarquía social. A súa posición como suxeitos pasivos do proceso e o carácter reiterativo que acotío teñen as demandas dirixidas contra eles fai evidente o devalo do seu status na nova orde social. Con frecuencia a litixiosidade que padecen nos tribunais civís é subsidiaria doutros tipos de violencia máis explícita, exercida por xurisdicións especiais: pódese falar, con propiedade, de violencia redundante ou *revitimización civil*. No plano patrimonial, esta subsidiariedade tradúcese en disputas por facer valer os embargos trabados na xurisdición ordinaria fronte aos producidos polos organismos encargados da incautación de bens por responsabilidades políticas, que se resolven normalmente a favor destas últimas. No plano persoal, é común que se dirixan demandas contra persoas fuxidas, exiliadas ou mesmo mortas, que polo mesmo están abocadas á rebeldía procesual —agás que comparezan mediante representación legal do ausente ou a comunidade de herdeiros—, coa conseguinte mingua da posibilidade de defensa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Atopámonos, por tanto, na inserción neste espazo xurisdicional da violencia exercida sobre os vencidos e as vencidas, cun suxeito tipo procedente de capas sociais

acomodadas situado, polo cambio das relacións de poder derivadas do impacto do golpe, nunha posición de vulnerabilidade sobrevida; e cunha violencia oportunista que a aproveita, subsidiaria e redundante con outras formas de violencia máis explícitas. A que aquí opera non mata, pero se nutre da prea[586].

Imaxe 11. Joaquín Maquieira, Castelao e Amancio Caamaño (esq. a der., 1934)

Fonte: Lama, José María: "Castelao en Badajoz", Boletín de la Real Academia de Extremadura de las Artes y las Letras*, 2015, p. 133.*

Un caso paradigmático do suxeito que describimos é **Joaquín Maquieira Fernández**. Destacado representante do republicanismo pontevedrés —membro de FRG, logo integrado en IR—, foi presidente da Deputación provincial[587]. Farmacéutico de profesión, rexentaba a farmacia familiar que fora de seu pai morto tempo atrás, Sebastián Maquieira, situada na rúa Michelena. Nela reuníanse habitualmente membros do elitista club de remo Karepas —Maquieira fora un dos seus primeiros presidentes—, que agrupaba a membros da burguesía culta, liberal, republicana e galeguista da cidade como Castelao, Sánchez Cantón, Losada Diéguez e outros; tamén parece que se facían alí reunións masónicas[588]. A solvencia económica e social de Joaquín Maquieira era notoria, non só pola súa actividade como farmacéutico senón pola pertenza a unha familia abastada; a herdanza do seu pai, na que se comprendía a farmacia familiar, estaba indivisa, e será o obxecto máis gorentoso das pretensións depredatorias. Como exemplo desta solvencia familiar, é coñecido que cando o seu irmán Eloy rematou a carreira de arquitectura, a súa nai Joaquina Fernández Cabanillas o agasallou cun vehículo, co que

[586] O que non exclúe a outro tipo de suxeitos de extracción social menos favorecida. Sen dúbida han aparecer máis na xurisdición dos Xulgados Municipais (que, recordamos, non contemplamos pola perda de fondos no caso de Pontevedra), en procesos de desafiuzamento e reclamacións de menor entidade. O que significamos, porque o constatamos nas nosas fontes, é a vinculación entre a xurisdición civil e un mundo de relacións económicas que é caracteristicamente burgués.

[587] Aparece como tal no capítulo 3 e no Anexo 2. O seu tempo como presidente da Deputación foi, con todo, breve: de finais de maio de 1933 a comezos de xaneiro de 1934.

[588] Vidal García, José Luis: "Sociedad Gimnástica, 75 años de historia", *El Diario de Pontevedra*, abril 2002 (dispoñible en: https://www.sgpontevedra.com/wp-content/uploads/2019/07/HISTORIA-GIMNASTICA-1.pdf [últ. consulta o 15/12/2022]).

viaxou por Europa para familiarizarse coa arquitectura máis moderna que se facía no continente[589].

Tralo golpe do 36, Joaquín Maquieira foi detido e internado no campo de concentración da illa de San Simón. A súa familia conseguiu que fose posto en liberdade, circunstancia que aproveitou para fuxir a Uruguai e así salvar a vida[590]. O que o exilio non puido evitar foi a represalia económica por parte da Comisión Provincial de Incautación de Bens e do Tribunal Especial para a Represión da Masonería e o Comunismo. Tampouco as demandas perante a xurisdición civil ordinaria: Joaquín, que anteriormente non aparece en ningún procedemento como litigante no Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, figura como intervinte en ata 10 causas entre 1937 e 1942[591]. Algunhas teñen que ver coas estratexias de protección fronte ao espolio, como veremos no seguinte epígrafe. Outras son expedientes de consignación de pequenas cantidades a favor de Maquieira, derivadas da dificultade de facer os pagamentos a unha persoa ausente por razón do seu exilio. Das que perseguen o patrimonio familiar, faremos alusión ás que ofrecen datos máis interesantes.

A primeira demanda que se lle presenta dá lugar á causa 22/937[592]. Son unhas dilixencias preparatorias de execución e embargo preventivo, a instancia do Banco Hispano Americano (BHA) en reclamación de 1.300 pesetas polo impago dunha letra librada o 29 de maio de 1936, a 90 días; de modo que o vencemento se produce estando Maquieira preso en San Simón. Protestada en outubro, preséntase acto de conciliación o 5 de marzo de 1937, ao que obviamente non comparece o conciliado —«no obstante estar citado en forma legal», que non implica que o fose persoalmente—[593]. Formulada demanda, emprázase ao demandado e se lle cita para dilixencia de recoñecemento de sinatura. Recolle a citación o seu irmán Eloy, quen, malia residir en Lugo, acudía a Pontevedra para dar apoio á nai e facerse cargo dos asuntos de Joaquín, «con la prevención de que se la entregue a aquel tan pronto regrese, o se la envíe a donde se halle»: aínda que ninguén o manifeste, Joaquín xa estaba fuxido en Montevideo.

Posteriores citacións non son recollidas, facéndose constar que «según averiguaciones practicadas, dicho señor se halla ausente en ignorado paradero». Non só era un feito notorio en Pontevedra, senón que lle constaba ao Xulgado por tramitar os embargos practicados por orde da Comisión Provincial de Incautación de Bens (CPIB). Decrétase embargo preventivo da participación do demandado na sociedade *Maquieira y Matías, SL*, o dereito que tiña na herdanza do seu pai —que comprendía a farmacia—, o dereito hereditario na casa familiar no núm. 14 da rúa Peregrina —que debía ser ganancial

[589] Eloy era un reputado arquitecto de éxito que exercía en Lugo, onde era arquitecto municipal dende 1927. Introdutor en Galicia do estilo internacional, malia que morreu prematuramente en 1944, ten unha extensa obra, tanto pública como privada. Xogou un papel fundamental na defensa dos intereses do seu irmán e da súa nai, logo de que Joaquín se exiliase, como veremos. Para máis detalle sobre a figura de Eloy Maquieira, ver a súa entrada no blog *Urbipedia – Archivo de Arquitectura* (dispoñible en: https://www.urbipedia.org/hoja/Eloy_Maquieira [últ. consulta o 15/12/2022]).

[590] Pereira Martínez: "A familia Poza …", 2004, pp. 271 – 272. Maquieira aparece varias veces no blog de Xosé Álvarez Castro *Pontevedra nos anos do medo* (dispoñible en: https://anosdomedo.blogspot.com/search?q=maquieira [últ. consulta o 15/12/2022]); algunhas das entradas nas que é mencionado son "Epistolario (2): De Guillán a Maquieira", "Masonería en Pontevedra (I): Loxa no Burgo", "Masonería en Pontevedra (II): Manuel Guillán Abalo", "Masonería en Pontevedra (III): o caso Isidoro Millán", "Ricardo Macarrón Piúdo", "Defensa do Ven:.H:. 'Fermín Galán'"… Ver tamén a súa ficha na base de datos de NeV, que contabiliza a súa detención no penal de San Simón.

[591] E sabemos, por referencia nas causas que estudiamos, que alomenos tivo unha causa perante o Xulgado Municipal, de desafiuzamento dun local na Rúa Michelena, 2 (entendemos que é o local no que estaba a farmacia familiar), a instancia de Carmen Malvar. A perda dos fondos do Xulgado Municipal impídenos coñecer máis datos sobre este procedemento e o seu resultado.

[592] Causa 22/937 (ca. sn., 1 – 35, 1937, f. Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, AHPPo).

[593] Un acto de conciliación é, como o seu propio nome indica, un "[a]cto oral donde las partes, ante el juez, exponen sus planteamientos, con el fin de llegar a un acuerdo [para evitar así el litigio], y que pone fin al procedimiento de acto de conciliación", tal e como o define o *Diccionario Panhispánico de Español Jurídico*.

dos pais— e unha sexta parte dun crédito con garantía hipotecaria concedido pola familia a unha terceira persoa por importe de 15.900 pesetas —indicativo da solvencia familiar— . Ao non comparecer o demandado nin formular oposición, se lle ten por confeso a efectos de despachar a execución, como así se fai previa presentación polo BHA de demanda executiva no mesmo procedemento —lembremos que a inicial era preparatoria e de embargo preventivo—. Finalmente, dítase sentenza de remate mandando seguir a execución sobre os bens embargados preventivamente, agás a participación na sociedade *Maquieira y Matías*, á que renunciara o BHA por considerar abondos os demais embargos —e porque seguramente esa participación social carecese á altura de valor realizable—.

Chegados ao punto da execución dos bens embargados, aparece o conflito coa CPIB, que se dirixe ao Xulgado para manifestar que o executado está suxeito a expediente administrativo de declaración de responsabilidade civil[594]. En cumprimento do Decreto 108 da Xunta de Defensa Nacional e das súas normas de desenvolvemento, a CPIB «acuerda que quede en suspenso el referido [este] procedimiento y se comunique este acuerdo para que tenga efecto al Juzgado». Como se verá no capítulo 8, na (pseudo)xurisdición de responsabilidades políticas a intervención dos órganos da xurisdición ordinaria é un acto debido, sometido á decisión do órgano administrativo, altamente militarizado. Conforme a esta subordinación da xurisdición ordinaria á de incautación de bens, o Xulgado limítase a ditar unha mera providencia acordando suspender o procedemento. O BHA non se achanta á perda dos seus embargos e, ao tempo que anuncia a pretensión de recorrer a providencia, solicita do Xulgado que aporte á causa testemuño do expediente de responsabilidades, para verificar se nel están embargados os dereitos sobre os que o banco ten trabados. Non se acepta esta pretensión «dado la índole del procedimiento y carácter secreto de las diligencias». Aínda sen eses datos, o BHA recorre en reposición a providencia, sen éxito xa que o Xulgado dita auto confirmando a suspensión do procedemento. O BHA esgota as vías legais para facer valer os seus embargos recorrendo en apelación perante a Audiencia Territorial de A Coruña, que confirma o auto apelado. A pugna entre a execución civil e a dos organismos de incautación resólvese a favor destes. O BHA non pode executar os seus embargos pola preferencia concedida á CPIB.

Das demais causas seguidas contra Maquieira ten especial interese, polas persoas involucradas, a 132/939: un xuízo de menor contía promovido por Constante Dios contra Maquieira en reclamación de 4.000 pesetas dun empréstito máis intereses[595]. A acción deriva dun préstamo concedido por José Poceiro non a Maquieira senón a José Echeverría Nóvoa, outro destacado membro do republicanismo pontevedrés[596]. Avogado de profesión e con traxectoria militante coincidente coa de Maquieira, Echeverría foi gobernador civil de diversas provincias durante a República e ocupaba ese cargo na de Biscaia no momento do golpe; finalizada a guerra exiliouse en diversos países americanos, ata morrer nos EE.UU. Interviñeron no contrato, como fiadores solidarios, Joaquín Maquieira e Amancio Caamaño, médico e político republicano pontevedrés que, como é sabido, foi condenado a morte e executado despois do golpe; máis adiante

[594] Malia o seu carácter administrativo, esta é coñecida polo propio Xulgado de Primeira Instancia no relativo aos embargos, como se verá no capítulo 8. Todo o procedemento correspondente ás incautacións de bens, incluído os fundamentos xurídicos sobre os que este espolio se baseará (como o Decreto 108), serán explicados alí en maior detalle.

[595] Causa 132/939 (ca. sn., 130 – final, 1939, f. Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, AHPPo).

[596] Nalgunhas fontes atopamos o apelido Echeverría como Echevarría, sen que podamos establecer con total seguridade cal era o correcto; nós optaremos pola primeira versión, que consideramos a máis probable. Por outra banda, o segundo apelido de José Poceiro era Maquieira. Ignoramos se é casualidade ou tiña algunha relación de parentesco cos Maquieira farmacéuticos, pero de tela non era próxima e dende logo non existía afinidade persoal ou política. Cando declara como testemuña, ao contestar ás preguntas chamadas xerais da lei (que teñen por obxecto manifestar as relacións da testemuña coas partes) non declara ningunha relación co demandado. Só recoñece ser, ou ter sido, prestamista.

volveremos sobre el. De modo que temos, na mesma relación xurídica, a tres dos membros máis relevantes do republicanismo local: Maquieira, Caamaño e Echeverría.

Non demanda José Poceiro senón o seu fillastro Dios porque meses antes de se formular a reclamación fixérase unha cesión do crédito, que o avogado de Maquieira, Álvaro Losada Fernández —quen fora designado representante legal do ausente a instancia do seu irmán Eloy—, denuncia como sospeitosa de fraude xa que, á parte da vinculación familiar entre cedente e cesionario, este «tenía que saber, pues es cosa pública y notoria en Pontevedra, que uno de los obligados falleció, los otros dos están ausentes y todos sujetos a responsabilidades políticas». Losada actúa dilixentemente en defensa do seu representado, sen eludir, coa natural cautela, as implicacións políticas do caso. Formula tacha das testemuñas do actor —o propio Poceiro e outros dous—, por teren intereses no preito ou amizade íntima co demandante, así como afinidades políticas entre si. Polas testificais practicadas no incidente de tacha, sabemos que «el Poceiro y el Abilleiro [outra testemuña do actor] fueron concejales radicales de este Ayuntamiento», e que padrasto e fillastro son persoas acaudaladas pero que «no gozan de buen concepto entre sus vecinos» —probablemente polas súas actuacións como prestamistas—.

Dos tres obrigados polo contrato só se demanda a Maquieira. Do debedor principal, Echeverría, di o demandante que «desapareció antes del Alzamiento Nacional, y su caudal se halla sujeto a la Ley de Responsabilidades»[597]. Do fusilado Caamaño, que non se demanda aos seus herdeiros «porque carecen de medios económicos como es sabido»; omite que é debido a que o seu patrimonio foi incautado. De Maquieira admite que «acaso pueda estar también afecto a la Ley reguladora de aquellas [Responsabilidades]», pero aínda así se lle demanda porque «su capital, por ser el recibido de sus padres … se halla indiviso entre él y su hermano Eloy»[598]. A situación de indivisión da herdanza protexe ao patrimonio familiar do embargo da CPIB, que afecta aos dereitos hereditarios de Joaquín, pero non traba directamente os bens da familia —incluída a farmacia— pola súa indivisión. Pero esta protección fai máis atractivo o caudal de Maquieira para os acredores, que están en condicións de apremar á familia para non interferir nas futuras operacións de liquidación da sociedade conxugal dos pais e de división da herdanza: Joaquín só ten dereitos sucesorios, pero a familia ten un patrimonio activo que preservar. No mesmo sentido, a defensa do demandante repróchalle ao representante legal do demandado que pretende «que se alargue el procedimiento para lograr en su día poner a salvo los bienes del demandado». Fica claro que o albo da estratexia dos prestamistas é o patrimonio familiar, máis accesible que o caudal propio dos outros dous obrigados por non estar directamente incautado. Finalmente a estratexia ten éxito porque se dita sentenza estimatoria da demanda; agás no relativo aos intereses, acollendo neste punto a posición da defensa de Maquieira. Seguidamente comparece Eloy e, probablemente para evitar un embargo, consigna as 4.000 pesetas do capital non pagado por Echeverría máis as custas. A sentenza resérvalle a Maquieira o dereito a repetir contra Echeverría polo pagado á súa conta, pero é seguro que nunca se debeu producir esa repetición porque ningún dos dous regresou nunca do seu exilio americano[599]

[597] En realidade, como sabemos, era gobernador civil de Biscaia.

[598] A nai de Maquieira morrera en febreiro de 1939. O pai, como sabemos, falecera anos atrás.

[599] Trala derrota republicana na guerra, Echeverría marcharía a América, chegando a República Dominicana en decembro de 1939, pasando logo por Panamá e Cuba ata establecerse finalmente en Estados Unidos. Morrerá en Miami no 84. Para máis información, ver a súa entrada no blog da *Enciclopedia da Emigración Galega*, redactada por Xurxo Martínez Crespo (dispoñible en: http://enciclopediadaemigraciongalega.com/biografias/echeverria_novoa_jose.htm [últ. consulta o 15/12/2022]); así como Pereira Martínez: "A familia Poza …", 2004, p. 271. Son varias as mención a Echeverría en Serrallonga i Urquidi, Joan: "El aparato provincial durante la Segunda República. Los gobernadores civiles, 1931 – 1939", *Hispania Nova*, núm. 7, 2007. Tamén é accesible de xeito telemático a súa ficha no rexistro de

O caso do citado **Amancio Caamaño Cimadevila** tamén é representativo desta violencia redundante que recae sobre membros da burguesía local e que o triunfo golpista puxo en situación de extrema vulnerabilidade. Médico de profesión, propietario dun próspero sanatorio e director do Hospital Provincial, a súa militancia no republicanismo é parella ás de Maquieira e Echeverría[600]. Como Maquieira, tamén foi algún tempo Presidente da Deputación. Logo do golpe foi preso, sometido a consello de guerra, condenado a morte e fusilado na Caeira o 12 de novembro de 1936 canda outros nove máis[601].

Morto Caamaño, a súa viúva houbo de facer fronte ás reclamacións de responsabilidades civís, tanto derivadas das actividades políticas que lle reclaman os organismos encargados do espolio —o sanatorio do doutor Caamaño, principal activo do seu patrimonio, foi embargado pola CPIB—, como outras formuladas perante a xurisdición civil. Estas atopámolas en tres causas acumuladas conservadas nos rexistros arquivísticos cos números 133, 135 e 138/937[602]. O proceso así acumulado corresponde a tres demandas formuladas de novo polo BHA contra a sucesión de Amancio Caamaño, «representada por su viuda Matilde Caamaño Pato, por sí y como representante legal de sus hijos menores».

A primeira é unha demanda de embargo preventivo para asegurar o cobro dunhas letras non pagadas e foi rexistrada no Xulgado o 27 de novembro de 1936, aínda que leva data de 21 de novembro: nove días despois de ser fusilado Caamaño. Como consecuencia desta primeira demanda embárgase preventivamente a casa destinada a sanatorio sinalada co número 74 da rúa Peregrina de Pontevedra, co terreo unido, que era a clínica do doutor Caamaño[603]. A diferencia do que sucedeu no caso dos embargos do BHA contra Joaquín Maquieira que vimos antes, aquí non comparece a CPIB para paralizar o procedemento[604].

A segunda demanda, rexistrada o 1 de decembro, é de preparación de execución: requírese á viúva para que recoñeza a sinatura do seu home nas letras e a realidade da débeda derivada do seu impago. Como Matilde Caamaño Pato di non saber nada das letras, faise necesaria a terceira demanda, que é a principal, dun procedemento de menor

migracións iberoamericanas do Ministerio de Cultura (dispoñible en: http://pares.mcu.es/MovimientosMigratorios/detalle.form?nid=5043 [últ. consulta o 15/12/2022]).

[600] Pereira Martínez: "A familia Poza …", 2004, pp. 269 – 270. Caamaño, ao igual que outros destacados persoeiros pontevedreses, aparece no capítulo 3 do presente traballo. Asemade, é mencionado en repetidas ocasións no blog de Álvarez Castro (dispoñible en: https://anosdomedo.blogspot.com/search?q=%22caama%C3%B1o%22 [últ. consulta o 15/12/2022]), como, por exemplo, nas entradas "Doce de novembro de 1936", "A proclamación da IIª República en Pontevedra" ou "O 20 de xullo de 1936 en Pontevedra: o golpe (2)". Son varias as alusións á súa figura na obra do historiador pontevedrés de nome homónimo ao blog *Pontevedra nos anos do medo* (2013). Ver tamén Lamela García, V. Luis: *Inmolados gallegos. Alexandro Bóveda, Víctor Casas, Telmo Bernárdez, Adrio Barreiro…*, Sada, Ediciós do Castro, 1993, pp. 108 – 117 e p. 213. Consultable tamén a súa entrada na base de vítimas de NeV.

[601] C/660/36 (ca. 4, f. Pontevedra, AIMNOR). Pola posición sociopolítica dos homes procesados, entre eles, o capitán da Garda de Asalto Juan Rico, este foi un dos consellos de guerra de maior sona na capital; é mencionado noutras ocasións ao longo desta tese, pero remitímonos a traballos como o de Álvarez Castro ou Lamela García para un tratamento máis detallado do mesmo. Caamaño tamén fora procesado na C/284/36 (ca. 1, f. Pontevedra, AIMNOR), co resultado de sobresemento definitivo.

[602] Ca. sn., 10 – final, 1937, f. Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, AHPPo. Facemos a indicación de que a numeración corresponde ao rexistro arquivístico porque, en realidade, o ano da numeración é erróneo. Aínda que na capa do procedemento figura 1937, e están conservadas nas caixas dese ano, o número das causas corresponde ao ano 1936, como se verifica no contido do expediente.

[603] Por certo que o BHA ten serias dificultades para anotar o embargo, xa que o rexistrador da Propiedade de Pontevedra, Antonio Ríos Mosquera, era o avogado de Matilde Caamaño Pato na causa. Aínda que Ríos Mosquera tivo que absterse por incompatibilidade (substituíuno o fiscal Alfonso del Moral), dende o Rexistro se puxeron trabas formais á anotación, que finalmente si se practicou.

[604] O que se explica, en parte, porque no momento en que se formaliza o embargo preventivo nesta causa, o 28 de novembro de 1936, aínda non estaban constituídas as CPIB (creadas, como veremos no capítulo dedicado a elas, por Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937). Pero podía ter comparecido logo da súa constitución. Probablemente non o fixo porque o embargo nunca foi executado.

contía reclamando 5.918,70 pesetas: 5.805 polo valor das letras, máis outras 113,70 polo saldo negativo que nese momento ten a conta de Caamaño no banco. Rexístrase o 22 de decembro de 1936. A celeridade —e ausencia de tacto coa viúva— do demandante é, dende logo, salientable; dá a impresión de que actúa deste xeito se cadra para adiantarse aos embargos administrativos por responsabilidades políticas.

Interesa facer referencia á orixe da débeda reclamada, xa que as letras non foron impagadas polo demandado e as identidades dos outros implicados nos negocios subxacentes nas letras é esclarecedora. O preito versa sobre seis letras de cambio, con diversos importes e prazos, libradas por Caamaño contra varios librados ou aceptantes nos meses de abril e maio de 1936, nas que é tomador o BHA. Aínda que a letra é un instrumento de crédito que pretende garantir un pago aprazado, ao contrario do contrato de préstamo, a letra é opaca respecto do negocio causal subxacente, que non se especifica no documento nin se discute no xuízo. Malia todo, polas declaracións testificais que se producen na causa sabemos dos créditos subxacentes. Unha letra —a máis cuantiosa, de 3.000 pesetas— é aceptada por Ramón Pesqueira para adiar o pago dunha débeda con Caamaño pola atención médica prestada a un familiar que estivera longo tempo ingresado no sanatorio. As outras corresponden a pequenos préstamos feitos por Caamaño a correlixionarios políticos. Nunha —de apenas 150 pesetas— o aceptante é o mestre pontevedrés Germán Adrio Mañá, unido a Caamaño pola amizade, a militancia política, o consello de guerra ao que foron sometidos, e o pelotón de fusilamento que os executou o 12 de novembro de 1936. Noutras dúas —que suman apenas 450 pesetas— quen recibe o préstamo e acepta as letras é o tamén mestre ourensán Gonzalo Martín March, que o fai para abrir en Pontevedra unha academia preparatoria de maxisterio, como a que tiña en Ourense. Martín March fora alcalde de Marín e era no momento do golpe gobernador civil de Ourense; sometido alí a outro consello de guerra, foi fusilado o 17 de setembro de 1936. O último aceptante —de dúas letras, que sumaban 2.230 pesetas tamén prestadas por Caamaño— é José Sánchez Feijóo, tamén detido logo do levantamento militar, xulgado en Ferrol e condenado a 12 anos de prisión[605].

Producido o golpe, as letras non puideron ser pagadas polos aceptantes: no caso dos tres últimos, por razóns obvias. E como o seu importe xa fora abonado polo BHA na conta de Caamaño, o banco decide reclamar ao librador en lugar dos librados aceptantes; é de supoñer que por considerar que a sucesión de Caamaño lles ofrecía mellores garantías de cobro. Prescindimos do debate xurídico producido na causa, na que o avogado de Matilde Caamaño Pato se desempeña con teimosía para protexer o patrimonio da viúva e dos fillos. Finalmente, dítase sentenza estimatoria da demanda, que recorre en apelación a afectada pero resulta confirmada pola Audiencia Territorial. Nin a sentenza nin por tanto o embargo foron executados, o que indica un pago ou acordo extraxudicial cuxos detalles descoñecemos. Á parte, o sanatorio sería recuperado pola familia tras unha longa batalla legal contra a súa incautación[606].

[605] Segundo consta, no caso de Sánchez Feijóo, no repertorio NeV. Para Adrio Mañá e Martín March, ademais deste repertorio, as fontes son múltiples, por seren figuras relevantes; nós recomendamos, entre outros, aquelas mencionadas para os casos anteriores.

[606] Sucedeu o mesmo con outras incautacións semellantes, como é o caso dos sanatorios das familias Poza en Pontevedra, ou Baltar en Santiago. A posición social non se perde doadamente, malia o embate de acontecementos tan disruptivos como o triunfo do golpe; e a capacidade para manter longas disputas legais xunto coa necesidade de normalización do novo Estado logo da fin da guerra posibilitaron a recuperación, con maior ou menor mingua, do patrimonio incautado a familias de posición sólida. O que non recuperaron, naturalmente, foi a vida dos asasinados nin a ausencia dos exiliados. A resiliencia e o orgullo desprezativo dalgunhas destas familias cara o novo poder está descrito con viveza, para o caso da familia Baltar, na novela de Suso de Toro *Un señor elegante* (2020).

Un último caso ao que faremos mención é o de **Alberto Martínez Tíscar**, de significación política ben distinta á dos anteriores. Avogado de profesión e funcionario da Deputación —era secretario da Xunta Provincial de Beneficencia—, nas eleccións municipais do 31 foi electo nas listas monárquicas polo distrito pontevedrés de Mourente, pero logo evolucionou cara posicións centristas próximas a Portela Valladares. Pertencía a unha familia radicalmente conservadora: o seu irmán Félix foi un membro destacado de Acción Popular en Pontevedra e nos primeiros momentos do golpe parece que se integrou na Falanxe e actuou na Garda Cívica. O seu cuñado Remigio Hevia fora alcalde de Pontevedra durante a ditadura de Primo de Rivera e volvería selo por dúas veces na franquista, exercendo máis tarde como procurador en Cortes. Dous dos seus fillos incorporáronse, despois do seu asasinato, ao exército nacional, morrendo na fronte un deles —Alberto Martínez Hevia—; o outro —Vicente Martínez Hevia— habería de facer carreira militar.

Con todo, o seu pasado monárquico, a protección familiar e determinados xestos para congraciarse co novo poder —como efectuar doazóns patrióticas a favor dos alzados— non serviron para evitar a inimizade de influentes sectores do franquismo pontevedrés, que lle tiñan unha persoal xenreira por consideralo masón e favorecedor do triunfo da Fronte Popular nas eleccións de 1936. A noite do 6 de setembro foi detido por gardas cívicos na súa casa de Samieira, conducido a Bueu e paseado canda outros. O seu corpo foi fondeado no mar, pero apareceu aboiado tempo despois en Beluso. Finalizada xa a guerra, o asasinato de Alberto Martínez Tíscar sería denunciado polo seu irmán Félix, o que deu lugar a unha causa militar que é un dos raros casos de investigación xudicial das execucións extraprocesuais nos primeiros momentos da guerra. O propio Félix expresará temer pola súa vida ao iniciar estas actuacións, amosando o complexo carácter dos diferentes tipos de violencias que estouran a partir do verán do 36, contexto no que un vitimario podía pasar a ser vítima en pouco tempo. A investigación aportou datos reveladores destas prácticas, pero foi sobresida provisionalmente.[607].

Caído en desgraza e sinalado polos seus inimigos dende o momento do golpe, Alberto Martínez ten que afrontar diversas reclamacións xudiciais que manifestan a súa súbita vulnerabilidade; nunca antes, no marco cronolóxico da nosa investigación, o atopamos como demandado. No procedemento 107/936, rexistrado o 10 de setembro —catro días despois da súa desaparición: aínda non aparecera o corpo— é demandado por Severino Martínez Piñó nunhas dilixencias preparatorias de execución relativas a un crédito de 8.000 pesetas concedido a Alberto Martínez polo Banco Central e que houbo de pagar o demandante como fiador solidario. Ao emprazar a Alberto, atopan no domicilio ao seu irmán Félix, que manifesta o que era de público coñecemento en toda Pontevedra: que o demandado «ha desaparecido de su casa ignorándose su paradero y diciéndose de rumor público que ha fallecido con ocasión de los sucesos revolucionarios». Como non consta oficialmente a morte, emprázaselle na persoa do irmán, coa consabida fórmula de que debe entregarlle a cédula cando apareza ou remitirlla

[607] Non se pode descartar que a particular xenreira que algúns tiñan a Alberto Martínez e o seu dramático final tivesen que ver, á parte da súa conduta política propia, coas disputas internas que na altura había dentro da Falanxe local, nas que estivese implicado o seu irmán Félix. Enfrontábase unha facción de afiliados da vella garda que encabezaba Daniel Buhigas con outra de elementos de incorporación tardía agrupados en torno a Manuel Castro Pena, daquela xefe provincial. Os primeiros reprochaban aos segundos, ademais de oportunismo, unha suposta conivencia pasada co centrismo portelista (reproche que tamén se lle facía a Alberto Martínez malia non ser falanxista). O enfrontamento, que reflectía un conflito polo control do partido de carácter xeral entre hedillistas e antihellidistas, era aberto e sen contemplacións. Estes datos, así como os anteriores, extraídos do blog de Álvarez Castro: "A morte de Alberto Martínez" (dispoñible en: https://anosdomedo.blogspot.com/2013/12/a-morte-de-alberto-martinez.html [últ. consulta o 16/12/2022]) e "Rivalidades na Falanxe (dispoñible en: https://anosdomedo.blogspot.com/search?q=rivalidades+na+falanxe [últ. consulta o 16/12/2022]).

a onde se atope —ámbalas encomendas imposibles—. Continúan adiante as dilixencias e recoñécese a póliza de crédito a efectos de poder ser executada.

De idéntico contido é a demanda da causa 110/936, rexistrada o 24 do mesmo mes, a instancia do así chamado Sátiro Campos Portela, preparando a execución dun crédito de 3.000 pesetas. Tamén se dirixe contra Alberto Martínez —e non contra a súa sucesión— a demanda do procedemento 112/936, instada por Francisco Hermida Vidal, de xuízo executivo en reclamación de 6.000 pesetas. Apréciase en todas estas reclamacións a urxencia por demandar a quen se sabe vítima dunha desaparición con mal prognóstico[608].

Inscrita xa a morte de Martínez Tíscar, aparecen outras dúas reclamacións dirixidas contra a súa sucesión, representada pola súa viúva Vicenta Hevia Marinas, nos dous casos a instancia do BHA novamente. Na causa 31/937 promóvese xuízo executivo reclamando 6.000 pesetas. Na 38/937 reclámanse 5.078,46 pesetas en demanda de xuízo de menor contía, con embargo preventivo[609]. Omitimos, para non cansar, máis detalles dos procedementos citados, que nada engaden ao xa dito

Cómpre agora falar das *estratexias de protección* das que dispuñan o vencidos para facer fronte á súa vulnerabilidade. Se a inserción da violencia nas reclamacións civís contra os vencidos é sutil e non doadamente detectable por referirse a obrigacións negociais ordinarias que só ao diseccionalas aparecen claramente reclamadas en condicións extraordinarias, as estratexias de protección dos que as padecen son aínda máis sutís. Diríxense a establecer mecanismos que permitan sortear a súbita vulnerabilidade, actuar en defensa dos que xa non están e protexer no posible o patrimonio persoal e familiar do espolio ao que está exposto. Non sempre son detectables, nin sequera as producidas en sede xudicial, xa que como é natural nelas non se identifica o propósito que teñen. Así e todo, algunhas si se deixan ver na documentación que manexamos, nun dobre sentido.

Por un lado está a necesidade de cubrir o baleiro legal deixado polos fuxidos —que non poden ser declarados legalmente ausentes por non reunir os requisitos e prazos legalmente esixidos— designando representantes legais de confianza que actúen no seu nome en actuacións concretas, tanto en xuízo como fóra del. Tal é o caso, respecto do exiliado Joaquín Maquieira, do procedemento da xurisdición voluntaria instado polo seu irmán Eloy sinalado co número 14/939 para designar representante legal de Joaquín en relación á administración dos seus dereitos hereditarios e a liquidación da sociedade de gananciais e herdanza dos pais, que se fai necesaria pola recente morte da nai[610]. Na solicitude, faise referencia a que os dereitos hereditarios do ausente non declarado están embargados «en expediente de incautación tramitado conforme a las leyes vigentes». Eloy é quen se viña facendo cargo dos asuntos patrimoniais de seu irmán —e dos persoais, parece, pois manifesta na solicitude que os seus sobriños «se hallan al cuidado del recurrente»—, pero non pode ser designado representante del por estar interesado nas liquidacións pendentes con intereses potencialmente contrapostos. Deixa a designación á criterio do Xulgado, e acaba recaendo no avogado —e, neste mesmo ano, nomeado maxistrado suplente da Audiencia Provincial[611]— Álvaro Losada Fernández, «persona que ofrece garantías al Juzgado para el desempeño de dicha función». A sintonía de

[608] As tres causas na mesma caixa (ca. sn., 84 – 124, 1936, f. Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, AHPPo).
[609] Ca. sn., 1937, f. Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, AHPPo.
[610] Procedemento núm. 14/939 (ca. sn., 8 – 20, 1939, f. Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, AHPPo).
[611] «Orden nombrando Magistrados suplentes de las Audiencias provinciales de Gerona, Pontevedra, Teruel y Tarragona», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 116,26/04/1939, pp. 2252 – 2253. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/116/A02252-02253.pdf [últ. consulta o 17/12/2022].

Losada coa familia no exercicio da representación indica que é persoa de confianza desta. A inicial encomenda representativa amplíase logo, a solicitude do propio Álvaro Losada, á comparecencia en xuízo nas causas seguidas contra Joaquín Maquieira polas demandas de Constante Dios e Carmen Malvar, xa mencionadas. A actuación de Losada na defensa dos intereses familiares foi, como vimos, activa e dilixente.

Outras veces son as mulleres dos exiliados as que, para facer fronte á xestión dos asuntos familiares e patrimoniais, precisan de acudir ao auxilio xudicial para obter as licenzas maritais que a lei exixe e non poden ser concedidas pola ausencia dos esposos. É o caso de Josefina Arruti Viaño, pertencente a unha coñecida familia pontevedresa, muller de Bibiano Fernández Osorio-Tafall. Catedrático de Ciencias do Instituto de Pontevedra e destacado membro do Seminario de Estudos Galegos, foi, entre outros, alcalde de Pontevedra, presidente da Deputación e deputado en Cortes. Como recordaremos do visto no capítulo 3, ao producirse o golpe Osorio-Tafall estaba en Madrid, onde residía a familia non só pola súa condición de deputado senón porque tomara posesión como catedrático no Instituto Lope de Vega; a súa muller e mailos fillos acababan de trasladarse a Pontevedra para pasar as vacacións. Durante a guerra Osorio-Tafall ocupou diversos cargos no goberno republicano e no Exército Popular, o que o forzou a exiliarse en México cando rematou a contenda. Namentres, en Pontevedra Josefina Arruti foi detida e sufriu prisión durante varios meses[612]. Consolidada a situación de separación familiar, en 1942 Josefina Arruti acode ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución da cidade promovendo expediente de xurisdición voluntaria no que solicita habilitación xudicial para intervir na herdanza da súa tía Erlinda Viaño, «y si [VS] lo estima oportuno, la general para todos los actos en que sea necesaria la licencia marital»[613]. O fiscal informa favorablemente á concesión, pero limitada exclusivamente ás operacións sucesorias da tía falecida, opóndose á licencia xeral solicitada. Finalmente, o xuíz dita auto estimatorio da solicitude, pero nos termos restritivos do informe fiscal.

Outras estratexias son menos explícitas e máis difíciles de identificar xa que o seu propósito é necesario que permaneza oculto. É o caso da demandas xudiciais formuladas por persoas da contorna familiar ou íntima para protexer o patrimonio ameazado creando títulos executivos que se adianten ou teñan preferencia fronte a outros de terceiros. Podemos falar aquí de *demandas amigas*, fronte ás oportunistas dos alleos. A natureza oculta do propósito que se persigue fai difícil identificar con plena certeza este tipo de procedementos, pero temos a sólida impresión de que tal é o que acontece con algunhas demandas dirixidas contra Joaquín Maquieira, como unha que lle formula a súa propia nai Joaquina Fernández Cabanillas en reclamación da importante cantidade de 36.140,40 pesetas que dá lugar ao procedemento de maior contía e embargo preventivo co número 28/937; ou a que formula a súa tía materna Eudosia contra todo o núcleo familiar —Joaquín, Eloy e a nai Joaquina— reclamando 15.000 pesetas nos procedementos 32/937 —dilixencias preparatorias de xuízo— e 41/937 —xuízo de menor contía, acumulado ao anterior—[614]. Nalgunha causa de divorcio posterior ao 18 de xullo que nos

[612] Porén, nin ela nin o seu marido contan con entrada na base de NeV, evidencia da necesidade de continuación do proxecto. Ela si conta cunha biografía na iniciativa do Concello de Pontevedra *Do gris ao violeta* (dispoñible en: https://www.dogrisaovioleta.gal/biografia/represaliadas-e-resistentes/josefina-arruti-viano/ [últ. consulta o 17/12/2022]). Sobre o papel protagonista destas *viúvas de vivos*, tan sufrido e pouco recoñecido, e particularmente sobre o caso de Josefina Arruti, ver o artigo de prensa de Larriba, Elena: "Mi madre sufrió aquí en silencio tanto o más que mi padre en el exilio", *La Voz de Galicia*, 18/04/2009 (dispoñible en: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/pontevedra/2009/04/18/madre-sufrio-silencio-padre-exilio/0003_7658772.htm [últ. consulta o 17/12/2022]). Nel, aparecen recollidas as manifestacións de María del Carmen Fernández Arruti, filla do matrimonio e catedrática de historia do Instituto Sánchez Cantón de Pontevedra.

[613] Procedemento núm. 67/942 (ca. sn., 63 – 69, 1942, f. Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, AHPPo).

[614] Ca. sn., 36 – 46, 1937, f. Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra, AHPPo.

atopamos tamén podería albergarse algún propósito defensivo do patrimonio familiar, pero as sospeitas son moito menos fundadas.

Este tipo de estratexias despregadas en sede xudicial son compatibles e complementarias doutras producidas extraxudicialmente como operacións sucesorias ou relativas á sociedade conxugal, disposicións reais ou ficticias de bens, gravames sobre o patrimonio... que polo mesmo non constatamos nas fontes xurisdicionais máis que dun modo reflexo e limitado.

4.4.4.2. A actuación do órgano xudicial en síntese

Na análise da casuística elaborada en epígrafes anteriores, xa se foi deixando constancia dos datos máis significativos da actuación dos diversos axentes intervenientes, incluído o órgano xudicial. Así e todo, concluiremos este capítulo cunha breve recapitulación valorativa sobre as trazas que detectamos na actuación do órgano nas causas que manexamos.

Como corresponde a un órgano da xurisdición ordinaria —e a civil é a xurisdición ordinaria por excelencia—, a actuación do Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra nos procedementos máis problemáticos —por referírense a vítimas da violencia golpista— dos que nos ocupamos, tanto os que teñen un claro carácter *ofensivo* como as *defensivas*, ten un ton profesional, apolítico e carente de entusiasmo. A partir de xullo de 1936 aparecen nestas e noutras causas, malia que sen excesos, as consabidas fórmulas de exaltación patriótica, pero estas tamén as vemos nos escritos das partes, incluídas as notoriamente desafectas á causa nacional. O golpe de Estado non só trastorna a orde xurídico-política, senón tamén a linguaxe, pero os distintos posibles usos que esta ten fan imposible distinguir, sen referentes externos, o sincero do meramente convencional e do abertamente finxido. Así e todo, a impresión que producen os escritos do órgano é dun uso ritual e formulario desta —digámolo en termos orwellianos— *neolingua*.

Por outra parte, en relación ás consecuencias secundarias que a mal chamada xurisdición incautatoria ten na orde civil ordinaria, apreciamos que o Xulgado acata sen discusión a súa subordinación aos organismos responsables da incautación, asumindo as súas indicacións cando procede, sen exteriorizar reserva ou renitencia. Como veremos polo miúdo ao tratar da (pseudo)xurisdición incautatoria, na organización do espolio o papel que se lle reserva aos órganos da xurisdición civil ordinaria é subordinado e meramente executivo do decidido en instancias desxudicializadas, militares ou administrativas con forte peso militar. Como seguramente era de agardar consideradas as circunstancias do momento, non se aprecia resistencia xudicial a esta subordinación que priva á intervención do órgano de calquera función fiscalizadora. En cambio, en relación ás pretensións oportunistas de particulares dirixidas contra o patrimonio familiar dos vencidos si que se aprecia en ocasións unha actitude do órgano reticente, ou alomenos exixente fronte a esa depredación privada. Tampouco se obstaculizan as actuacións dos demandados dirixidas a dispor dalgún tipo de defensa legal, dentro ou fóra do proceso, ou a establecer estratexias de protección dos patrimonios familiares.

Porén, sería notoriamente incorrecto falar nestes casos dunha reaparición dun xenuíno garantismo xudicial, nin aínda tímido. Como xa indicamos no capítulo correspondente á formación do Estado xurisdicional, a opción pola acción xudicializada en detrimento (relativo) da acción paralegal non implica necesariamente maiores garantías senón apenas límites procedimentais. En puridade, o garantismo é un réxime de garantía proactiva dos dereitos fundamentais, non mera observancia dos procedementos,

polo que é radicalmente inviable nun réxime que rabena os dereitos políticos e civís, con independencia das preferencias subxectivas dos titulares dos órganos xurisdicionais[615].

En definitiva, na orde xurisdicional civil —habitualmente ignorada nos estudos sobre a guerra— aparece unha certa ambivalencia. Por unha banda é unha instancia de normalización, a certificación de que *a vida continúa*; esta función normalizadora resulta favorecida polo carácter máis *apolítico* que a xurisdición civil ten —ou cando menos representa— comparativamente coas demais xurisdicións, non xa as especiais senón tamén as outras ordinarias como é o caso da penal ou da contenciosa, que aplican un dereito público e non privado. Pero, por outro lado, non pode subtraerse á abrupta ruptura da orde precedente e ás violencias precisas para a implantación da orde nova, por máis que nesta labor se lle atribúa un protagonismo secundario. É neste sentido que concluímos que, a partir de xullo de 1936, a xurisdición civil actúa como unha instancia de normalización do anormal.

Así, o que evidencia o seu estudo é que esta non foi allea ás abruptas mudanzas sociais e políticas do verán do 36, e que a violencia golpista permeou en tódalas instancias da vida das persoas e as institucións. Continuaremos o estudo do papel da xurisdición ordinaria nos vindeiros dous capítulos, e afondaremos na lóxica da xudicialización da violencia e as súas implicacións na derradeira parte da tese de doutoramento.

[615] Sobre isto, ver Ferrajoli, Luigi: *Democracia y garantismo,* Madrid, Editorial Trotta, 2010. Segundo Ferrajoli, o *paradigma garantista* é un modelo que "no se limita a programar sólo las *formas* de producción del derecho … sino que además programa sus *contenidos* sustanciales, vinculándolos normativamente a los principios de justicia (igualdad, paz, tutela de los derechos fundamentales) inscritos en las constituciones" (pp. 30 – 31), entendidas estas non tanto como normas formais senón como *normas metalegais* (ou un *dereito por enriba do dereito*) que expresan unha "convención democrática" sobre o que pode ser decidido, o que non pode ser decidido e o que non pode non ser decidido. Certamente este paradigma garantista é extremadamente exixente, pero por moito que se rebaixen as exixencias do modelo en ningún caso se podería falar de xurisprudencia garantista nun sistema estatal que abole os dereitos que deben ser garantidos (incluído o dereito de propiedade cando o titular está declarado como incurso en responsabilidades políticas pola súa desafección ao réxime).

5. A Audiencia Provincial

5.1. As Audiencias Provinciais como audiencias do criminal

O máximo órgano xudicial que existía —e existe— en Pontevedra, en tanto que capital de provincia, era a Audiencia Provincial. Mais, a diferenza do que sucede hoxe, que tamén teñen competencia en materia civil actuando como de órgano de apelación das resolucións dos Xulgados de Primeira Instancia, nos anos 30 as Audiencias só se encargaban de resolver casos de materia criminal —ou penal, na terminoloxía actual—, coñecendo en primeira instancia, con casación perante o Tribunal Supremo, do axuizamento das causas instruídas polos Xulgados de Instrución. De aí que no momento da súa creación en 1882 fosen designadas como Audiencias do Criminal, adoptando a denominación de Audiencias Provinciais en 1893[616].

Dicimos, para simplificar, que nos anos 30 do século pasado as Audiencias Provinciais coñecían en primeira instancia do axuizamento das causas penais procedentes dos Xulgados de Instrución, pero para ser máis exactas deberiamos dicir que o facían en primeira e *única* instancia, xa que a casación non é unha nova instancia, de natureza *plena*. A casación é un recurso extraordinario, de alcance limitado e suxeito a causas taxadas, que no ámbito penal ten ademais a limitación do respecto á *santidade* da declaración de feitos probados contida na sentenza do tribunal de instancia. Ao non caber practicamente a revisión dos feitos, que son a cerna do xuízo penal, a casación só revisa a aplicación do dereito a eses feitos inatacables ou unha eventual infracción da norma procesual. A ausencia dunha verdadeira segunda instancia penal foi un dos puntos máis febles do sistema xudicial español, motivo de reiteradas reconvencións polos organismos internacionais por infrinxirse un dereito —a dobre instancia— recoñecido en diversas declaracións internacionais de dereitos. A segunda instancia penal só aparecerá en España moi tardiamente: en 1985 coa creación dos Xulgados do Penal —que ditan sentenzas apelables perante a Audiencia Provincial—, e para as causas competencia das Audiencias apenas en 2015 —ao introducirse a apelación perante o Tribunal Superior de Xustiza—. Ata entón, e polo tanto no momento do que tratamos, a primeira e única instancia penal correspondía na *fase de instrución* aos Xulgados de Instrución, que elaboraban o sumario, ata a súa conclusión e elevación á Audiencia; e na *fase de axuizamento* á Audiencia Provincial, que confirmaba —ou non— o auto de conclusión so sumario, abría o xuízo oral, celebraba a vista do xuízo e ditaba sentenza, recorrible en casación perante o Tribunal Supremo. Tal era o curso ordinario dunha causa penal.

Esta situación na que a competencia das Audiencias Provinciais era exclusivamente criminal mantíñase no momento ao que se refire o noso estudio, cunha significativa excepción introducida nunha lei especial: a Lei de Divorcio de 1932 atribuíu competencia ás Audiencias Provinciais en materia civil para sentenciar os procedementos

[616] «Real decreto aprobando un proyecto de ley para el establecimiento de los Juzgados y Tribunales de lo criminal», *Gaceta de Madrid*, núm. 288, 15/10/1882, pp. 125 – 126. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1882/288/A00125-00126.pdf [últ. consulta o 20/06/2022]. Como comentamos fugazmente ao comezo do anterior capítulo, orixinalmente as Audiencias do Criminal foron proxectadas como órganos infraprovinciais; os apuros económicos do erario público e o custoso da implantación desta ambiciosa nova planta foron claves para que en 1893 se decida eliminar tódalas Audiencias excepto aquelas sitas en capitais de provincia, pasando a designarse como Audiencias Provinciais, aínda que na práctica forense se mantivese o uso da vella terminoloxía por canto as novas Audiencias só tiñan competencia penal. O cambio non se efectuou mediante unha norma procesual senón de natureza orzamentaria, o que resulta clarificador da súa motivación económica. «Real decreto reformando la planta del personal de los Tribunales y Juzgados a que se refiere el cap. 3º. del presupuesto del Ministerio de Gracia y Justicia y demás que expresa», *Gaceta de Madrid*, núm. 242, 30/08/1893, pp. 769 – 772. O cambio de denominación, no art. 2. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1893/242/A00769-00772.pdf [últ. consulta o 20/06/2022].

USC

de separación e divorcio previamente tramitados polos Xulgados de Primeira Instancia e resolver os recursos contra as resolucións non definitivas ditadas por estes na fase na que coñecían das causas matrimoniais[617]. Ao respecto, debemos dicir que, alomenos no caso da Audiencia Provincial pontevedresa, non existen fondos arquivísticos desta actuación civil do tribunal, xa que as causas pertencían ao Xulgado de Primeira Instancia aínda que fosen falladas pola Audiencia; por tanto, están nos fondos dos xulgados, aos que se devolvían, ademais, por seren encargados da execución. Esta atípica competencia civil das Audiencias Provinciais durou o que estivo vixente a Lei de Divorcio, derrogada pola ditadura en outubro de 1939[618]. Con esta excepción, no período que nos ocupa as Audiencias Provinciais seguían sendo audiencias do criminal, e como tales continuaron ata que por unha lei do 20 de xuño de 1968 adquiriron competencia civil xa de forma ordinaria[619].

Polo tanto, na nosa investigación, nas causas da Audiencia só atoparemos casos relacionados co dereito penal: homicidios, estafas, violacións, roubos, lesións… Condutas socialmente repudiadas, consideradas como delituosas, e que implican, en consecuencia, un castigo, unha *pena*. Alternativamente, tamén é obxecto do dereito penal a imposición de *medidas de seguridade* a quen, sen ser responsable do que estaba a facer —padecendo, por exemplo, algunha alteración psíquica—, realiza unha conduta de constatado perigo social[620]. Tal e como o sintetiza o xurista galego Gonzalo Rodríguez Mourullo, o dereito penal correspóndese coa normativa xurídica na que «a determinadas condutas previstas como delitos [se les] asocian penas o medidas de seguridad»[621].

Se asumimos, na liña de Franz von Liszt, que a pena é a lexítima consecuencia do crime, vemos que o dereito penal pon en xogo unha contradición intrínseca dos Estados: a necesidade de aplicar violencia para suprimir as condutas violentas[622]. Trátase ademais dunha contradición altamente formalizada, que plasma no ámbito xurídico-procesual —intrinsecamente ritualizado— o poder punitivo do Estado ou, dito doutro modo, o monopolio da violencia weberiano[623]. É o *ius puniendi*, a capacidade sancionadora do Estado fronte á cidadanía, convertido nun mecanismo de control social administrado pola xudicatura. A teor diso, Francisco Muñoz Conde e Mercedes García Arán reflexionan en termos foucaultianos:

---

[617] «Ley relativa al divorcio», *Gaceta de Madrid*, núm. 71, 11/03/1932, pp. 1762 – 1767. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/071/A01762-01767.pdf [últ. consulta o 28/01/2022]. «Ley (rectificada) relativa al divorcio», *Gaceta de Madrid*, núm. 72, 12/03/1932, pp. 1794 – 1799. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/072/A01794-01799.pdf [últ. consulta o 28/01/2022].

[618] «Ley relativa al divorcio», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 278, 05/10/1939, pp. 5574 – 5575. Dispoñible https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1939/278/A05574-05575.pdf [últ. consulta o 28/01/2022].

[619] «Ley 10/1968, de 20 de junio, sobre atribución de competencia en materia civil a las Audiencias Provinciales», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 149, 21/06/1968, pp. 9049–9050. Dispoñible en https://www.boe.es/boe/dias/1968/06/21/pdfs/A09049-09050.pdf [últ. consulta o 28/01/2022].

[620] Bajo Fernández, Miguel; Lascuraín Sánchez, Juan Antonio: "El Derecho Penal: concepto", en Lascuraín Sánchez, Juan Antonio (coord.): *Manual de Introducción al Derecho Penal*, Madrid, Agencia Estatal Boletín Oficial del Estado, 2019, p. 28.

[621] Rodríguez Mourullo, Gonzalo: *Derecho penal. Parte general*, Madrid, Civitas, 1977, pp. 11–49. Trátase dunha definición sintética e consensuada. Ver tamén Welzel, Hans: *Derecho Penal. Parte general*, Bos Aires, Roque Depalma Editor, 1956 [ed. or. 1951], pp. 21–22; e Roxin, Claus: *Derecho Penal, Parte General. Tomo 1: Fundamentos. La estructura de la teoría del delito*, Madrid, Civitas, 1997 [ed. or. 1994], pp. 41 – 48.

[622] Von Liszt, Franz: *Tratado de derecho penal*, Madrid, Reus, 1999 [1903], p. 5.

[623] Un monopolio que non deixa de ser, en realidade, unha pretensión, pois convive con outras formas de violencia socialmente aceptadas, como sinala Germán Burgos. Exemplos deste tipo de violencia sería a paternalista de carácter intrafamiliar (ata hai pouco legalmente sancionado como dereito de corrección sobre os fillos, e anteriormente tamén sobre a esposa), a violencia machista contra a muller no ámbito afectivo (sen referendo legal pero con algún tipo de amparo social) ou mesmo a aplicación de *la letra con sangre entra*, método educativo aínda non erradicado. Burgos, Germán: "El monopolio de la violencia como construcción jurídica. Algunos desafíos globales", *Análisis Político*, núm. 89, 2017, pp. 114 – 129.

> Hablar del Derecho penal es hablar, de un modo u otro, de violencia. Violentos son generalmente los casos de los que se ocupa el Derecho penal (robo, asesinato, terrorismo, rebelión). Violenta es también la forma en que el Derecho penal soluciona estos casos (cárcel, internamientos psiquiátricos, suspensiones e inhabilitaciones de derechos). … La violencia es una característica de todas las instituciones sociales creadas para la defensa o protección de determinados intereses, legítimos o ilegítimos. La violencia es, por tanto, consustancial a todo sistema de control social. Lo que diferencia al Derecho penal de otras instituciones de control social es simplemente la formalización del control, liberándolo, dentro de lo posible, de la espontaneidad, de la sorpresa, del coyunturalismo y de la subjetividad propios de otros sistemas de control social. El control social jurídico-penal es, además, un control normativo, es decir, se ejerce a través de un conjunto de normas creadas previamente al efecto.[624]

É relevante a énfase que fan os autores na idea de violencia exercida dende o Estado, pois normalmente é substituída por palabras cunha connotación máis neutral, como a de forza ou coerción. O politólogo Xavier Crettiez tamén ten tratado abertamente a condición paradoxal da violencia segundo o actor que a orixina, subliñando o suposto carácter ecuánime e apolítico daquela que vén do Estado: «[a] *violencia* é *salvaxe*, mentres a *forza do Estado* é *contida*»[625].

Sexa cal sexa a terminoloxía que prefiramos empregar, probablemente sexa na orde xurisdicional do criminal onde máis evidentes son os vínculos entre violencia e administración de xustiza. Xa non pola natureza das condutas das que se ocupa —os delitos—, senón pola da propia resposta estatal a esas condutas —a pena—. Podemos entender o delito como aquelo que rompe co contrato social; mais, como sabemos, a propia idea de contrato social é un construto filosófico, humano, artificial e polo tanto susceptible a diferentes interpretacións. O Estado, ou mellor dito, os Estados buscarán controlar que é o que se entende por delito e a actuación punitiva que merece como resposta.

Así, non sen motivo, apréciase unha tendencia histórica pola que os diferentes réximes políticos —e, por conseguinte, as diferentes formas de entender o papel da administración de xustiza, ou da xustiza en termos máis amplos— que se sucederon en España amosaron un especial interese na codificación das figuras delituosas, introducindo códigos penais totalmente novos ou aplicando diversas reformas aos xa existentes segundo o *ethos* do sistema político do momento. Como consecuencia, mentres que a día de hoxe aínda mantemos o Código Civil de 1889 con significativas modificacións, na historia lexislativa española podemos distinguir ata oito códigos penais diferenciados referendados polo Estado: o de 1822, os de 1848 e 1850, o de 1870, o de 1928, o de 1932, o de 1944 e o actualmente vixente de 1995. Houbo outros de carácter non oficial, como o promulgado en 1875 polos tradicionalistas durante a Terceira Guerra Carlista, aínda que, por suposto, non recoñecidos polo goberno central liberal[626]. Todo isto pon de

[624] Muñoz Conde, Francisco; García Arán, Mercedes: *Derecho Penal. Parte general*, Valencia, Tirant lo Blanch, 2010, pp. 31 – 32. Noutro traballo, Muñoz Conde fala en termos semellantes: "[N]o hay un Derecho penal que no sea 'autoritario'; es más, el Derecho penal es el más autoritario de todas las ramas del Ordenamiento jurídico y probablemente de todos los sistemas formalizados de control social. … [El Derecho penal] es un sistema represivo, en el que la violencia ocupa un lugar destacado tanto en los casos de los que se ocupa (homicidio, robo, violaciones, desapariciones), como en la forma en que se ocupa o pretende solucionar estos casos (cárcel, inhabilitaciones, pena de muerte en todavía muchos países)". Muñoz Conde, Francisco: "El nuevo Derecho penal autoritario: consideraciones sobre el llamado «Derecho penal del enemigo»", en Portilla Contreras, Guillermo (coord.): *Mutaciones de Leviatán. Legitimación de los nuevos modelos penales*, Madrid, Akal, 2005, pp. 167 – 168.

[625] Crettiez, Xavier: *Les formes de la violence*, París, La Découverte, 2010 [2008], p. 73. Tradución e cursivas propias.

[626] Se Carlos Merchán Aparicio lamenta, en xeral, a falta de estudos sobre a historia do dereito penal en España, Gómez de Maya recalca a escasa atención que ten recibido o texto penal carlista, mesmo menor ca no caso de meros proxectos que non se chegaron a concretar, como o do liberal Pedro Sáinz de Andino en 1831 ou o do conservador Francisco

manifesto algo que xa se constituíu como un lugar común na penalística española: nas verbas de Gonzalo Quintero Olivares e Francisco Muñoz Conde, o «estrecho vínculo entre los cambios do régimen político y el Código penal, vínculo de tal entidad que el Código penal ha podido ser llamado incluso "termómetro" de la evolución política»[627].

Esta circunstancia —que tamén se aprecia na historia lexislativa doutros países, ben que de forma menos ostensible— desminte a idea intuitiva de que a pena é unha resposta *natural* a unha conduta que repugna á *natureza humana*. Por máis que sexa certo que determinadas condutas produzan xeralmente unha sensación de reproche social —consonte a un consenso que é, así e todo, historicamente variable—, a tradución politicamente organizada dese reproche transluce ideas diversas sobre o que son a orde e a xustiza cuxa connotación ideolóxica é evidente. De modo que todo o dereito, pero especialmente o dereito penal, nos fala da natureza do Estado como pretendido detentador do monopolio da violencia lexítima; ou, dende o paradigma que vimos empregando neste traballo, que identifica a matriz da soberanía estatal como coerción xurisdicional, a pena imposta ao delincuente é a manifestación máis prístina da natureza do Estado como garante dunha determinada orde mediante a administración dunha determinada xustiza. A súa máxima expresión será a capacidade de dispor sobre a morte das persoas, o que para Achille Membe é o verdadeiro quid da soberanía[628].

Non é nin moito menos a nosa intención elaborar nestas páxinas un detallado estudo sobre os contrastes entre todos os textos normativos mencionados, mais si queremos subliñar que estes se correspondían coas tendencias de maior poder dentro do contexto político no que foron aprobados. Así, por exemplo, o Código Penal de 1928, xestado no seo da ditadura de Primo de Rivera, caracterízase por unha maior dureza contra os reos —incrementando os supostos nos que os tribunais podían sentenciar penas de morte e, en xeral, introducindo un maior rigorismo nas penas ao aumentar a lista de circunstancias agravantes— e se poden apreciar nel influencias do fascismo italiano contemporáneo.

Pola contra, coa instauración da República, unha das primeiras medidas tomadas foi deixar sen efecto o Código do 28 para retornar transitoriamente ás disposicións do de 1870 ata a promulgación do de 1932, de carácter máis humanista, suprimindo a pena de morte e as cadeas perpetuas e introducindo a figura da liberdade condicional, entre outros[629]. A lexislación penal republicana non estaría, con todo, exenta de normas polémicas, como a Lei de Vagos e Maleantes de 1933, a cal introducía a idea da *perigosidade predelictual*, entendida, segundo o consagrado xurista socialista Jiménez de

Silvela no 1884. Outros códigos criminais que gozaron dalgún vigor (entendido en sentido amplo) pero que tamén están fóra do foco de análise para Gómez de Maya serían os de Cuba e Porto Rico de 1879, o de Filipinas de 1884 ou o do Protectorado de Marrocos de 1914. Merchán Aparicio, Carlos: "Algunos aspectos del Derecho Penal histórico español", *Vergentis*, vol. 1, núm. 4, 2017, pp. 107 – 133. Gómez de Maya, Julián. "El Código Penal de Don Carlos VII", *Anales de Derecho*, núm. 26, 2008, pp. 87 – 88.

627 Quintero Olivares,Gonzalo; Muñoz Conde, Francisco: *La reforma penal de 1983*, Barcelona, Destino, 1983. De feito, o actual Código Penal de 1995 (coñecido significativamente como *Código Penal da democracia*, por oposición ao *do franquismo* de 1944) é o caso de axuste máis tardío entre cambio político e cambio penal na historia da lexislación penal española. Pero xa en 1980, apenas dous anos despois da aprobación da Constitución de 1978, se elaborou un proxecto de novo Código Penal, que non foi aprobado pola dificultade de deseñar unha resposta xenuinamente democrática ao fenómeno da delincuencia. O fracaso do proxecto levou a unha reforma urxente do Código de 1944, realizada en 1983 (que é a que se aborda na obra citada ao principio da nota).

628 Estableceo así ao definir o seu coñecido concepto de necropolítica, no que leva máis alá as reflexións orixinais de Foucault sobre a biopolítica. Mbembe, Achille (2003): "Necropolitics", *Public Culture*, vol. 15, núm. 1, pp. 11 – 40. Foucault, Michel : *Histoire de la sexualité. La volonté de savoir*, París, Éditions Gallimard, 1976, p. 183 e ss.

629 Sobre a reforma, pode ser de interese a publicación coetánea de Núñez de Cepeda, Hilario: *Código Penal, 1870 – 1932. Comentarios, jurisprudencia, tablas de penas… Todo lo que necesita un juez, un abogado, un fiscal o un magistrado para aplicar el texto del código reformado*, A Coruña, Roel, 1932.

Asúa, como a «vehemente presunción de que una determinada persona quebrantará la ley penal»; presunción que conseguintemente xustificaría a adopción de medidas de seguridade predelictuais[630]. Como é sabido, a aplicabilidade da lei alcanzará especial notoriedade durante a ditadura franquista ao ser reformada en 1954 para castigar a homosexualidade —antes de ser substituída en 1970 pola Lei de Peligrosidade e Rehabilitación Social, que incluíu o exercicio da prostitución—, pero o seu uso subrepticio remóntase ata o propio período bélico, en tanto que a súa imprecisión xurídica facilitaba a súa instrumentalización de cara a persecución política[631].

No período que vai de 1936 a 1944, os golpistas e os seus colaboradores fixeron un uso pragmático da lexislación que herdaran da etapa inmediatamente anterior e aplicárona á realización dos seus propósitos. É dicir, se ben a aprobación dun novo código depende estreitamente da súa dimensión conxuntural, a súa instrumentalización pode mudar segundo as necesidades do contexto. Neste caso concreto referímonos á xurisdición criminal, pero, como se irá vendo ao longo desta tese de doutoramento, esta lóxica foi unha constante na política xudicial do franquismo, particularmente durante o golpe e a guerra. Arredor desta singularidade, Ignacio Berdugo coincide en que o dereito represivo dos sublevados sustentouse sobre dous pés: o «mantenimiento y adaptación de parte de la legislación de la II República» e a «promulgación de nuevas normas referidas a temas no abarcados por la legislación republicana»[632].

Sobre a normativa legal mantida da etapa republicana, destaca o propio Código Penal de 1932, a Lei de Orde Pública e a Lei de Vagos e Maleantes de 1933, e a Lei do 11 de outubro de 1934 sobre determinados delitos de terrorismo, así como —procedente dun período anterior— o Código de Xustiza Militar de 1890. Excepto este último, que afectaba á xurisdición castrense, tódalas demais normas citadas teñen consideración de

[630] «Ley relativa a vagos y maleantes», *Gaceta de Madrid*, núm. 217, 05/08/1933, pp. 874 – 877. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1933/217/A00874-00877.pdf [últ. consulta o 20/06/2022]. Jiménez de Asúa, Luis: *Ley de Vagos y Maleantes. Un ensayo legislativo sobre peligrosidad sin delito*, Madrid, Editorial Reus, 1934, p. 33. Sobre a coincidencia na aceptación da perigosidade social como obxecto da acción penal entre a criminoloxía socialista e a conservadora (valla a simplificación) das primeiras décadas do século pasado sería preciso efectuar algunha sumaria anotación para evitar entendementos errados. Ámbalas correntes inxírense na liña positivista que dominaba as ciencias sociais da época, pero, mentres a criminoloxía conservadora, de raíz lambrosiana, era bioloxicista e identificaba a perigosidade social como un trazo anormal de persoas preordenadas innatamente ao delito, a criminoloxía socialista, de inspiración marxista, vencella a perigosidade social a causas esencialmente socioeconómicas. En consecuencia, o diferente enfoque no prognóstico criminal do suxeito implica unha concepción diversa da natureza e fins das medidas de seguridade predelictuais aplicables ao individuo perigoso, cando menos na teoría: nun caso, oriéntanse á cauterización do criminal nato, noutro á súa recuperación social. O certo é que, na práctica, o *tratamento* do individuo socialmente perigoso derivou a prácticas aberrantes, calquera que fose a súa finalidade. A noción da *perigosidade sen delito* foi, segundo Guillermo Portilllo Contreras, "[e]l gran error de Jiménez de Asúa" (Portilla Contreras, Guillermo: *El Derecho Penal bajo la dictadura franquista. Bases ideológicas y protagonistas*, Madrid, Dykinson, 2022, p. 92). O propio Jiménez de Asúa, sen apearse da súa posición, foi crítico co uso da lei que apadriñou, atribuíndo o seu fracaso práctico á carencia de medios e instrumentos para realizar o seu propósito resocializador. Sobre a figura e a obra de Jiménez de Asúa, ver Roldán Cañizares, Enrique: *Luis Jiménez de Asúa. Derecho penal, República, Exilio*, Madrid, Dykinson, 2019. Sobre a Lei de Vagos e Maleantes, pode resultar tamén de interese a consulta de Pérez Trujillano, Rubén: *Creación de Constitución, destrucción de Estado. La defensa extraordinaria de la II República Española (1931 – 1936)*, Madrid, Dykinson, 2018, pp. 238 – 249.

[631] «Ley de 15 de julio de 1954 por la que se modifican los artículos 2ª y 6ª de la Ley de Vagos y Maleantes, de 4 de agosto de 1933», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 198, 17/07/1954, p. 4862. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1954/198/A04862-04862.pdf [últ. consulta o 20/06/2022]. Unha suxerinte aproximación ás políticas punitivas da liberdade sexual durante o franquismo atopámola en Mora Gaspar, Víctor: *Al margen de la naturaleza. La persecución de la homosexualidad durante el franquismo. Leyes, terapias y condenas*, Barcelona, Debate, 2016.

[632] Berdugo Gómez de la Torre, Ignacio: "Derecho represivo en España durante los periodos de guerra y posguerra", *Revista de la Facultad de Derecho de la Universidad Complutense de Madrid*, monográfico núm. 3, 1981, p. 104 e ss. Tamén pode resultar de interese a comparativa que realiza o historiador do dereito Enrique Álvarez Cora sobre a actividade lexislativa entre o período republicano e o franquista en "La actividad legislativa en las Cortes de la II República y el Nuevo Estado", *Anuario de Historia del Derecho Español*, tomo 80, 2010, pp. 269 – 321.

normas penais ordinarias e eran de aplicación polas Audiencias Provinciais e demais tribunais con competencia penal ordinaria, nomeadamente a Sala Segunda do Tribunal Supremo, que coñecía da casación penal. En xeral, case todas sufriron algún tipo de modificación encamiñada a facelas máis represivas e severas e a reintroducir as directrices da moral católica na lexislación. Emporiso, estas modificacións non se fixeron de forma inmediata, senón que se adiaron varios anos, sendo a primeira delas a Lei de 5 de xullo de 1938 reintroducindo no Código Penal a pena de morte para os casos de parricidio, asasinato e roubo con homicidio; aínda que, en realidade, esta xa fora recuperada con carácter extraordinario, durante o goberno radical-cedista, pola mencionada Lei sobre determinados delitos de terrorismo, aprobada como resposta aos eventos revolucionarios de outubro do 34[633].

Isto significa que durante dous anos os golpistas conservaron apenas sen alteracións os textos legais da Segunda República. Mesmo o Código Penal militar se mantivo invariable, pois non sería ata 1940 cando se recupere a redacción previa ás reformas republicanas. Mais, para a súa instrumentalización en prol da *Causa Nacional*, as prerrogativas dos bandos de guerra deixarán claras as consecuencias legais —aínda que coa suficiente vaguidade como para facer un uso máis arbitrario das súas disposicións— de determinados actos, recortando drasticamente as liberdades formais das persoas, como os dereitos de asociación, de reunión ou a liberdade de expresión. Tamén serán propias desta etapa normas —máis tarde perfeccionadas ou elevadas a rangos superiores— que tiveron un papel clave na persecución política do inimigo, como aquelas que sustentaron os expedientes de depuración e incautación de bens. Estas cuestións serán retomadas nos capítulos pertinentes.

Porén, dende o noso punto de vista, o máis interesante deste feito non son soamente as *novidades introducidas* para transformar un Estado de dereito noutro totalitario; enfocarse en exclusiva nisto pode levarnos a pasar por alto que se tratou dun proceso de evolución continua, sumamente complexo e gradual. Por iso, para nós resulta máis interesante o propio *fenómeno de desnaturalización do contido dos preceptos lexislativos de herdanza republicana* no momento inmediatamente posterior ao 18 de xullo de 1936[634].

Así as cousas, dende 1936 —e, sobre todo, dende 1938— a 1944, o que será o novo réxime franquista vaise institucionalizando e, con iso, introducindo medidas de maior ou menor calado destinadas a apuntalar lexislativamente as súas aspiracións de eliminación da pluralidade política. Neste período refórmase o Código Penal reintroducindo a pena capital tal e como antes vimos (1938), apróbanse diversas leis dentro da esfera do dereito penal económico, créanse as xurisdicións de Responsabilidades Políticas (1939) e de Represión da Masonaría e o Comunismo (1940), castígase con maior dureza —pena de morte incluída caso de producirse a morte da muller

[633] A Lei de 11 de outubro de 1934 carece de designación específica; no índice da *Gaceta* descríbese como "Ley estableciéndose las penas que se indican para sancionar los delitos que se determinan", pero é común referirse a ela como *Lei sobre delitos cometidos por medio de explosivos* ou *Lei sobre determinados delitos de terrorismo*; publicada na *Gaceta de Madrid*, núm. 290, 17/10/1934, p. 379. Dispoñible en https://www.boe.es/gazeta/dias/1934/10/17/pdfs/GMD-1934-290.pdf [últ. consulta o 20/06/22]. A Lei de 5 de xullo de 1938 modificando o sistema de penas do Código Penal e restablecendo a pena de morte, atópase publicada no *Boletín Oficial del Estado*, núm. 7, 07/07/1938, p. 90. Dispoñible en https://www.boe.es/diario_gazeta/comun/pdf.php?p=1938/07/07/pdfs/BOE-1938-7.pdf [últ. consulta o 20/06/22].

[634] Autores como o mesmo Ignacio Berdugo, Juan Cano Bueso, Mónica Lanero, Carlos Jiménez Villarejo… teñen publicado varios traballos sobre a evolución lexislativa da nova ditadura e o que se deu en chamar a política xudicial do franquismo. Emporiso, cabe matizar que estes enriquecedores traballos (coas profundas diferenzas que poden ter entre eles) son de carácter máis teórico ou partindo dunha perspectiva macro, sen que se detivesen no funcionamento concreto das Audiencias Provinciais.

embarazada— o aborto pola Lei de 24 de xaneiro de 1941, apróbase a Lei para a Seguridade do Estado (1941), refórzase en xeral o poder sancionador da Administración…

Todas estas son só un feixe das innovacións no arsenal lexislativo da ditadura, as cales nos axudan a comprender mellor o contexto no que nos movemos[635]. Máis adiante, en 1944, o novo Código Penal condensaría a vontade autoritaria do novo réxime que xa se aprecia nesta normativa inicial. O Código do 44 recupera ademais elementos característicos do seu predecesor primorriverista de 1928, como a pena de morte ou a represión severa dos delitos políticos, no que podemos entender como un intento de rexudicializar a violencia eliminacionista contra o inimigo alén do período bélico e de normalizala a través da xurisdición ordinaria, obrigando á castrense a ir cedendo terreo paulatinamente. Este Código Penal sufrirá diversas reformas ata que se faga evidente a necesidade dunha codificación penal diferente acorde á nova realidade sociopolítica nacida da transición, cuxo resultado será o Código 1995[636].

En teoría, a aplicación práctica de ámbolos dous textos normativos —os Códigos de 1944 e 1995— ficaría fóra dos nosos horizontes cronolóxicos, sendo os máis relevantes para a nosa investigación os de 1870, 1928 e 1932. Con todo, a lentitude do sistema xudicial facía que a resolución de gran parte dos casos se adiase durante varios anos —mesmo décadas nalgunha ocasión—, polo que cabe adiantar que a sentenza de parte dos procedementos da nosa mostra seguirá os preceptos do novo código de 1944[637].

O estudo do exercicio desta violencia, xudicial e de carácter político, resulta pertinente para o tema da nosa investigación, centrada na súa evolución entre os anos 1930 e 1942 e na interrelación con outras formas de violencia e represión tamén lexitimadas dende as institucións. A fractura que supón o golpe de 1936 e a delimitación de zonas segundo o triunfo da sublevación deixa ao país nunha situación inaudita, pola que o territorio mantén un mesmo código penal pero a súa aplicación é susceptible de funcionar de forma totalmente diferente segundo a zona. Non debemos, por suposto, obviar que a declaración do estado de guerra implicou un implacable recorte de potestades da xurisdición ordinaria —e da penal en especial— en prol da militar. Porén, cuestionarnos arredor as mudanzas e continuidades no coñecemento de asuntos criminais polas Audiencias Provinciais e a súa posible instrumentalización con fins bélicas en territorios de retagarda sublevada non deixa de ser máis que pertinente.

---

635 Berdugo Gómez de la Torre: "Derecho represivo en …", 1981, pp. 107 – 127.

636 Sobre a historia do proceso codificador en España, ver Alvarado Planas, Javier: "La codificación (I)" e "La codificación (II)", en Alvarado Planas, Javier; Montes Salguero, Jorge J.; Pérez Marcos, Regina María; Sánchez González, María Dolores del Mar: *Manual de Historia del Derecho y de las Instituciones*, Madrid, Ed. Sanz y Torres, 2006, pp. 807 – 826 e 827 – 843. Resulta tamén esclarecedor o capítulo de Mónica Lanero sobre as visións contrapostas da Xustiza dentro do réxime franquista nos anos 40. Lanero Táboas, Mónica: *Una milicia de la justicia. La política judicial del franquismo (1936 – 1945)*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales, 1996, pp. 69 – 147.

637 Texto orixinal do Código de 1870: «Ley provisional autorizando el planteamiento del Código penal reformado adjunto de 17 de junio de 1870», *Gaceta de Madrid*, suplemento ao núm. 243, 31/08/1870, pp. 9 – 23. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1870/243/A00009-00023.pdf [últ. consulta o 20/06/2022]. O do Código de 1928: «Real decreto-ley aprobando el proyecto de Código Penal, que se inserta, y disponiendo empiece a regir como Ley del Reino el día 1º de Enero de 1929», *Gaceta de Madrid*, núm. 257, 13/09/1928, pp. 1450 – 1526. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1928/257/A01450-01526.pdf [últ. consulta o 20/06/2022]. O do Código de 1932: «Ley de 27 de octubre de 1932 autorizando al Ministro de este Departamento para publicar como Ley el Código penal reformado, con arreglo a las bases establecidas en la Ley de 8 de septiembre del corriente año», *Gaceta de Madrid*, núm. 310, 05/11/1932, pp. 818 – 856. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/310/A00818-00856.pdf [últ. consulta o 20/06/2022]. O de 1944: «Decreto por el que se aprueba y promulga el "Código Penal, texto refundido de 1944", según la autorización otorgada por la Ley de 19 de julio de 1944», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 13, 13/01/1945, pp. 427 – 472. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1945/013/A00427-00472.pdf [últ. consulta o 20/06/2022]. Todos eles con múltiples reformas.

5.2. A Audiencia Provincial de Pontevedra

Actualmente, a Audiencia Provincial de Pontevedra ten a súa sede no Palacio de Xustiza, na intersección entre a avenida Raíña Vitoria Uxía e a rúa Rosalía de Castro. Nos anos 30 esta estaba situada na esquina da rúa Michelena coa travesa de Riestra —actual rúa Marquesa— aínda que en 1935 se abre un concurso para trasladala a un novo e máis amplo solar, sito na rúa Benito Corbal após a cesión dos terreos por parte da familia Muruais e os herdeiros de José e Manuel Pazos Moreira[638]. As obras deste novo edificio adiaranse por mor da guerra e non se rematarán no solar previamente escollido. Finalmente, a construción da Audiencia se completará na súa situación actual, onde estaba o antigo cárcere[639].

A Audiencia Provincial, en tanto que órgano colexiado, estaba integrada por varios maxistrados, en número variable segundo a carga de traballo do órgano. Un deles ostentaba o cargo de Presidente da Audiencia, con funcións de goberno e representativas da institución. A diferencia do que sucede na actualidade, no momento ao que se cingue o noso estudo, as Audiencias Provinciais de menor entidade poboacional como a de Pontevedra non estaban organizadas en Seccións, e en ningún caso —nin sequera nas grandes capitais— en Salas especializadas como si sucedía co Tribunal Supremo. Pero, para o coñecemento e resolución dos asuntos da súa competencia, se constituían formando *sala* con tres dos seus membros; un deles actuaba como presidente —da sala—, que se necesariamente era o Presidente da Audiencia caso de formar sala, ou outro maxistrado no caso contrario. O presidente da sala tiña funcións de dirección do debate e mantemento da orde na vista do xuízo. Ao recibirse o sumario na Audiencia, designábase especificamente para cada causa e por quenda de reparto, un maxistrado relator, que non só será quen redacte no seu momento a sentenza expresando o criterio da sala senón que, en relación á causa concreta para a que foi designado, dirixa propositivamente a actuación do órgano.

Feitas estas aclaracións, o número de maxistrados que integraban a planta dunha Audiencia Provincial era variable, dependendo do volume de traballo que había de asumir e, particularmente, das dispoñibilidades orzamentarias, en función das cales se podía crear ou suprimir algunha praza. Ante a imposibilidade de acceder aos nomeamentos dos maxistrados, elaboramos unha relación dos mesmos a partir dos expedientes xudiciais, tomando nota dos maxistrados que aparecen ao longo dos procedementos ata a sentenza, permitíndonos coñecer da forma máis detallada posible quen conformaban a Audiencia Provincial de Pontevedra entre 1930 e 1942 —e incluso máis adiante, pois, como dixemos, os fallos do tribunal acotío se adiaban no tempo—.

A diferenza do anterior capítulo, onde elaboramos primeiro unhas pequenas descricións prosopográficas dos principais responsables do Xulgado Municipal e o de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra para despois pasar a analizar a documentación xudicial, neste inverteremos a orde: estudaremos primeiro os procedementos da Audiencia Provincial, dividíndoos en tres etapas —antes do golpe, durante o golpe e a guerra, e na inmediata posguerra—, e en último lugar afondaremos nalgúns dos perfís máis relevantes dos integrantes deste tribunal. Consideramos que, nos

[638] Rueiro de Pontevedra, ca. 1932 (AMPo). Incluído no Anexo 1.

[639] Expediente de poxa para a construción dun novo edificio destinado á Audiencia Provincial, 1935 – 1940, e Alzado da Audiencia Provincial (sinatura 219/2/1, ADPPo). Ver tamén "Plano topográfico parcelario de Pontevedra y sus alrededores, años 1943 – 1944" (AMPo). Este patrón de construír as dependencias xudiciais sobre o cárcere da cidade se repetirá coas obras dos novos xulgados de Pontevedra na actual praza de Fermín Bouza Brey (quen, amais de recoñecido galeguista, lembramos fora maxistrado da Audiencia Provincial de Pontevedra a partir dos anos 40; sobre el falaremos máis adiante).

primeiros dous casos, ao ser órganos unipersoais, os propios xuíces marcan etapas moi claras dentro do seu funcionamento; porén, na Audiencia, ao ser un tribunal colexiado onde hai un maior e máis constante movemento de persoal, a diferenciación por etapas segundo os maxistrados resulta máis arrevesada.

Antes de pasar á análise dos casos por etapas, podemos extraer uns datos de carácter xeral sobre os procedementos que chegaron ata os nosos días para situarnos nunha primeira aproximación ao fenómeno.

Gráfica 5. Persoas implicadas nos procedementos da Audiencia Provincial de Pontevedra (profesionais xudiciais excluídos), 1930 - 1942



Fonte: fondos do AHPPo.

Como evidencian as gráficas, a meirande parte das 287 persoas implicadas no total de procedementos da mostra —e que non son profesionais do mundo xudicial: xuíces, secretarios, avogados, procuradores…— entre 1930 e 1942 son as propias procesadas, que supoñen o 51,92% do total con 149 individuos. Deixamos á parte do cómputo á autora dun delito de furto que, por ser menor de idade no momento dos feitos non foi xulgada, sendo procesado o seu titor[640]. Igualmente, trátase dunha porcentaxe moi axustada, posto que as prexudicadas e as vítimas mortais —aquí cuantificadas individualmente pero que poderían conformar un só grupo— suman, respectivamente, 121 e 8 persoas, alcanzando un 44,95%. Á parte, 9 persoas actúan como responsables civís. Todas elas aparecen nunha única ocasión na mostra, excepto Américo Lorenzo Lorenzo, Ramón Prado Muñiz —que son procesados tres veces—, José Manuel Fandiño Troncoso, Irene Olivia Riveiro Pereira —tamén procesados en dúas causas— e a Sociedad General Gallega de Electricidad, a cal aparece en dous procedementos como prexudicada e nun como responsable civil.

No que respecta ao sexo das implicadas, destacan notoriamente os varóns, supoñendo tres cuartas partes do total. Son maioría, ademais, en tódalas categorías: 77,85% entre os procesados; 67,77% entre os prexudicados; 62,5% entre as vítimas mortais; e 66,67% entre os responsables civís. Por outra banda, as mulleres supoñen o 22,15%, 26,45%, 37,5% e o 11,11% das mesmas categorías, sendo as porcentaxes restantes —de escasa relevancia estatística en termos cuantitativos— correspondentes con persoas xurídicas.

A teor dos procedementos en si, o primeiro que chama a atención son os lugares dos feitos e, por conseguinte, o Xulgado de Instrución encargado do sumario que logo se eleva á Audiencia. Nos fondos documentais da Audiencia Provincial de Pontevedra debería haber, en efecto, casos de toda a provincia, instruídos polos respectivos xulgados das cidades ou vilas cabezas de partido. Non obstante, dos 97 procedementos que se conservan todos excepto un foron levados polo Xulgado de Instrución de Pontevedra, o que constitúe unha evidente anomalía na xestión documental que non se explica por razóns funcionais nin dende logo competenciais, xa que nese caso tampouco se manterían nos fondos da Audiencia as causas procedentes do xulgado da capital. Consecuentemente, na súa maioría, no 93,81% dos casos, os feitos acaeceron en concellos do partido xudicial de Pontevedra —daquela conformado por Bueu, Cangas, Cotobade, Xeve, A Lama, Marín, Moaña, Pontevedra, Poio, Pontecaldelas e Vilaboa—. De forma máis concreta e como podemos observar na gráfica a continuación, máis da metade dos acontecementos polos que se incoa un sumario tiveron lugar dentro do concello de Pontevedra, nalgunha das súas parroquias. Por outra banda, en tres procedementos os lugares dos feitos non se especifican —pois sucederon no mar, en varios municipios da provincia ou nun sitio indeterminado— e outros tres acontecen en Vigo e Soutomaior, os cales non formaban parte do partido xudicial da capital provincial. Emporiso, en cinco destes tres casos é o propio Xulgado de Instrución de Pontevedra o encargado da fase de sumario por diferentes cuestións, a excepción do número 37/936, único de procedencia foránea, concretamente dun dos xulgados de Vigo —o cal, pola súa importancia, protagonizará unha análise individual dentro deste capítulo—[641].

Así as cousas, dúas interpretacións a este respecto que se nos ocorren poderían ser que os procedementos tramitados por outros Xulgados de Instrución que non foran os da capital fosen devoltos nalgún momento ao seu órgano de procedencia despois do seu

[640] Procedemento 474/941 (ca. 6500, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[641] Por exemplo, o procedemento 83/942 contra un delito de contrabando é instruído en Pontevedra, aínda que os feitos acontecesen en Vigo, por ter sido remitido pola Xunta Administrativa de Facenda (ca. 6269, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

arquivo pola Audiencia —por razóns de xestión do volume documental, non de natureza procesual—; ou —menos verosímil, polo arbitrario da solución— que, ante a decisión de que fontes gardar a futuro, se primasen nalgún momento aquelas do partido xudicial de Pontevedra. A causa 37/936 teríase conservado, cremos, pola súa relevancia sociopolítica ou, máis probablemente, polo dilatado da súa resolución e execución, que correspondía á Audiencia e se prolongou nada menos que ata 1970.

Gráfica 6. Lugares dos feitos máis comúns nos procedementos da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1930 - 1942



Fonte: fondos do AHPPo.

Podemos destacar tamén que nos 97 procedementos da mostra foron xulgados 106 delitos. Os máis comúns foron os furtos (23,70%), os roubos (13,21%), as lesións (11,32%) e as estafas (8,49 %). Se os englobamos en categorías de carácter máis xeral, observamos que os delitos que máis despuntan son aqueles contra o patrimonio (56,6%), seguidos daqueles contra a vida e a integridade corporal (18,87%).

A este respecto, cabe facer unha aclaración metodolóxica: as mudanzas en materia de dereito penal no marco cronolóxico do noso estudo —principalmente, aínda que non só, a sucesión de códigos penais, cos conseguintes cambios nos tipos delituosos e na súa ordenación e clasificación legal—, obrigáronnos a facer unha categorización propia dos delitos que integre estes cambios lexislativos de cara a darlle unha certa coherencia á análise integral. Por exemplo, os que no Código do 32 son englobados baixo o título de delitos contra a vida e a integridade corporal —como as lesións—, no do 44 pasan a ser chamados polo máis xenérico de delitos contra as persoas. A súa tipificación, como vemos, non muda substancialmente, pero si a súa denominación. Outro caso é a inclusión de novos delitos no Código do 44 que non existían nos seus precedentes, como o de terrorismo (art. 260 – 264) ou o de imprudencia punible (art. 565)[642]. Á parte, a propia

[642] Especialmente significativo do que dicimos é este caso dos delitos imprudentes ou culposos. Poden tipificarse como delitos autónomos, cualificados polo resultado (ex.: imprudencia con resultado de morte, ou de lesións), ou ben como modalidades das diversas condutas delituosas materialmente executadas (ex.: homicidio imprudente, lesións imprudentes). Se atendemos ao *nomen iuris* outorgado polo lexislador en función de que adopte un ou outro modelo,

evolución na forma na que entendemos a día de hoxe certas figuras delituosas levounos tamén a adoptar a fórmula moderna de delitos contra a liberdade sexual ao que na época se coñecían como delitos contra a honestidade, tales como o estupro ou as violacións. Mención á marxe merece o aborto voluntario, actualmente despenalizado pero que durante moito tempo estivo tipificado xunto co homicidio ou as lesións como delito contra a vida; na nosa clasificación deixámolo categoría pola súa, consideramos, distinta natureza xurídica e significación social[643]. No Anexo 9 incluímos unha evolución cronolóxica da delincuencia en Pontevedra ata 1942.

Gráfica 7. Clasificación dos delitos xulgados nos procedementos da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1930 - 1942



Fonte: fondos do AHPPo.

distórcese o tratamento da información. Para tratar uniformemente os datos, atendemos á natureza material do delito, con independencia da súa localización e designación normativa.

[643] A interrupción voluntaria do embarazo foi tamén legalizada (coa conseguinte posta a disposición de medios sanitarios para tal fin) durante un breve lapso de tempo en Cataluña a finais de decembro de 1936, en plena guerra civil, no marco de reformas revolucionarias de carácter social promulgadas polo anarquismo. Unha copia do decreto regulador sería incorporada á peza sobre a denominada "Justicia Roja" de Barcelona na *Causa General* como proba inculpatoria. Copia do decreto do 25 de decembro de 1936, publicado orixinalmente no *Diari Oficial de la Generalitat Catalunya* o 09/01/1937, p. 114 (exp. 28, ca. 1641, f. Causa General, AHN). En relación co tema, é suxerinte a investigación realizada sobre o aborto por Tamara López no marco da súa tese doutoral, en López Fernández, Tamara: *Al margen de la ley. La delincuencia común en Lugo durante el franquismo (1945 – 1966)*, Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 2023, pp. 121 – 148.

Se atendemos ao grao de execución e á intencionalidade dos delitos xulgados, vemos que na súa absoluta maioría se tratan de delitos consumados (97,17%) e dolosos (91,51%), fronte aqueles meramente intentados (2,83%) e culposos (8,49%)[644]. Obviamente, ambos conceptos non son correlativos, é dicir, un delito pode ser doloso sen chegar a ser consumado e viceversa.

En relación cos fallos do tribunal, a meirande parte das resolucións —máis de dous terzos— foron condenatorias (64,43%). No resto dos casos, as persoas acusadas recibiron sentenzas absolutorias (28,86%), foron declaradas en rebeldía ata a prescrición do delito (4,7%) ou faleceron durante o proceso xudicial (2,01%), quedando extintas as súas responsabilidades penais. Cabe aclarar que unha pequena parte das absolucións se deberon non a que non se considerasen probados os feitos, senón que eran constitutivos de faltas e non de delito, polo que se remite o sumario ao xulgado municipal correspondente para que sexa baixo esa xurisdición na que se dite sentenza[645].

Dentro dos fallos condenatorios impostos ás 96 persoas declaradas culpables —do total, lembramos, de 149 procesadas—, as penas máis frecuentemente impostas foron as privativas de liberdade (60,42%), seguidas das multas (29,17%) e ambas (9,38%), é dicir, aquelas que resolvían a aplicación de ámbolos dous castigos a unha mesma persoa condenada. A maiores, nun caso de roubo con homicidio sentenciado en 1948, a Audiencia castigou ao acusado con pena de morte, algo imposible baixo a vixencia das teses abolicionistas do primitivo Código Penal republicano pero viable na zona de control sublevado trala reforma deste en 1938 e dende logo dende a promulgación do Código de 1944, como foi visto. Non obstante, a pena capital se acabaría conmutando máis adiante por unha pena de reclusión maior[646].

[644] A existencia de dolo implica a vontade de perpetrar o dano. Son, polo tanto, os delitos nos que existe unha intencionalidade de actuación. Pola contra, os delitos culposos son aqueles que se realizan como resultado dunha imprudencia.

[645] A Audiencia Provincial (e os Xulgados de Instrución, na fase sumarial) coñecían de delitos, e non de faltas, agás que estas tivesen relación de conexión cun delito; neste caso o axuizamento era conxunto e a competencia se determinaba pola infracción máis grave. A distinción dos ilícitos penais entre delitos e faltas na actualidade está desbotada lexislativamente e as anteriores faltas son agora designadas como delitos leves; este cambio non é meramente terminolóxico senón que ten consecuencias legais e sociais ou simbólicas, nas que non entraremos. A diferenciación entre ámbalas categorías atendía á maior ou menor gravidade dos feitos, entendida como maior ou menor desvalor ou antixuricidade da conduta, consonte a criterios de política criminal (máis ou menos severos) que o lexislador asume e incorpora á norma. Hai que ter presente que unha mesma conduta podía ser considerada falta ou delito en función de criterios que tanto podían ser cualitativos como, as máis das veces, meramente cuantitativos pero aos que se lle outorga un valor cualificativo. Por exemplo, as lesións eran falta ou delito en función do resultado lesivo final ou de criterios puramente cuantitativos como o tempo de incapacidade que producen ou a duración da asistencia médica requirida; así, na redacción inicial do Código de 1944 (logo mudaría), eran falta se incapacitaban para o traballo menos de quince días ou precisaban de asistencia médica tamén menos de quince días. Por outra banda, os furtos eran falta ou delito en función da cantidade subtraída, que foi evolucionando co tempo (na redacción inicial do Código de 1944 o límite entre a falta e o delito estaba, agás casos concretos, en 250 pesetas; o mesmo sucedía coas estafas). En cambio, outras condutas eran sempre constitutivas de delito: é o caso do roubo, no que o uso da forza nas cousas ou da violencia ou intimidación nas persoas implicaba legalmente un desvalor que excluía a súa consideración como mera falta.

[646] Procedemento 306/942 (ca. 6515, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

Gráfica 8. Resolucións e penas impostas pola Audiencia Provincial de Pontevedra, 1930 - 1942



Fonte: fondos do AHPPo.

Este é o panorama xeral que amosan os procedementos que se conservan da Audiencia Provincial de Pontevedra. Non afondamos moito máis alá da descrición dos resultados, pois é moito máis representativo analizar os procedementos por períodos, en diálogo directo co seu contexto. Asumiremos ese obxectivo nas vindeiras páxinas, estudando os procedementos en tres bloques segundo o momento no que foron incoados —que non resoltos—: entre 1930 e 1936, é dicir, antes do golpe de Estado; entre 1936 e 1939, ou sexa, en etapa bélica; e entre 1939 e 1942, xa na inmediata posguerra.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.2.1. A situación da xurisdición penal na chegada da República

Comeza o período coas últimas boqueadas da Restauración buscando na *ditablanda* do xeneral Dámaso Berenguer o «restablecemento da normalidade constitucional», ante a dimisión do ditador Miguel Primo de Rivera o 28 de xaneiro de 1930. Tal procura de normalidade constitucional era, non obstante, unha quimera, ao non asumir as profundas reformas necesarias coas que superar a etapa autoritarista que iniciara o golpe de Estado de setembro de 1923.

O goberno de Berenguer caracterízase por unha vaguidade onde os supostos desexos que volver á situación previa á toma do poder por Primo de Rivera choca co mantemento da súa herdanza institucional. Mostra disto é, por exemplo, a vixencia do Código Penal de 1928, que entrara en vigor o 1 de xaneiro de 1929. Isto non é unha cuestión en absoluto insignificante, pois á fin de contas a codificación, segundo Gabriela Cobo del Rosal, é «el núcleo medular de todo el proceso de creación legislativa» e por iso «constituye una referencia básica para comprender la esencia del sistema jurídico de esta etapa crucial de nuestro pasado jurídico más inmediato»[647].

A principal conclusión á que chega a autora é que, contraintuitivamente, o Código Penal do 28 amosa unha clara continuidade na tradición de elaboración e promulgación dos códigos por iniciativa gobernamental, cun papel limitado do órgano lexislativo. O sorprendente aquí talvez non sexa a fortaleza do executivo no contexto da ditadura primorriverista, senón o reducido espazo de acción das Cortes en anteriores períodos. Con todo, dende a nosa óptica, o máis relevante do novo texto é a súa dureza e rigor punitivo, en concordancia cos debates xurídicos que na correlixionaria Italia fascista darían lugar á promulgación do coñecido como *Código Rocco* en 1930. De forma simplificada, cabe reincidir na primacía das pretensións de castigo do novo código en detrimento da procura da rehabilitación dos reos, apreciable na ampliación de supostos polos que se podían sentenciar penas capitais e, en xeral, maiores condenas[648].

Durante o goberno de Berenguer e o do almirante Juan Bautista Aznar que o substituíu o 18 de febreiro de 1930, as solicitudes de derrogación do Código do 28 foron a máis, demandando unha nova lei penal máis favorable para os procesados e, sobre todo, que fose aprobada con maior apoio e lexitimidade ca da ditadura[649]. Unha das voces máis críticas sería a de Jiménez de Asúa, quen chega a cualificar o código de «decreto antijurídico»[650]. Non obstante, o Código Penal primorriverista manteríase en vigor ata a proclamación da Segunda República o 14 de abril de 1931. O mesmo día 15, o goberno provisional tomou como unha das súas primeiras medidas: a recuperación transitoria do Código de 1870, *republicanizado* polo Decreto do 2 de maio de 1931, ata que a Comisión Xurídica Asesora —que substituía a Comisión Xeneral de Codificación—, elaborase un

[647] Cobo del Rosal, Gabriela: "El proceso de elaboración del Código penal de 1928", *Anuario de Historia del Derecho*, tomo 82, 2012, p. 601 e ss. Neste artigo atopamos un sucinto pero enriquecedor resumo da investigación que Cobo del Rosal realizou para a súa tese doutoral *La creación legislativa en la Historia del Derecho español: el proceso de elaboración del Código penal de 1928* (Universidad Rey Juan Carlos, 2006).

[648] A severidade do Código, indica Gabriela Cobo del Rosal, non estivo exenta de críticas. Porén, gran parte delas se centraron fundamentalmente na falta de estabilidade do novo réxime, o que podía dar lugar a unha redacción apurada do código, a pesar do consenso sobre a necesidade da modernización do Código de 1870. Cobo del Rosal: "El proceso de …", 2012, pp. 573 – 577.

[649] Cobo del Rosal, Gabriela: "Los mecanismos de creación legislativa tras la derogación del Código penal de 1928: tres Códigos penales entre 1931 – 1932", *Revista de las Cortes Generales*, núm. 80, 2010, pp. 188 – 195.

[650] Jiménez de Asúa, Luis: *Al servicio del Derecho Penal. Diatriba del código gubernativo*, Javier Morata Editor, Madrid, 1930, p. 84.

novo texto penal acorde cos ideais republicanos[651]. Namentres, fóronse impulsando outras normas relacionadas coa materia penal e de claras implicacións (macro)políticas como a Lei de Responsabilidades ou a Lei de Defensa da República de 1931; aínda que ningunha delas tería unha aplicación fáctica na nosa mostra[652].

Como vemos, durante os dous primeiros anos desta etapa sucederase a vixencia de tres Códigos Penais distintos, mostra da inestabilidade e provisionalidade dos gobernos destes momentos. Porén, a escaseza de procedementos entre 1930 e 1932 que se conservan no AHPPo implica que estas mudanzas non teñan unha transcendencia notoria na nosa mostra: non hai ningún en 1930, dous en 1931 e un en 1932. Os dous do 31 foron incoados en outubro e vistos para sentenza en xuño e decembro do 32, polo tanto aínda baixo a vixencia do Código Penal de 1870. O do 32, pola súa banda, será incoado en outubro dese mesmo ano, pero o xuízo se celebra en maio de 1933, xa co novo Código Penal de 1932 en vigor. En calquera caso hai que ter en conta que a norma penal aplicable é a vixente no momento de comisión dos feitos e non do axuizamento, agás que este resulte máis benévolo para o procesado —o chamado principio de retroactividade da lei penal máis favorable—.

Cómpre non pasar por alto que o Código do 32 nacía con vontade de interinidade, como unha adecuación do de 1870 aos novos tempos, mentres se mantiñan as labores de preparación dun novo texto que se proxectaba aprobar a comezos de 1935, pero que non chegaría a ver a luz debido ás flutuacións no goberno e a polarización político-social[653]. O máis salientable do Código Penal do 32 é a súa reacción frontal ao seu predecesor ditatorial, buscando «humanizar [aquel] duro documento legislativo»: suprímense a pena de morte e a cadea perpetua, redúcense as figuras delituosas, rebáixanse as penas, prevense a mellora do tratamento dos reos, introdúcese a liberdade condicional…[654]

Normas posteriores completaron a grandes trazos a armazón do dereito penal republicano: a Lei de Orde Pública de xullo do 33, que viña a substituír como normativa de excepción á da Defensa da República; a Lei de Vagos e Maleantes de agosto dese mesmo ano; e, xa baixo o programa contrarreformista do bienio radical-cedista, a Lei do

---

651 «Decreto relativo a reforma de artículos del Código penal de 1870 y de los Códigos penales del Ejército y de la Armada», *Gaceta de Madrid*, núm. 123, 03/05/1931, pp. 494 – 495. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/123/A00494-00495.pdf [últ. consulta o 27/06/2022].

652 A primeira creaba unha Comisión de Responsabilidades para instruír, depurar e exixir retroactivamente "altas responsabilidades políticas" por feitos acaecidos en relación coa guerra de Marrocos, a política social de Cataluña, o golpe de Estado de 1923, a ditadura e o proceso de Jaca de 1930. A segunda regulaba unha serie de supostos interpretados como "agresión a la República" e sería o preludio da Lei de Orde Pública de 1933. «Ley disponiendo que las Cortes Constituyentes confieran a su Comisión de Responsabilidades la misión de instruir cuantas diligencias estime oportuno para depurar, y en su día exigir, las altas responsabilidades políticas o de gestión ministerial que hayan causado grave daño material o moral a la Nación, concretadas en las cinco categorías que se indican», *Gaceta de Madrid*, núm. 240, 28/08/1931, pp. 1482 – 1483. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/240/A01482-01483.pdf [últ. consulta o 27/06/2022]. «Ley declarando actos de agresión a la República los que se mencionan», *Gaceta de Madrid*, núm. 295, 22/10/1931, pp. 420 – 421. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/295/A00420-00421.pdf [últ. consulta o 27/06/2022]. Sobre a Lei de Defensa da República, consultar tamén Pino Abad, Miguel: "Los delitos contra el orden público en el marco de la Ley de Defensa de la República de 21 de octubre de 1931", *Anuario de Historia del Derecho Español*, tomo 82, 2012, pp. 743 – 759; e, do mesmo autor, "El orden público como prioridad gubernativa durante la Segunda República", en Folguera, Pilar; Pereira, Juan Carlos; García, Carmen; Izquierdo, Jesús; Pallol, Rubén; Sánchez, Raquel; Sanz, Carlos; Toboso, Pilar (eds.): *Pensar con la Historia desde el siglo XXI. Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, Madrid, Ediciones UAM, 2015, pp. 4447 – 4467.

653 Genovés Ballester, Francisco Javier: *El código penal de 1932*, Tese de doutoramento inédita, Universitat de València, 2006. Ver tamén Corral Maraver, Noelia: *Las penas de prisión en España. Evolución histórica y político-criminal*, Dykinson, Madrid, 2015, p. 131.

654 «Ley de 27 de octubre de 1932 autorizando al Ministro de este Departamento para publicar como Ley el Código penal reformado, con arreglo a las bases establecidas en la Ley de 8 de septiembre del corriente año», *Gaceta de Madrid*, núm. 310, 05/11/1932, p. 818. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/310/A00818-00856.pdf [últ. consulta o 20/06/2022].

11 de outubro de 1934 sobre determinados delitos de terrorismo, e a Lei do 24 de novembro de 1934 relativa á tenencia de armas de fogo[655]. A cronoloxía nunca é fútil, e estas dúas últimas leis responden aos sucesos revolucionarios que se estenderon por todo o país en outubro do 34. Con elas buscábase reprimir duramente a oposición política de carácter revolucionario, reintroducindo penas como a de morte e impedindo que os condenados por estas leis puidesen beneficiarse da liberdade condicional, entre outros[656]. Téñase en conta, non obstante, que esta lexislación de excepción e de carácter máis ou menos provisional mantiña tódalas prerrogativas de acción dentro da xurisdición ordinaria, sen outorgar a competencia sobre os delitos nela recollida á castrense[657].

5.2.2. A actividade da Audiencia entre 1930 e 1936 (e un excursus sobre a causa derivada do sumario 37/936)

Tendo claro o contexto no que nos situamos, pasamos agora a analizar os procedementos que se conservan no fondo da Audiencia Provincial de Pontevedra dende o 1 de xaneiro de 1930 ata o 18 de xullo de 1936. En total son sete: dous de 1931, un de 1932, dous de 1934, un de 1935 e un máis da primeira metade de 1936. Entre as preguntas que nos interesa facerlle ás fontes, atópase a existencia de antecedentes, a forma na que actúan as persoas procesadas, os tipos de delitos xulgados, os fallos xudiciais e as penas impostas, o tempo que transcorre entre a incoación do sumario e a resolución da sentenza… de cara a identificar posibles patróns.

Para situar mellor a representatividade da mostra no habitual de procedementos levados pola Audiencia Provincial, ante a falta doutras fontes directas, fixemos un seguimento das Memorias do Fiscal Xeral da República entre 1932 e 1936, as cales ofrecen información de carácter diverso sobre o funcionamento dos tribunais no Estado[658]. Aínda que tamén foi consultada, deixamos fóra a Memoria de 1931 —referente, polo tanto, aos datos de 1930—, pois ao ano seguinte introduciuse unha mudanza notable na tipificación de figuras delituosas nas estatísticas que impedía unha posta en común coherente cos demais anos[659]. As memorias anuais do Fiscal Xeral da

[655] «Ley de Orden público», *Gaceta de Madrid*, núm. 211, 30/07/1933, pp. 682 – 690. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1933/211/A00682-00690.pdf [últ. consulta o 20/06/2022]. «Ley relativa a vagos y maleantes», *Gaceta de Madrid*, núm. 217, 05/08/1933, pp. 874 – 877. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1933/217/A00874-00877.pdf [últ. consulta o 20/06/2022]. «Ley estableciendo las penas que se indican para sancionar los delitos que se determinan», *Gaceta de Madrid*, núm. 290, 17/10/1934, p. 379. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1934/290/A00379-00379.pdf [últ. consulta o 20/06/2022]. «Ley relativa a la tenencia de armas de fuego», *Gaceta de Madrid*, núm. 331, 27/11/1934, pp. 1612 – 1613. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1934/331/A01612-01613.pdf [últ. consulta o 20/06/2022].

[656] A reintrodución da pena de morte era posible grazas a que a súa derrogación non fora recollida na Constitución de 1931. Corral Maraver: *Las penas de …*, 2015, pp. 131 – 133.

[657] Corral Maraver: *Las penas de …*, 2015, p. 132.

[658] Para tal fin, foron empregadas as seguintes edicións: *Memoria elevada al Gobierno de la República con motivo de la solemne apertura de los Tribunales el día 15 de Septiembre de 1932 por el Fiscal General de la República D. Gabriel Martínez de Aragón y Urbiztondo*, Editorial Reus, Madrid, 1932. *Memoria elevada al Gobierno de la República con motivo de la solemne apertura de los Tribunales el día 15 de Septiembre de 1933 por el Fiscal General de la República Excmo. Sr. D. Oriol Angera de Sojo*, Editorial Reus, Madrid, 1933. *Memoria elevada al Gobierno de la República con motivo de la solemne apertura de los Tribunales el día 15 de Septiembre de 1934 por el Fiscal General de la República Excmo. Sr. D. Lorenzo Gallardo González (de la Carrera Fiscal)*, Editorial Reus, Madrid, 1934. *Memoria elevada al Gobierno de la República con motivo de la solemne apertura de los Tribunales el día 16 de Septiembre de 1935 por el Fiscal General de la República Excmo. Sr. D. Lorenzo Gallardo González (de la Carrera Fiscal)*, Editorial Reus, Madrid, 1935. *Memoria elevada al Gobierno de la República con motivo de la solemne apertura de los Tribunales el día 5 de Octubre de 1936 por el Fiscal General de la República Excmo. Sr. D. José Vallés Fortuño (de la Carrera Fiscal)*, Editorial Reus, Madrid, 1936.

[659] *Memoria elevada al Gobierno Provisional de la República con motivo de la solemne apertura de los Tribunales el día 15 de Septiembre de 1931 por el Fiscal General de la República D. José Franchy y Roca*, Editorial Reus, Madrid, 1931.

República ían precedidas doutras preparatorias dirixidas a este polos Fiscais Xefes das fiscalías provinciais, de modo que incorporaban interesantes aportacións sobre as actividades destas e datos desagregados por provincias das causas penais incoadas cada ano, o que resulta de grande utilidade para o noso traballo considerando a perda da maioría dos expedientes xudiciais que pexa a nosa pescuda. Mediante o seu estudo, podemos obter unha imaxe xeral das formas máis habituais de conflitividade na época e pinceladas sobre a propia percepción do sistema xudicial dentro do Ministerio Fiscal[660].

Táboa 7. Causas incoadas nos Xulgados de Instrución dependentes da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1931 – 1935[661]

Tipo de delito	1931	1932	1933	1934	1935	*Total*
Contra a propiedade	1061	1747	1500	1085	1088	*6481*
Contra as persoas	431	409	507	682	632	*2661*
Contra a orde pública	127	160	210	205	202	*904*
Outros delitos definidos en leis especiais	131	78	136	186	199	*730*
Contra a liberdade e seguridade	95	133	121	69	92	*510*
Imprudencias	50	82	73	90	133	*428*
Feitos por accidente	149	33	44	78	73	*377*
Contra a honestidade	73	47	52	65	64	*301*
Falsidades	41	28	23	56	53	*201*
De empregados públicos no exercicio dos seus cargos	24	13	14	21	22	*94*
Suicidios	21	11	9	10	23	*74*
Contra a Constitución	3	17	23	8	22	*73*
Contra a saúde pública	10	14	19	8	4	*55*
Xogos e rifas	1	3	5	8	0	*17*
Contra a Administración de Xustiza	—	3	5	7	0	*15*
Contra o estado civil das persoas	1	0	4	0	1	*6*
Contra a seguridade exterior do Estado	—	0	0	0	0	*0*
Contra a honra (perseguibles de oficio)	0	0	0	0	0	*0*
Total	*2218*	*2778*	*2745*	*2578*	*2608*	*12927*

Fonte: Memorias do Fiscal Xeneral entre 1932 e 1936.

[660] Na Memoria do 34 observamos, por exemplo, o rexeitamento que suscita a figura do Tribunal de Xurado: "la inmensa mayoría [de fiscales] tienen para el Tribunal popular los más duros calificativos, proponiendo bastantes su desaparición. … *En Pontevedra*, dice la Memoria, *los veredictos se dan según el antojo del cacique*". *Memoria elevada al …*, 1934, pp. 23 – 24. Cursiva nosa.

[661] A Memoria de 1936, realizada en outubro dese mesmo ano pero relativa aos datos do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 1935 é a última que se fai ata a posguerra. Non temos, polo tanto, datos referentes á criminalidade durante o primeiro semestre de 1936 nin durante a etapa bélica. Tamén consideramos pertinente aclarar que nesta gráfica mantemos intencionalmente a nomenclatura coa que aparecen tipificadas nas Memorias as figuras delituosas (a diferencia da que nós empregamos para o total dos procedementos da Audiencia entre 1930 e 1942, máis integrativa). Polo tanto, os abortos engrosarán os números dos delitos contra a vida ou as persoas, sen que se cuantifiquen por separado.

Gráfica 13. Causas incoadas nos Xulgados de Instrución dependentes da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1931 – 1935





Fonte: Memorias do Fiscal Xeneral entre 1932 e 1936.

Como vemos, en tódolos anos despuntan os delitos contra a propiedade, supoñendo algo máis da metade do total, cun 50,1% entre 1931 e 1935. Son seguidos daqueles contra a integridade física das persoas (20,6%) e, en menor proporción, aqueles contra a orde pública (7%), categoría que abrangue as inxurias ás autoridades, os atentados, os desacatos, as desordes públicas, a rebelión e sedición… Casa este patrón coa tendencia xeral que se repite en toda España na cronoloxía proposta, cunha excepción: mentres que os delitos contra a orde pública son o terceiro grupo máis numeroso de crimes coñecidos pola Audiencia Provincial de Pontevedra, na media do Estado nalgúns anos caen relegados á quinta posición, por detrás das imprudencias e accidentes. Porén, non debemos ver nesta anomalía un particular despunte de delitos contra a orde pública en Pontevedra, senón unha escasa relevancia das outras dúas figuras[662].

O aumento de causas nas que se transluce a conflitividade social —tales como os delitos contra a orde pública, os delitos electorais, os delitos con explosivos ou a tenencia ilícita de armas de fogo— foi unha importante fonte de preocupación para a Fiscalía. Con respecto ao aumento da súa frecuencia en 1933, resulta interesante a análise detallada que fai o fiscal xeral Lorenzo Gallardo González transmitindo o sentir do corpo, asegurando que o «aumento general [de delitos] notado es debido al relajamiento del principio de Autoridad, a las constantes excitaciones, a la indisciplina y a la subversión y al ambiente de odio que desgraciadamente va infiltrándose en la sociedad española»[663]. Os principais argumentos do texto foron incluídos no Anexo 10.

O ano seguinte, as preocupacións con respecto á criminalidade que atenta contra a orde pública vai dirixida particularmente ao «movimiento revolucionario de Octubre [de 1934]»[664]. Porén, neste caso a súa incidencia é recollida sobre todo polas fiscalías xurídico-militares das oito divisións orgánicas das forzas armadas, en tanto que a declaración do estado de guerra coa que respondeu o goberno radical-cedista pasou polo aumento da actividade da xurisdición castrense; volveremos sobre esta cuestión no capítulo 7. As inquedanzas por mor da orde pública irán paulatinamente en aumento, xa non só pola súa preeminencia senón incluso pola resposta dos tribunais. A este respecto, o Fiscal Xeral Alberto de Paz Mateos escribía nunha circular do 26 de marzo de 1936:

> …[en] algunas Salas de Justicia se han dictado sentencias en causas seguidas por hechos de notoria gravedad, en las que se llega a una benignidad incomprensible, productora de pública alarma, dada la característica de los delitos a que afecta, atañentes al orden público y seguridad de las personas …[665]

Nos momentos inmediatamente posteriores ao golpe de Estado, cando é redactada a última Memoria republicana, a sedición de parte do Exército así como as accións bélicas non serán interpretadas como delitos contra a orde pública —a diferenza dos feitos de 1934—, senón como síntoma da «gravedad de los momentos actuales, jamás igualados en la historia Patria». É dicir, as actuacións delituosas derivadas do golpe non engrosan as estatísticas criminais. Non obstante, lamentarase o Fiscal Xeral José Vallés Fortuño, a elaboración destas memorias expositivas sobre o funcionamento da administración de xustiza española non será máis que un intento imperfecto de manter a normalidade, «por no haber recibido las Memorias parciales de todas las Audiencias»[666].

---

[662] Ambas comprendidas na etiqueta de "Miscelánea" na gráfica inmediatamente anterior ante a súa inferioridade; pódense comprobar as cifras totais na táboa que a precede.

[663] *Memoria elevada al …*, 1934, pp. 17 – 19.

[664] *Memoria elevada al …*, 1935, p. 67.

[665] *Memoria elevada al …*, 1936, p. 52.

[666] De feito, das Audiencias Provinciais galegas só responderán ao chamado os fiscais das de Lugo e Ourense, aínda que semella (sen que se poida confirmar taxativamente) que estes terían enviado as súas valoracións antes do golpe de Estado. Lembramos que esta Memoria foi publicada en outubro de 1936, que o ano xudicial ordinario comeza en

Retomando as causas coas que traballamos directamente, nos únicos sete procedementos conservados no AHPPo correspondentes a este período de xaneiro de 1930 a xullo de 1936 xúlganse a 14 persoas diferentes. Son case todos varóns (92,86%), excepto unha muller, que é procesada xunto a un home por homicidio; nesta ocasión, ante os considerados como feitos probados, o tribunal resolverá que o único culpable foi o segundo, impoñéndolle unha pena de prisión maior[667]. Este é un dos 42,86% dos procedementos onde son xulgadas varias persoas en grupo, fronte ás demais causas nas que se axuízan delitos executados individualmente. Nos casos dos xuízos colectivos, adóitaselles imputar máis dun delito, e os crimes que se lles atribúen son contra a vida e a integridade corporal, contra a orde pública, e contra a integridade e a liberdade moral. Á parte, no que respecta aos procesados, na súa maioría carecían de antecedentes (85,71%). Os dous que si tiñan son xulgados por un delito de atentado e inxurias e por un furto, sendo condenados ambos[668].

Das 14 persoas incriminadas, tres estaban en prisión preventiva ata o día do xuízo; a maiores, dous deles xa se atopaban no cárcere no momento dos feitos, pois os procesados eran dous reclusos que agriden ao xefe da prisión provincial[669]. Ao tratarse de causas con preso, fórmase un Tribunal de Urxencia, destinado a tentar resolver o caso coa maior celeridade posible: nos casos da nosa mostra, entre un e catro meses. Cunha excepción, o cal introduce unha diferenza entre os casos xulgados antes e despois do 36: un dos inculpados no procedemento 37/936 —máis adiante estudado por separado—, en rebeldía ata ser detido e ingresado en prisión en marzo de 1950, foi mantido en situación de prisión preventiva ata novembro de 1951; isto é, máis de ano e medio, sen contar o tempo posterior correspondente á tramitación do recurso de casación. Considerando que o sumario xa fora enteiramente instruído e polo tanto só restaba a cualificación da causa e a celebración do xuízo, o tempo de demora resulta desorbitado tratándose como se trataba dunha causa con preso. Constátase así unha perda de celeridade na celebración dos xuízos con preso, coa conseguinte prolongación da prisión preventiva, en comparación co período do que agora nos ocupamos. Entre os demais procesos penais, os tempos de duración varían entre os sete meses e medio —nun delito de danos— e os algo menos de catorce meses —nun de furto e no de estupro—[670].

Entre os once delitos xulgados atopámonos con dous danos, dous homicidios, un atentado, un estupro, un furto, unhas inxurias, unhas lesións, unha tenencia ilícita de armas e un acto de terrorismo[671]. A grandes trazos, isto significa que a meirande parte dos delitos xulgados na mostra son aqueles contra a vida e a integridade corporal, contra o patrimonio e contra a orde pública. Todos eles foron considerados como consumados e dolosos. Á parte, en dous dos procedementos, nun de homicidio e noutro de estupro, hai un denunciante particular —o que hoxe chamaríamos acusación privada—; de feito, no de estupro non actúa de oficio a Fiscalía por considerarse, daquela, como un delito privado, perseguible só a instancia da parte ofendida.

---

setembro, e que agosto é mes de vacacións; estas tres cuestións, á parte da obvia e anómala situación derivada do golpe, merecen ser tidas en conta para considerar a escasa marxe de obra da República á hora de elaborar este documento. Non houbo máis memorias publicadas pola República, polo que descoñecemos se noutras edicións se terían cuantificado os delitos derivados da sublevación, se ben tería sido unha empresa fiscalizadora de enormes obstáculos. Se cadra, poderiamos considerar como unha acción semellante (aínda que con outras vontades) a Causa Xeral de 1943. *Memoria elevada al …*, 1936, p. VII.

[667] Procedemento 278/935 (ca. 6781, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[668] Procedementos 156/934 e 239/934 (ca. 6788, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[669] Procedemento 156/934 (ca. 6788, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[670] Procedementos 242/931, 391/932 e 255/931 (ca. 6781 e 6788, f. Audiencia Provincial, AHPPo). No caso de estupro, o inculpado elevará un recurso de casación ao Tribunal Supremo, que confirmará a sentenza. Porén, polo xeral abstraerémonos de medir estes recursos, por consideralos fóra da nosa esfera de análise.

[671] Recordamos que estas figuras correspóndense coas que son validadas nas sentenzas.

Gráfica 10. Delitos xulgados nos procedementos que se conservan da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1930 - 1936



Fonte: fondos do AHPPo.

O 57,14% das persoas procesadas foron condenadas, é dicir, sete en total. No resto dos casos, tres foron absoltas e a outras tres se lles extinguiron as responsabilidades penais: dúas morreran e outra máis desaparecida ata a prescrición do delito. Se atendemos ás penas impostas, comprobaremos que son coherentes co establecido polo Código Penal. Os delitos contra a liberdade sexual e o patrimonio, como os danos, foron castigados con penas pecuniarias; unha excepción foi un caso dun delito de furto no que o acusado tiña antecedentes, polo que a pena foi privativa de liberdade. As demais condenas que implicaron penas de prisión correspóndense con delitos contra a orde pública e a vida e a integridade corporal.

Á parte queda o caso da que será a única persoa inculpada no mencionado procedemento 37/936, a que se lle imporá unha pena privativa de liberdade e multa condenado polos delitos de homicidio, terrorismo, tenencia ilícita de armas e lesións. É tamén o único caso da mostra cuxa resolución se adía tanto que non se resolve ata despois do golpe de Estado. Vexámola agora en maior detalle. Con ela, afastarémonos momentaneamente de Pontevedra capital para nos centrar no principal núcleo demográfico e económico da provincia: Vigo.

5.2.2.1. Un *excursus* sobre a causa derivada do sumario 37/936 do Xulgado de Instrución núm. 1 de Vigo: o asalto á sede de F.E. en Vigo e os feitos subseguintes

Das causas penais analizadas nos arquivos da Audiencia Provincial, a que ten un maior interese en relación á conflitividade socio-política previa ao golpe de Estado é, sen dúbida, a derivada do sumario 37/1936 do Xulgado de Instrución número 1 de Vigo, relativo aos feitos sucedidos a noite do 7 de febreiro de 1936 no asalto por parte de un grupo de anarcosindicalistas ao local da *Falange Española* en Vigo[672]. Tamén ten o incentivo de ser unha causa na que a actividade xurisdicional se produciu tanto baixo o réxime republicano como baixo o franquista, pois o axuizamento se demorou longos anos.

[672] Procedemento 37/936 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo). No momento, como é sabido, xa era *Falange Española de las J.O.N.S.*, pero por abreviar falaremos da Falanxe ou empregaremos as siglas FE.

O seu tratamento partindo das fontes primarias xudiciais é, ademais, inédito. O asalto sobre o que versa foi un suceso que conmocionou a cidade, pola inusitada violencia empregada e polos graves resultados que deparou: dous mortos, un por cada bando, e cando menos cinco feridos —malia existir evidencias de que houbo algún máis—, todos por arma de fogo. Pola súa gravidade, o suceso tivo ampla repercusión na prensa, non só local ou galega senón tamén na de Madrid e de outros puntos de España, tanto na de información xeral como na partidaria, de filiación esquerdista ou dereitista[673]. Inclúese no Anexo 11 mostra gráfica desta cobertura.

a) O contexto

O suceso obxecto da pescuda sumarial é un caso paradigmático de *pistoleirismo político*, propio da polarización e a radicalización dos extremos do arco político que acada un punto álxido nos primeiros meses de 1936[674]. Se ben existe unha longa tradición de uso da violencia política en España nas derradeiras décadas do século XIX e primeiras do XX, habitualmente relacionada coa conflitividade social, coa chegada da Segunda República e coa aparición política do fascismo se produce unha certa transformación do fenómeno[675]. Este pasa de ser un *pistoleirismo social* —que enfronta a faccións patronais e obreiras, normalmente en relación a conflitos folguísticos— a ter un carácter máis propiamente político. Neste, opóñense grupos moi radicalizados da nova dereita fascista, que vén ocupar o lugar do mercenarismo patronal, e da esquerda revolucionaria —fundamental aínda que non exclusivamente anarcosindicalista—, que ten escasas ou nulas expectativas respecto dos logros do sistema democrático-burgués que a República encarna[676]

Agora ben, esta politización da conflitividade social, que gañou intensidade na campaña para as eleccións de febreiro de 1936, debe entenderse como un mero cambio no peso específico dos dous elementos, xeralmente concorrentes. Neste sentido, é importante destacar que os sucesos de Vigo do 7 de febreiro non só se producen no contexto de agudización da polarización política pola inminencia das eleccións que terían lugar apenas nove días despois, senón tamén dunha prolongada folga dos metalúrxicos vigueses, que afectaba especialmente a empresas con forte presencia sindical como eran as da construción naval. Hai no sumario múltiples referencias a ese movemento folguístico, que motivara a presencia en Vigo de forzas policiais chegadas doutros puntos e a realización de labores de vixilancia especiais en previsión de incidentes relacionados

[673] Foi recollido, entre outros, por *El Pueblo Gallego* (08/02/1936, pp. 1 e 16; 09/02/1936, p. 3); *Faro de Vigo* (08/02/1936, p. 10; 09/02/1936, pp. 3 e 5); *El Ideal Gallego* (08/02/1936, p. 1); *La Voz de Galicia* (08/02/1936, p. 5; 09/02/1936, p. 5; 11/02/1936, p. 5); *Alborada* (08/02/1936, p. 3); *ABC* Madrid (08/02/1936, p. 43); *El Sol* (08/02/1936, p. 5); *La Nación* (08/02/1936, p. 3); *Mundo Obrero* (08/02/1936, p. 1); *El Heraldo de Madrid* (08/02/1936, p. 15); *La Libertad* (08/02/1936, p. 7); *El Siglo Futuro* (08/02/1936, p. 22); *La Voz* (08/09/1936, p. 3.); *La Época* (08/02/1936, p. 4); *Arriba* (08/02/1936, p. 1; 13/02/1936, p. 1), *Ahora* (08/02/1936, p. 3; 11/02/1936, p. 15); *La Vanguardia* (08/02/1936, p. 24); *El Socialista* (08/02/1936, p. 2); *Solidaridad Obrera* (09/02/1936, p. 5); *Diario de Barcelona* (09/02/1936, pp. 37 – 38)... Por razóns obvias, foron os xornais vigueses *El Pueblo Gallego* e *Faro de Vigo* os que fixeron un seguimento máis continuado do caso.

[674] De "agitación pistoleril" tamén fala Eduardo González Calleja para referirse, sucintamente, ao evento que nos ocupa. Ver González Calleja, Eduardo: *Contrarrevolucionarios. Radicalización violenta de las derechas durante la Segunda República, 1931 –1936*, Madrid, Alianza, 2011, p. 283.

[675] Deixamos a un lado os magnicidios tentados ou executados por certa tradición anarquista, por ter unha natureza distinta á da violencia empregada en casos como o que aquí tratamos.

[676] Como sinala Manuel Ballbé, a deterioración da orde pública foi escollida polos conspiradores golpistas como xustificación e fonte de apoios da súa acción. A violencia dos grupos da extrema dereita propiciaba deliberadamente a creación deste clima xustificativo. Ballbé, Manuel: *Orden público y militarismo en la España constitucional (1812 – 1983),* Madrid, Alianza, 1983, p. 389.

co conflito[677]. Como veremos, varios os implicados no asalto eran traballadores dos estaleiros de Barreras, os máis importantes da cidade.

Para unha contextualización do suceso que nos ocupa, resulta de especial interese un panfleto remitido á causa o día seguinte dos feitos polo comandante do posto da Garda Civil en Vigo «al objeto de contribuir al esclarecimiento del atentado cometido en la noche de ayer contra el local fascista de esta ciudad por elementos al parecer de la C.N.T»[678]. Trátase dunha folla cunha proclama duns autodenominados «Grupos de Defensa Confederal» (GDC), da CNT, incautada a dous folguistas de Lavadores que a repartían, «los cuales fueron detenidos y puestos a disposición del Sr. Comandante militar [sic] de esta plaza en la prisión del partido con fecha 26 del pasado».

Baixo o título *¡La acción de dos cobardes, dos chulos, no quedará impune!*, denuncia a malleira que recibiu en comisaría un folguista chamado Miguel Pazos a mans de dous «chulos», asegurando poder afirmar que a detención de Pazos foi ordenada polo comandante Escobar, xefe da oficina de enlace da Dirección Xeral de Seguridade, «a instancia del negrero Barreras y otros sapos más». O panfleto ten unha retórica acendida, con descualificacións non só contra «los agentes del orden» —os cales «siempre se han postrado a los pies de los explotadores emprendiendo una represión criminal nunca vista en la apacible ciudad viguesa»—, senón tamén contra elementos republicanos e socialistas[679]. Para o que interesa ao noso propósito, o panfleto continúa:

> Pero sobre todo, no debe olvidarse que tanto Escobar como los que secundan sus nefastos designios, están al servicio incondicional de la reacción y del Fascio, a quien no se puede asustar y menos exterminar con soflamas más o menos pedantescas, pues hay que asfixiarlo en su guarida, en su madriguera. La farsa que algunos sectores obreros y políticos usan para hacer ver que combaten al Fascismo, es francamente, el pedestal que le están edificando para que se coloque plácidamente. En Alemania, en Austria, en Italia, etc., estos procedimientos empleados por las izquierdas electorales, les elevaron al predominio que hoy disfrutan. Al Fascismo se le aniquila, no en los Colegios electorales, trabajadores, sino en su propia casa, antes de que se enseñoree y disponga de elementos combativos.
>
> … [Hechos como los de la paliza de la que fue víctima el compañero Miguel] por sostener viril y gallardamente como corresponde a un Confederado, ante los dos mequetrefes, sayones, que nuestra C.N.T. no es ninguna organización de asesinos como así la calificaron los juerguistas timadores que envió Escobar a ésta, amparados de toda garantía e impunidad, no se repetirán sin la sanción adecuada, pues cuando un hecho de esta naturaleza se repita, los Cuadros de Defensa Confederal, se verán obligados, por instinto de conservación y dignidad, a emplear la bomba, la gasolina, el petróleo y la pistola para defenderse de esos guindillas … Si vosotros desgraciados, que ejercitáis tan vil misión por el salario que os da el Estado, producto robado a los trabajadores que por mandato de la plutocracia supliciáis, seguís los apaleamientos, los vengaremos con los vuestros; no respetaremos a nadie y volaremos vuestro antro de tortura, de befa, escarnio y ultraje a la personalidad humana. …

[677] A título de exemplo, obran no sumario (folios 21 e 22) as declaracións de dous gardas de seguridade que no momento do suceso prestaban servizo na Rúa Gravina, próxima ao local de F.E., "para protección del Presidente de los Patronos Metalúrgicos", que ten alí o seu domicilio. Non aportan datos relevantes para o esclarecemento dos feitos.

[678] Procedemento 37/936, folio 69 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo), o oficio remisorio; o panfleto, no folio 70. Para evitar continuas remisións a pé de páxina, no sucesivo optaremos preferentmente por incluír no texto a indicación do folio, entre parénteses, cando queiramos precisar a localización da fonte. Salvo indicación en contrario, a foliación corresponde ao sumario; as actuacións perante a Audiencia non están foliadas.

[679] Republicanos como Casares Quiroga, e socialistas como o ex deputado Arbones e o (ex) alcalde Martínez Garrido, ambos tachados de traidores e de amigos do "fascista" Escobar (e ambos, por certo, asasinados polos fascistas despois do golpe militar).

> El hombre que pega a otro hombre impunemente, y con la garantía de ser recompensado merece la muerte. ¡Ni más ni menos! La muerte en el acto!

Os subliñados non son nosos: aparecen cun lapis vermello no exemplar da folla remitido pola Garda Civil para a súa unión ao sumario. O sobreentendido é claro: o asalto á sede da FE sería, presumiblemente, a realización do anunciado propósito de asfixiar ao fascismo na súa gorida. O xuízo semella aventurado, considerando que, malia as arengas antifascistas que contén, o obxecto do panfleto é denunciar unha malleira que se di padecida en comisaría por un afiliado, con ameazas de responder sen piedade a ulteriores agresións por parte da policía, mesmo voando o seu «antro de tortura» —que é claramente a comisaría, non o local falanxista—.

Pero se resulta excesivo establecer unha relación causal co asalto, o panfleto dos GDC é útil para contextualizar o suceso no clima de violencia asociado especificamente ao conflito folguístico local[680]. Nese contexto no que a violencia estaba naturalizada e en certo modo banalizada, parece que o detonante do asalto foi unha advertencia —ou unha ameaza directa, varían as informacións— recibida por Luis Quintas de que os falanxistas *ían a por eles*, o que determinou ao grupo de Quintas a adiantarse e golpear primeiro. Non temos constancia certa deste incidente previo.

Cremos necesario facer a precisión de que limitar a contextualización do suceso que nos ocupa —paradigmático doutros semellantes— ao consabido tema da polarización política e da radicalización violenta dos extremos resulta insatisfactorio. Resulta equívoco invocar o *topos* da manida —e real— radicalización violenta dos extremos sen considerar que, á marxe de calquera diferenciación maniquea entre unha radicalización e outra, nos atopamos diante dunha *radicalización asimétrica* que conduce ao golpe non porque estaba de ser —vista a polarización dos axentes—, senón porque a solución violenta estaba no programa contrarrevolucionario, cando menos como hipótese, dende a mesma proclamación da República. Fronte ao momento reformista salta o momento contrarrevolucionario. A contrarrevolución non nace como reacción aos sucesos revolucionarios de Asturias, nin precisa de revolución algunha porque non se opón á revolución, senón que defende a orde social existente, considerada natural —e, nese sentido, nacional— ou *sa*, aínda que perfectible, e que se percibe ameazada por un virus estranxeirizante. A contrarrevolución antirrepublicana non reacciona contra unha irreal república dos soviets: reacciona contra o divorcio legalizado, contra o aborto que se quere legalizar, contra a reforma agraria, contra a descentralización do Estado, contra a subordinación do Exército ao poder civil, contra o matrimonio civil, contra os cemiterios civís… todo o que sexa civil… agás a Garda Civil, claro, que é un corpo militar. En definitiva, contra a civilidade mesma en nome dunha civilización que só é tradición, orde e status. Reacciona contra todo cambio, real ou aspiracional, por tímido que sexa, no que ve a realización desa fantasmática república do caos.

---

[680] Curiosamente, dende unha posición afín ao movemento libertario Antón Briallos si supón unha relación causal semellante á que se suxire no sumario pola Guardia Civil. Segundo Briallos, a consigna de que "a los fascistas hay que eliminarlos en sus covachas" corresponde a Dalmacio Bragado, o máis relevante dirixente anarquista vigués daqueles anos, nun artigo que nós non coñecemos e sospeitamos que é, en realidade, o panfleto citado. Briallos afirma que Luis Quintas, cabeceira dos grupos de defensa, "*interpretó literalmente* los comentarios y, al margen de las organizaciones libertarias de Vigo, organizó un ataque a la sede de la Falange para apoderarse de las armas y quemar el local". Bragado, que non aprobou a acción, se tería lamentado de expresarse en termos tan contundentes. Briallos, Antón: *La contribución libertaria a la resistencia contra el alzamiento militar de 1936 en Vigo,* A Coruña, Ateneu Libertário Ricardo Mella, 2003. A cita, na p. 35 (cursiva nosa). Este interesante e documentado traballo, con todo, aborda o episodio que nos ocupa de xeito tanxencial, o que explica que respecto del conteña erros notorios; o menos importante a data do suceso, que sitúa (como outros relatos) o 6 en lugar do 7 de febreiro. Malia que non explicite as fontes, semella claro que recolle a memoria do suceso no anarquismo vigués; sabemos que tivo ocasión de entrevistar a Fernando Román, un dos asaltantes, xa vello. Seguimos considerando aventurado de máis establecer unha relación entre o panfleto e o asalto que vaia máis alá do contextual.

Por esta razón, a radicalización da extrema dereita comparte coa súa némese esquerdista a disposición a empregar a violencia como arma política lexítima, pero se diferencia dela non só pola distinta posición diante da preservación da orde social —que fai que a radicalización fascista sexa percibida como *de orde* e a súa némese como *extemista*— senón por asumir unha función sanatoria ou purgativa da enfermidade que ameaza a vida nacional. Neste entendemento, o golpe militar será a cirurxía que a gangrena demanda.

Atopamos evidencias disto que designamos como radicalización asimétrica nas fontes que manexamos na investigación do suceso. Como veremos, no asalto á sede fascista resultou morto un dos alí reunidos, Luis Collazo, logo celebrado como o primeiro falanxista caído en Galicia. No número 14 da revista falanxista *Haz* publicouse unha breve necrolóxica do camarada morto[681]. O exame dos contidos e da tónica xeral desta publicación resulta esclarecedor. Mesmo considerando a exaltada retórica habitual na literatura propagandística do momento, a lectura de *Haz* fai evidente a asimetría da que falamos. Non sorprende a acendida dialéctica de confrontación coa que nos atopamos, pois no panfleto dos GDC hai expresións case simétricas. Tampouco chama a atención a efusión expresamente antidemocrática —«La Falange no acatará el resultado electoral, si éste resulta peligrosamente contrario a los eternos destinos de España»—, pois a *farsa electoral* que reiteradamente despreza *Haz* tamén se designa e despreza así na propaganda anarcosindicalista.

O que sorprende é a impúdica celebración da violencia curativa, restauradora da vida nacional. Sirva de exemplo o contido central deste número, que informa do violento desenvolvemento dunha folga estudantil promovida polo SEU «contra el separatismo catalán». A fachendosa glosa dos «interminables» altercados, tantos que deben seleccionarse aqueles que «por su energía sobresalen de los demás», preséntanos unha arrepiante exhibición de supostas fazañas virís de dubidosa verosimilitude. Só un caso escollido pola proximidade: en Santiago de Compostela, «la suspensión de las clases costó seis heridos, cinco galleguistas y el otro catalanista. Una bomba completó la labor del SEU». A bomba —real ou imaxinaria, pois non atopamos confirmación dela— completa o labor purgativo dos puños. O uso da violencia non se presenta, como no panfleto dos GDC, como reacción defensiva ao abuso do poder, senón que se exhibe como unha prescrición para o renacer da nación adoecida. Un artigo a carón da necrolóxica de Collazo leva o titular *En España amanece*, lema reiteradamente empregado na propaganda falanxista e inspirado no seu himno. Citamos del:

> Estamos viviendo días trágicos para nuestra Patria … *Quedan días más graves aún, por los que hemos de atravesar en fecha muy próxima* … Nosotros no hemos de desfallecer jamás. Tras esta época trágica y heroica por la que ha de atravesar España vemos ya *un amanecer glorioso, un renacer de la España una, grande y libre.* [682]

As cursivas son nosas; as verbas, premonitorias.

[681] *Haz*, núm. 14, 14/02/1936, p. 4. Era o órgano do Sindicato Español Universitario (SEU), e representaba por tanto a facción máis nova, radicalizada e culta do falanxismo, cun perfil de militancia radicalmente distinto, como veremos, ao que representaba Luis Collazo. O número 14 foi o último desta etapa pola ilegalización da FE acordada pouco despois.

[682] *Haz*, núm. 14, 14/02/1936, p. 4.

Imaxe 15. Extracto de *Haz* (1936) e cartel de Falanxe (1935)

En España amanece

La campaña electoral toca a su fin. Unos y otros se han dedicado en estos días a dar los últimos aldabonazos de su propaganda. Las premisas se suceden constantemente. Hoy el país se las promete muy felices con el triunfo de cualquiera de los bandos, haciendo caso, naturalmente, de las campañas electorales.

Veamos, sin embargo, la realidad de los partidos en lucha. Las izquierdas, el llamado frente popular, ha hecho constar públicamente que no aceptará el triunfo de las derechas en el caso de que éste saliese de las urnas. Sus fuerzas se lanzarían a la calle en plena guerra civil. Otro tanto habría de ocurrir a las derechas en el caso, poco probable, de un triunfo izquierdista.

¿A qué, pues, esa farsa electoral? Suponiendo que ni los unos ni los otros obtuvieran tal triunfo que obligase a los contrarios a exteriorizar su protesta en la calle, como asegura el Sr. Echeguren, ¿de qué habría de servirnos el nuevo Parlamento?

Unas fuerzas equilibradas, pero antagónicas, unas fuerzas que se repelen y que sin su cooperación será inútil todo intento de Gobierno, ¿a qué puede conducir a España?

Sencillamente, a lo que la está conduciendo, a una guerra sorda, guerra de hermanos contra hermanos, y en la que no se vislumbra renacer alguno para España.

Pronto ha de llegar el día, sin embargo, en que cara a cara, sin ocultaciones de ningún género, se plantee la lucha definitiva en la calle.

Para ese momento es para el que hemos de estar dispuestos, camaradas de toda España. La farsa electoral agoniza, muere de vejez y de petulancia. Quedan aún unos cuantos infelices que intentan reanimarla con inyecciones inútiles, con propagandas a lo "americano", y que no han de conseguir sino que su agonía sea más grotesca, más larga, pero menos heroica. El parlamentarismo muere. Ahora será cuando la Falange hará ver más aún la nulidad del sistema; cuando la Falange presente el balance electoral a la opinión pública y sepa ésta de qué le sirvé a sus hijos, a sus hermanos, a ellos mismos, esa papeletita colocada en la urna, cómo a pesar de ella no tienen una España digna, viven en una España mediocre e insubstancial, que no son sino juguetes de unos cuantos señores que cada dos años los reúnen en comicios para pedirles la salvación de España.

Estamos viviendo días trágicos para nuestra Patria. Mucho mayores aún de lo que suponen, por esta misma indiferencia con que se les recibe y se les aguanta.

Quedan días más graves aún, por los que hemos de atravesar en fecha muy próxima.

Nosotros no hemos de desfallecer jamás. Tras esta época trágica y heroica por la que ha de atravesar España vemos ya un amanecer glorioso, un renacer de la España una, grande y libre.

Incluso el buen Domnico Theotocópuli, que allá en su patria, tan cerca de Paros y Mytilena, hubiese sido un pánida lascivo y exótico, llegó a Castilla y sólo vió tragedia y misticismo, severidad y drama. Y así, sobre sus ocres y pardos no triunfan las carnes suntuosas ni las carnes doradas, sino el marfil enteco de sus caballeros rígidos en cuyas pupilas aletea el drama y la severidad, el misticismo y la tragedia.

Desde el paisaje hasta las empresas, Castilla es siempre así: Magnífica en su capacidad interpretativa de la vida. En sus llanuras solo crecen cereales o flores pobres, humildes que en su vejez muestran cuánta sangre empapa los terrones del suelo hosco, inviolado por plantas extrañas. En los oteros, en las descarnaduras de sus montañas áridas y silenciosas sólo se alzan las siluetas recortadas del enebro y el olivo, árboles pobres como la vida misma, amados por el viento frío y por los soles implacables. No busquemos en Castilla la flora lujuriosa de Levante ni el verdor fresco y bucólico del Norte. Aquí sólo veremos la vida en su simplicidad elemental sólo lo preciso, lo duro, lo difícil.

Castilla bajo todos los climas de la Tierra.

Pobre, monócromo, asco, el suelo de Castilla parió falanges de hombres superiores en todo a sus contemporáneos, no ya por la fuerza tanto de las armas, si no por la ductilidad de sus cerebros que se anticiparon siglos en el Derecho, en la Geografía, en la Matemática y en Literatura a todos los demas de Europa.

Convirtió con su sangre y su cruz a millones de infieles y herejes. Abatió poderíos, subyugó naciones, construyó pueblos, violó mares e inventó continentes.

Y justamente en el momento histórico en que comenzó a dar a la vida otra interpretación que la de la milicia, su poderío se relajó, se hundió, su imperio se redujo al polvo insuficiente de las glorias pretéritas.

Esta es la lección amarga que nos indica el perfil de Castilla.

Pero el triunfo está cerca porque ya en el surco hay simiente y en los caminos sangre cálida y joven de los que cayeron cara al sol, con la camisa nueva, reflejo del cielo donde se cosechan las palomas de la victoria.

M. R. DE VALENCIA

[redacted]

LUIS COLLAZO
¡PRESENTE!

Escuetamente, sin falsa retórica.
Dios guarde en paz al camarada que defendió con su vida el centro de la FALANGE, en Vigo.

[redacted]

Fonte: Haz*, núm. 14, 14/02/1936, p. 4 (BNE) e Museo Reina Sofía.*

b) Os participantes

Grazas ao especial interese do xuíz instrutor nas primeiras dilixencias sumariais por identificar aos participantes no suceso, podemos ter un coñecemento relativamente preciso das persoas implicadas. Entendemos que a relación dos intervenientes é completa no relativo aos falanxistas que se atopaban no local no momento do asalto, incompleta no caso dos asaltantes —que en todo caso non foron moitos máis dos identificados— e presenta máis lagoas respecto da participación, diversa e pouco clarificada, de terceiras persoas —policías ou que se identificaron como tales— na persecución dos asaltantes que se saldou cun morto e varios feridos.

Os «fascistas». Nas primeiras dilixencias, practicadas a mesma noite dos feitos, apréciase unha clara reticencia dos falanxistas declarantes a identificar aos camaradas que estaban no interior do local no momento do asalto. Pero en declaracións posteriores xa se aportan datos máis precisos, dos que podemos concluír que había once falanxistas no local no momento do asalto[683]. A lista completa, ordenada alfabeticamente, é a seguinte[684]:

- *Antonio Alfonso Álvarez*. 17 anos. Empregado. Natural e veciño de Vigo.
- *Ramón Arias Sánchez*. 17 anos. Estudante. Natural de Betanzos e veciño de Vigo.
- *Enrique Cameselle Lago*. 19 anos. Mecánico. Natural da República Arxentina e veciño de Lavadores. Ferido.
- *Constantino Cea Vilariño*. 24 anos. Peón. Natural de Santiago e que se declara veciño de Vigo, no inmoble do número 1 de General Riego, actual rúa de Alfonso XIII, onde ten o local a Falange. Ferido.
- *Luis Collazo do Campo*, ou Docampo. 21 anos. Empregado-peón. Natural de Teis e veciño de Vigo. Falecido.
- *José Arturo Domínguez Sánchez*. 24 anos. Zapateiro. Natural de Covelo e veciño de Vigo, tamén en General Riego 1.
- *Carlos Garabal Ojeda*. Perruqueiro. Natural de Cuba e que se declara veciño de Vigo. Na súa primeira declaración, di residir en General Riego 2; na indagatoria rectifica e refírese ao número 1, onde está o local falanxista. 21 anos. Ferido.
- *Melchor Herrero Hernández*. 19 anos. Estudante. Natural e veciño de Vigo.
- *José Míguez Míguez*. 23 anos. Latoeiro. Natural de Redondela e veciño de Lavadores.
- *Jorge*, ou Jorge Luis, *Mondina Docet*. 26 anos. Mecánico-chofer. Natural de Vigo e veciño de Vigo-Teis.
- *José Vázquez Pérez*. 20 anos. Albanel. Natural de Ourense e veciño de Vigo, tamén en General Riego 1.

[683] Once é tamén a cifra que dá *El Pueblo Gallego* (09/02/1936, p. 3), único xornal que cuantifica os intervenientes: "Los reunidos en el local eran once y sus asaltantes seis o siete". Tras contrastar tódalas fontes cremos que o xornal portelista acerta neste punto (noutros, contén erros importantes): os "fascistas" eran once e os "sindicalistas" serían pouco máis ou menos seis ou sete, como veremos.

[684] Incluímos na listaxe a idade, oficio, natureza e veciñanza. Respecto destas últimas hai que ter presente que, en 1936, o actual termo municipal de Vigo non só estaba integrado polos entón concellos de Vigo, Bouzas e Lavadores (este, co centro no Calvario), como temos mencionado en anteriores ocasións, senón tamén polo de Teis, que foi municipio independente de Vigo entre decembro de 1935 (apenas dous meses antes do suceso) e febreiro de 1937, como xa o fora nalgúns anos das primeiras décadas do século XIX. Isto fai que algunhas referencias sobre natureza e veciñanza sexan imprecisas ou dubidosas. Naquela altura había unha notable integración na vida dos catro concellos, xa claramente nucleados por Vigo.

USC

Resulta salientable a extrema xuventude de todos eles, trazo que comparten cos seus antagonistas libertarios, como veremos[685]. Os máis deles eran menores de idade —a maioridade estaba fixada daquela en 23 anos, de modo que nas eleccións celebradas días máis tarde non puideron votar—, e todos eran solteiros.

Algunhas fontes engaden, cremos que erroneamente, un décimo segundo falanxista presente no momento do asalto[686]: Felipe Bárcena Castro, pertencente a unha moi coñecida familia da aristocracia viguesa e destacado dirixente da primeira falanxe galega[687]. Esta fonte cita uns «Expedientes de Recompensas de F.E. de las J.O.N.S.», que só coñecemos e citamos a través desta referencia, preparatorios da concesión de distincións a camaradas destacados en accións singulares[688]. No expediente de Vigo, a Felipe Bárcena se lle tería concedido polos feitos de que tratamos a *Palma de Plata*, distinción exclusiva que só alcanzaron antes da guerra 22 falanxistas e que confería privilexios singulares, no só estatutarios: por exemplo, formar a reducida garda que velou e rendeu honores a José Antonio no seu magno enterro de Estado en El Escorial ao termo da guerra. Se a concesión da *Palma de Plata* a Bárcena foi debida á súa intervención no episodio do asalto, cremos —coas imprescindibles reservas— que o mérito que se lle recompensa é apócrifo, dirixido a engrandecer a súa folla de servizos e reforzar a súa prominencia na Falanxe local. Dende logo na causa xudicial, que é prolixa na investigación dos implicados e na que aparecen ducias de nomes, non existe ningunha alusión á presencia de Felipe Bárcena, nin no local asaltado nin nos momentos posteriores. Tampouco aparece nas fontes xornalísticas, e resulta difícil crer que pasase

[685] Sobre isto editorializaba ao día seguinte *El Pueblo Gallego* (08/02/1936, p. 1): "Pero la luctuosa página de ayer nos ofrece otra enseñanza … Descubre la raíz del mal, y revela como éste se infiltró en el espíritu de jóvenes inexpertos, que sucumben víctimas de la intolerancia cerril de ciertos conductores sectarios y temerarios. Aprovechar la frescura de los pocos años, para sembrar en las conciencias nacientes el odio y el gusto por la sangre del contrario, es simplemente una actividad delictiva". En concordancia co ideario do xornal, condena ambos extremismos, con especial fincapé no que promoven as dereitas "comandadas por monárquicos y tradicionalistas, todos de traza fascistoide", que "se preparan para gobernar como quien se pertrecha para una guerra"; e acaba pedindo o voto para as candidaturas centristas promovidas por Portela Valladares, editor do periódico: estamos, non o esquezamos, en plena campaña electoral.

[686] Especialmente, á entrada do 20/07/2019 asinada por Ricardo "Richi" Fernández Coll "Asalto a Falange Española en Vigo – 1936", no blog *La verdad ni teme ni ofende*, subtitulado *Revisión de la historia de los hechos de Falange Española de las JONS*, que dende esta óptica revisionista aborda episodios da "memoria histórica que olvidan los actuales gobernantes". Dispoñible en: https://laverdadnitemeniofende.home.blog/2019/07/20/asalto-a-falange-espanola-en-vigo-1936/ [últ. consulta o 01/07/2022]. A entrada en cuestión reproduce, segundo indica, un capítulo dun libro non publicado do autor, titulado *La Violencia. 10 de mayo de 1936 – 16 de febrero de 1936.* Podemos dicir que recolle a memoria falanxista do suceso, aínda que parece ser unha memoria indirecta. Esta memoria falanxista contén, como a súa antagonista, datos historicamente erróneos, pero traela a colación resulta pertinente por referirse a fontes inéditas.

[687] A familia Bárcena é titular do condado de Torrecedeira. No momento do suceso, Felipe tiña 29 anos e o Conde de Torrecedeira era o seu irmán máis vello, Manuel Bárcena de Castro, a quen sucedería no título en 1962 o propio Felipe por morrer aquel sen descendencia. O 1 de xullo de 1936 Felipe, que no momento era xefe local da organización fascista en Vigo, foi detido en Vilagarcía por participar con outros dirixentes da Falanxe galega nunha reunión clandestina preparatoria do golpe. Despois deste, incorporouse a filas na *Legión Gallega de Falange*, resultando ferido aos poucos meses na fronte de Aragón. Felipe Bárcena representa no caso vigués, xunto con Gustavo Kruckenberg e algún outro, a esa facción superior da militancia falanxista constituída polos fillos politicamente radicalizados das oligarquías locais. Sobre o tema, ver tamén Fernández González, Manuel: *La dinámica sociopolítica en Vigo durante la Segunda República*, Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 2005, pp. 269 – 277, páxinas nas cales tamén se menciona a cuestión do asalto ao local de Falanxe en febreiro do 36.

[688] Sobre estes expedientes, ver a entrada "Recompensas de la Falange Española de las J.O.N.S." no blog anterior, que inclúe o regulamento de concesión e unha relación dos expedientes incoados antes do golpe. Segundo esta información, o expediente relativo a este suceso foi incoado moi pronto (o día 22 do mesmo mes de febreiro) e concluíu coa concesión da *Palma de Plata* (máxima distinción outorgada de feito: a de ouro só se lle concedeu, póstumamente, a José Antonio) a Felipe Bárcena e José [*sic*] Luis Mondina; da *Aspa Blanca* a Antonio Alfonso, José Arturo Domínguez, José Míguez, Melchor Herrero, Ramón Arias e Ramón Mondina [*sic*]; e, finalmente, da *Aspa Roja* a Carlos Garabal, Constantino Cea e Enrique Cameselle. A referencia a José Luis Mondina é errónea: ten que ser Jorge Luis. O seu irmán Ramón, malia ser condecorado non estaba, polo que sabemos, no local aquela noite, igual que Bárcena.

desapercibida a presencia de alguén tan coñecido como Felipe Bárcena[689]. Por outra banda, resulta moi significativo que ao único falanxista morto no suceso, Luis Collazo, non se lle concedese recompensa algunha, sendo que podían ser concedidas a título póstumo e, de feito, así sucedera en expedientes anteriores.

Sen pretender establecer conclusións precipitadas sobre unha base tan circunstancial, non está de máis apuntar o dato de que, na planta organizativa teórica das milicias falanxistas —a coñecida inicialmente como *Falange de Sangre* e, xa logo, *Primera Línea*— once é o número de integrantes dunha *escuadra*, grupo operativo básico desta estrutura deseñada para a acción directa do partido[690]. Non pode afirmarse con certeza, pero consideramos atinada a hipótese de que o que se reunía no local aquela noite era unha escuadra da Primeira Liña falanxista, e que esta circunstancia fose dalgún xeito coñecida polos atacantes, cuxa pretensión fose apoderarse das armas que presumiblemente terían os alí reunidos. Dende logo, se non se reunía unha escuadra, algúns dos reunidos pertencían á devandita Primeira Liña.

Entre os falanxistas que si estaban no local aquela noite, os máis destacados son José Vázquez e Jorge Mondina. A referencia de José Vázquez no sumario como albanel pode inducir a erro. Vázquez é representante doutro grupo da militancia falanxista temperá diferente do que representaba Bárcena: os fillos das clases medias, non necesariamente acomodadas, procedentes do asociacionismo xuvenil católico. No caso vigués, da Agrupación Martín Códax, animada polo sacerdote Emilio Álvarez Martínez, singular persoeiro da vida local alcumado polos seus numerosos detractores "o Reisiño" —que logo do golpe acadaría unha triste notoriedade na represión na comarca viguesa— e a quen os agrupados chamaban reverencialmente "el Fundador". Esta asociación xuvenil, vencellada a Acción Católica, forneceu de cadros novos á dereita radical de Renovación Española e, particularmente, á dereita fascista da Falanxe. José Vázquez —como o seu irmán Jesús, tamén falanxista— foi membro da Martín Códax, e non era un agrupado calquera: era director da revista mensual homónima, secretario xeral da agrupación e man dereita do Reisiño[691].

Jorge Mondina foi, como o seu irmán Ramón, un dos fundadores da Falange viguesa[692]. É o máis vello dos falanxistas alí reunidos —26 anos, fronte a unha media de apenas 20 anos e medio dos demais— e semella ter unha posición prominente no grupo,

[689] Ademais, Bárcena, que traballaba no Banco de España, foi trasladado a Vigo dende o seu anterior destino en Ourense en abril de 1936, o que casaría mal coa súa presencia no local vigués no momento do asalto (en febreiro). Fernández González: *La dinámica sociopolítica …*, 2005, pp. 269 – 277.

[690] Unha cualificada síntese da organización das milicias fascistas na Segunda República en González Calleja, Eduardo: "Los pistoleros azules. Milicias fascistas y violencia política en la Segunda República española", *Historia 16*, núm. 98, 1984, pp. 18 – 32. As milicias falanxistas organízanse conforme ao seguinte esquema: a) *Centuria* – 99 homes, máis 1 xefe; b) *Falange* – 33 homes; e c) *Escuadra* – 9 homes, máis 1 xefe e 1 subxefe (11 escuadristas en total). Nun nivel superior se conformarían Tercios, Bandeiras e Lexións, pero estes niveis de encadramento só chegarían a configurar durante a guerra civil. Naturalmente, este deseño teórico non implica que necesariamente tódalas escuadras estivesen integradas por 11 membros, xa que isto dependía da dispoñibilidade de efectivos susceptibles de asignarse a estas tarefas. A insuficiencia de efectivos podía cubrirse coa incorporación de elementos procedentes de localidades próximas. Segundo González Calleja, "en febrero de 1936 parece que la Primera Línea de FE cuenta con unos 10.000 hombres", cálculo tal vez excesivo se a afiliación total ao partido roldaba os 25.000. Dende logo é improbable que todos estivesen armados.

[691] Velasco Martínez, Luis: "El Movimiento antes del Movimiento: de las asociaciones católicas a FET de las JONS. El caso de Vigo", en Ruíz Carnicer, Miguel Ángel (coord.): *Falange. Las culturas políticas del fascismo en la España de Franco (1936-1975),* vol. II, Zaragoza, Instituto Fernando el Católico (CSIC), 2013; pp. 593 – 608. Este sitúa a José Vázquez como "secretario local" da FE "mucho tiempo antes del golpe de estado", pero este dato non o temos verificado (p. 593); a referencia que ofrece de *La Nueva España* (entendemos que é o diario falanxista editado en Oviedo) debe de estar errada na data, anterior á fundación do periódico. En todo caso, a FE dirixíaxe por xefaturas, e a xefatura viguesa ostentábaa Bárcena.

[692] Sendo Ramón Mondina tamén lauredado, como xa anotamos, no Expediente de Recompensas malia que nada indique que tivese participación no suceso.

o que é coherente coas informacións, procedentes de medios falanxistas, que o sitúan como xefe da Primeira Liña local. Esta condición explicaría que, no expediente para laurear aos falanxistas intervenientes no suceso, fose distinguido coa cotizadísima *Palma de Plata*, á par do xefe local Felipe Bárcena: á hora de recibir distincións, a xefatura era un grao. Tralo golpe militar incorporouse á *Legión Gallega* de Falanxe, perdéndoselle a pista. Por algunha razón, a súa figura declina e non é chamado a participar canda os demais *palmas de plata* nos fastos do enterro de Estado de José Antonio en El Escorial, en novembro de 1939. O revisionismo falanxista especula con que se puidera deber a que morrera na fronte de guerra, pero non é certo: en 1944 traballaba como empregado na Xunta de Abastos de Pontevedra, onde foi emprazado polo Xulgado —pois, como veremos, estaba procesado neste sumario—. Vémolo convertido nunha figura marxinal, cun destino secundario para o que cabería agardar dos seus méritos orgánicos na *vieja guardia*.

De distinta extracción social era o falanxista que resultaría morto, Luis Collazo. Era un rapaz de orixe moi humilde que traballaba como peón e que parece que entrou nos círculos falanxistas a través da súa amizade con José Arturo Domínguez, outro dos presentes. Un dato pouco coñecido e dende logo pouco recordado, por resultar incómodo para ámbalas memorias, é que a familia de Luis Collazo pertencía a círculos obreiristas e anarquistas. Segundo algunhas fontes, o seu pai, Andrés Collazo, foi contador do sindicato *Alianza Marinera* de Teis[693]. A Luis Collazo cóubolle o indesexable honor de ser celebrado como o primeiro caído da Falanxe galega, malia o cal foi o único dos falanxistas que estaban no asalto que non foi condecorado no mencionado Expediente de Recompensas[694]. A súa memoria foi paradoxal: exaltada e omitida ao mesmo tempo[695]. Nun primeiro momento a ferida de Collazo, como a dos outros falanxistas, non parecía de especial gravidade e, trasladado á Casa de Socorro, aínda se lle puido tomar declaración brevemente polo xuíz instrutor. Porén, falecería dous días despois, nos Pavillóns Sanitarios —como se denominaba o Hospital Municipal—, a consecuencia das complicacións das lesións internas producidas pola traxectoria da bala.

Escusamos ofrecer máis datos dos restantes falanxistas implicados para evitar facer prolixa a relación. Resulta interesante volver destacar, en cambio, que ata catro dos once declaran ter o seu domicilio no número 1 da rúa General Riego —antes, e actualmente, Alfonso XIII—, é dicir, no inmoble onde estaba a sede da FE. Esta circunstancia só ten xustificación no caso de José Arturo Domínguez, que vivía cos seus pais na vivenda sita nese número. No caso de José Vázquez, estraña que ofrecese ese domicilio, porque o seu arraigo en Vigo é indubidable, como vimos. Nos outros dous casos, Garabal e Cea, semella que a designación da sede como domicilio seu en Vigo obedece a que era empregada para que os afiliados doutras localidades desprazados a Vigo por razóns da súa actividade política fixesen noite. Isto explicaría que na acta de inspección ocular do local se indique que alí había, no cuarto do fondo, varias colchonetas

[693] González, X. Miguel: "O alzamento de 1936 en Lavadores", *A Nosa Terra,* núm. 854, 29/10/ 1998, p. 31. Pereira, Dionisio: *O asociacionismo dos pescadores na Galiza da anteguerra: unha ollada de conxunto,* A Coruña, Ateneu Libertário Ricardo Mella, 2004 [2001], p. 55. Non o logramos verificar, pero sospeitamos que puidese existir algunha relación de parentesco entre o falanxista Luis Collazo e o libertario Olegario Collazo, que facía parte do grupo dos asaltantes e que sería tamén morto, logo do golpe, como resultado dun disparo na cabeza nun tiroteo en abril do 37 (segundo se informa na súa ficha na base de NeV e nós confirmamos na causa, como veremos).

[694] Así se designa no artigo revisionista, parcial e indocumentado Cepeda, José Manuel: "Luis Collazo, el primer asesinado de la Falange gallega", *La Razón*, 05/01/2021 (dispoñible en: https://www.larazon.es/memoria-e-historia/20210105/thvmeh45rnduxe5k6lqmr5zgua.html [últ. consulta o 02/07/2022]).

[695] O novo réxime dedícalle en Vigo unha calella peonil, moi pequena: a que na República era Primeira Travesía de General Riego, precisamente onde caeu morto, tralo asalto, o anarquista Robustiano Figueiras. Dende a revisión do rueiro municipal en 1981 chámase Primeira Travesía de Santiago de Vigo, pois é o lateral desta igrexa.

«amontonadas»[696]. Procesado Garabal, pídese do Concello informe de conducta do mesmo, resultando que a Policía Urbana notifica que no domicilio proporcionado —na rúa General Riego, 1— é *descoñecido* e que non se pode informar por carecer de antecedentes sobre este suxeito[697]. En canto a Cea, que era natural de Santiago, tampouco consta arraigo en Vigo, e en cambio obra na causa dúas comunicacións —unha da Guardia Civil e outra da Comisaría— dando conta de senllos telegramas remitidos dende Santiago advertindo que este «fascista» é «reclamado Juzgado Instrucción de Negreira por tentativa homicidio y tenencia de armas»[698].

Os «sindicalistas». Aquí a relación dos participantes con identidade coñecida é menos completa. Na causa identifícanse cinco, todos eles mozos vencellados ás *Juventudes Libertarias*, e integrantes ao parecer dos Grupos de Defensa Confederal:

- *Olegario Collazo Lago*. 20 anos. Oficinista. Natural e veciño de Lavadores, da Pardavila, en concreto.
- *Robustiano Figueiras Villar*. 23 anos. Ferreiro. Natural e veciño de Vigo, da Pedra, Baruxáns, Bembrive. Falecido.
- *Antonio Riveiro Fernández (a. Grilo)*. 23 anos. Caldeireiro. Natural e veciño de Vigo, de Moledo, Sárdoma, en concreto.
- *Fernando Román Rodríguez*. 23 anos. Torneiro. Natural e veciño de Vigo, tamén de Moledo, Sárdoma.
- *Luis Quintas Figueroa*. 24 anos. Mecánico. Natural de Lavadores e veciño de Teis, do Toural. Ferido.

Identificouse unha sexta persoa de filiación esquerdista inicialmente detida pola policía na Casa de Socorro: José Moldes Pérez, de 33 anos, empregado, natural de Poio e veciño de Vigo. Pero logo se descarta a súa participación e queda á marxe da causa. Excluído o anterior, existe a certeza de que houbo, cando menos, un sexto asaltante que resultou ferido e que non foi asistido na Casa de Socorro. Así resulta dun informe da Garda Civil dando conta dun regueiro de sangue que parte da igrexa de Santiago de Vigo —na rúa García Barbón, moi próxima ao local falanxista—[699]. Aquí, semella dirixirse á Casa de Socorro, pero muda a dirección ata perderse o rastro na confluencia das rúas Colón e García Hernández —antes, e hoxe, Urzaiz; no franquismo, José Antonio—. O informe da Gardia Civil suxire que o ferido «tomara un taxi», hipótese menos absurda do que parece, pois a CNT tiña forte implantación nos condutores de taxi. A identidade deste ferido que logrou fuxir é unha incógnita.

Dos asaltantes si identificados no sumario os máis significados eran Luis Quintas e Fernando Román. Quintas foi sinalado por tódolos falanxistas que declararon como o cabeza ou «capitán» do grupo. Malia ter só 24 anos, era un coñecido dirixente do movemento libertario vigués con especial ascendencia nas súas xuventudes e nos grupos de defensa[700]. Ferido de consideración nos incidentes inmediatamente posteriores ao asalto á sede falanxista, no momento do golpe militar acababa de ser dado de alta das súas

[696] Procedemento 37/936, folio 23 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[697] Non era tan descoñecido, pois algunhas testemuñas saben del e coñecen o seu alcume: "O Cubano". Procedemento 37/936, folio 181 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[698] Comunicación da Garda Civil no procedemento 37/936, folio 85 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo). A comunicación da Comisaría, no folio 86, especifica o número do sumario ao que se refiren: 112/935.
[699] Procedemento 37/936, folios 72 e 73 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[700] En Pereira; Fernández: *O movemento libertario …*, 2006, Luis Quintas aparece referenciado en cinco ocasións. Ver tamén Briallos: *Vigo 1936: La …*, 2003, que contén a nota biográfica de Quintas, igual que os *Apuntes para unha enciclopedia histórica do anarquismo galego*, na páxina web de CNT-Galiza.

feridas, e estaba —como tódolos demais procesados— en situación de «prisión atenuada», é dicir, en arresto domiciliario, que obviamente rompeu. Participou activamente na resistencia das barricadas de Lavadores e logo fuxiu ao monte, incorporándose ao parecer a unha partida guerrilleira xunto con militantes comunistas, tamén de Lavadores[701]. Abandonada a guerrilla, mantívose activo na clandestinidade en diversos puntos de Galicia, sempre no ámbito da CNT, baixo identidade falsa —como Clemente Cabaleiro Covelo (ou Cobelo)—, ata a súa definitiva caída no Carballiño en 1950, que motivaría a reactivación da causa que nos ocupa.

Tamén era un destacado membro do anarquismo vigués máis novo, e o foi logo na loita clandestina antifranquista —aínda que, a diferencia de Quintas, manténdose *legal*— Fernando Román[702]. Ao produciuse o golpe, participou tamén de modo destacado na resistencia en Lavadores. Desaparecido trala toma do control da cidade polos golpistas, case un ano despois, o 3 de maio de 1937, aparece na causa a noticia de que está preso no Frontón «a disposición de la autoridad militar»[703]. Parece que se entregou ás autoridades, con garantías de indemnidade, por mediación dun amigo falanxista e que só pasou en prisión un ano, incorporándose logo «voluntario» ao exército nacional —como fixeron tanto outros nunha estratexia de supervivencia—[704]. Rematada a guerra, volve a Vigo e participa activamente na reconstrución da CNT e en labores do mutualismo laboral en *Hijos de J. Barreras*, empresa na que continuou traballando e onde as súas propostas mutualistas foron ben acollidas pola dirección, que o tiña ben considerado[705]. Ingresou unha vez máis en prisión —nunha caída colectiva a finais de 1946: foi condenado a un ano—, pero non por esta causa, onde, moi sorprendentemente, non foi xulgado malia estar procesado, como veremos.

Da militancia anarquista do falecido Robustiano Figueiras non só hai abundantes noticias históricas senón evidencias no sumario, na descrición das pertenzas que se atopan entre as súas roupas no recoñecemento xudicial do cadáver: unha carteira contendo un recibo da sociedade *La Libertad* de Bembrive, dous exemplares do periódico *Solidaridad Obrera*, outro do semanario anarquista *La Protesta* e outro máis do periódico *Cultura Proletaria* —editado en Nova York—, ademais dunha folla titulada *A toda la juventud. Leed y meditad*[706]. Tamén unha pistola automática, con seis balas sen disparar, e un

[701] Aludimos con esta xenérica denominación de "barricadas de Lavadores" ao feitos de resistencia que tiveron lugar nos días posteriores ao golpe, mediante sucesivas barricadas situadas nos Choróns, O Calvario e San Xoan do Monte, daquela no concello de Lavadores (Os Choróns, no mesmo límite co concello de Vigo). Tamén é común referirse a elas como as "barricadas do Calvario". Son o caso de resistencia armada ao golpe máis notorio na zona de Vigo, que lle valeu as denominacións da "la pequeña Rusia" ou "la Rusia chiquita", segundo a fonte oral. Entrevista a G.L.V., realizada por Vázquez, María Xesús; Vázquez, J.; Termenón, Miguel (Vigo, Pontevedra, España, 15/04/1987). Nº 12. Fondo HISTORGA Xeral, www.terraememoria.usc.gal. Entrevista a F., realizada por Fernández Vázquez, Manuel (, 11/04/1990). Nº 171. Fondo HISTORGA Xeral, www.terraememoria.usc.gal. Entrevista a Manuel Otero Montes, realizada por Domínguez Almansa, Andrés (Cabral, Vigo, Pontevedra, España, 27/06/2006). Nº 2027. Fondo Nomes e Voces, www.terraememoria.usc.gal.

[702] Pereira; Fernández: *O movemento libertario …*, 2006. Román; Briallos: *Vigo 1936: La …*, 2003. Román Lago: "Supervivientes, salvados y …", 2021.

[703] Procedemento 37/936, folios 227v e 228 do sumario (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo). O Frontón Vigués, coñecido daquela como *O Frontón*, sito na rúa María Berdiales, foi convertido en centro de detención tralo triunfo do golpe.

[704] A entrega ás autoridades foi negociada co falanxista amigo seu Enrique Romero González. Na causa militar para a que estaba a disposición (causa 141/1936 do Xulgado Militar Eventual da praza de Vigo) foi absolto. Alistado no exercito sublevado, estivo na fronte de Aragón. Ver Román Lago: "Supervivientes, salvados y …", 2021.

[705] Era daquela director da empresa, e presidente da patronal metalúrxica viguesa, Fernando Barreras Massó (aquel "negrero Massó" aludido no panfleto anteriormente citado). Parece que deu algún tipo de apoio para atenuar a sorte dos seus díscolos traballadores logo do golpe, e logo acolleu as iniciativas mutualistas na empresa, cun estilo empresarial forte pero paternalista.

[706] Procedemento 37/936, folios 2v e 3 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

certificado de *Hijos de J. Barreras*, empresa na que traballaba. Entrou na Casa de Socorro en estado agónico, falecendo antes de que chegase o xuíz.

Os «gardas». Repelido o asalto, na persecución dos fuxidos e no entorno do local fascista interveñen, dun xeito pouco clarificado, persoas non incluídas nos anteriores grupos contendentes —ademais destes, como é natural—, identificadas na causa como policías —os máis deles, membros da Garda de Asalto— ou que, consonte á declaración de algunhas testemuñas, se identificaron perante os curiosos que acudiron ao rebumbio como policías, de paisano.

Consta que naqueles días, pola consabida conflitividade derivada da folga do metal, a presenza policial nas rúas viguesas era maior da habitual. Dende logo isto era así na contorna do local falanxista e no momento do asalto, á luz da rápida intervención de axentes de distintos corpos. Xa fixemos referencia á presencia na zona de dous gardas de seguridade, que prestaban servizos de protección do presidente da patronal; perseguiron a dúas persoas que fuxían, sen darlle alcance. Poden ou non ser os mesmos fuxitivos, Fernando Román e Antonio Riveiro, que foron detidos por dous Policías Urbanos na confluencia das rúas Cervantes e García Hernández. A presenza destes gardas municipais si semella casual.

Con motivo da folga, había destacadas en Vigo forzas da Garda de Asalto da «plantilla de Valladolid, 12 Compañía». Algúns dos integrantes desta Compañía están nas proximidades e teñen algunha intervención, parece que serodia, nos feitos. Declaran dous no sumario, de apelidos Huertas e Arranza: ían un grupo de catro, camiño da Comisaría para comezar o servizo; na rúa General Riego unhas persoas lles din que uns suxeitos tiraran na vía pública un vulto estraño que logo resultou ser un paquete que contiña dúas botellas con líquido inflamable, das que se fixeron cargo; foi entón cando souberon, por referencia da xente que alí había, que houbera unha «colisión entre grupos de paisanos», «cruzándose varios disparos», «habiendo resultado lesionados algunos de ellos»[707]. Pode resultar estraño que, estando próximos, non escoitaran o prolongado tiroteo, pero hai que admitir que puideron estar lonxe abondo para non identificalos. Nada saben do incidente, agás o que lles contaron ao chegar «unas señoras».

Neste punto resulta desconcertante a declaración de dúas testemuñas que estaban no lugar cando se produce o asalto: as de Ramón Varela Rivas e Ramón García Vales. Son veciños da zona e estaban nunha taberna que había enfronte do local da FE. Escoitaron disparos dentro do centro falanxista e viron saír a un grupo «en tropel», perseguido por outro grupo, entre tiros e «gritos de "Arriba España", que daban algunos de los individuos con los brazos en alto». Metéronse para dentro da taberna para non ser alcanzados polos disparos e, cando cesaron, volveron saír. Entón viron «un par de botellas que fueron recogidas por unos Guardias en las proximidades del Centro de Falange Española». É dicir, xa estaban alí os gardas de asalto antes referidos, que —de ser exacta a declaració— non debían estar lonx. A continuación vén o máis sorprendente da declaración de Varela:

> Que luego cuando se reunió mucha gente y el declarante hacía las manifestaciones que quedan consignadas [é dicir, cando lle relata aos curiosos alí reunidos o que el presenciara] se le acercó *un sujeto que invocó su condición de policía y le llevó detenido pero al llegar a Santiago de Vigo le dijo que se fuese*.[708]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[707] Procedemento 37/936, folios 19 e 20 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[708] Procedemento 37/936, folio 142 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo). Cursiva nosa.

O episodio é ratificado por Vales:

> …cuando se hallaban comentando lo sucedido varias personas en el cruce con la calle de García Barbón se presentó allí *un sujeto vestido de traje castaño* en pelo al cual conocería si lo viese, quien como Ramón Varela dijese que tanto tenían la culpa unos como los otros *llevó a aquel detenido dejandolo al llegar a Santiago de Vigo*.[709]

Ao xuíz Bermúdez Trasmonte, naturalmente, chámalle a atención a intervención deste policía, ou persoa que se identificou como tal, e insta aos declarantes a que o describan, e digan se o recoñecerían se o visen, contestando ambos que si. Se se practicou algunha pescuda para identificar a este misterioso e elegante suxeito, non se incorporou ao sumario[710].

Un indesexado protagonismo neste grupo dos *gardas* vaino ter o membro da Garda de Asalto José Fariñas Fernández, de 25 anos, o único dos feridos que non fai parte de ningunha das faccións contendentes. Pertence á 31ª Compañía de Asalto de Pontevedra pero está destacado en Vigo «con motivo de la huelga de Metalúrgicos», segundo informa o seu superior, tenente Bernardo Pou, a requirimento xudicial[711]. Aínda que pertence á Compañía de Pontevedra, parece está vencellado socialmente a Vigo, onde é coñecido.

Malia a súa condición policial, as declaracións de Fariñas denotan reticencia e están cheas de contradicións. Na primeira, prestada a mesma noite do suceso na Casa de Socorro, declara por exemplo que está na rúa Rogelio Abalde «casi enfrente al local Fascista» —o que é incorrecto, pois algo máis de 300 metros separan ambas localizacións— «prestando servicios como Guardia de Asalto, vio venir a cinco sujetos perseguidos por unos Agentes a quienes los sujetos desconocidos hacían disparos de armas de fuego» polo que interveu dándolles o alto e facendo uso da súa arma regulamentaria[712]. Sorprende, e debeulle de sorprender ao xuíz Bermúdez, a presencia destes axentes perseguidores que Fariñas tería auxiliado. Non podían ser os gardas de Valladolid, que chegaron pouco despois, e ningunha testemuña confirma a presenza destes axentes que Fariñas di axudar[713]. Recíbeselle máis tarde outra declaración, xa no Hospital Militar, na que «no puede ratificarse de un modo absoluto» na primeira e ofrece outra versión: atopou a unha amiga na rúa Gravina e foi con ela ata a porta da súa casa en Cervantes 8; estando alí con ela escoitou disparos procedentes da confluencia de Cervantes con General Riego, a onde se achegou, observando a cinco ou seis homes correndo hacia donde el estaba[714]. Os que fuxían xa non viñan perseguidos por outros axentes, nin disparaban contra estes.

Prosigue a declaración cun relato aparentemente máis próximo á realidade pero que entra nalgunhas contradicións cos de outras testemuñas. Preguntado nesta segunda declaración sobre o feito de non estar uniformado, Fariñas reitera que «estaba de paisano y de servicio, estando autorizado para llevar armas». A declaración non é enteiramente verídica xa que, segundo informan dende Comisaría a requirimento xudicial, Fariñas estaba franco de servizo[715]. Nas vacilacións de Fariñas semella evidenciarse unha

[709] Procedemento 37/936, folio 143 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo). Cursiva nosa. A expresión, "en pelo" quere dicir coa cabeza descuberta, sen sombreiro (*a pelo*). É notorio o (habitualmente) deficiente uso dos signos de puntuación, que dificulta a lectura.
[710] Cabe que este cabaleiro fose un xefe policial que, de paisano, acudise a un suceso tan grave. Sabemos con certeza que se achegou ao lugar o tenente xefe accidental da Garda de Asalto, Bernardo Pou, pero é de supoñer que non fose o único. Se o suxeito era realmente policía, a súa conducta é se cabe máis estraña.
[711] Procedemento 37/936, folio 90 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[712] Procedemento 37/936, folio 5 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[713] Procedemento 37/936, folio 56 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[714] Procedemento 37/936, folios 63 e 64 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[715] Procedemento 37/936, folio 91 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

reticencia ao empeño do instrutor en esclarecer o modo en que se produciron as feridas de Quintas, cando fuxía. Tamén nos seus superiores se aprecia incomodidade pola insistencia do xuíz en pescudar as circunstancias da actuación do garda, cuxa arma houbo de ser entregada para sometela a unha proba pericial.

Importa destacar que, malia estas vacilacións e tensións, non se profundou no asunto, acabando por aceptarse tacitamente na causa que a actuación do axente foi xustificada. Fariñas nunca foi procesado polas feridas padecidas por Quintas; segundo o informe forense, un tiro polas costas, cando fuxía[716]. En realidade, tampouco podería selo xa que a Garda de Asalto, malia non ser un corpo militar como si o era a Garda Civil, estaba suxeita á xurisdición castrense. Por tanto, se o xuíz apreciase —que non fixo— indicios de criminalidade na conducta do garda, tería que inhibirse a aquela.

Malia as dúbidas que suscita a primeira declaración de Fariñas, non hai constancia de que outros gardas participasen nos sucesos.

c) Os feitos

(In)certezas: as enigmáticas palabras de Luis Collazo. Queda a persistente impresión de que algo permanece no misterio, algo que vai máis alá dos pequenos detalles; unha impresión que se instala xa na lectura das primeiras dilixencias, en particular na declaración prestada no leito, na Casa de Socorro, polo falanxista Luis Collazo, que xa se sabe mal ferido. Despois de relatar unha secuencia elemental que coincide no esencial coa que ofrecen os seus camaradas —é dicir, que estaban no local alumeados por unha vela, entraron os asaltantes, os puxeron contra a parede e logo de que alguén apagase a luz empezaron os tiros—, prosigue:

> …que no sabe cómo salió del local ni si hirieron o no a otros camaradas. *Al llegar a este extremo el declarante se encierra en el mayor de los mutismos* y después de manifestar que *si se pone bien dirá otras cosas* fue interrogado por el Sr. Juez sobre algún detalle de la agresión y si conoce al Luis Quintas, contestando solamente que no sabe quién es éste e *insistiendo en que si se pone bien ya declarará*.[717]

Esta declaración de Luis Collazo, recollida na acta nuns termos expresivos que se arredan da frialdade común na práctica forense, é a máis conmovedora de todo o sumario: oímos nela a un rapaz de 21 anos que sabe que pode morrer, afectado por unha emoción —talvez asustado ou defraudado— que fai que se «[encierre] en el mayor de los mutismos». Confíalle non obstante ao xuíz o enigmático anuncio de que, se non morre, «si se pone bien», dirá outras cousas que agora cala. Pero o infortunado Collazo morrería dous días máis tarde sen poder facer esa outra declaración prometida.

O lugar, a hora e algunhas dúbidas sobre as bombas incendiarias. Vaiamos aos feitos que si podemos discernir, empezando polo lugar. O local da FE de Vigo ocupaba dúas modestas habitacións na casa sinalada co nº 1 da rúa General Riego —hoxe Alfonso XIII—, que sube dende García Barbón ata a estación de ferrocarril; estaba na altura e da mesma beira do que hoxe é a saída da autoestrada ao centro de Vigo. Naturalmente daquela non había autoestrada e no seu sitio había unha vía do tren que xustamente antes deste inmoble formaba un túnel —hoxe cegado, pero coa entrada aínda visible— que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[716] Procedemento 37/936, folio 98 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[717] Procedemento 37/936, folio 5v (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo). Cursiva nosa.

salvaba a céntrica rúa de García Barbón. O resto do inmoble era vivenda da familia dun dos falanxistas, José Arturo Domínguez.

Ao primeiro cuarto da sede accedíase directamente dende a rúa por unha das tres portas da casa. Actuaba como vestíbulo: apenas había alí uns cabaletes que servían de roupeiro; lateralmente comunicábase cunha habitación da vivenda, pero a porta estaba inutilizada. Ao fondo estaba a segunda habitación, que era onde se reunían os afiliados, tamén cun mobiliario moi pobre: tres mesas pequenas, que podían xuntarse para formar unha maior, e unhas cadeiras. Neste cuarto é onde estaban reunidos a noite do 7 de febreiro os once falanxistas que coñecemos, sentados arredor da mesa, segundo precisan tanto Collazo como Mondina[718]. Alumábanse cunha mera candea. No sumario non consta investigación do motivo desta falla de luz eléctrica; algunhas informacións apuntan a un corte de subministración por impago.

Imaxe 17. Detalle do plano dos feitos cosido ao sumario do procedemento 37/936



Fonte: procedemento 37/936, folio 25 do sumario (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

Pasaban poucos minutos das nove da noite cando chegaron os asaltantes. As testemuñas dan diversas referencias, entre as nove e as nove e media da noite, pero o dato máis preciso apórtao un dos médicos do dispensario municipal: estaba rematando a súa xornada cando escoitou unhas detonacións; asomouse á fiestra e non viu nada; mirou o reloxo, eran as nove e dez[719].

Sobre as intencións dos intrusos, máis alá dun xenérico «golpear al fascismo», temos que atender aos datos do sucedido e á memoria que deixou o suceso, que atribúe aos asaltantes a intención de apoderarse das armas dos falanxistas e queimar o local.

[718] Os falanxistas, ao declarar, evitan falar dunha "reunión", pero é bastante evidente que a había. A prensa, que debe recoller informacións obtidas no lugar, fala de que "celebraban una reunión" (*El Pueblo Gallego*, 08/02/36, p. 16; *Ahora*, 08/02/36, p. 3; outros xornais exprésanse en termos semellantes). Presumimos que o que se reunía era a *Primera Línea* viguesa.

[719] Declaración do médico José Iglesias, procedemento 37/936, folio 116 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

O primeiro pode darse por seguro; cando declara perante a policía trala súa caída en 1950, Quintas manifesta que o obxecto do asalto era «efectuar un registro en el local», e na súa declaración no xuízo especifica que o propósito dese rexistro era facerse coas armas que se supuña terían alí os falanxistas. O segundo —queimar o local— é certamente probable, pero se nos suscitan algunhas dúbidas. A intención de prenderlle lume ao local aparece en ámbalas memorias do suceso, relacionada coa noticia aparecida na prensa do achado no lugar dun paquete con dúas bombas incendiarias caseiras[720]. O paquete efectivamente foi recollido, como xa vimos, polos gardas de asalto de Valladolid que chegan nada máis producido o suceso[721]. En modo algún descartamos que as portaran os asaltantes co propósito, coherente coa natureza do ataque, de queimar o local[722]. O feito estraño de que non as empregaran nunha fuxida tan accidentada e violenta, ou mesmo que non as chegaran a retirar do paquete onde estaban gardadas, non é concluínte: puideran levalas así para usalas unicamente como colofón ao asalto ou a modo de protección da fuxida e que, fracasada a incursión, as pousaran no chan para que non estoupasen. Non é o máis esperable, pero é posible. Tamén sorprende que as follas de periódico que recubrían as botellas para evitar unha deflagración accidental eran do *Faro de Vigo*, xornal que non debía ser lectura habitual na sede cenetista nin se corresponde coa que portaba o libertario Collazo cando foi abatido. Mais tampouco isto é concluínte. O dato indiscutible é que as botellas apareceron noutra sede, a de FE, cando foi asaltada. O demais —se as levaron os asaltantes ou xa estaban no local— está suxeito a interpretación[723].

O episodio do local de Falanxe. Entran os asaltantes ata o cuarto do fondo e cominan aos alí reunidos, apuntándoos con armas curtas, a que se poñan contra a parede coas mans en alto, como así fan. Na memoria falanxista do suceso apórtase un detalle que encomia o valor de Jorge Mondina e fai énfase no seu papel como obxectivo principal dos asaltantes: ao entrar estes na sala, Mondina se tería enfrontado ao que viña diante, que era Luis Quintas —*capitán* fronte a *capitán*—, para quitarlle a arma mentres dicía: «¿Qué pasa?». Quintas tería replicado dicíndolle aos que o secundaban: «¡A éste el primero!». Temos dúbidas da veracidade deste conato de heroísmo: dos once declarantes do bando asaltado, só o relata o propio Mondina, quen parece que o propagou ata quedar incorporado ao relato falanxista do suceso, pasando polo citado expediente de recompensas[724].

[720] O feito de coincidir nun punto memorias contrapostas non é definitivo para concluír a súa veracidade. Temos unha clara mostra no caso que nos ocupa: fontes "falanxistas" e "libertarias" coinciden en atribuír a morte de Figueiras a disparos do garda Fariñas, resultando que esta atribución é, con total seguridade, falsa. Ámbalas memorias están contaminadas por informacións xornalísticas inexactas (ver por exemplo *El Pueblo Gallego*, 09/02/1936, p. 3; e *Solidaridad Obrera*, 09/02/1936, p. 5).

[721] O xuíz mandounas analizar polo Laboratorio Municipal de Hixiene, que emite informe. Trátanse de dous artefactos dos que se coñecerían anos despois como *cócteles molotov*, sen mecha: dúas botellas de cristal (de auga de *Solares*), cun contido inflamable (ácido sulfúrico concentrado e gasolina nunha proporción 1:4), recubertas cunha capa de algodón en rama pulverizado cunha mestura de clorato potásico e xofre. Procedemento 37/936, folio 171 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[722] O emprego deste tipo de artefactos non era infrecuente nos actos de violencia política, de ámbalas significacións. Recordemos que no panfleto dos Grupos de Defensa Confederal se ameazaba con "emplear la bomba, la gasolina, el petróleo y la pistola".

[723] Tódolos falanxistas describen a entrada dos asaltantes armados con pistolas; ningún refire que nese momento, único no que había algo de luz, portaran bombas incendiarias. Varios (non todos) declaran que ao saír tiraron ou deixaron unhas bombas, que non estouparon; Vázquez vai máis alá e declara que un dos asaltantes "tiró unas botellas inflamables, que hicieron explosión", o que é claramente incerto: as bombas apareceron empaquetadas. Procedemento 37/936, folio 14 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[724] Na súa declaración de 1950, na causa militar, Quintas recoñece que foi el quen encanonou a Mondina. Un certo enfrontamento entre ambos si semella que houbo.

Estando todos contra a parede, alguén tira a vela facéndose unha completa escuridade. Aínda que uns declaran que non saben quen a derrubou, e outros que foron os atacantes, sabemos —pola súa propia declaración— que foi o falanxista José Míguez quen o fixo[725]. Na escuridade prodúcese unha absoluta desorde. Alguén —dos atacantes, precisa Luis Collazo[726]— berra: «¡Todos al suelo!», e comezan o tiroteo. Tódolos falanxistas declaran —agás Collazo— que só dispararon os atacantes, porque eles estaban desarmados. Varios alardean de que, de ter armas, as terían usado. Pero hai na causa evidencias abondas no sentido de que algúns dos falanxistas reunidos si portaban armas e que, na confusión producida logo de que Míguez apagara a vela, puideron facer uso delas, repelendo a agresión e provocando a fuxida dos asaltantes entre disparos cruzados por todo o local e xa logo no exterior[727]. Polo saldo de feridos, semella que os primeiros en disparar foron os asaltantes, que ademais estaban en mellor disposición de facelo, se ben non se pode asegurar con certeza.

Como resultado deste primeiro episodio da sede resultaron feridos de bala tres falanxistas: Enrique Cameselle, cunha ferida por disparo, na coxa, por detrás; Carlos Garabal, cunha ferida por disparo, no brazo, por detrás tamén; e Luis Collazo, cunha ferida por disparo con orificio de entrada por unha nádega, con traxectoria que lle atravesa os intestinos e que lle acabará provocando a morte. O saldo de feridos e a localización das lesións evidencia que os disparos que os alcanzaron se fixeron no primeiro momento do tiroteo, estando as vítimas aínda contra a parede ou tirados ao chan.

Tódolos relatos do suceso dan por suposto que o cuarto falanxista ferido, Constantino Cea, tamén o foi neste episodio do local. Pero unha análise atenta das declaracións das testemuñas nos leva á conclusión de que ese relato simplificado non parece que se ateña á realidade. É esclarecedora a declaración, imparcial, do médico José Iglesias[728]: sae da Casa de Socorro porque remata a xornada, vai pola rúa Uruguay cara a Cervantes e, á altura das escaleiras da Primeira Travesía ve que tres homes traen a un ferido. Baixa as escaleiras para comprobar que sucede e ve que outro grupo leva a outro ferido polas escaleiras que van da traseira de Santiago de Vigo a República Argentina. Sobe de novo e corre ao dispensario, onde lle abre a porta ao primeiro grupo e xa ve que dende o cruce con República Argentina chega o outro. Pois ben, o primeiro ferido é identificado polo médico como Robustiano Figueiras, e o segundo é identificado como Constantino Cea. Por tanto concluímos que, como hipótese máis probable, Cea foi ferido na contorna de Santiago de Vigo, non no local, xa que non tería sentido que, de ser ferido no local, o evacuasen pola rúa República Argentina e de forma separada á dos outros falanxistas feridos na sede.

A fuga. Os episodios da calella de Rogelio Abalde e Santiago de Vigo. Saen en tropel os asaltantes e escapan en dúas direccións: uns para arriba —a rúa General Riego, hoxe Alfonso XIII, ten unha pronunciada pendente—, cara a rúa Cervantes, e outros para abaixo, cara a igrexa de Santiago de Vigo, en García Barbón.

Parece que inicialmente a maioría sube cara Cervantes, pero ao atoparse coa presencia do garda Fariñas, que lles dá o alto empuñando a súa arma, algúns dan a volta

[725] Procedemento 37/936, folio 29 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo). Emporiso, Quintas, na devandita declaración de 1950, di que foi Mondina quen apagou a vela e derrubou a mesa. En todo caso, o apagado da vela foi provocado polos asaltados para, aproveitándose da escuridade, reverter a situación e repeler a agresión.
[726] Procedemento 37/936, folio 5 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[727] Procedemento 37/936, folios 17 e 42 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo). Tamén *El Pueblo Gallego* (08/02/1936, p. 16) , *Ahora* (11/02/1936, p.15), ou *Solidaridad Obrera* (09/02/1936, p. 5).
[728] Procedemento 37/936, folio 116 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

e van cara Santiago de Vigo. Dous —tres, segundo Fariñas, pero varias testemuñas din dous; un deles é Quintas— fan caso omiso das ordes do garda e corren pola rúa Cervantes arriba, cara a García Hernández —a actual, recordamos, rúa Urzaiz—. Persígueos Fariñas, volvéndolles dar o alto e instándoos a tirar as armas. Un deles —que ten que ser Quintas, polo desenvolvemento posterior dos feitos— tira unha pistola ao chan, pero ambos seguen á fuga perseguidos polo garda, que nalgún momento dispara a súa arma. Ao chegar á altura de Rogelio Abalde, Quintas introdúcese na calella que, na beirarrúa pola que suben, non ten saída e apenas profundidade. Como esta circunstancia tiña que ser coñecida por Quintas, entendemos que fora xa alcanzado por un disparo e, imposibilitado de proseguir a fuga, buscou alí acubillo. Na calella sen saída acurrálao Fariñas. Ao decatarse, o fuxitivo que ía diante dá a volta e, armado, métese en Rogelio Abalde, onde hai un intercambio de disparos entre o fuxitivo e Fariñas, que foi alcanzado por unha bala. Aproveitando esta circunstancia, Quintas e o seu acompañante logran fuxir, cara a García Hernández[729].

Neste episodio de Rogelio Abalde resultan feridos, polo tanto, Luis Quintas e José Fariñas. Quintas sofre un disparo que lle atravesou o tórax, polas costas, cando fuxía «inclinado hacia delante para ofrecer menos blanco»[730]. O autor do disparo non poido ser outro que o seu perseguidor Fariñas. O outro ferido foi este mesmo, o garda José Fariñas, dun disparo, frontal, no brazo dereito «extendido en posición horizontal y posiblemente en posición de disparar». O autor do disparo tivo que ser o acompañante de Quintas, pois este non só estaba ferido senón desarmado cando se producen os disparos na calella.

Os que escapan cara Santiago de Vigo son perseguidos por algúns falanxistas, entre disparos que se cruzan na contorna do templo por onde se dispersan os perseguidos. Varios logran escapar por García Barbón, un deles ferido diante da igrexa, onde comeza o regueiro de sangue ao que xa fixemos alusión. Robustiano Figueiras corre polo lateral da igrexa —a Primeira Travesía de General Riego, con escaleiras que soben ata a rúa Uruguay— perseguido por alomenos dúas persoas que fan varios disparos, dous dos cales o alcanzan; tenta fuxir pero cae mortalmente ferido nun descanso entre dous tramos das escaleiras. Porta unha pistola, nese momento, no cinto do pantalón. Dous dos perseguidores que disparan sobre Figueiras son identificados como Mondina e Garabal[731]. Na persecución pola contorna de Santiago de Vigo tamén debeu de participar Cea, como vimos.

Neste episodio de Santiago de Vigo, por tanto, resultan feridos Robustiano Figueiras, Constantino Cea —case con total certeza de que foi neste lugar— e o cenetista non identificado. Todos —agás o non identificado— son trasladados á Casa de Socorro, na rúa Uruguay, moi cerca de onde caeu Figueiras. O primeiro en chegar foi este, conducido por tres persoas que estaban no lugar. Entra agonizante, morrendo sen chegar a ser atendido. Case ao mesmo momento chega Cea, conducido por persoas non identificadas; algún tempo despois, aparecen Cameselle e Garabal, levados por varios camaradas. Logo chega o garda Fariñas, auxiliado por un transeúnte. Máis tarde, polo seu

[729] Fariñas xustifica que fuxisen porque se lle "encasquillou" a arma. Reclamada esta polo Xulgado, o tenente xefe da Guardia de Asalto comparece persoalmente no Xulgado e matiza que a arma non se "encasquillou", senón que se obturou ao pasar dúas balas dende o cargador, en lugar dunha. Os peritos que examinan a arma informan que estaba en perfecto estado de uso, e que tiña sinais de ter sido usada. Sen descartar algún problema coa arma, o máis lóxico é considerar que os dous sindicalistas fuxiron aproveitando a ferida que recibe Fariñas. Procedemento 37/936, folios 3, 63, 95 e 146 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[730] Ao declarar perante o xuíz instrutor Bermúdez, Quintas pretende, loxicamente, desvencellarse do suceso e di que camiñaba por García Barbón, escoitou tiros e foi alcanzado accidentalmente por unha bala nun lugar "próximo a la fuente" que hai naquela avenida (debaixo do local de FE). Evidentemente non di a verdade. Procedemento 37/936, folio 9 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[731] Procedemento 37/936, folio 138 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

propio pé, Quintas; se alguén o auxiliou —como sería de supoñer, pois ía cun compañeiro cando foi ferido e logrou fuxir—, o acompañante non chegou a entrar no dispensario médico. O último en entrar, non se sabe conducido por quen, foi Luis Collazo; por algunha razón quedou *esquecido* no local cando os seus camaradas auxiliaron aos outros feridos, talvez porque Luis fose o único que quedou tendido no chan do local. O caso é que, no barullo de curiosos que bulían polo dispensario, un médico que sae da sala de curas atópao nun banco do vestíbulo, rodeado de xente.

Xa sabemos que, tralas primeiras asistencias, os feridos foron trasladados aos Pavillóns Sanitarios —Hospital Municipal—, agás Fariñas, que foi levado ao Hospital Militar. Luis Collazo faleceu dous días despois por complicacións nas súas feridas internas: unha «infección general hiperaguda», é dicir, unha septicemia.

d) A causa xudicial

Unha instrución sumarial dilixente. Ao pouco de acontecer os feitos, o Xulgado incoa o sumario e constitúese na Casa de Socorro para practicar as primeiras dilixencias de pescuda. Preséntase o xuíz Emilio Bermúdez Trasmonte, auxiliado polo secretario xudicial accidental Francisco Lafuente —non o titular Antonio Couceiro Vales, como publicaron varios periódicos— e o funcionario Oswaldo Vázquez. Na mesma noite, recíbense declaracións aos implicados tanto na Casa de Socorro como no Hospital Municipal e, no propio Xulgado, efectúase inspección ocular do local, e levántase plano da zona. A actividade da comisión xudicial foi moi intensa aquela noite e continuou nos días seguintes recibindo multitude de declaracións de implicados, testemuñas, algún acareo, informes médicos sobre os lesionados, autopsias dos falecidos, informes periciais de diverso tipo, informes de antecedentes penais dos procesados...[732] Acordouse asemade a clausura xudicial do local de FE do 8 ao 14 de febreiro, para asegurar a investigación no principal lugar do suceso.

A instrución sumarial é rápida, prolixa en dilixencias, profesional e mesmo exemplar para os parámetros da época. Vai dirixida á investigación de todo o sucedido e a determinar a participación de tódolos intervenientes, incluído o garda de asalto Fariñas. A iniciativa e dirección da investigación corresponde en todo momento ao xuíz Bermúdez Trasmonte, que dispón a práctica das dilixencias. Necesariamente houbo unha investigación policial, a cargo da Comisaría de Investigación e Vixilancia, pero a súa aportación material ao sumario é practicamente nula: apenas a posta a disposición dos detidos, con indicación das circunstancias da detención, e das armas intervidas[733]. En realidade, chama a atención que as escasas aportacións policiais á pescuda xudicial sexan efectuadas pola Garda Civil, que non era o corpo encargado da investigación policial. Sen prexuízo de que houbese algún tipo de comunicación informal —que debeu habela, naturalmente—, a Comisaría de Investigación de Vigo non aparece na causa actuando como policía xudicial. Os únicos informes que se obteñen da Comisaría son relativos ao garda de asalto ferido, para determinar as circunstancias da súa intervención, e son

[732] A ningún lle constan rexistrados antecedentes, o que sorprende porque varios deles estiveran implicados en altercados violentos anteriormente. Non deberon ser condenados.

[733] Sobre o modelo dual da policía gobernativa (o *Cuerpo de Investigación y Vigiliancia* e o *Cuerpo de Seguridad y Asalto*), ver «Real decreto organizando la policía gubernativa y judicial de Madrid», *Gaceta de Madrid*, núm. 316, 12/11/1877, pp. 457 – 458. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1877/316/A00457-00458.pdf [últ. consulta o 05/07/2022]. Muñoz Bolaños, Roberto: *Fuerzas y cuerpos de seguridad en España (1900 – 1945)*, Madrid, Almena Ediciones, 2000. Vargas González, Alejandro: "La Guardia de Asalto. Policía de la República", en *Cuadernos republicanos*, núm. 53, 2003, pp. 41 – 48.

atendidas polo xefe do Corpo de Seguridade como superior do garda, non polo Comisario xefe de Investigación.

Prescindimos dos detalles sobre a detención inicial dos implicados: tódolos intervenientes dos dous bandos, agás os feridos —e, claro está, os falecidos—, foron detidos nalgún dos primeiros días. As dilixencias practícanse rapidamente e xa logo se ditan autos de procesamento e prisión. O primeiro auto de procesamento dítase o 10 de febreiro de 1936 contra tódolos sindicalistas libertarios agás o falecido Robustiano Figueiras: é dicir, contra Luis Quintas, Olegario Collazo, Fernando Román e Antonio Riveiro, polos feitos do asalto á sede falanxista e o encontrón co garda Fariñas. Acórdase a prisión provisional para os catro; no caso de Quintas, no Hospital Municipal. O 17 de febreiro dítase auto de procesamento contra os falanxistas Jorge Mondina e Carlos Garabal pola morte de Robustiano Figueiras. Acórdase igualmente a prisión provisional para os dous; no caso de Garabal, no Hospital Municipal. Con todo, a permanencia no cárcere do partido dos procesados foi breve. Tres días despois do último auto citado, é dicir, o 20 de febreiro, dítase novo auto acordando a prisión atenuada de tódolos procesados, con arresto domiciliario. Practicadas as dilixencias que se foron acordando, a conclusión do sumario só dependía da curación dos feridos. O último en curar foi Quintas, a quen se lle deu o alta o 12 de xullo[734]. O 20 de xullo de 1936 dítase o —primeiro— auto de conclusión do sumario[735].

Triunfa o golpe: una causa problemática e un proceso de concentración de culpa. Producido o golpe con éxito en Galicia, de modo case simultáneo á conclusión do sumario, a causa vaise converter nunha imprevista fonte de inconvintes para o xuíz instrutor Bermúdez. Non só polas dificultades que a situación de guerra e diáspora dos procesados produce para o curso normal das actuacións procesuais senón, sobre todo, pola circunstancia de seren falanxistas dous dos procesados, circunstancia problemática na nova conxuntura[736].

A primeira actuación tralo auto de conclusión do sumario era o emprazamento dos procesados para comparecer perante a Audiencia Provincial. Aquí aparece o primeiro atranco pois, a partir do golpe, ningún dos procesados respectou o arresto domiciliario e

[734] Non é certa, por tanto, a noticia que se le nalgúns relatos de que no momento do golpe Luis Quintas fuxiu do Hospital Municipal onde se curaba das súas lesións: xa fora dado de alta. De onde si escapou foi da súa casa, quebrantando o arresto domiciliario, igual que tódolos demais procesados. A falsa memoria ten probable orixe, ou cando menos difusión, en erróneas informacións de prensa aparecidas nos anos 50, cando é detido (ex.: *La Noche,* 23/03/1950, p. 2).

[735] Dítao, como xuíz accidental, o titular do Xulgado Municipal núm. 1 de Vigo, Francisco Maldonado. Pero a ausencia do titular nada ten que ver co golpe producido dous días antes. Bermúdez Trasmonte reaparece na causa o 14 de agosto. Poida que estivese de vacacións, de permiso ou enfermo.

[736] Hai que considerar que, como indica Mónica Lanero, nos expedientes de depuración de xuíces e maxistrados "es fundamental … la actuación en relación a Falange, ya sea detención, procesamiento o condena de elementos falangistas durante la República" (Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, p. 221). Após a consulta do seu expediente persoal, non consta que o xuíz Bermúdez fose sometido a proceso de depuración algún, continuando varios anos á fronte do seu Xulgado en Vigo ata ser nomeado, como sabemos, maxistrado provincial de Traballo cando se cree o organismo en 1938. Manterase no cargo o resto da súa carreira, obtendo por tal motivo a Cruz Distinguida de Primeira Clase da Orde de San Raimundo de Peñafort en 1963 e a Medalla ao Mérito no Traballo en 1966, apenas tres anos antes da súa xubilación. Concluímos disto que non debeu de ser considerado desafecto ao novo réxime. De feito, a análise hemerográfica amosa que realizou pequenas contribucións á *Causa Nacional* tralo golpe, se ben repetimos en numerosas ocasións o carácter escasamente voluntario das mesmas (*El Pueblo Gallego*, 21/02/1937, p. 3; *El Pueblo Gallego*, 23/09/1937, p. 3).«Orden de 30 de abril de 1966 por la que se concede la Medalla "Al Mérito en el Trabajo" en su categoría de Plata a don Emilio Bermúdez Trasmonte», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 174, 22/07/1966, p. 9329. Dispoñible en: https://www.boe.es/boe/dias/1966/07/22/pdfs/A09329-09329.pdf [últ. consulta o 05/07/2022]. «Resolución por la que se declara la jubilación forzosa por razón de edad de don Emilio Bermúdez Trasmonte, como Magistrado de Trabajo», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 130, 31/05/1969, p. 8487. Dispoñible en: https://www.boe.es/boe/dias/1969/05/31/pdfs/A08487-08487.pdf [últ. consulta o 05/07/2022].

USC

ningún puido ser emprazado. O axente xudicial encargado de practicar o trámite, Eladio Díaz Fernández, informa o 15 de outubro que Quintas, Collazo, Riveiro e Román «han desaparecido de sus respectivos domicilios desde la iniciación del Glorioso Movimiento Militar», e que Mondina e Garabal «se hallan incorporados en los frentes de combate, sin que se sepa en cuales se hallan actualmente»[737].

Para non sermos prolixas, omitiremos unha relación detallada das vicisitudes que padece a causa para elevar á Audiencia o sumario, os reiterados oficios á Garda Civil para localizar aos procesados, e as múltiples revogacións do auto de conclusión do sumario por parte da Audiencia por razóns formais relativas á situación dos procesados, non só no período bélico senón tamén nos anos posteriores. Dende a Audiencia non se amosa condescendencia coas dificultades do xuíz instrutor para concluír eficazmente o sumario. O 5 de maio de 1938 recíbese na causa un telegrama remitido polo presidente da Audiencia Provincial en termos inusualmente duros na práctica forense:

> Sírvase VS manifestar estado que mantenga sumario núm. 37 de 1936 por delito de homicidio y lesiones remitiendo semanalmente partes de adelanto bajo apercibimiento de no cumplir la presente dentro de tercero día será VS corregido disciplinariamente.[738]

A envurullada situación só en parte se vai desenmarañar pola morte violenta dalgúns dos procesados. O 19 de abril de 1937 tense noticia da morte, ese mesmo día, de Olegario Collazo «en colisión con la fuerza pública». Xa vimos que Olegario Collazo, vencidos os conatos de resistencia nas barricadas de Lavadores, fuxira *ao monte*; foi localizado, canda outro anarquista fuxido, Leopoldo Comesaña, na casa dunha viúva en San Xoán do Monte que os acollía. No enfrontamento subseguinte coa Garda Civil resultaron ambos mortos. O falanxista Carlos Garabal morreu na fronte de Brunete o 14 de xullo de 1937, pero non hai novas deste dato na causa ata febreiro de 1939. Ofíciase á xefatura local da Falanxe para que confirme o falecemento de Garabal, ao que se alude como «procesado», e a resposta da xefatura provincial —que tamén estaba en Vigo— semella ofendida. Con amplo despregue iconográfico do falanxismo franquistizado fai a haxiográficos do informado:

> …el camarada CARLOS GARABAL OJEDA ha sido herido en el antiguo local de Falange Española sito en Alfonso XIII cuando el asalto de dicho local por los elementos comunistas en el 5 de enero de 1936 [sic], habiendo estado hospitalizado en el Municipal de esta plaza durante tres meses a consecuencia de heridas recibidas de pistola.[739]

---

[737] En xeral, o cumprimento do arresto domiciliario na época era pouco estrito (moito menos ca hoxe) pola precariedade dos medios de control. O golpe agudiza esta situación, xa de por si relativamente normal. De feito, o incumprimento do arresto domiciliario por parte dos procesados non se informa, senón que se pon de manifesto ante os fracasos de emprazamento. Tampouco implica a adopción de novas medidas máis gravosas, nin sequera para aqueles que, polas súas simpatías políticas, eran *desafectos* á sublevación militar. Procedemento 37/936, folio 223v (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[738] Procedemento 37/936, folio 237 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo). A ameaza de corrección disciplinaria é rarísima na práctica forense, máis aínda considerando as dificultades do instrutor para emprazar aos procesados, e a posibilidade de que nesas circunstancias se poidan producir adiantos semanais na causa, ilusoria. A solución ao atranco no que se atopa o proceso podería ser declarar a rebeldía de tódolos procesados e acordar o arquivo provisional do sumario, que tal vez sexa o que queira suxerir a Audiencia. Pero esta solución presenta a dificultade de que, como veremos, nesa altura dous dos procesados foran formalmente emprazados polo que non cabía declaralos rebeldes. Teña ou non que ver coa misiva, a providencia acusando recibo do telegrama é a última actuación do xuíz Bermúdez na causa, quen será designado como Maxistrado de Traballo. Sabemos tamén que non recibiu ningún tipo de sanción disciplinaria e que o 12 de xaneiro de 1937 o "[presidente de la Territorial de] Coruña traslad[ó] oficio laudatorio de la Autoridad Militar" a Bermúdez (expediente persoal núm. 12.373, sen foliar, AGMJA), polo que debía de gozar de boa sona. Faise cargo do Xulgado dende este momento Luis Rubido, a quen substituíu Emilio Bartolomé Lojo en 1943 sen que ningún dos dous lograse desfacer o enredo.

[739] Procedemento 37/936, folio 240 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

Tras esta información que, á parte de errada, nada aporta á causa e resulta allea ao que se trata de confirmar, continúa: «Al iniciarse el Glorioso Alzamiento se incorporó como voluntario a la Legión, falleciendo en el Hospital de Griñón a consecuencia de heridas recibidas en el frente de Brunete, el día 14 de julio de 1937»[740].

Outros dous procesados si puideron ser formalmente emprazados. O anarquista Fernando Román, o 3 de maio de 1937 no Frontón, onde se entregara negociando algún tipo de garantía para a súa persoa; tras incorporarse a filas no exército sublevado, rematada a guerra volveu ao seu posto de traballo nos estaleiros do, en termos panfletarios, «negrero Barreras»[741]. O falanxista Jorge Luis Mondina, o 11 de xuño de 1937, nunha comparecencia que fai no Xulgado, durante un permiso militar, na que é identificado como «Sargento de Infantería»[742]. Sorprende a baixa gradación de Mondina, que recordemos atesouraba unha *Palma de Plata* e fora xefe da *Primera Línea* viguesa. Descoñecemos se pasou pola Lexión Galega de Falanxe, pero por informes da Garda Civil sabemos que en 1937 estaba incorporado ao Rexemento de Infantería de Mérida núm. 35. Finalmente os outros procesados en paradoiro descoñecido son requisitoriados e declarados en rebeldía. Primeiro Luis Quintas, que segundo as informacións que hai na causa está fuxido no monte, circunstancia que facilita a súa declaración de rebeldía. Máis tarde Antonio Riveiro, de quen se informa que está incorporado ao exército, o que impón a necesidade de tratar de emprazalo no seu destino, sen éxito[743].

Falecidos dous procesados, rebeldes outros dous e a disposición do Xulgado os dous restantes, a lóxica procesual indicaba que se debería decretar o sobresemento e arquivo provisional da causa respecto dos rebeldes —Quintas e Riveiro—, á agarda de que aparecesen, e a apertura do xuízo oral para os presentes —Román e Mondina—. Sorprendentemente non se abre xuízo contra estes, o que por razóns políticas pode comprenderse no caso do falanxista, pero é desconcertante no caso do anarcosindicalista Román. Por moi sólida que fose a protección que este puidese ter —semella que algunha debía ter—, a renuncia a axuizalo só se pode entender no contexto dun evidente proceso de concentración da culpa en Luis Quintas, de quen era coñecido que actuaba na clandestinidade en Galicia á fronte dun grupo de correlixionarios, o que dera lugar á apertura de diversas causas militares. Logo aludiremos a elas.

A culminación deste proceso de concentración da culpa non o efectúa o Xulgado, senón a Audiencia Provincial —a instancia do Fiscal— mediante un auto de 27 de agosto de 1946[744]. Esta resolución, clave no devir da causa, contén catro acordos: a) confirma, por fin, o auto de conclusión do sumario; b) declara extinguida a responsabilidade penal dos procesados falecidos, o libertario Olegario Collazo e o falanxista Carlos Garabal; c) acorda o sobresemento da causa respecto dos procesados non rebeldes —é dicir, de Román e de Mondina—, polas razóns que agora imos ver; e d) suspende o curso da causa respecto dos procesados rebeldes, Quintas e Riveiro, «hasta que se presenten o sean

[740] A Lexión á que se incorpora voluntario Garabal non é a *Bandera Legionaria Gallega de Falange Española* organizada por Barja de Quiroga, senón a Lexión africanista de Millán Astray: non tomou parte, por tanto, na batalla de Brunete. Sobre a este corpo, Artiaga Rego, Aurora, "«Todo por España y España para Dios». A *Bandera Legionaria Gallega* de *Falange Española* na Guerra Civil", en Axeitos, X. L.; Grandío, Emilio; Villares, Ramón (eds.): *A patria enteira: Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2008, pp. 21 – 48.

[741] Procedemento 37/936, folio 227v (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[742] Procedemento 37/936, folio 229 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[743] Procedemento 37/936, folios 230 e 241 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[744] Formaban sala os maxistrados José María Suárez Vence (presidente), Fermín Bouza Brey e Manuel Álvarez Area. Procedemento 37/936, folio 265 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

hallados», con devolución da causa ao Xulgado de Instrución para o seu arquivo provisional[745].

O sobresemento da causa para Román é provisional e acórdase «por falta de motivos suficientes para acusar[lo] de haber intervenido en los sucesos». Con apenas esta frase, Román queda á marxe da causa. Amais de ser —outra vez— sorprendente, é incoherente: lembremos que Román fora detido canda Riveiro por uns municipais cando fuxían xuntos, polo que non ten sentido sobreser por ese motivo a causa para un e manter o procesamento do outro.

Por outra banda, o sobresemento da causa respecto do falanxista Mondina é libre, isto é, definitivo e irrevogable, con efectos de causa xulgada equiparables aos dunha sentenza absolutoria. Acórdase «por aplicación de la amnistía de la Ley de 23 de Septiembre de 1939». É imprescindible facer unha precisión sobre esta lei, cuxo propósito era solucionar a situación legal de moitos dereitistas procesados por delitos cometidos antes do golpe por delitos cometidos contra a orde republicana e que non podían ser desimputados após xullo do 36 sen ningunha cobertura legal. Malia que na práctica forense da época se aluda a esta lei como de *amnistía* —e a historiografía que a menciona asuma este concepto—, *non é unha lei de amnistía senón de despenalización selectiva* de condutas ordinariamente delituosas en razón da adscrición política de quen as tivera realizado. O propio título da Lei é claro ao respecto: «Ley considerando no delictivos determinados hechos de actuación político-social cometidos desde el 14 de abril de 1931 hasta el 18 de julio de 1936»[746]. En ningún lugar do texto aparece a palabra amnistía. A amnistía presupón a existencia do delito, que se opta por *esquecer* ou *perdoar* por razóns de utilidade ou conveniencia —que poden ser ou non atinados—, co efecto de excluírse a consecuencia penal do delito cometido. A norma da que falamos non exclúe a punibilidade da conduta senón a existencia mesma do delito cando a súa «motivación político-social» fose coincidente cos motivos que «justificaron el Alzamiento» (art. 1). O que se produce é a legalización *ex post* e a glorificación patriótica da violencia política reaccionaria —e só desta— producida durante e contra a Segunda República: unha violencia que non merece ser esquecida nin precisa ser perdoada senón recoñecida e gratificada xa que, como se di no preámbulo, os seus autores, «lejos de merecer las iras de la Ley son acreedores a la gratitud de sus conciudadanos» por ter cometido os actos máis horrendos «a impulso del más fervoroso patriotismo». Esta sorte de transubstanciación mistérica do horror en virtude nada ten que ver cunha amnistía, aínda que produza efectos procesuais semellantes. Persistir neste erro non só é unha imprecisión técnica: implica non comprender o sentido histórico da norma e contribúe a edulcorar a súa iniquidade.

A caída de Quintas e a apertura do xuízo oral exclusivamente contra el. Logo do auto que concentra a responsabilidade no fuxido Luis Quintas, a causa queda arquivada. O longo *impasse* que deliberadamente se buscou salta polos aires coa detención de Quintas no Carballiño en 1950, por axentes da Brigada Político Social da comisaría de Vigo que investigaban as actividades clandestinas que realizaba actuando baixo a falsa identidade de Clemente Cabaleiro Cobelo. A nova da detención do «tristemente célebre anarquista "el Quintas"» aparece na prensa, con ampla cobertura gráfica, o 26 de

[745] Hai que ter presente que no proceso penal español, a diferencia do civil, non cabe a celebración do xuízo en rebeldía. Concluída a instrución, se un procesado está declarado rebelde suspéndese a causa respecto del ata que apareza.

[746] «Ley considerando no delictivos determinados hechos de actuación político-social cometidos desde el 14 de abril de 1931 hasta el 18 de julio de 1936», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 273, 30/09/1939, pp. 5421 – 5422. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/273/A05421-05422.pdf [últ. consulta o 11/07/2022].

marzo[747]. Pero a data exacta da detención é o 18 de marzo[748]. Nunha inesperada casualidade, dous días antes publicárase en Madrid, na revista infantil de banda deseñada *Clarín* que editaba a Fronte de Xuventudes, unha historieta sobre o asalto á sede falanxista viguesa, baixo o título «Los de Vigo»[749].

Na prolongadísima estadía de Quintas na comisaría produciuse unha declaración, á que xa aludimos, que nin é veraz nin puido ser voluntaria[750]. Diante da policía, Quintas autoincúlpase da morte do seu camarada Robustiano Figueiras, con quen se tería «tropezado» cando se dirixía a ser atendido na Casa de Socorro dunha ferida que non sabe quen lle produciu; ao tropezar, caeu e, como non recoñeceu a Figueiras, disparoulle dous tiros que lle causaron a morte. Un relato insólito que redunda na concentración de tódalas culpas en Quintas eximindo a Mondina da responsabilidade material duns feitos de cuxa responsabilidade legal xa estaba eximido. No xuízo, Quintas habería de desdicirse desta autoinculpación.

A declaración policial, producida no marco dunha causa militar, remítese ao noso sumario mediante testemuña. Logo de ser ratificada diante do xuíz, que neste momento era Sinforiano Rebolledo Macías, prodúcese a definitiva elevación dos autos á Audiencia e, por fin, a apertura de xuízo oral exclusivamente contra Quintas[751]. Este designa para a súa defensa ao daquela novo avogado Juan Amoedo Seoane —que, co tempo, habería de ser Decano do Colexio de Avogados de Vigo— e para a súa representación ao procurador José Rodríguez Dios.

O escrito de acusación —tecnicamente, de conclusións provisionais— do fiscal Juan Antonio Martínez Casanueva é moi duro. Dando por boa a autoinculpación de Quintas da morte de Figueiras, malia que contradicía toda a instrución sumarial, impútalle un delito de asasinato consumado —de Luis Collazo—, tres de asasinato en grao de frustración —dos falanxistas feridos—, un de homicidio —de Figueiras—, un de lesións —ao garda Fariñas—, un de terrorismo —polo asalto—, un de atentado —polo enfrontamento co garda— e outro de posesión ilícita de armas. Solicita penas de prisión que suman 99 anos, 6 meses e 1 día, máis diversas responsabilidades civís. No mesmo trámite, a defensa limítase a negar os feitos e pedir a absolución.

Tras dúas suspensións da vista provocadas pola defensa pretextando enfermidade do avogado, o xuízo celébrase finalmente en Pontevedra o 23 de novembro de 1951. Na vista, Quintas admite a súa participación no asalto —xunto a catro máis, di, sen que a identificación conste na acta—, indica que o propósito era facerse coas armas dos falanxistas reunidos, nega ter disparado contra Fariñas e desdise da autoinculpación da morte do seu compañeiro Robustiano Figueiras. Das 14 testemuñas propostas só comparecen e declaran catro. O médico da Casa de Socorro José Iglesias fai unha

[747] O *Faro de Vigo* desa data fala de "un servicio sensacional de la Policía viguesa", e presenta ao detido como un bandido de trazas lendarias, "uno de los anarquistas más audaces y peligrosos que, ya antes del Movimiento, actuaba en la región gallega". En termos semellantes informa *El Pueblo Gallego*, que tilda a Quintas de "hombre habilísimo" que "supo siempre sustraerse a la mano de la justicia". Toda a prensa ofrece datos sobre a vida clandestina do detido e menciona o suceso do asalto á sede falanxista, atribuíndolle a Quintas o asasinato de Luis Collazo, "héroe de la FET, que fué el primer lazo de luto en su bandera por la que después habrían de dar gloriosamente su vida otros muchos héroes de nuestra Revolución" (*El Pueblo Gallego*, 26/03/1950, p. 2; *Faro de Vigo*, 26/03/1950, p. 1 e 6).

[748] Non o 16, como informan erradamente algúns medios. Consta nun posterior informe da Brigada de Investigación Social (antes, Político Social), onde verificamos que ingresou nos calabozos da comisaría viguesa ás 20 horas do día 18. Permaneceu nos calabozos policiais, a disposición da autoridade militar, ata o día 31 en que ingresa na Prisión de Partido de Vigo: 13 días.

[749] *Clarín. Suplemento de* Juventud *para la Legión de Flechas,* núm. 23 (16/03/1950); incluímos a portada no Anexo 17. Comprobamos que, 14 anos despois, o suceso de Vigo continuaba cultivándose no imaxinario falanxista con fins de adoutrinamento da infancia por parte do partido único do réxime.

[750] Procedemento 37/936, folio 268 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[751] Procedemento 37/936, folio 272 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

declaración neutral, relatando o sucedido no dispensario. As declaracións dos falanxistas Míguez e Mondina son inculpatorias ao identificar a Quintas como asaltante, pero este feito xa fora admitido polo acusado. José Fariñas declara que foi Quintas quen o feriu, e insiste en que estaba de servizo; conforme á nosa pescuda, foi o que máis se arredou da realidade ao declarar.

Á vista da declaración de Quintas, tanto o fiscal Martínez Casanueva como o letrado da defensa modifican as súas conclusións provisionais. O fiscal, retirando a acusación polo homicidio de Figueiras, que trala retractación perdera todo sustento. O defensor Amoedo introduce unha cualificación subsidiaria considerando a Quintas autor de dous delitos menores —un de morte en rifa tumultuaria e outro de posesión ilícita de armas, polos que pide senllas penas de 6 meses e 1 día—, e engade unha petición audaz: que se lle apliquen a Quintas, como se fixo con Mondina, os beneficios da Lei de 23 de setembro de 1939, ou de non ser posible propoña ao goberno o indulto por analoxía con esa lei. Gaba retoricamente a norma, aduce a unidade de acto no que participan os dous bandos «de significación política opuesta», e invoca o principio de igualdade perante a lei de tódolos españois consagrado no art. 3 do *Fuero de los Españoles* para xustificar que a despenalización se aplique por igual a todos[752]. Como era de agardar, ao ditaren sentenza os maxistrados eluden entrar neste delicado debate.

A sentenza da Audiencia é relativamente benévola, considerando a petición fiscal[753]. Á parte de non condenar pola morte de Figueiras na que se retirara a acusación, rebaixa a cualificación da morte de Luis Collazo de asasinato a homicidio, e as feridas dos falanxistas de asasinato frustrado a lesións; non aprecia a agravante de auxilio de xente armada, solicitada polo fiscal; tampouco condena polo delito de atentado argumentando que o garda non estaba de servizo nin vestía de uniforme. Impón ao Quintas penas que suman 25 anos de prisión exactos, máis varias multas e responsabilidades civís.

O fiscal recorre en casación contra a sentenza, pero só impugna dous aspectos dela, o que indica ausencia de obstinación. O primeiro motivo do recurso pide que as lesións dos falanxistas sexan cualificadas como homicidio frustrado; renuncia á tese do asasinato, pero as consecuencias penolóxicas seguen sendo moi importantes. O segundo pide aumentar a pena imposta polo delito de terrorismo[754]. A Sala do Penal do Tribunal Supremo dita sentenza definitiva o 13 de novembro de 1952 estimando os dous motivos alegados pola fiscalía[755]. Coa elevación punitiva que supón esta dura resolución, as penas privativas de liberdade impostas a Quintas por esta causa suman 44 anos, 7 meses e 4 días: case o dobre que a sentenza de instancia.

A efectos de cumprimento, a estas penas hai que engadirlle as impostas nas causas militares nas que tamén foi condenado Quintas, que foron dúas —nas que se acumularon outras, todas do Xulgado Militar Eventual núm. 2 de Vigo—. A primeira delas é a causa 81/39 contra Quintas e outros, con sentenza de 28 de outubro de 1950, ditada en consello de guerra sumarísimo[756]: por un delito de formar partidas armadas dedicadas á bandidaxe é condenado á pena de morte, conmutada pola de 30 anos de reclusión maior. A segunda, a causa 271/45 —á que se acumularon as 687/37, 382/43, 416/43 e 138/45—,

[752] Procedemento 37/936, sen foliar (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[753] Aínda que datada o 24, a sentenza foi feita pública o 28 de novembro. A prensa faise eco da nova ao día seguinte *El Pueblo Gallego* (29/11/1951, p. 6) titula "25 años de condena y 27.300 pesetas – A Luis Quintas Figueroa", e detalla o contido do fallo na causa "vista días pasados ante gran expectación".
[754] Procedemento 37/936, sen foliar (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[755] Leva data 13 de novembro de 1952. Forman sala José Casado (presidente), Eugenio de Eizaguirre (relator), Federico Castejón, Francisco Díaz Pla e Elpidio Lozano.
[756] Ollo, máis dunha década despois da fin da guerra civil.

con sentenza da mesma data 28 de outubro de 1950 ditada e tamén en consello de guerra sumarísimo: nela, acabará sendo condenado por un delito de formar partidas armadas dedicadas á bandidaxe á pena de 25 anos de reclusión maior, e por un delito de roubo á pena de 10 anos e 1 día de presidio maior[757]. De modo que as penas de prisión impostas nas tres sentenzas sumarían 109 anos, 7 meses e 4 días, sen contar os arrestos substitutorios[758].

Luis Quintas cumpriu prisión na Colonia Penitenciaria de El Dueso (Santoña, Cantabria), a onde foi trasladado dende Pontevedra en outubro de 1952. Ata a súa excarceración non desfrutou de ningún permiso, e só consta que saíse unha vez da prisión para acudir a unha consulta co oculista, en Santander, conducido pola Garda Civil. Os informes de conducta que aparecen semestralmente no eu expediente en El Dueso son todos bos. Na peza de situación persoal da causa atopamos diversos manuscritos do penado, case sempre interesando a aplicación de indultos. A súa caligrafía é ben formada, a ortografía correcta e o contido claro e conciso, con dominio da retórica legal. Vemos a unha persoa relativamente instruída, consciente da súa situación de sometemento e resiliente. Beneficiouse dos sucesivos indultos xerais cos que o réxime franquista foi reducindo a sobrecarga de poboación penitenciaria, e finalmente do concedido por Decreto de 11 de outubro de 1961 «con motivo del XXV aniversario de la exaltación del Caudillo a la Jefatura del Estado», que limitaba o cumprimento das penas anteriores a un máximo de 20 anos de prisión ininterrompida[759]. Por aplicación deste límite, foi posto en liberdade o 12 de marzo de 1970. Na documentación penitenciaria consta que ao ser excarcerado fixa a súa residencia en Rianxo, pero sabemos que logo se instala en Vigo, onde se gañou a vida vendendo libros e semella que participou discretamente na reconstrución da CNT. Faleceu na cidade na que nacera, por unha afección cardíaca, o 17 de agosto de 1976 e foi soterrado no cemiterio civil de Pereiró.

5.2.3. A actividade da Audiencia durante o golpe e a guerra: de 1936 a 1939

Por aplicación do bando de guerra do 28 de xullo de 1936, que estendía o estado de guerra ata entón só declarado nalgunhas provincias —entre elas, Pontevedra— a todo o territorio español, prodúcese unha profunda transformación da distribución competencial entre a xurisdición penal ordinaria e a de guerra, cun severo deterioro da primeira e por tanto da competencia das Audiencias Provinciais que, como sabemos, tiñan daquela competencias exclusivamente penais[760]. Este baleirado da competencia das Audiencias en favor dos tribunais militares prodúcese a través dun dobre movemento. Por un lado, o transvasamento da competencia sobre un grande número de delitos dos que anteriormente coñecía a xurisdición ordinaria. Este transvasamento prodúcese por efecto do art. 5 do bando, consonte ao cal quedan sometidos á xurisdición de guerra: a) tódolos delitos comprendidos no título 3º do Código Penal, como rebelión, sedición, atentados, desobediencia e resistencia… así como os conexos a eles; enténdese que —como

[757] Os dous consellos de guerra se celebraron o mesmo día en que se ditou sentenza: un pola mañá e outro pola tarde. Todo un alarde de economía procesual.

[758] Consta no expediente penitenciario de Quintas unha multa imposta pola Fiscalía de Taxas de Lugo, cremos que derivada do seu traballo como vendedor ambulante. Tiña unha causa militar máis (a núm. 515/40, por atraco) que se sobreseu. A disparidade de anos aos que corresponden as causas militares, de 1937 a 1945, indica que a actividade clandestina de Quintas foi persistente.

[759] «Decreto 1824/1961, de 11 de octubre, por el que se concede indulto general con motivo del XXV aniversario de la exaltación del Caudillo a la Jefatura del Estado», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 244, 12/10/1961, p. 14695. Dispoñible en: https://www.boe.es/boe/dias/1961/10/12/pdfs/A14695-14695.pdf [últ. consulta o 26/07/2022].

[760] «Bando de guerra del 28 de julio de 1936», *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, núm. 3, 30/07/1936. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1936/003/J00009-00010.pdf [últ. consulta o 06/07/2022].

novidade— cometidos por civís, xa que as máis desas condutas cando eran cometidas por militares xa estaban comprendidas como delitos militares no Código de Xustiza Militar e correspondían á xurisdición castrense; b) os de atentado contra toda caste de vías ou medios de comunicación, servizos, dependencias ou edificios de carácter público; c) os cometidos contra as persoas ou a propiedade —é dicir, practicamente calquera delito— por móbiles políticos ou sociais, coa indeterminación que isto implica; e d) os cometidos por medio de imprenta ou outro medio calquera de publicidade.

Por outra parte, o engrosamento da competencia castrense en detrimento da ordinaria potenciase coa redefinición dalgúns delitos, como o de insultos á forza armada (art. 2) e especialmente o de rebelión militar (art. 5), que pasa a ter un contido exorbitante ao comprender condutas que nada tiñan que ver co alzamento en armas: dende difundir noticias que quebranten o prestixio das forzas militares ata celebrar reunións, conferencias ou manifestacións non autorizadas, pasando nada menos que por tódolos delitos comprendidos nos apartados b), c) e d) anteriores, que así non só cambian de xurisdición senón tamén de tipo penal, nun sentido severamente agravatorio.

Como consecuencia deste dobre movemento, unha enorme cantidade de condutas cometidas por particulares, que antes eran delitos da competencia común ou que nin sequera eran delitos senón mesmo exercicio de dereitos constitucionalmente recoñecidos, pasan a seren delitos da competencia da xurisdición militar, castrense ou de guerra[761]. Prodúcese así, de facto, un restablecemento da Lei de Xurisdicións de 1906, derrogada en 1931, pero cunha competencia da militar estendida exponencialmente. Unha estrita aplicación dos anteriores preceptos abocaría necesariamente ao colapso da xustiza castrense, por moito que esta reforzase as súas dotacións. Para evitalo, o art. 10 do bando permitía que a xurisdición de guerra derivase á ordinaria —que continuaría desempeñando as súas funcións «en todo lo que no se oponga a lo anteriormente preceptuado», segundo previña o art. 11— das causas que «hayándose comprendidas en este Bando, no tengan, a juicio de las Autoridades Militares, relación directa con el orden público».

Este bando de guerra é o primeiro paso para regularizar a xudicialización da violencia golpista, institucionalizando o carácter da administración de xustiza como arma de guerra cunha esmagadora prevalencia, neste primeiro momento, da xurisdición castrense. Posteriormente irá cedendo terreo en favor das xurisdicións represivas especiais —de responsabilidades políticas, de depuración de funcionarios e de represión da masonaría e o comunismo—, e en menor medida —pero tamén— da xurisdición ordinaria, aínda que en todo caso reservándose a xurisdición castrense a competencia nos asuntos de maior entidade, ata o final do réxime[762].

Malia que nun contexto bélico o incremento da actividade da xurisdición castrense resulte inevitable, e mesmo tamén a contaminación da xurisdición civil —no senso de non militar— polas necesidades derivadas da militarización da vida social, non se produce un fenómeno tan acusado na zona republicana. Mentres que na España leal actúa un Estado ordinario modificado por e subordinado ás necesidades da guerra —coa mingua do garantismo que iso tamén implica—, a España rebelde é, nestes momentos e aos efectos da imposición da nova orde que postula, un campamento militar cun debilísimo grado de conformación estatal civil.

Con esta armazón xurídico-legal de excepción, referendada ademais polo capítulo IV da Lei de Orde Pública de 1933 encargado de regular o estado de guerra e o Código

[761] Que é o mesmo: a denominación "de guerra" non debe inducir a confusión.
[762] Retomaremos esta cuestión no capítulo correspondente á xurisdición de guerra, estudándoa en maior detalle.

de Xustiza Militar (CXM) de 1890, son as autoridades militares as encargadas de administrar xustiza, lei e orde naqueles territorios controlados polos golpistas a partir de xullo de 1936[763]. Paradoxalmente, a norma fundamental republicana que os sublevados violaran ao declarar sen autorización do goberno o estado de guerra é mantida e manipulada xunto con outra lexislación de raíz liberal e republicana para amparar todo o que pasa a partir do golpe.

Foi así no caso de Pontevedra, baixo dominio sublevado dende o inicio do golpe, pero tamén o de outros territorios como Burgos, escollido ademais como capital eventual do novo Estado que estaban a xestar os golpistas ata que non se puidese consumar a conquista de Madrid. Yolanda Rodríguez Domínguez apunta que na Audiencia Provincial da capital burgalesa se apreciou un importante descenso nas causas procesadas por este tribunal durante o golpe e a guerra en consonancia coa lexislación vixente que transfería atribucións propias deste órgano á xurisdición militar, polo que conclúe que a diminución nos delitos sería «probablemente más aparente que real»[764].

Esta, que analizou os procedementos atendendo principalmente á actividade profesional dos acusados para extraer perfís socioprofesionais da delincuencia máis habitual neste período, destaca a preponderancia dos delitos contra a propiedade —como o roubo ou a estafa— debido á precariedade material consecuencia do contexto bélico, o que levaba moitas veces a acometer os chamados *furtos famélicos*. Outros delitos dos que anteriormente coñecían as Audiencias, en ocasións de carácter eventualmente político como a tenencia ilegal de armas ou delitos contra a autoridade, decrecerían de xeito exponencial nas axendas dos tribunais ordinarios nestes anos porque pasarían a estar axuizados en consellos de guerra[765]. Ademais, Rodríguez Domínguez destaca outras tres xustificacións a este fenómeno, alén do reparto de competencias entre as xurisdicións: a desaparición física ou reclusión daquelas persoas que lideraran as reivindicacións políticas durante a República, a sobremilitarización de homes novos, e a renuncia ao activismo para procurar solucións alternativas ás dificultades materiais a través dos delitos de subsistencia. Outros tipos de delitos que se manteñen xulgados pola vía ordinaria serían as lesións, as ameazas, o estupro, os danos por imprudencia, os abortos, os homicidios… sempre e cando non fosen de especial gravidade[766].

Así as cousas, semella que falar da administración de xustiza despois de xullo 1936 implica, implícita e explicitamente, falar da xustiza militar, entendida ademais non como o proceso imparcial de pescuda e resposta ante feitos delituosos senón como a aplicación lexitimada da violencia estatal contra un adversario político; afondaremos

[763] Porén, o art. 50 da Lei de Orde Pública establecía claramente que "[s]ólo al Gobierno de la República corresponderá la declaración y el levantamiento del estado de guerra en todo el territorio". Paradoxalmente, ademais, o art. 51 indicaba que, en caso de sedición violenta en capital de provincia, o mando no territorio estaría en mans do gobernador civil ou, no seu defecto, «las Autoridades judicial y militar». «Ley de Orden Público», *Gaceta de Madrid*, núm. 211, 30/07/1933, pp. 682 – 690. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1933/211/A00682-00690.pdf [últ. consulta o 06/07/2022]. Para o CXM, servímonos da recompilación en *Código de Justicia Militar de 27 de septiembre de 1890 y legislación complementaria del mismo. Edición de 1906*, Talleres del Depósito de la Guerra, Madrid, 1906 [1890]; aínda que tamén é consultable en liña nas sucesivas publicacións que se fixeron do mesmo na *Gaceta de Madrid* entre setembro e outubro de 1890.

[764] Rodríguez García, Yolanda: "Procesados en la Audiencia Provincial de Burgos (1936 – 1940)", en Archivo Histórico Nacional, sección «Guerra Civil»: *Justicia en guerra. Jornadas sobre la Administración de Justicia durante la guerra civil española: instituciones y fuentes documentales. Salamanca, del 26 al 28 de noviembre de 1987*, Madrid, Ministerio de Cultura, 1990, p. 387.

[765] A mudanza na conceptualización xurídico-política deste tipo de delitos contra a orde pública (habituais na época) e, sobre todo, o cambio radical no que se entende que debe ser a resposta do Estado a partir do 18 de xullo de 1936, en particular na retagarda controlada polos golpistas, é un tema sumamente suxerinte e con moito espazo para explorar aínda.

[766] Rodríguez García: "Procesados en la …", 1990, pp. 381 – 388.

neste tema no capítulo 7[767]. Non sen motivo, viu esta centrando o groso de traballos sobre a xustiza durante a guerra civil. Pola contra, os traballos sobre a xurisdición ordinaria neste período clave da historia recente española son, como viñemos repetindo en numerosas ocasións, significativamente escasos.

Os retallos documentais que chegaron ata hoxe apuntan que a situación da Audiencia Provincial de Pontevedra sería semellante á presentada por Yolanda Rodríguez en Burgos. Como explicamos con anterioridade, despois do golpe de Estado de xullo de 1936 deixáronse de confeccionar as Memorias da Fiscalía Xeral, tendo que agardar ata 1940 para retomar a tradicional —e obrigada pola LPOPX— publicación[768]. Os datos estatísticos ofrecidos nela, emporiso, só fan referencia aos procedementos incoados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 1939 —na denominada *zona roja*, só a partir do 1 de abril—, polo que tampouco é unha fonte de gran utilidade para completar a imaxe do comportamento das Audiencias provinciais durante o golpe e a guerra. Algúns apuntamentos sucintos si aportan certa información de relevancia, aínda que esta debe ser tomada con certas reservas polo seu carácter eminentemente parcial[769]:

> En todas las Memorias se expresa que la delincuencia ordinaria sufrió, con la iniciación de la guerra, un descenso notable, llegando en algunas provincias, que no estuvieron en momento alguno bajo el dominio marxista, a cifrarse el número de sumarios instruidos en un tercio de su volumen habitual. El aumento de los sumarios ha ido creciendo con más pausa en los dos años siguientes y más aceleradamente en 1939, llegando en algunas provincias casi a igualar la estadística anterior a 1936.

Entre as posibles explicacións dadas para este fenómeno de diminución da delincuencia rexistrada pola xurisdición ordinaria destaca indubidablemente a guerra, mais non polas consecuencias da acción violenta na retagarda controlada polos sublevados: «[Los delitos de lesiones y hurtos] tienen como motivo más frecuente las riñas de los mozos en sus rondas y esparcimientos», por iso, «como la guerra absorbió a la juventud en la noble obligación de servir a la Patria, decrecieron notablemente esos delitos». É dicir, alégase que é o proceso de mobilización de homes novos á fronte o que corta de raíz a conflitividade social entre 1936 e 1939, e o que a aumenta ao rematar a guerra debido ao retorno destas persoas á vida civil. No referente ao aumento dos furtos, particularmente no campo, o fiscal Blas Pérez confesa non atopar motivos que xustifiquen esta realidade, negando que poida ser froito da necesidade —obviando intencionadamente a precariedade da guerra e posguerra—, «puesto que las condiciones económicas del trabajador del campo han mejorado por la acertada legislación social del nuevo Estado»[770].

Unha preocupación habitual presente nas anteriores Memorias era a cuestión dos delitos contra a orde pública. Sobre o tema, asevérase nesta edición que a «gran disminución de esta especie de delitos, de tan subido número en años anteriores a 1936,

---

[767] Habería quen argumentase, non sen polémica, que o sistema xudicial é sempre unha forma de defender á orde social fronte a aqueles que buscan reverter o *status quo*, tamén en tempos de (a)normalidade democrática. Non entraremos, emporiso, nesa sorte de debates foucaultianos por consideralas alleas aos propósitos da nosa investigación.

[768] *Memoria elevada al Gobierno Nacional en la solemne apertura de los Tribunales el día 16 de Septiembre de 1940 por el Fiscal del Tribunal Supremo Blas Pérez González*, Instituto Editorial Reus, Madrid, 1940. Tecnicamente, en outubro de 1936 tamén se publica a memoria anual da fiscalía, mais só se fai en zona aínda controlada pola República e refírese a datos anteriores ao golpe, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 1935. Sobre isto, volver ao apartado. 5.2.2. do presente capítulo.

[769] O fiscal do Tribunal Supremo era nese momento o xurista falanxista Blas Pérez González, que en 1942 sería designado como ministro de Gobernación (cargo que ocuparía ata 1957). A diferenza das anteriores Memorias republicanas, cun ton pretendidamente neutro, nesta será norma a dialéctica sublimada propia do discurso de Falanxe, con laudos a José Antonio e, por suposto, ao *Caudillo*.

[770] *Memoria elevada al …*, 1940, p. 39.

es un dato elocuentísimo que las Fiscalías destacan, prestigiando justamente la significación de nuestro Glorioso Movimiento». A continuación admítese un aumento dos chamados delitos contra a honestidade —que hoxe entenderiamos como contrarios á liberdade sexual—, «lo que se atribuye a una relajación de la moralidad en sectores que dan a la vida un tono orgiástico, por causa, sin duda, transitoria»[771]. Como vemos, a tónica xeral —por outra banda, esperable— é que tódolos valores estatísticos de criminalidade que melloran tralo golpe de Estado débense ás acertadas medidas do *Movimiento Nacional*, mentres que aqueles que amosan datos peores son maquillados como meramente transitorios.

O número de procedementos incoados nos Xulgados de Instrución correspondentes coa Audiencia Provincial de Pontevedra entre o 18 de xullo de 1936 e o 1 de abril de 1939 que se conservan é ínfimo: apenas tres, todos eles de 1936 e procedentes do Xulgado de Pontevedra. Trátase das causas 246/936, 334/936 e 358/936, incoadas, respectivamente, o 28 de xullo, o 16 de novembro e o 10 de decembro dese mesmo ano[772]. A numeración corresponde aos sumarios dos que proceden as causas, é dicir, é a que se lle daba no Xulgado de Instrución. Comprobamos que entre xullo e decembro de 1936 se incoaron só no partido xudicial capitalino arredor de 100 sumarios, unha cifra considerablemente menor dos case 250 incoados antes do golpe pero que non se corresponde cos apenas tres que atopamos nos fondos arquivísticos conservados. Afinando o cálculo e consonte aos datos que nos ofrece a numeración das causas conservadas, entre o 1 de xaneiro e o 27 de xullo de 1936 incoáronse en Pontevedra 245 sumarios —cunha media de 1,18 sumarios cada día—, e entre o 28 de xullo e o 10 de decembro incoáronse 113 —0,83 sumarios diarios—: unha diminución de practicamente un 30% na media de incoación de sumarios no partido xudicial de Pontevedra. Pero a diminución da litixiosidade penal ordinaria debeu variar notablemente duns partidos xudiciais a outros. Tomando como referencia a numeración das causas na Audiencia comprobamos que entre o 1 de xaneiro e o 27 de xullo —sempre de 1936—, se incoaron na provincia 1.521 sumarios, a razón de 7,31 por día, e entre o 28 de xullo e o 10 de decembro, 545, ou sexa, unha media de 4 diarios; o que se traduce nunha diminución dun 45%.

Hai nos primeiros meses posteriores ao golpe unha sensible diminución da litixiosidade penal a cargo da xurisdición ordinaria, variable segundo os partidos nunha forma que non podemos precisar con exactitude, pero en ningún momento un parón, quebra ou colapso da mesma. Entre as causas que xustifican esta diminución é razoable pensar que algún peso tivo a mobilización dos homes en idade militar, que ordinariamente concentran un maior número de condutas delituosas en comparación coas mulleres e mesmo cos homes máis vellos; ou tamén o maior constrinximento das condutas sociais nun contexto de forte control autoritario, no só exercido por vías formais senón fácticas a través do reforzamento do principio de autoridade.

Pero existen datos que permiten concluír que o factor máis determinante desta diminución da litixiosidade á cargo da xurisdición ordinaria é o traspaso de competencias desta á castrense. Baste considerar que nos anos anteriores, os delitos contra a orde pública constituían en torno ao 7% do total das causas; e os delitos definidos en leis especiais —que comprenden condutas como a tenencia de armas ou comisión de delitos por medio de explosivos— representaban un 5,6 % do total. Todas estas condutas, así como outras antes integradas estatisticamente nas categorías de delitos contra as persoas,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[771] *Memoria elevada al …*, 1940, p. 40.
[772] Procedementos 246/936, 334/936 e 358/936 (ca. 6779, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

contra a propiedade ou contra a liberdade e a seguridade, pasan a ser competencia da xurisdición militar se houber «carácter político», frecuentemente baixo a forma de delito de rebelión redefinido de xeito exorbitante, por efecto do bando de guerra do 28 de xullo[773]. Sobre o transvase de competencias entre xurisdicións e a maleabilidade na aplicación do delito de rebelión após o 18 de xullo de 1936 deterémonos con maior detalle no capítulo 7.

De modo que non se aprecia tanto unha diminución da criminalidade como da atribución competencial da súa persecución segundo a susceptibilidade política —ora do delito, ora do acusado—. En relación á delincuencia común, a xurisdición ordinaria continúa actuando sen solución de continuidade, dunha forma significativamente normal; e en relación ás condutas delituosas susceptibles de comprometer á orde socio-política, en función da súa natureza intrínseca ou meramente da súa intencionalidade, deixa de actuar porque a súa persecución é asumida polos tribunais militares. Con esta importante excepción, en realidade chama a atención a escasa alteración que se produce no funcionamento da administración de xustiza en comparación con outras administracións nas que a ruptura da normalidade é notoriamente maior e máis abrupta.

Non debe inducir a erro o feito de que, en virtude de diversas normas emanadas tanto da Xunta de Defensa Nacional como das autoridades militares territoriais, «alterada la normalidad jurídica y económica del País por las ineludibles operaciones militares», nos días inmediatamente posteriores ao golpe de Estado tamén se decretase a suspensión de tódolos prazos xudiciais «hasta nueva orden»[774]. Na práctica, esta suspensión dos prazos só atinxiu, na xurisdición penal, aos de interposición de recursos perante o Tribunal Supremo, en tanto non se conformou un propio na zona sublevada.

Porén, esa alteración da normalidade xurídica non supuxo unha suspensión da actividade xudicial: a perspectiva micro permitiunos comprobar no anterior capítulo que o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra seguiu funcionando con total regularidade antes e despois do 18 de xullo, non houbo sequera un breve lapso de interrupción en espera do desenvolvemento dos acontecementos, aínda incertos daquela. A administración de xustiza asumiu con total naturalidade o transvaso de poderes na capital, sendo de feito a única esfera de poder cuxos responsables se mantiveron no cargo, a diferenza do que pasara no goberno civil, na deputación ou no concello, fortemente depurados[775].

As fontes suxírennos que o rutineiro funcionamento do Xulgado de Primeira Instancia tralo golpe se repetiu na Audiencia Provincial, tendo en consideración o consabido recorte de atribucións. Os boletíns oficiais ou a prensa da época ofrécennos breves instantáneas sobre a actividade do tribunal provincial. Por exemplo, o 1 de agosto,

[773] «Bando. Haciendo extensivo a todo el territorio nacional el Estado de Guerra declarado ya en determinadas provincias», *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, núm. 3, 30/07/1936, pp. 9 – 10. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/003/J00009-00010.pdf [últ. consulta o 25/08/2022].

[774] Así o estipula o bando do xeneral xefe da Octava División Orgánica Carlos Bosch y Bosch, o cal se fai eco dos decretos ditados pola Xunta de Defensa Nacional o 24 de xullo. *El Pueblo Gallego*, 01/08/1936, p. 3. Esta mesma orde é tamén recollida polo xeneral comandante militar da praza de Pontevedra, José Iglesias, e publicada *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra* (núm. extraordinario, 25/07/1936, p. 1).

[775] Como vimos no capítulo 3, o 21 de xullo oficialízase a transferencia de poderes, despois de que se confirmase o éxito do golpe na capital o día anterior. O militar Ricardo Macarrón Piúdo substitúe ao gobernador civil Gonzalo Acosta Pan, Rafael González Besada a Maximiliano Pérez Prego como presidente da deputación provincial, e Eladio Becerril González a Manuel García Filgueira como alcalde. A depuración de poderes locais e provinciais non se estende á administración de xustiza: Ildefonso Baquero Pérez segue sendo presidente da Audiencia Provincial, Serapio del Casero Menéndez xuíz de Primeira Instancia e Instrución, e Francisco Riestra Calderón xuíz municipal. Tampouco temos constancia de depuración no Ministerio Fiscal a diferenza do sucedido, por exemplo, na Coruña, onde o fiscal da Audiencia Territorial José Gómez Naveira "[cesó] en su cargo, por orden superior" (*El Pueblo Gallego*, 06/08/1936, p. 6).

El Pueblo Gallego informa do seguinte: «El Delegado de Orden público en la provincia teniente coronel de la Guardia civil señor Macarrón, recibió ayer la visita del personal de la Audiencia provincial en pleno, así como la de varios alcaldes y delegados de Orden público»[776]. Ao día seguinte, xa publica con total normalidade os sinalamentos da Audiencia para a vindeira semana na súa crónica xudicial, prevendo a vista de 17 causas entre os días 3 e 5 do mes[777]. Evidénciase unha actividade normalizada. Estes anuncios repetiranse coa regularidade habitual, sen que haxa ningunha diferenza cos de semanas atrás, coa excepción de ter que compartir agora páxina coas notas sobre consellos de guerra onde o fiscal solicitaba asiduamente a pena capital. Esta normalidade na súa actividade será tal que, de feito, a Audiencia Provincial seguirá coñecendo de procedementos de separación e mesmo divorcio —como sabemos, única materia civil na que tiña competencia—[778].

Mostra de todo isto é tamén a incoación da causa 246/936 o 28 de xullo, apenas unha semana despois da toma de Pontevedra polo exército rebelde[779]. É a primeira das que aínda se conservan no AHPPo iniciada tralo golpe. Se ben é certo que nun senso puramente técnico o inicio deste procedemento xudicial apela directamente á labor do Xulgado de Instrución —o primeiro en coñecer o caso e encargado da realización do sumario, que máis tarde se elevaría á Audiencia, aínda que esta está en todo momento ao tanto do seu desenvolvemento ditando providencias—, a súa pronta apertura tamén alude a esa sorte de normalidade percibida pola poboación civil, máis aínda neste caso no que á parte de actuar de oficio o Ministerio Fiscal constitúese en parte o prexudicado como acusación privada. O procedemento refírese a un presunto delito de lesións por uns feitos acaecidos na vila de Cangas —pertencente ao partido de Pontevedra, polo que é na capital onde se instrúe— tres semanas antes, o 7 de xullo. O devir da causa é bastante anódino, non se aprecia ningún cambio substancial con respecto aos procedementos xudiciais previos ao golpe, a excepción dalgún cuño con *Viva España* en escritos por parte do secretario do Xulgado de Instrución Andrés López Martín, do procurador da defensa Faustino Guiance, ou do delegado de Orde Pública —ao cal o xuíz instrutor Serapio del Casero lle solicita un informe de conduta do acusado—.

É nun escrito deste último asinado en Cangas o 24 de outubro de 1936, en resposta a un oficio do xuíz no que si atopamos unha novidade: nesta comunicación transcríbese unha mensaxe do comandante de posto da Garda Civil deixando constancia de que o procesado «en su conducta ha dejado que desear, y como antecedentes políticos, consta que es un elemento comunista, suponiendo que pueda haber tomado parte en contra del movimento por su carácter, si bien hasta la fecha no se ha podido comprobar»[780]. Inmediatamente a continuación engádese: «Hará unos seis años estuvo procesado por violación de una menor»[781]. É certo que a solicitude de informes de conduta —non confundir cos antecedentes penais, cuxa incorporación ao sumario é preceptiva e se fai dende o Rexistro Central de Penados e Rebeldes— non é algo en absoluto novo no proceso de pescuda xudicial, nin que nos informes se fagan comentarios explícitos sobre a politización do investigado; vímolo con claridade na causa 37/936. Emporiso, isto pasaba en efecto cando a militancia da persoa investigada era relevante para o caso, o cal

[776] *El Pueblo Gallego*, 01/08/1936, p. 8.
[777] *El Pueblo Gallego*, 02/08/1936, p. 7.
[778] *El Pueblo Gallego*, 09/08/1936, p. 5.
[779] Procedemento 246/936 (ca. 6779, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[780] Procedemento 246/936, folio 70 do sumario (ca. 6779, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[781] Non obstante, non chegara a ser condenado. Isto non se aclara no escrito da Delegación de Orde Pública, pero na sentenza consta que non ten antecedentes penais de ningún tipo (aínda que o consideran suxeito "de mala conducta"). Procedemento 246/936, sen foliar (ca. 6779, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

non sucede no procedemento 246/936, cuxo motivo de apertura era unha discusión entre veciños «por motivos no bien determinados» que derivara nunha agresión cunha pedra.

Os antecedentes políticos do procesado —que se atopaba en liberdade provisional— non son, con todo, incluídos na sentenza nin se alude a eles na acta do xuízo, o 19 de agosto de 1937. De feito, nin sequera foran pedidos de xeito explícito polo xuíz instrutor, quen só ordenara ao xuíz municipal de Cangas que obtivese informes de conduta —sen especificar que se incluísen os antecedentes políticos— do procesado; ao pedilos, este tampouco alude directamente á filiación política, polo que podemos soster que é o garda civil encargado da elaboración do informe de conduta quen interpreta que, no novo contexto, os antecedentes políticos si son importantes, mesmo nun delito sen motivación política. Sexa como for, o procesado será declarado culpable e condenado. Interpón recurso de casación perante o Tribunal Supremo pero, por auto do 23 de agosto comunícase que os prazos procesuais de recurso perante dito órgano quedan suspendidos «mientras tanto duran las actuales circunstancias»[782]. Non será ata o 1 abril de 1939 cando se retome o funcionamento do Supremo, do cal informa unha orde telegráfica cosida no procedemento. O recurso será, malia todo, desestimado. En tanto que a suspensión da actividade no Supremo e dos prazos para recorrer a el era sobradamente coñecida, a interposición do recurso pode ter unha finalidade dilatoria da execución da pena.

Unha situación semellante é a que observamos nos procedementos 334/936 e 358/936. O primeiro deles, incoado o 16 de novembro de 1936 correspóndese cun delito de violación e lesións producido en Bueu no anterior mes de xuño e, o segundo, un delito de estafa perpetrados por dous varóns en Moaña entre agosto e setembro de 1935. Nestes dous casos, tanto no parte de incoación como na sentenza xa aparecen as fórmulas propias da liturxia protocolaria golpista —interesantes dende unha perspectiva glotopolítica—, así como os selos de *Viva España* e as referencias cronolóxicas como *Año Triunfal*. Alén disto, en ningún deles se mencionan os presumidos antecedentes políticos dos procesados, se ben é certo que os sumarios son máis sucintos ca no anterior caso. Tampouco se solicitan informes á Garda Civil. Igualmente, ningún dos dous procedementos se demora demasiado na súa resolución, pasando entre once e doce meses e medio dende o momento de incoación ata a lectura da sentenza. Nos dous casos dítase unha sentenza condenatoria: no primeiro privativa de liberdade, e no segundo privativa de liberdade con multa aos dous inculpados de estafa. Neste último, ao igual ca no procedemento 246/936 interponse recurso de casación ao Supremo que queda en suspenso pola conxuntura bélica; o recurso quedará deserto cando se retome o funcionamento do tribunal o 1 de abril de 1939, é dicir, non chega a formalizarse perante o alto tribunal, o que abonda na idea do propósito dilatorio aproveitando a suspensión da actividade do Supremo.

5.2.4. A actividade da Audiencia na posguerra: de 1939 a 1942

Nos últimos meses da guerra, asistimos á introdución de novidades importantes en materia de persecución política lexitimizada no ordenamento xurídico, como a Lei de Responsabilidades Políticas do 9 de febreiro de 1939 ou a Lei de Depuración de Funcionarios do día 10; máis adiante, o 1 de marzo de 1940, se establecería o Tribunal para a Represión da Masonaría e o Comunismo, que afianzaría as xurisdicións especiais feitas a medida polo novo réxime franquista[783]. Con estas márcase un antes e un despois

[782] Procedemento 246/936, sen foliar (ca. 6779, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[783] Non foron as únicas, pero si as máis importantes ordes xurisdicionais instauradas nesta etapa de institucionalización do réxime. Outras foron a xurisdición de delitos monetarios ou a tutelar de menores. Ver Berdugo Gómez de la Torre: "Derecho represivo en …", 1981, pp. 119 – 121.

na política xudicial da ditadura: se ata entón a tónica predominante fora o aproveitamento da lexislación republicana para deturpala en prol dos intereses dos sublevados, a partir deste momento, paulatinamente e grazas ao cambio de contexto —onde a inmediatez bélica non era tan constrinxente—, o réxime permitirase maior marxe de manobra para aplicar unha normativa propia, creada *ex novo*. Deste xeito, como apunta Pascual Marzal, o nacional-catolicismo converteuse no eixe ideolóxico vertebrador do novo Dereito penal da ditadura —á súa vez influenciado polo fascismo e nacionalsocialismo, particularmente durante os primeiros anos—:

> …en la legislación penal ordinaria o común se extendió un tamiz de principios patrióticos, morales y religiosos con los que el nuevo Estado intentó proteger la sociedad nacida tras la guerra civil, tanto de los individuos considerados peligrosos como de los enemigos de la España nacional-católica.[784]

Sen contradicir a Marzal, Guillermo Portilla vai máis alá e enumera ata oito «factores cardinales de la dictadura franquista que aparecen incrustrados en la estructura penal represiva», os cales serían: o tradicionalismo, o catolicismo, o antiliberalismo, o anticomunismo, o caudillismo —incluída a consideración do Xefe do Estado como fonte material do dereito[785]—, a tese do decisionismo soberano, a doutrina do inimigo interno, e a teoría da guerra xusta[786]. Unha ecléctica bagaxe froito da variedade de posturas entre os ideólogos —e as familias— do réxime, quen souberon non obstante encaixar ben tódalas pezas para dar orixe á lexislación de excepción que caracteriza a etapa de inmediata posguerra.

No capítulo 8, retomaremos o estudo destes fitos do dereito penal de autor —é dicir, aquel máis enfocado no delincuente (o *autor* do crime) que no delito en si— propios dos últimos meses da guerra civil e os primeiros anos da ditadura franquista[787]. Para o obxecto deste capítulo, así e todo, centrarémonos nas súas implicacións máis sutís na xurisdición ordinaria, fronte ás evidentes manifestacións que tivo nas xurisdicións especiais. Deste modo, cabe recordar que, o que podemos considerar como a máxima reforma do novo réxime en materia criminal, a promulgación dun Código Penal propio, adiaríase ata 1944. Ata entón valérase do republicano do 32 —e, sobre todo, o Código de Xustiza Militar de 1890— para aniquilar a disidencia política, nun exercicio de deturpación dos seus preceptos ideolóxicos. A este respecto, Luis Jiménez de Asúa reflexionaba:

> El régimen que se impuso al pueblo español al triunfar la insurrección iniciada en 1936, mantuvo en vigor el Código penal republicano de 1932. Aunque parezca extraño, el falangismo no derogó inmediatamente una ley compuesta por quienes tenían tan opuesto sentido de la democracia y de la vida política en España. La verdadera razón de esa subsistencia no fue otra que tener en sus manos un instrumento más eficaz para sus

[784] Marzal Rodríguez, Pascual: "La legislación penal franquista y la represión contra los juristas", en Álvarez Cora, Enrique; Sandoval Parra, Victoria (eds.): *Sedición, rebelión y quimera en la Historia jurídica de Europa*, Madrid, Dykinson, 2021, p. 821.

[785] Así o blindaba o art. 17 da Lei do 30 de xaneiro de 1938: "Al Jefe del Estado, que asumió todos los Poderes por virtud del Decreto de la Junta de Defensa Nacional de 29 de septiembre de 1936, corresponde la suprema potestad de dictar normas jurídicas de carácter general". «Ley organizando la Administración Central del Estado», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 467, 31/01/1938, pp. 5514 – 5515. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1938/467/A05514-05515.pdf [últ. consulta o 28/07/2022].

[786] Portilla, Guillermo: *El Derecho Penal bajo la dictadura franquista. Bases ideológicas y protagonistas*, Madrid, Dykinson, 2022, p. 55 e ss.

[787] Nomeadamente, a Lei de Responsabilidades Políticas de febreiro de 1939, a Lei de Represión da Masonaría e o Comunismo de marzo 1940 e a Lei de Seguridade do Estado de marzo de 1941. Para Portilla, o máximo expoñente desta doutrina no franquismo sería a Lei de Represión da Masonaría e o Comunismo de 1940. Ver Portilla, Guillermo: *La consagración del Derecho penal de autor durante el franquismo. El Tribunal Especial para la Represión de la Masonería y el Comunismo*, Granada, Comares, 2009.

> fines represivos. España vive bajo un régimen armado y el Código de Justicia Militar es el que proveía a sus objetivos rigurosos con su severo arsenal de penas. La interpretación de los jueces hacía el resto…[788]

Por suposto, a creación dun texto penal destas características non é, baixo ningunha circunstancia, unha cuestión sinxela; se cadra menos nas condicións da posguerra: aínda que o réxime eliminara e seguía reprimindo calquera conato de posible oposición política, tiña que ser capaz de repartir equitativamente poderes no seo das súas propias familias, as cales tiñan tamén visións enfrontadas sobre a xustiza[789]. Isto propiciaría o adiamento da súa promulgación, pero o feito de que o Código do 32 —sumado aos apéndices normativos de persecución política aprobados entre 1939 e 1941— dera mostras da súa utilidade para os obxectivos dos sublevados nun contexto tan desfavorable como o do propio golpe e a guerra garantía o seu funcionamento en prol dos intereses do novo réxime ata que este aprobase un propio. De feito, asegura Portilla, «[e]l Código penal de 1944 [fue] sólo una reforma del anterior», tendo máis peso polo seu simbolismo e a cobertura ideolóxica coa que xustificaba a represión contra o *outro* político que polas súas novidades punitivas, moitas das cales xa estaban presentes en textos normativos anteriores[790].

Como vimos reiterando para as anteriores etapas, as Memorias da Fiscalía son unha fonte que aporta unha enriquecedora información sobre como a propia administración de xustiza se interpreta a si mesma, dende o punto de vista do Ministerio Fiscal; os fiscais das Audiencias Provinciais elaboran informes que á súa vez elevan ao fiscal do Tribunal Supremo, quen é o encargado da redacción da memoria. Destacamos anteriormente que estas publicacións anuais se deixaron de editar durante a guerra, tendo que esperar ata 1940 para que se retomasen. Malia que a estrutura xeral da memoria non variou en gran medida con respecto as de etapa republicana, nese ano o texto caracterízase por unha radical e explícita politización do máximo responsable do ministerio público —e, por ende, de todo o organismo—, alén do propio ministro de Xustiza[791]. Isto si é un evidente ruptura co período anterior, no cal se fomentaba o apoliticismo dos membros de maior relevancia da administración de xustiza, cuxas exhibicións políticas públicas —como vimos no anterior capítulo—, non só eran censuradas, senón nalgúns casos mesmo estaban prohibidas pola LPOPX.

Fronte á habitual linguaxe intencionalmente neutra e analítica propia deste tipo de documentación, as exposicións de motivos —que máis que tal son ensaios sobre a historia do dereito e a súa función na *Nueva España*— das Memorias da Fiscalía dos primeiros anos desta etapa distínguense por un discurso exacerbado en defensa dos valores do novo réxime. Sirva de exemplo o seguinte extracto da de 1941 no que se cohonesta a aliñación do novo réxime cos sistemas totalitarios naquel momento triunfantes co seu carácter xenuinamente nacional:

---

[788] Jiménez de Asúa, Luis: *Tratado de Derecho Penal*, tomo I, Buenos Aires, Editorial Losada, 1964 [ed. or. desc.], p. 809. Cita extraída de Marzal Rodríguez: "La legislación penal …", 2021, p. 838.

[789] Sobre esas distintas visións da xustiza na España dos 40, volvemos destacar Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, pp. 69 – 147. A teor dos diversos proxectos e anteproxectos de Código que precederon ao do 44, ver Portilla: *El Derecho Penal …*, 2022, pp. 153 – 185.

[790] Portilla: *La consagración del …*, 2009, pp. 8 – 9. Ver tamén Álvaro Dueñas, Manuel: *«Por ministerio de la ley y voluntad del Caudillo». La Jurisdicción Especial de Responsabilidades Políticas (1939 – 1945)*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2006, p. 39.

[791] Recordamos que a memoria de 1940 foi redactada polo fiscal do Tribunal Supremo Blas Pérez González, quen tamén se encargaría das de 1941 e 1942. Tras o seu ascenso ao ministerio de Gobernación, pasa a substituílo na labor de elaboración da memoria de 1943 o tenente fiscal do Tribunal Supremo Ramón García del Valle y Salas. Á fronte do ministerio de Xustiza, estarán nesta época Tomás Domínguez Arévalo (de xaneiro de 1938 a agosto de 1939) e Esteban Bilbao y Eguía (de agosto de 1939 a marzo de 1943), quen á súa vez sería sucedido por Eduardo Aunós, marcando a fin da etapa do control carlista sobre o ministerio nun xiro falanxista.

USC

> No cabe negar que la Revolución española guarda afinidades con los procesos políticos de otros países totalitarios. Constituye un tópico la afirmación de que nuestra guerra civil fue pórtico y comienzo del ciclo histórico que se desarrolla en las horas actuales. Mas es asimismo indiscutible que no puede pensarse en una identificación absoluta. El ingrediente indígena, genuino, de la Revolución nuestra, tiene sustantividad bastante para no pasar desapercibido entre los caracteres generales y abstractos de la epopeya mundial.
>
> El jurista, a quien se le confía la misión de dar forma ordenada a los nuevos preceptos, instituciones y sistemas, debe tener esto muy en cuenta. El Derecho que haya de elaborar ha se ser nacional, como lo es España y su Revolución. Si no lo hiciere así, violaría uno de los postulados capitales que han presidido nuestra lucha, incidiendo al mismo tiempo en uno de los errores que combatimos. Gran parte de nuestros desvelos se cifran en reconstruir las bases de una España auténtica, suplantada durante dos siglos, desde el engendro mental de la Ilustración hasta la táctica criminal del comunismo, por una España desnaturalizada, ajena y antagónica a sí misma.[792]

Nesta edición de 1941, a disertación teórica introdutoria de Blas Pérez é moito máis extensa ca do ano inmediatamente anterior. Non é a única diferenza. O texto está profundamente marcado pola doutrina *joseantoniana*, con repetidas referencias e gabanzas ao fundador de Falanxe, mentres que, curiosamente, non se dirixe ningunha a Francisco Franco. Se cadra en relación con isto, o ano seguinte a Memoria do 42 carecerá de ningún tipo de exposición de motivos, pasando directamente á recompilación de informes sumarios dos fiscais das Audiencias do Estado. Na do 43, elaborada por Ramón García del Valle y Salas, retomarase o tradicional preámbulo, se ben cunha fórmula máis breve e expositiva, semellante ás anteriores de 1936 aínda que mantendo un discurso en liña coa ditadura[793].

Con respecto ao funcionamento da administración de xustiza na posguerra, as memorias afirman que a labor nas Audiencias se vai normalizando con lentitude, incidindo en que naqueles Xulgados de Instrución que non están ocupados por xuíces titulares o proceso de elaboración do sumario é máis precario, o que deriva en deficiencias e retrasos no propio desenvolvemento do mesmo. Reinciden nunha tradicional queixa destas memorias, que é o mal funcionamento dos Xulgados Municipais —«que continúan mereciendo a los Fiscales el mismo deplorable concepto que vienen repitiendo desde muy atrás»—; cuestión acentuada polo actual contexto, pois moitos xuíces municipais se facían cargo dos Xulgados de Primeira Instancia e Instrución sen titular, quedando a súa xurisdición propia en mans de suplentes «los cuales, por considerar su actuación eventual e interina, no suelen prestarle la menor atención»[794]. En xeral, as maiores preocupacións nesta etapa son a falta de persoal e, en menor medida, as instalacións insuficientes e en mal estado[795].

No relativo ao que se coñece como *movimiento de delincuencia*, é dicir, a evolución na criminalidade, a primeira memoria franquista sinala o incremento da

---

[792] *Memoria elevada al Gobierno Nacional en la solemne apertura de los Tribunales el día 16 de Septiembre de 1941 por el Fiscal del Tribunal Supremo Blas Pérez González*, Instituto Editorial Reus, Madrid, 1941, p. 9.

[793] *Memoria elevada al Gobierno Nacional en la solemne apertura de los Tribunales el día 15 de Septiembre de 1942 por el Fiscal del Tribunal Supremo Blas Pérez González*, Instituto Editorial Reus, Madrid, 1942. *Memoria elevada al Gobierno Nacional en la solemne apertura de los Tribunales el día 15 de Septiembre de 1943 por el Teniente Fiscal del Tribunal Supremo D. Ramón García del Valle y Salas*, Instituto Editorial Reus, Madrid, 1943.

[794] *Memoria elevada al …*, 1941, p. 102. A Memoria do 42 especifica que, en Pontevedra, dos doce Xulgados de Primeira Instancia da provincia, sete están sendo dirixidos por xuíces municipais. *Memoria elevada al …*, 1942, p. 15.

[795] *Memoria elevada al …*, 1941, pp. 99 – 105. *Memoria elevada al …*, 1942, pp. 19 – 20. *Memoria elevada al …*, 1943, pp. 8 – 12. A política de persoal na Administración de Xustiza e a xeral carencia de xuíces e fiscais abranguen unha parte importante das investigacións de Mónica Lanero. Para máis información sobre o tema, ver Lanero: *Una milicia de …*, 1996, pp. 205 – 358.

delincuencia, a cal descendera despois do golpe de Estado para «alcanzar en 1939 … un ritmo casi igual al de período de anteguerra»[796]. Este fenómeno se segue acentuando no ano 40, aumentando extraordinariamente os delitos contra a propiedade, nunha desproporción ata entón nunca vista. Destacan os furtos, particularmente aqueles realizados por persoas inimputables ou de responsabilidade atenuada pola súa idade —é dicir, os menores de 16 anos—. Á parte dos delitos contra a propiedade, denúnciase o incremento dos chamados delitos contra a honestidade. A explicación ofrecida para ambas anomalías é a mesma: a «falta de probidad y de pudor y perversión infantil» e a «penuria económica acentuada»[797]. Este aumento xeneralizado de delitos contra a propiedade estenderase nos seguintes anos, lóxica da cal a provincia de Pontevedra non é allea[798]. Ao longo do ano 42 remitirá a incidencia de delitos contra a propiedade; nesta edición, con todo, vólvese incidir nas «dificultades económicas de la vida actual y la corrupción y el vicio» como respostas ante devandito aumento na delincuencia común, aínda que se recoñece —con maior determinación ca o ano anterior— a precariedade emanada da crise económica mundial. Introdúcese tamén o concepto de *furto famélico*, o cal será unha preocupación evidente en anos posteriores[799]. Sobre esta cuestión Ana Fernández Asperilla apunta:

> Los actos de esta naturaleza fueron severamente castigados por los tribunales. La práctica judicial en estos delitos era «sumamente rígida (e incluso) inhumana», convirtiéndose en una forma más de violencia económica sobre la población. Ante la ineficacia para solucionar los problemas estructurales de la economía, la dictadura aplicaba la represión como respuesta, convirtiendo, como en este caso, a las víctimas en culpables. El franquismo acentuaba así su carácter represivo, en detrimento de otra faceta más tuitiva, de cara a los más débiles de la sociedad, que en la posguerra coincidían con los vencidos. El Estado buscaba la ejemplaridad social porque los autores de este tipo de robos no formaban parte de los sectores sociales protegidos por el régimen. Por el contrario, cuando la víctima era el propio Estado, y por consiguiente los intereses generales, la administración de justicia no se aplicaría en el castigo con la extrema dureza que en los delitos anteriores, como vamos a ver, tanto en el robo de energía como en los delitos cometidos por la burocracia estatal.[800]

Páxinas máis adiante, engade:

> El estado franquista utilizaba la represión como forma habitual de actuación, tanto contra lo que consideraba delincuencia política como ante carencias sociales de carácter estructural, que hubieran requerido para su remedio otras respuestas gubernamentales. La consecuencia de esta característica del franquismo es que tendía a

[796] *Memoria elevada al …*, 1941, p. 106.
[797] *Memoria elevada al …*, 1941, p. 107. É interesante notar que, en vez de profundar no precario contexto económico de posguerra e autarquía, a memoria a continuación pasa a afondar no que é designado como a "relajación de la honestidad femenina», a cal «bajo el común calificativo de *modernidad*, [permite] a las muchachas … liviandades más o menos descaradas que … conducen al desenfreno, tanto por la progresiva debilitación de estímulos morales como por la precisión de obtener el dinero que el sostenmiento de esos hábitos exige. … En cambio, preséntanse en los Juzgados conmovedoras y bien estudiadas acusaciones por violación … con las cuales se pretende encubrir sus flaquezas o tal vez cotizar el generoso perdón que extingue la acción penal". De forma análoga, repróbase o furto cometido sen motivos de grave necesidade: "Si coincide su exacerbación con las crisis económicas, es porque se toman éstas como circunstancias propicias, y así se observa que no siempre, ni en mínima parte siquiera, son los necesitados los que producen el gran incremento delictual". *Memoria elevada al …*, 1941, pp. 107 – 108.
[798] *Memoria elevada al …*, 1942, p. 49 e pp. 51 – 54.
[799] *Memoria elevada al …*, 1943, p. 45.
[800] Fernández Asperilla, Ana: "Franquismo, delincuencia y cambio social", *Espacio, Tiempo y Forma*, núm. 17, 2005, p. 300.

> la criminalización de los débiles y de las víctimas, no sólo en el campo político sino también en el social.[801]

Pero para comprobar a verdadeira incidencia real deste aumento da criminalidade, particularmente entre os delitos comúns, podemos ver a súa evolución ao longo dos anos na seguinte táboa e gráficas, nas que aportamos datos exactos de procedementos coñecidos pola Audiencia Provincial de Pontevedra.

Táboa 8. Causas incoadas nos Xulgados de Instrución dependentes da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1939 – 1942

Tipo de delito	**1939**	**1940**	**1941**	**1942**	***Total***
Contra a propiedade	824	1284	1788	1349	*5245*
Contra as persoas	455	565	562	487	*2069*
Contra a orde pública	34	70	87	61	*252*
Feitos por accidente	88	85	53	25	*251*
Contra a honestidade	37	63	51	57	*208*
Falsidades	17	47	73	40	*177*
Imprudencias	65	66	20	16	*167*
Contra a liberdade e seguridade	24	50	32	48	*154*
Outros delitos definidos en leis especiais	8	31	31	76	*146*
Suicidios	17	25	35	20	*97*
Contra a honra (perseguibles de oficio)	17	21	24	32	*94*
De empregados públicos no exercicio dos seus cargos	17	16	23	23	*79*
Contra a saúde pública	8	8	8	3	*27*
Contra a Administración de Xustiza	2	4	1	13	*20*
Contra o estado civil das persoas	0	2	4	3	*9*
Xogos e rifas	0	0	4	0	*4*
Contra a Constitución	2	1	0	0	*3*
Contra a seguridade exterior do Estado	0	0	0	0	*0*
Total	*1615*	*2338*	*2796*	*2253*	*9002*

Fonte: elaboración propia a partir das Memorias do Fiscal do Tribunal Supremo entre 1940 e 1943.

[801] Fernández Asperilla: "Franquismo, delincuencia y …", 2005, p. 309. Unha perspectiva semellante atopámola en Mir, Conxita: "Justicia civil y control moral de la población marginal en el franquismo de posguerra", *Historia Social*, núm. 37, 2000, pp. 53 – 74.

Gráfica 11. Causas incoadas nos Xulgados de Instrución dependentes da Audiencia Provincial de Pontevedra, 1939 - 1942



Fonte: elaboración propia a partir das Memorias do Fiscal do Tribunal Supremo entre 1940 e 1943.

Se analizamos os datos para o período prebélico e o período posbélico poderemos, con todo, matizar o aumento de criminalidade. O primeiro que chama a atención é, sen dúbida, o aumento proporcional dos delitos contra a propiedade: cinguíndonos exclusivamente aos datos da provincia de Pontevedra, antes de 1936 estes supuñan o 50,1% do total e despois de 1939 a cifra ascende ao 58,3%. Tamén aumentan porcentualmente os delitos contra as persoas, pasando do 20,6% ao 23% antes e despois da guerra. Pola contra, descenden notablemente os delitos contra a orde pública, do 7% ao 2,8%; isto prodúcese, en parte, porque se trataba dunha competencia transferida á xurisdición militar, pero tamén hai que ter en conta neste decrecemento as propias particularidades ditatoriais do novo réxime —moito máis inflexible perante os delitos desta natureza— así como o proceso de persecución política que se viña desenvolvendo dende o golpe de Estado.

Porén, se comparamos as cifras en números absolutos, veremos que a criminalidade —ou, alomenos, os procedementos coñecidos polas Audiencias Provinciais— en termos xerais descende. No período 1931 – 1935, a Audiencia de Pontevedra incoa 12.927 causas mentres que, entre 1939 e 1942, 9.002. É certo que estamos comparando períodos desiguais, de cinco e catro anos respectivamente, pero o cálculo das medias anuais indican o mesmo patrón: 3.232 procedementos por ano na etapa prebélica fronte a 3.001 na posbélica. De forma paralela, a media anual de delitos contra a propiedade en Pontevedra durante a República é de 1.296, ascendendo aos 1.311 nos anos da inmediata posguerra. Trátase, como vemos, dun aumento que dista de ser exponencial, polo que debemos afastarnos de discursos de máximos a este respecto. Os delitos contra as persoas pasan dunha media de 532 a 517 respectivamente; mentres que os de honestidade tamén descenden lixeiramente, de 60 anuais antes do golpe a 52 trala vitoria sublevada. Máis drástica é a redución de delitos contra a orde pública, os cales amosaban unha media anual de 181 e na posguerra minguaron ata os 62 por ano. Pola contra, é significativa, aínda que non contundente, o aumento de causas incoadas por mor de suicidios, que pasaron das 15 anuais antes de 1936 ás 24 despois de 1939.

Mención á parte merece a cuestión do aborto. Como explicamos con anterioridade, nas estatísticas da Fiscalía, as súas cifras aparecen englobadas no epígrafe de delitos contra as persoas, en concordancia coa súa localización no Código Penal. En 1940, asegúrase que moitos fiscais son partidarios de reformar os delitos de aborto consentidos polas mulleres embarazadas, merecedor dunha penalidade superior á establecida:

> …con esta pretensión los Fiscales aspiran principalmente a evitar el «profesionalismo» en este nefando crimen, y, al propio tiempo, fijan una posición doctrinal, de moral irreprochable, frente a viciosas tendencias que proporcionan la casi libertad de la madre para disponer del fruto, ordinariamente involuntario, de la concepción, con el mismo degradante fundamento del maltusianismo y toda clase de maniobras anticoncepcionales, encubridoras del vicio.[802]

Como resposta a estas demandas e aos propios intereses pronatalistas do réxime, aos meses aprobarase a Lei de 24 de xaneiro de 1941 para a Protección da Natalidade, cuxa exposición de motivos dicía:

> La política demográfica es una de las preocupaciones fundamentales de nuestro Estado. No se concibe una política demográfica eficaz sin abordar el problema de los miles y miles de vidas que se frustran antes de nacer, por maniobras criminales. Así lo dice la experiencia y el asesoramiento de los técnicos a través de Entidades científicas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[802] *Memoria elevada al …*, 1940, p. 45.

> competentes. El estrago harto acusado en tiempos anteriores como consecuencia de un sentido materialista de la vida, adquirió caracteres de escándalo durante el régimen republicano, agudizándose aún más escandalosamente en aquellas zonas sometidas a la dominación del Frente Popular. El Gobierno, consciente de su responsabilidad, decide combatir el crimen social que el aborto provocado representa y que impide que nazcan muchos miles de españoles anualmente.[803]

Consecuentemente, atallábase a denominada *delincuencia feticida* declarando punible todo aborto que non fose espontáneo (art. 1), o cal foi recollido favorablemente pola Fiscalía. «Para los Tribunales ya no hay duda», escribe Blas Pérez nunha circular interna do Ministerio Fiscal do 5 de abril de 1941, «[t]oda vida embrionaria voluntariamente deshecha; toda esperanza de ser, cuyo definitivo y perfecto desarrollo violentamente se trunca; todo germen que, por obra criminal, no llega a ser hombre, constituyen el objeto del delito»[804]. A nova norma, con todo, non cumpriría os obxectivos desexados. Se ben non temos datos concretos para Pontevedra polo xa exposto, o fiscal da Audiencia Territorial da Coruña recoñecía o seguinte:

> Estábamos convencidos de que tan pronto se hicieran sentir los saludables rigores de la ley de 24 de enero de 1941, disminuiría el número de causas incoadas…; pero nos hemos equivocado, pues precisamente después de sentencias severísimas de esta Audiencia ha continuado sin interrumpirse la comisión del hecho.
>
> Es curioso que este delito haya arraigado tan bien y tan pronto en las aldeas de Galicia, donde los hijos naturales no fueron nunca motivo de escándalo ni deshonra ni de malestar en el hogar. Las causas hay que buscarlas en otra parte. En la corrupción de las costumbres, que a todos alcanza y a todas partes llega, y en el total olvido de las creencias y prácticas religiosas. Estas aldeanas, modelo antes de fecundidad y robustez, sin más preocupaciones que las familiares y las labores del campo, ahora se pintan los labios y no quieren arrastrar las molestias del embarazo y lactancia. …
>
> La mujer, ahora (algún caso hemos tenido de aborto, provocado por mujer casada honesta y honrada), prefiere la muerte a la maternidad, y lo consigue.[805]

Así as cousas, non conformes coa suficiente severidade da Lei para a Protección da Natalidade —tamén coñecida como Lei de Aborto—, na Memoria do 43 volverán a avivarse as demandas de maiores penas para a práctica de interrupción voluntaria do embarazo, coa fin de reverter o escaso éxito da normativa[806].

Centrándonos por fin nas fontes da AHPPo, este período é para o que máis abundantes fontes se conservan, conformando, como vimos repetindo, o groso da documentación da Audiencia Provincial de Pontevedra dentro do noso período de análise. A partir do 1 de abril de 1939 ata a fin do ano 42 consérvanse 87 procedementos —o 89,69% da mostra—, unha cifra alta se o comparamos coas causas que puidemos manexar para os anteriores períodos, pero francamente baixa en comparación cos milleiros de procedementos incoados pola Audiencia e dos que temos constancia mediante as Memorias da Fiscalía. Case todos eles se concentran nos dous últimos anos, sumando 72 procedementos entre 1941 e 1942, mentres que do ano 39 só se conservan 5 e do 40, 10.

---

[803] «Ley para la protección de la natalidad contra el aborto y la propaganda anticoncepcionista», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 33, 02/02/1941, pp. 768 – 770. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1941/033/A00768-00770.pdf [últ. consulta o 10/07/2022].

[804] *Memoria elevada al …*, 1941, p. 149 e ss.

[805] *Memoria elevada al …*, 1943, pp. 15 – 16.

[806] Unha delas é a introdución da figura do *feticidio*, "una transición entre el infanticidio y el aborto [que e]xiste cuando se priva de vida a la criatura estando parte de su cuerpo fuera del claustro materno", que si tería sido resolta no Código Penal italiano e era obxecto de debates entre os tratadistas alemáns. Apelar deste xeito aos xuristas nazis e fascistas como argumento de autoridade amosa a influencia destas correntes totalitarias xa non entre o propio goberno da ditadura, senón tamén entre os propios fiscais. *Memoria elevada al …*, 1943, pp. 16 – 20.

No total da mostra, de 87 procedementos incoados entre 1939 e 1942, procésanse a 138 persoas, das cales o 76,09% son varóns e o 23,91% son mulleres. Na meirande parte das causas (66,67%) xúlgase a unha única persoa, mentres que nun terzo delas os procesados actúan en grupo (33,33%). Aquelas persoas con antecedentes penais son unha clarísima minoría: apenas 10 sobre 138, dos cales 7 son homes e 3 mulleres; 9 tiñan antecedentes penais e só 1 antecedentes na xurisdición militar. Trátase de Rafael Gómez Novoa, xulgado na causa 387/40 por auxilio á rebelión e destinado ao campo de traballo para presos en Monteferro (Nigrán)[807]. No procedemento dirixido contra el na Audiencia Provincial por roubo e incoado o 28 de agosto de 1942, se ben é mencionada a existencia destes antecedentes, estes non son tidos en conta ou empregados con animosidade en contra do procesado, quen de feito é absolto no xuízo celebrado o 5 de xullo de 1948[808].

Cabe facer un breve paréntese para indicar que no total dos procedementos conservados na Audiencia Provincial entre 1930 e 1942 —non só os desta última etapa—, apenas aparecen involucradas persoas que fosen vítimas da violencia golpista. Esta afirmación non está carente dos seus matices, pois valémonos para o seu cotexo da base do proxecto de NeV o cal, como foi explicado con anterioridade, se atopa inconcluso ante a falta de fondos. En consecuencia, por exemplo, Rafael Gómez Novoa non está incluído na relación de vítimas do referido proxecto, xa que foi xulgado en tribunal militar en 1940. Asemade, non debemos esquecer o exiguo número de causas da Audiencia que chegaron ata os nosos días, polo que probablemente o número de coincidencias sexa significativamente maior do que nós podemos comprobar mediante as fontes. Deixando esta advertencia a un lado, cruzando a base de NeV coa elaborada por nós mesmas de persoas implicadas nos procedementos da Audiencia Provincial de Pontevedra, obtemos 6 coincidencias exactas, entre as que se atopa Fermín Bouza Brey —maxistrado na vista da causa contra Gómez Novoa en 1948 e vítima el mesmo de procesos depuradores, como veremos no capítulo 9—[809]. Alén deste, tamén atopamos ao procurador e político Maximiliano Pérez Prego, quen fora detido en Pontevedra e se lle abrira unha causa militar como presidente da Deputación tralo golpe; con todo, enfermaría estando no cárcere, polo que se paralizaron as actuacións xudiciais, falecendo finalmente o 31 de xaneiro de 1937 no Hospital Provincial.

As outras catro coincidencias correspóndese con persoas procesadas pola Audiencia Provincial, tres delas antes do golpe de Estado e a cuarta despois da guerra. Entre os primeiros atópase Ignacio Francisco Caneda Deza, preso na Provincial de Pontevedra e condenado en 1934 por atentado, inxurias e falta de lesións contra o xefe da prisión; en novembro de 1936 morrería con tan só 20 anos ao intentar fuxir do Penal de San Cristobal (Navarra)[810]. Outros dous resúltannos coñecidos xa: son os cenetistas Olegario Collazo Lago e Luis Quintas Figueroa, procesados na causa 37/936 que resultaría na entrada en prisión de Quintas en 1950 despois da súa tardía detención. Collazo, como recordaremos, tralo golpe participara na resistencia de Lavadores e logo fuxira ao monte —sen que estea claro que formase parte da guerrilla—. Falecería na zona dun disparo na cabeza en abril do 37, nun tiroteo cando ía ser detido pola Garda Civil. Pola súa banda, Quintas, acumularía numerosas causas militares ao longo dos case quince anos que estivo en rebeldía, ata ser finalmente detido en 1950[811]. En derradeiro lugar,

[807] C/387/40 (ca. 42, f. Pontevedra, AIMNOR).
[808] Procedemento 246/942, folio sen foliar (ca. 6517, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[809] Á parte, identificamos 19 coincidencias semellantes, que indicarían unha relación de consanguinidade entre vítimas da violencia golpista (NeV) e persoas involucradas en procedementos xudiciais penais (Audiencia Provincial).
[810] Non confundir coa fuga do 22 de maio de 1938. Procedemento 156/934 (ca. 6788, f. Audiencia Provincial, AHPPo) e ficha na base de NeV.
[811] Procedemento 37/936 (ca. 6780, f. Audiencia Provincial, AHPPo) e fichas na base de NeV.

atopamos a Gabriel Nogueira Agulla, mestre de Cotobade suspendido de emprego e soldo en setembro de 1936, que en 1941 sería procesado na Audiencia por un suposto delito contra a saúde pública, resultando nunha sentenza absolutoria[812]. Á parte, identificamos unha coincidencia máis da que non estamos completamente certas e que polo tanto excluímos da lista, xa que coincide o nome mais non a veciñanza; ademais, o implicado, condenado por asasinato en tribunal castrense durante a guerra e por furto na Audiencia na posguerra, era coñecido por empregar diversos nomes.

Retomando a análise dos procedementos da mostra abertos entre 1939 e 1942, o que máis chama a atención é o moito que se adía a súa resolución, sobre todo se o comparamos ás anteriores etapas onde pasaba relativamente pouco tempo entre a data de incoación e a do xuízo perante a Audiencia —con contadas excepcións, como a causa 37/936, por motivos de sobra coñecidos xa—. Mencionamos anteriormente o caso de Rafael Gómez Novoa, o cal tardou en resolverse case seis anos, pero este non é en absoluto unha excepción. Existen aínda procedementos que se resolven en cuestión de meses, como os procedementos 133/940, 176/941 ou 206/941 por furto, estafa e furto de fluído eléctrico respectivamente; pero son unha clara minoría. Nesta etapa, a meirande parte das persoas procesadas terán que agardar unha media de varios anos ata o sinalamento do xuízo oral, e non son poucos os casos que se aproximan e mesmo exceden a década sen motivos evidentes. É dicir, isto pasa mesmo con aquelas persoas que non estaban en rebeldía, que eran a meirande parte das persoas procesadas[813].

Este fenómeno de adiamento da resolución dos casos non é algo exclusivo da Audiencia pontevedresa, senón que se enmarca dentro dun contexto de saturación da administración de xustiza ordinaria derivada da falta de persoal e, sobre todo, da falta de interese do réxime por aliviar estes tribunais. A deficiencia de recursos —humanos, mais non só— xa fora censurada pola propia fiscalía nas súas memorias anuais. A situación sería especialmente crítica entre os anos 42 e 43, como estuda Mónica Lanero, cando apenas entre o 38% e o 32% das Audiencias do Estado contaban coa dotación completa do seu cadro de persoal[814]. Explícao a autora:

> La consecuencia del aumento de las funciones encomendadas a los tribunales y la simultánea reducción de sus efectivos no puede ser otra que un defectuoso funcionamiento de la administración de justicia, cuando no su colapso. Esta situación es en parte consecuencia de la guerra, pero fundamentalmente obedece a la política de prioridades del nuevo régimen, entre las que no parece encontrarse el correcto funcionamiento de los tribunales ordinarios, grandemente limitados en sus atribuciones, reducidos, en frase de Andrés Ibáñez, "a la resolución de pequeños litigios entre particulares".[815]

Porén, malia as comedidas denuncias dos membros da administración de xustiza, nos anos posteriores seguiría a ser evidente o abandono da mesma e a desidia da ditadura a poñer solución a un problema que, xa ben rematada a guerra, era a todas luces político. Ante isto, conclúe Lanero:

> En suma, en una situación de carencia de personal consecuencia de la guerra y fundamentalmente de la depuración política, y de paralelo aumento de la actividad

[812] Ficha na base de NeV e procedemento 385/941 (ca. 6500, f. Audiencia Provincial, AHPPo).
[813] Do total de 138 persoas da mostra, de feito, só 10 serán declaradas en rebeldía (todos varóns excepto unha muller) e, destas, tres serán localizadas e postas a disposición da xustiza. As sete restantes non chegan a ser xulgadas por acabar extinguíndose a responsabilidade penal coa prescrición do delito. Á parte, unha undécima procesada tampouco chega a ser xulgada por falecer durante o transcurso da instrución do sumario.
[814] Lanero Táboas: *Una milicia de* …, 1996, p. 381.
[815] Lanero Táboas: *Una milicia de* …, 1996, p. 359. A cita de Perfecto Andrés Ibáñez procede de *Justicia/Conflicto*, Madrid, Tecnos, 1988, p. 94.

USC

> judicial motivado por la recomposición económica y social de posguerra, las prioridades del régimen franquista son fundamentalmente de carácter represivo, detrayendo de una administración de justicia fuertemente necesitada de efectivos un número considerable de funcionarios para dedicarlos a las jurisdicciones de carácter político, a la vez que carga a los abastecidos organismo judiciales con el peso de la exigencia de las responsabilidades políticas —desde 1942— y una importante intervención en su política penitenciaria. La consecuencia más evidente de la prioridad represiva del Régimen fue la desatención del servicio ordinario de justicia.[816]

Alén do aumento da duración dos procedementos, tamén observamos para a etapa 1939 – 1942 un aumento de procedementos con *acusación privada*, ou o que hoxe coñecemos como acusación particular. Un 27,59% das 87 causas teñen acusación privada, presentada a instancia de 28 persoas físicas e xurídicas diferentes, das cales 17 son homes, 7 mulleres e 4 persoas xurídicas. En tres destas ocasións a acusación particular é retirada, actuando de oficio soamente a fiscalía no xuízo oral. Con todo, todo parece indicar que o aumento da acusación privada respondería máis á maior magnitude da mostra que a factores contextuais do período.

Máis interesantes poden ser as variacións nos delitos cometidos. De forma análoga para o total de procedementos da Audiencia visto nas Memorias da Fiscalía, na mostra conservada os delitos máis habituais son aqueles contra o patrimonio (46,07%) seguidos daqueles contra as persoas (33,71%). Descenden drasticamente os delitos contra a orde pública (2,25%), polo que, á parte dos mencionados, non hai ningunha outra categoría que despunte. Destacan, en concreto, os delitos de furto (24,72%), roubo (16,85%), lesións (11,24%) e estafa (10,11%). Cando atendemos ao sexo das persoas procesadas comprobamos que tendencia se reproduce entre os varóns, pero entre as mulleres as lesións son lixeiramente máis frecuentes que os roubos. A preeminencia do furto evoca ao xa comentado contexto de carestía xeneralizada e á expansión dos coñecidos como furtos famélicos. Se medimos o grao e a intencionalidade dos delitos, na súa maioría son consumados e dolosos, sendo o 3,37% en tentativa e 11,24% culposos.

En relación ao sentido dos fallos, a maioría das sentenzas foron condenatorias (62,32%). O 32,61% resultaron na absolución da persoa procesada, mentres que o 3,35% e 0,73% restante corresponde con casos onde a persoa non foi xulgada por quedar extinta a responsabilidade penal, ora pola prescrición do delito estando esa persoa en rebeldía, ora polo seu falecemento. No que respecta ao tipo de pena imposta ás 86 persoas condenadas, comprobaremos que as máis habituais foron as privativas de liberdade. Nun caso concreto, na causa 306/942 por roubo con homicidio, chégase a sentenciar a pena de morte; en 1962, a Audiencia acordará conmutar a pena de morte por 30 anos de reclusión maior, denegándolle a posibilidade de indulto[817]. A gráfica a continuación debulla as condenas segundo o sexo das persoas procesadas:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[816] Lanero Táboas: *Una milicia de* …, 1996, p. 403.
[817] Procedemento 306/942 (ca. 6516, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

Gráfica 12. Resolucións e penas impostas pola Audiencia Provincial de Pontevedra segundos sexo, 1939 - 1942



Fonte: elaboración propia a partir dos fondos do AHPPo.

Resulta complexo facer unha valoración xeral da actividade da Audiencia Provincial no período 1930 – 1942, tomando o golpe do 36 como elemento de ruptura. Unha complicación que vén derivada, fundamentalmente, da propia escaseza de procedementos que se conservan no AHPPo. Pero tamén debida á falta de contido político explícito dos propios procedementos, coa excepción do número 37/936, o cal mereceu a súa individualizada análise.

Secasí, as achegas da nosa investigación lévannos a suxerir que non se produciron grandes mudanzas na forma de administrar xustiza *per se*. Houbo cambios, abofé: por exemplo, a República procurou instaurar un dereito penal máis benévolo, centrado na reintegración e non no castigo das persoas penadas, o cal si caracterizaría á ditadura franquista. Asemade, as transformacións do contexto sociopolítico nos anos 30 tiveron a súa translación na propia litixiosidade: non é fortuíto que coa instauración do novo réxime autoritario nacido dun cruento golpe e guerra civil os delitos contra a orde pública caian en picado, en comparación coa marxe existente para os mesmos, aínda que fosen perseguidos, que se daba nun Estado de dereito.

USC DE COMPOSTELA

Con anterioridade ao golpe do 18 de xullo do 36, a Audiencia Provincial de Pontevedra, xunto cos Xulgados de Instrución que elaboraban os sumarios nas cabeceiras dos partidos e os elevaban á Audiencia para o seu axuizamento, actúan como prácticos tedores do monopolio da función xurisdicional de administrar o *ius puniendi* estatal, coñecendo en primeira e única instancia da case totalidade das condutas delituosas. Unicamente quedan fóra do seu ámbito competencial o que se dá en chamar *delincuencia de bagatela*, é dicir, as meras faltas, das que coñecía a xustiza municipal, e as condutas delituosas producidas no estrito ámbito castrense, das que se ocupaba a xurisdición militar. No exercicio da súa función, Audiencia e Xulgados actúan cunha notoria carencia de medios, eiva común a todo o sistema xudicial español que, no caso desta orde xurisdicional, se pon de manifesto xa no raquitismo da súa planta: fracasada a implantación das primitivas Audiencias do Criminal de ámbito modestamente infraprovincial, un único tribunal axuizaba toda a criminalidade da provincia. Únense a isto outras deficiencias que lastraban a instrución sumarial, como a ausencia dunha verdadeira policía xudicial ou a escasísima dotación do Ministerio Fiscal, cuxa participación na formación do sumario era practicamente nula. O resultado é unha instrución sumarial sucinta, agás en supostos de relevante gravidade, e sempre precaria; un axuizamento superficial e unhas sentenzas pouco ou nada motivadas. En definitiva, unha xustiza penal de pobres pobremente administrada. Con estas pexas, a actuación dos órganos da xurisdición penal fai gala dun certo ton profesional e dunha pretensión de apoliticidade mesmo nos supostos —non infrecuentes— en que as condutas axuizadas eran o resultado da polarización violenta dos chamados na retórica forense do momento *grupos de significación política oposta*.

Pese á pobreza dos medios, que mesmo se viu acentuada, o panorama da xurisdición penal mudou radicalmente tralo triunfo do golpe. Os órganos da xurisdición ordinaria ceden o protagonismo aos tribunais militares na corrección das condutas máis relevantes coa abrupta irrupción dunha orde anómala, ao tempo que manteñen unha significativa normalidade en relación a condutas ordinarias, cuxa relevancia foi degradada polo estoupido dunha violencia sistémica que pretende implantar unha *Revolución Nacional* totalitaria. O rol da xurisdición ordinaria nesa tarefa extraordinaria é necesariamente secundario, cando menos nos primeiros momentos.

De modo que é especialmente salientable que, en relación á delincuencia máis común entre a común, o continuísmo na actuación da Audiencia Provincial de Pontevedra e, polos datos que a documentación desta nos aporta, dos Xulgados de Instrución sexa absoluto, sen práctica solución de continuidade e sen parangón noutros espazos da actividade estatal. Nos días seguintes ao golpe, os Xulgados de Instrución e a Audiencia traballan con normalidade, cos mesmos efectivos e coas mesmas rutinas; malia que coa desaparición dalgúns operadores xurídicos, normalmente alleos ao aparello administrativo como determinados avogados e procuradores, vítimas desa violencia correccional á que a administración da xustiza ordinaria semella permanecer allea. Os órganos da xustiza penal ordinaria actúan nestes primeiros momentos, e tamén o farán logo conforme evolucione a institucionalización do Novo Estado, como unha instancia de normalización. Alén da adopción das consabidas fórmulas discursivas do novo réxime —imposible discernir cando se empregan ritualmente e cando de modo entusiasta—, a actuación xurisdicional é continuísta e non se aprecia un arredamento do apoliticismo formal tan característico da práctica forense, en clara contraposición coa linguaxe exaltada dos responsables ministeriais pero tamén dos altos dignitarios da maxistratura e singularmente da fiscalía cando se retoma a práctica das memorias anuais, nas que

USC DE COMPOSTELA

abertamente se repudia o apoliticismo da función xurisdicional en tanto que partícipe do *Movimiento*.

Esa actuación de forzada normalidade nun contexto tan radicalmente anormal é posible porque o protagonismo na imposición desa nova orde correccional é trasladado aos tribunais castrenses, en coherencia co rol directivo que o exército asume na dirección do Estado e na reforma da vida nacional. Nesta labor excepcional, que exixe solucións drásticas, o Exército desconfía dunha maxistratura que, aínda sendo moi maioritariamente afín ou cando menos comprensiva coa solución militar —máis aínda despois dos procesos depurativos que arredan aos reticentes—, é percibida como susceptible dun apego inconveniente ao legalismo de raíz liberal. A reasignación de funcións entre a instancia civil e a militar prodúcese mediante un baleirado das competencias da xurisdición ordinaria decretado xa nos primeiros bandos de guerra e, de forma xeneralizada, polo de 28 de xullo de 1936. Como vimos antes, este baleirado opera a través dun dobre movemento: o traslado competencial ao ámbito castrense de tódalas condutas susceptibles de atinxir á orde pública entendida como orde sociopolítica, e a redefinición exorbitante de tipos delituosos tradicionalmente asignados á xurisdición militar —singularmente o delito de rebelión— que pasa a integrar calquera tipo de conduta que exprese oposición ao triunfo do levantamento militar.

A consecuencia é a diminución das causas das que coñece a Audiencia Provincial e o seu constrinximento a condutas cuxa relevancia estaba depreciada nun contexto de violencia sistémica fóra do común. Progresivamente, o protagonismo da xurisdición castrense no mantemento da nova orde foi decaendo en favor de instancias con maior presenza civil; pero non tanto da xurisdición penal ordinaria como de novas xurisdicións ou (pseudo)xurisdicións especiais como as de responsabilidades políticas, de depuración de funcionarios, de persecución da masonaría e o comunismo ou, andando o tempo, outras máis xudicializadas como o Tribunal de Orde Pública. De modo que o restablecemento da competencia da xurisdición penal ordinaria na corrección de condutas política ou socialmente desviadas estivo limitado pola proliferación destas xurisdicións especiais, amén de pola persistencia dunha xurisdición castrense que, sen manter a extrema hipertrofia que acadou na guerra e na primeira posguerra, se reservou unha competencia exorbitante durante todo o franquismo. Esta relegación da xurisdición ordinaria posibilita, novamente, a súa actuación como instancia de normalización do anormal que é, ao noso xuízo, o trazo que mellor a caracteriza no período do que nos ocupamos.

Das causas das que coñeceu a Audiencia Provincial de Pontevedra nestes anos, a derivada do sumario 37/936 do Xulgado de Instrución de Vigo resulta especialmente paradigmática das modificacións de que falamos: pola natureza das condutas ás que se refire, por abarcar a súa tramitación períodos anteriores e posteriores ao golpe, e porque as circunstancias que demoraron o seu definitivo axuizamento ata a década dos 50 permiten constatar o modo en que a actuación do Estado xurisdicional se foi acomodando á normalización institucional do réxime franquista. A inicial instrución sumarial, producida no período republicano, foi dirixida a unha pescuda profesional de tódalas responsabilidades concorrentes, co resultado do procesamento de individuos do bando sindicalista e do falanxista —ou fascista, segundo a identificación común no momento, desvirtuada só despois da derrota do Eixe na Segunda Guerra Mundial por razóns estratéxicas evidentes—. Triunfante o golpe en Galicia, a instrución sumarial resulta notoriamente molesta, e a causa devén problemática polo entrecruzamento de responsabilidades que atinxen a elementos tanto identificados co novo réxime como inimigos del. Ao tratarse de feitos anteriores ao golpe, dos que xa viña coñecendo a xurisdición común e non susceptibles de encadrarse por razóns cronolóxicas no tipo

redefinido da rebelión, os tribunais penais ordinarios mantiveron a competencia. Así as cousas, as dificultades para a tramitación da causa derivadas da diáspora dos implicados converxen coa inconveniencia de someter a xuízo un suceso destas características e abocan a unha estraña latencia que só remata, inevitablemente, cando é detido o máis significado do grupo anarcosindicalista, convertido xa en *bandido* lendario e encausado en múltiples causas militares que se tramitan nos anos 50 como consellos de guerra sumarísimos. A solución, no ámbito penal ordinario, pasa pola exclusión da causa das responsabilidades do bando falanxista, para o que se deran os pasos lexislativos precisos xa que eran múltiples as causas abertas antes do golpe por graves delitos cometidos por elementos desta filiación como a mal chamada *amnistía* proclamada pola tamén mal chamada *lei* —as leis franquistas deste momento eran materialmente decretos da xefatura do Estado— de 8 de setembro de 1939; pero tamén pola exclusión dalgún dos integrantes do bando libertario e a concentración das responsabilidades no *bandido* cuxa caída provocou a ineludible reapertura da causa. Aínda que sae do noso marco cronolóxico, a sentenza recaída na Audiencia foi severa pero relativamente benévola. A que se ditou en casación polo Tribunal Supremo, moito máis dura. En todo caso, o reo salvou a vida, cousa que dificilmente tería sucedido de ser xulgado dez anos antes.

Como complemento de todo o anterior e para comprender a través de quen actuaba a xurisdición penal ordinaria na Audiencia Provincial de Pontevedra nos anos aos que se refire o noso estudo, rematamos o capítulo cunha nota a teor das personalidades máis destacadas que exerceron nese órgano, tanto na súa condición de maxistrados como en calidade de fiscais. Dende logo non pretende ser unha análise sociolóxica da maxistratura ou da fiscalía actuante na nosa Audiencia, o que rebordaría amplamente o noso propósito, pero si consideramos de interese unha aproximación ao perfil das persoas que administraban a xustiza que vimos de debullar. Os perfís que de seguida veremos poñen de manifesto que, malia o efecto homologador dos procesos de depuración, as relacións e posturas dentro da maxistratura franquista non deixan de ser problemáticos.

5.3. Os maxistrados da Audiencia Provincial de Pontevedra e outros profesionais da administración de xustiza

No capítulo anterior, sobre o Xulgado Municipal e o de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, elaboramos unhas breves notas prosopográficas dos máximos responsables de ámbolos dous xulgados —isto é, os xuíces; aínda que no caso de Primeira Instancia tamén engadimos aos secretarios— no período que nos concirne. Non se trataba, en ningún momento, de confeccionar unha detallada biografía de cada un dos suxeitos vistos, xa que non interesaban como individuos en si, nin tampouco unha valoración xeral da xudicatura ao non ser a mostra o suficientemente representativa; senón facer unha lectura política da súa liña de vida que nos achegue ao comportamento dos representantes da administración de xustiza na capital[818]. Neste epígrafe pretendemos facer o mesmo cos maxistrados da Audiencia Provincial.

[818] Unha perspectiva semellante, malia que executada de forma moi diferente, atopámola en Fernández-Crehuet López, Federico: *Jueces bajo el franquismo. Once historias (y una nota sobre la depuración de los funcionarios judiciales)*, Granada, Comares, 2011. A primeira parte da obra confórmana once pequenas prosopografías noveladas de xuíces que seguiron exercendo na zona republicana durante a guerra civil e que sufriron algún tipo de proceso represivo trala vitoria franquista. En contraposición, "[e]l respaldo y las explicaciones científicas de estos relatos se pueden encontrar … en la segunda parte del libro,donnde se expone, de un modo «académicamente más ortodoxo», cuál fue el proceso de depuración, quiénes fueron sus principales actores, qué normas lo rigieron y encauzaron, etc." (pp. 14 – 15).

Imaxe 19. Membros da Audiencia Provincial de Pontevedra no seu interior (anos 40, sen identificar)

Fonte: ATOPO (f. Joaquín Pintos).

O seguimento dos integrantes da Audiencia é máis complexo que para os outros dous casos vistos. Primeiro, porque ao ser un órgano colexiado, o tribunal estaba composto por varias persoas, a diferenza dos xulgados unipersoais municipais e de primeira instancia. Segundo, porque ao non conservarse a documentación das funcións gobernativas da presidencia da Audiencia ou outra documentación de carácter máis administrativo, non podemos facer un seguimento dos nomeamentos alén dos diarios oficiais, con todo o que iso implica en termos prácticos. E, en terceiro lugar, porque había moito movemento entre membros da xudicatura que, por exemplo, buscaban en destinos como Pontevedra facer carreira para ascender a outros de maior relevancia, exercendo moi pouco tempo na cidade lerense. Sendo esta a situación, optamos por tomar nota de cada un dos maxistrados, secretarios e fiscais da Audiencia, así como avogados que aparecían nos procedementos conservados no AHPPo —ata a data da sentenza, por acoutar cronoloxicamente a pescuda— para, entón, compoñer pequenas prosopografías destes profesionais da xustiza mediante outras fontes primarias á maneira do visto anteriormente. De entre o 122 perfís vistos, incluímos neste epígrafe aqueles que consideramos máis relevantes.

Táboa 9. Presidentes da Audiencia Provincial de Pontevedra (1930 – 1942)

Manuel Gómez Pedreira	Abril 1924 – xuño 1930
Policarpo Fernández Costas	Xuño 1930 – xuño 1931
Emilio Lacalle Matute	Xuño 1931 – xaneiro 1933
Antonio Señoráns Blanco	Xaneiro 1933 – maio 1934
Ildefonso Baquero Pérez	Maio 1934 – novembro 1939
José María Suárez Vence	Marzo 1941[819] – xullo 1957

Fonte: elaboración propia mediante o estudo de procedementos xudiciais, diarios oficiais e prensa histórica.

[819] Suárez Vence actuou como presidente accidental dende o falecemento de Ildefonso Baquero en novembro do 39, pero o seu nomeamento oficial se produciu en 1941. *El Pueblo Gallego*, 04/02/1940, p. 5. «Decretos de 27 de marzo de 1941 por los que se nombran Presidentes de las Audiencias Provinciales de Santander y Pontevedra a los señores que se citan, Magistrados de ascenso», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 100, 10/04/1941, p. 2423. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1941/100/A02423-02423.pdf [últ. consulta o 29/07/2022].

Entre os maxistrados —incluso interinos— que exercen na Audiencia Provincial de Pontevedra entre 1930 e 1942 identificamos a José Blanco García, Manuel Gómez Pedreira, Manuel Parrilla Baamonte, Policarpo Fernández Costas, José Boente Sequeiros, Antonio Tapia Seoane, Francisco de Paula Navarro, Emilio Lacalle Matute, José Alonso Carro, José María Suárez Vence, Miguel Peña de Andrés y García, Antonio Señoráns Blanco, Alejandro Mon y Landa, Joaquín Román Mancebo, Ildefonso Baquero Pérez, Ernesto Baltar Santaló, Álvaro Losada Fernández, José Spielgelberg y Horno, José Bellver Álvarez, Rufino Avelló y Avelló e Rafael Delgado Iribarren. Porén, como a resolución dos procedementos excedeu en moitos casos o noso marco cronolóxico, son máis os maxistrados que aparecen nas causas da Audiencia pontevedresa ata a lectura da sentenza: Manuel Álvarez Area, Julio Balboa López, Emilio Bartolomé Lojo, Fermín Bouza Brey Trillo, Ángel Campano y Jaume, Carmelo Castiñeira Urrutia, Joaquín de Castro Mateos, Roberto Colom Siquer, Manuel Feijóo García, José María Francés Fernández, Lorenzo Gesteira Lorenzo, Antonio Hoyuela del Campo, Prudencio Landín Carrasco, Alberto Lorenzo Santiago, Francisco Marco Montón, Ramón Jesús Mucientes Murugarren, Antonio Niño Astudillo, Fernando Roldán Martínez, Antonio Ruiz Vallejo, Carlos Sambeat Chicoy, Carlos Humberto Santaló Ponte e José María Saura Bastida. Os seus expedientes persoais foron consultados e consérvanse repartidos entre o AGMJ e o AHN.

Entre todos estes, cabe destacar aos que foron **presidentes da Audiencia**, que recollemos na táboa inmediatamente anterior: Manuel Gómez Pedreira, Policarpo Fernández Costas, Emilio Lacalle Matute, Antonio Señoráns Blanco, Ildefonso Baquero Pérez e José María Suárez Vence, sendo este último o máis recoñecido pola súa longa traxectoria en Pontevedra e o seu posterior ascenso ao Tribunal Supremo, tal e como estudamos no capítulo 4.

O caso de Manuel Gómez Pedreira ten unha certa similitude co de Suárez Vence, pois tamén chegaría a ser nomeado maxistrado do Tribunal Supremo na posguerra. Nado en 1879 en Negreira, iniciara a súa carreira en 1905 como xuíz de instrución no partido de Ordes, dende onde se trasladou a Carballo e, máis tarde, a León[820]. A continuación rotará tamén á Provincial de Badaxoz, a Trujillo (Cáceres), a Cáceres e a León novamente[821]. En 1921, foi destinado como maxistrado e volve á Audiencia Provincial de Badaxoz, mais non exerce apenas neste sitio, pasando ao pouco a ocupar a praza de tenente fiscal da Territorial de Valladolid[822]. Dende aquí é promovido como presidente da Provincial de Pontevedra en abril do 24, cidade coa que tiña algúns vínculos, como o seu parente político o médico republicano Amancio Caamaño[823]. Neste cargo estará seis anos, trasladándose en 1930 como maxistrado á Territorial de Oviedo[824].

[820] Expediente persoal núm. 13.939, sen foliar (AGMJ). «Administración de Justicia», Gaceta de Madrid,núm. 42, 11/02/1906, pp. 561 – 565. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1906/042/A00561-00565.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Subsecretaría.- Resoluciones adoptadas por este Ministerio respecto al personal de la carrera judicial y del Ministerio fiscal en el mes de Mayo último», *Gaceta de Madrid*, núm. 167, 16/06/1907, pp. 1064 – 1065. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1907/167/A01064-01065.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

[821] Expediente persoal núm. 13.939, sen foliar (AGMJ).

[822] «Real decreto promoviendo a la plaza de Magistrado de la Audiencia provincial de Badajoz a D. Manuel Gómez Pedreira, Juez de primera instancia y de instrucción de León», *Gaceta de Madrid*, núm. 47, 16/02/1921, p. 514. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1921/047/A00514-00514.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Real decreto nombrando para la plaza de Teniente fiscal de la Audiencia territorial de Valladolid a D. Manuel Gómez Pedreira, Magistrado de la provincial de Badajoz», *Gaceta de Madrid*, núm. 170, 19/06/1921, pp. 1068 – 1069. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1921/170/A01068-01069.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

[823] *El Pueblo Gallego*, 04/04/1924, p. 7. *El Eco de Santiago*, 21/11/1936, p. 1.

[824] Expediente persoal núm. 13.939, sen foliar (AGMJ). *El Pueblo Gallego*, 10/07/1930, p. 7. «Real decreto promoviendo a la plaza de Presidente de la Audiencia de Pontevedra a D. Manuel Gómez Pedreira, Teniente fiscal de la de Valladolid», *Gaceta de Madrid*, núm. 94, 03/04/1924, p. 91. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1924/094/A00091-00091.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Real decreto

Despois de solicitar o traslado fóra de Oviedo, cuxo clima —alega— lle resulta prexudicial e o nivel de vida demasiado alto, entra como maxistrado en Valladolid e logo en Burgos como presidente da Territorial, de onde volverá de cando en vez a Pontevedra de visita; no momento do golpe de Estado de 1936 atopábase veraneando coa súa familia en Negreira[825]. Ao formar parte da retagarda sublevada a zona noroeste da península, Gómez Pedreira puido volver sen gran demora a Burgos, capital provisional do novo Estado, onde efectuará diversos donativos patrióticos e presidirá a Asociación Mutuo-benéfica de funcionarios da Administración de Xustiza «en territorio liberado»[826]. En xuño do 40 é ascendido a maxistrado do Supremo e no 43 é nomeado presidente da Comisión de Penas Accesorias trala súa constitución, cargo que ocupa durante uns poucos meses[827]. Seguirá exercendo na Sala terceira do Tribunal Supremo ata o seu falecemento a mediados de 1947[828]. Gómez Pedreira é pai do que será fiscal da Audiencia Provincial de Pontevedra na inmediata posguerra, Manuel Gómez Reino[829].

Sobre Policarpo Fernández Costas falamos brevemente nunha nota ao pé do capítulo 3, pois foi o gobernador civil interino da provincia de Pontevedra tralo cese do gobernador monárquico e ata o nomeamento dun republicano novo tralas eleccións do 14 de abril de 1931. Nado en Tui, exercera como xuíz de Primeira Instancia e Instrución da cidade ata 1924, cando ascende a maxistrado da Provincial[830]. Tralo traslado de Manuel

nombrando Magistrado de la Audiencia territorial de Oviedo a D. Manuel Gómez Pedreira», *Gaceta de Madrid*, núm. 168, 17/06/1930, p. 1671. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1930/168/A01671-01671.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

[825] Expediente persoal núm. 13.939, sen foliar (AGMJ). «Real decreto trasladando a la plaza de Magistrdo de la Audiencia territorial de Valladolid a D. Manuel Gómez Pedreira», *Gaceta de Madrid*, núm. 210, 29/07/1930, pp. 659 – 660. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1930/210/A00659-00660.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Decreto nombrando Presidente de la Audiencia territorial de Burgos a D. Manuel Gómez Pedreira, Magistrado de ascenso que sirve en la Audiencia territorial de Valladolid», *Gaceta de Madrid*, núm. 146, 26/05/1931, p. 936. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/146/A00936-00936.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. *El Pueblo Gallego*, 06/09/1933, p. 8. *El Ideal Gallego*, 20/07/1935, p. 6. *El Ideal Gallego*, 19/07/1936, p. 3.

[826] *El Eco de Santiago*, 14/08/1936, p. 3. *Diario de Burgos*, 11/08/1936, p. 3. *Diario de Burgos*, 07/12/1936, p. 5. *Boletín Oficial de la Provincia de Soria*, núm. 214, 18/12/1936, p. 2. *Diario de Burgos*, 06/06/1938, p. 2. *Diario de Burgos*, 28/01/1939, p. 1.

[827] A Comisión de Penas Accesorias foi un organismo creado en 1943 para valorar o cumprimento das penas accesorias (ou sexa, as sancións penais impostas xunto á pena principal) daqueles "condenados por delitos derivados de la rebelión marxista" que se tivesen beneficiado dalgún tipo de liberdade condicional. A Comisión, de carácter mixto, estaba conformada por representantes da maxistratura, o Exército e Falanxe, e contra as súas resolucións non había opción de recurso. «Decreto de 22 de mayo de 1943 por el que se aclara el concepto de penas accesorias aplicables a los condenados por delitos derivados de la rebelión marxista», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 154, 03/06/1943, p. 5340. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1943/154/A05340-05340.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. Expediente persoal núm. 25.820, sen foliar (AGMJ). «Decreto (rectificado) por el que se nombra Magistrado del Tribunal Supremo a don Manuel Gómez Pedreira», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 154, 02/06/1940, p. 3784. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1940/154/A03784-03784.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Decreto de 19 de junio de 1943 por el que se nombra Presidente de la Comisión de Penas Accesorias a don Manuel Gómez Pedreira», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 192, 11/07/1943, p. 669. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1943/192/A06690-06690.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Decreto de 11 de noviembre de 1943 por el que se dispone el cese de don Manuel Gómez Pedreira, Magistrado de la Sala 3ª del Tribunal Supremo, como Presidente de la Comisión de Penas Accesorias», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 328, 24/11/1943, p. 11297. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1943/328/A11297-11297.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

[828] Expediente persoal núm. 13.939, sen foliar (AGMJ). «Decreto de 22 de septiembre de 1947 por el que se promueve a la plaza de Magistrado de la Sala tercera del Tribunal Supremo a don Ángel Villar y Madrueño, Magistrado de término», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 282, 09/10/1947, p. 5564. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1947/282/A05564-05564.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

[829] *El Pueblo Gallego*, 29/05/1940, p. 5.

[830] Expediente persoal núm. 12.796, sen foliar (AHN). «Real decreto promoviendo en el turno segundo a la plaza de Magistrado de la Audiencia de Pontevedra a D. Policarpo Fernánez Costas, Juez de primera instancia de Pontevedra», *Gaceta de Madrid*, núm. 68, 08/03/1924, p. 1208. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1924/068/A01208-01208.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Real decreto nombrando Presidente de la Audiencia provincial de Pontevedra a. Don Policarpo Fernández Costas», *Gaceta de Madrid*, núm. 168, 17/06/1930, p. 1671. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1930/168/A01671-01671.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

Gómez Pedreira a Oviedo en 1930, Fernández Costas pasa a ocupar a presidencia da Audiencia, mais ao ano tamén é promovido á Territorial de Oviedo, en xuño do 31[831]. De Oviedo pasa á Territorial da Coruña[832]. Será este o cargo no que estea no momento do golpe de Estado, sendo «vilmente asesinado por el cobarde comunismo» e «los esbirros del infame Casares Quiroga» o día 20 de xullo no Hotel Europa, o que lle valeu o cualificativo de «mártir de la patria» entre o persoal da Audiencia herculina[833].

A Fernández Costas substitúeo no cargo de presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra en xuño de 1931 Emilio Lacalle Matute[834]. Naceu en Nájera (Logroño) en 1877. Antes de chegar á cidade do Teucro estivera exercendo como xuíz de Primeira Instancia, maxistrado e fiscal de Audiencia en diversos destinos: Vitoria, Roa (Burgos), Barbastro (Huesca), Palencia, Lérida, Soria, Santander, Huesca, Sevilla, Oviedo…[835] No primeiro aniversario da República, xa como presidente da Provincial de Pontevedra, asistirá aos actos celebrados polo Partido Republicano Radical en Vigo, acompañado doutros persoeiros como o alcalde da cidade, o xuíz de Instrución e o comandante militar da praza. O 27 de xaneiro de 1933 Lacalle deixa o seu destino en Pontevedra para pasar a exercer como maxistrado na Territorial de Vitoria. É unha data na que coinciden grandes mudanzas nos responsables xudiciais da cidade: chega Antonio Señoráns Blanco para cubrir a vacante de Lacalle, xubílase o maxistrado da Provincial Manuel Parrilla, ascende á Audiencia Suárez Vence deixando o Xulgado de Instrución da capital, este será ocupado por Serapio del Casero[836]…

Despois da caída de Valencia durante a guerra, foi trasladado por necesidades de servizo á Audiencia desa cidade en calidade de presidente interino, podendo reintegrarse en Vitoria a finais do verán de 1939 e ascendendo como presidente da mesma ao ano seguinte[837]. Entre 1941 e 1944 é nomeado como maxistrado en Pamplona, Valladolid e Burgos. Finalmente, é designado como maxistrado do Supremo, servindo o cargo de presidente da Territorial de Zaragoza; neste destino permanece ata a súa xubilación en 1952, obtendo nese mesmo ano a Cruz de Honra de San Raimundo de Peñafort[838].

---

[831] «Decreto nombrando Magistrado de la Audiencia territorial de Oviedo a D. Policarpo Fernández Costas», *Gaceta de Madrid*, núm. 165, 14/06/1931, p. 1367. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/165/A01367-01367.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

[832] «Decreto nombrando para la plaza de Magistrado de la Audiencia territorial de La Coruña a D. Policarpo Fernández Costas, que sirve su cargo en la de Oviedo», *Gaceta de Madrid*, núm. 19, 19/01/1934, p. 498. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1934/019/A00498-00498.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

[833] *El Correo Gallego*, 21/07/1937, p. 1. *Vallibria*, núm. 342, 06/09/1936, p. 4. *El Ideal Gallego*, 14/08/1936, p. 4. *La Región*, 30/07/1936, p. 2.

[834] *El Progreso*, 16/06/1931, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 17/06/1931, p. 8.

[835] Expediente persoal núm. 14.301, sen foliar (AGMJ). *El Ideal Gallego*, 08/12/1926, p. 2. *El Correo Gallego*, 08/12/1926, p. 2. *Galicia Nueva*, 08/01/1927, p. 2. *El Ideal Gallego*, 30/09/1928, p. 2.

[836] *El Ideal Gallego*, 27/01/1933, p. 5.

[837] *El Pueblo Gallego*, 05/05/1939, p. 6. «Ministerio de Justicia.- Ordenes reintegrando como Magistrados de la Audiencia de Vitoria y Santa Cruz de Tenerife a los señores que se indican», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 256, 13/09/1939, p. 5109. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/256/A05109-05109.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Decretos de 2 de noviembre de 1940 por los que se nombran Presidentes de las Audiencias provinciales de Bilbao, Vitoria, Castellón, Gerona y León a los señores que se mencionan», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 321, 16/11/1940, p. 7893. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1940/321/A07893-07893.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

[838] Expediente persoal núm. 14.301, sen foliar (AGMJ). «Orden de 18 de julio de 1952 por la que se concede la Cruz de Honor de San Raimundo de Peñafort a don Emilio Lacalle Matute, Presidente de la Audiencia Territorial de Zaragoza», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 213, de 31/07/1952, página 3534. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1952/213/A03534-03534.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Decreto de 5 de septiembre de 1952 por el que se declara jubilado, por haber cumplido la edad reglamentaria, a don Emilio Lacalle y Matute, Magistrado de término, que sirve el cargo de Presidente de la Audiencia Territorial de Zaragoza», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 272, 28/09/1952, p. 4423. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1952/272/A04423-04423.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

Imaxe 22. Imaxes das autoridades no primeiro aniversario da República en Vigo, entre eles, o presidente da Audiencia Emilio Lacalle

LA FIESTA DE LA REPUBLICA EN VIGO.— 1, La marinería desfila por las Avenidas.— 2, El desfile por la calle de Colón.— 3, Las autoridades presenciando el paso de las fuerzas
Fotos EL PUEBLO GALLEGO.

Fonte: El Pueblo Gallego*, 16/04/1932, p. 8 (*Galiciana*).*

Antonio Señoráns Blanco, pola súa banda, nacera en Pontevedra —casando con María de la Esperanza Calvar Sancho, emparentada coa alta sociedade da capital[839]— pero fixera carreira como xuíz de Primeira Instancia en Ortigueira, en Celanova, en Santiago, fiscal na Territorial de Valencia, secretario na Audiencia de Badaxoz, maxistrado na Provincial de Ourense, na Territorial de Coruña, na de Oviedo, na Provincial de San Sebastián —aquí, como presidente—, na Territorial de Burgos, na de Zaragoza, na Provincial de Pamplona… entre outros destinos[840]. Retorna a Pontevedra para substituír a Lacalle en xaneiro do 33, permanecendo no posto pouco máis dun ano, pois en maio do 34 se traslada á Audiencia Territorial da Coruña, da cal tamén será presidente[841].

[839] *El Pueblo Gallego*, 06/05/1928, p. 15.

[840] Expediente persoal núm. 12.390, sen foliar (AHN). *El Diario de Pontevedra*, 02/03/1898, p. 3. *El Progreso*, 31/03/1914, p. 2. *El Diario de Pontevedra*, 20/10/1915, p. 2. «Subsecretaría.- Resoluciones adoptadas por este Ministerio respecto al personal de la carrera judicial y del Ministerio fiscal en el mes de Mayo último», *Gaceta de Madrid*, núm. 167, 16/06/1907, p. 1064 – 1065. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1907/167/A01064-01065.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].«Real decreto promoviendo a la plaza de Magistrado de la Audiencia provincial de Orense a D. Antonio Señorans y Blanco, Juez de primera instancia de Santiago», *Gaceta de Madrid*, núm. 245, 01/09/1920, p. 853. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1920/245/A00853-00853.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Real decreto trasladando a D. Antonio Señorans Blanco, Magistrado de la Audiencia de Oviedo, para igual cargo en la de La Coruña», *Gaceta de Madrid*, núm. 68, 08/03/1924, p. 1205. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1924/068/A01205-01205.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Real decreto nombrando, como excedente forzoso que fue de esta categoría, para la plaza de Presidente de la Audiencia provincial de San Sebastián a D. Antonio Señorans Blanco, Magistrado de la territorial de Oviedo», *Gaceta de Madrid*, núm. 106, 16/04/1925, p. 324. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1925/106/A00324-00324.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Real decreto nombrando Magistrado de la Audiencia territorial de Burgos a don Antonio Señorans Blanco», *Gaceta de Madrid*, núm. 67, 08/03/1927, p. 1436. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1927/067/A01436-01436.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Real decreto nombrando Magistrado de ascenso de la Audiencia territorial de Zaragoza a D. Antonio Señorans y Blanco», *Gaceta de Madrid*, núm. 101, 10/04/1928, p. 163. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1928/101/A00163-00163.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Decreto nombrando para la plaza de Magistrado de la Audiencia territorial de Oviedo a D. Antonio Señorans Blanco, Magistrado de Audiencia, Presidente de Sala y de la provincial de Pamplona», *Gaceta de Madrid*, núm. 170, 18/06/1932, p. 2003. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/170/A02003-02003.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

[841] «Decretos relativos a separación del servicio, jubilaciones, casos, ascensos, nombramientos y traslados de los funcionarios de la Carrera judicial que se mencionan», *Gaceta de Madrid*, núm. 27, 27/01/1933, pp. 642 – 674. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1933/027/A00642-00674.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

O 18 de agosto de 1936, a proposta do ministro de Xustiza do goberno de Azaña Manuel Blasco Garzón, decrétase a súa xubilación co dereito a percibir a compensación económica pertinente[842]. Estando en territorio de control rebelde, esta disposición ministerial, por suposto, non se cumpre, e Antonio Señoráns permanece como presidente da Audiencia en Coruña ata o seu traslado á Provincial de Teruel en novembro de 1937[843]. Como é sabido, ás poucas semanas prodúcese unha ofensiva republicana sobre a capital turolense co obxectivo de mover a fronte aragonesa para aliviar a situación na do norte, que resulta na rendición das tropas franquistas e na reconquista da cidade. Señoráns é entón detido e trasladado ao cárcere en Valencia, permanecendo alí ata o desenlace bélico coa caída da República. O seu retorno a Pontevedra é descrito en prensa nos seguintes termos:

> El Presidente de la Audiencia de Teruel, que fue condenado a muerte por los rojos.— Ayer ha llegado a nuestra ciudad el distinguido pontevedrés y digno Magistrado don Antonio Señoráns Blanco, hecho prisionero en Teruel, de cuya Audiencia era presidente, al ser invadida aquella población por los marxistas. El señor Señoráns fue llevado preso a Valencia y allí juzgado y condenado a muerte por sus sentimientos de patriotismo y de adhesión a la Causa Nacional. Circunstancias providenciales y la liberación de la bella ciudad del Turia por las invictas fuerzas del Generalísimo, le salvaron de aquella pena capital y de la prisión en que se hallaba. Los marxistas le hicieron pasar una odisea terrible, que dejaron profundas huellas en su estado físico, que es lamentable.[844]

Reincorpórase entón á Territorial da Coruña, da cal acabará sendo presidente[845]. Non será ata abril do 43 cando se efectúe a súa auténtica xubilación, por disposición ministerial do novo réxime[846]. O caso de Antonio Señoráns é interesante porque evidencia a vontade de control da administración de xustiza por parte da República. Un control que, nos primeiros momentos do golpe, se procura exercer seguindo os parámetros legais e se estende mesmo sobre aqueles territorios de retagarda onde perdera o poder efectivo: neste caso en concreto, pola vía da xubilación, en tanto que Señoráns cumpría cos requisitos para xubilarse no 36. Porén, o control teórico e o fáctico sobre o territorio chocan, e a

«Decreto nombrando Magistrado de la Audiencia territorial de La Coruña a D. Antonio Señoráns Blanco», *Gaceta de Madrid*, núm. 147, 27/05/1934, p. 1326. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1934/147/A01326-01326.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. «Decreto nombrando para la plaza de Presidente de Sala de la Audiencia territorial de La Coruña a D. Antonio Señorans y Blanco», *Gaceta de Madrid*, núm. 246, 03/09/1935, p. 1776. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1935/246/A01776-01776.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

[842] «Decretos declarando jubilados a los funcionarios de la carrera judicial que se indican», *Gaceta de Madrid,* núm. 232, 19/08/1936, pp. 1333 – 1334. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/232/B01333-01334.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

[843] De feito, no momento no que se ordena a súa xubilación, semella que Señoráns Blanco e atopaba na súa residencia vacacional en Marín, volvendo en setembro a Coruña. Namentres, identificamos o seu nome realizando donativos patrióticos en Pontevedra. *El Pueblo Gallego*, 04/09/1936, p. 6. *El Ideal Gallego*, 16/09/1936, p. 5. *El Pueblo Gallego*, 04/12/1937, p. 9. «Orden.- Nombrando Magistrado de la Audiencia provincial de Teruel, a don Antonio Señorans Blanco», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 407, 01/12/1937, p. 4603. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/407/A04603-04603.pdf [últ. consulta o 30/07/2022].

[844] *El Pueblo Gallego*, 06/04/1939, p. 6. En termos semellantes describe a epopea *El Ideal Gallego* (06/04/1939, p. 5), onde se engade que o seu fillo Enrique Señoráns Calvar, médico militar, estivo entre as tropas que tomaron Valencia e liberaron a seu pai.

[845] «Decretos nombrando Magistrados de las Audiencias de Madrid, Barcelona, La Coruña, Murcia, Santander y Cuenca», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 165, 14/06/1939, pp. 3241 – 3242. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/165/A03241-03242.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. *El Ideal Gallego*, 20/02/1942, p. 5.

[846] Trala súa xubilación, atopamos dúas notas en prensa en *El Pueblo Gallego* (09/07/1949, p. 2 e 22/08/1950, p. 2) nas que se fala de Antonio Señoráns Blanco como "Presidente de la sala del Supremo jubilado", mais nada parece indicar que ocupase tal cargo; no BOE non aparece tal nomeamento. «Decreto de 2 de abril de 1943 por el que se declara jubilado a don Antonio Señoráns Blanco, Magistrado de término», Boletín Oficial del Estado:
núm. 106, de 16/04/1943, p. 3386. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1943/106/A03386-03386.pdf [últ. consulta o 30/07/2022]. *El Ideal Gallego*, 04/03/1943, p. 2.

USC

disposición queda en papel mollado; a República non podía gobernar unha zona cuxo mando estaba a ser exercido dende os primeiros momentos do golpe polos militares sublevados. Pero, co devir dos acontecementos, a estratexia republicana muda e adopta fórmulas puramente bélicas; o control pasa entón a efectuarse pola vía do dereito de (re)conquista, procedendo a encarcerar a tódolos suxeitos considerados perigosos para a causa lexitimista, entre os que se atopan as autoridades franquistas e, como non, o presidente da Audiencia. En última instancia, a súa sentenza a pena capital en Valencia denota a responsabilidade que se lles presume como representantes do poder e, polo tanto, no contexto do golpe e da guerra, do inimigo a eliminar.

Trala marcha de Antonio Señoráns en maio de 1934, o tudense Ildefonso Baquero Pérez convértese no novo presidente da Audiencia Provincial. Anteriormente estivera en destinos como o Xulgado de Primeira Instancia de Pontedeume, a Audiencia de Bilbao, a de Ourense —nesta, chegando á súa presidencia—, a de Palma, a de Oviedo ou a de Coruña[847]. Nesta Territorial é onde intercambia con Señoráns cargo, trasladándose este a aquela e vindo Baquero a Pontevedra[848]. É pai do avogado Ildefonso Baquero Fortes, que tamén aparece na mostra de procedementos como avogado defensor, e foi un membro destacado do partido católico Acción Popular[849]. Baquero Pérez manterase como presidente desta Audiencia Provincial durante anos, tamén a partir de 1936: nas eleccións de febreiro foi, como era habitual, presidente da Xunta Provincial do Censo para o escrutinio electoral e, durante a guerra, preside xunto a outras autoridades fastos bélicos de toda índole e actúa como gobernador interino cando sexa necesario[850]. Asemade, identificamos en prensa diversos donativos en beneficio do *Movimiento* ao seu nome e se encarga da xestión da subscrición patriótica aberta entre o persoal xudicial de toda a provincia[851].

Ildefonso Baquero Pérez falece no cargo de presidente da Provincial o 23 de novembro de 1939 por mor dunha repentina enfermidade. A noticia da súa morte foi cuberta por *El Correo Gallego* coas seguintes liñas: «El finado era una autoridad

[847] Expediente persoal núm. 19.663, sen foliar (AHN). «Real decreto trasladando a la plaza de Magistrado de la Audiencia de Orense a D. Ildefonso Baquero Pérez, Magistrado de la de Bilbao», *Gaceta de Madrid*, núm. 94, 03/04/1924, p. 92. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1924/094/A00092-00092.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Real decreto nombrando para la plaza de Presidente de la Audiencia provincial de Orense a D. Ildefonso Baquero Pérez, Magistrado de ascenso que sirve el cargo de Magistrado en el propio Tribunal», *Gaceta de Madrid*, núm. 84, 25/03/1930, p. 1871. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1930/084/A01871-01871.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Decreto nombrando para la plaza de Magistrado de la Audiencia provincial de Oviedo a D. Ildefonso Baquero Pérez, Magistrado de Audiencia en la territorial de Palma de Mallorca», *Gaceta de Madrid*, núm. 170, de 18/06/1932, p. 2003. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1932/170/A02003-02003.pdf [últ. consulta o 01/08/2022].

[848] «Decreto nombrando Magistrado de la Audiencia territorial de La Coruña a D. Antonio Señoráns Blanco», *Gaceta de Madrid*, núm. 147, 27/05/1934, p. 1326. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1934/147/A01326-01326.pdf [últ. consulta o 01/08/2022].

[849] Participou de feito en varios mitins como orador en prol de Acción Popular, vicepresidíndoa dende 1936, e era membro das JAP. Comparte militancia no partido co tamén avogado Manuel Casqueiro Paz (de frecuente presenza nos procedementos que se conservan da Audiencia Provincial), que nas eleccións do 36 presentaríase nas listas da CEDA. Estivo durante a guerra na fronte como sarxento de Infantaría, sendo ferido en 1938 e volvendo ao seu Tui natal para recuperarse. Durante o franquismo integrará a corporación municipal da cidade como tenente alcalde. *El Pueblo Gallego*, 26/01/1936, p. 14. *El Ideal Gallego*, 28/01/1936, p. 5. *El Ideal Gallego*, 25/02/1936, p. 4. *Hoja Oficial del Lunes*, 19/09/1938, p. 5. *El Diario de Pontevedra*, 21/11/1938, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 24/05/1961, p. 8. No que respecta á nosa mostra, Baquero Fortes aparece no procedemento 132/941 (ca. 6578, f. Audiencia Provincial, AHPPo).

[850] Son numerosas en prensa da época as crónicas de tódolos actos aos que asiste en calidade de presidente da Provincial. Aparece tamén recollida a súa presenza na entrada "Franco, o condutor da nova España" do blog de Xosé Álvarez Castro (con data do 06/10/2014). Dispoñible en: https://anosdomedo.blogspot.com/2014/10/franco-o-condutor-da-nova-espana.html [últ. consulta o 01/08/2022]. *El Pueblo Gallego*, 25/02/1936, p. 14. *El Pueblo Gallego*, 06/07/1938, p. 7. *El Pueblo Gallego*, 01/09/1936, p. 1. *El Diario de Pontevedra*, 27/03/1937, p. 2. *El Diario de Pontevedra*, 02/07/1937, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 26/06/1938, p. 5.

[851] *El Diario de Pontevedra*, 09/12/1936, p. 2. *El Progreso*, 02/09/1936, p. 2. *El Diario de Pontevedra*, 15/03/1937, p. 1. *El Pueblo Gallego*, 30/12/1937, p. 9.

USC

honorable y un ferviente católico, gozando de general estimación en la capital. … Durante la república sufrió persecución por su gran amor a España, habiendo sufrido varios traslados», unha afirmación canto menos imprecisa posto que ocultaba que moitos deses traslados se produciran por solicitude do propio Baquero —tal e como testemuñan os decretos ministeriais publicados na *Gaceta de Madrid*—, pero que entronca cos intereses de creación dunha narrativa de certa épica ao termo da *Guerra de Liberación*, a cal non só a poden protagonizar aqueles que estiveron na fronte —como vimos no caso de Señoráns—, senón tamén os que viviron a contenda dende a retagarda[852]. Con todo, esta distinción de fronte/retagarda no caso do persoal xudicial era certamente vaga: a Orde do 20 de setembro de 1936 dispuña o cese de actividades non estritamente relacionadas coa xurisdición ordinaria a maxistrados, xuíces, secretarios, notarios e rexistradores da propiedade e a inmediata reincorporación aos seus respectivos postos de traballo:

> Las misiones que tienen a su cargo los funcionarios del orden judicial, así como los Notarios y Registradores de la Propiedad, son de capital importancia para el desenvolvimiento de la vida nacional, y es ineludible, por ello, prestarlas toda la atención y asiduidad precisas en evitación de los múltiples problemas que a la sociedad crearía su dejación. *El celo patriótico ha arrastrado a multitud de Magistrados, Jueces, Secretarios judiciales, Notarios y Registradores de la Propiedad a alistarse en las milicias que luchan por la redención de España* o a prestar servicios a las órdenes de las Autoridades militares, lo que ocasiona, en cambio, que *funciones de transcendencia notoria se hallen desatendidas cuando, en vías de total normalización las actividades del país, es más necesario ejercerlas debidamente*.[853]

O exercicio do poder xurisdicional na retagarda vemos como é considerada unha labor *de capital importancia* e *transcendencia notoria*, convertendo os tribunais en trincheiras dunha fronte interna que é vital ocupar. Sexa como for, o patriotismo, real ou non pero entendido en clave nacionalcatólica, é en 1939 o maior dos méritos. Secasí, logo veremos que posteriores disposicións matizarán e dirixirán o transvase de persoal xudicial á xurisdición castrense

Tralo pasamento de Baquero Pérez en novembro de 1939, pasa a exercer como presidente interino da Audiencia José María Suárez Vence, quen en realidade xa estaba a realizar tal labor ante ausencias de Baquero —ora por cuestións persoais, ora por obrigacións derivadas do cargo, como substituír ao gobernador da provincia—. Porén, o seu nomeamento oficial como presidente da Provincial de Pontevedra non se producirá ata marzo de 1941. Permanecerá no cargo ata xullo do 57, cando ascende como maxistrado do Tribunal Supremo, onde exerceu ata a súa xubilación en 1964. Non nos estenderemos na elaboración da súa prosopografía, xa vista no capítulo anterior, remitíndonos con tal motivo ao epígrafe 4.2.3.

[852] *El Correo Gallego*, 25/11/1939, p. 3. *El Correo Gallego*, 13/12/1939, p. 3.

[853] «Orden de 20 de septiembre de 1936. Disponiendo que cuantos Magistrados, Jueces, Secretarios judiciales, Notarios y Registradores de la Propiedad se hallen formando parte de milicias militarizadas cesen esos cometidos, reintegrándose al desempeño de sus cargos profesionales antes del día 1º del próximo mes de Octubre», *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, núm. 27, 24/09/1936, p. 107. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/027/J00107-00107.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. Cursiva nosa.

Imaxe 25. Diversas fotografías de autoridades pontevedresas, entre as que se atopa o presidente da Audiencia José María Suárez Vence

Fonte: ATOPO *(f. Joaquín Pintos).*[854]

Dende o punto de vista da militancia ou actuación política, podemos mencionar a **outros maxistrados** cuxa traxectoria tamén merece a pena recuperar, se ben retomaremos a cuestión da incidencia depuradora na maxistratura —dende unha perspectiva transversal a tódalas xurisdicións— no capítulo 9; de feito, será nese capítulo onde estudemos os casos do maxistrado Fermín Bouza Brey e o secretario da Audiencia pontevedresa Julio Lois, os cales sufriron os principais procesos depuradores da nosa mostra —aínda que, como veremos, con desigual resultado—. Á parte, cabe destacar ao o xuíz santiagués Emilio Bartolomé Lojo, nado en 1898 e maxistrado na Provincial entre 1948 e 1955. Durante a Restauración formara parte da *Juventud Maurista* e despois, como xuíz de Primeira Instancia en Muros, estaría integrado na maquinaria espoliadora das autoridades golpistas ditando requisitorias contra os republicanos perseguidos[855]. Paralelamente a esta actividade no contexto da guerra, Bartolomé Lojo tería axudado a esquerdistas a escapar de Muros e abriráselle un expediente de depuración «por [supuestas] relaciones de

[854] A primeira, membros da Xunta Provincial do Tribunal Tutelar de Menores de Pontevedra en 1943. Sentado, ao centro, o gobernador civil Genaro Riestra Díaz, xunto a Faustino Fraile, José María Suárez Vence, Luis Ponce de León, Sinforiano Melero, Quiroga, Rafael Areses, Ferrero, de Dios, Prudencio Landín, Xosé Filgueira Valverde, entre outros. A segunda e terceira fotografías correspóndense coas comitivas presidenciais nas procesións do Corpus en Pontevedra na década de 1940 e 1950 (sen identificar), nas que se atopa Suárez Vence.

[855] *El Compostelano*, 04/06/1921, p. 2. *Boletín Oficial de la Provincia de La Coruña*, núm. 13, 18/01/1927, p. 2. Ver tamén Agrafoxo, Xerardo: "Fusilamento do noiés Constantino García Rial, en 1938", *La Voz de Galicia*, 24/09/2010. Dispoñible en: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/barbanza/2010/09/24/fusilamento-do-noies-constantino-garcia-rial-1938/0003_8743221.htm [últ. consulta o 02/08/2022].

concomitancia y afecto con elementos destacados del Frente Popular y sus simpatías por el Movimiento revolucionario»; porén será sobresaído en abril de 1937, posto que —coinciden a fiscalía, o xuíz de instrución e a superioridade— os indicios sobre os que Bartolomé Lojo é acusado son «muy débiles» e que el mesmo é tido por «adherido y colaborador honrado y leal [del Movimiento Nacional]»[856]. Reintegrado sen sanción no seu posto, será ao ano e medio trasladado a Melilla como xuíz de Primeira Instancia e Instrución e vogal do Tribunal Rexional de Responsabilidades Políticas, volvendo ao tempo a Galicia: primeiro a Vigo como xuíz de Primeira Instancia (1941) e, despois de rotar por outros destinos, a Pontevedra como maxistrado (1948). Avanzado o franquismo, irá ascendendo ata chegar a ser maxistrado da Territorial de Madrid, cargo que ocuparía no momento do seu falecemento en 1960[857].

No mesmo extremo do taboleiro político que o anterior, podemos destacar a José Boente Sequeiros, nado en Salceda de Caselas en 1860 e moi próximo ao Partido Liberal, particularmente arredor das figuras de Montero Ríos e Eduardo Vicenti. Antes de ser maxistrado suplente en Pontevedra —cargo ao que renunciou en 1940, apenas uns anos antes de falecer—, fora decano do Colexio de Avogados da cidade con Manuel Portela Valladares, impulsara a creación do xornal *El Progreso* e traballara de redactor xefe en *El Diario de Pontevedra*, presidira a Deputación Provincial entre 1901 e 1903, e exercera como gobernador civil en lugares como Cáceres, Pontevedra, Zaragoza, A Coruña, Sevilla e As Palmas[858]. Non se conserva o seu expediente persoal, pero, após a consulta en diarios oficiais, a diferenza do caso de Bartolomé Lojo non nos consta que recibise ningún tipo de sanción ou se lle abrisen expedientes en ningún momento.

No que poderiamos identificar como centro-dereita, atopamos a Alejandro Mon y Landa —Alejandro Mon-Landa Landa, para diferencialo de seu pai—, membro dunha prominente familia de políticos e xuristas pontevedreses que combinou a súa actividade pública co exercicio intermitente na Audiencia como maxistrado suplente nos anos 30. Fundador do Partido Agrario de Galicia, deputado a Cortes pola Cañiza, vogal na conformación do Somatén Armado de Galicia, Asturias e León… nas eleccións de febreiro do 36 engrosa a lista centrista de Portela Valladares —xunto a outros coñecidos dos tribunais pontevedreses como os avogados Valentín Paz Andrade, Ramón Salgado Pérez, Isidoro Millán Mariño ou Prudencio Landín Tobío—, obtendo o maior número de votos de devandita lista con case 43.000 papeletas. Como tantos outros —non volveremos a insistir no seu carácter coercitivo—, fixo entrega de diversos donativos patrióticos tralo golpe, destacando un de 1.000 pesetas o 1 de abril de 1939 «con motivo de la total liberación de España» e un anterior dunhas cuantiosas 5.000 pesetas en prol do exército sublevado. Isto non evitou que se lle instruíse un expediente de responsabilidades políticas por mor das reunións de carácter político que celebraba no seu domicilio na inmediata posguerra, satisfacendo en 1940 a consecuente sanción económica para poder recuperar os seus bens[859].

[856] Instúe o expediente o xuíz de Primeira Instancia e Instrucción de Pontevedra Serapio del Casero. Expediente de depuración núm. 15.166, sen foliar (AGMJ).
[857] Expediente persoal núm. 15.248, sen foliar (AGMJ).
[858] *El Progreso*, 20/02/1930, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 18/01/1944, p. 8. Un artigo biográfico de Boente Sequeiros, baseado en fontes documentais, atopámolo no blog *Largando lastre y letras* de Jesús Presa: "José Boente Sequeiros– Aquel muchacho de Esfarrapada, Salceda de Caselas, que gobernó siete provincias" (con data do 01/10/2014). Dispoñible en: http://largandolastreyletras.blogspot.com/2014/10/jose-boente-sequeiros-aquel-muchacho-de.html [últ. consulta o 02/08/2022].
[859] Lamas Estévez, Manuel: "La saga Alejandro Mon en el Condado", *Faro de Vigo*, 14/09/2013. Dispoñible en: https://www.farodevigo.es/opinion/cartas-al-director/2013/09/14/saga-alejandro-mon-condado-17371731.html [últ. consulta o 02/08/2022]. Álvarez Castro, Xosé: "O Somatén", blog *Pontevedra nos anos do medo*, 16/04/2014. Dispoñible en: https://anosdomedo.blogspot.com/2021/04/o-somaten.html [últ. consulta o 02/08/2022]. «Orden nombrando Magistrado suplente de la Audiencia de Pontevedra a D. Alejandro Mon Landa», *Gaceta de Madrid*,

Outros maxistrados da Audiencia caracterizáronse polas súas posturas abertamente reaccionarias, tanto antes como despois do golpe. Por exemplo, de Ángel Campano y Jaume, destinado na Provincial entre 1950 e 1951, sábese que foi declarado desafecto á República durante a guerra —o que é considerado un mérito no seu expediente—, pois exercía daquela en Bilbao como xuíz de Primeira Instancia[860]. Outro caso é o de Álvaro Losada Fernández, avogado e político pontevedrés que, ao igual ca Mon, compatibilizaba a súa profesión coas labores políticas: foi fiscal municipal da cidade, membro da deputación provincial e da corporación municipal nos anos 20… No 35 é nomeado presidente da *Unión Regional de Derechas* lerense, e no 36 é proposto como candidato ás Cortes por Víctor Lis Quibén e Wenceslao González Garra[861].Tralo golpe de Estado, Losada destaca por actuar como comisario da Xunta Carlista de Guerra de Pontevedra, integrar a Milicia Nacional de Segunda Liña e realizar numerosos donativos á *Causa Nacional*. Cando remata a guerra e, polo tanto, os seus «servizos bélicos» na retagarda, é nomeado maxistrado suplente da Audiencia Provincial, xusto o 14 de abril de 1939, compaxinando o seu exercicio nos tribunais coa comisión xestora municipal, da cal tamén formará parte durante a posguerra[862].

núm. 183, 02/07/1933, pp. 29 – 30. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1933/183/A00029-00030.pdf [últ. consulta o 02/08/2022]. «Orden nombrando Magistrado suplente de la Audiencia de Pontevedra a D. Alejandro Mon y Landa», *Gaceta de Madrid*, núm. 360, 26/12/1933, p. 2146. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1933/360/A02146-02146.pdf [últ. consulta o 02/08/2022]. *El Ideal Gallego*, 18/02/1936, p. 2. *El Ideal Gallego*, 25/02/1936, p. 4. Álvarez Castro, Xosé: "A celebración da Victoria", blog *Pontevedra nos anos do medo*, 01/04/2014. Dispoñible en: https://anosdomedo.blogspot.com/2014/04/a-celebracion-da-victoria_1.html [últ. consulta o 02/08/2022]. *El Pueblo Gallego*, 12/08/1936, p. 5. Álvarez Castro, Xosé: "Masonería en Pontevedra (III): o caso Isidoro Millán", blog *Pontevedra nos anos do medo*, 23/12/2008. Dispoñible en: https://anosdomedo.blogspot.com/2008/12/masonera-en-pontevedra-iii-o-caso.html [últ. consulta o 02/08/2022]. Álvarez Castro, Xosé: "O virreinado de «papá Manuel» (e 2)", blog *Pontevedra nos anos do medo*, 02/08/2020. Dispoñible en: https://anosdomedo.blogspot.com/2020/08/o-virreinado-de-papa-manuel-e-2.html [últ. consulta o 02/08/2022]. «Administración de justicia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 38, 07/02/1940, pp. 616 – 628. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1940/038/C00616-00628.pdf [últ. consulta o 02/08/2022]. *El Compostelano*, 24/10/1939, p. 2. De Alejandro Mon y Landa tampouco se conserva o seu expediente persoal.

[860] Ficha de Ángel Campano Jaume, 1937 (Centro Documental de la Memoria Histórica (Salamanca). Unidade dixitalizada dispoñible en: http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/description/11486080?nm [últ. consulta o 02/08/2022].

[861] Á súa vez, ambos foron importantes e coñecidos colaboradores civís dos militares golpistas en Pontevedra, aínda que amosaron o seu apoio de forma diversa: Lis Quibén encargándose do "traballo sucio", liderando a Garda Cívica da capital e destacándose como un infame verdugo na memoria oral; pola súa banda, González Garra (quen era moi próximo ao xeneral Mola) financiou xenerosamente os preparativos da conspiración.

[862] *La Región*, 21/09/1912, p. 2. *La Región*, 08/09/1916, p. 1. Acta da sesión constitutiva do 01/04/1925, folio 63. Libro de actas da Deputación de Pontevedra, 1923 – 1925 (ADPPo). *La Voz de la Verdad*, 01/04/1925, p. 2. *El Diario de Pontevedra*, 14/01/1929, p. 2. *El Diario de Pontevedra*, 22/10/1936, p. 4. *El Pueblo Gallego*, 14/05/1937, p. 3. *El Diario de Pontevedra*, 20/07/1937, p. 4. O seu papel entre o carlismo pontevedrés tamén é recollido no blog *Pontevedra nos anos do medo* (Álvarez Castro, Xosé: "Por Dios, por la Patria y el Rey", do 03/07/2009) e *Carlismo Galicia* (s.a.: "Nombres y datos de la Comunión Tradicionalista en Pontevedra durante la II República y la Cruzada del 36", do 05/07/2018). Ambos dispoñibles en: https://anosdomedo.blogspot.com/2009/07/por-dios-por-la-patria-y-el-rey.html e https://www.carlismogalicia.com/2018/07/nombres-y-datos-de-la-comunion.html [últ. consulta o 02/08/2022]. «Orden nombrando Magistrados suplentes de las Audiencias provinciales de Gerona, Pontevedra, Teruel y Tarragona», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 116, 26/04/1939, pp. 2252 – 2253. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/116/A02252-02253.pdf [últ. consulta o 02/08/2022]. *El Correo Gallego*, 29/08/1942, p. 3. Non se conserva o seu expediente persoal.

Imaxe 28. Homes no concello de Pontevedra, entre eles, Álvaro Losada (anos 20)

Fonte: ATOPO *(f. Joaquín Pintos).*

Á parte, tamén podemos comentar o caso de Francisco de Paula Navarro y Ramírez de Verger, sevillano nado en 1882 que exercerá na Provincial de Pontevedra entre 1930 e 1933. Nese ano, despois de numerosas solicitudes de traslado fóra de Galicia —alegando que «este clima no se acomoda a las exigencias de su salud» e atoparse «a gran distancia de su familia y de sus intereses patrimoniales»—, tomará posesión na Audiencia Provincial de Badaxoz. Neste destino é onde se atopa mo momento do golpe de Estado, onde exercerá —a partir do 41, como presidente— ata o seu pasamento en 1956[863]. A Francisco de P. Navarro tamén se lle incoou un expediente de depuración, pero o seu caso é diferente ao de Bartolomé Lojo, asemellándose máis ao visto no capítulo anterior de Miguel Álvarez Montesinos: ao ter formado Badaxoz parte da retagarda republicana, polas Ordes do 8 e 12 de xuño de 1940 é norma practicar dilixencias informativas —na forma que recolle a Lei de Depuración de Funcionarios do 10 de Febreiro de 1939— a aqueles que exerceran o seu cargo baixo control republicano[864]. Ao seu favor, declara o expedientado, que se atopaba en Chipiona de vacacións o 18 de xullo de 1936, presentándose inmediatamente no concello para prestar adhesión ao *Movimiento* e inscribíndose nas «milicias ciudadanas de Chipiona» e en Falanxe; e que en favor deste desempeñou múltiples servizos como xuíz en consellos de guerra ou como instrutor en expedientes gobernativos de depuración de conducta político-social de funcionarios, entre outros méritos. Ao terse probado que estivo en todo momento en *territorio nacional*, as dilixencias informativas serán sobresaídas e arquivadas[865].

Comparte similitudes co percorrido de Losada Ernesto Baltar Santaló. Avogado nado en Padrón en 1900, Baltar Santaló é membro dunha coñecida saga familiar: fillo de Ernesto Baltar Cortés e pai de Ernesto e Ramón Baltar Feijóo. En 1928 foi escollido xuíz

[863] Expediente persoal núm. 14.535, sen foliar (AGMJ).

[864] «Orden por la que se dispone que los funcionarios que desempeñaban destino en poblaciones liberadas, con anterioridad a la aplicación de la Ley de 10 de febrero de 1939 soliciten su depuración», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 161, 09/06/1940, p. 3965. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1940/161/A03965-03965.pdf [últ. consulta o 11/05/2022]. «Orden por la que se aclara la de 8 del mismo mes sobre depuración de funcionarios que desempeñaban destino en poblaciones liberadas con anterioridad a la aplicación de la Ley de 10 de febrero de 1939», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 165, 13/06/1940, p. 4069. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1940/165/A04069-04069.pdf [últ. consulta o 11/05/2022]. «Ley fijando normas para la depuración de funcionarios públicos», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 45, 14/02/1939, pp. 856 – 859. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/045/A00856-00859.pdf [últ. consulta o 11/05/2022].

[865] Expediente de depuración núm. 15.718, sen foliar (AGMJ).

municipal suplente da capital pontevedresa, pero a comezos da década dos 30 deixa o posto para preparar as oposicións a delegado provincial de Traballo e habilitarse para o notariado. Uns anos despois, en 1935, é nomeado maxistrado suplente da Audiencia para ocupar a vacante de Alejandro Mon. Formará parte da CEDA pontevedresa e, ao igual que Álvaro Losada, no 36 Lis Quibén e González Garra propóñeno como candidato a Cortes[866]. En xuño de 1937 pasa a ocupar a alcaldía de Pontevedra en substitución de Eladio Becerril, polo que deixa o cargo na Provincial. A súa chegada ao goberno local coincidiu coa morte do xeneral golpista Mola, ocasión que aproveitou para «renova[r] adhesión» a Franco e ao *Glorioso Movimiento*. Segundo Álvarez Castro, o «ferviente patriota» Baltar Santaló tivo un importante papel na elaboración de informes negativos nos procesos de incautación de bens; concretamente, nos das organizacións *Juventud Lerezana* e *Sociedad Unión Agrícola de Lérez*. De forma paralela, sería colaborador literario da revista *Martín Códax*. Mantense como alcalde ata pouco despois de rematar a guerra, cando é sucedido por Remigio Hevia Marinas en xuño de 1939. Na posguerra seguiría exercendo como avogado e ocuparía o posto de conselleiro delegado da empresa *Estañíferas de Galicia S.A.* No 51, será nomeado vogal do Contencioso-Administrativo[867].

O último dos maxistrados no que brevemente nos imos deter é Antonio Ruiz Vallejo, nado en Estepona (Málaga) en 1900[868]. Este non exerceu na Audiencia Provincial de Pontevedra durante a guerra, pero si estivo vinculado á violencia golpista aplicada mediante os tribunais a partir do verán de 1936. Nun escrito de Ruiz Vallejo á Comisión de Xustiza da Xunta Técnica do Estado de febreiro do 37, este explica a súa experiencia en «territorio rojo» durante sete meses:

> [Estando en Estepona por permiso de verano] el 19 [de julio de 1936] por la mañana fui detenido y agredido, resultando lesionado, por las turbas rojas que me condujeron violentísimamente a la Prisión del Partido, sin alegar otra razón ni motivo que el mero hecho de pertenecer a laa Carrera judicial. En el mismo día, fueron igualmente encarcelados … casi todos los funcionarios públicos y personas decentes del pueblo, a quienes después robó y saqueó cuanto pudo la canalla comunista.
>
> Una vez liberada Málaga de la tiranía roja, dirigí telegramas de adhesión incondicional y saludo a esa Presidencia, Audiencia Territorial de Sevilla y Audiencia de Córdoba … con el fin de que constara mi presentación y que me adhería de la manera más clara y terminante al Glorioso Movimiento Salvador de España … [869]

Nomeado xuíz de Primeira Instancia e Instrución de Morón de la Frontera (Sevilla) en 1938, o investigador José María García Márquez sinala a Ruiz Vallejo como

---

[866] Álvarez Castro, Xosé: *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936 – 1939)*, Vigo, Xerais, 2013, pp. 11 – 62.

[867] *El Pueblo Gallego*, 12/01/1933, p. 10. *El Pueblo Gallego*, 15/11/1933, p. 11. *El Pueblo Gallego*, 09/08/1935, p. 13. «Orden nombrando Magistrado suplente de la Audiencia de Pontevedra a D. Ernesto Baltar Santaló, Letrado», *Gaceta de Madrid*, núm. 218, 06/08/1935, p. 1192. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1935/218/A01192-01192.pdf [últ. consulta o 02/08/2022]. *El Pueblo Gallego*, 11/02/1936, p. 10. «Orden.- Admitiendo la renuncia del cargo de Magistrado suplente de la Audiencia de Pontevedra, a D. Ernesto Ballar Santaló», Boletín Oficial del Estado, núm. 248, 25/06/1937, p. 2059. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/248/A02059-02059.pdf [últ. consulta o 02/08/2022]. *El Pueblo Gallego*, 01/04/1964, p. 25. *El Ideal Gallego*, 02/06/1937, p. 3. *El Ideal Gallego*, 05/06/1937, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 16/03/1938, p. 6. *El Pueblo Gallego*, 25/07/1939, p. 9. Álvarez Castro, Xosé: "Incautacións de bens: Juventud Lerezana", blog *Pontevedra nos anos do medo*, 22/07/2009. Dispoñible en: https://anosdomedo.blogspot.com/2009/07/incautacions-de-bens-juventud-lerezana.html [últ. consulta o 02/08/2022]. Álvarez Castro, Xosé: "Sociedade de agricultores de Lérez", blog *Pontevedra nos anos do medo*, 22/05/2020. Dispoñible en: https://anosdomedo.blogspot.com/2020/05/sociedade-de-agricultores-de-lerez.html [últ. consulta o 02/08/2022]. *Martín Códax*, núm. 56, 13/07/1939, p. 26. *La Noche*, 21/11/1966, p. 6. *El Pueblo Gallego*, 10/04/1951, p. 2. Non se conserva o seu expediente persoal.

[868] Expediente persoal núm. 16.992, sen foliar (AGMJ).

[869] Expediente persoal núm. 16.992, sen foliar (AGMJ).

un dos moitos membros da administración de xustiza ordinaria que durante a guerra colaboraron prestando os seus servizos nas causas militares. Así, este tería combinado a súa función como xuíz de Primeira Instancia coas actuacións como vogal poñente e fiscal en consellos de guerra na provincia de Sevilla a partir do golpe de Estado e no primeiro franquismo, exixindo duras penas para os acusados:

> Ruiz Vallejo, como tantos jueces del nuevo régimen, avalado por esa fidelidad demostrada cuando de sumarísimos de represión se trató, seguiría ascendiendo en su carrera judicial y desempeñó entre otros cargos, los de magistrado en la Audiencia Provincial de Bilbao, en la Audiencia Territorial de Valladolid y en la de Madrid.[870]

Trala vitoria franquista, Ruiz Vallejo retornou á Primeira Instancia en xulgados como os de Utrera (Sevilla), Sacedón (Guadalaxara) ou Barcelona. Foi dende aquí dende onde se trasladou á Audiencia Provincial de Pontevedra en 1951, destino no que apenas estivo, pois a finais de ano se confirma o seu ascenso á Territorial da Coruña, a partir da cal seguiría crecendo na súa carreira profesional[871].

A xurisdición castrense nunca tivera unha insuficiencia de persoal tan grandes como a partir do golpe de Estado do 18 de xullo. Non porque se tivese producido unha redución nos efectivos do Corpo Xurídico Militar, senón porque este era a todas luces insuficiente ante as necesidades de servizo que implicaba a utilización de consellos de guerra para xulgar —e eliminar— a poboación civil acusada dun comportamento político supostamente inaceptable. Unhas necesidades de servizo que, ademais, non cesaban de aumentar segundo o exército sublevado conquistaba novos territorios. Como recordaremos, nun primeiro momento, a Xunta de Defensa Nacional dispuxo mediante unha Orde do 20 de setembro de 1936 que todo o persoal xudicial mobilizado en milicias ou a disposición das autoridades militares «[cesase] en esos cometidos, reitegrándose al desempeño de sus cargos profesionales»[872]. Porén, ante a previsión dunha pronta caída de Madrid entre novembro e decembro de 1936 pero, sobre todo, ante a posterior evidencia de que isto non sería así e o golpe derivaría nunha máis dilatada contenda bélica, a Xunta Técnica do Estado posibilita a transferencia de profesionais xurídicos ao Exército, como oficiais honoríficos do Corpo Xurídico Militar.

---

[870] Unha consulta ao seu expediente confirma o nomeamento de Ruiz Vallejo como oficial primeiro honorario do Corpo Xurídico Militar e a súa posta a disposición para servizos xurídicos militares á auditoría de guerra na praza de Córdoba (expediente persoal núm. 16.992, sen foliar, AGMJ). García Márquez, José María: *Una razia espantosa. Arahal, 1936.* s.e., s.f., p. 244. Dispoñible para consulta en: https://todoslosnombres.org/libro/una-razia-espantosa-arahal-1936/ [últ. consulta o 02/08/2022]. Ver tamén a p. 319 e p. 569.

[871] «Índice cronológico mensual», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 123, 31/10/1938, pp. 2107 – 2131. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1938/123/I02107-02131.pdf [últ. consulta o 02/08/2022]. «Administración de justicia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 213, 01/08/1942, pp. 3132 – 3136. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1942/213/C03132-03136.pdf [últ. consulta o 02/08/2022]. «Administración de justicia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 277, 03/10/1944, pp. 3853 – 3862. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1944/277/C03853-03862.pdf [últ. consulta o 02/08/2022]. «Decreto de 9 de febrero de 1951 por el que se promueve a la plaza de Magistrado de ascenso a don Antonio Ruiz Vallejo, Magistrado de entrada, que desempeña el Juzgado número siete de Barcelona, destinándole a servir su cargo en la Audiencia Provincial de Pontevedra», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 70, 11/03/1951, p. 1048. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1951/070/A01048-01048.pdf [últ. consulta o 02/08/2022]. «Decreto de 14 de diciembre de 1951 por el que se nombra para la Plaza de Magistrado de la Audiencia Territorial de La Coruña a don Antonio Ruiz Vallejo, Magistrado de ascenso, que sirve su cargo en la Audiencia Provincial de Pontevedra», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 357, 23/12/1951, p. 5817. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1951/357/A05817-05817.pdf [últ. consulta o 02/08/2022].

[872] «Orden de 20 de septiembre de 1936. Disponiendo que cuantos Magistrados, Jueces, Secretarios judiciales, Notarios y Registradores de la Propiedad se hallen formando parte de milicias militarizadas cesen esos cometidos, reintegrándose al desempeño de sus cargos profesionales antes del día 1º del próximo mes de Octubre», *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, núm. 27, 24/09/1936, p. 107. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/027/J00107-00107.pdf [últ. consulta o 01/08/2022].

Mónica Lanero aproximouse ao estudo deste proceso, concluíndo as dificultades da súa análise en termos cuantitativos, pero destacando como «[e]l préstamo de personal judicial a la justicia castrense indic[ó] una vez más la subordinación de la justicia ordinaria a la militar, no sólo en competencias, sino también en recursos humanos»[873]. Incide tamén a investigadora na magnitude da «militarización voluntaria de magistrados, jueces y fiscales que abandonan el servicio del Juzgado o la Audiencia por el desempeño de funciones jurídico-militares en Consejos de Guerra y asesorías jurídicas de Auditorías y ministerios militares», á parte da mobilización obrigatoria daqueles profesionais do dereito que eran chamados ao servizo militar pola súa idade[874]. Este servizo voluntario respondía en ocasións a presións contextuais, como no caso de xuíces que exerceran en zona republicana e se incorporaron inmediatamente a funcións xurídico-militares en prol de tentar superar un máis que probable proceso depurativo. Remítenos isto ao caso de Fermín Bouza Brey, que estudaremos en detalle no capítulo 9: malia que non está claro se a súa colaboración en Auditorías de Guerra foi forzada ou non, non sería descabezado pensar que esta puido ser unha estratexia coa que disipar calquera tipo de dúbida trala resolución do seu expediente en 1937.

Este servizo extraordinario excedeu os prognósticos cronolóxicos iniciais, pois conxecturábase que o anormal aumento de necesidades do Corpo Xurídico Militar só habería durar o transcurso da guerra. Pero a conquista total do poder e as tarefas de limpeza política determinou o mantemento dos consellos de guerra alén do 39 e a instauración de novas xurisdicións especiais con presenza do Exército —como a de Responsabilidades Políticas—, o cal, á súa vez, condicionou a permanencia destes efectivos accidentais no corpo. Entre o 41 e o 42 habería certos intentos de desmobilización deste persoal honorífico, en paralelo á redución xeneralizada de tribunais militares en todo o país, pero esta tendencia paralizaríase de novo por necesidades do servizo ata mediados dos anos 40: desta vez, debidas ás labores de revisión de penas dunha absolutamente desproporcionada poboación reclusa. Sentencia Lanero: «jueces y fiscales fueron los primeros en ser admitidos en el Cuerpo Jurídico Militar, y son también la última profesión jurídica en ser desmovilizada, lo que evidencia la eficacia y rentabilidad de este colectivo para la justicia castrense»[875].

En definitiva e como xa sabemos, o transvase competencial e de medios da xurisdición ordinaria á militar situou á administración de xustiza nunha posición de especial precariedade, sobre todo en materia de persoal; foron vistas con anterioridade as queixas do Ministerio Fiscal a este respecto nas súas memorias anuais. A situación foi máis crítica, con todo, naqueles sitios onde ambas actividades —a ordinaria e a xurídico-militar— non se podían compaxinar, o que non sucedía nas capitais de provincia que, como Pontevedra, tamén eran sede dunha importante praza militar.

O caso de Antonio Ruiz Vallejo sérvenos de enlace con outra figura esencial nos tribunais que, non en poucas ocasións, tivo un importante papel no exercicio desta violencia golpista xudicializada: os **fiscais**. Algúns fiscais que exerceron na Audiencia pontevedresa e que identificamos a través causas conservadas son Ángel Alonso (Martín?), Fernando Chapuli, Cándido Conde Ferreiro, Alfonso del Moral y Luna, Emilio Macho Alonso, Amador Ruibal Amor, Eugenio Olavarrieta ou Emilio Vaz. Malia que non todos formaron explicitamente parte da maquinaria persecutoria dos golpistas, algúns si estiveron moi vinculados a Falanxe tanto antes como despois do golpe: é o caso, por exemplo, de Juan Antonio Martínez Casanueva, fiscal na Audiencia de Pontevedra dende

[873] Lanero Táboas: *Una milicia de* …, 1996, p. 361 e ss.
[874] Lanero Táboas: *Una milicia de* …, 1996, p. 363.
[875] Lanero Táboas: *Una milicia de* …, 1996, p. 365.

1947 ata finais dos 60, tempo durante o cal recibiu, entre outras distincións, a Medalla á Vella Garda de FET[876]. Asemade, foi delegado provincial da sección de Xustiza e Dereito de Falanxe, un posto que ocupou en Ourense a nivel local Manuel Gómez Reino —fillo, recordamos, do antigo presidente da Audiencia Manuel Gómez Pedreira[877]—, cidade en cuxa Audiencia traballaba; non se trasladaría a Pontevedra ata 1941, ano no que é nomeado delegado provincial da sección de Información e Investigación da *FET de las JONS* ourensá. Gómez Reino deixará Pontevedra cunha excedencia voluntaria no 44, alternando o oficio de fiscal co de notario en diferentes destinos[878].

Deteñámonos con maior detalle nun fiscal civil da Provincial de Pontevedra que, como oficial honorífico do Corpo Xurídico Militar, si colaborou explicitamente con esta modalidade violenta e quen ademais é tristemente recordado polo seu papel no consello de guerra contra Alexandre Bóveda: Ramón Rivero de Aguilar y Otero[879].

Imaxe 31. Fotografías de Ramón Rivero de Aguilar con motivo da súa voda con María Díaz de Rábago (1931)



El distinguido joven santiagués, Dr. D. Ramón Rivero de Aguilar y Otero —hijo del que fué nuestro inolvidable amigo, el catedrático de la Universidad Literaria, D. José— que en reñidas oposiciones obtuvo el primer número en el cuerpo judicial de Fiscales. Nuestra cordial enhorabuena, por tan señalado triunfo.

Fonte: El Eco Franciscano*, 15/01/1931, p. 16 e* Vida Gallega*, 20/01/1931, p. 20* (Galiciana).

[876] «Orden de 31 de diciembre de 1947 por la que se traslada a la plaza de Abogado Fiscal de la Audiencia Provincial de Pontevedra a don Juan Antonio Martínez Casanueva, Abogado Fiscal de entrada interino», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 7, 07/01/1948, p. 110. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1948/007/A00110-00110.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Orden de 7 de julio de 1959 por la que se nombra para la plaza de Teniente Fiscal a don Juan Antonio Martínez Casanueva. Abogado Fiscal de término», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 168, 15/07/1959, p. 9774. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1959/168/A09774-09774.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. *El Pueblo Gallego*, 23/05/1963, p. 12. *El Pueblo Gallego*, 30/11/1963, p. 13. *El Pueblo Gallego*, 04/10/1967, p. 12. *El Pueblo Gallego*, 29/05/1969, p. 11.

[877] Á súa vez, Gómez Reino foi pai de Manuel Gómez-Reino Carnota, secretario xeral adxunto do Partido Socialista Democrático Español no 76 e candidato da Alianza Socialista Democrática ao Congreso pola provincia da Coruña. *El Correo Gallego*, 24/08/1951, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 11/03/1976, p. 24. *El Pueblo Gallego*, 20/05/1977, p. 24.

[878] *El Pueblo Gallego*, 16/01/1930, p. 5. *La Región*, 18/10/1936, p. 4. *El Pueblo Gallego*, 18/12/1937, p. 9. *La Región*, 07/12/1938, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 29/05/1940, p. 5. *El Compostelano*, 29/05/1940, p. 2. *El Compostelano*, 06/08/1940, p. 4. *El Correo Gallego*, 05/02/1941, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 29/07/1941, p. 4. *El Correo Gallego*, 03/09/1946, p. 4. *El Pueblo Gallego*, 02/08/1956, p. 11. «Decreto por el que se declara excedente voluntario a don Manuel Gómez Reino, Fiscal provincial de entrada», Boletín Oficial del Estado, núm. 9, 09/01/1945, p. 296. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1945/009/A00296-00296.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Índice cronológico mensual», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 181, 30/06/1953, pp. 3942 – 3982. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1953/181/A03942-03982.pdf [últ. consulta o 01/08/2022].

[879] Como veremos a continuación, o destino oficial de Rivero de Aguilar era a Territorial da Coruña. Porén, tralo golpe tomará parte de consellos de guerra sumarísimos, alomenos, nas provincias da Coruña, Pontevedra, Ourense e Lugo.

Ramón Rivero de Aguilar, fillo do catedrático e deputado provincial José Rivero de Aguilar y Gutiérrez de la Peña, nace en Santiago de Compostela arredor de 1902 no seo dunha familia pertencente á alta sociedade[880]. A súa posición económica permítelle, de feito, facer o servizo militar como soldado de cota a comezos dos anos 20[881]. Despois de licenciarse Dereito na universidade compostelá —onde foi un dos dirixentes da *Federación de Estudiantes Católicos*[882]— en 1923, permanece nela durante uns anos como profesor axudante da cátedra de Dereito Penal. En 1925, a mesma USC financia e permítelle realizar unha estadía formativa en Parín e en Roma, aquí ao abeiro do penalista Enrico Ferri, quen daquela xa se declaraba abertamente fascista e admirador de Benito Mussolini, e cuxa teoría criminolóxica influenciaría de xeito evidente a Rivero de Aguilar[883].

Obtén a praza de xuíz municipal suplente en Compostela en 1930, pero en decembro dese ano aproba co número 1 as oposicións á fiscalía, escollendo a Audiencia Provincial de Pontevedra como destino en 1931, onde substitúe a Eugenio Olavarrieta[884]. Aos meses de tomar posesión na praza, o 28 de xuño, Rivero de Aguilar sufrirá un asalto de camiño a un colexio electoral en Lalín xunto a dous apoderados galeguistas, onde ía exercer en calidade de notario habilitado. Malia que non houbo feridos e só estiveron retidos unha hora —o tempo xusto para que rematasen as operacións electorais que o fiscal debía supervisar—, os agresores foron procesados por un delito de atentado e coacción electoral[885].

A figura de Ramón Rivero de Aguilar foi tamén estudada polo xornalista Xosé Enrique Acuña. Sobre a súa primeira etapa na Provincial, expresa:

> Rivero acadou sonoros fracasos nalgúns dos casos penais que representa desde a fiscalía (como no caso dun crime acontecido en Cotobade xulgado en marzo de 1933), deu mostras do agre do seu carácter (se cadra vítima dos recentes problemas familiares) e á vez transmite de xeito explícito un clasismo —social e corporativo— que lle impide conectar coa Pontevedra máis popular.[886]

---

[880] Os Rivero de Aguilar eran (e seguen a ser) os propietarios do coñecido pazo do Faramello, en Ribasar (Rois) e dun claustro catedralicio en Compostela como panteón familiar. O seu irmán José Rivero de Aguilar, militar e enxeñeiro, tamén gozará dunha notoria influencia, particularmente durante a ditadura, chegando ao cargo de subsecretario de Obras Públicas e tendo unha relación próxima con Franco. Secasí, os vínculos de Ramón estenderanse asemade á súa familia política, pois en 1931 casa con María Díaz de Rábago Paseiro, de preeminente posición social. Esta falecerá ao pouco de contraer matrimonio, polo que Rivero de Aguilar casará en segundas nupcias cunha irmá da finada, María Teresa Díaz de Rábago Paseiro. *El Compostelano*, 07/01/1931, p. 3.

[881] Temos noticias de que Rivero de Aguilar rematou o seu servizo militar como soldado de cota no Rexemento de Infantaría de Mariña en decembro de 1920. Esta figura implicaba o pago dunha cantidade para reducir (que non eliminar) sensiblemente o tempo no Exército, entre outros privilexios. *El Compostelano*, 20/12/1921, p. 2. Sobre o tema, consultar Quesada González, José Miguel: *El reservismo militar en España*, Tese de doutoramento inédita, Universidad Nacional de Educación a Distancia, 2013, pp. 181 – 184.

[882] *El Compostelano*, 13/01/1922, p. 2.

[883] *El Ideal Gallego*, 12/10/1923, p. 2. *El Compostelano*, 20/11/1924, p. 2. *El Ideal Gallego*, 25/01/1925, p. 3. *El Compostelano*, 17/02/1925, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 26/06/1925, p. 11. *El Pueblo Gallego*, 06/03/1926, p. 8. *El Pueblo Gallego*, 10/04/1926, p. 8. *Eco de Galicia*, núm. 315, 01/01/1927, p. 39. *El Eco de Santiago*, 17/10/1928, p. 3. *El Eco de Santiago*, 11/10/1929, p. 2. *El Compostelano*, 27/05/1930, p. 2.

[884] *El Compostelano*, 17/06/1930, p. 1. *El Compostelano*, 19/12/1930, p. 3. *El Progreso*, 03/06/1931, p. 3. *El Ideal Gallego*, 04/06/1931, p. 5. «Orden nombrando con carácter interino para la plaza de la categoría de Abogado fiscal de entrada a D. Ramón Rivero de Aguilar y Otero, el cual pasará a servir el cargo de Abogado fiscal de la Audiencia provincial de Pontevedra», *Gaceta de Madrid*, núm. 153, 02/06/1931, p. 1128. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/153/A01128-01128.pdf [últ. consulta o 01/08/2022].

[885] Acompañábano Luis Huesa Pérez e Álvaro de las Casas, os cales abandonarían o Partido Galeguista tempo despois: o primeiro para afiliarse a Dereita Galeguista, e o segundo para formar Vangarda Nazonalista Galega. *El Progreso*, 14/09/1933, p. 2. Recolle o episodio tamén Álvarez Castro, Xosé: "Incidente en Rodeiro", blog *Pontevedra nos anos do medo*, 06/02/2022. Dispoñible en: https://anosdomedo.blogspot.com/2022/02/incidente-en-rodeiro.html [últ. consulta o 01/08/2022].

[886] Acuña, Xosé Enrique: "O fiscal que acusou a Bóveda e tantas outras historias da familia Rivero de Aguilar", blog *BiosBardia*, 01/12/2016. Dispoñible en: https://biosbardia.wordpress.com/2016/12/01/o-fiscal-que-acusou-a-boveda-

En maio do 33, faise público o seu trasladado á Territorial da Coruña, onde coincide co fiscal Rafael Alonso y Pérez-Hickman, quen tamén integraría o Corpo Xurídico Militar durante a guerra e máis tarde sería destinado á Provincial de Pontevedra; ambos compartiron espazo co seu superior Gustavo Varela Radío, pontevedrés e outro colaborador da xustiza militar golpista[887]. Seguían exercendo na Coruña no momento do golpe de Estado de 1936, estando os tres designados para a Sala de Vacacións da Audiencia dende o 15 de xullo[888]. A adhesión de todos eles e nomeadamente a de Rivero de Aguilar á causa sublevada é practicamente inmediata: dende ese mesmo verán atopámolo exercendo como fiscal en calidade de tenente auditor mobilizado en procedementos militares sumarísimos en prazas de toda Galicia, solicitando durísimas

e-tantas-outras-historias-da-familia-rivero-de-aguilar/ [últ. consulta o 01/08/2022]. Cabe advertir que o artigo, malia que moi completo e de lectura proveitosa, ten algunha imprecisión no que respecta a certos datos.

[887] Antes, Rafael Alonso y Pérez-Hickman estivera destinado en Audiencias como a de Las Palmas, a de Córdoba ou a de Ourense. Tralo golpe, diversas fontes sitúano como tenente auditor honorífico no cargo de vogal poñente en consellos de guerra en prazas como Asturias ou Salamanca. Durante a ditadura rotará como fiscal en diferentes Audiencias, entre as que se atopan a de San Sebastián, a de Pontevedra, a de Burgos… establecéndose na Territorial de Valladolid. En 1960 obterá por méritos a Cruz de Honra de San Raimundo de Peñafort e en 1971 será promovido á praza de fiscal xeneral do Tribunal Supremo a proposta do ministro de Xustiza Antonio María de Oriol y Urquijo. «Reales órdenes nombrando Abogados fiscales de entrada, interinos, de las Audiencias de Castellón y Las Palmas a D. Julio Fernández Divar y a don Rafael Alonso y Pérez Hickman», *Gaceta de Madrid*, núm. 231, 19/08/1927, p. 1026. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1927/231/A01026-01026.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Real orden nombrando Abogado fiscal de la Audiencia provincial de Córdoba a D. Rafael Alonso y Pérez Hickman», *Gaceta de Madrid*, núm. 125, 04/05/1928, p. 679. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1928/125/A00679-00679.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Real orden nombrando Abogado fiscal de término de la Audiencia de Orense a don Rafael Alonso y Pérez-Hickman», *Gaceta de Madrid*, núm. 292, 18/10/1928, p. 389. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1928/292/A00389-00389.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Órdenes promoviendo a las plazas de Abogados fiscales de término y ascenso a los señores que se indican», *Gaceta de Madrid*, núm. 32, 01/02/1933, pp. 809 – 817. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1933/032/A00809-00817.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Decreto de 17 de septiembre de 1942 por el que se nombra Abogado Fiscal de la Audiencia Territorial de Valladolid a don Rafael Alonso y Pérez Hickman», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 275, 02/10/1942, p. 7787. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1942/275/A07787-07787.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Decreto de 18 de junio de 1948 por el que se nombra para la plaza de Fiscal de la Audiencia Provincial de San Sebastián a don Rafael Alonso Pérez Hickman, Fiscal provincial de ascenso», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 180, 28/06/1948, p. 2787. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1948/180/A02787-02787.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Decreto de 28 de noviembre de 1952 por el que se promueve en turno segundo, a la plaza de Fiscal de término a don Rafael Alonso Pérez Hickman, Fiscal de ascenso, que sirve el cargo de Fiscal de la Audiencia Provincial de San Sebastián, pasando a servir la plaza de Teniente Fiscal de la Audiencia Territorial de Burgos», Boletín Oficial del Estado, núm. 344, 09/12/1952, p. 5968. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1952/344/A05968-05968.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Decreto de 24 de septiembre de 1954 por el que se nombra para la plaza de Teniente Fiscal de la Audiencia Territorial de Valladolid a don Rafael Alonso Pérez Hickman, Fiscal de término, que sirve igual cargo en la Audiencia, Territorial de Burgos», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 281, 08/10/1954, p. 6779. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1952/344/A05968-05968.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Orden de 18 de julio de 1960 por la que se concede la Cruz de Honor de San Raimundo de Peñafort a don Rafael Alonso Pérez Hickman, Fiscal de la Audiencia Territorial de Valladolid», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 184, 02/08/1960, p. 10804. Dispoñible en: https://www.boe.es/boe/dias/1960/08/02/pdfs/A10804-10804.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Decreto 207/1971, de 28 de enero, por el que se promueve a la plaza de Fiscal general a don Rafael Alonso Pérez-Hickman», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 39, 15/02/1971, p. 10804. Dispoñible en: https://www.boe.es/boe/dias/1971/02/15/pdfs/A02473-02473.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. Ver tamén a entrada "Isidro Liarte Lausín, gobernador civil de Asturias diez días de Julio de 1936", de Marcelino Laruelo en 2004, dentro do blog *Asturias Republicana. Divulgación de la Historia del Movimiento Republicano y su Ideario*. Dispoñible en: https://www.asturiasrepublicana.com/muertesliarte.htm [últ. consulta o 01/08/2022]. Alonso Pérez-Hickman aparece como vogal no consello de guerra dunha vítima da violencia golpista na base de datos da asociación *Salamanca por la Memoria y la Justicia*. Dispoñible en: http://salamancamemoriayjusticia.org/vic_ver.asp?id=19144 [últ. consulta o 01/08/2022]. *El Ideal Gallego*, 31/05/1933, p. 1. «Órdenes nombrando Abogados fiscales de la Audiencia territorial de La Coruña a D. José Gómez Naveira y D. Ramón Rivero de Aguilar y Otero», *Gaceta de Madrid*, núm. 150, 30/05/1933, p. 1516. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1933/150/A01516-01516.pdf [últ. consulta o 01/08/2022].

[888] Como o seu propio nome indica, a Sala de Vacacións é unha "sala que se forma en los tribunales colegiados durante el período en que los tribunales interrumpen su actividad ordinaria" (definición do *Diccionario Panhispánico del Español Jurídico*. Dispoñible en: https://dpej.rae.es/lema/sala-de-vacaciones [últ. consulta o 01/08/2022]). *El Pueblo Gallego*, 03/07/1936, p. 10. *El Correo Gallego*, 15/07/1936, p. 1.

penas para as persoas procesadas[889]. De feito, as fontes parecen indicar que foi dende a fiscalía da Territorial da Coruña —o cal tampouco sorprendería, dada a proximidade da Auditoría de Guerra do Corpo Xurídico Militar da 8ª Rexión, sita na cidade— dende onde se organizou a participación itinerante deste corpo acusatorio nos consellos de guerra militares nas catro provincias galegas.

A actitude e disposición de Rivero lémbranos ao que o secretario xudicial Antonio Ruiz Vilaplana —quen exerceu na autodenominada zona nacional en 1936— describiu sobre a incorporación de civís nos tribunais militares golpistas: «se hallaron grandes facilidades para ocupar estos cargos [de jueces, fiscales y secretarios militares] entre los abogaditos jóvenes, fiscalizantes, … quienes se precipitaban a vestir el uniforme de guerrero de "campaña"». Deste xeito, continúa, «presumían en espectacular atuendo (pistola, muñequera de balas, y capotón imponente) de novios de la muerte, alejándose del frente y de la trinchera, donde, por razón de las quintas, debiera[n] hallarse»[890]. Eles a guerra loitárona noutra fronte.

Sexa como for, a actividade de Rivero de Aguilar foi tan prolixa que mesmo nalgunhas etapas chegou a actuar en varios consellos ao día tódolos días da semana, habitualmente como fiscal; porén, sobre todo a partir de finais do 36, tampouco será estraño atopalo como vogal poñente[891]. A este respecto, escribe Acuña:

> [A] súa inserción na xustiza militar golpista ten unha particularidade. Rivero de Aguilar chega a ela como un xurista de formación civil e con destino tamén civil. Un fiscal profesional, funcionario da República, que se sumará con galóns de prestado á maquina represiva aberta en xullo do 36.[892]

Xogando o papel propio dos fiscais nos consellos de guerra sumarísimos deste momento —papel no que o noso protagonista semella que se sentía cómodo, por outra banda—, Rivero de Aguilar solicitará durísimas e completamente desproporcionadas penas para as persoas procesadas polos delitos de traizón, rebelión e derivados. Algúns dos consellos máis coñecidos nos que toma parte como inculpador son o de Jacobo Zbarsky Kuper —o primeiro sentenciado a pena de morte por un tribunal militar en Pontevedra tralo golpe, procedemento incoado o mesmo 23 de xullo[893]— e, sobre todo, o de Alexandre Bóveda Iglesias; contra eles, así como contra moitos outros, Rivero de Aguilar formulou severas acusacións nas que demandaba a pena capital, co posterior beneplácito do tribunal.

No de Bóveda —e Amancio Guiance Pampín—, o fiscal «hace este uso de la [palabra] en defensa de sus conclusiones provisionales las cuales mantuvo»[894]. En realidade, devanditas conclusións provisionais non eran *súas* no sentido individual, senón corporativo: *non eran as conclusións de Rivero de Aguilar, senón as da fiscalía*; aínda

[889] A gradación pola que adoita ser referenciado nas fontes (militares e hemerográficas) é a de tenente auditor. Nalgún caso, non obstante, aparece como capitán, no que semella unha gralla nestes primeiros momentos; máis tarde é probable que fose recompensado co ascenso, sendo recoñecido como capitán nunha orde do BOE en agosto do 39.

[890] Outras fontes, como veremos a continuación, corroboran que tamén Rivero de Aguilar lucía, orgulloso, o seu novo uniforme. Ruiz Vilaplana, Antonio: *Doy fe… Un año de actuación en la España nacionalista*, Bos Aires, La Nueva España, 1937, p. 125.

[891] *El Pueblo Gallego*, 29/08/1936, p. 5. *La Región*, 25/09/1936, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 07/10/1936, p. 10. *El Pueblo Gallego*, 12/10/1936, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 16/10/1936, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 18/10/1936, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 20/10/1936, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 21/10/1936, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 22/10/1936, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 25/10/1936, p. 9. *La Voz de la Verdad*, 01/12/1936, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 03/12/1936, p. 9. *El Ideal Gallego*, 04/12/1936, p. 4. *El Pueblo Gallego*, 06/12/1936, p. 9. *El Pueblo Gallego*, 12/12/1936, p. 4. *El Pueblo Gallego*, 08/01/1937, p. 2. Ver tamén

[892] Acuña: "O fiscal que …", 01/12/2026.

[893] C/281/36, folio 36 (ca. 231, f. Pontevedra, AIMNOR).

[894] C/356/36, f. 102 (ca. 2, f. Pontevedra, AIMNOR). O escrito de Martín-Barbadillo, do 10 de agosto, no folio 83 e ss.

que, sen dúbida, serían compartidas polo santiagués. De feito, estas conclusións provisionais foran redactadas por Hernán Martín-Barbadillo —quen tamén elaborara outras, como as de Zbarsky—, outro dos fiscais civís con maior e amarga sona nos consellos sumarísimos galegos e alcalde da Coruña en 1937. Isto apela ao carácter orgánico e sistémico da violencia golpista, nomeadamente daquela xudicializada: individualizar a responsabilidade das penas de morte en suxeitos como Rivero de Aguilar ou Martín-Barbadillo, ou nos presidentes dos consellos de guerra que ditaban as sentenzas, impídenos comprender a magnitude do fenómeno e a súa perversión do sistema liberal de xustiza. Son os engrenaxes dunha maquinaria e, como tales, intercambiables na medida na que exerzan correctamente a súa función, que se sabe probada. A acusación contra Zbarsky ou Bóveda non é a de Rivero de Aguilar ou a de Martín-Barbadillo, nin tan sequera a da fiscalía do Corpo Xurídico Militar: é a acusación da Patria, a *auténtica*, a que representaban os sublevados. E é que ao final, os consellos de guerra, por moi sumarísimos ou *farsas* que fosen, non deixan de ser un *staging* do conflito político que o golpe traslada ás armas.

A prensa da época si recolle a acalorada arenga de Rivero de Aguilar no xuízo contra Bóveda e Guiance Pampín. Resulta reveladora do seu contido, en contraposición á sucinta anotación que se fai dela na acta do consello:

> Comenzó diciendo el Fiscal, que *por segunda vez levanta su voz acusatoria en Pontevedra* [a vez anterior fora o consello contra Zbarsky] con motivo de los sucesos acaecidos en esta capital desde el 17 hasta la tarde del 20 de Julio, en que el glorioso Ejército puso coto a los desmanes de los que querían llevar al caos a nuestra querida Patria. Dijo que por determinadas circunstancias *nunca sintió mayor emoción que en estos momentos*. Pero —agrega— por encima de todo está España, y España reclama que todo español honrado acuda a coadyuvar al bien de la Patria. Estimó que los procesados han incurrido en una grave responsabilidad por su actuación. *Hizo un canto al movimiento nacional iniciado por el Ejército para impedir la implantación del comunismo en España* …. Afirmó que los procesados han incurrido en un delito de lesa Patria, y *termina diciendo que con toda emoción pero cumpliendo con su deber, pide para ellos la pena de muerte*.[895]

Xerardo Álvarez Gallego, cuñado de Alexandre Bóveda, no seu libro sobre o líder galeguista tamén lle dedica unhas mordaces liñas a Rivero de Aguilar, con quen compartira facultade e sobre o cal intentara interceder en beneficio de Bóveda.

> ¿Quén era o auditor, en primeiro lugar? Non procedía do Corpo. Era un abogadiño fiscal da Audiencia Provincial, que pasárase, contodo gosto e a sua instancia, pra a Auditoría Militar en canto o movimiento estalou na Cruña … O tal fiscaliño chamábase Ramón Rivero de Aguilar. Estudara conmigo nas aulas compostelás. Endexamáis lle coupo na testa o Dereito a dereitas. ¡Ah, pro eso sí, pola ascendencia e a vocación sempre mostrara un ánemo acusador contra o que non fora caciquismo rural, señoritismo de cibdade e mandiño aldeán no pazo familiar do Faramello!
>
> Ramonciño Rivero de Aguilar, polas influencias monárquicas dos seus, logrou ingresar, cun dos números derradeiros, nas fáciles oposicións a Abogados fiscales de Audiencia Provincial. Destiñado a Pontevedra primeiramente, probou ben a sua incapacidade pra cousa que non fora pedir nas suas calificacións sempre penas escesivas nas causas que lle tocaba despachar. Trasladado á Cruña, víu o ceo aberto ó xurdir a sanguiñenta e criminal rebelión. ¡Alí estaba a sua hora! Pola vontade vestíu, orgulloso, o uniforme de capitán. ¡Ia deixar pequenos ós máis curtidos fiscales do Exército! Eu, aínda non sabendo de toda a sua vocación criminal, mandeille polo mestre de. abogados, Isidoro Millán, un recado, na noite da víspera do xuicio contra Bóveda en que viaxou pra ser o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[895] *El Diario de Pontevedra*, 14/08/1936, p. 2. Cursiva nosa.

> seu verdugo no Plenario da Diputación Provincial. Hipócrita, como foi sempre, pronosticoulle:
>
> — Creo que la condena será solamente una perpetua.
>
> No xuicio non vacilou en estordegar as máis indecriminábeles iñormas do Dereito sustantivo e adxetivo. E, ó final, demandou pra Alexandre a pena de morte por fusilamento. [896]

Por suposto, Jacobo Zbarsky sería condenado por delito de traizón o 7 de agosto de 1936 e executado ás cinco e media da madrugada do día 10, considerando o tribunal como feito probado que os días 19 e 20 de xullo o procesado só buscaba «el entorpecimiento malicioso de las operaciones militares que el Ejército realizó y realiza en nombre de la Patria, contra un conglomerado de fuerzas anti-Españolas que detentaban injustamente el poder encarnadas en un Gobierno a todas luces faccioso», o cal se opuña «frente a todos los institutos armados, donde se encarnaban fielmente las esencias y conceptos de Patria y Nación»[897]. Alexandre Bóveda recibe a mesma pena o 13 de agosto por ter formado «parte del Comité Organizador de la oposición al Ejército [que non *Comité de Defensa por la República*, ollo], repartir armas y demás», nunha sentenza moi similar mesmo na forma e retórica empregada que a de Zabarsky. O xeneral comandante militar José Blein dispón que Bóveda sexa fusilado na mañá do día 17 ás cinco e media nas inmediacións do km. 1 da estrada de Campañó, baixo a supervisión do tenente de Asalto Antonio Vázquez Quitián[898].

El Eco de Santiago auguráballe en 1931 a Ramón Rivero de Aguilar «resonantes triunfos en su carrera»[899]. Este continúa trala fin da guerra civil coa súa traxectoria, que se dispara durante a ditadura ata límites insospeitados, mesmo para alguén dunha tan privilexiada procedencia como a súa. En agosto do 39 é nomeado secretario técnico do Servizo Nacional de Prisións, deixando o cargo en setembro do 42[900]. Semella que tería compaxinado dalgún xeito, pois, esta tarefa coa Fiscalía Provincial de Taxas de Segovia,

---

[896] Álvarez Gallego, Xerardo: *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, Bos Aires, Edicións Nós, 1972, pp. 197 – 198; nas páxinas seguintes descríbese o consello e as preguntas do fiscal ás testemuñas. Como podemos advertir, varias son as inexactitudes que observamos nesta pasaxe de *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*: por exemplo, Rivero de Aguilar xa non estaba na Provincial, senón na Territorial da Coruña dende había anos; non fora el tampouco o único responsable do procesamento de Bóveda e a solicitude da pena capital. No que respecta ao número sacado na oposición, a hemeroteca sinala o contrario, pero ben é certo que tan interesadas son as publicacións en prensa como a de Álvarez Gallego; sobre o do uniforme, o grao de Rivero de Aguilar como oficial honorífico era o de tenente auditor, polo que cuestionamos que vestise coas galas de capitán (malia que, como dixemos, nalgunha fonte aparece con tal título). A teor do libro, declara Luis Lamela: "Acudir a estas alturas del libro al relato de Xerardo Álvarez … no me es posible en aras de la objetividad. Los errores que comete son tan abundantes que no es viable separar la realidad de la ficción" (Lamela García, V. Luis: *Inmolados gallegos. Alexandro Bóveda, Víctor Casas, Telmo Bernárdez, Adrio Barreiro…*, Sada, Ediciós do Castro, 1993, p. 222). Non é obxecto desta investigación o estudo da construción do mito de Alexandre Bóveda como emblema do nacionalismo galego, no cal o libro de Álvarez Gallego xogou un papel fundamental, pero si tratamos a cuestión en Cidrás, Aldara: "Memory alephs: The symbolization of violence through places where 'Nothing Ever Happens'", en Míguez Macho, Antonio (ed.): *Sites of Violence and Memory in Modern Spain. From the Spanish Civil War to the Present Day*, Londres, Bloomsbury, 2021, pp. 132 – 135.

[897] C/281/36, f. 41 (ca. 231, f. Pontevedra, AIMNOR).

[898] Jacobo Zbarsky orixinalmente tamén estaba procesado na mesma causa aberta a Bóveda (e Amancio Guiance Pampín); porén, ao ter sido "procesado y condenado por los mismos hechos objeto de esta causa", é sobresido. C/356/36, ff. 82, 104, 102 e 112 (ca. 2, f. Pontevedra, AIMNOR).

[899] *El Eco de Santiago*, 05/06/1931, p. 2.

[900] Algunhas fontes, como o artigo de Xosé Enrique Acuña, aseguran que só permaneceu no cargo uns meses, pero a prensa oficial suxire o contrario. «Orden nombrando Secretario Técnico de la Jefatura del Servicio de Prisiones a don Ramón Rivero de Aguilar y Otero, Abogado Fiscal de Ascenso y Capitán honorífico del Cuerpo Jurídico», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 226, 14/08/1939, p. 4450. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/226/A04450-04450.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Orden por la que cesan como Secretarios Técnicos de la Dirección General de Prisiones don Ramón Rivero de Aguilar y don Pablo Pena de Olano», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 264, 21/09/1942, p. 7354. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1942/264/A07354-07354.pdf [últ. consulta o 01/08/2022].

a onde é destinado en outubro do 40, se ben seguiría mantendo estritos vínculos con Galicia[901]. En xaneiro de 1941, coincidindo coa primeira vaga de desmobilizacións de oficiais honoríficos do Corpo Xurídico Militar, Rivero de Aguilar causa baixa como oficial primeiro, un aumento na súa gradación que evoca o bo traballo que os sublevados consideran que fixera durante a guerra; non sería esta o único recoñecemento do fiscal durante a posguerra, xa que en 1945 obtén a Cruz distinguida de segunda clase de San Raimundo de Peñafort[902].

Ramón Rivero de Aguilar retorna a Pontevedra en febreiro de 1945 para tomar posesión como fiscal da Audiencia Provincial, da que chegará ser fiscal xefe, sen que isto lle impida confirmarse no cargo de fiscal provincial de Taxas de Palencia[903]. Máis adiante ocupará o mesmo posto en Pontevedra, manténdose asemade como fiscal na Provincial[904]. Apunta Xosé Enrique Acuña:

> Un cargo [o de fiscal provincial de Taxas] que, contra o que poida supoñerse permitíalles aos fiscais ter un poder case absoluto. Desde impoñer multas de enorme contía e realizar incautacións a, algo que foi moi común, poder enviar os encausados a cumprir traballos forzosos en batallóns de traballadores baixo o control disciplinario da autoridade militar. … De feito, a escasa e abatida resistencia local, que a partir do triunfo aliado en 1945 collera folgos para volver actuar, atrévese a criticar, mediante o espallamento de follas clandestinas, os abusos dun servizo que pretendía regular os produtos de primeira necesidade sometidos a racionamento. O galeguista Celso Emilio Ferreiro, que como funcionario da mesma fiscalía (colocado alí polo escritor falanxista Emilio Canda) traballou ás ordes de Rivero de Aguilar, transmitiu anos despois … as distintas varas de medir coa que o seu xefe impoñía incautacións, clausura de empresas, comisos de mercancía ou penas pecuniarias.[905]

[901] Posteriormente sería trasladad como Fiscal de Taxas a Palencia. *La Región*, 04/10/1940, p. 1. *El Correo Gallego*, 22/06/1943, p. 4. *El Correo Gallego*, 18/07/1944, p. 2.

[902] A mesma distinción, recordamos, que recibiría Bouza Brey uns poucos anos despois. «Orden por la que causan baja en el Cuerpo Jurídico Militar los Oficiales Honoríficos del citado Cuerpo que se relacionan», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 24, 24/01/1941, pp. 549 – 551. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1941/024/A00549-00551.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Orden por la que se concede la Cruz distinguida de segunda clase de San Raimundo de Peñafort a don Ramón Rivero de Aguilar y Otero, Fiscal provincial de entrada», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 304, de 30/10/1944, p. 8124. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1944/304/A08124-08124.pdf [últ. consulta o 01/08/2022].

[903] *El Correo Gallego*, 06/02/1945, p. 3. *La Noche*, 08/05/1948, p. 2. «Decreto por el que se nombra Fiscal de la Audiencia provincial de Pontevedra al Fiscal provincial de entrada don Ramón Rivero de Aguilar y Otero», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 9, 09/01/1945, p. 295. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1945/009/A00295-00295.pdf [últ. consulta o 01/08/2022]. «Órdenes por las que se confirman en el cargo de Fiscal provincial de Tasas de Zaragoza y Palencia a don Luis Figueras Crestar y don Ramón Rivero de Aguilar Otero», Boletín Oficial del Estado, núm. 57, 26/02/1945, p. 1599. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1945/057/A01599-01599.pdf [últ. consulta o 01/08/2022].

[904] Non sabemos con exactitude cando é nomeado para o cargo en Pontevedra, pois non atopamos o seu nomeamento no BOE. As fontes que fan referencia a este posto veñen da prensa diaria como *La Noche*, 06/09/1948, p. 2.

[905] Acuña erra en situar o retorno a Pontevedra a comezos de 1945 por mor do seu traslado á Fiscalía de Taxas da cidade cando, en realidade, as fontes amosan que primeiro foi nomeado como fiscal da Audiencia. Acuña: "O fiscal que …", 01/12/2016.

Imaxe 34. Anuncio do traslado de Ramón Rivero de Aguilar á Audiencia Territorial de Madrid (1951)

DON RAMON RIVERO DE AGUILAR, TRASLADADO A MADRID

Nuestro distinguido amigo don Ramón Rivero de Aguilar y Otero; Fiscal hasta ahora de la Audiencia Provincial de Pontevedra ha sido trasladado en ascenso, a igual cargo de la Audiencia Territorial de Madrid. Ayer hemos tenido el gusto de recibir en nuestra redacción a nuestro querido amigo don Ramón Rivero, en visita de despedida. Le deseamos cordialmente toda clase de prosperidades en su nuevo destino, felicitándole por el nuevo y merecido puesto.

Los Magistrados de nuestra Audiencia, así como todos los miembros judiciales de la provincia, se reunieron en despedida amistosa en torno al señor Rivero de Aguilar en un acto íntimo, testimoniándole la expresión de su más sincero afecto por la acertada labor realizada a través de los años que desempeñó el cargo entre nosotros.

Fonte: El Pueblo Gallego*, 16/01/1951, p. 7* (Galiciana).

A súa etapa en Pontevedra péchase a inicios de 1951, cando deixa a Provincial e a Fiscalía Provincial de Taxas para ascender á Territorial de Madrid e á Fiscalía superior de Taxas, sita na capital do Estado[906]. A finais de ano é novamente ascendido a fiscal xefe da Territorial madrileña, aínda que apenas permanece no cargo porque ás semanas é trasladado a Audiencia de Pamplona[907]. Con todo, o maior dos seus ascensos está por chegar: en novembro do 54 é nomeado avogado fiscal do Tribunal Supremo, tomando posesión o seguinte mes de xaneiro e celebrando a boa nova cun fastoso banquete no Hostal dos Reis Católicos[908]. Non hai quen non advertise que este espectacular progreso profesional de Ramón Rivero de Aguilar coincidise no tempo coa chegada de seu irmán José María —home próximo ao ditador e que xa fora director xeral da Renfe— á subsecretaría de Obras Públicas, na cal estivo dende agosto de 1951 a abril de 1955, tendo que resignar do cargo por mor dun suposto caso de corrupción[909].

Porén, a boa fortuna de Ramón Rivero de Aguilar habería de rematar pronto. O 9 de maio de 1957, Ramón Rivero de Aguilar acompañado da súa dona en segundas nupcias

[906] *El Pueblo Gallego*, 16/01/1951, p. 7. *El Pueblo Gallego*, 22/02/1951, p. 7. «Orden de 17 de noviembre de 1950 por la que se nombra para la plaza de Abogado Físcal de la Audiencia Territorial de Madrid a don Ramón Rivero de Aguilar y Otero, Fiscal de ascenso», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 5, 05/01/1951, p. 59. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1951/005/A00059-00059.pdf [últ. consulta o 01/08/2022].

[907] *El Correo Gallego*, 29/12/1951, p. 5. *El Correo Gallego*, 11/01/1952, p. 5. «Decreto de 21 de diciembre de 1951 por el que se promueve a la plaza de Fiscal de término a don Ramón Rivero de Aguilar y Otero, Fiscal de ascenso, que desempeña el cargo de Abogado Fiscal de la Audiencia Territorial de Madrid, destinándole a la plaza de Fiscal de la Audiencia Territorial de Pamplona», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 4, 04/01/1952, p. 37. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1952/004/A00037-00037.pdf [últ. consulta o 01/08/2022].

[908] *El Correo Gallego*, 28/01/1955, p. 2. *La Noche*, 17/01/1955, p. 5. «Decreto de 26 de noviembre de 1954 por el que se nombra para la plaza de Abogado Fiscal del Tribunal Supremo a don Ramón Rivero de Aguilar y Otero, Fiscal de término, que desempeña el cargo de Fiscal de la Audiencia Territorial de Pamplona», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 365, 31/12/1954, p. 8591. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1954/365/A08591-08591.pdf [últ. consulta o 01/08/2022].

[909] *El Correo Gallego*, 26/04/1951, p. 1. *El Correo Gallego*, 31/03/1953, p. 6. Acuña: "O fiscal que …", 01/12/2016.

María Teresa Díaz de Rábago e seu irmán Rafael viaxan nun voo saído de Santiago de Compostela dirección Madrid que se estrela na manobra de aterraxe pasadas as oito da tarde. Toda a prensa estatal faise eco en primeira plana do fatal accidente, do que non hai sobreviventes —morren os 32 pasaxeiros e os 5 membros da tripulación, que o seguen situando como un dos peores accidentes da historia da aviación española—, e a galega seguirá durante días as novidades en torno ao traslado dos cadáveres da familia e a súa inhumación[910]. Así, case de forma profecticia, un dos acusadores máis temidos da violencia xudicial golpista, deostado por uns e gabado por outros, sofre unha das paradigmáticas *malas mortes* tan recordadas na memoria oral antifranquista daqueles que se destacaran como vitimarios durante a guerra.

Imaxe 37. Recortes de prensa sobre o accidente aéreo no que falece Rivero de Aguilar (1957)

SABADO, 11 DE MAYO DE 1957

D. Ramón Rivero de Aguilar

Información sob

D. Ramón Rivero de Aguilar, fiscal del Tribunal Supremo, una de las víctimas del accidente de anteayer.

EL MATRIMONIO VEIGA DEJA CUATRO HIJOS

Don Alfredo Veiga ejercía el cargo de administrador del Hospital Provincial en Santiago desde el año 1947, cargo que alternaba con el de director administrativo. Deja cuatro hijos. Los tres hijos mayores los había dejado el matrimonio Veiga internados en el Colegio Lasalle, y el más pequeño, de un año y medio, en la Casa Cuna, que funciona en la Sala de Pediatría del Hospital Clínico.

Ayer, por la mañana, se personaron en esta ciudad el padre de don Alfredo Veiga y una hermana de éste con el fin de hacerse cargo de los pequeños y acto seguido emprendieron viaje a la capital de España para identificar a los cadáveres del señor Veiga y su esposa doña Antonia Ramos. La noticia de la catástrofe causó gran consternación en el hospital donde el señor Veiga era muy querido de todos sus compañeros, los cuales se proponen dedicarle un funeral a él y a su esposa, que también pereció en el accidente.

EL MATRIMONIO MANEIRO IRANZO

Entre las víctimas del accidente figuran don José Maneiro Iranzo y su esposa, doña Veva Iglesias Santalla, que iban en viaje de luna de miel.

Los señores de Maneiro perecieron a las setenta y dos horas de haber contraído matrimonio en La Coruña. Todavía ayer los periódicos coruñeses publicaban la fotografía de la boda en sus páginas de Sociedad.

El infortunado matrimonio había almorzado ayer en Santiago. Visitó la Catedral y dejó en uno de los cepillos un donativo como ofrenda a la Virgen de Fátima, ante cuya imagen oraron. En el Pórtico de la Gloria les explicó un empleado de la Basílica todo su significado y el esposo hizo una fotografía a su cónyuge cuando ésta introducía sus dedos en las huellas del peregrino, que figuran en la columna central del Pórtico.

LOS SEÑORES RIVERO DE AGUILAR

Don Ramón Rivero de Aguilar contaba la edad de cincuenta y cinco años y de su matrimonio con doña María Teresa Díaz de Rábago, que también pereció en el accidente, deja siete hijos.

El hermano de don Ramón, don Rafael Rivero, farmacéutico del Hospital Provincial, contaba cincuenta y un años de edad y deja diez hijos de su matrimonio con doña Lori Sobrino. Los dos hermanos fallecidos eran naturales de Santiago y habían cursado estudios en nuestra Universidad.

EL SR. GARCIA CAO

A las doce de la mañana, se personaron en las oficinas de Aviaco dos familiares del inspector de Sa-

Todavía bajo la impresión dolorosa que nos causó la primera noticia de este suceso, que ha cubierto de luto a hogares de Santiago y otros puntos de nuestra región, en nuestro deber informativo, conforme los detalles del siniestro llegan a nosotros, el dolor se agudiza, y en este sentimiento queremos compartir el que embarga a tan apreciadísimas familias de Galicia

Sean estas breves líneas expresión sincera, cordial de nuestra condolencia, y a nuestras oraciones al Altísimo, por el descanso eterno del alma de las víctimas, rogamos se unan las de nuestros lectores, que igualmente, comparten elpesar que ha conmovido a toda Galicia

910 *El Progreso*, 10/05/1957, p. 1. *El Correo Gallego*, 10/05/1957, p. 1. *La Noche*, 10/05/1957, p. 3. *El Correo Gallego*, 11/05/1957, pp. 1 e 5. *El Correo Gallego*, 12/05/1957, p. 1. *El Pueblo Gallego*, 12/05/1957, p. 12. *El Correo Gallego*, 14/05/1957, p. 3.

EL CORREO GALLEGO

Fotografías del accidente

Diario de la mañana.-Decano de La Coruña

Hoy serán inhumados los restos mortales de la Srta. Rey, los Sres. Rivero de Aguilar y D. Domingo Cao

Los esposos Veiga y el Sr. Soto serán enterrados en La Coruña

En Noya, el sepelio de D. Avelino Guerrero

Nota de la Alcaldía

El depuesto Presidente de Colombia, en las Bermudas, como refugiado político

La Junta Militar de Bogotá ha interesado de los Estados Unidos el reconocimiento del Gobierno

Fonte: El Correo Gallego*, 11/05/1957, p. 5 e 12/05/1957, p. 1* (Galiciana).

O Ministerio Fiscal foi un dos corpos cuxa colaboración coa xudicialización da violencia golpista despois de 1936 resultou ser fundamental, e o caso de Rivero de Aguilar é boa mostra diso. Á fin e ao cabo, poderíase argumentar, só tiveron que adaptar as súas prácticas acusatorias nos tribunais civís aos militares; se ben é certo que pretender equiparar o exercicio penal acusatorio nun contexto democrático ao desempeñado en consellos de guerra ideados como estratexia punitiva contra o inimigo político após un golpe de Estado é absurdo. O que non é tan desatinado é identificar vínculos entre ambas accións, e a mobilización masiva de oficiais honoríficos no Corpo Xurídico Militar tralo golpe responde, por unha banda, á vontade de profesionalización na aplicación desta violencia xudicializada e, pola outra, á inxente necesidade de persoal formado para tal fin. Pouco importaba o familiarizados que estes novos efectivos estivesen co Código de Xustiza Militar —en realidade, os supostos delitos coñecidos por estes tribunais castrenses sumarísimos reducíanse a un pequeno feixe de artigos—, o esencial era que coñecesen as prácticas xurídicas en aras a acadar os obxectivos da violencia golpista encarreirada pola vía xudicial que, en última instancia, buscaba a criminalización do outro que, en palabras de Francisco Sevillano Calero, «en una comunidad se efectúa a través de la construcción social del delito»[911]. Neste sentido, o papel da comunidade xurídica na fabricación do inimigo e na lexitimación do novo réxime foi clave.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

911 Sevillano, Francisco: "Política y criminalidad en el 'nuevo Estado' franquista. La criminalización del 'enemigo' en el derecho penal de posguerra", *Historia y Política*, núm. 35, 2016, p. 290.

No primeiro capítulo desta tese de doutoramento, ao analizar cal era o estado da cuestión na Alemaña nazi, sinalamos que un dos principais argumentos do chamado xuízo aos xuíces (1947) contra a maxistratura do Reich dentro dos procesos de Núremberg foi que os procesados, todos eles altos xerarcas da administración de xustiza, co seu apoio a Hitler trasladaran a credibilidade intrínseca do seu cargo ao réxime criminal nazi. A súa máis ou menos explícita adhesión ás políticas eliminacionistas promulgadas Führer era secundaria —aínda que non omitida—. É certo que, a diferenza do sucedido en España, os xuíces e fiscais nazis tiveran un papel máis obvio na vulneración dos dereitos humanos durante o III Reich, pois a importancia da xurisdición militar fora subsidiaria no caso alemán. Porén, o subtexto é análogo: a condición de vitimario é difusa, plural e, dende logo, non se circunscribe só a aqueles individuos que executan a acción de matar. As actitudes violentas, ou que alomenos facilitan a violencia —cuxa natureza recolle con particular precisión a voz inglesa de *enablers*—, compoñen un amplo abano cuxo estudo aínda abarca innumerables preguntas.

No eido da administración de xustiza, en particular da xustiza ordinaria, establecer estas relacións é aínda un reto a atallar pola historiografía. Non resulta tan difícil en casos concretos como os do fiscal Rivero de Aguilar, cuxo simple nome será para moitas e moitos sinónimo de infame sona. Porén, a individualización impídenos chegar a comprender o proceso como un todo do que forman parte multitude de engrenaxes. E é que para que Rivero de Aguilar —ou Martín-Barbadillo, ou calquera outro— puidese impunemente solicitar penas de morte en consellos de guerra sen ningún tipo de filtro nin consideración, o sistema tiña que estar afianzado. Neste respecto, a función da xurisdición ordinaria é fundamental: talvez non dende o punto de vista da necropolítica, pero si de control social e, sobre todo, de lexitimación da nova orde instaurada no momento no que os sublevados toman o poder[912]. Ao igual que no caso alemán, mesmo aqueles que podían estar en contra dos obxectivos dos golpistas, a súa participación con eles materializouse a través do exercicio natural da súa profesión, a cal normalizaba e polo tanto lexitimaba unha realidade que era de todo menos normal ou lexítima. E isto fíxose, sobre todo nos primeiros momentos, reaproveitando lexislación de herdanza liberal, o que fai da xudicialización da violencia na guerra civil española un fenómeno poliédrico de profundamente suxerintes implicacións. Así as cousas, dende a nosa interpretación o máis interesante non é a análise individual de certos elementos da política xudicial golpista —ex.: a Audiencia, os consellos de guerra—, senón como tódalas pezas encaixan dentro da maquinaria, é dicir, a interseccionalidade de tódalas esferas da xustiza en prol dunha fin común, que é gañar a guerra e impor un novo réxime. Esta lectura xeral formularémola con maior detalle no capítulo 9.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[912] Esta apreciación é sen dúbida matizable, pois non deixa de ser unha simplificación do que se conformará como dereito penal autoritario da ditadura, con notables influencias de Carl Schmitt e o seu dereito penal do inimigo (conceptualizado mellor a partir dos 80 por Günther Jakobs).

6. O Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo

6.1. A orde contencioso-administrativa

A xurisdición contencioso-administrativa completa o panorama das ordes xurisdicionais ordinarias obxecto da nosa investigación[913]. De todas estas, a contencioso-administrativa foi a última en conformarse, o que se comprende considerando que a súa finalidade máis xenuína é a fiscalización da actividade administrativa do Estado, é dicir, o control da legalidade dos actos administrativos. Naturalmente, o Estado administrativo resístese a esa fiscalización; o mesmo o moderno Estado liberal que a monarquía absoluta, en tanto que a soberanía aspira por definición a ser irrestricta e, alén da atribución nominal da súa titularidade —á nación ou ao monarca—, a soberanía é materialmente un atributo do Estado mesmo, que toma corpo no aparello administrativo polo que actúa. Enténdese así que o Estado se resista á fiscalización dos seus actos: non só por resultar máis cómoda e expeditiva unha actuación non fiscalizable, senón porque a acción estatal se concibe a si mesma como exercicio da soberanía e, por tanto, non sometida a controis externos, amén de intrinsecamente benfeitora e orientada ao ben común, en oposición aos intereses egoístas que potencialmente poidan albergar os individuos que se alzan contra a actuación administrativa.

Non nos deteremos na explicación sobre a autotutela administrativa —ou xurisdición retida— de tradición francesa, e a heterotutela administrativa —*rule of law*— anglosaxona, se ben son fundamentais para entender os principios dogmáticos contrapostos no que respecta ás fórmulas de xustiza administrativa. Cómpre entender que o francés se basea no control por órganos administrativos, o anglosaxón no control xudicial a cargo da xurisdición ordinaria; e un terceiro, mixto, de control xudicial a cargo dunha xurisdición especial ou especializada. Este último é o sistema máis común, ao que se viñeron asimilando en maior ou menor medida os países organizados consonte aos dous modelos anteriores, xa que na actualidade incluso en Francia e no Reino Unido existen tribunais administrativos especializados, integrados por xuíces de carreira.

No caso español pode dicirse, de forma moi sintética, que a organización da xustiza administrativa no demorado proceso de construción do Estado español como Estado liberal transita dende unha inicial adscrición ao modelo francés a un modelo mixto de control xudicializado, manténdose emporiso fortes pegadas do sistema francés[914]. Entre elas, a necesidade de esgotar a vía administrativa —é dicir, os recursos administrativos— con carácter previo a acudir á vía xudicial, o que evoca unha forma de autotutela. A existencia desta revisión administrativa previa é a que explica que a esta

[913] Como foi sinalado na introdución, queda fóra do noso ámbito de estudo o que hoxe coñecemos como a xurisdición do social, que atallaba a resolución de conflitos entre empresarios e traballadores e cuxas funcións durante a Segunda República recaeron nos chamados Xurados Mixtos, de ámbito territorial provincial.

[914] En realidade, o modelo que apuntaba a Constitución de Cádiz de 1812 estaba máis na liña do sistema anglosaxón, pero non foi desenvolto. En cambio, o Estatuto de Baiona de 1808 calcaba, como era de agardar, o sistema francés. Tampouco chegou a entrar en vigor, pero este foi o modelo que acabou por impoñerse mediante dúas leis de 1845 que atribuían competencias contenciosas ao Consello do Reino (convertido en 1858 en Consello de Estado, nunha adaptación xa literal do órgano) e crean no ámbito territorial inferior os Consellos Provinciais. Estes exercían unha xurisdición delegada, é dicir, decidían e non só informaban, pero sobre contenciosos de menor entidade; en cambio o Consello de Estado (como o francés naquel tempo) estaba sometido a un réxime de xurisdición retida: sobre os asuntos realmente transcendentes, o goberno reservábase a potestade de decidir, previo ditame non vinculante do Consello. Neste punto reprodúcese un paradoxo que é unha constante na historia constitucional española en relación á súa política xudicial: os progresistas cren na existencia dun poder xudicial independente, pero desconfían dos xuíces; os conservadores confían nos xuíces, pero non cren no poder xudicial.

USC

xurisdición se lle chame contencioso-administrativa e non meramente administrativa, para non confundila co exercicio previo dos recursos administrativos. Por esta mesma razón, o exercicio da acción non se realiza mediante demanda, como na xurisdición civil, senón como recurso —contencioso-administrativo—, por canto este se interpón fronte a unha resolución previa recaída na vía administrativa.

Nesta transición cara unha xustiza administrativa xudicializada, ten unha importancia fundamental a Lei sobre o Exercicio da Xurisdición Contencioso-Administrativa de 13 de setembro 1888, coñecida como Lei Santamaría de Paredes en referencia ao seu principal artífice, un dos administrativistas españois máis reputados naqueles tempos[915]. Esta lei de 1888 conforma por primeira vez en España unha xurisdición contencioso-administrativa, aínda que cunha xudicialización que non é plena, pois a composición dos tribunais que crea é mixta, con participación de membros de procedencia administrativa. Basicamente, o que fai é suprimir os anteriores Consellos Provinciais substituíndoos por uns Tribunais Provinciais do Contencioso-Administrativo, e no nivel central atribuír as competencias xurisdicionais do Consello de Estado a un Tribunal do Contencioso-Administrativo integrado, como sala de xustiza, no propio Consello de Estado. Só por unha posterior lei de 1904, a coñecida como Lei Maura, o Tribunal do Contencioso-Administrativo central se desvencellaría do Consello de Estado, pasando a integrarse no Tribunal Supremo como sala específica, pero mantendo unha composición mixta de xuíces e funcionarios. En realidade, unha plena xudicialización da xurisdición contenciosa, desaparecendo os membros dos tribunais de orixe administrativa, non se produciría ata a reforma do sistema en 1956.

Os Tribunais Provinciais estaban compostos polo presidente da Audiencia Territorial e dous maxistrados da sala do civil desta nas capitais onde existise Audiencia Territorial —en Galicia, na Coruña—; nas outras provincias, polo presidente e dous maxistrados da Audiencia Provincial, que era daquela —como vimos no anterior capítulo— Audiencia do Criminal, o que non facía especialmente idóneos aos seus maxistrados para o coñecemento da materia contenciosa. Canda eles, tanto no caso das provincias con Audiencia Territorial como nas outras, completaban o Tribunal dous deputados provinciais letrados. Estes Tribunais Provinciais coñecían en primeira instancia —con apelación perante o Tribunal central do Consello de Estado, logo Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo— dos recursos contra os actos da administración municipal, provincial e dos órganos descentralizados da administración estatal —o máis común destes, na práctica, a delegación provincial do Ministerio de Facenda—.

O Tribunal Central, pola súa parte, estaba integrado por once membros, co título de Ministros Conselleiros do Estado, todos necesariamente letrados pero ningún indispensablemente maxistrado. Os membros do Tribunal eran designados polo Goberno entre os integrantes do Consello de Estado, os maxistrados do Tribunal Supremo ou persoas que reunisen as condicións esixidas para ser maxistrado do Supremo. O presidente debía ter sido, iso si, *Ministro da Coroa*. Este Tribunal Central coñecía en única instancia dos recursos contra os actos máis relevantes da administración estatal non descentralizada e, en segunda instancia, das apelacións contra as sentenzas dos Tribunais Provinciais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

915 «Ley sobre el ejercicio de la jurisdicción contencioso-administrativa», *Gaceta de Madrid*, núm. 258, 14/09/1888, pp. 773 – 778. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1888/258/A00773-00778.pdf [últ. consulta o 03/05/2022].

Como vemos, a xudicialización era relativa, especialmente no nivel superior. Por esta razón soe dicirse que o sistema da Lei Santamaría de Paredes é un *sistema harmónico*, que conxuga elementos do sistema administrativo e do sistema xudicialista[916]. Coa excepción xa citada da integración do Tribunal central no Supremo pola Lei Maura de 1904, o sistema permaneceu esencialmente inalterado ata 1956 e estaba vixente, por tanto, nas décadas dos 30 e 40 do século XX, período ao que se cingue a nosa investigación.

A plena xudicialización da xurisdición contenciosa só se produce pola Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa de 27 de decembro de 1956[917], no contexto dunha reorganización do sistema administrativo franquista, de sentido modernizador. Esta reorganización foi promovida por Carrero Blanco e encomendada aos chamados —despectivamente, polo núcleo falanxista—, en célebre expresión, *tecnócratas do Opus Dei*, entre os que había eminentes administrativistas como Laureano López Rodó, verdadeiro factótum da reforma[918]. A lei de 1956 suprime os Tribunais Provinciais substituíndoos por salas do contencioso na Audiencia Territorial, e mantén sala —ou salas, porque houbo varias— específicas no Tribunal Supremo, integradas en ámbolos casos exclusivamente por maxistrados de carreira. Estamos en pleno franquismo e as reservas ideolóxicas cara os integrantes da maxistratura están fóra de lugar: non se conciben. A supresión da planta provincial e a concentración do nivel inferior nas Audiencias Territoriais acabaría por producir un atasco endémico da xurisdición contenciosa, no que as sentenzas tardaban anos en saír. Para aliviar esta situación —que desmentía a efectividade da tutela xudicial sobre os actos administrativos—, a LOPX de 1985 creou, no ámbito provincial, os Xulgados do Contencioso-administrativo, órganos unipersoais que conforman hoxe o primeiro chanzo desta orde xurisdicional, recuperando así o nivel provincial pero desbotando a fórmula colexiada do tribunal.

Ata aquí unha breve introdución ao proceso de formación da xurisdición contencioso-administrativa en España. O seu estudo no contexto do golpe e da guerra civil española é interesante porque o contencioso-administrativo é un dos maiores indicadores da independencia de calquera sistema xudicial, que se pon a proba de forma máis clara ca en calquera outra xurisdición cando un particular se alza contra un acto dos poderes públicos tachándoo de ilegal. É, polo tanto, unha orde xurisdicional incómoda para os autoritarismos: por un lado, a súa existencia coarta a impunidade e a arbitrariedade do Estado; pero, polo outro, eliminala totalmente non é favorable, xa que ten unha fonda importancia lexitimadora pola súa función garantista, á parte de que a ausencia de control en calquera sistema administrativo acaba por resultar disfuncional.

Así as cousas, a solución pola que habitualmente optarán as ditaduras será o recorte de competencias do contencioso-administrativo para diminuír a súa capacidade tutelar, especialmente do poder central, evitando recorrer á súa total supresión. Este foi o caso da ditadura de Primo de Rivera, do nazismo, do fascismo e, como non, do franquismo. Mónica Lanero estudou os debates arredor da xurisdición contencioso-administrativa durante o proceso de institucionalización do réxime franquista, dando mostra da súa controversia nas máis altas esferas da ditadura[919]. Mediante a análise do

[916] García de Enterría; Fernández: *Curso de Derecho …*, vol. II, 1981, pp. 488 e ss.

[917] «Ley de 27 de diciembre de 1956 reguladora de la Jurisdicción contencioso-administrativa», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 363, 28/12/1956, pp. 8138 – 8158. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1956/363/A08138-08158.pdf [últ. consulta o 03/05/2022].

[918] Quen por certo fora, ata escasos anos antes, catedrático de Dereito Administrativo na universidade compostelana.

[919] Lanero Táboas, Mónica: *Una milicia de la justicia. La política judicial del franquismo (1936 – 1945)*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales, 1996, p. 350.

Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo de Pontevedra entre 1936 e 1942, nós observaremos en que medida isto se viu reflectido na escala micro[920].

Recuperamos, a modo de coda deste apartado, a seguinte reflexión:

> Es, por su especial naturaleza, la jurisdicción contencioso-administrativa escudo protector del ciudadano contra las extralimitaciones legales y abusos de Poder del Ejecutivo, y mucho más en un régimen de dictadura que, por serlo, forzosamente había de chocar, y chocó, con esta jurisdicción desde el primer momento de su actuación. …
>
> La Dictadura comenzó a dictar una serie de disposiciones que de hecho, ya que no de derecho, anulaban la autoridad y eficacia de esta jurisdicción.
>
> Y así comenzó cerrando el paso y negando el acceso a la misma para todas aquellas resoluciones o acuerdos de Gobierno respecto de los que, por su discutible y discutida legalidad, corrían grave riesgo de ser revocados, ya por negar o desconocer valor y eficacia a derechos preexistentes legalmente reconocidos a favor de los recurrentes, o de ser anulados por haber sido dictados por la Administración, con manifiesto abuso de poder.[921]

Contrariamente ao que poida semellar nunha primeira e desatenta lectura, a ditadura á que se refire o texto —moito máis extenso que o que nos permitimos a liberdade de incluír— non é a franquista, senón a primorriverista: son estas as Memorias da Fiscalía de 1930, ás que tanto nos referimos no anterior capítulo.

Dos erros de Primo de Rivera habería aprender Franco. Pero tamén dos seus acertos.

[920] Algunhas referencias bibliográficas que temos consultado na elaboración destas notas históricas que conforman a sección introdutoria do capítulo e que poden ser de utilidade para ampliar o seu contido, ademais das antes citadas: González Pérez, Jesús: "Evolución de la legislación contencioso-administrativa", *Revista de Administración Pública*, núm. 150, 1999, pp. 209–237. Ver tamén Lozano, Blanca: "Los conflictos entre la Administración y los Tribunales: perspectiva histórica y nueva configuración", *Revista de Administración Pública*, núm. 118, 1989, pp. 175–217. Especificamente sobre a fracasada implantación en España do modelo consellista francés, García Álvarez, Gerardo: "El fracaso en España del modelo francés de Consejo de Estado (1945-1904)", *Documentación Administrativa*, núms. 244 – 245, 1996, pp. 89 – 133. Asemade, os primeiros capítulos da seguinte obra, resultado dunha tese doutoral homónima (malia que detén a súa análise no 18 de xullo de 1936): Verdú Mira, Antonio Tomás: *El Tribunal Provincial de lo contencioso-administrativo de Alicante (1888 – 1936)*, Madrid, Iustel, 2011.

[921] del Valle y Aldabalde, Santiago: *Memoria elevada al Gobierno de S.M. en la solemne apertura de los Tribunales por el Fiscal del Tribunal Supremo D. Santiago del Valle y Aldabalde*, Madrid, Editorial Reus, 1930, pp. 141 – 151.

6.2. Analizando o TPCAPo (1936 – 1942)

6.2.1. Unha lectura xeral da actividade do TPACPo entre o golpe e o primeiro franquismo

Gráfica 13. Recorrentes do TPCAP por sexo (1936 - 1942)



Fonte: procedementos TPCAPo (AHPPo).

O traballo coas fontes emanadas polo Tribunal Provincial do Contencioso-Administrativo de Pontevedra —en adiante, TPCAPo— e a súa indexación nunha base de datos de elaboración propia amosa que, se atendemos ás persoas recorrentes, observaremos que na súa gran maioría estas son persoas físicas: 502 varóns (76,29%) e 62 mulleres (9,42%); correspondéndose as 94 restantes con persoas xurídicas (14,29%), ben entes da propia administración pública, ben empresas privadas. As administracións poden aparecer como recorrentes fronte a actos ou resolucións doutros entes administrativos que consideran prexudiciais para os seus intereses, normalmente no ámbito tributario —por exemplo, contra unha resolución dun Tribunal Económico Administrativo que acolleu o recurso dun particular—.

Secasí, non debemos pensar que a mostra inclúe 658 persoas físicas ou xurídicas diferentes, pois algúns destes suxeitos presentaron diferentes recursos pola vía contencioso-administrativa entre 1936 e 1942. De forma máis concreta, a mostra recolle un total de 481 individuos ou entidades distintas, dos cales 394 son homes, 57 son mulleres e 30 son administracións ou empresas. Destas últimas, as que aparecen como recorrentes más frecuentemente son a Deputación Provincial de Pontevedra, recorrente en 29 procedementos diferentes; os Concellos de Vigo e de Tomiño, repetidos respectivamente en 14 e 8 ocasións; seguidos de Tranvías Eléctricos de Vigo S.A., Massó Hermanos S.A., o Concello de Tomiño a *Compañía Nacional de los Ferrocarriles del Oeste de España* e a Cámara Oficial da Propiedade Urbana de Vigo, as cales recorren 3 expedientes cada unha delas. No que respecta ás persoas físicas que máis procedementos abriron, destacan particularmente Gumersindo Méndez Santamaría e Juan Castro Lago, con 5 casos cada un. Estes caracterízanse ademais por telos interpostos de forma moi seguida: entre xuño de 1936 e febreiro do 37 o primeiro, e outubro do 41 e abril do 42 o segundo.

Deteñámonos un momento no caso concreto de Gumersindo Méndez. Era un home familiarizado co TPCAPo: a través da prensa, temos constancia de que interpuxera máis recursos de diversa índole por esta vía en anos anteriores. Secretario do concello de Meis, é contra esta entidade contra a que presenta as súas varias reclamacións da nosa mostra[922]. As tres primeiras, interpostas entre o 5 e o 10 de xuño de 1936, recorren en primeiro lugar, unha resolución que deixaba sen efecto un acordo da anterior corporación municipal relativo a unha retribución económica; e en segundo e terceiro lugar, unha resolución que o suspendía de emprego e soldo no seu cargo como secretario municipal[923]. Isto non impide que o día 17 de xuño se faga efectivo o seu cese, acto que volve recorrer semanas despois do golpe de Estado, o 1 de setembro. Uns meses despois, en febreiro do 37, xa restituído no cargo, interpón un novo recurso reclamando os soldos deixados de percibir no período no que estivo suspendido do cargo de secretario[924].

O comportamento de Gumersindo Méndez con respecto ao contencioso-administrativo destaca porque se repite moitas veces en pouco tempo, mais a natureza dos seus recursos non é, en absoluto, insólita. Os cambios de signo político nas corporacións municipais viñan acompañados, acotío, de cambios tamén entre os traballadores e traballadoras do concello ou revogacións de acordos asinados pola corporación precedente. Un dos actos máis recorridos a partir de abril de 1936 é, de feito, a anulación dos nomeamentos e ceses de persoal realizados polas novas corporacións municipais designadas como comisións xestoras polos gobernos civís logo do triunfo da Fronte Popular nas eleccións xerais de febreiro, á agarda das convocadas e logo suspendidas eleccións municipais previstas para o 12 de abril, que deberían restituír a designación popular das corporacións, convertida nunha anomalía na azarosa vida municipal na Segunda República. Efectuados os ceses e nomeamentos polas novas comisións xestoras —como antes se fixera polas designadas tamén gobernativamente durante o bienio radical-cedista—, os empregados municipais afectados por devandito cese de persoal de carácter político acoden en masa ao TPCAPo. Vemos aquí a primeira mostra de que as mudanzas políticas teñen a súa repercusión nun campo tan aparentemente inocuo, ou se cadra menos atractivo ca outras ordes xurisdicionais, como o contencioso-administrativo.

En cambio, do que apenas aparece rastro nesta xurisdición, alomenos no caso do TPCAPo —pero probablemente xeneralizable—, é de reclamacións contra a vaga devastadora de ceses e destitucións desencadeada tralo golpe de xullo do 36, e que non só se executou mediante os procesos de depuración formal, subtraídos ao control xudicial. Tampouco é algo que sorprenda: a todas luces perder unha guerra non é o mesmo que perder unhas eleccións.

Na nosa pescuda apenas identificamos dous casos de reclamacións por ceses, sobre as que volveremos logo, relativas a empregados públicos de perfil técnico do Concello de Redondela dos que non consta unha previa significación política oposta á que representa o *Movimiento Nacional*. Que un funcionario de clara significación política ou sindical contraria á dos sublevados recorrese contra o seu cese por motivacións políticas logo do triunfo do golpe sería case tan inútil como temerario. Co sangue aínda fresco nas cunetas, ateigados os cárceres e centros de detención e cunha sociedade sumida

[922] Ademais do de Meis, foi secretario municipal dos concellos de Campo Lameiro, Portas e o Grove. *El Pueblo Gallego*, 16/04/1952, p. 2.
[923] Son os procedementos 136/36, 143/36 e 145/36 (libro-rexistro tomo 7, ca. 6793, f. TPCAPo, AHPPo). O segundo e o terceiro recorren o mesmo obxecto cun só día de diferenza.
[924] Procedementos 165/36 e 2/37 (libro-rexistro tomo 7 e tomo 8, ca. 6793, f. TPCAPo, AHPPo).

—cun papel ou outro— nun réxime de terror, as circunstancias non eran as máis propicias para apelar aos órganos garantes da supervisión do Estado de dereito.

Por outra parte, estas situacións se ventilaban en (pseudo)xurisdicións especiais —cando se organizaron; antes, pola vía dos feitos—, e estas (pseudo)xurisdicións tiñan unha declarada natureza sancionadora, co que implica de inversión de roles: fiscalizaban a conducta política dos traballadores públicos, non a actuación da administración que os sancionaba como é o caso da xurisdición contencioso-administrativa[925]. O papel normalizador que a esta lle corresponde como instancia ordinaria de control está nestes primeiros anos extraordinariamente limitado, ou mesmo vedado en materias sensibles como o combate contra o inimigo interior, e a súa participación no proceso de implantación da nova orde no contexto dun Estado campamental é máis omisiva —da súa teórica función— que activa[926]. Volveremos sobre isto máis adiante.

No relativo ás administracións recorridas atopamos tamén moita diversidade. Do total de 658 entradas, distinguimos 54 administracións diferentes, das cales máis de tres cuartas partes son concellos (77,78%). Non debe sorprender que sexa o Concello de Vigo o órgano que máis recursos recibe, un 31,46% do total, posto que xa era daquela o municipio máis grande da provincia. Con bastante diferenza porcentual, seguen ao Concello de Vigo a Deputación Provincial de Pontevedra (8,66%), o Tribunal Económico-Administrativo Provincial (6,08%), o Concello de Pontevedra (5,17%) e a Delegación Provincial de Facenda (2,89%)[927].

[925] Este tema é abordado en maior detalle no capítulo 8.

[926] O concepto de *Estado campamental*, tan evocador, de Tussell, Javier: *Franco en la guerra civil. Una biografía política*, Barcelona, Tusquets, 2006 [1992], p. 81 e ss.

[927] O Tribunal Económico-Administrativo Provincial (TEAP) pese ao seu nome, non é un órgano xurisdicional propiamente dito, no senso de xurisdición xudicializada, senón un órgano administrativo especial adscrito ao Ministerio de Facenda. A súa competencia era a resolución de reclamacións de carácter económico-administrativo relacionadas coa administración tributaria do Estado. Por iso, moitos dos actos recorridos contra o TEAP son instados por outras administracións de nivel local ou provincial, como un concello ou a deputación. Actualmente a instancia provincial foi substituída pola rexional: os TEAP foron remudados polos TEAR, aínda que estes teñan dependencias provinciais e mesmo algunhas locais (como en Vigo) nas diversas delegacións do Ministerio de Facenda, sen constituíren órganos propios senón meras dependencias delegadas.

USC

Gráfica 14. Administracións do TPCAPo recorridas (1936 - 1942)



Fonte: procedementos TPCAPo (AHPPo). [928]

[928] Na primeira gráfica, as etiquetas refírense ás seguintes administracións: Concellos ou agrupación forzosa de Concellos, Deputación da provincia de Pontevedra, Tribunal Económico-Administrativo Provincial (TEAP), Delegación Provincial ou Inspección de Facenda, Xunta Administrativa de Contrabando e Defraudación (XACD; en realidade estaba dentro do organigrama de Facenda) e finalmente unha miscelánea de entidades administrativas que aparecen en moi poucas ocasións.

Por outra banda, observando a materia do recurso a través da natureza do acto recorrido, a categoría máis numerosa son os recursos de persoal (50,91%), con reclamacións de diversa natureza, que non sempre é doado de categorizar[929]. Agrupámolas en catro subcategorías segundo se refiran: a) a fitos excepcionais na relación de traballo, sexa ou non funcionarial, pois isto non sempre se pode determinar con claridade —ingresos, ceses, suspensións e similares—; b) a circunstancias ordinarias no desenvolvemento da relación de traballo —promocións, categorías, retribucións e similares—; c) a reclamacións en materia de prestacións sociais —clases pasivas, xubilación, viuvez, orfandade e similares—; e d) outras diversas non encaixables nos grupos anteriores[930].

A subcategoría que aporta maior número de recursos en materia de persoal é a primeira, é dicir, as reclamacións relativas á constitución, cese ou suspensión do vínculo de traballo no ámbito da administración —o 29,64 % do total da mostra—. A maior litixiosidade se relaciona cos ceses, con frecuencia relacionados, como vimos antes, co cambio de signo político das corporacións locais, que son as que aportan maior número de litixios nun tribunal de provincias. Constátase a persistencia de prácticas de contratación fundadas na confianza ou proximidade política, residuo da tradicional institución das *cesantías*, nunha administración debilmente profesionalizada. Canda estas están as reclamacións por incidencias ordinarias na prestación de servizos (14,89%); algunhas son reclamacións de retribucións non pagadas, pero as máis están relacionadas coa categoría profesional: recoñecemento de categoría, ascensos, cobertura de vacantes, antigüidade, efectos económicos de calquera das anteriores, etc. Novamente, a maioría das reclamacións refírense a persoal das administracións locais, case sempre dos concellos; á parte de que isto sexa esperable nun tribunal de provincias, o que a casuística transluce é que no ámbito municipal a contratación era especialmente laxa. Menor importancia cuantitativa teñen as reclamacións relativas ás clases pasivas (2,43%) e outras cuestións diversas en materia de persoal (3,95 %).

En segundo lugar, atopamos os recursos de carácter tributario (27,20%). No tratamento que fixemos dos datos nesta categoría atendemos á administración recorrida, polo que clasificamos os recursos en función de que a xestión dos tributos sexa municipal (14,59%), provincial (2,89%) ou estatal (4,71%), incluídas neste último grupo os recursos relativos a infraccións por contrabando que non sempre se distinguen doadamente —sen facer un exame individualizado das causas— das infraccións das obrigacións tributarias que gravaban a importación. Pero a xestión dos tributos non se corresponde necesariamente coa súa titularidade, xa que era habitual que deputacións e, sobre todo, concellos xestionasen a recadación de tributos de titularidade estatal como os impostos de utilidades, que gravaban a obtención de rendas, tanto de persoas físicas como xurídicas. A implantación territorial da administración estatal descentralizada era extraordinariamente limitada, de xeito que a realización das políticas estatais forzosamente tiña que apoiarse na rede municipal, especialmente fóra das capitais.

[929] Isto é unha constante nos recursos do TPCAPo. No seu informe ao fiscal xeneral da República, o fiscal xefe da Audiencia de Pontevedra escribe en 1932: "Se han incoado en el año judicial 150, contra sólo 81 que se incoaron en el anterior. La inmensa mayoría versaron sobre acuerdos de los Ayuntamientos y relativos a personal; 21 se han tramitado contra resoluciones de la Diputación provincial, también de cuestiones de empleados; 5 contra resoluciones de la Delegación de Hacienda en reclamaciones contra Presupuestos municipales y únicamente 2 contra acuerdos del Tribunal Económico provincial". Ver Martínez de Aragón y Urbiztondo, Gabriel: *Memoria elevada al Gobierno de la República con motivo de la solemne apertura de los Tribunales el día 15 de Septiembre de 1932 por el Fiscal General de la República D. Gabriel Martínez de Aragón y Urbiztondo*, Editorial Reus, Madrid, 1932.

[930] Lembramos que no apartado sobre metodoloxía e fontes do primeiro capítulo, amais dunha máis detallada explicación sobre estas en relación ao TPCAPo, ofrecemos unha táboa coas categorías e subcategorías nas que foron clasificadas os procedementos contenciosos-administrativos da mostra.

Os recursos tributarios máis comúns teñen por obxecto a inclusión nos censos e a atribución de cotas. É importante ter presente que existen reiterados intentos por modernizar o sistema tributario; búscase especialmente, mellorar a tributación directa, particularmente en relación ás utilidades. Para acadar isto, establécense mecanismos de estimación tamén directa en vez de signos externos dos rendementos. Porén, a precariedade dos mecanismos de control fiscal e a resistencia á tributación dos sectores máis adiñeirados facía que, para asegurar unha recadación mínima, subsistisen vellos sistemas de repartimento dos tributos, mediante a inclusión dos obrigados tributarios en censos —normalmente por concellos— e a asignación neles de cotas para os distintos obrigados tributarios. Frecuentemente os incluídos, persoas de certa capacidade económica, recorren a súa inclusión no censo ou a cota asignado.

Tamén se repiten con certa frecuencia (5,02%) litixios relativos á subcontratación da recadación tributaria a recadadores particulares que se cobraban unha parte da recadación. Era unha técnica común na recadación dos impostos xestionados polos municipios, consecuencia unha vez máis da precariedade de persoal e medios na administración da época, en especial nos concellos pequenos. Moitos dos procedementos derivados desta práctica refírense á liquidación dos servizos contratados, por desavinzas entre as partes sobre o resultado da recadación e o que se debe entregar ou percibir. A celebración e extinción destes contratos tamén dá lugar a abondosa litixiosidade. Dáse a circunstancia de que esta subcontratación de servizos frecuentemente aparece designada como nomeamento e cese como recadador de tributos, de modo que resulta difícil discernir en tódolos casos, sen unha pescuda exhaustiva de tódolos expedientes, os supostos nos que os nomeamentos e ceses corresponden a persoal propio do concello —e, por tanto, son recursos de persoal— dos que se refiren ao arrendamento de servizos externos. Na maioría dos casos, sobre todo nos concellos pequenos, a contratación é externa, o que se evidencia en feitos como que ás veces o mesmo recadador litiga fronte a distintos concellos; ou non ofrece dúbidas cando o acto recorrido se describe como adxudicación ou extinción dun contrato de arrendamento da recadación de tributo. Os casos dubidosos computámolos na categoría de persoal, como ingresos ou ceses.

Moito menos numerosos son os litixios en materia de urbanismo (8,51 %), que desagregamos nas subcategorías de litixios relativos a licenzas de obras (2,43%), licenzas de actividades (1,52%), infraccións urbanísticas (1,37%) e outros litixios urbanísticos diversos que non se inclúen nos anteriores grupos (3,19%). Canda esta, temos a categoría de reclamacións sobre materia de contratación non encadrable nas categorías anteriores (8,05%), na que diferenciamos as subcategorías de contratación de obras públicas (1,82%), arrendamentos, vendas e cesións do dominio público ou comunal (5,93%) e contratación de servizos distintos dos contemplados noutros ítems específicos (0,30%).

Finalmente, na categoría de outros (5,32%) comprendemos as reclamacións diversas excluídas dos grupos anteriores (1,82%), así como aquelas en que o obxecto da reclamación é difícil de determinar con precisión (3,50%).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfica 15. Natureza dos actos recorridos no TPCAPo por categoría e subcategoría (1936 - 1942)



Fonte: procedementos TPCAPo (AHPPo). [931]

No relativo ás resolucións ás que chega o TPCAPo entre 1936 e 1942, comprobamos que a meirande parte delas obtiveron unha sentenza do tribunal (63,68%), aínda que no libro-rexistros non se especifica cal. Á parte, un número importante dos procedementos foron acumulados a outros (15,65%), desistidos (14,29%) ou ben caducaron (6,08%), sendo as declaracións de incompetencia do TPCAPo e os procedementos achantados totalmente anecdóticos (0,30%). Esta tendencia reprodúcese a menor escala en tódolos semestres, excepto nalgúns nos que o número de

[931] Lenda das categorías e subcategorías. *Persoal*: ingresos, ceses e suspensións; promoción, categoríaas e retribucións; clases pasivas (xubilación, viuvez, orfandade); e outros. *Tributario*: tributos de xestión municipal; tributos de xestion provincial; tributos de xestión estatal (contrabando incluído); e contratación da xestión de tributos. *Urbanismo*: licenzas de obras; licenzas de actividades; infraccións urbanísticas; e outros. *Contratación*: obras públicas; arrendamentos, vendas e cesións do dominio público ou comunal; e servizos. *Outros*: miscelánea; e difícil de determinar.

procedementos desistidos superan aos acumulados, sen que isto teña maiores implicacións.

Gráfica 16. Resolución dos procedementos presentados no TPCAPo (1936 - 1942)



Fonte: procedementos TPCAPo (AHPPo).

Especial atención merece a evolución cronolóxica da litixiosidade, na que observamos un ritmo constante de incoación de novos procedementos durante o primeiro semestre da mostra, que se corresponde coa etapa republicana, ata a súa caída total a partir de xullo de 1936, coincidindo co golpe de Estado. Comparando o total de procedementos na primeira e segunda metade de 1936, comprobamos que neste último se produce un decrecemento de máis de 130 recursos con respecto ao primeiro semestre do ano, pasando de 151 procedementos iniciados ata xuño a só 18 a partir de xullo. As cifras descenderán lixeiramente durante 1937, ascendendo paulatinamente en 1938 e ata o desenlace do conflito bélico. A partir de entón, durante a posguerra asistimos a un aumento na actividade do TPCAPo aínda que forma moi irregular; porén, non se chegarán a recuperar en ningún momento os números da etapa prebélica.

Esta tremenda caída nos recursos interpostos perante o TPCAPo a partir do 18 de xullo é interesante. Se recordamos o que estaba a suceder nas demais instancias da orde xurisdicional ordinaria, non identificamos ningunha ruptura na súa actividade, principalmente no caso do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, que é o que puidemos seguir con maior detalle. O xulgado seguía funcionando con aparente normalidade tramitando os procedementos abertos, pero tamén seguía recibindo outros novos, remarcando o seu papel regulador da vida pública. Apela a unha cotiandade a nivel micro que non é alterada intencionalmente, instrumentalizando a idea imaxinaria da natureza pretendidamente apolítica da administración de xustiza para transferir a súa lexitimidade á dos novos tedores do poder tralo golpe, como lexitimidade de exercicio: a xurisdición —é dicir, o Estado dispensador de xustiza— segue funcionando. Pola contra, o TPCAPo seguía en activo, pero o número de recursos novos que recibe redúcese exponencialmente, como podemos comprobar na seguinte gráfica:

USC DE SANTIAGO

Gráfica 17. Evolución dos procedementos presentados no TPCAPo por semestre (1936 – 1942)



Fonte: procedementos TPCAPo (AHPPo).

É interesante resaltar como este colosal recorte nas atribucións e, polo tanto, número de recursos a coñecer polo contencioso-administrativo non é realmente tratado nas Memorias da Fiscalía da inmediata posguerra. Os informes elevados dende a Audiencia Provincial de Pontevedra tampouco aportan información de gran transcendencia; limítanse a facer algunhas observacións a teor de elementos procesuais ou interpretación de normativa en relación ao papel do fiscal nos recursos. Pequenos comentarios nos informes doutras provincias fan referencia á tendencia decrecente no número de recursos[932]. Estes evidencian que, malia ser abordado cun ton máis ou menos explícito, a relevancia do contencioso-administrativo no proceso de institucionalización da ditadura é clara.

Os últimos procedementos instados antes de que os militares se levantasen en armas en Galicia son do propio 18 de xullo, nos que un home presenta dous recursos contra o Concello de Meis por un cese como practicante interino, o segundo dos cales é

[932] Por exemplo, para o ano xudicial 1940/1941, o fiscal da Audiencia de Biscaia sinala que "[s]iguen disminuyendo los recursos de esta clase [contencioso-administrativa], que en el año último sólo se han iniciado en número de 21". En Granada, por exemplo, 25; e en Málaga 19. Para o mesmo ano, nas de Almería ou Cidade Real non se tramitou ningún preito. Números, como vemos, anecdóticos. Algúns fiscais, os menos, permítense ofrecer explicacións do fenómeno: o guipuscoano "[e]xpresa que ha decrecido considerablemente el número de pleitos … [debido a] una reducción en los recursos contra acuerdos adoptados por las Corporaciones locales en materia de personal". Con maior frialdade escribe o fiscal de Zamora: "Sigue observándose disminución de pleitos, motivados sin duda por la desaparición de luchas políticas y el saneamiento de la administración local". Moito máis suxerinte é a problemática formulada polo fiscal da Audiencia de Zaragoza, quen "indica el problema suscitado por un Secretario del Ayuntamiento destituído en virtud de expediente ordinario, ajeno a depuración político-social, quien pretende que, por la condición de *interinos*, todos los Ayuntamientos de España carecen de facultad para destituir funcionarios. Con tal doctrina se plantea la cuestión de legitimidad de las normas y disposiciones de la Revolución Nacional que no admite otra solución que la de afirmar la designación gubernativa como única manera legal de constituir aquellas Corporaciones" (cursiva no orixinal). Ver Pérez González, Blas: *Memoria elevada al Gobierno Nacional en la solemne apertura de los Tribunales el día 16 de Septiembre de 1941 por el Fiscal del Tribunal Supremo Blas Pérez González*, Instituto Editorial Reus, Madrid, 1941, pp. 127 – 142.

acumulado ao primeiro[933]. Con todo, o luns día 20 o TPCAPo está en funcionamento, pois sabemos que neste momento esta demanda é admitida a trámite. Todo se desenvolve con aparente normalidade pese a situación de tensión e desorde en Pontevedra, que podemos recordar do visto no capítulo 3: a convocatoria de folga xeral, a multitudinaria manifestación na Alameda en defensa da República, os militares de Pontevedra e arredores que toman as rúas e declaran o estado de guerra, o hidroavión sobrevoando a cidade cunha metralleta e cuartillas, o comezo da persecución violenta da poboación, as primeiras detencións de carácter político… Porén, a vida dos tribunais semella inalterable.

Despois disto, non se inician procedementos novos ata o 28 do mesmo mes, o cal non é o mesmo ca que o TPCAPo deixe de funcionar, como acabamos de ver. Nese día, outro individuo recorre mediante dous procedementos un acordo do concello de Sanxenxo polo que se lle destituía o cargo de oficial de primeira[934]. Haberá que esperar máis dun mes para que outra persoa física volva presentar un recurso polo TPCAPo, o 1 de setembro[935]. Durante esas semanas de agosto, o TPCAPo recibira apenas cinco recursos, todos de índolle tributaria, interpostos catro deles polo Concello de Vigo e o outro pola Deputación Provincial de Pontevedra. No que resta de 1936, o tribunal non terá apenas actividade, con catro procedementos novos nos meses seguintes, en dous dos cales os promoventes recorren o seu cese como persoal traballador do concello despois do golpe de Estado. É o caso de Carmen Fernández Esteiro e Juan Martínez Vidal, depositaria de fondos municipais e administrador de arbitrios do concello de Redondela, respectivamente, os cales se opoñen a un acordo da alcaldía do 26 de agosto que os cesaba nos seus cargos[936]. Logo volveremos sobre estes procedementos, que teñen o interese de seren os únicos que se alzan contra a extensa vaga de ceses funcionariais nos momentos inmediatamente posteriores ao 18 de xullo.

Xa na posguerra, si atopamos con maior asiduidade unha administración recorrida cuxa aparición era anecdótica antes do golpe: a Xunta Administrativa de Contrabando e Defraudación. Creados pola Lei de Contrabando e Defraudación de 1904, estes órganos administrativos formaban parte da Delegación Provincial de Facenda e tiña competencia sobre fraudes aduaneiros e o mercado negro nos supostos que, pola súa menor entidade, constituían meras infraccións administrativas. Impuña multas recorribles en vía económico-administrativa e, esgotada esta, perante a xurisdición contencioso-administrativa[937]. Non é casualidade que o aumento de expedientes contra esta Administración comece a ocorrer sobre todo a partir de 1942, ante a crise económica da posguerra e o conseguinte incremento do estraperlo. Ora ben, aínda que é evidente que o

[933] Procedementos 156/36 e 157/36 de Santiago da Cea Rey (libro-rexistro tomo 7, ca. 6793, f. TPCAPo, AHPPo).

[934] Procedementos 158/36 e 159/36 de Sebastián Estévez Bernadal (libro-rexistro tomo 7, ca. 6793, f. TPCAPo, AHPPo). Ao igual ca no caso anterior, o segundo procedemento se acumulará ao primeiro. O conflito de Sebastián Bernadal contra o Concello de Sanxenxo viña de atrás, tal e como podemos seguir polas crónicas xudiciais da prensa. Nomeado no cargo de oficial deste municipio en 1924, temos constancia dende 1930 das súas demandas ao Concello por suspensión de emprego e soldo a teor de supostas faltas de asistencia á oficina. Ao longo dos anos seguintes presentará e gañará varias demandas deste estilo, que se repetirán tamén en 1937. *El Pueblo Gallego*, 04/04/1924, p. 6. *El Progreso*, 10/06/1930, p. 2. *El Progreso*, 11/09/1931, p. 2. *El Pueblo Gallego*, 11/12/1934, p. 7. *El Pueblo Gallego*, 04/04/1937, p. 3.

[935] Procedemento 165/36 de Gumersindo Méndez Santamaría contra o concello de Meis por cese no cargo de secretario do concello o 17 de xullo (libro-rexistro tomo 7, ca. 6793, f. TPCAPo, AHPPo).

[936] Procedementos 166/36 e 167/36 (libro-rexistro tomo 7, ca. 6793, f. TPCAPo, AHPPo).

[937] Cando a contía da mercancía era superior, convertíase nun delito de contrabando e defraudación (non nunha falta) e, polo tanto, pasaban á competencia dos Xulgados de Primeira Instancia e da Audiencia Provincial. En 1953, as Xuntas serán substituídas polos Tribunais Provinciais de Contrabando e Defraudación. Ver «Ley autorizando al Gobierno para modificar la Legislación penal y procesal para la represión de los delitos de contrabando y defraudación», *Gaceta de Madrid*, núm. 254, 10/09/1904, p. 869. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1904/254/A00869-00869.pdf [últ. consulta o 05/04/2022].

USC

tráfico ilícito de produtos prohibidos ou suxeitos a dereitos de aduanas precedía esta data, motivado pola autarquía e a proximidade da fronteira portuguesa, a literatura especializada indica que o apoxeo do fraude e contrabando corresponderíase coa etapa posterior a 1945[938].

A aparición deste tipo de procedementos, aínda que serodia, responde naturalmente a este novo contexto e estratexias de adaptación ao mesmo; mais tamén pode aludir a unha potencial capacidade da poboación de recorrer ante os tribunais a represión e punición do contrabando por parte do novo réxime franquista. Se ben non nos detivemos nesta documentación, si consideramos relevante facer énfase nela, xa que «el fenómeno del estraperlo fue mucho más amplio y abarcante de lo que el estudio de las fuentes tradicionales pudiera hacer pensar»; pero porque, sobre todo, os comportamentos sociais ao seu arredor foron moi variados, xa non só no binomio de colaboración ou delación, senón nas ferramentas de resistencia das propias persoas implicadas nestas prácticas, algo que só podemos observar mediante a consulta dos fondos dos Tribunais Provinciais do Contencioso-Administrativo —e non nos tradicionalmente empregados, de Facenda—[939]. Sexa como for, estes procedementos infórmannos do contrabando de produtos de primeira necesidade, como xabón ou ovos, e tamén doutras mercancías de carácter non esencial, como o alcol e o caucho. Atendendo á orixe das persoas recorrentes, vemos que coincide a súa veciñanza con municipios limítrofes con Portugal, como Salvaterra de Miño, ou con portos importantes, como o de Vigo, espazos todos eles que facilitaban o contrabando.

Mais, que no plano local —recordemos que a administración local comprende tanto a municipal como a provincial— apreciemos unha relativa normalidade a través do TPCAPo, non quere dicir que a dimensión do contencioso-administrativo fose ignorada polos golpistas e fundadores do novo réxime. Como mencionamos ao inicio do presente capítulo, o carácter incómodo desta orde xurisdicional pola súa capacidade de controlar a discrecionalidade do poder político converteuna en obxecto de grandes debates durante o proceso de institucionalización da ditadura, xa dende os primeiros momentos do golpe. Neste contexto, nun momento tan temperán como novembro de 1936, prodúcese unha novidade lexislativa que grande calado que, malia ter escasa transcendencia práctica no espazo xurisdicional provincial que é o que nós esculcamos, ten unha enorme importancia para comprender o papel da xurisdición contencioso-administrativa no cambio de réxime. Referímonos á aprobación do regulamento da Xunta Técnica do Estado, de 19 de novembro de 1936, en desenvolvemento da lei do 1 de outubro anterior que organizaba provisionalmente o Novo Estado[940].

O regulamento, que hai que situar no contexto bélico no que se produce e nas lóxicas totalitarias que agroman no bando sublevado, contén normas tan distópicas como as que atribuían á Xunta Técnica —é dicir, ao goberno— non xa a posibilidade de gobernar por decreto senón o poder lexislativo mesmo, facendo saltar polo aire as

[938] Ortega Noguera, Rebeca; Zabalza Gárate, Gemma: "Navarra, tierra de contrabandistas: una aproximación histórica (Guerra Civil y posguerra)", *Gerónimo de Uztariz*, núm. 16, 2000, pp. 9 – 32. As autoras refírense a etapa entre mediados dos anos 40 e comezos dos 60 como a "etapa dourada do contrabando". Non hai que esquecer, non obstante, a constante histórica do contrabando nos territorios fronteirizos, como no sur de Pontevedra e no norte de Portugal. Sobre o contrabando como "arma do feble" scottiana e resistencia ao autoritarismo franquista, así como estratexia de vida e vehículo mobilizador de solidariedades clandestinas nas comunidades rurais galegas, ver Cabana, Ana: *La derrota de lo épico*, Valencia, Universitat de València, 2013, pp. 135 – 148.

[939] Román Ruiz, Gloria: "Fraude y contrabando en la provincia de Granada. Geografía del estraperlo y actitudes ciudadanas (1937 – 1952)", *Historia Actual Online*, vol. 37, núm. 2, 2015, p. 8.

[940] «Reglamento orgánico y de procedimiento de la Junta Técnica del Estado», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 34, 19/11/1936, pp. 214 – 216. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/034/A00214-00216.pdf [últ. consulta o 04/05/2022].

estruturas elementais do Estado liberal, declarado caduco e contrario á esencia nacional. Para o que agora nos interesa, o art. 20 do regulamento decretaba a suspensión da xurisdición contencioso-administrativa, «mientras no se legisle en otra forma», respecto das resolucións dos «Organismos de la Junta Técnica», é dicir, dos órganos da administración central do Estado. Fronte a estas resolucións, esgotada a «vía gubernativa» só caberá un último recurso extraordinario «ante el Jefe del Estado»[941]. Nun momento providencial, o Estado reclama poder actuar libre de ataduras. Reiteramos que a norma debe situarse no contexto bélico no que se produce, pero a suspensión da xurisdición contenciosa en relación aos actos do goberno persistirá ata 1944, anos despois de finalizada a guerra e aínda entón con severas limitacións en materias sensibles.

Mónica Lanero fai un seguimento dos debates da Comisión Xeral de Codificación, tradicional órgano de asesoramento do Ministerio de Xustiza, durante os anos da guerra e a inmediata posguerra, deixando constancia das diferentes posturas dentro do grupo insurrecto con respecto ao contencioso-administrativo[942]. Aínda que houbo voces que, aludindo ao extraordinario contexto bélico, avogaron pola total supresión da xurisdición contenciosa-administrativa tal e como fora entendida ata entón e recuperar unha xurisdición retida —de autotutela da propia administración—, a Lei de Reorganización do Tribunal Supremo de agosto de 1938 conserva a orde contenciosa-administrativa. Porén, faino recortando considerablemente as súas competencias para limitar a súa capacidade de actuar fronte ás decisións máis relevantes do novo poder. Para iso, mantense a medida de novembro do 36 de exclusión de recurso contencioso para aquelas disposicións emanadas da administración central, aínda que si permitindo posteriormente o recurso fronte a actos da administración central republicana[943]. En termos prácticos, isto significa que o contencioso-administrativo só se empregará para recorrer acordos da administración local e da estatal descentralizada, de aí que no noso marco de análise non vexamos grandes mudanzas en comparación ao anterior período[944].

A restauración da competencia da xurisdición contencioso-administrativa en relación cos actos da administración central do Estado non ten lugar ata a promulgación da Lei de 18 de marzo de 1944 sobre Restablecemento da Xurisdición Contencioso-Administrativa, xa fóra do noso período de investigación. É importante sinalar, non obstante, que esta nova lei subtrae ao control xurisdicional importantes materias politicamente sensibles. En particular quedan excluídas polo art. 2, «como pertenecientes al orden político o de gobierno», as resolucións ditadas en materia de depuración, responsabilidades políticas, desbloqueo, prensa e propaganda e abastecementos. Tamén quedan excluídas as resolucións da administración central en materia de persoal, agás as sancións que impliquen separación do corpo e sempre que non sexa por depuración ou responsabilidades políticas[945]. Ademais, a lei crea unha nova sala do contencioso no

[941] Restaurándose a función xurisdicional do soberano que está na orixe medieval do primeiro Estado moderno, como vimos no segundo capítulo desta tese. Nótese, ademais, o sutil pero significativo equívoco conceptual que se produce ao designar a *vía administrativa* como *vía gobernativa*, que substitúe a connotación técnica ou profesional pola política. Ao designar á mesma cousa con outro nome, tamén se transforma o obxecto designado.

[942] Lanero Táboas: *Una milicia de…*, 1996, pp. 349 – 358.

[943] O art. 8 establece textualmente: «La Sala tercera conocerá únicamente de los recursos promovidos contra las resoluciones de los Tribunales contencioso-administrativos provinciales, quedando expresamente excluidos los recursos contra las resoluciones de la Administración central». Revisar tamén art. 7 e 11 da «Ley reorganizando el Tribunal Supremo», Boletín Oficial del Estado, núm. 72, 10/09/1938, pp. 1168 – 1171. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1938/072/A01168-01171.pdf [últ. consulta o 04/05/2022].

[944] Non confundir a administración central do Estado coa administración descentralizada (ex.: delegación ministeriais).

[945] «Ley sobre restablecimiento de la jurisdicción contencioso-administrativa», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 83, 23/03/1944, pp. 2405 – 2407. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1944/083/A02405-02407.pdf [últ. consulta o 04/05/2022]. Ver tamén Lanero Táboas: Una milicia de…, 1996, p. 355, e González Pérez: "Evolución de la…", 1999, p. 218.

Tribunal Supremo e modifica a designación dos membros de ámbalas salas desta orde xurisdicional no alto tribunal, que se fai polo goberno mediante decreto, con composición mixta —maxistrados e funcionarios—, o que viña garantir unha formación das salas afín ás posicións gobernamentais. Aínda así, para o suposto de que algunha resolución desta xurisdición resultase problemática, a lei ampliaba as facultades gobernamentais de subtraerse á fiscalización xudicial, por canto no art. 5 engadía aos anteriormente previstos supostos taxados polos que o goberno podía acordar a suspensión ou inexecución da sentenza un suposto novo que actuaba como cláusula aberta —«cualquier otra causa que entrañe idéntica gravedad a juicio del Gobierno»— que situaba a executividade das resolucións xudiciais máis relevantes ao borde mesmo da discrecionalidade[946].

Restablécese, en definitiva, a orde contencioso-administrativa, pero completamente desvirtuada en favor do poder político que debería fiscalizar, coas súas competencias minguadas e supeditada en última instancia á decisión gobernamental. Con todo, non deixa de ser significativa esta vontade restitutoria, que abandona as pretensións totalitarias de suprimila en beneficio dunha estrita autotutela desxudicializada, o que implica unha clara conciencia da súa función normalizadora e lexitimadora do propio réxime, que necesita homologarse como un Estado *soportable* tanto no plano interno como no internacional, á vista do curso que vai tomando a Segunda Guerra Mundial. Como sentencia Mónica Lanero: «El pretendido establecimiento de esta jurisdicción se enmarca más bien en el conjunto de medidas que pretenden "lavar la cara del régimen", construyendo una imagen de normalidad jurídica propia de un Estado de Derecho»[947].

Por outra banda, a través das lecturas das Memorias anuais do Ministerio Fiscal, Lanero anota que «la mayoría de los recursos presentados en estos primeros años se dirigen contra decisiones de Ayuntamientos y Diputaciones durante el periodo republicano, especialmente en cuestiones de personal»[948]. Se ben non pretendemos desmentir esta observación, sen dúbida atinada ao referir os recursos a actos administrativos de corporacións republicanas, cabe recordar que esta dinámica xa estaba presente antes do golpe de Estado do 36, durante a República e probablemente na ditadura de Primo de Rivera e na Restauración, pois obedece a causas máis estruturais que conxunturais. Como vimos, despois das mudanzas nos gobernos municipais nos primeiros meses de 1936, o TPCAPo encheuse de demandas contra os ceses do persoal nomeado polas anteriores corporacións entre outubro de 1934 e o 18 de febreiro de 1936, deixando entrever o cariz político tanto dos nomeamentos como dos ceses, vencellados ambos ao cambio de signo político das respectivas corporacións.

O que se pon de manifesto é a persistencia dunha práctica normalizada de contratación de persoal en razón da afinidade partidaria, propia dunha administración desprofesionalizada e concibida como brazo executor, en réxime de confianza, da

[946] As anteriores causas taxadas de suspensión ou inexecución dunha sentenza contenciosa estaban reguladas no art. 84 da Lei sobre o Exercicio da Xurisdición Contencioso-Administrativa de 13 de setembro 1888 (Lei Santamaría de Paredes) e na redacción dada pola Lei de 5 de abril de 1904 (Lei Maura). Eran catro, todas moi excepcionais: a) perigo de trastorno grave da orde pública; b) temor fundado de guerra contra outra potencia, se houbera de cumprirse a sentenza; c) quebranto na integridade do territorio nacional; e d) detrimento grave da facenda pública (de feito, a máis común e aínda hoxe persistente). O acordo tiña que adoptarse polo Consello de Ministros con carácter extraordinario e fundarse estritamente nunha desas catro causas. Engadir unha quinta causa que era "calquera outra" decidida polo goberno supuña outorgar a este un poder exorbitante en orde a non executar decisións da xurisdición contencioso-administrativa. Pasamos dunha xurisdición retida estrita (sen mediación de ditame de consello algún) establecida provisionalmente no regulamento de novembro do 36, a unha especie de xurisdición delegada revogable discrecionalmente polo goberno, xa non con carácter provisional por razón da guerra senón de modo definitivo. Tal foi o restablecemento da xurisdición contencioso-administrativa operado en 1944.

[947] Lanero Táboas: *Una milicia de…*, 1996, p. 356.

[948] Lanero Táboas: *Una milicia de…*, 1996, p. 351.

dirección política do órgano. Esta práctica, coa súa secuela de nomeamentos e ceses que nutren de persoal de confianza as administracións e premian as fidelidades partidarias, estaba fortemente consolidada dende os tempos da Restauración borbónica e o seu réxime de alternancia por quendas —o *turnismo*—, no que a cesantía era unha situación administrativa do persoal tan normalizada como a de activo. Naturalmente, as raíces desta práctica son moi anteriores e apuntan precisamente á débil estatalización da monarquía hispánica na que subsisten formas de fidelidade de carácter máis persoal que institucional, situándonos máis no ámbito da preestatalidade que no da moderna estatalidade. Sobre esta base de débil estatalización, a Restauración institucionalizou prácticas de contratación que reflectían a alternancia por quendas na dirección política dese Estado precario, nos seus distintos niveis; prácticas que sobreviviron ao colapso do sistema de quendas entre proclamas impotentes da necesidade de profesionalizar a administración pública, tanto no período primorriverista como no republicano.

Sería excesivo afirmar que, no noso período de estudo, non se avanzou en absoluto na pretensión de profesionalizar a función pública; pero a análise da litixiosidade en materia de persoal da administración confirma a persistencia de prácticas de contratación baseadas na proximidade política, na confianza persoal e no clientelismo. Paradoxalmente, a irrupción e, sobre todo, a lonxevidade do réxime franquista vai alterar profundamente esta vella práctica de alternancia partidista na dotación da función pública, non porque se suprimise a politización da provisión de cargos —que, pola contra, se reforzou desbotando calquera caste de pluralismo na función administrativa mediante procesos sistemáticos de depuración incluso nos postos cubertos por persoal funcionarial estable—, senón porque, suprimido o pluralismo e estabilizado no tempo o sistema monopartidista, eliminouse calquera forma de alternancia na provisión de cargos administrativos. O resultado foi o que podemos describir como unha *profesionalización* politicamente nesgada da administración pública, nutrida exclusivamente de adherentes, activos ou pasivos, ao réxime pero dotada de permanencia e, neste exclusivo senso, profesionalizada.

Adquire así sentido o feito de que, a diferencia do sucedido cos ceses subseguintes ao cambio de corporacións municipais logo do triunfo da Fronte Popular nas eleccións xerais de febreiro do 36, apenas se produzan recursos contencioso-administrativos fronte á extensísima vaga de ceses de persoal producida logo do golpe. Concorren dúas causas que producen a diferencia. A primeira é de carácter competencial: ao contrario do sucedido anteriormente, os ceses derivados do cambio de réxime non se producen a través dun mecanismo, perverso pero normalizado, de alternancia derivada do resultado electoral —antes, do cambio na quenda—, senón mediante mecanismos extraordinarios de depuración político-social. A substitución non é meramente funcional, no sentido ordinario en que o viña sendo como modo común de conformar un núcleo funcionarial de confianza, senón purgativa: persigue a extirpación dun mal. Consecuentemente, execútase mediante procedementos tamén excepcionais, depurativos, conferidos a organismos específicos que constitúen unha (pseudo)xurisdición específica que suple á ordinaria.

Canda este motivo competencial existe outro máis substantivo: mesmo nos supostos nos que os ceses se producisen fóra do ámbito das comisións específicas de depuración —que foron os máis, antes de que estas se xeneralizasen—, a viabilidade material do recurso á xurisdición ordinaria fronte a excesos derivados precisamente da quebra do funcionamento ordinario do Estado era ilusoria. Non é equiparable a derrota —ou a vitoria— bélica á meramente electoral, ou á fortuna do cambio da *quenda pacífica* —como se designaba, con adxectivo moi cualificativo, á alternancia da Restauración—.

O triunfo bélico instaura a superioridade do dereito de vitoria sobre calquera outro, do mesmo xeito que o dereito de conquista suprime ou subordina calquera dereito civil ou político preexistente. No caso de ceses depurativos de elementos notoriamente desafectos ao *Movimiento* triunfante, tanto se se produciron polas vías institucionais específicas como se mediante procedementos máis expeditivos, o recurso á xurisdición ordinaria está vedado, sexa por motivos competenciais sexa por mera prudencia.

Todo isto non implica que non se interpoñan algúns —poucos— recursos na xurisdición ordinaria contra ceses acordados polas novas autoridades nos momentos inmediatamente posteriores ao golpe. Na nosa esculca atopamos dous, xa aludidos, que dan mostra de como o proceso de depuración de persoal, especialmente nestes primeiros momentos, foi singularmente arbitrario. Chegou mesmo alcanzar a persoas funcionarias con praza en propiedade designados non polas corporacións frontepopulistas nin por corporación republicana algunha, senón no período primorriverista, e respecto das que non consta filiación ou actividade política algunha, alomenos de carácter esquerdista. Son recursos interpostos, contra un único acordo decretando o seu cese, por Carmen Fernández Esteiro, depositaria de fondos do Concello de Redondela, e Juan Martínez Vidal, recadador de arbitrios no mesmo Concello[949]. O acordo de cese ten forma de providencia ditada polo Alcalde-Delegado da Orde Pública de Redondela, Francisco Cunqueiro Montenegro, é de data 26 de agosto de 1936. Ten a seguinte sucinta motivación:

> Cumpliendo órdenes de la superioridad en cuanto a los funcionarios de este Ayuntamiento que por su significación e ideología en discordancia con los sublimes intereses de la Patria, han dejado de prestarle, en el transcurso de los años en que su cargo viene siendo desempeñado, el debido apoyo de verdaderos hijos de España.[950]

O delegado da Orde Pública —que tal é a natureza á que devén a alcaldía designada tralo golpe— cóidase de deixar expresa constancia de actuar cumprindo ordes da superioridade[951]. Non a identifica, pero ten que ser a autoridade militar, directamente ou por mediación do Goberno Civil, xa que neste primeiro momento as autoridades militares asumen a competencia tanto en materia de depuración de persoal como de esixencia de responsabilidades políticas mentres non se crean os organismos específicos, como veremos nos capítulos correspondentes desta mesma tese. O acordo alude, ademais, a que anteriormente se lles requirira para que constituísen a fianza propia do seu cargo na forma legalmente debida, sen facelo, pero resulta evidente que ese non é o motivo do cese xa que eses requirimentos foran efectuados non pola actual corporación, nin dende logo pola frontepopulista, senón en 1935, e non deran lugar ao cese dos requiridos[952]. Doutro xeito non se actuaría cumprindo ordes da superioridade relativas a ideoloxía dos funcionarios, discordante cos *sublimes intereses da Patria* á que non lle prestaron o debido *apoio de verdadeiros fillos de España*.

Carmen Fernández Esteiro era viúva, e fora nomeada por concurso depositaria ao morrer o seu home —quen anteriormente desempeñaba tal cargo— en 1925; por tanto,

[949] Procedementos 166/36 e 167/36 (libro-rexistro tomo 7, ca. 6793, f. TPCAPo, AHPPo).

[950] O acordo, común para ámbolos cesados, está nos dous expedientes mediante senllas notificacións. No 167/36, único foliado (pois adoitan estalo as causas con recurso), ao folio 6.

[951] No escrito, a rúbrica vén acompañada dun selo da "Delegación de Orden Público", aínda que a comunicación se estende nunha cuartilla oficial coa cabeceira da "Alcaldía" do "Ilmo. Ayuntamiento de Redondela" e a proclama "Libertad y República": aínda non se renovara a papelaría municipal.

[952] Sabemos polas alegacións dos recorrentes e pola documentación achegada que ambos constituíran fianza persoal (daquela exixida legalmente, para os cargos con competencias financeiras) ao tomar posesión na década dos 20. En 1935 se lles pide que a convertan en hipotecaria ou pignoraticia, cousa que non fan (segundo manifestan) porque se admite polo Concello o valor da persoal xa prestada. De feito, seguiron desempeñando os seus cargos con esa corporación e coa seguinte.

baixo unha corporación designada no período da ditadura de Primo de Rivera. Dende entón desempeñara o cargo con corporacións de todo perfil ideolóxico. No seu recurso desminte a desafección patriótica que se lle atribúe:

> La recurrente nunca militó en partido alguno, ni se dedicó a actividades políticas de ninguna clase, limitándose a vivir modestamente, atender a los deberes del cargo y a educar y criar a su familia. Ferviente católica, siempre profesó, guardó y cumplió los deberes que nos impone nuestra Santa Madre Iglesia, en cuyo dogma educó a sus hijos. Sus ideas siempre fueron de respeto al orden y a la Autoridad constituida, sin que en ninguna ocasión haya dejado de prestar su decidido apoyo al engrandecimiento de nuestra Patria, y máxime en el movimiento salvador de España, el que vio con el máximo cariño que todo buen ciudadano español debe ver, prestandole todo el calor que su modesta persona podia prestarle.

Tentando desvirtuar unhas imputacións tan etéreas como carentes de proba —xa que nin no seu caso nin no do outro cesado se formara o preceptivo expediente—, achega en apoio das súas alegacións diversa documentación acreditativa do seu apoliticismo, católica probidade e boa conducta, proporcionada por esferas próximas ao novo poder. Empeza nada menos que por unha certificación do xefe local da Falanxe de Redondela —«no hemos observado en Dª Carmen Fernández Esteiro ninguna actividad política en contra del Movimiento Salvador de España», asegura—, e segue por outras certificacións que acreditan a súa pertenza á *Hermandad del Santísimo Cristo de los Navegantes* e á *Hermandad de la Santísima Virgen de las Angustias*. Tamén outras de ser socia protectora da *Juventud de Acción Católica* de Redondela e pertencer como irmá á *Asociación del Glorioso Mártir San Sebastián*, así como informes favorables de conduta profesional e política emitidos por sete alcaldes de Redondela durante a ditadura de Primo de Rivera —un deles tamén o foi durante a República, no período radical-cedista—. Por se fose pouco, inclúe un escrito do párroco-arcipreste de Ribadavia, que anteriormente o fora de Redondela, dando fe das virtudes cristiás da informada —quen certifica que «asistía diariamente a la Santa Misa, confesaba y comulgaba con regularidad … figuraba con cuota mensual de una peseta en la suscripción *pro Culto et Clero*»—, e outra semellante do titular da parroquia redondelá de Santiago de Villavieja —«conducta moral y religiosa intachables», «jamás supe que estuviese afiliada a partido alguno que no fuera el de ser verdadera católica»… son algúns dos seus comentarios—.

Apelando a ese rotundo caudal probatorio, a recorrente interpela á autoridade:

> Y ahora, Excmo. Señor, después de examinados todos los documentos que aporto, y guardando los respetos debidos, me permito preguntar. ¿Cuál es mi significación e ideología y cuáles los actos por virtud de los que no presté el debido apoyo a nuestra querida Patria? Pues Excmo. Señor, el ser siempre una ferviente Católica, cumplir siempre con mis deberes religiosos, no intervenir para nada en asuntos políticos y desempeñar el cargo con la máxima asiduidad y diligencia y sin que en ningún momento, ni por derechas, ni por izquierdas se me haya amonestado ni corregido en lo más mínimo.

Seguidamente suxire, non sen certa audacia considerando as circunstancias, o verdadeiro motivo do seu cese:

> Lo que en realidad sucede, es que, *había que servir a un amigo dándole un cargo remunerado* y no había otro que sirviera para él más que el que yo venía desempeñando sin consideración de ningún género y sin motivo alguno para ello, se decretó mi cesantía, alegando hechos que nunca tuvieron realidad.[953]

[953] Procedemento 166/36, sen foliar (libro-rexistro tomo 7, ca. 6793, f. TPCAPo, AHPPo). Cursiva nosa. O primeiro dos tres fragmentos transcritos procede do recurso de reposición. Os outros dous, dun recurso que eleva ao gobernador civil ao non ter resposta do alcalde.

O fiscal oponse ao recurso pedindo que o tribunal se declare incompetente por non terse interposto o recurso administrativo adecuado, do art. 197 da Lei Municipal vixente daquela, obviando que este recurso era potestativo. E, no fondo, —«y aún prescindiendo de que las mujeres no podrán ser Depositarias de fondos municipales, según la R.O. de 14 de noviembre de 1878» (norma de dubidosa vixencia[954])— pide que se desestime o recurso por non ter atendido o requirimento de conversión da fianza efectuado pola corporación de 1935. Aínda que o fiscal alude só tanxencialmente a este motivo de oposición, a busca dunha norma tan remota e singular, nun momento en que a localización deste tipo de disposicións era abondo máis dificultosa que hoxe, implica unha pescuda por parte do representante do Ministerio Público sobre a idoneidade legal dunha muller para exercer funcións públicas ben significativa. Nada di sobre a conducta política da recorrente.

O curioso é que, facendo gala dun rigorismo formal extremo —pero selectivo, porque non lle outorga importancia algunha ao feito de que o cese se acordase sen formación de expediente—, mediante outrosí o fiscal denuncia que os numerosos certificados achegados co recurso non están exentos do imposto do timbre —ou sexa, non levaban póliza—, e pide que «se exija el debido reintegro a las certificaciones presentadas por la recurrente». Sorprendentemente, o Tribunal accede a esta petición, que non atende a recorrente, probablemente por ser consciente da inutilidade do recurso, o que dá lugar a que o Tribunal declare caducada —isto é, abandonada— a instancia. Unha forma dubidosísima de eludir un pronunciamento sobre a reclamación presentada, xa que a discutible necesidade de timbrar unhas certificacións privadas, pois ningunha procedía dun organismo público, podía afectar ao valor probatorio dos documentos pero en ningún caso á viabilidade do recurso.

Tampouco tivo éxito o recurso do recadador municipal, Juan Martínez Vidal, que o viña sendo ininterrompidamente dende 1924. A estratexia deste é diferente, e aínda que nega a desafección patriótica que se lle atribúe —facendo fincapé en ter sido designado durante o Directorio Militar, en «los años de mando del Excmo. señor General de Rivera, cuyos representantes en el Ayuntamiento de Redondela, hay que suponer no habrían consentido en los funcionarios desafecciones a la Patria»—, insiste menos en acreditar a súa conduta como persoa de orde e centra a súa reclamación no vicio formal de non terse formado expediente para acordar a súa cesantía, que reputa arbitraria e infundada. O fiscal oponse nos mesmos termos que no caso anterior, agás nos timbres das certificacións, que non aporta o recadador, se acaso por non ser membro de tantas confrarías. A sentenza do Tribunal Provincial rexeita declararse incompetente como pedía o fiscal, xa que o recurso que este considera omitido era potestativo, pero desestima o recurso pola cuestión dos avais suscitada máis de un ano antes do cese. Elude enteiramente a motivación político-social do cese e a cuestión da falla de formación de expediente para acordalo. O recorrente anuncia recurso de apelación perante o Tribunal Supremo, que queda en suspenso en tanto non se restitúa. Cando finalmente é emprazado para comparecer perante o Supremo —en Valladolid—, non se chega a formalizar o recurso, que se declara deserto.

[954] Esta Real Orde, publicada na *Gaceta* do 25 de novembro de 1878, non contiña unha norma xeral senón que resolvía (nun momento en que estaba vixente a xurisdición retida) un recurso relativo ao nomeamento como depositaria municipal dunha muller, viúva tamén do anterior titular. Conforme ao ditame do Consello de Estado, a orde rexeita tal nomeamento por considerar que "las leyes y disposiciones vigentes no llaman á las hembras al desempeño de funciones públicas ni concejiles". Á parte de non ter un alcance xeral, a vixencia do criterio é máis que dubidosa en 1936, e dende logo a norma era nese momento obsoleta. Ninguén, agás o fiscal, vencellou a pertinencia do cese a ser muller a recorrente. A normativa de 1878 á que se refire este, en «Real orden desestimando el recurso de alzada interpuesto por el Ayuntamiento de Nalda contra un acuerdo del Gobernador de Logroño, que revocó el nombramiento de Depositario de fondos municipales hecho a favor de Doña Simona Leceta», *Gaceta de Madrid*, núm. 329, 25/11/1878, p. 550. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1878/329/A00550-00550.pdf [últ. consulta o 29/08/2022].

USC

Estes dous interesantes procedementos poñen de manifesto non só o alcance da depuración de persoal, que eventualmente alcanzou a funcionarios de nula filiación ou conduta política esquerdista, senón as severas limitacións na función normalizadora que lle correspondía á xurisdición contencioso-administrativa ordinaria. Para os funcionarios significativamente opostos ao novo poder, o acceso aos tribunais para revisar os seus ceses era ilusorio; os que presentaban un perfil máis *de orde* puideron tentar a fiscalización xudicial das súas destitucións subseguintes ao golpe, pero con resultado normalmente desfavorable. O sometemento da actuación estatal a normas legais e a súa fiscalización xudicial choca co extremo decisionismo dun Estado que se concibe nestes momento como totalitario e non admite restricións garantistas na labor suprema de reconstrución nacional. O poder que se conforma non está meramente afastado dos principios do Estado de dereito: está nas súas antípodas. Baixo este presuposto, a función de fiscalización da legalidade da actuación administrativa está extremadamente restrinxida —como non sexa en relación a actos cotiáns de ínfima relevancia— en tanto que limitación á realización dos fines patrióticos que o Novo Estado encarna.

6.2.2. A intersección da violencia golpista na xurisdición contencioso-administrativa

Como estamos a ver, o principal obxectivo da xurisdición ordinaria non era de xeito explícito a persecución política e a eliminación dos inimigos da Nova España franquista, como si sucederá no caso de xurisdicións especiais como a militar ou a de responsabilidades políticas, as cales serán o foco da nosa atención na terceira parte desta tese de doutoramento. Emporiso, quixemos medir ata que punto a violencia golpista podía estar relacionada coa orde contencioso-administrativa. Para iso, cruzamos a base de datos que elaboramos partindo dos libros-rexistros do TPCAPo coa base de vítimas de NeV. Atopamos 11 coincidencias exactas, o que vén sendo un 0,26% do total estimado de vítimas da violencia golpista na provincia de Pontevedra. As coincidencias resultado do cruzamento das bases de datos, como foi explicado no apartado metodolóxico, foron revisadas en detalle para ofrecer un número de coincidencias seguras aínda que talvez menor do real, excluíndo, por exemplo, nomes de uso común que impedirían afirmar con firmeza que se tratan da mesma persoa. Asemade, tamén atopamos 13 coincidencias semellantes, de persoas que case con total seguridade teñen vínculos familiares. Para a análise centrarémonos, non obstante, só nas coincidencias exactas: Cándido Acuña Blanco, Serafín Fernández Costas, Eduardo Fernández Eiriz, Benito Ignacio González Magán, Manuel Iglesias Lago, Antonio Jar Dobarro, Jacobo Otero Gosay, Antonio Pereiró Villanueva, Estanislao Pérez Artime, Ramiro Prieto Cernadas, José Rodríguez Rodríguez.

O cotexo cruzado da información que nos aportan os libros-rexistro do TPCAPo e a base de NeV —que incluímos en formato táboa no Anexo 12— permítenos dividir aos individuos implicados en dúas tipoloxías:

a) Homes de relativo status social —médicos, industriais, traballadores do concello…— que recorreron un acto pola vía contencioso-administrativa *antes do golpe* e que serán vítimas da violencia sublevada despois de xullo de 1936. É o caso de Cándido Acuña Blanco, Serafín Fernández Costas, Manuel Iglesias Lago, Jacobo Otero Goday, Ramiro Prieto Cernadas e José Rodríguez Rodríguez.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

b) Homes tamén dunha posición social relevante —veterinarios, industrais, empregados municipais…— que, despois de sufrir algún tipo de persecución política *tralo golpe*, presentan unha demanda ao TPCAPo. Trátase de Eduardo Fernández Eiriz, Benito Ignacio González Magán, Antonio Jar Dobarro, Antonio Pereiró Villanueva e Estanislao Pérez Artime.

Aínda que de forma moi residual en termos cuantitativos, resulta profundamente interesante o feito de que haxa vítimas da violencia golpista que recorresen ora durante a propia guerra, ora na inmediata posguerra á vía contencioso-administrativa para interpoñer unha reclamación contra actos da nova administración. Non deixa de ser relevante como, na posición de vulnerabilidade na que se atopaban pola súa filiación política —nun momento no que esta podía implicar unha sentenza de morte—, reclamasen parte dos seus dereitos dentro da única e diminuída esfera que o réxime deixaba para iso, apelando ao pretendido carácter fiscalizador da actuación estatal propio da xurisdición contencioso-administrativa. Introdúcea como unha forma de resistencia xogando coas regras do novo poder fáctico e enriquece o amplo abano de actitudes sociais dentro do novo contexto. Por iso, estudamos os casos detallados destes individuos, analizando os expedientes xudiciais das súas demandas no TPCAPo. Pretendemos así responder a dúas preguntas que consideramos pertinentes e se ramifican á súa vez en múltiples direccións: o feito de que tivesen sido vítimas da violencia golpista influenciou dalgún xeito obvio os seus procesos xudiciais? E, en termos máis xerais, como interseccionan —se é que acaso o fan de algún modo— a violencia golpista e a xurisdición do contencioso-administrativo?

Centrámonos, polo tanto, na análise daqueles que presentaron unha demanda ao TPCAPo para facer valer os seus dereitos mesmo despois de ter sufrido algunha forma de persecución política tralo golpe. Após identificar os procedementos correspondentes mediante os libros-rexistro, buscamos os atados completos tamén conservados no fondo do TPCAPo do AHPPo. Atopamos catro: o expediente 3/37 instado por Antonio Pereiró Villanueva, o 29/38 de Antonio Jar Dobarro, o 24/39 de Eduardo Fernández Eiriz, o 18/42 de Benito Ignacio González Magán e o 72/42 de Estanislao Pérez Artime; este último en realidade atópase acumulado ao procedemento 69/42. Á parte, identificamos os casos de dúas persoas que terían sufrido algunha especie de proceso de depuración, pero que non aparecen na base de NeV: Indalecio Tizón Reboreda e Edmundo Novoa Barros; verémolos ao final.

O importante desta análise é diferenciar se os implicados recorren contra actos de represalia —por exemplo, contra os seus ceses, contra multas ou sancións económicas…—, ou se o fan como cidadáns nunha relación coa administración alén dos devanditos actos de persecución política. Ou sexa, poñamos por caso: non é o mesmo que un médico director do Hospital Provincial sexa cesado do seu cargo tralo golpe por sospeitas políticas e recorra a dita destitución; a que ese mesmo individuo acepte a destitución, traballe como médico particular e recorra contra o repartimento do imposto de utilidades que lle piden pola consulta. Se ben ámbalas dúas opcións son suxerintes e apelan a unha aceptación máis ou menos implícita da nova orde e a capacidade de acción dentro da mesma —incluso entre as vítimas—, sobra dicir que a primeira é moito máis interesante dende a perspectiva da nosa investigación. Vexamos agora de forma sumaria a natureza de cada un dos recursos para comprobar o alcance da súa natureza.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Antonio Pereiró Villanueva era un mestre pontevedrés afectado polas amplas suspensións de emprego e soldo neste corpo en setembro do 36[955]. En marzo de 1937, eleva recurso contra un acordo do concello de Dozón do 27 de decembro de 1936 —anunciado un mes despois— polo cal se lle require a devolución de 450 pesetas pola confección do repartimento de rústica e urbana de dito municipio[956]. Fora contratado para tal fin en febreiro de 1936, entregándoselle entón devandita cantidade, antes da realización do servizo. Porén, máis tarde é sabedor de que a corporación acaba designando a outra persoa para tal función. O concello reclama o reingreso dos cartos, porque Pereiró cobrara o servizo sen chegar a prestalo, pero este alega que «[l]a Administración no puede volver de sus acuerdos cuando estos crearon derechos a favor de terceros, sin que previamente sean declarados lesivos», un principio xeral de dereito invocado en tódolos recursos desta índole. Pola súa banda, o fiscal xustifica o acordo: o contrato é de natureza e civil e polo tanto o contencioso-administrativo non ten competencia sobre o litixio; ademais argúe que en calquera caso Pereiró non debía ter cobrado o servizo antes de prestalo. A sentenza, do 17 de xaneiro de 1938, e na cal se alude á condición de Pereiró como mestre nacional, estima a exposición de incompetencia fundamentada pola fiscalía[957].

Antonio Jar Dobarro era un industrial lalinés xulgado en Pontevedra en tribunal militar en 1937 por suposta oposición ao golpe de Estado, sendo finalmente absolto. O 8 de setembro de 1938 recorre a resolución da Deputación de Pontevedra por liquidación pola cobranza de cédulas persoais[958]. Jar fora xestor destas entre 1931 e 1933 no distrito de Lalín, conformado polos concellos de Lalín, Rodeiro, Silleda, Agolada, Carbia —actual Vila de Cruces— e Dozón; en maio do 34 sería cesado pola Deputación, motivo polo cal xa interpuxera daquela un preito pola vía contencioso-administrativa. O acordo contra o que recorre neste caso é a demanda dun saldo de 16.498,68 pesetas por parte da Deputación; porén, Jar asegura «que esa liquidación no se ajusta a derecho» e busca a súa nulidade[959]. A súa estratexia, ou mellor dito, a estratexia do seu representante legal, José Rodríguez Dios, baséase na reclamación dunha serie de débedas que a propia Deputación tería con Jar, alegando a maiores que o expediente gobernativo presentado por esta estaría incompleto. Pola súa banda, o fiscal considera improcedente o recurso de Jar por unha serie de consideracións legais nas que non é preciso que nos deteñamos. A sentenza, do 16 de agosto de 1943, falla a estimación parcial da demanda de Jar, obrigándolle á Deputación a modificar a liquidación definitiva para abonarlle as cantidades por este requiridas[960].

Pola súa banda, Benito Ignacio González Magán era un veterinario de Cambados que dende a década dos 20 tiña a praza en propiedade de inspector municipal de hixiene pecuaria e veterinario municipal no concello[961]. Máis adiante compatibilizaría o cargo co exercicio noutras vilas, nomeadamente en Padrón, en Sanxenxo e no Grove[962]. A teor da súa conduta política antes do golpe do 36, sabemos que colaborou na creación dunha

[955] *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra*, núm. 227, 01/09/1936, p. 2.
[956] Procedemento 3/37 (ca. 1078, f. TPCAPo, AHPPo).
[957] O tribunal estaba formado por Ildefonso Baquero Pérez, José María Suárez Vence, Miguel Peña de Andrés, José Feijóo Bermúdez e Olegario S. Búa Carou, con Julio Lois Lois na secretaría. Procedemento 3/37, folio sen foliar (ca. 1078, f. TPCAPo, AHPPo).
[958] Procedemento 29/38 (ca. 1084, f. TPCAPo, AHPPo).
[959] Procedemento 29/38, folio 4 e folios 41 – 46 (ca. 1084, f. TPCAPo, AHPPo).
[960] O tribunal estaba formado por José Bellver Álvarez, Rafael Delgado Iribarren, Álvaro Losada Fernández, Adriano Pintos Fonseca e Rafael Areses Pérez; con Bernardo Álvarez García na secretaría. Procedemento 29/38, folio 77 e ss. (ca. 1084, f. TPCAPo, AHPPo).
[961] *El Diario de Pontevedra*, 04/11/1926, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 06/11/1926, p. 11.
[962] *El Ideal Gallego*, 23/07/1929, p. 3.

sociedade de agricultores en 1917 e que recibiu unha multa gobernativa por faltarlle o respecto ao gobernador civil da provincia en 1926[963]. Informes de conduta posteriores ao golpe indican que era afecto á Fronte Popular, militando en *Izquierda Republicana*, se ben non está confirmado[964].

Se ben xa tiña interposto con anterioridade recursos pola vía contenciosa —como era habitual entre os empregados municipais—, o que nos interesa é o núm. 18/42[965]. Nel recorre unha resolución do delegado de Facenda por mor dunha reclamación formulada solicitando o abono dos seus haberes correspondentes ao ano 1936 como inspector veterinario do concello de Cambados. Segundo un informe desta alcaldía —desaparecido do expediente—, tralo golpe de Estado a autoridade militar tería ordenado a suspensión e retención do soldo de González Magán, así como a sanción cunha multa e a separación do cargo. Contra este extremo reclama o implicado, pois asegura que nunca se chegou a producir tal cese ata xaneiro de 1937, de aí que exixa os haberes debidos a partir do 18 de xullo do 36, os cales ascenden ás 3.425 pesetas. No seu apoio conta coas certificacións do Concello do Grove, que aseguran «no aparece antecedente alguno que haga referencia a que haya sido suspendido en el ejercicio del cargo ni sancionado con pérdida de haberes por Autoridad Civil ni Miltar durante el Glorioso Movmento Nacional ni después de éste». Nun audaz escrito, o representante legal de González Magán, o avogado Tomás Salgado Pérez, basea a súa estratexia en torno a tres parámetros fundamentais: primeiro, nega a existencia dun acordo da corporación municipal cambadesa ou outra autoridade para separar ao seu defendido do seu cargo, ante a ausencia de calquera tipo de constancia do mesmo; segundo, se tivese sido cesado en xullo do 36 sería un absurdo que volvese ser apartado do cargo en xaneiro do 37 —único acordo do que si existen evidencias no libro de actas municipais—; e terceiro, este último cese tamén sería inválido, xa que a lei exixía a formación dun expediente e o resarcimento de tódalas débedas contraídas co funcionario cesante antes da súa separación do cargo. Pero o máis interesante é a forma, cando menos atrevida, na que introduce a súas alegacións:

> En el año 1936, y ya antes, venía desempeñando el cargo de Inspector Veterinario en propiedad en el Ayuntamiento de Cambados mi representado, cargo que desempeñó hasta el 19 de Enero de 1937, en que arbitrariamente fue separado de su cargo, ya que ni se le formó expediente, ni siquiera fue oído, para poder llevar a cabo medida tan extrema, adoptada por la Comisión Gestora que por aquel entonces dirigía los destinos del Municipio de Cambados, y que presidía el Letrado D. Manuel Silva Núñez. Y citamos la persona que presidía dicha Comisión Gestora, porque por su condición de Letrado le sobraba conocer que las destituciones de los funcionarios no podían llevarse a efecto sin previa formación de expediente, en el que necesariamente tenía que ser oído el expedientado.

[963] *Galicia Nueva*, 24/07/1917, p. 3. *Galicia Nueva*, 21/02/1926, p. 3.

[964] Esta cuestión, da cal informa un escrito do representante legal do Concello de Cambados José Piñeiro Mallón, non semella estar de todo clara. O xefe local da Falanxe de Cambados asegura nunha certificación súa de decembro de 1937 que González Magán "es persona de buena conducta pública y privada y no consta que haya tomado parte desde la declaración del Estado de Guerra hasta el presente en contra del Glorioso Movimiento Nacional". Procedemento 18/42, sen foliar (ca. 1649, f. TPCAPo, AHPPo). Nunha curiosa coincidencia, o encargado de transcribir esta certificación como secretario do Concello do Grove (onde exercera González Magán e a onde o TPCAPo solicitou información sobre o seu expediente persoal) en abril de 1942 é Eduardo Fernández Eiriz, un caso que veremos máis adiante.

[965] O anterior era do ano 1935, resolvéndose en decembro de 1936 (*El Pueblo Gallego*, 27/11/1935, p. 12; *El Progreso*, 20/12/1936, p. 4). Procedemento 18/42, sen foliar (ca. 1649, f. TPCAPo, AHPPo).

> *Pero el Sr. Silva aprovechó sin duda alguna aquellas circunstancias anormales porque pasaba el país, para realizar impunemente aquel acto marcadamente de persecución contra mi representado, acto que a quienes conocían al Sr. Silva nada ha llamado la atención, pues es bien conocido a donde es capaz de llegar adoptando medidas de la índole que nos ocupa el Sr. Silva*.[966]

Ante a irrebatible inexistencia de calquera tipo de acordo ou orde relativa á separación de González Magán do cargo nos momentos inmediatamente posteriores ao golpe de Estado, o avogado do Concello de Cambados, José Piñeiro Mallón, mantén a legalidade do acordo da corporación do 8 de xaneiro do 37 —con suposto efecto retroactivo ata o 18 de xullo anterior—, pois González Magán fora detido na prisión provincial durante dous meses «por desafecto al Movimiento Salvador de España», entendendo a comisión que procedía aplicarlle por motivacións políticas e «por abandono de destino» o disposto no Decreto núm. 108 da Xunta de Defensa Nacional e o Decreto-Lei de 5 de decembro de 1936 sobre a separación de empregados públicos do seu cargo e a incompetencia da orde contencioso-administrativa nesta esfera[967]. Asemade, a posición da fiscalía é a de solicitar a desestimación do recurso, evidenciando unha vez máis que esta actúa non como unha figura neutral —ou defensora do *interese social*— senón respondendo á defensa dos intereses da administración. O TPCAPo, nunha sentenza do 30 de xuño de 1943, decide finalmente fallar a incompetencia do tribunal no que respecta á reclamación contra o acordo do delegado de Facenda e desestima ás reclamacións contra os acordos do Concello de Cambados[968].

Estanislao Pérez Artime, de Padrón, foi detido tralo golpe de Estado, aínda que as circunstancias fican descoñecidas[969]. No expediente 72/42, instado o 11 de setembro de 1942, reclama contra unha resolución do Concello de Vigo recaída nun expediente sobre contribucións especiais por aumentos do valor das fincas afectadas polas obras da rúa Marqués de Valadares e as súas adxacentes, e contra o aumento do valor sinalado en dito expediente con respecto a unha finca da súa propiedade[970]. O expediente foi acumulado a outros de idénticas pretensións. Semella faltar o prego coa resolución do TPCAPo, pero nos outros recursos a reclamación foi desestimada, así que é de supor que esta tamén.

Aínda que anterior no tempo ao caso de Pérez Artime, deixamos á parte o expediente de Eduardo Fernández Eiriz polas súas particularidades. Trátase do procedemento número 24/39, formulado o 2 de abril de 1939, polo cal Fernández Eiriz reclama contra un acordo do Concello de Vilanova de Arousa que lle nega o pago e

[966] Procedemento 18/42, sen foliar (ca. 1649, f. TPCAPo, AHPPo). Cursiva nosa.
[967] Procedemento 18/42, sen foliar (ca. 1649, f. TPCAPo, AHPPo). Un informe da Garda Civil, con todo, acalara que a detención se tería producido en base a dúas denuncias sen fundamento, resolvéndose o asunto cunha multa de 2.000 pesetas. No que respecta ao Decreto núm. 108, é tratado con maior detalle no capítulo 8 da presente tese doutoral. Pola súa banda, o Decreto-Lei do 5 de decembro establecía categoricamente: "El Movimiento Nacional requiere como medida indispensable que todos aquellos ciudadanos que, desempeñando funciones públicas, hubieran contribuido con una actuación política o social significada a que España llegara al estado de anarquía y barbarie aún padecidos por algunas provincias, sean debidamente sancionados como garantía de justicia, *sin que las resoluciones de esta clase puedan ser impugnadas ante la jurisdicción contenciosa, a la cual solamente le corresponde actuar dentro de situaciones normales de Derecho*". Cursiva nosa. «Decreto-Ley.- Dictando reglas para la separación definitiva del servicio de toda clase de empleados», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 51, 09/12/1936, pp. 349 – 350. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/051/A00349-00350.pdf [últ. consulta o 29/08/2022].
[968] O tribunal estaba formado por José María Suárez Vence, José Bellver Álvarez, Rafael Delgado Iribarren, José Lino Sánchez e Rafael Areses Pérez, con Bernardo Álvarez García na secretaría. Procedemento 18/42, sen foliar (ca. 1649, f. TPCAPo, AHPPo).
[969] A referencia pola que foi incluído na base de NeV é Costa Rodil, Xesús; Santos Suárez, Xesús: *Galiza na Guerra Civil. Campos de concentración de prisioneiros republicanos no sur da provincia de A Coruña: Muros, Padrón, A Pobra e Rianxo*, Rianxo – A Pobra do Caramiñal, Concello de Rianxo – Concello de A Pobra do Caramiñal, 2007, p. 59, onde tampouco se ofrecen máis datos.
[970] Procedemento 72/42, acumulado ao 69/42 (ca. 1103, f. TPCAPo, AHPPo).

mesmo o carácter de secretario interino da corporación entre xaneiro e outubro de 1938[971]. Fernández Eiriz fora designado secretario interino o 24 de maio de 1936, actuando como tal dende entón. Tralo recurso, o alcalde de Vilanova, Benito Pombo Búa, denuncia certas irregularidades no nomeamento do recorrente por parte da corporación local saída das eleccións de febreiro do 36. En novembro de 1937, Fernández Eiriz tivo que cesar no seu cargo para se incorporar ás filas do exército franquista, recibindo os haberes correspondentes dos meses de novembro e decembro, pero xa non os seguintes —que son o obxecto da súa reclamación, a cal ascende ás 10.000 pesetas—. O Concello escúdase na inexistencia dun decreto ou orde que obrigue ás corporacións ao pago de haberes dos secretarios interinos mobilizados, só aos funcionarios en propiedade; non obstante, non obxecta aboar unha sorte de gratificación polos traballos realizados por Fernández Eiriz.

O interesante deste caso revélase nun informe do alcalde do 19 de xuño de 1939, o cal manifesta cal foi o motivo do cambio de criterio nos pagos: en xaneiro de 1938, Fernández Eiriz é implicado nunha causa militar —a número 1504/37 contra Ángel Silva e outros— por suposta participación en «sucesos revolucionarios» como resposta ao *Movimiento* en Vilanova[972]. A alcaldía acorda entón suspender os pagos que ata entón se viñan facendo, «por entender que en la situación de procesado en que aquel se encontraba pudiera incurrir en responsabilidad si autorizase dichos pagos». Contra isto reclama Fernández Eiriz ao pouco tempo, acordando a corporación non crelo con dereito algún ao percibo deses haberes. Secasí, a causa aberta contra Fernández Eiriz non chega a consello de guerra, sendo sobresida provisionalmente por non estar os feitos dos que se lle acusaban o suficientemente probados e comprobarse os seus antecedentes dereitistas e a súa incorporación ás filas; Fernández Eiriz fora vicepresidente da *Unión Regional de Derechas*. A sentenza do TPCAPo, do 28 de maio de 1940, acorda a incompetencia do tribunal para parte das demandas de Fernández Eiriz, pero si avala a que era a súa reclamación principal: condenar ao Concello de Vilanova de Arousa a pagar os haberes correspondentes polo cargo de secretario interino entre xaneiro e outubro de 1938[973].

O primeiro dos casos que decidimos deixar para o final, nun aparte, era o de Indalecio Tizón Reboreda, suposta vítima de persecución política despois do golpe do 36 pero sen entrada na base de NeV[974]. Tizón Reboreda era un secretario municipal vigués, xornalista e líder agrarista dende os anos 20, presidindo o Sindicato de Agricultores de Teis e formando parte da Federación Agraria de Lavadores; durante a República chegou a ser candidato a deputado a Cortes[975]. Semella ter sufrido un expediente de depuración despois do golpe de Estado que acabaría sendo sobresido. Porén, nin isto —que non conseguimos ratificar— nin a súa aberta filiación política —si confirmada— impediu que na inmediata posguerra recorrese un acordo do Concello de Vigo a teor do concurso de

[971] Procedemento 24/39 (ca. 1085, f. TPCAPo, AHPPo).
[972] Procedemento 24/39, folio 20 o informe e sen foliar o ditame do Auditor de Guerra con respecto á causa (ca. 1085, f. TPCAPo, AHPPo).
[973] O tribunal estaba formado por José María Suárez Vence, Miguel Peña de Andrés, Álvaro Losada Fernández, Antonio Tapia Seoane e Olegario S. Búa Carou; con Julio Lois Lois na secretaría. Procedemento 24/39, sen foliar (ca. 1085, f. TPCAPo, AHPPo).
[974] Unha rápida procura en internet indica que lle foi aberto un expediente de depuración que sería sobresido con posterioridade. Porén, non atopamos fontes fiables que corroborasen tal punto. No momento do golpe era funcionario do Concello de Vigo e era sabida (e probada) a súa militancia agrarista, polo que non é disparatado supor que se lle abrise un expediente administrativo interno. Secasí, tomemos esta información con prudencia, pero se cadra poda ser acaído neste extremo traer o que argumenta o propio Tizón Reboreda no seu recurso de 1940: "si como dice Aristóteles (*Lógica*, Tomo III, página 28) 'la verosimilitud y la probabilidad' es suficiente en Dialéctica para sentar afirmaciones". Procedemento 33/40, folio 7 (ca. 1092, f. TPCAPo, AHPPo).
[975] *Galicia: diario de Vigo*, 16/01/1923, p. 1. *El Progreso*, 04/01/1924, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 20/05/1932, p. 7. *El Pueblo Gallego*, 19/11/1933, p. 14. *El Pueblo Gallego*, 11/11/1933, p. 7.

dúas vacantes de xefe de negociado[976]. De índole semellante fora un recurso interposto tamén polo contencioso en 1935 contra unha resolución do mesmo concello e que se resolvería favorablemente para el en outubro do 37, ordenando o TPCAPo revocar o fallo do concello en relación a un concurso de visitador de obras e o conseguinte nomeamento que afectaba negativamente a Tizón Reboreda[977]. No recurso que interpón —xunto a outros tres— en 1940, o TPCAPo vólvelle dar a razón e anula o acordo da corporación viguesa obxecto do litixio, sen que haxa mención ningunha ao longo de todo expediente con respecto aos seus antecedentes políticos.

O segundo era o de Edmundo Novoa Barros. Este chamou a nosa atención porque vimos que en 1941 recorre a desestimación a unha petición súa en decembro do 40 solicitando a instrución de expediente para «depurar su conducta política», e a súa xubilación co haber pasivo regulamentario como funcionario do Concello de Vigo[978]. Mais quen habería querer que lle abrisen un expediente de depuración? Deteñámonos con maior detalle no seu caso.

Edmundo Novoa era profesor e secretario —e, polo tanto, funcionario municipal— da Escola de Artes e Oficios da cidade dende setembro de 1901. Por prensa podemos comprobar que dende entón formulou varias reclamacións ao Concello, das cales alomenos unha chegou ao TPCAPo, que lle acabaría dando a razón[979]. Mediante as fontes hemerográficas temos tamén constancia da súa militancia no agrarismo, particularmente durante a República, compartindo mitins co xa visto Indalecio Tizón[980]. O 18 de marzo de 1937, con todo, é apartado do seu cargo na Escola de Artes e Oficios por acordo da corporación local por antecedentes político-sociais. Mais este cese realízase de forma non regulamentaria, é dicir, non se lle instrúe ningún tipo de expediente, requisito necesario segundo o establecido pola normativa golpista. Argumenta o caso de forma moi lúcida o seu procurador Antonio Núñez Vila, apelando ao Decreto do 31 de setembro de 1936, que establecía que os funcionarios públicos podían ser destituídos dos seus cargos por motivos políticos, e á Orde do 12 de marzo de 1939, a cal ampararía o dereito a xubilación ás persoas depuradas[981]. Para salvar a irretroactividade da norma e a súa aplicación ao caso de Novoa Barros, esgrime que:

> La circunstancia de que la doctrina de la irretroactividad de la Ley, apenas tiene significación más que como garantía de respecto a los llamados derechos adquiridos, lo que hace que nuestro Código Civil no vacile en dar fuerza retroactiva a las disposiciones en él contenidas, que declara por primera vez derechos nuevos, siempre que no haya perjuicio de otro derecho adquirido de igual origen. Y no se puede dudar que los derechos pasivos que concede el art. 8 de la Orden de 12 de marzo de 1939, tienen una destacada finalidad social, cual es la de amparar en su vejez a los antiguos servidores de las Corporaciones locales cuando, después de más de veinte años de servicios, han sido separados de sus cargos por motivos políticos-sociales.[982]

En definitiva, o que Edmundo Novoa solicita ao Concello é que se lle instrúa un expediente depurador ou, se non, que se lle xubile co seu haber pasivo correspondente; pero, como a resposta é negativa, impugna o acordo por vía contenciosa. O argumento

[976] Procedemento 33/40 (ca. 1092, f. TPCAPo, AHPPo).
[977] O recurso elevaríase posteriormente ao TS, e a sentenza deste volvería a estimar (en parte) as demandas de Tizón. *El Pueblo Gallego*, 01/09/1935, p. 12. *El Pueblo Gallego*, 08/10/1937, p. 4. *El Pueblo Gallego*, 13/07/1939, p. 5.
[978] Procedemento 16/41 (ca. 1098, f. TPCAPo, AHPPo).
[979] *Galicia Nueva*, 29/09/1927, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 04/12/1930, p. 8.
[980] *El Pueblo Gallego*, 27/07/1932, p. 8.
[981] O decreto de setembro do 36 é o coñecido como Decreto núm. 108 da *Junta de Defensa Nacional*.
[982] Procedemento 16/41, folio 7v (ca. 1098, f. TPCAPo, AHPPo).

non é negar a existencia de devanditos antecedentes político-sociais, senón declarar a nulidade da depuración por non terse axustado ás regras da súa disposición:

> [N]ingún funcionario puede ser separado de su cargo, por motivos políticos, sin expediente. Y como al actor no se le instruyó expediente para su separación … es preciso concluir que no está sancionado por los trámites de los preceptos legales establecidos para la depuración de las actividades político-sociales de los funcionarios.[983]

Moi ao contrario, Núñez Vila atrévese a afirmar que o seu cliente é unha *vítima* —e non obxecto— da destitución, vulnerándose os seus dereitos[984]. A estratexia do concello vigués é, por suposto, insistir na validez do seu acordo alegando que si lle foi instruído tal expediente depurador e solicitar a incompetencia do tribunal absolvendo á administración da demanda de Novoa Barros. Pola súa banda, a fiscalía expón que o dereito de reclamación tería prescrito e coincide na incompetencia da xurisdición contenciosa para este asunto, pois «contra la destitución acordada por el Ayuntamiento debió recurrir el interesado para ante el Ministerio de la Gobernación en el plazo de treinta días, pero no en vía contencioso-administrativa»[985]. Así as cousas, o tribunal resolve a estimación da excepción de incompetencia alegada no que respecta ao primeiro extremo do recurso de Edmundo Novoa —a instrución de expediente— pero si considera haber lugar a revocar a negativa en relación á xubilación, recoñecéndolle dito dereito[986]. O Concello de Vigo apelará a sentenza ao TS, desistindo do recurso en 1946[987].

Como vemos, dos dous escenarios da nosa hipótese —vítimas que recorren contra actos de violencia política, ou vítimas que recorren contra actos de distinta natureza—, o que se cumpre *case sempre* é o segundo. Tampouco sorprende, pois cabería imaxinar que, no contexto da guerra e a posguerra, o primeiro sería tan valente como temerario, amais de inútil. Isto non significa, emporiso, que ningunha persoa optase por esta estratexia para reverter a persecución, do cal é mostra o último exemplo visto: o de Edmundo Novoa Barros; se ben é certo que non reclama os seus dereitos inmediatamente en 1937, senón que agarda ata o desenlace bélico e interpón o recurso a finais de 1940, unha diferenza cronolóxica que non é insignificante. Aínda que unha actitude anecdótica na súa frecuencia, non deixa de ser suxerinte a súa existencia e, máis aínda, a posición adoptada polo TPCAPo, o cal estima parcialmente as súas demandas; aquí a cronoloxía é novamente importante: tan improbable é que tivese presentado un recurso destas características en 1937 como que entón o TPCAPo actuase de tal xeito. Outro exemplo onde violencia golpista e xurisdición contencioso-administrativa interseccionan de forma explícita é o de Eduardo Fernández Eiriz, a quen se lle abre un proceso militar que deriva no cese de recibo de haberes polo seu cargo no concello. Trátase con todo dun caso un tanto *sui generis*, pois a causa foi sobresida polo seu probado afecto á *Causa Nacional*: el non integraba a Antiespaña que era preciso depurar.

Por suposto, en ningún caso —alén do de Benito Ignacio González, Edmundo Novoa e Eduardo Fernández— se alude á violencia política sufrida polos recorrentes; e, mesmo nestes casos, non é presentada como tal, senón case como accións disciplinarias. Sexa como for, cando si se fai, como nestes exemplos, non é con ánimo de estigmatizalos ou rexeitar as súas reclamacións. A esencia dos procedementos non se diferencia procesualmente daqueles nos que están involucradas persoas *de orde*, ou daqueles anteriores ao golpe; coa excepción, claro está, do recorte de prerrogativas da

[983] Procedemento 16/41, folio 8 (ca. 1098, f. TPCAPo, AHPPo).
[984] Procedemento 16/41, folio 6v (ca. 1098, f. TPCAPo, AHPPo).
[985] Procedemento 16/41, folio 45 (ca. 1098, f. TPCAPo, AHPPo).
[986] Procedemento 16/41, folio 46 (ca. 1098, f. TPCAPo, AHPPo).
[987] Procedemento 16/41, sen foliar (ca. 1098, f. TPCAPo, AHPPo).

xurisdición e a exclusión de recurso das disposicións emanadas da administración central —esta última sen efecto na nosa mostra—. A novidade máis obvia, sobre todo dende o punto de vista da sociolingüística e a glotopolítica, probablemente sexa a aparición de fórmulas e apostilas propias da época, como os *Viva* ou *Arriba Españas*, os *Saludo a Franco* e os *Años Triunfales*. Caso á parte, de novo, é o de Fernández Eiriz, no que pola súa natureza —dereitista servindo no exército franquista reclamando os seus dereitos perante abertas sospeitas políticas— a retórica do novo réxime aparece se cabe máis acentuada. Isto é así principalmente nos escritos realizados polo seu representante legal, o procurador José Rodríguez Dios, onde se fala de Fernández Eiriz como «secretario capacitado y fiel cumplidor de sus deberes»:

> Son estos hechos documentalmente acreditados en los autos … "trabajando [Eduardo Fernández Eiriz] incansablemente con lealtad y acierto en cuantos asuntos le fueron encomendados", demostrando al frente de la Secretaría, "en la que no regateó sacrificio" su adhesión y amor al Glorioso Movimiento Nacional …
>
> … entre otros informes, los de la Guardia civil y Curas párrocos … fueron emitidos todos ellos en "tonos del mayor elogio a sus cualidades morales, sociales, políticas y religiosas y caballerosidad en el desempeño de las funciones públicas". …
>
> Probado en términos realmente insuperables, el espíritu de sacrificio en el cumplimiento del deber por parte de mi representado, su corrección. En el desempeño del cargo, su competencia y asiduidad en el mismo, su acendrado patriotismo, su intachable honradez.[988]

Porén, noutros expedientes nos que actúa o procurador Rodríguez Dios este tipo de discurso non aparece, o cal nos suxire unha instrumentalización do mesmo para casos concretos —como o de Fernández Eiriz— e non unha mudanza profunda nas fórmulas dos recursos contenciosos-administrativos. A este respecto, é destacable que na sentenza do procedemento 24/39 o ton do tribunal é moito máis neutro, describindo nos resultandos a mobilización de Fernández Eiriz á fronte sen cualificativos grandilocuentes con respecto ao *Movimiento*.

Este ton técnico e pretendidamente apolítico —alén dos consabidos ritos— do discurso xurídico nos expedientes e sentenzas, mantense mesmo cando a existencia de antecedentes políticos podería ser un aval positivo para o recorrente, en tanto que concordase cos valores afíns ao novo réxime. Un exemplo paradigmático disto pode ser o recurso 15/40 interposto polo coñecido líder da Garda Cívica pontevedresa e vitimario de primeira hora Víctor Lis Quibén. A natureza do recurso non ten ningún tipo de fondo político, e sería insulso para a nosa investigación de non ser polo destacado do recorrente: Lis Quibén busca a impugnación dun acordo do Concello de Pontevedra polo cal se lle denegou un permiso para construír unha casa nunha finca da propiedade de José Viéitez Arca situada entre as rúas Benito Corbal, Joaquín Costa e Cobián Areal —o antigo campo do Eiriña[989]—, por mor de pequenas irregularidades na solicitude de autorización[990]. A postura da fiscalía é favorable á resolución do Concello. Porén, o tribunal, na súa sentenza do 2 de xullo de 1941, resolve deixar sen efecto os acordos da corporación

[988] Procedemento 24/39, sen foliar (ca. 1085, f. TPCAPo, AHPPo).

[989] Un pequeno artigo sobre a finca e o seu antigo uso atopámolo en Torre, Rafael L.: "El campo del Eiriña CF", *Faro de Vigo*, 15/03/2015. Dispoñible en: https://www.farodevigo.es/opinion/2015/03/15/campo-eirina-cf-16966833.html [últ. consulta o 16/08/2022].

[990] Procedemento 15/40 (ca. 1091, f. TPCAPo, AHPPo). José Viéitez, propietario da finca e impulsor do campo de deportes nela sito nos anos 20 e 30 tamén presenta un recurso de idéntica natureza no procedemento 14/40 (ca. 1091, f. TPCAPo, AHPPo).

obrigando á mesma a autorizar a Lis Quibén á construción da edificación por el solicitada[991].

Recapitulando todo o anterior, no noso achegamento aos fondos históricos do TPCAPo verificamos que a xurisdición contencioso-administrativa ordinaria xoga un papel secundario na implantación das políticas de persecución política tralo triunfo do golpe de Estado. Beneficiase neste sentido, como as outras xurisdicións ordinarias, da conformación de xurisdicións ou (pseudo)xurisdicións específicas que asumen un rol máis protagonista como arma de guerra na retagarda; singularmente, para o caso do que tratamos, os organismos que administran a depuración de persoal e a esixencia de responsabilidades políticas.

Alén diso, en relación coa actuación administrativa ordinaria, constátase unha fortísima diminución dos procesos dos que coñece o TPCAPo a partir do segundo semestre de 1936, moito máis marcada á que se aprecia noutras ordes xurisdicionais. Esta caída non se xustifica pola inicial supresión da xurisdición contencioso-administrativa, que se refire exclusivamente aos actos emanados da Xunta Técnica do Estado e, por tanto, non afecta á competencia dos Tribunais Provinciais. Ten que ver coa irrupción violenta dunha nova orde estatal, que se fai presente mediante un golpe militar cruento e un estado de guerra que consolida a militarización do Estado. Nunha situación como esta, o recurso á vía xurisdicional para impugnar a actividade do novo poder constituído de facto resulta altamente inconveniente.

Como vimos ao longo dos capítulos 4, 5 e 6, o carácter da xurisdición ordinaria, o seu apego a procedementos ritualizados pouco idóneos para o logro de propósitos excepcionais e as súas inercias potencialmente garantistas fan que os tribunais ordinarios se vexan relegados a un papel de normalización da anormalidade, representando a continuidade do Estado como administrador da vida cotiá. Pero esta función de instancia normalizadora atopa especiais trabas no caso da xurisdición contenciosa, que ao fiscalizar precisamente o sometemento da actuación estatal a normas e procedementos xurídicos, actúa como termómetro da vixencia dun Estado que con maior ou menor precisión poida ser chamado de dereito. E, como temos dito, o Estado campamental que se conforma logo do 18 de xullo está, xa non afastado, senón nas antípodas do Estado de dereito. En parte, dende logo, polas necesidades do contexto bélico, que subordinan a actuación estatal ao obxectivo perentorio da vitoria; pero especialmente porque a vitoria non é só unha necesidade militar que se realice derrotando coas armas ó inimigo, senón que pretende a reforma deste como única alternativa válida á súa aniquilación. Este propósito curativo, de salvación nacional mediante a extirpación dos órganos irremediablemente infectos e a sanación dos salvables, esixe dunha actuación estatal decidida, radical e mesmo inmisericorde, sen a cal o virus permanecerá inoculado e latente. A xustiza de Franco cumprirá esta función e, nos seus propios textos, presentarase case como aquela dun pai, severo pero amoroso. Implacable e necesaria ante a minoría de idade permanente da cidadanía baixo o novo réxime. Unha xustiza que se aplica como veleno e antídoto á vez[992].

[991] Procedemento 15/40, sen foliar (ca. 1091, f. TPCAPo, AHPPo). O tribunal estaba formado por José María Suárez Vence, Rufino Avelló y Avelló, Álvaro Losada Fernández, Fernando Baeza Saravia e José Filgueira Valverde; con Julio Lois Lois na secretaría.

[992] Sobre os seus axiomas, que atravesarán transversalmente toda a ditadura, escribe Gutmaro Gómez Bravo: "La redención [de penas] aparece … formulada como una auténtica fusión del castigo y del perdón, que será la base del nuevo sistema penitenciario español". Gómez Bravo, Gutmaro: *La Redención de Penas. La formación del sistema penitenciario franqusta, 1936 – 1950*, Madrid, Catarata, 2007, p. 99.

Fronte esta necesidade vital, a fiscalización legal dos procedementos cirúrxicos resulta disfuncional e necesariamente prescindible. Os escrúpulos xurídicos están proscritos e declarados caducos diante da grandeza da misión que se emprende, mesmo sabendo que esta inescrupulosidade poida producir efectos indesexados que se acaso deben ser corrixidos, non nos espazos institucionais propios do fláccido Estado liberal, senón no terreo viril da política na que o Estado se reintegra na nación en armas. Ese Estado reintegrado na nación en armas baixo unha dirección providencial actúa xuridicamente a través dun entendemento da norma e do acto como decisión —da nación mesma, providencialmente encarnada—, non susceptible de fiscalización xurisdicional como non sexa situando ao tribunal por riba da propia nación: un absurdo.

Triunfan as concepcións xurídico-políticas schmittianas, vertebradas en torno á dialéctica irredutible da oposición amigo-inimigo e que suprimen a problemática relación entre política e dereito ao refundir a ambos no concepto de decisión, que é ao mesmo tempo xurídica e política. Unha decisión que expresa, non o fantasma liberal da vontade popular manifestada na falacia do xogo electoral, senón a fantasía totalitaria da vontade nacional-popular encarnada nun ser providencial. Unha decisión así concibida non pode estar sometida a controis xurídicos porque ela mesma é o dereito. Deste xeito e, aínda que poida semellar contraintuitivo, vemos como se aplica outra das máximas da obra de Schmitt: o estado de excepción non é o incumprimento da lei, senón o seu cumprimento máis extenso; isto vincúlanos coa idea de Agamben sobre o estado de excepción como o intento de pensar o fóra da lei dentro da mesma[993].

Somos conscientes de que esta concepción xenuinamente totalitaria —que debuxamos con perfil groso— non era compartida por tódalas familias políticas que confluíron no *Movimiento Nacional*: os debates sobre a persistencia da xurisdición contenciosa e a decisión de mantela, desbotando as propostas dunha retención estrita, dan proba desta falla de unanimidade. Pero as alternativas ao totalitarismo doutrinal de carácter fascista eran en todo caso fortemente autoritarias e estaban tinxidas dunha pretensión depurativa restauradora da orde social, ao punto de que os límites entre o totalitarismo e o autoritarismo estatal se esvaecen en prácticas concorrentes, irredutibles en todo caso a unha xenuína fiscalización garantista por unha instancia xurisdicional independente.

É así que toma pleno sentido o alcance tan limitado da función normalizadora da xurisdición contencioso-administrativa no momento do que nos ocupamos, alén do aspecto formal do seu mantemento institucional. Fronte aos actos nos que se concretan as políticas depurativas dos elementos de significación política esquerdista ou antinacional, o recurso contencioso está fóra de lugar, ora por razóns competenciais —cando se executan por organismos específicos que conforman xurisdicións de seu, cuxa función non é fiscalizar ao Estado depurador senón a conduta do suxeito depurado—, ora por razóns de elemental prudencia. Unicamente se concibe o recurso aos tribunais fronte ás decisións depurativas aplicadas, se cadra por motivacións espurias, fronte a persoas *de orde* e sen antecedentes políticos comprometedores. Nestes casos, recorrer presupuña unha certa confianza en desfacer o torto, en corrixir o que só se pode concibir como un equívoco. Normalmente esa confianza resulta defraudada e acaba, significativamente, no desestimento do recurso, sexa na instancia —antes de producirse unha resolución que se intúe desfavorable— ou na vía da apelación —intuíndo a inutilidade da alzada—.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[993] Schmitt, Carl: *Dictatorship. From the Origin of the Modern Concept of Sovereignty to Proletarian Class Struggle*, Cambridge, Polity, 2014 [1921]. Agamben, Giorgio: *Estado de excepción. Homo sacer II, I*, Bos Aires, Adriana Higaldo Editora, 2004 [2003].

Dende logo, o transcurso do tempo atenúa estas limitacións na función normalizadora da xurisdición contenciosa ordinaria, na medida en que as efusións totalitarias perden preponderancia e o propio Estado se normaliza sobre moldes autoritarios, reintegrando no corpo nacional a elementos desafectos na estrita medida en que renuncien a exteriorizar a súa desafección e actúen como conversos, reais ou finxidos. O que non é concibible é a utilización da xurisdición contenciosa para a impugnación de actos relativos a decisións politicamente significativas, que se arreden do funcionamento ordinario da maquinaria administrativa como a concesión dunha licenza, a contía dun tributo, o recoñecemento dun trienio, etc. Pero tampouco cuantitativamente se produce unha recuperación do número de recursos respecto dos que se interpuñan con anterioridade ao golpe de Estado: en todo o período por nós abarcado nunca superaron un terzo dos que se interpuñan baixo a República. A xurisdición contencioso-administrativa dá de si o que permite a natureza do Estado no que se inxire, e nun Estado autoritario a fiscalización da actividade estatal é necesariamente insubstancial e habitualmente pouco fiable, o que convida pouco ao seu uso. Non pode ser doutro xeito.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TERCEIRA PARTE

As xurisdicións especiais

7. A xurisdición militar e os consellos de guerra

O golpe de Estado de 1936 puxo en marcha unha serie de xurisdicións ou (pseudo)xurisdicións dedicadas á persecución violenta e ritualizada do inimigo político[994]: algunhas delas xa existentes pero deturpando a súa tradicional finalidade, como foi o caso da xurisdición militar; e outras que foron creadas *ex novo*, como a de responsabilidades políticas. Nesta terceira parte da investigación, composta polos capítulos 7 e 8, exploraremos o uso dos tribunais especiais por parte dos sublevados na súa estratexia de conquista do poder, os cales, adiantamos, cumpriron un obxectivo ben distinto —malia que complementario— ao da xurisdición ordinaria.

A diferenza da xurisdición ordinaria que ocupou os capítulos 4, 5 e 6 e que ten recibido menor atención entre os círculos historiográficos, os que introducimos con estas liñas distan de ser descoñecidos na literatura especializada. De feito, como foi comentado máis devagar no estado da cuestión, os consellos de guerra foron —e seguen a ser— un dos temas esenciais da historiografía sobre a guerra civil española; na meirande parte dos casos non como obxecto de estudo en si, senón como vehículo co que coñecer en maior detalle a extensión da violencia golpista, quedando nunha posición marxinal o funcionamento da orde xurisdicional en si. Para o caso galego e, de forma máis concreta, o pontevedrés, isto tamén foi así. Tratouse habitualmente dunha aproximación, emporiso, non exenta de certas carencias sobre as que non redundaremos en tanto que tratadas no capítulo introdutorio.

Así as cousas, nas vindeiras páxinas centrarémonos na transversalidade dos tribunais marciais como fenómeno histórico alén do 36 e nas mudanzas que o golpe introduciu na súa instrumentalización política e bélica, á vez que procuraremos condensar a información sobradamente tratada noutros traballos, aos que xa nos referimos no estado da cuestión e aparecen recollidos no índice bibliográfico[995]. Na primeira metade

[994] Propoñemos o concepto de *(pseudo)xurisdicións* para referímonos a aqueles organismos que realizan funcións xurisdicionais tendo unha composición e funcionamento profundamente administrativizado (ou militarizado) e desxudicializado, como a de Responsabilidades Políticas pero tamén a de Represión da Masonaría e o Comunismo. A idea liberal de xurisdición (proclamada reiteradamente dende a Constitución de 1812) identifica a esta como unha función do Estado realizada polos xulgados e tribunais determinados legalmente, é dicir, xudicializada. As xurisdicións desxudicializadas son, neste sentido, *pseudoxurisdicións*. Tamén a militar (que en principio é todo o especial que se queira, pero certamente se trata dunha xurisdición exercida por xuíces togados, aínda que baixo supervisión das xefaturas orgánicas) se degradará cando a proliferación de consellos de guerra tralo golpe implique a masiva incorporación de oficiais que non son, profesionalmente, xuíces togados.

[995] Entre todos, recomendamos polo seu carácter conciso e didáctico o apartado introdutorio de Chaves Rodríguez, Candela: *Sentenciados. La represión franquista a través de la justicia militar y los consejos de guerra en la provincia de Badajoz, 1937 – 1950*, Badaxoz, PREMHEX, 2015, pp. 31 – 58. Asemade, destacamos Chaves Palacios, Julián: *Justicia militar y franquismo. Radiografía de los consejos de guerra*, Hervás, Ediciones del Ambroz, 2017, sobre todo as pp. 7 – 98. Ver tamén Jimeno Aranguren, Roldán: "Jurisdicción militar y represión (1936 – 1977)", en Jimeno Aranguren, Roldán (ed.): *La represión de la Administración de Justicia en la Guerra Civil y el Franquismo. Homenaje al Juez Luis Elío*, Valencia, Tirant lo Blanch, 2019, pp. 37 – 82. Un pequeno texto de carácter máis ben esquemático, pero de utilidade para unha rápida comprensión do marco normativo sobre o que se encaixa esta violencia en González Padilla, Eusebio: "La justicia militar en el primer franquismo", en Gutiérrez Navas, Manuel; Rivera Menéndez, José (coords.): *Sociedad y política durante el régimen de Franco. Actas de las Jornadas celebradas en la UNED durante los días 8 al 12 de abril de 2002*, Almería, Instituto de Estudios Almerienses, 2003, pp. 155 – 166. Para unha revisión máis detallada sobre a historiografía sobre o tema, volver ao estado da cuestión do capítulo 1.

USC

bosquexaremos o funcionamento da xurisdición militar, particularmente no primeiro terzo do século XX; para na segunda metade pasar a analizar as causas militares incoadas na praza de Pontevedra entre 1930 e 1942.

7.1. Apuntamentos históricos xerais sobre a xurisdición militar

7.1.1. O procesamento de civís por xurisdición militar antes de 1936

Retomando o visto no capítulo 2, a formación do Estado xurisdicional en España pasou por un proceso de codificación e de redución das xurisdicións, inspirado polos preceptos liberais e a Revolución Francesa. O Antigo Réxime caracterizábase por unha acumulación de leis xeradas para atender a necesidades moi específicas e por unha pluralidade de xurisdicións que entorpecían a administración unitaria da xustiza por parte do Estado. Fronte a isto, a codificación conformábase como un sistema revolucionario que aspiraba a transformar o dereito escrito, sistematizándoo e simplificándoo, en prol da claridade e concisión. A demanda dunha lexislación ordenada en códigos que fosen comprensibles —para que, en última instancia, a súa aplicación non dependese arbitrariamente da discrecionalidade de xuíces e xuristas— non deixaba de ser unha reclama de democratización lexislativa propia das loitas burguesas decimonónicas, inspiradas neste respecto por teóricos críticos co dereito do Antigo Réxime como Gaetano Filangieri, Cesare Beccaria ou Jeremy Bentham[996].

Este non foi, de ningún modo, un proceso sinxelo, estando fortemente marcado polos vaivéns da inestable vida política española do século XIX. Porén, consolídase no último terzo do século, particularmente a partir da Revolución de 1868, establecendo un antes e un despois na cultura política do país. Non é casualidade que sexa de decembro dese mesmo ano —apenas uns meses despois do derrocamento de Isabel II— o Decreto de Unidade de Foros, o cal reducía a diversidade do universo xurisdicional español que dificultaba unha administración de xustiza eficaz[997]. A risco de simplificar a transcendencia do decreto, o fundamental a ter en conta é que este suprimía os xulgados especiais de Facenda e Comercio, mentres mantiña as xurisdicións eclesiástica e a de Guerra e Mariña como aforadas. Ámbalas dúas conservarían o seu carácter estamental herdado do Antigo Réxime, é dicir, xulgaban ás persoas segundo a súa pertenza a un estamento e non segundo a natureza do delito. Esta concesión era xustificada na exposición de motivos da lei da seguinte forma no caso da eclesiástica:

> La Iglesia tiene una jurisdicción propia, esencial, concedida por Jesucristo a los Apóstoles y a los Obispos sus sucesores … Esta jurisdicción santa no puede ser menoscabada ni restringida. La Iglesia, fiel depositaría de ella, continuará ejerciéndola tal y como la recibió de manos de su fundador y la han regulado los Cánones en su ejercicio, y así las causas sacramentales, beneficiales, los delitos eclesiásticos y las faltas cometidas por los clérigos en el desempeño de su ministerio, serán de su conocimiento y

[996] Sobre o proceso codificador en España, ver Tomás y Valiente, Francisco: *Códigos y constituciones, 1808 – 1978*, Madrid, Alianza, 1989. Unha revisión máis específica para o período que nos ocupa atopámola na parte sobre "La España liberal del siglo XIX. Constitucionalismo y codificación" do *Manual de Historia del Derecho y las Instituciones* (Madrid, Ed. Sanz y Torres, 2006) e, de forma aínda máis concreta, nos seguintes capítulos de Alvarado Planas, Javier: "Codificación (I)" e "Codificación (II)", pp. 807 – 827 e pp. 827 – 843.

[997] «Decreto (reproducido) estableciendo la unidad de fueros», *Gaceta de Madrid*, núm. 343, 08/12/1868, pp. 1 – 5. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1868/343/A00001-00005.pdf [últ. consulta o 23/08/2022]. O decreto retomaba o propósito de unificación dos foros, enunciado xa no art. 248 da Constitución de Cádiz, coas consabidas excepcións para os foros eclesiástico e militar, ao que temos aludido no capítulo 2.

> competencia, extendiéndose únicamente el desafuero a las personas eclesiásticas por razón de los negocios comunes, civiles y criminales. [998]

Con respecto á xurisdición militar, establécese que:

> [T]odos los aforados de Guerra y Marina, excepto aquellos que estén en activo servicio, quedarán sujetos, en los negocios comunes, civiles y criminales, a la jurisdicción ordinaria; y la militar solo será competente para conocer de los delitos meramente militares, y de los comunes y faltas que se expresan, cuando sean cometidos por individuos del Ejército y la Marina que se hallen en activo servicio.[999]

Como podemos observar, si se introducen casos de desaforo para os membros da Igrexa ou do Exército e a Armada; pero, na práctica, o mantemento de ambas xurisdicións implicaba que estes haberían de ser xulgados na maior parte dos casos por tribunais propios, especiais, en base a unha lexislación tamén diferenciada. No caso da xurisdición militar, a súa espiña dorsal sería o Código de Xustiza Militar (CXM) de 1890 —que se iría complementando con outra lexislación posterior—, o cal en realidade viña a unir nun só texto legal a Lei de Organización e Atribucións dos Tribunais de Guerra (1884), o Código Penal do Exército (1884) e a Lei de Axuizamento Militar (1886)[1000]. Nel especifícanse as prerrogativas xurisdicionais das autoridades militares, os detalles do procedemento e a execución das sentenzas, a organización e atribucións dos consellos de guerra, o papel de cada un dos actores que toman parte dos consellos de guerra, a normativa penal propia… e calquera tipo de disposición relativa á xurisdición castrense.

Pero a xurisdición castrense non só se encargaba de xulgar a membros das forzas armadas. En ocasións moi determinadas, especificadas pola normativa legal, esta tería a potestade de procesar a civís —ou *paisanos*, como vén no propio CXM—. De feito, sinala Mónica Lanero, a xurisdición militar «no se ha limitado a entender de delitos propiamente castrenses, sino que ha sido práctica habitual de los gobiernos el recurso al aparato militar con fines políticos», derivando isto na «extensión de sus competencias hacia otras actividades diversas de las propiamente militares»[1001]. É dicir, o que en teoría se mantén como unha privilexiada concesión do novo Estado liberal pola que o Exército e a Armada mantiñan independencia xurisdicional, se converte nun dispositivo de control social e mantemento da orde establecida en momentos de crise do sistema.

---

[998] «Decreto (reproducido) estableciendo la unidad de fueros», *Gaceta de Madrid*, núm. 343, 08/12/1868, p. 1. O regulamento das xurisdicións eclesiástica e militar nos art. 2 a 7. Os art. 4 – art. 11 do Código de Xustiza Militar de 1890 completarán o establecido no decreto, acordando a competencia da xurisdición de guerra en materia criminal e civil, e os art. 13 e 14 definirán os casos nos que os militares quedan suxeitos a outras xurisdicións (ex.: falsificación, adulterio, estupro…).

[999] «Decreto (reproducido) estableciendo la unidad de fueros», *Gaceta de Madrid*, núm. 343, 08/12/1868, p. 1.

[1000] O caso da Mariña de Guerra foi distinto, mantendo diferentes corpos xurídico-normativos ata a década de 1940. *Código de Justicia Militar de 27 de septiembre de 1890 y legislación complementaria del mismo. Edición de 1906*, Madrid, Talleres del Depósito de la Guerra, 1906. Dispoñible en: http://www.bibliotecavirtualdeandalucia.es/catalogo/es/catalogo_imagenes/grupo.do?path=89865 [últ. consulta o 23/08/2022].

[1001] Lanero Táboas, Mónica: *Una milicia de la justicia. La política judicial del franquismo (1936 – 1945)*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales, 1996, p. 318.

Gráfica 18. Procedementos militares abertos nas prazas de Vigo e Pontevedra, 1900 – 1950



Fonte: datos da base interna do TMT4.

Esta gráfica dá mostra das variacións no número de procesos militares abertos na provincia de Pontevedra por ano entre 1900 e 1950[1002]. Nela comprobamos que existe unha clara interrelación entre os períodos de maior convulsión social e o aumento de actividade da xurisdición militar, alén do sistema político, mesmo nunha provincia afastada dos principais núcleos de poder e conflitividade do Estado, como a que é obxecto do noso estudo.

Apreciamos tres momentos clave nos que aumenta o número de procedementos castrenses incoados, que coinciden ademais con períodos de excepcionalidade e suspensión das garantías constitucionais vixentes: o número de procedementos abertos crece porque tamén aumentan as persoas potencialmente perseguidas, estendendo a función xurisdicional alén do estamento militar para xulgar a civís en conxunturas de crise.

O primeiro período abrangue de 1902 a 1909, coa excepción do ano 1904, cando se produce un notable descenso das causas. O novo século iniciábase continuando a aberta loita contra a actividade terrorista anarquista mediante a bagaxe lexislativa aprobada na anterior década[1003]. De forma paralela, concorrían nestes anos varios factores desestabilizantes para o réxime canovista, como a sucesión de folgas entre 1901 e 1902 e un crecente antimilitarismo entre a poboación ante o aumento de tropas españolas en Marrocos dende a perda das derradeiras colonias de ultramar, así como o asalto da revista *¡Cu-Cut!* e o xornal *La Veu de Catalunya* por parte de máis de douscentos oficiais do Exército en 1905 após a publicación dunha viñeta satírica, co resultado de case 50 persoas feridas.

[1002] A base interna do TMT4 (que indexa os fondos do AIMNOR) engloba baixo unha mesma etiqueta os procedementos incoados en ámbalas dúas prazas militares, imposibilitando a súa identificación se non é consultando individualmente cada un dos atados, de aí que non elaboremos a gráfica en exclusiva para a praza de Pontevedra (malia que esta sexa o auténtico obxecto da nosa análise). As cifras deben tomarse de xeito indicativo, pois a información recollida nas bases internas sempre están suxeitas á corrección de erros.

[1003] «Ley para la represión de atentados con explosivos», *Gaceta de Madrid*, núm. 192, 11/07/1894, pp. 155 – 156. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1894/192/A00155-00156.pdf [últ. consulta o 25/08/2022]. O texto lexislativo sufriría reformas e addendas entre 1896 e 1899.

Nun intento de controlar a situación e aplacar a crecente oposición, apróbase a coñecida como Lei de Xurisdicións de 1906, a cal introducía a tipificación de novos delitos non incluídos no Código Penal de 1870 e permitía que as inxurias á patria, aos seus símbolos e ao Exército español, así como a incitación ao incumprimento dos «deberes militares», fosen xulgados pola xurisdición castrense, incluso cando os seus executores non fosen membros activos do servizo militar[1004]. Isto non só supuña un recorte das liberdades de expresión, senón tamén do campo de actuación da xurisdición ordinaria, pois estendía a potestade da xustiza castrense fóra do seu tradicional carácter estamental. A lei foi, segundo Santos Juliá, «un paso de gigante» na «militarización del orden público» e, segundo Salvador de Madariaga, converterá ao Exército na principal forza da vida política española, o cal —tamén segundo Madariaga— tiña un papel máis importante «como instrumento de política interior que como arma de guerra»[1005].

A reacción a ambos sucesos históricos —a falta de apoio social ao traslado de tropas a Marrocos e o fortalecemento da xurisdición militar— vese reflexada nos asuntos que protagonizan a maior parte das 371 causas militares destes anos nas prazas que nos ocupan: falta de presentación ou incorporación a filas, embarques clandestinos ao estranxeiro, falsidade documental, ausencia da residencia, deserción, inxurias ás forzas armadas, etc. Destaca a resistencia explícita ás quintas, nunha lóxica semellante ao que se ten identificado para etapas anteriores como a segunda metade do século XIX. Segundo os datos, a oposición ás levas en Galicia sería superior á española, converténdose nun fenómeno complexo no que tamén habería que valorar como factor importante a emigración a América —tan común nestes anos— en procura dunha mellora nas condicións socioeconómicas de vida[1006]. Unha resistencia popular ao servizo militar que a atopamos mesmo entre membros do propio estamento, quen están acusados de *deserción*, fronte ao delito de *falta de incorporación a filas* polo que se procesaba a civís.

O segundo pico, se ben non moi pronunciado en comparación cos outros, correspóndese co ano de 1917, coñecido pola crise institucional pola que atravesa a Restauración borbónica e que será preludio da súa fin. Nese ano, nunha conxuntura internacional de seu complicada, o Estado español enfróntase a un desafío militar, político e social, coincidindo simultaneamente as Xuntas de Defensa, a Asemblea de Parlamentarios en Cataluña e a folga xeral revolucionaria de agosto, que acabaría derivando na aprobación do estado de guerra. Neste ano, incóanse 44 procedementos nas prazas de Vigo e Pontevedra, relacionados principalmente con insultos ás forzas de orde

[1004] Miguel Pino Abad faise eco das palabras (case proféticas) do presidente do consello de ministros Segismundo Moret na presentación do proxecto de lei: "el ataque al Ejército es el ataque a la Patria: ambos se confunden en la colectividad" (Pino Abad, Miguel: "Normativa sobre represión de propaganda separatista hasta el final del franquismo", en Sandoval Parra, Victoria; Álvarez Cora, Enrique (eds.): *Sedición, rebelión y quimera en la historia jurídica de Europa*, Madrid, Dykinson, 2021, p. 886). Moret, representante do sector máis moderado do liberalismo, accedeu ás pretensións do Exército (e do monarca) de ampliar a xurisdición castrense, ás que se resistira o seu predecesor, o compostelán Montero Ríos, o que foi causa da súa caída. O texto completo da Lei de Xurisdicións en «Ley para la represión de los delitos contra la Patria y el Ejército de 1906», *Gaceta de Madrid*, núm. 114, 24/04/1906, pp. 317 – 318. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1906/114/A00317-00318.pdf [últ. consulta o 25/08/2022].

[1005] Juliá, Santos: *Un siglo de España. Política y sociedad*, Madrid, Marcial Pons, 1999, p. 29. de Madariaga, Salvador: *España. Ensayo de Historia Contemporánea*, Bos Aires, Editorial Sudamericana, 1964 [1929], pp. 166 – 172; cita da p. 167. De forma semellante, anos antes escribía o diplomático coruñés: "El Ejército es el brazo de la nación y el Gobierno es la cabeza. A nadie se le ocurre gobernarse en la vida con el brazo derecho" (de Madariaga, Salvador: "Dos casos de militarismo", *El Imparcial*, 05/10/1916, pp. 8 – 9).

[1006] Carballo Gende, Enrique: *Violencia, crimen y sus interpretaciones en la Galicia Contemporánea (1840–1936)*, Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 2021, pp. 466 – 477. Ver tamén sobre o tema González Asenjo, Alfonso J.: "La resistencia al servicio militar en Galicia (1837 – 1974)", *Estudios de Historia Social*, núm. 34 – 35, 1985, pp. 197 – 318; e Balboa López, Xesús: "Quintos e prófugos, os galegos e o servizo militar no século XIX", en Castro, Xavier; de Juana, Jesús (coords.): *VI Xornadas de Historia de Galicia*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, 1991, pp. 51 – 71.

pública —tanto de forma oral como a través de artigos en revistas e xornais—, convocatoria de folgas e indución á subordinación militar.

O derradeiro ascenso prodúcese entre os anos 1923 e 1926, xusto despois do golpe de Estado de Miguel Primo de Rivera. Son os anos do Directorio Militar da ditadura (1923 – 1925), durante os cales está declarado o estado de guerra para o suposto *restablecemento da paz social*. Introdúcense asemade novas medidas represoras: as máis destacables son o Real Decreto do 18 de setembro de 1923 en prol da defensa da unidade nacional, o Real Decreto do 13 de abril de 1924 contra os delitos a man armada e o Real Decreto do 25 de decembro de 1925 contra os atentados que empregasen explosivos; todas elas aumentarán aínda máis o campo de actuación dos tribunais militares[1007]. De feito, para José Juan Toharia esta «expansión sin precedentes del área de competencia de los tribunales militares» é unha das principais novidades que introduce a ditadura de Primo de Rivera[1008].

Neste período de tres anos instrúense 920 procedementos nas prazas militares indicadas, concentrándose a maioría en 1924 (330). Estas causas están vinculadas, polo xeral, a insolvencia, insultos e agresións ás forzas armadas e o abandono de destino ou deserción. O mantemento do estado de guerra, a aprobación de novas disposicións de carácter restritivo e, cabe intuír, unha reactivación xeneralizada da Lei de Xurisdicións tradúcese nunha perda de determinadas funcións da xustiza ordinaria, habitualmente encargada da instrución de procedementos de carácter pecuniario como as quebras[1009]. En relación con isto, aparecen nestes anos por primeira vez nas fontes consultadas expedientes de pobreza de civís tramitados pola xurisdición castrense. Pese ao novo estado de guerra aprobado en 1926, coa transición ao Directorio Civil da ditadura primorriverista (1925 – 1930), a militarización da aplicación de xustiza tradicionalmente ordinaria irá quedando paulatinamente relegada a un segundo plano, ata ser finalmente derrogada a chamada Lei de Xurisdicións o 17 de abril de 1931, apenas tres días despois da proclamación da República[1010].

Esta non sería a única medida tomada polo goberno provisional republicano con respecto á xurisdición castrense, dentro do programa de reforma militar auspiciado por Azaña. O decreto do 11 de maio de 1931 introducía notables mudanzas dentro da súa propia organización, a través de —ora ben, tímidos— mecanismos de control[1011]. Entre

[1007] «Real Decreto contra el separatismo», *Gaceta de Madrid*, núm. 262, 19/09/1923, p. 1146. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1923/262/A01146-01146.pdf [últ. consulta o 25/08/2022]. "Real Decreto contra los delitos de robo a mano armada", *Gaceta de Madrid*, núm. 105, 14/04/1924, pp. 297 – 298. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1924/105/A00297-00298.pdf [últ. consulta o 25/08/2022]. «Real Decreto contra los atentados mediante explosivos (rectificado)», *Gaceta de Madrid*, núm. 361, 27/12/1925, p. 1146. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1925/361/A01651-01652.pdf [últ. consulta o 25/08/2022].

[1008] Toharia, José Juan: *El Juez español. Un análisis sociológico*, Madrid, Tecnos, 1975, p. 193.

[1009] O Código de Xustiza Militar de 1890 non contemplaba as multas como método punitivo. O art. 210 especifica que "cuando corresponda imponer á un militar la pena de multa, en conformidad á la ley común, se sustituirá por arresto si hubiere de considerarse correccional, y por un año de prisión de esta clase si se reputase aflictiva, según lo dispuesto en el Código ordinario". *Código de Justicia Militar de 1890*, pp. 74 – 76.

[1010] De forma anecdótica, unha errata na publicación do decreto indicou a derrogación dunha suposta Lei de Xurisdicións de marzo de 1926, e non de abril de 1906: "Artículo único. Queda derogada la Ley de 23 de Marzo de 1926 denominada de Jurisdicciones". «Derogación de la Ley de Jurisdicciones de 1906», *Gaceta de Madrid*, núm. 109, 19/04/1906, p. 230. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/109/A00230-00230.pdf [últ. consulta o 25/08/2022].

[1011] Ambas reformas no mesmo decreto, onde se explicita un desexo de continuidade entre a labor de unificación de foros iniciada en 1868 e aquela que pretende emprender a Segunda República. Non é casualidade que o seu art. 1 sexa "[reducir] a los hechos o delitos esencialmente militares que [la jurisdicción militar] conoce por razón de materia, desapareciendo la competencia basada en la calidad de la persona o el lugar de ejecución". «Decreto determinando la jurisdicción de los Tribunales de Guerra y Marina», *Gaceta de Madrid*, núm. 132, 12/05/1931, pp. 670 – 671. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/132/A00670-00671.pdf [últ. consulta o 25/08/2022].

outras cuestións, este transformaba o Consello Supremo de Guerra e Mariña en Sala de Xustiza Militar do Tribunal Supremo, de composición mixta, con dous maxistrados do Supremo, tres do corpo xurídico militar e un da Armada; esta conversión do Consello Supremo de Guerra e Mariña en Sala do Militar —que era a Sexta— do Tribunal Supremo unifica por primeira vez, exclusivamente na cúspide e coa limitación da composición mixta do órgano, a xurisdición militar coa ordinaria[1012].

O decreto tamén separaba as atribucións de mando e potestade xurisdicional das autoridades militares. Mediante a nova norma, que buscaba unha maior independencia dos corpos xurídicos militares con respecto ás lóxicas xerárquicas internas, os auditores de guerra gañarían competencias ata entón relegadas aos capitáns xerais e máximos responsables do Exército en cada rexión, como a designación dos xuíces instrutores das causas, o recurso de interposición contra os fallos dos consellos, derivar causas á xurisdición ordinaria ou tramitar indultos[1013]. Tralo golpe, un dos primeiros decretos da Xunta de Defensa Nacional, do día 25 de agosto de 1936, outorgaralle aos xenerais xefes do exércitos en operacións o exercicio da xurisdición de guerra, unindo de novo as facultades de mando e xurisdición na autoridade militar[1014].

A Segunda República procurou frear este periódico intervencionismo militar na regulación da vida pública. Como apunta o historiador do dereito Bruno Aguilera Barchet, dende o punto de vista xurídico, «el objetivo más importante del nuevo régimen surgido en 1931, era impedir a todo trance cualquier regresión política que pusiese en peligro la consolidación del modelo republicano de Estado». A este respecto, acoutar o poder militar era fundamental:

> Manuel Azaña, consciente del papel primordial desempeñado por el ejército en la práctica constitucional española, puso en marcha una profunda reforma militar que además de profesionalizar las fuerzas armadas pretendía convertirlas en el motor del reformismo, para acabar con la dinámica por la que el estamento militar se resistía en España a someterse al poder civil.[1015]

A abolición da Lei de Xurisdicións, o programa reformista da chamada *Lei Azaña* ou a aprobación da Lei de Defensa da República (1931), logo substituída pola Lei de Orde Pública (1933), son mostra da potenciación da represión gobernativa en detrimento da xurisdición marcial e símbolo dun Estado xurisdicional que reclama como propias atribucións antes estamentalizadas. Tanto a Lei de Defensa da República como a de Orde Pública, amplamente censuradas, actuaban como leis de excepción que outorgaban inmensas prerrogativas ao goberno; algunhas delas, sinalaban os máis críticos, anticonstitucionais, ofrecendo unha perigosa arma represiva «a los elementos de reacción que un día puedan triunfar», como agoireiramente vaticinaba Eduardo Ortega y Gasset[1016].

[1012] Revertida esta mínima unificación no franquismo, chégase a unha solución semellante en 1987, coa reaparición dunha Sala do Militar (agora, a Quinta) no Tribunal Supremo, tamén de composición mixta, que substitúe ao Consello Supremo de Xustiza Militar.

[1013] González-Deleito y Domingo, Nicolás: "Justicia Militar en la España Nacional: 1. La Jurisdicción Militar en el período 1918 – 1936", en Archivo Histórico Nacional, sección «Guerra Civil»: *Justicia en guerra. Jornadas sobre la Administración de Justicia durante la guerra civil española: instituciones y fuentes documentales. Salamanca, del 26 al 28 de noviembre de 1987*, Madrid, Ministerio de Cultura, 1990, pp. 390 – 391.

[1014] «Decreto núm. 64. Ordenando que los Excmos. Sres. Generales Jefes de los Ejércitos de operaciones ejerzan la jurisdicción de Guerra en la forma y con las atribuciones que previenen los artículos 10 y 28 del Código de Justicia Militar», *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, núm. 12, de 27/08/1936, p. 45. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/012/J00045-00045.pdf [últ. consulta o 25/08/2022].

[1015] Aguilera Barchet, Bruno: "De la etapa liberal a la era social. Las transformaciones jurídicas del Estado español entre 1923 y 1939", *Anuario de Historia del Derecho Español*, núm. 85, 2012, p 617 e p. 616.

[1016] Ballbé, Manuel: *Orden público y militarismo en la España constitucional (1812 – 1983)*, Madrid, Alianza, 1983, p. 327, p. 330 e p. 360. A cita de Ortega y Gasset, na p. 359.

Na gráfica que vimos comentando observabamos como, pese á inestabilidade do ano 31, baixan lixeiramente os procedementos incoados nas prazas militares de Pontevedra e Vigo, xa de por si relativamente pouco numerosos nese momento. Durante esta etapa descenderán en liñas xerais o número de procedementos coñecidos pola xurisdición castrense, chegando a algúns dos niveis máis baixos da historia recente de España.

Así as cousas, o programa reformista nesta esfera foi moito máis acoutado do que Jorge Marco dá a entender ao dicir que «ningún civil podía ser sometido a la justicia militar, erradicando de este modo la secular tradición implantada en España»[1017]. A modo de *sistema inmunitario*, a lexislación republicana seguiu reservándose a posibilidade de derivar na xurisdición castrense o xuízo de certas condutas, amparándose nun corpus xurídico que se sustentaba fundamentalmente no CXM de 1890, a Lei de Defensa da República de 1931, a Lei de Orde Pública de 1933 e a propia Constitución de 1931, a cal recollía no seu art. 42 a suspensión total ou parcial das garantías constitucionais en determinadas circunstancias. As dificultades que cercaron ao novo sistema obrigaron ao establecemento do estado de prevención e de alarma —parcial ou total en todo o Estado— en diversas ocasións ao longo dos breves cinco anos da República, facendo do estado de excepción a regra[1018].

O de maior importancia foi a declaración de estado de guerra publicado o 7 de outubro de 1934, como resposta aos procesos folguísticos revolucionarios que se iniciaran o día 5. Non obstante, o ton da declaración de estado de guerra será moi diferente ao do bando da Xunta de Defensa Nacional do 28 de xullo do 36:

> Declarado el estado de guerra, [el Gobierno] aplicará sin debilidad ni crueldad, pero enérgicamente, la ley marcial. Está seguro de que ante la rebeldía social de Asturias y ante la posición antipatriótica de un Gobierno de Cataluña, que se ha declarado faccioso, el alma entera del país entero se levantará, en un arranque de solidaridad nacional … a ponerse al lado del Gobierno para restablecer, con el imperio de la Constitución, del Estatuto y de todas las leyes de la República, la unidad moral y política, que hace de todos los españoles un pueblo libre, de gloriosas tradiciones y glorioso porvenir. … El Gobierno les pide que no den asilo en su corazón a ningún sentimiento de odio contra pueblo alguno de nuestra Patria.[1019]

[1017] Como contraposición, Julius Ruiz admite que "[l]os tribunales castrenses retuvieron amplios poderes punitivos contra acusados civiles incluso en períodos de normalidad constitucional republicana". Marco, Jorge: "'Debemos condenar y condenamos'… Justicia militar y represión en España", en Aróstegui, Julio (coord.): *Franco: la represión como sistema*, Barcelona, Flor del Viento, 2012, p. 192. Ruiz, Julius: *La justicia de Franco. La represión en Madrid tras la Guerra Civil*, Barcelona, RBA, 2012 [2005], p. 92. «Ley para la Defensa de la República», *Gaceta de Madrid*, núm. 295, 22/10/1931, pp. 295 – 296. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1931/295/A00420-00421.pdf [últ. consulta o 25/08/2022]. «Ley de Orden público», *Gaceta de Madrid*, núm. 211, 30/07/1933, pp. 682 – 690. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1933/211/A00682-00690.pdf [últ. consulta o 25/08/2022]. *Constitución de la República Española de 9 de diciembre de 1931*. Dispoñible en https://www.congreso.es/docu/constituciones/1931/1931_cd.pdf [últ. consulta o 25/08/2022].

[1018] Ballbé: *Orden público y …*, 1983, p. 363 e ss. Enzo Traverso na súa última obra (*Revolución. Una historia intelectual*, 2022 [2021]) tamén discute a noción de estado de excepción como suposta anomalía do Estado de dereito. Sobre o recurso gobernativo aos mecanismos de alteración da normalidade democrática, ver tamén Fernández Segado, Francisco: *El estado de excepción en el derecho constitucional español*, Madrid, Editorial Revista de Derecho Privado, 1977. Concretamente, sobre as disposicións excepcionais ata a ditadura franquista, pp. 102 – 140. Asemade, sobre o que o autor chama "la pugna por la normalidad" da Segunda República (e as ferramentas provistas polo dereito constitucional de excepción), consultar Pérez Trujillano, Rubén: *Creación de Constitución, destrucción de Estado. La defensa extraordinaria de la II República Española (1931 – 1936)*, Madrid, Dykinson, 2018, pp. 59 – 77, así como as pp. 96 – 249 para unha panorámica ao longo da experiencia republicana. Del tomamos a noción de sistema inmunitario (p. 317).

[1019] «Decreto declarando el estado de guerra en todo el territorio de la República Española», *Gaceta de Madrid*, núm. 280, 07/10/1934, p. 194. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1934/280/A00194-00194.pdf [últ. consulta o 25/08/2022].

Cabe recordar que esta declaración de estado de guerra se produciu, emporiso, durante o goberno radical-cedista. A este respecto, Pérez Trujillano aporta un dato verdadeiramente significativo: «[l]a Auditoría de Guerra encargada de reprimir la Revolución de Asturias en la jurisdicción castrense fue fletada con jueces y fiscales militares activamente derechistas y antidemócratas», os cales se caracterizaban por unha evidente falta de « cualificación académica en materia jurídica». Esta actuación encádrase na posta en marcha dun paquete de medidas contrarreformistas no eido do Exército e da xustiza dirixida, en definitiva, a reverter os avances do bienio anterior[1020].

A gráfica que analizamos reflexa esta realidade á que nos referimos cun pronunciado ascenso no número de procesos militares instruídos: mentres que entre 1930 e 1933 só se iniciaran 57 causas nas referidas prazas, só no ano de 1934 incoaranse 113, na súa ampla maioría relacionados co devandito episodio. Trala fin do estado de excepción en xaneiro, en 1935 modérase o ritmo, retornando a niveis semellantes aos de anteriores momentos.

O que comprobamos é que os diferentes gobernos seguirán valéndose do procesamento de civís por xurisdición militar nos momentos de maior cuestionamento do sistema —sexa cal sexa este—, estendéndose esta práctica durante o período republicano malia as súas pretensións de diminuír esta tendencia. O recurso ás forzas coercitivas do Estado como supostos garantes da orde constitucional será un dos máis polémicos legados da criticada como *República burguesa*, como evidenciaron os sucesos de Casas Viejas (Cádiz) en xaneiro de 1933 e a desmedida resposta policial[1021]. A este respecto, Manuel Ballbé destaca a incongruencia que supuña que a oposición monárquica fose tan crítica co recurso ao Exército para a resolución de conflitos na orde pública durante a Restauración e a ditadura de Primo de Rivera, e despois fixese o mesmo cando estivese no poder. De feito, asegura o autor, «la jurisdicción militar siguió teniendo amplia competencia sobre el elemento civil», manténdose na práctica a esencia da deostada Lei de Xurisdicións durante o período democrático. Unha afirmación polémica que non sorprende en tanto que unha das teses que Ballbé pretende demostrar é que «el juego de instituciones del constitucionalismo español (siempre en materia de orden público) es más propio de un sistema dictatorial que de uno liberal»; se ben admite que, a diferenza dos seus predecesores, o réxime republicano non se caracterizou polo habitual recurso ao procesamento de civís en tribunais marciais incluso en tempos de normalidade constitucional[1022].

Ao longo de todo o período, o que apreciamos en liñas xerais é unha clara interrelación entre a suspensión parcial das garantías constitucionais —a través de, por exemplo, a aprobación do estado de excepción— e a instrución dun maior número de causas militares, que coincide ademais co procesamento dun maior número de civís en relación con delitos contra a orde pública. Os anos de 1905, 1917, 1919, 1923 a 1926, 1934… todos eles coinciden no establecemento de diferentes e destacados estados de excepción, alarma ou guerra. *Non se repiten os feitos, pero si os ciclos*[1023]. En última

[1020] Engade máis adiante: "[Con la contrarreforma judicial] se asestó un golpe directo a las tres líneas maestras de la organización judicial republicana trazadas por el ministro Albornoz en 1932: simplificación de las categorías judiciales y alteración del régimen de ascensos, creación deuna nueva estructura en juzgados y tribunales 'con esenciales variaciones en la jurisdicción' (en singular, en la jurisdicción militar) y reforma del secretariado judicial". Pérez Trujillano: *Creación de Constitución, …*, 2018, pp. 280 – 281 e p. 283.

[1021] A masacre de Casas Viejas ten recibido numerosa atención por parte da historiografía, pero unha das aproximacións máis suxerintes segue sendo o clásico de Sender, Ramón J.: *Viaje a la aldea del crimen. Documental de Casas Viejas*, Barcelona, Libros del Asteroide, 2016 [1933].

[1022] Ballbé: *Orden público y …*, 1983, p. 319, p. 322, p. 347, p. 349 e p. 354.

[1023] Jiménez de Asúa, Luis: "'Corsi e ricorsi": la vuelta de von Liszt", en von Liszt, Franz: *La idea de fin en el Derecho Penal*, Cidade de México, Universidad Nacional Autónoma de México, 1994 [ed. or. desc.], p. 29.

instancia, esta lóxica do que nos fala é da subsistencia dunha cultura política transversal que ratifica —cun maior ou menor control— a labor do Exército como mantedor da orde pública en momentos de crise e, sobre todo, protector e salvagarda da patria, o cal lle é útil ao sistema. Esta identificación entre orde pública, sistema, goberno… con *patria* non é fútil, xa que no 36 o Exército —mellor dito, parte do Exército[1024]— cuestionará esta metonimia, rompendo contra a legalidade establecida e o goberno ao que lle debían lealdade para sublevarse en prol da teórica defensa dunha patria aldraxada.

Pero os sempre cuestionados procesamentos de civís por xurisdición militar anteriores ao verán de 1936 non teñen en absoluto nada que ver con aqueles posteriores ao golpe de Estado. Haberá unha continuidade no mantemento das formas e ferramentas, pero a mudanza fundamental atópase nos seus resultados e, sobre todo, na súa finalidade, como pretende explorar este capítulo. Fronte ao uso como dispositivo do terror a partir do 18 de xullo, nos consellos de guerra previos non se aprecia ningún tipo de vontade punitiva extraordinariamente grave nin, moito menos, eliminacionista. Non son poucos os casos de persoas ás que se lle abrira un procedemento militar antes do 36 e seguiron facendo unha vida relativamente normal; pola contra, sabemos que sufriron un destino moi diferente cando se volveron a ver inmersos nun consello de guerra despois do golpe.

Para o caso da provincia de Pontevedra, se cruzamos a base de datos de NeV e o índice de procedementos do TMT4 entre 1900 e 1950, atopamos 8 coincidencias exactas: Rogelio González Suárez, Alfredo Iglesias Álvarez, Francisco López Crespo ("El Cautivo"), Fermín Pazos Senra ("Grilo"), Manuel Pérez Troncoso, Jesús Puente Fontanes, Manuel Torres Lorenzo ("O Chía"), e José Vidal Puga[1025]. Son de especial interese os casos de Jesús Puente e José Vidal, alcalde e zapateiro de A Estrada, respectivamente. Ambos foran procesados por xurisdición castrense en 1934, o primeiro por «relación revolucionaria» e o segundo por rebelión militar. Tralo golpe de Estado volveráselles a incoar unha causa militar, mais desta vez con outro resultado: pena de morte. Jesús Puente será executado na avenida de Bos Aires en Pontevedra o 5 de xuño de 1937, mentres que José Vidal aparecera paseado na estrada a Campañó 14 de outubro de 1936, o que non impediría que se lle abrisen dúas causas militares máis despois de morto[1026].

Estes casos, pouco frecuentes aínda que non excepcionais, sustentan a idea de que as persoas que sufriron a violencia exemplarizante golpista endexamais imaxinaron o que lles habería de ocorrer, polo que só unha minoría deles tería fuxido trala declaración de golpe de Estado. As experiencias anteriores, colectivas como a tentativa de golpe de Estado de 1932 ou a declaración de estado de excepción en 1934, ou individuais como o seu procesamento por xurisdición castrense, nin alteraran substancialmente o sistema democrático nin supuxeran un inmanente perigo para a súa vida. Entraban dentro das

[1024] Esta apreciación, por sinécdoque, moitas veces é pasada por alto. Se todo o Exército se tivese levantado en armas contra a República, o golpe tería tido éxito e, polo tanto, non derivaría nunha guerra civil. Xa o advertía de Madariaga trala fin da ditadura de Primo de Rivera: "El Ejército no existe. Los oficiales que se llaman a sí mismos 'el Ejército' están divididos y agriados" (de Madariaga, Salvador: *España. Ensayo de Historia Contemporánea*, Buenos Aires, Editorial Sudamericana, 1964 [1929], p. 354). Autores como Sebastian Balfour teñen estudado como a experiencia africanista terían marcado diferenciacións no seo do Exército, así como na súa concepción patrimonialista do Estado (e da españolidade). Ver, entre outros, Balfour, Sebastian: *Abrazo mortal. De la Guerra colonial a la Guerra Civil en España y Marruecos (1909 – 1939)*, Madrid, Península, 2002.

[1025] Como vimos facendo en tódolos cruces de datos, non incluímos no cómputo os nomes que, aínda que tamén amosan unha coincidencia exacta, non podemos asegurar que se traten da mesma persoa debido ao común dos seus nomes e apelidos. Estes casos son os de José López Rodríguez, Manuel Rodríguez López, José González González e José Acuña (Lamas?).

[1026] Jesús Puente Fontanes aparece na C/264/934 e na C/224/937, e José Vidal Puga na C/174/934, C/990/936, C/966/936, C/859/937 e C/224/937 (todas elas do f. Pontevedra, AIMNOR).

USC

formas punitivas propias dos tradicionais mecanismos represivos do Estado, mais a *acción en extremo violenta* da que falaba Mola era algo diferente, que conectaba coa lóxica de conquista e exterminio[1027]. Non é o mesmo un Estado que se defende coas ferramentas, legais malia que controvertidas, deste mesmo Estado, ca un grupo rebelde que pretende asaltar o Estado forzando a aparencia de legalidade desas ferramentas. Ábrese a este respecto un campo de estudo que interesará explorar no futuro, elaborando comparativas entre os procedementos militares abertos a un mesmo individuo antes e despois de 1936, atendendo minuciosamente ás mudanzas e continuidades nos discursos, nas resolucións xudiciais e na súa materialización práctica; sobre isto traballaremos no segundo epígrafe deste capítulo.

7.1.2. A xurisdición militar a partir do golpe e a guerra

> Si en el campo gubernamental el hecho más saliente ha sido la creación de los tribunales populares, en el lado nacionalista es la casi absorción de la jurisdicción ordinaria por las cortes marciales lo que mejor caracteriza su justicia penal. Pero para llegar a ese resultado no han hecho falta grandes cambios legislativos: ha bastado interpretar en su sentido más arbitrario los artículos que atribuyen a las autoridades militares la facultad de establecer delitos mediante bandos, así como confundir conceptos tan distintos, como el *estado* de guerra, por un lado, y el *tiempo* y la *zona* de guerra, por otro. Además, el juicio sumarísimo permitía el castigo rápido y ejemplar (las dos preocupaciones de los militares españoles en materia de justicia) de los delitos, y no necesitaba más que algunas modificaciones *regresivas* para convertirse en el instrumento punitivo deseado, sobre todo si a la par se anulaban las reformas introducidas por la República en 1931 en la esfera de los tribunales militares, aunque no tenían nada de subversivo. Esta ampliación de la jurisdicción militar no es una novedad, ya que en el Ejército la ha perseguido siempre en España con una obstinación tan tenaz como ciega.[1028]

Nun ensaio escrito en 1938, o fillo do ex presidente da República e eminente xurista Niceto Alcalá-Zamora y Torres describe con especial lucidez algunhas das claves da xudicialización da violencia rebelde. En anteriores páxinas revisamos os precedentes e continuidades aos que se refire Alcalá-Zamora. Vexamos agora as novidades introducidas a partir do 18 de xullo de 1936.

Os diferentes bandos de guerra golpistas e, sobre todo, a declaración de estado de guerra en todo o territorio español asinada polo xeneral Cabanellas o 28 de xullo do 36 son os encargados de normativizar a nova orde xurídica que se imporá a partir de entón. Un bando que, ao igual cas accións rebeldes, desafiaba os mandatos republicanos: o 19 de xullo, o presidente Manuel Azaña decretaba a anulación do estado de guerra en todo o territorio español. De feito, o estado de guerra en retagarda republicana non se declarará ata o 23 de xaneiro de 1939[1029].

[1027] Instrución reservada do Xeneral Emilio Mola, núm. 1. 25/04/1936. En Aróstegui, Julio: *La Guerra Civil, 1936 – 1939. Historia de España*, Madrid, 1996, p. 40.

[1028] Con "campo gubernamental", Alcalá-Zamora refírese aquí á zona que quedou baixo o control da República tralo golpe de Estado, cuxos trazos fundamentais en materia de política xudicial comenta na primeira metade do texto titulado "Justicia penal de guerra civil" e orixinalmente publicado dende o exilio na revista *Revue de Science Criminelle et de Droit penal comparé* (1938). Alcalá-Zamora, Niceto: *Ensayos de Derecho Procesal. Civil, penal y constitucional*, Bos Aires, Edición de la Revista de Jurisprudencia Argentina, 1944, pp. 276 – 277.

[1029] García Rivas, Nicolás: "Rebelión (Delito de)", *EUNOMÍA. Revista en cultura de la legalidad*, núm. 18, 2020, p. 288; e Marzal Rodríguez, Pascual: "La legislación penal franquista y la represión contra los jueces", en Sandoval Parra, Victoria; Álvarez Cora, Enrique (eds.): *Sedición, rebelión y quimera en la historia jurídica de Europa*, Madrid, Dykinson, 2021, p. 823. Ver tamén Aguilera Barchet: "De la etapa …", 2012, p. 636 e ss. O texto completo do bando golpista en «Bando. Haciendo extensivo a todo el territorio nacional el Estado de Guerra declarado ya en determinadas provincias», *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, núm. 3, 30/07/1936, pp. 9 – 10. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/003/J00009-00010.pdf [últ. consulta o 25/08/2022].

Se, seguindo os preceptos clásicos weberianos, asumimos que o Estado é Estado porque ten o monopolio da violencia —é dicir, é a tenencia da violencia o que define intrinsecamente ao Estado—, podemos establecer que as autoridades militares golpistas se conformaron como representantes do Novo (proto)Estado dende o momento no que controlaron violentamente o poder no territorio, simplemente por facer efectivo o seu dominio mediante o uso da forza[1030]. De feito, neste bando de Cabanellas se fala da necesidade de que «todo ciudadano español [se comprometa a] el cumplimiento estricto de las Leyes»; un estrito cumprimento da lei que por suposto os golpistas obviaban para si, establecendo unha nova legalidade paralela á autenticamente legal que se caracteriza por conformarse principalmente de textos das etapas previas mais interpretados de xeito radicalmente distinto, dando lugar a esa *xustiza ao revés* da que falaba Serrano Suñer ou á *rebelión á inversa* de Jiménez de Asúa. Pero o recurso lexitimador nomocrático —asegurar o mantemento, ou mellor dito, o *restablecemento* do imperio da lei— está presente no seu discurso, como vemos, dende os primeiros momentos[1031].

Para asegurar o acatamento da lei e da orde, o sistema xudicial configúrase como elemento central na estratexia golpista, en tanto que encargada de reprender —en teoría, segundo preceptos eminentemente *xustos*— a quen incumpría a nova orde imposta. Pero, como sucedera en episodios anteriores, coa declaración do estado de guerra gran parte das atribucións da xurisdición ordinaria quedaban supeditadas á castrense. Se o sistema xudicial é o elemento clave na estratexia bélica, o bando do 28 de xullo é a principal ferramenta implantadora da nova orde legal no territorio controlado polos sublevados. Como indica Ignacio Berdugo, o bando da Xunta de Defensa Nacional do 28 de xullo establece a folla de ruta a seguir pola política xudicial do Novo Estado, mediante a «[a]mpliación de los delitos concretos objeto de esta jurisdicción [militar]» e a «[d]esnaturalización del contenido de los delitos sometidos a la jurisdicción militar»[1032].

De feito, dos doce artigos do bando, ata oito fan referencia explícita á xurisdición castrense tipificando delitos a partir de entón por esta coñecidos[1033]. A relación conforma un amplo e abertamente ambiguo abano de actitudes susceptibles de ser interpretadas como rebelión, dando na práctica carta branca á persecución do inimigo político: insultos a militares e membros das milicias, funcionarios que non se adhiran expresamente ao *Movimiento*, delitos contra a orde pública, delitos contra a propiedade e persoas «por móviles políticos o sociales», a celebración de reunións sen autorización, a propagación de noticias falsas e difusión de información en xeral —por prensa escrita ou radio—, a posesión de armas de fogo sen permiso emitido polas novas autoridades, a especulación con artigos de primeira necesidade… Algúns deles son novos, ou sexa, castigan dereitos constitucionais recoñecidos, como o de reunión; e outros son un transvase de competencias da xurisdición ordinaria á militar, como no exemplo dos delitos contra a orde pública. Asemade, o art. 10 resérvalle á militar a potestade para remitir

[1030] O teórico alemán aseguraba que "Estado es aquella comunidad humana que, dentro de un determinado territorio … reclama (con éxito) para sí el monopolio de la violencia física legítima". A lexitimidade de dito monopolio da violencia é definida polo propio grupo que exerce a violencia. Weber, Max: *El político y el científico*, Madrid, Alianza Editorial, 1979 [1919], pp. 83.

[1031] Serrano Suñer, Ramón: *Memorias. Entre el silencio y la propaganda, la Historia como fue*, Barcelona, Planeta, 1977, pp. 245 – 246. Jiménez de Asúa, Luis: "Comentario a una sentencia en viceversa", *El Criminalista*, t. 9, 1951, p. 232. Neste artigo, Jiménez de Asúa asevera: "No creemos que sea posible *un viceversa más curioso* que sólo podría psicológicamente explicarse por la proyección de culpabilidad que han estudiado los psicoanalistas. Lo peor es que por este sistema de atribuir el delito perpetrado por quienes acusan y enjuician, a los que se opusieron a él, se ha condenado y encarcelado a gentes españolas por miles y miles" (p. 233).

[1032] Berdugo Gómez de la Torre, Ignacio: "Derecho represivo en España durante los períodos de guerra y posguerra (1936 – 1945)", *Revista de la Facultad de Derecho de la Universidad Complutense de Madrid*, monográfico 3, 1981, p. 115.

[1033] Referímonos, en concreto, aos os art. 2, 3, 4, 5, 6, 9, 10 e 11.

procedementos aos tribunais ordinarios cando se considere que os casos carezan de «relación directa con el orden público»; e o art. 11 establece que «[l]as Autoridades civiles y judiciales continuarán desempeñando sus funciones en todo lo que no se oponga a lo anteriormente preceptuado», deixando unha dilatada marxe de acción para a arbitrariedade. Unha arbitrariedade que permitía que o CXM, e o bando de Cabanellas, satisfixesen por si mesmos as necesidades do grupo sublevado —non facendo falla para acometer os seus obxectivos a aprobación de textos normativos máis restritivos[1034]—. Non obstante, días antes, a Xunta de Defensa Nacional, «[a]lterada la normalidad jurídica y económica del país por las ineludibles operaciones militares que se realizan, que imposibilitan el ejercicio de derechos y el cumplimiento de obligaciones dentro de los plazos y trámites legales o reglamentarios», decretara a suspensión dos prazos xudiciais, malia que como sabemos en Pontevedra non se produciu tal rotura da normalidade no funcionamento dos tribunais, alén do consabido recorte de competencias da orde ordinaria[1035].

Son varias as vantaxes que ofrece a xurisdición castrense dentro da lóxica rebelde. A máis obvia é o control do Exército —ou a Armada— sobre a mesma, e a importancia que os principios de autoridade, disciplina e xerarquía teñen dentro das súas dinámicas internas; se ben con notables excepcións. En casos determinados a cadea de mando foi manifestamente obviada polos rebeldes, pois non todo o Exército se sumou de xeito unánime á sublevación; de feito, como é sabido, a meirande parte dos altos mandos do Exército permaneceron leais, non por desmedido fervor republicano, senón por profesionalidade e respecto ás institucións que xuraran defender. A este respecto, Ana Isabel Simón Alegre afirma que o golpe do 36 foi a primeira vez «que oficiales con la misma graduación, o incluso de inferior contra superior, aplicaran el poder coercitivo del que sólo legalmente el superior estaba dotado»[1036].

É un claro exemplo disto o caso do contraalmirante da Armada e ex ministro de Mariña Antonio Azarola. Destinado en Ferrol, Azarola permaneceu fiel á legalidade republicana tralo golpe de Estado, polo que os seus propios subordinados foron quen o detiveron; entre eles, Francisco Moreno Fernández, quen logo no 37 sería recompensado co ascenso a vicealmirante e máis tarde laureado pola ditadura. Azarola foi inmediatamente procesado en consello de guerra sumarísimo e condenado a pena de morte por delito de abandono de destino, sendo fusilado en Ferrol o 4 de agosto de 1936. As recompensas polo traballo ben feito non só quedarían entre aqueles que asaltaran o poder na base naval ferrolá, senón que se estendería entre os implicados na inculpación

[1034] Textos como o anteproxecto de Código Penal de Antonio Luna de 1938, por exemplo. Este, como sinala Pascual Marzal, "hubiera dado una base ideológica al principal texto represivo del Estado franquista, muy próximo al Código Penal fascista de Italia aparecido en 1930 o a las reformas que se estaban llevando a cabo en la Alemania de Hitler, e incluso se asumían conceptos del salazarismo portugués sobre la concepción de un 'Nuevo Estado'. En el Proyecto se suprimía el principio de legalidad, dejando al arbitrio judicial la posibilidad de crear tipos penales; también se decataba por la subjetividad, atendiendo a la voluntad del autor y no al acto en sí". Marzal Rodríguez: "La legislación penal …", 2021, p. 825. Sobre o proxecto de Luna, consultar Portilla Contreras, Guillermo: *El Derecho Penal bajo la dictadura franquista. Bases ideológicas y protagonistas*, Madrid, Dykinson, 2022, pp. 153 – 176; e tamén Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, pp. 73 – 98.

[1035] «Decreto núm. 6. Ordenando la suspensión de los términos y plazos judiciales desde el día 18 de los corrientes», *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, núm. 1, 25/07/1936, p. 2. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/003/J00009-00010.pdf [últ. consulta o 25/08/2022]. A orde é recollida por un decreto do xeneral comandante militar da praza de Pontevedra, José Iglesias, máxima autoridade golpista na provincia, que determina: "Que con fecha de hoy [24 de julio] queden en suspenso en toda la provincia, todos los prazos judiciales, administrativos y comerciales que estuvesen pendientes de vencimiento desde el día 20 de los corrientes, inclusive, hasta que nuevamente decrete". *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra*, núm. extraordinario, 25/07/1936, p. 1.

[1036] Simón Alegre, Ana Isabel: "Corregir, castigar y olvidar a los díscolos soldados", *Segle XX. Revista catalana d'història*, núm. 6, 2013, p. 37).

de Azarola; por exemplo, o fiscal da causa, o coronel auditor do corpo xurídico da Armada Luciano Conde Pumpido pasaría ao pouco a ostentar unha vogalía no recén creado *Alto Tribunal de Justicia Militar* —e substituído en 1939 polo *Consejo Supremo de Justicia Militar* dentro do ministerio do Exército—. Mais o de Azarola non foi o único caso destas características: un semellante é o do xeneral coruñés Rogelio Caridad Pita, fusilado o 9 de novembro dese mesmo ano por traizón. Fóra de Galicia, outros que sufriron destinos semellantes foron o xeneral Manuel Romerales, o xeneral Domingo Batet, o xeneral Miguel Núñez de Prado, o xeneral Toribio Martínez Cabrera ou o xeneral Miguel Campins[1037].

A maiores, o feito de que fosen tribunais marciais os encargados de xulgar os casos de maior importancia —aqueles relacionados coa orde pública—, ofrecía marxe de actuación para as posibles accións depuradoras dentro da xudicatura e maxistratura ordinaria entre aqueles cuxa adhesión ao *Alzamiento* non fose incontestable. Por outra banda, o CXM permitía, especialmente en tempos de guerra, o axuizamento de civís con extraordinaria rapidez, a aplicación de penas exemplarizantes e un menor respecto xeral polas garantías procesuais habituais, todo dentro do marco xurídico existinte. Esta procura de celeridade, en detrimento de calquera tipo de garantía procesual —malia que na propia exposición de motivos se asegure que non será así—, será aínda máis obvia a partir da publicación do decreto da Xunta de Defensa Nacional núm. 79 a comezos de setembro de 1936, o cal establecía que tódalas causas militares haberían de tramitarse por xuízo sumarísimo, sen importar se cumprían cos preceptos acordados para tal fin no CXM. Outra implicación desta medida é que todas as persoas inmersas en procedementos castrenses pasarían a prisión preventiva, pois así o establecía o art. 653 do CXM.[1038]

Recordemos, ademais, que esta preeminencia da xustiza militar foi un trazo distintivo do caso español, como comprobamos no capítulo 1: a diferenza do que estaba a pasar nos demais réximes fascistas e parafascistas coetáneos, onde a represión contra a cidadanía é encarreirada por tribunais especiais *civís* —malia que fosen ditaduras militares—, tralo golpe de Estado de 1936 a persecución política é administrada principalmente a través da xurisdición castrense[1039]. Grazas á emerxencia do contexto como xustificación, os consellos de guerra sumarísimos —os cales si estaban regulados e tiñan amparo legal no CXM— convertéronse na máis eficaz arma no arsenal dos sublevados, explotando a indefensión das persoas procesadas ata límites nunca vistos ata entón, xa non polo seu carácter masivo ou dimensión política, senón polo fondo eliminacionista da súa natureza.

[1037] Sobre o caso de Azarola, ver Fernández Prieto, Lourenzo; Míguez Macho, Antonio: "Os verdugos no golpe de Estado de 1936. Quen matou a Antonio Azarola?", en Fernández Prieto, Lourenzo; Míguez Macho, Antonio (eds.): *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Vigo, Galaxia, pp. 13 – 87. O dato de Conde Pumpido sacámolo do «Decreto núm. 44.- Nombrando Vocal del Alto Tribunal de Justicia Militar al Coronel Auditor Ilmo. Sr. D. Luciano Conde Pumpido», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 18, 01/11/1936, p. 78. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/018/A00078-00078.pdf [últ. consulta o 26/08/2022].

[1038] «Decreto núm. 79. Dictando las normas a que habrán de sujetarse los procedimientos judiciales de que conozcan las jurisdicciones de Guerra y Marina», *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, núm. 15, 04/09/1936, pp. 58 – 59. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/015/J00058-00059.pdf [últ. consulta o 26/08/2022].

[1039] Á mesma conclusión chega Pascual Marzal: "Hay una cuestión básica que diferenciaría los regímenes fascistas y dictatoriales existentes en Europa occidental durante los años treinta respecto del caso español: Hitler, Mussolini o Salazar no tuvieron que luchar en una guerra civil para conseguir el poder, lo que marcaría, sin duda, el nacimiento y desarrollo de su legislación penal, y sobre todo, de aquellos que tuvieron que aplicarla. Mientras que en los países fascistas los tribunales políticos fueron los que llevaron a cabo la purga de los enemigos del régimen, en España los militares se encargaron de esta tarea como una actividad más tendente a ganar la guerra. No se trataba de juzgar a delincuentes, sino a enemigos". Marzal Rodríguez: "La legislación penal …", 2021, p. 825.

UNED

7.1.2.1. Os esforzos lexitimadores e a estratexia normativista

De forma paralela á vulneración fáctica de calquera tipo de garantías para os procesados, o esquizofrénico discurso xurídico-normativo dos sublevados é de restablecemento da orde e protección dos dereitos dos reos. En outubro de 1936 créase o Alto Tribunal de Xustiza Militar como máximo organismo na estrutura dos tribunais castrenses e navais, o cal nace, segundo a disposición de motivos, «con el fin de mantener y ampliar las vigentes garantías procesales»[1040]. En decembro do mesmo ano, preténdese regular o ingreso de oficiais honoríficos de complemento ao Corpo Xurídico Militar e o da Armada, os cales creceran de forma exponencial ante o incremento «al estallar el glorioso movimiento nacional, [de] la función judicial, por el sin número de delitos cometidos» e a carencia de efectivos coa que atallar o novo rol que a xustiza habería de ocupar após o golpe de Estado[1041]. Co paso do tempo, tamén aumentan as atribucións do Alto Tribunal de Xustiza Militar en prol, de novo, de «mantener y ampliar las garantías de enjuiciamiento», un retrouso calcado do anterior decreto de outubro que, en realidade, non significaba nada[1042]. Estes son só uns poucos exemplos das numerosas disposicións que os sublevados aproban, nas que fan unha énfase desmedida no respecto pola legalidade e as garantías procesuais das persoas acusadas en causas militares.

> En consecuencia se ha de deducir el respeto a las normas y gentes en el momento de producirse la declaración del Estado de Guerra y como tales Instituciones, el respeto al Derecho y a los derechos de lo que habían de ser enjuiciados por esa Justicia Militar. La justicia humana se aproxima asintóticamente a la Justicia Divina, siendo lógico que se puedan cometer errores por cuantos en ella intervienen, pero siendo de destacar la pureza de las Disposiciones que la regulan, tanto en lo que se refiere a la necesidad de ser letrados los que ejercen las funciones de mayor relieve en la Administración de Justicia, como en lo que se refiere al respeto a los derechos de los encausados.[1043]

[1040] «Decreto núm. 42.- Creando el Alto Tribunal de Justicia Militar», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 18, 01/11/1936, pp. 77 – 78. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/018/A00077-00078.pdf [últ. consulta o 26/08/2022]. Sobre o Alto Tribunal de Xustiza Militar, consultar Pino Abad, Miguel: "El Alto Tribunal de Justicia Militar (1936 – 1939)", *Revista Española de Derecho Militar*, núm. 92, 2008, pp. 145 – 168. Ver tamén, do mesmo autor, "Los albores de la suprema jurisdicción castrense franquista", *Anuario de Historia del Derecho Español*, tomo 84, 2014, pp. 365 – 387.

[1041] «Oficiales honoríficos.- Orden.- Resuelve que en lo sucesivo no se concedan empleos de Oficiales honoríficos o de Complemento de los Cuerpos Jurídico Militar y de la Armada sino a propuesta de los Auditores o Fiscales de las Divisiones o Bases Navales», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 46, 02/12/1936, p. 311. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/046/A00311-00311.pdf [últ. consulta o 26/08/2022]. Recordamos, como fixemos no capítulo 5, que o transvase de persoal da xustiza ordinaria á militar tralo golpe de Estado é tratado en Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, p. 362 e ss.

[1042] «Decreto núm. 219.- Modificando el Decreto núm. 42, de 24 de octubre, en el sentido de aumentar las atribuciones del Alto Tribunal de Justicia Militar», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 122, 19/02/1937, pp. 452 – 453. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/122/A00452-00453.pdf [últ. consulta o 26/08/2022].

[1043] Díaz de Aguilar y Elízaga, Ignacio: "Justicia Militar en la España Nacional: 2. Instituciones", en Archivo Histórico Nacional, sección «Guerra Civil»: *Justicia en guerra. Jornadas sobre la Administración de Justicia durante la guerra civil española: instituciones y fuentes documentales. Salamanca, del 26 al 28 de noviembre de 1987*, Madrid, Ministerio de Cultura, 1990, p. 399. Máis adiante, Díaz de Aguilar concede que "[s]in embargo, son muchas las críticas que se han formulado al funcionamiento de los Consejos de guerra durante el período bélico y muchos los autores que han aportado pruebas de, a su juicio, errores judiciales e incluso en algún caso, el dolo al dictar la sentencia". Porén, insiste: "desde un punto de vista estrictamente legal, la Justicia Militar en la Zona Nacional, tanto en su organización como en su procedimiento o en su Derecho aplicable, *fue correcta y con las debidas garantías*, lo que no obsta para que en algún caso pudiera actuarse de forma no justa, sobre todo si se examina sin tener en cuenta el entorno de aquella Administración de Justicia" (p. 404; cursiva nosa). Sen entrar nunha crítica do expresado polo autor (cargado, por outra banda, de significantes), en tanto que consideramos que os feitos falan por si mesmos, si queremos precisar que Díaz de Aguilar erra en relación á "necesidad de ser letrados" á que se refire na páxina 399. Pouco antes do extracto que copiamos no corpo do texto, o autor asegura que a orde publicada no BOE núm. 46/1936 sobre o nomeamento de oficiais honoríficos do Corpo Xurídico Militar establecía que a partir de entón exixiríase como requisito posuír a condición de letrado. Porén, isto non é así. A propia orde establece que no momento da sublevación, "hubo necesidad de recurrir a las personas que, *poseyendo el título de Abogado*, pudieron suplir la falta de funcionarios" (cursiva nosa). Se ben é certo que, os consellos de guerra acabaron sendo compostos en gran parte por militares sen preparación

Tralo veo tan enfático da retórica legalista e garantista, a realidade era moi diferente. A vulneración das mínimas garantías procesuais das persoas encartadas, xa de por si minguadas pola xeneralización do xuízo *sumarísimo*[1044] —regulado polos arts. 649 – 662 do CXM—, converteuse en norma evidente, partindo dende o sistemático incumprimento do principio de irretroactividade penal. De forma paralela, patrocinábase un forzado respecto aos formalismos, non só normativos senón tamén no desenvolvemento do proceso xudicial; emporiso, tratábanse duns formalismos baleiros de contido, de exaltación dunha xustiza que non era tal, que respondían a outra vontade que non era a da investigación sumarial e a dilucidación de posibles responsabilidades penais. Como resultado, os procedementos marciais incoados en territorio de control sublevado a partir do verán do 36 terán moi pouco que ver con aqueles de etapas anteriores, malia que aspiren a emulalos bastamente na forma. Estas e outras cuestións farán que o hispanista británico Peter Anderson cualifique a xurisdición castrense golpista como unha auténtica *monstruosidade xudicial*[1045]. Atenderemos a este tema con maior detalle na segunda metade do capítulo.

Polo tanto, non debemos ler estas disposicións en termos de garantismo senón precisamente de carencia do que se presume. Primeiro, porque nos primeiros meses do golpe, onde aquela acción en extremo violenta da que falaba Mola habería ser máis exemplar, en territorios de retagarda como o galego a arbitrariedade desta violencia xudicializada foi unha realidade libre de restricións, aínda que mantivese as retóricas e prácticas ritualizadas —as cales, como único elemento diferenciador, desaparecen na violencia extraxudicial—. E segundo porque, en realidade, estas disposicións o que buscaban non era realmente blindar os dereitos das persoas acusadas, senón ordenar a violencia e ir establecendo paulatinamente as bases do que, agardan, será o Novo Estado. Non é casualidade que esta estratexia normativa se intensifique nos últimos meses de 1936, cando se espera que a conquista de Madrid está próxima; de feito, o 1 de novembro dese ano, disponse o establecemento de oito consellos de guerra permanentes na praza da capital. Na exposición de motivos do decreto, adiantándose desmesuradamente aos feitos, afírmase:

> El restablecimiento del orden jurídico en la plaza de Madrid, alterado durante más de tres meses, y el sinnúmero de crímenes de todo orden, amparados por la carencia de Tribunales, cuando no protegidos a instancia del llamado Gobierno de la República, obliga a dictar la presente disposición en la que, junto a las garantías procesales, queden coordinadas las características de rapidez y ejemplaridad tan indispensables en la justicia castrense. [1046]

Vemos, de novo, a permanente alusión ás *garantías procesuais* e o discurso dialéctico —no sentido hegeliano de confrontación, degradado a un uso retórico— entre a indefensión xurídica alimentada pola República e a seguridade que traerá o *Movimiento*.

xurídica ante a insuficiencia numérica de efectivos do corpo, o que fai a nova norma é requirir a proposta de nomeamento dos auditores ou fiscais das divisións ou bases navais para entrar a formar parte do corpo honorífico.

[1044] Sobre o desenvolvemento máis habitual dos procedementos sumarísimos e sumarísimos de urxencia, á parte da súa tipificación no CXM de 1890, ver as descricións de Marco: "'Debemos condenar y …", 2012, pp. 199 – 204; Ruiz: *La justicia de …*, 2012 [2005], p. 146 e ss.; e Chaves Palacios: *Justicia militar y …*, 2017, pp. 47 – 52 e pp. 63 – 69.

[1045] Unha clara referencia á *monstruosidade xurídica* de Cano Bueso, que veremos máis adiante. Anderson, Peter: *The Francoist Military Trials. Terror and Complicity, 1939 – 1945*, New York – Milton Park, Routledge, 2010, p. 51 e ss.

[1046] «Decreto núm. 55.- Creando en la plaza de Madrid ocho Consejos de Guerra constituidos en forma permanente», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 22, 05/11/1936, pp. 110 – 111. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/022/A00110-00111.pdf [últ. consulta o 26/08/2022].

Sexa como for, o que si é evidente é que o delito de rebelión, nos seus diferentes graos, foi a pedra angular desta violencia xudicializada, malia que non a única[1047]. Con todo, como apunta Candela Chaves, «a pesar de estas definiciones penales [contenidas en el CJM], la aplicación de la legislación militar … estuvo llena de contradicciones e irregularidades, no ajustándose las definiciones del código a la realidad»[1048]. A lasitude coa que o concepto foi interpretado polos consellos de guerra —explotado polos fiscais, validado polos auditores e alentado polas autoridades golpistas— daba carta branca á súa instrumentalización como comodín da arbitrariedade: mediante a súa desnaturalización, lográbase xustificar os procedementos sumarísimos e o recorte de garantías, á vez que permitía a aplicación de penas absolutamente desproporcionadas.

Unha lasitude amparada ao principio pola vaguidade do bando do 28 de xullo de 1936 e logo pola tipificación mediante decretos como delitos de rebelión daqueles actos si delituosos, pero cuxa natureza dificilmente se encadraba co que se podería entender como tales, como o delito de exportación e atesouramento de prata amoedada, infracción de taxas sobre ordenación do trigo, etc. Así, entendemos que o aumento de competencias da xurisdición militar non só se debeu ao recorte de atribucións da ordinaria senón tamén ao aumento de actitudes susceptibles de ser perseguidas polos tribunais castrenses[1049]. Como consecuencia, Guillermo Portilla afirma que «[e]l resultado fue un concepto de rebelión descomunal en el que cualquier conducta contraria al Movimiento nacional o en defensa de la República, se convertía en delito consumado aunque no se produjera el objetivo deseado por el autor»[1050].

No primeiro franquismo, con particular honestidade —lida de forma diferente en 1943 ca oito décadas despois—, o xurista navarro Eugenio Fernández Asiáin, quen exercera como fiscal xurídico militar en consellos castrenses durante a guerra, argumenta no seu monográfico sobre o delito de rebelión militar:

> Pudiera parecer, a simple vista, que *los verdaderamente rebeldes eran los llamados Nacionales*, pues fueron los que *se alzaron el día 18 de julio de 1936 contra el orden jurídico-legal* establecido. Pero lejos de ser cierto semejante criterio, la verdad es que el Estado, o la situación legal contra la que *se sublevaron los auténticos españoles*, ni era verdaderamente legal, ni, mucho menos, legítima.
>
> *No era legal*, porque el hecho del que traían su causa los poderes públicos y sus Autoridades representativas, cual es las elecciones generale de febrero de 1936 , no fue el producto normal y ordenado de los derechos e instituciones políticas entonces existentes, sino un amaño, una maniobra hábilmente dirigida y cuyo éxito tuvo por causa públicas y evidentes violencias e intimidaciones en todo el territorio nacional. … Mas aun en el caso de que dicha situación hubiera sido legal, siempre podría declarársela

[1047] O delito de rebelión, definido sucintamente como o "[alzamiento] en armas contra la constitución del Estado, contra el Rey, los Cuerpos Colegisladores o el Gobierno legítimo", estaba regulado polos arts. 237 – 242 do CXM de 1890. É un delito, polo tanto, abertamente "ligado a la idea de orden público" e "idóneo para sofocar las revueltas", como sinala José Antonio Pérez Juan. Ao traballo deste referímonos para unha maior (e mellor) aproximación ao esta figura delituosa e o seu marco regulador dende finais do século XIX ata a ditadura franquista; ver Pérez Juan, José Antonio: "El delito de rebelión en el primer franquismo. Un análisis normativo y jurisprudencial", en Sandoval Parra, Victoria; Álvarez Cora, Enrique (eds.): *Sedición, rebelión y quimera en la historia jurídica de Europa*, Madrid, Dykinson, 2021, p. 847 e p. 848. Ver tamén Portilla Contreras: *El Derecho Penal …*, 2022, pp. 236 – 252 para unha aclaratoria achega ao delito de rebelión militar nos seus diferentes graos (adhesión, auxilio e indución), así como o delito de traizón, os eximentes habitualmente máis empregados e outras circunstancias modificativas.

[1048] Chaves Rodríguez: *Sentenciados. La represión …*, p. 52.

[1049] A partir de 1943, acoutaríanse os diferentes supostos que se incluíran no caixón desastre do delito de rebelión, pero mantendo a aquelas condutas de oposición política, e non simplemente aos delitos explicitamente militares. Ver Berdugo Gómez de la Torre: "Derecho represivo en …", 1981, p. 117.

[1050] Portilla Contreras: *El Derecho Penal …*, 2022, p. 237.

> *ilegítima*, porque de la doble legitimidad que requieren los poderes públicos para su justa existencia, la de origen y la de ejercicio, faltaría siempre la segunda. … Luego *la rebelión contra la misma es completamente legítima y justa, y la defensa del antiguo orden político constituye la verdadera rebelión.* [1051]

Como tónica xeral, a xuricidade e o normativismo do proceso eran simplemente estratexias coas que disimular —con escasa sutileza— a súa fin última; non tiña que ver cunha suposta pescuda xudicial sobre a verdadeira existencia duns actos susceptibles de ser entendidos como rebelión, senón coa elaboración dun maniqueo relato inculpador: de bos fronte a malos, de orde fronte a caos, de xustiza fronte a tiranía. Así, entre os múltiples paradoxos que se superpoñen na administración de xustiza na zona de control rebelde durante o golpe, a guerra e a posguerra, o máis vergoñento é o axuizamento como rebeldes a aqueles que se mantiveran fieis á República, cando os auténticos rebeldes eran quen ocupaban o estrado[1052]. Para os sublevados, converteuse nunha cuestión *vital*, di Peter Anderson, «presentarse a si mesmos como vítimas e non perpetradores», buscando mecanismos cos que «tapar a vergonza da súa campaña asasina detrás das liñas da fronte»[1053]. Os xuízos militares evidenciarán ser idóneos para tal fin. Neste sentido, o discurso autoxustificatorio chega a extremos tan delirantes como o da sentenza dun consello de guerra que aseguraba que o que comezara o 18 de xullo de 1936 fora, en realidade, unha *sublevación marxista*:

> RESULTANDO, que *a partir del dieciocho de Julio de mil novecientos treinta y seis existe en España un hecho revolucionario de tendencia marxista* en oposición al Ejército que en tal fecha se hizo cargo del Poder legítimo de la Nación y que como es público y notorio presenta los caracteres propios de la rebelión militar.[1054]

Como di o hispanisita Paul Preston, «[l]a sofistería que justificaba esta ficción legal era considerar que las autoridades militares hubieran asumido el poder legítimamente el 16 y 17 de julio (es decir, antes del alzamiento) y, por tanto, desde esta perspectiva, la defensa de la República consituía una sublevación armada»[1055].

[1051] Fernández Asiaín, Eugenio: *El delito de rebelión militar. Estudio sistemático del delito, comentado, concordado y anotado con la jurisprudencia correspondiente, con la nueva ley modificativa y las últimas disposiciones dictadas sobre el mismo*, Madrid, Reus, 1943, pp. 12 – 13. Cursiva nosa. Pese ao posicionamento político dende o que está escrito, evidencia no parágrafo que incluímos no texto, o traballo é un moi completo (e didáctico) estudo sobre a aplicación do delito de rebelión militar nos consellos de guerra polos sublevados. Unha lexitimación da sublevación militar en termos semellantes atopámola en de Castro Albarrán, Aniceto: *El Derecho al Alzamiento*, Salamanca, Talleres Cervantes, 1943 [1941]; e, por suposto, no *Dictamen de la Comisión sobre ilegitimidad de poderes actuantes en 18 de julio de 1936* (1939) que veremos a continuación.

[1052] Outro paradoxo, aínda que se cadra menos evidente nunha primeira achega, é o mantemento case inalterado por parte dos sublevados do funcionamento dos consellos de guerra segundo o regulado polo CMX de 1890, malia que fose con altas doses de parcialidade e de manipulación dos textos legais en prol de lexitimar o que a todas luces non era lexítimo. Pola contra, durante o conflito, na zona que se mantivo baixo o control republicano, os consellos de guerra foron readaptados na figura de *tribunais militares permanentes*, onde, entre outras mudanzas, o rol do presidente do tribunal e o auditor estaban fusionados nun só individuo. Nunha posición de defensa, o goberno republicano podía permitirse unha maior flexibilidade e mesmo innovación (o que non estivo exento de críticas ou polémicas) nas formas e discursos, para atender non só á ofensiva sublevada senón tamén aos intentos de revolución interna que se estaban a suceder no seu propio territorio. Sobre a importancia da linguaxe na violencia golpista (partindo dunha análise discursiva dos textos do ditador Franco), ver Eiroa, Matilde: "Las fuentes doctrinales: pensamiento y lenguaje de la represión sistémica (1936 – 1948)", en Aróstegui, Julio (coord.): *Franco: la represión como sistema*, Barcelona, Flor del Viento, 2012, pp. 107 – 162; en concreto, sobre o dereito na práctica violenta, ver p. 154 e ss.

[1053] Anderson: *The Francoist Military …*, 2010, p. 52. Tradución propia.

[1054] C/725/38, folio 17 (ca. 37, f. Pontevedra, AIMNOR). Cursiva nosa. O vogal poñente do tribunal era o tenente auditor segundo Juan Villavicencio Pereira, quen fora ascendido da fiscalía xurídico-militar á auditoría de guerra da mesma da oitava división orgánica apenas semanas antes do golpe (*Diario Oficial del Ministerio de la Guerra*, núm. 75, 29/05/1936, p. 897. Dispoñible en https://bibliotecavirtual.defensa.gob.es/BVMDefensa/es/catalogo_imagenes/grupo.do?path=15436 [últ. consulta o 26/08/2022]).

[1055] Preston, Paul: *El Holocausto Español. Odio y exterminio en la Guerra Civil y después*, Madrid, Debate, 2011, p. 617.

A proximidade á normativa e aos preceptos de legalidade, aínda que só fose dende o punto de vista da retórica, é fundamental para os sublevados nestes primeiros momentos, sobre todo cando carecen aínda dun ideario propio e o único elemento programático en común é o odio á Fronte Popular. O fracaso do golpe de Estado e a súa paulatina transformación en guerra implica unha disputa do poder que se loita en dúas frontes: unha narrativa, de insistencia no seu papel como verdadeiros representantes da legalidade; e outra eliminacionista, onde coinciden as lóxicas propiamente bélicas e os intereses de exterminio —literal, segundo os casos— do grupo identificado como inimigo. Coa vitoria en 1939 ámbolos dous planos conflúen: o dereito de conquista é a nova fonte de poder e lexitimidade, e a partir da posguerra a ditadura pode comezar a emprender reformas de maior calado, posto que a desarticulada oposición apenas ten capacidade contestataria no novo contexto.

Porén, os esforzos xustificativos non diminuirán trala fin da guerra. Readaptando a estratexia de inculpación do inimigo polos seus *pecados democráticos* —como diría Manuel Álvaro Dueñas[1056]— perfeccionada durante anos a través das causas militares e consellos de guerra, en 1940 o Ministerio Fiscal instrúe a coñecida *Causa general sobre la dominación roja en España*[1057]. Nunha clara mostra de posta a disposición da administración de xustiza en prol da propaganda do novo Estado, a Causa Xeral ficciona unha suposta pescuda xudicial sobre o *terror rojo* —como se fixera en menor escala nos consellos de guerra durante o período bélico—, cando en realidade o que está a facer é fixar as bases do relato fundacional da ditadura, estandarizadas nas causas militares dende 1936. Sen ningún tipo de pudor, na exposición de motivos do decreto que promove a formación da Causa Xeral —insólito modo de incoar un proceso— xa se confirma a instrumentalización política do pasado en beneficio da ditadura franquista, admitindo que «[a] la Historia y al Gobierno del Estado [les] interesa poseer una acabada y completa información de la criminalidad habida bajo el dominio marxista». Evidencia desta vontade propagandística, disfrazada en forma de sumario xudicial, é a divulgación de diversas publicacións polo ministerio de Xustiza cos supostos achados na instrución da Causa —de carácter particularmente morboso coa inclusión de fotografías de cadáveres, presuntas vítimas da *barbarie marxista*—, destinadas a unha audiencia máis xeral[1058].

Outra mostra desta vontade propagandística mediante textos xurídicos na inmediata posguerra, foi o *Dictamen de la Comisión sobre ilegitimidad de poderes actuantes el 18 de julio de 1936* (1939) e que concluía, fundamentalmente, que o goberno da Fronte Popular era inconstitucional e a actuación do Exército representaba, polo tanto, «una suprema apelación a resortes legales de fuerza que encerraban el medio único de restablecer la moral y el derecho, desconocidos y con reiteración violados», de aí que o

[1056] Álvaro Dueñas, Manuel: "Delitos políticos, pecados democráticos", en Aróstegui, Julio (coord.): *Franco: la represión como sistema*, Barcelona, Flor del Viento, 2012, pp. 60 – 106.

[1057] «Decreto concediendo amplias facultades al Fiscal del Tribunal Supremo para proceder a instruir "Causa general" en la que se reúnan las pruebas de los hechos delictivos cometidos en todo el territorio nacional durante la dominación roja», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 125, 04/05/1940, pp. 3048 – 3049. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1940/125/A03048-03049.pdf [últ. consulta o 28/08/2022]. O proceso de pescuda sobre os supostos feitos delituosos da *barbarie roja* estendeuse durante décadas, ata que o Decreto-Lei do 31 de marzo de 1969 estableceu a prescrición dos delitos cometidos con anterioridade ao 1 de abril de 1939. Na actualidade, a documentación derivada da Causa Xeral atópase custodiada no Arquivo Histórico Nacional. Se ben a Causa Xeral ten motivado un nutrido campo de traballo, pola súa practicidade descritiva resultounos de especial interese o artigo de Santacreu Soler, José Miguel: "La Causa General y las víctimas: los problemas de una fuente imprescindible", *Drets. Revista Valenciana de Reformes Democràtiques*, núm. 2, 2016, pp. 37 – 48.

[1058] Unha primeira edición atopámola en Ministerio de Justicia: *Causa General: la dominación roja en España. Avance de la información instruída por el Ministerio Público*, Madrid, Ministerio de Justicia, 1943.

Glorioso Movimiento Nacional non puidese ser cualificado de «rebeldía»[1059]. O documento contou con resposta internacional, alentada polo goberno republicano no exilio —se ben moi dilatada no tempo, posto que se publicou en 1962—, que se manifestou mediante un informe da Comisión Internacional de Xuristas titulado *L'Espagne et la Primauté du Droit* argumentando, en síntese, que España non era un Estado de dereito. A respecto da xustiza castrense, o ditame condena as «amplísimas competencias en materia de dereito penal ordinario … [e] dereito penal político» que ten a xurisdición militar na España do momento, converténdoa «[n]un dos piares do réxime [franquista]»[1060]. Asemade, o informe cuestiona duramente a independencia do poder xudicial no país, argumentando que o goberno —é dicir, o Executivo; é dicir, o Caudillo— «designa á súa discreción aos titulares de certos postos clave nos tribunais ordinarios» e «creou un gran número de tribunais especiais que permanecen baixo a súa estrita dependencia»; todo isto ademais das xa abundantes prerrogativas da xurisdición militar sobre a que ten control directo o ditador en tanto que comandante en xefe do Exército[1061]. En conclusión, para a Comisión Internacional de Xuristas, o sistema xudicial e o «conxunto extremadamente complexo de normas penais» do réxime eran unha ferramenta fundamental para «exercer unha estreita vixilancia sobre a oposición» e «*organizar a represión … con medios flexibles e eficaces*»[1062].

Julio Aróstegui aseguraba que «[l]as elites y las pequeñas oligarquías del poder, así como los elabores de ideología al servicio del franquismo, persiguieron siempre dotarse de una doctrina sólida sobre la *juricidad* del Régimen»[1063]. E así, o franquismo reafirmaríase na súa posición contrargumentando o exposto a través do libro de título autoexplicativo *España, Estado de Derecho. Réplica a un informe de la Comisión Internacional de Juristas* (1964). Como establece na súa nota previa, este informe-resposta buscaría non só «la defensa del sistema jurídico vigente en España, sino el *restablecer la verdad en lo que a la legitimidad de origen y de ejercicio del Régimen se refiere*» e, á parte, «exponer con toda objetividad el mecanismo de las instituciones que operan en el orden de Derecho reinante en el nuevo Estado español surgido hace veinticinco años»[1064].

Obviamente, a ditadura interpretou o informe da comisión xenebrina como un ataque imperdoable, «un panfleto de propaganda contra el orden político establecido en España, revestido de un falso ropaje legalista», que «responde … a una finalidad exclusivamente ideológica» e que, ante todo, evidencia os perigos «[d]el fenómeno llamado "politización del Derecho"»[1065]. A réplica española é un compendio de duras críticas ao texto da Comisión Internacional de Xuristas, ao cal responde, en ocasións, frase por frase. Por exemplo, verbo da —falta de— independencia do poder xudicial,

[1059] Ministerio de la Gobernación: *Dictamen de la Comisión sobre ilegitimidad de poderes actuantes en 18 de julio de 1936*, Madrid, Editora Nacional, 1939.
[1060] Commission Internationale de Juristes: *L'Espagne et la Primauté du Droit*, Xenebra, s.e., 1962, p. 35. Tradución propia. Textos anteriores xa cuestionaran dende o exterior a xustiza do réxime de Franco (ver, por exemplo, Douzon, Henri: "La justice franquiste", *La Nouvelle Critique*, núm. 104, 1959, pp. 110 – 115), pero o da Comisión se trataba do primeiro firmado por un organismo internacional.
[1061] Commission Internationale de Juristes: *L'Espagne et la …*, 1962, p. 36. Tradución propia.
[1062] Commission Internationale de Juristes: *L'Espagne et la …*, 1962, p. 36. Cursiva e tradución propias.
[1063] Aróstegui, Julio: "Opresión y pseudojuricidad. De nuevo sobre la naturaleza del franquismo", en Águila, Gabriela; Alonso, Luciano (coords.): *Procesos represivos y actitudes sociales: entre la España franquista y las dictaduras del Cono Sur*, Bos Aires, Prometeo, 2013 [1996], p. 31.
[1064] Servicio Informativo Español: *España, Estado de Derecho. Réplica a un informe de la Comisión Internacional de Juristas*, Madrid, s.e., 1964, p. 5. Cursiva nosa. Sobre o informe da Comisión Internacional de Xuristas e a resposta por parte do Estado español, ver tamén Aróstegui, Julio: "Coerción, violencia, exclusión. La dictadura de Franco como sistema represivo", en Aróstegui, Julio (coord.): *Franco: la represión como sistema*, Barcelona, Flor del Viento, 2012, p. 30 e ss.
[1065] Servicio Informativo Español: *España, Estado de …*, 1964, pp. 7 – 9.

obxecta categoricamente: «La función judicial goza de absoluta independencia, supone una garantía plena para la aplicación de las Leyes y ejerce un control jurisdiccional sobre la Administración»[1066].

Pero, á parte de discutir detalladamente os argumentos da Comisión de Xuristas, o informe español se encarga de aglutinar todo tipo de argumentos en defensa da ditadura e do sistema xurídico franquista, reiterando os mitos xa presentes dende a xénese do réxime estandarizados nas causas militares e consellos de guerra golpistas como a *ilexitimidade*, a *inconstitucionalidade* e a *ilegalidade* do goberno da Fronte Popular e, en xeral, do sistema republicano[1067]:

> El Alzamiento Nacional puso fin, ciertamente, a la II República española, pero *de ningún modo puede ser calificado como una rebelión contra un Estado de Derecho* legitimado en su origen y en su ejercicio; por el contrario, *el Alzamiento fue el uso de un legítimo derecho de defensa por las fuerzas sociales del país* que no estaban comprometidas en la vasta conspiración revolucionaria que, en los primeros meses de 1936, había logrado sumir a España en un caos revolucionario; fue, en fin, el supremo sacrificio impuesto al pueblo español por quienes, tiránica y anárquicamente, detentaban el Poder.[1068]

Intencionalmente, a réplica española pasa por alto a instrumentalización bélica e política que os militares rebeldes fixeron da administración de xustiza a partir do 18 de xullo de 1936, facendo unha sonora paréntese entre ese momento ata ben avanzada a década dos anos 40. Sexa como for, como vemos, «las ofensas de la anti-España ocuparían un lugar de honor en el eje de su discurso autolegitimador hasta su desaparición»[1069].

7.1.2.2. Alén da retórica garantista

Se volvemos á gráfica do subepígrafe 7.1.1., é incuestionable o aumento exponencial de procedementos incoados por xurisdición militar na provincia de Pontevedra dende 1936. Nese único ano iniciáronse instrucións para 393 causas militares nas prazas da capital e de Vigo, máis do triplo de procesos tramitados no ano 34, o anterior máximo histórico, e un incremento de máis dun 1.775% con respecto aos de 1935. As cifras evidencian que o pronto éxito do golpe en Galicia e a conseguinte inexistencia de fronte de guerra na zona non mitigou as violencias sufridas pola poboación civil senón todo o contrario: ofreceu a oportunidade dun maior asañamento contra o inimigo mediante diferentes vías punitivas —nun *free-for-all* dos diferentes grupos sublevados, aínda que sempre baixo o atento control militar—, permitindo o perfeccionamento da

[1066] Servicio Informativo Español: *España, Estado de …*, 1964, p. 195; ver tamén as pp. 118 – 119.
[1067] Pois, como apunta o historiador José Mariano Agudelo Blanco, "toda la estrategia jurídico-militar se encontraba inmersa dentro de una maniobra global planificada para establecer un procedimiento destinado a desprestigiar a la República". Agudelo Blanco, José Mariano: "Las causas militares en la represión del maquis cacereño", en Chaves Palacios, Julián (coord.): *Mecanismos de control social y político en el primer franquismo*, Barcelona, Anthropos, 2019, p. 158.
[1068] Servicio Informativo Español: *España, Estado de …*, 1964, p. 18. Cursiva nosa.
[1069] Álvaro Dueñas: "Delitos políticos, pecados …", 2012, p. 106. Para Jimeno Aranguren, outro momento clave neste (lento) proceso de "cuestionamiento internacional de la jurisdicción militar española", especialmente no que respectaba a aplicación do delito de rebelión, sería o coñecido como Proceso de Burgos de 1970. En relación a isto, afirma o historiador do dereito: "El juicio de Burgos [y la presión internacional] generó un importante debate doctrinal en España, en el que diversos juristas abogaron por reducir los supuestos delictivos encomendados a la competencia castrense, e incluso hacer desaparecer la jurisdicción especial militar, integrándola en la unidad jurisdiccional y convirtiéndola en una Sala del Supremo". Jimeno Aranguren: "Jurisdicción militar y …", 2019, pp. 68 e ss. A cita, da p. 70.

toma violenta do poder e os dispositivos de anulación do outro que se haberían de exportar a outros territorios segundo o avance bélico.

Após o esforzo eliminacionista dos primeiros momentos, en termos xerais decrece o número de procedementos militares instruídos na provincia, a excepción dunha pequena repunta en 1939 e 1942, coincidindo coa fin da guerra civil e a instauración oficial da ditadura franquista —aínda que Galicia sexa durante todo o conflito territorio de retagarda golpista— e mais unha recrudescencia na loita contra os fuxidos, sobre todo en 1942, tal e como amosa a documentación. Esta lóxica xeral de descenso acentúase, se ben con pequenas oscilacións, na posguerra e ao longo dos anos 40. Porén, a cantidade de procesos marciais son durante toda a década notablemente superiores á media de abertos en anteriores períodos, o cal é posible debido á institucionalización da excepcionalidade que supuxo o mantemento do estado de guerra máis longo da historia recente española, ata xullo de 1948. Isto fálanos da vontade do Estado franquista de levar ao extremo o monopolio da violencia weberiano e subvertelo, nunha lóxica ben distinta aos seus sistemas políticos predecesores. Xa non se trata dun discutible uso lexítimo da violencia por parte do Estado para manter a orde social, senón da instrumentalización de dita violencia para derrocar a dito Estado e, no proceso, eliminar a sectores sociopolíticos considerados incómodos segundo os golpistas para así elaborar unha nova orde: deste xeito, a *justicia de Franco* ten un papel fundamental na configuración da *nueva España de Franco*[1070]. Non bastaba con que o Exército e a súa administración fosen un Estado dentro do Estado, senón que o propio Estado tiña que subsumirse no Exército, quintaesencia da Patria[1071].

Só en 1950, o último ano do que dispoñemos de datos na gráfica, o número de novos procedementos semella estar dentro dun baremo más *normal* en relación a outras etapas, con 28 novos casos nas prazas de Vigo e Pontevedra. Con todo, tanto en termos relativos como absolutos a diferenza en número de procedementos castrenses iniciados antes e despois do golpe é abismal: entre 1930 e 1936 incóanse, segundo os datos da base interna do TMT4, 191 procedementos; esta cifra multiplicarase entre 1936 e 1942 aos 1.639[1072]. Se ben é certo que estamos a referirnos a cifras centradas exclusivamente na provincia de Pontevedra, a historiografía amosa que esta é unha dinámica xeral para todo o territorio; a excepción de territorios que resistiron ata case o final da guerra —como Madrid, Valencia ou Barcelona— e onde, polo tanto, o proceso foi moito máis condensado que o aquí descrito, grazas en parte ao aprendido e posto en práctica en experiencias como a galega.

A partir de 1940 para o total do Estado español, explica Julius Ruiz, o nivel punitivo das sentenzas en xeral —e a incidencia das penas de morte en concreto— falladas por consellos de guerra diminúe segundo aumente o mínimo de evidencia

[1070] A noción da xustiza *de* Franco, con énfase no adverbio que denota posesión, non é simplemente unha frase feita. Ao falar de xustiza de Franco non nos referimos simplemente á política xudicial do novo réxime: dende o punto de vista da filosofía do dereito, Franco (ao igual que sucedía nas outras ditaduras de entreguerras, como en Alemaña ou en Italia) é o xuíz-rei de Habermas, cuxo poder decisorio é fonte de dereito, estando a súa voz na cúspide da xerarquía normativa. En tanto que caudillo, tamén tiña, alomenos en teoría, a responsabilidade de revisar tódalas decisións de importancia da Nova España, penas de morte incluídas (a partir de 1939; durante a guerra tal tarefa recaía sobre os capitáns xenerais das rexións militares). Porén, disposicións oficiais e prácticas oficiosas alixeirarían a inxente carga de traballo. Sobre todas estas cuestións, consultar Camisón Yagüe, José Ángel: "La juridificación de los mecanismos de control social", en Chaves Palacios, Julián (coord.): *Mecanismos de control social y político en el primer franquismo*, Barcelona, Anthropos, 2019, p. 152. Habermas, Jürgen: *Facticidad y validez. Sobre el derecho y el Estado democrático de derecho en términos de teoría del discurso*, Madrid, Trotta, 2010 [1992]. Ruiz: *La justicia de …*, 2012 [2005], pp. 152 – 153.

[1071] Sobre Exército e Estado (antes da guerra civil española), ver de Madariaga, Salvador: *España. Ensayo de Historia Contemporánea*, Buenos Aires, Editorial Sudamericana, 1964 [1929], p. 170.

[1072] Cabe aclarar que non todos eles deviñeron en consellos de guerra. Verémolo máis adiante.

probatoria exixido polo auditor, en consonancia cos novos criterios sancionadores aprobados en xaneiro dese ano parellos á creación de comisións de *exame de penas*[1073]. Isto derivaría, asemade, no «archivo masivo de causas»[1074]. Emporiso, no caso que nos atinxe, este paulatino descenso na instrución de causas militares na década de 1940 non debe confundirnos. Non se trata dun descenso da violencia, senón dunha mudanza nas súas ferramentas de aplicación. Do mesmo modo que o golpe de Estado do 18 de xullo do 36 propiciara o transvase de competencias da xurisdición ordinaria á especial —nomeadamente a militar—, coa fin da guerra e a inmediata posguerra dáse inicio a un paseniño proceso de desmilitarización da violencia xudicializada, que se irá desenvolvendo fundamentalmente ao longo de toda a década.

Isto faise cunha progresiva recuperación de competencias por parte da xurisdición ordinaria pero, sobre todo, mediante a creación de novas (pseudo)xurisdicións nacidas cunha clara vontade de persecución política: principalmente, a de Responsabilidades Políticas e a da Represión contra a Masonaría e o Comunismo —amais doutras esferas de depuración e represión con organismos cuasi xudiciais, como establecía, por exemplo a Lei de Depuración de Funcionarios de febreiro de 1939—. Ambas, con tribunais de composición mixta, deixaban patente o liderado militar na estratexia de mantemento violento do poder recentemente acadado, pero tamén comezaban a exteriorizar unha vontade de repartimento de funcións entre as demais familias do réxime e, na práctica, unha transferencia competencial da xurisdición militar a outras igual de especiais —e carentes de garantías procesuais básicas— pero sen monopolio marcial.

Así as cousas, podemos considerar os anos de posguerra como unha etapa de transición na natureza das causas militares. Por un lado, mantense a lóxica de persecución do inimigo político propia daqueles procedementos incoados entre 1936 e 1939, malia que é certo que descende a cifra total de penas de morte impostas —por cuestións obvias— e se darán importantes pasos na redención de penas ante a inmensidade numérica alcanzada pola poboación reclusa[1075]. Para o ditador, a redención de penas por traballo tiña que ser a resposta nacionalcatólica fronte ás «monstruosas y suicidas amnistías» propias do liberalismo[1076]. Consecuentemente, o réxime resistirase a conceder amnistías, optando pola vía da despenalización nalgúns casos concretos —como vimos no capítulo 5— ou polos indultos, como o do 9 de outubro de 1945, o do 25 de xullo de 1954, o do 1 de abril de 1964… Destes últimos, probablemente o máis coñecido sexa o

[1073] Ruiz: *La justicia de …*, 2012 [2005], pp. 168 – 169, p. 144, p. 136, p. 131 e p. 129. «Orden constituyendo en cada provincia una Comisión que se denominará de "Examen de penas"», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 26, 26/01/1940, pp. 662 – 665. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1940/026/A00662-00665.pdf [últ. consulta o 16/09/2022].
[1074] Ruiz: *La justicia de …*, 2012 [2005], pp. 136 – 138.
[1075] Este proceso será, non obstante, lento (Ruiz: *La justicia de …*, 2012 [2005], pp. 133 – 135). Para Gutmaro Gómez Bravo e Jorge Marco, a xustiza militar e o sistema penitenciario, inseparables, funcionaron como *inferno* e *purgatorio* na Terra (Gómez Bravo, Gutmaro; Marco, Jorge: *La obra del miedo. Violencia y sociedad en la España franquista (1936 – 1950)*, Barcelona, Península, 2011, pp. 76 – 92). Tamén Julián Chaves analiza as interrelacións existentes entre a xustiza castrense e os cárceres en Chaves Palacios: *Justicia militar y …*, 2017, pp. 53 – 61. O estudo do universo concentracionario franquista, que pode ser abordado dende diferentes prismas (punitivo, económico, relixioso, etc.), queda fóra dos nosos obxectivos de investigación. Remitímonos non obstante á profusa literatura especializada sobre o tema, consultada incluída na bibliografía final. Para non estendernos na lonxitude da nota, recomendamos, entre outros, os traballos de Gutmaro Gómez Bravo, Francico Bueno Arús, Carme Molinero, Javier Rodrigo, Isaías Lafuente, Domingo Rodríguez Teijeiro ou Carlos Hernández de Miguel. Asemade, cabe destacar a importancia que o universo penitenciario ten tido nas aproximacións con perspectiva de xénero á violencia do franquismo grazas a autoras como Tomasa Cuevas, Encarnación Barranquero Teixeira, Ricard Vinyes, Irene Abad ou Ana Aguado.
[1076] Preston: *El Holocausto Español …*, 2011, p. 616.

USC

do 31 de marzo de 1969, que declaraba prescritos tódalas responsabilidades penais relacionadas coa guerra civil[1077].

Por outro lado, ao atenuarse esta tendencia propia do golpe e da posguerra, reaparecen con máis asiduidade as dinámicas de axuizamento militar anteriores ao golpe de Estado, como a represión intraestamental, é dicir, o procesamento de militares por delitos intrinsecamente militares, como por exemplo a deserción ou o incumprimento de deberes. Se ben estes nunca deixaran de se producir —é máis, a mobilización bélica á fronte favoreceu o aumento da súa casuística—, o descenso nos anteriores permite que estes volvan gañar máis peso relativo, nunha tendencia máis similar á de períodos previos. O poder xa se conquistara; agora só había que mantelo. Estudaremos casos concretos no análise de causas da praza de Pontevedra correspondente no apartado 7.2.

Sexa como for, este lento proceso de transvase competencial non rematará sequera en 1948, cando se levante o estado de guerra xeneralizado no país, senón que se estenderá durante todo o franquismo[1078]. Un momento álxido será a creación do Tribunal de Orde Pública en decembro de 1963, o cal asumía a principal competencia da xurisdición castrense na época, os delitos políticos, e nacía coa mesma vontade que se instrumentalizara a administración de xustiza a partir de 1936: para performar de cara ao exterior unha sorte de Estado de dereito e respecto polas liberdades individuais[1079]. Non obstante, todo isto non evitará que os militares sempre se presenten como os verdadeiros garantes da orde ao longo de toda a ditadura.

Se ben sabemos que esta inxerencia do militarismo na vida pública nos momentos de crise do sistema responde a unha concepción cuasi patrimonial da *patria* por parte do Exército e á falta doutros recursos do sistema liberal cos que facer fronte á oposición —que non fosen recorrer a ese mesmo Exército—, o golpe de Estado de 1936 cambia o paradigma aínda que en aparencia as formas sexan semellantes[1080]. Xa non temos un réxime constitucional que abusa, lexitima ou ilexitimamente, do monopolio da violencia e acode ao Exército como instrumento de defensa para manter o poder; a partir do 36 o Exército vai máis alá e fagocita ao Estado. É dicir, pasamos dun Estado liberal que concede extraordinariamente o uso da violencia ao Exército contra a súa propia cidadanía para salvar as crises do sistema, a un Exército que controla ferreamente o poder e fará pequenas concesións cosméticas, de certo recendo liberal, para que o seu mantemento no poder non sexa percibido como tan intolerable. Ao final, o poder era dos militares capitaneados polo *Caudillo* simplemente polos dereitos de conquista emanados do 1 de abril de 1939, e eles serán quen decidan cedelo cando e na forma na que crean convinte.

[1077] Porén, matiza Juan José del Águila Torres, a nova norma simplemente reproducía o art. 113 do Código Penal, "con plazos de prescripción inferiores al estipulado en dicho Decreto 'Que los delitos prescriben a los veinte años, cuando la ley señalare al delito las penas de muerte o reclusión mayor y a los quince cuando la pena fuese de reclusión menor'". del Águila Torres, Juan José: "La represión política a través de la jurisdicción de guerra y sucesivas jurisdicciones especiales del franquismo", *Hispania Nova*, núm. 1 extraordinario, 2015, p. 225. Ver tamén Eiroa, Matilde; Egido León, Ángeles: "Los confusos caminos del perdón: de la pena de muerte a la conmutación", en Aróstegui, Julio (coord.): *Franco: la represión como sistema*, Barcelona, Flor del Viento, 2012, p. 346 e ss. «Decreto-ley 10/1969, de 31 de marzo, por el que se declara la prescripción de todos los delitos cometidos con anterioridad al 1 de abril de 1939». *Boletín Oficial del Estado*, núm. 78, 01/03/1969, p. 4704. Dispoñible en: https://www.boe.es/boe/dias/1969/04/01/pdfs/A04704-04704.pdf [últ. consulta o 28/08/2022].

[1078] Sobre a evolución da xurisdición militar a partir deste ano, ver Jimeno Aranguren: "Jurisdicción militar y …", , 2019, pp. 49 – 56.

[1079] «Ley 154/1963, de 2 de diciembre, sobre creación del Juzgado y Tribunales de Orden Público». *Boletín Oficial del Estado*, núm. 291, 05/12/1963, pp. 16985 – 16987. Dispoñible en: https://www.boe.es/boe/dias/1963/12/05/pdfs/A16985-16987.pdf [últ. consulta o 28/08/2022].

[1080] A fin de contas, o art. 2 da Lei Constitutiva do Exército de 1878 sentenciaba expresamente: "La primera y más importante misión del Ejército es sostener la independencia de la patria, y defenderla de enemigos exteriores o interiores". «Ley constitutiva del Ejército», *Gaceta de Madrid*, núm. 334, 30/12/1878, pp. 601 – 602. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1878/334/A00601-00602.pdf [últ. consulta o 29/08/2022].

7.2. A xurisdición militar en Pontevedra (1930 – 1942)

O estudo da xurisdición militar foi, en certo senso, o inicio e o final desta investigación. Foi o inicio porque se trataba do aspecto máis estudado da guerra civil española: como analizamos no estado da cuestión, as causas militares foron nas últimas décadas unha das principais fontes —se non a principal— a través das que coñecer máis de cerca a violencia institucionalizada despois de 1936. Mediante elas, proxectos como o de NeV puideron reconstruír unha listaxe de vítimas da violencia en Galicia: contabilizalos, coñecer o seus nomes, o por que da súa persecución, que fora o que lles pasara.

Nos apartados de fontes e metodoloxía explicamos mellor de que forma nos achegamos á documentación emitida por esta xurisdición, e remitímonos novamente a ela para maior detalle. Non obstante, interésanos resaltar que, segundo un total de 1.839 entradas que manexa a base interna do TMT4 para a provincia de Pontevedra entre 1930 e 1942 —que reflexamos cronoloxicamente na gráfica do punto 7.1.1.— decidimos analizar algo máis dun 5% das mesmas: 94 en total, repartidas proporcionalmente en relación á cantidade total de procedementos por ano. Unha causa en 1930, unha en 1931, unha en 1932, outra en 1933, seis en 1934, unha en 1935, vinte en 1936, dezaoito en 1937, trece en 1938, catorce en 1939, sete en 1940, cinco en 1941, e seis en 1942.

A diferenza do feito en anteriores capítulos, non realizaremos a análise en tres períodos —antes do golpe, durante o golpe e a guerra, e na posguerra—, senón que partiremos das causas que se multiplican a partir do verán do 36 para atender á súa evolución ata a posguerra, para despois contrapoñelo cos procesos militares durante a República e comparar, aí si, as mudanzas e continuidades entre ambos períodos. Unha licencia cronolóxica que nos permitimos para partir do máis coñecido —as causas militares a partir do golpe— ao menos explorado —as causas previas ao golpe—. Tampouco extraeremos datos xerais sobre os procedementos entre 1930 e 1942, pois o golpe de Estado introduce unha rotura tan radical que invalidaría calquera tipo de estatística conxunta. Cunha única excepción: a presenza de mulleres en calidade de procesadas nas causas militares.

7.2.1. A presenza feminina nos consellos de guerra

Se aplicamos perspectiva de xénero aos datos manexados ata o momento, cabe destacar a evidente infrarrepresentación feminina. Das 3.430 entradas que contén a base do TMT4, só 152 se corresponden con mulleres, apenas o 4,43% do total. Unha infrarrepresentación que non sorprende debido a tres factores: as mulleres, por un lado, non formaban parte do estamento militar e polo tanto estaban exentas das investigacións do corpo xurídico militar. Polo outro, ocupaban menos postos de responsabilidade política, os principais obxectivos durante períodos de excepcionalidade, especialmente durante o golpe e a guerra civil. Ademais, as mulleres tradicionalmente amosan menores índices de criminalidade en comparación cos homes, e non debemos esquecer que unha parte importante das causas militares non ten que ver nin coa eliminación do inimigo político nin coa punición de faltas castrenses, senón co axuizamento de delitos ordinarios contra a orde pública, competencia da xurisdición militar segundo o período[1081].

[1081] Unha pequena aproximación ás mulleres e o exercicio da violencia (tamén os delitos de orde pública), así como a violencia correctora contra elas practicada en Galicia dende mediados do século XIX, en Pernas Oroza, Herminia: "Instigación e recepción feminina de actos violentos na Galicia do século XIX e comezos do XX", en Leira Castiñeira, Francisco J.; Cabo, Miguel (eds.): *A xustiza pola man. Violencia e conflitividade na Galicia contemporánea*, Vigo, Xerais, 2021, pp. 91 – 115.

A distribución de procesadas concéntrase nos anos da ditadura de Primo de Rivera e, sobre todo, na guerra civil e ditadura franquista; é dicir, cando hai máis civís investigados en xeral. Se entre 1923 e 1928 identificamos 12 entradas con causas instruídas contra mulleres nas prazas de Vigo e Pontevedra, entre 1936 e 1939 esta cifra multiplicarase ata 62, o que supón o 40,79% da encartadas en causas militares entre 1900 e 1950; 1937 concentra o maior número de procedementos nun só ano: 22. Poderiamos interpretar este dato como a inicial vontade dos sublevados de descabezar durante os primeiros meses do golpe os principais núcleos do poder sociopolítico republicano —corporacións municipais, sindicatos, partidos políticos, asociacións, etc.—, controlados case na súa totalidade por homes. Pero, como sabemos, tralo fracaso da toma de Madrid en decembro de 1936, se produce un cambio notorio na dinámica violenta executada polos sublevados: a lóxica do golpe cede paso á de guerra, e xa non chega con desactivar eses núcleos de poder republicano, senón que hai que erradicar calquera conato posible desa *Antiespaña* na retagarda. E, ao pouco, como apuntan Gutmaro Gómez Bravo e Jorge Marco, a toma de Málaga polas tropas franquistas en febreiro do 37 será un momento clave na xudicialización da violencia como opción primaria na persecución do inimigo[1082]. Coincidentemente, a evolución cronolóxica das diferentes tipoloxías violentas en territorio galego indica que neste momento perden preeminencia fórmulas eliminacionistas como os paseos e, polo tanto, gañan peso as estratexias xudicializadas que tamén podían resultar en execución[1083].

Aumenta tamén o procesamento de mulleres en causas militares, aínda que, de novo, hai que volver resaltar o valor limitado desta procura, cun carácter máis cualitativo que cuantitativo. Porén tampouco estas cifras poden ser tomadas como absolutas e inamovibles: 433 entradas carecen de nome das persoas procesadas, polo que non se lles pode atribuír ningún sexo: á parte, segundo os criterios de catalogación da base, en moitas causas e dilixencias só se anota o nome da primeira ou primeiras persoas encartadas, polo que a etiqueta de «y otros» pode agochar a outras mulleres. Por exemplo, Urania Mella Serrano ou María Gómez González son algunhas das grandes ausencias que atopamos, sendo ambas unha excepción á regra na hipermasculinización dos postos de poder político republicanos[1084]. Así as cousas, insistimos novamente no valor aproximativo de tódolos datos macro.

[1082] "Entre julio de 1936 y mediados de 1937 las políticas de eliminación del enemigo se extendieron en todo el territorio rebelde. Los asesinatos extrajudiciales predominaron en la primera época, pero la justicia militar también realizó sus primeros ejercicios. La toma de Málaga, en el mes de febrero de 1937, vino a marcar el cambio de rumbo. A partir de ese momento, la eliminación del enemigo se realizaría a través del 'aparato legal', ya perfectamente establecido, reduciendo progresivamente el impacto de los asesinatos extrajudiciales". Gómez Bravo; Marco: *La obra del …*, 2011, pp. 110 – 111.

[1083] Segundo os datos de NeV, o 68,3% das vítimas de paseos concéntranse no segundo semestre de 1936, descendendo a un 18,5% en 1937, manténdose o descenso nos anos posteriores. Dispoñible en: https://nomesevoces.net/recursos/informes/1/informe-de-resultados-vitimas-galicia-1936-1939#cronoloxia-dos-procesamentos [últ. consulta o 27/04/2023].

[1084] María Gómez foi a única alcaldesa dun municipio galego á altura de 1936 (e unha das poucas de todo o Estado), á cabeza da corporación municipal de A Cañiza por IR. Detida ao pouco do golpe, é procesada en Vigo en 1936 con resultado de pena de morte, que será conmutada máis adiante por cadea perpetua debido ao seu embarazo (C/432/936, ca. 197, f. Pontevedra, AIMNOR). Pola súa banda, Urania Mella, filla do pensador anarquista Ricardo Mella, dirixía a *Agrupación de Mujeres contra la Guerra y el Fascismo* en Vigo, polo que foi xulgada en Vigo en 1936, sendo tamén sentenciada a pena de morte que acabará por se conmutar en perpetua (C/868/936, ca. 222, f. Pontevedra, AIMNOR). Ámbalas dúas coincidirán no penal guipuscoano de Saturrarán, establecendo unha intensa amizade. As traxectorias de vida de ambas son abordadas en Leira Castiñeira, Francisco J.: *Los Nadies de la Guerra de España*, Madrid, Siglo XXI, 2022, pp. 311 – 362; se ben non nos deixa de resultar un tanto problemático a conceptualización das súas figuras (dúas das principais políticas galegas do momento) baixo a etiqueta de "nadies". De María Gómez tamén fala brevemente Adrio Barreiro, Gonzalo: *La vida municipal en la II República Española. Examen de los municipios en la provincia de Pontevedra en ese período (1931 – 1936)*, Sada, Ediciós do Castro, 2008, pp. 612 – 614.

En relación aos procedementos políticos abertos contra mulleres, Federico Vázquez Osuna explica: «El propósito del franquismo era la obtención de un prototipo de mujer mala, inmoral e indecente capaz de encajar mucho mejor con una condena, de esta forma la criminalización era más cómoda»[1085]. A este respecto, cabe facer un pequeno inciso sobre a causa 378/938 contra María, Aurora e Nicereta Martínez Fernández —coñecidas como "Las Corseteras"—, a súa sobriña Peregrina Martínez Santos e María Fandiño Estévez por suposto delito de rebelión, pois nel chama enormemente a atención a animosidade dos testemuños, que amosan gran hostilidade en comparación con outros procedementos semellantes[1086].

O interesante deste caso non é simplemente a construción do criminal que fai a fiscalía, senón a que fan as veciñas e veciños chamados a declarar. Delas din de todo… pero nada positivo: son acusadas de ter ideas «francamente extremistas», «socialistas»; ser «peligrosísimas» e «unas verdaderas revolucionarias», «el más destacado elemento femenino» das organizacións esquerdistas da cidade; que «eran de las que no faltaban a los desfiles que efectuaron en esta Capital los socialistas y comunistas», «ocupando en las [manifestaciones] un lugar destacado» e sobresaían «por sus ademanes y ostentaciones, como el levantar el puño»; que colocaban «pasquines en diferentes puntos de la parroquia con las insignias del odioso comunismo»; que é rumor público que teñen feito «donativos en suscripciones en favor de los presos de la Revolución de Octubre de 1934» e realizaban «reuniones [políticas] en [su] domicilio», etc. De Peregrina Martínez Santos, que era mestra nacional e estaba afiliada ás *Juventudes Socialistas Mixtas*, dise tamén «que no educaba a los niños en la educación Cristiana», permitíndolles «blasfema[r] contra Dios».

As irmás Martínez eran membros activos de *Socorro Rojo Internacional* segundo explica un declarante, e cando «La Pasionaria y la Nelken vinieron a ésta Capital a dar un mitin, fueron ellas entre otras personas las que salieron a recibirlas y les ofrecieron un ramo de flores». Pero, alén da súa afiliación política nunca foron vistas cometendo «ningún acto delictivo», aínda que si se supón que no momento do golpe «excita[sen a los obreros] a la rebelión». Parece que todo o mundo ten algo que dicir sobre as acusadas. Os dixomedíxomes son constantes ao longo de todo o procedemento, máis habituais que de costume. Se ben ninguén semella telas visto de primeira man facendo iso, son varias as persoas que afirman telo escoitado ou que supoñen que foi así.[1087]. Sexa como for, dáse por feito que «no sería extraño que hubiesen colaborado con los elementos marxistas al fracaso del Glorioso Movimiento» en tanto que «contrarias a la Causa Nacional». Ante

[1085] Vázquez Osuna, Federico: "Las primeras mujeres juezas y fiscales españolas (1931 – 1939): Las juristas pioneras", *Arenal. Revista de historia de las mujeres*, vol. 16, núm. 1, 2009, p. 146. Como lectura complementaria, pode ser interesante a reflexión sobre o perigoso combinado das etiquetas de "muller" e "roja" nos consellos de guerra (en concreto, en Madrid trala súa conquista) en Eiroa; Egido León: "Los confusos caminos …", 2012, pp. 346 – 357.

[1086] C/379/938 (ca. 35, f. Pontevedra, AIMNOR). Os extractos referidos a continuación, froito das declaracións (e algún informe), dos folios 5 ao 30v. O resumo do xuíz instrutor, no folio 46 e 46v. Xosé Álvarez Castro tamén se fai eco do procedemento contra "Las Corseteras" en *Pontevedra nos anos do silencio. Represión e resistencia na provincia de Pontevedra (1936 – 1951)*, Vigo, Xerais, 2022, pp. 223 – 225. Asemade, nós comentámolo brevemente en Cidrás, Aldara: "A construción da culpabilidade colectiva na cidade de Pontevedra (1936 – 1939)", en Fernández Prieto, Lourenzo; Míguez Macho, Antonio (eds.): *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Vigo, Galaxia, pp. 266 – 267 e p. 272.

[1087] Mostra desta rumoroloxía popular é o seguinte fragmento da declaración dunha muller: "también sabe por habérselo dicho la esposa de un cocinero que es cojo y que vive por la Virgen del Camino, que antes estaba de criada en el tercer poso de la calle de Michelena, donde vivió un Fiscal de la Audiencia, que las Corseteras según pasaban los obreros les entregaban armas cortas que tenían en un mandil, cuyas armas entregaban en la puerta donde viven en la actualidad en la calle de Michelena; que más aún le concreto; … que esta entrega de armas por las Corseteras a los obreros revolucionarios, fue el mismo día que los elementos extremistas de esta Capital y pueblos de la provincia se concentraron levantándose en armas para hacer frente a las fuerzas Nacionales". C/379/938, folios 8v, 9, 10, 11 e 11v (ca. 35, f. Pontevedra, AIMNOR).

USC

todo iso, sentenza outra testemuña: «no encajan con el nuevo Estado Nacional Sindicalista y la permanencia de las mismas por al calle es perjudicial para el nuevo Régimen». Trátase este dun sentir que é reiterado en varias das declaracións: outro engade que lle «llama poderosamente la atención que ésta clase de gentes anden por la calle, por creer que sea un peligro, en el orden político-social, para el nuevo Régimen que la España honrada propugna».

Sobre María Fandiño Estévez, "Fandiña", dise que era «comunista, propagandista del ideal y de acción»[1088]. Esta, na noite do 18 ao 19 ou do 19 ao 20 de xullo do 36, tería arengado a un grupo de persoas «a buscar armas para estar preparados en caso de que saliese el Ejército a la calle, diciendo "no tenemos cojones si no vamos a buscar las armas donde las hay" [y] "el Gobernador es un traidor y un cabrón, porque no acaba de entregarnos las armas"». Outros, completan a narración e aseguran que a Fandiña tería instado a levar ás mulleres dos militares sublevados á casa consistorial para defendela das tropas que querían tomar o poder; obviamente sen éxito[1089]. Un informe da Garda Civil é máis explícito nesta tentativa de secuestro —que xa dera lugar á apertura dunha causa en 1936—: «[la acusada] fue detenida por su actuación rebelde con un grupo de mujeres que intentaban apoderarse de las esposas y familias de los militares para ejercer en ellos represalia»[1090].

O insólito desta causa é que ningunha das persoas chamadas a declarar emita unha soa valoración positiva das acusadas, caso único entre tódolos procedementos analizados. No mellor dos casos, cando as primeiras declaracións son ampliadas, algunha persoa di ignorar os feitos sobre os que se lle inquire, como é o caso do cura-párroco de Villalonga (Sanxenxo), quen se abstén de comentar o suposto extremismo de Peregrina Martínez Santos[1091]. Pero, en xeral, a valoración é unánime: son as *mulleres malas, inmorais e indecentes* das que fala Vázquez Osuna. Porén, o xuíz instrutor Ángel del Río Díaz e o auditor de guerra Hernán Martín-Barbadillo, propoñen o sobresemento provisional da causa, en tanto que as procesadas xa estiveran en prisión gobernativa tralo golpe pola súa militancia política—pagando multas para que se lles levantase o castigo—, considerando «que no resulta debidamente justificada la perpetración del delito perseguido» e «que las mismas fueron debidamente sancionadas por los hechos que en este sumario aparecen probadamente acusadas con respecto a sus ideales políticos»[1092]. As cinco procesadas, que volvían a estar en prisión provisional trala apertura da causa, son postas entón en liberdade.

7.2.2. Denuncias e delacións: a colaboración civil no aparello xudicial

Debido á magnitude de tódalas fontes manexadas na investigación e por non axustarse con exactitude ás preguntas formuladas dende un inicio, deixamos fóra das variables de análise as intervencións das testemuñas nas causas militares. Porén, recentes

[1088] Os apelidos de Fandiño Estévez se cadra nos sexan familiares: María era a irmá de Antonio Fandiño Estévez, responsable da morte do *sportman* e *camisa vieja* Secundino Esperón en maio de 1936, como vimos no capítulo 3.
[1089] C/379/938, folios 6 e 9 (ca. 35, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1090] C/379/938, folio 42 (ca. 35, f. Pontevedra, AIMNOR). Sobre o intento de rapto das mulleres de oficiais sublevados e o proceso castrense no que derivou (a C/1229/936, que para Álvarez Castro se trata, indubidablemente da "causa militar máis importante das instruídas contra mulleres pontevedresas"), ver Álvarez Castro: *Pontevedra nos anos …*, 2022, pp. 218 – 222.
[1091] C/379/938, folio 21v (ca. 35, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1092] Admite o xuíz del Río que, "habiéndose practicado todas las diligencias … necesarias para el mejor esclarecimiento de los hechos", non logra chegar "a la convicción racional de que las encartadas hayan participado de hecho en actos concretos de carácter revolucionario". Coincide o auditor. E como, a maiores, conclúen en que o asunto xa foi cousa xulgada, resólvese o seu arquivo. C/379/938 folio 46 e 46v e folio 47 e 47v (ca. 35, f. Pontevedra, AIMNOR).

publicacións vinculadas ao grupo de investigación Histagra si teñen explorado no pasado a súa potencialidade mediante ferramentas de análise do discurso como peza clave co que nos achegar ás actitudes sociais da poboación e, en particular, á súa instrumentalización como vehículo cohesionador da Nova España[1093]. Unha fonte á que tradicionalmente se lle prestou menos atención da merecida —ou directamente ignorada—, que consideramos fundamental para estudar a implicación civil co golpe.

Baseándonos no noso entendemento transversal da administración de xustiza neste período, consideramos que os testemuños e declaracións de persoas non procesadas xogaron un papel esencial como elemento difusor de responsabilidades e integrador na violencia. Con eles lograse a inclusión, libre ou imposta, de capas da poboación máis amplas —alén de vítimas e vitimarios— na maquinaria do terror, construíndo unha sorte de culpabilidade colectiva cuxas consecuencias se estenden ata a actualidade. É dicir, a implicación directa da poboación civil —ora de xeito voluntario, ora de xeito forzoso— na limpeza política e, particularmente, nas causas militares actuou como un ritual de iniciación política para os diversos colectivos sociais que se cohesionarían arredor do novo réxime. Así as cousas, entendemos os procedementos militares como unha forma do que Stathis Kalyvas chama «el escenario institucional de la colaboración», espazo de interacción des diferentes actores sociopolíticos arredor da violencia[1094].

De forma análoga, tampouco nos centraremos na figura da delación, explicitamente vinculada ao rol das testemuñas, aínda que non ignoramos a súa importancia. Dende que Sheila Fitzpatrick e Robert Gellately no xa clásico *Accusatory Practices* (1997) popularizaron o tema preguntándose cal era a relación especial, de habela, entre a práctica da delación e os réximes ditatoriais, numerosos son os traballos que se teñen aproximado á relación entre as forzas coercitivas do Estado e a poboación civil a través da acusación[1095]. Para os autores, a denuncia sería o vehículo comunicador e intermediario entre os novos Estados xurdidos no período de entreguerras e a cidadanía, un elemento esencial na imposición do clima de terror promovido polos totalitarismos.

Paralelamente, Kalyvas chega a dúas conclusións reveladoras sobre os fenómenos de colaboración e denuncia no contexto de guerras civís: a primeira, que o nivel de colaboración da poboación é proporcionalmente maior segundo maior sexa o férreo control dun determinado actor político sobre o territorio; e a segunda, son as comunidades

[1093] Ver, por exemplo, a proposta metodolóxica presentada en López Sánchez, Concepción; Trillo González, Magali (2016): "Las actitudes sociales ante el golpe: la «intermediación» a través del caso de Bueu (Pontevedra)", en Míguez Macho, Antonio (coord.): *Ni verdugos ni víctimas. Actitudes sociales ante la violencia, del franquismo a la dictadura argentina*, Granada, Comares, pp. 106 e ss. En Cidrás, Aldara: "A construción da culpabilidade colectiva na cidade de Pontevedra (1936 – 1939)", en Fernández Prieto, Lourenzo; Míguez Macho, Antonio (eds.): *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Vigo, Galaxia, 2018, pp. 227 – 290, nós traballamos cunha mostra de máis de 250 declarantes en causas militares da praza de Pontevedra durante o período bélico. Consultar, asemade, López Sánchez, Concepción: *O golpe de Estado, as persecucións e a retagarda na guerra civil española: as actitudes sociais en Galicia (1936 – 1939)*, Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 2021, pp. 235 – 340. De forma análoga, ver García Ferreira, Rafael: *Violencia, persecucións e relato na conformación do poder golpista en Santiago de Compostela, 1936*, Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, 2021, pp. 119 – 135 e pp. 169 – 173.

[1094] Se ben Kalyvas reduce a dúas as formas básicas deste contexto institucional da colaboración (milicias e comités), nós consideramos que a súa aplicabilidade podería ser exportada a outros marcos de encadramento social organizados dende arriba caracterizados pola súa finalidade punitiva no marco bélico como é o caso das causas militares. Kalyvas, Stathis N.: *La lógica de la violencia en la Guerra Civil*, Madrid, Akal, 2010 [2006], pp. 157 – 163.

[1095] Fitzpatrick, Sheila; Gellately, Robert: *Accusatory Practices. Denunciation in Modern European History, 1789 – 1989*, Chicago, University of Chicago Press, 1997. Malia noutro contexto, unha obra anterior que tamén exploraba de preto as motivacións dos delatores na súa tarefa acusatoria é o ensaio de referencia de Navasky, Victor S.: *Naming Names*, Nova York, Hill and Wang, 2003 [1980]. Para o caso alemán, sobre colaboradores cos nazis no proceso de transición democrática, ver Szanajda, Andrew: *Indirect Perpetrators. The Prosecution of Informers in Germany, 1945 – 1965*, Lanham, Lexington Books, 2010.

USC

máis estreitamente unidas aquelas máis proclives a denunciarse entre si[1096]. Para o politólogo grego, «[l]a denuncia en la guerra civil convierte las disputas comunes en violencia», ofrecendo a circunstancia bélica un campo de actuación no que levar a cabo accións se cadra inimaxinables en tempos de paz, pois destaca ademais «el predominio de la malevolencia en la denuncia». Este motivo lévao a considerar estas formas de «violencia íntima» non como «un proceso de politización de la vida individual [sino] un proceso generalizado de privatización de la política»[1097].

Para o caso da guerra civil española nas últimas décadas vimos asistindo á aparición de novas perspectivas coas que achegarse ás diferentes actitudes sociais perante o golpe, aseverando que alén do medo o colaboracionismo co novo poder xogou un papel clave para o seu éxito. Non sen motivo, o bando sublevado promocionou dende os primeiros momentos a delación como unha obriga moral e unha forma de aportar á Causa Nacional dende a retagarda; a fronte bélica interna, mesmo despois da conquista, seguíase librando. A este extremo, Ángela Cenarro asegura que en ningún outro país fascista ou parafascista —nin sequera na Alemaña nazi, como destaca Cenarro— houbo un sistema de denuncias tan grande como o español durante a guerra e a posguerra[1098]. De forma semellante, Peter Anderson sentencia que o «sistema xudicial de Franco dependía e necesitaba da cooperación de tódolos españois», e que «os denunciantes foron os que fixeron que o sistema xudicial militar funcionase», en tanto que «lle deron ás autoridades as acusacións necesarias para presentar cargos contra aqueles que xa estaban en custodia policial e para buscar máis vítimas aínda en liberdade entre a poboación»[1099]. En termos similares aos de Anderson escribe Pedro Payá ao asegurar que «la denuncia [fue] el principal canal de comunicación entre las instituciones y los ciudadanos más comprometidos con el nuevo régimen, que no dudaron en acercarse a juzgados y auditorías para firmar las denuncias»[1100]. Gutmaro Gómez Bravo e Jorge Marco tamén se refiren á «instrumentalización política de mecanismos como la denuncia y la vigilancia» como un elemento fundamental dos novos marcos da ditadura[1101].

De forma máis concreta, para o caso rural galego, Ana Cabana apunta que a «presenza de "denuncias instrumentais" [foi] unha constante» na ditadura e que «supoñen unha adaptación, cando non un intento de adhesión, cara ao novo réxime»[1102]. Continúa a autora:

[1096] Kalyvas: *La lógica de …*, 2010 [2006], p. 166 e p. 482.
[1097] Kalyvas: *La lógica de …*, 2010 [2006], pp. 453 – 496. As citas, das p. 463, p. 469 e p. 496.
[1098] Cenarro, Ángela: "Matar, vigilar y delatar. La quiebra de la sociedad civil durante la guerra y la posguerra en España (1936 – 1948)", *Historia Social*, núm. 44, 2002, p. 81.
[1099] Anderson: *The Francoist Military …*, 2010, pp. 74 – 91; as citas extraídas das p. 74 e p. 81. Tradución propia. Do mesmo autor, ver "Singling Out Victims: Denunciation and Collusion in the Post-Civil War Francoist Repression in Spain, 1939 – 1945", *European History Quarterly*, vol. 39, núm. 1, 2009. Ao igual que Anderson, Carlos Gil Andrés incide en varias ocasións na importancia de "[s]eñalar, apuntar, acusar y denunciar" ao inimigo interior en "La zona gris de la España azul. La violencia de los sublevados en la guerra civil", *Ayer*, núm. 76, 2009, pp. 115 – 141; a cita, da p. 137.
[1100] Payá López, Pedro: "Después de la victoria: la represión judicial franquista tras la guerra civil", en Moreno Fonseret, Roque; Payá López, Pedro (eds.): *Memoria y justicia transicional en Europa y América Latina*, Granada, Comares, 2018, p. 39.
[1101] Gómez Bravo; Marco: *La obra del …*, 2011, p. 196. "A linguaxe é o instrumento do imperio", que dicía David Damrosch ("The Semiotics of Conquest", *American Literary History*, vol. 8, núm. 3, 1996, p. 516; tradución propia). De forma máis ampla, sobre a importancia da semiótica nos procesos de violencia masiva, pode resultar de interese o traballo colaborativo de Jacob, Frank (ed.): *War and Semiotics. Signs, Communicaation Systems, and the Preparation, Legitimization, and Commemoration of Collective Mass Violence*, Abingdon, Routledge, 2021, pp. 106 – 127.
[1102] Cabana, Ana: *Xente de orde. O consentimento cara ao franquismo en Galicia*, Santa Comba, tresCtres, 2009, p. 252 e p. 261. Porén, outros traballos abordan as limitacións destas políticas de estimulación do control social dende abaixo; por exemplo, para a censura comunitaria (e a conseguinte acción delatora) das disidencias sexuais no campo andaluz durante os anos 50 e 60, atopamos suxerinte a contribución de Román Ruiz, Gloria: "«Custodios de la moral». Control socio-moral y sanción popular en el mundo rural altoandaluz tras la posguerra", *Pasado y Memoria. Revista*

> En Galicia, segundo os datos recollidos nas fontes xudiciais manexadas e arrimando as informacións da fonte oral, son, non obstante unha minoría as delacións indiscriminadas, obra de individuos máis ou menos identificados co novo réxime e "homes de orde" que seguen a premisa de estar prestando un servizo ás autoridades. Máis numerosas son as denuncias de neoconversos que necesitaban ocultar o seu pasado filoesquerdoso e que, por asegurar a súa supervivencia e minimizar os riscos da represión, están dispostos a delatar antigos correlixionarios e veciños. Envexas, problemas de convivencia, retesías pasadas entre familias e vellas rivalidades políticas aguzadas pola politización vivida durante a Segunda República, con claros antecedentes nos bandos caciquís, están no fondo do outro corpus, o más cuantioso, de delacións ocorridas no rural galego durante os primeiros vinte anos de franquismo. Un novo formato con cariz político para resolver conflitos sociais e pugnas políticas anteriores ao réxime.[1103]

Con todo, non podemos evitar problematizar a cuestión da delación a través das fontes xudiciais castrenses. Primeiro, porque a figura do delator non é estática, e a súa transversalidade rompe os moldes dos compartimentos estancos nos que adoitamos situar ás vítimas, vitimarios e —de forma máis matizable— colaboradores. E, segundo, porque da lectura da literatura especializada despréndese unha interpretación laxa sobre quen é delator, pola cal se entende que delator é, simplemente, quen nomea a outra persoa nun proceso de investigación sumarial, implicándoa no mesmo. Porén, a figura do denunciante é máis específica, referíndose a aquelas persoas que acusan a alguén dun feito ante a forzas do Estado —garda civil, garda cívica, servizo de investigación e vixilancia…— e cuxa acción motiva a apertura das dilixencias previas da causa.

Os casos, na nosa mostra, nos que o denunciante é nomeado explicitamente caracterízanse por ser de escasa significancia política e numericamente anecdóticos[1104]. Alomenos nas fontes ás que nós accedemos, naquelas ocasións nas que se perseguen a opositores ao golpe polo mero feito de selo, a meirande parte dos atestados dan conta de que estas se instruíron por catro motivos: por actuacións policiais, ao deter á persoa autora do delito *in fraganti* ou realizando rexistros domiciliarios, por exemplo; por dimanación doutro procedemento militar aberto; por ordes da superioridade, como o delegado de Orde Pública ou o gobernador militar da provincia; ou por mor de *informacións anónimas* —así aparecen referidas, sen máis detalles— que chegarían á comisaría ou posto de garda que correspondese. A denuncia xenuinamente política tende a encubrirse no anonimato.

Non obstante, tamén houbo algunhas causas que se instruíron por denuncia anónima e que inclúen no atado o escrito correspondente. É tal a C/1039/937, estudada por Álvarez Castro, na que o delator se dirixe ao gobernador militar de Pontevedra en xullo do 37 para que dean comezo ás investigacións pertinentes:

> Denuncio a V.S. que en Prado, Puenteareas, hay un traidor a la Patria, que por sus atroces fechorías, anduvo escapado; ahora está en su casa; es Rafael Martínez y dice

de Historia Contemporánea, núm. 21, 2020, pp. 131 – 154. Neste traballo, Román conclúe que, malia que a "fiscalización de la vida privada e íntima … se ejerció a través de mecanismos como la denuncia o el rumor", o franquismo "no logró erradicar todos aquellos aspectos de las culturas comunitarias que estimaba intolerables" (p. 150).

[1103] Cabana: *Xente de orde …*, 2009, p. 253.

[1104] Recordemos que nesta época o recorte de atribucións da vía penal ordinaria fai que moitos casos que non teñen que ver especificamente coa violencia golpista sexan instruídos por xulgados militares. Un exemplo disto é a C/464/936 (ca. 190, f. Pontevedra, AIMNOR), na cal Carmen López Roque denuncia a un veciño seu por ameazala con cortarlle as viñas e o millo. Se ben o acusado é afiliado a unha sociedade chamada *La Fraternidad*, a causa será sobresida por falta de probas concluíntes. Outro exemplo atopámolo na C/760/938 (ca. 36, f. Pontevedra, AIMNOR), incoada con motivo dun roubo en cuadrilla a man armada; a vítima do atraco, Antonio Oubiña Portas, recoñece e dá os nomes e apelidos dalgúns dos que integraban a banda. En ningún dos dous casos se denuncia expresamente a actividade político-social dos denunciados, senón os episodios concretos (se cadra como salvagarda dos denunciantes fronte a eventuais represalias).

> que anda tranquilo y nada le hacen porque tiene quien vuelva por él en Puenteareas, y a a ser Guardia Cívico, Falangista y el que lo denuncie puede contar con la muerte.[1105]

Continúa:

> Por el alma de nuestro Glorioso General Mola, suplico a V.S. el esclarecimiento de los hechos y tomando declaración a los que dejo relacionados, se verá que cumplo con un deber de buen ciudadano español, al denunciar estos vandálicos hechos. No me anima un sentimiento de odio, pero serenamente veo el mal y debe aplicarse el castigo. ¡Guerra al marxismo! ¡Viva España! ¡Viva Franco! [1106]

O noso traballo coas fontes, emporiso, amosa a residualidade deste tipo de casos tan explícitos, animándonos a ser cautas ao valorar a extensión deste tipo de denuncias. Sexa como for, a existencia sabida destas *informacións anónimas* —que, a diferenza da anterior, non deixan rexistro formal escrito—, necesarias para a elaboración das listas negras coas que as autoridades golpistas levaron a cabo a limpeza política, si dá mostra do colaboracionismo da poboación co novo poder: «Declarar, delatar, se convirtió para muchos en el primer acto político de compromiso con la dictadura», en palabras de Julián Casanova[1107].

O novo poder promocionará esta cultura de delación, como amosan as frecuentes referencias á mesma como unha calidade positiva dos bos patriotas; o seu arraigo entre a poboación explicaría, segundo algunhas autoras e autores, a prohibición das delacións non identificadas en setembro de 1941 para acoutar aquelas de carácter espurio, beneficiadas polo anonimato[1108]. Porén, a inexistencia de rexistros deixados e o seu carácter secreto dificulta, dende a nosa perspectiva, a posibilidade de ofrecer datos concretos sobre a súa magnitude, e dita normativa podería responder ás consabidas estratexias do réxime de se presentar, particularmente despois dos primeiros meses do golpe pero sobre todo na posguerra —cando o groso da persecución violenta dos inimigos políticos xa se consumara—, como un Estado de dereito. Unha estratexia que, como sabemos, ten máis de performativo e superficial que de representación fiel da realidade.

Se, pola contra, abrimos a definición do que entendemos por delatores para incluír ás declaracións de testemuños chamados a participar na pescuda xudicial, atoparémonos cunha escala de grises que nos obriga a ser aínda máis cautas no que se refire á acción

[1105] Álvarez Castro: *Pontevedra nos anos …*, 2022, pp. 304 – 305.
[1106] Álvarez Castro: *Pontevedra nos anos …*, 2022, pp. 304 – 305.
[1107] Casanova, Julián: "Una dictadura de cuarenta años", en Casanova, Julián (coord.): *Morir, matar, sobrevivir. La violencia en la dictadura de Franco*, Barcelona, Crítica, 2002, p. 32; na mesma obra, ver tamén Mir, Conxita: "El sino de los vencidos: la represión franquista en la Cataluña rural de posguerra", pp. 173 – 182.
[1108] Ruiz: *La justicia de …*, 2012 [2005], pp. 122 – 124 e pp. 135 – 136. No caso concreto dos procedementos de incautacións económicas, ver Moreno, Nacho: "«Por el bien de la Patria y de la Justicia». Denuncias e informes de las autoridades aragonesas", en Casanova, Julián; Cenarro, Ángela (eds.): *Pagar las culpas. La represión económica en Aragón (1936 – 1945)*, Barcelona, Crítica, 2014, pp. 119 – 142; e o traballo de Langarita, Estefanía: "«Si no hay castigo, la España Nueva no se hará nunca». La colaboración ciudadana con las autoridades franquistas", pp. 145 – 173, do mesmo libro. No outro extremo da balanza, sobre solidariedade e resistencia, poden ser de interese os capítulos de Langarita, Estefanía: "«Es un buen ciudadano y un buen vecino». Intercesión y solidaridad vecinales" pp. 175 – 200, e Murillo, Irene: "«Ni moral, ni justo, ni legal, ni humano». Resistencias civiles al franquismo", pp. 227 – 253. Recomendamos, asemade, o capítulo sobre o que Julio Prada chama a *xuridificación do terror* e, en concreto, Prada Rodríguez, Julio: *La España masacrada. La represión franquista de guerra y posguerra*, Madrid, Alianza, 2010, p. 199 e ss. Sobre a delación na década de 1940 non en causas militares senón no contexto da loita contra o estraperlo, Novelle López, Laura: "Aprehensores, denunciantes, delatores. Aproximación a la represión del contrabando en las poblaciones rayanas de la provincia de Ourense durante los primeros cuarenta", en Segura, Antoni; Mayayo, Andreu; Abelló, Teresa (dirs.): *La dictadura franquista. La institucionalització d'un règim*, Barcelona, Universitat de Barcelona, 2012, pp. 285 – 298.

acusatoria[1109]. Baixo que circunstancias se produce esa declaración? Estaba sendo a persoa procesada nesa ou noutra causa militar? E se unha persoa menciona a outra na súa declaración, pero acompañada dun comentario favorable, é dicir, e se non hai animosidade na declaración pero, sen querelo, pode iniciar unha nova investigación? Como sabemos que foi *esa* declaración de *esa* persoa a que promoveu a nova causa? Ou se unha persoa non aporta nomes novos, pero si información moi incriminatoria na súa contra, constitúe iso un acto de denuncia? Consideramos as inculpacións de membros das forzas públicas denuncias ou tomámolas como parte do seu oficio e só valoramos ás da poboación civil? Son as denuncias contra «infractores políticos» máis frecuentes que noutros tipos de delito? Que entendemos exactamente por inculpación?

Recórdanos Carlo Ginzburg que, cando traballamos con fontes xudiciais, dependemos exclusivamente de transcricións nas que, pola súa propia natureza, se perden —ou omiten— innumerables matices[1110]. Transcricións que son, ademais, emitidas polos propios vitimarios, polo que descoñecemos as circunstancias nas que as delacións foron obtidas: meteriamos no mesmo caixón aquel que confesa o nome dun compañeiro tras horas de tortura ca aquel que orgullosamente vai á comisaría a facilitar información? Como é posible diferenciar uns de outros se a fonte xudicial —de novo, alomenos aquelas ás que nós tivemos acceso— non o fai? Ábrese aquí unha liña de investigación, ou se cadra de mera reflexión, chea de grises, que interesará explorar no futuro.

7.2.3. Causas militares e consellos de guerra na praza de Pontevedra

No traballo coa nosa mostra, combinamos a elaboración de estatísticas e a presentación de datos nús, coa súa interpretación e a inclusión doutros elementos máis propios da análise do discurso. As causas militares e os consellos de guerra foron unha parte nuclear na construción e difusión do relato autolexitimador e alterizador dos sublevados; por iso, dende unha perspectiva foucaultiana, é preciso considerar o «discurso ya no simplemente por su aspecto lingüístico, sino … como juegos estratégicos de acción y reacción, de pregunta y respuesta, de dominación y retracción, y también de lucha»[1111]. Á parte, outra apreciación que queremos realizar é que, salvo excepcións, no que respecta ás penas impostas, só recollemos aquelas que foron impostas na sentenza. É dicir, non entraremos a valorar as conmutacións das penas capitais —aínda que eventualmente as constatemos— nin as posteriores reducións das penas privativas de liberdade —que, co paso do tempo, alcanzaron á práctica totalidade dos que lograron sobrevivir—, entendendo que responden a outro contexto e outras pretensións diferentes ás do golpe do 36.

[1109] A propia Ana Cabana, na obra á que nos vimos de referir nas anteriores citas, formula unha proposta de categorización das denuncias nas causas militares a partir do estudo dos testemuños de persoas chamadas a declarar no transcurso das investigacións sumariais. Cabana: *Xente de orde …*, 2009, pp. 251 – 261.

[1110] Ginzburg, Carlo: *El juez y el historiador. Consideraciones al margen del proceso Sofri*, Madrid, Anaya, 1993 [1991], p. 25.

[1111] Foucault, Michel: *La verdad y las formas jurídicas*, Barcelona, Gedisa Editorial, 1996 [1978], p. 15. Con todo, cabe sinalar que para o filósofo francés esta sería unha cuestión transversal na idea de xuricidade, se ben nós consideramos que a súa instrumentalización política está moito máis sublimada nas circunstancias bélicas de conquista de poder que nos atinxen (en contraposición á súa función nun contexto democrático).

7.2.3.1. A actividade da xurisdición militar após o golpe: 1936 – 1942

A partir do golpe de Estado, coa rápida posta en marcha dos dispositivos nomeados —fundamentalmente, os bandos de guerra—, nas zonas onde este tivo éxito a violencia contra o conceptualizado como inimigo político dispárase ata cotas endexamais sospeitadas, encarreirada a través de tres vías principais: a xudicial dos consellos de guerra; a extraxudicial dos paseos, pero tamén das malleiras, detencións extraxudiciais e condutas análogas; e a paraxudicial das xurisdicións administrativizadas. Estando as tres intimamente concatenadas —e notoriamente militarizadas, o que é obvio nos consellos de guerra, pero alcanza tamén ás outras dúas vías, pola participación militar nas gardas cívicas e nas (pseudo)xurisdicións incautatorias—, aquí trataremos da primeira.

Non sorprende, polo tanto, que sexa a partir dese momento cando se comezan a multiplicar sen precedentes o número de procedementos militares incoados. Tampouco sorprende, por todo o explicado, que unha ampla maioría das persoas condenadas en tribunais marciais tralo 18 de xullo de 1936 o sexan polo delito de rebelión e os seus derivados, concretamente un 73,33% das que computamos na nosa mostra. En segundo lugar, pero a moita distancia cun 14,44%, atópanse aquelas condenadas polo delito de traizón.

No que corresponde ás penas impostas, das 90 sentenzas inculpatorias falladas a partir do golpe estudadas, o 73,33% correspóndense con penas privativas de liberdade, das cales un 39,39% foron cadea perpetua e outro 39,39% penas de máis de doce anos de prisión—que irían sendo atenuadas e conmutadas na súa maioría durante a posguerra—, correspondéndose o outro 21,22% ás penas privativas de liberdade inferiores[1112]. O 26,67% restante das penas, algo máis dun cuarto do total, serían sentenzas á pena capital; en tres ocasións, non obstante, as penas de morte serían conmutadas posteriormente por privativas de liberdade[1113]. A imposición da pena máxima concéntrase na súa totalidade entre os anos 1936 e 1937 —a excepción dunha que é imposta en 1938 pero que será conmutada—, aludindo, unha vez máis á vontade de eliminación física do inimigo nos momentos posteriores ao golpe e á utilización da xustiza —neste caso, castrense— como ferramenta de castigo e control social a partir de 1938, inaugurando unha lóxica que se manterá a partir de entón.

Nestes dous primeiros anos non só serán as penas impostas máis severas e o número de causas militares instruído ostensiblemente maior, senón tamén o número de persoas que son encartadas en cada procedemento[1114]. Mais nisto apreciamos unha

[1112] As porcentaxes sinaladas proceden, insistimos, da mostra analizada, onde cabe recordar novamente incluímos procedementos incoados contra persoas que non foron perseguidas por motivos políticos e quedarían fóra da categoría de vítimas da violencia golpista. Na web do proxecto de NeV ofrécense datos para o conxunto de vítimas da persecución en todo o territorio galego. Sobre un total de 8.767 de vítimas de procesos militares en Galicia, o informe de resultados de NeV sinala que un 15,17% foron condenadas a penas de morte que foron executadas, un 40,67% correspóndese con penas de prisión, mentres que a maioría, o 44,16%, son procedementos nos que non houbo condena (ora por absolución, ora por sobresemento, ora por atoparse as persoas procesadas en rebeldía); no concreto das penas privativas de liberdade, o 44,4% serían cadeas perpetuas, posteriormente conmutadas, e o resto prisión de ata 29 anos de reclusión. Máis información dispoñible en: http://www.nomesevoces.net/gl/informe/informe-de-resultados-vitimas-galicia-1936-1939/vitimas-da-represion-en-procesos-militares/ [últ. consulta o 09/09/2022].

[1113] Trátase dos casos de Manuel Buján Rivas e José Acuña Lamas, ambos procesados por rebelión na C/115/37 (ca. 18, f. Pontevedra, AIMNOR); a ambos se lle conmutaría a pena de morte por cadea perpetua e, máis adiante, por 20 anos de reclusión menor. O terceiro caso é o do directivo da Caixa Rural de Lérez Manuel Gama Casalderrey, xulgado por auxilio á rebelión na C/317/38 (ca. 35, f. Pontevedra, AIMNOR) e sentenciado a pena de morte, se ben logo ser beneficiaría de sucesivas conmutacións.

[1114] Para o número total de incoacións nas prazas militares de Vigo e Pontevedra remitímonos de novo á gráfica do apartado 7.1.1. O caso pontevedrés amosa unha pequena anomalía con respecto ao total das causas instruídas en Galicia: para o período 1936 – 1939, o proxecto de NeV sinala que o maior número de procedementos se concentra en 1937 (mentres que o rexistro do TMT4 indica que o número de procesos militares incoados en 1936 é notablemente superior aos dos anos posteriores), descendendo a partir de entón gradualmente. Porén, senllas bases de datos confórmanse con

evolución cronolóxica: no momento inmediatamente despois do golpe, os procedementos son ou ben individuais, como o caso de Jacobo Zbarsky Kuper ou o de Rogelio Bugallo Orozco, ou ben están procesadas persoas en parellas, como na causa aberta contra Amancio Caamaño Cimadevila e Modesto David Pérez Estévez ou Alexandre Bóveda Iglesias e Amando Guiance Pampín[1115]. Conforme avanzan as semanas, o procedemento individual ou en parellas dá mostras das súas limitacións cando se pretendía axuizar a unha cantidade tan grande de poboación, polo que a partir de setembro do 36 aumenta considerablemente o número de causas militares nas que se procesan a grupos cada vez máis amplos de persoas. Disto é exemplo a causa 660/36 contra dez dos homes con maior peso político na cidade de Pontevedra —como o capitán da Garda de Asalto Juan Rico ou o secretario do Partido Galeguista local Víctor Casas— por traizón, ou a 1286/36 contra sete homes e catro mulleres de Marín polo delito de auxilio a rebelión[1116].

Esta tendencia aumenta paulatinamente ata que se produce un claro pico en 1937, con procedementos como o 115/37 con 26 encartados ou o 560/37 e o 720/37 —acumulados ao 30/37; máis tarde se acumularía o 7/46— con 48 acusados[1117]. Unha vez se van anulando os principais obxectivos a eliminar polos golpistas, cunha recrudescencia da violencia ante a evidencia de que Madrid —e, polo tanto, o goberno republicano— non caería tan facilmente, redúcese o total de procedementos incoados e este tipo de macrocausas desaparece. Malia que, loxicamente, estas causas con decenas de persoas procesadas son comparativamente inferiores en número ás incoadas contra unha persoa ou grupos reducidos, dan mostra dunha realidade: o desexo de facer pasar diante da xurisdición militar a maior cantidade de xente no menor tempo posible, e a pretensión de facer valer o poder xurisdicional castrense sen importar a manifesta insuficiencia de recursos do corpo xurídico militar pese aos descomunais esforzos para atender a esta inxente necesidade. As ordes do día da praza militar de Pontevedra que detallaban o lugar, hora e composición dos consellos de guerra que se ían celebrar na xornada, dan mostra da trasfega destes tribunais. En moitos dos casos, as vistas non duraban máis dunha hora e sucedíanse sen descanso.

Se a xustiza militar golpista é unha basta escenificación de cartón pedra, nestes anos isto faise aínda máis evidente. Non en van estes procedementos foron tradicionalmente tachados polo discurso antifranquista de xuízos farsa, como vimos no estado da cuestión. Malia a aparencia pouco académica desta (des)cualificación, a terminoloxía dramatúrxica empregada non nos parece errada. Se todo proceso xudicial é de seu unha representación —o que se manifesta no seu carácter ritual, que se expresa non só nos actos cerimoniosos propios da situación, senón tamén no plano discursivo e espacial, cunha determinada distribución do espazo e dos intervenientes que demarca as relacións de poder presentes[1118]—, os consellos de guerra no contexto bélico ou mesmo

requirimentos lixeiramente diferentes: mentres que a do TMT4 son tódalas causas militares instruídas nas prazas mencionadas, a base de NeV filtra só os procedementos con motivación política e inclúe os da xurisdición de Mariña.

[1115] Respectivamente, as causas ás que fixemos referencia son a C/281/36 contra Zbarsky Kuper (ca. 231, f. Pontevedra, AIMNOR), a C/388/36 (ca. 2, f. Pontevedra, AIMNOR) contra Bugallo Orozco, a C/284/36 (ca. 1, f. Pontevedra, AIMNOR) contra Caamaño Cimadevila e Pérez Estévez e a C/356/36 (ca. 2, f. Pontevedra, AIMNOR) contra Bóveda Iglesias e Guiance Pampín. As actuacións para estas catro causas foron iniciadas entre o 23 de xullo e o 1 de agosto de 1936, se ben os procesados estaban en prisión provisional dende antes.

[1116] C/660/36 (ca. 4, f. Pontevedra, AIMNOR) e C/1286/36 (ca. 13, f. Pontevedra, AIMNOR); nesta última, o inicio das actuacións remóntase en realidade a agosto, pero non sería elevada a causa ata setembro.

[1117] C/115/37 (ca. 18, f. Pontevedra, AIMNOR), e 30/37, 560/37, C/720/37 e 7/46 (ca. 26 e 27, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1118] Compartimos a reflexión de Marina Montoto, que consideramos acaída: "En la causa penal, el discurso jurídico representa, manifiesta y simboliza la autoridad y adquiere una enorme capacidad retórica y perfomativa". Montoto Ugarte, Marina: *Un viaje de ida y vuelta: la construcción social de la «víctima» en la querella argentina contra los crímenes del franquismo*, Tese de doutoramento inédita, Universidad Complutense de Madrid, 2019, p. 138.

posbélico son a representación dunha representación, a simulación dun rito no que ordinariamente se administra xustiza[1119]. Tal é a esencia do teatro: non a representación da realidade, senón a simulación dunha representación da realidade.

A diferenza do que se supón que debe suceder nun xenuíno xuízo, nos consellos de guerra as persoas acusadas xa son consideradas criminais antes de ser xulgadas e todo o proceso xudicial non é máis ca un *staging*, unha teatralización na que se simula un proceso de toma de decisión, inexistente, por canto a decisión non é resultado do proceso senón que o precede. A este respecto, coincidimos con Pascual Marzal cando asegura que a «nota característica» da xustiza militar e os consellos de guerra foi a *arbitrariedade*: «Arbitrariedad en la imputación de delitos, en la apreciación de las pruebas y, asimismo, en la imposición de penas»[1120]; se ben cremos que a escolla das tipoloxías punitivas non quedaba en mans do azar e respondía á intencionalidade pretendida. Sexa como form, tamén se aplica aquí, polo tanto, o que Federico Fernández-Crehuet asegura en relación ao funcionamento da depuración de funcionarios xudiciais: «La ratio decidendi varía constantemente, se presenta poco coherente»[1121]. De forma análoga, Jorge Marco coincide con que, malia que a «relación entre los delitos y las penas, en términos jurídicos, debe ser directa», durante a guerra e a posguerra «esta relación no estaba tan clara»[1122]. Para atallar «en lo humanamente posible, desigualdades que pudieran producirse y que, de hecho se han dado en numerosos casos, en que por diversas causas ha faltado la uniformidad de criterio para enjuiciar y sancionar con penas iguales delitos de la misma gravedad», o novo Estado creará en xaneiro de 1940 as xa mencionadas comisións de exame de penas[1123]. Nesta, máis que unha xenuína vontade de aplicación uniforme —e polo tanto *xusta*— da xustiza, nós interpretamos un reforzo da pretendida legalidade publicitada polo réxime.

Os xuízos, as vistas, están pensadas non para que o tribunal se faga unha imaxe da realidade, discernídoa na ponderación crítica das probas incriminatorias e exculptorias, senón para seren *vistas por un público*, presente ou implícito; a publicidade non é, neste caso, garantía de transparencia, senón que desempeña a función de espectáculo dirixido á educación e admonición do *público*[1124]. Así, anunciábanse as datas

[1119] A performatividade, a espectacularidade (en tódalas súas acepcións) é un dos elementos esencias dos *show trials*. Na que probablemente sexa a súa obra máis coñecida, Hannah Arendt cubre o proceso contra o vitimario nazi Adolf Eichmann; para a filósofa xudía non pasa desapercibida a *teatralidade do xuízo*, sendo frecuentes os paralelismos entre a esfera dramatúrxica e a xudicial ao longo de toda a crónica: "el juicio se celebró en una sala dispuesta como la de un teatro, y ante un público, de manera que el impresionante grito del ujier, al anunciar el inicio de cada sesión, producía un efecto parecido al que causa ver alzar el telón". Engade que a sala de xustiza fora construida "siguiendo el modelo de una sala de teatro, con platea, foso para la orquesta, proscenio y escenario, así como puertas laterales para que los actores entraran e hicieran mutis" (p. 15). Sobre a mensaxe que, dende unha perspectiva política, se desexaba que o xuízo a Eichmann representase e transmitise, di Arendt: "el espectáculo que David Ben Gurión se propuso ofrecer al público sí tuvo lugar, o, para decirlo de otro modo, las 'lecciones' que pretendía dar … al mundo entero, efectivamente se dieron" (p. 23). Arendt, Hannah: *Eichmann en Jerusalén*, Barcelona, Debolsillo, 2015 [1963]. En distintos contextos, outras obras que cobren o carácter performativo dos dispositivos xudiciais son Guttenplan, D. D.: *The Holocaust on Trial. History, Justice and the David Irving Libel Case*, Londres, Granta Books, 2001; e, especialmente, Sánchez, José A. (2023): *Tenéis la palabra. Apuntes sobre teatralidad y justicia*, Segovia, Ediciones La uÑa RoTa.

[1120] Marzal Rodríguez: "La legislación penal …", 2021, p. 829.

[1121] Fernández-Crehuet López, Federico: *Jueces bajo el franquismo. Once historias (y una nota sobre la depuración de los funcionarios judiciales)*, Granada, Comares, 2011, p. 112.

[1122] Marco: "'Debemos condenar y …", 2012, p. 204.

[1123] «Orden constituyendo en cada provincia una Comisión que se denominará de "Examen de penas"», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 26, 26/01/1940, pp. 662 – 665. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1940/026/A00662-00665.pdf [últ. consulta o 16/09/2022]. Ver tamén Gil Vico, Pablo: *La noche de los generales. Militares y represión en el régimen de Franco*, Barcelona, Ediciones B, 2004, pp. 117 – 119, e Ruiz: *La justicia de …*, 2012 [2005], p. 99, p. 131 e p. 136.

[1124] Cuestión esta levada ata o paroxismo nos consellos de guerra durante o golpe e a guerra: "El castigo público es la ceremonia de la inmediata trasposición del orden" (Foucault, Michel: *Vigilar y castigar. Nacimiento de la prisión*, Bos Aires, Siglo XXI, 2002 [1975], p. 102).

dos consellos de guerra nos periódicos locais, amais do Boletín Oficial da Provincia, e realizábanse na maior parte dos casos a portas abertas no paraninfo do goberno civil, se ben as persoas procesadas podían decidir estar presentes ou non. Ás veces, a asistencia do público ás vistas acadábase mediante unha certa coerción[1125]:

> Casi era obligatorio como estudiante de bachillerato asistir a los consejos de guerra … asistir de espectador, pues en donde prácticamente todas las condenas eran condenas a muerte y si no ibas era que considerabas injusto el juicio y por lo tanto la condena, ¿entiendes? Entonces, pues claro, los que estábamos fichados, bueno, ya poco teníamos que perder, ¿no? Porque, claro, si era rojo el abuelo, era el hijo, el nieto, el bisnieto… ya eran todos rojos. Esa es la teoría.[1126]

Un testemuño semellante tamén o recolle nas súas memorias o avogado lerense Gonzalo Adrio:

> En el año 1936, antes de empezar el 6º y último curso de bachillerato, presencié tres Consejos de Guerra. Se celebraban en el Salón de Actos de la Diputación Provincial de Pontevedra. … El primero fue el que se siguió contra Bóveda y Pampín, este último diputado por el PSOE. … Yo presencié el juicio, como otros pontevedreses (pocos), desde la parte alta del salón.[1127]

E, como en calquera representación, onde todo queda supeditado á forma, os papeis de cada actor estaban claros. Como sinala o catedrático penalista Nicolás García Rivas, estamos perante unha «justicia títere» de «"fórmulas" predeterminadas»[1128]. Nos consellos, fiscais e defensores acaban recorrendo a alegacións cun esquema idéntico, fose cal fose a causa. Os primeiros exixindo penas absolutamente desproporcionadas cunha animosidade rituaria extrema contra as persoas procesadas, como se fosen cancros da sociedade que é preciso extirpar para evitar a metástase; e os segundos solicitando —na maior parte dos casos, inutilmente— a absolución negando calquera tipo de responsabilidade dos inculpados, recorrendo a un ton paternalista e infantilizante duns suxeitos torpemente manipulados ou —cando isto era inviable pola talla intelectual dos acusados— inxenuamente confundidos, facendo incluso énfase nun suposto arrepentimento dos seus defendidos e implorando ao sentimento redentor do tribunal. Estiveran, en definitiva, no momento equivocado e no lugar equivocado. Ese será o principal eixe argumental da defensa por defecto. Máis que suxeitos do delito, as persoas defendidas adoitan ser presentadas como meros instrumentos: a pena, argúese, debería polo tanto caer sobre os auténticos autores —aos que se alude nun sentido abstracto— e, no caso de que xa tivese caído, non era necesario seguir exixindo responsabilidades. Para comprender mellor estas dúas actitudes tipo, pode resultar esclarecedor contrapoñer a cualificación do fiscal Hernán Martín-Barbadillo e a alegación do defensor o tenente de artillaría retirado Julio Conde na causa 284/36, ambos referíndose ao mesmo procesado,

[1125] Se ben os consellos tiñan lugar no salón de actos do goberno civil e pazo da deputación, as oficinas do xulgado de instrución militar non estaban afastadas, posto que se adaptaran as dependencias da planta baixa da Escola Normal (que, como é sabido, funcionaba tamén como prisión provisional) para tal fin. Ver *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra*, núm. 289, 04/12/1938, p. 4.

[1126] Entrevista a E.Q.P., realizada por Bossan, Marie-Pierre (Pontevedra, España, 19/03/1991). Nº 485. Fondo HISTORGA Xeral, www.terraememoria.usc.gal. O entrevistado, de Poio, tiña 14 anos cando comezou a guerra; máis tarde formaríase e exercería como avogado durante a ditadura.

[1127] Adrio Barreiro, Gonzalo: *Sin odio, sin rencor, pero el recuerdo vivo*, Sada, Ediciós do Castro, 2004, pp. 77 – 78. O testemuño de Adrio, con todo, tamén da mostra da volubilidade da memoria. A continuación asegura que Amando Guiance Pampín foi, ao igual que Bóveda, sentenciado a morte e se lla conmutaron por perpetua foi porque "estaba casado con una hija de la familia Dapena, y se comentaba que se había salvado por la intercesión de la familia Riestra" (p. 78); porén, en ningún momento foi Guiance Pampín condenado á pena máxima. C/356/936, folio 104v (ca. 2, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1128] García Rivas: "Rebelión (Delito de)", 2020, p. 289.

Modesto David Pérez Estévez, a comezos de decembro de 1936; extractos de ambas son incluídos no Anexo 13.

Discursos simplistas e reducionistas, nos que o carácter tráxico da representación —no primitivo senso da traxedia clásica, que pon en escena o grave conflito entre forzas opostas, cun heroe sobranceiro— dexenera en *farsa tráxica*. Exposicións de *copia e pega*, nas que se reiteran formalismos e rogos, promovidas polo propio carácter sumarísimo dos procedementos, segundo o cal fiscalía e defensa só contaban cun máximo de tres horas para formular os seus escritos[1129]. Exposicións nas que, en realidade, o obxectivo é transmitir unha mensaxe política moi concreta, que ten éxito na medida na que se repite constantemente nos consellos de guerra públicos e transforman a realidade xerando un relato determinado. De forma aínda máis grave, as sentenzas, redactadas polos vogais poñentes —os únicos que tiñan que ter formación xurídica no tribunal— reproducen unha e outra vez clixés estereotipados e ideoloxizados: paraloxismos e sofismas cunha estrutura narrativa clara que se repite *ad nauseam* non só por practicidade —había xornadas nas que o vogal poñente tiña que elaborar catro, cinco ou en ocasións máis sentenzas—, senón para establecer as bases da cosmogonía da Nova España, cuxos axiomas partían da identificación entre a República, a Fronte Popular e o goberno dos soviets fronte ao paralelismo entre Exército, Movemento Nacional e nación española.

Pero o relato que se constrúe a través dos consellos non é só supesestructural, non só se centra na suposta ilexitimidade da Fronte Popular e no papel do Exército como restaurador da orde. No mesmo plano opera a caracterización do inimigo, a construción do outro que habería de ser castigado —ou redimido— polo tribunal marcial, valorando ademais a súa *perversidade*, tal e como establecía o art. 173 do CMX. Ese foi o caso, por exemplo, de Juan Nogueira Álvarez na causa 1170/37. No segundo considerando da sentenza establécese que «el Consejo apreciando los hechos en conciencia estima que existe perversidad en el procesado a los efectos del artículo 173 del citado Cuerpo legal». Como autor dun delito de adhesión á rebelión «con la concurrencia de la circunstancia agravante de perversidad», o procesado será condenado a morte. O 21 de xaneiro de 1938, ás seis da mañá, executarase o fallo do tribunal e Nogueira Álvarez será fusilado[1130].

Un outro que é político e, en tanto que iso, tamén criminal. Por isto, os sublevados prestaron gran atención —isto é, medios— na construción social do delito. «La ley, cuya función consiste en perseguir a los sospechosos, los fabrica. Al fabricarlos, los convierte», en palabras do francés Albert Camus[1131]. Este proceso de estigmatización política pola vía xudicial non é sinxelo, posto que unha das máximas do dereito é que, non existindo delito, non se pode falar de pena. Con todo, malia que o delito non exista, ao ser necesario como unha sorte de pecado orixinal nacional-católico para a posta en marcha do Movemento Nacional, fabrícase. Así, o papel das causas militares é a manufactura da *inventio* xurídica golpista primeiro, franquista despois. E, sobre ela, os consellos de guerra actúan como dispositivos performadores de lexitimidade, onde cobran tanta importancia os discursos verbais como os non verbais. Son a punta de lanza da penalidade do novo réxime que, como reflexiona Francisco Sevillano Calero, «se revela como una institución social compleja … [atravesada] por una serie de relaciones sociales: políticas,

[1129] Ver os art. 656 e 658 do CMX a teor dos prazos. Sobre as fórmulas predeterminadas por defecto, neste caso, das sentenzas (entendidas "como una especie de comprimido filosófico-jurídico" da causa sublevada), ver Fernández Asiaín: *El delito de …*, 1943, pp. 14 – 15. O propio xurista explica que cando estas observacións preliminares son obviadas nos considerandos das sentenzas é porque xa están totalmente integradas, sendo tan "evidentes y notori[a]s" que quedan "sobreentendid[a]s". Consultar tamén García Rodríguez, José: *Conspiración para la Rebelión militar del 18 de julio de 1936. (Del 16 de febrero al 17 de julio)*, Madrid, Sílex, 2013, p. 38.

[1130] C/1170/37, folio 41 (ca. 37, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1131] Camus, Albert: *El hombre rebelde*, Madrid, Alianza, 1982 [1951], p. 272.

ideológicas, morales, económicas, que no solo influyeron sobre la penalidad, sino que operaron a través de ella para el control social»[1132]. A construción do inimigo pasa pola construción do crime en clave política; o outro é, polo mero feito de selo, un criminal alleo á sociedade.

Nas causas, nos consellos, fose cal fose o actor, o rol a desempeñar é claro; ás veces semellan mesmo ensaios teatrais *á italiana*, onde texto e réplicas son repetidos ao *dedillo*. E é que, como explicamos no capítulo 5 ao referirnos aos fiscais que, como Ramón Rivero de Aguilar ou Hernán Martín-Barbadillo, ofreceron os seus servizos á xurisdición castrense ante a falta de recursos humanos que o corpo xurídico militar tiña no novo contexto, os seus argumentos son estamentais, non individuais[1133]. Operan nun plano diferente á investigación sumarial, non responden aos achados atopados na mesma. Esta lóxica corporativa é particularmente notoria no caso da fiscalía —varios fiscais podían exercer nun só proceso—, pero a lectura de tódalas causas amosa que é unha dinámica que se reproduce en todos os intervenientes institucionais: instrutores, secretarios, defensores, fiscais, membros do consello… Mudan as persoas procesadas, pero alén diso a maquinaria da violencia xudicializada permanece inalterada, sen importar moito que actor do reparto interpreta cada papel en cada representación da obra. Neste aspecto, son ilustrativos os casos do tenente do 15º Rexemento Lixeiro de Artillaría Jaime Aranda Totsans, quen actúa indistintamente en numerosas causas como xuíz instrutor, vogal e defensor, cumprindo en cada unha delas a función designada; ou o tenente retirado da mesma unidade Julio Conde González, a quen identificamos participando nun terzo dos procedementos analizados como xuíz instrutor, secretario e defensor[1134].

Deixando a un lado a dimensión simbólica —aínda que de aplicación moi real— do dereito e retornando á evolución cronolóxica dos procedementos militares, como adiantabamos, a partir de 1938 apréciase unha mudanza nas dinámicas punitivas, nunha etapa bisagra entre o sadismo do golpe e os primeiros meses da guerra e a lóxica represiva da posguerra. Por un lado, redúcese o número de incoacións, pero polo outro apreciamos cambios na resolución dos expedientes: non só se instrúen menos causas, senón que tamén se sentencian paulatinamente menos penas de morte. De feito, na mostra só nunha única causa instruída despois de 1938 se falla a pena capital, que non se chega a executar ao beneficiarse o procesado de diversas conmutacións[1135]. Isto, se ben non indica que non se seguisen realizando fusilamentos a partir desta data, si dá mostra do decrecemento deste castigo en prol doutras penas como as privativas de liberdade, entre as cales tamén se aprecia unha redución das cadeas perpetuas.

De feito, no ano 38 só aparecen dúas sentenzas a cadea perpetua na mostra: as causas 223/38 e 725/38[1136]. A partir do 39 as condenas serán menos severas. De feito, nos dous casos nos que se fallan penas máis severas de prisión, a C/377/39 e a C/605/39, nas que se castiga aos procesados Manuel Campos Vázquez e José Daluz Buceta a 30

[1132] Sevillano, Francisco: "Política y criminalidad en el «nuevo Estado» franquista. La criminalización del «enemigo» en el derecho penal de posguerra", *Historia y Política*, núm. 35, 2016, p. 306.
[1133] O papel que xogaron, central na inculpación das vítimas solicitando sentencias absolutamente desproporcionadas, lévanos a disentir coa afirmación, de certo intelectualismo moral, de Portilla Contreras: "[e]l auténtico problema [de los consejos de guerra] residía en la falta de verdaderos juristas en estos tribunales" (Portilla Contreras: *El Derecho Penal …*, 2022, p. 235). O coñecemento xurídico non tiña por que reverter favorablemente no respecto das garantías das persoas procesadas; moi pola contra, este mesmo coñecemento foi instrumentalizado polo nomo réxime (e aqueles próximos ao mesmo) para xustificar as súas actuacións.
[1134] A este respecto, pode ser de interese o cadro que aporta Julián Chaves sobre o que denomina a "caracterización de los principales contenidos de los consejos de guerra incoados contra republicanos", onde sintetiza cales foron as principais directrices a seguir por cada un dos actores nos consellos. Chaves Palacios: *Justicia militar y …*, 2017, p. 52.
[1135] É o caso de Manuel Gama Casalderrey na C/317/38 (ca. 35, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1136] C/223/38 e C/725/38 (ca. 251 e 37, f. Pontevedra, AIMNOR).

anos e 6 anos e un día de prisión respectivamente, o propio tribunal engade nun outrosí ao final da sentenza que, estimando excesiva a pena imposta, propón á autoridade xudicial a conmutación da pena por unha menor[1137]. O auditor de guerra, Martín-Barbadillo, na 377/39 aprobará o fallo de 30 anos, ignorando a proposta do tribunal —aínda que máis tarde a pena si será conmutada—; mentres que na 605/39 si estimará oportuna a conmutación, previa consulta ao xeneral xefe da rexión, que dá a conformidade. Cabe explicar que Daluz Buceta, cabo mutilado e garda municipal, a diferenza de Campos Vázquez, non estaba sendo axuizado polo seu comportamento político, senón por «insulto de obra a superior», xa que se encirrara nunha liorta na rúa —con sospeitas de haber alcol de por medio— cun alférez provisional.

En xeral, dítanse menos sentenzas condenatorias, sexa cal sexa a pena: entre 1936 e 1937, das 150 persoas procesadas na causas analizadas na nosa mostra, o 53,33% foron condenadas; pola contra, entre 1938 e 1942, o número de persoas procesadas redúcese ás 62, das cales só o 17,74% serían condenadas. Isto non significa que aumenten as sentenzas absolutorias —que son, de feito, anecdóticas: apenas un 8,16% do total—; o que se multiplica son os sobresementos definitivos e, sobre todo, provisionais antes de chegar ao consello.

«No se hacen acusaciones a la ligera … el tribunal, una vez acusa, está firmemente convencido de la culpa del acusado y es dificilísimo hacerle abandonar tal convicción»[1138]. Ao longo de todo o período, se unha causa remataba en consello de guerra, a condena era case segura, reforzando a idea de que os tribunais non dilucidaban realmente os presuntos feitos delituosos, senón que respondían a outra fin; se, por calquera motivo, se decidía que non había *probas suficientes* que asegurasen a condena da persoa procesada após a instrución do sumario, o auditor establecía o seu sobresemento. É dicir, a verdadeira alternativa á condena é o sobresemento, o que evidencia a inutilidade do xuízo: «los crímenes militares no se juzgan, se castigan»[1139], Así e todo, un sobresemento non aseguraba a fin da persecución política da persoa procesada —ao igua ca no periplo xudicial absurdo que describe Kafka en *El proceso*—, posto que adoitaba vir acompañado da súa posta a disposición gobernativa. Como establecía claramente un informe do auditor de guerra na C/969/37, «no siendo los hechos suficientes para conseguir una declaración condenatoria en la vía judicial, deben ser apreciados en la vía gubernativa»[1140]. Ás veces, mesmo o fallo absolutorio emanado dun consello de guerra non eximía a posterior posta a disposición do delegado de Orde Pública.

O condicionante cronolóxico tamén inflúe nos motivos polo que se instrúen as causas. Sabemos que a maior parte destas perseguiron dende o primeiro momento o delito de rebelión e os seus derivados, un delito de rebelión que se tería consumado nos mesmos días do golpe de Estado —por resistencia ás tropas—, nos días anteriores —pola súa actividade política— ou nos inmediatamente posteriores —por non acatar a nova orde—. De feito, entre 1936 e 1937 tódalas causas consultadas investigan feitos producidos neses días. É a partir de 1938 cando se comezan a perseguir feitos posteriores ao momento

[1137] C/377/39 e C/605/39 (ca. 39 e 38, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1138] Kafka, Franz: *El proceso*, Madrid, Alianza Editorial, 1998 [1925], p. 154. Talvez recordemos a cita como unha das advertencias recollidas no capítulo introdutorio desta tese que recibe K. no transcurso do seu extravagante proceso xudicial. A historia faise inferno en Kafka, que dicía Adorno, e o inferno faise realidade na historia, que engadimos nós.

[1139] Na máxima do portugués João Chagas, vista no capítulo 2. Esta foi, recordaremos, popularizada en España por de Unamuno, Miguel: "La Patria y el Ejército", *Nuestro tiempo*, núm. 68, 05/02/1906, p. 122.

[1140] C/969/37, folio 24v, referíndose aos procesados Severino Mesías Freira e Manuel Rodríguez López (ca. 232, f. Pontevedra, AIMNOR).

da sublevación, conformando a meirande parte da mostra para ese ano; pola contra, só tres causas instruídas daquela actuarían contra delitos cometidos o 20 de xullo de 1936, xulgando o «envenenamiento político-social de las masas» perpetrado polas persoas procesadas. Porén, mesmo nestas que claramente conectan coa labor de limpeza política dos primeiros días do golpe, o resultado non é o mesmo que o daquelas instruídas no verán do 36: destas tres, dúas foron sobresidas provisionalmente e a terceira, se ben chegou a celebrarse consello marcial no que se sentenciou a pena capital para o acusado, esta sería conmutada por outra privativa de liberdade. Todos eles resultados moi diferentes aos que probablemente lles tivesen deparado de ser as procesadas axuizadas uns anos antes[1141].

Esta dinámica mantense nos anos posteriores, só habendo tres causas máis na mostra consultada entre 1939 e 1942 instruídas por feitos acaecidos en relación ao golpe de Estado: a primeira delas, un fuxido que ao rematar a guerra entrégase á «justicia de Franco»; a segunda, contra un soldado mobilizado en Zaragoza que observaba «deficiente conducta» e se descobre que no 36 «tomó parte muy activa en favor del Frente Popular, ejerciendo coacción y amenazas sobre personas de derechas»[1142]; e a terceira, posta en marcha a instancia dun pai que desexa saber por que o seu fillo segue en 1942 nun campo de prisioneiros de Aranjuez (Madrid) sen que fose condenado por unha sentenza.

Os tres casos son realmente interesantes. A primeira, a C/377/39, incóase porque cando o destacado esquerdista Manuel Campos Vázquez ("Casagrande") se entrega á policía despois de estar un tempo fuxido é posto en liberdade «frente a toda legalidad», provocando tal «indignación popular», segundo asegura o atestado, que a Falanxe local demanda á autoridade militar «que se ponga término a este proceder poco prudente»[1143]. Declarado culpable en consello de guerra, será condenado a 30 anos de prisión, se ben, «teniendo en cuenta para ello la escasa transcendencia de los hechos revolucionarios en la villa de La Estrada en que no se cometieron delitos de sangre, la presentación voluntaria y los servicios prestados», o tribunal proporá nun outrosí a súa conmutación a 15 anos de reclusión temporal[1144]. Non obstante, o auditor Martín-Barbadillo aprobará o fallo de 30 anos, aínda que Campos Vázquez se irá beneficiando paulatinamente de diferentes rebaixas na súa pena.

A segunda, a C/472/39, instrúese contra José González González, quen estaba a prestar servizos no exército franquista en Zaragoza e, sospeitando pola súa conduta, o seu superior solicita á garda civil da Cangas natal do encartado informes político-sociais, que resultan ser negativos. Non obstante, o auditor acordará o sobresemento provisional porque:

> …desde el tiempo transcurrido entre la fecha en que tuvieron lugar los hechos de autor y la presentación de la denuncia que motivó la instrucción de la presente causa, se deduce la escasa peligrosidad del encausado, ya que transcurrieron tres años en los cuales hizo el denunciado una vida normal en su pueblo de Cangas y más tarde en las filas del Ejército Nacional sin que se tomasen contra el mismo medidas de ninguna clase.[1145]

[1141] A expresión de "envenenamiento político-social de las masas", extraída da C/317/38 contra Alejandro Gama Casalderrey, folio 2 (ca. 35, f. Pontevedra, AIMNOR); trátase, ademais, da causa pola que o procesado é condenado a morte malia que, como foi anteriormente mencionado, beneficiaríase de sucesivas conmutacións. As outras dúas causas ás que nos referimos serían a 379/38 contra "Las Corseteras" María, Aurora e Nicereta Martínez Fernández e Peregrina Martínez Santos, e a 863/38 contra José María Berdeal (ca. 35 e 247, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1142] C/472/39, folio 3 (ca. 39, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1143] C/377/39, folio 5 e 5v (ca. 39, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1144] C/377/39, folio 41 (ca. 39, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1145] C/472/39, folio 37 (ca. 39, f. Pontevedra, AIMNOR).

Na C/297/42, a terceira desta relación, o pai de Miguel Nicolás Esperante remite unha instancia á praza militar para que o seu fillo volva a casa ou sexa condenado en firme:

> …si en algo puede aplicársele alguna sanción (que ignora el exponente), cree que bien saldada la tiene ya que durante varios años cumplió con su deber en el mencionado Batallón de Trabajadores … Si alguna falta ha cometido, que se le aplique el castigo conveniente, y si en caso contrario es inocente, se le reintegre a su hogar.[1146]

Acordarase o sobresemento provisional porque «si bien este individuo era de ideología comunista y perteneció a este Partido, no tuvo actuación destacada en los sucesos que tuvieron lugar en los primeros meses del Alzamiento», xa que estivera en prisión preventiva dende o 21 de xullo de 1936 despois de ser detido pola garda civil de Silleda e logo fora enviado á fronte, dende onde se lle trasladou ao campo de prisioneiros de Aranjuez[1147].

Por último, a análise dos procedementos neste momento amosa que se reducen as causas por delitos de rebelión, gañando máis peso os delitos contra as persoas ou a propiedade —nas que se vén involucrados militares, de aí a competencia da xurisdición castrense fronte á ordinaria[1148]— ou incluso algúns contra a orde pública, como as inxurias ás forzas armadas e ao xefe do Estado. Non obstante, o contido contestatario e de oposición política dos feitos que perseguen estas causas por inxurias ao réxime é moi reducido, pois responden a frases berradas en momentos de alienación mental ou ebriedade, como o procesado da C/438/41 (ca. 43, f. Pontevedra, AIMNOR) que berra nun café, bébedo, «me cago en Franco y en la madre que lo parió», ou o da C/416/940 (ca. 47, f. Pontevedra, AIMNOR) que, encarándose a uns militares que terzan nunha liorta, espétalles que «se cagaba en Franco y en los soldados de Franco así como en la madre que los había parido»[1149]. Nestes casos, normalmente, acórdase o sobresemento da causa en tanto que «los hechos relatados no constituyen por su escasa entidad materia perseguible en vía criminal», aínda que se deixa a porta aberta a unha posible sanción gobernativa, como sucede por exemplo na C/590/40[1150]. En xeral, chama a atención a cantidade de procedementos militares incoados, tanto antes como despois do golpe, por altercados marcados polo consumo de alcol entre varóns[1151].

O menor protagonismo e relativa menor severidade da xurisdición castrense son correlativos co paulatino transvase de competencias depurativas ás novas (pseudo)xurisdicións ideadas expresamente para a persecución política, como a de Responsabilidades Políticas (1939) ou a de Represión contra a Masonaría e o Comunismo (1940), de composición mixta e que deixan entrever a fin do monopolio militar —aínda que sempre supervisado por este— na aplicación de violencia xudicial contra os inimigos políticos[1152]. Unha mostra do proceso que Ballbé chama de «administrativización de la

[1146] C/297/42, folio 2v (ca. 44, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1147] C/297/42, folio 74v (ca. 44, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1148] Á parte, como nos lembra Juliuz Ruiz, debemos ter en conta "que la justicia militar continuó instruyendo causas (como de costumbre) por infracciones de la disciplina castrense a cargo de soldados y personal militar en general". Ruiz: *La justicia de …*, 2012 [2005], p. 106.
[1149] C/438/41 e C/416/940 (ca. 43 e 47, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1150] C/590/40, folio 46 (ca. 48, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1151] Na nosa mostra atopamos un feixe deles á parte do 590/40, como as causas 77/33 (ca. 178, f. Pontevedra, AIMNOR), 136/38 (ca. 251), 561/38 (ca. 247), 258/39 (ca. 38), 865/939 (ca. 41) ou a 438/41 (ca. 43).
[1152] Por suposto, con menor severidade nas penas referímonos estritamente aos territorios como o galego que, por ter tido quedado baixo control golpista dende o mesmo verán de 1936 a tarefa de limpeza política xa se realizara con bastante anterioridade á fin da guerra. Situación moi distinta é a de provincias como Barcelona, Valencia ou Madrid, nas que a aplicación da violencia golpista xudicializada se concentrou en 1939 e nos anos seguintes. A respecto da perda da hexemonía xurisdicional da xustiza militar na posguerra, ver tamén Marzal Rodríguez: "La legislación penal …", 2021, pp. 830 – 831.

represión» que despuntará na década seguinte[1153]. O transvase competencial tamén vai beneficiar paseniñamente á xurisdición ordinaria, que pasará a coñecer, por exemplo, de delitos políticos como os recollidos pola Lei de Seguridade do Estado (1941), inicialmente de competencia militar, trala aprobación do Código Penal de 1944[1154].

Dende a nosa interpretación, a redución dos consellos marciais vén soster a tese da utilización do *lawfare* como *warfare*: cando a fronte interna da retagarda é controlada e o sector identificado como inimigo descabezado, a xustiza deixa de ser unha arma de guerra ao uso para permanecer como un dispositivo de terror e disciplina colectiva, preludiando o papel que haberá xogar ata a fin mesma da ditadura. Disentimos neste extremo con Kalyvas, para quen a barbarie é consecuencia, entre outros, da «ausencia de una justicia institucionalizada»[1155]; a xudicialización da violencia, particularmente a través da xurisdición militar a partir do golpe é mostra de que sistema xudicial e barbarie poden estar máis vinculados do que semella nun primeiro momento.

Nos últimos anos da guerra e na inmediata posguerra, a xustiza seguirá ocupando un lugar capital na estratexia franquista non só de conquista do poder, senón de conformación da comunidade nacional e de control social e político, pendurando sobre todos os *sospeitosos de ser sospeitosos* como unha espada de Damocles. Isto conséguese barutando aos inimigos da patria irrecuperables dos parias sociais que poderían expurgar os seus pecados coa penitencia —léase, o sistema de redención de penas por traballo—. E a peneira eran os tribunais. Dicía Franco nunha entrevista realizada meses antes da conclusión da guerra:

> Yo entiendo que hay, en el caso presente de España, dos tipos de delincuentes: los que llamaríamos criminales empedernidos, sin posible redención dentro del orden humano, y los capaces de sincero arrepentimiento, los redimibles, los adaptables a la vida social del patriotismo. En cuanto a los primeros, no deben retornar a la sociedad; que expíen sus culpas alejados de ella … Respecto a los segundos, es obligación nuestra disponer las cosas de suerte que hagamos posible su redención. ¿Cómo? Por medio del trabajo. … Para proceder con las máximas garantías de acierto, pienso que cuando se acerque el final de la guerra empiece a funcionar un Consejo o Tribunal Superior encargado de revisar todos los expedientes y todas las sentencias dictadas, así como las penas impuestas. … *Yo no quiero otra cosa, ser siempre justo*. Claro está que, dada la fabulosa cifra de delincuencia, son inevitables algunos errores … Pero *nadie puede exigir que en tan vasta obra de reparación justiciera, sea absolutamente todo perfecto* como si estuviésemos llevando a cabo una tarea de arcángeles.[1156]

Como vimos destacando ao longo do traballo, o golpe militar e a posterior ditadura franquista susténtase no exponencial aumento de competencias da xurisdición militar e a subseguinte creación dun complexo sistema de tribunais creados especialmente para a persecución do inimigo político. Pero a castrense non só lle restou ámbitos de actuación

[1153] Ballbé: *Orden público y …*, 1983, p. 417 e ss. Sobre o control militar nas novas xurisdicións especiais, ver p. 411.
[1154] Portilla Contreras: *El Derecho Penal …*, 2022, p. 230 e ss. «Ley para la seguridad del Estado de 29 de marzo de 1941», *Boletín Oficial del Estado* núm. 101, 11/04/1941, pp. 2434 – 2444. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1941/101/A02434-02444.pdf [últ. consulta o 28/11/2022].
[1155] Kalyvas: *La lógica de …*, 2010 [2006], p. 87.
[1156] Extracto da entrevista de Manuel Aznar a Francisco Franco publicada en *El Diario Vasco* o 01/01/1939 e reimpresa por *La Vanguardia Española* baixo o epígrafe "Siempre, justicia" (04/04/1939, p. 2). Cursiva nosa. A tónica do discurso do ditador é unha precoz mostra do que Gutmaro Gómez Bravo e Jorge Marco denominan *autoritarismo humanitario*, que doutrina que habería rexer o sistema de prisións particularmente co ascenso a director xeneral de Prisións Ángel Sanz a mediados de 1943, ao pouco de ser designado Aunós como ministro de Xustiza (Gómez Bravo; Marco: *La obra del …*, 2011, pp. 248 – 249). Sobre a importancia da expiación como dispositivo político e retórico na posguerra (unha idea moi presente, como vemos, no discurso do ditador en relación ao sistema penal), ver Vincent, Mary: "Expiation as Performative Rhetoric in National-Catholicism: The Politics of Gesture in Post-Civil War Spain", *Past and Present*, vol. 203, núm. 4, 2009, pp. 235 – 256.

á xurisdición ordinaria: tamén absorbeu parte importante dos seus recursos, materiais e humanos. En anteriores capítulos foi comentada a sempiterna precariedade da administración de xustiza, da que dan boa conta os informes anuais da Fiscalía ao longo de todo o período que abrangue a nosa investigación. Vimos tamén o transvase de persoal xudicial ao corpo xurídico militar dende o mesmo verán de 1936 e atendemos a casos concretos, como o do fiscal da Audiencia Provincial de Pontevedra Ramón Rivero de Aguilar. Non sorprende, de feito, que fosen os fiscais civís os que máis aportaron nesta sorte de subordinación da xustiza ordinaria á militar, pois a fin desta última no contexto do *Movimiento* é a propia *fiscalización* da vida social.

Pero nin só foron os fiscais nin só foi a mobilización bélica as únicas vías polas que a xurisdición ordinaria e a castrense interseccionan. É dicir, alén do consabido recorte competencial, a presenza da xurisdición ordinaria nas causas militares materialízase doutras formas. Formas talvez menos obvias en tanto que non dimanan da conxuntura bélica, senón que son transversais no tempo e teñen que ver co funcionamento cooperativo entre tribunais, pero que adquiren un novo cariz na xudicialización da violencia golpista, excedendo a mera orde procesual para operar na lóxica da conivencia e da lexitimación. Expresándoo doutro xeito, como recordaremos polo visto en anteriores capítulos, a organización xerárquica da xurisdición ordinaria facía que varios xulgados colaborasen, por exemplo, nun procedemento criminal que despois sería coñecido, en última instancia —se non había recurso á sentenza emitida—, pola Audiencia Provincial: o expediente era iniciado e tramitado polo Xulgado de Primeira Instancia, pero podía derivar no Xulgado Municipal que correspondese certas capacidades indagatorias, para despois elevar o sumario resultante á Audiencia.

O mesmo sucede nas causas militares. O xuíz militar de instrución encárgase, xunto ao secretario, das tarefas de elaboración do sumario. Pero hai dous casos nos que xuíces ordinarios cumpren tarefas determinadas no transcurso dunha causa militar. Unha delas, menos frecuente, é a instrución de dilixencias previas en materia criminal, que logo son elevadas á xurisdición castrense polas súas características. Un exemplo disto atopámolo nas causas 117/39 e na 504/39[1157]. En ambas, un primeiro sumario é instruído polos Xulgados de Instrución de Redondela e Pontevedra, respectivamente, para dilucidar os feitos. Cando se descubre a existencia de implicación de persoas aforadas na xurisdición militar no delito, o xuíz de instrución emite unha providencia ao gobernador militar da praza para que decida que xurisdición haberá coñecer o caso[1158]. En ocasións, o gobernador militar podía decidir nun primeiro momento que o caso non corresponde á xurisdición de guerra e remitilo de volta ao Xulgado de Instrución para a incoación do sumario pola vía criminal, sen prexuízo de que máis adiante si se transferise a continuación do caso á xurisdición militar[1159]. De forma semellante, o xuíz militar instrutor tiña a capacidade de delegar parte da instrución do sumario a xuíces ordinarios por diversas razóns. Unha delas podía ser encomendar a obtención de probas testemuñais

[1157] C/117/39 e C/504/39 (ca. 38 e 40, f. Pontevedra). A primeira delas instrúese por un delito de atraco a man armada perpetrado por tres homes vestidos de falanxistas no municipio de Mos, polo que no procedemento tamén atopamos algunha providencia emanada do Xulgado Municipal mosense. Pola súa banda, a causa número 504/39 é incoada por lesións e danos provocados por unha bomba de man que, suponse, tería sido abandonada por un soldado preto do Hotel Engracia da capital. Ambas causas serán sobresidas provisionalmente ante a incapacidade de identificar aos autores do crime.

[1158] Os membros de Falanxe, ao igual ca outros integrantes das milicias paramilitares colaboradoras cos golpistas durante o transcurso do conflito bélico, foron declarados aforados de guerra. Decreto da comandancia militar de Pontevedra dispoñendo o aforamento dos membros da Garda Cívica no *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra*, núm. 198, 28/07/1936, p. 1.

[1159] Este é o caso concreto da causa 504/39 (ca. 40, f. Pontevedra), identificada segundo a numeración do Xulgado de Instrución de Pontevedra como 38/939. Resposta do gobernador no folio 4; posterior auto de inhibición a favor da xurisdición de guerra no folio 11 e seguintes.

en lugares afastados; este é o caso da causa 1170/37, na que o instrutor Ricardo Álvarez Abundancia ordena ao xuíz municipal de Montefurado (Lugo) mediante un telegrama «recibir declaraciones personas que conozcan actuaciones con motivo inicio Movimiento Nacional del sujeto Juan Nogueiras Álvarez», así como recoller informes da alcaldía e Garda Civil relativos á súa conduta político-social[1160].

Pero a presenza máis habitual de representantes da xurisdición ordinaria nas causas militares e, concretamente, dos xuíces municipais non se debe exactamente á súa función xurisdicional —mesmo delegada—, senón ao seu rol como responsables do rexistro civil. Os xuíces municipais son os encargados de emitir certificados de nacemento que de forma frecuente se solicitan no proceso de elaboración do sumario. Nas causas 449/36, 597/36 ou na 1028/36 atopamos exemplos disto, co xuíz municipal suplente de Pontevedra Teodomiro Viaño Martínez e o secretario municipal José Pro Sirera enviando copias da partida de nacemento de persoas procesadas[1161]. Non obstante, o papel que máis nos interesa dende o punto de vista da xudicialización da violencia golpista é a tarefa de supervisión do rexistro de defuncións, dándolle un amparo legal ás execucións realizadas con motivo da aplicación dunha pena de morte emitindo o certificado de defunción e dando licencia para a sepultura dos cadáveres. Mostra disto último é a causa 41/37, onda o xuíz municipal Francisco Riestra Calderón, auxiliado polo secretario Manuel Vega, inscribe a defunción do executado Cristóbal Peñín Alonso no rexistro civil e concede o permiso para que se lle dea soterramento na capital[1162]. Destaca o abano de eufemismos empregados para rexistrar a defunción das vítimas fusiladas: colapso cardíaco, hemorraxia interna, fractura da base do cráneo… esta terminoloxía emprégase tamén para rexistrar ás vítimas dos paseos[1163]. Son algunhas das expresións empregadas na documentación, propias da práctica forense pero cun matiz distinto no novo contexto[1164]. Deste modo, o que fai a xustiza ordinaria, co mantemento das súas funcións habituais —malia que non estritamente xurisdicionais neste caso— pero nun contexto fóra do común, é lexitimar a necropolítica encarreirada fundamentalmente a través dos tribunais marciais.

Este é o panorama no relativo á xurisdición militar tralo golpe de Estado de 1936, que transformou radicalmente as bases mesmas desta función xurisdicional especial en aras a acadar a vitoria. Pero como actuaba esta orde xurisdicional antes, no final da Restauración e nos anos de (a)normalidade democrática republicana? Trátase dunha realidade comparativamente menos estudado ca posterior ao 18 de xullo, pois a maior parte de estudos sobre xustiza militar no contexto da guerra civil non se retrotrae ao seu

[1160] C/1170/937, folio 2 (ca. 37, f. Pontevedra, AIMNOR). O procesado, condenado por adhesión á rebelión, será sentenciado o 30 de novembro de 1937 a pena de morte.
[1161] C/449/936 (ca. 190, f. Pontevedra, AIMNOR), C/597/936 (ca. 190, f. Pontevedra, AIMNOR), C/1028/936 (ca. 220, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1162] C/41/37, folio 59 (ca. 37, f. Pontevedra, AIMNOR). Os demais procesados na causa, Augusto Alfonso González e Antonio Martínez Alfonso, tamén serán condenados a pena de morte polo delito de rebelión.
[1163] Este foi o caso de José Gallego Acuña, veciño da parroquia pontevedresa de Salcedo encartado na C/1229/36, (ca. 220, f. Pontevedra, AIMNOR) sen que se chegue a producir ningunha sentenza, pois apareceu morto en na parroquia de Ponte Sampaio o 24 de agosto de 1936, a causa de *hemorraxia interna* segundo o rexistro de defuncións. Caso semellante é o de Bernardo García Sánchez, mestre en Vigo cuxo cadáver aparece no cemiterio de Pereiró, rexistrado morto por mor dunha *fractura da base do cráneo con hemorraxia interna intracraneal por feridas de arma de fogo* o 3 de xaneiro de 1937. Contan ambos con ficha na base de NeV. De "[e]ufemismos y ausencias en la inscripción registral" tamén fala Julián Chaves Palacios en Chaves Palacios, Julián: "Población republicana y supervivencia: implacable persecución del desafecto desde los orígenes del franquismo", en Chaves Palacios, Julián (coord.): *Mecanismos de control social y político en el primer franquismo*, Barcelona, Anthropos, 2019, pp. 71 – 79.
[1164] Por exemplo, Claudio Magdalena González, procesado por rebelión na C/115/937 (ca. 18, f. Pontevedra, AIMNOR), é condenado a pena de morte e fusilado o día 17 de abril de 1937, rexistrándose a súa morte a causa dun suposto *colapso cardíaco*. Asemade, Víctor Carro Moldes, axuizado na mesma causa e fusilado o mesmo día, será inscrito no rexistro de defuncións a causa de *hemorraxia interna*.

funcionamento antes do golpe. Impídenos isto apreciar os matices necesarios para entender mellor as mudanzas e continuidades que introduce o levantamento militar. Como resultado, a imaxe que temos da xurisdición castrense é o reflexo do que os sublevados fixeron dela, séndonos difícil separar a súa utilización como peza capital na maquinaria do terror a partir de 1936 e a súa finalidade de control social —intraestamental, principalmente, pero tamén dos *paisanos* en momentos de crise do sistema— que viña cumprindo dende o século XIX[1165]. No seguinte epígrafe abordaremos esta problemática.

7.2.3.2. A actividade da xurisdición militar con anterioridade ao golpe: 1930 – 1936

Para o período anterior á insurrección militar de xullo de 1936, a mostra analizada consta de 11 causas nas que son procesadas 18 persoas, todas elas varóns e civís. A fenda de xénero é moito máis considerable neste período ca despois da sublevación militar do 18 de xullo. Se ben, como foi comentado, as mulleres supuxeron unha porcentaxe mínima sobre o total de encartados en procedementos marciais golpistas, as fontes indican que nesta etapa a diferenciación sería aínda maior; un primeiro indicador das diferentes finalidades perseguidas pola xurisdición castrense antes e despois do 36. De feito, segundo a lista interna do TMT4, nas prazas de Vigo e Pontevedra no ano de 1934 só sería procesada unha única muller sobre un total de 113 persoas: Florentina Hermida Piñeiro, por tenza de explosivos[1166].

E se nos referimos en particular a 1934 é porque outubro deste ano se presenta como un punto de inflexión: o 63,64% das causas da mostra foron incoadas con posterioridade e en relación á ondada de folgas revolucionarias que se espallaron polo país, o que levou á proclamación da lei marcial e a subseguinte competencia do exército para xulgar civís de cara a preservar a integridade do Estado. Lembremos que o 7 de outubro de 1934 o goberno da República respondera decretando o estado de guerra en toda España. A represión que tivo lugar a partir de entón leva a algúns a autores a afirmar que a experiencia foi un ensaio do que aprenderían os sublevados en 1936[1167].

A excepcionalidade que introduce este feito na mostra atravesa toda a análise, sexa cal sexa a variable que estudemos. Tódolos encartados con anterioridade a esta data son procesados individualmente, mentres que despois dela na meirande parte das causas —cinco de sete— se abren actuacións contra dous ou tres implicados. A inmensa maioría de procesados son perseguidos por feitos relacionados ao movemento folguístico, o 93,33% do total. De feito, segundo Rubén Pérez Trujillano, a vaga represiva que se desatou en outubro de 1934 foi o que permitiu que, por fin —os libros de actas da

[1165] A diferenciación que facemos entre o control ou disciplinamento intraestamental e extraestamental da xurisdición castrense (para incidir na súa característica expansión a persoal civil en situacións de crise sociopolítica) non debe entenderse de forma ríxida. Existe entre ambas esferas unha notoria porosidade no caso dos recrutas e soldados de reemprazo que prestaban o servizo militar (daquela, de longa duración) en tempos de paz. Estes soldados eran, en definitiva, paisanos moi novos que temporalmente se incorporaban ao Exército, nun momento de transición á vida adulta respecto da que o servizo militar representaba (especialmente para os de procedencia rural) un rito de tránsito. Neste proceso, o Exército e as súas institucións disciplinarias, tanto a oficialidade nas infraccións menores como a xurisdición castrense nos delitos militares, realizan un labor de disciplinamento do "natural" carácter díscolo dos soldados (incluída a construción dunha determinada masculinidade) dirixido a "desbastar" aos novos recrutas e pulir neles os valores cidadáns entendidos ao modo castrense. Sobre esta cuestión, que apenas apuntamos aquí por exceder o propósito da nosa investigación, ver o traballo de Simón Alegre: "Corregir, castigar y …", 2013, pp. 37 – 61.

[1166] C/336/34 (ca. 181, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1167] Espinosa Maestre, Francisco: *La columna de la muerte. El avance del ejército franquista de Sevilla a Badajoz*, Barcelona, Crítica, 2017 [2003], p. 252. O bando publicado polo gobernador civil da provincia Diego Fernández Goméz, no *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra*, núm. 237, suplemento, 06/10/1934.

corporación municipal amosan que se trataba dunha petición reiterada dende, alomenos, 1928—, o goberno central aprobase o proxecto de construción da nova prisión provincial en decembro dese mesmo ano. Á parte, o Estado puxo á súa disposición ademais toda clase de ferramentas para desactivar as protestas: «Se premió a los jueces y funcionarios de prisiones que actuaron … en pro del mantenimiento del orden público durante los sucesos revolucionarios. Lo que es más: se les perdonaron o redujeron las sanciones disciplinarias a aquellos que las tuviesen»[1168].

Pero, ademais, a influencia de outubro do 34 tamén se deixa notar nos delitos polos que os procesados son acusados. En xeral, os atentados ou inxurias á autoridade son os máis frecuentes na mostra, delitos concernentes á orde pública que entraban dentro da xurisdición militar —aínda que os responsables fosen civís— mesmo en períodos nos que non houbese suspensión das garantías constitucionais. Pero en 1934 e 1935 aparecen outros delitos menos frecuentes e explicitamente relacionados coa conxuntura do momento como o de *infracción do bando de guerra* ou o de *excitación á rebelión*[1169]. Acusacións desta natureza, como vimos, son moito máis numerosas a partir do 36; porén, atopamos aínda outra diferenza máis no estudo comparado entre ámbolos dous períodos: todas estas causas militares resultarán sendo sobresidas e arquivadas. Así as cousas, e se ben non é a nosa intención minimizar os efectos da violencia estatal sobre as mobilizacións populares de outubro do 34, o estudo comparado das causas militares incoadas neste momento e aquelas con posterioridade ao golpe do 36 obrígannos a matizar a Peter Anderson cando asegura que esta «represión de algún xeito prefigura a aquela da guerra civil».[1170].

Só unha única causa de toda a mostra anterior a 1936 chega a ser vista en consello: trátase da causa sn/31, por inxurias á forza armada. A causa militar deriva dunha penal seguida perante a xurisdición ordinaria, no xulgado de Caldas, incoada polas lesións sufridas por un preso durante un traslado, supostamente a mans dun dos gardas civís que o efectuaban. Malia a condición de aforado do acusado, o xulgado non se inhibe de inicio á xurisdición castrense e instrúe unhas dilixencias previas das que resulta a exculpación do garda por canto o preso —segundo dá por certo o xulgado de instrución— tería reaccionado ao traslado «en tonos un tanto violentos … profiriendo insultos contra la persona del Excelentísimo Señor Presidente del Gobierno Provisional de la República, y posteriormente, contra el Capitán de la Guardia Civil de Santiago y la citada pareja [de Guardias Civiles]»; como, ademais, o preso intentou fuxir, houbo de ser reducido por un dos membros da parella que efectuaba o traslado, que lle propinou un culatazo coa súa carabina, considerándose este «el más racional y el menos grave [medio] que podía emplear para conseguirlo»[1171]. En tanto que se considera que os insultos proferidos están comprendidos no CXM, dáse aviso á xurisdición de guerra e incóase a causa militar contra o preso, que queda vista para consello de guerra en febreiro de 1932, máis de nove

[1168] Pérez Trujillano: *Creación de Constitución …*, 2018, pp. 267 – 268. As demandas de rehabilitación do cárcere de Pontevedra, nos libros de actas de 1926 – 1930, 1930 – 1931 e 1933 – 1934 (AMPo). «Decreto aprobando el proyecto de construcción de una Prisión provincial en Pontevedra», *Gaceta de Madrid*, núm. 356, 22/12/1934, p. 2358. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1934/356/A02358-02358.pdf [últ. consulta o 18/01/2023]. «Orden relativa a la propuesta ordinaria de recompensas a funcionarios del Cuerpo de Prisiones con motivo de la alteración del orden público, acaecida en el mes de Octubre próximo pasado», *Gaceta de Madrid*, núm. 314, 10/11/1934, pp. 1188 – 1189. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1934/314/A01188-01189.pdf [últ. consulta o 18/01/2023].

[1169] A causa da mostra correspondente ao ano 35 é a 21/35 (ca. 188, f. Pontevedra, AIMNOR). O comezo das actuacións por reparto de follas subversivas remóntase ao 30 de decembro de 1934, pero non se eleva a causa ata días despois, de aí a súa numeración. Exemplos de procesados por infracción do bando de guerra atopámolos na C/260/34 (ca. 188, f. Pontevedra, AIMNOR) e de excitación á rebelión na C/488/34 (ca. 180, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1170] Anderson: *The Francoist Military …*, 2010, p. 32.

[1171] C/sn/31, folio 23 e 23v (ca. 176, f. Pontevedra, AIMNOR). A cita, extraída do informe do xuíz instrutor militar o capitán da comandancia da Garda Civil de Pontevedra Baltasar Aparicio Martínez.

meses despois da data dos feitos. O reo foi condenado a unha pena privativa de liberdade de seis meses e un día.

Esta causa, como indicamos única da mostra que abocou a consello de guerra antes de 1936, ten o interese de amosar as sutís relacións entre a xurisdición ordinaria e a castrense en período de paz: neste concreto caso vemos que se elude, dende a xurisdición ordinaria, a actuación da castrense precisamente en relación á conduta do sometido a ela por foro persoal —evitando que o garda se vexa exposto a eventuais responsabilidades disciplinarias—, en tanto que se remite á xurisdición militar o axuizamento da conduta da persoa non aforada.

Tódalas outras causas militares incoadas contra os demais encartados da mostra resultan en sobresementos definitivos ou provisionais, incluso naqueles procedementos marciais iniciados a teor de outubro do 34 baixo o establecemento de estado de guerra. Isto non quere dicir, por suposto, que neste momento os tribunais castrenses non ditasen fallos inculpatorios, pero si resulta significativo destacalo cando estamos contrapoñendo a resposta represiva dun Estado democrático —malia que gobernado daquela por unha coalición conservadora con trazas autoritarias— e a acción eliminacionista alentada por un grupo de militares golpistas. O que vemos en 1934 é un panorama radicalmente diferente ao que asistiremos dous anos despois.

É innegable que se produce un aumento no número de procedementos incoados pola xurisdición militar en comparación aos anos previos, mais en todo momento segue a funcionar un Estado que supervisa e garante alomenos certas garantías procesuais —pese ao estado de excepción decretado—, incluso dentro dunha orde xurisdicional especial como é a de guerra. Un Estado que puido actuar con maior ou menor grado de autoritarismo e mesmo de militarismo na súa resposta xurisdicional aos sucesos revolucionarios, pero que non renuncia a poñer coto á arbitrariedade e discrecionalidade xurídica que será norma a partir do verán do 36. Unha aproximación ás causas que motivan o sobresemento provisional dos expedientes evidencia este maior respecto ás garantías constitucionais e á seguridade xurídica. Dos 18 encartados, en 14 casos acórdase o sobresemento provisional por falta de probas, malia á evidente politización comunista dos acusados; isto sucede mesmo cando se presentan escritos das autoridades certificando a súa suposta perigosidade, circunstancia que anos despois abocaría a unha condena segura con penas exorbitantes, se non fatais.

Outra garantía respectada nesta etapa pero que será manifestamente vulnerada na seguinte é o principio de irretroactividade penal. A este respecto, resulta paradigmático o que sucede na causa 198/34, instruída o 10 de outubro dese ano contra o canteiro comunista da parroquia pontevedresa de Tomeza Fermín Pazos Senra polo delito de excitación á rebelión. Nun rexistro domiciliario, atópase na súa casa unha cuartilla titulada *A los trabajadores del campo* e un manifesto comunista manuscrito de autoría propia. En tanto que o bando de guerra imposto apenas uns días antes por mor da folga xeral prohibiría a tenencia deste tipo de material, Pazos é detido o día 9 e posto a disposición da comandancia militar de Pontevedra durante a instrución do seu proceso. Inicialmente este é expedido por vía sumarísima, ata que o auditor de guerra comunica o día 18 de outubro que as actuacións deben ser tramitadas por curso ordinario[1172]. Continúan as dilixencias de esclarecemento xa non dos feitos, que se consideran probados —alomenos no que se refire aos textos atopados no seu domicilio—, senón dos antecedentes político-sociais do procesado: o alcalde de Pontevedra asegura nun sucinto escrito que a conduta de Pazos é boa; pola súa banda, os arquivos da comisaría de

[1172] C/198/34, folio 7 (ca. 180, f. Pontevedra, AIMNOR).

Investigación e Vixilancia certifican que é de filiación comunista. Dende a Auditoría de Guerra da 8ª División acórdase, emporiso, o sobresemento provisional da causa, non por falta de probas, senón porque quebrantaría o principio de irretroactividade das disposicións sancionadoras:

> …las actuaciones practicadas no justifican debidamente la perpetración del delito perseguido, pues el único hecho que aparece probado es la escritura y tenencia de las hojas unidas en cabeza del procedimiento que *por su contenido y época en que al parecer fueron redactadas, no procede reputar constitutivo del expresado delito*.[1173]

O suposto é idéntico ao de centos de causas instruídas após o 18 de xullo: primacía da lei marcial pola declaración de estado de guerra e persecución dun delito de rebelión —neste caso, de excitación á rebelión— que se personifica nun militante comunista. Pero os contextos son distintos, mesmo considerando a excepcionalidade da situación política en 1934, e as consecuencias son radicalmente diferentes. Non só muda o contexto, pola guerra, senón a propia natureza do Estado belixerante nunha guerra que, sendo interior, non coñece de frontes e actúa con medios diversos pero con lóxicas idénticas nos espazos nos que se combate polo control territorial e naqueles, da retagarda, nos que o control territorial está militarmente consolidado pero é preciso combater ao inimigo interno. Pois, de novo, non é o mesmo a resposta, controvertida, de reprimir actividades subversivas por parte dun Estado democrático que a instrumentalización bélica do universo xurisdicional —sobre todo, a orde castrense— por parte dun grupo de militares levantados en armas contra ese mesmo Estado, loitando pola toma do poder e a configuración dunha nova forma de facer comunidade nacional.

Sabendo o que pasa despois do golpe de Estado do 36, co estudo desta causa temos a certeza de que aquí non hai vontade algunha de eliminación da pluralidade democrática. Perséguense, en efecto, todas as actuacións delituosas que poidan atentar contra a orde constitucional vixente ou contra a unidade da patria, e esta persecución pode ser interpretada como máis ou menos severa, pero realízase sempre dentro das canles da legalidade. Non se prexulga aos procesados por unha suposta perigosidade predelitual inherente á súa politización. Distanciámonos neste aspecto do formulado por Manuel Ballbé cando afirma que «los sublevados no tuvieron dificultades para implantar las técnicas jurídicas propias de un régimen autoritario militar … pues estaban ya establecidas»[1174]. Para evidenciar isto, baséase na continuidade do recurso á xurisdición militar para a fiscalización de comportamentos políticos da cidadanía «como se hizo en la Restauración y en la República»[1175]. É certo que a base xurídica da que se serviron os golpistas é de herdanza liberal e o (ab)uso da xurisdición militar foi, en palabras de Guillermo Portilla Contreras, «un mal endémico español»[1176]; pero, dende a nosa perspectiva, a súa posta en práctica é tan radicalmente oposta que establecer calquera tipo de paralelismos resulta desatinado ou, cando menos, profundamente matizable. Os mecanismos, dende logo, estaban aí, pero o paso do seu uso represivo ao eliminacionista non permite obviar unha notoria descontinuidade no proceso.

A risco de simplificar a magnitude do fenómeno, o que apreciamos é que, nesta etapa, as pezas que traballan conxuntamente na instrución da causa militar xa non operan como actores que perseguen unha fin común; xa non se trata dunha mera representación do que se supón debería ser un proceso de pescuda sumarial. Xa non hai performación, senón verdadeiras actuacións indagatorias. Sirva de exemplo a causa 260/34, aberta o 10

[1173] C/198/34, folios 8 e 9v (ca. 180, f. Pontevedra, AIMNOR). Cursiva nosa.
[1174] Ballbé: *Orden público y …*, 1983, p. 402.
[1175] Ballbé: *Orden público y …*, 1983, p. 401.
[1176] Portilla Contreras: *El Derecho Penal …*, 2022, p. 229.

de outubro contra Manuel Sanmartín Moreira e Manuel Asorey Araújo, dous canteiros de Marcón considerados «como los principales dirigentes del movimiento revolucionario en la parroquia» segundo o xefe da Comisaría de Investigación e Vixilancia da capital[1177]. Por se fose pouco, o gobernador civil emite un informe deixando constancia da actividade proselitista que ambos viñan exercendo entre obreiros e campesiños, referíndose a Sanmartín e Asorey como «gente peligrosa». Porén, nas dilixencias realizadas pola garda civil, malia que confirman a súa militancia revolucionaria, aseguran que «no se tiene noticia [de que] hayan tomado parte en los últimos sucesos», ratificando o declarado polos encartados[1178]. Así, o auditor accidental José María Salvador Merino acabará resolvendo en apenas poucos días o sobresemento provisional da causa, considerando a inexistencia de motivos para a súa prosecución xudicial, aínda que deixa a porta aberta a que os detidos fiquen a disposición da autoridade militar da praza «a fines de orden gubernativo», quen foron postos en liberdade o 22 de outubro[1179].

A xustiza, mesmo a militar, xoga o papel —en absoluto neutral— que lle corresponde: indagar, xulgar e, se é necesario, facer executar o xulgado. En definitiva, actuar como un dispositivo de disciplinamento da disidencia e de imposición de técnicas de control social e político, acrecentadas nun momento de ameaza do sistema. Nin máis, nin menos. Pero aténdose a procedementos xurídicos estandarizados e a ritos que non son —como logo si serían— caricaturas de si mesmos.

Mais non son estas as únicas diferenzas que identificamos. Unha das mudanzas máis interesantes que se producen a este respecto é o cambio no papel que a xurisdición ordinaria xoga nas causas militares. No subepígrafe inmediatamente anterior, chegamos á conclusión de que esta favoreceu á normalización do contexto violento que estala tralo golpe de 1936. As causas, ademais, materializaban a clara subordinación dunha orde xurisdicional —a ordinaria— fronte á outra —a castrense—. Pero que pasa nos procedementos militares anteriores ao 36? Tamén atopamos aos xuíces municipais emitindo os típicos certificados de nacemento, ou as partidas bautismais formuladas polos curas párrocos no caso de que a persoa da que se lle requirise o documento non tivese sido inscrita no rexistro civil; non aparecen, pola contra, asinando certificados de defunción, pois como vimos ningún procesado da mostra é fusilado.

Pero este non é o cambio máis notable: fronte á subordinación submisa da etapa posterior a xullo do 36, neste momento apreciamos unha actitude da xurisdición ordinaria en contraposición á militar que poderiamos definir como mesmo contestataria. Nalgunhas ocasións as lizas entre ámbalas dúas ordes xurisdicionais son particularmente explícitas, como comprobaremos máis adiante polo miúdo cun caso práctico.

De forma semellante, neste período os encargados da defensa, que podían ser avogados civís escollidos libremente polas persoas procesadas —a diferenza do que sucederá na etapa posterior—, teñen maior liberdade nas estratexias a seguir, pedindo a revogación do procedemento ou mesmo apelando contra a sentenza, como pasou na causa xa vista sn/31 —que recordaremos por ser a única da mostra na que o procesado era condenado en consello de guerra—: nela, o defensor, o capitán de infantaría Fabián Gómez Sánchez, formulará un recurso de apelación contra a sentenza inculpatoria emitida contra o seu defendido «por estimarla no formulada con arreglo a derecho», en tanto que «no se halla plenamente comprobado que [su] defendido hubiese insultado al Instituto de

[1177] C/260/34, folio 1 (ca. 180, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1178] C/260/34, folio 3 (ca. 180, f. Pontevedra, AIMNOR). O informe do gobernador civil, no mesmo folio.
[1179] C/260/34, folio 8 e folio 6 (ca. 180, f. Pontevedra, AIMNOR). O escrito da comandancia militar de Pontevedra informando da liberación dos reos está mal foliado ou, menos probable, cosido no lugar erróneo: aparece co número 6 pero debería ser o folio 12.

la Guardia Civil, y sí solamente a uno de sus componentes de forma tan determinadamente personal», criticando abertamente a violencia empregada pola Garda Civil para reprobar ao reo[1180]. Gómez Sánchez non tería éxito ao pedir a libre absolución mediante esta vía, pero amosa unha forma de proceder moi diferente ás alegacións paternalistas, de súplica á benevolencia do tribunal, que os defensores esgrimirán nos consellos a partir de 1936.

Se ben fomos intercalando nas derradeiras páxinas a análise da mostra co comentario dalgúns procesos militares concretos, despois de atender ás características principais das causas antes e despois de 1936, cremos pertinente ver en detalle un estudo de caso que sintetice todo o revisado ata o de agora. Mellor dito, catro estudos de caso: para comprender mellor como o golpe de Estado transformou a xurisdición castrense, compararemos catro causas instruídas por inxurias ás autoridades na provincia de Pontevedra na etapa final da Restauración, na República, no momento da sublevación militar e na posguerra franquista.

7.2.3.3. Un caso concreto: o axuizamento de inxurias ao Exército de 1930 ata a posguerra

a) Restauración: C/397/30

O 28 de setembro de 1930 a fiscalía da Audiencia de Pontevedra, actuando con inusitado celo na persecución que lle correspondía das condutas delituosas, envía ao Capitán Xeral da Oitava Rexión Militar copia dun pasquín, de contido rexeneracionista, antimonárquico e antimilitarista, asinado polo veciño de Vilagarcía Jesús Pedrido Ferrera onde «se contienen conceptos injuriosos para S. M. el Rey y el Ejército, para conocimientos de los cuales es competente la jurisdicción militar» —por virtude da chamada Lei de Xurisdicións de 1906, aínda vixente.—. Á parte, especifícase que «respecto a los demás párrafos en los que igualmente a juicio de este Ministerio Fiscal existen delitos perseguibles por la jurisdicción ordinaria, ha ejercitado este Ministerio la querella oportuna ante el Juzgado de Cambados»[1181]. Á súa vez, a autoridade militar eleva o caso ao auditor da fiscalía xurídico-militar da Coruña, que si estima procedente a apertura da causa. As partes do texto de Pedrido —titulado *Interpretando un pensamiento de Costa y coincidiendo con I. Prieto y C. Quiroga*— que motivan o inicio das actuacións por inxurias ao Rei e ao Exército son as seguintes:

> Y si viviese hoy el Moisés de la España en éxodo, ¿en dónde querría comentar su España nueva? ¿En el Palacio de Oriente? ¡No! Porque el lodo pudrió el tinglado mayestático, y ya se mueve en el vacío al soplo de la brisa de nuestras inquietudes, sin esperar el viento de nuestras rebeldías. …
>
> ¿Acaso querría Costa improvisar su España grande en los patios del cuartel? ¡No! Porque para fundar una España rica y que coma, hay que arremangar el brazo y moverlo activamente en el trabajo, y los cuartos de banderas son altares erigidos a la holganza, en

[1180] C/sn/31, folio 146 (ca. 176, f. Pontevedra, AIMNOR). A resposta do auditor de guerra refutando o fallo do tribunal é tallante: "los razonamientos aducidos por la defensa, contra la sentencia dictada, haciendo uso del recurso que autoriza el artículo 596, no pueden prevalecer sobre los que sirven de fundamento al fallo, pues examinados los autos se encuentra en ellos base suficiente para sostener que por parte del procesado se profirieron frases ofensivas o insultantes, dirigidas a uno de los guardias que componían la pareja, lo cual constituye evidentemente el delito apreciado, sin que quepa argüir que no está plenamente demostrado que dicho individuo ofendiese al Instituto de la Guardia Civil, porque no es la ofensa a este Instituto lo que se castiga sino la simple ofensa de palabra (de palabra) a fuerza armada que existe desde el momento en que una persona que ostenta tal condición, circunstancia de hecho probada de modo innegable en este caso, se la injuria en alguna forma" (folios 149 e 150).

[1181] C/397/30, folio 1 (ca. 174, f. Pontevedra, AIMNOR).

USC

> donde todos comen sin rendir culto al trabajo. «Una España culta y que piense» tampoco se puede fundar allí, porque hemos visto a la espada fanfarrona encarcelar a la cultura y amordazar sus expansiones para evitar que sus verdades se difundan, despertando la conciencia nacional; y hemos visto a la Ciencia acobardada y trunca pidiendo a la Censura un pase de libre circulación. «Una España libre y que gobierne» no se puede improvisar en los carteles, porque los soldados negarán la libertad a quien la pida, porque ellos no pueden dar lo que no tienen; y así, ciegos niegan la luz porque no ven. «Una España fuerte y que venza», ¿la vamos a basar en una familia militar sin cohesión, antagónica entre sí, divorciada del progreso los más de ellos por sentir un patriotismo marroquí, que le obliga a vencerse unos a otros?[1182]

Pola súa banda, a xurisdición ordinaria resérvase o dereito a investigar o presunto «delito de escarnio a la religión» que se desprende do seguinte parágrafo:

> A este estado de impotencia inconcebible nos condujo la simbólica espada fratricida de aquel sangriento Apóstol que la estulticia exhibe como un genial patrón; y ahí está, con la espada fanfarrona en ristre, esperando a que una España culta le obligue a que la envaine en el trasero y mande a su caballo a retozar; ahí está nuestro santo carnicero, alfombrando el camino de su corcel de guerra, con la gloriosa España de Maimónides, de Averroes y Aben Saind; con aquella España sabia de Avempace, de Azarquiel y Aben Jamsin, y con aquella España rica de Abu el Tochebí y el tercer Abderramán.[1183]

Existen, a xuízo da fiscalía, dous delitos cometidos nas opinións vertidas polo autor do texto, un de competencia castrense e outro ordinario, e entendendo que non existe preferencia —ou vis atractiva— dunha xurisdición sobre a outra, ábrense actuacións en ambas. En principio, esta dobre vía non provoca ningún conflito, e o xuíz de Instrución de Cambados, José Bellver Álvarez, e o militar, Joaquín Romay Mancebo, colaborarán abertamente nas primeiras actuacións[1184]. Con todo, pronto aparecerán tensións entre ambas ordes xurisdicionais.

Namentres, no transcurso das dilixencias, ofréceselle ao procesado escoller a un defensor de entre unha relación de militares dispoñibles ou designar a un avogado civil, opción pola que se decanta ao nomear a Manuel Casqueiro Paz para o cargo[1185]. O 5 de novembro, o xuíz instrutor militar tamén acorda a posta en liberdade de Pedrido, ata entón en prisión provisional[1186]. Asemade, infórmaselle do dereito de recorrer o seu procesamento, o cal fai a través do seu avogado, quen argumenta a inexistencia de infracción punible e apela á liberdade de expresión «cuando no excede los límites de una exposición crítica, serena, razonable y desapasionada»:

> [S]e da el caso de que la hoja impresa cuya paternidad se atribuye a mi defendido, examinado su texto con sentido crítico y desentrañado su alcance y significación gramatical con rigor lógico, no se deduce que en el mismo consten conceptos afrentosos que tiendan a deshonrar, desacreditar y menospreciar a las altas y respetables instituciones a las cuales se consideran ofendidas, pues la intención, elemento primordial de la infracción en este caso, no consta determinada de manera patente y no puede suponerse

[1182] C/397/30, folio 5 (ca. 174, f. Pontevedra, AIMNOR). No orixinal, fragmento subliñado en vermello.
[1183] C/397/30, folio 5v (ca. 174, f. Pontevedra, AIMNOR). No orixinal, fragmento subliñado en azul.
[1184] Son varios os exhortos nos que ambos xuíces poñen a disposición do outro as declaracións obtidas dos interrogatorios realizados a Pedrido. A José Bellver Álvarez recordarémolo por ser despois maxistrado da Audiencia Provincial de Pontevedra, de cuxa sección segunda chegará a ser presidente. «Decreto de 18 de marzo de 1949 por el que se nombra para la plaza de Presidente de la Sección segunda de la Audiencia Provincial , de Pontevedra a don José Bellver Álvarez, Magistrado de ascenso», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 100, 10/04/1949, p. 1611. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1949/180/A02890-02890.pdf [últ. consulta o 28/09/2022].
[1185] Orixinalmente escollera a Antonio Casas Medrano pero este estaba ausente en Madrid. C/397/30, folio 28v (ca. 174, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1186] C/397/30, folio 16 (ca. 174, f. Pontevedra, AIMNOR).

> en persona como mi defendido que respeta a la más elevada y genuina representación del Estado y conoce el prestigio de nuestro Ejército, tantas veces aureolado por el sacrificio por la Patria, que merece todas sus devociones.[1187]

O recurso, non obstante, é desestimado por terse presentado fóra de prazo, se ben si denota unha capacidade de actuación dentro dos marcos establecidos pola xurisdición de guerra —cuns prazos certamente exiguos— inimaxinables uns anos despois[1188].

Pero, como dixemos, a cooperación das primeiras semanas entre xurisdicións convértese co paso dos meses en liza. Un escrito do auditor militar, datado do 20 de decembro de 1930, alude a un oficio da fiscalía da Audiencia Provincial do 22 de novembro —o cal non se conserva no sumario— no que esta cambiaría a súa posición inicial e reclamaría como competencia exclusiva da xurisdición ordinaria o coñecemento do delito de inxurias ao Rei e ao Exército «para que no exista dualidad de procedimientos». O auditor destaca esta contradición, e ordena ao xuíz instrutor militar que continúe coas actuacións, «advirtiendo que si a pesar de lo expuesto ha de seguir el Juzgado de Cambados pretendiendo conocer del mismo delito, será necesario que formule el oportuno requerimiento de inhibición»[1189]. Recupérase de novo a dinámica de colaboración entre xurisdicións; de feito, unha comunicación do 8 de xaneiro de 1931 emitido pola fiscalía da Audiencia de Pontevedra ao xuíz militar —onde se establece explicitamente que a súa competencia é en exclusiva o delito de escarnio á relixión— informa do rexistro efectuado na imprenta de onde saíu o pasquín interceptado «a fin de proceder al secuestro y destrucción de la plancha»[1190].

Porén, o Xulgado de Instrución e Primeira Instancia de Cambados si chega a formalizar en febreiro o requirimento de inhibición ao que facía referencia o auditor militar; este non se inclúe no atado, pero volvemos saber del a través dos escritos da fiscalía xurídico-militar e da auditoría de guerra da Oitava Rexión Militar, que se van sucedendo nas semanas seguintes reiterando a competencia exclusiva da xurisdición militar nas inxurias ao Exército e listando preceptos normativos no que respecta ás inxurias ao rei[1191]. Carecemos da solicitude dirixida polo Xulgado de Instrución, pero a busca de xustificación por parte da xurisdición militar, que se adía durante máis dun mes, evidencia unha relación entre ambas xurisdicións que dista moito da profunda submisión na que a ordinaria queda relegada despois do 18 de xullo de 1936.

E mentres a xurisdición de guerra segue afanada na obtención de argumentos que avalen as súas pretensións, prodúcese un feito histórico que muda por completo o transcurso da causa: a instauración da Segunda República. Despois do 15 de abril de 1931, o procedemento queda en pausa ata o 18 de agosto, cando se retoman as dilixencias. Un escrito do fiscal xurídico-militar Hernán Martín-Barbadillo propón que o procesado se beneficie do decreto do 14 de abril que amnistiaba tódolos delitos político-sociais; o auditor coincide co fiscal en que «los hechos de autos tienen evidente e indiscutible

[1187] C/397/30, folio 32 e 32v (ca. 174, f. Pontevedra, AIMNOR). O aviso do dereito de solicitude de revogación no folio 14v.
[1188] Casqueiro Paz, sabedor de que estaba a formular a solicitude fóra de prazo, xustificábao no propio escrito alegando que a demora debérase á ausencia do primeiro avogado de Pedrido, Antonio Casas Medrano, e ao conseguinte cambio de defensor. Porén, este argumento non é aceptado posto que o CXM "determina que tal petición puede hacerla el procesado por sí mismo dentro del término de tres días" (folio 31; subliñado no texto).
[1189] C/397/30, folio 34 e ss. (ca. 174, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1190] C/397/30, folio 45 (ca. 174, f. Pontevedra, AIMNOR). A misión non terá moito éxito, xa que só se atopan cinco copias do orixinal, sen lograr dar co molde co que se imprimiron. No interrogatorio ao encargado da imprenta Pedro Abad Abalo no xulgado municipal de Vilagarcía, solicitado polo xuíz militar, Abad declara que "el molde habría sido distribuido cuando la misma Guardia Civil habría incautado las hojas" (folio 51v).
[1191] C/397/30, folio 54v e ss. (ca. 174, f. Pontevedra, AIMNOR).

significación política y son además cometidos por medio de la imprenta, por lo que es indudable se hallan comprendidos en la expresada amnistía»[1192]. A causa é sobresida[1193].

b) República: C/476/34

No medio da folga xeral revolucionaria de outubro de 1934, o día 7 unha parella de gardas civís detén unha camioneta na estrada de Pontevedra á vila da Estrada e fai baixar aos seus ocupantes para realizar un cacheo en busca de armas de fogo. Un deles, Alfredo Rodrigo Somoza Requeijo, resístese un pouco, contestando «en malas formas y con palabras groseras» provocando a risa entre os alí presentes, polo que é detido e posto a disposición do xuíz de instrución do partido, Fermín Bouza Brey Trillo. Este considera que o feito denunciado é constitutivo dunha falta contra a orde pública e non dun delito, polo que o día 8 ditamina a posta en liberdade do detido e remite as dilixencias practicadas ao xulgado municipal correspondente[1194]. Unha semana despois, o xuíz municipal ordena convocar o xuízo verbal para o día 27, citando para tal fin ao fiscal municipal, ao acusado e ás testemuñas, librando oficio ao xefe da Oitava División interesando a comparecencia da parella de gardas civís para que presten declaración na vista. O auditor accidental, porén, responde negativamente á petición:

> [M]anifiesto a V.S. no procede a acceder a tal comparecencia por corresponder a la Jurisdicción de Guerra entender en el asunto, máximo en la fecha en que ocurrió el hecho, que ya estaba declarado el estado de guerra, rogándole se inhiba en favor de mi autoridad y remitiendo a esta Auditoría las diligencias que haya practicado.[1195]

A liza entre xurisdicións neste caso non ten tanto percorrido como no anterior, e é que en efecto, malia que a Lei de Xurisdicións fora derrogada trala proclamación da República, a declaración do estado de guerra dáballe a competencia para estes casos á xurisdición militar. O curioso é que Bouza Brey non derivase directamente o caso ás autoridades militares directamente, cando tiña que saber á forza que ese era o proceder no estado de excepcionalidade que atravesaba o país. Non é fútil o feito de que sexa Bouza Brey quen protagonice este suceso, pois accións semellantes a esta tralo golpe de Estado de 1936 provocaríanlle a apertura dun expediente que —como veremos no capítulo 9— se resolvería favorablemente para el, sen que lle impedise ao tempo ascender dentro da xudicatura.

Trala derivación do procedemento á xurisdición de guerra, Somoza Requeijo volve ser detido o día 25 e trasladado do depósito municipal da Estrada á prisión provincial de Pontevedra. Continúan as pescudas sumariais, interrogando ao encartado e chamando a declarar a varias testemuñas, entre elas, Jesús López Caramés, o garda civil ofendido. O contraste entre as declaracións é interesante, pois aí atópase o quid do caso: a existencia ou non de insulto a forza armada. A declaración do garda López Caramés recolle o seguinte:

[1192] C/397/30, folio 59 (ca. 174, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1193] É interesante como o novo contexto muda as lóxicas relacionais entre xurisdicións mesmo na forma na que se dirixen mutuamente. Fronte a aquelas *advertencias* do auditor do 20 de decembro de 1930 á xurisdición ordinaria, o 8 de setembro de 1931 o xuíz militar eventual José Pontijas Fernández (quen tamén tomará parte da violencia golpista xudicializada a partir do 36) diríxese ao xuíz instrutor de Cambados nos seguintes termos para que notifique ao procesado da resolución: "…he acordado dirigir a V.S. el presente por el que, en nombre del Presidente del Gobierno de la República, le exhorto y en el mío le ruego se digne aceptarlo y disponer su cumplimiento y devolución, previo acuse de recibo, ofreciéndole la recíproca y en su consecuencia practicar la diligencia siguiente…" (folio 64).

[1194] C/476/34, folio 2 (ca. 181, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1195] C/476/34, folio 5 (ca. 181, f. Pontevedra, AIMNOR).

> …al llevar a efecto el cacheo, [el encartado] dijo: "¿Qué pasa, qué pasa, qué es lo que quiere Vd.?". Contestándole el declarante que se callase y al llegar en el cacheo a la altura de la cintura, dijo: "Cuidado, cuidado", a lo que el declarante le dijo: "¿Qué pasa, qué tiene?", respondiéndole: "Tengo cosquillas", y al preguntarle en dónde las tenía, contestó que "en la cabeza de la polla" ante cuyas manifestaciones fue detenido, después de nuevas manifestaciones en igual sentido, y poniéndolo seguidamente a disposición del Comandante del Puesto[1196].

Ningunha das outras testemuñas chamadas a declarar corroboran esta versión dos feitos; algunhas confirman o das cóxegas —unha mesmo chega a insinuar que estas se deben a unha suposta condición médica, unha xustificación un tanto forzada á que nin o propio procesado alude—, pero en ningún caso o extremo da frase de «en la cabeza de la polla». O xuíz instrutor militar, Miguel Varela y Berenguer, dá conta desta contradición no seu informe. Sinala ademais que o encartado, quen tería ratificado a versión de López Caramés na súa declaración prestada no atestado instruído inicialmente pola Garda Civil, máis tarde explicaría que actuara baixo os efectos do alcol e que só dixera a frase de «Cuidado, tengo cosquillas»; que se firmara a anterior declaración fora sen saber o que puña e sen preguntar o que contiña por temor a represalias, malia que recoñecía non ter sufrido ningún tipo de maltrato nas dependencias policiais.

Chegados a este punto, o xuíz militar razoa que é imposible o esclarecemento dos feitos, elevando as dilixencias practicadas ao auditor de guerra. O 27 de novembro este acorda o sobresemento definitivo da causa e a posta en liberdade de Somoza Requeijo, considerando que «los hechos a que esta causa se centra no revisten caracteres del delito de insulto de palabra a fuerza armada, por no ir dirigidas las frases pronunciadas contra la Guardia Civil, ni expresar estas misma frases conceptos que pudieran reputarse insulto de palabra». Estipula, non obstante, que os feitos expostos si son constitutivos dunha falta contra a orde pública, chegando, paradoxalmente, á conclusión á que chegaba Bouza Brey ao comezo das actuacións[1197].

c) Golpe: C/519/36

Sebastián Fernández Turnes era un home de 22 anos, veciño Pontevedra —aínda que natural de Vilagarcía de Arousa—, reo na prisión provincial por delito de furto. Xa estaba cumprindo condena no momento no que o golpe se produce e ten éxito na cidade. O día 9 de agosto de 1936, convócase en Pontevedra unha «manifestación patriótica» de apoio ás tropas sublevadas do Exército e da Armada, que marchan polas rúas da capital entre un xentío convocado para as aclamar. O percorrido do desfile chega ás inmediacións do cárcere provincial e alí, ao paso das forzas de mariñeiría do Polígono Janer de Marín, Fernández Turnes asómase á ventá e, dende tras das reixas, berra contra os soldados. Descríbeo do seguinte xeito o garda da prisión Francisco Padín nun escrito ao director da prisión Manuel Cidrón:

> …cuando el público que las acompañaba [a las tropas] daba vivas a España y al Ejército, veo que el recluso Sebastián Fernández Turner [sic], encaramado a una de las ventanas del departamento que ocupa y con los brazos echados fuera de las rejas, daba ensordecedores gritos de muera España, viva el comunismo, muera el Ejército y muera el

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1196] C/476/34, folio 14v (ca. 181, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1197] C/476/34, folio 20v e folio 21 (ca. 181, f. Pontevedra, AIMNOR).

> Fascio. Seguidamente le llamo la atención enérgicamente y se vuelve a mí y en forma descompuesta me contesta que él no puede ver esas cosas.[1198]

Actuando con extremado celo, o director da prisión informa do sucedido ás autoridades militares e inmediatamente comeza a instrución da causa o mesmo 9 de agosto. Causa que, a diferenza dos casos vistos anteriormente, se tramita por procedemento sumarísimo polos delitos de rebelión militar e insulto a forza armada e ao Exército; finalmente os cargos de rebelión militar serán retirados, sendo xulgado por «un delito de injuria de palabra al Ejército»[1199]. A investigación sumarial é breve: en tres días, o procesado é chamado a declarar en dúas ocasións —nas que sempre nega os feitos— e son chamados a comparecer sete testemuñas máis, ningunha das cales corrobora a versión de Fernández Turnes. Todos coinciden en ter escoitado berros como «muera España», «viva Rusia», «viva el comunismo», «hijos de puta» ou «desgraciados» á vez que estendía o puño en alto fóra da ventá. Á parte, revela o sentinela Agustín Ramos Sánchez, un veciño do edificio de enfronte á prisión, sairía á rúa a increpalo, dicíndolle que «al individuo ese debió V. ya sacarlo de en medio»[1200]. Unha tónica de exaltación incriminatoria, como vemos, moi diferente ás declaracións exculpatorias enunciadas polas testemuñas na C/476/34.

O xuíz instrutor militar, Carlos Cabezas Carles, pídelle á alcaldía de Pontevedra un informe de antecedentes político-sociais do procesado. Neste, o alcalde asegura que Fernández Turnes é un individuo de «mala conducta, habiendo sido detenido varias veces por cometer raterías»; porén, aclara, non se lle coñece pertenza a ningún partido político ou sindicato[1201]. Lembremos que estaba deito por furto. No transcurso do procedemento, dáselle a opción ao encartado de escoller ao seu defensor —militar— de entre unha lista de xefes e oficiais aptos para o posto, nomeando para tal fin ao tenente de artillaría Ramón Moiño Rodríguez. Na lectura de cargos a Fernández Turnes, o defensor rexeita a oportunidade de solicitar a revogación do procesamento, e fíxase a vista do consello de guerra para o día 21 de agosto ás 11 da mañá na sede da deputación[1202].

O tribunal está conformado polo tenente coronel de infantaría Luis Ledo Godoy como presidente; os capitáns de infantaría Manuel López de Roda y Arquer, Luis Sánchez Cantón e Juan Villar Alonso, e os capitáns de artillaría Manuel Casal Castro e Roberto Posada como vogais; e o auditor Juan de Villavicencio y Pereira como vogal poñente. Ramón Rivero de Aguilar representa á fiscalía xurídico-militar, que solicita seis anos de prisión para o acusado, coa circunstancia agravante da súa perversidade[1203]. Pola súa banda, a estratexia da defensa é sinalar que non está suficientemente probado que fose Fernández Turnes quen proferise tales frases, para despois recorrer á xa comentada alegación infantilizadora e pietista en busca da absolución[1204]. Pese ao exposto polo tenente Moiño, o tribunal acorda condenar a Fernández Turnes á pena solicitada polo fiscal de seis anos de prisión correccional, sen que se exixan responsabilidades civís de ningún tipo. Ao día seguinte, o auditor de guerra ratifica o fallo do consello[1205].

[1198] C/519/36, folio 2 (ca. 189, f. Pontevedra, AIMNOR). Ao longo da causa o segundo apelido do encartado aparece escrito indistintamente como "Turnes" e "Turner". Nós decantámonos pola primeira opción, que é a que vén na súa entrada no rexistro civil segundo un certificado do xuíz municipal suplente de Vilagarcía (folio 9); é ademais a forma na que foi indexado na base de NeV.

[1199] C/519/36, folio 10v, folio 11, folio 14 e folio 19 (ca. 189, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1200] C/519/36, folios 3 a 8v (ca. 189, f. Pontevedra, AIMNOR). A declaración de Ramos Sánchez, no folio 3v.

[1201] C/519/36, folio 7 (ca. 189, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1202] C/519/36, folio 13v e folio 14 (ca. 189, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1203] C/519/36, folio 19 e folio 20 (ca. 189, f. Pontevedra, AIMNOR). A cualificación fiscal, asinada por Hernán Martín-Barbadillo, no folio 12.

[1204] C/519/36, folio 17v e folio 18 e 18v (ca. 189, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1205] C/519/36, folio 19 e 19v e folio 22 (ca. 189, f. Pontevedra, AIMNOR).

O 23 de agosto, é dicir, dous días despois da celebración do xuízo, o comandante militar da praza de Pontevedra ordena trasladar a Fernández Turnes á prisión de Caldas de Reis por ocasionar «constantes alborotos, los cuales causan frecuentes transtornos en el régimen de la expresada prisión [provincial de Pontevedra]»[1206]. O traslado efectúase esa mesma noite, sendo encomendada ao garda civil Domiciano Peláez Santiago e ao cívico Víctor Lis Quibén, unha escolla pouco común para a condución dun preso común.

Sebastián Fernández Turnes non chegou a cumprir a exorbitante pena imposta polos seus berros legalmente antipatrióticos, xa que en realidade nunca chegou á prisión de destino: foi paseado durante o traslado. O escrito do gobernador civil e delegado de Orde Pública, no que simplemente copia a comunicación que lle chega dende a xefatura da Garda Civil para informar ao xuíz instrutor Cabezas Carles, é unha perfecta mostra da narrativa construída arredor da mal chamada *lei de fugas* —que tiña tan pouco de *lei* como de *fuga*; é máis propio falar do privilexio da impunidade—:

> Al ser conducido en la noche de hoy desde la Cárcel de esta Capital a la de Caldas, el penado SEBASTIÁN FERNÁNDEZ TURNES, por el Guardia segundo de esta Comandancia Domiciano Peláez Santiago y Cívico, D. Víctor de Lis Quibén, el coche que los conducía tuvo un pinchazo en una rueda a los 5 kilómetros de esta Capital, lo que obligó a detener al vehículo, y uno de los conductores auxiliar en su faena al conductor del coche, circunstancia que aprovechó el preso para intentar la fuga, emprendiendo veloz carrera y tratando de ganar un camino que apartaba de la misma, momento en que los guardias le habían dado repetidas veces la voz de "Alto" le dispararon sus armas recogiéndole herido y retornando a Pontevedra con propósito de ingresarle en la nueva Policlínica de Urgencia, lo que no efectuaron por haber fallecido durante el trayecto de regreso, y en su vista ale llevaron al Depósito Municipal del Cementerio de San Mauro en donde fue depositado el cadáver.[1207]

Practicada a autopsia, os forenses corroboran a morte por catro feridas de bala, «mortales de necesidad», as cales teríanlle atravesado o cranio e o tórax[1208]. A continuación, o 25 de agosto, o xuíz municipal suplente Manuel Vega dá permiso para a sepultura do cadáver e o tamén suplente Teodomiro Viaño Martínez inscríbeo no rexistro de defuncións como finado «a consecuencia de disparos de armas de fuego»[1209]. Dilixencias —cosméticas— posteriores, nas que simplemente se lles pregunta a Peláez Santiago e Lis Quibén se ratifican a súa propia versión da fuga, dan por bo o relato dos gardas, declarando canceladas as responsabilidades esixidas a Fernández Turnes e arquivando o caso.

d) Posguerra: C/416/40

Para o último dos casos que nos atinxen damos un salto ata a inmediata posguerra. En marzo de 1940, Manuel Lorenzo Suárez mércalle a María Salomé Presas González tres castiñeiros sitos en dúas fincas no concello de Lalín que a segunda herdara de seus pais. O día 20 quedan para talar as árbores, pero nunha das fincas aparece Camilo Presas González —irmán de María Salomé, co que tiña mala relación, confesará ela máis tarde— cun machado e increpa a Manuel Lorenzo:

[1206] C/519/36, folio 24 (ca. 189, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1207] C/519/36, folio 26 (ca. 189, f. Pontevedra, AIMNOR). Nótese o uso selectivo do tratamento deferencial de *Don*: "…por el Guardia segundo de esta Comandancia Domiciano Peláez Santiago y Cívico, D. Víctor de Lis Quibén".
[1208] C/519/36, folio 28v e folio 29 (ca. 189, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1209] C/519/36, folio 31 e folio 33 (ca. 189, f. Pontevedra, AIMNOR).

> …el cual, dirigiéndose al Manuel y profiriendo blasfemias contra Dios díjole, a renglón seguido, que antes de pinchar el castaño tenía que cortarle a él los hígados y que se echase fuera de la finca, contestándole el Manuel que con él no había tenido trato alguno y sí con la María Salomé a quien había comprado el castaño, después de informarse de que dicha finca le había sido a ésta adjudicada y dándole posesión el Juzgado. El Camilo entonces repuso que se cagaba en el Abogado que le había informado de ello así como en el Juez, en el Secretario y en la curia y en la puta que los había parido. Insistióle el Manuel que con él no tenía trato alguno y entonces el Camilo enarbolando el hacha fuese hacia el Manuel diciendo que le iba a cortar la cabeza y que antes de cortar el castaño tenía que matarle a él sino que él mataría al Manuel a quien tildó de ladrón e hijo de puta; ante la acometida el Manuel hurtó el cuerpo, al propio tiempo que, dominándose, le advirtió que estaba hablando con un soldado de Franco, contestando el Camilo a esto que él se cagaba en Franco y en los soldados de Franco así como en la madre que los había parido.[1210]

Por estes feitos, Manuel Lorenzo e María Salomé Presas formulan unha denuncia por «amenazas de muerte e injurias a las Autoridades y al jefe del Estado» o día 23 perante o Xulgado de Instrución de Lalín, solicitando que expida un suplicatorio á Audiencia Territorial da Coruña para que certificase o reparto de bens dos seus finados pais e a dilixencia de posesión xudicial de ditos bens dada a María Salomé Presas[1211]. Incóase inmediatamente o sumario pola xurisdición ordinaria —co número identificador 36/940— e comezan as labores indagatorias. Nos seguintes días chámanse a declarar a once persoas, entre elas Manuel Lorenzo, María Salomé Presas e Camilo Presas. Os dous primeiros ratifican o enunciado na denuncia e o terceiro nega ter pronunciado verbas ofensivas de ningún tipo; de entre as demais testemuñas, cinco corroboran a versión de Lorenzo e María Salomé, mentres que tres aseguran que Camilo Presas non tería inxuriado a ninguén e moito menos ás autoridades.

Este é o punto no que se atopa a instrución do sumario ata que o 9 de xullo o xulgado de Lalín emite un auto de inhibición en favor da xurisdición militar, en tanto que os feitos investigados eran nese momento competencia desta pola vixencia do bando de guerra da Xunta de Defensa Nacional. A única explicación que atopamos a este novo parecer no Xulgado de Instrución lalinense é a volta do xuíz titular, de novo, Fermín Bouza Brey. Ata entón, estivera exercendo as súas funcións o xuíz accidental Laureano García Guitián. Interpretamos que se cadra Bouza Brey, despois da apertura dun expediente —xusto por non se ter inhibido en favor da xurisdición castrense— e ter que formar parte do corpo xurídico-militar mobilizado durante a guerra, non se querería arriscar a novos correctivos. Por outra banda, talvez García Guitián sentise certa empatía polo procesado e quixese libralo do posible consello de guerra, pois el mesmo fora xulgado en Vigo por inxurias ao *Caudillo* co resultado dun mes de prisión en febreiro de 1939[1212].

Fose cal fose o motivo, a causa é trasladada ao xulgado militar eventual de Pontevedra, nomeándose ao capitán de artillaría Julio Conde González como xuíz instrutor e ao sarxento de infantaría Ramón Prieto Jurado como secretario[1213]. Apenas dous días despois, Manuel Lorenzo diríxese directamente á auditoría de guerra da Coruña

[1210] C/416/40, folio 1 e 1v (ca. 48, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1211] C/416/40, folio 3 (ca. 48, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1212] C/114/39 (ca. 264, f. Pontevedra, AIMNOR). A entrada de García Guitián na base de NeV indica que este se tería afiliado a Falanxe no momento da sublevación.
[1213] C/416/40, folio 24 (ca. 48, f. Pontevedra, AIMNOR). A Julio Conde se cadra o lembremos por ter actuado como defensor nalgunhas das causas militares xa vistas, como a C/284/36 contra Modesto David Pérez Estévez; participou como xuíz instrutor ou defensor en 31 das 94 causas da nosa mostra. Ao longo da causa, outros xuíces e secretarios serán nomeados para continuar as dilixencias.

expoñendo que denunciara a Camilo Presas «por injurias proferidas contra el Glorioso Caudillo, que rige nuestros destinos» pero que, pese a iso, o tal Camilo non fora «siquiera encarcelado ni procesado, lo que causa, y es natural, en el lugar donde ocurrió el hecho una decepción singular porque parecía a todos inmediata la sanción del delito cometido contra el Jefe del Estado a quien públicamente se injurió», polo que solicita que se solucione este *inexplicable acontecemento*[1214]. É interesante destacar como Manuel Lorenzo desiste neste novo escrito de insistir nas ameazas que Camilo lle prorrompera a el persoalmente, sabedor de que o punto forte do caso —sobre todo agora que era coñecido pola xurisdición castrense— eran agora as inxurias a Franco.

Vólvese chamar entón ás testemuñas para declarar, desta vez, perante o xuíz militar. Os feitos que relatan unhas e outras son de novo contraditorios, no que semella que foi un altercado onde se proferiron inxurias e ameazas cruzadas, xa non só entre os protagonistas do caso —Manuel Lorenzo, María Salomé Presas e Camilo Presas— senón entre parte das testemuñas alí presentes, que se terían involucrado na lea. De feito, descubrimos neste momento que varias das persoas que declaran en contra de Camilo Presas tiñan inimizades con este dende había tempo[1215]. Así as cousas, o xuíz instrutor solicita un informe á Garda Civil e á alcaldía de Lalín sobre os antecedentes político-sociais de Manuel Lorenzo e Camilo Presas, así como os antecedentes das demais testemuñas implicadas nos feitos. As investigacións revelan que todas eran persoas de boa conduta, adictos á *Causa Nacional* sen que se lles coñeza ningún tipo de militancia política a excepción de Manuel Lorenzo, a quen se lle considera «apolítico aunque su tendencia se inclina a las derechas, no teniendo ninguna intervención en pro ni en contra del Glorioso Movimiento Nacional»; chama a atención que non se mencione que estivese mobilizado na fronte, como recalca el en diversas ocasións nas que presume de ser *soldado de Franco* e *mutilado*[1216].

Sendo este o panorama, ante as diversas e discordantes versións que manteñen as testemuñas, o auditor de guerra acorda o 23 de outubro sobreser provisionalmente a causa, aínda que deixa a porta aberta a unha posible sanción gobernativa, se ben non parece que se levase a cabo[1217]. A causa é arquivada definitivamente en maio do 41 sen que Camilo Presas sexa detido ou pise o cárcere en ningún momento, nin sequera pese ás insistencias de Lorenzo.

7.3. A modo de peche

A análise pormenorizada do tratamento dun mesmo delito pola xurisdición militar, neste caso o de inxurias ás autoridades, ao longo do noso período de investigación mediante catro casos de estudo dá conta das mudanzas na capacidade de actuación desta orde xurisdicional. Estes casos evidencian algúns dos elementos que vimos destacando ao longo do capítulo: a potestade do Exército como defensor da Nación en etapas de crise institucional, referendada polo propio sistema; a súa función como dispositivo de control social de emerxencia cando o *statu quo* é cuestionado; a capacidade de intermediación da xustiza ordinaria e as estratexias de acción dos defensores —mesmo avogados civís— dentro dun marco democrático; a instrumentalización política que os golpistas fan da xustiza militar a partir do verán do 36; o mantemento dos formalismos pero o cambio na

[1214] C/416/40, folio 26 (ca. 48, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1215] C/416/40, folios 27 a 39 (ca. 48, f. Pontevedra, AIMNOR).
[1216] C/416/40, folio 37 e folios 40 a 52 (ca. 48, f. Pontevedra, AIMNOR). A cita sobre antecedentes de Lorenzo, no folio 37.
[1217] C/416/40, folio 54 e 54v (ca. 48, f. Pontevedra, AIMNOR).

finalidade perseguida polas causas; o descenso de penas condenatorias en territorios de retagarda como o galego trala vitoria sublevada en 1939… e, en definitiva, como o contexto no que se instrúen eses procedementos xudiciais castrenses modula directamente o seu resultado. O caso máis paradigmático é o de Sebastián Fernández Turnes, encartado na C/519/36, quen probablemente non tivese sido condenado a seis anos de prisión en 1930, 1934 ou mesmo en 1940, e moito menos paseado por un delito de inxurias á patria. A xustiza ten etapas; a de Franco, tamén.

A radical transformación da xustiza militar —e, en termos valorativos, a súa radical ilexitimidade— tralo golpe, é dicir, cando o momento militar posterga calquera outro momento e subordina ao Estado mesmo, non se atopa soamente nas súas eivas procesuais ou na práctica eliminación de calquera rastro de garantismo, senón na fanática severidade das penas impostas. Un golpe militar como o de 1936 —que pouco tiña que ver cos pronunciamentos decimonónicos ou coa tradicional tendencia á inxerencia militar na vida política— esixe unha acción decidida e decisoria. No de decidida vai implícita a contundencia, a ausencia de restricións ou de miramentos nos medios empregados; pero tamén o ser produto dunha decisión, dun acto de vontade consciente e dirixido racionalmente a un fin, fronte á idea de que o que actúa é a irracionalidade ou o descontrol das baixas paixóns propio dunha situación caótica. No de decisorio radica o verdadeiro sentido desa acción previamente decidida, contundente e incondicional: resolve, decide, a disputa dun xeito inapelable mediante a eliminación do antagonista.

A comparación entre a causa de 1936 e as demais, particularmente a de 1934, en tanto que ambos contextos comparten a declaración de estado de guerra e primacía da xurisdición militar, é unha clara mostra desta cuestión. Se perdemos isto de vista, se esquecemos esta máxima elemental, mentres debatemos na xuricidade das ferramentas empregadas enredámonos nas redes deliberadamente postas polos verdugos, quen, ao tempo que executaban idénticas accións con idénticas armas o mesmo nun pelotón de fusilamento que nunha cuneta —digamos que— no camiño de Pontevedra a Caldas, realizaron un inxente esforzo na performación de legalidade procurando esta mesma fin.

A xustiza militar é á xustiza o que a música militar é á música. Esta cita, popularmente atribuída a Georges Clemenceau, semella ser apócrifa; porén, o seu éxito alude a un sentir máis ou menos xeneralizado e transversal sobre a xurisdición militar[1218]. Como vimos ao longo do capítulo, nos momentos de crise do sistema, fose cal fose ese sistema, a tarefa de imposición de disciplina colectiva é delegada na xurisdición castrense, producindo tensións por parte da poboación civil *aceptadas* en distinto grao segundo a conxuntura. Pero o recurso á mesma en 1936 denota unha diferenza fundamental: xa non se trata do réxime dominante protexendo o seu poder, senón dunha estratexia bélica de persecución e eliminación do inimigo político, e os posibles rexeitamentos son cortados de raíz. A partir de 1936, xa non atoparemos textos de profundo carácter antimilitarista críticos coas prerrogativas acentuadas da xurisdición castrense, como si os había tres décadas atrás. É dicir, atopámonos ante unha lóxica de conquista e non de defensa do poder, rompendo co habitual ata entón, se ben mantendo o mesmo instrumento de acción —os tribunais— en prol de tódolos significantes que supuña: orde, legalidade, lexitimidade, dereito, ecuanimidade… e, en definitiva, Estado, que é como o que os

[1218] Esta non aparece nas principais obras do ex primeiro ministro francés arredor da cuestión xudicial, como *Contre la justice* (1900), *Justice militaire* (1901) ou *Injustice militaire* (1902). Este feito, sumado a non atopar ningunha fonte fiable que cite a súa procedencia orixinal, lévanos a crer no seu carácter apócrifo, se ben perfectamente estandarizado: "Il suffit d'ajouter 'militaire' à un mot pour lui faire perdre sa signification. Ainsi la justice militaire n'est pas la justice, la musique militaire n'est pas la musique".

golpistas se queren facer ver: os representantes de España e, polo tanto, do Estado, fronte a aqueles que se fixeran deshonestamente co poder e estaban pervertendo á patria.

Non é fútil que, dentro do compendio de diversas prácticas xenocidas dos sublevados, o dispositivo fundamental sexa o sistema xudicial. Se o principal obxectivo fose a desaparición física do outro, esta podería terse encarreirado exclusivamente por outras canles, que ademais requiririan menos recursos, como os paseos ou fondeos. Pola contra, sabemos que isto non foi así: a magnitude da violencia xudicializada é mostra disto, así como o exceso de celo e normativismo *selectivo* na súa aplicación; sabemos mesmo que mesmo moitas das persoas asasinadas sen sentenza si estaban inmersas nalgún punto dun proceso xudicial. A inxente cantidade de medios —materiais e humanos— destinados á xudicialización da violencia, en especial nun momento de tanta necesidade como é a etapa bélica e a inmediatamente posterior, alude á importancia que os golpistas lle deron na súa loita polo poder.

Nese sentido, a xustiza —nomeadamente, a militar— non é *un* mero instrumento de violencia, senón que é *o* instrumento de violencia por antonomasia, cuxa utilidade excede o simple castigo do inimigo para reportar múltiples vantaxes. Dende un punto de vista necropolítico, pon a disposición dos sublevados tódalas ferramentas legais do Estado para barutar a oposición que merece ser salvada —se ben con penas de cárcere inconmensurables, ofrecendo man de obra escrava para a construción da nova España de Franco—, e aquela que merece ser aniquilada. Con todo, dende o noso punto de vista, a dimensión simbólica das causas militares e dos consellos de guerra é aínda máis importante que a súa función eliminacionista[1219]. Sen entrar nos caprichosos argumentos de cifras —cantos *mortos* son *demasiados*?—, é innegable que foron moitas as persoas fusiladas por aplicación dunha sentenza marcial ou anuladas social e politicamente mediante a súa reclusión en campos de prisioneiros. A meirande parte de vítimas do golpe, guerra e ditadura fórono por medio da violencia xudicializada.

Porén, esa inxente cantidade de recursos que demandaba o mantemento deste sistema xudicial de enfoque bélico implicaba a obtención doutros beneficios, máxime na delicada conxuntura da guerra. En primeiro lugar, por suposto, o mero exercicio do poder violento, unha imposición do dominio e da autoridade naqueles lugares onde o golpe tivera éxito. Un poder que debe ser performado e que lles permite aos militares rebeldes presentarse como os verdadeiros tedores da soberanía, os tedores da potestade e do control da xurisdicionalidade; pola contra, o *outro*, definido en termos políticos, é un criminal, o cancro do corpo social que eles veñen extirpar en prol da boa saúde da comunidade nacional. Establécese deste modo o *ethos* xurídico e policial do novo Estado que será o seu principal argumento autoxustificativo ao longo de toda a ditadura. Neste sentido, o réxime franquista, xa dende os seus xermolos en 1936, preséntase como emblema do totalitarismo burocrático, do panoptismo: todo o país é unha inmensa arquitectura carceraria, sempre atento e vixiando, onde non cabe a intimidade.

Á parte, o propio proceso sumarial e a vista do xuízo actúa como un elemento cohesionador, reforzando a unión entre os perpetradores e contribuíndo á inclusión de novas capas sociais na maquinaria violenta; deste xeito, favorécese a difusión de sensación de responsabilidades, colectivizando en certo modo o proceso violento[1220].

[1219] Sobre o carácter (non) exterminador dos consellos de guerra, ver as argumentacións de Ruiz: *La justicia de …*, 2012 [2005], p. 148 e p. 155.

[1220] Esta perspectiva abordámola de forma esquemática en Cidrás, Aldara: "Difusión de responsabilidades a través do sistema xudicial golpista na cidade de Pontevedra (1936 – 1939)", en *Libro de resumos do VI Encontro da Mocidade Investigadora en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas. Santiago de Compostela, 12 e 13 de xuño de 2018*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2019, pp. 151 – 152. Ver asemade Melero

A utilidade da xurisdición militar e do maleable delito de rebelión será tal que o réxime non dubidará en «[extenderlo] hasta el paroxismo», facendo da excepcionalidade norma coa reforma de 1943 a cal ampliará a aplicabilidade de devandita figura delituosa[1221]. Xunto con esta reforma, o novo CXM de 1945 completará «el cuadro de técnicas represivas que … suponen, bajo la cobertura de una normalidad jurídica, un régimen de excepcionalidad y pervivencia de la Ley Marcial»[1222].

A administración de xustiza xoga un papel clave nesta violenta alquimia. Revestida dunha ideolóxica neutralidade, permite a manipulación da legalidade ao arbitrio dos sublevados, operando na esfera propagandística tanto cara fóra —fundamental en tanto que o novo réxime necesitará ser recoñecido polas demais potencias internacionais— como cara dentro: a xudicialización da violencia permite presentar as prácticas eliminacionistas non como unha brutal violencia indiscriminada contra o inimigo político, senón como a mera aplicación da xustiza, eminentemente *xusta* aínda que se cadra severa ante a emerxencia do momento. E este recurso á xustiza por enriba de todo —argumento que se reforzará aínda máis a partir de 1937 cando se comece a xestar o mito do *verán quente* do 36— sérvelles para lexitimar cunha pátina legalista as súas accións, xogando sempre a baza do estado de dereito.

Dito de forma máis simple, o aparello xurídico-militar transforma a persecución do inimigo político en *xustiza de guerra*. Pero é que ademais, a xudicialización da violencia é a esencia mesma dunha transmutación alquímica que altera a construción discursiva da realidade, permitindo fabricar a (pos)verdade —xurídica— sobre a que se cimentará a ditadura: terror, disciplina marcial e control férreo exhíbense como orde e legalidade fronte ao suposto caos da España republicana. A fin última da xurisdición de guerra a partir do golpe de Estado de 1936 non é o esclarecemento duns supostos feitos delituosos, senón asentar as bases dun relato e performar veracidade[1223]. E, polo tanto, os consellos non é que sexan un elemento complexo alén da escenificación, senón que esa mesma escenificación é a fin última do proceso xudicial militar, de gran poder simbólico e que reporta vantaxes que outras formas de violencia carecen —e que polo tanto ocuparon un segundo plano na estratexia sublevada—.

Vargas, Miguel Ángel: "Denuncia, delación y señalamiento como formas de sociabilidad en la represión. Un ejemplo desde la Justicia Militar franquista y su aplicación en la comarca andaluza de Antequera". Comunicación inédita para o *VIII Congreso de Historia Social*, Tarragona, 16 – 18 de abril do 2015. Stathis Kalyvas tamén falada importancia da "cohesión primaria de grupo" no contexto das guerras civís, caracterizándoa como un elemento de presión; ver Kalyvas, Stathis N.: *La lógica de la violencia en la Guerra Civil*, Madrid, Akal, 2010 [2006], p. 74.

[1221] García Rivas: "Rebelión (Delito de)", 2020, p. 288. Para maior detalle, consultar Pérez Juan, José Antonio: "El delito de rebelión en el primer franquismo. Un análisis normativo y jurisprudencial", en Sandoval Parra, Victoria; Álvarez Cora, Enrique (eds.): *Sedición, rebelión y quimera en la historia jurídica de Europa*, Madrid, Dykinson, 2021, pp. 855 – 860. Asemade, pode resultar de interese Ballbé: *Orden público y …*, 1983, pp. 402 – 406 e ss. «Ley de 2 de marzo de 1943 por la que se equiparan al delito de rebelión militar las transgresiones de orden jurídico que tengan una manifiesta repercusión en la vida pública», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 75, 16/03/1943, pp. 2384 – 2385. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1943/075/A02384-02385.pdf [últ. consulta o 28/11/2022]. «Ley de 2 de marzo de 1943 por la que se modifican los artículos del Código de Justicia Militar y del Penal de la Marina de Guerra, referentes al delito de rebelión», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 75, 16/03/1943, pp. 2383 – 2384. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1943/075/A02383-02384.pdf [últ. consulta o 28/11/2022].

[1222] Ballbé: *Orden público y …*, 1983, p. 413.

[1223] As bases dun relato que, repetidas interxeneracionalmente, xeran memoria histórica franquista baixo o axioma do "algo farían". Sobre isto, ver Tébar Rubio-Manzanares, Ignacio: "El caso Garzón y sus repercusiones", en Moreno Fonseret, Roque; Payá López, Pedro (eds.): *Memoria y justicia transicional en Europa y América Latina*, Granada, Comares, 2018, p. 101.

8. A organización do espolio: a Comisión Provincial de Incautación de Bens e o Xulgado Instrutor de Responsabilidades Políticas

A primeira xurisdición especial creada *ex novo* polo bando golpista durante a guerra civil ideada expresamente para a persecución dos desafectos ao *Movimiento Nacional* é a de Responsabilidades Políticas, instituída en febreiro de 1939. Unha data tardía, tendo en consideración que as prácticas eliminacionistas contra os inimigos políticos xa levaban en marcha nalgúns territorios como o galego case tres anos.

A persecución física e o despoxo dos individuos e grupos leais á legalidade republicana comeza dende o mesmo momento en que o levantamento militar triunfa, sen necesidade doutro título xurídico que a tenencia fáctica do novo poder que nace do éxito do golpe e —dunha forma vaga e xenérica pero por iso mesmo irrestricta— dos bandos militares que confiren todo o poder ás novas autoridades militares. Por iso, ao dicirmos que se trata dunha xurisdición *ex novo* non pretendemos dar a impresión de que esta veña da nada: na práctica, a Lei de Responsabilidades Políticas do 9 de febreiro de 1939 viña a xudicializar as funcións que dende uns anos atrás viñan realizando de forma efectiva as Comisións de Incautacións de Bens e, anteriormente, tres instancias: as autoridades militares golpistas, como encarnación transitoria da enteira competencia estatal, sen ningún tipo de sutileza relativa non xa á separación de poderes senón á mera distribución competencial; os Xulgados de Primeira Instancia, como axencia xudicial ordinaria aplicada a estes propósitos extraordinarios, cando se necesita da súa capacidade operativa en actuacións de natureza xurídico-patrimonial; ou directamente as milicias paramilitares e grupos integrantes da trama insurreccional, como poder de facto que exercitaba funcións paraxurisdicionais sen suxeición a normas procedimentais, amparados non xa na sensación de impunidade senón sobre todo na conciencia de actuar como axentes dun novo poder. Un novo poder que está, simultaneamente, moi centralizado nas decisións e moi debilmente institucionalizado, co que iso implica de ausencia de límites ou trabas formais na execución das directrices emanadas do novo poder do que estes grupos son axentes executores.

Por iso, e aínda que non se trate no sentido estrito dun tribunal, neste capítulo estudaremos, en primeiro lugar, a labor da Comisión Provincial de Incautación de Bens de Pontevedra —sen obviar a cuestión, polémica, da aplicación neste ámbito territorial dos mecanismos que a antecederon, en concreto os previstos no Decreto 108 da Xunta de Defensa Nacional—, para despois xa atender ás actividades do Xulgado Instrutor de Responsabilidades Políticas ata 1942, data na esta orde xurisdicional sufre unha profunda reforma e remata o noso marco cronolóxico.

Ao longo das vindeiras páxinas repasaremos algunha da literatura especializada máis relevante para a cuestión; secasí, cabe sinalar un fenómeno que identificamos a este respecto: o estudo das xurisdicións especiais creadas polos sublevados vén sendo un dos principais focos de atención dos traballos neste exiguo nicho das investigacións sobre a xustiza en guerra. Non é algo inesperado, pois foron as principais encargadas da persecución política dos identificados como inimigo; é máis, nacen con esa vocación expresa xunto coa xurisdición castrense. Atópase, con todo, nunha posición subsidiaria en comparación cos traballos sobre a xustiza militar en etapa bélica, probablemente debido á considerada *menor gravidade* das penas emanadas do proceso de incautación de bens, principalmente de carácter pecuniario, fronte á espectacularidade dos consellos de guerra e as penas de morte. Si resulta máis sorprendente o volume pouco numeroso deste

tipo de investigacións centradas na organización e aplicación do espolio, tanto con perspectiva micro como con perspectiva macro, algunhas delas con notables imprecisións e substanciais contradicións entre si. As posibles explicacións e implicacións deste fenómeno verémolas de xeito máis pormenorizado no transcorrer do capítulo.

8.1. As incautacións de bens antes da Lei de Responsabilidades Políticas (1936 – 1939)

8.1.1. Antecedentes: o Decreto núm. 108 (1936 – 1937)

> Durante largo tiempo ha sido España víctima de actuaciones políticas desarrolladas por algunos partidos que, lejos de cooperar a la prosperidad de la Patria, satisfacían ambiciones personales con detrimento del bien común, pero nunca, como en los momentos anteriores al presente, ha culminado el antipatriotismo en la formación de entidades que, bajo apariencia política, envenenaron al pueblo con el ofrecimiento de supuestas reivindicaciones sociales, espejuelo para que las masas obreras siguieran a sus dirigentes, quienes las aprovecharon para medrar a su costa, lanzarlas a la perpetración de toda clase de desmanes y cristalizar al fin, en la formación del funesto llamado Frente Popular … [1224]

Deste xeito comeza o preámbulo do Decreto núm. 108 da Xunta de Defensa Nacional de 13 de setembro de 1936, polo que se ilegalizaron os partidos integrantes da Fronte Popular —e, en xeral, opositores ao golpe de Estado— e se estableceron unha serie de medidas económicas punitivas sobre as devanditas agrupacións, «encaminadas a garantizar la responsabilidad que en su día pueda alcanzarles para la indemnización procedente». O art. 1 declaraba fóra da lei aqueles partidos ou agrupacións políticas sociais que formasen parte da Fronte Popular ou tivesen participado das forzas de oposición contra a sublevación militar. De forma complementaria, o art. 2 decretaba a incautación de todo tipo de bens que pertencesen a ditos grupos, tanto mobles como inmobles. Pola súa banda, o art. 3 daba carta branca á purga de funcionarios públicos e de empresas concesionarias ou subvencionadas polas institucións públicas por motivos políticos de carácter *antipatriótico*.

Como podemos intuír, estes primeiros tres artigos son a xénese de dúas leis posteriores, cuxa aplicación marcará un fito na lexislación franquista e na institucionalización do réxime de cara un final da guerra que se sabe entón próximo: a Lei de Responsabilidades Políticas de 9 de febreiro de 1939 e a Lei de Depuración de Funcionarios Públicos de 10 de febreiro de 1939. O certo é que o núcleo do carácter persecutorio e punitivo de ambas oficializárase moito antes, a finais do verán do 36 mediante o Decreto núm. 108, cuxo xeito de proceder comeza a exercerse dende entón nos territorios controlados polos golpistas. O Decreto define nos seus art. 5 e 6 quen serán as autoridades encargadas de poñer en práctica as medidas recollidas na norma e o modo de actuación que haberán seguir: os máximos poderes militares da praza —ou quen estes designen— elaborarán unha lista dos suxeitos desafectos e os seus bens, tomando as medidas preventivas necesarias para evitar a súa ocultación ou desaparición; a continuación, remitirán a lista aos Xulgados de Primeira Instancia para proceder co embargo cautelar dos bens segundo o estipulado pola LACrim e LAC, «quedando subsistentes tales medidas hasta la depuración de las responsabilidades criminales o

[1224] «Decreto núm. 108 declarando fuera de la Ley a los partidos o agrupaciones políticas que desde la convocatoria de las elecciones celebradas el 16 de febrero último han integrado el llamado Frente Popular», Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España, núm. 22, 16/09/1936, pp. 85 – 86. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/022/J00085-00086.pdf [últ. consulta o 09/05/2022].

civiles que se declaren». Vemos aquí, neste primeiro momento, o emprego das instancias xudiciais ordinarias subordinadas aos fins dunha política de excepción, cuxa institucionalización está por determinar e respecto da que os tribunais ordinarios asumen unha función de aseguramento ou garantía do bo fin da futura depuración.

Un lugar común da literatura especializada nas violencias económicas durante a guerra civil é a consideración do Decreto núm. 108 como o punto de partida das mesmas. Non obstante, esta perspectiva omite que en realidade este decreto o que facía era fixar unhas políticas e prácticas que xa se estaban levando a cabo nos territorios controlados polos golpistas dende a toma do poder por parte dos sublevados, particularmente grazas ao establecido polos bandos de guerra que outorgaban amplas prerrogativas ao poder castrense e á súa xurisdición[1225]. Un aumento da capacidade de actuación da xurisdición militar que se sustentaba non só na potestade para xulgar civís ou na asunción de facetas tradicionalmente propias do penal, senón que tamén se asentaba na vaguidade lexislativa que propiciaba a súa lectura subxectiva e favorecía polo tanto unha intencional arbitrariedade na aplicación. Así as cousas, os principais responsables políticos da Fronte Popular xa foran ou estaban sendo procesados mediante causas militares —ou mesmo morreran asasinados en paseos— e os seus bens espoliados; non facía falla unha ilegalización gobernativa dos partidos que integraran a Fronte Popular para iso. Asemade, actuaban de forma paralela as milicias fascistas paramilitares, que colaboraron dende os primeiros días do golpe nos rexistros domiciliarios de significados esquerdistas, aproveitando a confusión do momento e a súa sabida impunidade para levar a cabo unha auténtica rapina dos bens das vítimas mediante requisas, multas e extorsións en beneficio do *Glorioso Movimiento Nacional* e, tamén, propio[1226].

As novidades que o Decreto núm. 108 introduce non modificaban as accións violentas do primeiro momento, perfectamente encarreiradas pola actuación dos xulgados militares e dos grupos paramilitares. Porén, si podemos ver nelas a cobertura lexislativa desas accións —particularmente, os saqueos das milicias— e, sobre todo, a delimitación dun novo marco de actuación determinado de cara ao futuro: unha folla de ruta que seguir noutros territorios conforme fosen conquistados durante a guerra, o que reforza a tese de que Galicia actuou como un laboratorio de probas das políticas de exterminio a exportar posteriormente a outras zonas.

A aprobación do decreto en setembro do 36 encádrase aínda na lóxica do golpe prolongado ou da guerra breve, no conxunto de medidas de cara a forma(li)zación do novo Estado rebelde. A partir dese momento ilegalízanse os partidos da Fronte Popular e criminalízase ás persoas simpatizantes —que, insistimos, na práctica xa estaban sendo

[1225] Particularmente, o bando de guerra do xeneral Miguel Cabanellas publicado en nome da Xunta de Defensa Nacional do 30 de xullo que estendía o estado de guerra a todo o país. «Bando haciendo extensivo a todo el territorio nacional el Estado de Guerra declarado ya en determinadas provincia*», Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, núm. 3, 30/07/1936, pp. 9 – 10, https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/003/J00009-00010.pdf [últ. consulta o 05/05/2022].

[1226] Martínez Pereda, Lucio: *Medo político e control social na retagarda franquista. Depuracións, incautacións e tribunais especiais da ditadura franquista en Pontevedra*, Vigo, Xerais, 2015, p. 123. Álvarez Castro, Xosé: *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936–1939)*, Vigo, Xerais, 2013, pp. 271 – 279. O novo amparo legal do latrocinio económico perpetrado polos sublevados non impedirá, emporiso, que se sigan efectuando extorsións de todo tipo con fins cremásticas. Por exemplo, na provincia de Pontevedra foi moi coñecida a trama de corrupción dirixida polo funcionario de prisións Fernando Lago Búa e o médico Francisco Bustelo Bustelo, destinados no campo de concentración de San Simón. Estes, dende a súa privilexiada posición, enganaban aos presos facéndolles crer que estaban en listas de paseos, exixíndolles subornos a eles e ás súas familias, so pretexto de que só así se poderían salvar. Abriráselles unha causa militar e serán xulgados por consello de guerra o 21 decembro de 1936, sendo sentenciados a pena de morte e fusilados o 5 de xaneiro do 37. *El Pueblo* Gallego, 06/01/1937, p. 3. Sobre outros episodios de extorsións económicas, ver Álvarez Castro, Xosé: *Pontevedra nos anos do silencio. Represión e resistencia na provincia de Pontevedra (1936–1951)*, Vigo, Xerais, 2022, p. 247 e ss.

perseguidas por xurisdición castrense ou polos grupos paramilitares encargados dos asasinatos extraxudiciais— pola súa pertenza aos devanditos partidos. Esta afiliación, real ou imaxinada, é tipificada como delito e, polo tanto, susceptible de incorrer en responsabilidades civís ou penais, vulnerando por suposto o principio xurídico de irretroactividade das normas sancionatorias e o art. 39 da Constitución de 1931 que amparaba o dereito á libre asociación política e sindical. E, como para que haxa unha responsabilidade a resarcir ten que existir un dano —ora a unha persoa, ora á sociedade, ou ambas—, o texto introdutorio do decreto establece con claridade a vítima dos danos que a Fronte Popular provocou: *España*[1227]. A natureza concreta deses danos é, porén, intencionalmente obviada na súa retórica apoloxética. Esta imputación abstracta, na que todo mal tiña cabida, servía para reforzar no simbólico a lexitimidade do *Alzamiento* mediante o propio desleixo da Fronte Popular, unha constante na narrativa golpista e do franquismo, particularmente explotada nestes primeiros anos.

> La represión económica se fundamentaba en que los defensores de la República eran los responsables de los daños ocasionados por la guerra, porque, al "llevar a España hacia el abismo", hicieron "necesario" el golpe de estado militar y, como habían ofrecido resistencia a la sublevación, habían "provocado" la guerra.[1228]

Mediante o estudo da xurisdición ordinaria na segunda parte desta investigación, concluímos que a súa principal función era esencialmente normalizadora e, a través desa normalización do anormal, contribuír a dotar dunha lexitimidade de exercicio a un Estado —e a un *estado*, é dicir, a unha situación— que a todas luces era excepcional e anómalo. Mais o Decreto núm. 108 permítenos comprobar que os golpistas tampouco se esqueceron desta orde xurisdicional no deseño da súa maquinaria violenta, instrumentalizándoa alén do puramente simbólico.

Tal e como vén establecido nos arts. 5 e 6, após recibir das autoridades militares dos exércitos as relacións de persoas e bens que *ao seu xuízo* —dos militares— estean na situación de ser «lógicamente responsables», os Xulgados de Primeira Instancia debían tramitar os expedientes de embargo preventivo ata a posterior dilucidación das responsabilidades pecuniarias correspondentes. Outórgaselles un rol activo na colaboración coa labor de persecución política, se ben non mediante a súa competencia primaria, si con potestade —subordinada á xefatura militar— na aplicación de medidas de aseguramento de responsabilidades por determinar que implicaban un despoxo patrimonial case ilimitado. Non hai que esquecer que isto se fai nun momento no que as necesidades pecuniarias do bando sublevado eran insaciables ante as exixencias bélicas. Como apunta Manuel Álvaro Dueñas, «[l]a incautación de bienes es un mecanismo represivo en el que convergen tanto el interés económico inmediato, como la voluntad política de no dejar a ningún supuesto responsable sin castigo»[1229].

[1227] A exixencia de responsabilidades por mor do golpe non é algo que só estea a suceder nese momento na España dominada polos sublevados. O 23 de setembro de 1936 a República creaba a chamada "Caja de Reparaciones", cuxa tarefa era a de xestionar os bens requisados ás persoas identificadas como traidoras á constitucionalidade vixente. Pouco despois, o 6 de outubro instituíase o Tribunal de Responsabilidades Civís. Porén, a diferenza do que estaba suceder na retagarda golpista, na zona republicana respectouse a irretroactividade penal, entre outras garantías xurídicas. Ver Martorell Linares, Miguel: "«La Extirpación a Fondo de Nuestros Enemigos»: represión económica y financiación de la guerra en la España franquista (1936 – 1940)", en Martins, Fernando (coord.): *A Formação e a Consolidação Política do Salazarismo e do Franquismo. As Décadas de 1930 e 1940*, Cidehus – Colibri, Évora, 2012, p. 213.

[1228] Vega Sombría, Santiago: "La represión, carta fundacional de la dictadura franquista", en Segura, Antoni; Mayayo, Andreu; Abelló, Teresa (dirs.): *La dictadura franquista. La institucionalització d'un règim*, Barcelona, Universitat de Barcelona, 2012, p. 74.

[1229] Álvaro Dueñas, Manuel: *"Por ministerio de la ley y voluntad del Caudillo". La Jurisdicción Especial de Responsabilidades Políticas (1939 – 1945)*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2006, p. 65.

Para o caso concreto de Pontevedra, lembramos que non atopamos fontes documentais desta primeira etapa da persecución e castigo do que despois se coñecería como *responsabilidades políticas*. Polo tanto, concluímos no apartado de metodoloxía e fontes do primeiro capítulo, esta intervención da xurisdición ordinaria non se aplicou na práctica no ámbito territorial que estudiamos, precisamente por estar fóra do espazo para o que o mecanismo do Decreto núm. 108 foi concibido. Volveremos sobre isto máis adiante.

De forma semellante, a literatura especializada na denominada *represión económica*, de por si pouco numerosa no relativo á actividade da Comisión Provincial de Incautación de Bens nos territorios da retagarda sublevada dende os inicios do levantamento militar, adoita pasar por alto esta primeira fase do proceso. Unha excepción é o traballo aproximativo de Julio Prada sobre este organismo en Galicia, onde tamén se destaca a eiva documental existinte, particularmente, en A Coruña e Pontevedra[1230]. Ante a escaseza de fontes, o autor pon en dúbida a efectividade do Decreto núm. 108 en Galicia e chega a suxerir que talvez en ningunha das provincias —a excepción de Ourense— se instruíu ningún expediente destas características ata a constitución das Comisións Provinciais de Incautación de Bens en xaneiro do 37, a diferenza do que tería sucedido, por exemplo, en Andalucía onde a súa actividade foi máis prolixa.

En concreto, prosigue Prada, non terían tido materialización práctica en Galicia as Comisións Directoras e Administradoras dos Bens Incautados, organismos clave dentro da administración de bens embargados desta primeira etapa. Isto non quita, repetimos, que si houbese actos de saqueo de bens pertencentes a persoas identificadas como esquerdistas ou de agrupacións de filiación antifascista durante os meses inmediatamente posteriores ao 18 de xullo, mais significaría que dita pillaxe se tería feito por outras vías non establecidas por devandito decreto ou que o embargo de bens se tería realizado de forma preventiva —e, polo tanto, aínda máis indiscriminada— polas autoridades militares:

> [S]olo en el caso de Ourense se conservan relaciones que superan el medio millar de hombres … a los que el juez militar ordenó incautar sus bienes y, sin embargo, la relación de expedientes que acreditan que tales diligencias se completaron antes de que la CPIB comenzase a funcionar es casi anecdótica.[1231]

Con toda probabilidade, o mecanismo máis común e dende logo o máis expeditivo de incautación de bens dos desafectos, á parte do puro e simple latrocinio, foi a requisa militar. Desta expeditiva e privilexiada forma de expropiación por necesidades militares fíxose un uso habitual nas zonas baixo control das novas autoridades, mesmo as afastadas das frontes de guerra, malia que a teórica finalidade deste expediente extraordinario se circunscribise á atención das necesidades inaprazables —de aloxamento, manutención, mobilidade, etc.— das tropas en situación operativa.

Sen formalidade algunha, ou contra a simple entrega dun recibo, calquera ben podía ser ocupado ou, peor aínda, incautado co pretexto das necesidades da guerra. O abuso deste procedemento e a súa desnaturalización debeu asimilalo a un mero *roubo*

[1230] Prada Rodríguez, Julio: "Las Comisiones Provinciales de Incautación de bienes en Galicia (1936 – 1939)", *Ayer*, núm. 109, 2018, pp. 304 – 305.

[1231] Prada Rodríguez: "Las Comisiones Provinciales…", 2018, p. 305. Julio Prada destaca como exemplo a apropiación forzosa do xornal vigués *El Pueblo Gallego*, do republicano liberal Manuel Portela Valladares, "incautado por orden militar sin mediar expediente" (p. 300), que se convertería no voceiro de Falanxe na provincia de Pontevedra. Na capital, serían tamén sonadas as incautacións da imprenta de Ramiro Paz, os sanatorios de Amancio Camaño e Celestino Poza, e os ultramarinos da familia Gama Casalderrey e Víctor Moldes. Álvarez Castro: *Pontevedra nos anos…*, 2013, p. 272.

con recibo —ou incluso sen el, na requisa directa, que semella ter sido habitual—, prescindindo de calquera forma de control, ao punto de que para poñer límite a esta práctica houbo de ditarse un Decreto de 9 de setembro de 1939 —xa finalizada a guerra, por tanto— prohibindo as requisas e incautacións que non se axustaran ás normas reguladoras do dereito de requisa. Disto conclúese que, durante a guerra, foi común a requisa non axustada á normativa, xa de seu laxa, que a regulaba. O carácter informal desta práctica de pillaxe paralegal, que se cebou con saña nos individuos considerados desafectos, imposibilita a súa constatación na documentación xurisdicional, tanto ordinaria como extraordinaria. A práctica descontrolada da requisa foi estudada, para o caso galego, de novo por Julio Prada[1232].

As actuacións violentas e as requisas económicas contra as persoas ou grupos englobados baixo a heteroxénea etiqueta de inimigo precederon a implantación do Decreto núm. 108 e, consecuentemente, das Comisións Provinciais de Incautación de Bens creadas en xaneiro do 37. Como xa foi resaltado, o Decreto núm. 108 non vén senón a dar unha vía legal ao que na práctica se viña facendo dende xullo de 1936, ora mediante as actividades depredadoras dos grupos paramilitares, ora por instrución dos mandos militares. Así o confirma a seguinte correspondencia entre o gobernador civil de Pontevedra, Ricardo Macarrón Piúdo, dirixida ao entón presidente da Comisión de Xustiza de Burgos, José Cortés López, a 14 de decembro de 1936. Comeza así:

> Cumplimentando orden de V.Y. tengo el honor de remitirle las adjuntas relaciones comprensivas de las agrupaciones políticas y sociales que desde febrero último han integrado en esta provincia el "Frente Popular". Todas estas sociedades fueron clausuradas y disueltas en los primeros días del Movimiento Nacional, así que la oposición que hicieran fue anterior y en los cuatro o cinco días de iniciada la salvadora Cruzada del Ejército. Llevan todas ellas los nombres con que figuran inscritas en los libros registros del Gobierno Civil y de la Delegación del Trabajo, según se han acogido o no (las profesionales) a la Ley de 8 de Abril de 1932. De las inscritas en las Delegación del Trabajo, las subrayadas con tinta encarnada son las adheridas al Frente Popular las de carácter político y social-político figuran en relación aparte. En concreto, los partidos políticos que integraban el Frente Popular en la provincia, eran Izquierda Republicana, Unión Republicana, Galleguista, Socialista y Comunista.[1233]

Como vemos, a dilixencia alude ás operacións de persecución e disolución daqueles grupos políticos afíns á Fronte Popular e/ou que tivesen formado parte da oposición ás forzas da sublevación militar en toda a provincia, «en los cuatro o cinco días de iniciada la salvadora Cruzada del Ejército». Vén acompañada por unha lista de cinco páxinas nas que se identifican as agrupacións sociopolíticas de toda a provincia vinculadas á Fronte Popular eliminadas.

[1232] Prada Rodríguez, Julio: "«Todos se consideran con derecho a requisar…». Requisiciones e incautaciones de bienes en Galicia durante la Guerra Civil", *Studia Historica*, núm. 36, 2018, pp. 197 – 225. Noutro traballo do mesmo autor (publicado baixo o título "La represión económica durante el franquismo", no blog *Conversación sobre la Historia*, o 9 de outubro de 2019; dispoñible en: https://conversacionsobrehistoria.info/2019/10/09/la-represion-economica-durante-el-franquismo/ [últ. consulta o 07/05/2022]) reprodúcese unha nota de prensa publicada no *Pensamiento Alavés* do 6 de agosto de 1936 que dá idea dos excesos producidos na práctica da requisa de automóbiles: é unha nota da Comandancia Militar que se fai eco das queixas dos donos de garaxes e propietarios de automóbiles (moitos dos cales serían persoas *de orde*) de que "personas extrañas a esta Comandancia Militar requisan directamente los coches sin orden ni formalidad alguna", e recorda que está constituída nesa Comandancia unha comisión de requisa de transportes militares, única autoridade competente para a requisa de vehículos, "quedando terminantemente prohibido tomar ni utilizar ningún coche particular por medio de requisa directa". Esta práctica de "requisa directa" foi común no espolio patrimonial dos elementos desafectos ao novo réxime nos primeiros meses da guerra e tamén posteriormente nos momentos subseguintes á ocupación de novas prazas polo exército rebelde.

[1233] Escrito que acompaña á relación de agrupacións integrantes da Fronte Popular (ca. 4843, f. Goberno Civil, AHPPo).

Considerando a practicamente nula documentación de confiscación de bens por motivos políticos seguindo as directrices marcadas polo Decreto núm. 108 e as accións violentas destinadas a anular ao inimigo político dos sublevados despregadas durante as primeiras semanas posteriores ao golpe, poderiamos razoar que a parca aplicación do Decreto núm. 108 en Galicia debeuse a que, en realidade, non facía falla: non había motivos que xustificasen a modificación dunha forma de operar que xa estaba funcionando correctamente. A persecución política —cos seus conseguintes castigos, tamén económicos— levaba tempo sendo executada por diferentes vías con evidente éxito pois, alén do axuizamento de persoas físicas mediante procedementos castrenses, en apenas cinco meses a lista de agrupacións desarticuladas na provincia ascende ás 175, das cales 14 eran do concello de Pontevedra[1234].

Á luz das fontes existentes, semella que a aprobación do Decreto núm. 108 non tivo, en aparencia, maior alcance en Pontevedra e non afectou ao traballo da xustiza de ámbito local e de partido. Unha parte das requisas facíase mediante vías non xurídicas, informando —como moito e no mellor dos casos— ás autoridades militares ou aos responsables locais de Falanxe. A este respecto referímonos novamente ao traballo de Prada, quen alude ao uso da requisa como método expeditivo, xustificado polas «circunstancias excepcionales que atraviesa la Patria», antes da promulgación do Decreto núm. 108[1235]. Unha das cousas que quedan claras aquí é que o uso do Decreto foi máis alá do seu estrito contido, e que se constituíu nun título que deu un suposto amparo normativo a actividades que rebordaban o previsto na norma, de modo que a súa promulgación non mudou esencialmente a situación anterior. Durante algún tempo —ou durante toda a guerra en certo modo—, invocar o Decreto núm. 108 foi invocar un xenérico *dereito a requisar*, en calquera circunstancia e por parte de calquera autoridade, que xa se viña exercendo anteriormente.

Non se trata de que, como ás veces se insinúa, o espolio fose un caos desorganizado aproveitado por algúns para axustar contas persoais ou enriquecerse, esquivando os controis das novas autoridades. Estes usos espurios sen dúbida existirían, pero non foron a norma. Mais tampouco é exacto pensar que o espolio, especialmente nos primeiros meses, foi organizado disciplinadamente dende un único centro de poder. Pola contra, houbo distintos centros de poder —autoridades militares operativas, autoridades militares colocadas á fronte de poderes locais, milicias e grupos paramilitares…— que exerceron actividades incautatorias de forma organizada pero non coordinada ou centralizada. Progresivamente, irán tomando protagonismo as autoridades militares —dos exércitos operativos na fronte, os gobernos militares na retagarda—, ou recobrando o control xerárquico da situación se se prefire, en detrimento das organizacións políticas e as súas milicias, como corresponde á campamentalización do Estado.

Por outra banda, a xurisdición castrense, principal instrumento violento e único mecanismo xurídico envorcado en exclusiva na persecución e castigo do inimigo durante os primeiros meses da contenda, contaba coa capacidade de exixir responsabilidades civís, aínda que non sempre se fixese. Existen, non obstante, excepcións, nas que as penas —capitais ou privativas de liberdade— eran acompañadas por considerables multas, inasumibles polos condenados en moitas ocasións; neses casos, a peza de responsabilidade civil está cosida á causa militar e é igualmente tramitada polo xuíz

[1234] Estas son *Agrupación Comunista*, *Agrupación Provincial del Partido de Unión Republicana*, *Agrupación Socialista «La Internacional»*, *Federación Socialista de la Provincia*, *Frente Izquierdista Juvenil*, *Grupo Galleguista*, *Juventud Comunista*, *Juventud de Izquierda Republicana*, *Juventud Socialista Mixta*, *Obrera de Divulgación Social*, *Partido de Izquierda Republicana*, *Partido Unión Republicana*, *Socorro Rojo Internacional* e *Unión Agraria Republicana.*

[1235] Prada, Julio: "«Todos se consideran …", 2018, pp. 197 – 225.

instrutor encargado do sumario. Este é, por exemplo, o caso da causa sumarísima da praza de Pontevedra núm. 1185/36, instruída contra José Rodríguez Pereira "Chinito", Pedro Franqueira "Chico Listo", Manuel da Silva Barbosa e Juan Blanco Agulla[1236]. Nela, o 22 de decembro do 36 o tribunal militar sentencia aos encartados a diferentes penas de prisión por delito de rebelión, considerando probado que os encartados entraran pola forza o 20 de xullo a unha vivenda na cidade de Pontevedra baixo o pretexto de rexistrala e tentar facerse cunha metralladora propiedade do Exército para enfrontarse aos sublevados. Alén das penas privativas de liberdade, a corte marcial exixe unha indemnización para o Estado —identificado expresamente co *Movimiento Nacional*— como vítima das súas actuacións. Así, o xuíz instrutor Francisco San Martín Carreño dispón o 28 de decembro de 1936 que se forme peza separada de responsabilidade civil para o embargo dos bens dos encartados, sendo obrigados a responder mancomunada e solidariamente da cantidade de 50.000 pesetas. Os acusados, non obstante, son declarados insolventes ante a imposibilidade de facer efectivo o abono das indemnizacións.

Na causa 1286/36 castígase aos seis acusados con diferentes penas privativas de liberdade e un pagamento de 100.000 pesetas en concepto de responsabilidade civil[1237]. Na xa mencionada e coñecida causa núm. 660/36, na que se condenan a dez dos homes máis importantes da capital, a desorbitada responsabilidade civil exixida ascende ao millón de pesetas[1238]. Pero un caso aínda máis interesante é o de Modesto David Pérez Estévez na causa 284/36, acusado de auxilio á rebelión por ter roubado un fusil da Sociedade de Tranvías de Pontevedra —onde traballaba o procesado— o 20 de xullo, presentándose no goberno civil con el «donde estuvo dispuesto a disparar, lo que no hizo por no haber recibido órdenes en tal sentido»[1239]. Ante iso, é sentenciado no consello de guerra celebrado o 10 de decembro de 1936 a reclusión perpetua por delito de rebelión militar, coa accesoria de interdición e inhabilitación absoluta perpetua e tendo que «indemnizar al Estado con *todos* los bienes *presentes y futuros*» en concepto de responsabilidade civil. A delirante resolución non cuantifica a responsabilidade civil á que o condenado ten que facer fronte, nin aínda en termos exorbitantes. O subtexto é claro e clarificador da racionalidade subxacente na esixencia de responsabilidades políticas: a responsabilidade dos inimigos de España é, sinxelamente, desmedida, inconmensurable, e xa que logo non pode ser medida nin cuantificada. A unha culpa inmensa corresponde unha responsabilidade igualmente inmensa: o culpable responde de todo, por todo e con todo o que teña ou poida ter. Na práctica, porén, acabarase certificando tamén a insolvencia do penado na peza separada tramitada polo comandante de Infantaría retirado Manuel Trigueros Plaza como xuíz instrutor e o capitán da mesma arma e condición Marcial Cadilla Fernández como secretario. Non podía ser, en realidade, doutro xeito: unha responsabilidade infinita nunca pode ser saldada.

Esta situación, con todo, muda a comezos de 1937, coa creación en xaneiro dese ano das Comisións Provinciais de Incautación de Bens. A partir de entón, os consellos de

[1236] O tribunal militar estaba formado polo tenente coronel de Infantaría Rafael González Fernández como presidente; os capitáns de Infantaría Segundo Cobas, José Noguerol e Antonio Ricote, o capitán de Carabineiros Ramón Díaz de Guevara, e o capitán da Garda Civil Gumersindo Salinas como vogais efectivos e Joaquín Otero Goyanes como vogal poñente; e o teniente auditor de primeira José Pérez Ardá como fiscal, quen solicitaba a cadea perpetua para os acusados. A defensa corría a cargo do tenente de Artillaría Julio Conde González. C/1185/36, folio 67 (ca. 1, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1237] C/1286/936 (ca. 13, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1238] C/660/36 (ca. 4, f. Pontevedra, AIMNOR).

[1239] Neste caso, o tribunal volvía estar presidido polo tenente coronel de Infantaría Rafael González Fernández; acompañado dos vogais capitáns de Infantaría Antonio Fontela Romero, Ricardo Martínez Martínez e Luis Gómez Pantoja, e capitáns de Artillaría Rafael Reyes Campos e Manuel Casal Castro; co tenente auditor Ramón Rivero de Aguilar como vogal poñente. José Pérez Ardá e Julio Conde volven ser, ao igual ca no anterior caso, fiscal e defensor respectivamente. C/284/36, folio 58 (ca. 13, f. Pontevedra, AIMNOR).

guerra xa non determinarán as responsabilidades civís dos delitos políticos nin farán a labor de pescuda dos bens dos acusados, quedando dita tarefa delegada en novos órganos. Un cambio na lóxica operativa que, non debemos esquecer, se produce no momento no que os sublevados asumen que a estratexia *blitzkrieg* non vai ter éxito e no que Falanxe está a mudar o seu discurso, afastándose daqueles supostos *excesos inevitables dos primeiros momentos* e exemplificando o xiro institucionalizador do grupo insurrecto, pese a que o seu protoestado aínda mantivese unha estrutura campamental ata o ano seguinte[1240].

Así as cousas, consideramos pertinente facer unha reflexión final con respecto ao ata agora visto antes de pasar ao seguinte epígrafe. O tema do Decreto núm. 108 e, en particular, da súa aplicación e eficacia en zonas que, como Galicia, xa estaban *pacificadas* e incorporadas á *España nacional* dende o momento do golpe é de grande interese; porén, en ocasións semella non entenderse con claridade. É importante comprendelo ben para decatarse de que, nun momento de creba da orde estatal, as forzas que se desatan actúan a través de procedementos extraordinarios, liberados de ataduras que se declaran obsoletas en tanto que pertencentes a unha caduca orde liberal; e que a conformación da nova orde estatal non só é normativamente precaria senón dotada de grandes doses de retórica. Ese uso retórico dunha normativa precaria, que se pode invocar para facer algo perfectamente distinto do previsto na norma pero coherente co seu propósito ou coa decisión que nela subxace —en definitiva o triunfo do decisionismo totalitario sobre o legalismo liberal— pode doadamente inducir a erros interpretativos.

É preciso actuar con sutileza para percibir non só a diferencia entre a norma e o seu uso —onde necesariamente hai unha descontinuidade, un salto no baleiro— senón a natureza puramente instrumental da norma cando esta é a mera exteriorización da vontade normativa do poder, desatada de trabas. Baixo este presuposto, a norma non di o que di, senón o que quere dicir quen a decide, e cando se aplica non se aplica outra cousa que esa vontade, que fala a través da norma pero alén dela porque non hai outra norma que a propia vontade providencial de quen está en disposición de decidir. De perder esta perspectiva, corremos o risco de incorrer en interpretacións erróneas ao tratar fontes documentais de natureza xurídica.

Así sucede, notoriamente, coas normas que organizaron o espolio dos vencidos, especialmente coa primeira delas, o Decreto núm. 108 da Xunta de Defensa Nacional, sobre cuxa aplicación penden todo tipo de equívocos porque a súa invocación se compadece moi mal co seu contido literal, especialmente no relativo á incautación de bens das persoas politicamente responsables pola súa oposición ao triunfo do alzamento militar. Neste punto hai que deixar constancia xa de que, aínda que o proceso de espolio dos vencidos foi único, operou necesariamente por vías diversas en función de se se refería ao patrimonio institucional das organizacións opostas ao golpe —que apenas dependía da súa ilegalización— ou ao patrimonio particular das persoas, afiliadas ou non a aquelas organizacións, leais á República —que exixía algún tipo de determinación da súa responsabilidade, por moi primario ou elemental que fose, xa que era preciso cando menos sinalar ou identificar aos desafectos—. Esta diferenciación aparece xa no Decreto núm. 108, que opera de modo diferente en ámbolos casos.

Feitas as anteriores precisións e entrando xa no contido e uso do Decreto núm. 108, primeira pedra de toque do proceso de organización do espolio, importa diferenciar nel tres contidos normativos distintos, que compren distintas funcións e operan de forma

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1240] Tussell, Javier: *Franco en la guerra civil. Una biografía política*, Barcelona, Tusquets, 2006 [1992], p. 81 e ss.

diversa na España *pacificada* e na *reconquistada polo avance das tropas*. A norma dispón tres cousas distintas:

a) Primeiro, a ilegalización e incautación de bens das organizacións ilegalizadas (arts. 1 e 2). O Decreto núm. 108 declara ilegais os partidos e agrupacións políticas ou sociais —enténdase, sindicatos— integradas no «llamado Frente Popular» e as demais que, sen estar integradas na Fronte Popular, se opuxeran ao «movimiento nacional» (art. 1), e dispón a incautación dos seus bens, en favor do Estado (art. 2). Esta incautación por decreto fai innecesaria a formación dunha causa xudicial ou expediente administrativo para determinar a responsabilidade destas organización, que se presume e está implícita na súa ilegalización, e por tanto fai tamén superflua a exixencia e cobro desa responsabilidade por mecanismos formais de embargo, poxa e adxudicación. A diferencia dos bens dos particulares politicamente responsables da súa lealdade constitucional á orde derrotada, os das organizacións ilegalizadas pasan por obra do decreto a ser de titularidade estatal. É máis, nas zonas controladas polo novo Estado xa estaban incautados, de modo que a norma unicamente dá cobertura legal a esa situación de feito; nas gañadas polo avance militar apenas resta tomar posesión deles, en aplicación da incautación xenérica que a norma decreta.

b) Segundo, a depuración do persoal público desafecto (arts. 3 e 4). O Decreto núm. 108 establece o principio de depuración do persoal público —funcionarios, pero tamén persoal de empresas subvencionadas polas administracións públicas ou concesionarias de servizos públicos— en razón das súas «actuaciones antipatrióticas o contrarias al movimiento nacional» (art. 3) e regula un sucinto procedemento para efectuar esa depuración (art. 4).

c) Terceiro, o embargo precautorio de bens para garantir responsabilidades políticas persoais por determinar (arts. 5 a 7). O Decreto núm. 108, finalmente, establece un novidoso —en tanto que non previsto na normativa procesual anterior— *embargo precautorio* dos bens non das asociacións ilegalizadas —que xa están incautados polo art. 2, o que fai innecesario o seu embargo— senón das persoas físicas «lógicamente responsables» de danos e prexuízos de toda clase ocasionadas pola súa oposición ao triunfo do *Movimiento Nacional*, para asegurar ou garantir as súas responsabilidades políticas, pendentes de declarar en procedementos futuros. Neste momento inicial aínda non está determinado se serán da xurisdición militar, da ordinaria, de procedementos administrativos desxudicializados ou dunha xurisdición especial de responsabilidades políticas. En realidade, todas estas vías van ser empregadas sucesivamente, agás a xurisdición ordinaria, cuxo papel no proceso de exixencia de responsabilidades políticas foi instrumental ou auxiliar das outras. Non podemos perder de vista que o que se establece neste primeiro momento non é aínda un procedemento de determinación de responsabilidades políticas, senón un embargo precautorio —chamémolo así, para diferencialo do embargo preventivo ordinario e porque a norma fala de «mecanismo precautorio»— que formalmente asegura responsabilidades futuras, pendentes de determinar no ámbito xurisdicional ou administrativo que corresponda. O mecanismo é tan sinxelo como contundente: os xenerais dos exércitos de operacións poderán tomar medidas precautorias para evitar posibles ocultacións de bens de persoas que pola súa actuación fosen «lógicamente responsables» dos danos e prexuízos de toda caste ocasionados pola súa oposición ao triunfo do *Movimiento* (art. 5). A tal efecto remitirán aos Xulgados de Primeira Instancia relacións de persoas e bens para que se decrete imperativamente o embargo preventivo destes (art. 6). Estas medidas precautorias levaranse a efecto aínda que os bens aparezan alleados ou gravados a favor de persoas

distintas dos supostos responsables, sempre que o alleamento ou gravame sexa posterior ao 19 de xullo (art. 7).

Á súa vez, estes tres contidos normativos teñen un alcance diferenciado:

a) O primeiro, isto é, a ilegalización de asociacións opostas ao golpe e incautación dos seus bens, rexe en toda a España baixo poder autoidentificado como nacional, tanto a *pacificada* como a conquistada ou por conquistar. Rexe, por tanto, tamén en Galicia. Pero en Galicia, así como nas zonas nas que o novo poder está consolidado por ter triunfado o golpe nos primeiros días, a eficacia da norma é meramente sancionadora —no sentido de sancionar como confirmar— ou refrendataria do que de facto xa se fixera. Porque, evidentemente, na España na que triunfara o golpe as asociacións que se opuxeran a el xa estaban de facto ilegalizadas ou formalmente suspendidas polos bandos de guerra, e os seus bens estaban de facto incautados todos eles: os máis, xa foran entregadas ás asociacións que apoiaban o golpe —especialmente *FET y de las JONS*, que ocupaba a maioría das *casas del pueblo* e locais das asociacións agora formalmente ilegalizadas—. De modo que este contido do Decreto núm. 108 aplícase en Galicia pero no exclusivo sentido de sancionar normativamente o que xa sucedera de facto mediante incautacións ordenadas ou amparadas polas novas autoridades militares locais. En Galicia non se incautou ningún ben por aplicación do novo Decreto: xa estaban incautados, e o que fai o Decreto é dar amparo normativo, máis propiamente que legal, a esas incautacións.

b) O segundo, sobre depuración de persoal, tamén rexe para tódolos territorios; pero, pola mesma razón, nas zonas *pacificadas* esa depuración xa se efectuara materialmente cando menos no caso das persoas máis significadas politicamente, que ou estaban mortas, ou fuxidas, ou presas. Enténdese que a depuración do funcionariado e traballadores asimilados opera na práctica en relación a persoas cunha significación relativamente secundaria, susceptibles de perder o posto de traballo porque aínda manteñen a vida ou a liberdade. Isto non obsta, dende logo, a que os procesos de depuración se acaben aplicando tamén a persoas que, de feito, estaba apartadas das súas funcións por medios máis imperativos, para formalizar a perda do dereito ao posto do que de feito estaban arredados. Pero isto —a depuración expeditiva polo encarceramento ou o fusil; no mellor dos casos, pola fuxida— vai suceder igualmente nas novas zonas *liberadas* a medida que avanzan as tropas alzadas, de modo que salvo no relativo a que este traballo de depuración xa estaba *adiantado* nas zonas controladas polo novo poder, este contido normativo ten unha vixencia xeral. Como vimos, estes dous arts. 3 e 4 do Decreto núm. 108 anticipan o que será a Lei de Depuración de Funcionarios Públicos de febreiro de 1939, que é o marco normativo, substitutivo deste, baixo o que se vai abordar dunha forma xa sistemática e organizada a depuración do persoal. De modo que o alcance deste anticipo foi limitado, xa que mentres dure a guerra, as necesidades desta —coa enorme mobilización da forza produtiva— adían os procesos de depuración de persoal, e a depuración máis urxente que na práctica se produce lévase a cabo nos máis dos casos mediante mecanismos máis expeditivos que os previstos nestes preceptos.

c) O terceiro, relativo ao embargo precautorio —que é o que agora nos interesa, pois tratamos das responsabilidades políticas—, máis que anticipar, prepara o que será a Lei de Responsabilidades Políticas de febreiro de 1939. Isto é no sentido de que o decreto non configura un procedemento de exixencia de responsabilidades políticas que logo vaia ser substituído por outro —máis elaborado ou sistemático— contido na nova lei, senón que establece un mecanismo precautorio para asegurar as responsabilidades que se determinen nun proceso futuro cuxa natureza aínda non está decidida. Logo veremos que este sucinto contido do Decreto núm. 108 foi alterado profundamente meses despois polo

Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937 que configurou un mecanismo de exixencia de responsabilidades políticas o cal si adianta —e non só prepara— a Lei de Responsabilidades de 1939. Pero polo de agora nos centramos no sistema primixenio do decreto.

Poñendo a lente, por tanto, no contido que antes resumimos dos arts. 5 a 7 do Decreto núm. 108, o máis importante é salientar que, aínda que as aproximacións historiográficas á materia non semellen ter en conta esta cuestión, o alcance funcional e territorial do procedemento de represión precautoria aquí contido non é xeral, senón que se concibe especificamente para asegurar dunha forma especialmente expeditiva as responsabilidades dos vencidos nas zonas *liberadas* polo avance das tropas rebeldes. Así resulta da análise do propio procedemento de adopción destes embargos precautorios, que introduce un singular mecanismo de colaboración entre a xefatura militar —encargada de elaborar as relacións de persoas e bens que, ao seu xuízo, sexan susceptibles de considerarse «lógicamente responsables» de danos producidos pola súa oposición ao triunfo do *Movimiento Nacional*— e os Xulgados de Primeira Instancia. A estes correspóndelles practicar os embargos dos bens incluídos nas indicadas relacións, sen que se prevea —porque non se concibe— a posibilidade de que eses embargos non se practiquen; de modo que a intervención xudicial non ten unha función garantista senón meramente executoria por razóns estritamente prácticas: son os xuíces os que teñen coñecementos técnicos para a práctica dos embargos, dos que carecen os xefes militares que, malia iso, son os que materialmente os deciden.

Pois ben, a confección desas relacións non corresponde xenericamente ás *autoridades militares*, senón especificamente aos «jefes de los Ejércitos de operaciones o los de columna o unidad a quienes éstos hayan instrucciones al efecto», é dicir, aos xefes operativos de unidades militares; e poderán facer uso desta insólita prerrogativa non en calquera lugar senón só especificamente «en las plazas ocupadas y que en lo sucesivo se ocupen». Disto concluímos que o mecanismo previsto nos arts. 5 a 7 do Decreto núm. 108 só resultaría de aplicación nas cidades e prazas tomadas polo Exército sublevado no seu avance, e non nas controladas de modo consolidado polas autoridades rebeldes, como é o caso de toda Galicia, cuxas prazas podemos argumentar que non foran *ocupadas*, senón que formaban parte da *nación nacional*, liberada do virus antinacional, dende o momento fundacional da *España renacida*, cando o *Alzamiento* expresa o suposto clamor da nación verdadeira. Este protagonismo da xefatura do Exército en armas, operando na fronte de guerra e non na *plácida* retagarda, no momento decisivo —a toma dunha praza— en que a orde estatal común está radicalmente en suspenso e todo poder está concentrado no mando militar, é un dato que revela, na súa nudez, o modo en que a violencia económica, o espolio, é un acto máis do triunfo militar.

Consideramos que esa é a razón de que resulte infrutuosa a busca de arquivos documentais dos Xulgados de Primeira Instancia das zonas baixo control consolidado golpista relativos á aplicación do procedemento aseguratorio de responsabilidades políticas previsto no Decreto núm. 108. Non existe en realidade tal aplicación e, ao respecto, non debe inducirnos a erro o feito de que, con certa frecuencia, se invoque expresamente o tal Decreto en relación con actuacións executivas encomendadas á xurisdición ordinaria que, en realidade, non están contempladas no texto da norma invocada. Nós temos identificado estas enganosas invocacións en dúas situacións diferentes:

a) Antes da publicación do Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937, para facer efectivas as responsabilidades civís declaradas por sentenzas ditadas en consellos de guerra. Suposto este que, por moito que se invoque o Decreto núm. 108, nada ten que ver

coa adopción dos embargos precautorios a instancia das xefaturas dos exércitos de operacións previstos na norma invocada. Neste suposto, nin os embargos son precautorios —senón executivos—, nin os solicitan os xefes operativos dos exércitos —senón os tribunais militares—, que en realidade tiñan, nese momento, competencia para executar os pronunciamentos sobre responsabilidade civil contidos nas súas sentenzas sen necesidade de acudir ao auxilio da xurisdición ordinaria. A razón de botar man dos xuíces ordinarios para practicar os embargos que aseguren as responsabilidades declaradas polos consellos de guerra nada ten que ver co mecanismo debuxado no Decreto núm. 108 senón que é máis arteira. Hai que considerar que, trala declaración do estado de guerra, a capacidade operativa do aparello xurídico-militar preexistente viuse amplamente desbordado e que a maior parte dos integrantes dos numerosísimos consellos de guerra que se forman neste momento tiñan unha escasa —cando non nula— competencia en materia legal, especialmente civil. A pericia da numerosa oficialidade mobilizada para constituír consellos de guerra que coñecían de xuízos alleos á materia castrense tiña máis que ver coa execución de civís indefensos —na que acreditaron unha eficiencia incuestionable— que coa execución de embargos. De modo que se acude á xustiza ordinaria para executar uns pronunciamentos civís efectuados por tribunais castrenses para os que estes, constituídos de modo urxente en tempos de guerra, estaban escasamente cualificados. Na terceira parte deste capítulo veremos con máis detalle un suposto no que, con invocación do Decreto núm. 108, os tribunais militares defiren á xurisdición ordinaria a práctica dos embargos para asegurar as responsabilidades civís[1241].

b) Despois da entrada en vigor do Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937, para realizar actuacións executivas previstas neste pero non no Decreto núm. 108, malia ser este e non aquel o que se invoca. Poñamos un exemplo, escollido ao chou: en *El Diario de Pontevedra* do 12 de agosto de 1937 aparece na páxina 3 un anuncio de poxa xudicial asinado polo Xuíz de Primeira Instancia da capital, Serapio del Casero, asistido do Secretario Jesús Cristín, no que se comunica a quen quixeran tomar a súa parte no espolio dos bens embargados aos irmáns Faustino e Alejandro Gama Casalderrey, en concreto «los efectos del comercio y demás enseres y existencias, del de ultramarinos que los ejecutados tenían establecido en la Plaza de San José, número 35 y Oliva 37». O expediente tramítase «a instancia del Gobierno Militar de la Plaza y Provincia de Pontevedra para aplicación del Decreto 108 de la Junta de Defensa Nacional». En realidade xa vimos que no tal Decreto nada se dispón sobre a execución dos embargos nin menos aínda da poxa dos bens embargados, senón que unicamente se establece un mecanismo especial de embargo aseguratorio que subsistirá «hasta la depuración de las responsabilidades criminales o civiles que se declaren». Aquí as responsabilidades xa están declaradas e os embargos son executados, mediante pública poxa, para o seu cobro. Non se aplica, por tanto, o Decreto núm. 108 senón o Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937 e as súas normas de desenvolvemento que, estas si, conforman unha peculiar (pseudo)xurisdición de responsabilidades políticas.

Por todo isto, concluímos que o Decreto 108 acabou por se converter nunha especie de tótem xurídico, nun lugar común na retórica forense cuxa invocación alude a un simple e irrestricto dereito de incautarse dos bens dos vencidos, máis implícito na intención da norma que limitado pola súa literalidade. Poñer por escrito «en virtud del Decreto núm. 108» é tanto como dicir *en virtude do dereito ao espolio que corresponde ao vencedor,* con plena independencia de que a incautación acordada se referise aos bens das organizacións ilegalizadas —que se prevía expresamente no art. 2 da norma— ou aos de particulares vencelladas a elas —respecto dos que literalmente a norma só dispuña, no

[1241] A causa vista será a número 994/36 da praza militar de Tui.

art. 5, un embargo precautorio ordenado exclusivamente polos xenerais dos exércitos de operacións—. Para equívoco de quen non teña isto en conta, a recorrente invocación do Decreto 108, incluso cando este xa fora deixado obsoleto polas normas posteriormente ditadas, é simplemente a do dereito ao espolio que outorga a vitoria. Un dereito que, xa antes de que se artellaran mecanismos institucionais que o organizasen, viña sendo realizado mediante procedementos menos formais e máis expeditivos que ían do mero roubo ou saqueo ao uso exorbitante do expediente da requisa, frecuentemente *directa* e executada non só polas diversas xefaturas do Exército regular senón tamén polas milicias partidarias, tanto na fronte como na retagarda. A utilización espuria da requisa militar fai imposible o rastrexo nas fontes xurisdicionais duns mecanismos de incautación que se subtraen a calquera forma efectiva de control desta natureza. O único control xurisdicional que cabería sería o dos tribunais militares, que nin resulta oportuno —pola mingua que implicaría da capacidade operativa dos exércitos e das milicias— nin é viable —pola aplicación dos tribunais castrenses a unha inxente tarefa de axuizamento dos vencidos que absorbía tódalas súas capacidades—. No caso das persoas desafectas ao novo poder, a posibilidade de acudir aos tribunais militares para protexerse fronte as requisas é ilusoria. Cando os abusos comprometen o patrimonio de persoas non desafectas, as protestas tampouco se producen na vía xurisdicional senón elevando queixas ás autoridades militares, que ocasionalmente se fan eco delas mediante chamamentos a que cesen as «requisas directas» efectuadas por persoas alleas ás Comandancias Militares —o que é indicativo de que era común que as houbera—. A eficacia destas admonicións, cando se produciron, foi limitada e a práctica das requisas irregulares persistiu durante todo o período bélico, como o demostra que o 9 de setembro de 1939, finalizada a guerra, se promulgase un decreto prohibindo as requisas e incautacións non axustadas á normativa que as regula. Se se prohibiron é porque se seguían producindo.

8.1.2. O Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937 e as súas normas de desenvolvemento: as Comisións Provinciais de Incautación de Bens (1937 – 1939)

Para, supostamente, desenvolver o magro contido do Decreto núm. 108 e así alcanzar a «finalidad atinada y justa perseguida» por este, publícase o 11 de xaneiro de 1937 un novo Decreto-Lei, sen número, datado o día 10, «instituyendo una Comisión Central administrativa de bienes incautados por el Estado» (CCABIE); dependentes desta crea tamén unhas Comisións Provinciais de Incautacións de Bens (CPIB)[1242].

[1242] «Decreto-Ley Instituyendo una Comisión Central administrativa de bienes incautados por el Estado», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 83, 11/01/1937, pp. 82 – 84. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/083/A00082-00084.pdf [últ. consulta o 09/05/2022]. Prescindimos da confusa cuestión da relación xerárquica entre os novos decretos-lei do Goberno do Estado (como este de 10 de xaneiro) e os vellos decretos numerados da Xunta de Defensa Nacional (como o 108). No sumario do BOE (que dende outubro de 1936 substitúe ao anterior *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*) van diante os decretos-lei, o que suxire superioridade xerárquica. Pero no artigo adicional do Decreto-Lei que nos ocupa fálase do "presente Decreto y del ciento ocho", equiparándoos en rango normativo. En realidade, no tránsito do goberno da Xunta de Defensa Nacional que preside Cabanellas ao Goberno do Estado Español que preside Franco, logo da disolución da primeira polo Decreto núm. 138, de 29 de setembro, os decretos de contido normativo xeral, que fan as veces de lei sen selo, pasan a ser denominados decretos-lei, sen numerar, e os numerados (continuando a serie que inaugurara a Xunta de Defensa Nacional) teñen a inmensa maioría carácter particular (ascensos, nomeamentos, ceses, etc.) e algúns contido regulamentario. Pero non existe diferencia de rango entre os novos decretos-lei e os vellos decretos numerados da extinta Xunta cando tiñan contido normativo, como o 108. Trátase apenas de dar, no sucesivo, unha aparencia de lei a normas que propiamente non son tales por non emanar dun órgano lexislativo senón da presidencia do novo goberno, igual que os decretos ordinarios (numerados).

Aparentemente, a nova norma limítase a desenvolver o Decreto núm. 108, nos termos previstos no artigo adicional deste[1243]. Pero, en realidade, o novo Decreto-Lei vai moito máis alá de desenvolver os arts. 5 a 7 do anterior Decreto e, de feito, altera profundamente o sistema de aseguramento das responsabilidades políticas dos vencidos contido na anterior normativa. O que fai é crear unha caste de (pseudo)xurisdición desxudicializada, agora si de alcance xeral, para a exixencia e non só o aseguramento das responsabilidades políticas dos elementos desafectos ao novo Estado. Canda esta (pseudo)xurisdición desxudicializada mantéñense, para as prazas de nova ocupación polo avance dos exércitos, unhas prerrogativas de actuación «precautoria» a cargo dos xefes militares das unidades operativas (art. 3), na liña do anteriormente previsto no Decreto núm. 108 pero, en coherencia coa desxudicialización do proceso, sen a intervención dos Xulgados de Primeira Instancia que antes se contemplaba. Temos, pois, dous réximes de exixencia de responsabilidades políticas:

a) Por unha parte, un réxime singular, de carácter transitorio e alcance meramente preventivo, para as prazas de nova ocupación polo avance da guerra nas que os xefes dos exércitos operativos continúan tendo a posibilidade de adoptar medidas precautorias encamiñadas a evitar a ocultación ou desaparición de bens dos desafectos «lógicamente responsables» pola súa oposición ao triunfo do *Movimiento Nacional*[1244]. Estes xefes operativos xa non se limitan a elaborar relacións de persoas e bens para remitir ao Xulgado de Primeira Instancia, senón que forman inventario e designan administradores provisionais, que actúan en tanto non se fai cargo da situación a CPIB. Desaparece, por tanto, a intervención dos Xulgados de Primeira Instancia para realizar os embargos precautorios previstos na anterior normativa, na liña desxudicializadora do novo sistema.

b) Pero o que resulta máis novidoso é o establecemento dun réxime xeral, aplicable a todo o territorio controlado polos golpistas e sen precedente no Decreto núm. 108. Xa non é un sistema de aseguramento de responsabilidades a determinar nunha futura resolución —xurisdicional—, senón de efectiva determinación e execución administrativo-militar —non propiamente xurisdicional, por tanto— das responsabilidades pecuniarias en que terían incorrido os opositores á sublevación polo feito de se teren mantido fieis á orde constitucional. As pezas sobre as que xira este peculiar enredo pseudoxurisdicional —mais non as que toman a última decisión, como veremos, o que resulta un contrasentido incluso para unha (pseudo)xurisdición— son as citadas CCABIE a nivel central e CPIB a nivel provincial.

Importa destacar que, contra o que ás veces se afirma, a diferencia entre ámbalas Comisións non é só xerárquica ou relativa ao ámbito territorial senón que implica a distinta orixe dos bens incautados, asumindo a CCABIE a competencia en relacións á administración do espolio das entidades, agrupacións e partidos declarados fóra da lei polo Decreto núm. 108 —é dicir, o patrimonio institucional—, mentres que as CPIB se ocupan da realización do espolio infrinxido aos particulares en razón da súa pretendida responsabilidade política —é dicir, o patrimonio particular das persoas que se mantiveron, e *por manterse*, fieis á legalidade republicana—. A diferenciación ten sentido, xa que o espolio particular está destinado a ser poxado para convertelo en efectivo co que satisfacer as supostas responsabilidades civís, mentres que o patrimonio

[1243] Este establecía: "Para el desarrollo definitivo de las disposiciones contenidas en el presente Decreto, se dictarán las oportunas normas".

[1244] Resulta, por certo, significativo que, do Decreto núm. 108 (de setembro de 1936) e o Decreto-Lei (de xaneiro de 1937), a referencia ao proceso insurreccional pasa de ser "movimiento nacional" a "Movimiento Nacional", o que é mostra moi temperá da progresiva institucionalización do novo réxime. Pensemos en que aínda non se producira o Decreto de Unificación do que xurde o partido único, nin menos aínda se conformara a trama organizativa que, en detrimento do peso específico do partido único, se acabaría coñecendo como *Movimiento Nacional*.

institucional das organizacións —singularmente a súa extensísima rede de locais— vai destinarse directamente aos fins propios do novo Estado e do seu partido. De feito, como sabemos, o principal beneficiario deste espolio institucional foi *FET y de las JONS*, neste primeiro momento, e, posteriormente, a organización sindical do réxime.

A CCABIE —recordémolo, *Comisión Central Administrativa de Bienes Incautados por el Estado*—, por tanto, ten amplísimas funcións de administración dos bens incautados ás organizacións ilegalizadas, con capacidade para investigar os bens que non estivesen xa apropiados e ocupalos sen necesidade de formar expediente algún, pero non participa directamente no proceso de incautación para a satisfacción das responsabilidades políticas individuais. Con todo, senllos espolios constitúen un proceso integrado e a CCABIE actúa como elemento de centralización do sistema, en representación do Estado, asumindo a función de comparecer en xuízo —en relación de calquera tipo de ben, tamén dos incautados polas Comisións Provinciais— cando fose preciso, asistida e representada polo avogado do Estado, e recibindo o efectivo produto da realización dos bens incautados —tamén, e sobre todo, polas Comisións Provinciais— respecto dos que mantén a condición de executante, segundo van aclarar as normas posteriores ditadas para desenvolver o sistema, ás que logo aludiremos. É dicir, a CCABIE é a clave de bóveda do sistema, por máis que o protagonismo na exixencia de responsabilidades políticas corresponda ás Comisións Provinciais. Como establece o art. 1, a CCABIE está:

> …formada por un Intendente actuarial o Intendente, un Registrador de la Propiedad, un Abogado del Estado, un Notario, que desempeñará las funciones de secretario y las demás personas que estime necesarias el Presidente de la Junta Técnica, quien hará el nombramiento de todos ellos, incluso el del Presidente de la Comisión.[1245]

Nótese a ausencia de calquera membro procedente da carreira xudicial, en coherencia co carácter puramente administrativo do órgano. Os primeiros integrantes da CCABIE, constituída en Burgos o 20 de xaneiro dese ano, foron o rexistrador da propiedade Julián Sevilla y Martínez de Pinillos, o intendente Ramón Ortega Hergueta, o notario Cruz Usatorre y Gracia como secretario da comisión e o avogado do Estado Germán Prior Untoria como presidente da mesma[1246].

As CPIB, pola súa parte, estableceríanse en cada capital de provincia e estarían integradas polo gobernador civil como presidente, un maxistrado de Audiencia e un avogado do Estado, que actuará como secretario (art. 3)[1247]. O primeiro é membro nato, en razón do seu cargo, e os outros dous son nomeados polo presidente da Xunta Técnica do Estado. A presenza dun maxistrado non desminte o carácter administrativo do órgano, xa que nel o maxistrado non exerce a xurisdición senón que aporta o seu coñecemento técnico como perito en materia xurídica, igual que o avogado do Estado ou —na

[1245] «Decreto-Ley Instituyendo una Comisión Central administrativa de bienes incautados por el Estado», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 83, 11/01/1937, pp. 82 – 84. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/083/A00082-00084.pdf [últ. consulta o 09/05/2022].

[1246] «Orden.- Designando los señores que habrán de componer la Comisión administradora de bienes incautados, con arreglo al Decreto-ley de 10 del actual», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 94, 22/01/1937, p. 178. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/094/A00178-00178.pdf [últ. consulta o 09/05/2022].

[1247] Fixémonos que di maxistrado "*de* Audiencia" e non "*da* Audiencia". Este sutil matiz admite a posibilidade de que o designado sexa un maxistrado da Audiencia Provincial, e non da Territorial, en coherencia co carácter provincial da Comisión. Na terminoloxía da época, as Audiencias sen máis son as territoriais, non as provinciais. Estas, como recordaremos do capítulo 5, aínda eran consideradas "audiencias do criminal", é dicir, tribunais de axuizamento dos sumarios por delito instruídos polos Xulgados de Instrución, cun carácter inicialmente infraprovincial. Só co tempo as Audiencias Provincias adquiriría competencia civil como instancia superior aos Xulgados de Primeira Instancia e Instrución. Admitir que un maxistrado da Audiencia Provincial fose designado integrante da CPIB facilita a constitución e funcionamento desta, xa que dificilmente podería funcionar cun maxistrado da Audiencia Territorial nas capitais de provincia nas que esta non ten sede (en Galicia, todas agás A Coruña).

USC

Comisión Central— o notario e o rexistrador. A intervención dun membro da carreira xudicial non implica xurisdicionalidade cando, como é o caso, o maxistrado designado administrativamente actúa fóra do órgano no que se exerce a xurisdición. A función da CPIB é declarar administrativamente —non xurisdicionalmente: por se houbese dúbida, o art. 6 emprega exactamente esta expresión— a responsabilidade civil dos opositores ao triunfo da sublevación, a través dun procedemento regulado no citado art. 6 do Decreto-Lei.

O procedemento diríxese contra a persoa «lógicamente responsable» de actos contrarios ao triunfo do golpe e instrúese como expediente administrativo por un xuíz instrutor «que deberá ser Jefe u Oficial del Ejército o funcionario de la carrera judicial». Novamente, a posibilidade de que o instrutor poida ser un xuíz ou maxistrado non debe levar á confusión de que exerza xurisdición. O chamado *xuíz instrutor* —sexa oficial do Exército ou membro da carreira xudicial—non é senón un instrutor dun procedemento administrativo, como o é calquera funcionario que instrúa calquera procedemento administrativo sancionador. O obxecto do expediente é «declarar administrativamente la responsabilidad civil que se deba exigir», «sen perjuicio del procedemento judicial [logo este non o é] que en su caso pueda incoarse para exigirse la correspondiente responsabilidad criminal» —que na inmensa maioría dos casos será un procedemento militar; pero que pode non haber porque a responsabilidade política é máis ampla que a penal no espectro da poboación á que se dirixe—. O Decreto-Lei non o di, pero tratándose de declarar administrativamente unha responsabilidade logo da instrución dun expediente no seo da CPIB dá a impresión de que será esta a que declare a responsabilidade, xa que no deseño administrativo que fai o Decreto-Lei non hai outro órgano que asuma esta competencia. Logo veremos que, sorprendentemente, non é así.

Antes deixamos constancia do resto do contido normativo do Decreto-Lei, que ten certo interese para comprender o deseño deste primeiro intento de organización do espolio. Por unha banda habilita, en termos moi restritivos, a vía para que os particulares eventualmente prexudicados polas actividades incluídas no ámbito da norma reclamen a indemnización que lles corresponda perante a xurisdición civil ordinaria (art. 9), xa que nesta (pseudo)xurisdición administrativa só se depuran os prexuízos causados á nación encarnada como «movimiento», de modo que os fondos obtidos se destinan a «fins estatales» segundo recorda o art. 12; e, pola outra, regula, igualmente en termos moi restritivos, a posibilidade de que terceiros prexudicados polas incautacións poidan reclamar o seu dereito mediante as correspondentes terzarías (art. 11)[1248].

Mais á parte disto, o máis significativo é que no sucesivo no se deberían producir ocupacións de bens ou declaracións de responsabilidade por autoridades ou procedementos distintos dos previstos na norma (art. 10), e que tamén no sucesivo os tribunais militares ou ordinarios que coñezan de procedementos criminais contra os opositores ao *Movimiento Nacional* absteranse de determinar a contía da responsabilidade

[1248] As terzarías, de dominio ou de mellor dereito, son mecanismos polos que un terceiro, distinto do debedor, fai valer o seu dereito de propiedade sobre un ben embargado ao debedor (enténdese que indebidamente, por non ser en realidade deste senón do terceiro [terzaría de dominio], ou un dereito sobre o ben que é preferente sobre o que se pretende realizar co embargo [terzaría de mellor dereito]). Estaban reguladas nos arts. 1532 e ss. da LAC de 1881, vixente daquela. O Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937 regulaba, para estes casos de incautación, os termos en que se podían facer valer as terzarías por "las personas que se crean asistidas de algún derecho sobre los bienes de referencia" (art. 11), é dicir, sobre os bens incautados. Xa que non se establece que dereito distinto do dominio pode ser preferente ao do Estado a resarcirse, o suposto máis común de terzaría que se pode facer valer é a de dominio: que o ben embargado non sexa do debedor politicamente responsable. Pero o procedemento de terzaría que se regula non é xurisdicional nin se atén ás normas da LAC, segundo aclara a Orde que desenvolve o Decreto-Lei: tramítase perante a CCIBE e resolve a Xunta Técnica del Estado. Apréciase desconfianza cara os órganos xurisdicionais, máis susceptibles de acoller fórmulas xurídicas de elusión do embargo mediante o emprego da terzaría.

USC

civil dos procesados, derivando este pronunciamento aos mecanismos específicos creados pola nova norma (art. 8). Vemos aquí unha manifestación temperá dunha tensión entre a compoñente militar —tamén das milicias civís, neste momento— e a compoñente civil ou administrativa que habería de marcar toda a evolución institucional do Estado franquista. Crear un novo Estado a partir dun alzamento insurrecto que aspira á demolición dunha vella orde declarada caduca e obsoleta implica organizar administrativamente a forza depurativa do alzamento, o que resulta intrinsecamente problemático porque a milicia recea da burocracia. Estamos aínda na lóxica máis pura daquel Estado campamental e o peso da milicia imponse sen reservas: tanto da profesional, a dos xenerais e xefes que aspiran a dirixir non só a guerra senón a construción da nova orde, como doutras milicias *políticas* coas que aquela mantén unha relación ás veces tensa[1249].

O triunfo do momento militar sobre o administrativo conságrase nas normas de desenvolvemento do Decreto-Lei de 10 de xaneiro, contidas nunha Orde da Presidencia da Xunta Técnica do Estado da mesma data[1250]. O contido das normas é de dous tipos. Unhas fan relación á incautación de bens das organizacións ilegalizadas e por tanto tenden a aplicar a función de administración dos mesmos que corresponde á CCABIE[1251]. Outras, que son as que agora máis nos interesan, refírense á declaración de responsabilidades das persoas opostas ao triunfo do *Movimiento Nacional*. Entre elas, a norma terceira desenvolve o procedemento de determinación das responsabilidades previsto no art. 6 do Decreto-Lei[1252]. Non é preciso deterse nos detalles das regras sobre a tramitación do expediente contidas nesta norma terceira. Baste sinalar, para facernos unha idea da natureza do procedemento, que o núcleo da pescuda do xuíz instrutor consiste en reclamar informes do «presunto culpable» —véxase que non hai lugar a artificios retóricos sobre presunción de inocencia— «al Presidente de la Comisión gestora municipal, Comandante del puesto de la Guardia civil y a las demás Autoridades que estime oportuno». Este «presunto culpable» non ten outra intervención que a de recibírselle declaración, «si fuere posible».

Rematada a instrución do expediente, remítese á CPIB que, curiosamente, non o resolve senón que o eleva xunto co seu informe ao «General de División, Comandante General o General en Jefe del Ejército de África respectivo», é dicir, á autoridade militar

[1249] Nomeadamente, o falanxismo, que concibe a vida e a política como milicia, e o tradicionalismo carlista, que se concibe como unha milicia de Cristo; ambas xa actuando con carácter paramilitar, tanto na fronte como na retagarda.

[1250] «Orden.- Dictando normas para la aplicación de los Decretos número 108 de la Junta de Defensa y Decreto-ley de 10 del actual sobre incautación de bienes pertenecientes a las entidades de carácter político», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 83, 11/01/1937, pp. 86 – 87. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/083/A00086-00087.pdf [últ. consulta o 09/05/2022].

[1251] En concreto, a norma primeira contén unha nova relación de organizacións ilegalizadas polo Decreto núm. 108, cuxos bens foron declarados incautados. As organizacións que explicita a norma son: "Izquierda Republicana, Unión Republicana, Confederación Nacional del Trabajo, Unión General de Trabajadores, Partido Socialista Obrero, Partido Comunista, Partido Sindicalista, Sindicalistas de Pestaña, Federación Anarquista Ibérica, Partido Nacionalista Vasco, Acción Nacionalista Vasca, Solidaridad de Obreros Vascos, Esquerra Catalana, Partido Galleguista, Partido Obrero de Unificación Marxista, Ateneo Libertario, Socorro Rojo Internacional y cualesquiera otras entidades, agrupaciones o partidos filiales o de análoga significación a los expresados, a juicio de la Junta Técnica del Estado". A norma segunda contempla instrucións dirixidas aos Delegados de Facenda, bancos, caixas de aforro, corporacións, sociedades, empresas e todo tipo de persoas xurídicas así como aos rexistradores da propiedade para que remitan á Comisión de Xustiza da Xunta Técnica a información pertinente dos bens das organizacións ilegalizadas, para proceder á incautación xa decretada do seu patrimonio.

[1252] Aínda que, nunha evidente gralla, a norma se refira ao "expediente prescrito en el artículo 6º del Decreto número 153". Este Decreto 153 apareceu no BOE do 3 de xaneiro e regulaba o ascenso dos tenentes coroneis a coroneis sen necesidade de levar dous anos de emprego e só tiña dous artigos. En realidade, cremos que se quixo dicir Decreto número 108, cuxo art. 6 remitía a unha futura determinación de responsabilidades que se vai concretar no expediente regulado no Decreto-Lei de 10 de xaneiro, tamén como vimos no art. 6. Non cabe dúbida de que é este o que se desenvolve, aínda que a técnica xurídica sexa, como ben se ve, abondo defectuosa.

que en cada caso corresponda. Esta é a que, previo informe dos seus auditores, decide o proceso, «sin ulterior recurso», declarando a responsabilidade e fixando a súa contía. Declarada esta, remítese testemuño do necesario ao presidente da Audiencia —Territorial— para que «ejecute el acuerdo», podendo delegar en «cualquiera [non ten que ser xurisdicionalmente competente] funcionario de la carrera judicial». De feito, foron os Xulgados de Primeira Instancia do lugar no que se atopaban os bens os que habitualmente executaron os acordos das autoridades militares sobre responsabilidades.

Así sucedeu en Pontevedra, onde os expedientes para a poxa dos bens embargados aos elementos declarados responsables se tramitaban no Xulgado de Primeira Instancia da cidade e partido, «a instancia del Gobierno Militar de la Plaza y Provincia». Así foi visto antes, ao tratar da dubidosa aplicación do Decreto núm. 108, reflectido na publicación na prensa local dos anuncios de poxa dos bens embargados. O feito de que non atopemos nos fondos do Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra no AHPPo estes expedientes, dos que temos constancia pola publicación en prensa dos anuncios de poxa, abonda dende a nosa perspectiva en que, neste proceso de exixencia de responsabilidades previo á creación da xurisdición especial de 1939, a intervención dos xulgados é puramente instrumental e non xurisdicional: non exercen a xurisdición, senón que actúan como executores de mandatos da autoridade militar.

Imaxe 40. Proceso de resolución dos expedientes de incautación de bens (1937 – 1939)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vemos así como o que no decreto-lei se concibe como unha (pseudo)xurisdición administrativizada —exercida non por tribunais, nin sequera especiais, senón por comisións administrativas— nas normas da orde que o desenvolve se desdebuxa nun confuso enredo que é:

a) Eventualmente militar na iniciativa, especialmente nas zonas de avance do exército rebelde, en virtude do mantemento da adopción de medidas precautorias por parte dos xefes dos exércitos operativos. Esta iniciativa militar precautoria non se dá, normalmente, nas zonas controladas de modo consolidado polas novas autoridades.

b) Administrativo na instrución do expediente, no seo da CPIB.

c) Militar na súa resolución.

d) Xudicial —que non xurisdicional, xa que a actuación xudicial se concibe aquí como acto debido e á marxe da competencia xurisdicional— na execución do acordo militar.

Este triunfo do momento militar sobre o momento administrativo non contentou as pretensións das xefaturas militares, especialmente sensibles á privación de competencia dos consellos de guerra en orde á determinación das responsabilidades civís dos procesados. Derivou isto na existencia dun certo reparo entre un sector dos altos mandos rexionais do Exército, que se opuñan ao novo proceso burocrático implantado polo Estado e que recortaba algunhas das atribucións que ata o momento foran exclusivamente militares. Non importaba que seguise recaendo sobre eles a capacidade última de decisión en todo o proceso, coa excepción da propia Xunta Técnica do Estado e, polo tanto, do xeneral Franco; a acumulación de poder deste era o que realmente desafiaban.

Álvaro Dueñas identifica estas resistencias na cesión de potestades en territorios de gran importancia para os golpistas dende o primeiro momento, como Andalucía, Aragón e Baleares[1253]. Alí, indica o autor, as autoridades militares ignoraron durante longos meses a normativa que introducía o novo Decreto-Lei de xaneiro do 37 e mantiveron os organismos de natureza militar encargados das incautacións patrimoniais que operaran ata entón. Un período de tempo nada desdeñable tendo en conta que as Comisións Provinciais serán substituídas pouco despois, ao longo de 1939, por Xulgados Instrutores dependentes dos Tribunais Rexionais de Responsabilidades Políticas. Alomenos, en teoría.

8.2. O Xulgado Instrutor de Responsabilidades Políticas (1939 – 1942/5)

8.2.1. A Lei de Responsabilidades Políticas e a nova política xudicial do franquismo

O 9 de febreiro de 1939 era aprobada a Lei de Responsabilidades Políticas (LRP) e publicada no BOE catro días despois[1254]. A LRP introduce por primeira vez algo que xa

[1253] Álvaro Dueñas: *«Por ministerio de…*, 2006, p. 82.

[1254] «Ley de Responsabilidades Políticas», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 44, 13/02/1939, pp. 824 – 847. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/044/A00824-00847.pdf [últ. consulta o 11/05/2022]. O estudo máis detallado e explicativo desta atopámolo en Álvaro Dueñas: *«Por ministerio de…*, 2006, pp. 84 – 121. De forma máis concisa, ver tamén o traballo de Cenarro, Ángela: "La Ley de Responsabilidades Políticas", en Casanova, Julián; Cenarro, Ángela (eds.): *Pagar las culpas. La represión económica en Aragón (1936 – 1945)*, Barcelona, Crítica, 2014, pp. 23 – 37; en xeral, todo o libro resulta de interese para aproximarse ás diferentes arestas da violencia económica xudicializada.

se pode chamar unha xurisdición —aínda que sexa especial ou, máis ben, *especialísima*—, para a depuración das responsabilidades dos vencidos, por canto, como recordaremos, o anterior sistema artellado no complexo normativo do Decreto núm. 108 e o Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937 non tiña verdadeiro carácter xurisdicional. Malia o interese da cuestión, prescindimos aquí por desbordar o ámbito da nosa aproximación, de se resulta adecuado atribuír a esta de responsabilidades políticas o carácter de verdadeira xurisdición. Admitimos que o é no estrito senso de que opera cun sistema de tribunais, non meras comisións administrativas, que xulgan e fan executar o xulgado e que se organizan xerarquicamente cun réxime de competencias e recursos —estes, limitadísimos— que remedan o rque comunmente se considera unha orde xurisdicional. Pero a súa pegada administrativa —que se pon de manifesto na súa dependencia do goberno, na composición e provisión de prazas nos tribunais, ou en que estes non instrúan causas ou procesos xudiciais senón expedientes— é tan grande que casa moi mal co que no contexto dun Estado moderno se considera unha xurisdición, incluso especial. Conveñamos en que, como moito, é unha (pseudo)xurisdición *especialísima*, alomenos na súa conformación inicial. Logo veremos que en 1942 foi reformada, alixeirándose o peso administrativo e reforzándose a xurisdicionalidade.

Nunha coñecida expresión de Juan Cano Bueso, a nova lexislación constituía unha *monstruosidade xurídica*[1255]. Non só mantiña a vulneración de dereitos procesuais das anteriores normativas, senón que as acentuaba: aumentaba a casuística de feitos que derivaban en responsabilidades, retrotraía as punibilidade das accións ata o 1 de outubro de 1934 —incluíndo os períodos subversivos das folgas de outubro do 34 e o goberno da Fronte Popular—, baixaba aos 14 anos a idade para ser sancionado —aínda que a idade penal mínima era 16 anos—, autorizaba o procesamento de persoas xa falecidas —trasladando ás súas familias as consecuencias sancionadoras da conducta política do falecido—, incumpría o precepto de *non bis in idem* permitindo xulgar o mesmo delito en dúas ocasións —pola xurisdición militar, por exemplo, e a de Responsabilidades Políticas—, e comprendía a perda da nacionalidade española entre as posibles penas[1256].

A LRP supón un antes e un despois na política xudicial do bando sublevado principalmente por tres motivos. Por un lado, culmina o proceso de violencia económica regulada que iniciara o Decreto núm. 108 e profundara o Decreto-Lei do 11 de xaneiro de 1937, perfeccionando as súas atribucións e amplificando o seu alcance. Introducía ademais un concepto novo, o de *responsabilidades políticas*, ata entón meramente implícito no concepto de responsabilidades civís polos danos e prexuízos ocasionados pola oposición —evidentemente política— ao triunfo do *Movimiento Nacional*. A este respecto, nos debates do proxecto de lei, o propio ministro de Xustiza, o tradicionalista conde de Rodezno, Tomás Domínguez Arévalo, obxectara que a denominación de Responsabilidades Políticas non era a máis acaída e debería ser substituída por algo como «Ley de reparaciones civiles al Estado Nacional», pois este título recollía mellor o carácter *reparador* e *non punitivo* da lexislación[1257]. Sexa como for, o certo é que a lei acabou chamando ás cousas polo seu nome: non eran tempos de eufemismos, senón de actuar sen complexos na lapidación do inimigo, santificada por estar *no lado correcto da historia*, que non era outro que o que se sinalaba como fascismo. A retórica das bandeiras vitoriosas ten sempre ecos familiares.

[1255] Cano Bueso, Juan: *La política judicial del régimen de Franco (1936 – 1945)*, Madrid, Centro de Publicaciones del Ministerio de Justicia, 1985, p. 93.
[1256] Lanero Táboas, Mónica: *Una milicia de la justicia. La política judicial del franquismo (1936 – 1945)*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales, 1996, p. 329.
[1257] Álvaro Dueñas: *«Por ministerio de…*, 2006, pp. 89 – 90.

Mais, á marxe desta novidade proclamada no seu título, a importancia da LRP reside, sobre todo, en que inaugura a primeira xurisdición propia do franquismo. Ata entón, os sublevados empregaran a orde xurídica republicana e liberal, deturpándoa ata o extremo en prol dos seus intereses. O estado de guerra permitíralles transformar mediante mecanismos legais —que non lexítimos— o tradicional reparto de poderes xurisdicionais en beneficio da castrense, mais este fenómeno non era inaudito, como analizamos no anterior capítulo; a innovación radicaba na finalidade perseguida pola administración de xustiza, neste caso, de eliminación *física* do inimigo político, a súa *desintegración* como grupo social. Pero coa LRP avánzase un novo e importante chanzo no proceso de institucionalización do Estado franquista, coa certeza de que a resolución da guerra civil era practicamente inmediata trala conquista de Barcelona e das demais provincias catalás:

> Próxima la total liberación de España, el Gobierno, consciente de los deberes que le incumben respecto a la reconstrucción espiritual y material de nuestra Patria, considera llegado el momento de dictar una Ley de Responsabilidades Políticas, que sirva para liquidar las culpas de este orden contraídas por quienes contribuyeron con actos u omisiones graves a forjar la subversión roja, a mantenerla viva durante más de dos años y a entorpecer el triunfo providencial e históricamente ineludible, del Movimiento Nacional …[1258]

Alén do que o conde de Rodezno argüíse, na liña do preámbulo da lei onde se incide repetidamente na súa natureza correccional en prol da convivencia nacional, os obxectivos últimos da LRP eran obscenamente opresivos. A literatura especializada non consensúa que intencionalidade era a principal, pero si coincide na vontade da LRP de castigar desmedidamente a politización social de esquerdas —en tanto que *antipatriótica*— á vez que se aseguraba unha fonte de ingresos para unhas arcas públicas moi necesitadas de fondos despois de case tres anos de conflito e en vistas dunha profunda reforma do Estado.

Non obstante, a extensa lista de supostos delituosos acabou por saturar a xurisdición, algo que xa pasara coa CCABIE e as CPIB, contrariando o seu afán axilizador e obrigando posteriormente á redución dos supostos de responsabilidade; asemade, as sancións económicas acotío non eran realistas e chocaban coa insolvencia dos acusados, o que na práctica puña trabas ás incautacións e, en definitiva, á eficiencia do proceso[1259]. Con todo, esta práctica tan pouco eficaz dende o punto de vista recadador cumpría outra función: situar baixo unha lousa a economía futura dos procesados e das súas familias, suxeita á eventual satisfacción das responsabilidades insatisfeitas no caso de vir a mellor fortuna; considérese que, aínda que as responsabilidades políticas e as sancións non económicas prescribían polo transcurso de 15 anos dende a publicación da lei —as primeiras— ou dende a data da sentenza firme —as segundas—, as sancións económicas eran *imprescriptibles*, consonte dispuña o art. 17 da LRP. A esixencia de responsabilidades non se pode comprender enteiramente se é observada dende unha lóxica meramente recadatoria.

Segundo o disposto na LRP, a organización interna da nova xurisdición especial non introducía grandes novidades na súa estrutura, adoptando unha ordenación xerárquica que se mimetiza coa da orde xurisdicional ordinaria. Si chama máis a atención a súa composición mixta —a cal, como destacan os expertos, recorda ao *Volksgerischtshof* nazi

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1258] Preámbulo da «Ley de Responsabilidades Políticas», p. 824.
[1259] Álvaro Dueñas: *«Por ministerio de…*, 2006, p. 76, p. 88 e p. 104. Prada Rodríguez: "Las Comisiones Provinciales…", 2018, pp. 312 – 313.

e ao *Tribunale speciale per la difesa dello Stato* fascista[1260]—, conformada por militares, maxistrados e membros de Falanxe, o que exemplifica a vontade de equilibrio entre as diferentes mentalidades xurídicas e poderes no seo do réxime[1261]. Como vimos no anterior capítulo, iníciase un demorado proceso de *administrativización* da violencia xudicial —que se acentuará a partir dos 50—, pero baixo supervisión castrense, como non podía ser doutro xeito nunha ditadura militar[1262]. A identificación do Estado co *Movimiento* e a subordinación daquel aos fins deste son expresas:

> Los Tribunales encargados de imponer las sanciones estarán compuestos por representantes del Ejército, de la Magistratura y de la Falange Española Tradicionalista y de las J. O. N. S., que darán a su actuación conjunta el tono que inspira al Movimiento Nacional.[1263]

Á cabeza do organigrama da nova xurisdición, atopábase o Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas (TNRP), o cal era «dependiente de la Vicepresidencia del Gobierno» e ademais estaba composto da seguinte maneira, segundo o art. 19:

> …estará integrado por un Presidente, dos Generales o asimilados del Ejército o de la Armada, dos Consejeros Nacionales de Falange Española Tradicionalista y de las J.O.N.S., que sean abogados, y dos Magistrados de categoría no inferior a Magistrado de Audiencia Territorial.[1264]

Dos cargos pares, un é titular e o outro suplente. Na súa composición inicial estaba presidido polo falanxista Enrique Suñer, acompañado por José Anguita Sánchez na secretaría, e Guillermo Kirpatrik O'Farril, Juan Hinojosa Ferrer e José Mazón Sáinz como vocais propietarios; Manuel Rodríguez Bárcena, Manuel Ruiz Gómez e Jesús Suevos Fernández foran designados nas vogalías suplentes[1265]. As funcións do TNRP non eran tanto xurisdicionais como gobernativas, é dicir, de dirección, inspección e goberno da nova xurisdición, aínda que excepcionalmente decidían expedientes que se lle elevaban, cando a sentenza no era unánime ou se interpuña recurso de alzada.

[1260] Esta idea vémola repetida, entre outros, en Lanero Táboas: *Una milicia de…*, 1996, p. 331; Álvaro Dueñas: *«Por ministerio de…*, 2006, pp. 95 – 96; e Portilla, Guillermo: *El Derecho Penal bajo la dictadura franquista. Bases ideológicas y protagonistas*, Madrid, Dykinson, 2022, pp. 271 – 272.

[1261] Vontade de equilibrio ou pugna entre poderes. En realidade, podemos interpretar neste sistema mixto a intención de continuar cercando, aínda que sexa só sutilmente, o poder unilateral do Exército no exercicio da violencia xurisdicional, nunha tendencia que se irá afianzando conforme a ditadura se consolide. Portilla: *El Derecho Penal …*, 2022, pp. 272. Ver tamén Cancio, Raúl César: *Guerra Civil y Tribunales: de los jurados populares a la justicia franquista (1936 – 1939)*, Cáceres, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Extremadura, 2007, p. 149.

[1262] Ballbé, Manuel: *Orden público y militarismo en la España constitucional (1812 – 1983)*, Madrid, Alianza, 1983, p. 411 e ss.

[1263] Preámbulo da «Ley de Responsabilidades Políticas», p. 824. Sobre a discrepancias entre as diversas visións da Xustiza enfrontadas no primeiro franquismo, ver Lanero Táboas: *Una milicia de…*, 1996, pp. 69 – 146. Esta revisión exclúe, non obstante, a pugna levada a cabo pola xustiza castrense cando esta sentiu que comezaba a perder atribucións. Para o caso da xurisdición especial de Responsabilidades Políticas, ver o que di ao respecto Álvaro Dueñas: *«Por ministerio de…*, 2006, pp. 91 – 96.

[1264] «Ley de Responsabilidades Políticas», p. 830.

[1265] «Decreto nombrando Presidente del Tribunal de Responsabilidades Políticas a D. Enrique Suñer Ordóñez», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 55, 24/02/1939, p. 1078. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/055/A01078-01078.pdf [últ. consulta o 11/05/2022]. «Orden nombrando Secretario del Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas a don José Anguita Sánchez», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 73, 14/03/1939, p. 1473. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/073/A01473-01473.pdf [últ. consulta o 11/05/2022]. «Decretos nombrando Vocales propietarios del Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas a don Guillermo Kirpatrik O'Farril, don Juan Hinojosa Ferrer y don José Mazón Sáinz», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 73, 14/03/1939, pp. 1470 – 1471. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/073/A01470-01471.pdf [últ. consulta o 11/05/2022]. «Decretos nombrando Vocales suplentes del Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas a don Manuel Rodríguez Bárcena, don Manuel Ruiz Gómez y don Jesús Suevos Fernández», *Boletín Oficial del Estado,* núm. 73, 14/03/1939, p. 1471. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/073/A01471-01471.pdf [últ. consulta o 11/05/2022].

Nun nivel inmediatamente inferior estaban os Tribunais Rexionais de Responsabilidades Políticas (TRRP), con sede nas capitais con Audiencia Territorial. Os TRRP resolvían, por sentenza, os expedientes instruídos a nivel provincial os Xulgados Instrutores Provinciais de Responsabilidades Políticas (XIPRP), que eran en realidade xulgados militares —e así alude a eles a propia lei, por oposición aos civís que tamén crea— integrados por membros da arma xurídica do Exército. Xunto a estes xulgados instrutores militares, créanse os Xulgados Civís de Responsabilidades Políticas (XCRP), que debían executar as sentenzas dos TRRP e estaban formados por xuíces de carreira, aínda que o seu nomeamento era gobernativo, ao igual ca os anteriores. A diferenza dos xulgados instrutores militares, os civís non eran provinciais senón rexionais e estaban sitos nas cidades onde se atopaban os TRRP, das cales dependían directamente. Completando esta rede xurisdicional créanse seccións especiais nas Audiencias Territoriais, competentes para coñecer dos recursos de apelación contra as resolucións dos XCRP.

Canda estes órganos con funcións xurisdicionais créase outro administrativo, a Xefatura Superior Administrativa de Responsabilidades Políticas (XSARP), dependente do TNRP e que asume as funcións de administración dos bens incautados que no anterior sistema correspondía á CCABIE. O binomio TNRP/XSARP culmina e unifica o sistema, no que ámbolos órganos, un na función gobernativo-xurisdicional e outro na da administración do espolio, «bajo una sola dirección, y de acuerdo con el Gobierno, imprimirán al conjunto la unidad necesaria para conseguir todos los resultados que en el orden jurídico y en el económico se pretenden», como se indica no preámbulo da lei. O esquema deste complexo sistema de tribunais é o seguinte:

Cadro 8. Organización dos tribunais dependentes da xurisdición de Responsabilidades Políticas segundo a LRP (1939)



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A LRP describía como se habería de efectuar a substitución das antigas Comisións Central e Provinciais polos novos órganos dependente da recén introducida xurisdición nas disposicións transitorias —terceira, sétima e, sobre todo, oitava—, establecendo un prazo máximo de seis meses para realizar a entrega da documentación e disolverse. A disposición final derrogatoria anuncia textualmente: «Las Órdenes de diecinueve de febrero de mil novecientos treinta y siete (BOLETÍN OFICIAL número 127) continuarán subsistentes; pero sustituirán los organismos y funcionarios que en esta Ley se crean a los que determinan las citadas disposiciones»[1266]. Como vemos, o novo deseño da organización do espolio substitúe e dá continuidade ao anterior creado polo complexo normativo do Decreto núm. 108 e o Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937, cunha aparencia máis xurisdicional.

Á vez, inténtase representar —e contentar— aos principais sectores institucionais que dun xeito máis ou menos explícito conflúen na nova Xustiza do *Movimiento*, asentada na Maxistratura, no Exército, na Falanxe e na Igrexa. Esta última non tiña participación directa en ningún órgano da xurisdición de Responsabilidades Políticas en concreto —a diferenza de xuíces, militares e membros do partido único—, pero entre as medidas procesuais da LRP si se inclúe a obriga de recibir un informe do cura párroco da localidade da que era veciño o expedientado, así como un informe do alcalde, do xefe local de Falanxe e do comandante da Garda Civil sobre antecedentes político-sociais e bens que se lle presumen. Se ben xa era costume que as CPIB lles solicitasen informe aos sacerdotes, a LRP fíxao como norma.

8.2.2. Apuntamentos a considerar fóra do marco analítico: a Lei de Depuración de Funcionarios de 1939, a Lei sobre Represión da Masonaría e o Comunismo de 1940, a Lei de Seguridade do Estado de 1941 e a reforma á Lei de Responsabilidades Políticas de 1942

Coetánea á LRP é a promulgación doutra lei cuxos xermolos xa identificabamos no Decreto núm. 108: a **Lei de Depuración de Funcionarios** (LDF) de 10 de febreiro de 1939[1267]. A diferenza da anterior, esta non creaba unha xurisdición especial *ex novo* para as prácticas de purga dentro da administración, senón que relegaba dita labor a cada un dos ministerios, os cales constituíron organismos cuasi xudiciais con instrutores encargados de investigar a conduta de tódolos funcionarios sospeitosos en tanto que «se encontraran en los territorios recientemente liberados» e coa potestade de impor sancións de carácter administrativo[1268]. Se ben non nos imos deter no seu estudo, si consideramos preciso resaltar a LDF polo seu desenvolvemento paralelo á LRP, o que amosa un intricado vínculo entre a incautación de bens e a purga de traballadores públicos —tamén xubilados e falecidos—; en definitiva, a purga de comportamentos minimamente políticos

[1266] As Ordes da presidencia da Xunta Técnica do Estado á que se refire dita disposición desenvolvían o Decreto-Lei do 11 de xaneiro de 1937 en aspectos accesorios de natureza rexistral ou de creación de títulos a favor do Estado dos bens incautados. Ver «Orden.- Dictando normas a las que habrán de ajustarse las anotaciones preventivas de embargo que se ordenen en procedimiento administrativo de responsabilidad civil contra inculpados por actos u omisiones contrarios al Movimiento Nacional» e «Orden.- Determinando la forma jurídica de dotar al Estado de un título de propiedad o posesión de los bienes incautados con arreglo al Decreto núm 108 de la Junta de Defensa», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 127, 24/02/1937, pp. 506 – 507. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/127/A00506-00507.pdf [últ. consulta o 11/05/2022].

[1267] «Ley fijando normas para la depuración de funcionarios públicos», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 45, 14/02/1939, pp. 856 a– 859. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/045/A00856-00859.pdf [últ. consulta o 11/05/2022].

[1268] Sobre esta e, en xeral, os fundamentos xurídicos do proceso depurador organizado polos sublevados Blasco Gil, Yolanda: "Soporte jurídico de las depuraciones", en Cuesta, Josefina (dir.): *La depuración de funcionarios bajo la dictadura franquista (1936 – 1975)*, Madrid, Fundación Largo Caballero, 2009, pp. 27 – 50.

obviados pola xurisdición castrense máis violenta dos primeiros momentos e que eran o pecado a redimir para aspirar a formar parte da nova comunidade nacionalcatólica. Mais, por outra banda, ter en mente as implicacións da LDF é importante porque afectará a toda a xudicatura que estaba en exercicio das súas funcións en zona de control republicano ata entón, sustentando a súa depuración. Esta cuestión será retomada e vista en maior detalle no capítulo 9.

Entre os amplísimos supostos de responsabilidade punibles da LRP atopábase a masonaría no art. 2 e no art. 7 como agravante; e tamén o comunismo, no mesmo art. 2. Ata entón, as persoas identificadas como masóns ou comunistas —en realidade, esquerdistas en xeral— foran xulgadas por consellos de guerra por delito de rebelión e os seus derivados de adhesión, auxilio e excitación á mesma. Mais a necesidade de exterminar de raíz o que os golpistas en xeral e Franco en concreto consideraran como causa dos males históricos de España, levou a que en 1940 se aprobase unha nova lei que tipificase ambos delitos e crease unha nova xurisdición especial para o seu castigo particular: a **Lei sobre Represión da Masonaría e o Comunismo** (LRMC) de 1 de marzo de 1940[1269]. Amparábase así legal e xuridicamente as teorías conspirativas e paranoicas do novo réxime.

> Acaso ningún factor, entre los muchos que han contribuido a la decadencia de España, influyó tan perniciosamente en la misma y frustró con tanta frecuencia las saludables reacciones populares y el heroísmo de nuestras Armas, como las sociedades secretas de todo orden y las fuerzas internacionales de índole clandestina. Entre las primeras, ocupa el puesto más principal la masonería, y entre las que, sin constituir una sociedad secreta propiamente, se relacionan con la masonería y adoptan sus métodos al margen de la vida social, figuran las múltiples organizaciones subversivas en su mayor parte asimiladas y unificadas por el comunismo.
>
> En la pérdida del imperio colonial español, en la cruenta guerra de la Independencia, en las guerras civiles que asolaron a España durante el pasado siglo, y en las perturbaciones que aceleraron la caída de la Monarquía constitucional y minaron la etapa de la Dictadura, así como en los numerosos crímenes de Estado, se descubre siempre la acción conjunta de la masonería y de las fuerzas anarquizantes movidas a su vez por ocultos resortes internacionales.
>
> Estos graves daños inferidos a la grandeza y bienestar de la Patria se agudizan durante el postrer decenio y culminan en la terrible campaña atea, materialista, antimilitarista y antiespañola que se propuso hacer de nuestra España satélite y esclava de la criminal tiranía soviética … [1270]

A LRMC establecía sancións económicas e penas de reclusión menor —ou maior, de haber agravantes— e mesmo de inhabilitación perpetua ante a vinculación das persoas acusadas con loxas masónicas ou agrupacións esquerdistas; porén, o que se castigaba non era o delito de *ser* masón ou comunista en si, senón a súa *non retractación* de ter sido tal no prazo establecido. A este respecto, Guillermo Portilla rescata a memoria-informe da Fiscalía de 1942 que en relación a esta lexislación alega: «el arrepentimiento que se podría alegar es, pues, únicamente el arrepentimiento de no haberse retractado, es por ese motivo por el que se les condena, no por haber sido masones»[1271]. Mediante este rizamento do rizo, asegurábase que a LRMC non era nin antixurídica nin vulneraba o principio básico do dereito penal de irretroactividade: «El delito típico que con la ley se creó es un delito

[1269] «Ley sobre represión de la masonería y del comunismo», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 62, 02/03/1940, pp. 1537 – 1539. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1940/062/A01537-01539.pdf [últ. consulta o 11/05/2022].
[1270] Inicio do preámbulo da «Ley sobre represión de la masonería y del comunismo», p. 1537.
[1271] Portilla, Guillermo: *La consagración del Derecho penal de autor durante el franquismo. El Tribunal Especial para la Represión de la Masonería y el Comunismo*, Granada, Comares, 2009, p. 55.

posterior a su promulgación. Existe, no por haber sido masón antes de a ley, sino en no retractarse en el plazo que la Ley prescribe»[1272].

Por suposto, dixese o que dixese o réxime, a nova lexislación violaba tódalas garantías xurídicas e procesuais básicas, como xa viña facendo dende 1936 e nas que non é preciso que nos reiteremos[1273]. De novo, trátaas en maior detalle Guillermo Portilla, quen, entre as máis destacadas, enumera a falta de definición do obxecto de criminalización —outorgando carta branca ao réxime para a unha utilización da lei despótica—, o quebrantamento do principio de irretroactividade penal, a equiparación entre acto preparatorio e delito consumado, etc. É sintomático as cifras de procedementos resoltos en cada sesión polo TERMC: unha media semanal de noventa vistas e resolucións repartidas en tres xornadas. Isto leva a Portilla a afirmar que «el juicio era una pantomima que duraba unos minutos y en el que la ausencia de reglamento interno, principios procesales y garantías jurídicas era la norma general»[1274]. O *modus operandi* dos procesos ao abeiro da LRMC, baseado nas denuncias, nas *declaracións-retractacións* dos acusados, nas torturas… ten chegado a ser considerada unha reminiscencia dos tribunais na Inquisición na España de Franco[1275].

No caso de que os procesados fosen militares de categoría igual ou superior a de oficial, reserváballes a posibilidades de seren xulgados por Tribunais de Honor castrenses; para os demais casos, a lei introducía unha nova xurisdición especial. Ao igual que na de Responsabilidades Políticas, a xurisdición de Represión contra a Masonaría e o Comunismo era de composición mixta, cun Tribunal Especial para a Represión da Masonaría e o Comunismo (TERMC) «presidido por quien libremente designe el Jefe del Estado y constituido, además, por un General del Ejército, un jerarca de Falange Española Tradicionalista y de las J. O. N. S. y dos letrados, nombrados todos del mismo modo» (art. 12). Tratábase dun tribunal único con sede provisional en Salamanca —pois era alí onde estaba sito o maior arquivo sobre masonaría en territorio sublevado, trasladándose informes de tódalas provincias—, aínda que coa capacidade de comisionar a instrución de expedientes e sumarios a xuíces da xurisdición ordinaria e a auditores de guerra. Isto permitíalles asegurarse sentenzas favorables aos preceptos vindicativos sobre os que asentaba a nova España de Franco, alén das recargadas referencias «a los principios cristianos y a la generosidad del Movimiento Nacional» no texto legal da LRMC[1276].

Porén, a súa organización distaba daquela da de Responsabilidades Políticas. No caso da xurisdición de Represión contra a Masonaría e o Comunismo, a centralización estaba agudizada ata o extremo: dependentes directamente do propio TERMC, había unha serie de xulgados especiais de carácter itinerante encargados da instrución dos casos, que se trasladaban ás diferentes localidades acompañados pola Fiscalía para rematar a tramitación do expediente que despois elevaban ao TERMC. Nalgunhas ocasións, mesmo se obviaba a necesidade de trasladarse á localidade correspondente, cando a cantidade de supostas *probas documentais* aportadas polos Servizos de Recuperación de Documentos en Salamanca —sitos no actual Centro Documental de la Memoria Histórica— se consideraban suficientes[1277].

[1272] Portilla: *La consagración del…*, 2009, p. 55.
[1273] Portilla: *La consagración del…*, 2009, p. 34.
[1274] Portilla: *La consagración del…*, 2009, p. 51.
[1275] Vega Sombría: "La represión, carta…" 2012, p. 78.
[1276] Cita tamén do texto preliminar da LRMC. Asemade, ver Álvaro Dueñas: *«Por ministerio de…*, 2006, p. 62, e Portilla, Guillermo: *La consagración del…*, 2009, p. 42.
[1277] Portilla, Guillermo: *La consagración del…*, 2009, p. 50.

Debido á falta dun tribunal ou xulgado de implantación provincial permanente dependente desta xurisdición, deixamos fóra do noso marco de análise o estudo da Represión contra a Masonaría e o Comunismo en Pontevedra, en concordancia coa metodoloxía descrita no comezo deste traballo[1278]. Non nos resistimos a reiterar unha vez máis, non obstante, en que a maior parte das vítimas vinculadas a loxas masónicas ou organizacións esquerdistas xa foran procesadas por xurisdición castrense, paseadas ou sufriran outro tipo de violencias na retagarda golpista moito antes da promulgación da LRMC. A nova orde xurisdicional permitía xulgar a aquelas persoas que por non estar en primeira fila salváranse dos procedementos castrenses e volvía a inculpar por masóns ou comunistas ás que si o foran.

Así como a xurisdición de Responsabilidades Políticas foi creada de forma transitoria para depurar as responsabilidades políticas previas á definitiva vitoria dos militares sublevados, a de Represión contra a Masonaría e o Comunismo tiña unha vocación de permanencia dende as súas orixes, pois a súa tarefa era castigar tamén os actos futuros vinculados a sendas agrupacións ou ideoloxías[1279]. Compartirá este obxectivo durante toda a ditadura —en concreto, durante a primeira década— coa xurisdición castrense, pero podemos apreciar xa unha vontade de transferir a persecución política por vía xudicial dende o ámbito castrense ao especial mixto, ao igual que sucedeu en Portugal como comentamos no apartado do marco teórico do primeiro capítulo[1280]. En termos prácticos, de feito, a xurisdición específica para a represión da masonaría sobreviviu á súa supresión formal en 1964, atopando no Tribunal de Orde Pública (TOP) unha continuación das súas funcións[1281]. Emporiso, non é fútil que as dúas xurisdicións especiais creadas *ex profeso* polo franquismo estivesen exclusivamente enfocadas á persecución do inimigo político, prolongando alén de abril de 1939 a lóxica da violencia da guerra civil e asañándose cos vencidos. Outras (pseudo)xurisdicións especiais que actúan ata a creación do TOP son o *Juzgado Especial de Orden Público* (1956), o *Tribunal Nacional de Propaganda Ilegal* (1957 – 1963) e o *Juzgado Militar Especial de Actividades Extremistas* (1958 – 1964), todas elas escasamente estudadas.

O proceso de *ordinarización* desta xurisdición especial —ou especialísima— non se resolvería ata a fin da ditadura, coa atribución da competencia en materia de delitos políticos á xurisdición ordinaria, asumindo a nova Audiencia Nacional un papel que ata entón recaera no TOP[1282]. Non se debe confundir, emporiso, a ampliación das prerrogativas da xurisdición ordinaria cun aumento das garantías democráticas, sendo notorias as críticas á Audiencia Nacional como sucesora na práctica do TOP, sendo incompatible o mantemento dun «tribunal de excepción» nun Estado de dereito. Entre as demandas recollidas no chamado «libro verde» de *Justicia Democrática* (1978) xa se atopaba o total «rechazo de la reciente creación de una audiencia nacional [por]que … se

[1278] Unha aproximación ás vítimas pontevedresas perseguidas pola súa condición de masón atopámola en Martínez Pereda: *Medo político e…*, 2015, pp. 323 – 352, e en Álvarez Castro: *Pontevedra nos anos…*, 2022, pp. 126 – 190.
[1279] Lanero Táboas: *Una milicia de…*, 1996, p. 335.
[1280] Con todo, non se debe subestimar a preeminencia do Exército nestes tribunais especiais mixtos, particularmente na súa presidencia. Ver, por exemplo, Viver Pi-Sunyer, Carles: *El personal político de Franco (1936 – 1945)*, Barcelona, Vicens Vives, 1978, p. 80.
[1281] É de referencia obrigada del Águila Torres, Juan José: *El TOP. La represión de la libertad (1963 – 1977)*, Madrid, GPS Ediciones, 2020 [2001]; do mesmo autor, "La represión política a través de la jurisdicción de guerra y sucesivas jurisdicciones especiales del franquismo", *Hispania Nova*, núm. 1 extraordinario, 2015, pp. 211 – 242, e "La represión judicial de los socialistas en la década de los cincuenta", en Saz Campos, Ismael; Gómez Roda, José Alberto (dirs.): *X Trobada Internacional Investigadorxs del Franquisme. València* 2019, Valencia, Fundació d'Estudis i Iniciatives Sociolaaborals FEIS – Comissions Obreres del País Valencià, pp. 661 – 683.
[1282] Ver, por exemplo, o artigo "Desaparece, por decreto, el Tribunal de Orden Público", *El País*, 31/12/1976. Asemade, consultar Gallego López, Manuel: "La creación de la Audiencia Nacional desde el Tribunal de Orden Público", *Revista de Derecho UNED*, núm. 17, 2015, pp. 770 – 774.

convierte en un nuevo tribunal especial en sustitución del suprimido Tribunal de Orden Público»[1283].

Pero retomemos a nosa cronoloxía. Como vemos, ao novo Estado franquista xa non lle abonda coa estrutura xudicial ata entón vixente e que empregara como arma de guerra. Ao abandonar aquel estadio campamental ao que nos referimos propio da contenda bélica, precisa un novo marco xurídico para manter as tarefas de depuración nacional no novo contexto. A LRP e a LRMC son mostra disto.

Completa o crebacabezas desta estratexia de axuizamento político do primeiro franquismo a **Lei de Seguridade do Estado** (LSE) de 29 de marzo de 1941. Se ben, como dixemos, ata entón os golpistas adaptaran —ata extremos tan esperpénticos como macabros— a lexislación vixente de herdanza liberal en prol dos seus intereses, a LSE pecha esta etapa e establece un punto e á parte. A exposición de motivos da lei é unha auténtica declaración de intencións ao respecto:

> La imperfección con que nuestras Leyes penales, plagadas de los prejuicios propios del momento legislativo en que fueron promulgadas, sancionan cuando no olvidan muchos de los delitos contra el prestigio y la seguridad del Estado, requiere una meditada revisión de sus preceptos, singularmente en aquellas formas de la delincuencia que por sus repercusiones públicas y sociales, harto desatendidas en anteriores regímenes merecen la atención preferente del nuevo Estado. [1284]

A grandes trazos, a LSE acabaría incorporándose ao texto refundido do Código Penal de 1944, coñecido por ser o máis represivo da historia española. En palabras de Cano Bueso, con isto, «lo que era legislación especial y excepcional trocó en general y común», o cal consideramos que sintetiza á perfección a instrumentalización que fixo da xustiza o novo réxime, xa dende a súa incipiente instauración nos territorios conquistados en xullo do 36 e ao longo de toda a ditadura[1285].

Antes de rematar este apartado, cabe retomar a LRP para facer mención a unha cuestión que, aínda que tamén queda fóra do marco analítico proposto, é esencial para rematar de comprender a natureza da política xudicial do primeiro franquismo e a vontade do réxime por articular os órganos xurisdicionais previamente existentes —e mailos novos— de cara á total persecución do definido como o outro, a Antiespaña. Ante a avalancha de expedientes a tramitar pola xurisdición especial de Responsabilidades Políticas, faise evidente o seu anquilosamento en detrimento das súas funcións represivas e de obtención de fondos para o erario público. Para corrixir esta tendencia contraproducente —coa seguridade, ademais, de que os principais «responsables políticos» xa foran procesados nalgunha das tres xurisdicións especiais deseñadas para iso, fuxiran ao exilio ou foran paseados—, apróbase en febreiro de 1942 unha **reforma da LRP**, o que dá mostra das dificultades prácticas que implicaban os presupostos de máximos da LRP do 39[1286]. A lóxica económica e a de represión política eran difíciles de harmonizar[1287].

[1283] Justicia Democrática: *Los jueces contra la dictadura (Justicia y política en el franquismo)*, Madrid, Tucar Ediciones, 1978, p. 311.

[1284] «Ley para la seguridad del Estado de 29 de marzo de 1941», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 101, 11/04/1941, páginas 2434 – 2444. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1941/101/A02434-02444.pdf [últ. consulta o 11/05/2022].

[1285] Cano Bueso: *La política judicial…*, 1985, p. 107.

[1286] «Ley de 19 de febrero de 1942 sobre reforma de la de Responsabilidades Políticas», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 66, 07/03/1942, pp. 1646 – 1653. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1942/066/A01646-01653.pdf [últ. consulta o 11/05/2022].

[1287] Álvaro Dueñas: *«Por ministerio de…*, 2006, p. 123 e ss. e pp. 247 – 248.

No preámbulo da lei de reforma sintetízase o por que desta reforma e a súa principal novidade: a axilización do proceso depurador de responsabilidades políticas e a modificación da súa estrutura xurisdicional. Elimínanse tódolos xulgados e tribunais creados pola LRP, a excepción do TNRP —duplicando o seu número de salas de cara a unha maior actividade resolutoria—, para «[atribuirse] a la jurisdicción ordinaria el enjuiciamiento de las responsabilidades», e se atribúen ao Ministerio de Facenda as facultades administrativas dos bens incautados, que anteriormente asumía a Xefatura Superior Administrativa de Responsabilidades Políticas. É dicir, os tribunais especiais suprímense, agás o Nacional; as Audiencias Provinciais asumen as funcións ata entón exercidas polos TRRP; os Xulgados de Primeira Instancia e Instrución pasan a desempeñar os cometidos dos XIPRP e os XCRP; e o Ministerio de Facenda asume as función da XSARP. Asemade, reducía os presupostos acusatorios, facía necesaria unha petición expresa de fiscalía para incoar procedemento, aceleraba os trámites e sobresaía expedientes contra persoas de poucos ingresos, entre outras medidas destinadas a mellorar a eficacia da orde, principalmente centradas na optimización dos recursos económicos ante o contexto autárquico. Ao suprimir órganos xurisdicionais especiais e facer que as súas labores fosen asumidas por outros de carácter permanente no Estado moderno —como a administración de xustiza ou facenda— logrause reducir o *custo* que implicaba a depuración de responsabilidades políticas, pero fíxose a expensas dunha maior saturación da xurisdición ordinaria[1288].

Finalmente, en 1945, unha vez «[c]umplida ya en su esencia la finalidad atribuida a la Jurisdicción especial sobre responsabilidades políticas derivadas de la subversión marxista», a xurisdición especial de responsabilidades políticas será suprimida, introducindo a Comisión Liquidadora de Responsabilidades Políticas, un novo organismo para finalizar e resolver os procedementos que quedasen abertos, pero sen instruír outros novos[1289]. Así as cousas, complétase nesta data a destrución da orde republicana no plano xurídico e reorganízase administración de xustiza en beneficio do novo réxime[1290]. En 1966, outórgase un indulto xeral a tódalas persoas condenadas pola xurisdición de responsabilidades políticas, fose cal fose a autoridade que impuxera a sanción, por ser consideradas «[l]iquidadas en esencia las consecuencias que trajo consigo [dicha] legislación»[1291].

A partir da reforma da LRP de 1942 vemos como recae sobre a xurisdición ordinaria o saneamento da comunidade nacional franquista. Ata entón a súa interactuación co proceso represivo fora sutil e matizable en xeral, ou directo e individual nalgúns casos; pero dende ese momento a xurisdición ordinaria é incluída de forma total e absoluta no sistema de violencia xudicial enfocada á persecución do inimigo político, labor daquela relegada ás instancias especiais —aínda que nominalmente estivesen desempeñadas por xuíces de carreira—.

[1288] Lanero Táboas: *Una milicia de…*, 1996, pp. 333 – 334.

[1289] «Decreto por el que se suprime la Jurisdicción de responsabilidades políticas», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 115, 25/04/1945, p. 3282. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1945/115/A03282-03282.pdf [últ. consulta o 11/05/2022].

[1290] Jiménez Villarejo, Carlos: "La destrucción del orden republicano (apuntes jurídicos)", *Hispania Nova*, núm. 7, 2007, p. 14. Isto non deixa de ser, por suposto, unha breve e forzosamente incompleta revisión da persecución do inimigo por vías xurídicas e a súa ordenación lexislativa no marco da primeira etapa do franquismo. Unha introdución á mesma, esquemática se ben moito máis elaborada atopámola en Berdugo Gómez de la Torre, Ignacio: "Derecho represivo en España durante los períodos de guerra y posguerra (1936 – 1945)", *Revista de la Facultad de Derecho de la Universidad Compiutense de Madrid*, monográfico 3, 1981, pp. 97 – 128.

[1291] «Decreto 2824/1966, de 10 de noviembre, de indulto para extinción definitiva de responsabilidades políticas», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 271, 12/11/1966, pp. 14218 – 1421. Dispoñible en: https://www.boe.es/boe/dias/1966/11/12/pdfs/A14218-14219.pdf [últ. consulta o 11/05/2022].

Se a guerra total exixe a absoluta supeditación dos recursos do Estado en prol do obxectivo bélico, asumindo un conxunto de continxencias noutrora insostibles, podemos argumentar con respecto a este xiro na política xudicial no franquismo dúas cousas: por un lado, non só a extensión da lóxica bélica despois de 1939, senón unha agudización da actividade dos tribunais políticos, tendo en consideración que coa caída de Madrid e de toda a fronte leste facíase necesario *descontaminar* as supostas responsabilidades dunha inxente cantidade de persoas que pasaban entón a estar gobernadas polo novo réxime franquista[1292]. Non se pode entender a promulgación de normas perfeccionadas —despois de case tres anos de evolución en zonas de retagarda— como a LRP ou a LDF e a creación de xurisdicións como a de Responsabilidades Políticas ou de Represión contra a Masonaría e o Comunismo sen poñelo no seu contexto.

Se a importancia que mantiveron no seu control as autoridades militares xa foi comentada, non se pode negar a vontade normalizadora da violencia xudicial do novo réxime ao reducir as accións dos tribunais castrenses en favor dunha xurisdición especial de composición mixta máis en concordancia coa institucionalización da ditadura que coa militarización xudicial de campaña da que se serviran ata entón. Unha lexislación depuradora de novo cuño que alcanza o seu pico de actividade entre 1939 e 1942, para pasar a reducir paulatinamente as súas operacións ata 1945, ano que marca un antes e un despois nesta política xudicial do primeiro franquismo. Aínda que é certo que o estado de guerra prolongado ata 1948 permitirá o axuizamento de civís por cortes marciais durante case toda a década —sendo esta unha ameaza constante ao longo de toda a ditadura— e que o TRMC posteriormente transformado en TOP xulgará duramente aqueles delitos de natureza política que ameazaban ao réxime ata 1975, en 1945 a actividade depuradora xudicial é substituída pola punitiva tradicional do dereito penal —carente, por suposto, de calquera tipo de garantía xurídica acorde ao carácter ditatorial do novo Estado—. É dicir, xa non se trata de purgar aquelas responsabilidades políticas retroactivas dende outubro de 1934, senón de perseguir as ameazas subversivas que se poidan dar a partir de entón.

Por outra banda mais en relación con isto, a guerra total implica polo seu propio carácter totalizador e totalitario —valla a redundancia— a subordinación de tódalas esferas da vida pública e privada, tamén a da administración de xustiza. Así, ata o ano 42 e, en menor medida, ata o 45, estaremos fronte a unha xustiza bélica, cuxos recursos estarán á absoluta disposición do novo réxime. Iso é en definitiva a xudicialización da violencia golpista. Aínda que, cunha retórica demagóxica, a ditadura lle asegure virtudes tales á xustiza de Franco como a imparcialidade, a caridade cristiá ou a vontade redentora, a realidade será a consagración dunha xustiza —e unha xudicatura, aínda que con contadas excepcións— altamente politizada e retrógrada, particularmente nas súas instancias máis altas, ao servizo da ditadura. O Estado está por enriba de todo, tamén da separación de poderes e da independencia xudicial. Isto non exclúe, emporiso, a existencia de pequenos espazos de resistencia e de xuíces máis críticos ante o contexto político, se ben non de forma particularmente aberta. A perspectiva micro pola que avogamos nesta investigación permítenos afondar nestas realidades pluridimensionais.

[1292] Sobre a aplicación do sistema xurisdicional de persecución política xa perfeccionada nestes territorios que resistiron ata o final da guerra o avance das tropas sublevadas, ver Ruiz, Julius: *La justicia de Franco. La represión en Madrid tras la Guerra Civil*, Barcelona, RBA, 2012 [2005]. Asemade, tamén para Madrid aínda que só centrado na xurisdición de Responsabilidades Políticas, consultar Dueñas: *«Por ministerio de…*, 2006, pp. 173 – 246.

8.3. O proceso «legal» de incautación de bens e responsabilidades políticas en Pontevedra: o Decreto núm. 108, a Comisión Provincial e o Xulgado Instrutor (1936 – 1942)

Como foi dito, o foco analítico deste capítulo radica na violencia económica perpetrada baixo a xustificación dunhas teóricas responsabilidades —civís primeiro, políticas despois— de carácter retroactivo da poboación por mor duns supostos ataques a España e, por metonimia, ao *Movimiento Nacional*. Esta violencia económica respondía a unha necesidade tanto de obtención de fondos por parte do bando sublevado como de *depuración* dos suxeitos que pasarían a integrar a nova comunidade nacional franquista. De forma paralela, a súa xudicialización buscaba a lexitimación de devanditas actividades. Non obstante, insistimos, estas prácticas violentas de carácter principalmente pecuniario —aínda que as penas pola LRP incluían asemade inhabilitación perpetua e penas de prisión— precederon á lexislación promulgada polos golpistas e formaron parte da estratexia de terror e conquista dos primeiros momentos. Así, ademais da obtención de fondos e do resarcimento por parte do inimigo político, a instrución de normativa que rexese a violencia económica exercida dende o Estado tiñan a finalidade de regular, legalizar e lexitimar esta forma represiva, así como de unificar os seus mecanismos en aras dunha optimización do seu potencial en todo o territorio controlado.

Neste apartado atenderemos ao proceso *legal* de incautación de bens e responsabilidades políticas en Pontevedra. Centrarémonos primeiro na aplicación do Decreto núm. 108 na provincia. Logo analizaremos a Comisión Provincial de Incautación de Bens, cuxa potestade de actuación desenvolveuse, como vimos, entre 1937 e 1939. Finalmente, estudaremos a primeira etapa da xurisdición de Responsabilidades Políticas ata 1942, estudando os casos tramitados polo Xulgado Instrutor de Pontevedra.

8.3.1. O pago de responsabilidades civís por motivos políticos ata 1937 e o Decreto núm. 108 en Pontevedra

Temos mencionado en reiteradas ocasións a ausencia de documentación sobre as confiscacións realizadas ao amparo do Decreto núm. 108 de setembro de 1936. Como recordaremos, esta normativa encarreiraba por vías xurídicas expropiacións na retagarda golpista ata entón efectuadas de forma irregular por grupos paramilitares; auténticas rapinas *non oficiais* nas que se roubaban bens a persoas de significación esquerdista en prol das institucións e agrupacións sublevadas, mais tamén en beneficio privado dos propios individuos encargados da pillaxe. Fixémonos eco do traballo de Julio Prada sobre as CPIB en Galicia, no cal cuestiona a posta en práctica do decreto, particularmente en Pontevedra, ante a aparente total falta de fontes. Para o autor, o número insignificante de dilixencias de embargo completadas antes da introdución das CPIB, sumado á pouca relevancia cuantitativa de expedientes abertos a teor do Decreto núm. 108 no país «incide en el carácter marcadamente preventivo de su actuación»[1293]. Neste sentido, a escaseza de documental é unha arma de dobre fío, pois indúcenos a crer na inexistencia de procedementos baixo esta ferramenta xurídico-lexislativa, mais á vez esta mesma ausencia de fontes invítanos a sermos especialmente cautas nas nosas conclusións.

No subfondo de Responsabilidades Políticas do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Tui, pertencente ao AHPPo, atopamos un cartafol que nos obriga a matizar lixeiramente a tese aplicación do Decreto núm. 108 en Pontevedra, na liña do xa explicado

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1293] Prada Rodríguez: "Las Comisiones Provinciales…", 2018, p. 305

no punto 8.1.1 do presente capítulo, ao cal nos referimos[1294]. Trátase dun voluminoso expediente de responsabilidades civís aberto en 1936 —o único destas características que se conserva nos fondos dun xulgado civil na provincia— contra 14 homes: Honorio Brasilino Álvarez Sobrino, Julián Díez Álvarez, Francisco Lloret Gándara, Avelino Barbosa Pérez, Manuel Vicente Portela, Basilio Carrero Lorenzo, Jesús Domínguez Pacheco, Joaquín Rodríguez Rodríguez, Roque Camilo Carrero Lorenzo, Adelaido Barredo Sueiro, Isaac González Moure, Hermelindo Martínez Martínez, José Benito e Segundo Bernández Alonso. Todos eles son veciños da Guarda —excepto Adelaido Barredo, José Benito Rodríguez e Segundo Bernárdez, que o son do Rosal— e procesados na causa militar 994 da praza de Tui.

O expediente consiste principalmente nas dilixencias sobre o embargo dos bens destes suxeitos, inicialmente de forma preventiva, «en cantidad suficiente a responder de un millón de pesetas que es la que el Ministerio Fiscal señala como posible responsabilidad solidaria y subsidiaria» que, a diferenza do habitual, son delegadas á xurisdición ordinaria e non tramitadas por vía castrense. Se ben non se fai referencia explícita ao Decreto núm. 108 nestes momentos iniciais, o funcionamento coincide co *modus operandi* recollido na normativa: o expediente é iniciado cunha correspondencia do tenente xuíz instrutor da praza militar de Tui, Rafael Pineda O'Gabán, ao entón xuíz de Primeira Instancia da vila, Aurelio de Llano Garrido, con data de 9 de novembro de 1936, e na que lle comunica a orde de incautación. A partir de entón, a peza de embargo tramitarase pola orde xurisdicional civil, aínda que respondendo ante o xulgado militar —o cal, á súa vez, estaba baixo as ordes directas do gobernador militar—.

Trala recepción das instrucións do tenente xuíz Pineda, o xuíz de Primeira Instancia de Tui libra varias ordes de embargo aos xulgados correspondentes —neste caso os municipais da Guarda e o do Rosal, e tamén o xuíz decano de Vigo para efectuar a confiscación dos bens que tivesen os procesados na cidade olívica—, así como a tódolos principais bancos e caixas de aforros da contorna; máis tarde tamén se contactará co rexistrador da propiedade do partido. A continuación, o xuíz municipal da Guarda, Eduardo Gándara Álvarez, ordena o embargo e comisiona a tales efectos ao alguacil municipal Benito Vicente Rodríguez asistido polo secretario xudicial Antonio Vidal Pérez. Estes desenvolven a labor de pescuda dos bens dos procesados —recollendo testemuños de veciños da vila, aínda que en ningún momento aparecen declaracións dos propios procesados—, toman nota das débedas e hipotecas contraídas por estes, e executan o embargo do seu patrimonio: contas correntes, vehículos, casas, fincas, mobiliario, obxectos persoais… toda clase de bens mobles e inmobles, ata as perchas das casas, eran susceptibles de ser incautados. O xuíz municipal designa como depositarios, e máis tarde administradores, dos bens a Isaac González Costal e Jesús Rivas Reigosa[1295]. Asemade, decreta a insolvencia de seis dos procesados, sendo confiscadas as posesións de Honorio Brasilino Álvarez Sobrino, Francisco Lloret Gándara, Basilio Carrero, Joaquín Rodríguez, Roque Camilo Carrero e José Benito Rodríguez. Todo no prazo de pouco máis de dúas semanas.

[1294] Ca. 7937/5, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº1 de Tui, AHPPo.

[1295] Ambos individuos foron civís colaboradores cos sublevados dende os primeiros momentos. Isaac González Costal era un industrial guardés, que cedeu unha das súas camionetas a Falanxe para trasladar aos paseados. Blog *Republicanos Miñotos*, dispoñible en: https://republicanosminhotos.blogspot.com/p/recuperando-memoria.html [últ. consulta o 23/05/2022]; a mesma información vén recollida na entrada "El Tecla y algunas respuestas" de Miguel Reboredo Otero, no blog *GaliciaSuroeste,* dispoñible en: https://www.galiciasuroeste.info/el-tecla-y-algunas-respuestas.html [últ. consulta o 23/05/2022]. Pola súa banda, Jesús Rivas Reigosa era un coñecido dereitista e membro da Garda Cívica viguesa tralo golpe. Martínez Pereda, Lucio: "La depuración franquista del Instituto de Vigo: una primera aproximación", *Boletín do Instituto de Estudos Vigueses*, núm. 14, 2009, p. 198.

De forma paralela, o xuíz municipal do Rosal, apelidado Pérez Pérez, instrúe o mesmo proceso na súa circunscrición, designando para iso ao alguacil Ramón [inint.] Fernández e o secretario Eliseo Sastre del Blanco. Estes preguntan a veciños sen éxito e consultan o libro de amillaramento do concello coa colaboración do alcalde, chegando á conclusión de que Adelaido Barredo, José Benito Rodríguez e Segundo Bernárdez son insolventes. Namentres, o xuíz accidental de Primeira Instancia de Tui, Servando Albuerne Menéndez Conde, quen substitúe durante un tempo a Aurelio de Llano, dá ordes de continuar coas pesquisas de bens e aumenta o radio de investigación, para o que mantén o contacto co xuíz de igual clase de Vigo, Rafael Delgado Iribarren.

O 11 de decembro de 1936, o tenente xuíz instrutor, Rafael Pineda, comunica a sentenza en firme do consello de guerra da causa 994/36. Non indica cal foi a pena aplicada a cada un dos procesados —en ningún momento ao longo de todo o expediente se fai; apenas se dan datos da causa castrense, alén do seu número—, senón que confirma a responsabilidade civil solicitada polo fiscal dun millón de pesetas. Polo tanto, o proceso de embargo deixa de ser unha medida cautelar a convertese nunha pena pecuniaria a saldar.

Consultando a base de NeV, comprobamos que seis dos procesados foran sentenciados á pena máxima por delito de rebelión e fusilados o 9 de decembro: Honorio Brasilino Álvarez Sobrino, Julián Díez Álvarez, Francisco Lloret Gándara, Manuel Vicente Portela, Roque Camilo Carrero Lorenzo e Adelaido Barredo Sueiro[1296]. Entre eles atópanse algúns dos principais representantes do esquerdismo na Guarda, como Honorio Brasilino Álvarez, quen fora alcalde da Fronte Popular e fundador de Agrupación Republicana e do Partido Galeguista na Guarda, ou o tenente alcalde socialista e presidente da Casa do Pobo Roque Camilo Carrero Lorenzo. Isto non evita, emporiso, que se continúen coas exixencias de responsabilidades civís e se manteña o embargo dos seus bens.

Un mes despois, o 14 de xaneiro de 1937, atopamos a primeira mención ao Decreto núm. 108, nun oficio do tenente xuíz instrutor Pineda ao xuíz de Llano no que se transcribe un comunicado do gobernador militar da provincia dando instrucións para un mellor cumprimento de tal disposición. Di así:

> Tengo el honor de poner en conocimiento de V.S. de que en este Juzgado Militar, se ha recibido el oficio siguiente: «Comandancia Militar. Tuy, El gobernador Militar de esta Provincia, en escrito de 9 del actual me dice: En esta Asesoría Jurídica, se ha recibido su atento oficio de 6 del corriente y con referencia al mismo y para el mejor cumplimiento del Decreto nº 108 de la Junta de Defensa Nacional, me cumple manifestar: 1º.– Que si así no se ha hecho todavía el embargo de bienes inmuebles deberá hacerse extensivo a los frutos y rentas que producen, nombrando para ello administrador en legal forma, el que percibirá la renta o producto, procediendo al lanzamiento de los ocupantes que no satisficieran alquilar. 2º.– Los muebles estarán en custodia del depositario que se haya nombrado, que deberá ser persona distinta de aquella contra quien se dirija el expediente o sus causa-habientes. 3º.– El metálico depositado en establecimientos Bancarios en cuenta corriente o caja de ahorros, deberá ser percibido por el Secretario del Juzgado que practique las diligencias de embargo, e ingresado en la Delegación de Hacienda de esta Capital Caja de Depósitos con la fórmula de "a disposición del Excmo. Señor Gobernador Militar de la Plaza y Provincia de Pontevedra y a resultas del expediente instruido contra D. …… de conformidad con el decreto número 108 de la Junta de Defensa Nacional". 4º.– Los Administradores o Administrador de los frutos y rentas de

[1296] Avelino Barbosa, Joaquín Rodríguez e Basilio Carrero foron sentenciados a cadea perpetua (o último morrería no cárcere en xullo do 39 por nefrite crónica). Jesús Domínguez Pacheco, Isaac González, Hermelindo Martínez e José Benito foron condenados a 16 anos de prisión. De Segundo Bernárdez non se gardan rexistros.

> los inmuebles embargados, deberán comparecer en esta Asesoría para recibir instrucciones verbales en cuanto a la Administración, rogando a Vs.: avise telefónica o telegráficamente el día y hora en que han de efectuar la comparecencia a fin de evitar molestias de espera.[1297]

O xuíz de Llanos responde cunha providencia o 16 de xaneiro, dando acuse de recibo e informando de que ata entón as dilixencias estaban a ser practicadas conforme á Lei de Axuizamento, pero dará instrucións para seguir as disposicións do Decreto núm. 108. Así as cousas, nomea inmediatamente administrador dos bens embargados ao que xa era depositario dos mesmos Jesús Rivas Reigosa. Nunha dilixencia do 11 de febreiro, o secretario xudicial de Tui, Antonio Trillo Urquiza, fai explícito que o expediente que se está a tramitar nese xulgado faise segundo ao recollido en devandito decreto. Non son estas as únicas mencións ao Decreto núm. 108. Se acudimos á causa militar principal na que están procesadas as vítimas, atoparemos unha circular do gobernador civil de Pontevedra, Ricardo Macarrón, en data de 17 de outubro de 1936, dirixida a tódolos alcaldes da provincia —neste caso, nomeadamente, ao da Guarda, Francisco Moreno Álvarez—:

> Por la Sección especial de Orden Público de este Gobierno Civil, afirmada por el Señor Subdelegado, se dirigió, con fecha 12 del mes pasado a todos los Ayuntamientos una circular en cuyo segundo párrafo se proveía respecto a las condiciones de lealtad y amor al Movimiento Salvador del Ejército que debe reunirse el personal de las distintas Dependencias municipales y forma de sustituirlo, exigiéndose la previa autorización de la Delegación para destituir y hacer nombramientos. Publicada en el Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España correspondiente al 16 de septiembre el Decreto número 108 cuyos artículos 3º y 4º disponen podrán ser corregidos, suspendidos y destituidos los funcionarios cuando aconseje tal medida su actuación antipatriótica o contraria al Movimiento Nacional, y que la corrección o suspensión será acordada por los Jefes o por el superior jerárquico del corregido, quien en su caso, previa formación de expediente, propondrán la destitución a la Autoridad o Corporación o quien corresponda hacer el nombramiento, a esta disposición de la Junta de Defensa se atendrán esa Alcaldía y esa Gestora, en lo sucesivo, para cuento con la designación y nombramiento, corrección, suspensión o destitución de funcionarios municipales se relacione, sin otro requisito que dar cuenta a este Gobierno de las correcciones impuestas, de las destituciones acordadas, y de los nombramientos hechos, procediendo con la libertad y autonomía que la legislación municipal española, por tradición, ha reconocido y otorgado siempre a los Ayuntamientos, que no excluye la alta función inspectora encomendada a los Gobernadores Civiles aún descontada, la honradez la lealtad y el amor a España en que as Corporaciones han de inspirar todos sus actos. ¡Viva España![1298]

Namentres, mantéñense as actividades de incautación, chamando a atención aquelas a teor dunha radio pertencente a Roque Camilo Carrero Lorenzo que, según informa unha providencia do 2 de febreiro do 37 provinte do xuíz de Llano ao de Primeira Instancia de Pontevedra, Serapio del Casero Méndez, «fue llevada de la villa de La Guardia, parroquia de Camposancos, por un tal Búa, inspector de prisones». O tal Búa é indubidablemente o funcionario de prisións Fernando Lago Búa, quen fora fusilado por sentenza en consello de guerra o 5 de xaneiro dese mesmo ano despois de destaparse a súa trama de corrupción en San Simón. O xuíz del Casero dá entón instrucións ao comandante xefe da Garda Civil, Joaquín Velarde, e ao comisario de policía, Manuel

[1297] Dilixencias de embargo contra Honorio Brasilino Álvarez Sobrino e outros 13 máis, f. 68 (ca. 7937/5, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº1 de Tui, AHPPo).

[1298] C/994/36. Prego escaneado e incluído integramente na entrada "Francisco Lloret Gándara" de José Antonio Uris Guisantes, no blog *GaliciaSuroeste,* dispoñible en: https://web.archive.org/web/20160305064956/http://www.galiciasuroeste.info/varios/lloret3.htm [últ. consulta o 23/05/2022].

Hermida, para proceder á «busca y ocupación» da radio, quen confirman que se atopa na Comisión Mixta de Requisa da capital. Esta información é contradita polo propio presidente da Comisión Mixta, o cal asegura o 18 de febreiro de 1937 que a radio non se atopa alí. Continuaranse coas labores de investigación para coñecer o paradoiro do aparello, sen aparente éxito.

Asemade, recíbese na Comandancia Militar de Tui unha consulta do Casino da Garda do 27 de febreiro, preguntando se as accións de Honorio Brasilino Álvarez podían ser transferidas á súa viúva, Carmen Vázquez Palacios. O novo xuíz de Primeira Instancia da vila, Hilario de la Figuera, responde negativamente e ordena o embargo desas accións.

Despois disto perdemos a pista do proceso de responsabilidade civil solidaria —talvez o resto do expediente foi trasladado á CPIBPo e separado da peza inicial, aínda que semella estraño— e atopamos un atado con documentación referida a incautación do patrimonio de Honorio Brasilino Álvarez paralelo ao visto ata agora e con data de inicio do 24 de setembro de 1936. Este comeza cun escrito da comandancia militar de Tui dando instrucións para decretar a expropiación segundo os trámites marcados nos art. 600 e seguintes da LAC. En consecuencia, o día 28 tramítase a dilixencia de embargo dos seus bens sitos na Guarda, a cargo do alguacil comisionado para tal labor Rafael Martínez Mata, asistido do secretario xudicial Antonio Vidal Pérez e o avogado Teodosio Baquero Fortes, «delegado por la Autoridad Militar para designar bienes correspondientes a don Brasilino Álvarez Sobrino»[1299]. O embargo é cuantificado en 750.000 pesetas, procedendo á indagación do seu patrimonio bancario e ordenando a conxelación das súas contas. Isaac González Costal e Jesús Rivas Reigosa volven ser nomeados depositarios dos seus bens, sendo este último designado como administrador máis adiante. Estipúlase tamén a taxación do seu vehículo e mobles, entre outros bens; unha peritaxe a cargo de diversos veciños de Tui como Manuel Rodríguez Rodríguez, Abelardo Lorenzo Rodríguez, Francisco Novas ou Manuel Romero, o que engade unha nova dimensión ás formas de colaboración e integración de diversas capas sociais nos dispositivos violentos dos sublevados mediante os procesos xudiciais.

Neste expediente individual de Brasilino Álvarez procédese ao reembargo do seu patrimonio que xa fora incautado no outro procedemento colectivo, o cal está amparado polo art. 610 da LACrim. A existencia deste segundo e paralelo expediente indúcenos a pensar en que este estaba procesado noutra causa alén da número 994/36; asemade, fanse alusións indirectas ao que semella un procedemento conxunto con Ulpiano Piña. Sabemos que este foi procesado xunta outras persoas nas causas número 529/36 e 889/36 da praza militar de Tui, por promover a folga xeral entre os días 18 e 27 de xullo e dirixir a resistencia ao golpe na vila[1300]. Declarado en rebeldía tras fuxir do país, fóronlle requisadas varias propiedades e se lle abriu un expediente de responsabilidades políticas co resultado de sanción de 500.000 pesetas. Porén, a consulta comparada das fichas de

[1299] Teodosio Baquero Fortes era irmán do tamén avogado e membro destacado de Acción Popular Ildefonso Baquero Fortes. Ámbolos dous terán postos de responsabilidade na corporación municipal de Tui durante o franquismo, sendo Teodosio alcalde dende 1969 ata 1973. Eran fillos de Ildefonso Baquero Pérez, maxistrado e presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra entre 1934 ata o seu falecemento en novembro do 39. *El Correo Gallego*, 25/11/1939, p. 3.

[1300] Na C/529/36 foron procesados, ademais de Piña, Darío Álvarez Limeses, Fernando Martínez Freiría, Alejo Diz Jurado, Francisco Alonso Medela, Serafín Fernández Costas, Julio Fernández Fernández, Manuel Domínguez León, Joaquín Arzumendi Alonso, Juan Barreiro Represas, Gumersindo Rodríguez Costas, Antonio Fernández Seoane, José Costas Fernández, Emilio Costas Fernández e Manuel Méndez Niño. Varios deles tamén foron acusados na C/889/36: Ulpiano Benito Piña, Darío Álvarez Limeses, Secundino Matos Rocha, Fernando Martínez Freiría, Joaquín Martínez Fernández, Jusan Iglesias González, Alfonso Claudio Gutiérrez, Manuel Estévez Gómez, Alejo Diz Jurado, Franncisco Alonso Medela, Serafín Fernández Costas, Manuel Domínguez León, Julio Fernández Fernández, Juan Barreiro Represas e Gumersindo Rodríguez Costas. Constatamos, trala consulta na base interna de NeV que Brasilino Álvarez non aparece noutra causa ademais da 994/36.

ámbolos dous en NeV non ofrece información sobre procedementos nos que estivesen implicados Álvarez e Piña, impedíndonos establecer con seguridade a que se refire este segundo expediente.

Sexa como for, mantéñense as dilixencias de embargo de Brasilino Álvarez. É un proceso que se alonga no tempo, ata a posguerra, no que podemos observar documentación dos diferentes órganos encargados da incautación de bens: os xulgados militares, os civís, as comisións creadas ao abeiro do Decreto-Lei do 10 de xaneiro de 1937, os órganos xurisdicionais introducidos pola LRP de 1939… O coche de Álvarez, un Citröen mercado apenas uns meses antes do golpe, é un dos protagonistas deste expediente, sendo o tema central dunha notable parte da correspondencia. Despois da súa requisa en 1936, sabemos que foi empregado polo Exército, ordenando o presidente da TRRP da Coruña, o comandante de infantaría Eduardo Martínez Nieto, en decembro de 1939 que se embargue e retire do Servizo de Automobilismo do 8º Corpo do Exército. O xuíz civil especial de Responsabilidades Políticas da Coruña, Pedro Luis Sanz Redondo efectuará entón o mandado polo seu superior, cunha providencia na que dispón que o vehículo sexa retido no aparcadoiro do mencionado corpo militar. O 16 de abril de 1940, o xefe do Servizo de Automobilismo, Eugenio Espinosa de los Monteros, proporá que este pase a ser depositado no garaxe da Xefatura de Obras Públicas, «al igual que se hace con los vehículos civiles incautados por diversas causas», para evitar a deterioración provocada polo uso do coche ou o seu abandono na intemperie.

A situación continúa así ata que o 18 de novembro de 1940 un auto do TRRP —conformado por Eduardo Martínez Nieto na presidencia, Marcial del Río y Díaz e José Antonio Quiroga y Martínez de Pisón nas vogalías, e Luis González Besada y Caballero na secretaría— certifica o sobresemento do «expediente nº 603 instruido por el Juzgado Instructor Provincial de Pontevedra con el número 168 de 1940, contra Brasilino Álvarez Sobrino y otro»[1301]. Resultan particularmente esclarecedores os resultandos e considerandos desta resolución xudicial sobre o correcto —ou, neste caso, non tanto— proceder nos procesos de incautación de bens. Polo seu valor explicativo, adxuntámolo na súa integridade no Anexo 14.

O segundo resultando fai referencia á reclamación interposta por Carmen Vázquez Palacios, viúva de Álvarez. O expediente conserva a copia orixinal deste escrito, formulado á CCABIE de Burgos o 6 de febreiro de 1937, amparándose no postulado no art. 11 do Decreto-Lei de 10 de xaneiro dese ano, a cal brindaba a posibilidade de interpor a terzaría de mellor dereito sobre os bens embargados por responsabilidades civís en delitos de carácter político. Nesta solicitude, de gran meticulosidade —que dá mostra da asesoría xurídica da reclamante—, Carmen Vázquez implora que se lle recoñezan os seus dereitos sobre os bens incautados ao seu defunto esposo, alegando que os bens contraídos polo matrimonio fora en réxime de gananciais e que a sociedade formada por ambos cónxuxes quedara disolta no momento no que Brasilino Álvarez fora fusilado.

A reclamación non é estimada, e o 17 de novembro de 1940 Carmen Vázquez volve dirixirse ás autoridades competentes, describindo a súa precaria situación con dous fillos ao cargo e insistindo no réxime de gananciais ao que están suxeitos os bens embargados de Brasilino Álvarez. A diferenza do anterior, non obstante, o xuíz de Primeira Instancia e Civil Especial de Responsabilidades Políticas da Coruña, Sanz Redondo, asistido do secretario Javés Álvarez Estévez, admite a solicitude da viúva, outorgándolle a permiso para recibir unha pensión de alimentos e pasar a ser a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1301] Entendemos que este segundo implicado, sobre o que se mantén aberto o expediente, é o mencionado Ulpiano Piña.

administradora dos bens embargados. Un día despois, como vimos, resólvese o auto definitivo do expediente contra Brasilino Álvarez por parte do TRRP, que será sobresido.

A actitude de Carmen Vázquez invítanos a reflexionar sobre como afectou ás mulleres a violencia económica exercida mediante os sucesivos mecanismos de incautación de bens. A meirande parte dos expedientados por responsabilidades civís ou políticas —se ben non todos— foron homes, en consonancia con que eles tamén foron a maioría dos procesados e condenados en consellos de guerra. Julio Prada sinala que as mulleres representaron menos dun 1,5% do total de expedientes de incautación de bens, «lo que se explica por su escasa participación pública durante la etapa republicana»[1302]. Pero sería inxenuo crer que elas non sufriron as consecuencias das requisas: as herdanzas dos asasinados eran conxeladas; a elas éranlles expropiados bens adquiridos conxuntamente en matrimonio; coa desaparición do seu marido —morto, preso, fuxido— perdían o principal sustento familiar; etc.

> [N]o se puede ocultar que también se convirtieron en víctimas indirectas de la represión económica no solo porque fueron las principales protagonistas a la hora de mendigar los avales y declaraciones favorables para sus maridos, sino porque en ellas repercutió muchas veces el pago de las sanciones.[1303]

A este respecto, debemos ter en consideración que nunha situación eminentemente precaria en termos económicos, as mulleres de familias de menos recursos foron as que viviron realidades máis crúas. Non todas elas puideron acceder ao asesoramento xudicial no que claramente inverteu Carmen Vázquez para reclamar os seus dereitos sobre o patrimonio incautado ao seu defunto marido. E tampouco todas elas tiveron a fortuna de Carmen Vázquez de conseguir facer valer tales dereitos.

As que menos medios tiñan non só tiveron menos sorte, senón que ademais permanecen nas marxes do relato histórico, desprovistas do amparo das fontes documentais deixándonos como única vía de achegamento a elas a memoria oral. A base de datos de NeV recolle 14.299 homes como vítimas da violencia golpista —en calquera das súas formas—, e soamente a 664 mulleres. E, aínda que non podemos negar que o principal branco dos sublevados foron os varóns, esta infrarrepresentación feminina convídanos a reflexionar arredor da conceptualización da idea de vítima, particularmente en relación ás afectadas por violencias de difícil cuantificación e nulo rexistro documental.

Ao integrar as mulleres o principal número de superviventes, a cotiandade da guerra e a posguerra converteuse no seu campo de batalla diario. Se ben non todas elas foron vítimas directas da violencia —algo, emporiso, matizable—, a unha gran parte delas si lles atinxiron de primeira man as súas consecuencias. Non debemos desestimar a influencia do trastorno de estrés postraumático que afectou a innumerables mulleres —viúvas, nais ou fillas de persoas asasinadas—, que viron como de repente o seu mundo se derrubaba: non so por perder a un ser querido, senón porque isto adoitaba vir parello á perda da calidade e o nivel de vida anteriores. Ao seu cargo quedaban menores aos que alimentar nun contexto económico de extrema dureza polas condicións da posguerra, ao que en moitas ocasións había que sumar notorias violencias económicas como as vistas no caso que acabamos de narrar. Cotexando a fonte oral dos proxectos Historga e NeV para o caso da provincia de Pontevedra, constatamos que gran parte das entrevistadas insisten neste feito como un elemento catalizador nas súas vidas, e absolutamente todas elas fan énfase na dureza extrema da fame e as penurias da guerra e posguerra.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1302] Prada Rodríguez: "Las Comisiones Provinciales…", 2018, p. 314.
[1303] Prada Rodríguez: "Las Comisiones Provinciales…", 2018, p. 314.

> Nos tocó vivir una vida de mucha hambre. Era muy triste, muy triste… porque no había qué comer, no había nada. Tenía dos hermanos pequeños y no había qué darles. Pan no había. Ibas una noche a un horno, a una cola para coger pan y, cuando llegaba [tu turno], se acabó el pan y ya no llevabas para comer a casa y perdías la noche porque ya no podías ir a otro horno[1304].

> Ui, criminal. Isto foi un inferno. Pasamos fame pero en *cantidá*. Pasamos *sin*... Non había *aseite*, non había pan, *namais* houbo *maíz* que era o que nós *cosechabamos* nas fincas[1305].

> Mi mamá lo pasaba más [mal] que nosotros, porque lo quitaba de su boca para darnos a nosotros[1306].

Existiron, non obstante, mulleres que foron xulgadas pola xurisdición de Responsabilidades Políticas. Non podemos ofrecer datos concretos para o caso galego —fenómeno cuxo estudo sería convinte explorar nun futuro próximo—, pero si podemos aludir aos achados de Elisabet Velo i Fabregat ao aproximarse con perspectiva de xénero ao comportamento sobre o TRRP en Cataluña[1307]. Se ben se trata dunha investigación nunha fase aínda inicial, son reveladoras algunhas das súas conclusións, como a explícita vontade de castigo de condutas eminentemente persoais e non políticas —como o divorcio— desta xurisdición, malia que a esfera de axuizamento do TRRP fose esta última.

A modo de conclusión, á vista do material estudado, insistimos en que debemos repensar o —por outro lado, pouco— que coñecemos sobre a aplicación do Decreto núm. 108 en Galicia. Se ben non sabemos o número total de procedementos estudados por Prada no traballo ao que nos referimos en repetidas ocasións ao longo deste capítulo, o expediente de responsabilidades civís derivado da causa militar 994/36 dá mostra de que o decreto, se ben non foi aplicado, si era unha apostila xurídica de recurso habitual. É certo que os procesos de embargo adíanse en ocasións varios anos, pero porque a fase de sumario, pescuda e taxación dos bens —en calquera tipo de procedemento xudicial— leva tempo; non é unha característica exclusiva do Decreto núm. 108. Neste sentido, semella limitante valorar a súa transcendencia segundo o número de expedientes fallados antes da introdución das CPIB.

O Decreto núm. 108 non introduciría órganos novos que incoen pola súa conta expedientes de responsabilidades civís; pola contra, modificaba a forma de proceder ata entón exercida, servíndose en gran medida do establecido pola LAC e LACrim en materia de embargos. O adiamento dos procedementos —natural polas propias circunstancias extraordinarias do contexto, con bens embargados, reembargados e mesmo roubados sen rexistro documental nalgunhas ocasións— provocou que as tarefas de tramitación dos expedientes fose asumida polos novos instrumentos establecidos en 1937 e 1939, como as comisións de incautación de bens e os tribunais de responsabilidades políticas. Isto explicaría o traslado destes expedientes iniciados en Galicia en 1936 das formas máis diversas e segundo o paso readaptados á fórmula do Decreto núm. 108 a outros arquivos, como o CDMH de Salamanca; de feito, presumimos que o sobresemento do expediente

[1304] Entrevista a P.R.A., realizada por María Xesús VÁZQUEZ (Vigo, Pontevedra, España, sf.). Nº 47. Fondo HISTORGA Xeral. www.terraememoria.usc.gal.
[1305] Entrevista a M.T.A.R., realizada por Uxía RUBIANES DE LA CRUZ (Poio, Pontevedra, España, 01/04/1991). Nº 274. Fondo HISTORGA Xeral, www.terraememoria.usc.gal.
[1306] Entrevista a M.C.C., realizada por Marie-Pierre BOSSAN (Pontevedra, España, 25/04/1994). Nº 776. Fondo HISTORGA Xeral, www.terraememoria.usc.gal.
[1307] Velo i Fabregat, Elisabet: "Una aproximación al estudio de la represión sobre las mujeres durante el Franquismo desde la Historia del Derecho: las juzgadas en el Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas", *Locus. Revista de História*, 2020, pp. 54 – 79.

contra Honorio Brasilino Álvarez Sobrino en 1940, tralo que se establece a súa devolución ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Tui, é o que permite a súa conservación no AHPPo.

Non obstante, non podemos negar que a (non) aplicación deste decreto —en Galicia— foi, cando menos, confusa e irregular. Sospeitamos que ambas vías de exixencia de responsabilidades civís —a *extraordinaria* por xulgados de instrución militares, e a *ordinaria* na que se delegou tal tarefa aos civís— conviviron no tempo, tendo talvez preeminencia a fórmula castrense. Crémolo así, principalmente, porque temos máis exemplos de causas militares nas que é o propio xulgado de instrución marcial o que tramita as responsabilidades. Serven de exemplo mesmamente as causas número 1185/36 e 284/36 da praza de Pontevedra estudadas páxinas atrás, ambas vistas para sentenza en decembro do 36 —é dicir, despois da aplicación do Decreto núm. 108—, o que non impediu que a tramitación da peza separada de embargo fose xestionada polo xulgado militar e non derivado a un civil.

Unha posibilidade a explorar é que no sur da provincia se operase de forma diferente; non esquezamos que no preámbulo do Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937 se facía énfase na necesidade de mellorar a aplicación do Decreto núm. 108. As resistencias do Exército á hora de ceder espazo derivou nalgúns territorios na desigual posta en práctica das reformas lexislativas en materia de incautación de bens, polo que será constante a necesidade de unificar procederes en aras a acadar un maior éxito dos obxectivos[1308]. Con todo, debemos entender esta interpretación como unha aproximación condicionada pola realidade material, podendo mudar de aparecer novas fontes que suxerisen o contrario.

8.3.2. A Comisión Provincial de Incautación de Bens de Pontevedra

Como acabamos de ver, ata comezos de 1937, en Galicia o esclarecemento de responsabilidades civís —logo denominadas políticas— estaba principalmente en mans dos tribunais militares, os cales nos consellos de guerra podían sentenciar unha pena de reclusión ou morte como responsabilidade penal, e establecían a existencia ou non de responsabilidades civís e cuantificaban a cantidade a pagar. A magnitude da mostra estudada non pretende ser, como sabemos, exhaustiva; pero talvez sexa de interese coñecer con canta frecuencia foron exixidas responsabilidades civís en consellos de guerra. Para o ano de 1936, analizamos vinte causas, das cales a metade rematou en consello de guerra (todas elas con fallo inculpatorio para algunha das persoas acusadas). Pese ao habitual considerando de que "[t]odo responsable criminalmente de un delito o falta lo es también civilmente" (ex.: C/660/36, folio 218), destas dez causas que foron vistas en consello, o tribunal exixiu algún tipo de pagamento como responsabilidade civil en catro ocasións, afectando a un total de 21 persoas. Todas elas foron mencionadas e comentadas de xeito detallado en páxinas anteriores (284/36, 660/36, 1185/36 e 1286/36). Non identificamos entre estas un nexo común que explique por que nuns casos se exixe responsabilidade civil e noutros non.

Isto mudou coa aprobación do Decreto-Lei do 10 de xaneiro de 1937, que modificaba o procedemento de incautación de bens introducindo órganos como a CCABIE e as CPIB, principalmente. No relativo ás persoas físicas, había diferentes motivos polos que se podía incoar un expediente: pertencer a algunha das «entidades

[1308] En concreto, recordamos, mencionamos o caso de Andalucía, Aragón e Baleares, onde as autoridades militares ignoraron. Durante meses as mudanzas introducidas polo Decreto-Lei de xaneiro do 37. Álvaro Dueñas: *«Por ministerio de…*, 2006, p. 82.

marxistas» ilegalizadas, ter sido obxecto de denuncia ou, por exemplo, ter recibido unha condena en consello de guerra. No novo sistema, a teor das informacións recibidas, a CPIB elaboraba unha relación de persoas contra ás que se debía iniciar dilixencias. A continuación, un xuíz especial —militar ou de carreira— nomeado pola propia CPIB estaba encargado da apertura e instrución do sumario, que debía ser remitido de volta á CPIB correspondente; a cal, asemade, o elevaba a autoridade militar pertinente. Seguindo as recomendacións do xuíz instrutor, a autoridade militar resolvía a existencia de responsabilidades civís e a multa a pagar. Ata entón podían tomarse medidas cautelares como embargos preventivos, que nese momento podían —ou non, no caso de sobresemento— facerse firmes. Entón, o presidente da Audiencia procedía a efectuar a debida confiscación de bens e notificar á CCABIE.

As CPIB estaban conformadas, recordamos, polo gobernador civil da provincia como presidente, un avogado do Estado como secretario e un maxistrado da Audiencia como vogal, designados todos eles directamente pola Xunta Técnica do Estado[1309]. No caso pontevedrés, o primeiro gobernador civil colocado polos golpistas foi o tenente coronel da Garda Civil e xefe da Comandancia de Pontevedra Ricardo Macarrón Piúdo, quen mantivo o seu cargo e presidiu brevemente a CPIBPo ata finais de marzo de 1937. Despois dunha temporada vacante na que cubre a interinidade Justo Hermida Fernández, o posto élle outorgado a Mateo Torres Bestard o 14 de setembro dese mesmo ano, permanecendo nel ata case o final da guerra[1310]. Máis continuada é a labor dos outros dous integrantes da comisión: o maxistrado da Audiencia Provincial José María Suárez Vence como vogal e o avogado do Estado Benito V. Artime y Linares como secretario[1311]. Pola súa banda, foron nomeados como responsables do xulgado instrutor de incautación de bens o entón xuíz de Primeira Instancia de Pontevedra, Serapio del Casero Menéndez, e Jesús Martínez na secretaría[1312]. Polo que comprobamos noutros municipios da provincia, o máis habitual era que o xuíz designado pola CPIB fose o de primeira instancia do correspondente municipio. Vemos así como, se ben é certo que «[e]n el lado nacionalista, la actividad judicial de signo político-represivo no corrió a cargo de los tribunales ordinarios», que dicía Toharia, esta si se valía dos seus responsables para facer funcionar a roda da violencia xudicializada[1313].

Esta información obtémola dos diarios oficiais e da hemeroteca de época. Os expedientes de embargo desta etapa que aínda se conservan na actualidade atópanse repartidos en diversos arquivos, principalmente no CDMH de Salamanca, no fondo de Responsabilidades Políticas —aínda que a maior parte da documentación refírese a créditos intervidos e bens incautados—. Lucio Martínez Pereda consultounos alí para o caso de Pontevedra e, se ben non aporta datos numéricos absolutos sobre a envergadura do proceso de expropiación dirixido pola CPIBPo, sinala que «desde moi pronto a comisión incautadora encontrouse con problemas para facer fronte á súa inmensa tarefa

[1309] Un interesante estudo do perfil profesional e sociopolítico daqueles que integraron as Comisións de Incautacións de Bens e do Tribunal Rexional en Aragón atopámolo en Moreno, Nacho: "«Nuestra ejecutoria es limpia; fuerza y razón nos acompañan». Los miembros de las Comisiones de Incautaciones y del Tribunal Regional", en Casanova, Julián; Cenarro, Ángela (eds.): *Pagar las culpas. La represión económica en Aragón (1936 – 1945)*, Barcelona, Crítica, 2014, pp. 99 – 118.

[1310] *El Diario de Pontevedra*, 24/09/1937, p. 2. «Decreto núm. 354.- Nombrando Gobernador civil de Pontevedra a don Mateo Torres Bestard», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 337, 22/09/1937, p. 3474. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/337/A03474-03474.pdf [últ. consulta o 11/05/2022].

[1311] «Orden.- Designando los señores que han de componer las Comisiones de incautación de bienes a que se refiere el Decreto-Ley de 10 de los corrientes», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 100, 28/01/1937, p. 234. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/100/A00234-00234.pdf [últ. consulta o 11/05/2022].

[1312] «Anuncios, avisos y Administración de Justicia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 186, 24/04/1937, p. 1101. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/186/A01097-01104.pdf [últ. consulta o 11/05/2022].

[1313] Toharia, José Juan: *El Juez español. Un análisis sociológico*, Madrid, Tecnos, 1975, p. 197.

… [polo que] ao cabo dun mes o gran volume de traballo pendente fixo que moitos destes expedientes se convertesen en colectivos»[1314]. No seu libro *Medo político e control social na retagarda franquista* (2015), o autor exemplifica con algúns expedientes abertos na provincia algunhas das características do proceso.

Porén, como advertiamos no apartado de metodoloxía e fontes, non todos os expedientes foron trasladados a Salamanca, conservándose algúns deles nos Históricos Provinciais correspondentes. Este foi o caso de Pontevedra, onde apenas quedan uns poucos expedientes: 17 en total, dos cales a meirande parte procede do partido xudicial de Tui. Ningún deles vén da capital.

Por todo o formulado ao longo do presente capítulo de interrelación entre xurisdicións paralelas do tempo pero de diversa natureza, mais, sobre todo, polo solapamento entre ordes xurisdicionais encargadas do procedemento de incautación de bens resulta pouco orgánica a súa análise separada, pois habitualmente un expediente iniciado pola CPIB acababa sendo resolto polo TRRP. Serve de exemplo práctico o caso xa estudado de Honorio Brasilino Álvarez Sobrino no anterior epígrafe. Esta diferenciación, se cadra artificial, persegue fins puramente hermenéuticas. Non podemos negar, non obstante, as restricións e dificultades metodolóxicas que isto implica se aspiramos a unha análise cuantitativa. Por iso, neste apartado primaremos a interpretación cualitativa, tomando uns expedientes a modo de caso de estudo polo seu carácter paradigmático, vendo a través deles o funcionamento e comportamento da CPIB de Pontevedra.

Comezaremos polo caso das asociacións de carácter esquerdista. Como recordaremos, a lexislación promulgada polos militares golpistas estivo enfocada a amparar xuridicamente a ilegalización e persecución dos partidos e asociacións vinculados á Fronte Popular. Isto fíxose nun primeiro momento mediante os bandos de guerra, consolidándose e perfeccionándose con normativa posterior, nomeadamente, o Decreto núm. 108 da Xunta de Defensa Nacional de 13 de setembro de 1936, o Decreto-Lei do 10 de xaneiro de 1937 que introducía o organismo da CCAIB e as ordes subseguintes destinadas a completar as disposicións deste.

Con respecto aos expedientes de incautación de bens iniciados dende a CPIBPo, nos cinco que se conservan no fondo do Xulgado de Instrución e Primeira Instancia de Tui, destaca, en primeiro lugar, a rapidez coa que se tramitan os procesos de pescuda e identificación dos bens das sociedades, con dilixencias que se compren en cuestión de meses, semanas ou incluso días nalgunha ocasión[1315]. Porén, non se conserva o expediente completo, só o proceso de sumario delegado no xulgado correspondente, que ás veces tampouco aparece completo. Isto lévanos a supoñer que o proceso de incautacións foi reaberto nalgún momento e devolto, neste caso, ao Xulgado de Primeira Instancia de Tui, o que explicaría por que se conservan neste fondo e non foron trasladados a outros.

Sabemos que isto foi así no caso do expediente de incautación de bens da entidade de Agricultores de Guillarei, en Tui. Despois de catro meses de infrutuosa investigación,

[1314] Martínez Pereda: *Medo político e…*, 2015, p. 131.

[1315] Os casos vistos foron os expedientes instruídos contra a entidade Agricultores de Gullarei, Tui (ca. 7937/12), a asociación "Unión del Porvenir" de Tomiño (ca. 7937/16), o Sindicato de Obreiros de Cerámica e Profesións Varias de Tui (ca. 7937/13), o Sindicato Agrícola e Gandeiro de Estás, Tomiño (ca. 7937/14), así como un expediente sobre unha casa en Viladesuso, Oia, que pertencera a unha sociedade de agricultores e despois "centro de partido izquierdista" (ca. 7937/15). Todos eles do f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 de Tui, AHPPo. A excepción do expediente contra o Sindicato Agrícola e Gandeiro de Estás, iniciado en 1938, os demais foron instruídos en 1937, sen que a diferenza temporal nos impida apreciar ningún cambio importante.

realizada entre maio e agosto de 1937, o xuíz tudense, Hilario de la Figuera Andrés, informa á CPIBPo do resultado: non se atoparan contas bancarias a nome da entidade e a finca que se supuña dela non estaba rexistrada. Máis dun ano despois, o 6 de outubro de 1938, non obstante, un novo oficio da CPIBPo motiva a reapertura do expediente, pois tivérase constancia dun ben inmoble non incautado a nome dunha tal Sociedade Agrícola de Guillarei, instando a que se fagan comprobacións para ver se é ou non a mesma entidade ca Agricultores de Guillarei; no caso de que non fosen a mesma organización, dábase orde de instruír un novo expediente separado. Porén, non temos máis documentación que nos permita saber como evolucionou o asunto, só o acuse de recibo do novo xuíz de Primeira Instancia de Vigo, Rafael Delgado Iribarren, no que dá instrucións para comezar as investigacións a 3 de novembro e varios escritos insistindo á alcaldía de Tui para que remitan o informe solicitado, sendo o último deles de maio de 1939.

En resumidas contas, nestes procedementos a persoas xurídicas carecemos da parte final do expediente, é dicir, da súa elevación á autoridade militar para facer firme o embargo cautelar. Con todo, salvado as diferenzas que pode haber entre uns e outros, a súa lectura comparada permítenos comprender mellor o procedemento estándar a seguir unha vez se decretaba a incautación de bens. Polo seu carácter ilustrativo, revisaremos con máis detalle o expediente de incautación de bens da entidade *Unión del Porvenir*, no lugar de Taborda, na parroquia tomiñesa de Piñeiro. Non obstante, insistimos, o proceder xeral é común en todas; de feito, poderemos observar múltiples similitudes co caso de Brasilino Álvarez. En primeiro lugar, a CPIB identifica as agrupacións potencialmente susceptibles de serlles interposto un expediente e o seu presidente, o gobernador civil da provincia, manda oficios ao comandante de posto da Garda Civil e ao alcalde da veciñanza onde estivesen sitas estas agrupacións, cuestionando sobre o comportamento das mesmas. No caso da *Unión del Porvenir*, o gobernador civil interino, Justo Hermida Fernández, solicita senllos informes a finais de abril de 1937, os cales confirman os «antecedentes político-sociales izquierdistas» dos seus membros e describen con detalle as características e situación actual do principal inmoble da sociedade, anteriormente dedicado á ensinanza[1316].

Á luz das informacións obtidas «respecto al carácter, actuación y bienes de dicha entidad», o 31 de agosto de 1937 a CPIBPo nomea ao xuíz de Primeira Instancia do partido de Tui, Hilario de la Figuera, para efectuar o proceso de incautación de bens conforme ao establecido na normativa do 10 de xaneiro de 1937. Este confirma acuse de recibo o 15 de outubro, e dá comezo ao proceso de embargo, liberando orde ao xulgado municipal e á alcaldía correspondente —Tomiño, neste caso—, aos principais bancos da zona —incluídos os de Vigo, para o que precisa trasladar as instrucións ao xuíz decano da cidade— e ao rexistrador da propiedade. A partir dese instante, todos estes actores comezan as pescudas dentro do seu ámbito de execución para identificar tódolos bens mobles, inmobles e funxibles ao nome da entidade. Nos seguintes días van remitindo ao xulgado de instrución o resultado destas.

Apenas tres semanas despois, o 8 de novembro, o xuíz municipal de Tomiño, Francisco Giráldez Bosch, asina unha providencia para que o alguacil, Hermenegildo Souto Álvarez, e o secretario xudicial procedan ao embargo de tódolos bens da entidade sitos no concello, e acompaña a providencia coa dilixencia de incautación realizada o día seguinte. A través do rexistro desta, observamos que foron convocados no acto varios dos

[1316] Informe da comandancia de posto da Garda Civil e da alcaldía de Tomiño. Expediente de incautación de bens da entidade *Unión del Porvenir* de Tomiño, folios 3 e 4 (ca. 7937/16, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 de Tui, AHPPo).

membros da sociedade, «a fin de que manifiesten qué bienes, de cualquier clase, posee la mencionada entidad»: Casiano Alonso Pérez, Carlos Castro Vicente e Evaristo Fernández Vizoso[1317]. Estes confirman que a sociedade posúe unha finca de arredor de 1.600 metros cadrados na que se atopa un edificio de planta alta, os mobles sitos no interior do mesmo, dúas liberas no Banco Pastor da Coruña e no Banco Español del Río de la Plata con algo máis de 3.600 pesetas en total, e dúas accións da Sociedade Eléctrica Galega de 500 pesetas nominais cada una.

A continuación, o día 10, o xuíz municipal devolve a carta-orde e o expediente ao de Instrución do partido. De forma paralela, o xuíz accidental de Tui, Evaristo Rodríguez Fonseca, diríxese ao rexistrador da propiedade para que tome anotación preventiva de incautación das fincas pertencentes á entidade afectada sitas na parroquia de Piñeiro. O rexistrador da propiedade de Tui responde o 19 de febreiro de 1938 e informa da suspensión da anotación de incautación debido a que as fincas embargadas non aparecían inscritas a nome de ningunha persoa. É dicir, os bens foron incautados, pero non se puido anotar no rexistro de propiedade ao non estar inscritas as fincas previamente. E así remata o cartafol do expediente, entendendo que o aviso á superioridade —CPIBPo, autoridade militar e CCABIE finalmente— fíxose nun atado independente. Como dixemos, isto é común a tódolos expedientes contra persoas xurídicas conservados no fondo.

Con respecto aos expedientes de incautación de bens o procedemento é moi semellante ao visto ata agora, adaptándose ás particularidades de cada caso. Volvemos optar por revisar un caso concreto para ver como o disposto na lexislación do 10 de xaneiro de 1937 se materializaba na práctica. De novo, ao non haber ningún procedemento dentro do partido de Pontevedra, escollemos un instruído polo Xulgado de Primeira Instancia núm. 2 de Vigo contra Manuel Rodríguez Careu "El Choto", veciño de Bouzas próximo á CNT e PCE, polo que despois do golpe fuxiría coa súa muller. En maio de 1937 ábreselle unha causa militar con número 636/37, que terá como resultado a sentenza pena de morte e será executado o 14 de setembro dese ano.

Meses antes da apertura do proceso castrense, o comandante militar da praza de Vigo ordenara ao capitán delegado militar da subdelegación de Facenda, Segismundo García, o embargo cautelar dos bens de Manuel Rodríguez, «por tratarse de un individuo de pésimos antecedentes político-sociales y encontrarse actualmente huido». Dita incautación realizouse o 18 de febreiro de 1937, no bar Náutico de Bouzas, rexentado polo acusado. A acta do acto describe con detalle todo o procedemento, no cal estaban presentes o funcionario xudicial José Sobrino Rendo, o garda cívico Laureano Montenegro Riobó e o veciño Teodoro Rubio Rivas en calidade de testemuña, así como os carabineiros Jesualdo Henares González e Arturo González Pérez. Segue a continuación un inventario dos bens, no que se especifica de forma pormenorizada todo o que había no interior do establecemento.

Chama a atención a intervención de tres individuos que se achegaron ao acto para reclamar útiles que dicían seus, como un home que dicía que lle pertencía unha pequena maqueta dun barco, un empregado da Sociedade Xeral Galega de Electricidade disposto a retirar un contador da empresa, ou un fillo dun industrial da zona, Constante Carnero, que pretendía saldar a débeda de 165 pesetas que teoricamente Manuel Rodríguez tiña con Carnero levándose avíos do local polo valor estimado desa cantidade. O funcionario xudicial impediu estes propósitos, elevando a dúbida sobre proceder á superioridade. Si permitiu levar, non obstante, «[u]na maleta vieja, llena de novelas pornográficas y revistas de carácter marxista», as cales terían sido trasladadas «al cuartel de Carabineros,

[1317] Ningún deles ten entrada na base de NeV.

según órdenes del Brigada de dicho puesto, ya que del contenido de los mismo, según dice podría sacar datos interesantes y útiles a la misión que le han encomendado». O capitán delegado militar é nomeado depositario interino dos bens, cuxa administración pasa ao pouco á CPIBPo en cumprimento do decreto-lei de 10 de xaneiro de 1937; en xullo, Segismundo García declina o cargo de depositario debido a «la índole especial de [sus] destinos actuales», sendo substituído o día 18 polo industrial Alfredo García Vitros.

Se ben no cartafol non veñen incluídos os informes de conduta do acusado, a CPIBPo decide instruír expediente administrativo contra Manuel Rodríguez, sendo suficiente, entendemos, o ditame da comandancia militar da praza. O Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 2 de Vigo, cuxo xuíz era Rafael Delgado Iribarren e Luis Aranda Lamata o secretario, é designado para o caso. Apenas tres meses despois da requisa efectuada na taberna do acusado, ratifícase o embargo preventivo de tódolos bens de Manuel Rodríguez, «que se llevará a cabo por el orden estabecido en el artículo 1447 de la Ley de Enjuiciamiento Civil bajo la prohibición contenida de los artículos 1448 y 1449 de la misma», e fórmase peza separada de embargo.

Dez días despois, o 7 de xuño, o xuíz Delgado Iribarren confirma que os bens incautados previamente están a disposición da CPIBPo, permite que a Sociedade Xeral Galega de Electricidade leve o contador do bar Náutico —aínda que o depositario Alfredo García non o devolverá ata mediados de febreiro de 1938— e dá ordes ao xuíz municipal de Bouzas para que practique o embargo dos demais obxectos. Ao inventario do 18 de febreiro súmanse unha relación de créditos que outras persoas debían a Rodríguez e unha radio da súa propiedade que fora comisada en agosto do 36 para pagar unha multa de 500 pesetas que lle fora imposta por escoitar «noticias de Madrid». A radio será incluída no lote de obxectos confiscados polo expediente en outubro do 37, mentres que o 21 de xuño o brigada xefe accidental de carabineiros de Bouzas informa ao xuíz instrutor da obtención das cantidades adebedadas por terceiros, que entrega para o seu ingreso na caixa de depósitos a disposición da CCABIE. Asemade, tamén comunica «haber terminado [su] principal misión, que fue la busca y captura de D. Manuel Rodríguez Careu».

De forma paralela, o xuíz municipal de Bouzas, Manuel Fidalgo Pereira, dá orde para que se practique o embargo dos demais bens de Manuel Rodríguez para «depurar la responsabilidad civil a que haya incurrido el inculpado», delegando a tales efectos ao alguacil e secretario do xulgado a mediados de xuño. Porén, os veciños aseguran que o matrimonio aínda estaba ausente e que non se lle coñecían máis bens ca os que se atopaban no bar. Días despois, dous destes veciños, Juan Álvarez Fernández e Manuel González Iglesias, terán que volver declarar ante o xuíz municipal e ratificar o seu testemuño. Namentres, o xuíz de instrución Delgado Iribarren realiza os trámites necesarios para poder cobrar dous créditos que quedaran sen pagar por estar contraídos por veciños de Cabo de Cruz (Boiro). Dirixirase ao xuíz de mesma clase do partido de Noia, Balboa López, —quen, á súa vez remite carta orde ao municipal de Boiro, Luciano Rey Vázquez— para proceder ao embargo dos bens dos debedores, Luis Romero López e Manuel López Triñanes. Estando ambos en paradoiro descoñecido —máis tarde se saberá que foron chamados á fronte pero non se logrará coñecer onde—, as pretensións serán inconclusas, sendo obxecto de pesquisas ao longo dos seguintes meses.

O 16 de xullo de 1937, reunido o consello de guerra na praza de Vigo, castígase a Manuel Rodríguez Careu coa pena máxima. É xulgado por delito de rebelión, argumentado polo papel destacado de Careu no cenetismo de Bouzas, participando nas barricadas de Lavadores e intentando requisar armas para manter a resistencia contra os golpistas. O secretario Camilo Forneiro Rapela, en nome do xuíz instrutor militar alférez

xurídico Alfonso Fidalgo Pereira, envía copia da sentenza e do seu cumprimento á CPIBPo. O 26 de novembro esta propón que se declare ao acusado, xa falecido, responsable civilmente, estimando a multa en 10.000 pesetas. Benito V. Artime Limeses, secretario da mesma, eleva a moción ás autoridades da Octava Rexión Militar, nomeadamente a Hernán Martín Barbadillo como Auditor de Guerra e Antonio Aranda como Xeneral Xefe. Estes, en conformidade co acordado pola CPIBPo ordenan remitir a peza de embargo ao presidente da Audiencia Territorial, Martínez Nieto, quen tamén dá o seu visto bo ao fallo e manda ao xuíz instrutor Delgado Iribarren para proceder co embargo en firme pola vía de constrinximento.

Unha vez o fallo é firme, Delgado Iribarren emite providencias para recuperar o monto debido polos veciños ausentes en Cabo de Cruz e para iniciar os trámites de taxación e prezo xusto, delegando as tarefas aos xuíces correspondentes. O municipal Fidalgo Pereira nomea a dous veciños para a taxación pericial; a relación de obxectos confiscados é detallada con moita meticulosidade, aínda que podemos apreciar algunhas pezas que faltan con respecto ao primeiro inventario, como aquelas «novelas pornográficas y revistas de carácter marxista», das que non se volve saber no informe. Pola súa banda, conséguese recuperar o valor dun dos créditos despois de que Teresa López Muñiz, muller de Luis Romero, o abone. Porén, esta reclamará a devolución dunha manta e varias mudas de roupa que tiña no bar Náutico Manuel Rodríguez, que lle serán entregados dous meses e medio despois tralas oportunas comprobacións.

Completadas as dilixencias pertinentes, elabórase unha relación definitiva dos bens establecéndose o prezo xusto, tralo cal o xuíz instrutor ordena a súa venda en poxa pública por un valor total de case 1.900 pesetas. Dáse aviso ao gobernador civil para que anuncie a almoeda no BOPPo, onde se informa que esta haberá celebrarse no Palacio da Xustiza de Vigo, sito na rúa do Príncipe, o 21 de xuño de 1938. Emporiso, ninguén acode ao acto. Despois de notificar á CCABIE, esta dispón que continúe o procedemento de constrinximento celebrando unha segunda poxa dos bens mobles embargados, cunha rebaixa do 25% da taxación, segundo o que vén estipulado no art. 1504 da LAC. Nesa segunda poxa, que ten lugar o 20 de xullo, comparece unha muller, Carolina Veiga Gándara, «viuda, dedicada a sus labores y vecina de Bouzas». Sendo a única ofertante, logra adquirir tódolos bens por 930 pesetas, que paga no momento. Á par, tratarase de ofrecer en poxa o crédito de 214,10 pesetas contraído por Manuel Pérez Triñano e desaparecido na fronte, sen éxito na primeira nin na segunda almoeda, polo que lle é adxudicado ao Estado polas dúas terceiras partes do prezo ao que se presentou na poxa. Con tódolos bens vendidos e os cartos ingresados na conta corrente á disposición CCABIE, devólvenselle as chaves do bar Náutico a Dolores Barreras y Barreras —unha das súas donas, pois non era propiedade de Manuel Rodríguez— o 11 de agosto de 1938. O 10 de setembro dáse conta da resolución do expediente ao xeneral xefe da Oitava Rexión Militar, para o 13 de outubro elevalo á Audiencia Territorial da Coruña. Esta acorda o arquivo do caso o 18 de novembro de 1938.

Continuarán nos meses seguintes algunhas dilixencias de carácter resolutorio, sen maior importancia, ata que en maio de 1941 por orde do TRRP ao XIPRP notifícase a María Román, viúva de Manuel Rodríguez, da posibilidade de exercitar o dereito de revisión da pena imposta ao seu marido, a cal «autoriza la 6ª disposición transitoria de la Ley de Responsablidades Políticas y la Orden de la Presidencia del Gobierno de 2 de diciembre de 1939». Dáselle de prazo tres meses para efectuar a reclamación, sen que semelle haber evidencias de que así o fixese. Vemos no comportamento de María Román a outra cara da moeda do que lle pasou ás mulleres das vítimas, en contraposición ao caso de Carmen Vázquez, viúva de Honorio Brasilino Álvarez Sobrino. Aquelas que non

puideron loitar polo que era seu e perderon tamén tódalas súas pertenzas a teor dos expedientes instruídos contra os seus homes, pois absolutamente todo o que estaba dentro do local de Manuel Rodríguez, incluídos aqueles que eran da muller —como a súa roupa— foron confiscados polos sublevados.

Mais, alén da documentación que quedou baixo o paraugas do ministerio de Xustiza trala desintegración das CPIBP coa aprobación da LRP en febreiro de 1939, tamén existe documentación relacionada aos expedientes de incautación de bens desta etapa no fondo da delegación do ministerio de Facenda en Pontevedra do AHPPo e, máis concretamente, no subfondo de Patrimonio e Incautacións. Para completar a imaxe deste proceso a nivel provincial, sen acudir a instancias superiores, debemos consultar o subfondo de Incautación de Bens de Asociacións dentro do fondo de Goberno Civil, tamén no AHPPo, o cal contén rexistros de socios, libros de actas, libros de contabilidade e outro tipo de documentación interna de agrupacións esquerdistas da cidade de Pontevedra e outros municipios da provincia, instrumentos esenciais na elaboración dos inventarios de bens que despois serían requisados.

No subfondo de Patrimonio e Incautacións consérvase correspondencia da CPIBPo con outros organismos, expedientes de incautacións, e un feixe de certificacións, relacións e inventarios de carácter diverso pero vinculados aos bens «de entidades marxistas» requisados en toda a provincia de Pontevedra. Sorprende, non obstante, as datas extremas das fontes: dende 1937 ata 1972. Como vemos, excede en moito a data da promulgación da LRP, a cal decretaba nas súas disposicións transitorias a disolución das Comisións Central e Provinciais de Incautación de Bens ao longo do ano; asemade, a lei de reforma da LRP de 1942 volvía a destacar o carácter extinto destes organismos —no art. 16 e 22 e na disposición transitoria 3ª—. De feito, gran parte desta documentación está indexada nos anos posteriores á teórica disolución das CPIB e mesmo despois da anulación da xurisdición especial de Responsabilidades Políticas. Na bibliografía especializada consultada —ora na historiografía local da cidade, ora na literatura académica enfocada noutros territorios— atopamos ningunha mención a este feito; moi ao contrario, é un lugar común referenciar o novo organigrama instaurado trala LRP de 9 de febreiro de 1939 como unha substitución das comisións introducidas polo Decreto-Lei de 11 de xaneiro de 1937.

Como foi visto, a reforma da LRP de 1942 introducía cambios substanciais na normativa, como a redución dos supostas acusatorios, a atribución do axuizamento de responsabilidades políticas á xurisdición ordinaria ou o encomendamento ao Ministerio de Facenda a administración dos bens incautados «como gestor idóneo de la economía estatal»[1318]. Polo art. 16.1 desta, o Ministerio de Facenda e as súas delegacións provincias haberían pasar a exercer as tarefas de «inventario, investigación, ocupación, administración, cesión, enajenación y gravamen de bienes pertenecientes a las entidades, agrupaciones y partidos declarados fuera de la Ley». Posteriormente, unha Orde do 9 de xuño de 1943 afondaba nas disposicións que afectaban a Facenda no relativo ás incautacións relacionadas coa redención responsabilidades políticas[1319].

En consonancia, a meirande parte desta documentación posterior a 1939 no subfondo de Patrimonio e Incautacións do AHPPo non está instruída pola CPIBPo, senón polos órganos provinciais da administración de facenda encargados da xestión dos bens

[1318] Preámbulo da «Ley de 19 de febrero de 1942 sobre reforma de la de Responsabilidades Políticas», p. 1646.
[1319] «Orden por la que se aprueba la instrucción provisional para cumplimiento de lo dispuesto en la Ley de Reforma de la de Responsabilidades Políticas de 19 de febrero de 1942, en cuanto afecta al Ministerio de Hacienda», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 164, de 13/06/1943, p. 5721 – 5730. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1943/164/A05721-05730.pdf [últ. consulta o 11/05/2022].

expropiados; isto é así, sobre todo, a partir de 1943, cando para cumprir coas disposicións impostas coa orde ministerial do 9 de xuño foi preciso trasladar unha cantidade considerable de documentación para a súa tramitación por Facenda. Son mostra disto, por exemplo, as relacións de expedientes de incautación de bens que se remiten á delegación provincial de Pontevedra, ou o inventario elaborado polo administrador de Propiedade e Contribución Territorial da provincia a teor dos bens inmobles incautados a «entidades marxistas», ambos de 1943[1320].

Non obstante, ao estudar a correspondencia deste subfondo con máis detalle reparamos en dúas cousas: a primeira, unha grella de arquivo que asegura a existencia de correspondencia entre o XIPRP e a CPIBPo en 1941, cando en realidade trátanse de comunicacións entre o XIPRP e o Xefe de Negociado de Bens Incautados da delegación de Facenda de Pontevedra, corroborando que as tarefas ata entón exercidas polas CPIB pasan a ser repartidas entre os órganos xudiciais de Responsabilidades Políticas e os da Administración de Facenda[1321]. Máis interesante é a segunda cuestión, a cal advertimos consultando a mensaxes cruzadas nos meses de marzo e abril de 1940 entre o xuíz civil especial de Responsabilidades Políticas da Coruña —non confundir este xulgado instrutor co TRRP, tamén sito en Coruña—, Pedro Luis Sanz Redondo, e o presidente da CPIBPo, o gobernador civil, Francisco García Alted[1322]. Se ben é certo que, ante as peticións de documentación realizadas dende o XIPR coruñés, o presidente da CPIBPo sempre alude ao carácter extinto da comisión á que representaba, a existencia deste tipo de documentación indica un solapamento ata o ano 40 entre a vella organización das CPIBP e a nova xurisdición de Responsabilidades Políticas introducidas en febreiro de 1939. É dicir, o precepto sobre a disolución das Comisións Central e Provinciais nun prazo de seis meses que establecía a LRP foi cumprido a medias, alongando alomenos un ano máis a existencia destes organismos, o que probablemente non axudou a acadar esas cotas de eficiencia desexadas pola LRP e a súa posterior reforma. Sexa como for, podemos confirmar deste xeito a persistencia —aínda que transitoria— do funcionamento das CPIB alén de 1939 e do prazo establecido pola LRP.

Máis numerosa é a correspondencia de natureza variada da CPIBPo e outros organismos, como o TRRP, o XIPRP, a Delegación Provincial de Facenda e alcaldías de toda a provincia entre 1937 e 1939 sobre o expropiacións de bens «marxistas», de

[1320] Ca. 7104, f. Delegación de Facenda de Pontevedra, AHPPo. O inventario destaca oito bens inmobles incautados no concello de Pontevedra entre os anos 1937 e 1938: *Juventud Lerezana*, *Sociedad de Agricultores de Salcedo*, *Sociedad de Agricultores de Mourente*, *Sociedad de Agricultores de Bora*, *Sociedad de Agricultores y Obreros de Tomeza* e *Sociedad de Agricultores y Obreros de Marcón*, vinculados á UXT; e a *Caja Rural de Lérez* e a *Sociedad de Agricultores de Lérez* á CNT (ca. 7104/16, f. Delegación de Facenda de Pontevedra, AHPPo). Trátase, non obstante, dunha relación incompleta, pois un documento de 1941 remitido á Delegación de Facenda enumerando as asociacións esquerdistas cuxos inmobles pasaron a ser propiedade da Delegación Nacional de Sindicatos inclúe tamén a *Liga Agraria de Poyo* e o *Sindicato Marxista de Cerponzones* (ca. 7104/17, f. Delegación de Facenda de Pontevedra, AHPPo). Correspondencia dos anos 60 informa do uso actual das propiedades, destinadas a dependencias da *Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos* de Pontevedra aqueles que foran das sociedades agrarias de Mourente, Salcedo, Bora e Marcón, mentres que o solar da de Tomeza estaba desocupado e o da *Juventud Lerezana* pasou a ser usado como escola; isto amosa que incluso tralo seu traspaso de propiedade, o Estado franquista levará rexistro destes bens requisados e tratará os seus expedientes practicamente ao longo de toda a ditadura (ca. 8792/25, f. Delegación de Facenda de Pontevedra, AHPPo). Unha descrición máis detallada dos inmobles incautados a estas entidades atopámola nun informe enviado en 1937 dende a Delegación Provincial de Facenda á Comisión Central Administradora de Bens Incautados polo Estado e ao Presidente da Comisión de Xustiza da Xunta Técnica do Estado (ca. 7104/15, f. Delegación de Facenda de Pontevedra, AHPPo).

[1321] Ca. 7104/3, f. Delegación de Facenda de Pontevedra, AHPPo.

[1322] Ca. 7104/2, f. Delegación de Facenda de Pontevedra, AHPPo. Esta carpeta conserva apenas media ducia de oficios entre ambos, a teor de pezas de responsabilidade civil derivadas de causas militares do ano 36, entre elas, a dos coñecidos organizadores da trama de corrupción de San Simón Francisco Bustelo Bustelo e Fernando Lago Búa. O gobernador civil (e, polo tanto, presidente da CPIBPo) informará ao xuíz San Redondo que todos eses expedientes foron xa trasladados ao TRRP. Pouco despois, en abril, Francisco Rodríguez Acosta substituirá a García Alted no cargo.

utilidade para afondar na magnitude da violencia económica e nas súas consecuencias[1323]. Non obstante, dende o punto de vista da nosa investigación, a fonte máis suxerinte son os «expedientes» tramitados pola CPIBPo entre 1937 e 1939. Estes aparecen baixo a etiqueta de expediente mais non son senón documentación solta que completaría aos expedientes auténticos. A súa consulta, non obstante, é interesante para seguir coñecendo o fenómeno do proceso de incautación de bens e afondar na aparente subsistencia das Comisións Provinciais pasada a súa data de disolución. A tales efectos, tomamos como mostra dous expedientes: o aberto contra a *Sociedad Hijos de Silleda de Buenos Aires* e contra Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, con cronoloxías iniciais de 1940 e 1950, respectivamente[1324].

O primeiro caso é instruído tras un informe do alcalde de Silleda, Manuel García Cerviño, o 6 de setembro de 1940 no que semella unha resposta a un oficio da DLS para identificar «entidades marxistas» en devandito termo municipal. O alcalde informa da existencia —ata entón, aparentemente omitida— dun «pequeño edificio, completamente ruinoso y abandonado en el lugar de Marco, parroquia de Siador», cuxa propiedade era da *Sociedad Hijos de Silleda de Buenos Aires*. Tratábase dunha casa escola —«Esta casa se destinaba durante la República a Escuela laica, considerándole con tal motivo de carácter marxista»[1325]—, aínda que o máis significativo no expediente é a afiliación próxima á UXT e CNT dos seus afiliados, chegando a ter sido fusilado o seu presidente segundo indica un dos oficios. Un artigo de Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez sobre a *Sociedad Hijos de Silleda* sinala que, tralo golpe, o cura da parroquia quedou coa maior parte dos utensilios da antiga escola[1326]. O feito de que a clausura e a apropiación dos bens do inmoble se fixesen sen coñecemento oficial das autoridades golpistas —recordemos que só se dá noticia da escola no marco burocrático da incautación de bens en 1940— volve amosar como gran parte do proceso de embargos en prol do réxime e, mellor dito, dos seus colaboradores se fixo por vías extraoficiais. Despois de todo isto, o expediente pasa a ser tramitado pola Delegación Provincial de Facenda en 1943, de acordo co establecido na reforma da LRP do 19 de febreiro de 1942 e na Orde Ministerial. do 9 de xuño de 1943, e a documentación máis tardía que se conserva é de 1946. Non hai ningún documento instruído pola CPIBPo.

Por outra banda, ano relativo ao expediente de Castelao é preciso sinalar que este debe ser tomado con cautela. Primeiro, volvemos subliñar, porque non contén o expediente de responsabilidades políticas que lle foi aberto ao líder galeguista, senón unhas dilixencias soltas e posteriores para a indagación duns bens deste e o traspaso da súa propiedade a mans do Estado. E, segundo e en relación co anterior, ao carácter incompleto desta documentación hai que engadirlle a súa falta de orde, o que sumado á ausencia de parte das comunicacións dificulta o seu seguimento lineal. Neste caso, tampouco se corresponde cun expediente tramitado pola CPIBPo, senón que as dilixencias están iniciadas pola Comisión Liquidadora de Responsabilidades Políticas (CLRP) dirixíndose á Delegación Provincial de Facenda en 1950, en referencia á

[1323] Ca. 7104/1, ca. 7104/4 e ca. 8786/19, f. Delegación de Facenda de Pontevedra, AHPPo.
[1324] Ca. 7104/7 o expediente contra a sociedade e ca. 7104/8 o expediente contra Castelao, f. Delegación de Facenda de Pontevedra, AHPPo.
[1325] Informe do alcalde en función Perfecto Fondevila Montero o 25 de abril de 1945 (Ca. 7104/7, f. Delegación de Facenda de Pontevedra, AHPPo). Subliñado no orixinal.
[1326] Unha aproximación á historia desta entidade pódese consultar en Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel: "A Sociedade de emigrantes Hijos de Silleda e o seu proxecto escolar realizado desde América", *Revista Galega de Educación*, vol. 31, 1998, p. 85. A información que aporta este pequeno artigo permítenos identificar o inmoble ao que se refire o expediente como a escola "Francisco Giner de los Ríos", o cal dá mostra da influencia da Institución Libre de Ensinanza sobre os valores didácticos da sociedade en cuestión. Ademais dos cursos regulares para as nenas e nenos da veciñanza, a escola ofrecía clases para adultos. Durante a etapa republicana, teñen visitado ao alumnado do centro polo 1º de maio persoeiros como Castelao, Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo ou Ramón Valenzuela; ironicamente, todos eles exiliaríanse en Arxentina despois da guerra.

USC

colección de cadros de Castelao depositada no Museo de Pontevedra dende 1928 e que foi expropiada como pago á multa de 75.000 pesetas coa que o TRRP da Coruña sancionou o 3 de febreiro de 1940 ao político e artista de Rianxo polas súas responsabilidades políticas.

Entre a documentación atopamos autos ditados polo xuíz especial de executorias da CLRP de Madrid, Fernando Ruíz del Árbol, así como dúas actas de incautación de cadros —cun valor total de aproximadamente 18.000 pesetas— executadas a comezos de 1951 polo delegado provincial de Facenda, Augusto Marzal Andrade, o administrador de Propiedades e Contribución Territorial, Luis Gutiérrez Fernández-Luance e o presidente do Museo de Pontevedra, José Filgueira Valverde. Consultando o Boletín Oficial da Provincia, comprobamos que a CLRP anuncia ao pouco o cumprimento da sanción económica imposta a Castelao, polo que este —xa falecido— podía dispor dos bens que non tivesen sido vendidos ou adxudicados xa, e enumera unha extensa colección de cadros e pinturas da súa autoría que foran requisados e traspasados ao Museo de Pontevedra, configurando o groso dos seus fondos actuais[1327].

Non obstante, o que máis chama a atención desta compilación documental é o interese amosado polo réxime no seguimento dos bens expropiados por parte do Estado moitos anos despois da súa incautación e as dificultades evidentes deste proceso, con varios exhortos sen resposta, advertencias de repercusións ante a falta de cooperación e, en xeral, unha sensación de desorde sistémica. Vemos como dúas lóxicas que confluíron ao inicio do golpe e da guerra acaban chocando: a *sobreburocratización* nos procedementos de incautación de bens, e a *pillaxe* non documentada dos bens das vítimas.

É exemplo disto o embargo da biblioteca privada de Castelao, obxecto de quebracabezas dentro da administración franquista na década dos 50. O 17 de novembro de 1956, máis de cinco anos despois da oficialización do traspaso de titularidade dos cadros, o xefe de sección da Dirección Xeral de Propiedades e Contribución Territorial dependente do Ministerio de Facenda informa ao administrador de Propiedades e Contribución Territorial que acaban de recibir aviso de que os libros de Castelao se atopan na biblioteca provincial, mais que a eles non lles consta nada da súa incautación. Unha breve comunicación da directora da biblioteca pública de Pontevedra do 22 de novembro do 56 indica o seguinte: «Fue entregada en esta Biblioteca, y al Bibliotecario Sr. Fernández Villamil por Orden de la Vicepresidencia de 10 de Junio de 1938, el 28 de Mayo de 1940. El Juez de Primera Instancia de Pontevedra hizo la entrega». Fanse xestións na Audiencia Provincial e no Xulgado de Primeira Instancia de Pontevedra por se había máis información sobre a entrega dos efectos da biblioteca —entre os que se atopan máis de mil volumes, pinturas, tintas, pinceis, «mil hojas de propaganda de la Exposición de Barcelona…»—, sen resultado. Non existen datos sobre o asunto, só unha transcrición non orixinal dun suposto exhorto do xuíz civil especial de Responsabilidades Políticas da Coruña enviada ao xuíz de Primeira Instancia de Pontevedra, Serapio del Casero, con data de 24 de maio de 1940 na que ditamina que:

> [S]e haga entrega … al Señor Bibliotecario designado en esa Provincia D. Enrique Fernández Villamil, Jefe del Archivo de Hacienda de Pontevedra de la Biblioteca embargada como de la propiedad de Alfonso Rodríguez Castelao y que fueron depositados en la persona de D. Casiano Peláez Merino, al que se hará el consiguiente requerimiento.[1328]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1327] *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, núm. 88, 17/04/1952, p. 2.
[1328] Ca. 7104/8, f. Delegación de Facenda de Pontevedra, AHPPo.

A copia inclúe unhas breves liñas da dilixencia do xuíz del Casero do 28 de maio, facendo acuse de recibo e dando consentimento para que se leve a efecto o disposto no exhorto.

Con todo, isto non resolve as dúbidas xurdidas arredor do proceso de incautación da biblioteca, provocando un novo intercambio de correspondencia en decembro do 51 entre o xefe de sección da Dirección Xeral de Propiedades e Contribución Territorial e o administrador provincial, a cal achegamos integramente no Anexo 15. Dende o noso punto de vista, condensa moi ben as eivas e baleiros que provoca o enfrontamento das dúas estratexias de sanción económica —oficial e extraoficial— ás que nos referiamos anteriormente. Finalmente, o expediente de responsabilidades políticas de Castelao será remitido en 1966 á Audiencia Provincial de Pontevedra para o seu arquivo e a tramitación das dilixencias finais correspondentes.

Ambos casos confirman as limitacións do fondo e, polo tanto, as precaucións coas que nos debemos aproximar ao mesmo, así como as consideracións xa formuladas no relativo á súa indexación. Ademais do sinalado, amosan a función dos xuíces de Primeira Instancia como os responsables de efectuar os embargos en consonancia co indicado pola LAC, se ben o seu papel é de mero cumprimento de ordes que veñen dende arriba.

Para concluír con este apartado, malia ser certo que o poder golpista introduce mudanzas máis ou menos significativas a través da nova lexislación de incautación de bens por motivos de índole sociopolítica —o que na seguinte etapa se dará en chamar responsabilidades políticas— o máis destacable dende o noso punto de vista é a rapidez coa que a administración de xustiza integra e aplica a nova normativa. Isto só é posible mediante a adaptación que se fai das figuras de embargo e constrinximento xa existentes na lexislación liberal, a cal é corrixida e adecuada ás necesidades das novas autoridades. Esta estratexia, como vemos, é unha constante na política xudicial golpista e a clave do éxito da xudicialización da violencia. Crear un sistema completamente novo dende a nada sería simplemente inviable, moito menos no contexto bélico. Porén, introducir pequenas reformas normativas dende o que xa se estaba a executar resulta por unha banda, máis factible e, pola outra, menos radical, colaborando nas constantes aspiracións de lexitimidade e normalización. O seguinte salto será, como comprobaremos a continuación, a consagración da xurisdición de responsabilidades políticas en 1939 como unha independente, despois do período de erro e proba dos anos anteriores.

8.3.3. O Xulgado Instrutor de Responsabilidades Políticas de Pontevedra

Como recordaremos, a LRP do 9 de febreiro de 1939 supuxo un fito fundamental na política xudicial do franquismo. Culminaba o proceso de incautacións comezado case tres anos atrás mediante a creación dunha nova xurisdición —a primeira concibida e implantada *ex novo* polo franquismo—, cuxa fin era a de xulgar en exclusiva a existencia de *responsabilidades políticas* contra o *Movimiento Nacional*, termo que viña a substituír ás tradicionais responsabilidades civís que se viñeran valorando ata entón. Coa introdución desta nova orde xurisdicional, establecíase un tempo transitorio para suprimir as comisións de incautación de bens do período anterior, durante o cal os expedientes foron trasladados aos novos órganos implantados pola LRP para continuar coa súa tramitación ou manter o seu arquivo.

USC

Esta primeira xurisdición propia do franquismo, que responde aos desexos de institucionalización do réxime ante o inminente desenlace da guerra civil, era toda unha declaración de intencións: a fin bélica non ía significar en ningún modo a paz. Sintetiza

con gran acerto a filosofía do dereito franquista, tan influenciada nestes momentos pola doutrina do antagonismo político schmittiana, de carácter profundamente dualista[1329]. Por una banda, a existencia dunha orde xurisdicional especializada é presentada na superficie como un elemento garantista; porén, pola outra, a realidade será a vulneración constante dos dereitos básicos dos acusados ata límites aínda non explorados ata entón.

A xurisdición de Responsabilidades Políticas vivirá dúas fases moi diferenciadas entre si: a etapa dende a súa promulgación en 1939 ata a reforma de 1942, e a que vai dende entón ata a súa liquidación en 1945, durante a cal en prol dunha suposta axilización do proceso se introducen diversos cambios como a redución dos supostos delituosos ou a eliminación de tódolos xulgados especiais de Responsabilidades Políticas —a excepción do Tribunal Nacional— pasando a ser asumidas as súas funcións pola xurisdición ordinaria e a administración de Facenda. Nós centrarémonos exclusivamente na primeira a cal, consideramos, é máis fiel ás aspiracións do réxime, sendo a reforma obrigada ante a pouca eficiencia práctica dunha xurisdición que pretendía examinar —e expurgar— a toda a cidadanía para a súa inclusión nunha comunidade nacional franquista depurada, libre de pecado.

Ata a reforma do 42, a estrutura dos tribunais de responsabilidades políticas estaba dividida en tres segundo a súa potestade xurisdicional. No nivel máis baixo, de alcance provincial, atopamos ao Xulgado Instrutor de Responsabilidades Políticas, de composición militar e encargado —valla a redundancia— de instruír os expedientes. No caso de Pontevedra, o XIPRP estaba formado polo oficial terceiro honorario do corpo xurídico militar, Gerardo Martínez Díaz a modo de xuíz, e o sarxento de infantaría José Bouzas Martínez na secretaría[1330]. As súas oficinas estaban na rúa Joaquín Costa, 6.

Nun seguinte nivel estaba o Tribunal Rexional de Responsabilidades Políticas, con sede na Coruña e de composición mixta. Presidíao o comandante de infantaría e avogado Eduardo Martínez Nieto en representación do Exército, ocupando as vogalías o maxistrado Marcial del Río Díaz como axente da carreira xudicial e o avogado e ex combatente José Pérez Arda López como membro de FET de las JONS —quen acabará sendo substituído ao pouco por José Antonio Quiroga y Martínez de Pisón—. Como secretario, o oficial primeiro de sala Vicente Santiago Santalla. Como tribunal supletorio estaba Ramón Somoza Alló, comandante de infantaría e presidente de relevo, e o maxistrado Plácido Martín Vicente e o avogado e ex combatente Alfonso Ozores Saavedra nas vogalías suplentes. O oficial segundo de sala Luis G. Besada Caballero ocupaba a secretaría[1331].

Deste dependía directamente o Xulgado Civil de Responsabilidades Políticas, tamén sito na Coruña, para o cal foron nomeados o xuíz de Primeira Instancia Pedro L. Sanz Redondo e o secretario de Primeira Instancia Pedro Álvarez Estévez. Na última instancia, de competencia estatal, situábase o Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas.

[1329] Schmitt, Carl: *El concepto de lo político. Texto de 1932 con un prólogo y tres corolarios*, Madrid, Alianza, 2009 [1932]. En concreto, ver o texto" Sobre la relación entre los conceptos de guerra y enemigo (1938)", pp. 131 – 140.

[1330] Julio Diz Sanciso, sarxento de artillaría, é designado como suplente. Asemade, entre 1939 e 1940, encargarase momentaneamente da secretaría José Ramos Martínez, volvendo ao pouco a desempeñar as súas función José Bouzas. «Orden nombrando el personal que ha de constituir los Tribunales Regionales, Juzgados Instructores Provinciales y civiles especiales de Responsabilidades Políticas», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 156, 05/06/1939, p. 3071. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1939/156/A03069-03074.pdf [últ. consulta o 28/05/2022]. Ver tamén «Administración de justicia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 121, 30/04/1940, p. 2154. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1940/121/C02152-02154.pdf [últ. consulta o 28/05/2022].

[1331] «Orden nombrando el personal que ha de constituir los Tribunales Regionales, Juzgados Instructores Provinciales y civiles especiales de Responsabilidades Políticas», p. 3071.

A eiva documental comentada anteriormente reprodúcese nesta etapa. En concreto, o fondo do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, no AHPPo, conserva cinco expedientes de responsabilidades políticas contra 17 homes[1332]. A bibliografía especializada destaca como pronto foron necesarios os procedementos especiais de responsabilidades políticas de carácter colectivo para poder responder ás exixencias do novo escenario xurisdicional[1333]. Porén, nin todos estes expedientes atópanse completos nin todos procesan veciños de Pontevedra; só o expediente número 43/39 do Xulgado de Instrución Provincial de Responsabilidades Políticas pontevedrés, aberto contra Francisco Tilve Rodríguez, Francisco Sánchez Solera, Enrique Martínez Pazos, Ramón Fernández Cortés e Francisco Mouriño Iglesias. A súa análise individual resulta, non obstante, pertinente para atender ao funcionamento do procedemento estándar do proceso de imputación de responsabilidades políticas.

As actuacións iníciansе mediante un informe o 12 de outubro de 1939 da secretaría de Orde Pública, asinado polo gobernador civil interino Justo Hermida, dirixido ao TRRP, do cal que remite copia ao XIRPR[1334]. Nel se dan conta dos antecedentes de sete veciños da localidade segundo informacións proporcionadas pola comisaría de Investigación e Vixilancia de Pontevedra, dos cales cinco terían incorrido en responsabilidades políticas pola súa conduta posterior a outubro de 1934 —aínda que os perfís en realidade remóntanse a datas anteriores a aquela xulgada pola LRP—.

Ante as probas aportadas, o TRRP considera pertinente a apertura dun expediente nunha providencia do 28 de outubro de 1939 ante a aparente filiación dos acusados á Fronte Popular, polo que dá orde, como dixemos, ao XIRPR para que inicie a instrución. Dous días despois, o xuíz Gerardo Martínez confirma a incoación do procedemento, ditaminando que «[se constituya] el Juzgado en la Prisión provincial de esta plaza para darle lectura de cargos a los inculpados a fin de que contesten y se defiendan». Isto ten lugar case inmediatamente, o 3 de novembro, dándolles aos procesados cinco días a contar dende entón para aportar probas testificais documentais que apoien as súas declaracións exculpatorias.

Nestas intervencións dos inculpados atopamos moitas semellanzas cos argumentos de defensa nos consellos de guerra, facendo énfase en que eran «simples afiliados» —termo repetido por todos eles— a partidos de esquerdas, negando calquera tipo de cargo ou actuación de relevancia neles e declarando que se deran de baixa dos mesmos antes da sublevación militar. No caso de Francisco Sánchez, este asegura terse desvinculado de *Izquierda Republicana* tralos acontecementos revolucionarios de outubro de 1934, sen militar en ningún outro partido despois diso. Só tería actuado como interventor no colexio electoral nas eleccións do 36 por amizade ao falecido Arturo Rey Juncal e o exiliado Osorio-Tafall; máis tarde declararía que estes, «por razón de haber

[1332] A distribución é a seguinte: destes, tres foron abertos contra cinco varóns e os dous restantes expedientaron a un individuo respectivamente. Por orde cronolóxica, estes son o expediente de responsabilidades políticas contra Francisco Tilve Rodríguez, Francisco Sánchez Solera, Enrique Martínez Pazos, Ramón Fernández Cortés e Francisco Mouriño Iglesias (ca. 20329/10, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo); o expediente contra Francisco Fernández González (ca. 20330/9, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo); o expediente contra Germán Aníbal González Vázquez (ca. 20330/10, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo); o expediente contra Andrés Mencía Rey, Cándido Fernández Fernández, Cándido Fernández Jorge, Elías Fernández Álvarez e Enrique Granada Lago (ca. 20330/11, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo); e o expediente contra Florencio Espinacho Escanciano, Santiago Vázquez Bautista, Eliseo Pardo Calvo, José Gil Garrido e Isaac González (ca. 20330/12, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo). De todos eles, só Francisco Tilve ten ficha na base de NeV por ter sido detido e posto a disposición do Xulgado Militar de Instrución de Pontevedra, o que dá mostra das limitacións do fondo con respecto aos inculpados por delitos de responsabilidades políticas ante a falta de continuidade do proxecto.

[1333] Martínez Pereda: *Medo político e…*, 2015, p. 168.

[1334] Incluímos no Anexo 16 o informe na súa integridade.

sido los que le emplearan en el Servicio Municipal de Aguas, le obrigaron sin su consentimiento a pertenecer al partido político de referencia». De forma semellante, Ramón Fernández explica que só estivo afiliado a *Izquierda Republicana* durante uns poucos meses en 1935. Pola súa banda, Enrique Martínez dá un paso máis no seu testemuño de defensa e asevera que foi inscrito en 1935 a *Izquierda Republicana* en contra da súa vontade, «constándole este extremos por manifestaciones de un amigo que era quien lo inscribió sin contar con su consentimiento». Porén, non tería apoiado economicamente ao partido nin ocupado cargos de ningunha clase nel, chegando a votar en branco nas derradeiras eleccións. Similarmente, Francisco Mouriño, confirma ter pertencido a *Unión Republicana* e ser vogal da formación despois de 1934, «pero sin actividades destacadas dándose de baja de dicho Partido con bastante anterioridad a la iniciación del Glorioso Movimiento Nacional». Nega, non obstante, ter colaborado con doazóns «pro-víctimas de la revolución de Asturias». Só Francisco Tilve afirma que seguía pertencendo ao Partido Socialista no momento do levantamento militar, aínda que reiterando o seu papel secundario na organización. Se ben non nega que foi interventor da Fronte Popular nas eleccións do 36, insiste en que nunca manifestou ningunha «actuación extremista». En virtude aos art. 1 e 4 da Lei do 9 de setembro de 1939, o xuíz instrutor pregunta e deixa constancia sobre a filiación dos procesados a Falanxe[1335]. Só dous deles, Sánchez e Mouriño, confirman ter solicitado ingreso a FET, aínda que seguen pendentes da resolución, sen novas ao respecto.

Paralelamente, chegan ao XIRPR os informes político-sociais sobre os acusados elaborados pola xefatura local de Falanxe, a comandancia da Garda Civil e o do párroco de San Bartolomé. Estes, aínda que sucintos, matizan aquela condición de «simples afiliados» á que apelaban os procesados nas súas defensas. Nos reportes de Falanxe, confírmase a pertenza de Francisco Sánchez a *Acción* e *Izquierda Republicana*, indicando que foi despedido do seu posto como empregado do concello ao «demostrarse su desafecto al Movimiento Nacional». En relación a Ramón Fernández, o informe de FET, asinado por Antonio Puig, asegura que este estivo afiliado á ORGA e máis tarde a *Izquierda Republicana*, motivo polo cal lle foi aberto un expediente na Cámara da Propiedade. No caso de Enrique Martínez, fronte ao suposto voto en branco nas eleccións do 36, asevérase «según datos recogidos en varios sitios y tertulias y en la misma calle» que tería secundado a candidatura da Fronte Popular. De Francisco Mouriño dise que pertenceu dende 1930 a diversos partidos republicanos así como ao Partido Socialista, insistindo no seu apoio económico ás vítimas dos sucesos revolucionarios de 1934. Finalmente, sobre Francisco Tilve aclárase que ocupou a presidencia e secretaría da agrupación socialista da cidade, estando preso en San Simón ata abril do 38.

Tendo sido varios deles detidos recentemente, Puig indica que a comisaría de policía terá informacións máis amplas sobre eles. Completan as pesquisas os escritos dende a Garda Civil do posto de Pontevedra, con máis datos sobre os antecedentes dos acusados e os seus bens, aínda que sen entrar en gran profundidade. Estes informes, se ben comparten cos anteriores o discurso de pretendida obxectividade e distan moito de ser exculpatorios —maniféstase que Ramón Fernández é un suposto masón, por exemplo—, si son un pouco máis xenerosos ca os de FET, asegurando que todos os procesados son de boa conduta moral, tanto pública como privada. Por outra banda, as manifestacións do cura párroco de San Bartolomé, Faustino Fraile Lozano, son aínda máis

[1335] «Jefatura del Estado.- Ley disponiendo la debida conexión entre las actuaciones de diversas jurisdicciones y los organismos de F. E. T y de las J. O. N. S. cuando los inculpados sean afiliados a ésta», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 254, 11/09/1939, pp. 5060 – 5061. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/254/A05060-05061.pdf [últ. consulta o 30/05/2022].

vagas, confirmando nalgún caso a simpatía dos procesados cara os partidos de esquerdas, pero sen facer comentarios incisivos e nunha tónica xeral de «no me consta» e «no conozco».

Nos días inmediatamente posteriores tamén son remitidos ao XIRPR informes da xefatura provincial da Comisaría de Investigación e Vixilancia e da alcaldía. Nos primeiros apréciase unha animosidade máis censuradora contra os procesados, aportando novas informacións inculpatorias. De carácter afín son os perfís remitidos dende a alcaldía, os cales adoitan confirmar os antecedentes dos anteriores e non aportan datos novos. Choca, non obstante, o informe sobre Enrique Martínez, que debuxa unha actuación oposta ás sinaladas nos demais informes. Para mostra desta desconformidade, simplemente podemos contrapoñer un extracto do da Garda Civil e o da alcaldía.

> Enrique Martínez Pazos es de buena conducta moral, pública y privada; obtuvo el retiro extraordinario por la Ley de Azaña, ingresó en el Partido de Izquierda Republicana en el año 1934. En las elecciones de Febrero de 1936 emitió su voto por el Frente Popular (según propia confesión); al iniciarse el Movimiento Nacional hizo su presentación ante el Jefe del Polígono de Janer, no siéndole admitidos sus servicios por el Jefe de aquella Base; no consta se haya opuesto al Movimiento Nacional, así como tampoco que haya demostrado su adhesión al mismo, pues si hizo su presentación en el Polígono fue por su calidad de retirado y con miras a sostener su situación, ya que por su actuación posterior con el fin de socavar la labor del Nuevo Estado ha sido detenido en unión de otros más. No se le conocen en esta demarcación bienes de fortuna, cuenta como medios de vida con su retiro de unas 700 pesetas mensuales.[1336]

> Aparece con el nº 153 en el libro de Socios del partido de Izquierda Republicana, de esta Capital, en el que ingresó en 12 de Diciembre de 1935, y en La Coruña donde con anterioridad estaba, parece ser que perteneció al Partido Comunista. A partir de la fecha del Glorioso Movimiento Nacional sus manifestaciones son favorables al desarrollo del mismo.— Otro informante dice: Que el individuo de referencia aún cuando es de Derechas, observa mala conducta y es de malos antecedentes, maleante profesional, vago y sin oficio. … Carece de medios de fortuna hasta el extremo que en cierta ocasión que para atender a su subsistencia, al quedar sin empleo en su profesión de Barbero [sic.] desempeñó el cargo de mozo, en la fonda en donde lo mantenían.[1337]

O máis sorprendente son as declaracións do segundo informante ao que se refire o texto da alcaldía, non só pola súa clara antipatía, senón por asegurar que o Martínez Pazos era un barbeiro sen profesión, cando tódolos demais informes —mesmo o da propia alcaldía, noutra parte— coinciden na súa condición de condestable maior da Armada, retirado ao abeiro da reforma militar de Azaña en 1931.

Namentres o xuíz de instrución vai recibindo os informes político-sociais de Falanxe, Garda Civil, comisaría de Investigación e Vixilancia e a alcaldía, os procesados envían os seus escritos de descargos e declaracións xuradas dos seus bens. Nelas desenvolven as súas declaracións perante o xuíz Gerardo Martínez, ofrecendo máis detalles que os eximan dos cargos e adoptando o discurso dos sublevados —que, sabemos, era algo habitual—, cos *viva España* e *saludos a Franco* e ao *Glorioso Movimiento Nacional* propios daquel *año de la Victoria*. Nas declaracións xuradas

[1336] Informe da Garda Civil do 4 de novembro de 1939 sobre Enrique Martínez Pazos no expediente de responsabilidades políticas número 43/39 (ca. 20329/10, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo).

[1337] Informe da alcaldía de Pontevedra do 6 de novembro de 1939 sobre Enrique Martínez Pazos no expediente de responsabilidades políticas número 43/39 (ca. 20329/10, f. Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, AHPPo).

detallan o seu patrimonio e ingresos, tanto eles como os seus cónxuxes, así como as débedas que teñen pendentes e as persoas que se atopan ao seu cargo.

A súa estratexia de defensa —comprensible no contexto— adoita en incidir na súa falta de acción, e polo tanto de responsabilidade, política; comprometendo nalgunhas ocasións a persoas ausentes e apelando a outras presentes, involucrándoas no proceso para que testemuñen no seu favor. Só Ramón Fernández Cortés propón, á parte, probas documentais para blindar a súa coartada, nomeadamente un informe do comandante do porto da Garda Civil do Barco de Valdeorras —de onde era natural—, un pase de circulación facilitado pola comandancia militar de alí e unha carta do xefe local de Falanxe, todos eles posteriores ao golpe de Estado e unidas ao expediente interno que lle abriu a Cámara Oficial da Propiedade Urbana de Pontevedra.

O 7 de novembro, Gerardo Martínez emite un auto dando orde para remitir os anuncios oportunos sobre o expediente nos boletíns oficiais correspondente, nomeadamente o *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra*, que se publicará no número 254 o día 9, e no *Boletín Oficial del Estado*, que sairá no número 322 do día 18 do mesmo mes. O día 8, o xuíz dita unha providencia declarando pertinente as probas testificais propostas polos procesados nos seus escritos de descargos, ordenando chamar a declarar a: Paulo Novás Souto, Germán Fernández e Juan Seijo Fontenla en nome de Enrique Martínez Pazos; José Fabelo Mouriño, Santiago Junquera Pazos, Francisco Galvez Ruiz e Eladio Portela Gómez para Francisco Sánchez Solera; Manuel Casqueiro, Evaristo Pérez Valdés e Ruperto Santos Villaverde por Ramón Fernández Cortés; e Ramón Martínez, Manuel Pereira ou Ramón González, citados por Francisco Mouriño.

Porén, o alguacil xudicial José Ferreiro Martínez, manifesta días despois que seis dos requiridos non puideron ser notificados: Paulo Novás, Germán Fernández, Juan Seijo, Ramón Martínez, Manuel Pereira e Ramón González, pois «ninguno de los seis se hallan en esta ciudad, uno fue pasado por las armas y los otros cinco en ignorado paradero»[1338]. Algúns dos demais compareceran a mediados do mes de novembro para que as súas declaracións sexan escoitadas polo xuíz: José Fabelo Mouriño, Santiago Junquera Pazos, Francisco Galvez Ruiz e Eladio Portela Gómez por Francisco Sánchez Solera; e Evaristo Pérez Valdés e Ruperto Santos Villaverde por Ramón Fernández Cortés. As súas manifestacións son parcas e están na liña da defensa dos acusados: á vez que confirman a pertenza destes a partidos de esquerda, negan ou alegan descoñecer actuacións extremistas de ningún tipo. Un pouco diferente é o carácter do testemuño de Ruperto Santos, quen di non saber da militancia de Fernández Cortés, aínda que asegura o seu «comportamiento correctísmo», ou o de Evaristo Pérez, quen directamente non responde a ningunha das preguntas alegando que ignora tódolos aspectos sobre os que é inquirido.

Neses días continúan as dilixencias de investigación. Recíbese tamén no XIRPR as probas documentais solicitadas por Ramón Fernández Cortés en relación ao seu expediente da Cámara Oficial da Propiedade Urbana, da cal era presidente Ruperto Santos Villaverde, e certificadas polo avogado e secretario da mesma Manuel Casqueiro. O día 20 chega asemade un novo informe da alcaldía sobre o ex empregado municipal Francisco Sánchez Solera que completa a comunicación sobre el aportada o 6 de novembro,

[1338] Paulo Novás Souto fora fusilado polo delito de traizón o 12 de novembro do 36. O Germán Fernández ao que se alude pode ser Germán Fernández Gracia, natural de Vigo pero veciño de Pontevedra, quen tamén fora xulgado en consello de guerra por rebelión militar e fusilado o 28 de decembro de 1936. A Juan Seijo Fontenla abriráselle o expediente número 1450/41, que será sobresido en 1943. Manuel Pereira é, con toda seguridade, Manuel Pereira Portabales, veciño de Estribela, quen foi declarado en rebeldía despois de que se lle incoase a causa militar 491/37. Non conseguimos identificar aos Ramón Martínez e Ramón González. Todos os demais con ficha en NeV, excepto Juan Seijo, quen aparece no *Boletín Oficial del Estado*, núm. 150, 30/05/1943, p. 1996. Dispoñible en: https://www.boe.es/gazeta/dias/1943/05/30/pdfs/BOE-U-1943-150.pdf [últ. consulta o 30/05/2022].

especificando a súa suspensión de emprego e soldo o pasado outubro por ter sido detido pola policía gobernativa. Ese mesmo día tamén presta declaración Benigno López Fernández, quen confirma que o tal Sánchez Solera «le saludaba puño en alto a la usanza marxista y con la palabra *salud*». Así remata o proceso de instrución, o cal é declarado concluso polo xuíz Martínez Díaz nun auto elevado á TRRP o 30 de novembro, cumprindo o exiguo prazo dun mes que establecía a normativa. O resumo do xuíz instrutor, asinado o 2 de decembro do 39, dá conta das pesquisas realizadas.

Como vemos, á luz dos informes recibidos e as probas aportadas, o xuíz instrutor estima que tódolos inculpados incorreron en responsabilidades políticas, sen circunstancias modificativas. Refírese a diferentes *incisos*, é dicir, supostos de responsabilidade recollidos na LRP, concretamente no seu art. 4. Ofréceselles aos inculpados un prazo de 48 horas a partir do 13 de xaneiro de 1940 para que formulen novos escritos de defensa, podendo valerse dun avogado se así o desexan, que deberán costear eles mesmos. O TRRP na Coruña ditamina a sentenza do expediente o 26 de xaneiro. Dáse como probado que todos os procesados son de ideoloxía esquerdista e que non teñen bens, a excepción de Enrique Martínez Pazos e Francisco Mouriño Iglesias.

As infraccións nas que o tribunal considera incorren os acusados non sempre son as mesmas que as propostas polo xuíz de instrución de Pontevedra. Nas fontes consultadas non apreciamos unha tendencia xeral a teor dunha maior ou menor severidade do TRRP con respecto ás propostas do XIPRP: por exemplo, nos casos de Francisco Tilve e Francisco Mouriño os «delitos probados» segundo o TRRP son de menor gravidade que os recomendados polo xuíz instrutor, mentres que a Francisco Sánchez Solera se lle acaba condenado baixo un suposto delituoso máis que na proposta do XIPRP; nos casos de Enrique Martínez e Ramón Fernández mantéñense igual. Con todo, de proceder a unha investigación máis centrada neste eido concreto, podería ser interesante medir ata que punto as sentenzas do TRRP foron máis rigorosas ou benignas daquelas propostas inicialmente polo xuíz instrutor do expediente.

O TRRP finalmente condena aos acusados ás seguintes sancións: a Tilve, á pena de 8 anos de inhabilitación absoluta e 100 pesetas de multa; a Sánchez Solera e Martínez Pazos, a 3 anos e un día de inhabilitación absoluta e 150 pesetas; a Fernández Cortés, 3 anos e un día de inhabilitación absoluta e 100 pesetas; e Mouriño Iglesias, a 6 anos de inhabilitación absoluta e 300 pesetas de multa. O fallo notifícase ao TNRP e aos condenados, todos eles presos na prisión provincial a excepción de Ramón Fernández Cortés, quen xa estaba de volta no seu domicilio da rúa Arcebispo Malvar. Ningún deles interpuxo recurso de alzada e a comezos de abril do 40 únense ao expediente as cartas de pago correspondentes aos ingresos das sancións, aínda que os inculpados non poderán recobrar a libre disposición dos seus bens ata o 19 de novembro dese ano.

Todos eles excepto un: Francisco Sánchez Solera. Ante o seu impago, inmíscese no procedemento o Xulgado Especial Civil de Responsabilidades Políticas da Coruña. Despois de que transcorrese o prazo sen que Sánchez Solera fixese efectiva a súa sanción económica, o TRRP remite o 17 de setembro de 1940 unha copia da sentenza e da declaración xurada sobre bens do condenado ao xuíz especial Pedro Luis Sánchez Redondo. Este acusa recibo o 9 de outubro, conformando a correspondente peza separada e liberando os exhortos aos xuíces de Primeira Instancia de Pontevedra e Sequeros (Salamanca), para que inicien as dilixencias de investigación do patrimonio de Sánchez Solera e procedan ao seu embargo para a conseguinte taxación pericial posterior.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O xuíz accidental de Primeira Instancia de Sequeros, Losada Martín, expide a orde ao xuíz municipal de Tamames de la Sierra, de onde era natural o inculpado. Este toma a

declaración de varios veciños da vila, sen que ninguén semelle coñecelo; tampouco aparece nos libros de propietarios dos que dispón o concello, polo que se supón a súa insolvencia. Paralelamente, leva a cabo as dilixencias correspondentes o xuíz de Primeira Instancia Serapio del Casero, quen solicita informes sobre os bens de Francisco Sánchez Solera á comisaría de Investigación e Vixilancia, á alcaldía, á comandancia da Garda Civil, ao rexistrador da propiedade, aos bancos e caixas de aforros da zona… Todos coinciden na mala situación económica do condenado, do que descoñecen a propiedade de ningún tipo de bens. Tanto o xuíz salmantino como o pontevedrés completan a súa labor en menos dunha semana.

Antes de dar por declarada a insolvencia do sancionado tralo esgotamento da investigación, o xuíz especial Sánchez Redondo dá aviso ao avogado do Estado o 30 de outubro, quen o 22 de novembro responde que é pertinente a declaración insolvencia. Isto faise finalmente o 2 de decembro de 1940, «con cualidad de por ahora y sin perjuicio de su venida a mejor fortuna», dando por concluída a peza separada. Nalgún momento do procedemento, comeza a falarse de Francisco Sánchez Solera en pasado, como «vecino que *fue* de Pontevedra». A escolla deste tempo verbal non debe facernos pensar no seu falecemento —sen que isto supuxese, por suposto, unha paralización das actuacións xudiciais—, pois mediante prensa comprobamos non só que Sánchez Solera non morrería ata 1950, senón que nos anos 40 chega a retomar o seu oficio como funcionario da sección de Augas do concello de Pontevedra[1339]. Sexa como for, o 7 de decembro de 1940 o TRRP acorda arquivar o expediente.

Porén, en xuño de 1942, reinícianse dilixencias contra Enrique Martínez Pazos ao estar sendo procesado na causa militar da Armada número 1241/40 do departamento marítimo de Ferrol por delito de adhesión á rebelión, instruída polo xuíz castrense Mariano Camazano Romo. No consello de guerra, celebrado o 19 de maio de 1942, fallárase condenar a Martínez Pazos por cómplice de delito de rebelión á pena de 12 anos e un día de prisión e inhabilitación absoluta. A teor diso, solicítase á Audiencia Provincial de Pontevedra —órgano substituto na provincia do TRRP trala reforma da LRP, lembramos— que envíe unha xustificación oficial da situación económica do penado. Iníciase de novo dilixencias de investigación: a Audiencia Provincial envía carta orde ao XIRPR e este ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Pontevedra, que á súa vez require informes á alcaldía, Garda Civil e Falanxe para coñecer os bens do encartado e a súa familia. A finais de xaneiro de 1943, chégase á resolución de que os únicos bens de Enrique Martínez Pazos é un pequeno retiro anual co que ten que alimentar aos seus oito fillos, polo que «debe considerarse como pobre». O fiscal sinalará que non procede a formación dun novo expediente e a Audiencia Provincial acordará acumular ambos —polo que xa fora condenado e o novo derivado da sentenza de consello de guerra—, arquivándoos.

Vemos, no transcurso destas páxinas, como o espolio é organizado polo novo Estado dende os seus xermolos, articulándoo nunha sorte de (pseudo)xurisdición que pasa por diversas formas e estadios, segundo as necesidades e intereses do momento. Resulta especialmente interesante a forma na que este se institucionaliza, actuando como capitel das políticas de persecución e anulación do outro, buscando a súa *morte civil*[1340]. Así as cousas, comprobamos na segunda e terceira parte da investigación como cada xurisdición actúa en esferas diferentes, aínda que relacionadas entre si. Na cuarta e derradeira parte da investigación, poremos todo en común.

[1339] *La Noche*, 08/04/1952, p. 5.
[1340] Anderson, Peter: *The Francoist Military Trials. Terror and Complicity, 1939 – 1945*, Abingdon, Routledge, 2010, pp. 123 – 132.

CUARTA PARTE
Reflexións finais

9. A xudicialización da violencia na estratexia golpista

9.1. Unha lectura transversal dos obxectivos da xudicialización da violencia e da violencia xudicializada: as catro dimensións da xustiza golpista

> La grandeza de los pueblos se mide tanto por la heroica virtud de sus hijos como por el fulgente esplendor de la Justicia. *Las Armas y las Leyes son los dos grandes protagonistas de la universal historia*, hasta el punto de no lograr ésta ninguna de sus formas civilizadoras sin el supremo acorde de estas altas facetas del espíritu humano, desarrollándose bajo el palio espiritual de la Religión, que las engarza con Dios, supremo manantial de vida y único camino de redención. Nunca deja de ser la hora de las Armas y de las Leyes, porque unas y otras son gérmenes fecundos del acontecer diario; pero hay momento en que una de ellas toma la delantera ante la exigencia imperiosa de la realidad ambiente. *En nuestra España, liberada de las potencias del mal, llega ahora el tiempo esplendoroso en que las Leyes van dando permanencia y sentido de profundidad humana al magno proceso heroico de nuestra liberación nacional*, y en este triunfante repecho de paz, pleno de fecundantes promesas patrias, queremos enaltecer con generoso aliento *la milicia de los hombres del Derecho* y cuantos contribuyen a dotar al país de una inquebrantable base jurídica y una prestigiosa estructura legal.[1341]

Dio o propio réxime, da voz do boletín no que as palabras se tornan oficiais e normativas: as armas e as leis foron as grandes protagonistas da *Cruzada Nacional* iniciada o 18 de xullo de 1936. E cinco anos despois da súa vitoria na guerra civil, o franquismo está disposto a condecorar con tódolos honores a eses homes de leis que xogaron un papel tan importante no «magno proceso heroico de … liberación nacional», creando para tal fin a Cruz de San Raimundo de Peñafort. As armas foron profusamente estudadas pola historiografía sobre o golpe e a guerra civil española; as leis, non tanto. Neste sentido, a nosa investigación pretende aportar material e reflexións ao debate heurístico e hermenéutico de cara a afondar no coñecemento existinte sobre o papel da xustiza —e os seus homes— na configuración da Nova España. Aceptando o reto discursivo —que non a exactitude da premisa— de que as armas e as leis sexan as dúas grandes protagonistas da «universal historia», van selo deste traballo.

«La política mancha a la Justicia con sólo mirarla», dicía Calvo Sotelo[1342]. Unha das máximas que se presupón da xustiza é que esta e os seus administradores, en tanto que mediadores dun conflito entre partes, sexan neutrais[1343]. No capítulo 4 vimos, por

[1341] «Decreto por el que se crea la Cruz de San Raimundo de Peñafort, para premiar el mérito a la Justicia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 38, 07/02/1944, pp. 1072 – 1073. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1944/038/A01072-01073.pdf [últ. consulta o 18/10/2022]. Cursiva nosa. En capítulos anteriores temos tratado a creación e a importancia desta condecoración.

[1342] A cita completa é: "No existe la justicia política. Esto es, la política no puede discernir la Justicia. Porque la política es pasión, represalia, parcialidad, facción. 'Cuando la política traspone la puerta de los Tribunales, la Justicia sale por la ventana', decía cierto insigne profesor inglés. La política mancha a la Justicia con sólo mirarla. Si la asume en su propio ser, hace algo más: la desfigura, prostituyéndola". Calvo Sotelo, José; Primo de Rivera, José Antonio: *Las responsabilidades políticas de la Dictadura: un proceso histórico. Los alegatos de Calvo Sotelo. La defensa de Primo de Rivera. El voto particular de Casanueva. La sentencia.*, Madrid, s.e., 1933, pp. 8 – 9.

[1343] Rawls, John: *Teoría de la justicia*, México D.F., Fondo de Cultura Económica, 1979 [1971], pp. 366 – 367. Se ben nas páxinas indicadas si se fai referencia á figura do xuíz e ás virtudes que se lle presupoñen, cabe aclarar, non obstante,

exemplo, como a Lei Provisional Orgánica do Poder Xudicial patrocinaba o apoliticismo de xuíces e maxistrados, prohibindo a súa asistencia a actos ou manifestacións de carácter político e, por suposto, a súa militancia en organizacións políticas. Malia todo, nós sabemos que a xustiza non é un organismo *neutro* dentro da administración e que a *imparcialidade* é unha quimera, se ben necesaria dende unha perspectiva contractualista. A este respecto, sostén Pierre Bourdieu:

> La fuerza específica del derecho es algo muy paradójico, casi impensable. Hay que volverse a Marcel Mauss y a su teoría de la magia. La magia sólo actúa en un campo, es decir, un espacio de creencia en cuyo interior están los agentes socializados de manera que piensen que el juego al que juegan merece ser jugado. La ficción jurídica no tiene nada de ficticio; y la ilusión, como dice Hegel, no es ilusoria. El derecho no es lo que dice ser, lo que cree ser, es decir, algo puro, completamente autónomo, etc. Pero el hecho de que se crea tal, y que logre hacerlo creer, contribuye a producir unos efectos sociales completamente reales; y a producirlos, ante todo, en quienes ejercen el derecho.[1344]

Esta ilusión xurídica foi, como vimos vendo ao longo dos anteriores capítulos, capital na estratexia de conquista de poder polos golpistas. Porén, a opción da violencia xudicializada non tiña por que ser a máis obvia nun contexto de tanto apuro como o dun golpe de Estado e unha guerra civil. A vía das matanzas e da reclusión forzosa dos identificados como inimigos políticos, sen pretensión algunha de legalidade, podería considerarse máis eficiente, tanto en tempo como en recursos. O esforzo loxístico que supuxo en tódolos sentidos a xudicialización da violencia no bando sublevado non debe ser pasado por alto. A violencia é un acto comunicacional que, polo tanto, pretende enviar unha mensaxe determinada e opera en diferentes frontes alén da represión física sobre o corpo do outro; como din Gutmaro Gómez Bravo e Jorge Bravo, esta «materializaba voluntades, reforzaba discurso y cohesionaba el grupo»[1345].

O exceso de celo e normativismo —ora ben, selectivo— non se pode tratar dun mero capricho ou eventualidade: preguntámonos, polo tanto, o seu porqué e, en definitiva, os obxectivos da xustiza rebelde en guerra. Dende a nosa interpretación, estes operan dende fundamentalmente catro dimensións: a violenta, a performativa, a integradora e a normalizadora. Destas despréndense tantas outras, e ningunha se entende por si soa, senón que se retroalimentan unhas a outras. Vexámolas polo miúdo.

---

que o clásico (e debatido) ensaio de Rawls se centra na xustiza distributiva. Ver tamén Foucault, Michel: *Microfísica del poder*, Madrid, Las Ediciones de La Piqueta, 1979 [1978], p. 70. Asemade, resaltamos o cuestionario realizado por José Juan Toharia a xuíces e maxistrados españois na primeira metade dos anos 70 en torno ás calidades máis importantes do xuíz ideal, despuntando sobre as demais respostas un alto grao de preparación técnico-xurídica, unha gran dedicación e un profundo sentido de *equidade*. Toharia, José Juan: *El Juez español. Un análisis sociológico*, Madrid, Tecnos, 1975, p. 107.

[1344] Bourdieu, Pierre: "Los juristas, guardianes de la hipocresía colectiva", en *Jueces para la democracia*, núm. 47, 2003, p. 5. As obras ás que se refire o sociólogo francés atopámolas Mauss, Marcel: *Sociología y antropología*, Madrid, Tecnos, 1979 [1902] (na súa primeira parte se inclúe o "Esbozo de una teoría general de la magia") e Hegel, Georg. W. F.: *Rasgos fundamentales de la Filosofía del Derecho, o compendio de derecho natural y ciencia del estado*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2000 [1821].

[1345] Cabe recuperar o parágrafo do que extraemos a cita pola súa significancia: "En un contexto como el del golpe militar o el verano de 1936, un incidente violento en la retaguardia rebelde era cualquier cosa menos neutral: o resultaba un desafío directo a las autoridades militares o un compromiso público con ellas. La violencia se convertía así en un extraordinario acto de comunicación en el que los agentes difundían dos mensajes paralelos: a los *otros* se les transmitía medo y parálisis; a los *suyos*, una y otra vez la idea de que formaban parte de la comunidad, que estaban dispuestos a cualquier cosa, que apoyaban y secundaban el proyecto de exterminio político. La violencia se convertía así en un arma portadora de múltiples significados, en un instrumento de comunicación y en un rito iniciático que no contravenía las consignas llegas desde arriba, sino todo lo contrario: materializaba voluntades, reforzaba discurso y cohesionaba el grupo". Gómez Bravo, Gutmaro; Marco, Jorge: *La obra del miedo. Violencia y sociedad en la España franquista (1936 – 1950)*, Barcelona, Península, 2011, p. 73.

USC

Cadro 15. As catro dimensións da xustiza golpista



«A lei non pode evitar estar amada», dicía Foucault, «e a súa arma, por excelencia, é a morte»[1346]. A **dimensión violenta**, no sentido de persecución política, da administración de xustiza é a máis obvia e, en xeral, á que máis atención se lle ten prestado dende a historiografía. No caso español, esta encarreirouse a través de xurisdicións especiais principalmente: durante a guerra, pola xurisdición militar (cap. 8); e, a partir dos últimos meses desta e na posguerra, con xurisdicións *ex novo* de advocación puramente represiva como a de Responsabilidades Políticas e a da Represión da Masonaría e o Comunismo (cap. 7). Esta violencia xudicializada, á súa vez, pode ser real ou percibida. Esta última fai referencia ao clima de terror xeneralizado fronte ao Estado burocrático autoritario, sempre atento, no cal a poboación se sinte vixiada e temerosa pola apertura dun proceso xudicial inesperado cuxa resolución pode chegar a ser fatal —como foi o caso de K. en *El proceso* de Kafka co que abriamos o capítulo 1—; un medo que ademais se sustenta na propia aparente arbitrariedade do proceso e do resultado.

No que respecta á violencia real, á súa vez distinguimos dúas subcategorías: unha violencia *material* e unha de carácter máis *simbólico*. A primeira, material, é a máis visible, posto que impuña o control político sobre a corporalidade das persoas, como o fusilamento ou a pena de cárcere, pero tamén a prisión preventiva ata a resolución xudicial —mesmo no caso de que o fallo final fose absolutorio—; mais podía afectar, asemade, aos medios de vida da vítima mediante sancións pecuniarias. Semellante sería a este respecto o caso das depuracións laborais; non obstante, os tribunais da administración de xustiza non tiñan potestade neste eido, senón que as depuracións eran

[1346] Foucault, Michel : *Histoire de la sexualité. La volonté de savoir*, París, Éditions Gallimard, 1976, p. 189. Tradución propia.

tramitadas por órganos pseudoxurisdicionais alleos ao poder xudicial e á administración de xustiza.

A segunda, como indicabamos, trataríase dunha violencia inmaterial, é dicir, simbólica pero de consecuencias reais: o proceso xudicial en si, máxime nun momento de vulneración das garantías máis básicas, ou mesmo o posterior sistema de revisión de penas son exemplos dunha tortura psicolóxica estrutural que o sistema fomenta[1347]. A maiores, a existencia dun procedemento xudicial pendente evitaba o retorno daquelas persoas que conseguiran marchar ao exilio[1348]. Vemos como, contraintuitivamente, o sistema xudicial non só non protexe os dereitos das persoas senón que se converte en ferramenta para o terrorismo de Estado[1349].

De carácter simbólico da xustiza penal que identifica a determinado tipo de infractor non como mero contraventor da norma senón como suxeito-inimigo, tamén fala Günther Jakobs no seu clásico *Derecho penal del enemigo*:

> [E]l Derecho penal simbólico no sólo identifica un determinado «hecho», sino también (o: sobre todo) a un específico tipo de autor, quien es definido no como igual, sino como otro. Es decir, que la existencia de la norma penal … *persigue la construcción de una determinada imagen de la identidad social mediante la definición de los autores como «otros» no integrados en esa identidad*, mediante la exclusión del «otro». Y parece claro, por otro lado, que para ello también son necesarios los trazos vigorosos de un punitivismo exacerbado, en escalada, especialmente, cuando la conducta en cuestión ya se hallaba amenazada de pena. Por lo tanto, el Derecho penal simbólico y el punitivismo mantienen una relación fraternal. [De su unión surge] el Derecho penal del enemigo.[1350]

Para diferenciala da violencia real simbólica —nun oxímoro que en realidade non é tal— que vimos de mencionar, o que Jakobs describe como a finalidade do dereito penal simbólico para nós é a **dimensión performativa** da violencia xudicializada. Afastámonos do problema práctico da eliminación do inimigo —física, fusilándoo; ou social, recluíndoo—, finalidade que se podería acadar sen necesidade de pretensións legalistas, e centrámonos na cuestión da súa designación e pública marcaxe —o que a penalística anglosaxoa denomina *labeling*—, para afondar nas vantaxes que a vía xudicial ofrece en contraposición a outras formas de violencia extraxudicial. Como xa sabemos, se ben o procedemento xudicial ten moito de performatividade en tódolos seus chanzos, sexa cal sexa o contexto político no que se produza, dende a nosa interpretación no caso concreto dos territorios de dominio rebelde este persegue dúas fins concretas fundamentais: a elaboración dun relato que asigna aos intervenientes roles performativos; e proporcionar, de forma coherente con ese relato, unha pátina de lexitimidade ao novo réxime que se estaba a xestar.

[1347] Ver, en relación con isto último, Martín, Sebastián: "Criminalidad política y peligrosidad social en la España Contemporánea (1870 – 1970)", *Quaderni fiorentini per la storia del pensiero giuridico moderno*, núm. 38, 2009, p. 883.

[1348] Sobre isto último, ver Vázquez Osuna, Federico: "Las primeras mujeres juezas y fiscales españolas (1931 – 1939): Las juristas pioneras", *Arenal. Revista de historia de las mujeres*, vol. 16, núm. 1, 2009, pp. 148 – 149.

[1349] As palabras, como lle chamamos ás cousas, son importantes. A instrumentalización política da xustiza (particularmente a castrense) polo réxime de Franco, tendo ademais en conta as súas dramáticas consecuencias, cremos, é constitutivo dunha forma de terrorismo de Estado, se ben entendemos que a aplicación do termo *Estado* pode renxer antes de 1939. Porén, dende o noso punto de vista, empreguemos a denominación que empreguemos para referirnos ao proceso de institucionalización do novo réxime dende o golpe (protoestado, contraestado, Estado campamental…), consideramos que no momento no que as tropas rebeldes asumen as función do Estado alí onde se fixeron co poder dende o 18 de xullo de 1936, confórmanse xa como Estado. Malia que interesante, non afondaremos máis nese debate. En relación ao terrorismo de Estado, Michael Stohl ten sinalado as diferenzas terminolóxicas (e os seus matices) segundo quen sexa o axente perpetrador de ditos actos terroristas. Ver Stohl, Michael: "Expected utility and state terrorism", en Bjørgo, Tore (ed.): *Root Causes of Terrorism. Myths, reality and ways forward*, Abingdon, Routledge, 2005, pp. 211 – 212.

[1350] Jakobs, Günther: *Derecho penal del enemigo*, Madrid, Thompson – Civitas, 2003, p. 78. Cursiva nosa.

Ambas vertentes están profundamente relacionadas entre si. A primeira, a narrativa, consiste na consagración da cosmovisión golpista, que se acada mediante unha *inventio* xurídica (re)presentada como verdade xudicial que sentará as bases do relato oficial e se encarga de invalidar o relato republicano —e fixar a destrución do seu modelo sociopolítico— mediante o que poderiamos identificar como unha proxección de culpabilidade[1351]. É dicir, o relato fundacional da ditadura adopta as súas formas do discurso enarborado polos fiscais e auditores de guerra nas causas militares (cap. 7), cuxos axiomas maniqueos, apenas modificados, xa se atopan nos primeiros procesos castrenses naquelas zonas onde o golpe fora vitorioso, como Pontevedra. Este discurso inculpatorio da fiscalía é referendado polos demais interlocutores no xuízo: os defensores militares, cuxa estratexia consiste na reafirmación das bondades do *Movimiento* á vez que se minimizan ou negan as responsabilidades na resistencia a este dos seus defendidos; e o propio tribunal militar quen, sen importar o fallo, tamén asume o relato da insurrección armada dos leais á legalidade republicana —convertidos así en culpables non do que fixeron senón do que eran: *inimigos da patria*—, como se desprende das sentenzas. Deste modo, como aseguraba Bourdieu, case por arte de maxia o dereito logra converter o ficticio en *real*, alomenos dende o punto de vista do universo simbólico franquista.

Para Zira Box, a importancia do ritual é unha constante dende o golpe pero, sobre todo, durante a posguerra. No abano de políticas e actividades destinadas á construción simbólica da nova ditadura estudadas no seu traballo *España, año cero* (2010) non vén incluído o sistema xudicial e a *verdade* que neste cristaliza[1352]. Tampouco Claudio Hernández Burgos considera aos tribunais, ou, mellor dito, a quen traballaban neles no seu estudo sobre actitudes de normalización durante a primeira etapa da ditadura franquista[1353]. Porén, nós subliñamos a súa potencia simbólica e consideramos que a administración de xustiza foi o primeiro dispositivo en establecer as bases narrativas do novo Estado sobre as que se sustentará o franquismo. Non debemos ignorar como «[d]esde el principio los golpistas vencedores de la guerra prefirieron contarla desde la Causa General —disfrazada de justicia— y sus sucesivas copias», ocupando esta, xunto coa literatura do réxime, o lugar preferencial de difusión do relato da xenealoxía do franquismo, fronte a outros dispositivos culturais como a propia historiografía afín á ditadura[1354]. Tomando prestada a cita de Unamuno, pretendeuse «rectificar la historia mediante Tribunales de justicia»[1355].

As xurisdicións especiais estandarizan e validan ritualmente o núcleo base deste relato fundacional que, na súa expresión máis mínima, consiste en asegurar que a Fronte Popular derivou no caos social e, de aí, a necesidade do levantamento militar para salvar España; nesta situación de extrema gravidade, o goberno frontepopulista perde a súa lexitimidade, a cal vai recaer no Exército como máximo garante da nación. É dicir, a

[1351] É a encargada de crear o que Foucault chama *réxime de verdade* ou *política xeral da verdade*, definida como "los tipos de discursos que [la sociedad] acoge y hace funcionar como verdaderos". Foucault,: *Microfísica del poder*, 1979 [1978]. Nunha liña afín, Martín Rojo lémbranos en relación aos efectos performativos dos relatos que "[l]os discursos no reflejan la 'realidad' … sino que construyen, mantienen, refuerzan interpretaciones de esa 'realidad'". Martín Rojo, Luisa: "El orden social de los discursos", *Discurso, teoría y análisis*, núm. 21 – 22, 1997, pp. 1 – 39. De forma máis concreta, sobre o papel concreto que o sistema xudicial ten no proceso de creación de verdade e, polo tanto, de relato, ver Foucault, Michel: *La verdad y las formas jurídicas*, Barcelona, Gedisa Editorial, 1996 [1978]. Tamén a última gran obra de Habermas, *Facticidad y validez* (1992), se refire de xeito explícito ao papel do dereito como produtor de verdade.

[1352] Box, Zira: *España, año cero. La construcción simbólica del franquismo*, Madrid, Alianza, 2010.

[1353] Hernández Burgos, Claudio: "El busca de la paz prometida: actitudes de normalización durante el primer franquismo (1936 – 1952)", *Ayer*, núm. 104, 2016, pp. 177 – 201.

[1354] Fernández Prieto, Lourenzo; Míguez Macho, Antonio; Vilavedra, Dolores (eds.): *1936. Un nuevo relato*, Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2020, p. 26.

[1355] de Unamuno, Miguel: "La Patria y el Ejército", *Nuestro tiempo*, núm. 68, 05/02/1906, p. 121.

suposta lexitimidade do bando sublevado non vén só da conquista ou da vitoria de 1939, senón polo —de novo, suposto— inmediato restablecemento da orde e da lei fronte ao caos republicano. Conságrase deste modo unha sorte de relato cristolóxico de violencia e redención que se materializa no corpo da patria. Neste dogma, de orixe ditatorial pero logo transformado e asumido en clave de reconciliación durante a transición, golpe e guerra civil convértense no pecado orixinal do dogma que, unha vez superado, permitirá a consagración dunha España máis moderna, máis europea[1356].

Os xermolos deste relato exculpatorio vémolos na zona de retagarda dende os primeiros momentos do golpe: eles, que controlan a administración de xustiza, son os tedores do poder, da soberanía, da *auctoritas* e da *potestas*; pola contra, o outro é o criminal do corpo social a extirpar en prol da boa saúde da patria. Mediante o proceso xudicial queda establecido o *ethos* xurídico-criminal-policial do novo réxime á vez que se xustifica a súa necesidade. Uns postulados iusnaturalistas que están presentes non só nesta xustiza bélica, senón tamén en tódolos ámbitos normativos do novo réxime, cos que este mesmo se autolexitima e autorreferencia, xuridificando o antixurídico e institucionalizándose pola vía da facticidade. O constitucionalista José Ángel Camisón Yagüe explica este proceso de forma especialmente acertada:

> [E]l primer franquismo se produce primero como un hecho, como algo fáctico, para después asegurar su reproducción en el tiempo y en el espacio mediante su juridificación a través de su conversión desde el "hecho" a la "norma", es decir, de "ser" transita al "debe ser" funcional al "ser" preexistente y su consiguiente reproducción. Tal y como explica Jellineck, el proceso por el cual el poder y, subsiguientemente, el derecho que surgen de lo fáctico se consolidan consta, fundamentalmente, de tres momentos: en primer lugar, existe un uso efectivo del poder que se detenta fácticamente, el cual genera una suerte de derecho funcional a dicho poder y su reproducción; en segundo lugar, esta situación ontológica de ejercicio del poder fáctico y su derecho genera una idea de normatividad material, una *opinio iurus*, en aquel grupo social sobre el cual se ejerce; y, finalmente, en tercer lugar, el derecho se convierte en norma jurídica formal a través de una fuente de derecho reconocible y que sea social y jurídicamente percibida como tal. Así, en un primer momento lo militares alzados contra la Constitución legítima mediante su golpe de estado pasan, en primer lugar, a detentar el poder y aplicar una suerte de derecho fáctico en determinadas partes de España, donde efectivamente, en segundo lugar, dicho poder y derecho se acata, para seguidamente, en tercer lugar, generar una norma jurídica formal mediante el recurso inicial al "decreto", que normativiza el poder y derecho fáctico, y aspira a legitimarlo jurídicamente.[1357]

Esta vontade xustificativa da que vimos falando apréciase tamén noutros esforzos xurídicos como o *Dictamen de la Comisión sobre ilegitimidad de poderes actuantes el 18 de julio de 1936*, publicado en 1939, a posta en marcha de novas (pseudo)xurisdicións de carácter represivo, e o intento de fiscalización de magnitudes colosais da *Causa General* a partir do ano seguinte (caps. 7 e 8).

Esta vertente lexitimadora da dimensión performativa non deixa de ser unha forma de *propaganda*, de cara ao interior do país pero tamén de cara ás potencias estranxeiras. Pedro Payá asegura que «los consejos de guerra … deben ponerse en relación tanto con el proceso de institucionalización del bando rebelde como con la batalla propagandista por ganar la opinión pública internacional, sobre todo tras la difusión de la matanza de

[1356] Sobre o tema, ver Fernández Prieto; Míguez Macho; Vilavedra (eds.): *1936. Un nuevo …*, 2020, pp. 25 – 42.

[1357] Camisón Yagüe, José Ángel: "La juridificación de los mecanismos de control social", en Chaves Palacios, Julián (coord.): *Mecanismos de control social y político en el primer franquismo*, Barcelona, Anthropos, 2019, pp. 149 – 150. A lectura pode ser afondada con algúns dos referentes de Camisón Yagüe, como Jellinek, Georg: *Teoría general del Estado*, Buenos Aires, Albatros, 1954 [1900], ou Habermas, Jürgen: *Facticidad y validez. Sobre el derecho y el Estado democrático de derecho en términos de teoría del discurso*, Madrid, Trotta, 2010 [1992].

Badajoz»[1358]. É dicir, o autor suxire que, nun momento de internacionalización da guerra e maior cobertura polos medios estranxeiros, a xustiza militar foi un xeito de disfrazar as prácticas violentas máis salvaxes, facéndoas máis dixeribles de cara ás democracias europeas. Fronte ao aparente afundimento e desconcerto na España republicana, o bando sublevado postúlase como os mantedores da orde social e xurídica. A violencia contra o outro político, en tanto que xudicializada, é presentada como ecuanimidade e legalidade; o exercicio da xustiza, malia que totalmente manipulada, exhíbese como o uso lexítimo do monopolio da violencia por parte dun Estado que aspira a ser recoñecido internacionalmente. A violencia indiscriminada, malia que economicamente máis rendible que a violencia selectiva, resulta contraproducente ao ser «[percibida] como profundamente injusta», sostén Kalyvas; así e todo, engadimos nós, cando a arbitrariedade punitiva é revestida de veos legalistas esta semella converterse en máis dixerible.[1359]. Sobre estas cuestións, di o hispanista Peter Anderson:

> [E]l empleo de tribunales militares tanto para el enjuiciamiento masivo de civiles como de prisioneros de guerra ofreció al régimen de Franco la oportunidad de presentar la represión a la opinión pública mundial como una forma legítima de administración de justicia. Así, los partidarios del general defendieron esta idea con tal vehemencia que se pasó de negar la existencia de la represión a querer lucir los consejos de guerra como procesos judiciales colmados de todas las garantías jurídicas. De este modo, muchos observadores extranjeros prefirieron resaltar en todo momento la violencia republicana, justificando así la existencia de los tribunales franquistas y pasando por alto las constantes violaciones jurídicas de los mismos. En este sentido, de cara a gran parte de la opinión internacional, los tribunales militares constituyeron un éxito diplomático del franquismo, al ofrecerle una pátina de orden y medida de la que en realidad careció el «Nuevo Estado», mientras mantenía a toda máquina la represión sobre los partidarios de la República.[1360]

A aparencia legalista é, polo tanto, indispensable na estratexia do golpe. Cabe recuperar, a este respecto, o seguinte comentario do secretario xudicial Antonio Ruiz Vilaplana: «La Justicia vieja debía ser cercenada, castrada en su función y alcance, pero no era conveniente ni hábil su supresión, pues esta supervivencia era una garantía para la opinión mundial». Máis adiante, engade: «estos Tribunales [militares], [fueron] constituidos no para juzgar delitos militares, sino para *actuar de envoltorio "legal" en las persecuciones, represalias y "delitos" puramente políticos, sociales o ideológicos*»[1361]. Estas pretensións legalistas son fundamentais durante a guerra, pero

[1358] Payá López, Pedro: "Después de la victoria: la represión judicial franquista tras la guerra civil", en Moreno Fonseret, Roque; Payá López, Pedro (eds.): *Memoria y justicia transicional en Europa y América Latina*, Granada, Comares, 2018, p. 29.

[1359] Kalyvas, Stathis N.: *La lógica de la violencia en la Guerra Civil*, Madrid, Akal, 2010 [2006], pp. 223 – 248. A cita, da p. 223.

[1360] Se ben era coñecido "que estos juicios en realidad no se trataban más que de una parodia de procedimeinto legal", engade Anderson, as democracias estranxeiras e, en particular, o goberno británico preferiu mirar para outro lado á vez que facía gala dun "humanitarismo [que] demostró ser superficial" (p. 85 e p. 100). Anderson, Peter: "Escándalo y diplomacia. La utilización de los consejos de guerra para mantener la represión franquista durante la guerra civil", en Anderson, Peter; del Arco Blanco, Miguel Ángel (eds.): *Lidiando con el pasado. Represión y memoria de la guerra civil y el franquismo*, Granada, Comares, 2014, pp. 84 – 85. A estratexia tivo éxito, considerándose o golpe de Estado e a posterior ditadura un mal menor dentro das políticas de apaciguamento anglofrancesas no período de entreguerras así como nos derradeiros embates da Segunda Guerra Mundial (que deixan entrever o que serán algunhas das lóxicas da guerra fría). Neste novo marco, Julius Ruiz narra como en marzo de 1945 é convidado un coronel agregado á embaixada estadounidense a presenciar un consello de guerra en Madrid. Este tería denunciado a falta de garantías procesuais dos acusados (e, sobre todo, a Cruz de Ferro nazi que exhibía o presidente do tribunal no seu uniforme). Non obstante, isto non tería repercusións diplomáticas de gravidade, deixando entrever o que serán algunhas das lóxicas da guerra fría. Ruiz, Julius: *La justicia de Franco. La represión en Madrid tras la Guerra Civil*, Barcelona, RBA, 2012 [2005], p. 148 e p. 377.

[1361] Entre outras reflexións, rescatamos tamén esta: "Todos los regímenes de fuerza, todos los Poderes oligárquicos, han sabido desembarazarse de las trabas y sujeciones morales y políticas, pero no han sabido prescindir de la formalidad

subsisten ao longo de toda a ditadura: interpretamos así, por exemplo, a reacción que provocou na ditadura a distribución a partir de 1962 do informe *L'Espagne et la Primauté du Droit* e a contrarréplica dos xuristas máis próximos ao réxime *España, Estado de Derecho* en 1964, onde se repiten algúns dos mesmos mantras repetidos durante as case tres décadas anteriores (cap. 7).

A terceira das dimensións que destacamos é a **integradora**. A violencia institucionalizada, a depuración metódica aspira a xerar lealdades[1362]. Pola propia natureza procesual dos procedementos xudiciais, especialmente mais non só os militares, varios son os actores que interactúan no desenvolvemento da causa: no caso castrense, ademais da propia vítima acusada, podemos distinguir aos xuíces e secretarios instrutores, fiscais e auditores de guerra, membros do tribunal, autoridades diversas chamadas a elaborar informes ou colaborar dalgún xeito coas dilixencias xudiciais, testemuñas… A diferenza dos paseos, onde as persoas involucradas cumpren dúas únicas funcións moi diferenciadas —vítimas e vitimarios—, nos procedementos xudiciais de persecución política multiplícanse as casuísticas polas cales se podía participar da violencia[1363]. De forma aínda máis concreta, poñemos particular énfase na figura da testemuña: malia que non fixemos unha detallada análise socioprofesional das persoas chamadas a declarar, si apreciamos maior variedade de xénero, procedencia, clase, ideoloxía… que entre outros actores implicados nos procedementos.

Dende o noso punto de vista, a xudicialización da violencia actúa polo tanto como un elemento difusor de responsabilidades: se ben o papel das testemuñas non é fundamental na toma de decisións do tribunal, con elas lógrase a integración —ás veces, imposta— de amplas capas sociais no universo violento, propiciando a difusión do sentimento dunha sorte de responsabilidade colectiva sobre o fenómeno, o cal se agudizou co recrutamento bélico e o involucramento forzoso de persoas no conflito loitando por unha causa pola que se cadra non crían (cap. 7). A xeneralización da culpa é unha estratexia moi eficaz para exonerar aos culpables: e é que, como di Arendt, «donde todos son culpables, nadie lo es»[1364]. Na obra colaborativa de *1936. Un nuevo relato* (2020), atínase a este respecto:

> La ausencia de la responsabilidad individual en la violencia masiva del contexto español ha sido un elemento central en el viejo relato y aún lo es. La ausencia de responsabilidad individual diluye la culpa, equipara a víctimas y verdugos, pero también anula todos los matices en las actitudes sociales ante la violencia, desde la delación a la

y tramitación jurídica" (p. 122). Ruiz Vilaplana, Antonio: *Doy fe… Un año de actuación en la España nacionalista*, Bos Aires, La Nueva España, 1937, p. 120 e p. 124. Cursiva nosa.

[1362] "La maquinaria depuradora de la Administración de Justicia", segundo a historiadora do dereito Amaia Álvarez Berastegui, "refleja de manera exhaustiva esta doble estrategia basada en la violencia directa y el Derecho represivo: el fin último era establecer lealtades firmes al movimiento sublevado". Álvarez Berastegi, Amaia: "La maquinaria depuradora de la Administración de Justicia en Navarra: 1936 – 1939", en Jimeno Aranguren, Roldán (ed.): *La represión de la Administración de Justicia en la Guerra Civil y el Franquismo. Homenaje al Juez Luis Elío*, Valencia, Tirant lo Blanch, 2019, p. 125.

[1363] Claro está, isto non implica que un vitimario fose inmune a se converter en vítima. É dicir, un paseador tamén podería ser paseado, pero, igualmente, os roles no acto violento son dous: vitimario (quen asasina) e vítima (quen é asasinada, sen importar se esta tivese exercido como vitimario con anterioridade). Aplicamos ambas nocións cun sentido contextual.

[1364] A atinada reflexión de Arendt ao respecto é: "Lo que quiero plantear aquí va más allá de la bien conocida falacia del concepto de culpa colectiva tal como se lo aplicó por primera vez al pueblo alemán y a su pasado colectivo … lo cual en la práctica resultó una manera muy eficaz de exculpar a todos aquellos que realmente habían hecho algo, pues donde todos son culpables, nadie lo es". Arendt, Hannah: *Responsabilidad personal y colectiva*, Barcelona, Página Indómita, 2020 [1964 – 1968], p. 20. Sobre a responsabilidade *colectiva* (e, segundo a filósofa, o erro de pensar en *culpabilidade* colectiva nos termos expostos), ver as pp. 71 – 90 da mesma obra. Para afondar na cuestión introducida por Arendt, consultar Finchelstein, Federico (comp.): *Los alemanes, el holocausto y la culpa colectiva: el debate Goldhagen*, Bos Aires, Eudeba, 1999.

> intermediación, todo es lo mismo. Si no hay actitudes individuales, hay grandes males colectivos.[1365]

A xustiza non só desindividualiza e despersonaliza as violencias, senón que tamén as deslocaliza. Nas causas militares vemos, por exemplo, como os procesos están compostos por multitude de documentación xudicial descentralizada: o informe do alcalde, do cura párroco, da Garda Civil e do xefe local de Falanxe; o auto de procesamento do xuíz municipal; as dilixencias do de Primeira Instancia… Canto maior sexa o número de persoas procesadas e máis diversa sexa a súa orixe, maiores serán estas raíces que a xustiza golpista estende no territorio.

As tres dimensións comentadas ata o de agora aplícanse fundamentalmente ás xurisdicións especiais e, de forma paradigmática, á xustiza militar, a cal prevalece sobre todas as demais por orde do bando de guerra. Porén, a que para nós é a cuarta e derradeira dimensión da xustiza no contexto do golpe e da guerra desenvólvese no campo da xurisdición ordinaria: referímonos á súa función **normalizadora**. Consideramos que a xurisdición ordinaria golpista tivo a función de converter, literalmente, o extraordinario en ordinario. O mal banalízase, empregando a popular noción arendtiana[1366]. A tal fin, se ben as áreas de competencia desta orde foron alteradas —perdendo ou gañando peso segundo o contexto e os intereses do réxime—, o seu obxectivo fundamental non é tanto seguir exercendo a súa capacidade xurisdicional senón dar a impresión de orde, de normalidade e, polo tanto, de poder[1367]. É un dispositivo alienante, xerador de hexemonía, entendida no seu sentido gramsciano. Estamos ante a «escenificación de un Estado de Derecho», como asegura Ballbé: un proceso de dotación de aparencia institucional á ditadura no que ten un papel clave o sistema xudicial no seu conxunto, permitindo a súa «gradual y efectiva consolidación»[1368].

No caso concreto de Pontevedra, o día 20 de xullo de 1936 formalízase a conquista e os golpistas asumen o control da capital provincial. Era luns. Pese ao inaudito do momento, con piquetes militares aínda nas rúas e o arranque da eliminación dos identificados como inimigos políticos, as fontes xudiciais ordinarias amosan unha aparente normalidade nos xulgados e tribunais da cidade: ese mesmo día, o procedemento 156/36 do contencioso-administrativo contra o Concello de Meis por un cese dun practicante interino é admitido a trámite. Non obstante, é certo que o bando de guerra alterou o reparto competencial entre xurisidición ordinaria e militar, cun amplo recorte de atribucións da primeira. Isto nótase particularmente no volume de traballo da Audiencia Provincial e do Tribunal do Contencioso-Administrativo polos motivos destacados nos capítulos 5 e 6; pero o golpe en ningún momento produce unha rotura no funcionamento dos tribunais ordinarios. Así, lógrase facer normal o anormal. Unha labor

[1365] Esta sociabilización da culpa, xunto á non exixencia de responsabilidades aos verdadeiramente culpables, ten un perigoso resultado: "[El caso español] tiene además el regusto amargo que deja la combinación entre la culpa y la impunidad, y cuyo nombre, empecemos a llamarle así, es la negación" (p. 179). Fernández Prieto; Míguez Macho; Vilavedra (eds.): *1936. Un nuevo …*, 2020, p. 177.

[1366] Arendt, Hannah: *Eichmann en Jerusalén*, Barcelona, Debolsillo, 2015 [1963].

[1367] Da instancia normalizadora do poder mediante diversas institucións sociais tamén fala Foucault; unha normalización que se superpón mesmo á idea de disciplina e represión, e que está (moi) presente no campo do dereito e na esfera xudicial. Foucault: *Microfísica del poder*, 1979 [1978], p. 150 – 153, pero tamén p. 69, p. 73, pp. 106 – 108 e pp. 180 – 182.

[1368] "Ya antes de 1948 la política legislativa del régimen cubría dos flancos muy concretos. Por un lado, se estaba creando un completo sistema de legislación ordinaria y común aplicable a todos los que, de buen o mal grado, aceptaban el régimen dictatorial y que pretendía asimilarse (cuando menos formalmente) a los principios definidores de un Estado de Derecho. … Por otro lado, el régimen mantenía una normativa excepcional, propia de una Ley Marcial, dirigida especialmente a los núcleos disidentes más activos". Ballbé: *Orden público y …*, 1983, pp. 409 – 410. A cita no corpo do texto, da p. 406.

USC

de normalización que os sublevados promocionan, como convén a Orde núm. 182 do 20 de setembro de 1936:

> El celo patriótico ha arrastrado a multitud de Magistrados, Jueces, Secretarios judiciales, Notarios y Registradores de la Propiedad a alistarse en las milicias que luchan por la redención de España o a prestar servicios a las órdenes de las Autoridades militares, lo que ocasiona, en cambio, que funciones de transcendencia notoria se hallen desatendidas cuando, en vías de *total normalización* las actividades del país, es más necesario ejercerlas debidamente.[1369]

Esta «total normalización» á que se alude non é un mero desexo de axilización dos expedientes xudiciais en prol de alixeirar a saturación da administración de xustiza. Volvendo de novo ao caso do contencioso-administrativo, os sublevados non tiveran problema en suspender por tempo indefinido o recurso ás resolucións que afectasen aos órganos da administración central do Estado (cap. 6). No eido das xurisdicións especiais, por exemplo, as ambicións da xurisdición de Responsabilidades Políticas eran tan grandes que derivaron no anquilosamento do propio sistema e na necesidade dunha reforma estrutural na posguerra que facilitase o seu funcionamento (cap. 8). Interpretamos pois nesta normalización que pretende fomentar o novo poder mediante a xurisdición ordinaria unha procura de novas argumentacións lexitimadoras: neste respecto, o mantemento da orde contencioso-administrativa permítelle aos golpistas presentarse como un Estado de dereito; porén, non o esquezamos, esta orde xurisdicional é deturpada ata a súa mínima esencia, anulando a súa capacidade de acción para asuntos de maior calado e fondo político que puidese incomodar ao novo réxime.

Por todas estas cousas, consideramos que a administración de xustiza tivo un papel clave na forma(liza)ción do Estado franquista dende as súas orixes, e que a xudicialización da violencia —que é substancialmente estrutural— foi o primeiro paso na institucionalización do réxime ditatorial. No marco que se inaugura tralo golpe do 18 de xullo en territorios que pasaron rapidamente a ser controlados polos sublevados, o sistema xudicial actuou como un dispositivo regulador da biopolítica e da necropolítica; un dispositivo de control e manexo do Estado sobre o corpo social en clave nacional(católica) —a cruzada da España contra a Antiespaña—, que decidía sobre a vida e a morte dos individuos. Baixo a autoridade golpista, a administración de xustiza converteuse nun instrumento de terror e disciplina colectiva esencial na súa estratexia: de feito, a vontade de xudicialización da violencia por este novo poder chegou a ser totalmente obsesiva, o que fixo dela un elemento, en ocasións, aparentemente contraproducente, como se evidenciou no caso da primeira xurisdición de Responsabilidades Políticas.

Así, fronte a un máis tradicional achegamento á xustiza mediante os consellos de guerra, cun enfoque principal ás súas vítimas mortais, dende o noso punto de vista a administración de xustiza é unha ferramenta de control social que opera sobre todo dende o plano da biopolítica. No caso galego, a meirande parte de vítimas mortais da violencia sublevada pereceron en paseos, tiroteos, na cadea… non foron fusiladas tralo fallo condenatorio dun tribunal marcial e a aplicación da pena máxima[1370]. Mais isto non sería

[1369] «Orden de 20 de septiembre de 1936. Disponiendo que cuantos Magistrados, Jueces, Secretarios judiciales, Notarios y Registradores de la Propiedad se hallen formando parte de milicias militarizadas cesen esos cometidos, reintegrándose al desempeño de sus cargos profesionales antes del día 1º del próximo mes de Octubre», *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, núm. 27, 24/09/1936, p. 107. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/027/J00107-00107.pdf [últ. consulta o 20/11/2022]. Cursiva nosa.

[1370] O proxecto de NeV recollía no 2010 que o 69,76% das vítimas con resultado de morte correspondíanse con "mortes extraxudiciais", mentres que o 30,24% restante con "pena de morte executada". Proxecto de Investigación

unha característica exclusiva do noso territorio, senón que tería que ver cunha lóxica marcada polo momento no que a zona foi tomada polas tropas rebeldes. Di Pedro Payá:

> Se aprecia claramente la absoluta desproporción en favor de los asesinatos extrajudiciales en aquellas regiones controladas desde el principio por los golpistas o conquistadas en las primeras semanas. Por el contrario, en las provincias que fueron tomadas en su conjunto a partir de la primavera de 1937 y conforme se avanza en el tiempo observamos que la proporción se invierte claramente en favor de los ejecutados tras sentencia de consejo de guerra.[1371]

Mesmo en tempo de guerra, a capacidade eliminacionista desta administración queda, como amosan os datos, supeditada a outras funcións como poden ser a de normalización e lexitimación. Con todo, é certo que o reparto de funcións está desigualmente presente segundo a xurisdición: na ordinaria, prima máis ese carácter normalizador, mentres que na especial o punitivo é máis acentuado. Pero todas elas son engrenaxes dunha mesma maquinaria que opera de cara a unha fin común.

A xustiza está sempre ao servizo do Estado e do *statu quo*. Charles Eisenmann e Althusser desminten a suposta equilibrada separación de poderes elaborada por Montesquieu, quen, en realidade, non falaría de *separación*, «sino de combinación, de fusión y de enlace de los poderes»: «[e]l punto esencial de esta demostración consiste en comprender perfectamente que el poder judicial no es un poder en el sentido propio»[1372]. Entendemos así como, cando o Estado republicano deixa de existir, de facto, en zonas de retagarda golpista como Pontevedra, a administración de xustiza pasa a servir ao novo réxime, nunha transición sorprendentemente orgánica. Pese ao custoso do proceso de xudicialización da violencia, dende unha perspectiva foucaultiana, estruturas como a que esta sostén son necesarias porque sustentan o poder e o sistema[1373]. O estudo da actividade xurisdicional nas datas inmediatamente anteriores e posteriores ao golpe de Estado do 36 amosa que *o Estado constrúe e destrúe Estado*. O Estado é asaltado coas súas propias ferramentas de defensa, que servirán para soster a un novo réxime diametralmente oposto ao seu predecesor.

9.2. A milicia togada

«Pero… e os xuíces?», haberá quen se pregunte[1374]. «Cal foi o seu rol en todo isto?», «por que aceptaron a perda de poder que supuña o sometemento da xurisdición ordinaria á militar a partir do golpe de Estado?». O primeiro que deberiamos ter en conta é que *a perda de potestade en materia de competencia xurisdicional non ten por que ser sinónimo de perda de poder*. Mais non nos adiantemos. Intentaremos responder a estas preguntas nas vindeiras páxinas.

Interuniversitario "Nomes e Voces": *Informe de resultados. Vítimas Galicia (1936 – 1939)*, Santiago de Compostela, Meubook, 2010.

[1371] O autor presenta no artigo datos concretos de diversas provincias (entre elas, Lugo e Ourense) extraídos de investigacións de terceiros, como Candela Chaves, Luis Castro ou Ricardo Robledo,. Payá López: "Después de la …", 2018, p. 32.

[1372] Althusser, Louis: *Montesquieu: la política y la historia*, Barcelona, Ariel, 1974 [1959], p. 121. Nesta obra, Althusser sinala a Eisenmann como un referente directo na súa interpretación de Montesquieu, aludindo en concreto o texto "L'Esprit des Lois et la séparation des pouvoirs" (1933).

[1373] Foucault: *Microfísica del poder*, 1979 [1978], p. 181. Ao longo de *Vigilar y castigar* (1975), do mesmo autor, tamén están continuamente presentes as tensións existentes entre os aparellos represivos do Estado e o seu custo económico.

[1374] Empregamos aos xuíces nesta introdución como figura retórica, referíndonos, aquí, a tódolos responsables da administración de xustiza e do poder xudicial na escala provincial obxecto da nosa investigación: xuíces, fiscais, secretarios…

Non é algo novo falar do tradicional conservadorismo da xudicatura. Por exemplo, o eminente xurista e político monfortino Francisco Javier Elola y Díaz-Varela, maxistrado do Supremo en etapa republicana, aseguraba que «[l]os jueces tienden evidentemente al conservadurismo; son eminentemente conservadores por no decir retrógrados»[1375]. Semellantes ás palabras deste, son as do xa referido secretario xudicial Ruiz Vilaplana, quen dende a perspectiva da súa propia experiencia alude aos tradicionais «sentimientos y formación reaccionarios» de xuíces e maxistrados españois, falando con dureza dunha elite de extracción maioritariamente burguesa e «desconectad[a] del elemento popular, [buscando] su influencia y apoyo en el halago a las clases sociales preponderantes», e exercendo o poder xudicial cun «falso prejuicio autoritario nacido de los dogmas de la jerarquía social». Como contrapunto, continúa:

> Alguna vez surgía, como caso aislado, algún Juez de ideas liberales; la República al instaurarse, hizo virar en redondo muchas ideas en Magistrados dúctiles, que buscaron el amparo oficial, pero en su gran mayoría, y con honrosas y meritorias excepciones, la Judicatura era de un reaccionarismo indudable.[1376]

De forma máis concreta, ao longo dos anos, téñense achegado á cuestión do perfil sociopolítico dos xuíces dende múltiples disciplinas diversas autoras e autores, algúns dos cales non ignoraron o papel da xudicatura no establecemento do réxime franquista. Un dos primeiros e máis completos traballos en abordar esta problemática dende un enfoque propiamente sociolóxico probablemente sexa: *El Juez español. Un análisis sociológico* de José Juan Toharia (1975); un ano antes publicara o artigo "Los jueces españoles y su entorno social" no primeiro número do anuario barcelonés *Sociología y Psicología Jurídica*, cuxo nome xa alude a ese crecente interese sobre o comportamento da administración de xustiza e dos seus membros[1377]. Pola súa banda, a historiadora Mónica Lanero, abondo referenciada no transcurso destas páxinas, coincide con Ruiz Vilaplana, Elola Díaz Varela e outros en sinalar ao tradicional conservadorismo do persoal xudicial e fiscal —«resultado de la procedencia social, los condicionamientos para el ingreso en la carrera y una ideología profesional que estimulaba el "apoliticismo" de estos cuerpos»— como un dos principais factores que explicarían a escasa incidencia

[1375] A figura de Francisco Javier Elola e a súa traxectoria son especialmente interesantes, comezando a obter postos de maior responsabilidade nas altas esferas da xudicatura durante a ditadura de Primo de Rivera e, sobre todo, durante a República. Tralo golpe, exerceu en zona republicana ao longo de case toda a guerra. Para Federico Vázquez Osuna, o caso de Elola é mostra do desigual comportamento entre os membros das carreiras xudicial e fiscal na zona de control sublevado e na zona de control republicano, gardando un especial celo ás garantías procesuais e formalidades legais pese ás inxerencias políticas. Coa caída de Barcelona, Elola decidirá non marchar ao exilio argumentando que non cometera ningún delito. Emporiso, será detido polas tropas franquistas e condenado a pena de morte por tribunal marcial, executándose esta o 12 de maio de 1939. Ver Vázquez Osuna, Federico: *La rebel·lió de "sus señorías". L'Administració de Justícia a Catalunya (1931 – 1945). La magistratura y el mnisteri fiscal*, Tese de doutoramento, Universitat de Barcelona, 2003, p. 245, p. 305 e pp. 317 – 323. Cita do texto extraída de Martín Pallín, José Antonio: "La represión en la Administración de Justicia en la Guerra Civil y el franquismo. Claves jurídicas y presupuestos ideológicos", en Jimeno Aranguren, Roldán (ed.): *La represión de la Administración de Justicia en la Guerra Civil y el Franquismo. Homenaje al Juez Luis Elío*, Valencia, Tirant lo Blanch, 2019, p. 24.

[1376] Ruiz Vilaplana,: *Doy fe… Un …*, 1937, pp. 119 – 120. Sobre a pertenza ás *clases sociais preponderantes* das que fala Ruiz Vilaplana, Toharia evidencia unha notable endogamia dentro do grupo, estimando que arredor do 25% de xuíces e maxistrados eran fillos de profesionais xurídicos (unha tendencia, non obstante, en paulatina regresión nos anos 70). Do mesmo modo, continúa o sociólogo, "a medida que un juez progresa en la escala profesional tiende a cortar lazos con el mundo extraprofesional". Toharia: *El Juez español …*, 1975, p. 65 e p. 90.

[1377] Se ben *El Juez español* ten partes profundamente enriquecedoras, diverxemos con respecto a algúns dos puntos aos que chega o sociólogo, como asegurar, na liña de Linz, que a ditadura franquista era exemplo de autoritarismo e non totalitarismo debido, entre outros, a unha certa independencia e apoliticismo da administración de xustiza, especialmente a partir de 1945. De opinión contraria é Cano Bueso, Juan: "Notas sobre la Administración de Justicia en el Estado Totalitario. Especial referencia a la España de Franco: 1936 – 1945", *Anuario de Derecho Público y estudios políticos de la Universidad de Granada*, núm. 1, 1988, pp. 5 – 21. Unha lectura de Toharia semellante á nosa atopámola en Fernández-Crehuet López, Federico: *Jueces bajo el franquismo. Once historias (y una nota sobre la depuración de los funcionarios judiciales)*, Granada, Comares, 2011, pp. 164 – 167.

USC

da depuración da administración de xustiza durante o golpe, a guerra e a inmediata posguerra, e a súa *reciclabilidade* no novo réxime[1378]. Así as cousas, a pretendida neutralidade e apoliticismo destes corpos no seo da ditadura será unha quimera, como confirmaba o ministro Eduardo Aunós no discurso de apertura do ano xudicial de 1943. Recólleo Lanero:

> [E]l ministro Aunós se encarga de matizar que la separación radical entre Justicia y Política «no se refiere a la Política con Mayúscula, es decir, la expresión del pensamiento directivo y unitario en el Estado, sino a la política con minúscula, a la política plural y secesionista de los partidos en pugna, que es la base del régimen liberal parlamentario».[1379]

Trátase dun *apoliticismo*, como vemos, sempre inscrito no interior das coordenadas ideolóxicas do réxime, evidentemente *políticas*. De feito, Guillermo Portilla sostén que a «identificación de los órganos judiciales con los principios ideológicos del régimen militar [llegaría a ser] absoluta»[1380]. Este fenómeno non é unha anomalía española, senón que é unha característica común dos totalitarismos, derivada da súa natureza *totalitaria* e *totalizante*. Indica Hannah Arendt:

> La sociedad totalitaria, entendida como distinta del gobierno totalitario, es sin duda monolítica; todas las manifestaciones públicas, ya sean culturales, artísticas o académicas, así como todas las organizaciones y todos los servicios y prestaciones sociales, incluso los deportes y el ocio, están sometidos a la «coordinación». No hay cargo ni trabajo de relevancia pública —ya se trate de las agencias de publicidad o de la *judicatura*, del mundo del teatro o del periodismo deportivo, de la enseñanza primaria y secundaria o de las universidades y las sociedades científicas y académicas— en el que no se exija la aceptación inequívoca de los principios rectores del régimen. *Todo aquel que participe de algún modo en la vida pública, independientemente de si pertenece o no al partido o a las formaciones de élite del régimen, está implicado de una u otra forma en los actos del régimen como un todo*.[1381]

Non obstante, este encadramento cos valores conservadores ao que se refería Portilla precede á propia ditadura franquista, non é resultado das políticas de persoal da mesma. Habería que ter en conta aquí os tres factores históricos que explican, para Juan Montero Aroca, a falta de independencia interna no corpo xudicial: en primeiro lugar, «[l]a propia existencia de la carrera judicial y su consecuencia de *reducir al juez a la condición de funcionario, de burócrata*, que debía ir superando una serie de escalones hasta llegar a los puestos de mayor jeraquía». En segundo lugar, «[l]a cúpula de la carrera judicial ha tendido siempre a *favorecer la existencia de un tipo de juez 'respetuoso con la superioridad'*, no original en sus soluciones y acomodado a una *mentalidad que respondiera a los criterios conservadores*». E, por último, «la *inspección de tribunales,*

[1378] Lanero Táboas, Mónica: *Una milicia de la justicia. La política judicial del franquismo (1936 – 1945)*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales, 1996, p. 251. Ver tamén Toharia: *El Juez español …*, 1975, p. 197 e Cano Bueso, Juan: *La política judicial del régimen de Franco (1936 – 1945)*, Madrid, Centro de Publicaciones del Ministerio de Justicia, 1985, p. 124. Á parte da importancia da extracción como elemento determinante do nesgo conservador da xudicatura (Toharia), o maxistrado Ramón Sáez Valcárcel fai fincapé no seu *habitus profesional*, o cal se basea en valores constituídos durante o franquismo como a independencia burocrática para protexer os intereses da casta, a separación da sociedade, a apoliticidade, a aparente submisión da lei e a dependencia xerárquica interna. Sáez, Ramón: "Los jueces y el aprendizaje de la impunidad, a propósito de los crímenes del franquismo", *Mientras Tanto*, núm. 114, 2010, pp. 42 – 43 e pp. 68 – 69.

[1379] Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, p. 301.

[1380] Portilla Contreras, Guillermo: *El Derecho Penal bajo la dictadura franquista. Bases ideológicas y protagonistas*, Madrid, Dykinson, 2022, p. 220.

[1381] Arendt: *Responsabilidad personal y …*, 2020 [1964 – 1968], p. 42. Cursiva nosa.

utilizada como medio para condicionar la actividad de los jueces y magistrados frente al poder constituido dentro de la propia judicatura»[1382].

Pascual Marzal chega a afirmar que case un 70% dos xuristas da época militaba en partidos de dereitas, o que nos recorda ás teses defendidas por Ingo Müller para o caso nazi (cap. 1)[1383]. Asemade, non é insignificante a diferenciación que fai o historiador do dereito entre o colaboracionismo da administración de xustiza coas autoridades republicanas —únicas representantes da legalidade, non o esquezamos— e as sublevadas dende os inicios do golpe: mentres que «la mayoría [de] profesionales del Derecho eludieron colaborar con los tribunales populares» na zona republicana, na de control rebelde «las autoridades franquistas no tuvieron problemas en encontrar voluntarios que se hicieran cargo de estos puestos [nuevos requeridos por el aumento de la jurisdicción militar]»[1384]. Por suposto, ser conservador non implica, nin moito menos, ser golpista; establecer tal sería simplemente un despropósito. Pero a súa tradicional procedencia social e política non é algo a ignorar, particularmente tendo en conta o programa reformista que a Fronte Popular prometera recuperar e que podía ameazar os intereses de clase de boa parte da xudicatura, facéndoa máis susceptible de simpatizar co golpe militar e mesmo mirar cara outro lado ante os atropelos á legalidade que se estaban a acometer[1385].

9.2.1. A ditadura de Primo de Rivera como experiencia para a xudicatura

Cabe abrir aquí un pequeno paréntese para atender á cuestión da independencia dos xuíces na —en moitos aspectos predecesora do réxime franquista— ditadura de Primo de Rivera; e farémolo a través do conflito, anecdótico pero non por iso menos significativo, suscitado pola detención de *La Caoba*. Esta prostituta andaluza protagonizou un dos casos de inxerencia política na actividade xudicial de maior sona na España da década de 1920: sen entrarmos en detalles, a comezos de 1924 *La Caoba* é detida en Madrid por contrabando de substancias estupefacientes, recaendo a instrución da causa no xuíz de Primeira Instancia José Prendes Pando y Díez Laviada[1386]. Un caso

[1382] Montero Aroca, Juan: *Independencia y responsabilidad del juez*, Madrid, Civitas, 1990, p 74, p. 79 e p. 82. Cursiva nosa. Á parte, non hai que esquecer que os procesos ideoloxizadores (para o xeral da poboación) son fenómenos complexos, que actúan en diferentes tempos e ritmos. Por exemplo, escribe Fernando Mikelarena, "mucha gente no se incorpora a un movimiento por ideología, sino que se ideologiza tras incorporarse a él", cuestión que poderiamos pór en diálogo coa (a)politización da xudicatura no franquismo. Mikelarena, Fernando: *Sin piedad. Limpieza política en Navarra, 1936. Responsables, colaboradores y ejecutores*, Arre, Pamiela, 2015, pp. 59 – 60. Ver tamén Kalyvas: *La lógica de …*, 2010 [2006], pp. 74 – 74, a quen se refire o propio Mikelarena.

[1383] Marzal Rodríguez, Pascual: "La legislación penal franquista y la represión contra los jueces", en Sandoval Parra, Victoria; Álvarez Cora, Enrique (eds.): *Sedición, rebelión y quimera en la historia jurídica de Europa*, Madrid, Dykinson, 2021, pp. 836 – 837. Müller, Ingo: *Hitler's Justice: The Courts of the Third Reich*, Cambridge, Harvard University Press, 1991 [1987].

[1384] Marzal Rodríguez: "La legislación penal …", 2021, p. 836.

[1385] Malia ser certo que a República fomentara a xubilación do persoal xudicial de maior antigüidade, favorecendo a entrada de funcionarios máis novos (Toharia: *El Juez español …*, 1975, pp. 194 – 195), "[e]n este corto periodo no parece posible que se hubiesen transformado los valores políticos y sociales de fiscales y magistrados, ni siquiera entre las nuevas promociones de ambas carreras, cuyos miembros habrían sido formados en las Facultades de Derecho con bastante anterioridad a la llegada de la República" (Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, p. 213). Por outra banda, o programa da Fronte Popular de cara ás eleccións de febreiro do 36 establecía entre os seus puntos: "Se organizará una Justicia libre de los viejos motivos de jerarquía social, privilegio económico y posición política" (extraído de Montero Aroca: *Independencia y responsabilidad …*, 1990, p. 64).

[1386] Caso profundamente mediático, son varias as autoras e autores que se teñen achegado a el. Para nós foron de gran axuda, entre outros, os traballos de Montero Aroca: *Independencia y responsabilidad …*, 1990, pp. 56 – 62; de Benito Fraile, Emilio Javier: "La independencia del Poder Judicial durante la dictadura de Primo de Rivera (1923 – 1926). Realidad o ficción", *Anuario de Historia del Derecho Español*, tomo 85, 2015, pp. 360 – 361; e Espuny Tomás, María Jesús; Vallès Muñío, Daniel; Velo i Fabregat, Elisabet: "'La Caoba': El caso de corrupción mediático de la dictadura de Primo de Rivera ", en Espuny Tomás, María Jesús; Vallès Muñío, Daniel; Velo i Fabregat, Elisabet (coords.): *Derecho, historia y corrupción con perspectiva de género*, Madrid, Dykinson, 2021, pp. 55 – 80. Máis próximo no

que non tería maior transcendencia política se non chega a ser porque *La Caoba* era a coñecida amante de Miguel Primo de Rivera. O ditador procede entón a coaccionar a Prendes Pando para que arquive o caso e poña en liberdade á acusada. Porén, o xuíz fai caso omiso das indicacións do ditador e filtra en determinados círculos as presións que estaba a recibir. Como consecuencia, ábreselle un expediente a Prendes Pando por orde do xeneral, polo que é rapidamente sancionado, apartado do caso e trasladado de destino como maxistrado á Territorial de Albacete. Asemade, Buenaventura Muñoz Rodríguez, presidente do Supremo, apoia publicamente ao xuíz amoestado; inmediatamente despois, é obrigado a xubilarse de forma anticipada, tamén, suponse, por mediación do ditador.

Un conflito xudicial intenso pero que se resolve de xeito sorprendentemente expeditivo, en cuestión de días. De forma paralela, son varios os rotativos e intelectuais que se fan eco da nova, como guinda dun enfrontamento que se viña fraguando dende o golpe de setembro de 1923 e que resulta na clausura por orde gobernativa de varios xornais e ateneos, así como o desterro de persoeiros como Luis Jiménez de Asúa ou Miguel de Unamuno. Este describiría o caso do seguinte modo:

> Famoso se hizo el caso de la ramera, vendedora de drogas prohibidas por la ley y conocida por la *Caoba*, a la que un juez de Madrid hizo detener para registrar su casa y el Dictador le obligó a que la soltase y renunciara a procesarla por salir fiador de ella. Cuando el caso se hizo público y el Rey, según parece, le llamó sobre ello la atención, se le revolvió la ingénita botaratería, perdió los estribos (no la cabeza que no la tiene) y procedió contra el juez tratando de defenderse en unas notas en que se declaraba protector de las jóvenes *alegres*. Aquellas notas han sido uno de los baldones más bochornosos que se han echado sobre España, a la que el Dictador ha tratado como a otra ramera de las que ha conocido en los burdeles. Se ha complacido en mostrar sus vergüenzas y en sobárselas delante de ella.[1387]

Non debemos pasar por alto que todo isto se produce en pleno directorio militar, a etapa más intransixente da ditadura, sendo evidente a contradición entre o discurso de Primo de Rivera —moi enfocado en garantir a independencia xudicial mediante a pretendida supresión de tramas caciquís no seo da administración de xustiza— e os seus actos. Porén, explícanos Emilio Javier de Benito Fraile, este tipo de lizas entre o executivo e a xudicatura non foron frecuentes durante a etapa primorriverista e, á parte, «*del incidente resaltado tomaría buena nota la magistratura*, evitando verse en el futuro involucrada en situaciones parecidas, lo que en definitiva supone una clara sumisión a los designios del General». Esta tónica reproduciríase tamén nas instancias inferiores do poder xudicial, encargándose os gobernadores civís e os delegados do goberno de denunciar aos xuíces pouco afíns ao novo réxime. Con todo, segundo o citado historiador do dereito, as arbitrariedades flagrantes nesta esfera foron reducidas, chegando a concluír que «[l]os *buenos propósitos* manifestados por El Dictador Primo de Rivera, y sus intentos de acabar con el régimen caciquil y el intervencionismo partidista en el ámbito de la administración de justicia, *parecen sinceros*», á vez que responsabiliza aos chanzos inferiores do poder político e militar dos posibles excesos e inxerencias de motivación ideolóxica na labor xudicial[1388].

---

tempo dos feitos, ver Salazar Alonso, Rafael: *La justicia bajo la dictadura*, Madrid, Zeus, 1930, p. 21 e ss; aquí, Salazar Alonso asegura que "[f]ue siempre arma que los Gobiernos esgrimían contra la independencia del Poder judicial, la jubilación de los presidentes del Tribunal Supremo".

[1387] Tamén lle dedicaría os seguintes versos: "¿Conque iban a barrerte? Pura coba. / Lo que hacen es ponerte roja y gualda // de rubor y de bilis, que en la espalda / te están, España, dando la gran soba. // Y si fueses al menos la *Caoba* / con su gobierno de bajo la falda, / harías que pusieran por guirnalda / en tu sombrero de guion la escoba". de Unamuno, Miguel: *Obra poética completa I*, Copenhague, SAGA Egmont, 2021 [1925], s.p.

[1388] de Benito Fraile: "La independencia del …", 2015, pp. 361 – 366. A primeira cita, da p. 361; a segunda, da p. 365. Cursiva nosa. Do mesmo autor, pode ser de interese o capítulo: "El control y la responsabilidad de los jueces (1923 –

Se ben coincidimos en varios puntos coa argumentación de de Benito Fraile, diverxemos na súa interpretación final. Onde o autor ve *boas intencións*, acaso truncadas, nós percibimos unha temperá lóxica de intimidación e adestramento da xudicatura. Un adestramento que parte do político pero que o excede, esvaecendo as súas vagas fronteiras —sempre difusas nos marcos ditatoriais— en casos como o de *La Caoba*. Non se debe confundir o discurso oficial do réxime e as políticas postas en marcha na liña do rexeneracionismo, como a creación da Xunta Organizadora do Poder Xudicial en outubro do 23, coa forma na que ese mesmo réxime actúa contra aqueles *xuíces impertinentes* —na expresión de Juan Montero Aroca[1389]— que ousan contravir os desexos do ditador, nun claro exercicio de abuso de poder[1390]. O propio de Benito Fraile admite: «es cierto … que todos los regímenes políticos respetan la Independencia del Poder Judicial, siempre y cuando no interfiera en el desarrollo de sus postulados. Cuando se produce esta interferencia, las cosas cambian»[1391]. En definitiva, unha independencia xudicial *ma non troppo*, coa condición de que non atente contra os intereses —ora persoais, ora políticos— do ditador.

Ao noso parecer, se a xudicatura non ten a capacidade de exercer de forma totalmente libre, mesmo obrando en conta dos intereses do executivo, non existe tal independencia. A existencia de posibles coercións ou ameazas que limitan a decisión dos xuíces en determinados aspectos invalida o debate sobre a suposta independencia en tanto que esta é un espellismo: o que hai é un encadramento —forzado ou non— da xudicatura cos valores da ditadura, sancionando a aqueles que se atrevan a saír do molde. Tampouco debemos ver no caso de *La Caoba* unha sorte de motín liberal da xudicatura, pois en ningún momento se xulga a ditadura en si, senón que a detención da súa protagonista se encadra dentro dunha campaña de loita contra o narcotráfico nas principais cidades españolas dos anos 20. En tal caso, a negativa do xuíz José Prendes Pando a arquivar o caso fala máis do celo das súas prerrogativas, é dicir, da resistencia á inxerencia de axentes externos na súa autoridade, que dunha actuación con motivación ideolóxica[1392]. A transcendencia política do caso de *La Caoba* radica en realidade na forma na que actuou Primo de Rivera a continuación, non na forma na que o fixo o xuíz; e, sexa como for, fala máis do ditador que da xudicatura en si.

Son aínda necesarias máis investigacións que poñan en diálogo ámbalas dúas experiencias ditatoriais, en particular no que respecta á esfera xudicial. A ámbolos dous réximes, como a tódolos autoritarismos, interésalles ter ao poder xudicial en liña, empregando a tal fin un equilibrado xogo de políticas sancionadoras de diversa índole, pero sen ter que chegar a poñelas en marcha alén de casos concretos. Na nosa lectura, a interrelación entre poder xudicial e poder executivo era menos monolítica na ditadura de Primo de Rivera que o que será despois, deixando espazo para a existencia de conflitos

1931)", en Sánchez-Arcilla Bernal, José (ed.): *Control y responsabilidad de los jueces (siglos XVI – XXI)*, Madrid, Dykinson, 2017, pp. 399 – 426.

[1389] Montero Aroca: *Independencia y responsabilidad …*, 1990, p. 62.

[1390] Cabería argumentar, a maiores, que a Xunta Organizadora do Poder Xudicial e, de forma máis concreta, a Xunta Inspectora do Poder Xudicial, presentada como garante do saneamento das lóxicas caciquís entre a xudicatura, foi tamén un mecanismo de intimidación ao poder xudicial, pois tiña o cometido de revisar tódolos expedientes abertos contra membros da carreira xudicial nos últimos cinco anos, mesmo aqueles arquivados. Malia iso, apunta de Benito Fraile, o número efectivo de sancións impostas trala súa creación foi mínimo. de Benito Fraile: "La independencia del …", 2015, p. 348 e p. 357.

[1391] de Benito Fraile: "La independencia del …", 2015, p. 345.

[1392] Esta conclusión é semellante á de Lutz Klinkhammer, vista no capítulo 1, ao aseverar que as marxinais desconformidades existentes entre a maxistratura italiana e o réxime fascista non tiñan que ver cunha oposición á ditadura, senón polas inxerencias gobernativas no seu espazo xurisdicional. Klinkhammer, Lutz: "Was there a fascist revolution? The function of penal law in fascist Italy and in Nazi Germany", *Journal of Modern Italian Studies*, vol. 15, núm. 3, 2010, p. 392 e ss.

entre os poderes do Estado como o que vimos de ver, no que así e todo non se aborda a cuestión da independencia xudicial frontalmente senón apenas dun xeito episódico, nun suceso pouco exemplar —máis polas implicacións privadas que pola inxerencia en si— no que a basta intervención do ditador fai saltar as costuras da retórica rexeneracionista do réxime. Non obstante, a forma arbitraria na que se resolveu constituíu unha experiencia que moitos xuíces e maxistrados probablemente tiveron en conta non só no que restaba do réxime primorriverista senón tamén en 1936.

9.2.2. A incidencia da actividade depuradora na xudicatura tralo 18 de xullo de 1936

Distinta da cuestión da independencia da xudicatura fronte ao poder político é a da súa independencia fronte ao poder militar, que, en tanto que —a diferencia do executivo— dispón dunha xurisdición propia, tende a representarse non como un conflito entre poderes do Estado senón como un conflito xurisdicional. O recurso á preeminencia da xurisdición militar fronte á ordinaria en tempos de crise do sistema era unha constante histórica do Estado liberal español (cap. 8). Este mecanismo de emerxencia fora activado tamén durante a República, polo que, cabe deducir que a xudicatura coñecía as regras de xogo en materia procesual que implicaba o estado de guerra; se ben consideramos que equiparar unha ferramenta de *defensa* do Estado cunha ferramenta de *asedio* ao Estado é erróneo, por moi semellantes en forma que fosen. Escribe Manuel Ballbé:

> Señalemos, por otro lado, la continuidad en la utilización abusiva de la jurisdicción militar en el franquismo como se hizo en la Restauración y en la República. La jurisdicción militar había enjuiciado entonces comportamientos políticos ciudadanos … La técnica de los consejos de guerra no es, pues, una experiencia nueva para el personal militar sublevado y vencedor en la guerra civil. La mayoría estaba perfectamente familiarizada con estas instituciones jurídicas que habían funcionado durante los innumerables estados de excepción e incluso en periodos de normalidad constitucional, si bien el delito de rebelión militar durante el franquismo se aplicará masivamente. … Prueba indudable de esa continuidad en las técnicas represivas es que la Ley de Orden Público de 1933, obra de coalición republicano-socialista, no sólo no fue derogada por el franquismo, sino que la mantuvo en vigor durante veinte años, hasta 1959.[1393]

Retomando o fío do nesgo sociopolítico da maxistratura, o característico conservadorismo do estamento —como destaca a literatura especializada— sumado a esta aprendizaxe da etapa primorriverista e á brutalidade do contexto após o 18 de xullo explicarían a obediencia da administración de xustiza aos novos poderes militares rebeldes. A escasa depuración que sufriu a administración de xustiza en comparación a outros grupos socioprofesionais —como, por exemplo, mestras e mestres— é síntoma e consecuencia deste fenómeno.

A aproximación máis completa á política de persoal da nova ditadura faina novamente Lanero, quen distingue as tres principais liñas estratéxicas seguidas polo réxime neste ámbito: a depuración de persoal considerado desafecto e a súa substitución por outro afín ao novo poder, o seu control disciplinario, e o control —valla a redundancia— político sobre ascensos e promocións[1394]. Mais, no canto de ser esta unha

[1393] Ballbé: *Orden público y …*, 1983, pp. 401 – 402.

[1394] Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, pp. 205 – 313. Á parte, cabe mencionar que os réximes democráticos tamén contan con certos mecanismos de control da xudicatura, cuxa maior ou menor eficacia (a diferenza do franquismo) queda dentro dos límites constitucionais. Sobre esta cuestión no contexto da Segunda República, ver Payá Poveda, José: "El control gubernamental de la Justicia en el segundo bienio republicano. La inamovilidad de los jueces. La Ley Casanueva de 1935 y el traslado forzoso de magistrados y fiscales por el gobierno", en Pérez Juan, José Antonio; Moreno Tejada, Sara (coords.): *Represión y Orden Público durante la II República, la Guerra Civil y el Franquismo. Una visión comparada*, Cizur, Thomson Reuters Aranzadi, 2019, pp. 163 – 185.

actividade subrepticia, propia do que nos últimos anos se popularizou como o *Deep State* ou as cloacas do Estado, a literatura coetánea a recolle como un trazo evidentemente natural dos réximes totalitarios. Escribe Miguel Fenech: «El Príncipe designa a los Jueces, los traslada, los asciende, los destituye, los jubila, según las conveniencias del Estado y de la idea misionera de éste». Máis adiante conclúe: «Como se ve, corresponde, por tanto, al Poder Ejecutivo la limpieza política de la Magistratura»[1395]. Nunha liña semellante, Antonio Luna —sobre quen volveremos máis adiante— afirmaba no 38: «…habremos de *elevar la depuración judicial a las propias manos del Caudillo de la Nación, que es, como Jefe del Estado, el primer Magistrado* de ella, sólo responsable ante Dios y ante la Historia»[1396].

A nós interésanos especialmente a cuestión da depuración de persoal, pois, que houbese poucas sancións, non quere dicir que estas fosen completamente inexistentes[1397]. Distínguense dúas fases principais na depuración administrativa do órgano xudicial: a primeira delas, a teor do Decreto núm. 108 da Xunta de Defensa Nacional sobre depuración administrativa de empregados públicos, de 13 de setembro de 1936, xunto á Orde do 30 de outubro que aclaraba que devandito decreto incluía tamén a xuíces e maxistrados; e, a segunda, mediante a Lei de Depuración de Funcionarios do 10 de febreiro de 1939. Ambas normas supoñen a creación de dispositivos lexislativos que permitan trampear as garantías de inamovibilidade recollidas na LPOPX de 1870 en prol da independencia xudicial, é dicir, a prohibición de separación, suspensión, traslado ou xubilación dos xuíces por decisión do executivo, excepto nos casos nos que así proceda segundo o establecido pola lexislación vixente[1398]. Mediante a modificación de dita lexislación, como se fai coa introdución do Decreto núm. 108 e a LDF, ábrese o abano de supostos mediante os que amoestar aos xuíces e maxistrados non afíns ao *Movimiento*, ao que se lle suma a imposibilidade de recurso por vía contencioso-administrativa, suspendida nestes casos (cap. 6), para impugnar as sancións.

Cabe destacar a inexistencia dunha vía depurativa específica para o persoal xudicial —como si houbo, de novo, para mestras e mestres—, o que dá a entender, de partida, un menor asañamento con este grupo en comparación con outros. Esta hipótese evidénciase co resultado da actividade depuradora entre 1936 e 1944: segundo Lanero,

[1395] Vemos como Fenech emprega aquí unha clara referencia a Maquiavelo, indo máis alá da retórica equiparación do ditador co gobernante do clásico tratado político para facer unha utilización sutil do concepto vulgar de maquiavelismo como tese de que todo vale de cara á consecución dunha determinada fin, sen importar a súa moralidade. Fenech: *La posición del …*, 1941, p. 103 e p. 115.

[1396] Luna García, Antonio: *La Revolución Judicial. Discursos pronunciados el día 19 de abril de 1938, en el convento de San Esteban, de Salamanca, para conmemorar el aniversario del Partido Único por Fray Ignacio Menéndez-Reigada, O.P., profesor de sagrada Teología, y Antonio Luna García, delegado nacional de Justicia y Derecho de F.E.T. y de las J.O.N.S.*, Salamanca, Imprenta y Librería de Hijos de Francisco Núñez, 1938, p. 27. Cursiva nosa.

[1397] A este respecto, resulta especialmente suxerinte (e mesmo creativa) a aproximación sobre o tema que se fai en Fernández-Crehuet López, Federico: *Jueces bajo el …*, 2011; así como Sánchez Recio, Glicerio: *El estigma republicano de la magistratura. La depuración franquista de los jueces*, Alacante, Publicacions Universitat d'Alacant, 2020. Tamén pode ser de interese o estudo de caso sobre a causa militar aberta por rebelión contra o "[m]aestro, abogado, inspector de Primera Enseñanza, compromisario para la elección del presidente de la República …, capitán de milicias, auditor militar, presidente del Tribunal de Urgencia, presidente del Tribunal Popular de Extremadura y 'destacado dirigente socialista'" Anselmo Trejo Gallardo, que será fusilado en setembro de 1940; ver Ruiz Rodríguez, Juan Ángel: "La sociedad rural de posguerra: represión y control social", en Chaves Palacios, Julián (coord.): *Mecanismos de control social y político en el primer franquismo*, Barcelona, Anthropos, 2019, pp. 139 – 140 e ss.

[1398] O art. 9 establece que "[n]o podrá el Gobierno destituir, trasladar de sus cargos ni jubilar á los jueces y magistrados sino en los casos y en la forma que establecen la Constitución de la Monarquía y las leyes. En ningún caso podrá suspenderlos". Sobre inamovilidade xudicial, ver o Título IV (art. 221 – 243). «Ley provisional sobre organización del Poder judicial, de 15 de Septiembre de 1870», *Gaceta de Madrid*, núms. 258 – 263, 15 – 20/09/1870. Dispoñible ao completo en: https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Temas/Compendio-de-Derecho-Judicial/Normativa-historica/Ley-provisional-sobre-organizacion-del-Poder-judicial--de-15-de-Septiembre-de-1870 [últ. consulta o 20/10/2022]. Ver tamén Fenech: *La posición del …*, 1941, pp. 110 – 115.

USC

dun número aproximado de 1.000 membros da carreira xudicial, o 63% estivo totalmente exento de calquera tipo de medida depuradora ou investigativa. Do 37% restante, a meirande parte puido reintegrarse á carreira xudicial sen ningún tipo de castigo —23% do total—, mentres que un 8% foron admitidos con sanción e un 6% si foi separado do servizo. No que respecta á carreira fiscal, os números un pouco máis altos: sobre un total duns 235 individuos, o 59% non sufriu depuración, un 19% foron expedientados sen sanción, un 12% apartados dos seus cargos e un 10% admitidos con sanción. Á parte, subliña a investigadora, «[l]lama la atención la benignidad de los Consejos de Guerra a jueces y fiscales, sobre todo en relación a otros colectivos sometidos a la jurisdicción militar»[1399]. Lembramos que nos estamos a referir en todo momento da depuración de xuíces e fiscais, non sobre o groso do funcionariado da administración de xustiza. En relación con isto, paga a pena recuperar a seguinte reflexión de Cano Bueso:

> La depuración se acentuó mucho más sobre los funcionarios, en general, que sobre los judiciales, en particular, porque aquéllos se entendían dependientes del poder ejecutivo, y, en ese sentido, eran los funcionarios del anterior régimen: era la Administración republicana. Por el contrario, los Jueces tenían una legitimación bien distinta. La Judicatura (se pensó) es una institución de continuidad que administra valores de legalidad, y en tanto que constituye el orden mismo, no puede ser removida por un Régimen que dice representar los propios valores que aquella judicatura encarnaba. En este sentido, una depuración masiva de la judicatura hubiera supuesto la remoción del orden mismo, riesgo que el régimen estimó innecesario correr porque aspiró (y consiguió) controlar a la Judicatura por otros canales más sutiles.[1400]

Sexa como for, as estatísticas son caprichosas e poden deformar a nosa percepción da realidade. Por iso, máis interesante resulta, dende a perspectiva do noso traballo, a cronoloxía desta actividade depurador: esta alcanza o seu cénit en 1939 e, en menor medida, en 1940; é dicir, trala fin da guerra e a necesidade de depurar a unha importante cantidade de persoal xudicial que exercera ata a resolución do conflito en zona republicana, coincidindo esta ademais coas cidades máis poboadas do Estado e que, polo tanto, tiñan un maior número de xulgados e tribunais, como Madrid, Barcelona ou Valencia[1401]. Isto implica que naqueles territorios que quedaron inmediatamente baixo control sublevado no verán de 1936, como o que é obxecto do noso estudo, a incidencia da depuración foi mínima, polo que as cifras que nos ofrece Lanero agochan en realidade importantes matices.

Segundo a base de NeV, para o total do territorio galego, só 10 membros da administración de xustiza foron vítimas da violencia golpista: cinco xuíces, un xuíz municipal e catro secretarios xudiciais; a base non inclúe a ningún fiscal. Para a provincia de Pontevedra, estas cifras redúcense a dous xuíces, un xuíz municipal e un secretario xudicial. O único xuíz en activo da provincia sancionado —recollido na base— foi Fermín Bouza Brey; o outro que inclúe baixo esta etiqueta trátase de Francisco Cuello Arenas, xuíz xubilado detido no campo de San Simón. Luis Pando Rivero era xuíz municipal en Vilagarcía de Arousa e líder da Fronte Popular local cando foi detido. Condenado a cadea perpetua por consello de guerra, acabará sendo paseado en decembro de 1936 na Caeira. Paseado tamén sería o secretario xudicial de Tomiño, Francisco

[1399] Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, pp. 247 – 248. Ver, da mesma autora, "De jueces y docentes: reflexiones sobre las lógicas de la depuración administrativa", en Cuesta, Josefina (dir.): *La depuración de funcionarios bajo la dictadura franquista (1936 – 1975)*, Madrid, Fundación Largo Caballero, 2009; e "La depuración de la magistratura y el ministerio fiscal en el franquismo (1936 – 1944)", *Jueces para la Democracia*, núm. 65, 2009, pp. 39 – 47.

[1400] Cano Bueso: *La política judicial …*, 1985, p. 127. Ver tamén Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, p. 239.

[1401] As gráficas coa evolución cronolóxica da depuración das carreiras xudicial e fiscal en Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, p. 249.

Rodríguez Otero, en outubro do 36; agrarista e galeguista, Rodríguez Otero tiña unha causa aberta en Vigo por traizón que se sobresería definitivamente trala súa morte.

Maior persecución sufriron os avogados, de afiliación política moito máis plural, incluíndo a base a 53 deles, oito da provincia de Pontevedra; no que respecta aos procuradores, só 6 aparecen na base, dos cales un de Pontevedra. Os oito avogados que sufriron algún tipo de violencia na provincia de Pontevedra son: José Adrio Barreiro —executado—, Luis Bouza Brey —absolto en consello de guerra—, Laureano García Guitián —detido un mes—, Sabino Mariño Pereira —condenado a unha multa de mil pesetas—, Alberto Martínez Tiscar —paseado—, Gustavo Otero Sestelo —cadea perpetua—, José Pena Sayáns —cadea perpetua— e Agustín Rivas Villanueva —multado e inhabilitado por responsabilidades políticas—. O procurador é Maximiliano Pérez Prego, presidente da deputación, quen é inmediatamente detido, enfermando no cárcere e morrendo no Hospital Provincial[1402].

Uns números, non obstante, francamente baixos se os comparamos, reiterando o exemplo que vimos empregando, cos 667 mestres que recolle NeV. É preciso ter en conta que a base non se construíu cos expedientes de depuración do persoal xudicial, pero a nosa consulta aos mesmos suxírenos que estes datos, de acaso mudar, non haberían ser moi superiores. Daqueles a cuxos expedientes si puidemos ter acceso, só tres maxistrados —Emilio Bartolomé Lojo, Fermín Bouza Brey e Francisco de P. Navarro— e dous secretarios xudiciais —Miguel Álvarez Montesinos e Julio Lois— foron investigados, como vimos nos respectivos capítulos. Destes cinco, as dilixencias de dous —de P. Navarro e Álvarez Montesino— foron instruídas de forma rutineira para aclarar as actuacións dos investigados durante o exercicio dos seus cargos en zona republicana durante a guerra. Todos eles foron readmitidos no cargo[1403].

Destes, só un foi investigado durante a guerra mentres exercía o seu cargo en Pontevedra capital e, malia que recuperou o seu cargo, foi sancionado: referímonos ao secretario xudicial da Audiencia Provincial, Julio Lois y Lois. Nado en Cotobade, Lois estudara Dereito na universidade compostelá compartindo aulas, entre outros, con nomes xa coñecidos para nós como Valentín Paz Andrade e Ramón Rivero de Aguilar[1404]. En 1924 foi designado como xuíz municipal de Cotobade, no partido de Ponte Caldelas, e, despois de exercer como vicesecretario na Audiencia de Córdoba e como secretario na de Bilbao, Lois é trasladado a Pontevedra en 1930[1405].

[1402] Nunha primeira procura, a base ofrece 54 avogados perseguidos en Galicia. Excluímos a un deles, Ceferino Maestú Novoa, por ter sido fusilado en Cádiz, se ben é certo que anteriormente vivira moito tempo en Vigo. Recomendamos como lectura complementaria, se ben tendo en conta as diferenzas territoriais e cronolóxicas, o capítulo sobre a violencia contra os avogados trala caída de Valencia de Marzal Rodríguez, Pascual; Masferrer, Aniceto: "The Repression of Lawyers After the Spanish Civil War: The Case of Valencia", en Skinner, Stephen (ed.): *Ideology and Criminal Law: Fascist, National Socialist and Authoritarian Regimes*, Londres, Bloomsbury, 2019, pp. 207 – 227.

[1403] A excepción, como sabemos, de Bouza Brey, quen sería separado definitivamente da carreira xudicial a mediados dos 50, nunhas circunstancias completamente diferentes ás de 1937, cando se lle abriu o primeiro expediente de depuración.

[1404] *El Compostelano*, 29/05/1920, p. 2. *El Progreso*, 04/03/1925, p. 3.

[1405] *Galicia Nueva*, 17/04/1924, p. 2. «Real orden nombrando para la plaza de Vicesecretario de la Audiencia de Córdoba a D. Julio Lois y Lois, número 13 de la propuesta de Vicesecretarios de Audiencia provincial», *Gaceta de Madrid*, núm. 32, 01/02/1927, p. 678. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1927/032/A00678-00678.pdf [últ. consulta o 21/10/2022]. «Real orden nombrando a D. Julio Lois y Lois Secretario de la Audiencia de Bilbao», *Gaceta de Madrid*, núm. 17, 17/01/1929, p. 535. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1929/017/A00535-00535.pdf [últ. consulta o 21/10/2022]. «Real orden trasladando a la plaza de Secretario de la Audiencia de Pontevedra a D. Julio Lois y Lois, que lo es de la de Bilbao», *Gaceta de Madrid*, núm. 169, 18/06/1930, p. 1694. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1930/169/A01694-01694.pdf [últ. consulta o 21/10/2022]. Ver tamén Ministerio de Gracia y Justicia: *Escalafón General de los Funcionarios de la Carrera Judicial*. *Rectificado en 31 de diciembre de 1930*, Madrid, Imprenta Góngora, 1931.

O 17 de agosto de 1936 Julio Lois é suspendido temporalmente de emprego e soldo pola autoridade militar xunto a outros funcionarios, segundo anuncia *El Diario de Pontevedra* e confirma o seu expediente persoal[1406]. Ábreselle entón un expediente de depuración, instruído polo presidente da Audiencia Ildefonso Baquero Pérez. Un informe da comandancia da Garda Civil de Pontevedra asegura —e confirma a Comisaría de Investigación e Vixilancia— que se lle considera «persona de extrema izquieirda muy adicto a D. Manuel Azaña, de quen decía en público que era ell mejor Gobernante de España»; ademais, engade fora «Secretario de la causa instruida por la represión de Asturias, cargo en el cual dmostró su desafecto al Ejército mostrándose muy exigente»[1407]. Na súa defensa, Lois declara:

> En cuanto al primer extremo, de ser simpatizante con las izquierdas, en el poco tiempo que las múltiples obligaciones de cargo y familiares me dejaban libre y cuando se suscitaba la conversación sobre política con algún amigo, pude expresar mi criterio liberal y sobre todo mi vehementísimo deseo de que a costa de los que disfrutábamos de un bienestar relativo, se remediasen las múltiples necesidades de la gente menesterosa, deseando vivamente que los sueldos elevados, renta y toda clase de ingresos sufriesen la merma precisa y lógica para evitar dichas necesidades, reduciéndose todo ello, alguna vez, a una simple charla con la mejor buena fe. Ese era todo el izquierdismo, todo lo que me interesó y pudo importarme la política en la cual jamás intervine, ni pensé intervenir, por tener dedicado casi en absoluto todas mis actividades, como antes decía a la familia y al trabajo, siempre abundate este en laa Audiencia de Pontevedra, como de todos es sabido y así todos podrían aseverarlo. Y a partir de las últimas elecciones, en que el absurdo conglomerado del llamado "Frente Popular" empezó a dar sus nefastos frutos y que el extremismo empezó a intentar el hacer de España, lo que milagrosamente no pudo, ni podrá, desde entonces la crítica con todos los amigos fue durísima, hablando siempre de la terrible situación y osadía peor en que nos encontrábamos, deseando cuanto antes, angustiosamente, la salvación del casos en que irremisiblemente íbamos a quedar sumidos.[1408]

As declaracións de Lois son corroboradas por Rivero de Aguilar, quen na súa propia declaración asegura:

> [L]e consta por propia observación sus inmejorables condiciones como Secretario y como persona, y en íntima relación con el mismo ha podido comprender que dentro de un espíritu liberal era una persona de completo orden, reprochando las actuaciones del Gobierno del Frente Popular e incluso ante la tiranía de aquel Gobierno con los elementos de orden, influyó cerca de determinadas personas para que alguna causa que injustamente se seguía contra elementos fascistas de aquella capital, se resolviera rápidamente y en sentido favorable, ya que le constaba que los presuntos autores de aquellos delitos eran inocentes y solamente obedecía la denuncia a persecuciones nacidas en los elementos del Frente Popular. Oyó de labios del señor Lois alabar algún elemento de izquierda en lo que se refería a redimir a la clase trabajadora, pero reprochaba duramente los otros aspectos de la política de aquella tendencia. Y como prueba de los sentimientos caritativos que adornan al Sr. Lois, he de manifestar que siempre que a este señor se acercaba un pobre a solicitar de él una limosna, correspondía a tal petición entregándole alguna cantidad de dinero.[1409]

No transcurso das actuacións o 28 de decembro de 1936 se publica no BOE unha Orde acordado a súa suspensión de emprego e soldo, canda outros funcionarios, en

[1406] Expediente persoal núm. 16.420, sen foliar (AGMJ). No que respecta á Audiencia Provincial de Pontevedra, ademais de Lois, foron amoestados os porteiros Fermín Lago Pérez e Ángel María Vázquez Valcárcel (este último destituído). *El Diario de Pontevedra*, 17/08/1936, p. 2.
[1407] Expediente de depuración núm. 15.115, sen foliar (AGMJ).
[1408] Expediente de depuración núm. 15.115, sen foliar (AGMJ).
[1409] Expediente de depuración núm. 15.115, sen foliar (AGMJ).

aplicación do art. 3 do Decreto núm. 108 da Xunta de Defensa; a disposición non se fará pública ata case unha semana despois, xa en xaneiro do 37[1410]. Na práctica, esta orde de decembro non implica nada novo, pois como sabemos Lois levaba apartado das súas funcións dende agosto; pero si regulariza a súa situación, dándolle o amparo normativo do que carecía a súa depuración executada un mes antes da publicación do Decreto 108 iniciando a apertura dun expediente. O art. 3 deste permitía a purga de funcionarios públicos —ou de empresas de subvención estatal— por «actuaciones antipatrióticas o contrarias al movimiento nacional» (cap. 8); unha orde posterior encargaríase de aclarar que o recollido por este artigo sería de aplicación «a los funcionarios públicos sin distinción, ya sean administrativos, judiciales o fiscales»[1411].

Consultamos os procedementos da Audiencia destes anos para ver se nalgún momento, entre agosto e decembro de 1936, Julio Lois se reincorporara ao seu posto ou, de non ser así, comprobar quen o substituíra. En efecto, Julio Lois desaparece das fontes e atopamos no exercicio das súas funcións a Bernardo Álvarez García[1412]. Este fora nomeado oficial primeiro de Sala da Audiencia de Pontevedra en 1927, sendo promovido en 1935 ao cargo de vicesecretario e trasladado a Málaga entón e despois a Bilbao. En febreiro do ano 36, é novamente ascendido á praza de secretario de Audiencia, con destino na de Xaén. Ningunha disposición oficial que coñezamos verifica o seu retorno a Pontevedra, pero temos constancia de que actúa como secretario substituto de Julio Lois durante o segundo semestre de 1936 mediante a consulta dos procedementos da Audiencia. E é que Álvarez García non volve a Pontevedra *para* substituír a Lois y Lois, senón que o golpe de Estado colleuno de permiso na cidade, sendo adscrito tralo seu éxito en Pontevedra á Delegación de Orde Pública e logo na Audiencia para cubrir a nova vacante; a súa situación regularízase cando a Comisión de Xustiza da Xunta Técnica do

[1410] Á parte da suspensión de emprego e soldo de Julio Lois, acórdase tamén as do fiscal da Territorial da Coruña José Gómez Naveiro, o xuíz de primeira instancia de Padrón Manuel Sarmiento Suárez, o xuíz de primeira instancia de Compostela Evaristo Mouzo Vázquez, o xuíz de primeira instancia de Mondoñedo Fernando Capdevila Guillerna e o secretario de primeira instancia de Mondoñedo Porfirio García Gómez. «Orden.- Acordando la suspensión de empleo y sueldo de los funcionarios que se indican», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 75, 03/01/1937, pp. 17 – 18. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/075/A00017-00018.pdf [últ. consulta o 21/10/2022].

[1411] «Decreto núm. 108 declarando fuera de la Ley a los partidos o agrupaciones políticas que desde la convocatoria de las elecciones celebradas el 16 de febrero último han integrado el llamado Frente Popular», *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, núm. 22, 16/09/1936, p. 86. Dispoñible en https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/022/J00085-00086.pdf [últ. consulta o 21/10/2022]. «Orden.- Disponiendo que las normas contenidas en los artículos 3.º y 4.º del Decreto 108, dictado por la Junta de Defensa Nacional, serán aplicables a los funcionarios públicos», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 18, 01/11/1936, p. 82. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/018/A00082-00082.pdf [últ. consulta o 21/10/2022].

[1412] Ao longo da reconstrución da súa historia de vida, non fomos quen de establecer con claridade as súas afinidades políticas. Procedementos núm. 246/936, 334/936 e 358/936, ca. 6779, f. Audiencia Provincial, AHPPo. *El Compostelano*, 29/01/1937, p. 2. *El Diario de Pontevedra*, 20/04/1937, p. 3. *El Pueblo Gallego*, 24/08/1941, p. 5. «Real orden trasladando a la plaza de Oficial primero de Sala de la Audiencia de Pontevedra a D. Bernardo Alvarez García, que sirve igual plaza en la de Badajoz», *Gaceta de Madrid*, núm. 96, 06/04/1927, p. 156. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1927/096/A00156-00156.pdf [últ. consulta o 21/10/2022]. «Orden promoviendo a la categoría de Vicesecretario de Audiencia provincial don Bernardo Alvarez García», *Gaceta de Madrid*, núm. 299, 26/10/1935, p. 730. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1935/299/A00730-00730.pdf [últ. consulta o 21/10/2022]. «Orden promoviendo a la plaza de Secretario de Audiencia provincial a D. Bernardo Álvarez García, y disponiendo desempeñe dicho cargo en comisión en la Audiencia provincial de Jaén», *Gaceta de Madrid*, núm. 59, 28/02/1936, p. 1668. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/059/B01668-01668.pdf [últ. consulta o 21/10/2022]. «Orden.- Nombrando, con carácter interino, Secretario de la Audiencia provincial de Málaga, a D. Bernardo Álvarez García», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 201, 09/05/1937, p. 1339. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/201/A01339-01339.pdf [últ. consulta o 21/10/2022]. «Órdenes por las que se traslada a los señores que se citan a las plazas de Secretarios de las Audiencias provinciales de Toledo, Salamanca, Murcia, San Sebastián y Pontevedra», Boletín Oficial del Estado, núm. 210, 29/07/1941, pp. 5695 – 5696. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1941/210/A05695-05696.pdf [últ. consulta o 21/10/2022]. «Orden de 25 de abril de 1947 por la que se jubila, por imposibilidad física, a don Bernardo Alvarez García, Secretario de la Audiencia Provincial de Pontevedra», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 124, 04/05/1947, p. 2640. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1947/124/A02640-02640.pdf [últ. consulta o 21/10/2022].

Estado o nomea como secretario interino da Audiencia lerense. Figurando como secretario electo da Audiencia Provincial de Soria, para a cal fora nomeado en abril do 37, en maio dese mesmo ano trasládase á de Málaga como secretario interino. Despois de pasar por diferentes destinos, no verán de 1941, Bernardo Álvarez García volve á Provincial de Pontevedra, tendo que xubilarse seis anos despois por imposibilidade física.

Volvendo ao noso protagonista, a delicada situación de Lois non se mantén por moito tempo: o 5 de abril de 1937, resólvese o seu expediente de depuración acordándose a suspensión de emprego e soldo durante tres meses —pois, malia ser «admirador de Azaña, … ante el Movimiento Nacional se ha comportado como un patriota»—, coa posibilidade de conmutala co tempo que levaba apartado do cargo provisionalmente[1413]. Lois reincorpórase de novo, polo tanto, á Audiencia de Pontevedra e comeza a exercer inmediatamente nela, coincidindo co traslado de Álvarez García a outro destino. Xa na posguerra, a finais de xullo de 1941, Lois é nomeado para a Audiencia de Cáceres, substituíndoo, de novo, Álvarez García[1414]. Máis tarde volverá a Galicia, pasando a exercer como secretario na Territorial da Coruña[1415].

Caso máis sonado é o do intelectual galeguista Fermín Bouza Brey Trillo. Nado en Ponteareas en 1901, estaba exercendo como xuíz de Primeira Instancia na Estrada no momento do golpe de Estado. Mantense no seu cargo ata que 1937 é suspenso provisoriamente de emprego e soldo ata que se resolva o expediente que lle é aberto en xullo dese ano por non aplicar a lei militar, non inhibíndose cando debera e poñendo, polo tanto, trabas á transferencia de competencias da xurisdición ordinaria á castrense. O feito concreto do que se lle acusa é de non ter derivado á xurisdición de guerra o caso de catro veciños que, na mañá do 20 de xullo de 1936, se encargaron de incautar armas para resistir á sublevación militar, procesándoos simplemente pola vía ordinaria —pese ao disposto polo bando—, ditaminando prisión incondicional provisional para os acusados en novembro do 36[1416].

Serapio del Casero e Francisco Castro Artime son os encargados, a modo de xuíz especial e secretario, de instruír o informe contra Bouza Brey. O expediente desenvólvese coas prácticas habituais, e ordénase obter informes sobre a súa conducta privada, oficial e pública —sobre todo no que ten que ver coa súa posición política— da Garda Civil, Falanxe, alcaldía, delegación de Orde Pública, cura párroco e compañeiros do xulgado, entre moitos outros. Paralelamente, o caso que motivou o expediente contra Bouza Brey é derivado á xustiza militar. Todas as declaracións que se recollen ao longo das seguintes semanas son moi favorables para o xuíz: del dise repetidamente que é un «perfecto caballero», «excelente ciudadano y funcionario digno», «de merecido prestigio», «buen católico», «intachable», «ejemplar», «íntegro», «laborioso», «absolutamente afecto al Movimiento Nacional»… Son, de feito, varios os declarantes aos que a este respecto

[1413] Expediente de depuración núm. 15.115, sen foliar (AGMJ). «Orden.- Suspendiendo de empleo y sueldo, durante tres meses, al Secretario de la Audiencia de Pontevedra D. Julio Lois Lois», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 169, 07/04/1937, p. 916. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/169/A00916-00916.pdf [últ. consulta o 21/10/2022].

[1414] «Órdenes por las que se nombran Secretarios de las Audiencias territoriales de Valladolid, Cáceres y Albacete a los señores que se citan», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 194, 13/07/1941, p. 5237. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1941/194/A05237-05237.pdf [últ. consulta o 21/10/2022]. «Órdenes por las que se traslada a los señores que se citan a las plazas de Secretarios de las Audiencias provinciales de Toledo, Salamanca, Murcia, San Sebastián y Pontevedra», Boletín Oficial del Estado, núm. 210, 29/07/1941, pp. 5695 – 5696. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1941/210/A05695-05696.pdf [últ. consulta o 21/10/2022].

[1415] Expediente persoal núm. 16.420, sen foliar (AGMJ). Documento da Secretaría de Goberno da Audiencia Territorial da Coruña ao presidente do Tribunal Supremo e á Inspección Central de Tribunais, do 8 de outubro de 1955, propoñendo unha distribución de asuntos entre secretarías máis "equitativa y justa" (AGTS).

[1416] Expediente de depuración núm. 14.766, 1937, folios 3 e 4 (AGMJ).

sinalan que «lo deseaba vivamente … como único medio para la salvación de nuestra Patria», destacando as veces que se opuxera ao extremismo da Fronte Popular e defendera intereses conservadores[1417]. Só o informe da xefatura local de Falanxe fai alusión ao que considera «rumor callejero» a teor da súa conducta política, indicando que, pese a certas simpatías do investigado polo Partido Galeguista, pronto «su postura política se encauzó por el buen camino»[1418]. Certifícase, asemade, que nunca estivera afiliado a este partido nin á Fronte Popular[1419].

Nun momento tan aínda crítico como setembro de 1937 e nunha posición vulnerable —malia que probablemente confiado polo seu favorable encadramento—, sorprende a determinación que Bouza Brey amosa no seu escrito de descargo; serva, a modo de exemplo, o xeito no que este abre o texto:

> Los cargos que se hacen son de entidad diversa. Uno principal, y dos secundarios o derivados de aquél. Es cargo principal éste: no haberse inhibido en favor de la jurisdicción de guerra en sumario seguido por hechos de "clara evidencia revolucionaria" dictando auto de procesamiento y prisión contra individuos presuntos responsables de delitos comprendidos en el Bando de Guerra de la Junta de Defensa Nacional como si se desconociera esta disposición.
>
> Son cargos secundarios estos dos: calificar inconvenientemente el delito y hacer citas legales "a todas luces impertinentes tales como la Ley de Orden Público y el estado de Alarma declarado por el Gobierno faccioso".
>
> *Pues bien: El Juez que suscribe se halla conforme, en general, con lo informado por el señor Fiscal militar*. Es enteramente cierto que nos see ha inhibido en favor de la jurisdicción de Guerra en hechos que caen dentro del reseñado Bando, y es de opinión también que la calificación dada al delito de las citas legales que ilustran la resolución no son las pertinentes.[1420]

No extenso e detallado escrito, argumenta:

> Las poderosas causas por las que ha obrado así son, sencillamente, las que resultan de acatar incondicionalmente, sin poner tropiezos, cuantas instrucciones se dictaron por las Autoridades miltares y civiles de común acuerdo, en los primeros meses del glorioso Alzamiento, a fin de auxiliar a la jurisdicción de Guerra y de favorecer la acción de su justicia, evitando trámites dilatorios y conflictos jurisdiccionales. Esto es todo y vamos a probarlo.[1421]

Pese ao ton —tan seguro que case resulta ousado— empregado por Bouza Brey ao longo das 22 páxinas do seu escrito, no que mesmo adxunta fotografías, este logra xustificarse invertendo a situación ata parecer o máis sincero afecto á *Causa*: «de *no inhibirse*, siguiendo dichas normas, fue lo que, sencilla e inocentemente, ese Juez de la Estrada hizo *creyendo prestar con ello un gran servicio al Movimiento Nacional*»[1422].

[1417] Expediente de depuración núm. 14.766, 1937, folios 6 – 38 (AGMJ).
[1418] Expediente de depuración núm. 14.766, 1937, folios 14 – 16 (AGMJ). Moitos máis duros son os termos que se lle aplican a Bouza Brey no ficheiro de José Antonio en Madrid, que se inclúe nun informe confidencial: "masón, de izquierdas y de muchísimo cuidado para Falange". Engádese: "Como hombre de cierta cultura por su carrera y apadrinado por algunos Falangistas que tenían, tienen y tendrán siempre en su sangre mucho de 'caciques' y muy poco de españoles, … len prestaron su apoyo y figuró en varios actos que se celebraron ya después de iniciado el Movimiento Salvador de España, como en una cena con que se obsequió a seis Italianos desembarcados en Vigo para alistarse en el Tercio, … [en ella] figuró dicho Sr. en la presidencia de la mesa y desde entonces no hace más que levantar el brazo en las manifestaciones". Este informe, o único crítico con Bouza Brey, non obstante, é posteriormente desmentido, pois a inquina semellaba ter orixe en lizas persoais (folios 75 – 100 e 121 – 122), e non é tido en consideración algunha na resolución do expediente.
[1419] Expediente de depuración núm. 14.766, 1937, folios 44 e 45 (AGMJ).
[1420] Expediente de depuración núm. 14.766, 1937, sen foliar (AGMJ). Subliñado no orixinal; cursiva nosa.
[1421] Expediente de depuración núm. 14.766, 1937, sen foliar (AGMJ). Subliñado no orixinal.
[1422] Expediente de depuración núm. 14.766, 1937, sen foliar (AGMJ). Cursiva nosa.

No transcurso das seguintes semanas, séguense recollendo diferentes informes e certificacións, concretamente sobre os vínculos de Bouza Brey cos cadros de Falanxe. As declaracións, novamente, volven redundar en comentarios moi favorables para o expedientado. O que era xefe local de Falanxe no momento do golpe, Ramón Campos Vázquez, dá mostras da boa relación entre ambos ao asegurar de que o informara o 10 de xullo de que pronto se habería de producir a sublevación e engade «[q]ue todos los presos de Falange fueron tratados por dicho Juez con la máxima consideración, recibiendo favores del mismo»[1423]. O encargado da cárcere do partido engade que o xuíz lle indicara o seguinte:

> [C]uando en la Cárcel había elementos derechistas, que si veía algún movimiento sospechoso en los alrededores de la Prisión que hiciese sospechar que peligrase las vidas de los que estaban detenidos, que les abriese las puertas de la cárcel para que pudiesen fugarse, bajo su responsabilidad.[1424]

Os principais dereitistas, carlistas e falanxistas da localidade confirman todos estes extremos e subscriben, en definitiva, a liña argumental de Bouza Brey no seu escrito de descargo[1425]. Asemade, dáse por bo un feito fundamental no transcurso do expediente: que após do éxito do golpe en Galicia, a fiscalía da Audiencia Provincial de Pontevedra, en acordo coa comandancia militar, deu indicacións verbais a diversos xuíces —entre eles, Bouza Brey— de que non se inhibisen en determinados supostos para así «auxiliar eficazmente a la jurisdicción de guerra sobre la que recae agobiante trabajo» e deste xeito «evitar inútiles trámites nacidos de las devoluciones que la Autoridad militar podría efectuar … [y] se ayuda considerablemente a los instructores militares puesto que se les dan completas las actuaciones sumariales»[1426]. Non se especifican os supostos, senón que semella deixar certa carta branca aos xuíces de Primeira Instancia e, en todo caso, á fiscalía da Provincial, o que avala a nosa interpretación sobre unha confianza das novas autoridades militares á actuación xudicial.

O fiscal da Territorial da Coruña avalía o expediente e suxire o seu sobresemento ante a revisión de tódalas probas testificais que amparan a actuación de Bouza Brey. Tras ser elevado á Comisión Nacional de Xustiza en Burgos, o seu presidente acorda o 1 de decembro de 1937 o sobresemento do expediente de depuración, a reposición do xuíz no seu cargo e o abono nos soldos non percibidos durante a duración das investigacións[1427].

Recupera entón Fermín Bouza Brey a súa traxectoria como xuíz de Primeira Instancia e mesmo é designado como Oficial Primeiro Honorífico do Corpo Xurídico Militar, actuando como tal en diversas auditorías de guerra de febreiro a setembro de 1939. Ao tempo retorna ao exercicio na xurisdición ordinaria, na cal ascende á praza de maxistrado da Audiencia Provincial de Lugo a finais de 1945, onde non chegou a exercer por cuestións de saúde, trasladándose á de Pontevedra en 1946[1428].

[1423] Expediente de depuración núm. 14.766, 1937, folio 81 (AGMJ).
[1424] Expediente de depuración núm. 14.766, 1937, folio 83 (AGMJ).
[1425] Expediente de depuración núm. 14.766, 1937, folios 75 – 100 (AGMJ).
[1426] Isto é avalado polas declaracións de Alfonso del Moral y Luna, fiscal da Audiencia Provincial de Pontevedra daquela prestando servizo no Corpo Xurídico Militar en Bilbao. Expediente de depuración núm. 14.766, 1937, folios 115 – 118 (AGMJ).
[1427] A Comisión de Xustiza foi o nome que recibiu temporalmente o organismo que fai ás veces do Ministerio de Xustiza na Xunta Técnica do Estado franquista. Expediente de depuración núm. 14.766, 1937, sen foliar (AGMJ). «Orden.- Resolviendo expediente instruido al Juez de primera instancia de la Estrada D. Fermín Bouza Brey-Trillo», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 409, 03/12/1937, p. 4635. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1937/409/A04635-04635.pdf [últ. consulta o 27/07/2022].
[1428] Expediente persoal núm. 14.477, sen foliar (AGMJ).

Dous anos despois, en 1948, outórgaselle por iniciativa ministerial a Cruz Distinguida de 2ª Clase de San Raimundo de Peñafort[1429]. Non era esta a primeira distinción que Bouza Brey recibía, xa que no 42 obtivera o ingreso na *Orden Civil de Alfonso X el Sabio*, coa categoría de Medalla, a cal se concedía «a los españoles que se hayan destacado en los campos de la investigación científica y de la enseñanza o en el cultivo de las Letras y de las Artes, o que hayan prestado eminentes servicios a los intereses culturales del país»[1430]. Pero o caso da Cruz de San Raimundo de Peñafort era diferente: que Fermín Bouz-Brey recibise *La Raimunda* —como é coñecida familiarmente nos círculos especializados o galardón— tivo que molestar a certo sector da xudicatura, pois se trataba dunha distinción que servía, incluso nas medallas de menor categoría, para recompensar a toda unha traxectoria de «muchos años … *prestados sin nota desfavorable en la función judicial*»[1431]. Así, pese a unha prestixiosa traxectoria máis que probada —ou, se cadra, por iso mesmo—, envexas persoais, xenreiras políticas e unha pouco sutil homofobia entre os seus pares acabarán provocando a apertura dun novo

[1429] Algunhas notas biográficas dan a información errónea de que o galardón obtido foi a *Cruz Meritísima*. É exemplo disto a súa entrada na web do proxecto *revistanos.galiciana.gal*, onde, en realidade, se alude á "Gran Cruz de San Raimundo de Peñafort", distinción que nin sequera existía daquela. Tecnicamente, o nome correcto da condecoración era o de *Cruz Meritísima*, equivalente ao que sería a Gran Cruz doutras Ordes e actual denominación da mesma. Non é a única imprecisión que aporta a páxina, pois nela sinálase que Bouza Brey chegaría a ser maxistrado no 49 cando, como sabemos, o seu ascenso producírase anos antes (dispoñible en: https://revistanos.galiciana.gal/recurso/bouza-brey-fermin/7f01612e-df59-401f-a16b-4340034b833d [últ. consulta o 27/07/2022]). As *meritísimas* só se outorgaban por decreto e o seu número era estritamente reducido, polo que na práctica só as recibiron nestes primeiros anos os máis altos persoeiros do Estado franquista que integraban as elites do Dereito; exemplo disto son os ministros Tomás Domínguez de Arévalo e Esteban de Bilbao y Eguía, o arcebispo Enrique Pla y Deniel, o bispo Leopoldo Eijo Garay, ou os xuristas e presidentes do Tribunal Supremo Felipe Clemente de Diego y Gutiérrez e José Castán Tobeñas). A distinción de Fermín Bouza Brey, quen non deixaba de ser un recén nomeado maxistrado de provincias, cunha *meritísima* en 1948 era absolutamente inimaxinable. O que se lle concede é, como avala Clodio González Pérez con fontes documentais e comprobamos nós mesmas na consulta do seu expediente, a Cruz Distinguida de 2ª Clase (que sería o cuarto rango da Orde do total de sete que existía por aquel entón). Expediente persoal núm. 14.477, sen foliar (AGMJ). Ver tamén González Pérez, Clodio: "Fermín Bouza Brey e Trillo: Xuíz e Maxistrado", en VV.AA.: *Fermín Bouza Brey. Xuíz e galeguista*, Pontevedra, Galeguizar Galicia, 2011, pp. 44 – 45. Sobre a Cruz de San Raimundo, consultar de Ceballos-Escalera y Gila, Alfonso: *La Orden de la Cruz de San Raimundo de Peñafort y las elites de la Justicia y el Derecho (1944 – 2014)*, Madrid, Ministerio de Justicia – Boletín Oficial del Estado, 2015.

[1430] «Orden por la que se concede a don Fermín Bouza Brey el ingreso en la Orden Civil de Alfonso X el Sabio, con la categoría de Medalla», Boletín Oficial del Estado, núm. 119, 29/04/1942, p. 3024. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1942/119/A03024-03024.pdf [últ. consulta o 27/07/2022]. «Decreto creando la Orden de Alfonso X el Sabio», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 106, 16/04/1939, p. 2134. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/106/A02134-02134.pdf [últ. consulta o 27/07/2022].Ver tamén «Orden aprobando el Reglamento para aplicación del Decreto creando la Orden de Alfonso X», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 109, 19/04/1939, pp. 2181 – 2182. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/109/A02181-02182.pdf [últ. consulta o 27/07/2022]. «Orden aclarando el Reglamento para la concesión de la Orden de Alfonso X el Sabio», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 101, de 10/04/1940, pp. 2447 – 2448. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1940/101/A02447-02448.pdf [últ. consulta o 27/07/2022].

[1431] Cursiva nosa. Sobre a Cruz de San Raimundo de Peñafort, escribe o ministro de Xustiza falanxista Raimundo Fernández-Cuesta (quen lle tería outorgado o premio a Bouza Brey): "A lo largo de su historia, fueron creándose en España diversas Órdenes y condecoraciones destinadas a honrar a españoles ilustres por sus méritos, ciencia o cualidades excepcionales … Y no obstante ser la rama de los estudios jurídicos y su aplicación uno de los elementos que afianzan la base constituyente del Estado, no existía una distinción honorífica especialmente a ellos dedicada. A esta falta vino a proveer el Decreto de 23 de enero de 1944 («Boletín Oficial» de 7 de febrero), refrendado por el Ministro de Justicia, D. Eduardo Aunós … Nació, pues, esta distinción para premiar brillantes actuaciones en la administración de Justicia". Fernández Cuesta, Raimundo: *Ministerio de Justicia. Notas históricas, organización y competencia*, Madrid, s.e., 1946, p. 507 e 508. Ver tamén «Decreto por el que se crea la Cruz de San Raimundo de Peñafort, para premiar el mérito a la Justicia», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 38, 07/02/1944, pp. 1072 – 1073. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1944/038/A01072-01073.pdf [últ. consulta o 27/07/2022]. «Orden por la que se dictan normas sobre la concesión y régimen de la Cruz de San Raimundo de Peñafort», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 44, 13/02/1944, pp. 1279 – 1281. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1944/044/A01279-01281.pdf [últ. consulta o 27/07/2022].

expediente que si resultará na súa separación definitiva da carreira xudicial a comezos dos 50, cando estaba a exercer na Territorial de Oviedo[1432].

Após dunha denuncia do embaixador español en Arxentina, é en novembro de 1951 cando se lle volven a abrir dilixencias investigadoras, en concreto, por ter asistido a «celebraciones públicas cuyo carácter antinacional no podía ocultársele porque era patente y notorio a los ojos de todos», participando o 25 de xullo dese ano nunha conferencia no Centro Galego de Bos Aires «en el que junto a la bandera argentina aparece la llamada "gallega", y en el que la española estaba conspicuamente ausente»; non obstante, matiza o director xeral de Xustiza no seu escrito á Inspección Central de Tribunais, «[n]o se trata … de actos concretos de extrema gravedad, sino más bien de un estado de espíritu de, cuando menos, tibieza nacional, elocuentemente reflejada en acciones y omisiones»[1433].

Segundo avanzan as dilixencias, nas que por unha banda se intenta discernir o alcance político da participación de Bouza Brey nestes actos e o investigado se defende alegando o seu papel como experto etnográfico nun ton que de novo nos lembra ao de 1937, unha nova sospeita recae sobre o maxistrado: a homosexualidade. Nun devir do expediente que resulta particularmente desagradable, Bouza Brey é, ademais, acusado de intento de perversión de menores. O galeguismo de Bouza Brey queda nun segundo plano e a cuestión da homosexualidade comeza a ser o tema central do expediente, destacando as declaracións negativas dos demais compañeiros de Bouza Brey na Provincial de Pontevedra e, en particular, as do presidente José María Suárez Vence —quen mesmo di que a Bouza Brey xa se lle abrira no pasado un expediente por homosexual, o cal era mentira—, Ramón Rivero de Aguilar e Carlos Humberto Santaló Ponte. Este último maxistrado é, segundo o propio Bouza Brey, o verdadeiro instigador de odio e dixomedíxomes contra a súa persoa, a quen acusa de orquestrar «una venganza indigna y sangrienta que solo Dios puede saber cuanto hay en ella de mentiroso y cobarde ataque sembrador de la calumnia»: «Quiso echarme por no convenirle mi presencia en el comercio que tenía montado en la provincia, y lo consiguió»[1434].

Alén das múltiples alegacións na súa defensa —como o seu matrimonio que resultou en seis fillos—, vemos como, en realidade, o panorama que debuxa Bouza Brey no seu escrito de descargo e o que podemos interpretar polas declaracións dos chamados

[1432] Para unha mellor aproximación ao tema, así como a todo o devir da súa carreira xudicial, ver González Pérez: "Fermín Bouza Brey …", 2011, pp. 19 – 73. Tanto Fermín como o seu irmán Luis Bouza Brey (avogado xulgado por rebelión militar en consello de guerra co resultado de absolución) contan con ficha no proxecto NeV.

[1433] Expediente de depuración núm. 14.766, 1952, sen foliar (AGMJ).

[1434] Curiosamente (ou se cadra non tanto), a praza de maxistrado en Oviedo que queda vacante pola súa destitución será ocupada polo propio Santaló Ponte, quen daquela estaba destinado na Territorial de Cáceres. Este coincidira brevemente con Bouza Brey na Audiencia de Pontevedra, onde foi nomeado como maxistrado en 1947. No 49 pasaría a exercer como xuíz de Primeira Instancia da cidade, cargo no que está ata o 52, cando se traslada á Provincial de Lugo. Expediente de depuración núm. 14.766, 1952, folios 96 e 194 (AGMJ). «Decreto de 28 de febrero de 1947 por el que se promueve a Magistrado de entrada a don Carlos Humberto Santaló Ponte, Juez de Primera Instancia e Instrucción de término», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 75, 16/03/1947, p. 1732. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1947/075/A01732-01732.pdf [últ. consulta o 27/07/2022]. «Decreto de 21 de enero de 1949 por la que se nombra para el cargo de Juez de Primera Instancia e Instrucción de Pontevedra a don Carlos Humberto Santaló Ponte, Magistrado de entrada», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 58, 27/02/1949, pp. 966 – 967. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1949/058/A00966-00967.pdf [últ. consulta o 27/07/2022]. «Decreto de 22 de febrero de 1952 por el que se promueva a la plaza de Magistrado de ascenso a don Carlos Humberto Santaló Ponte, Magistrado de entrada, que desempeña el Juzgado de Primera Instancia e Instrucción de Pontevedra, destinándole a servir su cargo a la Audiencia Provincial de Lugo», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 72, 12/03/1952, p. 1127. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1952/072/A01127-01127.pdf [últ. consulta o 27/07/2022]. «Decreto de 13 de mayo de 1955 por el que se nombra en concurso para la plaza de Magistrado de la Audiencia Territorial de Oviedo a don Carlos Humberto Santaló Ponte, Magistrado de ascenso», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 150, 30/05/1955, p. 3279. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1955/150/A03279-03279.pdf [últ. consulta o 27/07/2022].

a intervir é o dun ambiente de fondo acoso laboral na Audiencia pontevedresa a partir de finais de 1948, que derivaría na súa propia petición de traslado a Oviedo en 1949. O propio presidente da Territorial de Oviedo sintetízao do seguinte xeito:

> Tan pronto como se conoció la designación del Sr. Bouza Brey para el cargo de Magistrado de esta Audiencia, circuló insistentemente el rumor de algo que afectaba hondamente a su honorabilidad y moralidad, pues *se le atribuía la realización de actos deshonestos de sexualidad con personas del sexo fuerte o masculino*, y que, por haber exteriorizado ese afición a los hombres, se vio en la necesidad de pedir el traslado de la Audiencia de Pontevedra, donde se hallaba destinado, ante la decidida actitud y *repulsa del Presidente y Magistrados de la misma, los que cortaron toda clase de relaciones con él, negándole hasta el saludo* e imponiéndole dicho traslado.
>
> La gravedad de tales versiones hizo que se le recibiera en esta Audiencia con los mayores recelos y extrema frialdad; así como que haya estado sometido, por mi encargo, a estrecha y discreta vigilancia, sin que hasta el presente se haya podido obtener dato alguno revelador de la certeza de aquellas imputaciones; pues hace vida metódica, ordenada y casera, dedicada de lleno a sus estudios y trabajos y ocupaciones profesionales; no frecuenta cafés, bares, espectáculos u otros lugares donde le sería más fácil hacerse amigos o realizar labor de captación; cumple bien los deberes de católico y, en todo tiempo y ocasión, se ha comportado y produce con pulcra y exquisita corrección, *sin haber dejado nunca traslucir algún pequeño indicio revelador del feo vicio que se le achaca*. Tampoco se le conocen amistades sospechosas en ningún sentido.[1435]

Nas seguintes semanas continúa o transcorrer de dilixencias que continúan menoscabando os intentos de defensa do maxistrado. Así as cousas, en xuño de 1952, a Inspección Central de Tribunais do Tribunal Supremo dá por probados os rumores de homosexualidade que viñan perseguindo a Bouza Brey dende a súa etapa como estudante en Compostela, a súa estreita relación con outro home en Pontevedra tachado de «invertido», o intento de perversión de menores en 1948, o seu traslado a Oviedo como un «implícito reconocimiento de los hechos», a animadversión que Bouza Brey espertaba entre compañeiros e subordinados —quen sentían «repugnancia a convivir con quien tenía sobre sí un descrédito tan deshonroso»—… O escrito é en ocasións francamente severo con Bouza Brey, censurándoo de ter unha «exuberante imaginación» no seu escrito de descargos e intentar convertir a proba nun «ingente receptor de imágenes literarias y culturales del expedientado que cual incansable Narciso busca en todo su propia imagen y … no logra aburrirse de hablar de sí mismo, pero sí engendra el hastío de los demás, y da otra muestra más de su masculinidad deformada». Así as cousas, o Inspección Central de Tribunais propón a separación definitiva de Bouza Brey da carreira xudicial en virtude do art. 733 da LPOPX, a cal permite impoñer o exercicio sancionatorio fronte a inmobilidade xudicial en casos que afecten á vida privada dos funcionarios. A cuestión política que iniciara a instrución do expediente é mencionada pero apenas tida en conta en comparación coas atencións que adquire a posterior acusación de homosexualidade; de feito só se solicita un menor correctivo de non ter sido admitida a petición para a separación do cargo do maxistrado[1436]. O TS ratificará a separación ddefinitiva de Bouza Brey da carreira xudicial en xaneiro de 1955[1437].

Cabe preguntarse o porqué do diferente resultado de senllos expedientes; á fin e ao cabo, a situación de 1937 era moito máis delicada ca de 1952. Ao noso parecer, hai

[1435] Expediente de depuración núm. 14.766, 1952, sen foliar (AGMJ). Cursiva nosa.
[1436] Expediente de depuración núm. 14.766, 1952, folios 211 – 216 (AGMJ).
[1437] Expediente de depuración núm. 14.766, 1952, sen foliar (AGMJ). «Decreto de 11 de marzo de 1955 por el que se acuerda la destitución del cargo de Magistrado de ascenso de don Fermín Bouza Brey y Trillo, con destino en la audiencia Territorial de Oviedo», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 83, 24/03/1955, p. 1903. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1955/083/A01903-01903.pdf [últ. consulta o 27/07/2022].

tres diferenzas fundamentais a ter en conta: o contexto, os cargos e os apoios de Bouza Brey. Por unha banda, se ben é certo que o risco xeral para as disidencias políticas contra os golpistas era moito máis alto ca 15 anos despois, o certo é que a xudicatura estaba nunha posición de maior protección ao ser fundamental na vontade de fiscalización da sociedade por xurisdición militar e as inxentes necesidades de persoal desta; non sen motivo, Bouza Brey participaría en consellos militares no transcurso bélico. Eran cargos altamente profesionalizados, de difícil substitución, polo que o incipiente réxime estaba máis predisposto a aceptar pequenas *faltas* sempre e cando estas non se repetisen. Estas necesidades extraordinarias, pola contra, xa non existen nos anos 50. Por outra banda, se ben hai un fondo común nas acusacións de corte político contra Bouza Brey —o galeguismo—, en ambos casos se intentan maquillar como unha admiración pola cultura galega, dentro dun san patriotismo español; unha estratexia con maior ou menor éxito pero sen implicacións de transcendencia. Acaban resultando máis decisivas as outras dúas imputacións que se lle fan: a suposta interferencia con respecto a actuación da xustiza militar, que no 37 se resolve como ordes da superioridade, concluíndo o apoio do expedientado ao *Movimiento*; e as sospeitas de homosexualidade, que son as que logran finalmente a súa separación do cargo. Se admitimos a tese de que o segundo expediente de depuración foi aproveitado por compañeiros que o querían quitar do medio, semella claro que eles mesmos sabían o escaso percorrido sancionador que podía ter o galeguismo de Bouza Brey fronte á homosexualidade, que recibe comentarios moito máis duros que as súas actuacións políticas no estranxeiro. E, por último, unha diferenza fundamental entre ambos expedientes é o apoio que amosan as testemuñas con respecto ao maxistrado: mentres que no primeiro caso as declaracións son unanimemente positivas —a única que non o fora demóstrase estar motivada por xenreiras pasadas— , con particular apoio das novas autoridades golpistas; no segundo, as persoas declarantes refírense a Bouza Brey con enorme crueza, particularmente no que respecta aos cargos sobre a súa vida privada.

Sexa como for, a depuración no seo da administración de xustiza podería considerarse residual, especialmente nas zonas de temperán control golpista. Mesmo cando si se aplicaron medidas sancionadoras, estas foron relativamente leves e non impediron o pronto retorno dos expedientados aos seus cargos; o caso de Fermín Bouza Brey ou Emilio Bartolomé Lojo é semellante ao de Julio Lois neste respecto. Coincidimos con Mónica Lanero ao afirmar que a administración de xustiza do novo réxime se caracteriza por un alto grao de *reciclabilidade*: xa non só no relativo ao corpus normativo —abondo reiterado con anterioridade—, senón tamén ao seu propio persoal[1438]. Insistimos, polo tanto, en que a principal novidade introducida polo novo réxime é sustentar na libre interpretación da normativa de herdanza liberal unha lectura que posibilitase a violencia, fose na forma que fose.

Algunhas das principais interpretacións sobre a reducida incidencia da actividade depuradora nas carreiras xudicial e fiscal son dúas: a primeira e máis reiterada, como xa foi mencionado, a extracción sociopolítica dos seus membros, de corte conservador; pero tamén o propio medo á potencial depuración, o cal actuaba como forma de encadramento social e favorecía a cooperación da xudicatura co novo poder[1439]. Nós engadimos tamén a experiencia aprendida da ditadura primorriverista e mesmo os hábitos derivados da tradicional submisión da xurisdición ordinaria á castrense en tempos de crise. Non obstante, existe un cuarto factor que, dende o noso punto de vista, é fundamental ter en conta e moitas veces é obviado: a dificultade de substitución dun persoal tan cualificado

[1438] Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, p. 251.
[1439] Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, p. 251. Toharia: *El Juez español …*, 1975, p. 197. Cano Bueso, Juan: *La política judicial …*, 1985, p. 124 e p. 127. Portilla Contreras: *El Derecho Penal …*, 2022, p. 221.

como a xudicatura e fiscalía, como indicamos ao tratar o caso de Bouza Brey[1440]. Existe entre estes corpos e o novo réxime uns intereses recíprocos e unha necesidade simbiótica que forxa a conivencia dende o propio inicio da insurrección militar naqueles territorios onde esta tivera éxito, da que só quedan excluídos os individuos máis notoriamente desafectos.

A isto súmanselle os reiterados estados de excepción nos que gran parte das competencias da xurisdición ordinaria quedaban supeditadas á castrense, polo que as regras do xogo xurídico a partir de xullo do 36 non eran descoñecidas. Pero, de novo, o contexto de outubro de 1934 non ten nada que ver co que se sucede tralo golpe de Estado. Mudan as formas, mudan —aínda máis— as consecuencias. A brutalidade coa que o golpe se impuxo e a situación de excepcionalidade na que derivou choca frontalmente co ambiente de aparente normalidade que vimos nos xulgados e tribunais de Pontevedra o mesmo luns 20 de xullo e os días inmediatamente posteriores. Os garantes da legalidade, os administradores da xustiza, presencian as maiores inxustizas e ilegalidades imaxinables. Algúns simplemente asúmenas, se cadra con impotencia; outros participan delas con entusiasmo. Os menos que buscan pequenas marxes de actuación coas que mitigar a violencia son amoestados, pero non se prescinde deles porque as necesidades do seu servizo e a convicción de que pouco podían facer para frear a maquinaria do terror son maiores. As necesidades de servizo da administración, queixa histórica (cap. 5), son aínda maiores no contexto bélico, cando os golpistas se propoñen fiscalizar a toda a poboación para extirpar o *pecado democrático*[1441].

Mención específica merecen as xurisdicións especiais e aqueles que as integraron. É preciso recordar que a meirande parte de individuos que formaron parte dos tribunais marciais a partir de 1936 non tiñan formación xurídica —moitas veces nin sequera os xuíces instrutores da causa—; esta só era exixida para os vogais poñentes e os auditores de guerra (cap. 8). Á parte, a xurisdición de Responsabilidades Políticas era de composición mixta, cun reparto de funcións entre xuíces militares, xuíces civís e outros (cap. 7). Por outra banda, cabe destacar o comportamento que o ministerio fiscal adoptou nestas: fronte á neutralidade que se lle presupón en defensa da legalidade, a fiscalía nestas ordes xurisdicionais especiais actuará máis ben como avogado do Estado, protexendo os seus intereses. Isto será así, tamén, noutras xurisdicións ordinarias, como a vía contencioso-administrativa[1442].

[1440] A excepción de Mónica Lanero, que si ten en conta esta cuestión na súa argumentación aplicándoa para a posguerra e reintegración de membros da administración de xustiza que exerceran os seus cargos ata o final da guerra en territorio republicano. Tamén o suxire Cano Bueso, malia que dunha forma máis sutil. Ver Lanero Táboas: *Una milicia de …*, 1996, p. 255; e Cano Bueso: *La política judicial …*, 1985, p. 127.

[1441] Facemos aquí nosa a acertada expresión expresión de Álvaro Dueñas, Manuel: "Delitos políticos, pecados democráticos", en Aróstegui, Julio (coord.): *Franco: la represión como sistema*, Barcelona, Flor del Viento, 2012, pp. 60 – 106.

[1442] Toharia explica este fenómeno aludindo á mesma organización interna do Ministerio Fiscal: "los fiscales constituyen, a diferencia de los jueces, un cuerpo jerárquicamente estructurado, en dependencia lineal directa del Fiscal del Tribunal supremo (que es nombrado por el Gobierno). El Fiscal del Tribunal Supremo puede dar instrucciones, consignas o pautas de actuación con carácter obligatorio para todos los componentes de la carrera fiscal. Desde esta segunda perspectiva, la carrera fiscal constituye el órgano encargado de representar al Ejecutivo en las tareas judiciales, así como de propiciar e implementar sus directrices en todo los referente a la Administración de Justicia: constituye, en suma, el cuerpo institucionalmente politizado dentro de la organización judicial". Isto tórnase particularmente problemático ao ter en conta o seguinte: "[p]or regla general, jueces y fiscales mantienen inmejorables relaciones. Ello justamente constituye una de las quejas más comunes entre abogados, para quienes jueces y fiscales son, después de todo, simples colegas, con formación común y comunes símbolos y valores". Toharia: *El Juez español …*, 1975, p. 84.

USC

9.2.3. A ditadura de Franco e o «xuíz ideal»

En xaneiro de 1937, editaba Altavoz del Frente —vinculado a *Mundo Obrero*— unha serie de dez litografías do debuxante sevillano Francisco Mateos baixo o título «El sitio de Madrid» nunha clara reacción ante o fracasado intento de toma da capital española por parte dos golpistas nos meses anteriores. Lexionarios, requetés, militares, gardas civís, eclesiásticos… integran a grotesca comitiva que Mateos convoca no seu papel e sinala como os responsables do horror que asolagaba ao país. Entre estas litografías, que se atopan inscritas nunha corrente goyesca de gravados de guerra na que tamén poderiamos incluír os debuxos de Castelao, hai unha que nos chama poderosamente a atención: a que asina como «La Justicia». Descríbea Miguel Ángel Gamonal Torres do seguinte xeito:

> [U]n extraño pajarraco con rasgos humanos vuela llevando en su pico una balanza, en uno de sus platillos la cruz gamada, en el otro el fascio. Debajo, dos personajes con birretes uncidos por un hipertrofiado yugo con el haz de flechas. Repugnantes, con toga de puños de encaje, llevan entre sus manos un libro con el título "Ley Sádica". Dos brazaletes en sus brazos: "ley de fugas" y un crucificado. Del cinto del de la izquierda pende un pergamino con el texto "Viva Fernando VII" y una bolsa de dinero. Entre los dedos de los pies una pluma y un hacha. A la derecha una figura pequeñita de guardia civil, de rugosa expresión, que porta un garrote vil.[1443]

Imaxe 44. "La Justicia", de Francisco Mateos (1937)



Fonte: Museo Reina Sofía.

[1443] Gamonal Torres, Miguel Ángel: "Agresión y sarcasmo en Francisco Mateos: 'El sitio de Madrid', 1937", *Cuadernos de Arte*, núm. 16, 1984, p. 524. Ver tamén Escudero Gruber, Inés: "La España infecta: lo grotesco en los álbumes de guerra y los dibujos republicanos", en Lomba Serrano, Concha; Lozano López, Juan Carlos; Arce Oliva, Ernesto Carlos; Castán Chocarro, Alberto (coords.): *El recurso a lo simbólico. Reflexiones sobre el gusto, II*, Zaragoza, Institución Fernando el Católico, 2014, pp. 371 – 372.

Alén do estético e do puramente simbólico, o que máis nos interesa a nós é a inclusión da xudicatura neste desfile dos horrores por parte de Mateos. A xustiza que representa non é a dos militares e os consellos de guerra, responsable da violencia xudicializada máis visible: pola contra, Mateos debuxa dous xuíces civís, sen obviar o papel xogado por esta no bando sublevado. Nunha interpretación, claro está, personalísima do autor, pero que nos fala directamente do e dende o seu contexto, Mateos reflexa dende o seu espello deformador unha xudicatura pútrida, plenamente imbricada no universo violento golpista; unha xudicatura que está baixo o xugo directo de Falanxe.

En efecto, a xudicatura non foi pasada por alto polo programa e retórica falanxistas. Un dos seus principais ideólogos foi o xurista Antonio Luna García, a quen xa citamos brevemente páxinas atrás e para quen a depuración xudicial era peza fundamental na chamada *Revolución Persoal* dentro da *Revolución Xudicial*, parte á súa vez esencial no seo da *Revolución Nacional*, como se de bonecas matrioshkas da idiosincrasia falanxista se tratase[1444]. Segundo Luna, o *xuíz ideal* —é dicir, o *xuíz falanxista*— ha de ser un home novo, con vontade de renovación da xudicatura, ao servizo do Estado e, sobre todo, ao do Caudillo. Un xuíz que, ademais de tal, fose tamén monxe e soldado[1445]. Porén, a realidade non sempre responde ás pretensións doutrinais: como os xuíces de carreira eran poucos e estaban, digamos, moi solicitados, o novo réxime decidiu pasar por alto algunha das súas *faltas*, sempre e cando non foran estas de especial gravidade[1446]. Por imposibilidade, por pragmatismo ou talvez porque simplemente non fixo falla, estes proxectos de fascistización da xudicatura quedaron en mera teoría. Para Montero Aroca, os intentos de «lograr un "juez nacional"» centráronse, primeiro, nun tépedo proceso de depuración e, segundo, na promoción do apoliticismo entre o corpo; pero, sobre todo, este *xuíz nacional* acádase mediante unha *xurisdición ordinaria nacional*, isto é, unha xurisdición rabenada das súas funcións, supeditada á militar e, en xeral, aos designios do novo réxime[1447].

Non foi así co caso dos xuíces municipais, leigos na súa maioría, e, daquela, máis facilmente repoñibles. Os xuíces municipais non facían parte da carreira xudicial, carecían de formación xurídica —agás nos municipios máis importantes— e, coherentemente cos seus mecanismos de recrutamento, a súa extracción social e condición eran máis diversas que as dos xuíces de carreira. No caso dos xuíces dos municipios máis pequenos, aínda que as súas competencias fosen máis triviais, tiñan unha maior proximidade e integración na veciñanza. Por todas estas razóns, os sublevados foron moito máis exixentes coa súa depuración e a súa substitución por outros simpatizantes co novo poder[1448]. Non é trivial que unha das primeiras medidas sobre o control do persoal xudicial se refira exclusivamente ao que Luna chamaba «pequeña gran

[1444] Luna García: *La Revolución Judicial. …*, 1938, p. 19 e pp. 27 – 45.

[1445] Lanero Táboas, Mónica: "Proyectos falangistas y política judicial (1937 – 1952): dos modelos de organización judicial del Nuevo Estado", *Investigaciones Históricas: Época Moderna y Contemporánea*, núm. 15, 1995, pp. 360. Ver, da mesma autora, *Una milicia de …*, 1996, pp. 69 – 147, especialmente as pp. 71 – 98.

[1446] Remitímonos de novo ao caso de Fermín Bouza Brey, por exemplo. É interesante subliñar como para o franquismo foron moito máis inaceptables as acusacións de homosexualidade que caeron sobre el a comezos da década dos 50 que as (desmentidas) obstrucións á xustiza militar que exerceu durante a guerra.

[1447] Di Montero Aroca: "El [Poder] Ejecutivo se apoderó del Jucidial. … Se trató de apartar a los jueces de todos aquellos supuestos en los que incide directamente la actuación política o de gobierno de un Estado, *dejándolos reducidos a la actividad meramente técnica, apolítica*, del pleito civil o, mejor de la aplicación del derecho privado, y de la imposición de las penas, y esto ni siquiera en rçégimen de monopolio, pues el Ejecutivo se reservó una amplia potestad sancionadora, con la sutileza de la distinción entre pena y sanción administrativa". Montero Aroca: *Independencia y responsabilidad …*, 1990, pp. 69 – 70. Cursiva nosa.

[1448] A este respecto, pode ser de interese o artigo sobre a persecución nos xulgados municipais navarros en de Miguel Aizcorbe, Aitor: "La represión de los juzgados municipales de Navarra durante la guerra civil", en Jimeno Aranguren, Roldán (ed.): *La represión de la Administración de Justicia en la Guerra Civil y el Franquismo. Homenaje al Juez Luis Elío*, Valencia, Tirant lo Blanch, 2019, pp. 143 – 168.

Justicia Municipal»[1449]: o Decreto núm. 91 de setembro de 1936, que posibilitaba a destitución extraordinaria de «Jueces y Fiscales municipales … cuya actuación negligente, contraria al movimiento nacional, o poco patriótica, aconseje tal medida» e a súa substitución por outros considerados «más apt[o]s para el desempeño de dichos cargos»[1450].

Inmediatamente despois da guerra, para evitar a problemática complexidade do proceso depurativo da xustiza municipal en todo o territorio recentemente conquistado, a ditadura decide facer *tabula rasa* mediante a aprobación da lei do 8 de maio de 1939. A norma establecía o cese extraordinario de tódolos xuíces e fiscais municipais, incluídos os suplentes, e o requirimento de tramitar un expediente de renovación para poder recuperar os seus cargos, obrigando así a tódolos xuíces e fiscais a probar a súa correcta e sincera «moralidad, aptitud y adhesión al Movimiento Nacional»[1451]. En relación á nova lei, advirte o fiscal do Tribunal Supremo Blas Pérez González aos fiscais das Audiencias territoriais —que era a instancia na que se producía a designación— nunha circular do 20 de xuño de 1939:

> Próxima la renovación extraordinaria de cargos de Justicia municipal … he de llamar su atención sobre la necesidad de prestar a esos nombramientos el máximo interés, aquilatando, con todo escrúpulo, las cualidades profesionales de los concursantes, así como sus condiciones de moralidad, dotes todas que son indispensables para que los elegidos puedan, con plena eficacia, rendir el servicio que las circunstancias nacionales exigen, tanto de los que ocupen puestos destacados, como de los que han de ejercer *funciones modestas, pero que les ponen en contacto íntimo con los elementos populares más necesitados de tutela y de ejemplaridad*. Esas mismas circunstancias exigen que al estudiar las condiciones profesionales y morales de los concursantes, se analicen y comprueben, con exquisito cuidado, *su actitud con respecto a la Causa Nacional y la sinceridad de sus sentimientos*. … Deberá, pues, V. E. prestar toda su atención a estos extremos, procurando evitar, a todo trance, que se introduzcan en este servicio elementos que arrastren de su pasado tachas del antiguo y execrable partidismo político, que debe ser, en absoluto, desterrado de todas las actividades del Estado Nacional.[1452]

Mentres se favorecía a *aparencia* de independencia xudicial entre as instancias superiores, no caso dos xuíces municipais propiciouse a súa evidente politización nos principais órganos de encadramento e militancia do novo réxime (cap. 4). Por exemplo, se cadra recordaremos como, no caso da cidade de Pontevedra, Francisco Riestra Calderón compatibilizou as súas funcións como xuíz municipal —e xuíz interino de

[1449] Luna García: *La Revolución Judicial …*, 1938, p. 56.

[1450] «Decreto núm. 91. Dictando normas a las que haya de sujetarse provisionalmente la organización de la Justicia Municipal», *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional de España*, núm. 16, 05/09/1936, p. 62. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1936/016/J00062-00062.pdf [últ. consulta o 22/10/2022].

[1451] O art. 5 dispuña que as vacantes que quedasen sen cubrir haberían de ser ocupadas segundo o establecido pola Lei de Xustiza Municipal do 5 de agosto de 1907. Despois da entrada en vigor da lei do 8 de maio de 1939, publicaríanse outras ordes corrixindo erros e ditando disposicións complementarias. «Ley sobre renovación extraordinaria de la Justicia Municipal», *Boletín Oficial del Estado*, núm. 133, 13/05/1939, pp. 2618 – 2620. Dispoñible en: https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1939/133/A02618-02620.pdf [últ. consulta o 22/10/2022].

[1452] Non é fútil a continuidade ideolóxica entre Antonio Luna e Blas Pérez, quen foron os primeiros delegados nacionais de Xustiza e Dereito de Falanxe (Portilla Contreras: *El Derecho Penal …*, 2022, pp. 221 – 222); non obstante, suxire Antonio Cazorla, a figura deste último sería máis complexa do que a etiqueta de falanxista deixa entrever (Cazorla, Antonio: "Dictatorship from Below: Local Politics in the Making of the Francoist State, 1937 – 1948", *Journal of Modern History*, vol. 71, núm. 4, 1999, p. 890). Un traballo moito máis detallado sobre Blas Pérez, en Losa Contreras, Carmen: "Blas Pérez González, un jurista al servicio del nacional-catolicismo", en Pérez Juan, José Antonio; Moreno Tejada, Sara (coords.): *Represión y Orden Público durante la II República, la Guerra Civil y el Franquismo. Una visión comparada*, Cizur, Thomson Reuters Aranzadi, 2019, pp. 25 – 58. A cita no corpo do texto, de Pérez González, Blas: *Memoria elevada al Gobierno Nacional en la solemne apertura de los Tribunales el día 16 de Septiembre de 1940 por el Fiscal del Tribunal Supremo Blas Pérez González*, Instituto Editorial Reus, Madrid, 1940, p. 75. Cursiva nosa.

Primeira Instancia, segundo as ocasións— coa participación nos servizos de garda de Falanxe durante a guerra, compartindo filas co secretario do xulgado municipal da capital José Pro Sirera.

Así as cousas, semella evidente que, por todo o exposto, os principais esforzos realizados polo novo réxime para asegurar a adecuada asimilación dos seus valores entre a xudicatura estiveron dirixidos aos chanzos máis altos —Tribunal Supremo e Audiencias Territoriais; particularmente as súas presidencias e salas de goberno— e máis baixos —xulgados municipais— da administración de xustiza: os máis altos porque eran os encargados do goberno dos xuíces, os que resolvían os casos máis relevantes e os que fixaban as liñas xurisprudenciais que habían de seguir os órganos inferiores; e os máis baixos porque eran o principal eslavón da administración de xustiza coa xente do común, a representación máis directa do Estado e do poder. Nos estratos intermedios, sobre todo en territorio de temperán control sublevado, foron moito máis flexibles, no que poderiamos interpretar como unha consideración dos xuíces en sentido tecnócrata, como meros xestores da xustiza, quedando o seu encadramento político nun segundo plano. A teor disto, o secretario xudicial Antonio Ruiz Vilaplana asegura:

> [La selección de nuevos jueces] no se hizo desde un punto de vista partidista, pues el juez no era obligado a ser ni de Falange, ni del Requeté, ni de partido alguno, sino que servía de norma o regla, para su eliminación o continuación, el grado de su *derechismo y catolicismo*, y, sobre todo, su adaptación y *ductilidad ante el Poder militar*.[1453]

Sexa como for, a depuración no seo da administración de xustiza non é, con todo, o obxecto último desta investigación, a cal pretende —como foi establecido na introdución— afastarse do paradigma centrado na identificación e contabilización das vítimas da violencia golpista para enfocarse nas engrenaxes polas que se exerce dita violencia a través do universo xurisdicional e, en última instancia, nos responsables desta administración xudicial dende unha mirada micro.

Tamén afastándose do *framework* das vítimas, Pascual Marzal pregúntase «quiénes fueron los jueces de la represión», denunciando que «la maquinaria represora del franquismo … sólo pudo funcionar gracias a la incorporación en la justicia castrense de un elevado número de juristas»[1454]. En capítulos anteriores, especialmente no 5, nós tampouco ignoramos o rol xogado polos membros da carreira xudicial e fiscal que exercían na xurisdición ordinaria e que, tralo 18 de xullo, colaboraron activamente no proceso de xudicialización da violencia golpista, destacando o caso de Ramón Rivero de Aguilar. Porén, ao noso parecer, incluso os que non colaboraron explicitamente na maquinaria do terror tiveron certa responsabilidade no establecemento da ditadura, non a nivel individual pero si corporativo, pois naturalizaron a nova orde e cederon a súa lexitimidade —derivada do seu cargo, como argumentaba a sentenza contra Franz Schlegelberger no xuízo aos xuíces de Núremberg (cap. 1)[1455]— ao franquismo[1456].

[1453] Ruiz Vilaplana,: *Doy fe… Un…*, 1937, pp. 120 – 121. Cursiva nosa.
[1454] Marzal Rodríguez: "La legislación penal …", 2021, p. 836.
[1455] A súa sentenza establecerá taxativamente: "Schlegelberger contribuíu á destrución da independencia xudicial". "Cremos que aborreceu o mal que fixo, pero vendeu o seu intelecto e academicismo a Hitler [pola] … va esperanza de seguridade persoal. É culpable baixo os cargos dous e tres da acusación", The Justice Case, Case No. 3, United States v. Altstoetter et al., Opinion and Judgment and Sentence, Green Series, Vol. 3 at 954 (Mil. Trib. No. 31947-12-04) [IMT], p. 1083 e p. 1087 (dispoñible en: https://www.law.umich.edu/facultyhome/drwcasebook/Documents/Documents/United%20States%20v.%20Joseph%20Alstoetter.pdf [últ. consulta o 23/11/2022]). Tradución propia.
[1456] Recuperamos aquí de novo a Ruiz Vilaplana ao dicir que a administración de xustiza se converteu nunha xustiza "pasiva", cuxos xuíces e maxistrados se fixeron os "sordos y ciegos ante los 'sucesos'". Ruiz Vilaplana,: *Doy fe… Un…*, 1937, p. 122.

O resultado foi a identificación total entre o réxime e o poder xudicial, nun nivel sen parangón na historia recente española. Neste punto, cabe recuperar a seguinte reflexión de Bourdieu, para quen os xuristas eran «guardianes hipócritas de la hipocresía colectiva»:

> Esa piadosa hipocresía es el principio mismo de lo que llamo la violencia simbólica, de la eficacia específica de todas las formas de capital simbólico, que consiste en obtener un reconocimiento basado en el desconocimiento. La violencia simbólica, en este caso, consiste en hacer aparecer como fundamentadas en una autoridad trascendente, situada más allá de los intereses, de las preocupaciones, etc., de quien las formula, unas proposiciones, unas normas, que dependen en parte de la posición ocupada en un campo jurídico por quienes las enuncian. El análisis de la violencia simbólica permite dar cuenta del efecto propio del derecho: el efecto de autolegitimación por universalización o, mejor, por deshistorización.[1457]

En definitiva, e a modo de peche, gustaríanos reincidir nesta idea que consideramos clave para entender por que a administración de xustiza se comportou da forma na que o fixo a partir de 1936 como vimos nos capítulos anteriores: após a sublevación militar, en especial nas zonas de temperán dominio golpista, devandita administración de xustiza xogou un papel clave na instauración do réxime de Franco. Esta e, polo tanto, os seus responsables desempeñaron unha función fundamental na construción do Estado —de suposto *dereito*— orwelliano. Actitude acomodaticia, medo ou verdadeiro convencemento ideolóxico… son algunhas das explicacións que sinalamos ante tal posición.

Consideramos que, como estamento, a xudicatura propiciou o establecemento da ditadura, por un lado, porque foron varios os que cooperaron de forma explícita —coaccionados ou non— na xurisdición militar. A interrelación entre as diversas ordes xurisdicionais, ademais, propiciaba a participación, aínda que fose por mero trámite, de xuíces doutras instancias na violencia golpista: pode servir de exemplo o xuíz municipal que levanta acta de defunción da vítima fusilada, ou o maxistrado da Audiencia chamado a exercer no proceso de incautación de bens e exixencia de responsabilidades políticas. E por outra banda, insistimos, ao continuar desempeñando as súas funcións con normalidade, mesmo en eidos tan pouco *políticos* como a xurisdición ordinaria máis cotiá, cederon a súa lexitimidade profesional á ditadura que se estaba a xestar, interiorizando organicamente o papel que o novo réxime lles reservaba. Por iso, dende a nosa interpretación, xuíces e maxistrados —e en xeral os principais encargados da administración de xustiza, como representantes do Ministerio Fiscal e secretarías xudiciais— tiveron un rol tan incómodo como importante como estamento no proceso de xudicialización da violencia.

Nun momento no que o bando sublevado se propuxo fiscalizar ao groso da poboación, particularmente aquela á que se lle presumía unha suposta perigosidade política, os xuíces participaron —para algúns, se cadra ao seu pesar— no cribado social que se pon en marcha a partir do 18 de xullo de 1936, polo cal se establecía quen quedaba dentro ou fóra da nova comunidade nacional franquista e, entre os excluídos, aqueles que podían ser recuperados ou os que non merecían ningún tipo de salvación. En consecuencia, referendaron o discurso oficial do réxime que se estaba a xestar. Un discurso maniqueo de garantes da orde fronte a delincuentes, que converteu golpe e

[1457] Continúa o sociólogo francés cun pouco máis de benevolencia: "Sin embargo, para conseguir este efecto de legitimación hay que pagar un precio, y los juristas son de algún modo las primeras víctimas de su propia creación jurídica. Tal es el sentido de la *illusio*: sólo hacen creer porque ellos mismos creen". Bourdieu: "Los juristas, guardianes …", en *Jueces para la democracia*, núm. 47, 2003, p. 4. A referencia de "guardianes hipócritas de la hipocresía colectiva", da p. 5.

arbitrariedade en legalidade e ecuanimidade, e premeditada estratexia de limpeza política en aparente xustiza. Un servizo ao novo réxime extraordinariamente valioso, sen o cal, consideramos, o golpe de Estado e a guerra civil terían fracasado.

Non pretendemos con esta afirmación, emporiso, realizar unha lectura condenatoria da súa actitude: nós si que nin somos *xuíces* nin pretendemos *xulgar*, moito menos no eido dos dilemas éticos e morais. En consecuencia, non entraremos no debate sobre se era posible actuar doutra forma que non fose acatar a nova realidade, e en definitiva o novo poder, pois a nosa investigación distánciase das individualidades para buscar analizar o Estado como xurisdición e a súa instrumentalización violenta. Destacamos, non obstante, experiencias como a do propio Ruiz Vilaplana —quen fuxirá de Burgos—, ou estudos como os de Ingo Müller ou Tayyab Mahmud (cap. 1) que confirman que isto non era doado, mais si posible. Mahmud mesmo chega a recoller o caso de tribunais que se atreveron a declarar *ilegais* golpes de Estado de éxito, aínda que chega á conclusión pouco optimista de que «[a]índa que esta opción é moralmente loable, só resultou en outorgarlle aos usurpadores a oportunidade de encher os tribunais con xuíces máis favorables»[1458]. Asemade, é pertinente rescatar novamente unha reflexión de Arendt: «[Aparte de Hitler, c]ualquier otro individuo que, desde el escalón más alto al más bajo, tuviera algo que ver con los asuntos públicos [del Reich] era de hecho una pieza del engranaje, fuese o no consciente de ello». Argumenta a filósofa alemá:

> [L]os no participantes en la vida pública bajo una dictadura son aquellos que se niegan a dar su apoyo, es decir, quienes han evitado esos lugares o puestos de «responsabilidad» donde tal apoyo —bajo el nombre de obediencia— es exigido. Y basta con que imaginemos por un momento lo que le sucedería a cualquiera de esas formas de gobierno si un número suficiente de personas actuara de forma irresponsable y negara su apoyo, incluso sin resistencia activa ni rebelión, para darnos cuenta de que tal actitud sería un arma muy eficaz.[1459]

A partir da promulgación da Cruz de San Raimundo de Peñafort en 1944 —coa que abriamos este capítulo—, os xuíces foron desaparecendo do relato da Vitoria, pasando de ser aquela «milicia de los hombres del Derecho» claves no «proceso heroico de nuestra liberación nacional» a meros tecnócratas, exentos de protagonismo e polo tanto tamén de calquera tipo de responsabilidade na epopea bélica[1460]. Cando nos referimos a pasados traumáticos é indubidablemente conflitivo mirar atrás; porén, é preciso reflexionar sobre o seu papel, tan importante como incómodo, integrando á administración de xustiza na súa totalidade nos estudos sobre golpe, guerra e ditadura.

Apropiada polo Estado liberal contemporáneo, a actividade xurisdicional está na cerna da soberanía e, con ela, do propio Estado. Por iso mesmo resulta acomodaticia a

[1458] Mahmud, Tayyab: "Jurisprudence of Successful Treason: Coup d'Etat & Common Law", *Cornell International Law Journal*, vol. 27. núm. 49, 1994, p. 139. Tradución propia.

[1459] Nesta conferencia sobre a responsabilidade individual nos contextos ditatoriais, Arendt analiza de forma punzante (e lúcida) os límites e implicacións do xuízo humano dende a filosofía da moral após as críticas recibidas polo seu *Eichmann en Jerusalén* (1963): "Si el revuelo causado por mi emisión de un juicio ha demostrado (como creo que lo ha hecho) cuán incómodos nos encontramos casi todos cuando hemos de afrontar cuestiones morales, más vale que admita que no soy precisamente la persona que menos incómoda se siente" (p. 22). Arendt: *Responsabilidad personal y …*, 2020 [1964 – 1968], p. 36 e p. 67. Unha lectura máis detallada sobre o texto, en Klenner, Arturo: "¿Qué significa responsabilidad personal bajo una dictadura?", *POLIS. Revista Latinoamericana*, núm. 3, 2002.

[1460] Xuíz tecnócrata, xuíz xestor, xuíz como simple administrador de xustiza (pseudo)apolitizado na liña daquel descrito nas Cortes por Manuel Fraga Iribarne no debate sobre o proxecto de constitución de 1978: "Aislados tradicionalmente en una vida separada de la sociedad, con su traje negro de ceremonia; estos hombres, que en los pueblos tradicionales de España no pueden ir al casino ni a jugar una partida de tresillo, que todos hemos visto en los viejos paseos de nuestras capitales de provincia, cerca de las Audiencias… separados de los demás, porque este sacrificio les impone su servicio al pueblo; ésos son los magistrados que nosotros queremos que, para el pueblo y por el pueblo, venidos del pueblo, administren justicia". Cita extraída de Montero Aroca: *Independencia y responsabilidad …*, 1990, pp. 73 – 74.

calquera entendemento da soberanía e do Estado, mesmo ao entendemento máis antiliberal ou autoritario. A *iuris-dictio* estatal fai falar ao dereito dicindo calquera cousa. Na guerra, cando o dereito dexenera en mero poder, a xurisdición di palabras de guerra nunha linguaxe lastrada de arcanos xurídicos, unha mestura de ardores patrióticos e ritos procesuais repetidos como unha salmodia. Os xuíces, baixo a autoridade sublevada, fixeron a guerra na súa propia fronte, empregando os tribunais como trincheira. Foron —ou algúns quixeron ser— o soño falanxista da milicia togada[1461]. Pero tamén foron algo menos bizarro: unha gris estrutura burocrática e acomodaticia que degradou a xurisdición a unha función dun Estado degradado.

[1461] "Nosotros constituimos la milicia togada en tensión permanente para promover y procurar la justicia donde y cuando sea menester", como afirmaba o presidente do Tribunal Supremo Felipe Clemente de Diego no seu discurso de apertura dos tribunais en 1939. Cita extraída de Tébar Rubio-Manzanares, Ignacio: *Derecho penal del enemigo en el primer franquismo*, Sant Vicent del Raspeig, Publicacions de la Universitat d'Alacant, 2017, p. 70.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

10. Conclusións: os tribunais como trincheira, como espazo de conflito e como espazo de poder

«[N]o me propongo estudiar lo que en realidad haya sido la justicia (o mejor dicho: la injusticia) penal en España desde julio de 1936: ésa no es la misión del *jurista de hoy*, sino la del *historiador de mañana*», aseguraba Niceto Alcalá-Zamora y Castillo en agosto de 1938[1462]. O eminente xurista deixábanos en plena guerra civil, xa dende o exilio, unha urxente tarefa. A ela pretendemos responder ao longo desta tese de doutoramento, servíndonos dunha pregunta como fío condutor, malia que pode ser formulada de diferentes maneiras —como de feito así fixemos no transcurso do texto—, pero atendendo sempre a un mesmo interese: cal foi o comportamento da administración de xustiza en relación á violencia de características xenocidas que se desatou naqueles territorios que conformaron a retagarda rebelde dende os primeiros momentos do golpe? Unha administración de xustiza que entendemos como un todo e á que nos achegamos cunha perspectiva dupla: micro para a análise cuantitativa de fontes e a elaboración de prosopografías dos principais responsables da administración de xustiza na provincia de Pontevedra e na súa capital; e macro, de caracteres máis cualitativos, dende o que estudamos o Estado como xurisdición nun momento tan clave para a historia de España como foi a etapa de 1930 a 1942. Cremos así que os resultados que aporta esta investigación exceden sobradamente os límites máis locais para constituírse como un traballo que, agardamos, responda e motive á súa vez novas preguntas dentro e fóra de Galicia.

Aínda que é certo que o noso marco cronolóxico de análise abrangue de 1930 a 1942, o momento clave para a investigación é o golpe de Estado de 1936 e os anos posteriores. Para o caso de Pontevedra vimos como, tan pronto os sublevados se fan co poder na capital —e, despois, no resto da provincia—, se deturpan e manipulan as bases do Estado liberal e, de forma aínda máis concreta, da administración de xustiza. Torturan, a partir de entón, a aparencia de legalidade. O traballo coas fontes a esta escala permitiunos ver de forma directa cal foi o comportamento de devandita administración dende ese momento, atendendo especialmente ás mudanzas e continuidades con respecto ao período inmediatamente anterior e tamén o ordenamento xurídico a través do cal os golpistas irán construíndo a lexitimación da persecución política.

Tomamos prestada a seguinte reflexión de Raúl César Cancio: «lo que hace singularmente atractivo el estudio de la incidencia de la guerra civil en los juzgados y tribunales es el altísimo grado de asimilación que este sector de la Administración fue capaz de alcanzar en relación con cada una de las facciones enfrentadas»[1463]. Empregamos, polo tanto, a xustiza como unha nova forma mediante a que nos achegar ás múltiples arestas da violencia sublevada lonxe de competicións —ás veces pouco respectuosas, na nosa opinión— polo número de mortos. As matanzas claro que foron importantes na estratexia rebelde: xogaron un papel esencial na súa conquista do poder e nas aspiracións da creación dunha Nova España —que en realidade consistiu na eliminación do pluralismo político e social da vella—; porén, malia que foi a que maior pegada deixou nos universos da memoria, sabemos por investigacións como a do proxecto NeV que porcentualmente as execucións e paseos foron a tipoloxía punitiva

[1462] Alcalá-Zamora, Niceto: *Ensayos de Derecho Procesal. Civil, penal y constitucional*, Bos Aires, Edición de la Revista de Jurisprudencia Argentina, 1944, p. 254. Cursiva nosa.
[1463] Cancio, Raúl César: *Guerra Civil y Tribunales: de los jurados populares a la justicia franquista (1936 – 1939)*, Cáceres, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Extremadura, 2007, p. 19.

menos representativa en termos numéricos. E nin sequera as vítimas mortais permaneceron alleas, en moitos casos, á administración de xustiza.

Por outra banda, as cronoloxías son importantes. Obviamente non é a mesma a organización das tropas sublevadas no verán de 1936 nunha estrutura campamental que o Estado totalitario completamente establecido duns anos despois. Unha das primeiras características da política xurídica e xudicial do sector rebelde dende os mesmos inicios do golpe foi o reaproveitamento da normativa de herdanza liberal. Expresa atónito o xurista Miguel Fenech en 1941: «causa indudable asombro que un Estado totalitario pueda gobernarse con la citada legislación liberal»[1464]. A máis obvia, o Código de Xustiza Militar de 1890 ou a mesma constitución republicana de 1931 —que amparaba a suspensión de certas garantías trala declaración do estado de guerra—, mais non é a única: a Lei Provisional Orgánica do Poder Xudicial de 1870, a Lei de Axuizamento Civil de 1881, a Lei de Axuizamento Criminal de 1882, o Código Penal de 1932… son algunhas das pezas máis fundamentais da configuración da organización xudicial das que, paradoxalmente, se serven aqueles que pretendían rematar co Estado liberal.

Co devir da guerra e co posterior establecemento da ditadura que neste primeiro momento se reclama expresamente totalitaria, o novo réxime irá impoñendo a súa propia lexislación, pero ata entón asistimos en termos prácticos a unha sorte de sincretismo da herdanza liberal con decretos novos de menor entidade promulgados polas autoridades sublevadas. Non hai que esquecer que teremos que esperar ata febreiro de 1939 para a introdución da primeira (pseudo)xurisdición especial propia, explicitamente vencellada á represión, como foi a xurisdición de Responsabilidades Políticas. Claro que os golpistas exerceran violencia e persecución xudicializada dende moito antes, pero o interesante é destacar que o fixeran mediante as ferramentas xurídicas propias do Estado de dereito contra o que atentaban.

O estudo das fontes primarias e da literatura especializada permítenos establecer que non houbo unha auténtica rotura no marco xurídico en todo o século XX español, pese ás numerosas mudanzas de sistemas políticos; o que si houbo foi un radical cambio na forma na que se interpretou e utilizou ese marco xurídico e a finalidade que perseguiu segundo os intereses políticos daqueles que estaban no poder —ou, mellor dito, daqueles que querían obter o poder, como sucede neste caso—. O golpe de 1936 evidencia, entón, un reaproveitamento que non é só dos códigos, senón tamén das persoas que administran a xustiza. Manuel Ballbé expón a teor da forma na que a ditadura se apropiou do marco xurídico liberal e o empregou no seu beneficio sen a necesidade de introducir profundas mudanzas:

> Este preludio de violencia que conduciría a una guerra civil con innumerables víctimas podría hacer pensar que el nuevo régimen iba a realizar una modificación absoluta en los aparatos del Estado. Sin embargo, el llamado "nuevo Estado" no es tal si nos ceñimos al conjunto de aparatos y técnicas jurídicas relacionadas con el orden público. Aspecto institucional, éste, que no es baladí porque las instituciones de orden público no son unas más en el conjunto del Estado franquista, sino que constituyen la médula de la dictadura. … El esquema institucional franquista, en cuanto al orden público, no toma una nueva senda, sino que simplemente acomete, aunque con mayor decisión, por la ya trazada durante los siglos XIX y XX. Lo que hace realmente es elevar a definitiva la construcción de una obra perfectamente configurada en sus pilares fundamentales por los sistemas liberales.[1465]

[1464] Fenech, Miguel: *La posición del Juez en el Nuevo Estado. Ensayo de sistematización de las directrices actuales*, Madrid, Espasa-Calpe, 1941, p. 113.
[1465] Ballbé, Manuel: *Orden público y militarismo en la España constitucional (1812 – 1983)*, Madrid, Alianza, 1983, pp. 399 – 400.

A pregunta clave entón é clara: por que non mudan a estrutura xurídica? A resposta, tan simple como complexa: porque non lles facía falla[1466]. Unha solución pragmática ante as urxencias do golpe e da guerra. Co beneplácito máis ou menos tácito da xudicatura a nivel corporativo, os golpistas relegaron no arbitrio xudicial o exercicio da violencia política e/ou simbólica —fundamentalmente, mais non só, a través da xurisdición castrense— que se convirte en estrutural. O apoio xeneralizado dos membros das carreiras xudicial e fiscal, auspiciado polas necesarias depuracións e sancións individuais a aqueles cuxa fidelidade puidese ser cuestionada, permitiu aos sublevados empregar o sistema xudicial como unha auténtica arma de guerra —e de vitoria— na retagarda. Poden manter o sistema sen grandes rupturas, como vimos ao longo dos capítulos anteriores, para deturpalo, pois o que cambia radicalmente é a súa intencionalidade; os recursos legais e humanos adáptanse.

Así, a meirande parte da violencia golpista foi encarreirada por vía xudicial, malia que con certa frecuencia a efectividade desta non chegase a culminarse por se teren anticipado solucións máis expeditivas: nos últimos anos, ao abeiro de investigacións herdeiras do proxecto de NeV, estamos a descubrir que un número significativo de vítimas con resultado de morte —aínda por determinar con exactitude, pero superior ao tradicionalmente estimado— pasou polo sistema de xustiza sublevada, ás cales, por exemplo, lles foron incoadas causas militares, se ben foron paseadas antes sequera de comparecer ante o tribunal[1467]. Poñer o foco analítico no proceso, e non só no resultado, fai esvaecer as fronteiras entre violencia xudicial e extraxudicial. Deste xeito, a instrumentalización bélica da administración de xustiza após o 18 de xullo de 1936 na retagarda de dominio rebelde foi tan importante que, defendemos, merece unha terminoloxía propia: xudicialización da violencia.

Algúns dos trazos máis grosos desa violencia encarreirada pola vía xudicial xa eran coñecidos —tanto no caso de Pontevedra como no doutras capitais— pola historiografía que se ten ocupado con certa extensión dos procesos nos que a violencia operou dun xeito máis evidente, como é o dos consellos de guerra e os diversos tribunais e organismos encargados da depuración de responsabilidades políticas. O noso propósito nuclear non era redundar neste enfoque casuístico aportando novos datos que completasen a descrición da barbarie xa coñecida e que, combinada á súa vez co relato da violencia extraxudicial, ofrecesen unha imaxe certa que fixese xustiza ás persoas que a padeceron e tamén ás que a perpetraron. Fuximos de explicacións deterministas e puxemos o foco no interpretativo.

Nótese aquí, sen desprezo ningún á pretensión de que o coñecemento dos feitos históricos restitúa a dignidade aldraxada de vítimas, a confusión —por proximidade metodolóxica— entre o *facer xustiza* do xuíz e o historiador, sobre a que ten feito substanciosas consideracións Carlo Ginzburg. O historiador italiano recórdanos que a historia, como xénero literario primeiro e xa logo como disciplina, naceu no encontro entre a medicina e a retórica xudicial: «examina casos y situaciones buscando sus causas naturales según el ejemplo de la primera, y los expone siguiendo las reglas de la segunda:

[1466] O propio Ballbé di, nun extracto xa citado no capítulo 7, que "los sublevados no tuvieron dificultades para implantar las técnicas jurídicas propias de un régimen autoritario militar, como el que instauraban, pues *estaban ya establecidas* y rodadas en el Estado constitucional que había sido incapaz de suprimir o reformar instituciones propias de un Estado democrático". Ballbé: *Orden público y …*, 1983, p. 402. Cursiva nosa.

[1467] Referímonos aquí ás violencias máis visibles ou, se se quere, institucionalizadas (englobando os paseos no marco de violencias institucionais pese a suceder nun marco paralegal). Claramente, outras formas de violencia non regrada (como as psicolóxicas: as humillacións, as persecucións, as intimidacións…) que tiñan lugar no cotián excedían o paraugas da xudicialización, se ben todas elas podían caber no mesmo desenvolvemento dun proceso xudicial.

un arte de persuadir nacido en los tribunales»[1468]. Na labor do xuíz e do historiador existe un elemento común: o da verificación dos feitos ao través do que na salas de xustiza se denominan probas e na mesa de traballo da historiadora se designan fontes; pero «[e]l camino del juez y el del historiador, coincidentes durante un tramo, luego divergen inevitablemente»[1469]. O xuíz, por oficio, xulga e dita sentenza, con consecuencias tan severas que só debería operar sobre certezas. O historiador ou, no noso caso, a historiadora está descargada do peso de xulgar. As súas conclusións carecen da eficacia decisoria e executiva da sentenza, pero en contrapartida pode operar sobre hipóteses fundadas ou cubrir as lagoas das fontes mediante a comprensión contextual, onde o contexto non é certeza —frecuentemente imposible— senón, en palabras de Ginzburg, «lugar de posibilidades históricamente determinadas»[1470]. É preciso ter esta idea de desprazamento epistemolóxico presente.

Despois de facer parte do camiño que fai o xuíz —a indagación do sucedido na pegada probatoria das fontes—, a historiadora non xulga, alomenos dende o xiro historiográfico producido por Marc Bloch e Lucien Febvre dende os *Annales d'histoire économique et sociale*, que rompe co enfoque marcadamente xudicial da historiografía anterior. Nas palabras, outra vez, de Ginzburg, «[a]nte el dilema *"¿juzgar o comprender?"* Bloch optaba sin dudar por la segunda alternativa», descargando o enfoque historiográfico do seu primixenio lastre xudicial[1471].

Cómpre aquí facer dúas precisións para evitar equívocos. En primeiro lugar, comprender no canto de xulgar non debe ser entendido no xeito vulgar dun imperativo de sermos comprensivas ou benévolas coa debilidade humana, o erro ou mesmo a maldade en función de terse producido nun contexto no que a virtude ou a rectitude puidesen ser dificilmente practicables. A benevolencia, como a severidade, é unha forma do xuízo e por tanto habería ficar fóra da labor historiográfica. Comprender é coñecer: coñecer de forma comprensiva; idealmente, coñecer non só o *que*, senón tamén o *como* e o *porqué* dun modo necesariamente contextualizado, é dicir, no espazo incerto das posibilidades historicamente determinadas. Por outra parte, desbotar o xuízo do traballo historiográfico non implica en modo algún que o xuízo sexa impertinente ou innecesario, nin sequera para o profesional da historia, senón apenas que non fai parte do seu traballo. De modo que, situadas diante de fontes, a pregunta que nos facemos non é: «ti, xuíz, que fixeches?»; unha pregunta xenuinamente xudicial que inquire na responsabilidade do interpelado, o cal non é o propósito desta investigación malia que os xuíces tivesen tidos en conta en tanto que parte dunha maquinaria. As preguntas que nos facemos como historiadoras foron, entre moitas outras: que sucedeu no tribunal? Que forzas se desencadearon nese espazo para que iso puidera suceder? Como se alterou o espazo mesmo nun contexto dado para xudicializar a violencia golpista? Como se instrumentalizou esta estratexia e que posibilidades permitía? O que buscamos son outras formas de medir a violencia[1472].

A idea de que a nosa pescuda non tiña por obxecto o mero escrutinio das fontes para completar a relación das arbitrariedades e a nómina de vítimas xa estaba implícita na escolla do noso marco temporal (1930 – 1942), que comprende non só o período

[1468] Ginzburg, Carlo: *El juez y el historiador. Consideraciones al margen del proceso Sofri*, Madrid, Anaya, 1993 [1991], p. 18.
[1469] Ginzburg: *El juez y …*, 1993 [1991], p. 112.
[1470] Ginzburg: *El juez y …*, 1993 [1991], p. 110.
[1471] Ginzburg: *El juez y …*, 1993 [1991], p. 21. A cita de Bloch, da súa *Apologia della storia o Mestiere di storico,* Turín, Einaudi, 1969 [1949], pp. 123 – 125. Cursivas nosas.
[1472] Gómez Bravo, Gutmaro: "¿Medir la violencia? Propuestas de análisis", *Gerónimo de Uztariz*, núm. 34, 2018, pp. 29 – 43.

posterior ao golpe que desencadea forzas anteriormente contidas senón tamén a actividade xurisdicional nos anos previos, de normalidade institucional nun contexto democrático. Pretendiamos así facer posible un marco comparativo entre o funcionamento dos tribunais antes e despois da fractura que supuxo o golpe e a guerra cuxo desenlace consolidou o réxime franquista. Por dicilo noutros termos, aspirabamos abarcar o funcionamento dos tribunais tanto nunha situación de normalidade institucional malia que conflitiva, na que se pretende desenvolver un programa de modernización do Estado nacional sobre moldes liberais con elementos socializantes e baixo formas e principios republicanos; como a partir do momento en que, a consecuencia da irrupción da solución militar a esa crise modernizadora, colapsa o edificio do moderno Estado liberal que a República proxectaba completar entre reservas de todo tipo sobre a súa oportunidade. Esta ampliación do foco, apenas explorada ata o de agora, permitiríanos apreciar as continuidades e descontinuidades no funcionamento do aparello xudicial en ámbolos contextos, e por tanto as singularidades da violencia xudicializada no contexto do primeiro franquismo —que era, e é, o noso principal obxecto de observación—, podendo responder así a preguntas para as que non atopabamos solución na literatura especializada.

Achegámonos, pois, ás fontes xurisdicionais non tanto no sentido instrumental de materiais que documentan conflitos producidos fóra do tribunal e que teñen nel apenas un reflexo deformado, senón como fontes directas que documentan o conflito producido no espazo xurisdicional, que non é un falso reflexo da realidade senón parte constitutiva dela. Claro está que a historia que escribe o xuíz na súa sentencia non é necesariamente veraz e arrastra o peso da súa preordinación ao xuízo, e que os conflitos que se escenifican diante do tribunal teñen a súa orixe fóra dos estrados, que son un espazo de representación. Isto non os convirte en algo ilusorio ou falaz, cuxo único interese histórico sexa o de servir de fontes sospeitosas que, convenientemente depuradas da sospeita, nos proporcionen datos sobre o conflito producido no mundo real. No hai tal dicotomía entre o mundo real e o da representación: tamén a materialización do conflito no suceso que logo ha ser axuizado é unha representación que exterioriza o conflito dunha forma concreta podendo terse exteriorizado doutras. Cando máis tarde se escenifica diante do tribunal, a representación non é senón unha nova manifestación do conflito, producida agora nun espazo deseñado especificamente para a súa representación ritualizada. O espazo xurisdicional, no que o conflito nacido fóra do tribunal se *reproduce* —se volve a producir— ou se *representa* —se volve a facer presente—, ten substantividade propia e conforma, xunto coa produción normativa do Estado, o que en termos fixados por Pierre Bourdieu se designa como *campo xurídico*. Diriximos a nosa atención a ese campo xurídico, non tanto como falso espello da realidade histórica senón como parte constitutiva desa realidade.

Este cambio na perspectiva impúxonos a necesidade de superar o prexuízo antixurídico ás veces presente na historiografía, que despreza as manifestacións do campo xurídico como formas sen sustancia, construcións lexitimadoras ou ficcións superestruturais que disfrazan a realidade e por tanto non merecen a atención das historiadoras. E superar tamén a certas visións reducionistas de xuristas sobre o estudo do pasado, a non ser que pertenzan ao grupo dos e das historiadoras do dereito, que se ocupan do devir no tempo desas formas sen sustancia do mesmo xeito que os historiadores da literatura se ocupan das produción literarias na súa secuencia histórica. Superar para tender pontes entre disciplinas e espazos de reflexión compartida para posibilitar terceiras vías que ofrezan novas interpretacións máis holísticas. Pierre Bourdieu, abondo referenciado en capítulos anteriores, ten traballado sobre os efectos materiais das

construcións simbólicas, e por tanto sobre a perda de sentido da separación entre realidades factuais e ficcións normativas, por canto as ficcións normativas producen efectos no mundo material, e non só nin principalmente na forma de castigo senón na modulación non coercitiva das condutas[1473]. O *mercado* é un exemplo do que dicimos: o mercado non é, simplemente, a praza de abastos da cidade; o mercado é tamén un espazo abstracto, inmaterial, no que se producen idealmente as relacións económicas de intercambio. Ese espazo abstracto actúa como unha ficción normativa que regula ese mundo de relacións, producindo —malia ser unha ficción— uns efectos materiais concretos. Outro tanto sucede coa ficción normativa que é o dereito e o mundo das relacións xurídicas: por máis que as relacións sociais realmente existentes son irredutibles ao mundo do *deber ser* normativo, os efectos materiais da ficción normativa que é o dereito son tamén moi concretos, e non só polo efecto da sanción no caso de a norma ser incumprida.

Situadas dende esta perspectiva epistemolóxica á inxente cantidade de fontes xurisdicionais que manexamos, aparece a evidencia de que o que vemos actuar non é apenas un conxunto de funcionarios encargados por oficio de axuizar condutas diversas, dende as máis banais ata as máis excepcionais, nun contexto de normalidade institucional ou noutro de quebra desa normalidade, con motivacións necesariamente diversas segundo os casos e con diversos grados de entusiasmo —ou, mellor, coordinación arendtiana—, senón unha maquinaria de pezas intercambiables na que actúa a potestade xurisdicional do Estado, o mesmo cando impón unha condena a morte que cando resolve unha desavinza entre un arrendador e un arrendatario polo pago dun alugueiro. Intuitivamente percibimos que, se o que actúa é o Estado, o que se exerce é a soberanía; pero resulta contraintuitivo ver o exercicio dun concepto tan forte como a soberanía na resolución dunha controversia banal entre particulares. Esa soberanía banal debería ser un subproducto moi secundario da xenuína soberanía estatal, que entendida en sentido forte aparenta referirse a decisións de máis fondo calado.

Esta percepción, inicialmente intuitiva e paradoxal, levounos a unha sucinta indagación sobre o concepto de xurisdición —ineludible ademais nunha aproximación académica ao traballo con fontes xurisdicionais— e sobre a súa formación histórica como función estatal e non como actividade social ou comunitaria desempeñada fóra do marco estatal. Á conclusión á que chegamos neste respecto foi tan sorprendente como clarificadora. Dende unha perspectiva presentista, adoita concibirse a xurisdición como a potestade de xulgar e facer executar o xulgado, que hoxe é monopolio estatal en tanto que función derivada da soberanía. Pero unha xenealoxía da soberanía pon de manifesto a súa matriz xurisdicional, por canto a soberanía real nas modernas monarquías —que son as que elaboran o concepto— toma como modelo a *plenitudo potestatis* papal, isto é, o privilexio papal de decidir calquera controversia sen ulterior apelación, o poder de xulgar a todos e non ser xulgado por ninguén. Tal é o poder que reclaman para si, por imitación deste modelo, os primeiros monarcas modernos que superan a constitución feudal concentrando na coroa as potestades xurisdicionais anteriormente dispersas en señoríos territoriais con xerarquías difusas e cambiantes; un proceso no que o monarca pasa de ser *primus inter pares* a soberano que a todos xulga e non pode ser xulgado por ninguén.

A soberanía xurisdicional precede en moito á soberanía normativa, que só co tempo adquiriría preponderancia como mecanismo regulador e marca de poder. De modo que *a xurisdición non deriva da soberanía*, como adoito se considera, *senón que está na*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1473] Bourdieu, Pierre: "Los juristas, guardianes de la hipocresía colectiva", en *Jueces para la democracia*, núm. 47, 2003.

súa orixe. E, por tanto, na sentenza xudicial que resolve un litixio banal o Estado actúa a súa esencia máis irredutible —a xurisdición— do mesmo xeito que a exerce, con consecuencias moito máis severas, cando condena a morte a un rebelde que se alza contra o poder estatal establecido. A ese Estado máis nuclear e irredutible que vemos actuar nas fontes que manexamos procedentes dos arquivos xudiciais pontevedreses designámolo como Estado xurisdicional, e non é outra cousa que a forma específica de organización do campo xurídico nas sociedades organizadas na forma-Estado. Remitímonos, para desenvolver estas ideas aquí meramente enunciadas ao capítulo 2, centrado na formación histórica do Estado xurisdicional e no que abordamos esta cuestión de modo máis extenso aínda que forzosamente sintético polo seu carácter meramente introdutorio.

Identificada a xurisdición como a función máis irredutiblemente estatal, abordamos o estudo do funcionamento do Estado xurisdicional no marco espazo-temporal da nosa investigación, comprendendo tanto as xurisdicións ordinarias como as especiais, sempre co propósito de identificar no espazo complexo que todas elas conforman a pegada da violencia exercida para a consolidación do primeiro franquismo e a eliminación, mesmo física, de calquera forma de oposición ao novo réxime. É dicir, pretendemos verificar como se produce, dentro do espazo do Estado xurisdicional e das regras e lóxicas que o ordenan, a violencia xudicializada orientada especificamente á imposición da ditadura, diferenciable por este propósito doutras formas ordinarias de exercicio do monopolio da violencia estatal na actividade xurisdicional cotiá. Non faremos nestas conclusións finais un resumo dos capítulos dedicados a cada unha das xurisdicións; remitímonos a cada un deles para o que cada quen considere de maior interese. Tampouco enunciaremos, por carecermos delas, solucións definitivas ou claves que desproblematicen a materia sobre a que traballamos. Apenas faremos unhas consideracións conclusivas que entendemos de útiles como coda da presente tese de doutoramento, efectuadas a partir da análise das fontes comprendida nos capítulos precedentes e non como a súa síntese.

O primeiro que cómpre destacar é que non se produce unha ruptura, nin sequera transitoria, no funcionamento do Estado xurisdicional con ocasión do golpe de Estado. Malia as importantes modificacións no espazo xurisdicional das que falaremos deseguida, non hai solución de continuidade entre o funcionamento institucional da xurisdición republicana e a golpista, alomenos no caso dunha capital da retagarda sublevada como Pontevedra, onde o golpe triunfou en poucos días e os conatos de resistencia foron severamente reprimidos. Entendemos que a conclusión é no substancial xeneralizable, sen prexuízo das matizacións pertinentes en relación aos núcleos tomados polo avance das tropas rebeldes e, necesariamente, ao sucedido nas propias frontes de guerra. A expensas do que resulte de estudos específicos que nos poidan desmentir, ata onde sabemos, tamén nestes outros espazos houbo unha básica continuidade no funcionamento dos mecanismos xurisdicionais, e as peculiaridades tiveron máis que ver co modo no que se produciu a violencia extraxudicial e nos seus axentes que coa violencia xudicializada. No caso de Pontevedra, como no de outra moitas cidades, as fontes evidencian que o sistema xudicial continuou funcionando con aparente normalidade ao día seguinte de producirse o golpe, como seguiu funcionando a subministración local da auga ou a recollida do lixo. Se ben é certo que a xurisdición ordinaria se tivo que adaptar a un recorte competencial, tampouco debemos esquecer que experiencias recentes habituaran aos tribunais civís a este tipo de transvase de atribucións aos castrenses. Pero o que sucede no verán de 1936 non tiña parangón. Nunha situación dramática na que, por continuar coa comparación, a recollida do lixo podía ser perturbada pola aparición de cadáveres nas cunetas, non colapsa o Estado senón apenas o seu carácter liberal-democrático.

USC DE COMPOSTELA

O anterior non é en modo algún un dato ineludible. En situacións excepcionais nas que opera unha solución militar é factible que se produza unha sorte de *suspensión* do Estado, sequera transitoria, na que a preferencia pola violencia paralegal relegue os mecanismos institucionais que ordinariamente monopolizan o uso lexítimo da violencia, inclusive os propios da xurisdición castrense. Non sucede así no noso caso de estudio, o que non implica en absoluto que a opción por unha rápida reordenación dos mecanismos xurisdicionais non deixase un amplo espazo á violencia paralegal da que os paseos ou asasinatos extraxudiciais son a manifestación máis tráxica; moi ao contrario, consideramos que foron dúas estratexias paralelas que actuaban cunha mesma fin. Polo que de ningún xeito pretendemos minimizar esta realidade polo feito de ficar fóra da nosa observación, senón que apenas deixar constancia que, xunta esta violencia extraxudicial máis obvia —que nin se limitou aos primeiros momentos da toma de poder nin se produciu de modo desorganizado—, a *acción en extremo violenta* pola que se consolidou o réxime de terror dos sublevados tivo unha dimensión xudicializada que podemos considerar preferente. Esta preferencia pola violencia xudicializada non pode lerse como opción polas garantías procesuais senón como forma de instauración dun modelo de Estado que abanea entre o totalitarismo e o autoritarismo de corte militar. A xudicialización da violencia desminte unha radical opción pola suspensión do Estado, pero non implica garantías senón apenas límites procesuais, polo demais extremadamente laxos.

Esta opción preferente pola violencia xudicializada, que expresa a transformación das bases do novo Estado e permite a inserción na súa rede institucional desa *acción en extremo violenta*, implica necesariamente unha reordenación do espazo xurisdicional herdado. A manifestación máis evidente desa reordenación é, como sabemos, a expansión exorbitante da xurisdición militar, singularmente en detrimento da penal ordinaria, que lle dá ao primeiro Estado franquista o seu consabido carácter *campamental*. En relación a esta caracterización, divulgada con éxito pola obra historiográfica de Javier Tusell e da que nos servimos con frecuencia ao longo do traballo, cómpre recordar que o termo de «Estado campamental» foi empregado por primeira vez por Ramón Serrano Suñer para referirse á precaria organización do primeiro Estado insurrecto —xa franquista logo da sutil transformación do Xeneralísimo de *xefe do goberno do Estado* en *xefe do Estado*— en torno á Xunta Técnica do Estado. Malia o seu pasado cedista, Serrano representaba entón a influencia máis eficiente do falanxismo na contorna máis inmediata de Franco. Xurista de sólida formación, na súa boca o termo campamental tiña unha connotación crítica en tanto que caracterizaba unha forma de estatalidade imperfecta fronte ao modelo totalitario fascista, de carácter esencialmente civil. A súa pretensión de superar a campamentalidade do Estado só tivo éxitos parciais, singularmente na institucionalización do partido único, forzando a convivencia nel das distintas familias ideolóxicas do réxime baixo unha preeminencia falanxista que acabaría por diluír ideoloxicamente ao falanxismo; pero fracasou no fundamental por estar o novo réxime nun inequívoco momento militar ante o obrigado da conxuntura e pola escasa disposición da cúpula castrense a ceder protagonismo a políticos dos que receaban fondamente e aos que consideraban apoios subalternos. No momento militar a campamentalidade do Estado é ineludible.

O que se produce, por tanto, nesa exorbitante expansión da xurisdición militar é o seu asalto á centralidade do sistema, converténdose en núcleo do control xurisdicional que exerce o novo Estado. A primeira condición de posibilidade deste asalto dende a marxe ao centro do sistema é, obviamente, a propia existencia da xurisdición militar como xurisdición autónoma, diferenciada da civil —no sentido de estatal ordinaria—, respecto

da que non é unha mera orde ou sección especializada como o son a penal, a propiamente civil ou a contencioso-administrativa, senón que conforma un poder de seu. Como temos indicado en diversos capítulos do noso traballo, a construción do Estado español baixo o molde nacional-liberal presenta dúas eivas fundamentais, que son senllas persistencias estamentais que cuestionan o monopolio estatal da xurisdición e, por tanto, a unidade e integridade da soberanía estatal. A primeira é o mantemento da xurisdición eclesiástica non xa como xurisdición interna dos eclesiásticos senón como xurisdición ordinaria en materia matrimonial, que devén na cesión á Igrexa católica da soberanía na orde familiar e na disciplina da moral sexual. A segunda é precisamente o mantemento da xurisdición castrense como entidade autónoma, que constitúe ao estamento militar nunha sorte de Estado dentro do Estado, capaz de administrar xustiza non só sobre os membros do estamento —o que xa de seu implica desmembramento da soberanía— senón eventualmente sobre os elementos civís, en función do sentido máis amplo ou restritivo que se lle dea ao concepto de delitos militares. En situacións de conflitividade social, a tendencia é á expansión da xurisdición militar, como xa se puxera de manifesto coa Lei de Xurisdicións de 1906, cuxa derrogación impulsada por Azaña foi significativamente unha das primeiras decisións do goberno da Segunda República. Este mesmo fenómeno de expansión, pero cun alcance moito maior e de tráxicas consecuencias, é o que se produce logo do golpe do 18 de xullo de 1936, ata o extremo de constituír á xurisdición castrense no núcleo duro da acción xurisdicional do novo Estado.

Para non desviarnos do noso discurso nestas conclusións apenas bocexaremos unha cuestión intimamente relacionada co que falamos, que merecería un tratamento máis demorado nun traballo distinto deste: o modo en que o golpe de Estado de 1936 —e o *golpe xurisdicional* inherente a esta recomposición do espazo xudicial— foi a realización da *mística tutelar* tan característica, ao noso entender, do militarismo español e que o diferencia doutros militarismos máis fieis ao modelo prusiano que concibe a dirección política do Estado como parte do oficio dunha aristocracia guerreira. O militarismo español —paradoxalmente, vista a súa longa traxectoria de irrupcións na vida política— non se percibe a si mesmo como militarista porque despreza a política como espazo espurio dos intereses particulares, o terreo da *politiquería* do que convén manterse afastados. Fronte a ese mundo de intereses egoístas e loitas intestinas, a milicia percíbese —malia os *malos militares*, que medran no contacto coa política, na burocracia militar e nos ministerios do ramo— como un espazo de virtudes patrióticas, carente doutro interese que non sexa o común da nación ben ordenada, a última reserva da patria verdadeira cuxa substancia virtuosa se identifica misticamente co Exército. Consonte a esta concepción, os militares deben absterse de intervir ordinariamente na política, so pena de vérense contaminados polos seus vicios intrínsecos ou utilizados polos grupos en conflito a favor dos seus intereses particulares —como tería sucedido na prolífica historia de pronunciamentos militares de diverso signo, na que as xenuínas intencións patrióticas dos soldados foron espuriamente utilizadas para os seus fins polos grupos políticos, tanto liberais como conservadores—.

En contrapartida a este deber de abstención na loita partidaria, a milicia comprometida coa patria cuxa esencia encarna debe asumir unha función tutelar do turbio espazo da política; unha tutela que ordinariamente debe exercerse na distancia, sen intervir no lameiro da política, pero que impón a penosa obriga de asumir o control do Estado, coa menor intervención civil posible, en situacións excepcionais en que a patria está en grave perigo. O obxecto da toma de control militar do Estado é restaurar neste o seu compromiso constitutivo coa nación, que non é outro que facer efectiva a promesa de paz e xustiza, é dicir, de orde, segundo o modelo militar no que o bo oficial garante o

benestar e o trato xusto co soldado. Para afondar nesta cuestión poderiamos centrar o foco na figura do xeneral Mola, que non só foi o "Director" senón tamén o inspirador intelectual do golpe, como anteriormente fora organizador da moderna policía política do Estado, malia que o seu pensamento militar —simple, pero efectivo e influínte nos seus compañeiros de armas, especialmente nos africanistas— xira en torno á idea obsesiva de que a imputación que se fai ao Exército español de ser militarista é inxusta porque en España, contra o que se di, non hai militarismo. Toda a obra que deixou escrita Mola zumega resentimento por esta inxustiza de que é vítima o Exército —e el mesmo—[1474].

Canda esta expansión exorbitante da xurisdición militar que ocupa a centralidade do sistema, a reordenación do espazo xurisdicional se completa, no relativo ás xurisdicións especiais, coa aparición de organismos encargados da incautación de bens por motivo de responsabilidades políticas, da persecución da disidencia identificada na masonería e o comunismo e da depuración dos funcionarios e traballadores públicos, entre outros. Trátase de organismos creados *ex novo* que malia adoptaren un empaque xudicial non constitúen auténticas xurisdicións, no moderno sentido do termo, por teren unha natureza esencialmente administrativa, con forte predominio militar. Preferimos referirnos a elas como (pseudo)xurisdicións para remarcar o carácter administrativo e desxudicializado destes organismos que exercen funcións materialmente xurisdicionais. A presenza neles de profesionais do dereito como notarios ou rexistradores e mesmo a de membros da maxistratura non desvirtúa este carácter desxudicializado, xa que a súa aportación é de peritaxe —a do coñecemento técnico das normas e procedementos legais—, non o exercicio da competencia que lles corresponde polo seu cargo de orixe, nin sequera no caso dos membros procedentes da maxistratura. Igualmente, a colaboración con estes organismos que legalmente corresponde aos órganos da xurisdición ordinaria —especialmente da civil na práctica dos embargos— é unha asistencia baleirada de contido xurisdicional na medida en que se concibe como un acto debido ao organismo que ordena a práctica das actuacións correspondentes, sen marxe para o xuízo, a ponderación ou a decisión por parte do xuíz civil. Ademais, a aparencia xudicial destes organismos exclúe o ulterior control das súas decisións polos órganos da xurisdición ordinaria, particularmente da contencioso-administrativa.

Se ben si analizamos os procesos indagatorios sobre maxistrados, xuíces e secretarios que exerceron en Pontevedra durante o noso marco temporal de estudo, no noso traballo non nos ocupamos detalladamente dos organismos de depuración, xa que o seu carácter puramente administrativo e sectorial os sitúa fóra das fontes que manexamos. A este respecto, tampouco nos ocupamos do Tribunal Especial para a Represión da Masonaría e o Comunismo, malia a súa maior forma xudicial, por ser un tribunal centralizado que non tiña sedes fixas a nivel provincial.

Si que nos ocupamos con extensión dos organismos de exixencia de responsabilidades políticas, tentando poñer orde no proceso de organización do espolio, habitualmente abordado dunha maneira confusa, como un magma no que carece de interese facer distinción cronolóxica porque todo se subsume nas ideas de violencia económica e latrocinio que lamina ao inimigo político. Isto, sen deixar de ser certo, impide coñecer as fases nas que se produciu o espolio, os seus suxeitos e procedementos, e a súa relación coa formación da estatalidade que actúa nese proceso. Dende o punto de vista do xuízo histórico distinguir é secundario, pero dende o do coñecemento e a comprensión histórica é da maior relevancia. Ben é certo que nesa confusión xoga un papel relevante o propio uso impreciso das normas na práctica forense nun momento en

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1474] Mola Vidal, Emilio: *Obras completas*, Valladolid, Santarén, 1940.

que o legalismo retrocede diante do avance do decisionismo. Se a norma é decisión, non di só o que literalmente di senón o que está implícito na decisión que expresa. Un caso paradigmático desta eficacia expansiva da norma é o famoso Decreto núm. 108 da Xunta de Defensa Nacional, de 13 de setembro de 1936, primeira pedra do contrafeito edificio do espolio. Os usos desta norma ultrapasaron as súas previsións normativas ata constituírse nun tótem lexitimador dun impreciso dereito de incautación ou de requisa que nin se atiña ao contido do decreto nin ás normas reguladoras da requisa militar. Vemos aquí actuando, con todo o seu poder, o carácter máxico do dereito ao que facía referencia Bourdieu, capaz de facer realidade tanto o que di a norma como o que se supón que di[1475]. Como sucede nos xogos infantís, as regras non sempre son o que parecen, e a súa maleabilidade é sorprendente, pero regulan o xogo como se fosen verdades apodícticas.

Tendo isto presente, é necesario distinguir distintos momentos na organización do espolio, que reflicten o proceso de organización do novo poder. Nun primeiro momento, que representa precisamente o Decreto 108, o protagonismo militar é practicamente absoluto; as facultades conferidas aos xefes dos exércitos no Decreto 108, unidas ás xenéricas derivadas dos bandos de guerra e as contidas nas normas reguladoras da requisa militar —que, na teoría, pero non necesariamente na práctica, ten unha función enteiramente diferente á incautación por responsabilidades políticas— concentran no mando militar o poder de espoliar. A realidade foi con certeza diferente, especialmente nas zonas de retagarda, nas que as facultades dos xefes dos exércitos operativos son asumidas polas autoridades militares ordinarias, ás que non alude o referido Decreto, pero tamén polas milicias partidarias e por calquera que estivese en condición de impoñer o dereito de incautación que se dá por suposto. Esta primeira fase na que se expresa a plenitude do momento militar adoece dunha falla de desenvolvemento institucional, que se suple co Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937 polo que se crea un sistema de comisións de incautación integrado por unha Comisión Central Administrativa e unha rede de Comisións Provinciais de Incautación. Aínda que a norma pretende desenvolver o previo Decreto núm. 108, o seu contido pouco ou nada ten de desenvolvemento deste e o que fai é deseñar unha sorte de xurisdición —en realidade, (pseudo)xurisdición— de responsabilidades políticas marcadamente administrativa pero con facultades decisorias reservadas á autoridade militar e de escasa fasquía xudicial, como se evidencia en que os organismos creados se designen *comisións* e non *tribunais*, malia que a instrución dos expedientes administrativos se confíe a funcionarios denominados xuíces de instrución. O sistema definitivo, extraordinariamente complexo pola necesidade de satisfacer as demandas de participación dos diversos poderes do Estado —Exército, maxistratura e partido único—, prodúcese finalmente pola Lei de Responsabilidades Políticas de 9 de febreiro de 1939 que crea una vasta rede de órganos que xa adoptan un aspecto xudicial, integrada por diversos tribunais —un Tribunal Nacional e unha rede de Tribunais Rexionais de Responsabilidades Políticas—, xulgados —Xulgados de Instrución Provinciais, de carácter militar, e Xulgados Civís de Responsabilidades Políticas— e órganos administrativos —Xefatura Superior Administrativa de Responsabilidades Políticas—. A complexidade do sistema dá idea da magnitude do espolio patrimonial producido e da apetencia dos diversos grupos de poder por participar no reparto do botín.

Se a participación da xurisdición militar e das (pseudo)xurisdicións especiais na perpetración da violencia xudicializada é ben coñecida, alomenos nos seus efectos, a participación das xurisdicións ordinarias está moito menos estudada. Pero as instancias normalizadoras atópanse acotío nunha cotiandade aparentemente despolitizada e, por iso,

[1475] Bourdieu: "Los juristas, guardianes …", 2003.

pasada por alto[1476]. De aí a nosa especial atención ao incluílas na nosa investigación. A inserción das xurisdicións ordinarias na implantación do novo poder adopta formas máis sutís que se dilúen no carácter repetitivo e anódino dunha actividade xudicial cotiá que, como dixemos, non se interrompe polo golpe. As xurisdicións ordinarias actúan, neste sentido, como *instancias de normalización do anormal*, producindo este efecto na representación de conflitos que, sendo comúns, teñen lugar nun contexto social que se afasta radicalmente do común. O funcionamento dos mecanismos xurisdicionais ordinarios como reposta aos conflitos propios do ciclo da vida, que continúa malia a irrupción da morte e da violencia propios da guerra e da represión, producen a percepción da continuidade da acción estatal, ofrecendo ao novo poder unha lexitimidade que se beneficia do exercicio previo. Á parte, a continuidade no exercicio ordinario da potestade xurisdicional crea a aparencia dun Estado de dereito, no que a xustiza funciona, malia o expreso baleirado dos contidos liberais dese Estado de dereito, que se declaran caducos, coa secuela da declinación de principios garantistas asociados a ese concepto: presunción de inocencia, principio de legalidade, irretroactividade das normas, dereito aos recursos... Finalmente, a subtracción ao coñecemento dos tribunais ordinarios dos feitos relativos á acción violenta pola que se implanta o novo poder favorece esta percepción de normalidade.

Non resulta difícil atopar pegadas da violencia represiva e tamén da guerra na xurisdición penal, pero son ordinariamente pegadas indirectas, na forma de noticia de procesados que resultaron mortos en enfrontamentos coa forza armada, ou na fronte de guerra, ou que se subtraen á acción da xustiza por estaren en paradoiro descoñecido cando están fuxidos, exiliados, mobilizados en combate, etc. A violencia faise presente, paradoxalmente, en forma de ausencia, na que hai que intuír a anormalidade da causa que a provoca. Non está presente como obxecto do proceso, polo baleirado destas competencias en favor da xurisdición militar.

Excepcionalmente hai unha causa, o sumario núm. 37/936 relativo ao asalto á sede falanxista viguesa producido o 7 de febreiro de 1936, no que aparece como materia a violencia política pola circunstancia de terse producido antes do golpe e, por este motivo, reter a competencia a xurisdición ordinaria. Non se trata por tanto da violencia subseguinte ao golpe, pero garda conexión con ela pola súa natureza política e por resultar procesados no sumario instruído no período republicano dous falanxistas, á par de catro asaltantes anarcosindicalistas. Producido o golpe, esta configuración do proceso, así como a propia natureza dos feitos axuizados, resulta gravemente inconveniente. No capítulo correspondente á Audiencia Provincial (cap. 5) dedicamos un *excursus* a esta causa singular. O que agora nos interesa destacar é o modo en que esa contrariedade de axuizar feitos nos que militantes da Primeira Liña falanxista son vítimas pero tamén vitimarios produce unha dilatadísima demora na tramitación dunha causa cuxa instrución fora breve e dilixente. A vista non se celebrou ata 1951, cando xa non foi posible adiala pola detención dun dos anarquistas implicados, Luis Quintas, convertido en bandido de dimensións case lendarias pola súa actividade clandestina en diversos puntos de Galicia. Os actos desta actividade clandestina corresponden á xurisdición militar, pero a causa do asalto ao local falanxista —que é a que suscita maior interese público— mantense nunha Audiencia pouco afeita a tratar estas cuestións politicamente delicadas. A inconveniencia de someter a xuízo os feitos *tal e como se produciron*, é dicir, como un enfrontamento entre un grupo libertario e outro falanxista, resolveuse —cando non houbo outro remedio— facendo desaparecer do xuízo o enfrontamento realmente producido. Este

[1476] Outro exemplo atopámolo en Rodrigo, Javier: "Franco rosa. La representación del 'Caudillo' en la prensa del corazón (1944 – 1976), entre política, adhesión y normalización", *Pasado y Memoria*, núm. 25, 2022, pp. 282 – 303.

escamoteo da realidade ten lugar mediante un grotesco proceso de concentración da culpa no famoso bandido Luis Quintas, facilitado pola aplicación ao procesado falanxista que continuaba vivo da mal chamada *lei de amnistía* de 23 de setembro de 1939, que en realidade non foi tal senón unha unha insólita lei de despenalización de feitos delituosos cometidos durante a República por persoas cuxa ideoloxía fose afecta á do *Movimiento Nacional*. Reiteramos esta cuestión por asumir habitualmente a literatura especializada habitual acriticamente o lugar común de que é unha lei de amnistía, o que non só é un erro material —a norma en ningún momento fala de amnistía—senón tamén conceptual grave, que lle outorga ao precepto unha carta de natureza que nin ten nin merece.

Tamén na xurisdición contencioso-administrativa a presenza da violencia instauradora do novo réxime é reflexa. Pouco a pouco aparecen algúns recursos interpostos por persoas que sufriran algunha forma de represión en relación a asuntos anódinos ou nos que o acto represivo ten un nexo colateral co obxecto do recurso. Nesta tímida incorporación das persoas perseguidas á posición de reclamantes aparece o aludido tema da normalización do anormal, que é unha constante no rol de tódalas xurisdicións ordinarias. Naturalmente contra o que non reclaman as vencidas é contra os actos administrativos polos que foron desposuídas dos seus dereitos, especialmente os actos de depuración e dende logo as incautacións de bens, que en ningún caso vemos impugnadas. En parte isto se explica polo propio deseño do sistema, que exclúe o recurso á xurisdición ordinaria nos acordos dos organismos de depuración e incautación. Pero non tódolos actos desta natureza se executaron mediante estes mecanismos senón que, con certa frecuencia, sobre todo no momento inicial, se produciron mediante actos administrativos ordinarios ou pola vía de feito. Nestes casos, a propia posición de vulnerabilidade das vítimas é a que exclúe o recurso. Si que recorren nalgúns casos —poucas, e con escaso éxito— persoas significadas politicamente polo seu conservadorismo que malia iso foron cesadas nos seus cargos —para beneficiar a outros a quen había que pagarlle favores, se atendemos ás súas queixas—, mediante acordos producidos fóra dos organismos encargados da depuración pero motivados pola falla de identificación política dos cesados cos ideais do novo Estado. Este tipo de reclamacións dá fe de que o proceso de depuración administrativa tivo un alcance extraordinario que rebordou os mecanismos institucionais especificamente deseñados para este propósito.

Xa para rematar, prestamos especial coidado en rastrexar a pegada da violencia implementadora do novo poder na máis ordinaria das xurisdicións ordinarias: a civil, na que se representan os conflitos do mundo —burgués por excelencia— dos propietarios e da xente de orde, baixo os modelos normativos do honrado comerciante e o bo pai de familia. A xurisdición civil é a máis común de todas, como o dereito civil é o dereito común por excelencia, e por esta razón foi a primeira que abordamos no corpo do noso traballo; chegado o momento das conclusións cedémoslle, polo mesmo motivo, o protagonismo do peche do discurso.

O modo en que se reflectiu neste espazo, por definición despolitizado, a violenta quebra da orde sociopolítica é sutil pero perceptible á ollada que escudriña no fondo dos intereses en litixio. Non sempre é posible levantar o velo das motivacións profundas, pero en ocasións estas aparecen dun modo inequívoco; outras veces apenas se intúen. A sutil inserción da violencia na xurisdición civil prodúcese a través dun dobre movemento. Por un lado atopamos reclamacións que poñen en evidencia a súbita vulnerabilidade dos vencidos, que son obxecto de demandas oportunistas que pretenden aproveitarse da débil posición en que o golpe sitúa a persoas anteriormente solventes e ben situadas na escala social. Por outra parte e nun sentido inverso, vemos como se materializan, tamén nos xulgados, estratexias de protección fronte ás pretensións espoliatorias ou os

inconvenientes da ausencia forzosa, mediante *demandas amigas* dirixidas a crear títulos cos que protexer o patrimonio, designando de representantes ou defensores legais dos ausentes, etc. En ámbolos supostos, pero especialmente no primeiro, aparece, ás veces de forma explícita, o conflito entre os embargos dos particulares e as incautacións practicadas polos organismos de responsabilidades políticas, resoltos xeralmente a favor destes.

Pero un dos principais efectos do golpe na xurisdición civil ten que ver coa reordenación do espazo xurisdicional. A derrogación da lei de divorcio, xunto co restablecemento da obrigatoriedade do matrimonio canónico para os católicos, restitúen o práctico monopolio eclesiástico da xurisdición matrimonial, o que é a principal reconquista do nacionalcatolicismo na pugna polo control social da moral sexual e da familia. A disputa pola xurisdición entre a Igrexa e o Estado resólvese, baixo o franquismo, a favor da primeira. Se a expansión da xurisdición castrense ten un papel nuclear —pero en certa medida transitorio ou cando menos declinante no tempo— na implantación do novo poder político, a cesión en prol da Igrexa da soberanía xurisdicional sobre a materia matrimonial ten unha importancia central na configuración dos poderes sociais baixo o novo réxime, baixo os presupostos dun conservadorismo confesional extremo. Os avances republicanos na configuración dun Estado xurisdicional moderno —tépedos en relación coa reserva xurisdicional castrense, audaces no relativo ao control estatal sobre a xurisdición matrimonial— revértense radicalmente co triunfo do franquismo.

***

> En la España de Franco no había democracia pero sí que había orden. Esa idea, ese mito, ha perdurado hasta nuestros días en buena medida porque *la dictadura se preocupó desde el primer momento en mantener las apariencias legales*, reforzando particularmente la visibilidad de la Administración de Justicia[1477].

Isto di Gutmaro Gómez Bravo. Coincidimos na súa afirmación. Na xénese da ditadura franquista, retrotraéndoa ata os primeiros momentos do golpe do verán do 36, convive unha estratexia bífida de violencia indiscriminada e irrestricta —exercida dentro e fóra dos tribunais— cunha obsesión pola violencia regulada, pola normatividade e o legalismo cosmético. O propio ministro de Xustiza Raimundo Fernández-Cuesta insistía unha década despois da sublevación na «misión renovadora con que el Régimen funda su Estado de Derecho sobre la Justicia», reiterando un discurso lexitimador centrado no papel da administración de xustiza que aparece nas fontes dende os primeiros momentos da sublevación[1478]. Se os golpistas simplemente estivesen centrados exclusivamente na eliminación do identificado como inimigo, o segundo —o *staging* xudicial e o amparo lexislativo— sería prescindible; os recursos materiais e humanos que exixía, por exemplo, a posta en marcha dunha causa militar eran moito maiores que os dun paseo, malia cando acotío o resultado podía ser o mesmo. Pero os golpistas non estaban simplemente eliminando á outra España, senón que estaban construíndo unha nova, cimentando o novo Estado dende a soberanía e a xurisdición.

[1477] Gómez Bravo, Gutmaro: "El Derecho Civil, Derecho Procesal, Derecho Penal, Derecho Canónico, Derecho Romano y la Historia del Derecho en la universidad nacionalcatólica", en Otero Carvajal, Luis Enrique (coord.): *La universidad nacionalcatólica: la reacción antimoderna*, Madrid, Universidad Carlos III de Madrid, 2014, p. 963.
[1478] Fernández-Cuesta, Raimundo: *Breve resumen de la Obra del Ministerio de Justicia por la pacificación espiritual de España*, Madrid, s.e., 1946, p. 5.

Así as cousas, «mantener las apariencias legales» ou, o que é o mesmo, recorrer á xudicialización da violencia lles ofrecía aos rebeldes unha serie de beneficios que non ignoraron e nós agrupamos en catro dimensións: unha violenta, unha performativa, unha integradora e unha normalizadora. No capítulo 9 disgregamos detalladamente cada unha destas instancias de forma transversal na estratexia golpista. Por iso, fronte ás habituais consideracións de *lawfare* e *warfare* como termos contrapostos, nós consideramos que non só poden convivir senón que a administración de xustiza pode ser instrumentalizada para funcionar como arma de guerra. Dito doutro xeito, a idea á que chegamos é que os sublevados non ignoraron a administración de xustiza na súa estratexia para tomar violentamente o poder; moi ao contrario, esta tería tido un rol importante en diversos niveis segundo as súas necesidades. A xustiza foi instrumentada politicamente de cara aos obxectivos bélicos e, de forma paralela, a violencia foi xudicializada. Asumimos, polo tanto, a liña de pensamento de Foucault cando estableceu que «[e]l derecho es, pues, una manera reglamentada de hacer la guerra. … El derecho es, en consecuencia, la forma ritual de la guerra»[1479]. Pero, é máis, a xustiza e a súa administración non foron simplemente un *medio* para o que gañar a guerra, senón unha *fin* da mesma: os militares rebeldes irán usurpando o poder do Estado nos territorios onde o golpe tivera éxito ou paulatinamente ocupados; un poder do Estado que se captura e se exerce dende o principio na súa vertente xurisdicional. E o exercicio —extraordinariamente violento— desta potestade de xulgar a facer executar o xulgado será á súa vez o mecanismo co que seguir a campaña bélica de conquista e instauración dun contraestado[1480]. É dicir, a historia do golpe do 18 de xullo de 1936 é a historia dun asalto ao Estado xurisdicional.

As entidades socialmente construídas non son constantes históricas. Non o é o concepto de Estado ou de xustiza, nin tampouco o son as categorías de vítima e vitimario. O procesamento de civís inocentes mediante consellos de guerra en zonas que quedaron baixo control rebelde a partir do 18 de xullo de 1936 é unha evidencia deste fenómeno. Na actualidade, semella existir un maioritario —aínda que non total— consenso na sociedade española en identificar a estas vítimas da violencia golpista como o que en efecto foron: *vítimas*. Porén, as vítimas de hoxe foron, a ollos dos sublevados, os perpetradores de onte. Sen pretender excedernos do noso marco cronolóxico, apreciamos nas últimas décadas o que poderiamos dar en chamar un xiro no foco xurídico-punitivo. As demandas de xustiza transicional xudicializada en España—co caso Garzón e a querela arxentina como máximos expoñentes— fálannos dun importante cambio de paradigma: máis de 70 anos despois dos primeiros consellos de guerra golpistas, mudou a consideración de quen cremos que debe pasar polo estrado. Prodúcese o paradoxo de que os que no 36 se identificaban como vítimas —ou salvagardas dunha patria que estaba a ser vilipendiada—, hoxe por fin os nomeamos como o que foron: perpetradores. E xa hai algo fundacional no propio acto de nomear en si.

Existe por primeira vez unha auténtica vontade por procesar penalmente aos responsables dos crimes de lesa humanidade perpetrados no contexto bélico e ditatorial. Unha vontade que, non obstante, non sempre é referendada polo Estado. Mais esta mudanza no foco xurídico-punitivo non só se expresa a través de meras vontades, senón que nos últimos quince anos asistimos á posta en marcha de mecanismos xurídicos concretos para fiscalizar este tipo de violencias de máxima gravidade. Neste respecto, poderiamos establecer que a *xudicialización da violencia* adquire un novo significado

[1479] Foucault, Michel: *La verdad y las formas jurídicas*, Barcelona, Gedisa Editorial, 1996 [1978], p. 67.
[1480] O concepto de *contraestado*, tomado da súa formulación como aparatos de insurxencia cuxa función é a de destruír e suplantar o goberno do país. Ver, por exemplo, Mercier Vega, Louis: *Guerrillas in Latin America: The Technique of the Counter-State*, Nova York, Praeger, 1969; ou tamén Wickham-Crowley, Timothy P.: *Explaining Revolution. Essays on Latin American Insurgency and Revolutionary Theory*, Armonk, M. E. Sharpe, 1991.

diferente ao que vimos empregando nesta investigación: pasa de describir a instrumentalización bélica da administración de xustiza a designar a forma na que os sistemas democráticos axuízan aos propios vitimarios; é o procesamento xudicial dos procesos violentos e quen os instigan. A relación da potestade xurisdicional e a violencia, no eido do tratamento dos pasados traumáticos, revélase bifocal: a capacidade de xulgar e facer executar o xulgado pode *violar*, pero tamén *reparar*, dereitos humanos.

Pese aos esforzos do movemento memorialista por *facer xustiza*, na práctica estas tentativas teñen tido un percorrido cheo de obstáculos. A este respecto, a xurista especializada Alicia Gil advirte das limitacións da persecución penal dos vitimarios, argüíndo que persecución penal ten por que ser é a mellor vía á que recorrer nestes casos. Porén, conclúe, a non xudicialización do pasado non debe significar a súa non investigación ou o seu esquecemento, senón que a formación de *xuízos da verdade* debería producirse en esferas alleas ao sistema penal e coa labor conxunta de profesionais de diversas disciplinas —principalmente, historiadoras e historiadores—, non sendo tarefa dos xuíces a produción de verdade non xudicial[1481].

Por outra banda, é interesante aclarar que a verdade xudicial tampouco está exenta da súa problemática. Esta *xudicalización da verdade* é estudada polo sociólogo Emilio Crenzel, quen conclúe que no caso arxentino, paradigmático e considerado como modelo a seguir no que se refire a políticas transicionais e xestión de pasados traumáticos, o destacado foco no procesamento xudicial dos vitimarios tivo —e segue a ter— consecuencias inesperadas: pasar por alto a importancia do coñecemento histórico.

> [A] verdade sobre as violacións de dereitos humanos foi construída dentro dos marcos establecidos polos tribunais para a investigación [xudicial]. Isto fixo posible reconstruír a materialidade do crime e castigar a algún dos seus perpetradores. Con todo, creou un prisma que eludía aspectos que eran fundamentais para entender que pasara … Se coñecemos tan pouco sobre a identidade dos desaparecidos e os perpetradores, a xénese do sistema que impuxo as desaparicións, e as relacións que os diversos grupos e actores mantiveron con dito sistema, é posible que teñamos sobreestimado o coñecemento e a verdade que obtivemos con respecto a este crime.[1482]

Contraintuitivamente, a verdade xudicial dificulta outras formas de verdade. E é que verdade e verdade xudicial non son sinónimos: a verdade describe a realidade, mentres que a verdade xudicial —en tanto que implica unha forma de exercer poder— transforma virtualmente esa realidade[1483]. O estudo do cambio no foco xurídico-punitivo

---

[1481] Gil Gil, Alicia: *La justicia de transición en España. De la amnistía a la memoria histórica*, Barcelona, Atelier, 2009, pp. 151 – 155. Coincide con esta postura o Tribunal Supremo: ver a sentenza 101/2012 de 27 de febreiro de 2012 do caso "*Manos Limpias* e *Asociación Libertad e Identidad* vs Baltasar Garzón" por prevaricación xudicial (dispoñible en: https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Poder-Judicial/Noticias-Judiciales/ci.Tribunal-Supremo--Sentencia-del-caso--Manos-Limpias-y-Asociacion-Libertad-e-Identidad-vs-Baltasar-Garzon--por-prevaricacion-judicial--STS-101-2012.formato3 [últ. consulta o 17/10/2022]), cuxo maxistrado poñente foi Andrés Martínez Arrieta. A sentenza é comentada en Tébar Rubio-Manzanares, Ignacio: "El caso Garzón y sus repercusiones", en Moreno Fonseret, Roque; Payá López, Pedro (eds.): *Memoria y justicia transicional en Europa y América Latina*, Granada, Comares, 2018, pp. 94 – 95. Ver, asemade, Chinchón Álvarez, Javier: "*El viaje a ninguna parte*: Memoria, leyes, historia y pasado autoritario en España. Un examen desde el derecho internacional", *Revista IIDH*, núm. 45, 2007, pp. 149 – 150; e Jimeno Aranguren, Roldán: *Amnistías, perdones y justicia transicional. El pacto de silencio español*, Arre, Pamiela, 2018, p. 171 e ss. e pp. 218 – 229.

[1482] Crenzel, Emilio: "From Judicial Truth to Historical Knowledge: The Disappearance of Persons in Argentina", *African Yearbook of Rethoric*, vol. 3, núm. 2, 2012, p. 64.

[1483] Foucault, Michel: *La verdad y …*, 1996 [1978]. Segundo o filósofo francés, "[l]as prácticas judiciales —la manera en que, entre los hombres, se arbitran los daños y las responsabilidades, el modo en que, en historia de Occidente, se concibió y definió la manera en que podían ser juzgados los hombres en función de los errores que habían cometido, la manera en que se impone a determinados individuos la reparación de algunas de sus acciones y el castigo de otras, todas esas reglas o, si se quiere, todas esas prácticas regulares modificadas sin pensar a lo largo de la historia— creo que son algunas de las formas empleadas por nuestra sociedad para definir tipos de subjetividad, formas de saber y, en

de vítimas a perpetradores do que estamos a tratar é, alén das súas consecuencias máis tanxibles, interesante en tanto que a acción xudicial tamén pode e debe ser abordada na súa vertente máis performativa. En capítulos anteriores vimos como a partir do verán de 1936, nas zonas de retagarda controlada polo exército sublevado, a xudicatura como estamento situouse do lado de quen, alomenos facticamente, ostentaba o poder sobre o territorio[1484]. O seu papel na maquinaria violenta golpista atendeu a diversas fins, pero por enriba de todo serviu para crear un relato oficial que transfiguraba a realidade de xeito radical: grazas a eles, a *inventio* xurídica pasou a ser *veritas* xudicial ao servizo do novo Estado franquista. A colaboración —máis ou menos activa pero explicitamente política— de gran parte da xudicatura no 36, exhibida como suposta neutralidade e carente a día de hoxe de autocrítica corporativa, choca co rexeitamento a tomar parte do conxunto de medidas postransicionais que demanda a sociedade en aras á independencia e apoliticidade xudicial. A fin de contas, a ideoloxía está nos ollos de quen a busca.

As vítimas xa pasaron ante os tribunais. Farano os perpetradores? O tempo xoga na contra, e non deixa de ser evidente que en España existe un interese en deixar actuar a este como unha forma de non tomar partido[1485]. Nesta tese doutoral estudamos o Estado como xurisdición entre 1930 e 1942, atendendo particularmente á aplicación de xustiza e a aplicación de violencia como fenómenos análogos. Estudamos o *lawfare* como algo destrutivo, como unha estratexia bélica. Pero tamén podemos imaxinar un *lawfare* restaurativo, como unha forma de facer paz e construír futuro. O Estado como xurisdición tamén pode ter capacidade reparativa. Aínda que a xustiza postransicional non se execute pola vía penal, é posible —e necesaria— a resignificación da administración de xustiza en relación ao seu rol nos pasados incómodos que estenden a súa sombra sobre o noso presente. Pero, primeiro, recoñecer o papel que xogaron é esencial para transformalos de lugares de violencia e esquecemento en lugares de memoria e reparación.

consecuencia, relaciones entre el hombre y la verdad que merecen ser estudiadas. Esta es pues la visión general del tema que me propongo desarrollar: las formas jurídicas y, por consiguiente, su evolución en el campo del derecho penal como lugar de origen de un determinado número de formas de verdad. Trataré de demostrar a ustedes cómo ciertas formas de verdad pueden ser definidas a partir de la práctica penal. Porque lo que llamamos indagación … es una forma muy característica de la verdad en nuestras sociedades" (pp. 17 – 18).

[1484] Falamos de xudicatura como estamento para referirnos ao seu comportamento orgánico. Isto non implica, claro está, que non houbese integrantes do poder xudicial ou da administración de xustiza que non comulgasen co *Movimiento*; de feito, na investigación mencionamos o caso dalgún xuíz ao que se lle abriu algún expediente para barutar a súa fidelidade ao novo poder. Porén, estes comportamentos individuais foron, como vimos en capítulos anteriores, minoritarios.

[1485] Remitímonos, por exemplo, ao caso xa mencionado de Juan Antonio González Pacheco, Billy el Niño. O torturador da Brigada Político-Social e Corpo Superior de Policía foi procesado no contexto da querela arxentina e a xuíza Servini ordenou a súa extradición. Porén, a Audiencia Nacional rexeitou a disposición no 2014 por considerar que os feitos polos que se lle imputaba prescribiran. O conflito xudicial, político e diplomático resólvese en maio do 2020, cando González Pacheco falece nunha clínica madrileña por complicacións derivadas da COVID-19. As súas vítimas lamentaron que o ex policía morrese sen se ter sentado no banco dos acusados. Apenas unhas semanas antes, o preso político, promotor da querela arxentina e vítima directa de Pacheco, José María Galante Serrano, alias "Chato Galante", tamén falecía por mor da mesma doenza. Águeda, Pedro: "Muere por coronavirus el expolicía acusado de torturas 'Billy el Niño'", *elDiario.es*, 07/05/2022. Dispoñible en: https://www.eldiario.es/politica/fallece-expolicia-billy-nino-covid-19_1_5957352.html [últ. consulta o 18/10/2022]. "Fallece el activista y preso del franquismo Chato Galante con coronavirus", *elDiario.es*, 29/03/2022. Dispoñible en: https://www.eldiario.es/sociedad/fallece-activista-franquista-chato-galante_1_1104805.html [últ. consulta o 18/10/2022].

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

10. [ENG] Conclusions: The Courts as a Trench, as a Space of Conflict and as a Space of Power

"It is not my intention to delve into the study of justice (or rather, injustice), in Spain since July 1936. Such an undertaking is not the task of *today's jurist*, but rather that of the *historian of tomorrow*," declared Niceto Alcalá-Zamora y Castillo in August 1938.[1486] The eminent jurist, who was exiled during the Civil War, left us with an urgent mission. We aim to address this mission through a guiding question in our doctoral thesis. The question can be framed in various ways, as we have done in the text of the dissertation, but it always revolves around the same objective: to ascertain the behavior of the justice administration with regard to the genocidal violence that erupted in the territories that formed the rebel rear from the outset of the coup. We approach the administration of justice as a cohesive whole, adopting a dual perspective: micro for the quantitative analysis of sources and the elaboration of prosopographies of the leading responsible figures in the justice administration in the province of Pontevedra and its capital, and macro, with more qualitative characteristics, through which we examine the State as a jurisdiction during a crucial juncture in the history of Spain, spanning from 1930 to 1942. We are confident that the results of this research will not be confined to local boundaries but will offer insights that will inspire new questions within and beyond Galicia.

Our chronological analysis framework covers the period from 1930 to 1942, but the 1936 coup d'état and the following years are the critical focus of our investigation. In the case of Pontevedra, we have observed how the rebels distorted and manipulated the foundations of the liberal State and the administration of justice as soon as they seized power in the capital and the rest of the province. They then *tortured* the appearance of legality. Our work with sources on this scale has allowed us to observe the administration's behavior from that moment on, paying particular attention to the changes and continuities concerning the legal framework and the immediately preceding period through which the coup plotters would construct the legitimization of political persecution.

We borrow the following consideration from Raúl César Cancio: "What makes the study of the impact of the Civil War on the courts and tribunals particularly attractive is the very high degree of assimilation that this sector of the Administration was capable of achieving with each of the opposing factions."[1487] Therefore, we use justice as a new way to approach the multiple facets of the revolted violence, moving away from competition based on the number of deaths, which sometimes lacks respect, in our opinion. The killings played a significant role in the rebel strategy, as they were essential in their quest for power and the aspirations of creating a *Nueva España*, which involved the elimination of political and social pluralism from the old order. However, despite leaving the most profound mark on memory, we know from investigations like the NeV project that executions and *paseos* were numerically the least representative punitive typology. And even the fatal victims were affected, in many cases, by the administration of justice.

[1486] Alcalá-Zamora, Niceto: *Ensayos de Derecho Procesal. Civil, penal y constitucional*, Buenos Aires, Edición de la Revista de Jurisprudencia Argentina, 1944, p. 254. The foregoing translations and italics are the author's own, unless otherwise specified.

[1487] Cancio, Raúl César: *Guerra Civil y Tribunales: de los jurados populares a la justicia franquista (1936 – 1939)*, Cáceres, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Extremadura, 2007, p. 19.

Chronologies are of utmost importance. How the rebel troops were organized in a camp-like structure during the summer of 1936 cannot be equated with the fully established totalitarian State in later years. One of the primary features of the legal and judicial policy of the rebel faction, from the outset of the coup, was the reutilization of the norms inherited from the liberal era. In 1941, jurist Miguel Fenech expressed astonishment: "It is undoubtedly astonishing that a totalitarian State can be governed with the aforementioned liberal legislation." [1488] The most conspicuous examples of this approach are the Military Justice Code of 1890 and the republican constitution of 1931, which allowed for the suspension of certain guarantees after declaring a state of war. However, these are not the only instances: the Provisional Organic Law of the Judiciary of 1870, the Civil Procedure Law of 1881, the Criminal Procedure Law of 1882, and the Penal Code of 1932 are some of the most fundamental pieces of the configuration of the judicial organization that those who sought to end the liberal State paradoxically used.

As the war progressed and the subsequent establishment of the dictatorship, which explicitly claimed to be totalitarian in this first stage, the new regime imposed its own legislation. However, until then, we witness in practical terms a sort of syncretism of the liberal heritage with new, less significant decrees promulgated by the rebel authorities. It is essential not to forget that we will have to wait until February 1939 for the introduction of the first (pseudo) special jurisdiction explicitly linked to repression, such as the jurisdiction of Political Responsibilities. Of course, the coup plotters had exercised violence and judicialized persecution long before. However, it is interesting to highlight that they did so using the legal tools of the rule-of-law State they were attempting to overthrow.

The study of primary sources and specialized literature enables us to establish that there was no genuine rupture in the legal framework throughout the 20th century in Spain, despite the numerous changes in political systems. What did occur was a radical change in how that legal framework was used and the purpose it pursued according to the political interests of those in power — or, more accurately, of those seeking to obtain power, as is the case here. The 1936 coup, therefore, reveals the reuse of codes and the individuals administering justice. Manuel Ballbé explains how the dictatorship appropriated the liberal legal framework and employed it to its advantage without the need for profound changes:

> This prelude of violence that would lead to a civil war with countless victims might lead one to think that the new regime would make an absolute modification in the apparatuses of the State. However, the so-called 'new State' is not such if we examine the apparatuses and legal techniques related to public order. This institutional aspect is not trivial because the institutions of public order are not just one more part of the Francoist State; they constitute the backbone of the dictatorship. (...) The Francoist institutional framework regarding public order does not take a new path but rather simply advances, albeit more decisively, along the one already traced during the 19th and 20th centuries. What it really does is definitively establish the construction of a work perfectly shaped on its fundamental pillars by liberal systems.[1489]

The crucial question is clear: Why did they not alter the legal structure? The answer is as simple as it is complex: because they did not need to[1490]. It was a

[1488] Fenech, Miguel: *La posición del Juez en el Nuevo Estado. Ensayo de sistematización de las directrices actuales*, Madrid, Espasa-Calpe, 1941, p. 113.
[1489] Ballbé, Manuel: *Orden público y militarismo en la España constitucional (1812 – 1983)*, Madrid, Alianza, 1983, pp. 399 – 400.
[1490] Ballbé himself says, in an excerpt already cited in Chapter 7, that "the rebels had no difficulties in implementing the legal techniques typical of a military authoritarian regime, such as the one they were establishing, as *they were*

pragmatic solution to the exigencies of the coup and war. With more or less tacit consent from the judiciary at a collective level, the coup plotters allowed political and/or symbolic violence to be exercised, mainly, but not exclusively, through military jurisdiction, under judicial discretion, thus becoming a structural element. The broad support from members of the judiciary and the prosecution, facilitated by necessary purges and individual sanctions against those whose loyalty could be questioned, enabled the rebels to use the judicial system as an actual weapon of war — and victory — in their rear. They were able to maintain the system without significant ruptures, as we have seen throughout the preceding chapters, in order to distort it because what changes radically is its intent; the legal and human resources adapt.

Thus, most of the violent actions carried out during the coup were directed through the judicial system. In some instances, the effectiveness of such measures did not come to fruition as alternative solutions had already been implemented. In recent years, thanks to investigations following in the footsteps of the NeV project, it has been discovered that a significant number of victims with fatal outcomes —still to be determined with precision but higher than traditionally estimated — were subjected to the rebel justice system. Military cases were opened against them, but they were executed before appearing in court.[1491] Focusing the analytical spotlight on the process, not just the outcome, blurs the lines between judicial and extrajudicial violence. In this way, the warlike instrumentalization of the administration of justice after July 18, 1936, in the rebel-held rear was so significant that we argue it deserves its own terminology: *judicialization of violence*.

Some of the more prominent features of this violence channeled through the judicial process were already known — both in the case of Pontevedra and in other capitals — by the historiography that has dealt at some length with the processes in which violence operated more evidently, such as military tribunals and various courts and agencies responsible for political purges. Our primary purpose was not to reiterate this casuistic approach by providing new data that would complete the description of the already known brutality and, combined with the narrative of extrajudicial violence, present an accurate image that would do justice to both the victims and the perpetrators. We avoided deterministic explanations and focused on interpretation.

It must be noted that the knowledge of historical facts, while restoring the dignity of the victims, also has the potential to create confusion — due to methodological proximity — between the act of *administering justice* by a judge and that of a historian, a point that Carlo Ginzburg has extensively discussed. The Italian historian reminds us that history, as a literary genre first and later as a discipline, emerged from the encounter between medicine and judicial rhetoric: "It examines cases and situations seeking their natural causes according to the example of the former and presents them following the rules of the latter: an art of persuasion born in the courts."[1492] In the work of a judge and a historian, there is a common element: the verification of facts through what is referred to as evidence in the courtrooms and sources in the historian's workspace. However, "the

already established and well-tested in the constitutional State that had been incapable of suppressing or reforming institutions characteristic of a democratic State." Ballbé: *Orden público y …*, 1983, p. 402.

[1491] We are referring here to the most visible or, shall we say, institutionalized forms of violence (including *paseos* within the framework of institutional violence, despite occurring in a parallel legal context). Other forms of unregulated violence (such as psychological ones: humiliation, persecution, intimidation…) that occurred in everyday life exceeded the scope of judicialization, although all of them could be encompassed within the same development of a judicial process.

[1492] Ginzburg, Carlo: *El juez y el historiador. Consideraciones al margen del proceso Sofri*, Madrid, Anaya, 1993 [1991], p. 18.

path of the judge and that of the historian, coincident for a stretch, then inevitably diverge."[1493] The judge, by profession, judges and issues sentences with consequences so severe that it should only operate on certainties. As in our case, the historian is freed from the burden of judgment. Their conclusions lack a sentence's decisive and executive efficacy but, in return, can operate on well-founded hypotheses or fill gaps in sources through contextual understanding, where context is not certainty — frequently impossible — but, in Ginzburg's words, "a place of historically determined possibilities."[1494] It is crucial to bear this idea of epistemological displacement in mind.

After a part of the path taken by a judge, investigating the events through the evidentiary traces of sources, the historian does not judge, at least since the historiographical shift produced by Marc Bloch and Lucien Febvre in the *Annales d'histoire économique et sociale*, which broke away from the markedly judicial approach of previous historiography. In Ginzburg's words again, "faced with the dilemma '*to judge or to understand?*' Bloch opted without hesitation for the second alternative," freeing the historiographical approach from its primary judicial burden.[1495]

